



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE
FRASEOLOXÍA GALEGA
5

**Refranceiro galego
e outros materiais
de tradición oral**

Francisco Vázquez Saco

Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero,
Xesús Ferro Ruibal e M^a Carmen Paz Roca

XUNTA DE GALICIA

Edita Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Lingüística

GUILLERMO ROJO SÁNCHEZ

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.

Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553

Enderezo electrónico paremias@cirp.es

<http://www.cirp.es>

Autor FRANCISCO VÁZQUEZ SACO

Título *Cadernos de fraseoloxía galega 5. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*

ISBN: 84-453-2769-0 (Cadernos de Fraseoloxía Galega)

ISBN: 84-453-3651-7

D.L.: C. 2.353-2003



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

CADERNOS DE
FRASEOLOXÍA GALEGA

5

**Refraneiro galego e outros
materiais de tradición oral**

Francisco Vázquez Saco

Edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero,
Xesús Ferro Ruibal e M^a Carmen Paz Roca

XUNTA DE GALICIA

2003

CADERNOS DE FRASEOLOXÍA GALEGA

Director: Xesús Ferro Ruibal
Secretaria: María Álvarez de la Granja

CONSELLO CIENTÍFICO

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)
Javier Calzacorta Elorza (Euskaltzaindia. Real Academia de la Lengua Vasca)
María Conca i Martínez (Universitat de València)
Xermán Conde Tarrío (Universidade de Santiago de Compostela)
Gloria Corpas Pastor (Universidad de Málaga)
Xosé María Gómez Clemente (Universidade de Vigo)
Luís González García (Universidade da Coruña)
Isabel González Rey (Universidade de Santiago de Compostela)
Ángel Iglesias Ovejero (Université d'Orléans)
Joan Martí i Castell (Institut d'Estudis Catalans)
Carmen Mellado Blanco (Universidade de Santiago de Compostela)
Valerii Mokienko (Sankt-Peterbúrgskii Gosudárstvennii Universitet)
António Nogueira Santos (Portugal)
Fernando Varela Iglesias (Universität Wien)
Alberto Zuluaga Ospina (Universität Tübingen)

CONSELLO DE REDACCIÓN

Patricia Buján Otero
Carme López Taboada
Ramón Anxo Martíns Seixo
M^a Carmen Paz Roca
Xosé Antonio Pena Romay
Marta Rodríguez Añón
María do Rosario Soto Arias
Ana Vidal Castiñeira



Francisco Vázquez Saco (1897-1962)

Índice xeral

1. Complexidade e riqueza do arquivo fraseolóxico de Vázquez Saco.

Reflexións dos editores

1.1. Volume da información.....	XVII
1.2. Siglas máis citadas por Vázquez Saco.....	XVIII
1.3. Informantes de Vázquez Saco.....	XIX
1.4. Datos biográficos.....	XXVI
1.4.1. Vázquez Saco, eclesiástico destacado	XXVI
1.4.2. Vázquez Saco, investigador da historia e do patrimonio cultural de Lugo.....	XXVI
1.4.3. Vázquez Saco e a paremioloxía	XXVIII
1.4.3.1. O concurso de Bibliófilos Gallegos	XXVIII
1.4.3.2. A derradeira angueira paremiolóxica.....	XXXI
1.4.4. Estado da colección paremiolóxica de Vázquez Saco.....	XXXI
1.4.5. Referencias biográficas nas notas necrolóxicas.....	XXXII
1.5. Publicacións do autor deste <i>Refraneiro</i>	XXXIV
1.5.1. Bibliografía de Vázquez Saco	XXXIV
1.5.1.1. Libros	XXXIV
1.5.1.2. Artigos	XXXV
1.5.2. Bibliografía de Vázquez Saco e outros autores	XXXVI
1.5.3. Bibliografía sobre Vázquez Saco	XXXVI
1.6. Fondos de Vázquez Saco	XXXVII
1.6.1. Descrición das fontes ou arquivo paremiolóxico de Vázquez Saco	XXXVIII
1.6.2. Un colaborador ou colaboradora principal	XLIV
1.6.3. Para unha cronoloxía dos diferentes manuscritos	XLIV
1.6.3.1. ¿Son ms4 e ms3 os primeiros manuscritos? ¿Cal deles é anterior?	XLIV
1.6.3.2. ¿É a libreta ms4 anterior ás fichas (ms, ms1, ms2, ms11, ms17)?	XLV
1.6.3.3. ¿É ms4 o primeiro material paremiolóxico de Vázquez Saco?	XLVI
1.6.3.4. ¿Escribiuse o mecanoscrito (mc) a partir do ms4?	XLVII
1.6.3.5. ¿É o mecanoscrito (mc) anterior ou posterior ás fichas (ms, ms1, ms2, ms11, ms17)?	XLVII
1.6.3.6. Indicio de que andou en ms4 aínda despois do mc (1952)	XLVIII
1.6.3.7. Indicio de que andou nas fichas aínda despois de 1954	XLVIII
1.6.3.8. Indicio de que andou no ms15 aínda despois de 1952	XLVIII
1.6.3.9. ¿Por que consideramos que ms10 e ms16 son os derradeiros traballos paremiolóxicos de Vázquez Saco?	XLVIII
1.6.4. Cronoloxía dos diferentes manuscritos	XLIX
1.7. Clasificación ideolóxica dos refráns	XLIX
1.7.1. Sucesivos intentos de clasificación	XLIX
1.7.2. ¿Un cuarto sistema de clasificación?	LV
1.7.3. A nosa clasificación definitiva	LVI
1.7.3.1. Refráns que aparecen unha soa vez	LVIII
1.7.3.2. Refráns repetidos, ou con variantes ortográficas, clasificados en temas distintos	LVIII
1.7.3.3. Refráns con temas soltos	LVIII

1.7.3.4. Refr�ns non clasificados	LVIII
1.7.4. A lematizaci�n dos temas	LX
1.8. Criterios de edici�n	LX
1.8.1. Salvar erratas	LX
1.8.2. Importancia da localizaci�n	LXII
1.8.3. Retoques nas ortograf�as de V�zquez Saco	LXIII
1.8.3.1. Puntuaci�n	LXIII
1.8.3.2. Acentuaci�n	LXIV
1.8.3.3. Uso do �p�strofo	LXIV
1.8.3.4. Uso do trazo	LXVIII
1.8.3.5. Segunda forma do artigo	LXIX
1.8.3.6. Ene velar	LXIX
1.8.3.7. O y grego	LXIX
1.9. A lingua do refraneiro	LXIX
1.9.1. Fon�tica	LXIX
1.9.1.1. Vocalismo �tono	LXIX
1.9.1.2. Contracci�n	LXXI
1.9.1.3. Outros fen�menos fon�ticos	LXXI
1.9.1.4. Monoptongaci�n de supostos ditongos	LXXIV
1.9.1.5. Grupos conson�nticos	LXXV
1.9.2. Dialectalismos morfol�gicos	LXXV
1.9.3. Arca�smos	LXXVIII
1.9.4. Castelanismos	LXXVIII
1.9.5. Riqueza l�xica deste refraneiro	LXXIX
1.9.6. L�xico definido entre os refr�ns	XCII
1.9.7. Diglosia: intervenci�n do castel�n ou do lat�n no refraneiro	XCII
1.9.8. Toponimia deturpada	XCIV
1.10. O estilo e a creatividade no refraneiro	XCIV
1.10.1. A creatividade en textos fixados	XCIV
1.10.2. O interese das variantes	XCVIII
1.10.3. Xogos ou observaci�ns ling��sticas	XCVIII
1.10.4. Dialoxismos e paremias dialogadas	XCIX
1.10.5. Creatividade e obsolescencia	XCIX
1.11. A doutrina do refraneiro	C
1.11.1. Triunfo do sentido com�n, a fina observaci�n e o humor	C
1.11.2. Condensaci�n de crenzas e valores tradicionais	CII
1.11.3. Refraneiro mnemot�cnico	CIII
1.11.4. O refraneiro, memorial hist�rico	CV
1.11.5. O refraneiro dun sacerdote	CV
1.11.5.1. Comentarios de te�logo	CV
1.11.5.2. Comentarios de eclesi�stico	CVIII
1.11.5.3. Eufemismos da �poca e o politicamente correcto	CIX
1.12. Outros comentarios de V�zquez Saco	CX
1.12.1. Importancia dos comentarios	CX
1.12.2. A lingua dos comentarios	CXII
1.13. Contrabando de refr�ns	CXII
1.14. Equivalencias noutras linguas	CXV
1.15. Deslinde fraseol�xico	CXVI
1.16. Bibliograf�a	CXVI

2. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral	
2.1. Prólogo á versión de 1952	1
2.2. Refraneiro ¹	5
2.3. Ditos tópicos e refráns con topónimo	843
2.4. Outros materiais de tradición oral	911
2.4.1. Dialoxismos	911
2.4.2. Enunciados fraseolóxicos	925
2.4.3. Frases proverbiais	929
2.4.4. Fórmulas	933
2.4.5. Locucións	943
2.4.6. Vocabulario	953
2.4.7. Rimas	985
2.4.8. Xogos	987
2.4.9. Outros fraseoloxismos	989
2.4.10. Cántigas	991
2.4.11. Adiviñas	1035
2.5. Contos e outros asuntos	1041
2.5.1. Contos	1041
2.5.2. Outros asuntos	1044
2.5.3. Outros	1045
2.6. Refráns casteláns	1047
2.7. Índice temático	1055

¹ O índice temático deste refraneiro pode verse no apartado 2.7.

Ben sei que outro bon amigo tamén compañeiro da Real Academia Gallega tiña composto cando finóu, outro refraneiro moito máis estenso que este de Zamora; máis, non foi imprentado, e inda poida dar que aquel en que tantos anos levóu traballando don Francisco Vázquez Saco na Biblioteca da Academia e máis anotando moitísimos refráns que lle deparaban os seus alumnos do Seminario de Lugo e máis amigos sacerdotes de numerosas parroquias, se non poida imprentar endexamáis e perderáse torpemente por cobizas de alguén.

Leandro Carré (ZAMORA:1972, 9).


1. Complexidade e riqueza do arquivo fraseolóxico de Francisco Vázquez Saco


Reflexións dos editores

Josefa Beloso Gómez
Patricia Buján Otero
Xesús Ferro Ruibal
M^a Carmen Paz Roca

1.1. Volume da información

Poñemos nas mans do lector unha colección de 22.939 refráns con 8.093 equivalentes noutras linguas, enriquecidos con 1410 refráns tópicos, 267 dialoxismos, 59 enunciados fraseolóxicos, 56 frases proverbiais, 238 fórmulas, 262 locucións, 893 entradas léxicas definidas, 27 rimas, 18 xogos, 28 unidades fraseolóxicas de categoría pouco definida, 773 cántigas, 149 adiviñas e un pequeno apéndice con 331 refráns en castelán. Incluímos tamén unha pequena lista de contos e apuntes etnográficos que atopamos nos diferentes manuscritos.





Todo este material recompilado por Francisco Vázquez Saco procede de moi diversas fontes e foi recollido en lugares moi dispares de Galicia. A lista de informantes e obras ou autores citados por Vázquez Saco e mailo mapa que se pode ver a continuación así o indican. En total, hai 302 informantes individualizados, dos que 218 son seminaristas. Ademais, dos 315 concellos que hai en Galicia, recolleu información en 224 deles. Moitos dos autores en lingua castelá xa estaban citados no refraneiro de Kleiser, polo que supoñemos que Vázquez Saco non os consultou directamente senón que se limitou a reproducirlos que Kleiser ofrecía.

1.2. Siglas máis citadas por Vázquez Saco

Algunhas das iniciais empregadas na representación dos textos paremiolóxicos xa publicados previamente e máis utilizados por el son as seguintes:

A.C.	Álvaro María Casas	G.P.	P. Gumersindo Placer Pérez
A.I.	Antonio de la Iglesia	H.	Sebastián de Horozco
Alb. /Alberola	Estanislao Alberola	H.Nuñez	Hernán Nuñez
A.N. /A.N.V.	Antonio Noriega Varela	J.P.	Jacinto del Prado
A.S.A.	J.A. Saco y Arce	J.T.	Jesús Taboada Chivite
B.B.	Fermín Bouza Brey	M.L.2	Manuel Leiras Pulpeiro
C.A.	Eugenio Carré Aldao	M.M.	Manuel Murguía
Ch./Chaves	Pedro Chaves	M.V.	Marcial Valladares
D.E.	(Diccionario de)Eladio Rodríguez	R.M.	Rodríguez Marín
		R. Marín	

F.B.B.	Fermín Bouza Brey	S.	Saralegui Medina
G.I. /Gella /J.G.I.	José Gella Iturriaga	Sb.	Sbarbi

1.3. Informantes de Vázquez Saco

- Acuña Garrido, Jesús: Vilaboa, PO.
 Ageitos Pérez, Francisco: Corrubedo, Ribeira, C.
 Alcántara Pedreira, Luís: Rianxo, C.
 Alonso Alonso, Luís
 Alvarellos López, Nicolás: Lalín, PO.
 Álvarez Baliña, Ramón: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C.
 Álvarez Souto, José: Anxeriz, Tordoia, C.
 Alvarinho, J.
 Alvite Alvite, Jesús: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C.
 Alvilares Moure
 Ameijeiras Arjomil: Santiago.
 Antelo Fraga, Jesús María: Rial, Val do Dubra, C.
 Area Alonso, José Manuel
 Autrán Ramos, Manuel: Santa Marta de Babío, Bergondo, C.
 Ballesteros Alonso, José
 Barca Sanmartín, José: Santa Minia de Brión, C.
 Barral Sánchez, J. M.
 Barreiro Barreiro, José Luís: Loureiro. Dúas Igrexas, Forcarei, PO.
 Barreiro Fernández, Julio: S. Miguel de Vilar, Touro, C.
 Barreiro Sanmartín, José
 Barreiro Somoza, José: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO.
 Barrós Fachal, Manuel
 D. Basilio
 Bello Arjomil, José: Valiña, Vimianzo, C.
 Bello Méndez, Julio Elías: recolle refráns na Feira do Monte (Sistallo), Cospeito, LU; O Santo, (Árbol), Vilalba, LU; Sistallo, Cospeito, LU; Támoga, Cospeito, LU e Terra Cha, LU.
 Bello Valiña, Juan
 Blanco Sieira, Manuel: Olveira, Ribeira, C.
 Blanco Tato, Héctor: Cerezo, Coristanco, C.
 Boado Vázquez, Manuel: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C.
 Bretal Rego, Marcelino: Olveira, Ribeira, C.
 Buño Caamaño, José: Erboedo, A Laracha, C.
 Buras Iglesias, Andrés
 Caamaño Cernadas, Serafín: Esteiro, Muros, C.
 Cabaleiro Cabaleiro, Teófilo: Codeseda, A Estrada, PO.
 Calviño Pueyo, José: A Ponte Maceira (Portor), Negreira, C.
 Camino Sánchez, Manuel
 Campos Arestioño, Pascual: Cando, Outes, C.
 Campos Lourido, José: Santo Ourense de Entíns, Outes, C.
 Cancela Corredoira, Manuel: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO.
 Canedo Nimo, Manuel: Trasmonte, Ames, C.
 Canosa Quintáns, Francisco
 Carro Rodríguez, Leonardo: Vilaño, A Laracha, C.
 Casal García, Manuel: Santiago de Compostela, C.
 Castiñeira, Silvestre: Santiago.
 Castiñeira Canosa, Lorenzo: Santa María de Xaviña, Camariñas, C.

Castro Ces, Andrés: Tállara, Lousame, C.
 Castro Izaga, José Luís: Lira, Carnota, C.
 Castro López, José: Sobrado, Sobrado dos Monxes, C.
 Collazo Gantes, Jacinto: Erboedo, A Laracha, C.
 Collazo Porto, Manuel: Portas, PO.
 Cornes Iglesias, José: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C.
 Couselo Gago, Juan Carlos
 Couto Pérez, José
 Covas, José M^a: Santiago.
 Crespo Caamaño, Clemente: Santiago de Compostela, C.
 Cures, José M^a
 Darriba Míguez, Amador
 Domínguez Martínez, José M: Sardiñeiro, Fisterra, C.
 Dosil Maceiras, Agustín: Ponte Nafonso, Noia, C.
 Duro Quintela, José: Burres, Arzúa, C.
 Eiras Paz, José: Amil, Moraña, PO.
 Eirís Cabeza, Guillermo: Sofán, Carballo, C.
 Esparís Freire, Perfecto: Santa María de Viceso, Brión, C.
 Fernández Ferro, Juan Manuel
 Fernández Pazos
 Ferreiro García, José: Santiago.
 Ferro Ruibal, Jesús: Rebón, Moraña, PO.
 Figueiras, Trini: recolle refráns en Forcarei, PO; Foz, LU; San Salvador de Asma, Chantada, LU e Toiriz, Pantón, LU.
 Filloy Rial, Juan Benito: Graba, Silleda, PO.
 Fráiz Vázquez, Jaime: Arzúa, C.
 Freire López: Padrón, C.
 Fresco Reboredo, Manuel: S. Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO.
 Fuente Pérez, Recaredo de la: Pombeiro, Pantón, LU
 Fuentes Fuentes
 García Bardanas: Ares, C.
 García Blanco, Daniel: Bamiro, Vimianzo, C.
 García Campos, Niceto: San Xurxo de Cadramón, Valadouro, LU.
 García García, M.: Santa Xuliana de Monfero, C
 García Ramos, Rafael: Cabo de Cruz, Boiro, C.
 García Vázquez, José María: Dodro, C.
 García Villasenín, Jesús: Niveiro, Val do Dubra, C.
 Gerpe Gerpe, Manuel: Santa María de Montouto, Santa Comba, C.
 Gómez Vilar, Manuel
 González Castro, Jesús: Santa Minia de Brión, C.
 González Fernández, M.
 González Gil, Valentín: Soutelo de Montes, Forcarei, PO.
 González Santos, José: Boa, Camboño, Lousame, C.
 Gulías Rivas, José M.: Forcarei, PO.
 Hombre Sónora, Manuel: Santiago.
 Iglesias Ares, José A.
 Iglesias Duro, Antonio: Carcacía, Padrón, C.
 José Ramón: Santiago.
 Lage Radío, José: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO.
 Lago López, Manuel
 Lens Fraga, Perfecto: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C.
 Lobato Feijoo, Víctor Manuel: Catoira, PO.
 López Baleato
 López Castro, Manuel: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO.
 López López, Celestino: Brai, S. Vincenzo de Curtis, Vilasantar, C.
 López Souto, Juan: Corrubedo, Ribeira, C.
 López Varela, Eliseo
 Lorenzo Viña, José

Louro Lado, Baldomero: San Mamede de Carnota, C.
Luna Bande, Francisco
Mallo Mallo, Manuel: Erboedo, A Laracha, C.
Maroño Pena, Víctor: Calvente, Oroso, C.
Martín Gómez, Manuel: Muxía, C.
Mayo Brenlla, Jesús: San Mamede de Monte, A Baña, C.
Mendoza Cajade, Antonio: San Cristovo de Reis, Toques, C.
Moscoso Sabel, Laureano: Berreo, Trazo, C.
Nemesio: Silvarrei, Outeiro de Rei, LU.
Otero González, Manuel: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO.
Otero Outes, José A.: Santiago de Compostela, C.
Pampín Basteiro, Argimiro: Arzúa, C.
Patiño Pérez, Esteban
D. Pejerto.
Pereira Comparado, Ramón
Pino[sic] O[?], Guillermo e José M[?]. R[?].
Pontes García, Pedro
Portela Balayo, Manuel
Porto Buceta, José: Portas, PO.
Prieto, Laureano
R. Roca.
Rábade, Álvaro: recolle refráns en Belesar, Vilalba, LU; Mondoñedo, LU e Saavedra, Begonte, LU.
Redondo C., Jesús: recolle refráns en Castroverde, LU; Miranda, Castroverde, LU; Chantada, LU; Outeiro de Rei, LU; Dozón, PO; Lalín, PO; Melide, C; A Mezquita, OU e Viana do Bolo, OU.
Ríos González, José: Santiago.
Ríos Pereiro
Rodríguez Arjomil, Andrés: Vimianzo, C.
Rodríguez Calvo, José: Rebón, Moraña, PO.
Rodríguez Gamallo, Manuel: Tomonde, Cerdedo, PO.
Rodríguez Rodríguez, Celso
Rodríguez Vieites, Félix
Romero Iglesias, Antonio: Santiago.
Ruíz González, José: Santiago.
S. Padín, Manuel: Santiago.
Sanjurjo Pedrouzo, José
Santiso Barreiro, Jesús
Segade Vidones, Emilio
Seijo Santiago, José Ignacio
Señarís Fernández, Cándido: Buxán, Val do Dubra, C.
Seoane, Paco de: Bucínos, Carballedo, LU.
Tanoira Figueira, Jesús: Setecoros, Valga, PO.
Tojo Reboredo, Manuel
Torreira Torreira, Antonio: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C.
Troitiño Espiño, M.
Varela Pérez, Manuel: Santa María de Castrofeito, O Pino, C.
Vázquez Formoso, Manuel: Serres, Muros, C.
Vázquez Paredes, Antonio: recolle refráns en Vilalba, LU; Riotorto, LU; O Valadouro, LU e Xubia, Narón, C.
Vázquez Veiga, Luís
Vila, Mª Felicidad
Villaverde Marcos, Manuel: Proupín, San Tomé de Ames, C.
Viña Varela, Ramón: Golmar, A Laracha, C.
Hai tamén outros informantes anónimos das seguintes procedencias:
A Coruña, C
Agolada, PO
Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU
Arcos de Frades, Pol, LU
Asma, Santa Euxea; Chantada, LU
Baldomar, Begonte, LU

Baltar, Melide, C	O Cadramón, O Valadouro, LU
Becerreá, LU (dous seminaristas anónimos)	O Corgo, LU (dous seminaristas anónimos)
Besexos, Vila de Cruces, PO	O Incio, LU
Bretoña, A Pastoriza, LU	Ortigueira, C
Buciños, Carballedo, LU (tres seminaristas anónimos)	Outeiro de Rei, LU
Calde, Lugo, LU.	Pacios (Neira de Xusá), Baralla, LU (catro seminaristas anónimos)
Camporramiro, Chantada, LU	Palas de Rei, LU
Carballedo, LU	Pantón, LU
Carballo, C (dous seminaristas anónimos)	Pape (S. Xoán de Silvarrei), Outeiro de Rei, LU
Cela, Santa María, Outeiro de Rei, LU	Paradela, LU
Cervantes, LU	Pobra do Brollón, LU
Chantada, LU	Pol, LU
Cuíña, Palas de Rei, LU	Pontevedra, PO (dous seminaristas anónimos)
Donalbai, Begonte, LU	Portomarín, LU
Fazouro, Foz, LU	Quiroga, LU
Ferreira de Pantón, LU	Rías Baixas, PO
Fornas, Chantada, LU	Ribadeo, LU
Foz, LU	Santiago de Compostela, C
Galdo, Viveiro, LU	Serantes, Santiso, C
Guillar, Outeiro de Rei, LU	Sindrán, Monforte de Lemos, LU
Guitiriz, LU	Sober, LU
Guntín, LU (dous seminaristas anónimos)	Taboada, LU
Illán, Begonte, LU	Telleira (Canduas), Cabana de Bergantiños, C.
Laíño, San Xoán; Dodro, C	Terra Cha, LU (dous seminaristas anónimos)
Laiosa, O Incio, LU	Terra de Bergantiños, C
Lobelle, San Cristovo, Carballedo, LU.	Terras do Deza, PO
Louro, Muros, C	Vilalba, LU
Lubre, San Xoán; Bergondo, C	Vilela, Santa María; Rodeiro, PO
Lugo, LU (catro seminaristas anónimos)	Viveiro, LU (dous seminaristas anónimos)
Mato, San Martiño, Taboada, LU	Xestoso, Monfero, C (dous seminaristas anónimos)
Melide, C (catro seminaristas anónimos)	24 seminaristas anónimos de distintos lugares de Galicia, pero sen identificar.
Mondoñedo, LU (dous seminaristas anónimos)	3 seminaristas anónimos dalgún lugar da provincia da Coruña.
Montecalvo (Marzán), Monterroso, LU	44 seminaristas anónimos dalgún lugar da provincia de Lugo.
Monterroso, LU	
Moreda, Taboada, LU	
Moreira, A Estrada, PO	
Muradelle, Chantada, LU	
Narla, Friol, LU	
Novelúa, Monterroso, LU	
O Cádavo, Baleira, LU	

1 seminarista anónimo dalgún lugar da provincia de Ourense.

Hai tamén autores ou obras que se citan ó longo da colección, moitas veces con siglas, e que non sempre é fácil saber a qué fan referencia:

“Cancioneiro de Muros”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 13 (1958).

A. M. 2

Alberòla, Estanislau. (1928): *Refraner València*.

Alfonso Soares

Álvarez Jiménez, Emilio, “Refranero” en *Ultreya*.

Bascoi Pérez, Ramón. *La comarca de Ortegál en el II milenio antes de Jesucristo*.

Bergua, José: *Refranero español: colección de ocho mil refranes*.

Bouza Brey, Fermín

C. G.

Cabanillas, Ramón. *Antífona da Cantiga*

Carré Aldao, Eugenio

Casas, Álvaro María

Castillo de Lucas, Antonio. *Refranero médico*

Chaves, Pedro. *Rífoneiro portugués*.

Correas, Gonzalo. *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*.

Cunqueiro, Álvaro. *Merlín e familia*.

D. G.

E. C. (¿*El Compostelano*?)

El Compostelano

Esmorís Recamán, Francisco. *Refranero Fisterrán*

F. L. (¿Francisco Lanza?)

Fernández Pousa. *Contribución al diccionario de la lengua gallega*.

Filgueira Valverde

Fole, Ánxel. *Terra brava: Contos da solaina*.

Frai Prudencio. *Paliques*.

G. S. (¿Galo Salinas?)

Galicia Emigrante

García Barros, Manuel. *Contiños da Terra*.

García de Diego

Gella Iturriaga, José. *Refranero del Mar*.

Hernán Núñez. *Refranes o poverbios en romance*.

Herrera Garrido, Francisca, *Néveda*.

Horozco, Sebastián. *Teatro universal de proverbios*. 1599.

Ibáñez Fernández, José. *Diccionario galego da rima e galego-castelán*.

Iglesia, Antonio de la

J. A .P.

L. G.

Latorre, Vicente

Leiras Pulpeiro, Manuel

Lence Santar. *El Compostelano*.

Lesta Meis. *Estebo*.

Lis Quibén. Varios artigos en *Revista de dialectología y tradiciones populares*.

López Ferreiro, O *niño de Pombas e A tecedeira de Bonaval*

Loureiro, S. *Refraneiro do Mar*.

Lugrís Freire, Manuel. *A Ponte e O Pazo*.

Martínez Kleiser, Luís. *Refranero General Ideológico español*.

Murguía, Manuel

N. L.

Noriega Varela, Antonio

Nós

Orzán, Amaro. “Viaje a Pastoriza” en *La Noche*.

P. Sobreira

Paradela, Álvaro (*La Noche*)

Payzal. *Vocabulario gallego-castellano*.

Pereda Álvarez. “Gloria” en *Douro Litoral*.

Pérez Placer, H. *Contos da Terra e Veira do Lar*.

Pires de Lima, *Estudios Filológicos*.


Placer Pérez, Gumersindo

Portela Pazos, Salustiano (*Ultreya*)

Prado, Jacinto del. *Máximas y refranes gallegos*.

Ramón y Fernández Oxea, José. “Cancionero y refranero de Corme”

- na *Revista de dialectología y tradiciones populares*, VII, 3º. 1951, 1-51.
- Ricart Matas, J. *Refranero internacional de la música y de la danza*.
- Risco, Vicente. *Geografía de Galicia*.
- Rodríguez González, Eladio. *Diccionario enciclopédico gallego - castellano*.
- Rodríguez Marín, Francisco.
- Saco y Arce, J. A.
- Sampedro y Folgar, Casto. “Refranero de los pescadores de las Rías Bajas” en *Museo de Pontevedra*, 22.
- Sanchis Guarner, M. *Calendari de refranys*.
- Santana, Urbano. “Folklore de Sandiás” en *Nós*.
- Saralegui Medina, Manuel de. *Refranero español náutico y meteorológico*.
- Sbarbi, José María
- Sesto, José. “El refrán y su sombra” en *Faro de Vigo*.
- Sonata Gallega*
- Taboada Chivite, Jesús. Varios artigos na *Revista de dialectología y tradiciones populares*.
- Taibo, Victoriano. *Da agra aberta*.
- Tobío Campos, Luís. *Vocabulario gallego – castellano*.
- Trapero Pardo, José
- U. C. (¿Uxío Carré?)
- Valladares, Marcial
- Vasconcellos, Leite de
- Vázquez Martínez, Alfonso (*Lar*).
- Vázquez, Pura. “Vendimiai, vendimias” en *La Noche*.
- Vocabulario Irmandades da Fala*
- X. R. P. S. *Nós*



Os 224 concellos dos que Vázquez Saco recolleu información fraseolóxica

(Mapa elaborado con fontes do SITGA)

1.4. Datos biográficos²

1.4.1. Vázquez Saco, eclesiástico destacado

Francisco Vázquez Saco (Sarria 24.10.1897 – Lugo 27.12.1962) naceu na rúa Maior de Sarria, fillo de Severino Vázquez Pereira e Carmen Saco López e fixo os estudos primarios na escola pública da vila e mais no colexio dos Mercedarios. Unha bolsa de estudos permíttelle ir face-los estudos eclesiásticos á Universidade Pontificia de Comillas (Santander), onde se licencia en Dereito Canónico e se doutora en Filosofía e Teoloxía.

Ordenado sacerdote en setembro de 1922, fixo o servizo militar como capelán en África e, ó regresar, foi párroco de Calvor (onde aínda se conserva a casa e familia materna do P. Sarmiento). En 1928 vai para Lugo, como profesor de ciencias bíblicas no Seminario, do que acabaría sendo rector (dende 1937) e tamén foi cóengo lectoral da catedral de Lugo (tamén dende 1937), fiscal xeral do Bispado, examinador prosinodal, censor, vocal das comisións diocesanas de Música Sagrada e da de Arte Sagrada.

Home de forte preocupación social, deu clases de cultura xeral, dende 1928, na escola nocturna que establecera a diocese para os obreiros na rúa da Cruz. A súa sólida cultura humanística lévao a colaborar na prensa católica (director durante tres anos do diario *La Voz de la Verdad*; director, dende 1937, do Boletín mensual *Obra de las Vocaciones eclesiásticas, Suplemento del Obispado*, director, entre 1946-1947, da revista seminarística *Sursum*, dedicada á mocidade de Acción Católica). Foi consiliario diocesano das “Jóvenes de Acción Católica” e asesor da “Alianza en Jesús por María”.

1.4.2. Vázquez Saco, investigador da historia e do patrimonio cultural de Lugo

O seu interese por temas relacionados co legado histórico da provincia levouno a ser impulsor do Museo Diocesano e do Museo Provincial. A comezos de 1937 unha disposición do goberno ordena que as Juntas Provinciales de Cultura Histórica y del Tesoro Artístico confeccionen un informe sobre os incendios e destrozos realizados no patrimonio artístico nos anos anteriores. Vázquez Saco formará parte da de Lugo e o informe realizado nese 1937 esperta nel o proxecto pioneiro de catalogación pormenorizada das igrexas románicas da provincia de Lugo que, baixo o título de “Papeletas arqueológicas”, foi publicando ata un número de 164 no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos* dende a súa aparición en 1941. Estas “papeletas”, ó tempo que daban a coñecer os valores monumentais, históricos e artísticos de cada un dos templos románicos que estudaba, eran tamén un dos elementos de maior prestixio da publicación.

² Moitos dos datos extraémolos de LÓPEZ (1997: 363-370).

Todo isto mereceu ser membro correspondente da Real Academia de la Historia (18.5.1945), presidente da Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos ³ (dende febreiro de 1948), membro do Patronato para el Fomento de Archivos, Bibliotecas y Museos e do Centro de Estudios Xacobeos de Santiago de Compostela. Dende o 13 de decembro de 1942 ⁴ era membro correspondente da Real Academia Galega e o 3.2.1946 foi elixido numerario, lendo o seu discurso de ingreso nunha sesión extraordinaria en Lugo o 14.6.1952. Entre a elección e o ingreso na Academia os seus conveciños de Sarria renderonlle unha homenaxe, nomeándoo fillo predilecto da vila (14.9.1948). O seu discurso de ingreso, titulado *Toda-las flores pra ela*, versa sobre as invocacións marianas en diplomas da Catedral de Lugo na alta Idade Media. É posible que este traballo fose o xerme da súa publicación posterior *Nuestra Señora de los Ojos Grandes*. A maior parte do seu traballo atópase nos tomos I-VII do *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, que nós recolleemos no apartado 2 dedicado á bibliografía.

Quizais a faceta menos coñecida deste home sexa a súa actividade poética, que inicia xa no ano 1916 cando se presenta a un certame literario mariano en Lérida, onde lle será premiada unha poesía. Ó ano seguinte concorre con outra en Ferrol. Esta faceta continúa anos despois, posto que en *La Voz de la Verdad* publicará varias poesías. Tamén haberá outros premios; así, con motivo do Certame Literario da Festa do Libro do ano 1942, Vázquez Saco presenta o traballo *Excudere illustrare est* que obtén o primeiro premio.

³ Aparece citado o ano 1958 en *BRAG*, 351,1969;274, mentras que LÓPEZ (1997:367) cita o ano 1948.

⁴ Xa antes (13.12.1942) o propuxeran para Académico Correspondente Ángel del Castillo López, José Filgueira Valverde e Francisco Vales Villamarín. Despois (14.1.1946) propuxérono para Académico Numerario Ángel del Castillo, Paulino Pedret Casado e Manuel Vázquez Seijas. O 3.2.1946 foi elixido para cubri-la vacante de Fr. Atanasio López e tomou posesión no acto académico celebrado no salón rexio do Círculo das Artes de Lugo o 14 de xuño de 1952. O seu discurso de ingreso levaba por título *Una curiosa singularidad de la diplomática lucense en los siglos de la alta Edad Media*". Contestou Ángel del Castillo.

1.4.3. Vázquez Saco e a paremioloxía

1.4.3.1. O Concurso de Bibliófilos Gallegos

TEXTO DA CONVOCATORIA DO CONCURSO

EDITORIAL DE LOS BIBLIÓFILOS GALLEGOS

CONVOCATORIA DEL TERCER CONCURSO

3 exemplares

La "Editorial de los Bibliófilos Gallegos, S. A.", convoca su Tercer Concurso, en el cual con arreglo a sus Estatutos será premiada una obra de interés para la cultura gallega. Regirán las siguientes

B A S E S :

- 1.º Premiará este Concurso la mejor colección de refranes gallegos, clasificados por temas, precedida de la explicación de las fuentes y fundamentos y reseña de la bibliografía utilizada.
- 2.º No se admitirán colecciones inferiores en número a cuatro mil refranes, ni aquellas en que se compruebe la inclusión de traducciones o adaptaciones no popularizadas, o en que cada refrán no venga acompañado de su procedencia local o autorizado con la mención de sus fuentes literarias.
- 3.º Aparte del número de textos recogidos, se considerarán méritos al valorar la colección, las concordancias peninsulares registradas y las anotaciones que han de ser concisas e informativas, así como el rigor de la clasificación de los textos cogidos.
- 4.º El premio único y no divisible será de ocho mil pesetas (Ptas. 8.000'00) y diez ejemplares de la obra premiada, que quedará propiedad de la Editorial.
- 5.º Los trabajos deberán estar en poder de la Editorial antes del 1.º de Junio del próximo año 1952.

El Sr. Gerente de la Sociedad, D. Felipe R. Cordero Carrete (Apartado 129, Santiago), aclarará cualquier duda que manifiesten los posibles concursantes sobre la interpretación de esta convocatoria.

Santiago de Compostela, Enero de 1951.

V.º B.º
EL PRESIDENTE,
F. J. Sánchez Cantón

EL SECRETARIO,
José Filgueira Valverde

EDITORIAL DE LOS BIBLIÓFILOS GALLEGOS

NUEVA CONVOCATORIA PARA EL TERCER CONCURSO

Declarado desierto el III Concurso convocado por la "Editorial de los Bibliófilos Gallegos, S. A.", según dictamen del Jurado presidido por el Excmo. Sr. Dr. D. Vicente García de Diego, esta Sociedad abre nueva convocatoria para premiar, de acuerdo con sus Estatutos, una obra de interés para la cultura gallega. Regirán las siguientes

B A S E S :

- 1.ª Premiará este Concurso la mejor colección de refranes gallegos.
- 2.ª El número de refranes deberá acercarse a la cifra de veinte mil, considerada la gran riqueza de la paramiología gallega.
- 3.ª El orden será por materias, siguiendo la clasificación que adopte el concursante, y en cada sección los refranes irán numerados y en orden alfabético. La adopción de una clasificación acertada y el rigor al aplicarla serán considerados como mérito preferente.
- 4.ª Además de los refranes que haya recogido directamente el autor deberán incluirse los que figuren en otras colecciones, indicando en cada caso la procedencia.
- 5.ª No se incluirán frases y dichos populares, si no tienen valor estricto de refrán.
- 6.ª El mérito fundamental de los refranes será su autenticidad y carácter regional, no buscando una riqueza artificial con refranes creados al caso, traducidos del castellano o del portugués modernamente por los colectores.
- 7.ª No es obligada la comparación con refranes extraños, pero añadirá mérito la anotación de correspondencias, así como los comentarios, en particular los interpretativos.
- 8.ª El premio único e indivisible será de doce mil pesetas (Ptas. 12.000) y diez ejemplares de la obra premiada, cuya propiedad literaria pasará a la Editorial.
- 9.ª Los trabajos deberán estar en poder de la Editorial antes del 30 de Junio de 1954, en tres copias mecanografiadas, escritas por una sola cara.

El Sr. Gerente de la Sociedad Editorial (Apartado 129, Santiago de Compostela) aclarará cualquier duda que manifiesten los posibles concursantes sobre la interpretación de esta convocatoria y a él deberán dirigirse o entregarse los trabajos.

Santiago de Compostela, 31 de Marzo de 1953.

V.º B.º

EL PRESIDENTE,

F. J. Sánchez Cantón.

EL SECRETARIO,

José Filgueira Valverde.

No derradeiro decenio da súa vida arrecadou abundante material para un refraneiro galego, en boa parte anotado por el mesmo nos máis insospeitados papeis (tarxetas ⁵, recortes de prensa, papel de fumar, axendas, sobres) ou recibidos de numerosos seminaristas e sacerdotes ⁶.

Esta dedicación, probablemente espontánea, viuse estimulada pola convocatoria que a Editorial de los Bibliófilos Gallegos fixo en 1951 dun premio de 8.000 pts. para o mellor refraneiro galego. Lémbrese que esta editorial, que se adiantou un ano ó nacemento de Galaxia, xa convocara un premio de novela en galego en 1949 ⁷ e outro de tradución ó galego en 1950 ⁸. Vázquez Saco participa neste concurso co seu traballo titulado *11.000 Refranes Gallegos*, ó que nós nos referiremos como *mecanoscrito* e que é o núcleo máis sistematizado do seu traballo pero non a súa formulación definitiva que nunca puido rematar, que nós saibamos. Deste mecanoscrito de 1952 reproducirémo-lo prólogo.

A este concurso presentáronse, ademais de Vázquez Saco, José Costa Figueiras con *A Biblia da Galiza*, José Sesto López con *Materiales para un refranero gallego* e Vicente Llópiz Méndez-Antonio Lorenzo Sánchez con *Refraneiro Galego. Natureza e vida nos beizos do noso pobo*.

A decisión do xurado produciuse o 22.12.1952 no Hotel Compostela de Santiago: presidira Antonio Pastor de la Meden (en ausencia do presidente Vicente García de Diego que mandou o seu voto razoado por correo), e asistiron Carballo Calero, Ramón Piñeiro e actuou Antonio Fraguas Fraguas como secretario. Aquela convocatoria esixía un mínimo de 4.000 refráns pero, aínda que algúns superaban en moito ese número, o premio declarouse deserto porque, en xeral, os diferentes refraneiros non tiñan calidade abonda ⁹. En

⁵ Véxase a de Eduardo Rodríguez Paradinas, ingeniero de Caminos (ms15,34).

⁶ Véxase, como exemplo a seguinte carta que estaba entre os materiais paremiolóxicos:

J.H.S.

Moreda-Soaz-25-1-51

M.J. Sr. D.

Fancisco V. Saco.

Lugo

Respetado y muy querido Sr. Rector: Fiel a la palabra, ahí le mando esos pocos refranes, no creo que todos merezcan el honor de pasar a la imprenta, tampoco le hago la interpretación, pues tiene V. ahí al mejor perito en estas materias, muestro quendísimo D. Pegerto, en esto y en otras muchísimas cosas no tiene nada que envidiar al mismísimo Maldonado= 1º *Leira asucada, casa tellada*- 2º. *Mentras se xoga, non se asan castañas*-3º *Dura mais a mala veciña que a neve febreiriña*.- 4º *En abril, ábreme á porta é deixame ir* (el ganado) 5º *Bica d'o lar, comer e soplar; por moita que sea non ha de sobrar; por pouca que sea ha de chegar*.- Como ve, en tres días, escasos, que llevo por estas terras es bastante recoger, yo mismo estoy asombrado.- Ya tuve dos pitanzas (de compromiso, mejor dicho, gratis) terminamos con un café doble, gotas antigripales y un enorme habano, mirando friamente a la gripe. Por aquí, nevó bastante, está lloviendo y los caminos están de miedo, con todo esto, a pesar de todo y no obstante, siento bastante mejoría.

Reciba un respetuoso y cariñoso saludo de su subordinado

Daniel Abelairas

⁷ Gañouno Ricardo Carballo Calero coa novela *A xente da Barreira*.

⁸ Gañárono Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro coa tradución do *Cancioneiro da Poesía Céltica* de Julius Pokorny e quedara finalista a tradución dos *Carmina* de Horacio feita por Aquilino Iglesias Alvariño.

⁹ Parece ser que Costa Figueira presentaba como refráns algunhas sentenzas claramente inventadas por el. Outros, presumiblemente Llópiz, superaban a cifra esixida pero mesturaban coplas, locucións e refráns e sen ningunha clasificación. De por parte, témoslle

consecuencia a Editorial fai o día 31.3.1953 unha segunda convocatoria, dando de prazo ata o 30.6.1954 e agora cun premio de 12.000 pts.

A esta segunda convocatoria unicamente se presentará Vicente Llopiz e xa en solitario, sen axuda de Antonio Lorenzo Sánchez¹⁰ e a decisión do xurado deuse o 21.3.1955. A Editorial fixo efectiva a parte económica do premio (mandándolle a Llopiz a Zaragoza dous cheques cruzados, un de 8.000 e outro de 4.000 pts.) pero non a entrega dos dez exemplares, porque o manuscrito duns 2.000 folios segue aínda inédito neste ano 2003.

1.4.3.2. A derradeira angueira paremiolóxica

Vázquez Saco tivo que saber, tralo primeiro concurso, que un dos concursantes (o comandante na reserva Vicente Llopiz Méndez), superaba en moito o volume de refráns de que el dispoñía. Poida que isto explique que el desistira de participar na segunda edición (como tamén acabou desistindo Fermín Bouza Brey) e empezou a pensar nun traballo a máis longo prazo. Porque temos constancia de que uns meses antes da súa morte seguía copiando refráns, o que demostra que seguía coa idea de saca-lo seu refraneiro para o que reuniu un caudal que hoxe sabemos que superaba as 20.000 paremias.

Mesmo así, cómpre ter en conta que certos refráns aparecen repetidos en diferentes papeis (normalmente procedentes de diferentes informantes, que nós acumulamos na localización). Por veces el risca cun lapis aqueles que coida que xa ten ou ben subliña unicamente aquel ou aqueles que sabe que non ten na súa colección. En consecuencia, o número de unidades paremiolóxicas ronda as 25.000.

1.4.4. Estado da colección paremiolóxica de Vázquez Saco

Manuel Vázquez Seijas, un dos académicos que o propuxeron para membro numerario da Real Academia Galega, tívolve que facer tamén a necroloxía no *Boletín* académico. Nela di o seguinte:

De su intensa y meritísima labor, queda también pendiente de los últimos toques, uno de los trabajos en el que tenía puesta gran ilusión y entusiasmo: el “Refranero galaico”.

Me apena recordar la conversación que sobre este particular sostuve en su despacho del Seminario dieciocho horas antes de su muerte, bien ajeno a que fuese la última en que había de escuchar su voz y sus propósitos de trabajo. Según me dijo, tenía perfectamente ordenados 20.000 refranes, con importantes acotaciones de coincidencias asturianas, castellanas, portuguesas, italianas, etc.

oído dicir privadamente a Alonso Montero que lle acordaba ver a Antonio Lorenzo traducindo dun golpe ó galego cen refráns casteláns nunha cafetería de Madrid.

¹⁰ Unha carta de Cordero Carrete a Llopiz (11.5.53) di: “Empiezo por lamentar la falta de correspondencia de su amigo, el Sr. Lorenzo, de quien tengo muy buenas referencias. Me temo que deberá V. abordar el trabajo solo y que el hecho de no contestar a sus cartas signifique que piense el hacer otro tanto”. Polo tanto parece deducirse que Lorenzo abandona a Llopiz coa pretensión de presentarse el pola súa conta á segunda convocatoria. O caso é que non se presentou e seguramente el ou os seus herdeiros contan cunha copia da primeira versión.

Se gestiona de los herederos del señor Vázquez Saco, la entrega del original para hacer posible la publicación que, con loable deseo, se compromete llevar a cabo la Real Academia Gallega, existiendo alguna otra oferta de financiar esta tan interesante y necesaria obra.

Comentaremos no apartado 3 a opinión que nos suxire ese dito de *20.000 refráns perfectamente ordenados*, cando describamos con detalle o contido das dúas caixas que nos entregou para edición o seu sobriño, o Dr. Jesús Vázquez Gallego. Do contido, certamente de extraordinaria riqueza, desas dúas caixas dá idea o feito de que para que o lector o teña agora nas súas mans fixo falta o traballo de catro persoas durante dous anos.

1.4.5. Referencias biográficas nas notas necrolóxicas

Vázquez Seijas publicou no BRAG unha loa póstuma que, por ser do Académico que o propuxo para a R.A.G. e persoa que con el colaborou moi directamente, fornece numerosos datos biográficos de primeira man e que constitúe un documento que paga a pena reproducir:

El día 27 de diciembre de 1962 entregó su alma al Señor el que en vida fue rector del Seminario Conciliar de Lugo, M.I. señor don Francisco Vázquez Saco, canónigo lectoral de la catedral lucense.

Causa siempre gran sorpresa en la vida familiar la inesperada muerte de uno de sus miembros. Lo mismo ocurre en el seno de una de las corporaciones, que se ven sensiblemente afectadas por la pérdida de uno de sus componentes. Así, no es de extrañar que, al tenerse noticia del fallecimiento del señor Vázquez Saco, numerario de la Real Academia Gallega desde el 14 de junio de 1952, en que se le dio posesión en acto solemne celebrado en el salón regio del Círculo de las Artes de Lugo, los testimonios de aflicción hayan sido muy numerosos y muy expresivos los elogios a su saber tributados, reconociendo sus grandes méritos como orador sagrado, catedrático, historiador y arqueólogo, valorando su carácter bondadoso, sus virtudes, su hombría de bien y su clara inteligencia, así como su total entrega a investigaciones y estudios que le permitían descollar, con clara visión, en múltiples aspectos de la vida cultural.

Para los que hemos convivido tan cerca en sus tareas de investigación histórica y arqueológica, los que en él hemos tenido siempre un leal y cariñoso consejero, maestro y amigo, los que durante varios años compartimos sus inquietudes de amor y entusiasmo por Lugo y Galicia, su afán de desentrañar cosas ignoradas de viejos diplomas o carcomidos documentos, muchas veces arrumbados en archivos o bibliotecas, en busca de la verdad histórica, la emoción y sentimiento por su muerte nos tiene que afectar y herir de un modo más profundamente intenso y permanente.

A mediados del año 1941, cuando la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo adoptó el acuerdo de publicar su *Boletín*, confiándome la dirección, visité a don Francisco en el Seminario Conciliar, del que era ya rector. Me mostró varias fotografías de iglesias románicas de la provincia y allí surgió la idea de estudiarlas y publicarlas en plan de catalogación, lo que vino haciendo en el citado *Boletín* a partir del primer número, en forma de papeletas, que obtuvieron un franco éxito, por su clara y precisa descripción arqueológica y atinadas citas históricas. La última publicada figura con el número 164. Pondremos todo interés en que la catalogación continúe, manteniendo, en lo posible, sus mismas directrices.

De su intensa y meritísima labor, queda también pendiente de los últimos toques, uno de los trabajos en el que tenía puesta gran ilusión y entusiasmo: el *Refranero galaico*.

Me apena recordar la conversación que sobre este particular sostuve en su despacho del Seminario dieciocho horas antes de su muerte, bien ajeno a que fuese la última en que había de escuchar su voz y sus propósitos de trabajo. Según me dijo, tenía perfectamente ordenados 20.000 refranes, con importantes acotaciones de coincidencias asturianas, castellanas, portuguesas, italianas, etc.

Se gestiona de los herederos del señor Vázquez Saco, la entrega del original para hacer posible la publicación que, con loable deseo, se compromete llevar a cabo la Real Academia Gallega, existiendo alguna otra oferta de financiar esta tan interesante y necesaria obra.

Otros muy estimables trabajos tenía preparados, entre ellos la reseña -con gráficos- de la prensa provincial desde sus primeros tiempos y una información documental referente al gran imaginero Gregorio Fernández, y que le inclinaba a poder considerarlo oriundo de Sarria, su villa natal.

Su archivo constituye un valioso caudal de notas históricas y arqueológicas arrancadas de textos antiguos de transapelados pergaminos o de olvidados monumentos, datos que sería sensible pudieran perderse.

Copioso fue asimismo el fruto de su erudita labor, dada a conocer en distintas publicaciones. Las principales obras y trabajos que vieron la luz pública en libros, revistas y prensa, fueron: el tomo VII de *Bibliófilos Gallegos* (Colección Obradoiro), titulado La catedral de Lugo, Nuestra Señora de los Ojos Grandes, patrona de Lugo, editada en 1954; Esbozo biográfico del V. Díaz Sanjurjo, mártir lucense beatificado por Su Santidad Pío XII, en abril de 1951; Los escudos de Sarria, número 5 de las publicaciones del Museo Provincial de Lugo; Inscripciones romanas de Galicia, tomo II. Provincia de Lugo, en colaboración con el que suscribe, como aportación al Corpus que por feliz iniciativa del catedrático de Derecho romano e ilustre epigrafista don Alvaro D'Ors, dio a conocer el Instituto *Padre Sarmiento* de Estudios Gallegos, del Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Colaborador asiduo del *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, en él tuvieron publicidad, además de las papeletas de las iglesias románicas, multitud de originales artículos, todos de sumo interés, entre ellos comentarios a diplomas de Bermudo II, Alfonso V, la reina doña Urraca y Alfonso VII, con transcripciones paleográficas -los tres primeros- del correspondiente de la Academia, don Antonio García Conde; Los maestros del claustro de la catedral de Lugo; Sarria en el camino francés de las peregrinaciones; Lugo y el mariscal Ney; Notas sobre Sarria en el siglo XVI; Un artista desconocido; Nuevas representaciones de gaiteros en los monumentos de Galicia y Grabados de la Virgen de los Ojos Grandes, en el siglo XVI.

Digno de publicidad es el excelente discurso pronunciado en el acto de imposición de la medalla de numerario de la Academia Gallega, que lleva por título *Una curiosa singularidad de la diplomática lucense en los siglos de la Alta Edad Media: Las invocaciones marianas*, que fue muy aplaudido y elogiado por cuantos tuvimos la suerte de escucharlo.

El señor Vázquez Saco cursó sus estudios eclesiásticos en el Seminario lucense y en la Universidad Pontificia de Comillas, siendo ordenado de presbítero en 1922. En 1937 se le designó canónigo lectoral de Lugo y rector del Seminario. Era doctor en Filosofía y Teología y licenciado en Derecho canónico. Ocupó el cargo de presidente de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos hasta su fallecimiento, y el de vocal de la Junta del Museo Provincial y Patronato del Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas. En febrero de 1958 se le nombró miembro de la Comisión constituida de acuerdo con lo dispuesto por el vigente Concordato con la Santa Sede, para la conservación de edificios y objetos eclesiásticos, desempeñando también el de vocal del Centro de Estudios Jacobeos de Santiago de Compostela.

Una de las facetas menos conocidas de su vida, es la de su actividad poética, que inició tan joven que en octubre del año 1916, cuando estaba en la mitad de la carrera, presentó una poesía al Certamen Literario Mariano de Lérída, que le fue premiada. Un año más tarde concurría con otra, bajo el lema *Muera la escuela sin Dios*, al concurso catequístico de El Ferrol. En 1948 se le adjudicó la mitad del *Premio San Froilán* por su estudio *Artistas que trabajaron en la catedral lucense*.

Como director del diario de Lugo *La Voz de la Verdad*, cargo que desempeñó varios años, realizó una meritoria labor, publicando también varias poesías con las que podría hacerse una valiosa antología.

Para las jóvenes de Acción Católica creó la hojita *Sursum*, título que había dado a una revista por él fundada en el Seminario. En la de las jóvenes y bajo la firma de *El consiliario diocesano*, publicó distintos trabajos llenos de sabios consejos, útiles consignas y dignas directrices. En la hojita parroquial *Antena*, publicaba asiduamente una amena y delicada sección sobre el Seminario, las vocaciones, las virtudes sacerdotales, etc.

Con emocionado y permanente recuerdo ensalcemos siempre sus virtudes, su inteligencia y su acrisolada bondad, compartida humildemente con cuantos disfrutamos de su amistad, de su consejo o de sus enseñanzas, y elevemos al Cielo, como justo homenaje a su memoria, nuestras fervientes plegarias.

De autor anónimo é esta, máis recente e máis breve (ANÓNIMO: 2000,922).

Francisco Vázquez Saco naceu na rúa Maior de Sarria no ano 1897. Ós once anos recibiu unha bolsa de estudos que lle permitiu acceder á Universidade Pontificia de Comillas, onde cursou Filosofía, Teoloxía e Dereito Canónico. En 1922 ordenouse presbítero e pasou a ser o párroco de Calvor, onde permaneceu pouco tempo debido ó seu traslado ó seminario lucense, do que foi profesor e rector. En Lugo ocupou tamén o cargo de director do diario *La Voz de la Verdad*, foi coengo lectoral da SICB, profesor do Seminario Conciliar, examinador prosinodal e fiscal xeral.

O seu labor eclesiástico, os seus estudos arqueolóxicos e os seus traballos literarios fixeron que o seu nome fose coñecido en tódolos medios culturais da rexión e fóra dela. Foi autor de diversos libros relacionados coa historia de Sarria e da catedral lucense, coa vida do beato Díaz Sanjurjo (actualmente, San Xosé de Suegos) e co periodismo provincial.

Dedicou parte do seu tempo ó estudio das igrexas románicas da provincia e da diocese de Lugo, que deu a coñecer en papeletas no Boletín da Comisión de Monumentos, entidade da que era presidente.

Nos seus últimos meses de vida dedicouse a preparar un refraneiro galego, ordenado de modo metódico e no que logrou reunir vinte mil refráns.

Faleceu en Lugo o 27 de decembro de 1962.

1.5. Publicacións do autor deste *Refraneiro*

1.5.1. Bibliografía de Vázquez Saco

1.5.1.1. Libros

Un Mártir lucense: Esbozo Biográfico de San José M^a Díaz Sanjurjo. Diputación Provincial, Lugo 1951.

La Catedral de Lugo. Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela 1953.

Los Escudos de Sarria, Junta del Museo Provincial, Lugo 1953.

Nª Sª de los Ojos Grandes, patrona de Lugo: notas históricas. Tip. *La Voz de la Verdad*, Lugo 1954 [1973, 2ª ed.].

1.5.1.2. Artigos

“Iglesias románicas de la Provincia de Lugo: papeletas arqueológicas” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 1, 1941-1961. (En total sumaron 164 papeletas)

“Diploma de Don Alfonso V” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 1, 6, 1943; 162-168.

“Los maestros del Claustro de la Catedral” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 2, 13, 1945; 33-34.

“Sarria en el camino francés de las peregrinaciones” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 2, 16, 1945; 16-107.

“Contrato entre la Justicia de Sarria y los ‘maestros de arquitectura’, Diego de Castro y Matías de Fontela, para reparar el puente viejo de aquella villa.- Año 1711” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 2, 19, 1946; 233-235.

“Un diploma de Alfonso VII” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 2, 21-22, 1947; 285-298.

“Lugo romano: tres nuevas lápidas en el Museo” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 3, 25-26, 1948; 73-76.

“Contrato entre el Convento de Agustinos de Sarria y el escultor Francisco de Moure, sobre la construcción de un retablo y una imagen para la iglesia conventual.- Año 1639” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 3, 25-26, 1948; p. 125-127.

“Contrato entre el convento de Agustinos de Sarria y el pintor Baltasar Rey de Terán, sobre pintura de retablo e imágenes.- Año 1643” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 3, 25-26, 1948; 127-129.

“¿La partida bautismal de Moure?” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 3, 29-30, 1949; 268-272.

“Documentos de antiguos Monasterios lucenses. Castro de Rey de Lemos. Foro otorgado por el Prior Fr. Sebastián Caballero. Año 1697” 3, 31-32, 1949; 328-330.

“Lugo y el Mariscal Ney” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 6, 49-52, 1958; 205-212.

“Notas sobre Sarria en el siglo XVI. Un artista desconocido” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 6, 49-52, 1958; 268-272.

“Nuevas inscripciones romanas de la provincia de Lugo” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 6, 49-52, 1958-1959; 270-3.

“Nuevas representaciones de gaiteros en los monumentos de Galicia” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 6, 49-52, 1958/1959; 290-293.

“Documentos relativos a nombramientos de Capitán de la ciudad de Lugo y Montero Mayor de la misma” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 8, 53-56, 1960/1961; 108-109.

“Grabados de la Virgen de los Ojos Grandes en el siglo XVI” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 7, 53-56, 1960/1961; 16-23.

“El obispo y señor de Lugo Don Alonso López Gallo nombra Alguacil Mayor a D. Gonzalo Méndez de Navia” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 8, 61-62, 1964; 295.

“El Obispo de Lugo don Fernando Velosillo nombra a Luís de Castelo Reimóndez, por capitán de la ciudad y de todos los cotos y jurisdicciones de la dignidad episcopal, para la formación de un ejército contra Francisco Drake, que pirateaba en las costas de Galicia”. – Año 1585” 7, 53-56, 1960-1961; p. 106-8.

“Historia de la exposición permanente del Santísimo en la Basílica de Lugo”, *Faro de Vigo*, plego 7 dos números conmemorativos do centenario do diario, 1953; 104-106.

“Lugo y la Orden de Santiago” en *Lar*. Buenos Aires, 248-250, 1954; 41-42.

“Nuestra Señora de los Ojos Grandes” en *Año Cristiano*. B.A.C., Madrid, 3, 15-8-1959.

“La villa de Sarria: algunas notas históricas” en *Lucus*, Lugo, ¿1960?, 62-64¹¹

“Blasones de Sarria” en *Lucus*, Lugo, ¿1960?, 70.

1.5.2. Bibliografía de Vázquez Saco e outros autores

BOUZA BREY e outros¹²: *Inscripciones romanas de Galicia*. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela 1949-1968.

1.5.3. Bibliografía sobre Vázquez Saco

ANÓNIMO: “Francisco Vázquez Saco: Lugo XX. Historia de un siglo (año de 1956)”, *El Progreso*, 2000; 922.

¹¹ No exemplar da revista *Lucus* que consultamos non aparece a data e é difícil precisala porque en ningún outro número da revista aparece. Supoñemos que este artigo e mailo de “Blasones de Sarria”, ámbolos dous no mesmo número, foron publicados arredor de 1960 por datos que atopamos nas distintas contribucións. Por exemplo, o Dr. D. Pedro López Rubín, en “Familias Sarrianas: Ilmo. Sr. D. Carlos Antonio Riomol y Quiroga, Obispo de Mondoñedo” di: “Nuestro admirado e inolvidable amigo, con el cual Sarria tiene una deuda, el escritor e historiador, Cronista Guitián, recientemente fallecido, en un trabajo póstumo, no corregido, publicado en el número de LVCUS, de Diciembre de 1959 (. . .)”. Esto lévanos a pensar que este número é xa, polo menos, de 1960. Ademais, fálase de que no momento da publicación dese número se está a construír a fábrica de cemento de Oural, que data de principios da década dos sesenta.

¹² Orixinalmente publicada en 6 v, o vol II contén o seguinte: *II. Provincia de Lugo* / editado por Francisco Vázquez Saco e Manuel Vázquez Seijas.

LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador: “Don Francisco Vázquez Saco, rector del Seminario de Lugo entre 1937 y 1962” en *Lucensia* 15, 1997; 363-370.

MARTÍNEZ LÓPEZ, Alberto: “Francisco Vázquez Saco”, en *Gran Enciclopedia Gallega* 29, 1974; 255.

TRAPERO PARDO, José: “Don Francisco Vázquez Saco” en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo* 7, 57-58, 1962; 113-114.

VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel: “Don Francisco Vázquez Saco” en *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXX, 351, 1969; 271-274.

1.6. Fondos de Vázquez Saco

O 2 de abril do 2000 o Dr. Jesús Vázquez Gallego en presenza do anterior Director Xeral de Política Lingüística, D. Manuel Regueiro Tenreiro, entregounos no seu despacho de Lugo dúas caixas que foran do seu tío Francisco Vázquez Saco. Era, segundo nos dixo, o refraneiro inédito con autorización explícita para editalo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. No seu interior había papeis da maior heteroxeneidade, sobres e libretas de diferentes tamaños que revelan un ambicioso refraneiro en proceso de sistematización, *in fieri*, como seguramente diría o autor.

En todo ese material chegamos a xebrar vintedous tipos de manuscritos diferentes e un mecanoscrito. ¿Por onde empezar? Sabiamos que no 1952 Vázquez Saco se presentara ó concurso dos Bibliófilos Gallegos e, por certo, alí estaba unha copia mecanoscrita daquel traballo. Este mecanoscrito, ó que en diante nos referiremos como **mc**, era unha versión acabada e cerrada. Por esa razón decidimos empezar por informatizar ese mecanoscrito e despois ir revisando os manuscritos un por un e comprobando se os refráns que contiñan xa estaban no mc. Se non estaban ou se presentaban algunha variante, por pequena que ela fose, introducíámolo no noso ficheiro.

Este revisar todos e cada un dos papeis, por pequenos e fragmentarios que fosen, permitiunos non só garantir que non se perdeu nin un dos refráns que Vázquez Saco algunha vez anotou, senón tamén corrixir erros de lectura ou escritura e completar variantes ou localizacións incompletas. Poñamos un exemplo. O mc presenta este refrán *En vez de andar “o”, traballa de vran pro inverno, díxolle a formiga ó merlo*. O texto non se entende porque non existe ningunha locución que sexa *andar ó*. No ms4 o colector ten unha variante: *Díxolle a formiga a un paxaro: “Chirlo merlo, chirlo merlo, según andas de póla en póla, busca de comer pró inverno”*. Non nos servía. Pero o ms 15 contén unha folla (que nós numeramos como 40) e que di *“En vez de andar ó tirulero, traballe de vran pró inverno”, díxolle a formiga ó merlo*. Vese, polo tanto, que no paso desa folla solta (ms15/40) ó mecanoscrito, a Vázquez Saco quedoulle no

tinteiro a palabra *tirulero*, facéndonos incomprensible o refrán. Outro caso: ms4 permitiu localizar moitos como de C[arré]. A[ldao]. publicados na *Nosa Terra* ¹³.

Para termos unha referencia inequívoca de onde procede cada refrán, ós diferentes manuscritos fómolsles atribuíndo unha clave de referencia segundo avanzaba o proceso de informatización do material. Pero o lector deberá reparar en que a numeración correlativa dos manuscritos responde ó noso proceso de informatización e estudo do material, non ó de elaboración por parte do autor ou autores, do que pouco sabemos e ese pouco son hipóteses fundadas en indicios internos, que iremos espoñendo en cada caso e que resumiremos nun cadro final.

Algunhas das fontes de máis volume son achegas que proceden de sacerdotes ou seminaristas de Lugo (ms-LU) que sumaban, antes da depuración, 5.010 refráns, e a dos seminaristas de Santiago (ms-SA) que sumaban, antes da depuración, 4.878 refráns. Semellante volume pareceunos merecer unha edición específica, pero os nosos medios son limitados e quizais a vontade de Vázquez Saco sería a de incluílos e finalmente incluímos aquí.

1.6.1. Descrición das fontes ou arquivo paremiolóxico de Vázquez Saco

A necesaria exposición do estado caótico en que encontramos este material non se ha de entender como distancia arrogante ante o que se nos entrega. Precisamente o feito de asumírmolo compromiso de ordenar e rematar un traballo que quedara inconcluso e confuso é manifestación do noso interese e mesmo da reverencia que ese traballo nos produce.

REFE-REN-CIA	CONTIDO
mc	Mecanoescrito de 1952 presentado ó concurso da Editorial dos <i>Bibliófilos Gallegos</i> . Componse de 399 folios con 10.420 refráns ordenados por temas. Tres folios son de prólogo. En canto obra acabada foi o primeiro que informatizamos e todo o demais só entrou no noso sistema se non estaba xa neste mecanoscrito exactamente igual, por pequena que fose a diferenza; aínda que sabemos que este nin é o núcleo inicial nin a versión definitiva que preparaba cando morreu en 1962.

¹³ A súa maneira de citar é aproximada. Carré Aldao na revista *A Nosa Terra* escribía *Moitas cerdas ten un cocho, mais non son as de un marrau*; e Vázquez Saco, aínda citando esta fonte, incorpóralo así: *Moitas serdas ten un cocho, e non son as de un marrau*. Como se ve realiza tres modificacións. O mecanoscrito di *Lanza larga por a neve non hai diablo que a leve* e cita A.S.A.. Pero en ms4, que parece posterior, coa mesma referencia, escribe *Lanza larga pol-a neve n'hai diablo que cha leve*.

ms	Fichas manuscritas con refráns. Os que nós facemos figurar con esta sigla son os que non están incluídos en mc .	Estes milleiros de fichas son posteriores a ms4 e ms5 e non excluímos que este ficheiro nacesse antes de mc . Pero, se o for, certamente recibiu novas achegas, porque contén moitos refráns que non estaban no mc . O conxunto, tal como o recibimos nós, presentaba un estado caótico e, se non interveu nel unha man allea trala morte de Vázquez Saco, ten tódalas trazas de ser unha ferramenta abandonada ¹⁴
ms1	Fichas manuscritas con refráns. Os que nós facemos figurar con esta sigla son os que xa apareceran noutra ficha anterior (de ms), pero que inclúen información nova.	
ms2	Fichas con refráns. Os que nós facemos figurar con esta sigla son os que son refráns repetidos en dúas fichas anteriores (de ms ou ms1), pero que inclúen información nova.	

¹⁴ Para comprendérmo-lo estado de elaboración do *Refraneiro*, no momento da morte de Vázquez Saco, pode ser un pouco falaz o cadro comparativo das tres elaboracións temáticas que habemos ver no apartado 3.4. Na realidade **ms**, **ms1**, **ms2**, **ms11** e **ms17** eran unha caixa grande ategada de fichas metidas en sobres azuis (os máis baratos que había na metade do século XX). Eses sobres levan por fóra escrita unha palabra, que, en moitos casos, é o tema dos refráns que están no interior; pero había tamén moitos sobres baleiros. Algúns sobres conteñen a indicación de *Despachados* que non demos sabido a qué corresponde, porque algúns deses tales *despachados* aparecen no mecanoscrito ou noutros manuscritos, pero moitos outros, non.

Intercalados entre os diferentes sobres, había 33 bloques de fichas soltas: na maior parte dos casos os refráns contidos neses grupos de fichas soltas non tiñan unidade temática de ningún tipo; só nalgún caso tiñan indicación do seu tema (*Penas y dolores. Año*) e, nese caso, fixémoslle nós un sobre.

Aínda que no noso cadro os temas aparecen ordenados buscando a correspondencia coa ordenación anterior a 1952 e coa de 1962, a realidade é que se encontraban colocados dunha maneira caótica o que explica que mesmo haxa sobres con fichas de refráns dentro e que teñen por fóra un tema que xa tiña outro sobre (tamén con fichas dentro). Por poñer só o primeiro caso: encontramos dous sobres que se titulan *Agrícolas Generales*, os dous contiñan refráns loxicamente complementarios e, cousa sorprendente, os dous teñen a indicación de *Despachados*. Este é o estado en que nós encontrámo-los sobres con fichas e os grupos de fichas soltas:

*Ambición / Edades-Juventud / Diligencia / -fichas soltas / Santos / Mujer / -fichas soltas / Edades (ancianidad) / -fichas soltas / Hablar / Vicios sociales / Meses / Del mal el menos / -fichas soltas / Amor. Amistad / Comida / Hombre / Meteorológicos / -fichas soltas / Casa / -fichas soltas / Refranes de asuntos gallegos de la colección del Comendador H. Núñez / Contratos (despachados) / -fichas soltas (Seminario de Santiago) / Agrícolas. Generales (despachados) / Oficios (despachados) / Aborro (despachados) / -F.S. / Robo. Estafa / Precaución / Romerías (despachados) / Juventud (despachados) / -F.S. / Mentira / -F.S. / Paso del tiempo / Trabajo (despachados) / Santoral 2 (despachados) / Fortuna / Origen y Herencia (baleiro) / Preocupación (baleiro) / Indiferencia (baleiro) / Elección (baleiro) / Paciencia (baleiro) / Prudencia (baleiro) / Superfluo (baleiro) / Terquedad (baleiro) / Verdad (baleiro) / Vergüenza (baleiro) / Cosas de casa (despachados) / Pereza (despachados) / -fichas soltas / Música / -fichas soltas / Constancia / Pobreza / Maña. Destreza / Jurídicos y similares (apéndice) / Usos y costumbres / -fichas soltas / Fiestas y romerías (apéndice) / -fichas soltas / Riqueza (despachados) / -fichas soltas (algunhas de Santiago) / Jurídicos (despachados) / -fichas soltas Un grupo de fichas soltas teñen o título *Año (despachados)* / Ficha soltas (¿meteorológicos?) / Mujer (apéndice) / Hombre (despachados) / Religiosos y morales / -fichas soltas (entre elas os refráns de Ricardo Caruncho en *El Diario de Avisos*) / Riqueza / -fichas soltas / Sobre el dar y el recibir / Independencia 2 / -fichas soltas. Copia do *Refraneiro do mar* de Santiago Loureiro / Ocasión / -fichas soltas / Música, danza (despachados) / -fichas soltas / Causas y efectos / Aldea / Claridad, franqueza / Curiosidad / Correspondencia / -fichas soltas / Consejo tardío / -fichas soltas / Distracción / Indecisos (baleiro) / Marítimos (apéndice) / -fichas soltas / Matrimonio / -fichas soltas / Pereza. Ociosidad / -fichas soltas / Parientes / -fichas soltas / Confianza / Aborro. Tacañería (despachados) / -fichas soltas Dicterios / Disculpa (baleiro) / -fichas soltas. Rimas infantis / Escarmiento / Miedo / Guerra / Cortesía / Desengaño / Fama / Pedagógicos (despachados) / -fichas soltas. Meteorológicos / Buena o mala fortuna 2 / Religiosos (despachados) / Agrícolas. Anuales (despachados) / Meses (despachados) / Agrícolas. Meteorológicos (despachados) / -fichas soltas / Agrícolas. Generales (despachados) / Animales / Amistad (despachados) / Hambre. Gastronomía (despachados) / Comidas 1 (despachados) / Mujer (despachados) / -fichas soltas / Vicios. Juego / Constancia / Medicina e Higiene / Hablar (despachados) / -fichas soltas / Presunción / -fichas soltas. Refranes gallegos en Gella I. / Recomendación. Valimiento.*

Ou algún manipulou estas caixas antes de chegaren a nós ou é difícil entender como manexaba Vázquez Saco este ficheiro.

ms3	Caderno de hule verde con alfabetización lateral e canto vermello (idéntica a ms4). Letra de V. Saco. Contén 1.090 refráns dos que 50 non figuraban xa no mecanoscrito, o que quere dicir que é posterior a el. Pretendía alfabetiza-los refraneiros de dezaseis compiladores anteriores (Valladares, Noriega, Terra de Melide, P. de Velle, De la Iglesia, Carré Aldao, Murguía, Gella, Saralegui, Academia, Vida Gallega, Sonata Gallega, Gaiteiro de Lugo, Bouza Brey, Taboada Chivite, Jacinto Prado) pero só incorpora dos seis primeiros.	Verosimilmente anterior ás fichas (ms, ms1, ms2, ms11, ms17) e posterior a ms4 .	Sospeitamos que ms3 e ms4 son dous intentos de dispoñer dun ficheiro alfabético, que se frustraron porque, neste volume de información e antes de existiren os ordenadores, o único sistema que permitía unha actualización constante da orde alfabética eran as fichas soltas almacenadas en caixas.
ms4	Caderno de hule verde con alfabetización lateral e canto vermello (idéntica a ms3). Letra do colaborador principal, aínda que algunha vez aparece insertado un refrán con letra de V. Saco coa debida numeración (letra T, 121-123). Contén 6.379 refráns, dos que 809 non estaban en mc o que podería indicar que é posterior a el. Vai inserindo os refráns dentro de cada letra pero por autores (Valladares, Leiras, De la Iglesia, Noriega, E. Carré, J.A.P., Gella, V.R y A.R. (Terra de Melide) etc. Moi desordenada ¹⁵ . Un non pequeno grupo de refráns aparecen riscados a lapis ou mesmo a pluma.	Verosimilmente é o primeiro intento de organizar un refrancero, polo que se verá nos apartados 1.6.3.1 e 1.6.3.4. Hai indicios de estar máis usado este caderno ca ms3.	
ms5	Caderno azul, marca <i>Espiral</i> , apaisado con arame. 157 páxinas de contido misceláneo: basicamente notas histórico-artísticas das igrexas luguesas pero tamén 420 refráns (algúns parecen proceder dos que el extracta do Seminario de Santiago), 23 cántigas, 81 entradas de léxico e 4 locucións.	Cita máis avanzada que contén: 1961, no refrán <i>Novembro que empeza ben, fianza ben</i> .	

¹⁵ Como non tódalas letras iniciais producen o mesmo número de refráns, o colaborador distribúe por diversas páxinas do caderno os refráns que vai incorporando e que non lle collían no número de páxinas que o caderno destinaba a unha letra inicial. Por poñer só un caso, os 1.131 refráns que empezan pola letra *O* aparecen na letra *O* pero, como se esgota o espazo que ofrece o caderno para esa letra e quedan aínda por anotar moitos refráns, vanse anotando nas páxinas aínda en branco doutras 10 letras distintas e mesmo en lugares distintos da mesma letra. A numeración que dá salta moitas veces pero en xeral máis endiante acaba enmendándoa: así na letra *P* pasa do 386 ó 887 e segue ata o 903, onde se decata do erro e volve ó 404. No baile de páxinas dentro do caderno prodúcense erros de numeración máis complexos: na letra *Q* parece pasar do 122 ó 223. En realidade continúa na letra *Y* onde, con números errados, sen números e con refráns que escribe e risca, chega ó 227 e volve atrás, á propia letra *Q*, e reinicia no 223, co que, ben mirado, só se confunde en cinco números (debía ser 228). O número de refráns nesta libreta é o seguinte A (1.012), B (178), C (533), CH (50), E (379), F (143), G (83), H (117), I (38), J (5), L (89), M (469), N (533), O (1.131), P (428), Q (268), R (52), S (389), T (174), U (68), V (151), X (81), Y (3), Z (5).

ms6	Caderno castaño vertical con arame de 45 follas e dous papeis soltos na fin. Contén, ademais dalgúns refráns, unha boa presa de adiviñas, numerosas notas histórico - artísticas da provincia de Lugo, e mais tres melodías populares.	Cita máis avanzada que contén: 1961, no refrán <i>Si queres que a vaca che dea boa leite....</i>
ms7	Caderno de hule verde con alfabetización lateral e canto vermello ¹⁶ . Contén vocabulario galego definido, por veces, con algunha cita literaria. Outras veces elenca palabras que aínda non figuraban nos dicionarios galegos do tempo del e que encontra en obras literarias coma <i>Terra brava</i> de Fole, <i>O niño de Pombas</i> , <i>A teceadeira de Bonaval</i> e <i>O Castelo de Pambre</i> de López Ferreiro, <i>De min para vós</i> de Ricardo Carballar, <i>Contos da terra</i> de Pérez Placer, <i>Néveda</i> de Herrera Garrido ou <i>Estebo</i> de Lesta Meis.	
ms8	Axenda de peto (8'7 x 5'9 cms) de 1955 con pastas. Contén 441 refráns e algo de vocabulario.	Teñen tódalas trazas de se-los primeiros rexistros do que oía na rúa ou na conversa. Pero os máis destes 534 refráns só aparecen aquí: era, polo tanto, material que aínda esperaba traslado e sistematización.
ms9	Axenda de peto (10'2 x 6'3 cms) de 1955 sen pastas. Só ten anotacións ata o final de febreiro e nalgúns páxinas do final. Contén 93 refráns e algunhas cántigas en castelán, unha rima en galego e notas persoais.	
ms10	Caderno de arame de cor vermella, marca Galeón, pasta amarela. Contén refráns copiados do II tomo do <i>Diccionario</i> de Eladio Rodríguez (entradas <i>dádiva</i> - <i>muerte</i>). Numeramos por follas 1-42. Ten que ser de 1960 (data da publicación deste tomo) ou posterior.	É, probablemente, o seu derradeiro traballo. Copia os refráns de Eladio Rodríguez pero non todos: non copia os que xa tiña. ¹⁷
	Caderno de arame esmagado, só coa pasta traseira de cor tella, marca <i>Bloque Carabela</i> – <i>Electra</i> . Contén refráns copiados do <i>Diccionario</i> de Eladio Rodríguez (entradas <i>muerte</i> – <i>miscelánea</i>) e outros de recolleita propia. Contén notas históricas de parroquias de Lugo e copia de documentos da presenza das tropas napoleónicas en Galicia, maiormente en Lugo que publicou en 1958 no <i>BCPMHLA</i> de Lugo. Numeramos por follas 43-64. Ten que ser de 1960 (data da publicación do II tomo de Eladio) ou posterior.	

¹⁶ Este caderno, da empresa catalana *Miquel Rius*, ten características coma o cosido dos cadernos que esa casa deixou de utilizar en 1956. Como a cita máis moderna que nese caderno anota é de 1958 (s. v. *Mataranga*) temos unha pequena indicación de que entre eses anos fixo este traballo.

¹⁷ A meirande parte dos refráns están ordenados por lemas seguindo a orde do propio Eladio Rodríguez. Non obstante, algúns conteñen unha indicación temática na marxe dereita e unha cruz na esquerda e coinciden con refráns do ms16. Novos son aqueles ós que lles adscribe un tema non rexistrado no ms16, por ex. *Afabilidad*, *Criados*, *Contiendas*, etc. Conste, mesmo así, que o ms16 ten unha ordenación temática incompleta.

	Caderno de arame sen pastas. Contén refráns copiados do III tomo do <i>Diccionario</i> de Eladio Rodríguez (entradas <i>nabiña – vivir</i>). Na fin ten algúns refráns recollidos por V. Saco e diversas notas históricas. Numeramos por follas 65-143. Ten que ser de 1961 (data da publicación deste tomo) ou posterior.	
ms11	Fichas que conteñen refráns curiosos ou con explicación necesaria. Tamén hai algunhas cántigas e locucións.	
ms12	Sobre: fichas que conteñen léxico e refráns. A maioría están escritos con letra de Vázquez Saco. Tamén inclúe unha oración contra os orizós.	
ms13	Sobre: fichas con cántigas, a maioría escritas a máquina. As mecanografadas aparecen divididas por temas, e a maioría aparecen tamén no ms20. Parece un intento de ordena-lo caderno de Vicente Latorre adaptando a ortografía, pero o traballo quedou incompleto.	
ms14	Sobre: contos e léxico recollidos por Alvilares Moure (Chantada) e Alfonso Vilarinho (Palas de Rei).	
ms15	Follas escritas coa letra de Vázquez Saco ou do seu colaborador e que foron encontradas entre os manuscritos dos seminarios de Lugo e Santiago. Posiblemente copiadas das recolleitas orixinais.	Cita máis avanzada que contén: 1960, no refrán <i>ano novo e viño novo non manteñen</i> .
ms16	446 Folios e 30 cuartillas, todo manuscrito e ordenado por temas, cunha distribución temática máis complexa cá do mc . Parece a derradeira versión do seu traballo. Está incompleto, porque, en acabando os temas da letra A, pasa ós que empezan pola letra D; da letra E pasa ó N; do S salta ó U e interrómpeuse con temas da letra V.	Para a datación temos dous datos: unha folia solta di: <i>O qu'un non quere, outro desea</i> (Feira de Chantada, 21 agosto-58), mentres que os refráns do tomo III do <i>Diccionario</i> de Eladio Rodríguez deben de ser de 1961 (data da publicación).
ms17	107 fichas con refráns relativos ó gando vacún. Contemporáneo de ms. ¹⁸	
ms18	77 cuartillas con refráns, en boa parte extraídos doutras coleccións paremiolóxicas, coma as publicadas en <i>Diario de avisos</i> , <i>Vida Gallega</i> , <i>Ultreya</i> , <i>Nós</i> (<i>Folklore de Sandiás</i> de Urbano Santana, <i>Falan os de Ribadeo</i> de Francisco Lanza, <i>Folklore de Parada do Sil</i> de Xosé R. Pérez Seoane, etc.), <i>Refraneiro do mar</i> de Santiago Loureiro. Algunhas aparecen riscadas a lapis cun trazo vertical, coma se xa estivesen incorporadas a un ficheiro definitivo.	
ms19	Manuscritos de diferentes letras con refráns casteláns. Algún está en papel timbrado da Droguería e Perfumería de Antonio Mato Blanco de Lalín.	
ms20	Caderno de Vicente Latorre: <i>Colección de cantares y refranes gallegos</i> . A pesar do título non contén fraseoloxía ningunha pero ten 299 cántigas.	
ms21	Caderno titulado <i>Refranes de Galicia</i> . <i>Armando Vázquez Crespo, Bermés, agosto 1954</i> . Unha nota manuscrita a lapis engade <i>Casi todos fueron recogidos en la parroquia de Bermés</i> . Ten 64 páxinas e na 63 ten algunhas locucións sen definir.	

¹⁸ Estas fichas, inicialmente dispersas, escolmámolas nós para telas en conta noutro proxecto de investigación do Centro Ramón Piñeiro e por esa razón se reincorporaron máis tarde ó conxunto dos manuscritos cunha sigla específica (ms17), cando, de non ser así, figurarían como ms, ms1 ou ms2.

ms22	5 follas con 271 refráns en castelán, unha delas tamaño folio e as outras catro tamaño cuartilla. A folla de maior tamaño leva na esquina superior esquerda a seguinte lenda impresa: “Antonio Mato Blanco” Droguería y perfumería. Lalín (Pontevedra). A letra coa que están escritos estes refráns casteláns é a mesma, pero non corresponde exactamente con ningunha das atopadas ó longo dos outros manuscritos. O fillo de Antonio Mato Blanco informounos de que dous dos irmáns deste estiveran no seminario de Santiago durante os anos nos que se recolleron o resto dos refráns do seminario. É posible que un deles fora o que recompilou esa lista paremiolóxica, ben cando aínda era seminarista ou ben anos despois de selo.
ms-LU	Entre as fichas de ms, ms1, ms2, ms11 e ms17 foron aparecendo numerosos papeis de diferente tamaño e letra (algunha vez mecanografados) con 5010 refráns probablemente recollidos por seminaristas e sacerdotes da diocese de Lugo. 1.891 destes refráns non figuraban xa no corpus que íamos construíndo e por esa razón entraron a figurar (tal era o sistema de Vázquez Saco) neste <i>Refraneiro</i> co nome do colector que figura nese papel.
ms-SA	Entre as fichas de ms, ms1, ms2, ms11 e ms17 foron aparecendo numerosos papeis de diferente tamaño e letra con 4.878 refráns recollidos por seminaristas de doce-catorce anos da diocese de Santiago. 2.759 destes refráns non figuraban xa no corpus que íamos construíndo e, como ese era o sistema de Vázquez Saco, entraron a figurar neste <i>Refraneiro</i> co nome do colector. Neste caso concreto foinos posible identifica-la procedencia dos refráns, porque sabemos de que parroquia da diocese de Santiago era cada un dos seminaristas que llos entregaron a Manuel García García, profesor do seminario de Santiago, que foi quen posteriormente llos fixo chegar a Vázquez Saco. Neste caso sabemos tamén que eses refráns foron recollidos entre 1950 e 1958 ¹⁹ .

No cadro anterior vese ben non só o material que se nos confiou para a edición, senón tamén o estado real de elaboración do *Refraneiro*. Se non aparece algún día unha versión elaborada que faga xustiza ás palabras que refire Vázquez Seijas (e que vimos en 1.4.1.), ou todo este material informe e heteroxéneo non era o verdadeiro ficheiro de Vázquez Saco (senón un material básico anterior ó verdadeiro ficheiro), ou alguén o desordenou posteriormente. Endenón, faise difícil comprender cal era o método de traballo deste sacerdote lugués, que posiblemente confiaba máis na súa memoria do que nas fichas.

En calquera caso, páxinas moi próximas á súa morte coma *ms5* ou *ms10* revelan que o noso paremiólogo apuntaba as cousas cando lle acordaban no caderno que tiña á man, co que eses cadernos recollen anotacións de materias moi diversas, que en moitos casos nada teñen que ver coa paremioloxía. Máis. Os tres cadernos que designamos como *ms10* conteñen

¹⁹ Un de nós, Xesús Ferro Ruibal, lembraba que en 1957 entregara (igual que outros compañeiros de Seminario) unha pequena cantidade de refráns oídos ó seu avó Jesús Ruibal Barreiro na súa casa de Mane (Barro), aínda que Jesús Ruibal e toda a súa familia era morañesa. Moitas veces tratou de saber qué faría D. Manuel García con aqueles refráns todos, sospeitando que podía haber aí un *Refraneiro galego* inédito. A sospeita non ía descamiñada, porque despois comprobamos que a colección chegaba ós 4.878 refráns. Aínda que os herdeiros daquel sacerdote, que militou secretamente no Partido Galeguista de Castelao, franquearon amablemente a biblioteca, nada apareceu. Así que a sorpresa foi inmensa e enorme a alegría cando, no primeiro contacto cos manuscritos de Vázquez Saco no despacho do Dr. Vázquez Gallego en Lugo, empezaron a aparecer espallados polas caixas aqueles papeis escritos por rapaces de 12-14 anos do seminario de Santiago je, tamén, os que dictara Jesús Ruibal Barreiro ó seu neto no Nadal de 1957! D. Manuel García García puido facer el un *Refraneiro* cos 4.878 refráns que arrecadara pero, polo que se ve, preferiu entregarllos a un sacerdote de Lugo para que fixese unha obra de maior alento.

refráns copiados do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez, si, pero unha comprobación atenta revelou a existencia dun pequeno grupo de refráns insertos que non están no tal Diccionario. E, en conxunto, constatamos igualmente cinco intentos diferentes de sistematización.

Todo isto fala ou ben dun traballo realizado nas horas de lecer que deixan libres moitas outras ocupacións ou ben dun traballo relativamente incipiente. En calquera caso, o que nós recibimos está moi lonxe daquel *tenía perfectamente ordenados 20.000 refranes, con importantes acotaciones...* que xa aludimos.

1.6.2. Un colaborador ou colaboradora principal

A enorme cantidade de manuscritos que forman o fondo paremiolóxico de Vázquez Saco teñen multitude de letras e son, polo tanto, de moi diversas mans, o que revela que tivo moitos informantes. Con todo e eso, a letra máis frecuente é a do propio V. Saco. Séguelle en frecuencia unha segunda letra, chea de bucles, que debía ser un colaborador moi directo a quen quizais V. Saco encomendou un primeiro traballo que foi o de ordenar alfabeticamente os refráns nun caderno alfabetizado (ms4). Pola inclinación levoxira da letra parece de muller. Ten por veces fallos inxenuos (*Onde hai gato [sic por galó] non manda galiña. Rubias o mar, obellas o sollar [sic]*) ou vacilacións (*Non sabe un ~~onde a ten~~. ond'a ten*) que V. Saco non adoita cometer nin ter.

Este colaborador principal, ou colaboradora, escribe en primeira de plural ó copiar uns refráns dunha sección da revista *Nós*

En el número 3, año 1 y fecha 30 de diciembre de 1920... publica refranes de los que por no figurar en nuestra colección extractamos los siguientes.

Nada de momento nos fai pensar que este plural se refira a unha autoría compartida, senón ó uso dun *pluralis humilitatis* que o colaborador, ou colaboradora, pon en boca de Vázquez Saco, único autor desta colección.

1.6.3. Para unha cronoloxía dos diferentes manuscritos

1.6.3.1. ¿Son ms4 e ms3 os primeiros manuscritos? ¿Cal deles é anterior?

Tódolos que nos interesamos pola fraseoloxía levamos connosco sempre un caderniño no que anotámo-los fraseoloxismos que oímos na rúa ou na conversa diaria moitas veces cunha letra feita a correr. Tamén Vázquez Saco. Conservamos dúas axendas de peto, **ms8** e **ms9**, que teñen esta case exclusiva finalidade. ¿Son elas os primeiros manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco? Non, porque esas axendas están claramente datadas en 1955, tres anos despois da versión cerrada de 1952 que presentou ó concurso de Bibliófilos Gallegos. Tivo que empezar moito antes, porque o mc de 1952 xa tiña 10.420 refráns. De feito no prólogo dese mc escribía que *hace años que dedicamos nuestros ratos de ocio a recogerlas [as máximas ou refráns] de los labios mismos del pueblo.*

As axendas de 1955, lonxe de se-las súas primeiras anotacións, son proba de que, mesmo despois de saber que Vicente Llópiz gañara o segundo concurso con máis de 40.000 refráns, el seguía crendo na necesidade de seguir recollendo. E témoslle que agradecer ó cóengo de Lugo que non abandonase a recolleita, porque moitos dos refráns que anota nesas axendiñas non están nin no mc nin noutros manuscritos e algúns tampouco están no voluminoso refraneiro inédito de Llópiz: en consecuencia, rescatou unha parte de patrimonio que só está aquí.

Se as axendas **ms8** e **ms9** non son os seus primeiros manuscritos ¿serano **ms3** e **ms4**? Como dixemos, o caderno **ms3** está escrito exclusivamente coa letra recoñecida de Vázquez Saco. Pero en **ms4**, encontramos dous tipos de caligrafía: algunha vez a de Vázquez Saco pero a maioritaria é doutra persoa diferente. Se **ms3** e **ms4** non son as primeiras anotacións paremiolóxicas daquel, son probablemente o primeiro intento de poñer en orde o seu caudal paremiolóxico.

Do que xa non temos seguranza é de se **ms3** é anterior ou posterior a **ms4**. A favor de que **ms3** sexa anterior está o feito de que este manuscrito é da man de V.Saco e ten menos refráns, mentres que **ms4** ten máis refráns, é basicamente da man dun colaborador pero está moi desordenado. A duplicidade de caligrafías de **ms4** pode indicar que o axudante ía pasando a **ms4** o que xa estaba en **ms3**, e logo o propio V. Saco foi engadindo máis.

Pero outros feitos parecen levarnos en dirección contraria. No caderno **ms4** cópanse os refráns literalmente, tal como están na fonte que se cita, mentres **ms3** actualiza a ortografía e innova: coma tal, copiando a Marcial Valladares o colaborador (**ms4**) escribe *Nunca falta Jan para Sabela* pero V. Saco (**ms3**) escribe *Nunca faltou Xan para Sabela* (**ms3**). Véxanse outros casos: *N'a hucha aberta o justo peca* (**ms4**), *N'a hucha aberta o xusto peca* (**ms3**). *N'a semana d'a Ascensión* (**ms4**), *N'a semana d'Ascensión* (**ms3**).

Os dous cadernos (**ms4** e **ms3**) teñen refráns distintos, aínda que empezan igual (cos de Valladares) en tódalas letras. O caderno **ms4** presenta indicios de estar moito máis usado có outro (**ms3**). Por todo iso a mellor hipótese parécenos esta: poida que Vázquez Saco, visto o volume de refráns, encomendase ó colaborador un traballo máis mecánico (**ms4**) e, que posteriormente, vista a desorde dese **ms4**, decidise empezar el a poñer en orde aquel magma (**ms3**) e que non dese rematado.

O **ms3** empeza cun listado de tódalas abreviaturas que se usaron en **ms4**, aínda que este caderno non contén refráns que procedan de tódalas fontes que se agrupan baixo esas siglas. Así o **ms3** sempre comeza con M.V. seguido de A.I., ó igual que **ms4**. A orde que segue nos dous cadernos para os refráns correspondentes a M.V. e a A.I. coincide. En **ms3** emprega a abreviatura A. de la I., se ben no **ms4**, nas fichas e no mc emprega sempre A.I.

1.6.3.2. ¿É o caderno **ms4** anterior ás fichas (**ms**, **ms1**, **ms2**, **ms11**, **ms17**)?

En lei dereita, para esta pregunta cabe unha terceira hipótese: que os cadernos **ms3** e **ms4** fosen contemporáneos das fichas en caixas, sistema previsto para a ordenación temática e que os cadernos alfabetizados tivesen a función de saber se un determinado refrán xa estaba incorporado ou non. Pero isto é máis difícil de demostrar.

Vexamos agora outro feito. Nunha ficha (ms) faise referencia concreta a que no caderno (ms4) pódese ver unha versión máis completa do mesmo refrán. Trátase da ficha que enuncia o primeiro elemento dunha longa serie de ditos tópicos de persoas e lugares da redonda de Lugo e que comeza *Caballeros de Fingoy...*, Nesa tal ficha inclúese a seguinte nota entre parénteses: *Lista larga con su explicación, de los pueblos cercanos a Lugo en la letra R.- Refrán 683 de los añadidos de la C.* Esta localización cadra, por certo, co que encontramos en ms4.

Este indicio fainos pensar que Vázquez Saco primeiro recolleu os refráns nos cadernos, e que logo os foi pasando ás fichas, o que lle permitiu dúas cousas que despois empregou no mc: primeiro ordenalos por temas e, segundo, introducir máis datos con respecto a cada refrán (variantes noutras linguas e valor). Con esa información elaborou, para a nosa idea, o mecanoscrito (mc) de 1952 que presentou ó concurso de Bibliófilos Gallegos. Polo tanto, para a nosa idea, os cadernos (ms4, ms3) e o sistema de fichas (ms, ms1, ms2, ms11, ms17) son obra anterior a 1952 (redacción final do mecanoscrito), aínda que, como veremos, volveu a uns e a outras en data posterior.

1.6.3.3. ¿É ms4 o primeiro material paremiolóxico de Vázquez Saco?

Vexamos dous feitos. Primeiro. O mecanoscrito (mc) precisa máis a procedencia dalgúns refráns do que o fai ms4. Moitos que no mc aparecen especificados como de Páramo, Pidre, Carballedo, Buciños..., están en ms4 só como F.V.S. (hai casos, a maioría, no ms4 no que especifica ambas cousas). O feito de que en ms4 se cite F(rancisco) V(ázquez) S(aco) parece indicar que quen escribe ten á man unha colección de refráns de Vázquez Saco.

Segundo. A gran cantidade de refráns que se acumulan neses cadernos alfabetizados fan inverosímil que non existisen refráns anotados de maneiras diversas e en soportes multiformes anteriores.

Tamén son curiosas as características ortográficas que neste caderno (ms4) teñen os refráns coa referencia (Francisco) V(ázquez) S(aco). Afectan fundamentalmente á fonética sintáctica, hoxe case varrida da ortografía oficial ²⁰.

²⁰ Ortograficamente este caderno ten estas características. Para a segunda forma do artigo utiliza maioritariamente o apóstrofo (*todol'os*)

Reproduce graficamente as contraccións de certas preposicións desta maneira: pra (*pr'os*), por (*pol-a*), con (*c'unba*), en (*n'aque*), de (*d'o* algunha vez). E a do pronome *me* con dous sistemas diferentes que vemos nun mesmo refrán: *Costas arriba, non m-apures; costas abaixo, non me montes; e pol-o llano non m'aforres, dice o cabalo*.

Tamén reproduce o contacto da conxunción comparativa *coma* co artigo: *A muller fai com'a pita*; aínda que con moita vacilación: *Cóceme como a vaca e blanquearei com'a plata*.

Igualmente a da conxunción copulativa seguida de artigo ou palabra que comeza con vogal: *y-a, y-Amparo* (pero tamén con vacilacións dentro dun mesmo refrán: *En Xudán, catro c'unba besta van: un carga y-outro ten, y-outro mira si ven ben, y'outro mira d'acólá para decir ajajá*).

No caso do adverbio *non* seguido de pronome átono escolle o trazo: *non-o* (*En monte ermo, ten o cu quedo, qu'en poblado non-o terás calado*).

Uso do *-y-* no canto de *-i-* (*sayo, mayo, saya / boy / hay*).

Predomina o uso de *como* fronte a *coma* nas comparacións. E, en cambio, predomina o uso de *ca* que escribe *c'a* (*Antes barba blanca pra tua filla c'a mozo de chencha partida*). Por certo no mc tende a escribir *que*. Predomina o uso de *donde* por *onde*.

1.6.3.4. ¿Escribiuse o mecanoscrito (mc) a partir do ms4?

Temos que analizar seis feitos. Primeiro, como dixemos, ms4 contén 6.379 refráns e comprobamos que 809 deses refráns non están no **mc**. A cifra é importante e leva a pensar que mc é anterior a ms4/ms3.

Pero hai outros feitos que nos levan en dirección contraria. O segundo feito é que no caderno ms4 algúns refráns levan unha marca ou están riscados, e son precisamente refráns non recollidos no mecanoscrito: moitos proceden de J(acinto del) P(rado).

O terceiro feito é que no caderno (ms4) co número 105 da letra M aparece o refrán *Moito e ben non hai quen e*, a seguir, Vázquez Saco da súa man (letra distinta do resto do caderno) escribe este comentario entre parénteses (*Sirve como variante*). Ben, pois no mc este refrán aparece precisamente como variante de *Moito e ben, n'o fai ningún*.

O cuarto feito. No ms4 aparecen erros que *salva* o mc

ms4	Mecanoscrito (mc)
<i>Fanca negra non saca ànima de pena.</i> (A.N.)	<i>Tonca negra non saca ànima de pena.</i> (A.N.)
<i>Folla en Abril, abre a man e deixá ir</i> (D.R.A.G.)	<i>Solla de abril, abre a man e deixa ir.</i> (A.I.)

Quinto feito. O refrán *Non é labrador que non mete a terra en labor* aparece en mc co local L.G. En ms4 ten o local F.V.S., pero xusto o refrán que o segue ten local L.G. coma se quen escribía se confundise de liña.

Sexto feito. O mecanoscrito de 1952 (mc) representa un intento, aínda que repetidamente frustrado, de buscar unha certa coherencia ortográfica, que está máis lonxe de acadar nos manuscritos ms4/ms3.

Polo tanto, os feitos 2,3,4,5 e 6 contradín o primeiro e por iso nos inclinamos a crer que ms4/ms3 son anteriores ó mecanoscrito rematado en 1952, aínda que nada impide que posteriormente fixese anotacións neses cadernos que, despois de todo, como anotación máis ou menos alfabetizada, sempre mantiñan algunha utilidade.

1.6.3.5. ¿É o mecanoscrito (mc) anterior ou posterior ás fichas (ms, ms1, ms2, ms11, ms17)?

No mecanoscrito (mc) percíbese un intento de normativiza-la lingua dos refráns, na medida en que nos anos cincuenta se pode falar da existencia dunha norma. Por poñer un caso: as perífrases *haber* + inf. pasan a *haber de* + inf.

Manuscritos diversos (ms...)	Mecanoscrito (mc)
<i>A casa do rocin, tal como che fun volvin.</i>	<i>A casa do ruín, tal como che fun, volvin.</i>
<i>Con quen has vivir, non has reñir.</i> (ms4)	<i>Con quen has de vivir, non has de reñir.</i>
<i>Berzas que non has comer, deixas ó demo cocer.</i> (ms4)	<i>Berzas que non has de comer, deixas ó demo cocer.</i>

Podería ser que fosen realmente dúas persoas (as que fixeron ms4) e que fose unha delas (Vázquez Saco) quen pasase tódolos refráns a máquina e escribise como lle a el mellor parecía.

Pero dous feitos lévannos en dirección contraria. Primeiro, a clasificación temática das fichas (ms, ms1, ms2, ms11, ms17) é distinta e algo máis complexa cá do mecanoscrito (mc). Segundo, nas fichas hai moitos refráns que non están no mecanoscrito. Todo parece indicar que nas fichas andou despois de pecha-la elaboración do mecanoscrito en 1952.

1.6.3.6. Indicio de que andou en ms4 aínda despois do mc (1952)

Lembremos cinco cousas que xa dixemos do caderno ms4. Unha, este caderno, en boa parte, é de letra dunha persoa distinta a Vázquez Saco. Dúas, como anotación máis ou menos alfabetizada, sempre mantiña algunha utilidade. Tres, ms4 ten non poucos refráns riscados a lapis ou a pluma e nalgún caso, coma o que vimos, de *Sirve como variante*, as intervencións son da pluma de Vázquez Saco. Catro, contén 809 refráns que non estaban no mc. E cinco, algunhas das intervencións no caderno non están no mc. Logo verosimilmente están realizadas con posterioridade ó mc (1952). Unha delas é esta a lapis:

ms4	mc
<i>Si ven aire de Puertomarín, auga na cara</i> corrixido a lapis <i>Aire de Puertomarín, auga na cara</i>	<i>Si ven aire de Puertomarín, auga na cara</i>

1.6.3.7. Indicio de que andou nas fichas aínda despois de 1954

Entre as fichas soltas (ms, ms1, ms2, ms11, ms17) apareceron follas de diferentes tamaños e formatos que procedían de recolleitas feitas por seminaristas de Santiago de Compostela como exercicio voluntario das vacacións de Nadal para o profesor D. Manuel García García. A colocación non correspondía aparentemente a ningunha ordenación temática e ademais cada unha destas follas contiña un número variable de refráns: era, polo tanto, imposible que todos en bloque respondesen a un mesmo tema.

Algunhas destas follas son anteriores a 1952 e os refráns que Vázquez Saco non tiña xa incorporados entran no mc de 1952 coa localización (*Santiago*). Pero hai outras follas que están perfectamente datas en 1957 e 1958 e quizais mesmo en 1959.

Logo Vázquez Saco nunca abandonou este vello e sempre útil ficheiro, aínda que a súa ordenación, no estado en que o encontramos, era de difícil interpretación.

1.6.3.8. Indicio de que andou no ms15 aínda despois de 1952

Un dato que demos en 1.6. fai pensar que é, en parte, anterior ó mc, pero contén unha cita de 1960. Logo volveu a estas follas posteriormente.

1.6.3.9. ¿Por que consideramos que ms10 e ms16 son os derradeiros traballos paremiolóxicos de Vázquez Saco?

En canto a **ms10**, porque os tres tomos do *Diccionario* de Eladio Rodríguez publicáronse respectivamente en 1958,1960,1961 e Vázquez Saco morreu en 1962. Aínda que parece que

buscou refráns no arquivo da Real Academia Galega non nos consta que o manuscrito de Eladio Rodríguez estivese depositado na Academia.

En canto a **ms16**, porque cita refráns de Eladio Rodríguez, publicados en 1961, e porque presenta a clasificación máis elaborada (ms16), tirada da que utilizou Luís Martínez Kleiser (1953) -a quen por outro lado cita - e moi distinta da do mecanoscrito de 1952 (mc). Ese manuscrito (ms16) é todo de letra de Vázquez Saco, aínda que nesa carpeta había algunhas cuartillas fóra de todo sistema e doutra letra e mesmo algunha mecanografiada.

Aínda que, para aumenta-la confusión, tamén aquí batemos co problema de que nalgúns temas faltan refráns que viramos en versións anteriores (mc), ms16 deunos sempre a sensación de se-la versión máis elaborada do traballo, cunha clasificación máis complexa, pero inacabada. Todo isto levounos a sospeitar que se trata da versión que preparaba cando inesperadamente morreu.

1.6.4. Cronoloxía dos diferentes manuscritos

Resumindo todo o dito, establecemos como hipótese máis probable a seguinte cronoloxía:

A paremioloxía galega é un dos traballos derradeiros de Vázquez Saco												
¿antes da elaboración do mc?	¿antes do mc?	antes de 1952	¿des-pois de 1952?	1954	des-pois de 1954	antes de 1958	des-pois de 1960-1961	1961	datación indefinida	Versión máis avanzada do traballo		27.12 .1962
ms4, ms3	ms, ms1, ms2, ms11, ms17, ms15	mc	ms4	ms21	ms8, ms9, ms15	ms7	ms10, ms15	ms5, m6, ms16	ms12, ms13, ms14, ms18	¿ms ms1 ms2, ms11, ms17?	ms 16	Morte do autor

1.7. Clasificación ideolóxica dos refráns

1.7.1. Sucesivos intentos de clasificación

Vázquez Saco confesa no prólogo á versión de 1952 o difícil que lle resultou a clasificación ideolóxica dos refráns, tendo en conta que antes del os refráns adoitaban aparecer ordenados alfabeticamente. Tamén confesa o insatisfeito que quedou da clasificación que fixo con présa para aquel concurso. Se a constitución do seu arquivo paremiolóxico pasou por diversas fases e todas quedaron inacabadas, a clasificación ideolóxica dese corpus tivo tamén tres ou quizais catro intentos e só un está cerrado: o da versión que presentara mecanografiada ó concurso de Bibliófilos Gallegos en 1952.

A clasificación do manuscrito máis avanzado (ms16) é moi distinta da do mecanoscrito de 1952 (mc) e vese que xa está seguindo o sistema moi pormenorizado que utilizou Luís Martínez Kleiser (1953) pero, en calquera caso, non a encontramos aplicada sistematicamente a todo o corpus senón só a refráns soltos e ocasionalmente.

Imos ver agora en síntese as sucesivas ordenacións temáticas de Vázquez Saco.

1952	¿1960?	1962
		Abade
		Abejas
Agrícolas	Agrícolas	Agro
Generales	Agrícolas. Generales (<i>despachado</i>) Agrícolas. Generales (<i>despachado</i>)	Agrícolas. Generales
Animales		
Año	Agrícolas. Anuales (<i>despachado</i>)	
Meses		Agrícolas. Meses
		Abril
		Agosto
		Enero ²¹
		Febrero
		Mayo
		Octubre
Meteorológicos	Agrícolas. Meteorológicos (<i>despachado</i>)	
Santoral		
Ahorro	Ahorro (<i>despachado</i>) Ahorro. Tacañería (<i>despachado</i>)	Ahorro
Sobre el ahorro y la tacañería		
	Aldea	
		Amancebados
	Ambición	
Del amor y la amistad	Amistad (<i>despachado</i>) Amor. Amistad	
	Animales	Animales domésticos
		Gallo
		Ovejas
		Animales. Otros
Casa	Casa Cosas de casa (<i>despachado</i>)	
Sobre la casa y la vecindad		
	Causas y efectos	
Relativos a la caza		
	Claridad, franqueza	
	Comida Comidas 1 (<i>despachado</i>)	
Cosas del común		
	Confianza	
Consejo oportuno y consejo tardío	Consejo tardío	
Constancia	Constancia Constancia	
Constancia e inconstancia		

²¹ Vázquez Saco presenta este subtema co nome en galego: *Xaneiro*.

Contratos	Contratos (<i>despachados</i>)	
Vida comercial y contratos		
	Correspondencia	
Cortesía	Cortesía	
	Curiosidad	
		Dádivas
		Daños
Sobre el dar y el recibir	Sobre el dar y recibir	
		Debilidad
		Decadencia
		Decisión
		Defensa
		Delatarse
		Delgadez
		Delicadeza
		Derroche
		Derrota
		Desacuerdo
		Desagrado
		Desatender
		Descanso
		Descaro
		Desconfianza
		Conviene desconfiar
		Quienes inspiran mayor desconfianza
		Ver y creer
		Desconocimiento
		Desconocimiento propio
		Descontentadizos
		Descubrimiento
		Descuido
Desdén. Indiferencia ²²		
Indecisión		
Desengaño	Desengaño	Desengaño
		Desesos
		Desesperación
		Desgracia
		Beneficios y enseñanzas de la desgracia
		Duración de la desgracia
		Las desgracias se suceden
		No perdona a nadie
		Pesimismo en la desgracia
		Poder de la desgracia
		Soledad en la desgracia
		Sufrimiento en la desgracia
		Deshonra

²² Vázquez Saco dubidou no tema *Desdén*, presentando varias opcións: no traballo mecanoescrito atopamos *Sobre el desdén y el desprecio* e nas fichas manuscritas *Desdén. Indecisión, Desdén. Indiferencia e Desdén*. Nós optamos polas formas *Desdén. Indiferencia e Desdén. Indecisión*, por considerar que son as que mellor se acomodan ós refráns que foron incluídos neses temas.

		Desinterés
		Deslealtad
		Desmemoriados
		Desobediencia
		Desorden
		Despedidas
		Desprecio
		Despreocupación
		Desquite
		Destino
		Destrucción
		Desuso
		Deudas
		Deudores
		Deudores tramposos e insolventes
		Inconvenientes de ser deudor
		Nadie sea deudor
		Devoción
		Diablo
		Días
		Días y festividades
		Duración de los días
		Dientes
		Diferencias
		Dificultades
	Diligencia	Diligencia
		Dinero
		Adulación al dinero
		Afición al dinero
		Dinero productivo e improductivo
		Peligros del dinero
		Poder del dinero
		Dios
		Amor de Dios
		Ayuda de Dios
		Bondad de Dios
		Esperanza de Dios
		Justicia de Dios
		Poder de Dios
		Sabiduría
		Discípulos
	Disculpa (baleiro)	
		Disimulo
		Disparates
		Disputas
		Distinguir
	Distracción	Distracción
		Distribución
		Diversiones
		Divorcio
		Documentos
		Dolores
		Domingos
		Dominio
		Donaciones
		Conveniencia del dar
		Demora en las donaciones
		Donaciones de lo ajeno
		Donaciones “inter vivos”
		Negarse a dar
		Prudencia en las donaciones
		Donaire
		Duda
		Dulce

		Duración
		Economía
		Economía en las comidas
Edades Niñez y juventud	Edades- Juventud Juventud (despachados)	
Ancianidad	Edades (ancianidad)	Edades
		Edad y aptitud
		Edad y salud
		Edad y virtud
		Educación
		Educación benévola
		Permanencia de la educación
		Egoísmo
		Egoísmo ante la muerte
		Egoísmo ante los intereses
		Egoísmo en los alimentos
		Egoísmo inclemente
		Reprobación del egoísmo
		Eras
		Ejemplo
	Elección (baleiro)	Elección
		Embarcaciones
		Embutidos
		Emigración
		Empeños
		Empeoramiento
		Enaltecimiento
		Orgullo del enaltecimiento
		Encargos
		Enemigos
		Abrir calle al enemigo
		Temor al enemigo
		Enfados
		Enfermedad
		Enfermedad y muerte
		Enfermedades viejas y nuevas
		Enfermos aprensivos
		Engaños
		Reprobación del engaño
		Engordar
		Enjambres
		Ensalada
		Entereza
		Entrar
		Entretenimiento
		Envidia
		Envidia de la propiedad ajena
		Envidia del bien ajeno
		Envidiados
		Males del envidioso
		Malevolencia del envidioso
		Error
		El error es común a todos
		Error engendra error
		Error, padre de acierto
Escarmiento	Escarmiento	Escarmiento

		Escarmiento en cabeza ajena
		Escasez
		Escasez de alimentos
		Escatológicos
		Escribanos
		Borrones de escribanos
		Horarios de los escribanos
		Poder de los escribanos
		Esfuerzo
		Esfuerzo estéril
		Espárragos
		Especialización
		Espejos
		Esperanza
		Duración de la esperanza
		Esperanza ante los infortunios
		Vacuidad de la esperanza
		Ventajas de la esperanza
		Esperar
		Espinas ²³
		Estaciones
		Estaciones y agricultura
		Estaciones y sus pronósticos
		Esterilidad
		Estimación
		Estorbos
		Estrellas
		Estudiantes
		Estudiantes holgazanes
		Estudiantes pobres
		Evacuaciones
		Excepción
		Excesos
		Exculpaciones
		Excusas
		Exhibición
		Exigencias
		Experiencia
Fama	Fama	
Parientes	Parientes	
Familia. Parientes		
Fiestas y romerías	Fiestas y romerías (apéndice) Romerías (despachado)	
Fingimiento. Hipocresía		
Sobre la buena y la mala fortuna	Buena o mala fortuna 2 Fortuna	
De guerra y paz	Guerra	
Sobre el hablar mucho y hablar poco	Hablar Hablar (despachado)	Hablar (Cautela en el) ²⁴

²³ Vázquez Saco presenta este tema co nome en galego: *Espiñas*.

²⁴ Ver *Precaución al hablar*.

Hambre. Gastronomía	Hambre. Gastronomía (despachado)	
Relativos al hombre	Hombre Hombre (despachado)	
	Indecisos (balcero)	
Independencia	Independencia 2	
	Indiferencia (balcero)	
Jurídicos y similares	Jurídicos (despachado) Jurídicos y similares (apéndice)	
Mal decir		
Mal	Del mal el menos	
Maña. Destreza	Maña. Destreza	Maña
Marítimos	Marítimos (apéndice)	
	Meses Meses (despachado)	
	Meteorológicos	
Astros		
Aves		
Lluvia, nubes, nieblas		
Peces		
Tierra y mar		
Vientos y calmas		
Miscelánea		
Apéndice		
Relativos al matrimonio	Matrimonio	
Hambre. Gastronomía		
Medicina. Higiene	Medicina e Higiene	
Sobre la mentira	Mentira	
Referentes al miedo	Miedo	
Miscelánea		
Referentes a la mujer	Mujer Mujer (apéndice) Mujer (despachado)	
Música. Danza	Música Música, danza (despachado)	
		Nabos
		Natación
		Navegación
		Normas de navegación
		Pronósticos meteorológicos de la gente de mar.
		Navidades
		Necesidad
		Necedad
		Desacierto de los necios
		Número de los necios
		Negación
		Negativas
		Negocios
		Niebla
		La niebla y sus pronósticos locales
		Niebla y agricultura
		Pronósticos
		Pronósticos generales
		Nieve

		Épocas de nieve
		Nieve y cosechas
		Nietos
		Niñez
		Desarrollo y salud en la niñez
		Juegos y frases en la niñez
		La charlatanería de los niños
		La hermosura en los niños
		La travesura de los niños
		Noche
		Nombres
		Noticias
		Malas noticias
		Novedades
		Novios
		Nubes
		Arreboles
		Pronósticos de viento
		Pronósticos generales de lluvia
		Pronósticos locales de lluvia
		Pronósticos locales de viento
		Nucces
		Obediencia
		Obesidad
		Obligación
		Obras
		Obreros
		Obstinación
Ocasión	Ocasión	Ocasión (huir de la ocasión)
		Ocio
		Efectos del ocio
		Encomios del ocio
		Ocio y vicios
		Ociosidad
		Reprobación del ocio
		Ofensas
Oficios	Oficios (<i>despachados</i>)	Oficios
		Ojos
		Olfato
		Olivos
		Olvido
		Onomatopeyas
		Opiniones
		Oportunidad
		Aprovechar la oportunidad
		Huir de la oportunidad
		Oportunidad tentadora
		Perder la oportunidad
		Oraciones
		Orden
		Orgullo
		Ironías contra los orgullosos
		Orgullo de los pobres
		Orgullo de méritos propios
		Orgullo de nobleza
		Orgullo de riqueza

	Origen y Herencia (baleiro)	
		Oscuridad
		Oroño
	Paciencia (baleiro)	Paciencia
		Paciencia forzosa
		Paciencia voluntaria
		Recomendaciones de paciencia
		Padres
		Padrinos
		Pagos
		Malos pagadores
		Pagos a escote
		Pagos al contado
		Pagos anticipados
		Pagos indebidos
		Ventajas del pagar
		Palabras
		Pan
		El pan como alimento
		Excelencias del pan
		Pan caliente
		Pan casero y pan de panadería
		Pan de maíz
		Pan de trigo
		Pan reciente y pan duro
		Panaderos
		Paños
		Papas
		Papel
		Parientes (véxase Familia)
		Partos
		Pasado
		Parado
		Pascua
		Patatas
		Patria
		Paz
		Pecado
		Peces
		Arroaces
		Barbo
		Escachos
		Faneca
		Farros
		Mero
		Mujoles
		Panchos
		Pescado blanco
		Raya
		Sábalo
		Salmón
		Solla
		Tranchos
		Truchas
		Zamoriña
Pedagógicos	Pedagógicos (<i>despachados</i>)	
		Peligros
		Peligros inesperados
Sobre penas y dolores		
		Pequeñez
		Perdices
		Pérdidas
		Pérdidas morales
		Perdón

		Malos efectos del perdón
		Percejl
Sobre la pereza y ociosidad	Pereza. Ociosidad	Pereza
		Perfeccionamiento
		Permanencia
		Permutas
		Perogrulladas
		Perros
		Galgos
		Ladridos de perros
		Mordeduras
		Persecución
		Pesca
		Pescadores
		Pesimismo
		Peso
		Peticiones
		Conveniencia de pedir
		Cuánta en las peticiones
		Inconvenientes de pedir
		Pedigüenos
		Peticiones indiscretas
		Pícaros
		Píjos
		Placer
		Encomios del placer
		Placeres y duelos
		Pleitos
		Evitar pleitos
		Peligros de los pleitos
Pobreza	Pobreza	Pobreza
		Alegría y pobreza
		Caminos de la pobreza
		Carencias y fatigas del pobre
		Causas de la pobreza
		Dios ante la pobreza
		El pobre es desdenado
		Ironías de la pobreza
		La pobreza y la paz
		Pobreza e ingenio
		Pobreza y deshonra
		Pobreza y soberbia
		Pobreza y tristeza
		Ventajas de la pobreza
		Poda
		Porvenir
		Posibilidad
Precaución	Precaución	Precaución
		Precaución al hablar ²⁵
		Precaución en el tránsito
		Precaución tardía
		Precio
		Precipitación
		Preñez
	Preocupación (baleiro)	
		Préstamos
		Peligros de prestar

²⁵ Ver *Cantela en el Hablar*.

Presunción	Presunción	
		Pretextos
		Previsión
		Alimenticia
		Ante el peligro
		Primavera
		Primos
		Principio
		Prisa
		Prisa e imperfección
		Prisión
		Privilegios
		Procedimientos
		Productos
		Promesas
		Cumplimiento de las promesas
		Desconfianza en las promesas
		Pronósticos atmosféricos
		Pronósticos del tiempo
		Por animales
		Propensión
		Propiedad
		Copropiedad
		Excelencia de lo propio
		Proporcionalidad
		Protección
	Prudencia (baleiro)	Prudencia
		Pruebas
		Publicidad
Referentes a pueblos y razas		Pueblos
		Pulgas
		Pulpo
		Queso
		Reciprocidad
		Reciprocidad de obra
		Reciprocidad defensiva
		Reciprocidad vengativa
		Reclamo
Recomendación , valimiento y favor	Recomendación. Valimiento	
		Rectificación
		Reflexión
	Refranes de asuntos gallegos de la colección del Comendador H. Núñez	
		Regateo
		Regreso
		Reincidencia
Religiosos y morales	Religiosos (<i>despachados</i>) Religiosos y morales	
Sobre la riqueza y el dinero	Riqueza Riqueza (<i>despachados</i>)	
Robo	Robo. Estafa	
Sobre el paso del tiempo	Paso del tiempo	
	Santoral 2 (<i>despachados</i>) Santos	
		Sibaritismo

		Suegros
	Superfluo (baleiro)	
Trabaja	Trabaja (despachado)	
Diligencia		
	Terquedad (baleiro)	
Dichos tópicos		
Sobre usos y costumbres	Usos y costumbres	
		Uvas

	Verdad (baleiro)	
	Vergüenza (baleiro)	
Vicios	Vicios sociales Vicios. Juego	
Sobre algunas lacras y vicios sociales		
		Violencia
		Visitas
		Voluntad
		Buena voluntad
		Poder de la voluntad

1.7.2. ¿Un cuarto sistema de clasificación?

Vázquez Saco aínda fixo outro intento puramente especulativo de clasifica-los refráns. Encontrámolo en dúas follas manuscritas entre as páxinas do mecanoscrito (mc). Estoutro sistema, tamén inacabado, non chegou a utilizalo pero proba que o noso paremiólogo lle deu moitas voltas ó difícil problema de encontrar un sistema lóxico globalizador da temática dos refráns. Velaquí os tales gráficos.

Vida Agrícola	Referentes a los meses	Condición de los meses	enero febrero
		Los meses y las labores del campo (Ara en mayo...)	
		Los meses y los frutos	
		Los meses y los animales domésticos (A gallina como de xaneiro...)	
	Referentes al Santoral	El Santoral y la cosecha	
		El Santoral y los animales	
		El Santoral y las labores del campo	
		El Santoral y los frutos	
	Labores del campo	Labores del campo	
		Aperos de labranza	
		Aborro	
		Frutos	Castaña Vino Manzanas
		Leña	
	Guerra	Ofensiva Defensiva Caza Juego Rencillas	

<i>S. Activa</i>	<i>Agrícola</i>	<i>Trabajo Propiedad Contratos Riqueza</i>		
	<i>Industrial</i>	<i>Oficios</i>		
		<i>Arte-Música</i>	<i>Instrumentos</i>	<i>Gaita Tambor</i>
			<i>Canto</i>	<i>Animales Personas</i>
<i>S. Afectiva</i>	<i>1) Familia</i>	<i>Amor</i>		
		<i>Nacimiento</i>		
		<i>Cesamiento</i>		
		<i>Muerte</i>		
		<i>Caza</i>		
		<i>Parientes</i>		
		<i>Bienes</i>		
	<i>2) Religión</i>	<i>Dios</i>		
		<i>Santos</i>		
		<i>Milagros</i>		
		<i>Fiestas locales</i>		
		<i>Romerías</i>		
	<i>3) Moral</i>	<i>Deberes</i>		
		<i>Derechos</i>		
		<i>Veneración a la edad</i>	<i>Ancianidad</i>	
		<i>Veneración al nacimiento</i>		
		<i>Veneración al mérito</i>		
<i>S. Especulativa</i>	<i>Ciencia</i>	<i>Matemática (Cuentas)</i>		
		<i>Física (Meteorología)</i>		
		<i>Química</i>		
		<i>Biología (Higiene)</i>		
		<i>Sociología</i>		
	<i>Filosofía</i>	<i>Evolución-Causa-Razón-Herencia-Causalidad</i>		
	<i>Unión de práctica y teoría</i>	<i>Previsión</i>		
		<i>Verificación</i>		
		<i>Fatalismo</i>		
		<i>Determinación</i>		

1.7.3. A nosa clasificación definitiva

Toda ordenación onomasiolóxica resulta sempre complexa, porque non só reproduce a imaxe que do mundo ten a cultura que crea e emprega as unidades fraseolóxicas que se queren clasificar, senón mesmo a visión que do mundo fai a persoa que establece uns

criterios de ordenación determinados que logo aplica ó seu corpus fraseolóxico. Hai un terceiro elemento. O corpus que o azar pon nas mans do colector impón de seu unha clasificación. Que o colector se encontre con este corpus e non con outro é aleatorio e, se tivese un corpus maior, aparecerían temas que, co que ten, non aparecen. Cadaquén ordena o material que ten. Isto explica que non exista aínda un sistema estandarizado de clasificación ideolóxica dos refráns semellante ó que para os contos populares é o de Antti Aarne (AARNE & THOMPSON 1995), que, mesmo así, aínda é perfectible, como demostra o esforzo de Camiño Noia de axestarlle os contos galegos (NOIA 2002).

E aínda hai dous camiños posibles: clasificar segundo a palabra clave do refrán (encontramos así que tódolos refráns nos que se fala das *abelas*, entran dentro de *Abella*, ou que todos nos que aparece o lema *uvas* se encontran no tema *Uva*); ou clasificar segundo conceptos, como a *Agricultura*, *Pesca*, *Amizade*, *Preguiça*, *Pobreza* e similares. Se o primeiro sistema utiliza termos que designan realidade concretas, o segundo utiliza conceptos abstractos.

O lector vai encontrar no *Refraneiro* de Vázquez Saco incongruencias e pensará que algúns refráns estarían mellor clasificados baixo outros temas ²⁶. Deberá daquela ter en conta, primeiro, que o noso criterio foi intervi-lo menos posible nas clasificacións temáticas do propio paremiólogo, limitándonos a coloca-los refráns no tema en que Vázquez Saco os colocou algunha vez; e, segundo, que, como acaba de ver no apartado anterior, o cóengo lugués utilizou catro sistemas distintos de clasificación: o do mc de 1952, o das fichas colocadas en sobres (¿1960?), o do ms16 de 1962 (todas elas maiormente conceptuais), e mailo do ms10 (que, en cambio, clasifica por palabras claves); e aínda empezou a deseñar un quinto sistema que acabamos de ver e que non utilizou. A clasificación é a tarefa menos rematada do traballo incompleto de Vázquez Saco: non é clara e uniforme, senón unha amalgama que deixa constancia das propias vacilacións xurdidas ó longo de toda unha vida recollendo material.

É precisamente esta mestura de criterios distintos nun mesmo *Refraneiro* e mailo feito de que a morte lle impediu ó colector reface-la clasificación definitiva o que explica boa parte das lagoas e incoherencias que o lector encontrará na clasificación. A case total certeza de que a clasificación do ms16, a máis complexa e tirada da de Martínez Kleiser, é a que estaba utilizando cando morreu, lévanos a darlle preferencia sobre as outras, aínda que falta unha grande cantidade de temas. Nótese que mesmo no ms10, onde clasifica por palabras claves, algúns refráns conteñen indicacións temáticas conceptuais á marxe esquerda. Así por ex. o refrán *Ata curto, esterca a modo, ara xusto e fondo e collerás pan dabondo* está recollido no lema *Pan* pero contén a indicación *Ahorro*, que é a que nós empregamos como tema.

Os criterios de clasificación que nós aplicamos para ordena-lo conxunto veu determinado en cada refrán polo tipo de manuscrito no que estaba recollido e as indicacións que achegaba. Distinguimos así os seguintes grupos de refráns:

²⁶ Entre elas está o de clasificar como peixes tanto os arroaces, que son mamíferos, coma as zamburiñas, que son moluscos.

1.7.3.1. Refráns que aparecen unha soa vez

Referímonos aquí ós refráns que aparecen unha soa vez e que foron clasificados por Vázquez Saco. Pode tratarse tanto de refráns do mecanoescrito coma de refráns dos diferentes manuscritos, que seguen polo tanto clasificacións diferentes. Neste caso mantivemos a clasificación de Vázquez Saco, con dúas salvedades:

Adscribímoslle temas ós refráns que el recolleu como *Miscelánea* (tanto no mecanoescrito, como nos sobres e no manuscrito ms10), sempre indicando nunha nota ó rodapé que orixinariamente ese refrán fora clasificado dentro de *Miscelánea*. Isto responde a un dos nosos criterios fundamentais de ordenación: darlle preferencia ó máis concreto fronte ó máis xenérico²⁷.

Buscamos unha congruencia nas formas de designa-los temas, evitando así por exemplo ter temas coa mesma raíz léxica pero distinta forma gramatical. Isto aplicámolo especialmente no manuscrito ms10, onde topamos con temas como *Deuda* e *Deudas*, ou *Disimular* e *Disimulo*. No caso de variación de número, optamos pola designación en plural, e no caso de variación de categoría gramatical, demos preferencia á forma substantiva. Por exemplo, no primeiro exemplo, tódolos refráns recollidos por Vázquez Saco dentro de *Deuda* foron integrados no tema *Deudas*, desaparecendo así *Deuda* como epígrafe temático.

1.7.3.2. Refráns repetidos, ou con variantes ortográficas, clasificados en temas distintos

Aceptamos como tema só o que correspondera á clasificación máis actual. Desta forma, un refrán recollido por el no mecanoescrito e no manuscrito ms16 con diverxencia temática, ficou clasificado baixo o tema do ms16, e non baixo aquel primeiro tema que Vázquez Saco lle outorgara no mecanoescrito. É por exemplo o caso do refrán *¿Encarnado polo monte? Colle os bois e méteos na corte*, que no mecanoescrito aparecía baixo *Marítimos (Astros)* e no ms16 baixo *Nubes. Arreboles*; aquí deixámolo baixo *Nubes. Arreboles* por responder ó sistema máis recente.

1.7.3.3. Refráns con temas soltos

Hai refráns soltos ós que Vázquez Saco lles puxo entre parénteses un tema que non coincide con ningún dos que encontramos nas dúas clasificacións principais. Aceptámolo-novo tema se resultaba máis concreto e axudaba a comprende-lo significado. Isto acontece sobre todo nos manuscritos ms5, ms11 e ms15. Isto deu como resultado a existencia de grupos temáticos moi pequenos (v. *Carpinteros, Brujas...*).

1.7.3.4. Refráns non clasificados

Moitos dos refráns dispersos nos diferentes manuscritos de Vázquez Saco nin estaban fisicamente agrupados por afinidade ideolóxica nin tiñan atribuído tema ningún. Nun

²⁷ Así por exemplo pasamos a *Agrícolas (Meses)* e ó mes correspondente os refráns recollidos en *Agrícolas (Generales)* que falasen dun mes, como o caso do refrán *Calor de marzo, tempo pró campo mui sano*, que no mecanoescrito está dentro de *Agrícolas (Generales)*, pero que pasamos a *Agrícolas (Meses. Marzo)*.

primeiro momento pensamos en editalos no estado en que el os tiña, sen clasificar, pero esta posibilidade fíxonos ver que ían ser moitos os refráns que quedarían nun bloque misceláneo e, en certos casos, separados doutros refráns dos que eran variantes ou afíns e que estaban xa no seu sitio. Por iso decidimos intentar facer nós o traballo que a Vázquez Saco lle quedaba por facer cando morreu e atribuírlles nós un tema conforme ó sistema de clasificación que el tiña na cabeza. ¿Cal deles? A mestura dos tres tal e como os vimos no cadro comparativo anterior. Adscribímoslos a diversos temas en base á súa similitude con refráns xa clasificados polo propio Vázquez Saco. No caso de non encontrarmos variantes clasificadas polo autor, introducímoslos dentro do tema que nos pareceu máis acertado, dando preferencia sempre ós temas da clasificación temática de 1962 (ms16), pero recorrendo ás clasificacións anteriores de non encontrarmos tema adecuado dentro da do 1962.

Intentamos achegarnos á mecánica do propio recolector, especialmente á hora de traballar con este último grupo de refráns. Observando coidadosamente tódalas clasificacións, puidemos ir tirando algunhas conclusións xerais que logo aplicamos, como por exemplo que no mecanoescrito incluíu baixo *Medicina. Higiene* refráns referentes á tolemia e a persoas con minusvalías físicas (cegos, tortos, coxos...), mesmo se o refrán non gardaba relación directa co tema (ordenou neste tema refráns como *En terra de cegos o torto é rei*, e *Máis sabe o tolo na súa casa que o cordo na allea*). Baseándonos nesta mecánica, metemos en *Medicina. Higiene* cada refrán novo que fixera referencia a estes grupos de persoas. Aínda así, cómpre advertir que isto que denominamos “mecánica do propio recolector” respondeu case sempre a casos moi concretos, como o exposto, e que na maioría dos casos contamos unicamente coa incongruencia. Un caso claro é a vacilación que detectamos en Vázquez Saco sobre ónde incluí-los refráns que falasen de san Xoán ou de Santiago, se en *Agrícolas (Meses)* ou *Agrícolas (Santoral)*, ou os que falasen de santos e meteoroloxía, se en *Agrícolas (Meteorolóxicos)* ou *Agrícolas (Santoral)*. O que si se nota é unha tendencia a clasificar tódolos refráns variantes dun mesmo concepto baixo un destes temas, de tal forma que, por exemplo, tódalas paremias referentes á *auga por San Xoán* aparecen clasificados baixo *Agrícolas (Santoral)*, ou os do tipo *En San Xoán non lle fai falta palleiro ao can* están clasificados baixo *Agrícolas (Meses)*. Outros refráns aparecen recollidos baixo temas, como *Días (Duración de los días)* (*En San Xoán as nove con día dan*), como *Queso* (*En San Xoán, máis queixo ca pan*), ou como *Marítimos (Peces)* (*En San Xoán a sardiña molla o pan*). Nestes casos decidimos unificala ordenación seguindo o criterio de frecuencia: posto que a maioría dos refráns que aluden á agricultura e ó San Xoán, foi clasificada por Vázquez Saco en *Agrícolas (Santoral)*, nós fixémo-lo propio.

Queda, por último, adverti-lo lector de que o resultado final é moi aberto e de non doado manexo para quen non teña na cabeza a totalidade de temas deste refraneiro. Por poñer un caso, ademais dos refráns de tema agrícola que aparecen no amplo capítulo de *Agrícolas*, encontramos moitos outros dispersos en apartados coma *Aparcería*, *Arada*, *Cosechas*, *Eras*, *Injerto*, *Labrador*, *Lino*, *Maíz*, *Majar*, *Poda*, *Sembrar* e *Vendimia*. Para que o lector poida moverse por todo o refraneiro, inserimos numerosas referencias cruzadas. Para indicar que esas referencias son nosas e non do autor, aparecen en letra cursiva ó lado de cada un dos temas.

Coidamos que estas liberdades que, como editores, tomamos non só non manipulan o traballo do paremiólogo lugués, xa que utilizan o seu propio sistema de clasificación, senón que redondean o traballo que a morte sempre inesperada deixara incompleto. E o que si podemos garantir, é que aproveitámo-los refráns todos, mesmo os escritos nun papel de fumar ou nunha tarxeta de visita: todo fica fixado na presente obra.

1.7.4. A lematización dos temas

A lematización dos temas é tamén inestable. Nos diferentes materiais que utilizamos, atopamos como tema, por exemplo, as palabras *Anticiparse* e *Anticipación*, *Apariencia* e *Apariencias*, e mesmo *Demo*, *Demonio*, *Diaño* e *Diablo*. Algúns outros casos son estes: *Castigar* e *Castigo*, *Cimiento* e *Cimientos*, *Cosecha* e *Cosechas*, *Criado* e *Criados*, *Delicado* e *Delicadeza*, *Descansar* e *Descanso*, *Despreciar* e *Desprecio*, *Deuda* e *Deudas*, *Día* e *Días*, *Disimular* e *Disimulo*, *Dolor* e *Dolores*. Parte desta duplicidade procede do feito de que os refráns que copiou do Dicionario de Eladio Rodríguez estaban insertos en entradas lematizadas como verbos ou como substantivos sempre en singular.

Nesta edición impoñíase unificar esta duplicidade de temas e pareceunos que o que máis se aproximaría ó sistema de Vázquez Saco (e mais de moitos outros paremiólogos) e o que máis facilitaría o uso deste refraneiro polos lectores ía ser introducir unha certa uniformidade, así que fixémoslo cos seguintes criterios: preferímo-lo substantivo ó verbo (*Castigo* fronte a *Castigar*); preferímo-lo plural ó singular (*Compañías* a *Compañía*, *Apariencias* a *Apariencia*) e, no caso de que Vázquez Saco dese título en galego e en castelán (*Demo*, *Diaño*, *Demonio*, *Diablo*), poñémo-los todos, porque, se ben case tódolos temas están en castelán e en castelán está tamén a maior parte das glosas (non todas), no fondo esta é unha obra galega na que o castelán pode ben non ser máis cá marca sociolingüística da época de redacción (mediados do século XX).

1.8. Criterios de edición

1.8.1. Salvar erratas

Entre os traballos de toda edición está o salvar as erratas inevitables e evidentes do autor ou autores. Neste caso as erratas concéntranse no mecanoscrito de 1952 e débense a erros de dixitación. Vázquez Saco non dispoñía de ordenador nin dos sensíbles teclados que hoxe temos. A insuficiente pulsación da tecla das maiúsculas produce, primeiro, alteracións nas maiúsculas ²⁸; segundo, nos tiles, que con excesiva frecuencia saénlle graves, sen que observemos que tal cousa marcasse timbre vocálico, xa que nos manuscritos case nunca utiliza tal acento; e terceiro, o feito de deixar sen marcar un carácter co correspondente

²⁸ *nicolás* por *Nicolás*; *navida* por *Navidad*; *fonsagrada* por *Fonsagrada*.

espazo en branco ²⁹ ou sen deixar tal espazo ³⁰. Tamén aparecen problemas de barra espaciadora ³¹.

Outros fallos frecuentes son a alteración da orde dos caracteres ³², a utilización do carácter máis próximo no teclado ³³, o poñer un carácter de máis ³⁴ ou os problemas co ce cedillado ³⁵.

Salvamos tamén algúns erros de lectura de letras alleas. Poñamos un caso. Un seminarista da Laracha, de catorce anos, escribiu este refrán *Polo Carnaval anda o touciño a raal* (por *a real*); a letra era confusa e Vázquez Saco copiou no mc. *a soal* e nun ms *a saal*. Como esa locución era moi estraña, revisámo-lo manuscrito orixinal do seminarista con atención e, despois de consultarmos unha muller de noventa anos da Laracha, puidemos refacer a lectura correcta. O real era unha moeda de 25 céntimos de pesetas que aínda corría, aínda que desvalorizada, a mediados do século XX.

Mesmo na cita de textos publicados toma algunhas decisións, porque ás veces os manuscritos ofrecen refráns que non parecen ter sentido e todo invita a pensar nun erro procedente dunha mala lectura. Poñamos tres casos de refráns que copia do *Diccionario Enciclopédico* de Eladio Rodríguez: no ms16 copia *Renega do amigo que te cobre coas aas e te morde co bico* poñendo *morde* no lugar de *cobre*, *cas* por *coas* e *pico* no canto de *bico*; nós salvamos estas erratas, maiormente porque a de *cobre* por *morde* destrúe o refrán. Igualmente con estoutros dous: *Os boticarios son os cocineiros dabordo. O boticario é a chave do médico y o escribán do périto*. Os dous refráns aparecen en Eladio Rodríguez como *Os boticarios son os cocineiros da morte. O boticario é a chave do médico y o escribán do preito*: así que no primeiro corriximos pero no segundo, dado que se busca a rima acentuativa, deixámolo advertindo do probable erro, xa que é refrán ben coñecido por outras fontes.

Dentro do concepto de erratas incluímos tamén un amplo repertorio de grafías espontáneas e inxenuas creadas, para anotaren os refráns nun simple exercicio escolar entre 1950 e 1960,

²⁹ *jul* o por *julio*; *la radas* por *labradas*; *morcil a* por *morcilla*.

³⁰ *cordiro manso* por *cordeiro manso*; *cuquiro* por *cuqueiro*; *fbreiro* por *febreiro*; *prpara* por *prepara*

enro por *enero*; *Dixo no mote* por *Dixo no monte*; *desue* por *desque*; *tempoao* por *temporao*; *discecion* por *discreción*

especial criño por *especial cariño*; *lenas de virtudes* por *llenas de virtudes*; *untarle o rabo* por *untarlle o rabo*; *Cámenme can* por *Chámenme can*; *rancos* por *ranchos*; *defixéronlle* por *desfixéronlle*; *on* por *son*; *plvo de abril* por *polvo de abril*; .P. por J.P. ; *Satiago* por *Santiago*, *magallón* por *mangallón*.

³¹ *son diassantos* por *son días santos*; *decontar* por *de contar*; *nontemos* por *non temos*.

³² *Cats* por *Cast.*; *uag* por *auga*; *Desuq* por *Desque*; *rpimaveira* por *primaveira*; *gorso a non* por *groso a quen non*; *wue* por *que*; *esacño* por *escaño*; *taiciones* por *traiciones*; *acntar* por *cantar*; *rueiro* por *ruleiro*.

³³ *maip* por *maio*; *esoadela* por *espadela*; *caoa* por *capa*; *aoanha* por *apanha*; *Martiñi* por *Martiño*; *dñas* por *días*; *diccionarioa* por *diccionarios*; *petoa* por *petos*; *se* por *de*; *xe* por *de*; *dr* por *de*; *dempre* por *sempre*; *don* por *son*; *rodrio* por *rostriro*; *duto* por *duro*; *abeil/engañan* por *abril/engañan*; *Pexro* por *Pedro*; *Pefro* por *Pedro*; *tamt* por *tant*; *sabrr* por *saber*; *malana/agus* por *mañana/agua*; *fjifuran* por *figuran*; *se deita xon cas/ apare* por *se deita con cas/ apare*; *xaracteres* por *caracteres*; *revoltl* por *revolta*.

³⁴ *veñaen* por *veñen*; *aen* por *en*; *estoes* por *estos*; *poucoas* por *poucas*; *bòtqme ó moente* por *bóteme ó monte*; *febreriro* por *febreiro*; *fabreriro* por *febreiro*; *cerriro* por *carneiro*; *tic* por *ti*.

³⁵ *cabecudo* por *cabeçudo*; *Marv* por *Març*; *marvo* por *março*; *folgaco* por *folgaço*; *regaco* por *regaço*. Por suposto limpamos algunha falta de ortografía do tipo *mallor* por *mayor* (no comentario a *Boi morto vaca é*).

por adolescentes que nunca tiveran a posibilidade de ler nada en galego e que, por suposto, nunca puideran estudar a lingua propia de Galicia ³⁶.

1.8.2. Importancia da localización

Vázquez Saco ofrece con moita frecuencia noticia do lugar onde recolleu ou lle recolleron o refrán. Cando tal acontece, nós anotámo-la referencia ou as referencias, se aparece en varios papeis con variantes. Esta indicación é necesaria por diversas razóns. Primeiro, para podermos chegar ó manuscrito exacto dentro dun fondo tan heteroxéneo. Segundo, porque nos permite albisca-la difusión xeográfica dun refrán e, neste sentido, incluímos ó principio deste traballo unha lista dos distintos informantes de Vázquez Saco coa súa procedencia xeográfica. E terceiro, porque en máis dunha ocasión o lugar onde se recolle o refrán é indispensable para a veracidade do refrán. Poñamos un caso. Vázquez Saco recolle dous refráns que aparentemente son contradictorios. Un é *¿Corren as nubes pra Meira? Caldeiras á goteira*. O outro é *¿Corren as nubes pra Meira? Colle as vacas e bota a leira*. Un agoira chuvia; e o outro, tempo seco. Pero non hai tal contradicción, os dous refráns son complementarios, porque o primeiro está recollido en Montecubeiro, situado ó sur de Meira, e polo tanto fala dos efectos do vento do sur (chuvia); mentres que o segundo está recollido nun lugar que non especifica ó norte de Meira, e polo tanto fala dos efectos do vento do norte (tempo seco). A localización exacta dos refráns, polo tanto, é importante.

Podemos ver algún caso semellante. Alvilares Moure transmitiulle a Vázquez Saco este refrán *Rubio pra Chantada, vellas á morralla; rubio pra Oseira, vellas á raxeira*. Este refrán alude ós roibéns vespertinos e é exclusivo do val de Viana (*As veigas*, como lle chaman na contorna) pero é importante saber que Chantada está ó Nordés e Oseira ó sudoeste do val. Moi parecido é estoutro *Sol pra Oseira, vellas á raxeira; sol pra Monforte, vellas detrás do pote*. Neste caso temos que reparar en que o refrán se recolleu en Carballedo, de Lugo, e que Oseira lle cae ó oeste; e Monforte, ó leste, polo que Vázquez Saco comenta que o primeiro quenta e o segundo vén acompañado de frío. Véxase tamén *Está rubio pra Monforte, colle a capa e o capote*: este recolleuse en Toiriz, e a vila de Monforte cáelle ó sueste.

Cousas parecidas se podían dicir doutros refráns ³⁷.

Mesmo así, a forma que Vázquez Saco ten de citar non é unívoca nin sistemática. Poñamos só tres exemplos do mesmo lugar:

³⁶ Lembremos, como único exemplo, a maneira en que Xesús Ferro Ruibal, ó pouco de facerlos 12 anos, tentaba reproducir-la segunda forma do artigo: *O' que fala sin saber l'o' que dixo ou e tolo ou non ten scüicio*. O artigo, como se vía nalgúns bares levaba un apóstrofo a continuación; hai infinitivo (*saber*) pero tamén hai segunda forma do artigo (*l'o*) e por suposto, para que non falte nada este segundo *o* ten que levar apóstrofo.

³⁷ *Sona Burela, colle a gadaña e vai pra terra*. (Burela está na costa ó NW de Foz, onde se recolleu o refrán; di V. Saco que presaxia bo tempo). *Encarnado á Carnota, colle a leña e cerna a porta*. (recollido en Lira).

Fai o que o cura dixere e non o que el fixere. (Rivas de Miño-S.V.). *O demo nunca dorme.* (S.V. Ribas de Miño). *O diñeiro foxe como a auga d'un regueiro.* (S. Victorio de Ribas de Miño). *O demo cheo de carne métese frade.* (R. de Miño-S.V.)

E, con frecuencia, as referencias locais aparecen borradas ou recollidas a medias, coma cando di *Cando Dios amanece, pra todos estrelece.* (C. .) Cando é doado deducir a procedencia, nós indicámoslla. No caso anterior sería *C.A.*

Mesmo así, cómpre recoñecer que nos refráns que lle chegaron do Seminario de Santiago anota como referencia (Santiago) independentemente do lugar da diocese de que veñan. Vamos a un caso: no ms V. Saco anota pola súa man como de Santiago *U cazador da escopeta e o casado da cama come máis ca do que gana* pero despois atopámoslle a fonte que dicía *U cazador da escopeta e o cazado da cama come máis ca do que gana* e que era de Pascual Campos Arestioño (Cando, Outes, C). Caso semellante é o de *A cada paxaro gústalle o seu niño*, que no ms figura como de Santiago pero que, descuberto o informante (Andrés Rodríguez Arjomil) resultou proceder de Vimianzo.

1.8.3. Retoques nas ortografías de Vázquez Saco

Non estamos ante un texto procedente dunha única man e cun criterio ortográfico coherente e constante. O material que o lector ten nas mans procede de máis de cen persoas distintas, de idades distintas, e dunha época na que o galego non só carecía dunha *Norma* difundida e aceptada senón que mesmo o seu estudo estaba prohibido. En moitos casos son, como dixemos, grafías espontáneas, inxenuas e incoherentes entre elas. Neste e nos asuntos deste apartado o noso traballo de edición tivo que ser un compromiso entre a grafía de cada manuscrito e unha actualización ortográfica mínima que facilite a lectura. Carecendo de coherencia interna a ortografía dos numerosos manuscritos, procuramos evitarlle ó lector a molestia de le-los mesmos sintagmas escritos de maneiras moi diversas. Gardamos, iso si, aqueles casos nos que nos pareceu que respondían a criterios constantes do paremiólogo lucense ou á ortografía dunha época en parte válida hoxe.

1.8.3.1. Puntuación

Moitos dos problemas de puntuación están no mecanoescrito. Algúns signos de puntuación están fóra de lugar por presumible erro de dixitación mecanográfica (*Tales tempos tales, verdades; tales burros, tales atafales. Arboles vellos non, prenden*). Ou aparece un punto onde debería ir unha coma (*Quien tiene maña. para todo se apaña*) que nós modificamos como corresponde.

A estrutura bimembre do refrán fai que, ás veces, V. Saco separe o suxeito do predicado por unha coma - ou un punto por error ó pulsar a tecla- que nós, loxicamente, eliminamos (*Cada un do seu cu, fai un pandeiro. A lei do emperador. e a do vencedor*).

A ansia de marca-la rima lévaos outras veces a poñer unha coma innecesaria (*En maio, inda a vella queima o saio*) pero non é sistemático (*En maio inda bebe o boi no prado*). Tamén esquece ás veces cerrar comiñas (*Vale máis que digo: "córrete pr'aquí", que: "Chégate pr'alá*). Regularizamos todo isto.

1.8.3.2. Acentuación

Como dixemos en 1.8.1, hai moitos tiles graves en troques de agudos pero isto acontece só no mecanoescrito. Estamos seguros de que en case tódolos casos se debe a unha insuficiente presión na tecla correspondente, porque encontramos *R. Marín*, *R. Marìn* e *R. Marin* co mesmo índice de frecuencia; ou nun mesmo refrán dúas palabras iguais con acentuación diferente (*Nunca a anada é mala, cando a colleita non é mollada*). Regularizamos isto.

Regularizamos tamén no caso dos hiatos (*dúas, túa, súa, caida, sair, miúdo, muiño*) que unhas veces acentúa e outras non; e, pola mesma razón, no caso dos ditongos decrecentes agudos cando, por influxo do castelán, acentuaba (*dirèi, demàis, cansóu*).

Algúns mss., non todos, acentuaban á moda da época algúns monosílabos: *rá, bó, là, màn, sì, cú* maiormente se son verbos: *dí, dòn, téis*. Pero non emprega o til diacrítico que distingue os diferentes valores de *dá / da* (*A arada de mulleres da pan si queres*) e mais *pé / pe, vén / ven, nós / nos, vós / vos, fóra / fora*. Coidamos que o lector agradecerá que regularizásemos isto consonte as convencións ortográficas de hoxe.

Tampouco acentúa as maiúsculas que requiren o til: *Arbol caído...*, *Arboles vellois...*, *As veces...*, e isto ocasiona, entre outras cousas, que o é do verbo vai sen o til moitas veces: *E millor...* Nós acentuamos estas palabras cando levan til segundo a regra actual.

1.8.3.3. Uso do apóstrofo

Un dos trazos que diferencian radicalmente o galego do castelán é a sinalefa. Na fonética sintáctica do galego, coma na do catalán, francés ³⁸ ou italiano, o contacto entre a vogal final dunha palabra coa vogal inicial da palabra seguinte evita o hiato de maneira case sistemática. Ata mediados do século XX era frecuente botar man do apóstrofo. Facíase dunha maneira máis ou menos intuitiva e asistemática ata que, por esas datas, a Editorial Galaxia empezou a poñer en práctica unhas *Normas ortográficas* internas que eliminaron o uso do apóstrofo arredando, neste punto, a ortografía galega da desas outras linguas e facéndoa, neste asunto, coincidente coa española e a portuguesa.

Os manuscritos de Vázquez Saco son da época na que as *Normas* de Galaxia eran de uso interno desa Editorial e, polo tanto, escasamente difundidas. V. Saco, coma moitos escritores do tempo del, segue utilizando o apóstrofo. O apóstrofo fotografía un fenómeno de fonética sintáctica tan importante, que nalgunhas sinalefas que antes marcaba o apóstrofo, a *Norma* actual do galego impuxo mesmo a aglutinación de palabras (*neste, nel, nun, nunba, dun, dunba, chas, chos* etc.).

Son moitos os casos nos que a *Norma* actual, coa súa opción polas formas plenas, reproduce graficamente hiatos que non existen na fala (*baila o can, contra o as, de abril, lle abonda* etc.), de xeito que por cadrar ortograficamente co portugués facilita que caia na fonética castelá a

³⁸ *L'excès de vitesse, l'événement, l'alcool, d'éducation, d'enprisonnement, seuil d'alcoolémie; c'est ça qui m'a permis d'envisager; le gouvernement français s'attaque à l'insécurité routière, jusqu'à la dernière, mort d'un policier.*

elocución dos neofalantes, que felizmente son moitos. Non é este o lugar de discutir esa opción e as consecuencias deformadoras que está tendo; pero si que nos pareceu que, na edición dun manuscrito de mediados do século XX, tiñamos que respectar na medida do posible a opción do autor. A nosa edición é un compromiso entre a *Norma* hoxe vixente e a grafía do autor. Nos cadros que seguen indicámo-la grafía desta edición, que como se verá, no asunto da fonética sintáctica cadra case sempre coa de Vázquez Saco, quitado cando a norma actual xa reproduce os encontros vocálicos cunha aglutinación (*neste, nel, nun, nunha, dun, dunha, chas, chos* e casos similares). Nos refráns que imos citar no seguinte cadro, o lector poderá compara-la grafía orixinal do refrán en Vázquez Saco coa desta edición.

Elemento inicial	Grafía desta edición	Refrán coa grafía dos manuscritos de Vázquez Saco
<i>che</i>	<i>chas, ch'é</i>	<i>Ollos de gorrion, non chas como untadas, non. Canto máis vai per ch'e.</i>
<i>te</i>	<i>t'entenda</i>	<i>Quen non t'entenda que te merque. Antes qu'acabes, non t'alabes.</i>
<i>me</i>	<i>mo, ma, mos m'anoxe</i>	<i>Non teño medo hastra que m'o poñen. Mentras teña ramo, non se m'anoxe si é que llo chamo.</i>
<i>lle</i>	<i>ll'abonda</i>	<i>Ó que non ten, media cazola ll'abonda.</i>
	<i>ll'acarrea</i>	<i>A quen *Dios non lle dá fillos, o demo ll'acarrea sobriños.</i>
	<i>ll'alume</i>	<i>Esta é a libra e aquela a media, quen con *Dios anda, *Dios ll'alumea.</i>
	<i>ll'eu</i>	<i>Meu parente é Pedro Boo, tanto me dá, tanto ll'eu soo.</i>
	<i>ll'ba</i>	<i>O que ten de cegar, polos ollos ll'ba de dar.</i>
<i>se</i> (pronome)	<i>s'acorda</i>	<i>Non s'acorda o cura de cando foi sacristán. Non hai pouco que non chegue nin moito que non s'acabe.</i>
	<i>s'acabe</i>	<i>Quen con pólvora s'adivirte no corpo o sinte.</i>
	<i>s'adivirte</i>	<i>O que non s'atreve, non pasa o mar.</i>
	<i>s'atreve</i>	<i>A muller e a loba do máis feo s'enamora.</i>
	<i>s'enamora</i>	<i>Non s'engaña quen non conta.</i>
	<i>s'engana</i>	<i>O que de santo s'esbala, *hasta qu'é demo non para.</i>
	<i>s'esbala</i>	<i>O que de alleo se veste, na *calle s'espe.</i>
	<i>s'espe</i>	<i>S'u cura che dá a ovela, colle a corda e vai por ela. S'o Farelo ten *niebla, millor a noite cá mañá cedo. Cando s'un casa, moitas caricias; dali a dous anos, paus nas *costillas.</i>
	<i>s'o</i>	<i>Mentras teña ramo, non se m'anoxe si é que llo chamo.</i>
	<i>s'un</i>	<i>Coxeira de can e mal de muller non s'han de crer.</i>
<i>que</i> (relativo)	<i>s'ha</i>	
	<i>qu'aprende</i>	<i>O qu'aprende con anos leva moitos *desengaños, hay qu'escarmentar por en cabeza allea.</i>
	<i>qu'está</i>	<i>O qu'está na casa allea xanta e non cea.</i>
	<i>qu'eu</i>	<i>Non será o qu'eu dixere senón o que *Dios quixere.</i>
		<i>Non fagas o qu'eu faga, fai que che mandan.</i>
<i>qu'ò, qu'a</i>		<i>O traballo do neno é pouco, i-o qu'o perde, é un louco. Muller barbuda, o demo qu'a sacuda.</i>
	<i>qu'as</i>	<i>O demo qu'ás fai, descóbreas.</i>
<i>todo</i>	<i>tod'el</i>	<i>Polo San *Juan sécalle a raíz ó pan; polo San Pedro seca polo medio; e pola Santa Isabel seca tod'el; día de Santa Mariña bótalte a fouciña.</i>
vbo. + art.	<i>ceg'o pé bail'o can</i>	<i>Calquera mete o pé no ollo doutro, e ceg'o pé. Polo pan bai'l'o can. O torbón d'agosto mellor'o mosto.</i>

	compr'on	<i>O que non ten que facer, compr'onba casa/ cabra e volvia vender. O que ma'on abellón, ten cen anos de perdón.</i>
a o	ao / ó	Alterna, por veces, no mesmo refrán: <i>O que ós trinta non se casa e aos corenta non é rico, pode pasar a *lengua polo bico.</i>
a un a el	on	<i>Pai que non quere on fillo e fillo que deixa on pai, nunca paz terán. Lavarlle a cabeza on burro é gastar xabón e perder tempo.</i>
	él	<i>Cuando partias co teu irmau, él dálle na costa e tu colle no chao, el encherá os ollos e tu a mao.</i>
contra	contr'o	<i>Contr'o as non arrastrarás.</i>
de	dun, dunba do, da	<i>Debaixo d'unha mala capa, hai un gran bebedor.</i>
	d'algo	<i>Quen moito reza d'algo se teme.</i>
	d'abril	<i>Veñan cen mil e non faltan as d'abril. A auga d'abril trai o pan ó carril.</i>
	d'alá	<i>¿De Buen? -D'alá son eu. ¿De Beluso? -D'alá fuxo.</i>
	d'aldea	<i>Bica e leite mazado, viñota e vida d'aldea, *Dios lla día a quen a *desea.</i>
	d'Alemaña	<i>Son as mañas d'Alemaña.</i>
	d'ameixas	<i>Ano d'ameixas, ano de queixas.</i>
	d'arriba	<i>Aire d'arriba, aire da merda; polo aire d'arriba perdín a miña herba. O que serra de abaixo, caille a moña nos ollos, e todos non podemos serrar d'arriba. Perdonar, que se boubo descortesía, culpa foi do bico de abaixo e d'arriba.</i>
	d'Audencia	<i>Todos me queren porque son d'Audencia, leve o demo tal comenencia.</i>
	d'augas	<i>Se a chuvia no mar fai cabazas, non deixes a roupa d'augas na casa.</i>
	d'aumento	<i>O que ten vista d'aumento, sempre ten que ter medo.</i>
	d'herba, d'bome	<i>Ano d'herba, ano de merda. D'home coxo e do can rabelo fuxe coma do demo.</i>
	d'oficio	<i>¡Que pillos somos os xastres!, e levaba dous días d'oficio.</i>
	d'ouro d'outono	<i>Fidalgos de Vale d'Ouro, farfulla *sola.</i>
	d'ovo	<i>Martes de antroido, cando has de vir, casquiñas d'ovos casi habés de ruxir.</i>
	De'stopa	<i>O que ten'o rabo de'stopa, ten medo a que lle prend'o lume nel.</i>
	d'ir	<i>Baixa da barra, bonrado, si hei d'ir eu, vai ti. A onde has d'ir non vale fuxir. Onde un ha d'ir non ha de mentir. Canto comeres antes d'ir a igrexa, despois non cho porán na mesa. Cando comeres antes d'ir a igrexa, despois non cho porán á mesa.</i>
de a (prep.)	d'a / da	Alterna apóstrofo e formas contractas: <i>Os d'a cabalo pasan de largo i-os da pé non dan chegado. Andar d'acabalo é malo, pero andar d'a pé é morrer.</i>
en	nel, nela nun, nunba no, na neste, neste	<i>O que quere saber, mentiras n'el. Como estamos n'un tempo tan miserable, si eu non me alabo, non hai quen me alabe. O viño n'unha casa é unha gran anchura. N'este mundo non esquece ninguén.</i>
	n'algo	<i>Quen moito fala n'algo erra.</i>
	n'alleo	<i>N'alleo soute, un pau ou outro. O que na súa casa come morriña, n'allea quere carneiro e galiña.</i>
	n'Espe- rante	<i>Caballeros en Fingoi ... n'Esperante, carrasqueiros,...</i>
pra (un)	pr'on	<i>Pr'on probe o trigo é limosna. Pr'on óso, cen cas. Pr'on probe o trigo é *limosna.</i>
pra (o)	pró	<i>Pide o goloso pr'o vergonzoso.</i>
pra	pr'arder	<i>O que está pr'arder, ha de arder.</i>
	pr'atrás	<i>Andar pr'atrás como o cangrexo.</i>
	pr'on	<i>Pr'on probe o trigo é limosna. Pr'on óso, cen cas. Pr'on probe o trigo é *limosna.</i>

	pr'onde (nalgúns casos a prep. é por)	<i>Quen parece que non tripa as herbas pr'onde vai tólleas.</i>
		<i>¿Pr'onde vai o louco? Pr'onde foi o outro.</i>
		<i>¿Pr'onde fuche, *cristiano, pr'onde fuche, pr'onde andache que ás tres misas de Nadal non chegache?</i>
		<i>Fiadeira ¿que fiache, pr'onde fuche, pr'onde andache que en marzo non blanqueache? Quen parece que non tripa as herbas pr'onde vai tólleas.</i>
contra (un)	contr'on	<i>Dous cas contr'on lobo cómeno todo.</i>
cando	cand'é	<i>Cand'é moita a m..., cheira.</i>
	cand'é	<i>Cand'é na mostada, non se sinte.</i>
como coma	com'o com'on	<i>Vai com'o rei nunba cesta polo río abaixo. En san Pedro, tanto queixo com'on dedo. O día de san Xoán, tanto queixo como pan. O día de San Pedro, tanto queixo com'on dedo</i>
non	n'é	<i>Cando *Dios dá, n'é cocbo. N'é o qu'a lúa pinta, qu'é o que Deus dita. Fame que espera fartura, n'é fame. Cexa raída n'é por boa vida. Xente nova n'é caudal. O que compra con diñeiro que n'é seu, non diga que compra senón que venden. Xente nova n'é caudal, i-a vella non-o val. O mentir n'é *habilidad. Si n'é por zancas, é por barrancas. Unha por outra n'é pecado. Anque a sardiña está no *plato n'é por falta de gato.</i>
	n'estar	<i>O rei, onde n'está, non parece. Mentras estou ca nai, n'estou ca filla.</i>
	n'haber	<i>A boa fame n'hai broa dura. A ovella suda e o can ladra; eu estoume na cama; n'hai mellor vida que non ter nada. Pra traballador bo n'hai ferramenta mala. N'hai mellor rede que a que colle o peixe. No mintir n'hai regra. N'hai sardiña sin espiña. N'hai feira mala: o que un perde, outro gana. Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai inverno. Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai ruín viño. N'hai santo sin oitava. N'hai vida que non seña reñida. Con abono e rega n'hai mala terra. Onde se pensa que hai touciños n'hai corres. N'hai pior xornada que a da pousada. N'hai *boda pobre nin mortuorio rico. N'hai plazo serodio. N'hai soberbia que non caia. N'hai diñeiro como o primeiro. N'hai festa sin visporas. Onde n'hai morte, non hai mala sorte. Na miña casa n'hai miseria: cen candiles i-unha vela. N'hai carne sin óso. Ladran os cas e estoume na cama: n'hai mellor vida que quen non ten nada. Onde n'hai malicia n'hai pecado. Anque n'baixa unha branca, que baixa unha pranta.</i>
	n'a	<i>Vacas da Ulla e muller de Bendoiro n'as metas na casa, que cbe é un agoiro. O que n'a sigue, n'a consigue. O que ten capa, escapa, e o que n'a ten, escapa tamén.</i>
	n'almorzo	<i>Mentras que n'almorzo, nin tallo nin coso.</i>
	n'alumean	<i>Pallas mortas n'alumean.</i>
	n'amar-gaba	<i>Tainanina, comín torta; tainanina, blanqueada; anque cbe fora centea, tainanina n'amargaba.</i>
	n'asubío	<i>Mentras capo n'asubio.</i>
	n'atopa	<i>O que contas non bota, contas n'atopa.</i>
	n'o (non o)	<i>Viño do ano n'o bebas, anque *sea sobre as frebas. Moito e ben n'o fai ningún. O que está de *Dios, n'o leva o demo. Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro e filla de taberneiro n'os queiras por ningún diñeiro. Non digas pillache o gato mentras n'o teñas no saco. ¿Non te tostas nin te mollas? Si n'o téis ou non-o roubas vas parar a Valdecollas. O que rico *sea e pobre queira ser, meta criados e n'os vaia a ver. O que non'o custa non' o vale. O cortello é bon, o porco non-o sei.</i>
onde	ond'as	<i>A pascoa, onde quixeres, e o antroido, ond'as mulleres.</i>
	ond'eu	<i>Ningún faga risa de min que non *caiga ond'eu caín.</i>
	ond'os	<i>Mentras andamos unbos por ond'os outros, ben nos vai.</i>
sempre	sempr'an-da	<i>Polas corredoiras fondas, sempre andar acompañado.</i>
xa	x'o	<i>Febreiro, frebas dá; ó entrar ou ó salir x'o demostrará.</i>
xunto	xunt'a	<i>Lume xunt'a estopa, vén o demo e sopra.</i>

<i>e</i>	<i>i-o</i>	<i>O galo i-o criado, un ano. O gato é da casa i-o can é do amo. Un ollo no prato y'outro no gato. Un ollo nunha cousa y'outro noutra.</i>
<i>que</i> (conx.)	<i>qu'é</i>	<i>Pergúntalle a Mateu, qu'é tan bo como eu. Non é tan burro o que sabe qu'é burro.</i>
	<i>qu'encha qu'acabes qu'arda qu'esperar</i>	<i>Pouco importa qu'encha a canada se a tira dunha patada. Antes qu'acabes, non t'alabes. Non sea tanta a cera qu'arda a ilesia. Ó viño y á xente nova, pra ser bos, hai qu'esperarlles tempo.</i>
<i>ca ca un</i>	<i>c'on</i>	<i>Vale máis fraco no saco c'a gordo no papo do gato. Un mal camiño pra unha casa é peor c'on mal veciño. De xugador a ladrón non hai máis c'on escalón. Naide está máis orgulloso c'on pobre farto de pan. De xugador a ladrón non hai máis c'on escalón. Máis pronto se pillá a un mentiroso c'on coxo. Cai máis pronto un mentiroso c'on coxo.</i>
<i>se</i> (condi- cional)	<i>s'a s'o s'eu s'un s'é</i>	<i>S'a muller te manda tirar do ponte embaixo, escólleo baixo. Por máis que lle dou á roca, non fío unha mazaroca, e s'é así a traballar, nin pra comer bei gañar. Mentrantes teño folla, non se me anoxe s'é que llo chamo. S'e moita a m..., non hay quen aguante. Aceituna, unha, e s'é boa, unha ducia. A sopa, s'é boa, pouca, e, s'é mala, pouca. Hoxe todo vai pola nova, s'é bon, mañá o dirá quen poida. Dixo o viño: "No corpo do home son valente e boiante". E dixo o pan: "s'eu vou diante". <i>S'o vello pudera i-o mozo quixera, non había cousa que non se fixera. S'o que estudia non sabe, o que n'estudia mal pode saber. S'o que estudia non sabe, o que non estudia mal pode saber. S'un mal pai ten un fillo bo, o neto ha de saír a seu abó.</i></i>
<i>i</i> epenté- tico	<i>i</i>	<i>iauga con i epentético contra o hiato: O Sil leva a iauga e o Miño, a fama.</i>

Hai casos nos que a elisión da vogal final é evidente en grafías espontáneas como *todos acordan* por *todos se acordan* (*Cando trona todos acordan de santa Bárbara*) ou *cada'un* por *cada un* (*Cad'un sabe as súas e *Dios as de todos*).

1.8.3.4. Uso do trazo

Cos pronomes utiliza varios sistemas: *non-a, non-o, nona, n'a, non o, ten-o, pona, pono*. Mantivémo-lo trazo onde el o poñía (*O cortello é bon, o porco non-o sei*), o que significa que nalgún caso varía no mesmo refrán (*¿Non te tostar nin te mollas? Si n'o tès ou non-o roubas vas para a Valdencollas. O que non-as fai, non as encontra*).

Como o obxectivo destes trazos é o de representa-la fonética sintáctica, prescindimos de reproducir-los trazos que usa nos casos nos que a ortografía actual (e Vázquez Saco moitas veces) xa aglutinan as dúas palabras: *n-un, n-unha, n'unha coa-co-as > nun, nunha, coa, coas*.

Coherentemente coa representación da segunda forma do artigo, cambiámolo de posición nos casos da segunda forma do pronome *Dios nol-a depare boa. Diol-o mate > Dios no-la depare boa. Dio-lo mate*.

Tamén o mantivemos nos casos da conxunción copulativa, á moda do tempo en que el escribía (*i-a de chanteiro, i-agarda, i-estanse, i-auga, i-o fidalgo*).

1.8.3.5. Segunda forma do artigo.

Vázquez Saco utiliza varios sistemas para a reprodución da segunda forma do artigo: *l-o*, *ló*, *l'o*. Adoita escribir á moda da época separando o *l* da vogal, porque se interpretaba que o *-l* era unha transformación do *-r* do infinitivo (*apañal-a*, *apedral-a*, *dal-a*) e por similitude (*todol-os*, *tral-o*, *mentral-o*). Outras veces faíno así: *catal'a manteiga*, *levaló demo*, *polà* etc. Hai veces nas que alterna o uso: *quitel-o* / *quítes o*; *pol-o/a* / *por o* / *polà* / *polo*.

Nós regularizámo-la grafía (*apaña-la pedra*, *quíte-lo pau*). Como é natural, non intervimos cando el non usa a segunda forma.

1.8.3.6. Ene velar

Escribo da forma habitual. Pero nos manuscritos de seminaristas de 14 anos nos anos cincuenta aparecen grafías curiosas. Quizais unha delas é esta: *Moitas veces vay o xarro de barro a fonte, pro dunh'ba rompe*.

1.8.3.7. O y grego

Ata que en 1950 apareceu a Editorial Galaxia e pouco e pouco fixou internamente unhas *Normas* de edición, no uso do *y* grego había unha certa vacilación. Vázquez Saco utiliza algunhas veces o *y* en palabras coma *rayolas*, *mayo*, *boyada*, *muy*, *hay*, *sayo*, *saya*, *cayan*, *rey*, *reyes*, *ensayo*, *playa*. Pero o feito de non ser unha opción sistemática nin sequera maioritaria levounos a regulariza-lo uso do *-i* latino, fóra dalgúns casos moi concretos nos que conservámo-lo *-y*. Caso distinto é o das referencias toponímicas que veremos mais en diante (1.9.8)

1.9. A lingua do refraneiro

Un refraneiro do volume do de Vázquez Saco dá para facer unha ampla reflexión verbo da lingua oral. Non pretendemos nunha simple introducción facer ese estudo completo pero si queremos chama-la atención sobre algúns aspectos da lingua oral e viva que enmascaran as nosas convencións escritas e que no refraneiro se fan especialmente visibles.

1.9.1. Fonética

1.9.1.1. Vocalismo átono

No refraneiro recóllense moitas mostras, con grafía por veces inxenua, da inestabilidade do noso vocalismo átono. O *a* > *e* (*natal* > *netal*, *xaneiro* > *xeneiro*, *aínda* > *eínda*, *xantar* > *xentar*³⁹); mentres que *e* > *i* / *o* (*revés* > *rivés* ou *rovés*, *despacio* > *dispacio*, *despois* > *dispois*, *méteo* > *metio*,

³⁹ *Netal* mollado dá *xaneiro* nevado (por *Natal*). Págase o rei da *treición* e non se paga o *treidor*. *Ei* vén febreiriño corto cos seus vinteito; se trouxera catro máis, non deixaba gato, nin can, nin ovellas ó figureiro (pastor), nin cornos ó carneiro. *A* vello chegarás e *delí* non pasarás. *Xeneiro* mollado, se n'è bon para o pan, n'è malo para o gado. Si no mes de *xeneiro* teu campo verdexa, ó que así non o teña baslle dar envexa. En maio *eínda* a abella queima o tallo. Pra almorzar, con cazadores; pra *xentar*, con carpinteiros; pra merendar, con serradores; pra cenar, con arrieiros: neste caso poida que sexa a nasalidade a que inflúe no timbre ata conservalo mesmo en posición tónica: O que en Navidad *xenta*, en maio ayuna.

vestir > *vistir* ⁴⁰ *trebón* > *trobón*/*trobón*, *semella* > *somella*, *sementa* > *somenta*, pero tamén *e* > *a* (*secreto* > *sacreto*, *lermeira* > *larmeira* ⁴¹). Para o *o*, temos *o* > *e* / *i* (*fortuna* > *fertuna*, *chocolate* > *chocolate*/*chiculate*) pero tamén *u* (*non* > *nun*, *xogar* > *xugar*, *xogador* > *xugador*, *moverme*, *moverme*, *por* > *pur*, *boticario* > *buticario* ⁴²; neste grupo vai tamén unha gran cantidade de refráns nos que informantes descoñecedores da ortografía do galego escriben como *u* o artigo galego sempre átono ⁴³. O timbre pechado do -*o* final vese ben nestas rimas que só a grafía enmascara: *Por san Mateo vendima ti, vendimo eu. Xan Mateo, matas ti ou mato eu*. E finalmente para o *u* a evolución é *u* > *o* maiormente en refráns procedentes de Chantada e Monforte (*meu* > *meo*, *teu* > *teo*, *seu* > *seo*, *debeu* > *debeo*, *deu* > *deo*) e unha vez *u* > *a* (*escripulo* > *escripulo* ⁴⁴). Parécennos casos distintos os de *cubizoso*, *prigueiro*, *direito* e *veciño* ⁴⁵ porque as palabras

⁴⁰ *Todo anda ó trivés: abaixo a cabeza e arriba os pés. Vístir a uso e calzar a gusto. Vísteme dispacio que teño présa. Apresúrate dispacio. Tanto gasta María o seu rial ben coma mal. Fillo allo, méito pola manga e saíche polo seo. A coñeira fai como a vaca que non come cos bois: ou come antes ou dispois. A pedra e a palabra non se recolle dispois de botada. Alá se foi o día dispois da posta do sol. Antes a panza e dispois a danza. Antes de casarte, mira o que fas, que dispois de casado, mal te desasarás. As veces vén o discurso dispois do último recurso. Ben se lava o gato dispois de farto. Ben se lava o gato dispois de farto. Bo traballo é ser servidor dispois de ser señor. Boas son as mangas, anque sean dispois das Páscoas. Cada un di o seu parecer dispois de beber. Cando o domingo chove dispois da misa, a semanaíña enteira vaíse de risa. Comer e beber e pete á porta quen dispois viñer. Digan, que de Dios dixeron e dispois inda o mataron. Engana a quen te engane e dispois pase o que pase. Engana a quen te engane e dispois pase o que pase. Fai primeiro o necesario e dispois o voluntario. Fillá dispois de varón queima como o trigo. Frio coral, un mes antes e outro dispois do Natal. Hastra os corenta ben paso; dispois dos corenta, hai meu brazo!, hai miña perna! Home mesquino, dispois de comer ten frío. Máis vale antes que dispois. Mentras moza, a trouleir; dispois de vella, a rezar. Miña piñeiraíña nova: tres días na espeteira e dispois pola borralleira. Non deixes a gata na túa cama nin lle deas couces dispois de deitala. Non lle pegues ó pequeno por máis pequeno ca ti, non sea dispois de grand'o pequeno se volu'a ti. O millo que barba diante do san Bartolomen, inda é meu; o que barba dispois, é dos bois. O que escoita e axexa, oi e ve cousas que dispois lle pesa. O que non ten carro nin bois, ten qu'andar antes ou dispois. O que primeiro gana, dispois regaña. O regalo dun probe: botar un cigarro dispois de que come. O salmón i-o sermón dispois da Páscoa non teñen sazón. O sermón e o salmón, na Coresma teñen sazón; dispois, non. O tormento da cazola que tanto a desconsola: face-lo guisado, queimarse pra guisalo e dispois, nin comelo nin probalo. Os nenos castígalos de pequenos, que dispois que crecen non hai castigo pra eles. Primeiro Dios e dispois nós. Primeiro eu, e dispois eu, e sempre eu. Primeiro malla e dispois chove. Primeiro o pan e dispois o can. Prometer bastra meter, e dispois de metido, nada do prometido. Rogarlle ó santo bastra saír do charco; e dispois de saído, santo esquecido. Sábalo dispois de maio, quenturas pra todo o ano. Se queres ser probe sin sentir, traballa os días pequenos e dispois deitate a durmir. Val máis ouvir unha misa en vida que moitas dispois de morto. Venime o mal que me acostumbra a vir, que dispois de farto bóitome a durmir. Vexo collerás que dispois non quitarás. Viña que non se poda dispacio, dará poucos e ruins acios.*

⁴¹ *Quen me dera un torrón donde hai niebla no mes de xaneiro. Torrón por torrón, vente a Ferreira e Pantón. Marzolo marzolo, trobón e raiolo. Quen de nove quita dez, todas ll'andan ó rovés. Desque un media, ó outro somella. Por san Mateo somenta ti e eu. Marzo marzola, torbón e raiola. Xaneiro xiadeiro; febreiro regadeiro; marzo, mexo de rato; abril, trobós que enche o carro e o carril. O que ch'encobreu, non queiras sabelo, e o que che descubren, teno sacreto. Muller larmeira, ou puta ou meiga.*

⁴² *Conforme é a fê, así é a fertuna. Hay cativos con fertuna e bos mozos sin ningunha. Fertuna che dé Dios, que o saber pouco che abonda. Pra ter fertuna non val cencia nin cousa algunha. As cousas claras e o chocolate espeso. Chiculate antes de bañarse non debe tomarse, si un non ten ganas de enterrarse. O viño falou e dixo: “Si ó botarme fago rosario e non se me vai, págame e déixame e, si se me vai, bebeme. A augardente tamén *dice: “Si ó moverme fago rosario e non se me vai, bebeme; e, se se me vai, déixame. Xugar e perder, pagar e calar. Moito e ben, nun hai quen. A vaca que nun coma can” os bois, come antes ou despois. Cada cousa nu seu tempo i-os nabos en *Adviento. Pur Santos, neve nus campos. O que do seu fai allen, colla as mans e metas no seu. Mexa craro, caga duro e rite dos médicos e dos buticarios.*

⁴³ *Por veces algunhas notas evidencian unha inxenua grafía do timbre pechado: U que queira empobrecer que meta obreiros e que nu nus vaya ver. U sorro perderá as forzas pero non as mañas. S'u cura che dá a ovella, colle a corda e vai por ela. O que du mundo gozar, ha d'oír, ver e calar. O que du mundo gozar, ha d'oír, ver e calar. A vaca du pobre ara a todas as maus. Si u rancho nun che gusta, nunca intentes protestar porque despois de servido hai que comer e calar. U gado vale máis na corte que arresponsado. U tolo i-o burracho dice u que ten nu papo. U que queira u entrecastro, que o faga no mes d'agosto. Nalgúns casos estes mozos que por primeira vez na súa vida escribían palabras galegas representábano como ou. Ou viño barato sácache o carto do trapo. Ou que manteña moita facenda de pico, nunca chegará a rico. En Ferreira de Pantón ou que non é gato é ladrón e sínón, *testigo falso e *prueba de eso hai, que hai fillos de *cárceles. Ou que non se guía pola boa maí, guíase pola mala madrastra. Ou que ten a *lengua aguda, que teña a costrela dura. Ou que alaia, mal lle vai, si de risas non o fai. Todos estes exemplos son dun mesmo informante de Paradelá e nesta edición normalizámoslos como O. Noutros casos esta grafía afecta á contracción: O caldo, au gosto do enfermo.*

⁴⁴ *O teo mellor amigo é o can, se lle das pan. O que ceda o seo en vida, colla un fol e pida. No abril déixame dormir que no maio de meo me caia. Cada moucho arrime ó seo sonto. O que ceda o seo en vida, colla un fol e pida. Mentras andes nos teos pés, nunca déixe-lo que tes. Cada moucho arrime ó seo sonto. Sempr'a cabeza lles deo qué facer ós pés. Á muller falar i-á burra ornear, o demo llo debeo de ensinar. Señor escripulo morreu de fame.*

⁴⁵ *O cubizoso non ten repouso. Chicha, carrizo; traballa do vran pró inverno e non teñas prigueira. Home taberneiro, home prigueiro. O home prigueiro non ten can nin diñeiro. O prigueiro nin comerá ben nin terá diñeiro. Troiteiro e cazador oficios de prigueiros son. A burra que ten pollino non vai*

latinas de que inicialmente partiron as formas medievais eran *cupiditia*, *pigritia*, *directum* e *vicinum*.

1.9.1.2. Contracción

Outro aspecto da fonética sintáctica son as contraccións, algunhas xa vistas cando en 1.8.3.3 falamos do uso do apóstrofo. Vázquez Saco escribe como *a + a*; como *é* a contracción de *a + e*; e como *o* aberto a contracción de *a + o*. Desta maneira *busca*, *pagas*, *tenta*, *deixa*, *gardas*, *disparas*, *fixeras*, *planta* están por *búscaa*, *págaas*, *téntaa*, *deíxaa*, *deíxaas*, *gárdaas*, *dispáraas*, *fixéraas*, *plántaa* ⁴⁶. E tamén *éles*, *com'eles*, *pr'ela* por *a eles*, *coma eles*, *pra ela* sempre con *e* aberto ⁴⁷. Igualmente *dig'o*, *buscos*, *mato*, *chamo*, *tomos*, *deixo* están por *dígao*, *búscaos*, *mátao*, *chámao*, *tómaos*, *deíxcao* ⁴⁸.

E probablemente no refrán *O que todo sabe ninguén lle dá pra tras* temos unha contracción (*o + o > o*) por *todo o sabe*. En cambio, vémoslle conservar arcaísmos coma *boo* (*Que boo maio que mal maio, han estar os bois quince días na corte sen saíren pro prado; e val máis no principio que no cabo. Meu parente é Pedro Boo, tanto me dá, tanto ll'en soo*).

1.9.1.3. Outros fenómenos fonéticos

Seseo. Aínda que a maior parte do material paremiolóxico é da provincia de Lugo, non faltan materiais da Galicia atlántica e así aparece algunha vez seseo implosivo (*crus*, *rapás*, *lus* ⁴⁹) e explosivo (*priguiseira*, *asucré*, *rapases*) ⁵⁰.

direita ó muíño. *A mal direito*, bo preito. *A nadie lle salen todas direitas*. *A ninguén temas si andas direito*. *A tordo ou direito*, axude Díos o noso consello. *Ares ben, ares mal, ara direito e igual*. *As extremas direitas*; de marco a marco non hai arco. *Ben ou mal feito, o que fagas faino ó direito*. *Boi vello, rego direito*. *Cando o farnelo está direito*, mira si tes o xantar feito. *Decir unhas veces torto e outras direito*, é de xente de mal xeito. *Dios vai direito* polo camiño torto. *Do que vai torto non digas que vai direito*. *Na xusticia non gana o que ten o direito* sinón o que ten diñeiro. *Naide por ser querido se esforce, que a cousa máis direita* moitas veces se retorce. *O que saiba a man direita*, que non-o saiba a esquerda. *Obra torta, cartos direitos*. *Onde forza non hai direito* se perde. *Pra mal sentado, direito*. *Precura o teu proveito, a torto ou direito*. *Precura o teu proveito, torto ou direito*, que aquel que o non procura, ese non ten cura. *Si o árbol non sale direito*, non trates de enderitalo. *Torto ou direito*, o que está feito está feito. *A castaña posta no camiño é do viciño*. *A vaca da viciña* sempre dá máis leite cá miña. *Cada un ve a palla no ollo do seu viciño*. *Fai o que vexas facer ó viciño* pero non séguelo pan verde. *Fun á casa do viciño e avergonceime, e viñen á miña e goberneime*. *O que desee a morte ó seu viciño*, vénlle a súa polo camiño. *O que queira vengarse do viciño*, pónalle os bes en cartos e pan cocido. *O que queira ver vengza do seu viciño*, poña o que ten en diñeiro i-en pan cocido. *O que ten fillos e filliñas, non fale mal das súas viciñas*. *Porque lles digo mintiras ben me queren as viciñas*. *Se non dura máis a mala viciña* cá neve febreiriña... *Se queres vivir tranquilo, deixa en paz ó teu viciño*. *Se ves as barbas do teu viciño pelar*, pon as túas a remollar. *Si queres que o teu carro cante como o do viciño*, bótalle eixe de nogal, treitirois de sangumino. *Vale máis o ruín viciño da porta có parente tras da costa*.

⁴⁶ *Si queres unha boa moza, busca pola semana, que o domingo calquera porca se lava. Se queres ver á nena garrida, busca na roupa de cada día. Fainas Xan e pagas Pedro. A xente ociosa, tenta o demo; Auga de fonte que non has de beber, pasa e deixa correr. Carne que non has comer, deixa cocer. Solla de abril abre a man e deixa ir. Carne que non has comer, deixa cocer. As estelas i-as nenas deixas estar quedas. Aos teus semellantes failles o ben que poidas, as ocasións de facer mal gardas todas. Cárganas os homes e disparas o demo. Fixeras quen fixer, págueas a miña muller. Si queres ter boa nabiña, *planta antes da Santa Lucía. Vêxase tamén O que come a sardiña, que lle chupe arganiña (por a arganiña).*

⁴⁷ *Na terra dos lobos, unbear como eles. Na terra dos lobos hay qu'aular com'eles. Naz'o corvo na pena e sempre tira pr'ela.*

⁴⁸ *Si te roi un alacrán, busca cera e moito pan, e si te roi a adelouciña, buscos inda máis axiña. O que deixon a Coresma i-as feiras de San Lucas, dig'o a incrusa. A muller que non come cando seu bome, o mellor do pote x'a o ten no fole. -¡Estache o can *flaco! -Pró que fai. -Logo mato. -Pró que come. O branco revira o sol i-o mouro chamo. Muller e pollino tomos do veciño. O que non has de comer, deixo cocer. Un mal camiño pra unha casa é pior c'on mal veciño. Ver tamén dig'o por diga: O que deixon a Coresma i-as feiras de San Lucas, *dig'o a incrusa.*

⁴⁹ *V'en o paspallás: animate, rapás. Se queres ser bon rapás, nunca roubes as mazás. O rapás de tres días nado colle costumes pra todo o ano. O rapás e o can brincan polo pan. Santa Crus saca as festas á lus. A muller e a tea quéroa á lus da candea.*

⁵⁰ *A muller priguiseira a súa casa queima. Ca asucré e ca mel todo sabe ben. Cuida ben do que fases, non te ftes de rapases.*

Gheada. Vemos numerosos casos de gheada, maiormente nos refráns recollidos por seminaristas do Seminario de Santiago e unificámo-la grafía no hoxe habitual *-gh-* Vemos mesmo algún caso conexo coma *nincún* (*Nincún tolo se chama tolo a si mismo*) recollido en San Pedro de Coucieiro (Muxía) ou *dominco* (*Cando no dominco chove antes da misa, leva a semana da perguisa* (Val do Dubra).

Aférese: *conséllate* (por *aconséllate*)⁵¹, *mitar* (por *imitar*),⁵² *ta* (por *está*). E tamén podemos considerar aquí algunhas elisións inversas como *‘scribano*⁵³, *‘stopa*⁵⁴.

Prótese: *arreveñta*⁵⁵, *adivirte*⁵⁶, *arrabeas*⁵⁷, *afálalle*⁵⁸, *adelouciña*⁵⁹, e mesmo unha vez *aigresia*. Noutros casos máis que próteses son arcaísmos, como *asomellar*⁶⁰, que vén do latín *adsimilare*; e, se cadra, tamén é ese o caso de *asopla*⁶¹.

Síncope⁶²: *vispra*⁶³, *vran*⁶⁴, *pro*⁶⁵, *tran*⁶⁶, *dreita*⁶⁷, *zreixa*⁶⁸.

⁵¹ *Conséllate con quen sepa e, se ques acertar, certas. Conséllate con quen seipa e acertarás.*

⁵² *Os cachos mitallle as olas. Ou nas uñas ou nos pés has de mitar a quen es*

⁵³ *Bon ou mal preito ten o'scribano de xeito.*

⁵⁴ *O lume onda'stopa, o demo l'asopla.*

⁵⁵ *Por unha sardaña non arreveñta o burro. Quen chora, seu mal aumenta; quen non logra o que desea, seu corazón arreveñta.*

⁵⁶ *Quen con pólvora s'adivirte, no corpo o sinte.*

⁵⁷ *Cando o merlo pide pan, arrabea o catalán. Inda onte comeu herba e boxe toca que arrabea. Por campar, arrabea. Polas túas arrabeas mide as alleas.*

⁵⁸ *Cando o arco iris está en raiente, afálalle ós bois para diante; cando está en poniente, cólleos e vénte.*

⁵⁹ *Si te roi un alacrán, busca cera e mais o pan, e si te roi a adelouciña buscaos inda máis aciña.*

⁶⁰ *Desque o mes media, ó que entra asemella. Ti es asemellado ó meu boi gallardo: corno por tras, ventas e todo. Ben hereda o que ós seus asemella. Ou nas uñas ou nos pés asemellarás de quen es. Cada día se ven máis cousas novas que asemellan vellas. Desque un mes media, a outro asemella.*

⁶¹ *O lume onda'stopa, o demo l'asopla. O que non ten boca non di “asopla”.*

⁶² Non consideramos síncope a forma *Cruña*, xa que probablemente é a forma máis antiga dese topónimo: *Cando chove e fai lúa, anda o demo pola Cruña*. En cambio si que o é a vella forma sincopada *pra*, que parece predominar neste *Refraneiro* sobre *para*.

⁶³ *O moito dar é vispra de moito pedir.*

⁶⁴ *Vran de San Martiño, grande ou pequeniño. Vran de San Martiño, ben pode durar namentras un can atravesa un camiño. Unha mosca sola non fai vran. -Miña comadre formiga, dáme un bocado de pan. -Meu compadre escarabello, ¿que fixeches todo o vran?*

⁶⁵ *Non hai mal ano por pedra, pro probe d'aquel a quen acerta. Un gran non fai graneiro pro axuda ó compañeiro. Chuvia na semana da Ascensión cría nos trigos mourón; pro é un regalo san Pedro co seu xerro, san Cristobo co seu cobo, santa Mariña coa súa regadiña, Santiago co seu canado, san Lourenzo co seu caldeiríño penzo. Non chama a vella, pro cham'o que leva. En tempo de inverno hai moito goberno, pro en tempo de vran, empanada de azafrán. Xusticia, pro non pola miña casa. Porfia, pro non apostes. O viño doce é agradabre pro pouco saludabre. Un tolo é malo facelo, pro despois fai rir a xente. O que vai a Castilla, perdeu a silla, pro o que foi e volveu, non-a perdeu. Canta ben pro non entona. Quen ten oficio ten beneficio pro sin servicio.*

⁶⁶ *Moitas augas non tran bágoas. Moitas augas en maio tran mal ano. Van os cregos ó concello, tran o cuco no capelo.*

⁶⁷ *Corvos á dreita, sorte ben feita. Que non seipa a man dreita o que fai a esquerda. Con lei dreita sale o rego torto.*

⁶⁸ *Da zreixa ó cimón, ben che vai pión; do cimón á zreixa, tu me dara-la queixa.*

Epéntese: *adeministrada*⁶⁹, *adimira*⁷⁰, *seia*⁷¹, *saíen*⁷², *leia*⁷³. O caso de *adeprender*⁷⁴, forma predominante neste *Refraneiro*, quizais sexa unha aglutinación de dúas formas vivas: *deprender* (do latín *deprenderē*) a *aprender* (do latín *apprendere*).

Elisión. É o fenómeno máis frecuente neste *Refraneiro*, porque aquí entran case tódolos tipos de sinalefa que sintetizamos en 1.8.3 ó falarmos da ortografía; pero hai tamén *cas*⁷⁵ por *casa*; *val* e *quer* alternan con *vale* e *quere*.

Paragoxe: *mollare*, *dare*, *raare*⁷⁶, *morror*, *faltare*, *mullere*⁷⁷

Metátese: *probe* é a forma preferida (61⁰%) coma na escrita da época⁷⁸ aínda que ás veces a rima parecía esixi-la forma *pobre* (*Escudeiro probe*, *cunca de prata e caldeiro de cobre*); tamén a palabra *probeza*⁷⁹; *pedrica*.⁸⁰ Pero non podemos considerar metátese a forma *perguntar*

⁶⁹ *O que non adeministra o seu, mal pode adeministrar o alleo. Adeministrador que adeministra e enfermo que se enxuaga, algo traga. Unha xordeira ben adeministrada val máis que unha criada.*

⁷⁰ *Quen de todo se adimira, ou é parvo ou se fai el.*

⁷¹ *Haxa paz duradeira, e seia o que Dios queira. Tal sementeira farás cal seia a semente que sementaras.*

⁷² *De rusme-rusme saíen os cascabeles.*

⁷³ *Quen leia, leia pra saber; quen saiba, saiba pra faguer.*

⁷⁴ É a forma dominante: *Todos los días se adeprende algo. A vella vai morrendo e mais adeprendendo. O que se adeprende coas bágoas, non se esquece coas barbas. Ensinando é como se adeprende. O que adeprende o que non comprende, xa me entende. O estudante que ós vinte non sabe i ós trinta non entende, non sei que adeprende. Cousa fea non se faga nin se adeprenda. A que adeprende a beber de pequena, levará o fiado á taberna. Na casa do ferreiro todos adeprenden a machacar ferro. Quen nun libro seipa ler, algo pode adeprender. Se queres adeprender a rezar, entra no mar. Morrendo i-adeprendendo. A mentir logo se adeprende. Estáse a vella a morror e inda está pra adeprender. Está un morrendo i-adeprendendo. Está un morrendo i-está adeprendendo. Quen moito dorme, nada adeprende. Unha vez é pra adeprender e outra pra saber. O fillo do lobo logo adeprende a oubeir. Quen non seipa que adeprenda. Quen queira saber que vaia adeprender. Quen moito ve moito adeprende.*

⁷⁵ *Na cas do abade comede e levade. Na cas do que xura todo é desventura. O que queira menos, que vaia a cas Xenos. Bodas e festas na cas do veciño. Muller fiandeira e lareira, millor na cas que na eira. Vai a cas tía tía e non vaías cada día.*

⁷⁶ *Se chove o sábado i-o domingo antes da misa, toda a semana a mollare a camisa. No mes de Nadal, as oito a dare e sale o raare.*

⁷⁷ *Está a vella a morror e está a aprendere. Que haxa vontade, pois que comere non ha faltare. Quen quixere boa mullere, non-a busque na romería: búsqe na súa casa ca roupa de cada día.*

⁷⁸ *Ningüén debe vivir probe por morror rico. Ovella vella e colmea probe no mes de maio morre. Vaca de probe anda a todas as maus. Non hai mal ano por pedra, pro probe d'aquel a quen acerta. Abril que non chove deixa o labrego probe. Cando en xunio chove, molla a esmola do probe. É ben borrico o que vive probe por morror rico. Ovella vella e encame probe, en maio alea i-en maio morre. Anque che o diñeiro sobre, se non tes caridá chámate probe. A soberbia está nos probes, e nos ricos a cobiza. Non é probe o que pouco téñ, senon o que moito quer. Non é probe o que téñ pouco, senon o que cobiza moito. Os camiños mal *cuidados fan probes os potentados. Se a probe queres ir, mete obreiro e bótate a dormir. Chove, chove na casa do probe; neva, neva na casa da vella. Cos desperdicios dos ricos mantiñanse moitos probes.*

⁷⁹ *Ó rico non lle debas i-ó probe non lle ofrezas. Cando o probe ten diñeiro non ten carne o carnicero. Dios amou a probeza. Bon tempo con calor a fin de mes, a probes e ricos trae interés. O vello i-a colmea probe, do inverno sale e no maio morre. Engrole, engrole, enterremos este morto que é probe. Gori, gori, enterremos a este probe e, se non ten diñeiro, enterremolo no palleiro. Pra chegar de probe a rico, moito traballo e saca do pico. Non sempre lle está ben ó rico gastar nin ó probe escatimar. Non sempre debe o rico gardar nin o probe escatimar. Coa fartura calquera probe atura. Fidalgo probe, media de seda e caldeiro de cobre. Cando a casa cheira a home ¿quén dirá que a casa é probe? O home probe, todo son mañas; ás veces boas e ás veces malas. Con home estudado non disputedes e con probe non preitedes. A soberbia está nos probes, e nos ricos, a avaricia. Máis vale libertad con probeza que cadea con riqueza. Non hai millor mestra que a necesidade e a probeza. ¿Tomou o rico posesión do mar? Morreu o probe. Cástate, probe, e vende a camisa. Non hai casamento probe nin enterro rico. A morte non escolle, sepa o home: morre o rico e morre o probe. O que ten salí, nunca é probe. Señá rico, señá probe, cando lle dá a morte, morre. Vño de probe e pan de rico. Na forca non toques e na botica non probes. Da morte non se escapa nin o rico nin o probe nin o rei nin o Papa. Ningüén morre tan probe que máis probe non nacece. O que vive probe e morre rico é ben borrico. A muller, si é fermosa, gustaráche; si é fea, cansaráche; si é probe, amaráte; si é rica, mangonearáte. Muller con home non diga que é probe. Pra nacer e morror non hai ricos nin probes. O que come a laranxa que probe a denteira. A neve é a esterca dos eidos dos probes. Chove e neva e fai carambela, i-a probe da vella taba na serra con sete meniños i-a media mantela.*

⁸⁰ *Aconsellar a vellas e pedricar a *gitanos, traballos vanos. Cousas de Dios meu crego pedrica: unbas prá balsa e outras pra Marica.*

porque é forma histórica que el prefere sempre ⁸¹ aínda que recolle 14 veces a forma *pregunta* ⁸².

1.9.1.4. Monotongación de supostos ditongos

Son máis frecuentes neste *Refraneiro* as formas -encia cás etimolóxicas -iencia: *cencia*, *pacencia*, *esperencia*. Os refráns manifestan aí un esforzo espontáneo e popular de pureza lingüística, igualando formas etimolóxicas lexítimas como *licencia* ⁸³, *prudencia*, *dilixencia* e *penitencia* con evolucións romances coma *pacencia*, *obedencia*, *cencia*, *esperencia* nos que o -ie- xa estaba no latín *patientia*, *scientia*, *experientia*. A razón é que o pobo interpreta ese -ie- como un castelanismo, que agora a norma culta distingue pero cunha distinción que só está motivada para quen sabe latín (*Paz e pacencia e morto con penitencia. Onde hai prudencia e concencia non hai que haber prudencia. A prudencia é nai da cencia. Onde hai máis prudencia ten que haber máis cencia. Onde hai prudencia e boa concencia sobra a penitencia. Sofrir con pacencia non é mala penitencia. A dilixencia aproveita ás veces máis que a cencia*) ⁸⁴. Pola mesma busca de pureza lingüística o pobo fabricou a palabra *custión* ⁸⁵, a pesar de que o -ue- tampouco vén do castelán senón do propio latín: *quaestionem* > *questione* e tamén creou a palabra *trunfo* (*Ouro son trunfos. Bastos son trunfos*). Pero non se pode dicir que lle falte razón ó pobo, porque, en cambio, a norma, que admite *trunfo*, tamén admite *comenencia* (*O que está á obediencia, non está á súa comenencia*) e máis veñen os dous do latín *triumphum* e *convenientia*. A norma abortou un proceso endógeno de eliminación dos ditongos crecentes, polo que palabras coma *trunfo* non están moi lonxe de *servizo*, *xustiza*, *sentenza*. Non podemos incluír aquí *soberbo*, en cambio, xa enlaza directamente co latín *superbo* (*Non hai nada tan soberbo como un probe con un saco de codelos ó lombo*).

⁸¹ O que ó deitarse bebe auga, non pergunte de qué mal morre. Non che pregunto cántos anos tes senón o día que naciche. Máis fácele é ó burro preguntar que ó sabio responder. Cando o soldado anda a puntas, o cabo a preguntas e o sarcento a cánto estamos de mes, mal lle vai a todos tres. A bó preguntón, bo respondón. Cal pregunta fagas, tal resposta agarda. Non preguntes quen é a ningúen, que el cho dirá ben. O moito preguntar chega a enfadar. Quen pregunta non erra. Quen pregunta o que non debe, oi o que non quer. Quen pregunta o que non debía, oi o que non quería. Quen pregunta, saber quer. Tal pregunta fas, tal resposta terás. Perguntando vaixe a Roma. Cando vaias á vila, pregunta pola nai e saberás quen é a filla.

⁸² A besta non pregunta quen a monta. Santiago zapatán, todo o mundo anda a preguntar por el. Non me preguntes do unto nin da untada, preguntame do que na feira anda. Védeme cal veño e preguntádesme qué teño. Cando a *gorra anda ós grilos, e o sancristán ós carabillos e o escribano pregunta a cómo estamos de mes, mui mal andan os tres. Cando fores á vila, pregunta pola nai e saberás quen é a filla. Mozo ben criado nin de seu fala e, preguntado, cala. O mozo ben criado non fala máis que cando é preguntado. A muller, vella ou nova, si lle preguntan os anos, nunca se acorda. Neno ben criado non fala sin ser preguntado. O que non sabe, ten que preguntar. Si che piden cartos, pregunta pra qué son; e si chos dan, cala. Millor é preguntar ca mal andar. Ó vello non lle preguntes “¿como che vai?” senón “¿como che foi?”. Védeme como veño e preguntádesme qué teño.

⁸³ Cando os santos falan, licencia de Dios teñen.

⁸⁴ A cencia do barbeiro está na cobra. A dúbida é a nai da cencia. A esperencia é nai da cencia. Contra a esperencia non hai cencia. En labranza, a esperencia supre por moito á cencia. Escarmentar na cabeza allea é unha boa cencia. Máis vale esperencia que cencia. Máis vale onza de prudencia que ferrados de cencia. Pra ter fortuna non val cencia nin cousa algunha. Tempo e sazón teñen as cousas, e cencia si han de ser proveitosas. A mal dar, pacencia e barallar. A mal dar, pacencia e traballar. A pacencia trainos todo. Con pacencia e con calar, ben te podes gobernar. Con pacencia e con saliva non hai cousa que non se consiga. Con pacencia gánase o ceo. Con tres pes abriste camiño: pan, pacencia e padriño. Debes ter pacencia, que en todo pinar nace un pino torto. Dios dé pacencia i-on saco pra levala. Dios nos dé a ira, que a pacencia xa nós a temos. Dios nos dea pacencia e mal sin interquencia. Dios nos dea pacencia e morte con penitencia. Dios nos dea pan e pacencia e morte con penitencia. Dios nos día ira que pacencia xa a temos. Dispos da perda, pacencia. Non tarda o que vén, se o que espera pacencia ten. Non tarda quen vén, si quen espera, pacencia ten. O esperar é cousa que pide pacencia e vagar. O pescar con caña quer pacencia e maña. Ó que non pode ser, pacencia. Pacencia nos dea *Dios que traballos non ban de faltar. Pra calquera doo, a pacencia é un remedio bo. Pra calquera door a pacencia é o millor. Sofre con pacencia e vivirás en paz. Xan de Outeiro ca súa pacencia quedou solteiro. Moitas veces a esperencia vale tanto como a cencia. Sempre leva a peor parte o que en concencia reparte. Máis vale volta de chave que concencia de frade. Sin esperencia pouco serve a cencia. A dilixencia aproveita ás veces máis que a cencia. A dilixencia non quer priguza nin quer pacencia.

⁸⁵ Val máis custión perdida que preito ganado.

1.9.1.5. Grupos consonánticos

Con algunha frecuencia, como era habitual a mediados do século XX, prefírese a evolución *cl> ut*⁸⁶.

1.9.2. Dialectalismos morfolóxicos

No refraneiro vemos como conviven sen problema as variedades dialectais. Frecuentes neste *Refraneiro* son as seguintes: *a un / on; acó / aquí; alleos / alleus; aprende / adeprende / deprende; aqueles / aquiles; auga / augoa / iauga; bens / bes; bo / bó / bon / boo / bós; cans / cas; ceo / ceu; dea / día; érquete / erte; fío / fío; birmán / birmao / birmaus / irmaos; là / lan / lán; máa / mala; mai / nai; man / mao / mau / maus / más; mañá / mañán; mazà / mazans; mentramentes / namentras; necesidá / necesidade; niños / nius; padrin / padriño; para / pra / pa / pre; pas / paz; peor / pior; ran / ra / rans / ras; sentenxa / sintencia; un / uns / unbos / us; val / vale; vecin / veciño; vellés / vellez*. Véxanse no seguinte cadro algúns exemplos:

-ales	<i>Estorniños e pardales non somos todos iguais. O peor dos males é tratar con animais (Sarria). Tales tempos, tales verdades; tales burros, tales atafales. (Carballedo).</i>
-áns	<i>A conta dos meus curmáns, cigarros habáns</i>
-ás	<i>Son os dedos das más, non son iguás. Os cas sin dono ouvean de balde e levan no lombo. O que con cas se deita, con pulgas se levanta. / Pra unha vez que matei un can xa me chaman matacás. / Coas bolas duran os pas. Se o río fora aceite e os outeiros da *cindá foran pas, qué boa vida para os lacazás (Velle). Van ás codornices cazadores novos e cas aprendices. Os catalás, das pedras fan pas.</i>
-aís	<i>Tras de tempos, tempos veñen, mais volven os usos os seus corredais (Buciños). A xente de falar y-os caís de ladrar, no se lles pode quitar.</i>
-ós	<i>Polos rapaces e polos cas sempre hai bullós. Aos teus semellantes fáilles o ben que poidas, as ocasiós de facer mal gardas todas. O que non é bon por razóns, menos é por paus..</i>
-óles	<i>Val máis pan duro que pedras moles.</i>
-ís	<i>Mais val mercar que a ruís rogar. Si chove xoves d'Ascensión, hortas ruís e trigo rocón. Se chove o día de san Pedro Fiz, castañas *hermosas# e nabos ruís.</i>
-ús	<i>Pra lus, mudas de vida, miña xoiña.</i>
-és /-ez	<i>A vellés é rapacés</i>
-eo/ -eu	<i>Ceu apedrado, chan mollado. Brúa Beu, auga a reu. Patadas de burro non chegan ó ceu.</i>
lus	<i>Peixe de lus o mellor é (Bueu).</i>
-ín	<i>Sol madrugadín, muller que *lee latín e mula que diga "bin" todo ten mal fin. En xunio, pan maduro; i-en xuilín, fouce e foucín. Si prantas o borto por San Martín, terás berzas pra ti e pro tu vecín. O que ten padrin bautízase. De pequenín, agúzase o espín. O probe i-o muín, andando ganan. (Fonsagrada). Pra misa e pro muín, non esperes pol-o vicín. (Fonsagrada). Prá misa e pró moín non esperes polo vecín. Cando o moín está moendo, gran está comendo. Sempre o forno chamou ó moín queimado sendo el o máis aburado. De pequenín aguzas'ospín o espín. Non hai cocho bon nin ruín que non teña seu San Martín. Pescantín de piolín, nunca ningún rico vín.</i>
níu	<i>Nos nius do ano pasado non hai paxaros bogano. (Fonsagrada).</i>
mau	<i>Mal anda o paxariño que anda nas maus do meniño. A perdiz, ca mau na nariz (Lugo). O que está de *Díos ás maus ha vir. (Sarria).</i>

⁸⁶ Véxose os defeutos do amigo, lamento mais non maldigo. Sin defeuto non hai ningún. Eso non é defeuto; defeuto é roer a roupa e non facer por outra. Besta que vai a tódalas feiras algún defeuto ten. Fame ou sono en defeuto do dono. De leixos non se ven os defeutos. Oi os seus defeutos o que non cala os alleos. O que poidas facer boxe, non-o deixes pra mañá, exento a comida, se non tes gana. Proyetos d'bomes probes, peidos de burra vella. Invitaron o demo a unha merenda i dixéronlle que era de pequenos e rapaces e dixo que nun acutaba porque sabían máis qu'el. A confesión de tambor, ausolución de pito.

mao / cbao	<i>Cuando partias co teu irmau, él dálle na costa e tu colle no chao, el encherà os ollos e tu a mao. O pan no chao i as patacas nas costas. Aire zamorao, auga na mao</i> ⁸⁷⁾ .
-zo /-cio	(subst.) <i>Dios nos libre das penas do inferno, das trampas do pacio e das carreiras do Regengo. O sol de marzo mata a dama no palacio</i> (esta da prov. da Coruña). (adx.) <i>Marzo marcial: á mañá cara de can e a mediodía cara de alegría. En marzal e abril sempre foron revoltas as augas do Sil. Pascuas marcianas, fementas e mortales.</i> (Paradela). (verbo) <i>Decían as ovelas *cuando falaban: ‘Sácam'a marzo, verás como pacio; sacam'abril, xa me verás fuxir; sacam'a mayo, qu'bei correr com'un caballo’.</i> Sácame en marzo: si non pacio, rasco i-á noite veño farto.
-za /-cia	<i>Chicha, carrizo; traballa do vran pró inverno e non teñas priguicia.</i>
-bre	<i>Pra *Dios non bai imposibres.</i>
ermao	<i>Entre primos e ermaos non metas as maos</i> (Viana do Bolo).

calquer	<i>No xaneiro bébese en calquer regueiro.</i>
unbos	<i>Unbos polos outros a casa *sin *barrer. Os de Piugos, unbos ladrós, e outros, verdugos. O viño é fillo da cepa torta: a unbos déitaos i-a outros non lles deixa atopar a porta. O viño é fillo da cepa torta: a unbos déitaos i-a outros non lles deixa atopar a porta. Si un leva o seu xucio ó concello, unbos dirán branco i-outros negro. Mentras andamos unbos por ond'os outros, ben nos vai. Unbos comen as noces i-outros levantan as voces. Unbos fian na roca i-outros cagan na mazaroca. Como os mazos do batán: unbos veñen i-outros van. Unbos en mala cama i-outros en sofá, todos *vamos chegando á mañá. Unbos nacen con estrela e outros nacen estrelados. Unbos nacen deitados e outros de pé. ‘Todos somos unbos’, dixo o que estaba na corte dos cochos. Unbos amolentan i-outros apodrentan.</i>
us	<i>Unbas pingan e outras mollan; ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba.</i>
on	<i>Si queres saber cómo é María, vive con ela sete meses i-on día. Un día é un día i-on peso gastouse.</i> (Lalín).
consa que teña	<i>Quen non goberna a leña, non goberna consa que teña.</i>
naide	<i>Naide mormure de naide, que somos de carne humana, non *hay pelexo de viño que non teña a súa botaina</i> (Carballiño). <i>Naide turra do rabo do poltro coma seu dono. Dios non se queda con nada de naide. Dios non necesita de naide. A naide lle amarga un *dulce. De mozo logo se sale pero a selo non volve naide. Naide pode decir dest'auga non beberéi.</i>
nadia	<i>O que dixo que nunc'a nadia pediu, mintiu. As *balaxas con dentes nadia as quere.</i>
tu	<i>Bico con bico o primeiro ano de *boda; o segundo, cu con cu; e o terceiro zque trougueches *tu? Tente nube, tente *tú, que *Dios manda máis que *tú.</i> (Buciños). <i>Si tu es Braís, eu son Braís; si tu eres puta, eu son máis. Cando tu te casache casei eu, pau tu e pau eu. Tu cala a boca e non digas nada, que as tías verdades son parentes das miñas mentiras. Donde vexas outro chorar non penses ir tu cantar.</i>
vós	<i>Catalina, si vos eu collo, voso pai será meu sogro.</i> (Parga).
il	<i>Tanto ten o corvo por riba como por baixo: todo il é negro. Home lampo e can rabelo, desconfía dil coma do demo. O que de santa Cristina vén, auga con il ten.</i>

pronomes	Son moi minoritarias as formas <i>il</i> ⁸⁸⁾ , <i>ise</i> , <i>iso</i> ⁸⁹⁾ e <i>iste</i> ⁹⁰⁾ ; <i>isto</i> non aparece nunca.
----------	--

bon	<i>Non é bon o mosto feito en agosto. O que queira bon repolo pónao no mes de outono.</i>
relativo pos.	<i>As dez deixa a casa a de quen é.</i>
uito	<i>Sete xastres, un bome; catorce, un *testigo; e vinteuito, pra firmar un recibo.</i>

⁸⁷⁾ Este procede do Corgo.

⁸⁸⁾ Como fore o ninteseite, serán os que tras il veñen. Nadar, nadar i-agora il afogar. O que anda un ano ó lau dun coxo, ó cabo do tempo cocea il tamén. Sempre o forno lle chama ó moín queimau sendo il o máis abrasau. O que de Santa Cristina vén, auga con il ten

⁸⁹⁾ A que de vinte anos non casa e de vintecinco non casou ise páxaro voou. Se queres que o carro cante, móllalle o eixe no río; despois de iso molado, canta como un asubío.

⁹⁰⁾ En Santiago e agosto, estroupelear, que iste é o tempo do liño mazar.

<i>pacio</i>	<i>Decían as ovellas *cuando falaban: “Sácam'a marzo, verás como pacio; sacam'abril, xa me verás fuxir; sacam'a mayo, qu'bei correr com'un cabalo”.</i>
<i>salio</i>	<i>Di a castaña: 'Si salio ben da semana de san Mateu e de san Miguel, prepárame o caniceu.</i>
<i>acode</i>	<i>Quen máis non pode, cos dentes acode</i>
<i>roxex</i>	<i>Cando o río roxe é que hai cai nil pedras.</i>
<i>xongue</i>	<i>O que á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso sempre andará descalzo. (Buciños). Pero O que non ten vaca nin bois nin tampouco ten muller, xungue cando lle dá a gana e ceiba cando quer (Sober).</i>
<i>xonce</i>	<i>Cando a gaivota vai pra terra colle a brosa e vai por leña; cando pro mar, xonce os bois e vai arar</i>
<i>cospex</i>	<i>Donde moitos cospen, lama fan.</i>
<i>tonde, reloce</i>	<i>Probe daquel que tonde a muller. Non todo ouro reloce. Non todo o que reloce é ouro.</i>
<i>mede / verte</i>	<i>Donde ouro se mede, ouro se verte. Dond'ouro se mede, ouro se verte (A Fonsagrada).</i>
<i>éspesex, véstesex</i>	<i>O que non ten que facer éspesex e véstesex.</i>
<i>mente / sente</i>	<i>Mentes, mentes, ovella furrícosa que vai en Pentas. O que compra e mente, a bolsa llo sente. en de *lexos vén, mente como quer. Si correras como mentes, estabas en Villedacentes.</i>
<i>(es)tá</i>	<i>Vén o cuco, mala ave: mentras tá non hai máis que fame. Cando chove e fai sol, tá o demo metido nun fol. Chove e choberá, quen tá na casa allea non marchará. Cando o mar tá encarnado, pon os bois ó arado. Ta boa a navalla que non corta o queixo. (Buciños). Chove e neva e fai carambela, y'a probe da vella taba na serra con sete meniños y'a media mantela. Si a gaivota ta no mar, colle o arado pra arar; si a gaivota ta na terra, non te apartes da lareira.</i>
<i>quer</i>	<i>O gaitero, cando toca, quer beber. Moza que moito se arrisca, ou quer mozo, ou quer trisca.</i>
<i>ques</i>	<i>Preguiza xques caldo? -Non, señora, que me escaldo. -Preguiza, xques pan? -Si, señora, si mo dan. -Pois trae o coitelo. -¡Ai!, señora, non-o quero (Buciños). As nove déitate, home; as dez, dorme se qués. Se ques conocer a Periquiño, dál'un mandíño (provincia de Lugo).</i>
<i>can</i>	<i>As soberbias non can nas pallas. Cando o ano está de pulgas bastra parece que can do ceo.</i>
<i>tran</i>	<i>Non fagas trampas, trampán, que as trampas trampas tran.</i>
<i>traí</i>	<i>Un mal traí outro mal.</i>
<i>doi</i>	<i>Ó que lle doi que se queixe. Ó que lle doi quéixase.</i>
<i>tên, vén por teñen, vénen</i>	<i>Os balucas, todos tén sorte. Quéixase un das que ten e non sabe as que lle vén. Os homes mentireiros tén os dentes rareiros. As cabras do vesíño van tarde i vén sedo. Por analoxía escribe, ás veces crén e lén por creen, leen.</i>
<i>timos, tedes</i>	<i>Todos timos un leiro en Toledo. Tedes o meniño morto tindo o apio no borto (prov. de Lugo).</i>
<i>dicedes</i>	<i>Entre noiros e paredes, mirade o que dicesdes ⁹¹.</i>
<i>quer</i>	<i>O gaitero, cando toca, quer beber. Moza que moito se arrisca, ou quer mozo, ou quer trisca.</i>
<i>morriu</i>	<i>Entre marzo e baril, sale o cuco do cubil; se chega maio e non veu, morriu ou non sei qué ten.</i>
<i>pediu / mintiu</i>	<i>O que dixu que nunc'a nadia pediu, mintiu.</i>
<i>sirveu, piden</i>	<i>Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen piden. (Viveiro)</i>
<i>sirveu, piden pareu</i>	<i>Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen piden. Non sabe o que é unha hora millorada a muller que non pareu.</i>
<i>trougueches</i>	<i>Bico con bico o primeiro ano de *boda; o segundo, cu con cu; e o terceiro xque trougueches *tu?.</i>
<i>viñestes</i>	<i>Terra que fruto non destes, vaite por donde viñestes. (Muros).</i>
<i>verés</i>	<i>Vento padronés, nunca bo o verés.</i>
<i>habés</i>	<i>Martes de antroído, cando bas de vir, casquiñas d'ovos casi habés de ruxir.</i>
<i>fut indic.</i>	<i>Cantas fagas de neno, pagar has de vello (Carré Aldao ANT)</i>
<i>dee</i>	<i>Estírate, corpo, e alárgate, rabo, Díos che me dee mulleres de pouco cuidado (A Gudiña).</i>
<i>dían</i>	<i>Chámenme can e díanne pan. Que día a vaca bon becerro e moito leite coa herba no prado, non bai que esperalo.</i>
<i>faiga</i>	<i>Por sol que faiga, pra ir de camiño non deixe-la xarga.</i>
<i>leia</i>	<i>Quen leia, leia pra saber; quen saiba, saiba pra faguer.</i>

⁹¹ Velai un dos escasísimos exemplos que se poden atopar na tradición oral dun antigo *dicer*.

moia	<i>Desde que eu morra nunca os muíños moian.</i>
partia	<i>Cuando partias co teu irman, él dálle na costa e tu colle no chao, el encherá os ollos e tu a mao.</i>
seña	<i>En dar diñeiro e pasar regueiros nunca señas dos primeiros.</i>
pres. subx.	<i>Por mal que che váa, vive na *ciudá.</i>
¿vaaa?	
curri	<i>Curri, curri, xa pararás. (Tuiriz, Monforte.).</i>
culle	<i>Culle pola vella e sementa por calquera.</i>
dai (¿2ª pl?)	<i>Cando o enfermo dice ¡ay!, o médico dice "dai" (Xa está en Correas).</i>
cantá / bailá	<i>Mozas, cantá e bailá... que eu xa, xa.</i>
fut. de subx.	<i>O que tarde viñere coma do que trouxere. / Quen ficer de min escarabello non farei del espello. Donde viñeres, fai como vires (Outeiro de Rei). Fixeras quen fixer, págueas a miña muller. (Buciños.). Sea santo que fore, ora pro nobis. Comer e beber e pete á porta quen dispois viñer. Fillo es, pai serás; como as fixeres, así as verás. O que do mundo [¿queira?] gozar, ha de oír, ver e calar. É Sácheme quen quixere e réndeme quen soupere. Non será o qu'eu dixere senón o que *Dios quixere. Quen quixere boa mullere, non-a busque na romería: búsqeaa na súa casa ca roupa de cada día. Dig'o mundo o que dixere i-ande a nosa cara limpa. Dig'o mundo o que quixere e ande a nosa casa limpa. Fai o qu'o crego dixere e non fága-lo qu'el fixere. Fai o que o crego dixere e non o que fixere. Fai o que o cura dixere e non o que el fixere. Ó neno e á muller dille soilo o que conviñer.</i>
por eso	<i>Este mundo non é dos parvos e mais, por eso, bairnos.</i>

1.9.3. Arcaísmos

Nos refráns consérvanse activas non poucas palabras que xa son infrecuentes no uso habitual e algunhas delas xa só teñen uso dentro dunha paremia. Tamén nesta colección de refráns podemos sorprenden algunhas: a máis frecuente e constante quizais sexa *cibdá* ⁹².

1.9.4. Castelanismos

A maior parte están nos substantivos e o máis frecuente é *Dios* ⁹³. Aparecen con menos frecuencia nos adxectivos ⁹⁴ e nos verbos ⁹⁵.

⁹² *Anque te atopas mal, vive na cibdá. Con soilo un refrán pode gobernarse unha cibdá. Por mal que che vá, vive na cidá. Sol na cibdá, auga no nabal. Us queren o sol na cibdá e outros queren a auga no nabal. Vive en cibdá por pequena que sea, cástate con moza por probe que pareza e come carneiro por caro que se venda.*

⁹³ *abuelo, ajena, alas, alcabue, aldeano, alguaciles, anillo, anzuelo, borrico, borriquito, calle, capellán, carretera, cascabeles, chimenea, coadjutor, costillas, cuchara, cuerda, culebra, dedillo, desnudo, duelos, engañabobos, ganado, gitano, guardia, bacedor, hermosura, bongos, buésped, jueves, librillo, litigio, lunes, miércoles, muelas, nogal, novio/a, n, orinales, padrenuestros, papeles, paragueros, pliego, pueblo, pueblos, puerto, pulpo, reposo, sargento, semblante, suerte, tela, testigo, testigos, valle, vasallos, vientre, viernes, vigilancia, vírgenes, viruelas.*

⁹⁴ *arregladas, conocido, corriente, enladrillado, extrañas, fuerte, heredados, llano, obligados, peligroso, relucientes, siguiente.*

⁹⁵ *anduvo, caiga, conozca, crees, dañar, dé, estás, estornuda, estropear, iba, lee, peinada, pelagra, perdona, recetar, ríe, traiga, tuvo. Parécennos un caso á parte formas ou grafías que a medidados do século XX eran de uso case xeral coma desear, desees, deseo, excusa, extrañarte, bincha, sale, salir, sale, salir, soplar.*

1.9.5. Riqueza léxica deste refraneiro

Por riba destas minucias, importantes para lingüistas pero que moitos falantes considerarán de laboratorio, está o feito de que o refraneiro utiliza unha lingua rica, precisa, exacta. Moi lonxe dos criterios uniformistas do que entre nós se vén entendendo por lingua normativa, no refraneiro conviven variantes dialectais (*álbore* / *albre* / *arbol* / *arvore*; *rubians* / *rubias* / *rubiens* / *roibas* / *roibéns*; *lus* / *luns* *lunes*, etc.) e perviven palabras que noutros ámbitos xa se perderon (*mear*, *apreso*). Conviven *miar* con *miañar*, *aprendido* con *apreso*, *a modo* con *a modín*; *verán* con *vran* e *vrau*; *maceira* con *macira*; *eira* con *aira*; *niño* con *niu* ⁹⁶. Toda a variedade diatópica, diacrónica e diastrática aparece viva e funcional nesta lingua oral. E tamaño riqueza compensa sobradamente algúns castelanismos, que un simple programa informático sabería emendar, pero fainos comparativamente irrelevantes; como irrelevantes parecen as deficiencias ortográficas.

Un dos moitos valores do *Refraneiro* de Vázquez Saco é esta riqueza léxica. Nel batemos con palabras interesantes, por ofrecerem contextos que axudan a matiza-lo seu perfil semántico e, noutros casos, por seren palabras que só aparecen nalgún dicionario e con lectura difícil. Tal é o caso da palabra *lambuxce* que, segundo o *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina só aparece en Carré como “*s. m.* Resto de comida que queda en los platos”. Advirte que no orixinal di *lombuxce* pero que a alfabetización pide que leamos *lambuxce*. Ben, pois neste *Refraneiro* aparece unha confirmación *Lambuxce dos vellos, entoxo dos novos*.

Como mostra, reproducimos algunhas palabras que, por diversos motivos, chamaron a nosa atención. Limitámonos a poñelas no seu contexto coas notas que no seu caso lles puxo Vázquez Saco, e que se distinguen das nosas porque as de V. Saco están en castelán.

⁹⁶ *Ningún nace xa aprendido / Ningún nace apreso. Terras boas e castaneiras queren vides e maceiras / Heiche facer unhas zocas de macira, pra que che duren toda a vida. Sol na eira e auga no lameiro non pode ser / Hai quen quere o sol na aira i-a auga no borto. En abril niños mil / En abril fan os paxaros o niu.*

Abarregada. *A filla está mellor mal casada que ben abarregada.*

Abarregada. *Máis val filla mal casada que ben abarregada.*

Abelota. *Año de abelotas, ano de maniotas.*

Abeneirao. *O aire abeneirao, ou moita auga ou nin un grao*⁹⁷.

Abillar. *No día de Samartíño abilla o teu viño.*

Abórtega. *Mentres non hay abórtegas non hay maragotas.*

Abrigueiro. *Cando estas donde está u ferreiro, ponte detrás díl que nun hai mellor abrigueiro.*

Aburar. *Sempre o forno chamou ó moín queimado sendo el o máis aburado.*

Acadullar. *O que antes acaba, acadulla*⁹⁸.

Acedía. *Dendes que vexo a túa tía morro de acedía, dendes que non a vexo morro de desexo.*

Acequilar. *O castaño, de vello, acequilarás e outros cen anos castaño terás.*

Adesa. *Si te roi a adesa, encende a vela e pon a mesa*⁹⁹.

Aduitar. *Labra tarde e non te aduites. Labra cedo e non te asustes.*

Afrontar. *Costa abaixo *no me montes, costa arriba non m'afrontes, por *llano non ma *perdones.*

Agrilar. *Estudiante que non espabila, estudiante que non agrila.*

Aguión. *Chuvia miúda, daguión barrunta.*

Aigresia. *Non mexa na porta da aigresia e faino no altar maior.*

Airoso. *Xaneiro xeado, febreiro trastornado, marzo airoso e abril chuvioso sacan a maio frorido e fermoso.*

Ajajá. *En Xudán catro nunba besta van: un carga i-outro ten, i-outro mira si vai ben, i-outro mira de acolá pra decir: ajajá.*

Aladar. *Canas son e non lunares cando empezan poros aladares / polos aladares.*

⁹⁷ *abeneirao*: de Monte Abenciras.

⁹⁸ *Acadullar* en Sarria y Páramo es labrar o arar las cabeceras de las fincas, lo que hay que hacer en sentido contrario a lo arado anteriormente por no haber la yuunta y el arado. En Mellid y Carballedo, *acadullar*= deshacer los terrones (*cadullas*).

⁹⁹ *adesa*: salamantiga.

Alaudar. *Barriga chea a Dios alanda.*

Alear. *Ovella vella e enxame probe, en maio alea i-en maio morre.*

Algueireiro. *Os de Muros, algueireiros*¹⁰⁰.

Alporizar. *Cando a ver un enfermo moitos médicos van, alporízase o sacristán porque é sinal de din, dan..*

Allar. *Prá noite de inverno, o allar penzo. Se o gato ves lavar, mete leña no allar. Onde vexas moito fume pode ser ou leña verde ou morrallada do allare. Donde vexas fume non te vayas quentar, que ou queiman leña verde ou *musgo do allar.*

Amadar. *En Santa Mariña, xa amada a vaquiña.*

Amarelar. *Polo mes de Santiago amarela o trigo e o xaramago.*

Amodín. *A palabra de amodín vale un perrín.*

Amolentar. *Unbos amolentan i-outros apodrentan.*

Amourear. *Casa de dúas portas é mala de amourear.*

Anelo. *Anque perdín os anelos, inda me quedan os dedos.*

Aniquilar. *Canto máis un se aniquila, máis frío ten*¹⁰¹.

Apedrexar. *O marzo que non marcexa, vén abril e o apedrexar.*

Apodrentar. *Unbos amolentan i-outros apodrentan.*

Apreso. *Ningún nace apreso*¹⁰².

Arau. *Araus con lastre, peixes na barriga.*

Arcaz. *Mentras hai castañas no souto, ou por un lado ou por outro; cando están no canizo, escarabélaas co guízo; desque van no arcáz, probe de ti, rapaz.*

Areeiro. *Xaneiro areeiro aumenta o teu graneiro*¹⁰³.

Argadelo. *Veciño, ó teu argadelo e deixa o meu.*

Arguiña. *Quen come a sardiña, que lle chupe a arguiña.*

Arqueiro. *Ves un arqueiro no ollo alleo e non ves unha viga no teu.*

Arrabeas. *Polas tías arrabeas mide as alleas.*

Astreverse. *O que non s'astreve, nunca viño bebe.*

¹⁰⁰ Amigos de diversiones.

¹⁰¹ (Palas de Rei).

¹⁰² Participio irregular de *aprender*

¹⁰³ V. Saco explica que *areeiro* é o contrario de frondoso e verde. Tamén di que é o mesmo que *tasqueiro*, pero polo refrán en que aparecen estas palabras *areeiro* debe de ser seco e frío, mentres que *tasqueiro* debe de ser seco e cálido.

Astronder. *Onde fumegue o casar, dorme a terra e astronde o mar.*

Asuca. *Polo san Luca alza os bois da asuca / saca o boi da asuca.*

Aular. *Na terra dos lobos hay qu'aular com'eles.*

Aveiras. (Adiviña). ***Doce meniñas nunha** baranda, todas choran por unha banda.- As aveiras* (pingueiras dun tellado no Sudoeste de Ourense).

Axar. *Pra axar e pra berrar non hai coma a xente do mar.*

Axubear. *Muller que axubee e mula que faga “iii”, garda pra ti que pra min non *sirve.*

Bacorelo. *Si te morde un bacorelo, busca a cera pró enterro.*

Bacurelo. *Se te morde un bacurelo, busca cera po enterro.*

Baguñar. *Na casa do cura, cando non chove, baguña.*

Baixón. *(Por un peso máis bóttalle o baixón* ¹⁰⁴*).*

Balisteiro. *Balisteiro que mal tira logo argalla unha mentira.*

Balucas. *Os balucas, todos têm sorte.*

Bandallo. *Este mundo é un bandallo: chove nel como fora.*

Bandil. *En abril inda a vella queima o bandil.*

Bandola. *O que vén de bandola sabe que consola. Unha muller bandola é coma gaita na boda.*

¡Barau! *Dixo o viño: 'Eu son forte, barau; comigo nadie pode' E contestoulle o pan: 'Si vou eu diante'.*

Barbar. *O que ós vinte non barba, ós trinta non sabe, ós cuarenta non ten, nin barba nin sabe nin tén.*

Barranca. *Si n'é por zancas, é por barrancas.*

Barregañada. *Millor parece a filla mal casada que ben barregañada.*

Barrufeiro. *De cabalo regalado a cabalo barrufeiro.*

Barruzar. *Na casa do cura, cando non chove, barruza.*

Batorolleiro. *Xaneiro batorolleiro, nin boa meda nin bo palleiro* ¹⁰⁵*.*

Bimbo. *O que fai un cesto, fai un cento si lle dan bimbos a tempo* ¹⁰⁶*.*

Binar. *Decría en marzo, bina en San Xoán esterca ben e collerás pan.*

¹⁰⁴ *baixón:* fagot. V. Saco explica que *Alude al fagot que suele en algunas comarcas acompañar el canto de los entierros.*

¹⁰⁵ En paralelos alterna con *parraqueiro, verzeiro, mulñeiro*. Por tanto significa frondoso, verde, húmido. Por iso se di: *Se ves verdegar, ponte a chorar*

¹⁰⁶ *bimbo* por *vimbo*.

Bogalla. *O carballo nunca deu máis que bogallas/ bogallos.*

Borona. *Donde comiches pan trigo, non pidas borona.*

Borraxeiro. *Borraxeiro no Castelo, peixiño no carabelo.*

Botaina. *Naide mormure de naide, que somos de carne humana, non *hay pelexo de viño que non teña a súa botaina* ¹⁰⁷*.*

Bourel. *Arroaces na ría, boureles tira* ¹⁰⁸*.*

Brétema. *Xa o di o refrán: 'Día de brétema, día de raposo'* ¹⁰⁹*.*

Brosa. *Cando a gaivota vai pra terra colle a brosa e vai por leña; cando pro mar, xonce os bois e vai arar. Cando ronca Burela, agarra a brosa e fai estela.*

Bullón. *Polos rapaces e polos cas sempre hai bullós.*

Bursa. *“O bo preiteante”, dixo Tomé, “boca pechada, bursa aberta e listo de pé”.*

Cabeza. *Se a chuvia no mar fai cabazas, non deixes a roupa d'augas na casa* ¹¹⁰*.*

Cacifo. *Acabouse o sal do cacifo.*

Cadril. *Chovendo en abril, hai cosecha a cadril.*

Cadullal. *Saches ben, sabes mal, saca ben no cadullal; virá teu dono e dirá: “así queda todo”.*

Cal. *Védesme cal veño e preguntádesme que teño.*

Calar. *Chuvia con sol, non cala o fol.*

Calceta. *Visperas e completas, coas maus nas calcetas.*

Calote. *Pexigueiras non faltan, calotes hai.*

Calzamenta. *Nun hai millor traxe que u de pana nin mellor calzamenta cós zocos.*

Calle. *Día de Corpus, miña comadre, pásache o touporroutou pola *calle.*

Cambón. *O que pode non necesita cambón* ¹¹¹*.*

Campar. *Hai que campar, anque non haxa un carto. De ruín a ruín, o que dá primeiro, campa.*

Candeal. *Entre santos e Nadal é o inverno candeal* ¹¹²*.*

Candorca. *Cando as candorcas saltan, o bon tempo espanta.*

¹⁰⁷ Carballiño.

¹⁰⁸ Bueu.

¹⁰⁹ Recollido por seminaristas de Santiago.

¹¹⁰ Engade esta cita: “Los marineros de estas costas suelen llamar cabazas a las burbujas o borbollones que producen los goterones al caer sobre el mar”.

¹¹¹ (Buciños).

¹¹² *candeal:* 'verdadero, riguroso'. Ver *Carnal, caraal, carnal, coral*.

Capirote. *Quen se casa con muller fea e sin dote, é tonto de capirote.*

Carabelo. *Borrasceiro no Castelo, peixiño no carabelo.*

Carambela. *Chove e neva e fai carambela, y'a probe da vella taba na serra.*

Carameleiro. *Xaneiro é carameleiro.*

Carnal. *Santos e Nadal, inverno carnal.*

Caroal. *Labra ben ou mal, labra ben ó caroal*¹¹³.

Carpulla. *O que ten chea a tulla non ten por que ter carpulla.*

Carrapelo. *Os de Baiña, carrapelos.*

Carrapetoso. *A ovella carrapetosa chámalle á outra medosa.*

Carrasqueiro. *Os de Guntín, carrasqueiros*¹¹⁴.

Carril. *En abril enche o carro, i-o carril.*

Carroal. *En Nadal, inverno a carroal.*

Carto. *Cornos ó nascente, carto crescente. Si queres que a vaca che dé boa leite, busca que che paira no carto crescente.*

Carto. *Hai que campar, anque non baxa un carto.*

Case. *Martes de antroido, cando bas de vir, casquiñas d'ovos casi habés de ruxir / casi *habeis de ruxir.*

Casqueiro. *Ara fondo e collerás pan abondo; ara casqueiro e collerás pouco e fareleiro.*

Millón. *Entre millón e millón, o salto dun castrón.*

Catapún. *Fillos, os dun, que os doutro chega o tempo e catapún.*

Catar. *Fame nas vacas, en ti a catas. Meu pai ten unha viña: non a cata nin a renda e tampouco a vendima. Ovella meleira o demo cha cate.*

Catete. *Onde hai bonete non falta catete.*

Caudal. *Xente nova n'é caudal, i-a vella non-o val.*

Cencia. *A dúbida é a nai da cencia. Pra ter fortuna non val cencia nin cousa algunha.*

Centeiro. *Auga de xaneiro, cada día un centeiro*¹¹⁵.

Centofollas. *Quen a súa filla quixer casar *délle o centofollas a lavar.*

Cerdear. *Quen con moitos se aconsella, fai o que non debe, ou cerdea.*

Cerro. *Tanto dá libra de ferro como de cerro*¹¹⁶.

Chalán. *Labrador chalán nin colle viño nin pan.*

Chamardusca. *O que ten pas e guerra busca, fai o xogo da chamardusca.*

Chamusquina. *Moza pobre e ben vestida, mal che me cheira a chamusquina.*

Chapeo. *Se chove na semana do san Mateo, leva o vello as castañas no chapeo.*

Chavear. *Na casa onde non hai codiío, en xullo chavea nos dentes.*

Chear. *O que antes chega, antes chea*¹¹⁷.

Chencha. *Antes barba *blanca prá túa filla ca mozo da chencha partida.*

Chichar. *Chicha, carrizo; traballa do vran pró inverno e non teñas priguicia.*

Chinchar (¿Chinchir?). *Golpe dormente non lle chinche a galiña ó dente.*

Chiznar. *O golpe da sartén, se non doi, chizna ben.*

Choiear. *Cuando a choia choeia, o lobo rodea; *cuando o corvo corvea, o lobo prea.*

Chorar. *Liño chorado, medio medrado.*

Choupín. *En fin, tres ferrados, un choupín.*

Chuspir. *Non chuspas tan alto, que chuspas na casa.*

Chuviñoso. *Marzo ventoso e abril chuviñoso sacan a maio florido i-hermoso. *Luna sabadina, ou chuviñosa ou ventosina.*

Cinzarrón. *Quéixaste de min; si che vén meu irmao marzo i-o meu primo abril, que te han facer andar cas *pieles ó lombo i os cinzarrós no cuadril.*

Cocoso. *Agosto nublado, castaña cocosa e nabo furado.*

Codelo. *A boa fame non hai codelo.*

Coller. *Culle pola vella e sementa por calquera.*

Comedeiro. *O pito de xaneiro en san Xoán é comedeiro.*

Comer. *Cada pobre rasca onde lle come.*

Conecer. *O que un non conece non-o apetece. Non hai cego que non vexa nin torto que non coneza.*

Conforte. *Cousa de moitos, conforte de bobos / lobos.*

¹¹³ Pero Santos e Nadal, inverno caroal ('natural': quizais porque Se o Nadal nada, sinal de boa anada). Correas: carval. Ver Candeal, carnal, carroal, coral).

¹¹⁴ Es pueblo escaso de leñas, y sus vecinos, para proveerse, habían de acudir a las sierras en busca de carrascos.

¹¹⁵ Porque Agua de enero todo el año tiene tempero

¹¹⁶ Cerro é un copo de liño ou la listo para fiar.

¹¹⁷ Recólleo en Paradela e non ten correspondencias.

Contestado. *Pobre á festa convidado, non esperes contestado.*

Coral. *Natal, inverno coral*¹¹⁸.

Cornixolo. *Un probe non pode tomar unha posta mentras non vén o cornixolo.*

Corre. *Mentras corres creban, bois descansan.*

Corvear. *Cuando a choia choeia, o lobo rodea; cuando o corvo corvea, o lobo prea.*

Corvexar. *Se o corvo corvexa, o lobo rastrexo, corvo calado, lobo de lado.*

Cos. *Por de riba, co cos; e por debaixo, sabe Díos.*

Cotás. *Canteirño serás, de pico rico nunca morrerás, agora, de cotás, quizás*¹¹⁹.

Cotena. *Nin muller trintena, nin vaca cotena.*

Coupo. *Pouco a pouco fía a vella o coupo.*

Cousizo. *De loucos algunha vez sal cousizo*¹²⁰.

Coutar. *Quita a causa e contarás o pecado*¹²¹.

Covo. *Unha mala ovella revolve un covo*¹²².

Craror. *Crarores á Monteiro, sellas á goteira.*

Croia. *Comíche-la cireixa, bas caga-la croia.*

Crouco. *Cada crouco no seu soute.*

Cuito. *A xeadá no mes de xaneiro é como cuito de carneiro*¹²³.

Cuqueiro. *En abril *sale o cuco do cuqueiro.*

Cureña. *Arco de texo e cureña de serbal, cando disparan xa fixeron o mal.*

Curuxa. *O que pode, puxa, e o que non, curuxa.*

Decrinar. *Este rapas decrina ser de boa cepa.*

Decruar. *Decría en marzo, bina en San Xoán esterca ben e collerás pan.*

Delongado. *Mal delongado, a morte *en o cabo. Mal delongado, morte no cabo.*

Deloutro. *Si non chega pra día de Santa Lucía, chega pra del outro día.*

Deloutro. *U que non é u día de santa Lucía, é de l'outro día.*

Deluciña. *Se te morde unha deluciña, busca confesor axiña.*

Delunciela. *Si che pica a delunciela, busca pan e busca cera que mañá che darán terra.*

Denosiña. *Si che pica un culebrón, collerás un legón; si che pica unha denosiña, tocaranche a campanilla.*

Dentuza. *O que lle doi o dente, corre á dentuza. O que padeza das moas, qu'acuda á dentuza.*

Deño. *O que de noite asubía polo deño pía.*

Derregar. *Esterca e non derregas.*

Derregar. *Máis quero burro que me leve ca cabalo que me derregue.*

Desdeñar. *Que[n] os seus desdeña, mal lle veña.*

Desmermar. *Por Santa Lucía aumenta a noite e desmerma o día.*

Despir. *Vale máis vestir a santos que despir borrachos.*

Dolo. *Cuando o pan falaba decía: “Bótame no polvo e de mín non teñas dolo.*

Doo. *Onde non está o dono, alí está o seu doo.*

Door. *Door saca door. Non hai door que *sea bo. *O door non mata a ningún. Tras de *un door nunca falta *outro maior. Se *os doores non matasen *ningún door sería grave.*

Dunicela. *Se te morde unha dunicela, prepara a camisa pra terra.*

Durmión. *Quen durme día d'Ascensión, todo o ano é durmión. O que dorme día da Ascensión, todo o ano é un durmión.*

Embarnar. *O golpe da sartén, aínda que non doia, embarna ben.*

Embarraganada. *A filla mal casada está mellor que embarraganada.*

Embelourar. *Acábate, miña roca, embelourate, meu fuso, pre que miña mai diga: “miña filla, fías muito”.*

Embocado. *De mosto de moitos grados salen viños embocados.*

Embocadura. *De uva que moito madura, sal viño pardo con embocadura.*

Embulleirado. *Pelexo de zorro, inda que sea embulleirado, nunca levou canado*¹²⁴.

Empeoría. *Marzo, mazorco, cara de porco; ó mediodía fai melloría i-á noite, empeoría.*

¹¹⁸ Ver candeal, carnal, carnal, carroal.

¹¹⁹ cotás: martelo para labrar fino a pedra.

¹²⁰ Debe significar siso, discernimento, porque que *consir* significa ‘discernir, considerar, advertir’.

¹²¹ (Buciños).

¹²² Covo é a colmea das abellas e aquí debe de se-lo redil das ovellas.

¹²³ Son tan beneficiosas para los campos como el abono.

¹²⁴ E explica que os mollar para que estiren.

Encencerrallado. *Si marzo volve o rabo, non deixa pastor enzamarrado nin año encencerrellado.*

Enclava. *Máis vale deuda vella que enclava nova.*

Encontra. *Dá o demo encontra a pedra e non sempre creba.*

Encrequenado. *Mozo é o vello que está sano e vello é o mozo que está encrequenado.*

Enferrollar. *Ó bo día ábrele a porta e ó malo enferróllalla.*

Engargar. *Xente nova e roupa vella todo o mundo engarga nela.*

Enguerellar. *As palabras son comas cereixas: unbas noutras s'enguerellan.*

Ensiñar. *O demo ensiña a pecar pero non a rezar. O demo ensiña a romper máis que a compoñer.*

Entambollecido. *Antes de comer, non poder facer; e de comido, entambollecido.*

Entrecostro. *Si queres ter bon entrecostro, ceba o porco dende agosto.*

Enxugo. *Corren as nubes pra Lugo, pon a roupa ó enxugo.*

Enxuto. *Tempo de cuco: mañán mollado, á noite enxuto.*

Enzamarrado. *Si marzo volve o rabo, non deixa pastor enzamarrado nin año encencerrellado.*

Esborrallada. *Casa pechada, casa esborrallada.*

Escapar. (trans.) *Si Díos de ésta me escapa nunca me cubrirá tal capa.*

Escarabana. *Saír do trono e meterse na escarabana.*

Escarabellar. *Mentras hai castañas no souto, ou por un lado ou por outro; cando están no canizo, escarabéllaas co guizo; desde que van no arcaz, pobre de ti rapaz.*

Escarramexar. *Cando o piollo se ve nunha camisa lavada, non sabe por *dónde se ha de escarramexar.*

Escota. *O xeito quer xeito; e a vela bai que velala; e o ollo ó leme e a escota na man.*

Escote. *Eran bos os merendotes, se non foran os escotes.*

Escudillar. *No escudillar sabrás quén che quere ben ou mal*¹²⁵.

Esculcar *O que vai á praza pra esculcar o que pasa, inda millor lle fora quedarse na casa.*

Escutrillar. *O piollo vai labrar, a pulga vai gradar, o probe do carrachiño bótano a escutrillar.*

Esfender. *O que mal esfende e mal refende, todo o ano xeme.*

Espadoarse. *O que ten sorte basta na cama se espadoa.*

Espelexar. *Neste mundo o que non mata, espelexa.*

Espilir. *Millo eres, millo serás; por máis que te amasen, non espilirás*¹²⁶.

Espeteira. *Miña piñeiríña nova: tres días na espeteira e dispois pola borralleira.*

Estela. *As estelas i-as nenas deixa[a]s estar quedas.*

Estelar. *Cando a gaiyota vai pra terra colle a brosa e vai por leña; cando pro mar, xonce os bois e vai arar.*

Estrelecer. *Cando Díos *amanece pra todos estrelece.*

Estreloxo. *Canto máis nova, máis estreloxo*¹²⁷.

Estrucia. *A galiña que canta como o galo é mala estrucia na casa.*

Facistol. *Se ves o cura ó sol, non apures o facistol.*

Fareleiro. *Ara fondo e collerás pan abondo; ara casqueiro e collerás pouco e fareleiro.*

Farfalla. *Os de Burón, moita farfalla e pouco pulmón.*

Farneiro. *Febreiro, farneiro; marzo espigarzo; abril, palla pró cubil. Tantas cheas en xaneiro, como reás sobre o farneiro. Non fakes mal do muíñeiro mentras non varre o farneiro.*

Farraco. *Andrés chupa tres, leva catro no farraco e aínda di que non vai farto.*

Farro. *Follas na figueira, farros na ribeira.*

Fel. *En San Xuan sécalles a primeira raíz ó pan; en San Pedro, a do medio; e na Santa Isabel, a do fel.*

Ferreiro. *Por xaneiro o ferreiro é carneiro*¹²⁸.

Fiel. *Día de san Juan sécalles a primeira raíz ó pan e día de Santa Isabel sécalles o fiel*¹²⁹.

Fiñar. *Ó gaiteiro de Capiraciña dáselle un carto pra que escomence e catro pra que fiña.*

Forra. *Hai forras que tiran as casas. As forras que tiran as casas non son forras.*

Forriquento. *Torcer pra fóra, andar que namora; torcer pra dentro, andar forriquento.*

¹²⁶ V. Saco comenta *El pan de maíz*, o borona, no es esponjoso.

¹²⁷ *Estreloxo*: persoa enferma ou inútil

¹²⁸ *ferreiro*, un peixe.

¹²⁹ A forma máis común deste refrán é *En San Xoañ sécall'a raíz ó pan; o día de San Pedro sécall'a raíz do medio; e o día de Santa Isabel colle o fouciño e vai segar a el.*

¹²⁵ *No recuncar saberás/verás quén che quere ben ou mal. O portugués di escudelar.*

Frangallo. *Ben sabe o demo o frangallo que racha* ¹³⁰.

Fraque. *Val máis fraque no sonto que gordo na boca de outro.*

Fratulento. *Torcer pra dentro, andar fratulento.*

Frieira. *Soilo nacen as frieiras nas rúis pernas.*

Furricoso. *Mentes, mentes, ovella furricosa, que vai en Pentas.*

Fusada. *A que bon meniño cría, boa fusadiña fia* ¹³¹.

Gafar. *Coméronme os cartos e gafáronme a casa.*

Gaio. *Por la Santa Cruz de Maio ba de cubrir a folla o gaio* ¹³².

Galero. *Home de capa e galero, é o que eu quero.*

Gandido/Galdido. *Sardiña que o gato leva, aquela gandida / galdida vai.*

Garcia. *Cando a garcia vai pr'arriba, colle os bois e vente axiña.*

Garduño. *Os de Cuiña, garduños* ¹³³.

Garela. *Cando o can quer a cadela, lámbelle moito a garela.*

Garelo. *O millo raro, boa espiga e bon garelo.*

Garmalleira. *Os *pleitos son com'as cereixas, veñen en garmalleira.*

Goela. *O que non ten muela ten giela* ¹³⁴.

Golo. *A paxariña que o día d'Ascensión menea os ovos, quédanlle golos. Deulle Dios un ovo e saltulle golo.*

Gra. *As riadas en xaneiro aumentan o gra no graneiro.*

Granar. *O fruto do demo florece e non grana.*

Guapura. *Non vai na guapura que vai na recompostura.*

Hariseiro. *En ano malo, bariseiro espeso e cedazo claro.*

Iguarzo. *Marzo iguarzo, antes o tres e non o catro.*

Ilesia. *Non sea tanta a cera qu'arda a ilesia.*

Illó. *Desque o burro vai no illó, xo, burro, xo.*

Inxiro. (subst.) *Inxiro e poda, a tempo.*

Irexia. *Pedra de irexa ouro gotexa. Rata de irexa non morre de fame. Tella d'irexa, ouro gotexa.*

Lacoeiro. *San Antonio lacoeiro, dazasete de xaneiro.*

Laíar. *Tal bora, o corazón laia anque a lingua cala.*

Lambuco. *Val máis unha chea que vinte lambucos.*

Lambuxe. *Lambuxe dos vellos, entoxo dos novos.*

¹³⁰ *frangallo*: farrapo.

¹³¹ (A Fonsagrada).

¹³² Si es buen año, los castaños estarán vestidos de hojas en esta fecha.

¹³³ garduños: ‘cerrados de puño’.

¹³⁴ (Carballedo).

Lanceta. *Máis cura a dieta que a lanceta.*

Langrear. *Langreando coa nuggalla, vai co piollo á borralla.*

Larada. *Non hai larada sin pito coxo.*

Larpelo. *Larpelo cocido, larpelo comido* ¹³⁵.

Laruto. *Os de Acebedo, larutos.*

Laso. *De barriga chea volta pra aldeia; de barriga lasa volta pra casa. Muíto sabe o que ten boca lasa .*

Latexar. *Cando as estrelas non latexan, logo as nubes gotexan.*

Lavadurán. *O entroido é un lavadurán, que come máis carne que pan.*

Laxeira. *Na laxeira levanta a rabela* ¹³⁶.

Lázaro. *Os da Carballeira, lázaros* ¹³⁷.

Leixo. (?) *Marzo ventoso e abril chuvisqueiro enchen a maio de flores e leixos.*

Leixo. *Marzo ventoso e abril chuvisqueiro, benchen a maio de flores e leixos.*

Leme. *O xeito quer xeito; e a vela hai que velala; e o ollo ó leme e a escota na man.*

Liorna. *O que non se sinta con forzas que non se meta en liornas.*

Logranza. *Decires ó tuntián non teñen logranza.*

Lola. *Diz'avea: “Sémbrame lola e collerasme corda”.*

Lombán. *Óso de lombán, barba untada, barriga van.*

Lorar. *O lume de fóra nin quenta nin lora.*

Lostro. *O lostro d'agosto sac'o magosto* ¹³⁸.

Lotería. *O traballo e a economía é a millor lotería.*

Loubán. *Tres anos de tris, tres; tres anos de bon can e tres anos de loubán.*

Lueiro. *Labrador lueiro, pequeno palleiro* ¹³⁹.

Macira. *Heiche facer unhas zocas de macira pra que che duren toda a vida.*

¹³⁵ Vázquez Saco explica que *Larpelo* es en la comarca de Samos, lonja delgada de tocino. Falta en nuestros Dicionarios

¹³⁶ Na terra que ten laxes debaixo, cómpre ergue-lo arado, tirando para riba pola rabela, porque, se non, non avanza e, ademais trae á superficie pedras que empobrecen o terreo

¹³⁷ Carballeira es nombre vulgar de la parroquia de S. Julián de Mato, Chantada. *Lázaros*, que en otras zonas significa descuidados, adanes, aquí equivale a agarrados, devotos de Nra. Sra. del Puño.

¹³⁸ (Sta. María Mayor).

¹³⁹ (Buciños).

Madialevar. *Madia levaba en a chamarlle ó fouciño cousa torta* ¹⁴⁰.

Madoiro. *Se a auga non barre os madoiros antes do once de *noviembre, *no hai boa *cosecha* ¹⁴¹.

Maestre. *O bo discípulo adianta ó maestre.*

Maiolo. *Mayo, mayolo, trobón e rayolo.*

Maión. *Mayo, mayón, pola mañá cara de rosa e pola tarde cara de can.*

Mal. *Mal o carpinteiro que acaba consigo e con seu diñeiro. Mal o carpinteiro que non ten xunteiro.*

Mal. *S'o que estudia non sabe, o que non estudia mal pode saber.*

Malo. *Malo dente que come a semente.*

Mandrugos. *Canto máis grande'é u can, máis mandrugos lle dan.*

Manelo. *Malla, manelo, que se perde o ferro.*

Mangoleteiro. *Na casa do ferreiro coitelo mangoleteiro.*

Maniota. *Ano de abelotas, ano de maniotas.*

Mañanenga. *Moza mañanenga, primeiro ergue o cu que a cabeza* ¹⁴².

Maor. *Tras de *un door nunca falta *outro maor.*

Maragato. *Freberíño corto, cos seus ventioito: si tuvera máis catro, non quedaba can *ni gato, ni ratiño no burato ni orellas ó maragato.*

Maraxe. *Maraxe tardeira leva as barcas á ribeira.*

Marcal. *En marzal e abril sempre foron revoltas as augas do Sil.*

Marcear. *Non saches a horta na lúa de marzo, que se marcean as coles.*

Marcezar. *O marzo que non marceza, vén abril e o apedrexca.*

Marcial. *Pascuas marciais, fames e mortaldades.*

Marciano. *Pascuas marcianas, fementas e mortales.*

Marelear. *En xaneiro súbete a outeiro: se ves ou pan marelear, ponte a cantar e, se o ves reverdear, ponte a chorar.*

Marralleiro. *Náis que tendes fillas, casáinas con marralleiros* ¹⁴³.

Marrañada. *Cando o zorro non vén, marrañada ten.*

Marzán. *Vénse no san Benito Marzán, vaise no san Benito do vran* ¹⁴⁴.

Maseira. *Desta maneira o que non ten fariña excusa maseira.*

Matina. *Arco á matina, á tarde tormentina* ¹⁴⁵.

Maxencia. *Maxencias nos homes poden pasar, mais nas mulleres non poden faltar.*

Mazarico. *Mazaricos a terra, mariñeiros á merda* ¹⁴⁶.

Mear. *Cando a ovella mea, non come herba.*

Meimo. *A besta polo medo i-o boi polo meimo.*

Meixón. *O que non leva o ladrón logo parece no meixón.*

Meleiro. *Ovella meleira o demo cha cate.*

Mentramentes. *Mentramentes se come non se asubía. Mentramentes teño folla, non se me anoxce s'é que llo chamo. Mentramentes está quente pódese pelar.*

Mercede. *Diñeiro esquecido non fai mercede nin fai amigo.*

Mester (haber). *A quen mester non ba, non hai por que lle dar.*

Mexeira. *No mes de marzo chove (¿chova?) tanto coma a mexeira dun rato.*

Miar. *Gárdate de auga que non corra e de gato que non mía.*

Miañador. *O gato máis miñador non é o máis cazador.*

Migalleiro. *Cando Dios dá non é migalleiro.*

Millán. *Donde hai milláns boubo millo.*

Millenta. *Preso por mil, preso por mil e millenta.*

Miruxa ¹⁴⁷. *O que teña a miruxa, cuide que non lle fuza.*

Moíña. *O que serra de abaixo, caille a moíña nos ollos, e todos non podemos serrar d'arriba.*

Moleira. *Si o San Trocado colle moleira, hai que sacar o centeo da eira* ¹⁴⁸.

Mondar. *En todas partes hai fabas que mondar.*

¹⁴⁴ (O cuco).

¹⁴⁵ Compárense *Arco da vella á mañaniciñá mañaniciña, prepara a capotiña* e tamén *Arco da vella á la sera, boa noite espera*

¹⁴⁶ Como los referentes a las gaviotas que buscan refugio en la costa. Mazaricos son los zarapitos, en general, y principalmente los acuáticos. Mazaricos, zarapito: ave zancuda, acuática.

¹⁴⁷ Rivas Quintas defíneo así: f Picagallina, hierba (Loureiro) En Fondo de Vila la llaman muruxa, en Frades, maruxa. El dicc.: registra muruxa. Dice la gente que, si la comen los conejos, se mueren. (FrampasI)

¹⁴⁸ *moleira*: 'niebla'.

¹⁴⁰ (Pidre).

¹⁴¹ (Outeiro de Rei).

¹⁴² Pero ollo a isto: Moza mal madrugadera, antes yergue el culo que la cabeza

¹⁴³ *Marralleiros* = que se dedican al trato de los cerdos.

Morrallada. *Onde vexas moito fume non te achegues, que pode ser leña verde ou morrallada do allare.*

Mortaldade. *Tronos en xaneiro, mortaldade no reino.*

Mortuorio. *N'hai *boda pobre nin mortuorio rico.*

Mostada. *Cand'é na mostada, non se sinte* ¹⁴⁹.

Mouchear. *Cando o moucho mouchear, nin chove nin xea.*

Moufar. *Todo é mester, moufar e solber.*

Moxena. *Pesa máis moxena que feixe de leña.*

Mozolo. *Pote ó lar, mozolo a andar.*

Mulido/-a. *En cama mulida non se gana a vida.*

Muliñeiro. *Xaneiro muliñeiro, nin boa meda nin bo palleiro* ¹⁵⁰.

Muliñeiro. *Xaneiro muliñeiro, nin boa meda nin bon palleiro.*

Murón,-ona. *De xente murona, libreme Díos.*

Naípe. *Cando o gardián xoga ós naípes ¿qué farán os frades?.*

Nebla. *Tantas neblas en xaneiro, como xeadas en maio.*

Nebra. *En San Xoán, nebra e trono non faltarán.*

Nidar. *O páxaro borteiro nida no xaneiro.*

Oitava. *Nas oitavas de Nadal, quen aforra, ben lle vai.*

Onzaneiro/onceneiro. *As augas de febreiro matan o onzaneiro* ¹⁵¹.

Orellán. *Orellán con a aleta aollar, noroeste vay entrar* ¹⁵².

Orzo. *O orzo recóllese no agosto.*

Osmar. *De vello que non osma e de novo que non ve, libéranos Dómine.*

Ouvella. *Ouvella que berra, bocado que perde.*

Pacencia. *A dilixencia non quer priguiza nin quer pacencia.*

Pagarse. *Págase o rei da *treición e non se paga o treidor.*

Panadeira. *Cando a estrela Panadeira vén do lado da terra, boa anada; cando vén do lado do mar, anada mala.*

Pando. *O fillo do lobo ten o bico pando.*

Paneira. *De calquera maneira, o que non teña pan non lle fai falta paneira.*

Paniego. *Home farto non é paniego.*

Papeiro. *Os de Chantada, papeiros* ¹⁵³.

Paritorio. *A muller é millor levántala do paritorio que non da cinza.*

Parraqueiro. *Xaneiro parraqueiro nin boa meda nin bo palleiro* ¹⁵⁴.

Patelo. *Empeza o patelo a aboiar, barrunta néboa ou temporal.*

Patrenco. *Se torce pra dentro é un patrenco.*

Pelello. *Si queres chegar a vello, garda aceite no pelello.*

Pelexo. *Naide mormure de naide, que somos de carne humana, non *hay pelexo de viño que non teña a súa botaina. Pelexo de zorro, inda que sea embulleirado, nunca levou canado* ¹⁵⁵.

Pelingrina. *Pasada a Pelingrina, inverno encima.*

Pendón. *Cando o pan anda no pendón, pra ben granar, ten que o cabalo co frío tembrar. Desde qu'o pan bota o pendón, cal mo emprestes, cal non.*

Peneiro. *Home peneiro, nin meda nin palleiro.*

Pensar. *O que pensa sin cebada, sáelle a burra mal pensada. O que pensa mal, cánsalle a burra no camiño.*

Penzo. *Prá noite de inverno, o allar penzo.*

Peoría. *Marzo marzolo, cabeza de porco: ó mediodía, milloría; á noite, peoría.*

Perdigón. *Os de Orosa, perdigós* ¹⁵⁶.

Pericho. *Un ano de peras e outro de prichos.*

Perrín. *A palabra de amodín vale un perrín.*

Perro. *A *perro vello non hai tus-tus.*

Perueta. *Un ano de piras i-outro de peruetas.*

Petisco. *Os petiscos i-os pallós puxéronse bos: van novos.*

Pívida. *Viva a pita e viva coa súa pívida* ¹⁵⁷.

¹⁴⁹ *Mostada*= cuando el vino está en mosto no se siente porque se bebe mucho y sabe bien

¹⁵⁰ (En paralelos alterna con *batorolleiro*, *verzeiro*, *parraqueiro*. Por tanto significa frondoso, verde, húmido. Por iso se di: *Se ves verdegar, ponte a chorar*).

¹⁵¹ As chuvias de febreiro son moi beneficiosas para a agricultura, por iso malogran os plans dos usureiros; longo *onceneiro* debe significar 'prestamista', quizá do 11%.

¹⁵² Cuando el orellán saca la aleta al sol, sube a la superficie del agua, anuncia noroeste. *Orellán*, falta en los diccionarios gallegos y es un pez de cabeza aplastada, muy parecido a la raya, y que, como ella, busca, de ordinario, relativa profundidad.

¹⁵³ Así les llaman los de Monforte, aludiendo a que en tiempos pasados sólo sembraban maíz, y apenas comían pan que no fuera borona.

¹⁵⁴ En paralelos alterna con *batorolleiro*, *verzeiro*, *muliñeiro*. Por tanto significa frondoso, verde, húmido. Por iso se di: *Se ves verdegar, ponte a chorar*.

¹⁵⁵ E explica que os mullan para que estiren.

¹⁵⁶ Es parroquia metida en el monte, y a ello deben sus habitantes el tópico.

¹⁵⁷ Polo perigo que corre de morrer se se intenta quitalla.

Picandría. *Chuvia do mar e vento da ría, todo se fai unha picandría.*

Picañada. *Bota esterco a picañadas e collerás boas formadas.*

Pichel. *Moscotel non vai ó pichel* ¹⁵⁸.

Pineireiro. *Sete xastres fan un home e sete pineireiros non* ¹⁵⁹.

Pingalaceira. *No ano da pingalaceira, en cada esquina, súa quinquilleira / unha quinquilleira.*

Pingalixar. *Inda non asamos, xa pingalixamos* ¹⁶⁰.

Pintar. *Conforme pinka, quinta, se o cuarto non rebrinca e, se chega á octava, así como empezá acaba.*

Piñeira. *Miña piñeira nova: tres días na espeteira e despois pola borralleira.*

Piolín. *Pescantín de piolín, nunca ningún rico vin.*

Piruleiro. *Frebreiño corto cos seos vinteito e, se máis duraras, non quedaban can nin gato, nin cornos ó carneiro, nin orellas ó piruleiro.*

Polpo. *Se empeza o polpo a flotar, amenza o temporal.*

Pôr. *A pór de cortar, apréndese a capar.*

Porreta. *Febreiro a ferverexar i-as porreñas do pan a medrar.*

Prear. *Cuando a choia choeia, o lobo rodea; *cuando o corvo corvea, o lobo prea.*

Presa. *Cando a presa soa é porque auga leva.*

Presada. *As cereixas e as malas fadas cóllense poucas e veñen a presadas.*

Propingo. *Enterro o domingo, outro propingo.*

Prosmeiro. *A muller prosmeira leva a roca á feira.*

Pulpa. *Xaneiro e febreiro comen ó carneiro a pulpa e marzo leva a culpa* ¹⁶¹.

Querer máis. *Quero máis que me morra a vaca que ver a *xusticia na casa.*

Quinquilleira. *No ano da pingalaceira, en cada esquina, súa quinquilleira / unha quinquilleira. .*

Quitasmobreiros. *Entre compañeiros, nin bos días nin quitasmobreiros.*

Racha. *Maio me molla, maio me encuga, racha de sol, racha de chuvia.*

Ranguear. *O que anda con coxos, si non coxoa, ranmguea.*

Raña. *A cabra da raña canto máis lle rogan máis medra.*

Rebelao. *Os de Carteire, rebelaos.*

Rebolo. *Polo san Tomé (21) colle o rancho polo pé; e, se non está gordo, corre tras da ama co rebolo.*

Recalmada. *Con norte forte ronca a Lanzada, pronto virá a recalmada.*

Récoba. *Non se sabe de quen é a récoba bastra que morre o arrieiro.*

Recompostura. *Non vai na guapura que vai na recompostura.*

Refender. *O que mal esfende e mal refende, todo o ano xeme.*

Regua. *Labrador sin reguas, pan polas silveiras* ¹⁶².

Reña. *Por marido reña e por marido mezguña.*

Relós. *Debe ter o labrador un centinela e un relós.*

Remexedoiro. *Polo san Tomé (21) colle o rancho polo pé; e, se non está gordo, corre tras da ama co remexedoiro.*

Reñas. *As reñas dos amantes empezan o *lunes e acaban o martes. O que anda en reñas e en pleiteadas, non ten en conta as anadas.*

Repuchado. *O que é dado non é repuchado.*

Res. *Do lugar que non ves, non sacarás moita res. Se téis frío, mete os pés na res. En boa boca non hai ruín res.*

Restrebeiro. *Si queres coller millo restrebeiro, bot'o dun salto de carneiro.*

Reter. *O que ten é porque retén* ¹⁶³.

Retorteiro. *O diñeiro traí os homes ó retorteiro.*

Rever. *Reve o cemento, hai mal tempo.*

Reverdear. *En xaneiro súbete ó outeiro: si ves reverdear, ponte a chorar; si ves terrear, ponte a cantar. En xaneiro súbete a outeiro: se ves ou pan marelear, ponte a cantar e, se o ves reverdear, ponte a chorar.*

Revirar. *O branco revira o sol i-o mouro chamo.*

Rexir. *Sábado longo vaite rexindo que mañanciña éche domingo.*

Reyeiro. *Reyeiro na porta, o tempo dá volta* ¹⁶⁴.

Rin. *De burro abaixo non hai máis rin besta* ¹⁶⁵.

¹⁶² (¿Regadeira del millo?)

¹⁶³ *reter*: “aforrar”.

¹⁶⁴ *Reyeiro*= gallegos que antiguamente iban a Asturias un invierno para hacer reyes o cuerdas de cerdas

¹⁶⁵ *rin* por *ruín*, poida que non pase de ser unha errata do que escribiu.

Rinflar. *Comamos, bebamos e rinflemos que ó cabo morrer temos.*

Rocón. *Si chove xoves d'Ascensión, hortas ruís e trigo rocón.*

Rodear. *Cuando a choia choeia, o lobo rodea; *cuando o corvo corvea, o lobo prea.*

Roibez. *Roibeces ó sol posto, mañá andarase enxuito.*

Roibeza. *Roibezas por Villalba, ou vento ou auga.*

Romear. *Cando o borracho romea, o viño no tonel apousa.*

Roño. *Home valente e bola de roño pouco duran.*

Roqueiro. *Os de Fafián, roqueiros*¹⁶⁶.

Rubo/-a . *Cando o río corra pra riba e os carballos dean uvas, han de ser homes de ben aqueles da barba ruba.*

Ruíño. *Pra ruíña feira, corda baleira.*

Runfar. *Con cartos na bolsa calquera runfa.*

Sabadina. **Lúa sabadina, ou chuviosa ou ventosina*¹⁶⁷.

Sabadíño. *Lúa sabadíña, ou chuviosa ou ventosiña.*

Sabido. *Máis vale un “sabido” que un “quén sabe”.*

Sable. *Despois da Ascensión, nin sable nin salmón*¹⁶⁸.

Sacabeira. *A lingua de mel, moitas veces esconde corazón de sacabeira. Si te roe a sacabeira, chama o cura á cabeceira*¹⁶⁹.

Sacapán/secapán. *En maio queima a vella o tallo, i en san Xoán, o secapán (sacapán).*

Salamanca. *Si te morde a salamanca, busca o rodo ca palanca; si te morde o alacrán, busca o cura i-o sancristán; si te morde a donicela, busca camisa prá terra.*

Santoiro. *O santo que non mantén o santoiro non é bon santo.*

Saporela. *Nunca faltou un sapo pra unha saporela / saporella.*

Saranda. *Na miña saranda naide manda.*

Sarnalla. *Chuvia do mar e vento da ría, sarnalla pra todo o día.*

Sazón. *Por san Simón suca, varón, que pasa sazón.*

Sebe. *En xaneiro mete obreiro á sebe e non á parede.*

Seitor. *Seitor sin atadeira é como bolsillo sin faltriqueira*¹⁷⁰.

Semblante. *Semblante do Cavalo, vento sur declarado*¹⁷¹.

Senestro. *Costumbre dun mal maestro fai o fillo senestro.*

Serbal. *Arco de texo e cureña de serbal, cando disparan xa fixeron o mal.*

Silveira. *Cando se pon o sol e no poniente se pon unha silveira, auga segura*¹⁷² .

Sober. *Sober dun ovo calquer galiña pon outro*¹⁷³.

Sobremango. *Todas as ferramentas son boas si o sobremango é bon.*

Soílo. *Non soílo nos anos están os desenganos.*

Soílo/-a. *Unha disgracia nunca vén soíla.*

Sola. *Á porta do xastre todas son tiras, i-a do zapateiro, solas e viras*¹⁷⁴.

Solán. *Vento solán, agua na man.*

Solaño. *Aire solano, tres chos traballa en *vano.*

Solío. *Se a coruxa canta ó xabreiro, colle a capa i-o sombreiro. Se a coruxa canta ó solío, non teñas medo ó frío.*

Solo. *Solo nacen as frieiras nas ruís pernas.*

Sollar. *Ver Orellán.*

Solleirada. *Non hai treboada que non traiga a súa solleirada.*

Solleiro. *Tanto en febreiro no solleiro, tanto en marzo no borralleiro.*

Sonear. *Quen se laia e non come nin sonea, logo dá os fíos á tea.*

Sonso. *O que ten vergonza quedalle a barriga sonsa.*

Sortella. *O gato que non ten máis dunha sortella non sabe se a poña no rabo ou na orella.*

Su. *Como a cabra por su a viña: onde vai a nai, vai a filla.*

Suán. *Aire suan / solán, auga na man.*

Suar. *Quen mal decrúa, non arrenda a súa.*

Subrasar. *O que queira o pote aguantadeiro subráselle o pé traseiro. A ama que non subrasa non goberna casa.*

Sudán. *Aire sudán, agua na man.*

Suguería. *Entoxo de vellos, sugería de nenos.*

¹⁶⁶ Alude a la parroquia de este nombre en el municipio de Sarria, muchos de cuyos habitantes se dedicaban, tiempos atrás, a hacer rucas.

¹⁶⁷ (Asma. Chantada).

¹⁶⁸ *sable*, peixe.

¹⁶⁹ E di que alude a la salamandra

¹⁷⁰ Cada segador, para rendir en su trabajo, ha de llevar detrás quien ate las gavillas

¹⁷¹ *Cavalo* es la punta N.O. de la mayor de las islas Cíes, que cierran la entrada del puerto de Vigo; y el refrán entiende por semblante la excesiva claridad y precisión con que aparece el paraje a que alude. (Saralegui. p.56).

¹⁷² *Silveira* en Carballedo é 'nube negra'

¹⁷³ (Sarria).

¹⁷⁴ (Buciños).

Sursueste. *As gaivotas polo alto a voar, sursueste vai a entrar.* (Sar.-Bayona.).

Taixa/Tasar. *Xornada de mar non é de taixar / tasar.*

Tal hora. *Tal bora, o corazón laia anque a lingua cala.*

Tallo. *Na casa do carpinteiro, tallos de cepo.*

Tanga. *Xa que arden as cangas, quentemos as tangas.*

Tanguer. *O que baila sen tanguer, ou está tolo ou quere ser.*

Tapoiro. *Nunca faltou tolo pra tola nin tapoiro pra ola.*

Tarambollo. *Canto máis fraco é o can, máis tarambollo lle dan / Polo san Miguel (29) quítaselle o tarambollo ós cas e pónselle ós oficias*¹⁷⁵.

Tarasca. *A muller fiadora, deixa a tarasca na molla*¹⁷⁶.

Tempeiro. *Anga de xaneiro todo ano ten tempeiro.*

Terrear. *En xaneiro súbete ó outeiro: si ves reverdear, ponte a chorar; si ves terrear, ponte a cantar.*

Testada. *O que ten testada ó camiño sírvese polo seu eido.*

Tinguir. *Díxolle o pote á tixela: “Vaite de aí que me tingues”.*

Tirulero. *En vez de andar ó tirulero, traballe de vran pró inverno, díxolle a formiga ó merlo.*

Tixela. *Fuxir das tixelas e caer nas brasas non son ventaxas.*

Toitiño. *Tres anos toitiño, tres anos can, e tres lacazán, ebi está a vida dun can.* (Buciños. .

Toledo. *Todos temos un leiro en Toledo*¹⁷⁷.

Tollar. *A auga que fai tollar ós muiños, non é extraño que derrame os camiños.*

Tostós. *Estes mes entra con tostós e sale con roxós*¹⁷⁸.

Tratar. *Tratas e perdes, tamén aprendes. Díxolle o pai ós fillos: nunca andedes a xornal, tratade que, si perdedes, tamén aprendedes.*

Trintena. *Ni muller trintena, nin vaca cotena.*

Trisca. *Mozga que moito se arrisca, ou quer mozo, ou quer trisca.*

Trobo. *Busca outro trobo que neste non enxamias.*

Tronzar. *A miseria, o diaño a tronze.*

Tunar. *Tunes non tunes, non pérda-lo *lunes.*

Turbo. *Maio turbo e San Xoán craro, e témo-lo ben compangado.*

Urraca. *Con tempo e palla ban ir madurando as perras urracas.*

Velar. *O xeito quer xeito; e a vela baí que velala; e o ollo ó leme e a escota na man.*

Veleño. *Home pequeno, fol de veleño.*

Velro. *O que leva a ovella, leva o velro. Si non fora o velro, non marcha a ovella*¹⁷⁹.

Venza. *O que queira ver venza do veciño, venda o que ten e métao en pan cocido*¹⁸⁰.

Verceiro. *Xaneiro xeadeiro, febreiro verceiro, marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro.*

Verdear. *No mes de xaneiro sube ó outeiro: se ves verdear, ponte a chorar e, se ves terrar, ponte a cantar.*

Vestra. *Se como ladras, roeras, xa che cortaran a vestra.*

Vidás. *Si non me estercás, non me levedes os meus vidás.*

Viorta. *Os de Horta, comen o caldo nunba biorta*¹⁸¹, i-os de Torrallo, nun fardallo.

Virviritar. *Santa Bárbara bendita, cando chove, virvirita.*

Vuzo. *A cabra co vuzo/ buzo dá cos cornos no cu*¹⁸².

Xabreiro. *Xaneiro xabreiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro*¹⁸³. *Se a coruxa canta ó xabreiro, colle a capa i-o sombreiro. Se a coruxa canta ó solío, non teñas medo ó frío.*

Xarabandixa. *Xarabandixa picando, a campaniña tocando.*

Xarabandixa. *Xarabandixa picando, a campaniña tocando.*

Xaramago. *Polo mes de Santiago amarela o trigo e o xaramago.*

¹⁷⁵ Alude ó costume de lles poñer un bozo ós cans para que non estraguen o millo, cando se lles pon ós traballadores, é dicir cando se lles suprime a merenda.

¹⁷⁶ *Tarasca* llaman en la comarca de Taboada a la broza que deja el lino y hay que quitarla cuando se hila.

¹⁷⁷ *Toledo*, derivado popular de *toló*.

¹⁷⁸ Novembro entra con Tódolos Santos e remata coa mata do porco

¹⁷⁹ *Belro* (velro) es lana.

¹⁸⁰ *Venza*: “desgracia”.

¹⁸¹ *viorto* en el dicc. de Valladares, y Biorito en el de Carré. Falta la forma femenina que tiene amplio uso en algunas zonas de Galicia.

¹⁸² Aínda que é moi coñecida a forma case canónica *A cabra co vizo...*, e podemos pensar que é erro por *vizo*, dúas veces aparece este refrán coa forma *vuzo* e *buzo*.

¹⁸³ *xabreiro* 'bravo, duro'.

Xarga. *Por sol que faiga, pra ir de camiño non deixe-la xarga*¹⁸⁴.

Xirar. *Moito xira o vello, moito xira e torce o rego.*

Xollo. *Xiada sobre lodo, hasta o xollo.*

Xoncer. *En calzar abarcas e xoncer a molida pásase o día.*

Xunteiro. *Pan xunteiro, fame na casa e no leiro*¹⁸⁵.

Zamaio. *En maio, sal o pulpo do zamaio.*

Zamboca. *Si queres ver a muller morta dálle ca zamboca.*

Zarralleiro. *Tapá a masa mentras o zarralleiro pasa*¹⁸⁶.

Zarrote. *Os bailes son como os zarrotes: o millor non vale nada*¹⁸⁷.

Zarrullo. *Dous zarrullos a un can, algo lle fan*¹⁸⁸.

Zuna. *Mulleres e mulas hai poucas sin zuna*¹⁸⁹.

¹⁸⁴ (pt.: *Por sol que faça não deixes a capa em casa.*

¹⁸⁵ *xunteiro* 'sementado basto'.

¹⁸⁶ *zarralleiro* = *cerralleiro*. Indica el refrán que la masa que usa el cerrajero para obtener los agujeros es de muy poca duración.

¹⁸⁷ *zarrote*: fungo venenoso.

¹⁸⁸ var. *lobos*; pero cast. *potros*

¹⁸⁹ Valladares definea como “Defecto, resabio, siniestro o vicio”. Carré como “mal humor”. E Constantino García como “habilidad que tienen los mulos de encabritarse para conseguir que no los pongan al trabajo”.

1.9.6. Léxico definido entre os refráns

A todo isto aínda lle hai que engadi-lo vocabulario que Vázquez Saco define ou comenta entre os seus refráns ou noutros manuscritos. Poñamos só cinco exemplos da letra *a*:

Adelouciña	<i>Si te roi un alacrán, busca cera e moito pan, e si te roi a adelouciña, buscos inda máis axiña.</i>	<i>Adelouciña</i> , variante de <i>delouciña</i> que tampoco se ha recogido en nuestros Diccionarios.
Afrontar	<i>Costa arriba non me montes, costa abaixo non me afrontes, polo chan non me perdone.</i>	En la Tierra llana se pone en boca del caballo. <i>Afrontar</i> es lo mismo que fatigar, cansar, y en este sentido lo incluye en su Diccionario Carré Alvarelos.
Arrelleirar	<i>Ponse o mar a arrelleirar, vento do sul vai entrar.</i>	Dicen que el mar <i>arrelleira</i> , cuando forma una especie de remolinos, los cuales reputan precursores del viento sur. (Saralegui). <i>Arrelleirar</i> no figura tampoco en los Diccionarios gallegos.
Arroace	<i>Arroace na ría, moita sardiña.</i>	<i>Arroace</i> , variante de arroás (M. Valladares) y arroáz (C. Alvarelos), no registrada en nuestros diccionarios. / <i>Arroace</i> es el delfín, cuya presencia temen nuestros pescadores porque sus saltos son indicio seguro de tormenta y porque ahuyenta la sardina, a la que es muy aficionado. Var. <i>arroaz</i> (Carré, Voc. Im.; Ibáñez, D.E.); <i>arroás</i> (Vall., D.E.) y <i>arruaz</i> (D.E.) Se le llama también <i>golfinho</i> (D.E.), <i>golfin</i> (D.E.).
Atestar	<i>Vara de xesta o demo lla atesta.</i>	Tráelo Iglesia Alvariño (<i>Q.H.Flacci carmina</i>), y explica: <i>Atestar</i> , llenar completamente, venir justo un tapón. De ahí, <i>testo</i> , tapadera. Falta en nuestros Diccionarios.

Todas estas notas, como é lóxico, mantémolas no seu lugar onde axudan a comprender mellor un refrán pero tamén as intercalamos entre as que contén o ms7 e así as reproducimos alfabetizadas no apéndice de Vocabulario (2.4.6.) ó que remitimos. Coidamos que estas notas léxicas danlle ó traballo de Vázquez Saco unha riqueza suplementaria.

1.9.7. Diglosia: intervención do castelán ou do latín no refraneiro

Máis en diante, no apartado 1.13 falaremos do contrabando de refráns. Polo de agora querémonos referir só a presenza doutras linguas no refraneiro por efecto da diglosia.

O contacto de linguas nun mesmo territorio case sempre se estabiliza no reparto de funcións. Historicamente en Galicia o mundo relixioso foi un dos máis colonizados, ó impoñe-la coroa de Castela e despois de España que a maioría dos bispos e mailos abades e abadesas de mosteiros fosen non galegos. Aínda que a xente espontaneamente rezou en galego, as oracións aprendidas e os ritos litúrxicos estiveron sempre en latín ou en castelán.

Isto produciu, entre outras cousas, o fenómeno curioso de que cando Deus, os santos ou o demo interveñen nos contos galegos de tradición oral, interveñen en castelán e que o propio nome latino e galego de Deus queda suplantado polo castelanismo *Dios*. Nalgúns casos esta palabra xa estaba na base da creación dun refrán inequivocamente galego, coma este *O tempo dáo Dios e as horas facémolas nós*.

Este feito dá lugar a refráns híbridos nos que precisamente a palabra *Dios* produce unha alteración do resto do refrán por rima ou mesmo por cambio de lingua. Vexamos algúns: *Xaneiro xadeiro, febreiro verceiro, marzo ventoso, abril chuvinoso, maio pardo e San Xan claro, co'axuda de Dios, vale máis que su mula y su carro. Pan de millo, pan de Dios, de una miga se hacen dos* ¹⁹⁰. O catecismo fala de que Deus, único, preséntasenos de tres maneiras ou como 'tres persoas': convertendo iso en metáfora nace o refrán *Do nabo sale a nabiza, da nabiza sale o grelo, son tres personas distintas y-un solo Dios verdadero*. Como se ve, a segunda parte do refrán, subliñada, está en castelán e está tirada literalmente do Catecismo, que en Galicia os bispos nunca ata hai pouco quixeron ofrecer máis ca en castelán. Este refrán aparece noutros refraneiros como *Nabo, nabiza e grelo, trindade do galego*: unha formulación máis breve e máis enxebre pero coa mesma metáfora.

Pero aparece *Deus* en *¡Ai, meu Deus! Estes picariños son fillos meus*.

Son tamén frecuentes neste *Refraneiro* as paremias con palabras latinas ou galegas procedentes da liturxia ou da Biblia. Vexamos algúns.

Memento mei, Deus, quia ventus est, daca os cartos e toma os papés ¹⁹¹. *Mentras o home pode, deixarlle a corda solta e, se non podemos, kyrie eleison i-oremos* ¹⁹². *Tibi aras, tibi ocas, pra ti son as mazarocas* ¹⁹³. *Na terra, amén, amén, o que non traballa non come*. Moitos "améns" chegan ó ceo ¹⁹⁴. *Ás virxes, salves: ós santos, credos, i-os cartos, quedos*. Muller da Balura e de Lugo home, *libéranos Domine*. *De vello que non osma e novo que non vé, libera nos, Dómine*. *De muller porca e riseira e d'home que gasta corsé, libera me Domine* ¹⁹⁵. *Sea santo que fore, ora pro nobis*. Santa María, *ora pro nobes*, cantan os cregos e enchen os foles ¹⁹⁶.

Nalgúns casos aínda se atopan ecos da forma latina medieval, como son os refráns que traducen a loc. latina *ante missam* por *ante misa* ou *antes a misa* (*Chove o domingo antes a misa, toda a semana cambeando a camisa. Cando o sábado chove e o domingo ante misa, pola semana adiante verás qué risa. Se chove o domingo antes misa, toda semana mollarás a camisa*). *Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos e en Pascuas estamos* enumera as semanas da Coresma e Paixón e *Aquí morreu*

¹⁹⁰ Deste último comenta: 'Refrán bilingüe, con el que no todos estarán conformes, como indican los siguientes: *A falta de pan, cómese bica; A falta de pan, boa é a bola de millo*'.

¹⁹¹ As palabras latinas significan 'Lémbrete de min, Deus, que [a miña vida] é un vento'. É o inicio dun responso de defuntos.

¹⁹² As dúas primeiras son palabras gregas da misa que significan 'Señor, ten piedade'. *Oremos* é invitación frecuente na liturxia.

¹⁹³ O texto orixinal latino completo é *Tibi aras, tibi ocas, tibi seris: tibi item metes, / tibi denique iste pariet laetitiam labos*. Son os bos consellos que lle daba un pai ó seu fillo Carino na comedia *Mercator* de Plauto. A tradución galega é esta: 'Labras para ti, sachas para ti, sementas para ti, para ti tamén segarás: ó final este labor parirá alegría para ti'. Como se ve o refrán galego condensa ben a mensaxe do distico latino.

¹⁹⁴ *Amén* é palabra hebrea que significa 'Deus queira que sexa así' ou 'Así mesmo é'.

¹⁹⁵ Significan 'Libranos, Señor' ou 'Librame, Señor': eran as respostas do pobo ás ladañas que se cantaban nas rogativas para pedir un tempo que favorecese a produción de alimentos.

¹⁹⁶ Significan 'roga por nós' e eran as respostas do pobo ás ladañas que se rezaban no rosario ou que se cantaban nas rogativas.

Sansón con tódolos filisteos é unha paráfrase do versículo bíblico (*Xuíces* 16,30) no que se narra como Sansón morreu matando o máis selecto da sociedade filisteia.

Nin faltan exemplos dese crioulo, híbrido de galego e latín, que se chama *latín macarrónico*: *Sacristán que vende cera e non ten o colmear, rapaverum, furtaverum as veliñas do altar* ou *Sacristán que vende cera y no tiene colmenar, rapio rapis del altar*, onde se emulan as formas de perfecto da conxugación latina, aínda que deberían ser, se existisen, *rapaverunt, furtaverunt* ou o enunciado do verbo *rapio*. Outro refrán con latín macarrónico é *Fumantibus e non comprantibus chámanse caloteantibus* que aproveita un latín *fumantibus* e que inventa uns supostos *comprantibus* e *caloteantibus* co significado de 'os que fuman', 'os que non mercan' e 'os que meten calote ou estafan'. Por último, *Engrole, engrole, enterralo que é probe*: este emula as palabras latinas incomprendibles para a maior parte da parroquia dos responsos latinos de defuntos. *A necesidade ten cara de herexe*: eis outro refrán, que segundo comenta V. Saco, citando a Sbarbi, pode ser unha tradución macarrónica do latín *Necessitas caret lege* ('a necesidade carece de lei'). *Decires ó tuntún non teñen logranza* ¹⁹⁷.

Finalmente, hai casos nos que un refrán utiliza unha palabra castelá imposta pola diglosia epigráfica. É o caso de *O que con loucura nace, con ela yace*. A diglosia impuxo o uso do castelán nas lápidas funerarias (sendo aínda hoxe moi minoritarias as lápidas en galego) e nelas o epitafio case sempre empeza por *Áquí yace* o que acabou por borrar da memoria de moita xente a forma galega *xaz*. Caso semellante é o cambio de *Balla* por *Eulalia* que mesmo rompe a rima en *Por santa Eulalia, trompos á borralla*.

1.9.8. Toponimia deturpada

Unha das cousas que mellor fan ve-lo camiño andado dende que temos autonomía é a estranxeza que nos produce ver por escrito o estado en que utilizaba a toponimia mesmo unha persoa galeguista coma Vázquez Saco. Unha secular política de exterminio da lingua galega impuxera unha castelanización sistemática da nosa toponimia que, se non era porcentualmente alta, era intencionalmente moi agresiva. Poñer un *y*, un *g* ou un *j* na nosa toponimia considerábase un acto de afirmación política e, por iso mesmo, a mediados do século XX utiliza-la toponimia galega correcta tiña o seu risco ademais de contradición único nome que figuraba inequivocamente en todo tipo de documentación oficial.

O *-i* final era case sempre *-y* (*Otero de Rey, Palas de Rey, Neira de Rey, Silvarrey, Monterrey, Donalbay, Caroy, Paraday, Guimarey, Forcarey*). Este *y* aparecía en nomes de lugares como *Bayona* e *Noya*. Fuxindo das palatais galegas, naceron formas antietimolóxicas coma *Cereijo, Ameijeiras, Tejeiro, Breija* e probablemente *Choreje* ou aproveitábanse grafías arcaicas que ignoraban que o galego, coma calquera outra lingua, actualizara co paso dos séculos a súa

¹⁹⁷ Esta expresión parece que era *ó vultuntún* e tense dito que procede doutro sintagma latino (opaco para a maior parte da xente) que tiña algunha frecuencia na liturxia en latín, o salmo 26,8-9: *Tibi dixit cor meum: Quesivi vultum tuum; vultum tuum, Domine, requiram* ('O meu corazón díxome: 'Busquei o teu rostro, Señor, o teu rostro, Señor, pescudarei'). E tamén en *Vultum tuum deprecabuntur omnes divites plebis* (do salmo 44,13) que se introduciu na liturxia en honor de María e tivo moita presenza na música gregoriana e polifónica. Pero, se do latín *vultum tuum* oído na liturxia non hai problema en que o pobo cree a locución *ó vultuntún*, a hipótese, para saír certa, aínda terá que explicar como ese latinorio puido asumi-lo significado de 'ó chou, de calquera maneira' que certamente non había no sintagma latino.

ortografía (*Sangenjo, Serantes de Lage, Santa Eugenia de Asma*). A ansia de impoñer na documentación oficial e nos letrados unha toponimia castelá, polo menos na aparencia, levou a traducir aqueles sufixos ou palabras que unha persoa foránea de poucas letras comprendía tendo que deixar en galego, afortunadamente, o que lle resulta opaco: así naceron formas híbridas coma *La Coruña, Carballino, Valle del Mao, Puertomarín* ou traducíuse o topónimo enteiro coma en *Otero de Rey, Los Nogales* e *Villanueva* ¹⁹⁸. Por suposto, *Orense*. Sempre escribe *Cotovad*, que tamén parece antietimolóxico. O máis hilarante é ver *Baralla* convertido en *Baraja* e a *Terra Cha* en *Tierra Llana*.

Que os topónimos aparezan aquí deturpados indica simplemente que Vázquez Saco, home comprometido coa cultura galega, era fillo do seu tempo e temos que evitar facer xuízos anacrónicos. Aínda que hoxe nos resulte estridente le-la nosa toponimia tan deturpada, coidamos que normalizala sería falsear un dos datos que evidencian a época en que escribe V. Saco. Véxase, con todo, o que dixemos en 1.8.3.7. Obviamente, cando facemos nós a localización, e isto serve de referencia, a toponimia vai actualizada (Forcarei, Laiosa etc.)

1.10. O estilo e a creatividade no refraneiro

Tense recoñecido moitas veces a riqueza das mensaxes dos refráns. Pero non se repara abondo na riqueza estilística en que van envoltas esas mensaxes. Daría para unha tese de doutoramento e só queremos insinuar algúns pequenos elementos.

Nos refráns encontramos aliteracións ¹⁹⁹, metonimias e sinédoques ²⁰⁰, antíteses ²⁰¹. Hai un gusto especial pola metáfora que produce unha suave encriptación da mensaxe ²⁰² ou polo eufemismo ²⁰³. Outras veces xógase coa polisemia ²⁰⁴.

¹⁹⁸ Hai outros casos nos que a toponimia que usa non cadra coa actual, así cando escribe *S. Pedro de Orrios (Caurel)* que hoxe é *S. Pedro de Hórreos (Folgoso do Courel)*.

¹⁹⁹ *Quen diño frade, diño fraude. Si comeras como comes, non comerías como comes. Se non comeras como comiches, non comías como comes* (Alusión a quen se excede durante anos na comida e agora, para sobrevivir, ten que andar a caldos limpos). *Non fagas trampas, trampán, que as trampas trampas tran. Si Nadal nada, señal de boa anada.*

²⁰⁰ *Cereixo e castiñeiro, o munxe vale carreiro* (os mellores munxes son os dos meses de xuño e xullo, tempo das cereixas, e os de novembro e decembro, tempo das castañas). *Da zreira ó cimón, ben che vai, piñón; do cimón á zreira, tu me dara-la queixa* (zreira aquí está por mes de xuño e cimón por decembro). *Non hay cocho gordo que non lle chegu'o seu samartín.*

²⁰¹ *A soberbia está nos probes, e nos ricos a cobiza. A galiña polo bico pon. O leite da vaca sale do muiño pra casa. Si podes pouco, non te enfades moito. O que non ten nada, algo lle é bon. O que herda os bes, herda os males tamén. O que ten unha boa muller e a perde, non sabe o que gana. O que ventura lle falta, súballe vida. Rapaz que vela e vello que dorme, sinal é de morte. Dispacio pensa e obra á presa.*

²⁰² *Non hai cartos coma os que van polo seu pe á feira* (V. Saco comenta 'El fruto sobrante dásele al ganado, que es el mejor dinero' e presenta unha variante *Non hai cartos como os da corda*; e lembremos que *A fame nas casas entra polas cuerdas*). *A galiña polo bico pon. O leite da vaca sale do muiño pra casa. Se queres que o caldo che *salga bon, reméxeo con lacón. O porco, pra ser bo, tantos anos como pes. Carne da saqueta, que a coma quen a meta* (alude ós embutidos). *Coa cuchara que escollas, con ela comerás* (aplicano á elección de parella no matrimonio). *A reixa de San Xoán, moitos a saben e poucos o dan* (reixa aquí está por arada feita coa rella do arado). *Día de marzo entra rindo e sai chorando* (pola mañá cariña de rosa; pola tarde, cara de can). *Pitos i-estudiantes nacen moitos pero ó puleiro suben poucos* (bonita forma de enuncia-lo filtro social que representa o ensino académico). *O que ben oie, entre moita palla un grao recolle. Busca outro trobo que neste non enxamias. Non che digo que te vistas pero abí tes a roupa. Tres meses o quitan e tres meses o dan: abril, maio e san Xoán. Tres meses son de seca: maio, san Xoán e sega. Ata o corenta de maio non quite-lo saio e, se es de Lugo, ata o trinta de xuño/xullo. O que mira prás estrelas moito pode aprender delas, pero o que prás estrelas mira non traerá moi farta a barriga* (paralelo de Home moi lleiro, pouca meda e pouco palleiro). *As sogras i-as patacas danse moi ben baixo da terra. Debes ter pacencia, que en todo pinar nace un pino torto.*

²⁰³ *Muller con oito fillos e sin marido será o que non digo.*

²⁰⁴ *Fun ás cobras e salíronme lagartos* (V. Saco explica que 'Fui a cobrar mis cuentas y no logré mi propósito'). *O que pensa e pensa mal ten o gado fraco* (pensar é, primeiro, 'dar penso, alimentar os animais' pero tamén é 'cavilar, desconfiar': co que o refrán inicialmente gandeiro ten unha segunda mensaxe na que te-lo gado fraco se converte en metáfora de 'sacar malos resultados das propias accións').

Pero hai máis. Moitas veces xógase coas onomatopeas coma neste que non entendía Rodríguez Marín *Cando a xesta fai tris-tras, busca muller que a terás* ²⁰⁵. Ou ponse en práctica o valor intensivo da repetición ²⁰⁶ e practícanse xogos gramaticais ²⁰⁷, léxicos ²⁰⁸ e métricos: coa métrica xógase tanto, que se podía facer un repertorio de metros e estrofas co refraneiro, no que non habían faltar tetrámetros catalécticos e dísticos diversos con ritmo dactílico, trocaico ou iámbico ²⁰⁹.

1.10.1. A creatividade en textos fixados

Pero hai algo no que queremos reparar. Un dos elementos distintivos de toda unidade fraseolóxica é a fixación. Un refrán corre de boca en boca nunha forma canónica e esa fixación é esencial para a súa difusión.

Pero Valerii Mokienko demostrounos que esa fixación está en posición dialéctica coa mobilidade: por baixo desa fixación e desa forma canónica consabida conviven e corren moitas variantes. Hai mesmo manipulacións dun refrán. Isto é tanto máis visible cantos máis exemplares recollemos dun mesmo refrán. E cando analizámo-las variantes, empezamos a descubrir unha sorprendente mobilidade por obra da creatividade popular anónima. Esa creatividade dáse fundamentalmente na deformación de palabras, que orixinan formas que non adoitan estar recollidas nos dicionarios e que só aparecen nunha variante dun refrán ²¹⁰. O refraneiro de Vázquez Saco ofrece múltiples exemplos desa creatividade popular e anónima. Imos poñer aquí unicamente exemplos de palabras que empezan pola letra eme.

²⁰⁵ R. Marín di non saber que *tras, tras* é este e parécelle que se refire á primavera. Pero a cousa é evidente. Nos días de calor intensa de fins de xuño e primeiros de xullo onde hai xestas escóitase precisamente ese continuo *tris-tras*. Véxanse algúns outros casos. *Cotoluvía / Cotulivía, vía, vía*; canto máis alta, máis asubía (o refrán imita o canto da aves). *As gaivotas ¡clo, clo!* a cantar, norte duro vai a entrar. *Cando a ovella mea, non come herba*. Día de Corpus, miña comadre, pásache o *touporroutou* pola *calle. Máis vale *din* de moeda que don sin renda. Gardate de auga que non corra e de gato que non *mía*. O gato máis *miador* non é o máis cazador. O gato máis *miañador* non é o máis cazador. Polo San Tomé dalle ó cocho polo pé; si dice *cué cué*, dille que tempo é.

²⁰⁶ *Cando chove moito moito, sinal que ba escampar logo logo*. Si xea a noite de Nosa Señora, tódalas lúas xean, todas todas.

²⁰⁷ *Non te metas en dibú nin en cousas que non entendas: pasar por alto é cordú*. Se os doos con pan son bos, con diñeiro son rebús. Unha vez non son veces. Unha vez non son veces, a primeira perdónaselle a calquera. Non é porque asubías senón porque asubiaches. Tanto é “Xan, velas” coma “velas, Xan”. Silabario de sete letras: onde non te chaman, non te metas.

²⁰⁸ *Tanto ten tanto como “tanto ten”*. Un non é ningún e dous son un (Este último, oímolo no enterro dun neno fillo único co posterior comentario aclaratorio de que uns pais teñen que ter sempre, polo menos, dous fillos, para que, en caso de desgraza, sempre lles quede un).

²⁰⁹ *Porto catino levanta ruído*. Por san Pedro, collar no centeo. Polo Pilar os nabos, na terra; e o viño, a emasar. Tente nube, tente tu, que Dios manda máis que *tu Moza que maza-lo leite na cántara nova, moita manteiga, proveito da dona. Si fas algún ben que grande non fora, fainos máis grandes, que o ben nunca sobra.

²¹⁰ A riqueza dialectal triunfa pola súa versatilidad no refraneiro. Pénsese, coma tal, no ben que lle acae un dialectalismo a este refrán castelán para redondea-la rima: *Machacar en hierro frío, tiempo y trabajo perdío*.

Madrugadín. *Sol madrugadín, muller que lee latín, e mula que diga "bin", todo ten mal fin.*

Magarzo. *Marzo, magarzo.*

Maiolo. *Maio, maiolo e maio tolo son tres. Maio, maiolo, maio todo. Maio, maiolo é un mes que vén sólo. Maio maiolo, i-o pior é outro mes que vén logo.*

Marcelino. *Pascua marcelina, fame canina.*

Marcial. *Pascuas marciales, fames ou mortalidades.*

Marzán. *Marzo marzán, pola mañán cara de can e pola tarde Xan Barrigan. Marzo marzán, á mañá morre a ovella i-á noite enxamia a abella.*

Marceador. *Marzo marceador, de noite auga e de día sol.*

Marceano. *Dille o pastor a marzo: 'Marzo, marceano, xa non che teño medo que me comas o rebaño'. Contesta marzo: 'Cala a boca, que catro días que me faltan e dous que lle pida a abril, hémosche poñer a boca a parir'.*

Marcego . *Marzo marcego, eu non che teño medo*

Marceiro. *Marzo marceiro, ten man do sombreiro.*

Marcelo. *Marzo, marcelo, xa che non temo.*

Marcexo. *Marzo marcexo, co seu rabexo, pola mañán, cariña de can; ó mediodía, mellor o faría; e pola noite verán parecía.*

Marcexán. *Marcíño marcexán: pola mañán, cara de can; ás doce, sol da raíña; e á noite pela como unha fouciña.*

Marcisco. *Marzo marcisco, algúns días, corisco.*

Marqueta. *('Día de san Marcos' 25 de abril). Verémo-la marqueta, a cruceta i-a zonzoneta*

Marquete. *Marquete, crucete e Miguelete*

Marzola. *Marzo marzola, torbón e rayola.*

Marzolo. *Marzolo marzolo, trobón e raiolo.*

Marzoco. *Marzo marzoco, cara de porco; a mediodía mellor o facía; polo sarao, cara de vrao.*

Mazorco. *Marzo, mazorco, cara de porco; ó mediodía fai melloría i-á noite, empeoría.*

Menós. *Bes de menós, bes de ladrós. F.V. Saco di que menós é apócope de menores, e explica que os bens herdados por menores acaban nas mans de titores e administradores.*

Mentidoiro. *Vai a muller ó lavadoiro, vai ó mentidoiro.*

Merendote. *Pasado san Roque, non hai sesta nin merendote. Eran bos os merendotes, se non foran os escotes.*

Miguelete *('Día da aparición de san Miguel', 8 de maio). Marquete, crucete e Miguelete. Son os tres días máis perigosos para a viña porque adoitan caer xiadas.*

Mouchear. *Cando o moucho mouchea, nin chove nin xea.*

1.10.2. O interese das variantes

Relacionado tanxencialmente coa creatividade está o feito de variantes que poden parecer froito dunha errata ou dunha pequena interferencia na transmisión. Collámo-lo refrán *Na terra dos cegos o torto é rei*, que é paneuropeo e que xa corría en latín (*In terra caecorum monoculus rex* / *Beati monoculi in terra caecorum*). Con retoques case imperceptibles este refrán pasa a dicir outra cousa. *Na terra dos tontos o que ten ollo é rei*. *Na terra dos cegos un tonto é un rei*. Parecería que *tonto* é unha errata por *torto*. Pero os textos que manexamos están ben claros e son fiables. Non hai confusión. As variantes son mínimas, pero no segundo caso non se di *ter un ollo* senón que se usa a locución *ter ollo*, que significa “andar con cautela, precaverse”; polo tanto, estoutros refráns opoñen a precaución ó descoido ou negligencia. No terceiro caso valórase como máis grave a cegueira cá negligencia. Nos tres casos faise unha gradación de diferentes defectos, considerando un máis grave cós outros, pero nos dous últimos refráns o defecto que se compara á cegueira é a negligencia, a falta de perspicacia e a de atención ás cousas. Vemos, logo, que un refrán paneuropeo pode convivir con variantes léxicas creadas en Galicia.

Vamos a outro caso. Hai moitos refráns que aconsellan mira-la fase da lúa para o bo resultado de moitos traballos agrícolas. Pero todo exceso é malo e por iso hai un refrán ben coñecido que avisa que *Home lumeiro, nin boa media nin bo palleiro*. Ben, pois encontramos unha variante que di *Home lumeiro, nin boa media nin bo palleiro*. A nosa primeira impresión é que se trata dunha errata (*lumeiro* por *luneiro*), pero esa variante case imperceptible, dá lugar a unha mensaxe distinta: *lumeiro* “home que está sempre á beira do lume”, é dicir, home lacazán. A mensaxe é nova.

Así que as variantes, por pequenas que sexan, teñen todas o seu interese, porque, ofrecendo mensaxes novas, poñen á luz a creatividade popular por baixo dunha fórmula fixada e consabida.

1.10.3. Xogos ou observacións lingüísticas

Por veces os propios refráns conteñen un epíteto que advirte da súa solidez conceptual (*vello, verdadeiro, da terra e do ceo*) coma nestes casos: *Refrán da terra e do ceo: inferno e avaricia nunca é cheo*. *O refrán máis verdadeiro é que o que ten ansia non dorme*. *Di un vello refrán que alá se van os ollos onde está a vontade*. Vázquez Saco recolle mesmo un refrán que é unha observación estritamente fraseolóxica: *O dito, se non é agudo, non vale un pito*.

E hai outros que son verdadeiras observacións dialectolóxicas (*De lugar a lugar, diferente falar*) ou xogos lingüísticos coa sufixación (*Non é o mesmo comer que comichar. Vale máis caer en gracia ca ser gracioso*) ou coa segmentación e a orde das palabras (*Non é o mesmo ser ocurrente que rente ó cu. Tanto é “Xan, velas” coma “velas, Xan”*). *Non é o mesmo ter libros de conta que conta de libros*. *Non é o mesmo pasar a Pena da Marola que ver a Marola con pena*. *Non é o mesmo comprar un traxe negro, que verse negro pra comprar o traxe*). Nalgún caso ofrécense etimoloxías toponímicas populares coma este de Bueu: *Na praia de Lapamán colles lapas coa man*.

Hai incluso xogos psicolingüísticos nun contexto de linguas en contacto desigual, coma este *Mucha camisa blanca, mucha parola, pucheiriños a ferver con auga sola*, no que o uso de palabras castelás parece intencionado para criticar a que aparenta ser máis do que é, xa que entre nós esta actitude vai asociada ó uso do castelán como mecanismo de ascenso social.

Entre os xogos lingüísticos que recolle V. Saco estaría este refrán: *As máquenas sonche macanas*. Parece haber tamén algún tipo de xogo lingüístico no refrán *Silabario de sete letras: onde non te chaman, non te metas*. Pero temos que excluír que o sete se refira ó número material das letras porque *onde non te chaman non te metas* non ten sete senón nove letras distintas (e iso se considerámo-lo dígrafo *ch* como unha letra) e tampouco é posible interpretalo como un refrán importado do castelán, porque habería un problema semellante. Poida, logo, que o número sete teña aí o valor tradicional de plenitude ou algo así. E, finalmente, vexamos estoutro: *Dime con que(n) andas e compareiche unhas zocas/ pondreiche medias suelas*, que é unha reelaboración humorística de *Dime con quen andas e direiche quen es*.

1.10.4. Dialoxismos e paremias dialogadas

Cando a un refrán se lle quita, por consabida a indicación de quen fala, o refrán vólvese enigmático. Cando oímos *Bótame na lama e de min non verás nada. Bótame no polvo, e de min verás logro*, preguntámonos quen fala. O refrán sería definitivamente enigmático se non conservasemos unha forma dialóxica que nos di que está a fala-lo cento: *Cando o pan falaba decía: Bótame no polvo e de min non teñas dolo*. Ben, pois unha das riquezas deste *Refraneiro* son as súas máis de 250 unidades dialóxicas que van como apéndice despois do *Refraneiro*. Guiados por elas, en refráns que xa eran opacos para quen non ten memoria propia da tradición oral rural e mariñeira, sabemos quen fala en expresións que están en moitos refranceiros sen que en tódolos casos o lector urbano saiba xa a quen referir esa paremia.

1.10.5. Creatividade e obsolescencia

Pero a creatividade é multiforme. Véxase esta paremia política recollida por Perfecto Lens Fraga en San Vicente de Rial (Val do Dubra) *Cando estaba Azaña, había pan blanco en España; veu Mola e púxose a cola; agora que chegou Franco, nin negro nin blanco*. O carácter efémero da política fai que este tipo de refráns queden axiña obsoletos. Pero a obsolescencia afecta tamén a outras cousas máis perennes. O refrán *Mal lle vai ó pescador cando ten que ir ó marisco* é dunha época en que o marisco, que non mantén, era comida de pobres e mesmo se dicía despectivamente dunha persoa fraca que *estaba mantida a ostras*. Ou estoutro *Hai que empezar coa sardiña pra acabar con galiña*, que V. Saco comenta así: *Así se decía cuando la sardina era comida por los pobres. Recomienda la modestia y aborro para llegar a algo* ²¹¹.

²¹¹ V. Saco non chegou a vivir a obsolescencia destoutro *Se a descasarse tocaran xéntos se descasaran!*

1.11. A doutrina do refraneiro

Tense dito moitas veces que os refráns son *evanxélicos pequenos* porque condensan en píldoras milenios de observacións sobre a natureza vexetal ou animal e sobre a conducta e mailas paixóns do ser humano. Non imos entrar agora en cuestións interesantes e debatidas, coma tal o antifeminismo do refraneiro, que en España abordou M^a Ángeles Calero Fernández (CALERO 1990), nin en se a doutrina paremiolóxica defende os intereses dos humildes ou dos señores, da ciencia ou da rutina. Hai aí campo para longos debates, coma xa se dixo (FERRO 2002: 13-17).

1.11.1. Triunfo do sentido común, a fina observación e o humor

Queremos unicamente salientar algúns aspectos que nos chamaron a atención debullando os milleiros de refráns recollidos por Vázquez Saco. Coma tal o triunfo do sentido común:

*Home moi luneiro, nin boa meda nin bo palleiro. As Candeas, que ría que cante, hai inverno para atrás e pra diante. A onde has d'ir non vale fuxir. Onde vexas orellas, cebada; e onde vexas corpo, carga. Non *seamos tan calvos que se nos vexan os sesos. O que moito fala, a súa boca luxa. O que non chora, non mama. Quen mal anda, mal acaba. Quéntate co traballo e non co lume do carballo. Non mexa na porta da igrexa e faino no altar maior. Fume, goteira e muller barreadeira, botan o home da casa pra eira ²¹². Se o soldado anda ás puntas, o cabo ás preguntas i-o *sargento a canto estamos de mes, mui mal andamos os tres. Coa cuchara que escollas, con ela comerás ²¹³.*

Tamén sorprende a agudeza de moitas observacións simples coma estas:

*A soberbia está nos probes, e nos ricos a cobiza. Non pon a galiña, que pon a fariña. A galiña polo bico pon. O cocho non se lle dá, que se lle empresta. O can, no seu palleiro, é moita xente. O can ladra moito cando está no seu cortello. A ovella deixa a la na silveira. Foise o paxaro e quedaron as plumas. O pan no chao i as patacas nas costas. O que perden as ovellas leva a choca nas orellas. Fillo roubado, pai semellado. Se estrala o lume no lar, señal de vento. Cando oías treboar, apaga o lume no teu lar. N'hai *boda pobre nin mortuorio rico. Antes faltarán as bágoas que coitas pra choralas. Cando chove e mais fai sol, nin fai sol, nin chove ²¹⁴. Cando un morre debera nacer. Non hay ninguén tan vello que non pense durar un ano máis. De quen pon os ollos no chan non te fíes: man por man. Traballa fondo canto queiras, a non ser en terras lixeiras. Canto máis alta é a torre, máis dan os raios nela. O que fala mal de todos, de todos é mal falado. Miña piñeira nova: tres días na espeteira e dispois pola borralleira. Fume baixo, *señal de auga. Á figueira sin figos non veñen merlos. O peto quer beber nas follas e por eso tanta *prisa ten. Cada ruín quere entrar na danza coa súa mudanza. Da noite prá mañán aparece un home sin pan. Nunha hora caise a casa. A paus naide é bon. O que non é bon por razóns, menos é por paus. Un día de fame non é fame. Naide está máis orgulloso c'on pobre farto de pan.*

O refraneiro observa con moita atención a natureza, como se ve nos seguintes:

²¹² V.S. explica que *Lo que el gallego atribuye a la mujer "barredeira", lo aplican los demás a la brava y parlanchina. Entendemos por "barredeira", la que tiene la obsesión de la escoba, que no la deja un minuto del día; no la mujer limpia y aseada, que queda siempre en buen lugar en la paremiología de Galicia.*

²¹³ Lo aplican a la elección en el matrimonio.

²¹⁴ *Cando chove, vai sol e canta o cuco, vai o pan ó suco. Cando chove e fai sol, tá o demo metido nun fol.*

*Telarañas polo aire, vento ao mar. Cando as estrelas non latexan, logo as nubes gotexan. Según vexas o vintasete, así verás o mes seguinte; si o vintanove no desmente. Ó luar de xaneiro cóntase o diñeiro. Ca lúa de xaneiro vese a formiga polo carreiro. Cua luna de xaneiro vese a formiga no carreiro. Non hai amor como primeiro, nin luar como en xaneiro nin refrán máis verdadeiro. A millor salsa do mundo é a fame. Porto cativo levanta ruído. O que queira probe ser queime leña verde e pan fresco ha de comer. O verán é a manta dos pobres. Os pobres da auga fan caldo. Pobre á festa convidado, non esperes contestado. O home i-a muller fan as papas na culler ²¹⁵. Unba mancha de amora con outra verde se quita. Froita que pronto madura, pouco dura. Cando o corvo se acerca, hai carne fresca. Un árbore córtase nunha hora e non se cría en vinte anos. A vara delgada non rompe óso nin costela pero, donde cae, pela. Cando a morte chega, de nada val ter moeda. En dúas cousas somos iguais: en nacer i-en morrer. Sempre o cocho ruín ha de encontrar a castaña boa. As amistades vellas, vai o demo de padriño. Deixa que comer e non deixes que facer. Onde hai fume hai lume. O que non viu, que non vexa. O que se pon á goteira, recibe *doble molleira. Ovella que berra, bocado que perde. Sempre romp'a corda polo máis delgado. Á porta do rezador non botes trigo a secar ó sol pero, á porta do que non reza nada, non botes trigo nin cebada.*

Tamén condensa o refranciro a actitude de humorística distancia da miseria propia e da grandeza allea:

*O galego bastra é probe en pedir. Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había quen o mandara á merda. Nunca un burro morreu calvo. Do lugar de Miranda calquera manda. Non lle teñas medo ó can cando abre a boca, senón cando a cerra. Morran outros e vivamos e con saúde os enterremos. Tu cala a boca e non digas nada, que as túas verdades son parentes das miñas mentiras. Se ves un home que lle falta un botón da camisa, é solteiro; pero si lle faltan dous, é casado. Un médico, cura; dous, *dudan; e tres, morte segura. Ben sabe o burro cando é día de misa. Dixo o que caíu do burro: “Xa me quería baixar”. Canto máis choras, máis alargas ²¹⁶. Déixao chorar: canto máis chora, menos ten que mexar. Estamos no tempo dos tres irmaus: mocos, piollos e fregar as maus /O tempo dos dous irmaus, no que se limpa o moco e se sopran as maus. Remenda o teu saio e durarache máis un ano, vólveo remendar, que che volverá durar. Por Santa Inés, chuvia unha *sola ves ²¹⁷. En Canedo, anque se morra en agosto, entérrase en San Xoán ²¹⁸. En Monforte ningún bebe na bodega sin que teñan mau del polas orellas. O viño de Portomarin é viño de tres homes: un pra botalo, outro pra bebelo i-outro pra ter conta de quen o bebe. ¿Está chovendo? Bo día pra facer familia. Que lugar tan santo; antes de pedir, xa dan. Muller con oito fillos e sin marido será o que non digo. Beber rubio e mexar claro, algo queda. Si comes mañán, non morres hoxe. Madia levaba eu a chamarlle ó fouciño cousa torta ²¹⁹. Dios nos libre de morte de fouce, que a de machado non é boa. Dios nos amañeza con sete buratos na cabeza ²²⁰. Curri, curri, xa pararás ²²¹. Chove, chove, que che hei de dar unha galiña podre. Mentras andamos unbos por ond'os outros, ben nos vai. Non mexa na porta da aigresia e faino no altar maior ²²². O fume da miña chimenea acerta sempre o tempo: ou chover ou nevar, ou facer sol*

²¹⁵ Indica que el matrimonio fácilmente se arregla; no así cuando hay alguien ajeno en casa.

²¹⁶ Dinllo as nais ós fillos cando choran.

²¹⁷ Porque chove o día enteiro.

²¹⁸ Es Canedo de Monforte de Lemos, cuyo cementerio está en el lugar de San Juan; de ahí el equívoco del tópico.

²¹⁹ (Pidre).

²²⁰ Dios nos conserve los sentidos, que el original refrán representa en los siete agujeros que tiene la cabeza: ojos, narices, orejas y boca.

²²¹ (Tuiriz, Monforte).

²²² Contra los que se escandalizan de cosas leves y cometen otras mayores.

ou estar *nublado. Noutro tempo nadaba o chumbo; agora non nada a cortiza. Dio-lo leve á gloria, avó, que quedaremos na gloria aló y'acó.

1.11.2. Condensación de crenzas e valores tradicionais

Pero o refraneiro é ademais depositario do fondo cultural tradicional galego, un complexo sistema de crenzas e valores que lle dan á vida poesía, orientación e humor. Os refráns son os ollos cos que o home rural e mariñeiro galego ve (ou lle aprenderon a ver) o mundo. Poida que nada coma o refraneiro nos permita contempla-lo abismal hiato que separa o mundo espiritual rural e mariñeiro de Galicia do mundo urbano deste mesmo País tan uniformado cos modos de vida e valores estandarizados nas cidades da aldea global occidental. Poñeremos só algúns exemplos deste mesmo Refraneiro:

Pico Sacro, Pico sacro, librame do mal que eu traio ²²³. *Boi bravo, vente ó carro que o manda o Apóstolo Santiago. Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou fai romería ou non. Quen ós lóstregos non teme, a Deus ofende. N'é o qu'a lúa pinta, qu'é o que Deus dita. Non saches a horta na lúa de marzo, que se marcean as coles. Non comas verzas no día de Antroido, que che pican os mosquitos nos ollos. O martes día trece a terra desaparece. O martes, nin te cases nin te embarques nin a túa ceba mates. Se o corvo se aveciña, hai morte na campiña. Non bárra-la casa de noite, que entran as meigas. Crego ao principio de cocedoiro, mal agoiro* ²²⁴. *Cando o auriolo i-o paspallás cantan xuntos á mau esquerda, non hai millor agoiro. Corvos á dreita, sorte ben feita. O viñes, según amanece, así anoitece. Como vén o vinteseite, así vén o mes seguinte. Luna nova tronada, trinta días mollada. Pícame o cu: mañá hai parrocha. Pícame o cu: ano de fabas. Quen durme día d'Ascensión, todo o ano e durmión O vinte de abril vai o burro onde non debe ir; i-o vinte de maio vai o burro buscar o recado. San Miguel pese como queira, a romana ha de dálo seu. De San Miguel a San Miguel, deitarse cedo e deixar muller* ²²⁵. *A paxariña que o día d'Ascensión menea os ovos, quédanlle golos. O día de Xueves Santo, nin o paxariño move os ovos do niño. Soñar con mortos, señal de vivos. Mata o martes e a lúa non cates. Mal de costas e peor de lado, dinme que son fillo dun azoutado. Quen mata a arbela sabe máis que ela. O que mata unha abella, ten cen anos de pena. O que mat'on abellón, ten cen anos de perdón. Se te morde a donicela, busca viño e busca vela que mañá che darán terra. Se te morde un alacrán, busca viño e busca pan que mañá t'enterrarán. Detrás da cruz está o demo. Dios dá o frío según a roupa. Pra ruína feira, corda baleira. As soberbias non can nas pallas. As soberbias non collen pró monte. Si a Curota ves tapar, vai a San Alberte a destellar* ²²⁶. *Si o alacrán vise e a víbora ouvise, non houbera xente que vivise* ²²⁷. *Non hai lunar com'a María nin claridá como a do día. Vai o pan no forno y-a gracia de Dios polo mundo todo: Dios o suba nos agros e o baixe nos mercados Ó probe nunca lle amanece, e xa as noites foran cortas. Cando moe o pobre sempre fai aire. O pobre sempre é mal home, i-o rico, sempre un bendito. Quen non está velado, non está casado* ²²⁸. *Dios me libre dun homiño que bote o sal á pucheira: pra*

²²³ Evidencia do culto ós montes.

²²⁴ Neste caso V. Saco, sacerdote, comenta que é *Una de tantas supersticiones populares*.

²²⁵ Desde a Aparición de San Miguel, 8 de maio, a la fiesta de su Dedicación, 29 de setembro.

²²⁶ V. Saco comenta que 'San Alberte es una capilla que se alza en un monte de Santa Eugenia de Riveira, a la que solían destejar las esposas e hijos de los marineros cuando reinaba temporal'.

²²⁷ Vana creencia del vulgo, tanto en lo que se refiere a la falta de los sentidos a que alude el refrán, como a la extrema gravedad que atribuye a la picadura de los animales que se citan

²²⁸ Falsa superchería, que encontró también eco en una canción popular: *O cura que me casou / tamén me pudo velar, / se me peta na cabeza / volvereime descasar*.

*casar cun cazoliñas é millor quedar solteira. Chove e neva e fai carambela, y'a probe da vella taba na serra con sete nenínos y'a media mantela. Ha ter memoria, con tanto tempo sin bautizar. Quen sembra, en Deus espera. Os que a San Campio van, ou teñen o demo ou non teñen pan. Meigas e trasnos son cousas de vagos. A frida do can cos pelos se cura. Se queres que o carro cante, bótalle o eixe de freixo; se queres que a filla case, pon no corredor un queixo. Por san Ramón, trompos ao queixón. O que ha de cegar, por los ollos le ha de dar. Un ovo non é ovo e dos ovos, ovos son; tres ovos dáselle on home e un ovo solo, non. O día trece, si é martes, non te cases nin te embarques. Andar lixeiro, tempo que se adianta. Pobre a vella que está na serra con sete fillos i-a mantela: chober e nevar e [non] ventosar; e despois choven e nevou e decía a vella: "todos os tempos tempños son, menos a neve que é gran presión"*²²⁹.

1.11.3. Refraneiro mnemotécnico

Unha boa presa de refráns son, en realidade, un recurso mnemotécnico para moi diversas necesidades. En asuntos de calendario o refraneiro era imprescindible ata tempos recentes, cando o único reloxo eran o sol, a lúa e maila campá da igrexa e, por suposto, cando os almanques impresos non estaban, coma hoxe, en cada casa e en cada lugar de traballo.

Trinta días ten novembro con abril, xunio e setembro; vinteito leva un, i os demais a trinteún. O dezasete de xaneiro, san Antonio verdadeiro, i-a súa festa lle fan día trece de san Xoán. Ano que bastra o nove de xaneiro neva, moito pan se apresa. O vinteún de xaneiro, unha hora por enteiro. O vintedous de xaneiro, si raia o sol á mañá, emborráchase o mariñeiro porque hai boa cosecha de millo.

*Primeiro de febreiro, segundo candeiro e terceiro san Blaseiro. Hoxe, febreiro; mañán, Candeiro, e outro día máis atrás, o día de San Bras. O dous de febreiro súbete ó outeiro; se ves negrexar, ponte a cantar; se ves branquexar, ponte a chorar. Luna de febreiro despedida de todo, o primeiro martes é día de Entroido*²³⁰.

*Polo san Matías, marzo ós cinco días*²³¹.

Despois de vintecinco de marzo, merenda e descanso. O vintecinco de marzo entran as merendas e mais o descanso. A trinta de marzo dá o sol na sombría e canta a anduriña.

Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascuas estamos. Polo cinco de abril, ou o cuco ou a fin. Antes do oito de abril, o cuco ten que vir; si o cuco non ven, morte se ten. Polo dez de abril, cuco morto ou non quer vir. Que ben esfendido que mal entravesado, do catorce de abril ó catorce de maio, anque corra a auga detrás do arado. O vinte de abril vai o burro onde non debe ir, i-o vinte de maio vai o burro buscar o recado.

*Da Pascua á Ascensión, cuarenta días son; da Ascensión ó san Pedro, *cuarenta días no medio, e unhas veces van e outras veces non*²³². *De san Xoán a san Pedro cinco días van no medio.*

*Hastra o corenta de maio non te quites o saio e, si eres de Lugo, hastra o trinta de xunio. San Miguel das cereixas*²³³, *tarde vés e pouco deixas.*

San Fernando (30.5) trae a mosca, San Enecón (1.6) tare o moscón. Caves ben, caves mal, cava as patacas en san Xoán.

²²⁹ ¿Aludirá a algunha festa agrícola de abril este dialoxismo de Paradela? *Vaite febreiriño *corto cos teus días vinteito: se duraras catro máis, non deixabas can nin gato, nin carneiro nin ovella, nin o pegureiriño dela. -Quéixaste de min; si che vén meu irmao marzo i-o meu primo abril, que te ban facer andar cas *pieles ó lombo i os cinzarrós no cuadril.*

²³⁰ Pero tamén recolle esta variante contradictoria *Lúa de xaneiro fenecida de todo, primeiro martes día de Antroido.*

²³¹ Era o 24 de febreiro, antes de pasar ó 14 de maio tralo concilio Vaticano II.

²³² O manuscrito di, por erro evidente do amanuense, *Asunción* no canto de *Ascensión*, xa que a Asunción é o 15 de agosto.

²³³ Alude á Aparición de san Miguel (8.5) distinto da outra festa de san Miguel, o *das uras* (29.9).

Do trinta de xulio en diante, calor asfixiante.

Pasando o quince de agosto un torrón faille sombra a outro. Polo vintecatro de agosto san Bartolomeu deixa o demo solto. O vintecinco de agosto está a auga tras do toxo.

En outubro sementa e acubre; en abril, espigas mil; en maio, todo espigado; en xulio dálle co fouciño; en agosto dálle co trocho; en setembro mira como rende.

En abril, espigas mil; polo san Lucas, suca, boi, suca; polo san Simón, varón, que pasa sazón; polo san Xuan sécalle a primeira raíz ó pan; polo San Pedro sécalle a do medio; polo Santiago sécalle a do cabo; pola santa Mariña bótalle a fouciña. ²³⁴

San Francisco (4.10) traí a vela e san Xosé (19.3) a leva.

Pero, tendo en conta que antes todo o mundo sabía os días máis polo santo do que polo número de mes, moitos dos refráns de santos teñen en realidade valor de calendario. É dicir, todo o mundo sabía que san Pedro era o 29 de xuño, por iso se dicía *De san Xoán a san Pedro cinco días van no medio*. E, tendo esta referencia cronolóxica os santos son referencias que ordenan os traballos agrícolas:

Polo san Pedro abre o rego. Polo san Pedro leva a fouciña ó ferreiro. Polo san Pedro xa teño trigo e non teño medo.

e, do mesmo xeito, sabendo que san Miguel é o 29 de setembro, enténdese que *San Migueliño das uvas maduras, tarde nos vés e poucos nos duras*; e que se engada *Por san Miguel colle o cesto e o caravel*. E, mesmo, *Polo san Miguel quítaselle o tarambollo ós cas e pónselle ós oficiás*.

Xa dixemos que *Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos* e *en Pascuas estamos* enumeraban as semanas da Coresma e Paixón. Ben, pois *Se chora Marta, ri Lázaro; se Lázaro chora, Marta ri* é un prognóstico meteorolóxico, que se entende tendo en conta que *Lázaro* é o domingo de Paixón, anterior ó domingo de Ramos, é coñecido como *Domingo de Lázaro*, porque o venres anterior lese o relato evanxélico da resurrección de Lázaro de Betania. Marta é outro domingo. Deste tipo de prognósticos meteorolóxicos recíprocos, ligados ó calendario litúrxico, Vázquez Saco recolle máis coma estes: *Témporas de setembro molladas, ano de fame. Se chove na semana de san Mateo (21.9), leva o vello as castañas no chapeo. Se chove xoves da Ascensión, cava, piñón*.

Moi sabidos e atendidos eran os da lúa de outubro: *A lúa de outubro sete *lunas cubre; e non vai como pinta, senón como terceira ou quinta. A lúa non é como a pinta, senón como primeira e quinta, e, si coma quinta e octava, coma comezou, acaba*.

Hai no refranceiro tamén referencias mnemotécnicas para moitas outras cousas como é a duración media de diferentes seres vivos ou as morcillas que sae dun porco:

Unha sebe, tres anos; un can, tres sebes; unha besta, tres cas; un home, tres bestas; un corvo, tres home ²³⁵.
Non chas digo nin chas conto: doce morcillas salen dun porco.

²³⁴ San Lucas (18.10); San Simón (28.10); San Xuan (24.6); San Pedro (29.6); Santiago (25.7); Santa Mariña (18.7).

²³⁵ Pero existe mesmo o inverso: *Un home, tres bestas; unha besta, tres cas; un can, tres sebes; e unha sebe, tres anos*.

1.11.4. O refraneiro, memorial histórico

Neste refraneiro batemos con medidas ou unidades antigas (*As enfermidades entran por libras e salen por adarmes. Vale máis unha onza de goberno c'onha libra de traballo. O que nace pra ichavo non pode ser carto*), con diferentes valoracións que tiveron noutro tempo cousas que hoxe valoramos máis ou menos ca antes (*Mal lle vai ó pescador cando ten que ir ó marisco. Antes de comer galiña hai que comer sardiña*), con observacións feitas cando o papel hixiénico aínda non era de uso común (*O que limpa o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa merda*) ou con referencias a datas do pago dos foros (*Quen pola Virxen de agosto non paga, pagará na de setembro, se paga*).

Algúns fraseoloxismos recollidos neste *Refraneiro* son testemuño histórico da introducción da pesca industrial polos cataláns, que provocou unha mingua dos recursos, coma aquel que di *Agora que non hai sardiña ¿qué farán os cataláns?* Deste di Vázquez Saco que máis tarde a xente converteuno en cántiga, redondeándoo cos seguintes versos: *Andarán pol-a ribeira / Tirando pedras aos cans* e cita a Casto Sampedro. A privatización da actividade pesqueira, convertendo moitos mariñeiros en asalariados, parece que provocou un certo desinterese destes na boa conservación dos barcos e aparellos e de aí naceu a expresión muradá *¡Dálle que é de Catelán!*²³⁶. Ó mesmo feito histórico alude estoutro: *¿Tomou o rico posesión do mar? Morreu o probe*. Dese mundo austero e difícil fala tamén este refrán: *Os viaxes do mar non son de contar*.

Maior dramatismo ten esta frase recollida en Bucínos, que é un puro documento histórico con vocación de refrán: *Nos montes de Morgade toparon moita xentiña morta coa fame*.

Máis distendido é estoutro *O que vai á boda, que leve qué coma*, do que quizais non poidamos facer unha lectura literal coma se fose un documento histórico dos costumes doutra época, senón unha lectura estritamente metafórica, xa que os agasallos previos son unha forma de pagar ben os gastos do propio xantar (*leve que coma*).

Tal como van as cousas, é ben posible que dentro dalgúns decenios sexa un testemuño histórico este refrán: *Nun leiro estreito, s'unha vaca se pon atravesada, ten que cagar fóra do eido*. Vázquez Saco coméntao con estas palabras: *Algo dice a favor de la concentración parcelaria*.

1.11.5. O refraneiro dun sacerdote

1.11.5.1. Comentarios de teólogo

Se non o souberamos, algúns comentarios descubríannos que o colector era cura:

REFRÁN	COMENTARIO
<i>O trigo é trigo; xa Dios o escolleu pra si.</i>	Preciosa alusión al pan eucarístico

²³⁶ V.Saco comenta o seguinte: *A raíz del saqueo de Muros por los franceses a principios del siglo pasado, se establecieron allí varios catalanes, para explotar el negocio de la pesca de la sardina, ensayando la red llamada "jabega", que ponía el peligro una de las fuentes de riqueza de la villa, lo que originó gastos y disgustos a la gente de mar. Los pleitos con los catalanes fueron frecuentes y profundo el rencor con que se les miraba, hasta nacer el dicho tópico, que se aplica hoy siempre que se quiere demostrar el poco interés.*

<i>Dios arrequeute no forno e nos agros e día gozo del a vivos e finados.</i>	Preciosa fórmula que usan los campesinos, cuando meten el pan en el horno
<i>Sendo Dios con nos, nada contra nos</i>	Como la frase de San Pablo: <i>Si Deus pro nobis, quis contra nos?</i> ²³⁷
<i>Pecado ocultado, é medio perdonado.</i>	Entendido como suena, sería un disparate; pero el vulgo lo aplica no al sacramento de la Penitencia, sino al efecto que una falta produce en los demás: El estar oculta o no divulgada, hace que los que la conocen, se olviden pronto de ella.
<i>Dios é un pingón.</i>	Está goteando continuamente sus bienes sobre los hombres. <i>Quam magnanimus Deus!</i>
<i>A San Andrés, quen non vai de vivo unha ves, vai de morto tres.</i>	Alude al famoso santuario de San Andrés de Teixido, centro de una arraigada devoción popular, y en torno al cual se han creado una serie muy interesante de leyendas.
<i>O último pan que vai pró forno é o primeiro que sale.</i>	Aplicación curiosa del proverbio bíblico: <i>Los últimos serán los primeros.</i>
<i>O día de Xueves Santo nin o paxariño move os ovos do niño.</i>	Para encarecer el respeto que merece la festividad del Jueves Santo.
<i>A paxariña que o día da Ascensión meneia os ovos quédanlle golos.</i>	Contiene la paremia una creencia popular, según la cual, el día de la Ascensión, en conmemoración de la solemnidad, los pájaros van al nido solamente una vez; y alude al respeto con que guardan los campesinos la festividad, absteniéndose de todo trabajo. (mc) / Alude al respeto que los campesinos tienen al día de la Ascensión, uno de los jueves grandes del año, y en el que se abstienen de todo trabajo. (ms18,67v)
<i>Boi bravo, vente ó carro que o manda o Apóstol Santiago.</i>	Se dice en S. Julián de Veá (Estrada), y alude a la referencia tradicional de que los toros bravos del país, se dejaron uncir al carro para conducir a Compostela los restos del Santo Patrón de España.

²³⁷ V. Saco cita aquí Rom 8.31 (¿Se Deus está connosco, quen ousará enfrontarse a nós?).

<i>O que mata unha abella, ten cen anos de pena.</i>	Se funda el refrán en la creencia de que las almas bajan a la tierra en forma de abejas. Son las abejas objeto en todas partes de especial cariño, por creérselas llenas de virtudes, y, en ellas se representa la solicitud para el trabajo y la discreción.
<i>O que mata unha abella, ten sete anos de pena</i>	Radica el refrán en la creencia de que las almas bajan a la tierra en forma de abejas. Las <i>solicitas</i> y <i>discretas</i> abejas son en todas partes objeto de un cariño especial, por crearlas el pueblo dotadas de virtudes.
<i>O que mata un abellón, ten cen días de perdón.</i>	Creer los campesinos que los abejorros son brujas o <i>meigas</i> , que se disfrazan así para hacer daño al ganado.
<i>Anelo de ouro no fuciño de porco vese pouco.</i>	Zahiere la inoportunidad de alguna cosa, y fue ya usado en la Sagrada Escritura (Prov 11,22), donde la belleza de la mujer fatua se compara a la sortija de oro en el hocico de un cerdo: <i>Circulus aureus in naribus sui, mulier pulchra et fatua.</i>
<i>Vivir como quixeres e morrer ó viñeres.</i>	Lo dicen porque creen que es el mejor día para morir, por la Pasión del Señor, y así mueren bien. A esto contestan: <i>Escólle-lo día pra morrer, acusarante deso.</i>

E, precisamente por ser sacerdote, cataloga de supersticións algunhas crenzas populares.

<i>Ó que lambe o pote das papas chóvelle na boda.</i>	Vana superstición.
<i>Non botes patacas os viñeres, que as comen os vermes.</i>	Vana superstición.
<i>Quen non está velado non está casado.</i>	Falsa superchería, que encontró también eco en una canción popular: <i>O cura que me casou / tamén me pudo velar, / se me peta na cabeza, / volvereime descasar.</i>
<i>Si pasas por debaixo do pau, non medras máis.</i>	Contiene una vana superstición del pueblo.
<i>É pior un meigo que sete meigas.</i>	Creencia supersticiosa que cree más maligno a un meigo o brujo que a siete brujas.
<i>Cando o ano entrare en domingo, vende os boicños e merca millño.</i>	Porque será año de hambre. Vana superstición, sin fundamento alguno.
<i>O ano do lus bota o trigo en terrós crís.</i>	Año que empieza en lunes. Tiene ribetes de supersticioso.
<i>Enterro o domingo, outro propingo.</i>	Paremia supersticiosa, segun la cual un funeral en Domingo es pronóstico de muerte próxima en el mismo lugar.
<i>Cando a pita canta de galo, véntalle a morte a seu amo.</i>	Refrán supersticioso, con otras variantes que dejamos en su lugar.

<i>A galiña que canta como o galo é mala estrucia na casa.</i>	Recoge una vana superstición del vulgo crédulo, común a otras naciones. Así dicen los franceses: <i>Quand la poule vent chanter comme le coq, il faut lui couper la gorge.</i> Se cree que anuncia la próxima muerte del amo, o de un miembro de la familia.
<i>O que oíe o cuco en aúinas, leva albarda pró ano.</i>	Creencia supersticiosa, que asegura mala suerte al que oye al cuco antes de desayunar.
<i>Gaiola nova, paxaro morto.</i>	Vana creencia, por la que algunos que hacen nueva casa para habitar, dejan sin obrar parte de ella.
<i>A casa feita, a coba aberta.</i>	Con ribetes supersticiosos, que inspiran medidas, como la de dejar una parte de la edificación sin terminar, para que no caiga sobre el dueño la maldición del refrán.

Curiosamente non comenta nada a este refrán: *Dá Dios sarna a quen non sabe rascala*, que, coma moitos paralelos, expresa o problema humano da percepción do mal e da providencia. E tamén sorprende que deixe sen comentario aquel que recolle de Valladares, *O rapaz que non sabe a doutrina, pau de carballo a redor da petrina*; cando de feito sabemos que semellante pedagogía non era do agrado del, porque comenta o refrán *O que enséña, ten que dar leña*, con estas palabras: ‘Fundado en el otro poco piadoso, y corregido por la Pedagogía moderna de que *la letra con sangre entra*’; e porque recolle outros coma *O que non é bon por palabra, non é bon por pancada. O que non é bon por razóns, menos é por paus* ²³⁸.

1.11.5.2. Comentarios de eclesiástico

Do mesmo xeito que no *Refraneiro* inédito do comandante Llópiz hai moitos refráns de militares que só alí atoparemos, no do sacerdote Vázquez Saco aparecen algúns refráns de sacerdotes que só encontramos nesta colección, coma aquel que di *Non hai sociedade máis unida cá do clero*. Como calquera outro gremio social, o clero tende a defenderse das opinións exteriores que son negativas para o gremio ou para os valores que promove, pero practica unha autocrítica interna por veces máis aceda. Das dúas cousas se ven exemplos neste refraneiro

<i>Crego ao principio de cocedoiro, mal agoiro</i>	Una de tantas supersticiones populares
<i>Cando o crego dá a ovella, colle a corda e vai por ela, que, se o crego recorda, non dá a ovella nin a corda</i>	Peca por certo de excesivamente injusto.
<i>Na cas do abade comede e levade.</i>	Alude a la opulencia atribuida en otros tiempos a los sacerdotes.
<i>Donde hai coroa ferve a ola.</i>	Atribuye riqueza a la casa del sacerdote.

²³⁸ Tampouco comenta outras crenzas, que probablemente consideraba irrelevantes, coma estas: *Corre o fume pró fumeiro, corre pra que ten diñeiro. O fume no fumeiro corre pra o que ten diñeiro / pra quen ten diñeiro. O fume tira pró fumeiro, prás nenas mocosas e prás que teñen diñeiro.*

<i>Quen moito reza, d'algo se teme. Quen moito vai a igreia, algunha ten feita.</i>	Ambos son injustos y no merecen más largo comentario.
<i>Cura fraco e casado gordo non cumpren coa súa obrigación.</i>	Sin censura.
<i>Dios é bon i-o demo non é malo, dixo o que pasaba a ponte.</i>	Derivado de un conocido cuento, por cierto poco respetuoso
<i>Os moitos fillos empobrecen os pais.</i>	Poco providencialista es quien lo dijo, y muchas veces sucede lo contrario.
<i>En Leixazós, non entra carro, nin Dios, i-o que entrou, esbragou.</i>	Con esta irreverente expresión se pondera la situación geográfica del pueblo, enclavado en la parroquia de Pazos de la Sierra, uno de los parajes más abruptos de la sierra de Caurel.
<i>Sin gaita nin fuego non quero ceo</i>	Expresión exagerada e irrespetuosa de la afición a las fiestas, en las que no puede faltar la gaita ni los fuegos.
<i>Sin trampas non se vive no mundo</i>	No fué inventado por persona honesta

Esa autocrítica que internamente existe, aínda que case nunca a percibe o mundo laico, é a que produce por exemplo os seguintes refráns: *Os curas novos prós vellos son como a esternina prós cas. Do bispo e do mulo, canto máis lexos, máis seguro. Anque Cristo pra amigos os escolheu, un dos doce o vendeu, outro o negou e outro non creu.* O primeiro deles é da época de abundancia de clero, cando moitas parroquias de ascenso e de término tiñan párroco e mais un ou dos sacerdotes coadxutores ou capeláns. E queda aquel *Regalo de monxa, santidad de muller solteira e palabra d'obispo...* que ten tódalas trazas de ser ben negativo, xa que V. Saco o trunca.

Hai tamén un grupiño de unidades que probablemente non acadan a categoría de refráns, aínda que fosen de circulación restrinxida entre o clero ou, mellor, nos seminarios. Máis ben, parécennos frases proverbiais de circulación frecuente en xuntanzas de reflexión coma os chamados retiros. Velaí algunhas: *De estudante dirás qué creguiño farás. Estudante de día e galán de noite, véxolles mal pra sacerdote. Se a misa che é pesada, cando a digas será apurada. Se no silencio eres un riseiro, no púlpito serás un grileiro. Quen pola mañán se ergue sin nada en Dios cavilar, mal o día ha de pasar. Se ben non rezas o rosario, tampouco o breveario. Se ben u rezo non fas, nunca bo crego serás* (este fai alusión á obriga diaria do rezo diario das horas do oficio divino máis coñecido por breviario ²³⁹).

1.11.5.3. Eufemismos da época e o politicamente correcto

Certos eufemismos gráficos, en cambio, son propios non só dun paremiólogo sacerdote senón das convencións de mediados do século XX, como *m...* por *merda*; *c...* por *caga*; *ca...* por *carallo*; *p...* por *puta* ou *peidos*. Así: *Enxamio de abril vale mil; de maio, un ducado; de san Xoán, un ferrado de pan; i-o de Santiago non vale un ca...* *Vaca de moita herba e home de moita verba, todo se volve m...* *Cando san Antonio trae herbas, a cosecha vaíse á m...* *Cand'é moita a m..., cheira. Cando vexas a m... non lle toques pra que non cheire. No inverno dícese: “Cando sea vran farei unha capa”, e ó vir o*

²³⁹ Pode, finalmente, aludir ós costumes eclesiásticos estoutro: *O que non é burro le no rubio*. Recollido en Buciños, quizais aluda a que nos libros litúrxicos as normas de execución intercálanse no texto e distínguense del en que están escritas en tinta rubia e por iso se chaman *rubricas*. Aínda que tampouco excluimos que aluda ó calendario popular *El Zaragozano*, semellante ó *Gaiteiro de Lugo*, pero que tiña cuberta vermella.

vran: “Estírate perna, que capa nin que m...”. Mentras o can c... o lobo vaise. Leite fresco, p... no cesto. O que de medo se morre, con p... o enterran.

Por tres veces, en cambio, vémo-la man dun eclesiástico alterando o texto dun refrán. O primeiro caso, cando impide que *foder* poida aparecer escrito e substitúea por *moler*: *O mariñeiro que me da de beber, ou me molen, ou me quer moler*. Vázquez Saco comenta 'Usamos *moler* por eufemismo, en substitución de la palabra original'. O segundo caso, cando recolle un refrán xa publicado en 'Folklore de Sandiás': *A muller, cando é rapaza, é reina; cando moza, tola; cando é vella, bruxa*. V. Saco engádelle este revelador comentario: 'No es *tola* precisamente lo que dice el refrán, sino palabra más dura que nos permitimos sustituir'. No ms. 18,405 aparécelle este mesmo refrán e alí no canto de *tola*, escribe *p...* O terceiro caso dáse cando cambia *carallo* por *cornado* no refrán *Enxamio de abril vale mil; de maio, un ducado; de san Xoán, un ferrado de pan; i-o de Santiago non vale un cornado*. O propio Saco di “*Cornado* decimos para sustituir la verdadera palabra que usan los campesinos, indigna de figurar en la colección”.

Resulta curioso como en cincuenta anos cambiou o concepto do que non se debe dicir, do *politicamente incorrecto*. Hoxe soan moito peor ca eses refráns outras paremias que hai cincuenta anos se anotaban con tódalas súas letras e que hoxe non se escriben sen certo arrepío por moito que puidera, na intención, desactivalos unha certa dose de humor inofensivo *¿Por tantas cousas se lle pode pegar a unha muller? Por catro: por falar, estar calada, con razón e sin ela. A muller e o bisté, cuanto máis se maza, millor é. A muller que moi ruín sea, dúas tundas: unha pra que Díos veña a vela, outra pra que a ver a Díos vaia ela. As mulleres, coma as uvas, as ruínas, písalas; e as boas, colgalas. A muller e a burra con paus se cura*. Só unha vez vemos este comentario: 'Poco piadoso para la mujer, parece derivar de una canción del pueblo'; trátase do refrán *Vale máis o querer dun can que o querer dunha muller: o can quer a seu amo i-a muller quer a quen quer*.

1.12. Outros comentarios de Vázquez Saco

1.12.1. Importancia dos comentarios

A medida que nos imos afastando do mundo rural e mariñeiro que fixo nace-la nosa paremioloxía, os comentarios dun paremiólogo vanse facendo máis valiosos para comprendermos algúns refráns. Nese sentido, algúns dos que fai V. Saco son moi valiosos para comprende-la intención e o uso real que teñen. Así, as normas de boa crianza en canto ó lugar en que un se debe poñer cando está con persoas de maior respecto exprésaa este refrán *Ó lado da roca parte che toca* que, como V. Saco comenta, 'Es el lado izquierdo'. Nalgúns dos exemplos que imos poñer vese que a intención vai moito máis aló da materialidade da metáfora ou redime da vulgaridade unha expresión materialmente vulgar.

<i>Cereixa picada dos merlos, logo cai no chan.</i>	Con el obvio sentido moral que se induce fácilmente de la imagen.
<i>Frol axada, despreciada.</i>	Aplicase en sentido moral, bien definido por la imagen.
<i>A pataca quere ver ir o dono prá casa.</i>	Se ha de sembrar superficialmente.

<i>O que ba de bicar o can no cu, non ten que lle mirar pró rabo.</i>	El mal camino, andarlo pronto.
<i>Caga máis un boi que cen golondrinas.</i>	Más influye un amigo poderoso, que muchos sin influencia; y también más vale un gran negocio que muchos pequeños.
<i>Máis vale asno que me leve que cabalo que me derrube.</i>	Aconseja que se prefiera una medianía segura, a posiciones más altas, pero peligrosas.
<i>Malia o rato que non sabe máis dun burato.</i>	Porque <i>O rato que non sabe máis d'un furado, logo é cazado</i> . Aplícase al que sólo cuenta con un recurso para eludir un peligro, pues, malogrado aquél, caerá en éste.
<i>Can que moito lambe tira sangue.</i>	El excesivo cariño suele ser dañoso; hay amores que matan.
<i>Do contado come o lobo.</i>	No siempre se logra la seguridad de una cosa, por mucho que se cuide.
<i>O pan, do grao; i-o viño, da uva.</i>	Cuando se alaba una cosa que no es buena.
<i>Non lle ates a boca ó boi, que remoi.</i>	De tradición bíblica: <i>Non alligabis os bovi trituranti</i> . No pueden impedirse las cosas necesarias. (mc) / No hay que impedir las cosas necesarias. <i>Non alligabis os bovi trituranti</i> .
<i>Vale máis que diga “córrete pra aquí” que “chégate pra alá”.</i>	Habla la simiente del centeno, y el refrán recomienda, como tantos otros, que no se siembre espeso, sino ralo, para el logro de mejor cosecha.
<i>S'o millo fose pouco, mudalo dun noutro.</i>	Rodríguez Marín (<i>Todavía 10.700 refranes más</i>) lo tiene por equivalente del castellano: <i>Si los garbanzos son pocos, para que parezcan más, múdalos de un saco a otro</i> . En este caso tenemos que apartarnos de la opinión del gran paremiólogo. El refrán gallego se supone lo dice la gallina, para aprovecharse de los granos que puedan caer al suelo al ser trasladado el maíz de un saco a otro.
<i>En marzo múdame un paso; en abril, mil.</i>	Se refiere a las colmenas.
<i>Se o corvo corvexa, o lobo rastrexá; corvo calado, lobo de lado.</i>	El cuervo acompaña al lobo en sus correrías para aprovecharse de los restos de los animales que éste mata.
<i>Cabra coxa non quer sesta, e se a toma, mal lle presta.</i>	A menos recursos y más escaso talento, mayor actividad y aplicación. (mc) / Dice que las personas de escaso entendimiento deben suplir con su trabajo y voluntad su deficiencia.
<i>Donde hai égoas, poltros nacen.</i>	No se deben extrañar los acontecimientos cuando están inmediatos a las causas de que provienen. / <i>Dum causa existit, effectus natura consequitur</i> .

<i>O que leva a ovella, leva o velro.</i>	Contiene una ley de acesión: quien lleva lo principal, lleva lo accesorio. <i>Velro</i> =lana, vellón.
<i>O que vai nunba mula e con un francés, vai tolo e vai de a pé.</i>	Con una reliquia del odio que se atrajeron los franceses desde la guerra de la Independencia ²⁴⁰ .
<i>As castañas que despois do san Martiño quedan no souto son do moucho.</i>	Quiere decir que todos tienen derecho a cogerlas; y así en efecto se hace en la comarca de Sober. En otras zonas, como Caurel, se recogen más tarde y allí no rige el refrán.
<i>Hai que empezar coa sardiña pra acabar con galiña.</i>	Así se decía cuando la sardina era comida por los pobres. Recomendaba la modestia y ahorro para llegar a algo.
<i>Riña por san Xuan, amistá pra todo o ano.</i>	<i>Recuerda que el 24 de junio se hacían los contratos y ajustes entre la gente del campo; en tal fecha podía haber discusiones para puntualizar las condiciones de trabajo; pero, una vez aceptadas, vivían en paz años y criados hasta el año siguiente.</i>
<i>Polo san Miguel quitaselle o tarambollo ós cas e pónselle ós oficiás.</i>	<i>Alude a la costumbre de poner una especie de bozal a los perros para que no estropeen el maíz; cuando se pone a los trabajadores, es decir, cuando se les suprime la merienda.</i>
<i>Polo san Xosé, a merenda ó pé.</i>	<i>Comienza por este tiempo la merienda, que según otro refrán, se suprime por San Roque.</i>

1.12.2. A lingua dos comentarios

Vázquez Saco sempre empregaba o castelán para os comentarios que incluía no medio dos refráns, de tal xeito que, cando nesta edición a lingua dun comentario sexa a galega, o comentario é noso, dos editores. Excepcionalmente podemos encontrar algún comentario en galego nos manuscritos e tal é o caso dalgún dos seus colaboradores e informantes, coma tal, Armando Vázquez Crespo, de Bermés (Lalín), que a propósito do refrán *O de fento, polo cenzo; o de xesta, pola testa; i-o de palla non ten talla*, engade: *Falando tamén d'esterco* e cita outro refrán. Do mesmo xeito, un seminarista anónimo recollía o refrán *O que ten fillos e filliñas, non fale mal das súas viciñas*, e engadía *Non hai que botar por ela*. Véxase tamén o refrán 1.010.

1.13. Contrabando de refráns

Raro é o refraneiro que non contén algún refrán procedente doutra lingua que o pobo (ou o paremiólogo) incorporou ó seu saber ²⁴¹. A osmose é máis doada canto máis próximas son

²⁴⁰ Nótese que Vázquez Saco publicou un documentado informe sobre o espolio e chantaxe efectuado polos franceses nos medios eclesiásticos de Lugo.

²⁴¹ É ben coñecido que Hernán Núñez en 1555 incorporou á súa colección máis dun cento de refráns galegos, anotándoos como galegos, pero que Gonzalo Correas, cen anos máis tarde, xa amañou os máis deles de xeito que parecen refráns casteláns de toda

as linguas ou canto maior é o contacto entre falantes das dúas linguas. No caso galego, aínda que o galego teña unha maior proximidade co portugués, a falta de contacto persoal con Portugal da xente de Lugo (de onde vén a maior parte deste *Refraneiro*), fai que lembremos moi escasos exemplos de portuguesismos ²⁴² e, en cambio, aparecen algúns que probablemente proceden do castelán. Tamén nos *rifoneiros* portugueses aparece algún refrán importado do castelán ²⁴³.

Obviamente a presenza dun castelanismo léxico nun refrán con estrutura gramatical galega non chega para declarar importado un refrán (*Si te morde un lavacú, busca tablas pro teu ataú. Cando s'un casa, moitas caricias; dali a dous anos, paus nas costillas*). A estrutura é galega, porque, no primeiro caso, *lavacú* non pode ser castelán e porque, no segundo, a anteposición do pronome (*Cando se un casa*) é xenuinamente galega. *Vale máis ser vasallos no ceo que reyes no inferno*): neste caso os castelanismos *reyes* / *vasallos* poden deberse á distribución diglósica que concedía ó castelán a exclusiva dalgúns sectores da vida pública. Véxase o que dixemos en 1.9.4 ²⁴⁴.

Son os castelanismos que afectan a estrutura da lingua ou á estrutura do propio refrán (por exemplo, os que son indispensables para a rima ou a métrica) os que poden producir condición de importados. Entre estes podemos ver:

*Un home con pereza é un reló sin *cuerda* (*pereza* en galego é *preguiça*, e *cuerda* é *corda*: a rima non sería posible, e aínda queda a palabra *reló*. *Como come o mulo, así caga o cu* (*mulo* rima en castelán con *culo* pero non en galego con *cú*). *San Pedro e San Helices, creban o pan polas raíces*: o latín *Felices* deu en castelán *Helices* (despois substituído polo latinismo *Félix*) pero en galego deu *Fiz*; aquí é evidente que importa un refrán castelán (*San Pedro y San Helices, quiebra el pan por las raíces*) que aparece na colección de Correas, de quen mesmo copia a explicación:

Según Correas, San Helices, es San Fèlix, que tiene su fiesta el 2 de agosto. Con el calor de entonces se explica fácilmente que quiebren las cañas del pan.

Sete por nove, sesenta e tres: o que non-o sepa ben burro é. Onde vexas pino, palomar ou ciprés, casa de señorío é. Por se fora pouco ese *sepa*, nos dous a rima esixe *es*, que como 3ª p. sing é imposible en galego. *As xeadas de xaneiro comen máis que Madrid e Toledo* (*Toledo* rima con *enero* e malamente con *xaneiro*).

a vida. Máis preto de nós, Gella Iturriaga amañou moitos refráns mariñeiros galegos para que parecesen casteláns: en certos casos permitiullo a proximidade das dúas linguas pero, noutros, o contrabando queda á vista na aduana da lingua, e así, como desculpándose, ponlle cautelarmente unhas comiñas ás palabras delatorias: *Con “espumayo” no vayas al trasmayo* (recollido en Tapia) ou *El “xeito” asienta el pecho* (recollido en Ribeira con toda seguranza como *O xeito asenta o peito*).

É tamén ben sabido que as adaptacións de refráns galegos ó castelán están en moitos casos mal feitas, facendo aparecer palabras inexistentes en galego e inexistentes ata ese momento no propio castelán. Nalgún comentario fala desto Vázquez Saco:

Es curiosa la transcripción de Correas, que da como gallego: *entre Santos y Nadal faz invierno carval*. Salta a la vista, como en todas las que de nuestra lengua nos da Correas, la infidelidad de la transcripción. Quizá ese *carval* sea el *carval* de Sandiás. A juzgar por el paralelismo, y las correspondencias con los peninsulares, *candeal* y *caroal*, equivalen a *verdadero*, *riguroso*.

²⁴² O refrán de V. Saco *Luár de xaneiro non ten parceiro, mais lá vén o de agosto, que lle dá de rostro, que ofrece Chaves*. O refrán *Cantas fagas de neno, pagar has de vello*, que xa anotaba n' *A Nosa Terra* Carré Aldao, pode non ser máis ca unha grafía arcaica.

²⁴³ *Mal ladra o cão quando ladra de medo*. Compárese co castelán *Mal ladra el perro cuando ladra de miedo*.

²⁴⁴ Caso algo distinto é *Boda de *cobetes, boda de cachetes*, porque corre en Galicia nunha forma endóxena máis conseguida: *Casamento de foguetes, casamento de cachetes*.

A necesidade de conseguila rima leva nalgúns casos a fabricar híbridos galego-casteláns: *Crego ó principio do cozadeiro, mal agüeiro* (a palabra galega é *agoiro* por iso co castelán *agüero* creouse un híbrido galego-castelán **agueiro*). *O que queira vivir seguro, pague ó rei o que é suio*: tiña que ser *seu* pero non rimaría con *seguro*. *En abril, espárragos pra min; en maio pró meu amo; i-en xunio, para nengunbo*: se o traducimos ó castelán *junio* rimaría con *ninguno*, pero *xuño/xunio* non rima con *ningún*, que é a única palabra galega posible, xa que *nengunbo* non existe en galego e esa palabra delata a exoxenia ²⁴⁵.

A colocación do pronome consonte as leis do castelán e contraria ás do galego delata ou a importación ou a creación recente baixo o influxo do castelán. *Ós burros da miña terra calándose lles dan tela. O que se casa se abrasa*: este, ademais, ten tódalas trazas de ser creación dun crego, a partir da frase de Paulo (I Cor 7:8-9) tan citada entre célibes: *pero dígolles a solteiros e viúvos que éllen ben que sigan así, coma min, pero que se non se conteñen, que casen, xa que é mellor casar que abrazarse*). Casos semellantes son *Ao fin e ao cabo o levan a ser soldado* (por *lévano*). *Andando se torna o frío* (por *tórnase*).

Por unha razón semellante, delata a importación o uso pronominal de verbos que en galego non o son *De corenta anos para arriba nin te cases nin te embarques nin te molles a barriga* (en galego sobran os tres *te*). *A mona, aínda que se vista de seda, mona se queda* (en galego sería correcto sen os pronomes *se* pero alteraría o ritmo).

Aconsellar a vellas e pedricar a gitanos, traballos vanos. Por se for pouco o uso de *vanos* (por *vans* / *vás*) que está esixido pola rima con *gitanos*, sobra a preposición diante do obx. dir. *vellas*. Neste caso temos en Rodríguez Marín a forma orixinal: *Aconsejar a viejas y predicar a gitanos, trabajos vanos*. Noutros casos a mellor rima en castelán ca en galego é un indicio; coma tal se comparamos *Boca sin moas é coma muíño sin pedra* con *Boca sin muelas, molino sin piedras*, que cita de R. Marín ²⁴⁶.

En calquera caso, cómprenos dicir que non é Vázquez Saco o probable autor destas importacións paremiolóxicas, xa que el os dá como recolleitos en Chantada e en Bucíños, na maior parte dos casos. Só lembramos un caso no que fixo un frustrado intento de aclimatar un refrán castelán e o que máis nos sorprende é que sexa no ms16 - tema *Desprecio* -, porque nos parece a fase máis avanzada do seu traballo. Pon o refrán *A calquera cousa lle chaman...*; o refrán queda inacabado porque parece que non atopou palabra que rimase con *cousa* pero a rima e o fraude fanse evidentes, cando na liña seguinte anota o refrán castelán “correspondente”: “*A cualquier cosa llaman rosa*” (de R. Marín). Máis que correspondente, ese refrán castelán era a fonte. Non lembramos máis casos. Sospeitamos tamén algunha copia entre seminaristas de Santiago que, por teren apelidos similares, estaban sempre xuntos na aula; pero son porcentualmente mínimas e quizais só constaten que o refrán tamén corría na parroquia de quen copiaba.

²⁴⁵ Si **dices a tía pena a quen non lle apena, é como si te queixaras a nai *ajena*. A necesidade da rima consoante, cando se podía remediar coa asoante e a palabra galega *alea*, fai pensar en que este é outro caso de importación.

²⁴⁶ Sorprende, mesmo así, que se acumulen tantos refráns con anomalías que cadren a teren paralelos completos en R. Marín. Véxanse estes: *Cabeza sin seso, como *bueca ten pouco peso* (V. Saco). / *Cabeza sin seso, como bueca tiene poco peso* (R. Marín).. *De corenta anos para arriba nin te cases nin te embarques nin te molles a barriga* (V. Saco) / *De cuarenta para arriba ni te cases ni te embarques ni te mojes la barriga* (R. Marín). Algúns outro casos sospeitosos poden ser *Costumbre dun mal maestro fai o fillo senestro*, que en R. Marín era *Costumbres del mal maestro sacan hijo siniestro*. Ou *Apresírate despacio*, que aparece tal cal na mesma fonte.

1.14. Equivalencias noutras linguas

Vázquez Saco traballou cunha certa idea de facer paremioloxía comparada e moitas veces presenta equivalencias en portugués, castelán, catalán, francés e italiano. Precisamente un dos últimos pasos que lle vemos é o de amplia-lo número de equivalencias castelás: no ms16, de cando en vez, despois dun refrán aparecían uns números e acabamos descubrindo que eses números correspondían ós que tiñan na edición de Kleiser refráns casteláns correspondentes ó refrán galego en cuestión: anota os números de referencia para incorporalos posteriormente (o que, por parte, indica que ms16 non é versión definitiva). Nós, si, substituímos eses números polo correspondente refrán.

Dos 22.939 refráns V. Saco ofrece equivalencias nalgunha outra lingua para 4.075 (17'76%). Pero, cando ten equivalentes, adoita ter varios nunha mesma lingua ou mesmo telos en varias linguas. Salvo erro ou omisión, o número total de correspondencias que inclúe son as seguintes:

Lingua	Paremiólogos citados	Total de paremias
Portugués	Pedro Chaves	2.012
Castelán	Rodríguez Marín, Martínez Kleiser, Saralegui Medina, Gella Iturriaga, Hernán Núñez, Correas, Sbarbi, Bergua, Jara Ortega	5.277
Vasco	Gella Iturriaga	1
Catalán	Sanchis, Ricart, R. Marín, Gella Iturriaga	336
Valenciano	Alberola	460
Francés	R. Marín	3
Italiano	R. Marín	4
TOTAL		8.093

Como se ve, as correspondencias paremiolóxicas son, practicamente todas, de linguas da Península Ibérica e as fontes eruditas de Vázquez Saco foron fundamentalmente Chaves, Rodríguez Marín, Martínez Kleiser, Gella e Alberola. Deste debemos e agradecemos copia a Roser Vernet Anguera da Oficina de Consultes do Institut d'Estudis Catalans, que nos advirte *aquest recull és de l'any 1928 o 1929, és a dir anterior a la normativització de Fabra i de les Normes de Castelló. Això vol dir que la forma escrita és del tot arbitrària i presenta moltes contradiccions internes, pel que hem pogut constatar en la llista que ens heu tramès que ofereix formes divergents per als mateixos refranys (193/194, 196/197, etc.. A més, pel que diu el pròleg, semblaria que l'autor era de tendència secesionista...* Todo isto explica a peculiar ortografía. Pero temos que sinalar que Vázquez Saco sitúa non menos de 442 deses refráns como cataláns e só 19 deles como valencianos. En cambio, os refráns de Sanchis e de Ricart, que normalmente sitúa como cataláns, por veces colócaos entre os valencianos.

1.15. Deslinde fraseolóxico

O arquivo de tradición oral de Vázquez Saco, que, como dixemos repetidamente, nin tiña orde alfabética nin unha orde ideolóxica que agrupase a totalidade do material, mesturaba sen moito criterio non só refráns e cántigas ²⁴⁷, senón tamén locucións, enunciados fraseolóxicos, citas ou frases proverbiais e fórmulas. Na medida do posible procuramos deslindalo nós, aínda que mesmo nas derradeiras probas detectamos fallos que nesa altura xa eran incorrixibles sen altera-lo sistema de numeración –informaticamente delicado– deste libro.

Non ocultamos que isto presenta problemas de moi diverso tipo. Referirémonos só a un. Con algunha frecuencia aparecen refráns formulados en infinitivo, que poden levar a consideralos locucións a quen non teña experiencia do seu uso contextual. Jesús Ruibal Barreiro (de Moraña e un dos informantes indirectos deste refraneiro) dicía moi frecuentemente *Comer coma ricos e traballar coma pobres*, así en infinitivo. Usábao sempre cando repartía a comida na mesa e un comensal (familiar, convidado ou xornaleiro) por cortesía lle dicía que non quería máis: polo contexto sabían todos que estaba implícito un *Cómpre* ou un *Debe* ou un *Hai que*. Isto dáballo á frase a autonomía propia das paremias.

Ese é o caso tamén de paremias coma *O capitán mandar i-o mariñeiro obedecer* ou *Abri-los ollos e apretar os xionllos* ou *Dar ó pé, que tempo é*. O problema é que neste arquivo de Lugo encontramos outras unidades das que xa non estamos tan seguros, porque non coñecemos-lo uso. Casos coma *Cantar como paio e comer como pito*. *Matar a araña i-acabouse a tela*. *Facer da necesidá virtú*.

Hai outros casos nos que se percibe que o uso esixe a anteposición (polo menos implícita) dun sintagma coma *Iso é coma* Son casos coma estes: *Gaba-lo mar e nel non entrar* ou *Botar pelos ó mar pra non voltar*.

1.16. Bibliografía

- AARNE, Antti & THOMPSON, Stith (1995): *Los tipos de cuento folklórico: Una clasificación*. Academia Scientiarum Fennica, Helsinki.
- ALBERÒLA, Estanislau (1928): *Refraner Valenciá. Colecció de refrans populars, recopilats per lo mestre en gay saber En Estanislau Alberòla ab 1.500 refráns originals de En Manuel Pèris Fuentes també mestre en gay saber. Pròlec i correcció del Excelentíssim Senyor P. Lluís Fullana Mira Franciscá, Acadèmic de número de la Real Acadèmia Espanyola*. Editorial Arte y Letras, Valencia.
- ANÓNIMO (2000): *Lugo XX. Historia de un siglo (año de 1956)*, *El Progreso*, 2000; 922.
- BERGUA, José (1936): *Refranero español: colección de ocho mil refranes*. Bergua, Madrid.
- CALERO FERNÁNDEZ, M^a Ángeles (1990): *La imagen de la mujer a través de la tradición paremiológica (lengua y cultura)*. Tesis doctoral, Universidad de Barcelona.

²⁴⁷ Nalgún caso chegamos a sospeitar que lle chama refrán se non lle sabe a música, coma neste *Vale máis o querer dun can que o querer dunha muller: o can quer a seu amo i-a muller quer a quen quer*.

- CASTILLO DE LUCAS, Antonio (1944): *Refranero médico: refranes de aplicación médica seleccionados de clásicos autores de obras de paremiología y en parte directamente recogidos y anotados por Antonio Castillo de Lucas*. Patronato Menéndez y Pelayo. Instituto Antonio de Nebrija, CSIC, Madrid.
- CHAVES, Pedro (1945): *Rífoneiro portugués*. Editorial Domingos Barreira. Porto. (1928 ¹).
- CORREAS, Gonzalo ([1953] 1992): *Vocabulario de refranes y frases proverbiales*. Visor, Madrid.
- FERRO RUIBAL, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente*. La Voz de Galicia, A Coruña.
- GELLA ITURRIAGA, José (1944): *Refranero del mar*. Vol II. Instituto Histórico de Marina. CSIC, Madrid.
- JARA ORTEGA, José (1950): *Más de setecientos refranes de caza recogidos, ordenados y comentados por José Jara Ortega*. Instituto Editorial Reus, Madrid.
- LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador (1997): “Don Francisco Vázquez Saco, rector del Seminario de Lugo entre 1937 y 1962” en *Lucensia* 15,1997;363-370.
- MARTÍNEZ KLEISER, Luís (1953): *Refranero General Ideológico español*. Real Academia Española, Madrid.
- NOIA CAMPOS, Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Nigratrea, Vigo.
- PRADO, Jacinto del (1-IX-1906 / 8-VI-1907): *Máximas y refranes gallegos*, en separata de *La Defensa*, Vila de Cruces.
- RICART MATAS, J. (1950): *Refranero internacional de la música y de la danza*. Archivo de etnografía y folklore de Cataluña. Instituto Bernardino de Sahagún, Barcelona.
- RODRÍGUEZ MARÍN, Francisco (1926): *Más de 21.000 refranes castellanos*. Tip. de la “Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos, Madrid.
- SANCHIS GUARNER, M. (1951): *Calendari de refranys*. Ed. Barcino. Biblioteca Folklórica Barcino, Barcelona.
- SARALEGUI Y MEDINA, Manuel de (1917): *Refranero español náutico y meteorológico*. Talleres Rieusset, Barcelona.
- SBARBI, José M^a (1873): *Florilegio o ramillete alfabético de refranes y modismos*. Imprenta de A. Gómez Fuentenebro, Madrid.
- (1880): *Refranero general español*. Atlas, Madrid.
- VÁZQUEZ SEIJAS, Manuel (1969): “Don Francisco Vázquez Saco” en *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXX, 351,1969;271-274.
- ZAMORA MOSQUERA, F (1972): *Refráns e ditos populares galegos*. Galaxia, Vigo.



Francisco Vázquez Saco (1897-1962)

2. Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral

2.1. Prólogo á versión de 1952 (*11.000 Refranes Gallegos*)

Con verdadeiro entusiasmo hemos acometido la empresa, ciertamente ardua para nuestras fuerzas, de reunir la colección de refranes que encabezan estas líneas.

Convencidos de los tesoros de todo orden que se encierran en esas máximas que concentran el saber y la experiencia popular de varias centurias, hace años que dedicamos nuestros ratos de ocio a recogerlas de los labios mismos del pueblo.

Tarea urgente, porque el hablar sentencioso de nuestros mayores, apoyado siempre en estos pequeños evangelios, va desgraciadamente desapareciendo como desaparece la deliciosa música popular de nuestras aldeas, para ser sustituidos por un lenguaje insulso, sin colorido, sin fuerza de expresión y por las canciones exóticas difundidas por la radio y el cine que amenazan envenenar la misma fuente de la inspiración castiza de nuestro pueblo, esencialmente músico y poeta.

Cada uno de los ancianos que desaparece de entre nosotros, se lleva al sepulcro un retazo valioso de aquel tesoro, y lo que es peor, la esperanza de recuperarlo, ya que los hijos y los nietos, en un afán lamentable de modernización, parecen haber nacido para romper el hilo de oro de la tradición y se desvinculan por completo de los imperativos de la raza y la herencia.

Nuestro tesoro paremiológico es además desconocido y urge ponerlo en circulación, para admiración de propios y extraños.

Y no es extraño que no se dé a nuestros refranes la atención que merecen, si consideramos que los esfuerzos de las coleccionistas gallegos se han dispersado en publicaciones de difícil acceso.

Como prueba de todo ello, baste citar el *Refranero Musical* de Ricart, en el que se reúne una riquísima colección de refranes de toda Europa, referentes a la Música y a la Danza. En él figura Galicia con media docena de paremias, entresacadas de la *Gramática Gallega* de Saco y Arce, única aportación de nuestra tierra a la nutrida bibliografía internacional manejada por el distinguido Director del Museo de Música de Barcelona.

Reseñamos a continuación la bibliografía utilizada para nuestra colección, a la que hemos incorporado gran parte de lo publicado en Galicia.

MANUEL MURGUÍA.- *Historia de Galicia*, I. Lugo, Imprenta de Soto Freire, Editor, MDCCCLXV. En las págs. 572-577, incluye una serie de refranes, dispuesta por orden alfabético, tomada del Comendador Hernán Núñez, y acrecida con los recogidos por el autor. Fueron todos incluidos en la colección de Saco y Arce.

SACO Y ARCE, J.A.- *Gramática Gallega*.- Lugo, Imprenta de Soto Freire, 1868.

R.C.- "Colección de cantares y refranes gallegos", inserta en el folletín del *Diario de Avisos* de la Coruña, (1888-1889).

JACINTO DEL PRADO.- *Máximas y refranes gallegos*, folletín de *La Defensa* de Lalín. (L.906). Publicáronse en folleto a parte.²⁴⁸

MARCIAL VALLADARES.- En la revista *Galicia* de la Coruña, que amplía la colección incluida en su *Diccionario*. Números 4, 5, 9 y 10 de *Galicia*, año 1887. Los reprodujeron varias publicaciones periódicas, entre ellas *A Monteiro* de Lugo, año 1890.

LEIRAS PULPEIRO, MANUEL.- Publicó dos colecciones. La primera en *Galicia* de la Coruña, año 1893, y la segunda en el *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. VI. (junio 1912-mayo 1913).

CARRE ALDAO, EUGENIO.- "Refranero Gallego", inserto en *Nosa Terra* de la Coruña, números del 22 al 51. Quedó incompleto. Publicó también una pequeña colección en la *Geografía de Galicia* de Carreras y Candi, tomo "Generalidades".- "Prácticas y Costumbres", págs. 687-690; y un refranero agrícola meteorológico en el *Almanaque Gallego de Buenos Aires*, años²⁴⁹

ANTONIO DE LA IGLESIA.- Colección inserta en su obra *El Idioma Gallego*, de la Biblioteca Gallega.

²⁴⁸ Lo divide en tres secciones, después de un breve prólogo: Máximas - Refranes que se refieren a los meses del año y Refranes varios, que agrupo por orden alfabético, no precisamente de la letra con que comienza el refrán, sino por la letra primera de la palabra más característica o como dice él, de la "gallega más significativa".

²⁴⁹ Vázquez Saco da incompleta esta cita.

NORIEGA VARELA, ANTONIO.- "Cómo falan os brañegos", Serie 1ª. Volúmen 18 de la colección *Nós*, La Coruña, 1928. La serie 2ª comenzó a publicarse en *Vallibria*²⁵⁰, de Mondoñedo.

P. GUMERSINDO PLACER LÓPEZ, mercedario. "Refranero Gallego". Colección publicada en *El Obrero de Nazaret*, revista mensual de El Ferrol, a partir del año 1928.

SANTIAGO LOUREIRO.- *Refraneiro do mar*, Col. Renacemento, Noya, 1926.

FERMIN BOUZA BREY.- "Paremiología Jurídica de Galicia", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, Madrid, 1946.

JESÚS TABOADA.- "Paremiología referente a la salud y enfermedad". Publicada en la misma revista, año 1947.

REFRANERO DE LOS PESCADORES DE LAS RÍAS BAJAS, colegido por Sampedro y Folgar, y publicado en la entrega 22 de *El Museo de Pontevedra*.

Hemos de citar también, el *Refranero español náutico y meteorológico*, Barcelona, 1917, de Saralegui Medina, y *el Refranero del mar*, de José Gella Iturriaga. Madrid, 1944, en los que se recogen varios refranes gallegos relacionados con la vida del mar.

Por fin, hemos consultado las colecciones más o menos extensas que vieron la luz en distintas publicaciones periódicas, entre las que debemos destacar el *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Vida Gallega*, *Nós*, *Ultreya*, *O Gaiteiro de Lugo*, *Sonata Gallega*, etc.

Para las correspondencias castellanas nos hemos servido principalmente de las obras clásicas de Hernán Núñez, Correas, Sbarbi y Rodríguez Marín. Incluimos también algunas citas del *Refranero Español*, editado por Bergua. Y entre los refraneros de materias especiales, tuvimos a la vista, entre otros de menor importancia, el *Refranero Médico*, de Castillo, y *Más de setecientos Refranes de Caza*, de José Jara Ortega, editados en Madrid, años 1944 y 1950, respectivamente.

De los portugueses nos servimos principalmente de *Rifoneiro Português*, de Pedro Chaves, 2ª edición, Porto, s.a.; y para las correspondencias catalanas utilizamos el *Calendari de Refranys*, de M. Sanchís Guarnier, Barcelona, 1951; y el *Refraner Valencià* de Estanislao Alberola, Valencia, s.a., cuyos fondos incluimos entre los catalanes.

Nos ha ofrecido especial dificultad la disposición sistemática, ya ardua de por sí, y más ardua si se considera que todos los refraneros en general agrupan las paremias solamente por orden alfabético.

Modestísimo ensayo de sistematización es el nuestro, en el que han de ser frecuentes los titubeos y quizá más los deslices que los aciertos.

²⁵⁰ O noso autor cita esta revista de Noriega Varela como *Vallobriga*: coidamos que se refire a *Vallibria*.

Francisco Vázquez Saco

La catalogación hecha con relativa elasticidad, permite la colocación de muchos refranes en varias categorías. Por otra parte una paremia que en el sentido recto se encuadra perfectamente en la sección de "Agrícolas", por ejemplo, exige otra casilla por su sentido figurado.

Ante estas dificultades, y otras que sería enojoso señalar, pues están en el ánimo de todos, nos hemos decidido por un término medio, atendiendo principalmente a la mayor facilidad para hallar el refrán.

La elasticidad aludida nos ha permitido también colocar en distintas categorías, paremias analógicas y equivalentes.

A cada refrán acompaña su procedencia local o literaria; el escaso número que va sin ella pertenece a nuestros primeros tiempos de coleccionista en los que no cuidamos de este interesante pormenor. Abunda la colección en piezas recogidas en Buciños (Carballedo) y en Tuiriz (Monforte), donde tuvimos dos auxiliares de reconocida competencia en la búsqueda de material folklórico. También las correspondencias llevan su procedencia.

Y basten estas palabras para encabezar esta modesta Colección, recogida en varios años de labor, pero ilustrada y sistematizada en menos tiempo del que exige una obra de tanta trascendencia, por los agobios a que nos ha sometido el plazo del Certámen convocado por la Editorial de Bibliófilos Gallegos.

Francisco Vázquez Saco

2.2. Refraneiro

ABADE. V. tamén *Jurídicos y similares, Oficios, Religiosos y morales.*

1. **Abade avarento, por un bodigo perde un cento.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
2. **Na cas do abade comede e levade.** ²⁵¹
(mc: A.I. / ms16 / ms21,04v: Bermés)
(es) *En casa del abad, comer y llevar.* (mc: R. Marín / ms16: Sbarbi)
Alude a la opulencia atribuida en otros tiempos a los sacerdotes.
3. **Na casa do abade, comede e levade e mal del falade.** (ms15,43: Friol)
(es) *En casa del abad, comer y llevar.* (Sbarbi)

ABARCAR

4. **O meu veciño ten unha viña: el a cava, el a bima, el a vindima.** ²⁵²
(ms10,141r: D.E.)

ABEJAS. V. tamén *Agrícolas (Generales), Enjambres, Miel.*

5. **A abella ándao todo.** (ms8,32v: Silvarrey)
6. **A colmea pobre sale do inverno e no maio morre.** (ms8,68r: Silvarrey)
7. **Abella que pica, non volve a picar.** (mc: Santiago, José Ferreiro García / ms16: Santiago)
8. **As abellas non queren ser partidas nin reñidas.** (mc e ms16: Santiago / ms: José Rodríguez Calvo: Rebón, Moraña, PO)
9. **As colmeas xa castradas e as abellas remontadas.** (mc e ms16: J.P.)

²⁵¹ ms16 e ms21,04v: *casa*.

²⁵² En ms10 s.v. *Viña* coa indicación *Abarcar*.

10. **En abellas e ovellas non metas o que teñas.** (mc e ms16: Buciños)
11. **En abellas i-en ovellas non metas o que teñas; i-o que rico queira ser, de todo ha de ter.** ²⁵³ (mc e ms16: Buciños)
Var.: *En abellas e ovellas nunca metas o que teñas pero, podendo ser, nunca estés sin elas.*
12. **En abellas i-en ovellas nunca metas o que teñas.** ²⁵⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
13. **En febreiro poño o pé no salgueiro e digo: "Mamas pró barreiro".** ²⁵⁵ (mc e ms16: Loureiro de Cotovad)
Dicho de la abeja, aludiendo a la flor temprana.
14. **En ovellas i-en abellas non méta-lo que teñas.** ²⁵⁶ (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)
15. **O que queira o mel, ten que aguantar as aguilloadas.** (ms15,49: Arzúa)
16. **Onde hai abellas hai mel.** (ms15,49)
17. **Ovella e abella e pedra que trebella e péndola tras da orella, cobizaba pró seu fillo a vella.** ²⁵⁷ (ms10,074r: D.E.)

²⁵³ ms: *y en, metal-o que teñas*.

²⁵⁴ ms-LU (Galicia): *u que teñas*.

²⁵⁵ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas (Meses. Febrero)*.

²⁵⁶ *En ovellas y'en abellas non meta'lo que teñas.* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas (Animales)*.

²⁵⁷ En ms10 s.v. *Ovejas* coa indicación *Abejas*.

18. **Ovellas e abellas nas túas devesas, non nas alleas.** ²⁵⁸ (ms10,074r: *D.E.*)
19. **Quen cata o mel na colmea, aguante a picadura da abella.** ²⁵⁹ (mc: M.V.)
Var.: *Quen cata o mel na colmea, terme coa picada da abella.* (ms16)
(es) *El havo (panal) es dulce, mas pica la abeja.* (Correas)
20. **Vaise o ben ó ben i-as abellas ó mel.** (ms10,031v: *D.E.*)

ABOGADOS. V. tamén *Jurídicos y similares, Oficios.*

21. **O labrador entre dous abogados está como o peixe entre dous gatos.** ²⁶⁰ (ms10,032r: *D.E.*)
22. **Onde hai dous paisanos, hai tres abogados.** ²⁶¹ (ms15,45v: Valle del Mao)
23. **Os abogados fan ver do blanco negro.** (ms15,45v: Valle del Mao)

ABONO. V. tamén *Agrícolas (Generales), Estiércol.*

24. **A bo esterco mellores patacas.** ²⁶² (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
25. **Como sementares e estercares, así collerás cando regares.** ²⁶³ (ms10,118r: *D.E.*)
26. **Dáme a terra estercada e non ma deas gabada.** ²⁶⁴ (ms10,129r: *D.E.*)
27. **Non hai mala terra con esterco e rega.** ²⁶⁵ (ms10,129r: *D.E.*)
28. **Semente outra na terra estercada e ti na folgada.** ²⁶⁶ (ms10,118r: *D.E.*)

ABRIGO

29. **Antes sudar que tremar.** ²⁶⁷ (ms10,124r: *D.E.*)
30. **Máis val suar que espirrar.** ²⁶⁸ (ms10,124r: *D.E.*)
31. **Se queres criarte gordo e san, a roupa do inverno pona no vran.** ²⁶⁹ (ms10,110r: *D.E.*)

²⁵⁸ En ms10 s.v. *Ovejas* coa indicación *Abejas*.

²⁵⁹ ms: *colmena*

²⁶⁰ En ms10 s.v. *Labrador* coa indicación *Abogados*.

²⁶¹ Indica *Abogados*.

²⁶² Indica *Abono*.

²⁶³ En ms10 s.v. *Sembrar* coa indicación *Abono*.

²⁶⁴ En ms10 s.v. *Tierra* coa indicación *Abono*.

²⁶⁵ En ms10 s.v. *Tierra* coa indicación *Abono*.

²⁶⁶ En ms10 s.v. *Sembrar* coa indicación *Abono*.

²⁶⁷ En ms10 s.v. *Sudar* coa indicación *Abrigo*.

²⁶⁸ En ms10 s.v. *Sudar* coa indicación *Abrigo*.

²⁶⁹ En ms10 s.v. *Ropa* coa indicación *Abrigo*.

32. **Se queres vivir sano, anda abrigado, come pouco e vive en alto.** ²⁷⁰ (ms10,143v: *D.E.*)
33. **Se queres vivir san, a roupa do inverno traina no verán.** ²⁷¹ (ms10,114r: *D.E.*)
34. **Val máis suar que tusir e arrepiar.** ²⁷² (ms10,124r: *D.E.*)

ABUNDANCIA

35. **Cando o trigo está na eira, anda o pan por enriba da artesa.** ²⁷³ (ms10,133r: *D.E.*)

ABUSO

36. **Dálle a un o pé e collerache a man.** ²⁷⁴ (ms10,085r: *D.E.*)
37. **Do uso nace o abuso.** ²⁷⁵ (ms10,134r: *D.E.*)
38. **Entrou o rato no meu celeiro e fíxose o meu herdeiro.** ²⁷⁶ (ms10,105r: *D.E.*)
39. **Mete ó pidincheiro no teu palleiro e faráseche o teu herdeiro.** ²⁷⁷ (ms10,078r: *D.E.*)
40. **Ó que lle dan o pé colle a man.** ²⁷⁸ (ms10,085r: *D.E.*)
41. **O uso trai o abuso.** ²⁷⁹ (ms10,134r: *D.E.*)
42. **Ó vilán dádelle o dedo e colleravos a man.** ²⁸⁰ (ms10,141r: *D.E.*)
43. **Ó vilán dádelle un ovo e pediravos o aceite i-o sal i-o tixolo.** ²⁸¹ (ms10,140r: *D.E.*)
44. **Ó vilán danlle o pé e agarra a man.** ²⁸² (ms10,141r: *D.E.*)
45. **Se metes o ruín no teu palleiro, xa verás como se queda de teu herdeiro.** ²⁸³ (ms10,078r: *D.E.*)
46. **Veñen os porcos do monte botarnos da nosa corte.** ²⁸⁴ (ms10,095r: *D.E.*)

²⁷⁰ En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Abrigo*.

²⁷¹ En ms10 s.v. *Sano* coa indicación *Abrigo*.

²⁷² En ms10 s.v. *Sudar* coa indicación *Abrigo*.

²⁷³ En ms10 s.v. *Trigo* coa indicación *Abundancia*.

²⁷⁴ En ms10 s.v. *Pies* coa indicación *Abuso*.

²⁷⁵ En ms10 s.v. *Uso* coa indicación *Abuso*.

²⁷⁶ En ms10 s.v. *Ratones* coa indicación *Abuso*.

²⁷⁷ En ms10 s.v. *Pajar* coa indicación *Abuso*.

²⁷⁸ En ms10 s.v. *Pies* coa indicación *Abuso*.

²⁷⁹ En ms10 s.v. *Uso* coa indicación *Abuso*.

²⁸⁰ En ms10 s.v. *Villano* coa indicación *Abusos*.

²⁸¹ En ms10 s.v. *Villano* coa indicación *Abusos*.

²⁸² En ms10 s.v. *Villano* coa indicación *Abusos*.

²⁸³ En ms10 s.v. *Pajar* coa indicación *Abuso*.

²⁸⁴ En ms10 s.v. *Puerco* coa indicación *Abuso*.

ACEPTAR

47. **Burro é o que non toma se lle dan algo que beba ou coma.** ²⁸⁵ (ms10,131r: D.E.)
48. **Cando che dean a ovella, lévaa.** ²⁸⁶ (ms10,074r: D.E.)
49. **Ó "toma" todo o mundo asoma, e ó "daca" todo o mundo escapa.** ²⁸⁷ (ms10,131r: D.E.)
50. **Toma o que che dan e non chores polo que queda.** ²⁸⁸ (ms10,131r: D.E.)

ACOMODACIÓN

51. **A cada tempo o seu tento.** ²⁸⁹ (ms10,126r: D.E.)
52. **A novo negocio novo consello.** ²⁹⁰ (ms10,067r: D.E.)
53. **A novos tempos novos consellos.** ²⁹¹ (ms10,128r: D.E.)
54. **A pouco viño pequeno traguño.** ²⁹² (ms10,096r: D.E.)
55. **A tal tempo, tal tento.** ²⁹³ (ms10,126r: D.E.)
56. **Cal o tempo, tal o tento.** ²⁹⁴ (ms10,126r: D.E.)
57. **Cando esteas entre os parvos, faite parvo.** ²⁹⁵ (ms10,083r: D.E.)
58. **Cando pases pola terra dos tortos, pecha un ollo.** ²⁹⁶ (ms10,131r: D.E.)
59. **Como verás, así farás.** ²⁹⁷ (ms10,138r: D.E.)
60. **Como vires, así fai.** ²⁹⁸ (ms10,138r: D.E.)
61. **En cada tempo, seu tento.** ²⁹⁹ (ms10,126r: D.E.)
62. **En coiro nacin e en coiro me vexo; nin gano nin perdo.** ³⁰⁰ (ms10,065r: D.E.)
63. **Fai como vires onde vivires.** ³⁰¹ (ms10,138r: D.E.)

²⁸⁵ En ms10 s.v. *Tomar* coa indicación *Aceptar*.

²⁸⁶ En ms10 s.v. *Ovejas* coa indicación *Aceptar*. V. variantes en *Oportunidad* (*Aprovechar la oportunidad*).

²⁸⁷ En ms10 s.v. *Tomar* coa indicación *Aceptar*.

²⁸⁸ En ms10 s.v. *Tomar* coa indicación *Aceptar*.

²⁸⁹ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Acomodación*.

²⁹⁰ En ms10 s.v. *Negociar* coa indicación *Acomodación*.

²⁹¹ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Acomodación*.

²⁹² En ms10 s.v. *Poco* coa indicación *Acomodación*.

²⁹³ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Acomodación*.

²⁹⁴ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Acomodación*.

²⁹⁵ En ms10 s.v. *Necio* coa indicación *Acomodación*.

²⁹⁶ En ms10 s.v. *Tuerto* coa indicación *Acomodación*.

²⁹⁷ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Acomodación*.

²⁹⁸ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Acomodación*.

²⁹⁹ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Acomodación*.

³⁰⁰ En ms10 s.v. *Nacer* e indicación *Acomodación*.

³⁰¹ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Acomodación*.

64. **Ispido nacin; ispido me hacho; nin perdo nin gano.** ³⁰² (ms10,065r: D.E.)
65. **Mudado o tempo, mudado o pensamento.** ³⁰³ (ms10,126r: D.E.)
66. **Na terra en que morares, axéitate como poidas.** ³⁰⁴ (ms10,129r: D.E.)
67. **Non hai millor riqueza que a vontade contenta.** ³⁰⁵ (ms10,109r: D.E.)
68. **O tolo i-o aire deixádeos que pasen.** ³⁰⁶ (ms10,131r: D.E.)
69. **Toma o tempo asegún vén.** ³⁰⁷ (ms10,128r: D.E.)
70. **Vívese como se pode e non como se quer.** ³⁰⁸ (ms10,143v: D.E.)
71. **Vivimos como podemos e non como queremos.** ³⁰⁹ (ms10,143v: D.E.)
72. **Xa que hoxe non ceo, dácame acá o pandeiro.** ³¹⁰ (ms10,081r: D.E.)
73. **Zapato roto ou san, vale máis no pé que na man.** ³¹¹ (ms10,143v: D.E.)

ACOSTARSE

74. **A máis non poder, déitate coa túa muller.** (ms10,003r: D.E.)
75. **Ás nove déitate, home; ás dez, muller ¿ti ves?** ³¹² (ms10,003r: D.E.)
76. **Dáme onde me sente que eu farei onde me deite.** (ms10,003r: D.E.)
77. **Quen máis non pode, coa súa muller se deita.** (ms10,003r: D.E.)
78. **Ricos son os que se deitan sin ansias en que pensar.** (ms10,003r: D.E.)

ADECUACIÓN

79. **Ós pes tortos dálle zocos.** ³¹³ (ms10,085r: D.E.)
80. **Prá porta é a pechadura, e pró cabalo a ferradura.** ³¹⁴ (ms10,096r: D.E.)

³⁰² En ms10 s.v. *Nacer* e indicación *Acomodación*.

³⁰³ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Acomodación*.

³⁰⁴ En ms10 s.v. *Tierra* coa indicación *Acomodación*.

³⁰⁵ En ms10 s.v. *Riqueza* coa indicación *Acomodación*.

³⁰⁶ En ms10 s.v. *Locos* coa indicación *Acomodación*.

³⁰⁷ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Acomodación*.

³⁰⁸ En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Acomodación*.

³⁰⁹ En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Acomodación*.

³¹⁰ En ms10 s.v. *Pandero* coa indicación *Acomodación*.

³¹¹ En ms10 s.v. *Zapato* coa indicación *Acomodación*.

³¹² V. variantes en *Medicina. Higiene*.

³¹³ En ms10 s.v. *Pies* coa indicación *Adecuación*.

³¹⁴ En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Adecuación*.

ADIVINACIÓN

81. Cando está o pelexo á porta, sinal de que a burra é morta.³¹⁵ (ms10,088r: D.E.)

ADULACIÓN

82. Gaba o parvo e faino beilar; se non é parvo, parvo o volverás.³¹⁶ (ms10,083r: D.E.)

AFABILIDAD

83. A ovella mansa moitos anos a mamam.³¹⁷ (ms10,074r: D.E.)
 84. A pedradas non se collen os paxaros.³¹⁸ (ms10,086r: D.E.)
 85. As boas palabras aloumiñan; as malas espiñan.³¹⁹ (ms10,076r: D.E.)
 86. As boas palabras vencen e ganan.³²⁰ (ms10,076r: D.E.)
 87. Boas palabras e malas obras hainas ás sobras.³²¹ (ms10,076r: D.E.)
 88. Boas palabras non manteñen.³²² (ms10,076r: D.E.)
 89. Cales palabras me dis, tal corazón me pos.³²³ (ms10,076r: D.E.)
 90. Cas boas palabras ninguén come.³²⁴ (ms10,076r: D.E.)
 91. Faite ovella e comerate o lobo.³²⁵ (ms10,074r: D.E.)
 92. O que se fai ovella cómeno os lobos.³²⁶ (ms10,074r: D.E.)
 93. Tal palabra din, tal corazón che poñen.³²⁷ (ms10,077r: D.E.)
 94. Tal palabra me dixeches, tal corazón me puxeche.³²⁸ (ms10,077r: D.E.)

³¹⁵ En ms10 s.v. *Pellejo* coa indicación *Adivinación*.

³¹⁶ En ms10 s.v. *Necio* coa indicación *Adulación*.

³¹⁷ En ms10 s.v. *Ovejas* coa indicación *Afabilidad*.

³¹⁸ En ms10 s.v. *Piedra* coa indicación *Afabilidad*.

³¹⁹ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

³²⁰ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

³²¹ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

³²² En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

³²³ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

³²⁴ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

³²⁵ En ms10 s.v. *Ovejas* coa indicación *Afabilidad*.

³²⁶ En ms10 s.v. *Ovejas* coa indicación *Afabilidad*.

³²⁷ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

³²⁸ Tal palabra me dixeches, tal corazón me puxeche. / En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Afabilidad*.

AFEITES

95. Na pintura non está a figura.³²⁹ (ms10,092r: D.E.)
 96. Unha cousa é a pintura e outra moi outra é a figura.³³⁰ (ms10,092r: D.E.)

AFICIÓN

97. Alá van os pés onde o corazón quer.³³¹ (ms10,085r: D.E.)
 98. Pés afeitos a saltar non saben quedos estar.³³² (ms10,085r: D.E.)
 99. Pés vezados a beilar non poden quedos estar.³³³ (ms10,085r: D.E.)

AFLICCIÓN

100. A máis vivir, máis sufrir.³³⁴ (ms10,143r: D.E.)
 101. As penas, ou acaban ou se acaban.³³⁵ (ms10,088r: D.E.)
 102. Con sufrir todo se alcanza.³³⁶ (ms10,121r: D.E.)
 103. Dis a túa pena a quen non lle apena e quíxaste a nai allea.³³⁷ (ms10,088r: D.E.)
 104. Esta pena tenme morta, i-esta pena me conforta.³³⁸ (ms10,088r: D.E.)
 105. O que non ten penas, invéntaas.³³⁹ (ms10,088r: D.E.)
 106. Padeza quen penas ten, que tras tempo, tempo vén.³⁴⁰ (ms10,088r: D.E.)
 107. Sofre acá e ganharás alá.³⁴¹ (ms10,121r: D.E.)
 108. Sofre o pouco pra non sufrir o moito.³⁴² (ms10,121r: D.E.)
 109. Sofre quen penas ten, que un tempo tras de outro vén.³⁴³ (ms10,121r: D.E.)
 110. Sofrir o pouco pra non sufrir o moito.³⁴⁴ (ms10,121r: D.E.)

³²⁹ En ms10 s.v. *Pintura* coa indicación *Afeites*.

³³⁰ En ms10 s.v. *Pintura* coa indicación *Afeites*.

³³¹ En ms10 s.v. *Pies* coa indicación *Afición*.

³³² En ms10 s.v. *Pies* coa indicación *Afición*.

³³³ En ms10 s.v. *Pies* coa indicación *Afición*.

³³⁴ En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Aflición*.

³³⁵ En ms10 s.v. *Penas* coa indicación *Aflición*.

³³⁶ En ms10 s.v. *Sufrir* coa indicación *Aflición*.

³³⁷ En ms10 s.v. *Penas* coa indicación *Aflición*.

³³⁸ En ms10 s.v. *Penas* coa indicación *Aflición*.

³³⁹ En ms10 s.v. *Penas* coa indicación *Aflición*.

³⁴⁰ En ms10 s.v. *Penas* coa indicación *Aflición*.

⁴²² ms: *canta la rula.*

⁴²³ ms-LU: *Cand'as pegas.*

⁴²⁴ V. refráns semellantes en *Oportunidad (Aprovechar la oportunidad).*

⁴²⁵ O orixinal di *Cando chove e vai sol, cas'o zorro e mail'a zorra.*

⁴²⁶ ms3 e ms4: *quer.*

⁴²⁷ ms4: *quer.*

⁴²⁸ Jesús Santiso Barreiro: *sinal, inverno.*

⁴²⁹ ms e ms4: *para todos.*

⁴³⁰ ms e ms4: *un porco.*

- Bubela* = bubilla. *Chao garrido* = oropéndola.
435. **Cando vén o cuco, vén o pan ó suco.** (mc: M.V. / ms4: Cuartilla 7)
436. **Canto máis burro, máis palla.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)
437. **Canto máis fraco é o can, máis tarambollo lle dan.** ⁴³² (mc / ms4: F.V.S. / ms21,10v: Bermés)
438. **Canto máis gordo é o porco, millor san Martín se fai.** (ms)
439. **Canto máis grande o can, máis tarambollo lle dan.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
440. **Capós, pavos, gansos e coellos por escución deben facerse vellos.** (ms4: J.P.)
441. **Carga larga, man na illarga; ó cabo dun ano, nin besta nin carga.** ⁴³³ (mc, ms3 e ms4: M.V. / ms21,24v: Bermés / ms10,031r: D.E.)
442. **Carneiro pra vender, pola mañá ha de pacer.** (mc: J.P.)
443. **Catro paxaros pasan o mar: o cuco, a anduriña, a rula i-o paspallá.** ⁴³⁴ (mc: Lugo-F.V.S.)
444. **Cébanse nos xaulós pavos, gansos e capós.** ⁴³⁵ (ms4: J.P.)
445. **Cegos, pegas e choias, dou ó demo estas tres xoias.** ⁴³⁶ (mc, ms e ms3: A.I.)
Var.: *Cregos, frades, pegas e choyas, do ao demo as catro xoyas.* (Vasconcelos-F.V.S.)
446. **Cegos, pegas e choias, o demo cargue con todas.** ⁴³⁷ (mc e ms: C.A.-A Nosa Terra)
447. **Coida o prado e terás gado.** (mc: A.C. A Nosa Terra)
448. **Como a cabra por súa viña, onde vai a nai vai a filla.** ⁴³⁸ (mc e ms4: M.L.)
(es) *La cabra va por la viña, como hace la madre hace la hija.* (Correas) / *La cabra va por la viña, por do va la madre va la hija.* (Id.) / *Cabra va por viña, cuál la madre tal la hija.* (Id.)
449. **Como come a besta, díó a bosta.** (mc: M.L.)
450. **Como come o burro, dicho o seu cu.** ⁴³⁹
(mc: C.S. / ms: A.C. A Nosa Terra)
451. **Como come o mulo, así caga o cu.** (mc: A.C. A Nosa Terra)
452. **Como sin mel non hai abellas e sin abellas non hai mel, castra as abellas entre Candeas e san Miguel.** (mc: Santiago)
453. **Como vai o gando engordando, convén sin recelo ilo despachando.** ⁴⁴⁰
(ms4: J.P.)
454. **Con bon tempo hai que castrar e tódalas crías destetar.** (ms4: J.P.)
455. **Con perros vellos non hai cus cus.** (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)
456. **¿Con que soña o porco? Coa lavadura.** ⁴⁴¹ (mc: Buciños)
(pt) *Com que sonhas porco? Com a bolota* (Chaves)
457. **Cordeiro manso mama a súa ovella e a allea.** (mc: Chantada)
Var.: *Año manso mama a nai e mais a allea. / Año manso mama a súa ovella e mais a allea.*
(pt) *Cordiro manso, mama sua mãe e a alheia.* (Chaves) / *Borreguinha mansa mama a sua teta e a alheia.* (Id.) (es) *Cordero manso mama a su madre y a todas las del rebaño.* (Correas) / *La cordera mansa mama a su madre y a toda la piara.* (Id.) / *El cordero manso, mama a su madre y a cualquiera, y el bravo, ni a la suya ni a la ajena.* (Correas)
Los que tienen carácter apacible tienen abiertas todas las puertas.
458. **Cornada de burro non mata a xente.** (mc: Santiago)
459. **Corvos á dreita, sorte ben feita.** (ms5,135: Santa Comba)
460. **Corvos en bandada, ou sombra ou presada.** (mc: A.C. A Nosa Terra)
461. **Cos animás a forza de limpeza, daranlle ó labrador moita riqueza.** ⁴⁴²
(ms4: J.P.)

⁴³¹ ms: y o.

⁴³² ms4: Cando.

⁴³³ ms3 e ms4: *d'o ano*; ms21,24v e ms10,0314: *cabo do ano*. / En ms10 s.v. *ljada*.

⁴³⁴ ms: y o; ms4: *a paspallá*.

⁴³⁵ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁴³⁶ ms e ms3: *choyas, xoyas*.

⁴³⁷ ms: *choyas*.

⁴³⁸ V. *Propensión*. / ms4: *por donde vai a nai*.

⁴³⁹ Carré Aldao en *A Nosa Terra* recolle: *Como come o burro, dicho seu c.* Vázquez Saco, probablemente coa intención de recoller *dicho o seu cu*, recolle a forma errónea *dicheo*, engadindo o artigo pero suprimindo o posesivo.

⁴⁴⁰ O orixinal di *Como vay o gando engordando, conven sin recelo ilo despachando*.

⁴⁴¹ mc: *ca lavadura*.

⁴⁴² Probablemente se trata dunha máxima de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

462. **Costa abaixo non me montes, costa arriba non me aprontes, e polo chan dáme da man.** (mc: Sober)
Lo dice el caballo y quedan variantes en la primera serie.⁴⁴³
463. **Costa abaixo no me montes, costa arriba non m'afrontes, por llano non ma perdones.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
464. **Costa arriba non me montes, costa abaixo non me afrontes, polo chan non me perdones.**⁴⁴⁴ (mc: J. Alvaríño)
Var.: "Costas arriba non me apures, costas abaixo non me montes, e polo llano non me aforres", dice o caballo. (Baralla-F.V.S.)⁴⁴⁵ / Dixo a besta ó montadore: "Pra riba non m'afrontes, pra baixo non me montes e polo chan non me perdones". (ms4: M.L.)
En la Tierra Llana se pone en boca del caballo. *Afrontar* es lo mismo que fatigar, cansar, y en este sentido lo incluye en su *Diccionario Carré Alvarelos*.
465. **Costas abaixo, eu me as [sic] subo; costas arriba, and'o meu burro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
466. **Costas arriba non m'apures, costas abaixo non me montes, e polo llano non me aforres. (o caballo)** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
467. **Cregos, frades, pegas e choias son do demo catro xoias.**⁴⁴⁶ (ms21,02v: Bermés)
468. **Cría corvos e quitaranche os ollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
469. **Cría corvos e sacaranche os ollos.** (mc: C.A. A Nosa Terra)
Var.: *Cría corvos, sacaranche os ollos.*
(pt) *Cría o corvo, tirar-te-há o olho.* (Chaves) (es) *Cría cuervos y te sacarán los ojos.* (Sbarbi) / *Cría el cuervo, y sacarte ha el ojo.* (Correas)
Recomienda no hacer beneficios a los ingratos, so pena de recibir mal por bien.
470. **Criado e galo, un ano; despois de un ano, nin bo criado nin bo galo.**⁴⁴⁷ (mc: Chantada)
(pt) *Ao moço e ao galo, um ano.* (Chaves)
(es) *El gallo y el criado, un año, y, en sirviendo los dos. ox.* (Sbarbi)
Porque el primero se cansa", dice Sbarbi, y *el segundo toma confianzas; por lo que es conveniente deshacerse de ellos.*
471. **Criado e galo, un ano.** (mc: Chantada)
472. **Cuando a choia chocia, o lobo rodea; cuando o corvo corvea, o lobo prea.** (ms12,78: S. Pedro de Orrios, Caurel)⁴⁴⁸
473. **Cuco cantando, primaveira na man.** (mc: Santiago)
474. **Cucú cantando, primavera na man.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
475. **Chámenme can e díanme pan.** (mc: Bucíños)
(es) *Lláname gorrión y échame trigo.* (R. Marín)
476. **Chega abril; si o cuco non vén, ou morriu o no sei qué ten.**⁴⁴⁹ (ms-SA: José Lorenzo Viña)
477. **Chover, chover, hasta o corno amolecer.**⁴⁵⁰ (mc: Bucíños / ms4: Bucíños-F.V.S.)
(es) *Lloviese hasta que este mi cuerno se me enmolleciese.* (Correas)
Véase *A vaca chover*... El refrán se pone en boca de la vaca, como el correspondiente castellano. (mc) / Refrán que se aplica a la vaca, de quien se dice que le gusta que llueva. (ms4)
478. **Dálle graus á pola que ela porá.** (ms8,49v: Trives)
479. **Das aves de plumas non desprecies ningunhas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)
480. **Das aves, a perdiz, e mellor a codorniz; e se o porco voara, quen lle ganara.** (ms15,42: Valle del Mao)
481. **Das cereixas ós nabos ben o pasamos, e dos nabos ás cereixas damos as queixas.** (ms14,17)
De tiempo.

⁴⁴³ Ás veces no mc, dentro dun mesmo tema hai varias series de refráns alfabetizados. Este é o caso dos relativos a *Agrícolas (Animales)*. Supoñemos que esa *primera serie* se refire ós que estaban na primeira lista alfabética, onde efectivamente aparecen tódolos que aquí lle siguen a este refrán.

⁴⁴⁴ ms: *non ma perdones*.

⁴⁴⁵ ms: *m'apures*.

⁴⁴⁶ O orixinal di *Cregos, frades, pegas e choyas, son d'o demo catro (4) xoyas*.

⁴⁴⁷ ms: *despois d'un ano*.

⁴⁴⁸ Aínda que V. Saco escribe *S. Pedro de Orrios* a forma normativa deste topónimo hoxe en día é *San Pedro de Hórreos*.

⁴⁴⁹ O orixinal di *Chega abril si o cuco non ven ou morriu o no sen que ten*.

⁴⁵⁰ Dentro de *Agrícolas (Generales)* no mecanoescrito orixinal.

482. **Das cereixas ós nabos no nos queixamos; dos nabos ás cereixas veñen as queixas.** (ms-SA: José M. Gúlfias Rivas: Forcarei, PO)
483. **Das cireixas ós nabos ben o pasarás, pero dos nabos ás cereixas damos as queixas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Dicen os gorriós.
484. **Das cireixas ós nabos ¡que ben o pasamos!; dos nabos ás cireixas dámo-las queixas.** ⁴⁵¹ (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / algún lugar de Galicia.)
Falan os paxaros.
485. **De bestia vella, aos toxos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
486. **De bestia, a mular, e de home, o de pouco falar.** ⁴⁵² (mc: A.I. / ms15,01: Carré Aldao / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *De bestia mular, ni de hombre de poco hablar.*
Lo primero por su buena andadura, y lo segundo, porque la prudente reserva es nota de discreción.
487. **De bestia, a mular, e de home, o pouco falar.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)
488. **De boa casta é o can pra non roer o óso.** (ms4: F.V.S.)
489. **De burro abaixo non hai máis r[u]lín besta.** ⁴⁵³ (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
490. **De burro abaixo non hai máis roín bestio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
491. **De burro abaixo non hai menos besta.** ⁴⁵⁴ (mc: A.S.A. / ms21,05r: Bermés / Francisco Canosa Quintáns)
Var.: *De burro embaixo non hay millor besta.*
Indica el pobre concepto que merece el asno.
492. **De burro abaixo non hai pr'ond'ir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
493. **De burro abaixo non hai máis ruín besta.** ⁴⁵⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
494. **De can, cadela; de cadela, can.** ⁴⁵⁶ (ms11,25 / ms21,05r: Bermés)
Se refiere a la herencia cruzada.
495. **De tres porcos: seis touciños, doce pés e tres fuciños, seis orellas e tres rabos; trinta anacos ben contados.** (ms4: J.P.)
496. **De bestia vella, ós toxios.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
497. **Déitase o boi no prado porque non se pode sentar.** (ms4: Bagueixos-F.V.S.)
498. **Deixar andar o can coa roca, qu'el dará conta da mazaroca.** (ms4: Agro)
499. **Dende as cereixas ós nabos ben estamos; dende os nabos ás cereixas, todas son queixas.** ⁴⁵⁷ (mc: A.I.)
Dicen los pájaros.
500. **Des que vén o cuco, enche a cal e mais o suco.** (ms21,04r: Bermés)
501. **Des que vén o cuco, vén o pan ó suco.** (mc: *T. de Melide*)
502. **Desconfía da besta que fai "hin" e da muller que sepa latín.** ⁴⁵⁸ (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
503. **Día d'Ano Novo puxo a miña pita un ovo, e día de Reis xa tiña seis.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
504. **Día de Ano Novo pon a pita un ovo; día de Reis xa ten seis; día de Ceniza, conta outros trinta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
505. **Do burro pra baixo non hai máis ruín besta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
506. **Do contado come o lobo i-anda gordo.** (mc: M.L.P.)
(es) *De lo contado come el lobo, y anda gordo.* (R. Marín)
507. **Do contado come o lobo.** ⁴⁵⁹ (mc: Carballedo / ms3: A.N.V.)
(pt) *Do contado come o lobo.* (Chaves) (es) *De lo contado come el lobo.* (Sbarbi) / *De lo contado come el lobo, y anda gordo.* (Id.)

⁴⁵¹ O orixinal di *Das cireixas os nabos, qué ben o pasamos; dos nabos as cireixas dámo-las queixas- falan os paxaros.*

⁴⁵² ms-LU: *ou de pouco falar.*

⁴⁵³ O orixinal di *De burro a baixo non ai mais rin besta.*

⁴⁵⁴ ms21,05r: *non hay menos*; F. Canosa Quintáns: *Do burro.*

⁴⁵⁵ O orixinal di *De burro a baixo, non hay máis ruín besta.*

⁴⁵⁶ ms21,05r: *e de cadela.*

⁴⁵⁷ ms3: *Dend'as.*

⁴⁵⁸ ms e ms4: *fale.*

⁴⁵⁹ V. tamén *Jurídicos y similares.* / V. *Das sardiñas contadas come o gato en Marítimos (Peces).*

- No siempre se logra la seguridad de una cosa, por mucho que se cuide.
508. **Do home, o falar, e da besta, a mular.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)
509. **Do lobo un pelo.** (mc)
510. **Do lobo, un pelo e, aquel, do lombo no medio.** (mc: Lugo)
(es) *Del lobo, un pelo.* (Sbarbi) / *Del lobo un pelo, aunque sea de la frente.* (Sbarbi)
(ct) *El llop, un pel, i eixe de front.* (Alberola)
511. **Do lobo, un pelo, i-aquel do medio do lombo.** ⁴⁶⁰ (ms18,72r: A.S.A.)
512. **Do ó demo o dente que come a semente.** (ms8,54v: Silvarrey)
513. **Do superior e do mulo, canto máis lexos millor.** (mc: Bucíños)
Var.: *Do superior e do mulo, canto máis lexos máis seguro.* (Bucíños-F.V.S.)
(pt) *Do rei e do sol, quanto mais longe melhor.* (Chaves) (es) *Del sol y del señor, mientras más lejos, mejor.* (R. Marín)
514. **Do zorro nace xente do rabo largo.** (mc: Bucíños)
Cada uno produce su semejante.
515. **Donde a pega ten o ollo, ten o ovo.** (ms4: A.N.)
516. **Donde hai égoas, poltros nacen.** ⁴⁶¹ (mc: A.N.)
(es) *Donde hay yeguas, potros nacen.* (mc: Sbarbi / ms: R. Marín) / *Donde hay gallinas hay huevos y pollos.* (R. Marín)
No se deben extrañar los acontecimientos cuando están inmediatos a las causas de que provienen. / *Dum causa existit, effectus natura consequitur.*
517. **¿Donde irás, boi, que non ares?** (ms-LU: seminarista anónimo: Laíosa, O Incio, LU)
518. **Donde non hai can, o golpe é veciño.** ⁴⁶² (ms15,05: Valcarría)
519. **Donde non hai vacas aran os bois, e despois, solta-las vacas e xunxir os bois.** ⁴⁶³ (ms8,45r: Las Ermitas)
520. **Donde o lobo come a ovella, deixa o rastro dela.** (mc: Bucíños)
- (pt) *Onde o lobo acha um cordeiro, busca outro.* (Chaves) (es) *Donde halló un cordero el lobo, allí busca otro.* (Jara)
521. **Donde sal unha vaca pinta hai encantos na miña** [sic]. ⁴⁶⁴ (ms: Santiago)
522. **Donde vexas corpo bota carga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
523. **Donde vexas corpo, bota carga, e donde vexas orellas, albarda.** (ms)
524. **Dous galos nun galiñeiro non cacarexan ben.** (mc: Bucíños)
(es) *Dos gallos en un gallinero, no hay paz entre ellos.* (R. Marín) / *Dos gallos en un gallinero, el uno es rey y el otro es siervo.* (Id.) / *Dos gallos en un corral se llevan mal.* (Id.) / *Dos gallos en un gallinero, el uno trae al otro en el retortero.* (Id.) (ct) *Dos galls en un galliner, no canten bé.* (Ricart)
525. **Dous lobos a un can ben o comerán.** ⁴⁶⁵ (mc: A.L.)
(pt) *Dois lobos a um cão, bem o comerão.* (Chaves) (es) *Dos lobos a un can bien le comerán.* (Correas)
Como todo el que ataca con fuerzas duplicadas a un inferior.
526. **Dous zarrullos a un can algo lle fan.** ⁴⁶⁶ (mc e ms3: A.N.)
(es) *Dos potros a un can, bien le morderán.* (R. Marín)
527. **Dunha ovella negra sale un año branco.** (ms)
528. **É lidar en van con un burro sin un pau.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *O burro e a mulher, a pau se quer.* (Chaves)
529. **En abellas e ovelas non metas o que teñas, pero, podendo ser, nunca estés sin elas.** (mc: Chantada)
Var.: *En abellas y-en ovelas nunca méta-lo que teñas, y o que rico queira ser, de todo ha de ter.*
(pt) *Abelha, ovelha, pena atrás da orelha e parte na igreja, desejava para seu filho a velha.* (Chaves) (es) *Abeja y oveja y piedra que trebeja.* (Sbarbi). Donde se declaran como fuente de riqueza y bienestar, el ganado lanar, la apicultura y la industria

⁴⁶⁰ O orixinal di *D'o lobo, un pelo, y-aquel d'o medio d'o lombo.*

⁴⁶¹ Nunha segunda clasificación no manuscrito, Vázquez Saco incluíuno en *Efectos y causas.*

⁴⁶² O orixinal di *Donde non hay can o golpe e veciño.*

⁴⁶³ O orixinal di *Donde non hai vacas aran os bois; e despois, soltal-as vacas e xunxir os bois.*

⁴⁶⁴ O orixinal di *Donde sal unha vaca pinta hay encantos na miña.*

⁴⁶⁵ mc: *Dos lobos.*

⁴⁶⁶ ms3: *zarrullos.*

- molinera. / *Abeja y oveja, y parte en la Iglesia, desea a su hijo la vieja.* (Sbarbi)
En cast. se insiste en la riqueza que proporciona tanto el ganado lanar como las colmenas.
530. **En abril canta o cuco no cubil.** (mc: Santiago)
531. **En abril o cuco pó cubil.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
532. **En abril sail'o cuco do cubil.** (ms-SA: Manuel Fernández Ferro)
533. **En abril sale o cuco do cuquil.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
534. **En abril sale u cuco do cubil.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
535. **En cama de lobos non busques mENDRUGO.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *En cama de galgos, pocas cortezas.* (R. Marín)
536. **En canto o prado enverdece, o boi padece.** (mc: Tuiriz)
537. **En casa de Gonzalo, máis pode a galiña que o galo.** ⁴⁶⁷ (mc: A.S.A. / ms21,03r: Bermés / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*, La Coruña)
(pt) *Em casa de Gonçalo, manda mais a galinha que o galo.* (Chaves) (es) *En casa de Gonzalo, más puede la gallina que el gallo.* (Correas)
538. **En febreiro xa busca o can o palleiro.** (ms: C.G.)
Var.: *En febreiro xa busca a sombra do palleiro. / En marzo xa o can busca a sombra do palleiro.* (ms4: Taboada-F.V.S.)
(es) *En enero y hebrero busca la sombra el perro; en marzo, búscala el asno.* (Correas)
/ En febrero busca la sombra el perro, y el cochino el bañadero, mas no todo el mes entero. (R. Marín) */ En febrero busca la sombra el perro, y el marrano el cenaguero, a lo último, que no a lo primero.* (R. Marín)
539. **En febreiro paséase o lobo polo carreiro.** (mc: Santiago)
540. **En gando tratarás e medrarás.** ⁴⁶⁸ (ms17,057 / ms4: F.V.S. / ms10,025v: D.E.)
(pt) *En gado tratarás coma medrarás.* (Chaves) (es) *En ganado tratarás y medrarás.* (Correas)
541. **En ghando ruín non hai que escoller.** ⁴⁶⁹ (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
542. **En maio unha besta vella parece cabalo.** (mc: Santiago)
543. **En ruín gando pouco hai que escoller.** (mc: A.I.)
(pt) *Em ruim gado não há que escolher.* (Chaves) (es) *En ruín ganado, poco hay que escoger.* (Correas)
544. **Encima dun ovo pon unha pita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
545. **Êchete, barriga, estarrícate, meu rabo, en arcas abertas e mulleres de pouco cuidado.** (mc: Tuiriz, Monforte)
546. **Enriba dun ovo pon unha galiña un cento.** ⁴⁷⁰ (ms21,15v: Bermés)
547. **Entra o can na igreia porque está a porta aberta.** (mc: Bagueixos-F.V.S.)
548. **Entrando xunio, o carneiro ardente retira do rebaño prontamente.** ⁴⁷¹ (ms4: J.P.)
549. **Entre maio e abril sal o cuco do cubil.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
550. **Entre marzo e abril sal o cuco do cuquil.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
551. **Entre marzo e abril, cal o cuco cal a fin.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
552. **Entre marzo e abril, o cuco e a fin.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)
553. **Entre marzo e abril, sale o cuco do cubil; se chega maio e non veu, mor[r]íu ou non sei qué ten.** (mc: Santiago)
Var.: *Entre marzo e abril sal o cuco do cubil; se chega maio e non vén, morreu ou non sei qué ten.* (ms5,135: Santiago)
554. **Entre marzo i-abril sale o cuco do seu cubil.** ⁴⁷² (ms14,18)
555. **Entre santa Mariña e Nosa Señora anda a galiña mui cantadora.** (mc: Santiago)

⁴⁶⁷ ms21,03r: *galiña c'o galo.*

⁴⁶⁸ En ms10 s.v. *Ganado.*

⁴⁶⁹ O orixinal di *En jando ruin non hay que escoller.*

⁴⁷⁰ O orixinal di *Enriba d'un ovo pon un'ha galiña un cento.*

⁴⁷¹ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁴⁷² O orixinal di *Entre marzo y abril, sale o cuco d'o seu cubil.*

556. **Estírate, corpo, e alárgate, rabo; Dios che me dea mulleres de pouco cuidado.** (mc: Gudiña)
557. **Estorniños e pardales non somos todos iguais.** (mc: Buciños)
(pt) *Estorninhos e pardais, todos somos iguais.* (Chaves) (es) *Estorninos y pardales, todos quieren ser iguales.* (R. Marín)
558. **Eu son o pito Cairo, que naceu no mes de xaneiro; se o raposo non me come, hei de cantar no poleiro.** ⁴⁷³ (mc e ms4: Nós)
559. **Facenda miúda, a seu amo axuda.** ⁴⁷⁴
(mc, ms4 e ms5,135: A.N.)
Var.: *Fusada miúda, a seu dono axuda.* (ms4 e ms5,135: A.N.)
560. **Fai o cuidado ó ganado o neno ben criado.** ⁴⁷⁵ (ms4: J.P.)
561. **Fillo do lobo ten a orella parda.** (mc: A.S.A.)
562. **Galiña buscadora é a máis poñedora.** (mc: Tuiriz, Monforte)
563. **Galiña de xaneiro pon no colmeiro.** (mc: Santiago)
Véase *Galiña nada en xaneiro...*
564. **Galiña qu'escacarexa, algo venta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
565. **Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo deixa.** ⁴⁷⁶ (mc: M.V. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911 / ms21,24r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Gallina que canta, de poner viene.* (R. Marín) / *Gallina que canta da cuenta a su ama.* (Id.)
566. **Galiña que cacarexa, algo venta ou ovo pon.** (ms-SA: M. González Fernández)
567. **Galiña que cae do puleiro, morte na porta.** (ms4: F.V.S.)
568. **Galiña que canta quere capón.** (mc: Buciños)
(pt) *Galinha que canta quer galo.* (Chaves)
569. **Galiña que non pon, levala á feira.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
570. **Galiña vella fai bon caldo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
571. **Galiña vella fai un bo caldo.** ⁴⁷⁷ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Galiña vella, caldo espeso.* (ms15,44: Ferrol)
(pt) *Galinha velha faz bom caldo.* (Chaves) / *Galiña velha faz boa cosinha.* (Id.) (es) *Gallina vieja, buen caldo.*
Queda atrás otro equivalente.
572. **Galiñas das pernas verdes, nin as troques nin as vendas.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)
573. **Galo e criado, un ano.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *El gallo y el criado un año; y en sirviendo los dos, ox.* [sic]
574. **Galo que non gala as súas galiñas, vai galar as das veciñas.** (ms: Tuiriz)
575. **Ganado gordo volve a seu dono tolo.** (ms17,062: M.V.)
576. **Ganados limpos e ben aloxados, en moita parte están cuidados.** ⁴⁷⁸ (ms4: J.P.)
577. **Gando na corte, pouca leite e queixo forte.** (ms: Santiago)
578. **Gata roxa, tal as fai tal as coida.** ⁴⁷⁹
(mc: A.I. / ms21,03v: Bermés)
(pt) *Gata ruiva, assim como é, assim cuida.* (Chaves) (es) *Gata bermeja, cuales las hace, tales las piensa.* (Correas) / *Gata rubia, cuales las hace, tales las cuida.* (Id.)
Como *A gata lamboira...* Porque, en palabras del mismo Correas, *quien ha las hechas, ha las sospechas.*
579. **Gato berrador non é o máis murador.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
580. **Gato celeiro non quer compañeiro.** (mc: A.N.)
581. **Gato e can, mala parexa fan.** (mc: G.P.)
582. **Gato farto non se doi do famento.** (mc: Tuiriz. Monforte)
583. **Gato goloso, pau no fuciño.** (mc: Tuiriz)
(es) *Al gato goloso se le quema el hocico.* (Sbarbi)
584. **Gato miañador non é o máis cazador.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

⁴⁷³ Dentro de *Agrícolas (Generales)* no mecanoscrito orixinal. / ms4: *pito do Cairo*.

⁴⁷⁴ En ms4 están recollidos os dous refráns, o primeiro da seguinte maneira: *Facenda miúda, a seu dono axuda.* / ms5, 135: A.N.: *a seu dono axuda.*

⁴⁷⁵ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁴⁷⁶ ms4 e ms21,24r: *Galiña que cascaxa*; ms-LU: *Gallina*.

⁴⁷⁷ ms4: *bon caldo*. V. *A galiña vella fai un bon caldo*, tamén en *Agrícolas (Animales)*.

⁴⁷⁸ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁴⁷⁹ ms21,03v: *as fai e tal as coida*.

585. **Gato moi berrador, nin por eso máis rateador.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
586. **Gato moi maullador no é bo rateador.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
587. **Gato mui berrador, nin por eso máis cazador.** (mc: A.N.)
Var.: *Gato mui miador, non por eso é o máis rateador / cazador.* (A.C.A Nosa Terra)⁴⁸⁰
(pt) *Gato miador não bom caçador.* (Chaves) / *Gato bradador, nunca bom murador.* (Id.) (es) *Gato miador, nunca buen cazador.* (Correas) / *Gato maullador, nunca buen murador.* (Id.)
588. **Gato mui mauleador non é o máis rateador.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)
589. **Gato mui miador, non por eso é o máis cazador.** (mc: C.A. / ms e ms4: A.C. A Nosa Terra)
(pt) *Gato miador não bom caçador.* (Chaves) / *Gato bradador, nunca bom murador.* (Id.) (es) *Gato miador, nunca buen cazador.* (Correas) / *Gato maullador, nunca buen murador.* (Id.)
590. **Gato mui miador, non por eso é o máis rateador.**⁴⁸¹ (mc: C.A. / ms e ms4: A.C. A Nosa Terra)
(pt) *Gato bradador, nunca bom murador.* (Chaves) / *Gato miador não bom caçador.* (Id.) (es) *Gato maullador, nunca buen murador.* (Sbarbi) / *Gato miador, nunca buen cazador.* (Correas)
Figuradamente se aplica al que habla mucho y hace poco.
591. **Gatos e ratos non comen nos mesmos pratos.**⁴⁸² (mc e ms4: A.C. A Nosa Terra)
(es) *¡El ratón y el gato comiendo en el mismo plato!* (Sbarbi) / *El ratón y el gato no comen en un mismo plato.* (R. Marín)
592. **Gatos e ratos non fan compañía.** (mc: A.C. A Nosa Terra)
593. **Gatos fogosos crían fillos cegos.** (mc: Vivero)
594. **Golpe dormente non lle chinha á galiña o dente.**⁴⁸³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
595. **Gordura, miñas vacas, gordas coma estacas e herba nin vela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
596. **Grande pé e grande orella é sinal de grande besta.** (ms: Pidre)
(pt) *Grande pé e grande orelha, sinal é de grande besta.* (Chaves)
597. **Hai moitos burros da mesma color de coiro.**⁴⁸⁴ (mc e ms4: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)
(pt) *Há muitos burros do mesmo pelo.* (Chaves) (es) *Hay muchos burros del mismo pelo.* (Sbarbi)
598. **Hai moitos burros da mesma color que o coiro.** (ms-SA: M. González Fernández)
599. **Hai moitos burros dun color.** (mc: Bucínos)
(pt) *Há muitos burros do mesmo pelo.* (Chaves) (es) *Hay muchos burros del mismo pelo.* (Sbarbi)
Se emplea jocosamente cuando se confunde una cosa con otra por su mucho parecido.
600. **Junt'ó galo a galiña nova pra que o galo estea'lerta.** (ms4: M.V.)
601. **Librate de dianteira de viúda e de traseira de mula.** (ms10,005v: D.E.)
602. **Limpa a fondo e sala os palomares e virán por millares de millares.**⁴⁸⁵ (ms4: J.P.)
603. **Macho burreño, macho ferreño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
604. **Máis quero burro que me leve ca cabalo que me derrengue.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
605. **Máis val besta que carrexe que non que espeldrexe.** (mc: C.A.-A Nosa Terra)
606. **Máis val unha asnal que cen de pardal.** (ms3: A. de la I.)
607. **Máis vale asno que me leve que cabalo que me derrube.** (mc: Lugo-F.V.S.)
(es) *Más quiero asno que me lleve, que caballo que me derruegue.* (Sbarbi)
Aconseja que se prefiera una medianía segura, a posiciones más altas, pero peligrosas.
608. **Máis vale ruín besta que bon burro.** (mc: Cervantes)

⁴⁸⁰ ms4: *non por eso máis rateador.*

⁴⁸¹ ms4: *non por eso máis rateador.*

⁴⁸² ms4: *nuns mesmos.*

⁴⁸³ O orixinal di *Golpe dormente non ye chinche a galiña o dente.*

⁴⁸⁴ ms4 e ms15,01: *do coiro.*

⁴⁸⁵ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

- (pt) *Mais vale ruim cavalo que ter asno.*
(Chaves)
609. **Máis vale unha asnal que cento de pardal.** (ms18,72r: A.S.A.)
610. **Mal é o dente que come a semente.** ⁴⁸⁶
(ms-SA: Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C / (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
611. **Mal ladra o perro, se ladra con medo.**
(mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(pt) *Mal ladra o cão quando ladra de medo.*
(Chaves) (es) *Mal ladra el perro cuando ladra de miedo.* (Sbarbi)
No se hace a gusto lo que se hace por imposición.
612. **Mal lle vai á corte onde o boi vello non tose.** (mc e ms17,065: A.I.)
Var.: *Mal va a corte do buey vello non tose.* (Correas)
(pt) *Mal vai à corte onde o boi velho tosse.*
(Chaves) (es) *Mal va a la corte donde el buey viejo no tose.* (Correas) / *Mal va a la corte donde el viejo no tose.* / *Mal va a la troje donde el buey viejo no tose.*
Recomendando el gobierno de los experimentados. (ms17)
613. **Mal lle vai ó rato cando vai na boca do gato.** ⁴⁸⁷ (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Tan contento como ratón en boca de gato.* (Sbarbi)
614. **Mal lle vai ós gatos cando andan aos gorriós.** (ms18,32r)
615. **Mal o becho que roe a semente.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
616. **Mal o dente que come a semente.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
617. **Mal vai a corte donde o boi vello non toxe.** ⁴⁸⁸ (ms21,04v: Bermés)
618. **Mal vai ós gatos cando andan ós gorriós.** (mc: A.S.A.)
Tiene figuradamente el mismo sentido que *Cando a zorra anda ós grilos...*
619. **Maldito sea o burro que non gana a cebada.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
Var.: *Do demo a besta que non gana a cebada.* (ms4: M.L.)
620. **Malia do rato que ten un solo buraco.** (ms14,16)
621. **Malia o rato que non sabe máis dun burato.** (mc e ms: M.V.)
(pt) *Mal vai ao rato que conhece um só buraco.* (Chaves) / *Rato que só conhece um buraco, azinha é tomado.* (Id.) (es) *El ratón que no tiene más que un agujero, presto llega al moridero* (R. Marín) / *El ratón que no tiene más que un agujero, presto viene al apagadero.*
Porque *O rato que non sabe máis d'un furado, logo é cazado.* Aplícase al que sólo cuenta con un recurso para eludir un peligro, pues, malogrado aquél, caerá en éste.
622. **Malia o rato que non sabe senón de un burato.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
623. **Malia o rato que non sabe senón do burato.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
624. **Malo é o dente que come a semente.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
625. **Malo é o dente que roe a semente.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
626. **Mañá de san Xoán madruga a zorra máis có can.** ⁴⁸⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
627. **Marrao de abril sube ca mai ao chamberil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
628. **Mau por mau, com'o pardau.** (ms)
629. **Menea o rabo o can, non por ti sinón polo pan.** ⁴⁹⁰ (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Menea la cola el can, no por tí, sino por el pan.* (Correas)
Enseña lo que puede el interés.
630. **Méntra-lo prado enverdece, o boi perece.** ⁴⁹¹ (mc e ms17,063: M.V. / ms21)
631. **Mentras hai burros, ándase a cabalo.** ⁴⁹² (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

⁴⁸⁶ ms-SA (anónimo): *Mal eu dente.*

⁴⁸⁷ mc: *boca do rato.*

⁴⁸⁸ O orixinal di *Mal vay a corte donde o bon vello non toxe.*

⁴⁸⁹ O orixinal di *Mañá de S. Xoán madruga a zorra mais co can.*

⁴⁹⁰ V. *Polo pan baila o can en Hambre. Gastronomía e ¿A onde vas, can? A onde me dan pan en Egoísmo. Ambición. Interés.*

⁴⁹¹ O orixinal di *Méntra-lo prado enverdece, o boi perece.* / ms21: *Mentrel'o prado; ms4: Mentra-l-o prado enverdece, o boi parece. Perece?* aparece escrito coa grafía de F. V. Saco e o refrán enteiro cunha distinta. Marcial Valladares recolle *perece.*

⁴⁹² ms: *acabalo.*

- Alude figuradamente al abuso que se hace de los desheredados de la fortuna.
632. **Mentras o can ladra, non morde.** ⁴⁹³ (mc: Santiago)
633. **Miña gata rubia, tal as fai tal as cuida.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
634. **Moitas veces a mula reponse ó arrieiro.** (ms21,19v: Bermés)
635. **Morrendo o can, acabouse a rabia.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
636. **Morreu o can e acabouse a rabia.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Manuel Lago López)
637. **Morto o can, acabouse a rabia.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)
638. **Morto o can, morta a rabia.** ⁴⁹⁴ (mc: Lugo / ms21,21r: Bermés)
Var.: *Morreu o can, acabouse a rabia.*
(es) *Muerto el perro, se acabó la rabia.* (R. Marín)
Al cesar una causa cualquiera, cesan todos los efectos.
639. **Moscas comen o mel i-o gando.** ⁴⁹⁵ (mc e ms4: Agro)
640. **Mula con remoíña, o demo a trasquila.** (mc: M.V.)
641. **Mula con remoíño, o demo a trasquila.** ⁴⁹⁶ (mc: M.V.)
Remoíño. Rodete.
642. **Mula moína, ou falsa ou fina.** (mc)
(pt) *Mula mofina, ou má ou fina.* (Chaves)
(es) *Mula mohina, o muy ruin, o muy fina.* (Sbarbi) / *Mula mohina, o muy mala o muy fina.* (Correas) / *Mula mohina, el demonio la trasquila.* (R. Marín)
643. **Nabos ó pé dos hortos non ceban os porcos.** (ms: Lalín)
644. **Nabo, castaña e relón fai bon o xamón.** (ms15,14)
645. **Nadie lle tira polo rabo á burra como seu amo.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
646. **Naide turra do rabo do poltro como seu dono.** ⁴⁹⁷ (mc e ms: M.L.)
647. **Nas bestas vellas todos son sobrehuesos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballo, LU)
648. **Nin "arre" que escapes nin "xo" que te deites.** (ms21,17r: Bermés)
649. **Nin besta de moita herba nin home de moita verba.** (mc: M.V.)
(es) *Ni hombre de sola verba, ni bestia de sola hierba.* (R. Marín)
650. **Nin besta de solo herba nin home de moita verba.** (ms21,30r: Bermés)
651. **Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon lameiro por riba do rego, nin vaca ramalleira, nin muller que sea mui amiga da feira nin ola sin asa, todos os demos fóra da miña casa.** ⁴⁹⁸ (ms17,067)
652. **Nin bon Pedro, nin bon burro negro nin bon lameiro por riba do rego.** (ms17,067)
(pt) *Nem bom Pedro nem bom burro negro.* (Chaves) (es) *Ni mozo Pedro nin burro negro* (R. Marín)
Véase explicación en 6.100 refranes.
653. **Nin mula que faga "hin" nin muller que sepa latín.** (mc: Bucíños)
654. **Nin tanto que fuxa nin moito que se deite.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
655. **Nin tanto "arre" que fuxa nin tanto "xo" que pare.** (ms3 / ms4: V.R. y A.R.)
Var.: *Nin moito "arre" que fuxa nin moito "xo" que se deite.* (ms4: F.V.S.)
656. **Nin tanto "arre" que fuxa nin tanto "xo" que se deite.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
657. **Nin tanto "so" que pare nin tanto "arre" que fuxa.** (ms-SA: M. González Fernández)
658. **Nin vaca de moita herba nin home de moita barba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
659. **Nin vaca de moito ubre nin home de moito fume.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)

⁴⁹³ V. *Perros (Ladridos de perros).*

⁴⁹⁴ V. *Morto o can acabou a rabea en Medicina. Higiene.*

⁴⁹⁵ ms4: *a mel.*

⁴⁹⁶ *Remoíño* = rodete o centro del pelo que algunos animales tienen delante de la espaldilla donde principia la tabla del pescuezo. En las mulas es, dicen, señal de valientes, pero también de traidores, según el refrán. (Valladares)

⁴⁹⁷ ms: *coma seu dono.* / No mecanoescrito está clasificado dentro de *Agrícolas (Generales)*, mais no manuscrito aparece no sobre *Agrícolas (Animales)*.

⁴⁹⁸ O orixinal di *Nin bon Pedro nin bon burro negro nin bon prado por riba do rego nin vaca ramalleira, nin muller que sea mui amiga da feira, nin ola sin asa, todos cos demos fóra da miña casa.*

660. **Ninguén lle tira polo rabo á burra como seu amo.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
661. **Ningún can lambendo engorda.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
662. **No abril canta o cuco no cubil.** (mc: Santiago)
Como: *En abril...*
663. **No abril sal o cuco do cubil.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
664. **No inverno, sobre todo, o gando ha de estar ben comido.** (ms17,072: Cuartilla 6)
665. **No mes de abril canta o cuco e o penduril.** (mc: Santiago)
666. **No mes de abril sale o cuco do cuquil.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)
667. **No mes de febreiroponse o can á sombra do palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
668. **No mes de maio xa vén o cuco co seu vasallo.**⁴⁹⁹ (ms: Santiago)
669. **No mes de xaneiro está o rancho enteiro.** (ms5,045: Cobas, Cachafeiro, Forcarey)
670. **No mes de xunio e de maio fan os paxaros o seu traballo.** (mc: Santiago)
671. **Non é pola ovella, que é pola la dela.** (ms: M.L.2)
672. **Non hai boa mula, nin bon can negro nin bon prado por cima do rego.** (ms15,25: Guntín)
673. **Non hai cartos como os da corda.** (ms: Páramo)
674. **Non hai cartos como os que van polo seu pé á feira.**⁵⁰⁰ (mc e ms17,068: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
El fruto sobranse dásele al ganado, que es el mejor dinero.
675. **Non hai cocho bon nin ruín que non teña seu san Martín.** (ms8,08r: Mosteiro, Pol)
676. **Non hai pita que non teña algunha chocada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
677. **Non hai quen ande atrás da besta como o dono dela.**⁵⁰¹ (mc / ms4: F.V.S.)
- Porque es también a quien más interesa.
678. **Non lle ates a boca ó boi, que remoi.** (mc: Bucínos-F.V.S. / ms17,070: A.C. *A Nosa Terra*)
De tradición bíblica: *Non alligabis os bovi trituranti.*⁵⁰² No pueden impedirse las cosas necesarias. (mc) / No hay que impedir las cosas necesarias. *Non alligabis os bovi trituranti.* (ms17)
679. **Non múxa-la vaca que ten pouco leite.**⁵⁰³ (mc: C.A. / ms17,070: A.C. *A Nosa Terra*)
680. **Non olvides o porco campeiro si queres velo cebón verdadeiro.** (ms4: J.P.)
681. **Non pon a galiña, que pon a fariña.**⁵⁰⁴ (mc: Sarria / ms3: A.N.V.)
682. **Non pon a pitíña, que pon a tuíña.** (mc: Neira de Rey / ms e ms4: Neira de Jusá-F.V.S.)
En la comarca de Neira de Jusá se dice *tuña* por *tulla*.
683. **Non tódolos que visten de la son carneiros.** (ms: Tuiriz)
(es) *Aunque visto de lana no soy borrego.* (Sbarbi)
684. **Non todos polos conocen as fabas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
685. **Nunca os lobos comeron uns os outros.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández, Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)
686. **Nunca un lobo come a outro pero cada un tira pró seu bolso.** (ms9,09r: Silvarrey)
687. **Nunca un lobo comeu a outro.** (mc: Golada-F.V.S. / ms4: Fonsagrada-F.V.S.)
Var.: *Nunca un lobo come a outro.* (ms e ms4: Golada-F.V.S. / ms10,033v: D.E.)⁵⁰⁵
(pt) *Nunca lobo mata outro.* (Chaves) (es) *Un lobo a otro lobo, no se muerden.* (Sbarbi) / *Un lobo no muerde a otro.* (Correas) (ct) *Llop en llop, no's mosseguen.* (Alberola)
Las personas de iguales inclinaciones no se motejan, antes ocultan sus defectos.
688. **O becerro, das miñas vacas, e o mancebo, das miñas bragas.** (mc e ms17,087: S.Victorio de R. de Miño)
(pt) *O boi da tua vaca, e o moço da tua braga.* (Chaves)
689. **O boi bravo, en terra allea se fai manso.** (ms17,086)

⁴⁹⁹ O orixinal di *No mes de mayo xa ven o cuco co seu vasallo.*

⁵⁰⁰ ms17,068: *Non hay cartos*; ms17,068 e ms-LU: *com'os que.*

⁵⁰¹ ms: *d'ela.*

⁵⁰² A cita bíblica que anota Vázquez Saco refírese a I Cor 9,9.

⁵⁰³ O orixinal di *Non muxal-a vaca que ten pouco leite.*

⁵⁰⁴ V. *Non pon a galiña, senón a fariña en Poner.*

⁵⁰⁵ En ms10 s.v. *Lobos.*

- (pt) *O boi bravo, mudando a terra, é mudado.* (Chaves) / *O boi bravo na terra alheia se faz manso.* (Id.)
690. **O boi cando é vello faise un maulón.**⁵⁰⁶ (mc e ms17,074: Santiago)
691. **O boi ceibo, ben se lambe.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
692. **O boi ceibo, de seu se lambe.** (ms17,078 / mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
Var.: *O boi solto, de seu se lambe.*
(pt) *Boi solto delambe-se todo.* (Chaves)
(es) *El buey suelto bien se lame.* (Sbarbi)
Gustar gústanme as moscas / pero tocante á carne / miña nai sabe un refrán: / o boi solto ben se lambe. (Ramón Cabanillas, *Antífona de Cantiga*, p. 121) El buey suelto hace lo que quiere.
693. **O boi frontudo e o cabalo cascudo.** (ms17,080: Tuiriz)
(pt) *Boi cornudo, cavalo cascudo.* (Chaves)
(es) *Buey frontudo y caballo cascudo.* (Correas)
694. **O boi ladrón, ou come antes ou despois.** (mc: Buciños, Carballedo-F.V.S. / ms17,081: Buciños)
695. **O boi pelexón nunca lle faltou unha cornada.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms17,107)
696. **O boi que non garda o rego, engordalo e vendelo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
697. **O boi que non pasta no prado ¿onde irá a pastar?** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
698. **O boi que non poda arar, deixalo a pastar.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
699. **O boi que non queira beber a auga, o demo que lla faga beber.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
700. **O boi que non quere beber auga, o demo lla faga beber.** (mc e ms17,082: Layosa / ms4: F.V.S.)
701. **O boi ruín en corno medra.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
702. **O boi solto de seu se lambe.** (mc: Buciños)
(pt) *Boi solto, delambe-se todo.* (Chaves)
(es) *El buey suelto bien se lame.* (Sbarbi)
El conocido sentido figurado del refrán, recógelo la canción popular: *Gustar, gústanme as moreas, / pero, tocante a*
- casarme, / miña nai sabe un refrán: / o boi solto ben se lambe.*
703. **O boi vello non lle búsque-lo abrigo.**⁵⁰⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
704. **O boi solo, ben se lame.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
705. **O boi, canto máis vai, máis malo se fai.** (mc e ms17,085: Santiago)
706. **O boi, frontudo; e o cabalo, cascudo.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Boi cornudo, cavalo cascudo.* (Chaves)
(es) *Buey frontudo, y caballo cascudo.* (Correas)
707. **O boi, velo vir, i-a vaca, vela ir.** (mc e ms17,083: Buciños)
Así hacen los compradores, para juzgar de la buena planta de la res.
708. **O boi pellexón nunca lle faltou u seu roxón.**⁵⁰⁸ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
709. **O bon pavo fártase con fariña e salvado.**⁵⁰⁹ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *El pavo, ha de ser cebado con harina y con salvado.* (Sbarbi)
710. **O burro burreño ten a forza dun camello.**⁵¹⁰ (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
711. **O burro diante para que a recua non se te espante.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
712. **O burro diante pra que non se espante.**⁵¹¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
713. **O burro que máis traballa, máis rota leva a albarda.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *El burro que más trabaja, más pronto rompe el aparejo.* (Sbarbi)
Recomienda la prudencia en el trabajo, a fin de no agotarse prematuramente.
714. **O burro traseiro, que zarre o boqueiro.** (mc: A.N.)
715. **O burro, canto máis grande, máis lambe.** (mc: Santiago)

⁵⁰⁶ ms17,074: un moulón.

⁵⁰⁷ O orixinal di *O boi vello non lle búsquel'o abrigo.*

⁵⁰⁸ O orixinal di *O boy pellexón nunca lle faltou u seu roxón.*

⁵⁰⁹ ms-LU: en fariña.

⁵¹⁰ ms: d'un camello.

⁵¹¹ ms-LU (Melide): pa que.

716. **O cabalo grande, ande non ande.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
(es) *Como perros y gatos.* (Sbarbi) / *Llevarse como perro y gato.* (Id.)
Equivalente: *Se llevan como el perro y el gato.*
717. **O cabalo que non dá a carreira, no corpo lle queda.** (mc e ms11,32: Pontevedra)
(es) *Carrera que no da el caballo, en el cuerpo se le queda.* (Sbarbi)
Recomienda que no se gasten las fuerzas de una vez, y que es conveniente reservarse para el porvenir. (ms11,32)
718. **Ó cabalo regalado non se lle mira o dente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia: galego occidental)
719. **Ó cabalo regalado non se lle mira un dente.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
720. **O cabalo sube a calzada comendo, chega á vila e tropeza na lama i-están os da vila todos na cama.** (ms15,28r)
721. **Ó cabalo vello, cabezadas novas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
722. **O cabalo, pra pelar, ha de temblar.** (mc: S. Victorio de R. de Miño-F.V.S.)
723. **O caldiño quente saca os marraos do inverno.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
724. **O can de san Torrado, canto fai coa boca, desfaino co rabo.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)
725. **O can de san Torrado, todo canto fai coa man, desfai co rabo.** ⁵¹² (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
726. **O can de Xan Torrado, canto fai ca man, desfai co rabo.** (mc: M.V. / ms21,21r: Bermés)
Aplicase a los que emplean su tiempo en tejer y destejer, sin hacer cosa de provecho.
727. **O can do ferreiro dorme ás martilladas e desperta ás dentelladas.** ⁵¹³ (mc: J.P.)
(es) *El perro del herrero, no acude a las martilladas, y acude a las dentelladas.* (R. Marín)
Reprende a los que huyen de las penalidades, y acuden a lo que les proporciona gusto o satisfacción.
728. **O can e o gato non comen no mesmo plato.** (mc: Tuiriz, Monforte)
729. **O can que ha de dar mala xeira á raposa, non a ha de levar el moi boa.** ⁵¹⁴ (mc e ms: Fonsagrada-F.V.S.)
Var.: *O que dá mala xeira á raposa, pra si non a leva boa.* (mc: Chantada)
730. **O canciño, canto máis pequeniño, máis moniño.** (mc: Santiago)
731. **O canciño, canto máis pequeno, máis moniño.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
732. **O can, no seu palleiro, é moita xente.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)
Como cada uno en su casa.
733. **O castor sacou e sacou hasta que o matou.** (mc e ms11,31: Buciños)
Se refiere al catador de colmenas, que tanta miel sacó que no dejó la necesaria para la alimentación del enjambre. (mc) / Se refiere al catador de colmenas, que tanta miel sacó que la mató: No se puede extraer toda la miel. (ms11,31)
734. **Ó cocho gordo o demo lle trai a fariña.** (ms10,049v: Sta. Eulalia de Bóveda)
735. **Ó cocho gordo untarl'l'o rabo.** ⁵¹⁵ (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
736. **Ó cocho gordo, untarl'l'o rabo, i-ó flaco, repinicarllo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
737. **O cocho non quere amo que quere ano e, pra que seña bon, amo e ano.** (ms9,16r: Silvarrey)
738. **Ó cocho non se lle dá, que se lle empresta.** (ms8,20r: La Cañiza)
Porque devuelve en carne y en peso lo que se gasta en alimentarle.
739. **O cocho, cando soña co farelo, é seña que come.** (ms8,48v: S. Simón de la Cuesta)
740. **O corpo da vaca e ovos da gata.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
741. **O cuco e o predicador, canto máis altos máis millor.** (ms18,36r)
742. **O cuco e o predicador, canto máis altos, millor.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

⁵¹² O orixinal di *O can de San Torrado todo canto fai coa man desfai co rabo.*

⁵¹³ O orixinal di *O can d'o ferreiro, dorme as martilladas, e desperta as dentelladas.* / En mc, Vázquez Saco recolle *dorma ás martilladas* pero Jacinto del Prado recollía orixinalmente o refrán como *dorme as martilladas.*

⁵¹⁴ ms: *mui boa.*

⁵¹⁵ O orixinal di *O cocho gordo untarl'l'o rabo.* / ms-LU (Pacios): *untarlle o rabo.*

743. **O dente do rato é bo dente, que sempre deixa a semente.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
744. **O dente que come a semente non é bon dente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Aguada, Carballo, LU)
745. **O fillo da cabra cabirto lle chaman.**⁵¹⁶ (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)
(es) *El hijo de la cabra ha de ser cabrito.* (Sbarbi) / *De tal palo tal astilla.*
746. **O fillo do lobo ten a boca negra.** (mc: Cervantes)
(es) *Más oscuro que boca de lobo.* (Jara).
Es clásica la comparación *máis oscuro que boca de lobo.*
747. **O fillo do lobo ten o bico pando.** (mc: A.S.A.)
748. **O fillo do monte, lobo ou raposo.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
749. **O galo i-o criado, un ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
750. **O ganado é a pañería do labrador.** (mc: Buciños)
751. **O gando bravo, corda solta.** (mc: Santiago)
752. **O gato a tapa, i-o que mal quer a destapa.**⁵¹⁷ (mc e ms: Tuiriz, Monforte)
753. **O gato é da casa i-o can é do amo.** (mc: Sober)
754. **O gato e mais o can van pra onde lles dan pan.** (mc: Santiago)
755. **O gato grande pouco lambe.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
756. **O gato lambiqueiro nunca gordo está.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)
757. **O gato lamboiras, según as fai, así as coida.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
758. **O gato lambón pensa que todos son da súa condición.**⁵¹⁸ (mc: Camba)
759. **O gato lambriqueiro nunca gordo está.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
760. **O gato máis maiador non é o máis ratador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
761. **O gato máis miador non é o máis cazador.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
762. **O gato máis miador non é o máis pillador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
763. **O gato máis miañador non é o máis cazador.**⁵¹⁹ (ms21,14r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)
764. **O gato miañador non é o mais cazador.** (ms-SA: M. González Fernández)
765. **O gato que non ten máis dunha sortella, non sabe si a poña no rabo ou na orella.**⁵²⁰ (mc e ms)
766. **O gato tápaa e o que mal quer destapa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
767. **O gato maullador non é o millor cazador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
768. **O gato, cando é grande, pouco lambe.** (mc: Santiago)
769. **O gato, cando vai grande, pouco lambe.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
770. **O gato, canto máis grande, menos lambe.** (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
771. **O gato, limpeza; o can, resguardo; i-o galo, unha alegría.** (ms5,041)
772. **O gato, por lamber, nunca foi cheo.** (mc: S. Victorio de R. de Miño)
773. **O gato, por lamber, nunca se veu cheo.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
774. **O lobo muda de pelo pero non de condición.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
2884. **Chova pa min abril e maio e pa ti todo o ano.**¹²²² (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)
2885. **Chova pa min en abril e maio e pa ti o resto do ano.**¹²²³ (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

¹²¹⁵ ms: d'abril; mc: hencer.

¹²¹⁶ ms: d'abril.

¹²¹⁷ ms2: mayo.

¹²¹⁸ ms: Auga d'abril, y-o.

¹²¹⁹ ms2: d'abril, n-o cubil.

¹²²⁰ O orixinal di *Cando en Abril chove en Mayo a vella queima o tallo.*

¹²²¹ ms: d'abril; ms2: d'abril.

¹²²² O orixinal di *Chova pa min Abril e Mayo e pa ti todo o ano.*

¹²²³ O orixinal di *Chova pa min en Abril e mayo e pa ti o resto do ano.*

2886. **Chova para min en abril e maio, e para ti todo ano.** ¹²²⁴ (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
2887. **Chova por abril e maio, e non chova en todo o ano.** ¹²²⁵ (mc e ms: Buciños)
(pt) *A ti chova todo o ano e a mim abril e maio.* (Chaves) (es) *Lluévame a mí abril y mayo, y a los otros todo el año.* (Correas)
2888. **Chova pra min en abril e maio e pra ti no resto do ano.** ¹²²⁶ (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
2889. **Chova pra min todo o abril e maio, pra ti todo o ano.** ¹²²⁷ (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
2890. **Chóvame a min en abril e maio, e chóvache a ti o resto do ano.** ¹²²⁸ (mc e ms: Buciños)
2891. **Chovendo en abril, hai cosecha a cadril.** (mc: Santiago)
2892. **Chuvia de abril enche o carro e o carril.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
2893. **De abril a maio sale a fariña do ano.** ¹²²⁹ (mc / ms / ms4: F.V.S.)
Var.: *D'abril e mayo sale a fariña do ano.* (pt) *Entre abril e maio, moenda para todo o ano.* (Chaves) (es) *Entre abril y mayo haz harina para todo el año.* (Sbarbi)
2894. **Dios nos quite do polvo d'abril e do bulleiro de agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2895. **Dios nos quite do polvo de abril e das lamas de agosto.** ¹²³⁰ (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Polvo de abril e barro de agosto, cágame nil.* (ms15,09: Bulso)
(es) *Dios te guarde de polvo de mayo y fango de agosto.* (R. Marín)
2896. **Dos cepos mil garda cento pra abril.** ¹²³¹ (mc: J.P.)
(pt) *Guarda pão para maio e lenha para abril.* (Chaves) / *Quem me vir e ouvir,*
guarde pão para maio e lenha para abril. (Id.) (es) *La vieja de los años mil, guardaba pan para mayo y leña para abril.* (Sbarbi) / *La vieja que supo vivir, pan para mayo y leña para abril.* (Id) (ct) *Guarda pa per a maig i llenya per a abril.* (Sanchis)
2897. **En abril a porca fai o cubil.** (mc / ms4: F.V.S.)
2898. **En abril abre a porta e déixame ir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
2899. **En abril abre a porta ó gado e déixao saír.** ¹²³² (mc e ms16: M.V. / ms: M.L.)
(pt) *Em abril, abre a porta à vaca e deixa-a ir.* (Chaves) / *Em abril guarda o gado, e vai onde tens de ir.* (Chaves)
2900. **En abril abre as portas e déixame ir.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)
2901. **En abril ábreme as portas e déixame salir.** (ms-SA: algún lugar de Galicia)
2902. **En abril arden os ferros do carril.** (mc: Santiago)
2903. **En abril berra o porco no cubil.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
2904. **En abril cada pinga val por mil.** (mc: Dicc. Ac.)
(es) *En abril, cada gota vale por mil, o vale mil.* (Sbarbi) (ct) *En abril cada gota val per mil.* (Sanchis)
2905. **En abril cantas poidan vir.** (mc: J.T.)
Aguas, porque es el de las aguas mil.
2906. **En abril cear sin candil.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
2907. **En abril cubre a vella o mandil.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza LU)
2908. **En abril chían os porcos no cubil.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
Sobre todo, cuando, como indica un refrán ya transcrito, *abril vuelve el rabo.*
2909. **En abril déixame dormir i-en maio de meu me caio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2910. **En abril déixame dormir que en maio de meu me caio.** ¹²³³ (mc: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms12,70)
(pt) *Em maio com sono caio, em S. João, por esse chão.* (Chaves)
De las mañanas de abril, dulces para dormir, habla un refrán anterior.

¹²²⁴ O orixinal di *Chova para min en Abril e Mayo, e para ti todo ano.*

¹²²⁵ ms: *mayo.*

¹²²⁶ O orixinal di *Chova pra min en Abril e Mayo, e pra ti no resto do ano.*

¹²²⁷ O orixinal di *Chova pra min todo o abril e mayo, pra ti todo o ano.*

¹²²⁸ ms: *mayo, no resto.*

¹²²⁹ Contén a indicación *Abril. Agrícolas* no ms. / ms: *mayo.*

¹²³⁰ Indica *A chuvia i-a colleita. Agosto* no ms. / ms: *d'abril, d'agosto.*

¹²³¹ mc: *pra abril.*

¹²³² ms: *abr'a porta*; ms4: *salir*; ms16: *as portas.*

¹²³³ ms e ms-LU : *qu'en*; ms12,70: *no mayo, cayo.*

2911. **En abril déixame dormir.** (ms21,03r: Bermés)
2912. **En abril e maio a vella queima o tallo.**¹²³⁴ (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)
2913. **En abril empezan as flores a lucir.** (mc: Santiago)
2914. **En abril enche o carro i-o carril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
2915. **En abril está no cubil; en maio, co pai ó lado; en san Xuan xa lle dá unha carreira ó can; en santa Mariña xa matan a cabritiña; i-en agosto tiran o boi ao pozo.**¹²³⁵ (mc: La Gudiña / ms11,25: Gudiña, Orense)
 Var.: *En abril cátanos no cubil; en maio xa son bon gaio; en santa Mariña xa vou pola cabritiña; en agosto xa vou co meu pai polo rostro; en Santos xa mato os bois nos campos; i-en xaneiro xa podo co carneiro.* (ms / ms4: F.V.S.)
 Describe las fases del desarrollo del lobo. (mc) / Acerca del desarrollo del lobo. (ms11,25).
2916. **En abril estou no cubil.**¹²³⁶ (mc: *Dicc. Ac.*)
 Habla el lobo. Es la primera fase de los anteriores.
2917. **En abril fan os paxaros o niu.** (mc)
 (ct) *En abril tot pardal fa son niu.* (Sanchis)
2918. **En abril inda a auga henche o camiño.** (mc: Santiago)
2919. **En abril inda a vella queima o bandil.** (mc: Santiago)
2920. **En abril inda a vella queima o pernil.** (mc: Santiago)
2921. **En abril mata o porco no cubil, e en maio mátao dun ano.** (mc: *Dicc. Ac.*)
 Var.: *O'inverno de abril mete o porco no cubil, i-o de maio mata o de un ano.* (ms15,45: Chantada)
2922. **En abril mata o porco no cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
2923. **En abril morre o cocho no cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2924. **En abril o porco berra no cubil.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
2925. **En abril o porco deixa u cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
2926. **En abril para min e en san Xuan pó can.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
2927. **En abril queima a vella o mandil.** (mc: J.T.)
 Var.: *En abril queima a moza o mandil.* (ms16) / *En abril queimou a moza o mandil.* (mc: J.P.)
 (pt) *Em abril queima a velha o carro e o carril, e uma camba que deixou, em maio a queimou.* (Chaves) (es) *En abril quemó la vieja el mandil, y en mayo, el escaño.* (Sbarbi) / *En abril quemó la moza el mandil, y en mayo, el escaño.* (R. Marín)
 Por el frío.
2928. **En abril ronca o porco no cubil.**¹²³⁷ (mc e ms16: Velle / ms16)
 Var.: *No abril inda tembla a porca no cubil.* (Orense)
 Queda atrás otra variante.
2929. **En abril sal o cuco do cubil.** (ms21,02r: Bermés)
2930. **En abril sale o raposo do cubil.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
2931. **En abril sete lobos no cubil.** (ms21,10v: Bermés)
2932. **En abril somentar co mandil.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
2933. **En abril unha pingueira vale por mil.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cerezo, Coristanco, C (5º curso))
2934. **En abril vai onde has de ir, e no mesmo mes torna outra ves.** (mc)
 Var.: *En abril vai onde has de ir, e no mesmo mes torna a vir outra ves.* (mc / ms21,31v: Bermés)
 (pt) *Em abril vai a velha onde tem de ir e vem dormir ao seu covil.* (Chaves)
 Han crecido los días.
2935. **En abril cénase con sol e déitase sin candil.**¹²³⁸ (mc: S. Victorio de R. de Miño / ms / ms16)
 (es) *En abril, cena el mozo sin candil; y en mayo, el mozo y el amo.* (R. Marín)
2936. **En abril sale o cocho do cubil.**¹²³⁹ (mc e ms: Santiago)
 Var.: *En abril o cocho sale do cubil.* (ms)
2937. **En abril sale o cuco do cuquiro.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

¹²³⁴ O orixinal di *En abril e mayo a bella queima o tallo.*

¹²³⁵ ms: *San Juan.*

¹²³⁶ Indica Lobos no ms.

¹²³⁷ mc: *rouca.*

¹²³⁸ mc: *con candil.*

¹²³⁹ ms: *u cocho, du cubil.*

2938. **En abril, augas mil, que todas collan nun candil.** ¹²⁴⁰ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *En abril, las aguas mil, que todas cojan en un candil.* (Sbarbi) / *En el mes de abril, toda el agua cabe en un barril.* (Id.)
(ct) *En abril tota l'aigua cap dins un barril.* (Sanchis)
2939. **En abril, augas mil, veñan todas e non falten as de abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
2940. **En abril, augas mil, coladiñas por un mandil.** ¹²⁴¹ (mc: J.T.)
(pt) *Em abril águas mil coadas por um mandil e em maio 3 ou 4.* (Chaves) (es) *En abril, aguas mil, coladas por un mandil; en mayo, tres o cuatro, y ésas con buen barro.* (Correas)
Queda atrás una variante, con las correspondientes peninsulares.
2941. **En abril, augas mil.** (mc: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,04r: Bermés)
(pt) *E próprio do mês d'abril, as águas serem às mil.* (Chaves) (es) *Abril, aguas mil.* (Sbarbi) (ct) *Abril, el de les pluges mil.* (Sanchis) / *En abril aigües mil.* (Alberola)
Véase *Abril, aguas mil.* Añadimos aquí la correspondencia port.
2942. **En abril, coiros mil.** (ms5,027: Mondoñedo)
2943. **En abril, con día no cubil.** ¹²⁴² (mc e ms: Bucínos)
2944. **En abril, chuvia hastra que corno da vaca se pudra.** (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)
En abril, espigas mil; polo san Lucas, suca, boi, suca; polo san Simón, varón, que pasa sazón; polo san Xuan sécalles a primeira raíz ó pan; polo San Pedro sécalles a do medio; polo Santiago sécalles a do cabo; pola santa Mariña bótalle a fouciña. (mc: Mourence, Villalba-F.V.S.)
Agrupamos una serie de refranes que registramos en su lugar. / San Lucas (18.10); San Simón (28.10); San Xuan (24.6); San Pedro (29.6); Santiago (25.7); Santa Mariña (18.7).
2945. **En abril, espigas mil; polo [san Lucas, suca, boi], suca; polo san Simón, varón que pasa sazón; polo san Juan, sécalles a primeira raíz ó pan; polo san Pedro, sécalles a do medio; polo Santiago, sécalles a do cabo; pola santa Mariña, bótalle a fouciña.** (ms: Mourence, Villalba)
Var.: *Polo san Lucas suca, boi, suca e polo san Simón suca varón que pasa sazón.* (ms15,22)
2946. **En abril, espigas mil.** (mc: Belante, Sarria)
(es) *En abril, espigas mil.* (R. Marín) (ct) *Aigua per l'abril, grans mil.* (Sanchis)
2947. **En abril, flores mil, peixes mil e augas mil.** (mc: S. Loureiro)
(es) *En abril, flores, olores y predicadores.* (R. Marín)
2948. **En abril, niños mil.** (mc: Santiago)
2949. **En abril, por mor do frío, non quites nin un fio.** ¹²⁴³ (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
Var.: *En abril, por morto de frío, non te quites un fio.* (ms16)
(ct) *No te'n toquis ni un fil pel mes d'abril.* (Sanchis) / *En abril no et llesves fil.* (Id.) / *Fins a coranta d'es bril, no et llesvis un fil.* (Id.)
2950. **En abril, se sopla o aire, trigo con abundancia pero, se sopla demasiado, nin palla nin grano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
2951. **En lúa de abril tardía ningún paisano confía.** ¹²⁴⁴ (mc, ms e ms16: J.P.)
(es) *En luna de abril tardía, ningún labrador confía.* (R. Marín)
2952. **Entre abril e maio están as chaves de todo o ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2953. **Falan de que nunca se viu o abril que non fora ruín, sexa ó entrar sexa ó saír.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal / Algún lugar da provincia da Coruña)
2954. **Falten augas mil e non as do mes de abril.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)
2955. **Fallen augas mil e non fallen as de abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
2956. **Frío d'abril, hastr'as penas vai ferir.** ¹²⁴⁵ (mc, ms e ms4: J.P.)

¹²⁴⁰ ms4: *as augas mil.*

¹²⁴¹ mc: *caladiñas.*

¹²⁴² ms: *ó cubil.*

¹²⁴³ mc: *non te quites un fio.*

¹²⁴⁴ mc e ms16: *luna de abril*

¹²⁴⁵ mc: *hasta as pedras*; mc, ms, ms4: *Frío de Abril.* Jacinto del Prado só recolle o refrán coa forma *hastr'as penas.*

- (pt) *Frio de abril nas pedras vai ferir.*
(Chaves) (es) *Frió de abril a las peñas vaya a herir.* (Correas)
2957. **Humedades de abril malas son de salir.** ¹²⁴⁶ (mc e ms: J.P.)
(es) *Humedades de abril malas son de salir.* (Correas)
2958. **Lama de agosto e polvo de abril fan tocar as huchas como tamboril.** ¹²⁴⁷ (mc: Villalba)
Var.: *Lodo de agosto e polvo de abril fan ir o home a pedir.* (mc e ms4: Paradelo-F.V.S.) ¹²⁴⁸
Acaban con las reservas de la cosecha anterior, al faltar las aguas de abril y el calor de agosto, por eso pide otro refrán ya registrado que *Dios nos quite dos polvos de abril e das lamas de agosto.*
2959. **Lama de agosto e polvo de abril tocan as huchas como tamboril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2960. **Lúas, dúas mil, e non veña a de abril.** (mc: M.L.)
2961. **Máis vale auga entre abril e maio que os bois e máis o carro.** (mc: J.P.)
Explicado en variantes anteriores.
2962. **Mes de abril, auga pouca e nubes mil.** (mc: J.P.)
(es) *Mes de abril, agua poca y nubes mil.* (R. Marín)
2963. **Millo de abril, cágame nil.** (mc: Taboada-F.V.S.)
2964. **No abril déixame dormir que no maio de meo me caio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2965. **No abril estou no cubil, no abril vivo e no maio revivo.** ¹²⁴⁹ (mc: Cuartilla 12)
Habla el cuco.
2966. **No abril vive e no maio revive.** ¹²⁵⁰ (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
Como el anterior.
2967. **No comenzo ou no fin abril é ruín.** (ms: C.G.)
(pt) *No principio ou no fim, abril sóe ser ruim.* (Chaves) (es) *Al principio o al fin, abril suele ser ruin.* (Gella) / *Abril con el rabo suele herir: al entrar o al salir.* (Id.)
- (ct) *Al principi o a la fi, l'abril sol esser roi.* (Sanchis)
2968. **No mes d'abril sale o cuco do cubil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2969. **No mes de abril a auga mata a porca no cubil.** (mc: J.T.)
2970. **No mes de abril canta o cucu e u pendril.** ¹²⁵¹ (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
2971. **No mes de abril sai o zorro do cubil e no maio xa é bon galo.** ¹²⁵² (mc / ms)
Explicado anteriormente.
2972. **No mes de abril, augas mil.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
2973. **No mes de abril, cuco morto ou non quere vir.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2974. **No principio ou no fin abril é ruín.** (mc: C.A. / ms: E.C.)
Var.: *No principio ou no fin abril soe ser ruín.* (ms16) / *Nunca se mirou abril que non fora ruín, cando ó entrar, cando ó saír.* (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)
(pt) *No princípio ou no fim, abril sóe ser ruim.* (Chaves)
Véase *Abril sempre ruín...*
2975. **Non ha de romper o barril brote que vén en abril.** (mc: J.P.)
(pt) *Vinha que rebenta em abril, dá pouco vinho para o barril.* (Chaves)
2976. **Non pode decirse inverno pasado mentras abril n'está acabado.** (mc: J.P.)
(es) *Ningún invierno es pasado, mientras que abril no ha acabado.* (Sbarbi) (ct) *No donguis l'hivern per passat, que l'abril no sia acabat. / Abril finat, hivern passat.* (Sanchis)
2977. **Nunca se mirou abril que non fora ruín.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)
2978. **Nunca se mirou abril sin ser ruín.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
2979. **O abril, frío e mollado, aula [sic] o celeiro e farta o gado.** ¹²⁵³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

¹²⁴⁶ ms: *d'abril*. O orixinal de Jacinto del Prado coincide co refrán do mc.

¹²⁴⁷ ms: *tocal-as huchas*. / Indica *A chuvia i-a colleita. Agosto* no ms.

¹²⁴⁸ ms: *d'agosto, d'abril fai ir*.

¹²⁴⁹ ms: *mayo*.

¹²⁵⁰ Indica *Cuco* no ms.

¹²⁵¹ A palabra *pendril*, nunca vista, probablemente está por *pendoril*, que aparece en moitos refráns referidos ó centeo: *Marzo espigarzo, abril pendoril, maio granado, san Xoán segado, santa Mariña á airiña*. ¿Metáfora de que nese mes a espiga xa pesa?

¹²⁵² mc: *con galo*; ms: *xe bon galo*. / Indica *Zorros* no ms.

¹²⁵³ Este refrán, relativamente frecuente, remata en *enche o celeiro e farta o gado*. Supoñemos que *aula* é un erro do

2980. **O año de abril henche o regazo i-o mandil.** ¹²⁵⁴ (mc, ms e ms4: A.N. / ms21,04r: Bermés)
Var.: *O año de abril enche o carro y-o mandil.*
(es) *El cordero en mayo, retoza en el prado.* (R. Marín)
2981. **O fol de abril mata a mosca no cubil.**
(ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)
2982. **O lodo en abril bota a calquera a pedir.** (mc / ms4: F.V.S.)
2983. **O millo de abril lev'o a vella no mandil.** (ms15,11)
2984. **O millo de abril, cágame nil; o de san Xoán, doullo ó can, i-o de maio, lévo o carro.** ¹²⁵⁵ (mc, ms2 e ms4: Berbetoros, Palas de Rey-F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)
2985. **O polvo de abril non é de reis.**
(ms15,45r: Burón, Fonsagrada)
Porque abril, aguas mil. El polvo en este mes no hace reyes. Lo aplican especialmente a las colmenas.
2986. **O sol de abril mata a porca no cubil.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2987. **O trigo en abril graado, en abril curado e en santa Mariña metido na arquíña.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
2988. **O vinte de abril vai o burro onde non debe ir, i-o vinte de maio vai o burro buscar o recado.** (ms8,64v: La Cañiza)
El 20 de abril es día clásico para meter pullas en toda aquella comarca.
2989. **Os trobos de abril enchen o carro e o carril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C) ¹²⁵⁶
2990. **Ovos, de abril, e pitos, de maio.**
(mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
2991. **Polo abril sale o cucu de cubil.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
2992. **Polo cinco de abril, ou o cuco ou a fin.** ¹²⁵⁷ (mc: Taboada-F.V.S.)
- Otros dicen *entre marzo e abril...*, como dejamos apuntado.
2993. **Polo dez de abril, cuco morto ou non quer vir.** ¹²⁵⁸ (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
2994. **Por abril arregla o candil.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
2995. **Por abril, aguas mil.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
2996. **Pra ti choiva todo o ano e pra min abril e maio.** (mc: C.A.)
(pt) *A ti chova todo o ano e a mim abril e maio.* (Chaves) (es) *Lluévame a mí abril y mayo, y a los otros todo el año.* (Correas) (ct) *Ploga per a mi abril i maig, i per a tu tot l'any.* (Sanchis)
Son las lluvias importantes para la cosecha.
2997. **Que ben esfendido que mal entresado, do catorce de abril ó catorce de maio, anque corra a auga detrás do arado.** (ms8,41r: O. de Rey)
2998. **Quen conocer un bon abril, cen anos ha de vivir; a vella que o decía viveu cento un e non conoeceu ningún.** ¹²⁵⁹ (mc, ms, ms2, ms4: J.P.)
(es) *Abriles y condes son traidores.* (Hernán Núñez) / *Nunca vi de cosa menso que de abriles y condes buenos.* (Id.) (ct) *Bon abril i bon cavaller, molt escassos solen ser.* (Sanchis) / *L'abril és més roin que un aguasil.*
Otros análogos hemos visto ya: *Abril, abril, de cen en cen anos deberas vir, Abriles e mulos engañan a todos*, etc.
2999. **Se queres ter bon maíz, que leve tres noites de abril.** (ms9,04r: Silvarrey)
3000. **Seca de abril e lama de agosto leva o viño e deixa o magosto.** (ms10,049r: Mellid)
3001. **Si Dios deixase de man a abril, moitos desfeitos tiñan que vir.** (ms-SA: M. González Fernández)
3002. **Si en abril espiga mil, en maio todo espigado.** (ms8,06v: Lugo)
Trigo y centeno.

autor do manuscrito, que máis dunha vez presenta grafías difíciles de ler.

¹²⁵⁴ ms: *regazo y-o mandil*; ms4: *ench'o regazo y-o mandil*; ms21,04r: *d'abril*.

¹²⁵⁵ mc: *levo no carro*; ms2: *c... n'il, Xuan, y o*; ms-LU: *cajome nel, San Xuan, yo de mayo levo pro carro*.

¹²⁵⁶ Indica *Animales domésticos* no ms. / ms-LU: *d-abril*.

¹²⁵⁷ ms: *d'abril*; ms15,27r: *Entre marzo y'abril, o fin*.

¹²⁵⁸ ms-LU: *d'abril, non quere*.

¹²⁵⁹ ms: *qu'o*; ms2: *c'o decía*; mc, ms, ms2: *conocer bon abril*; mc, ms, ms4: *decía*; mc, ms, ms2, ms4: *viviui*. Ningunha das transcricións de Vázquez Saco coincide totalmente co orixinal rexistrado por Jacinto del Prado.

3003. **Si non viche o cuco a mediados do abril, ou morreu o cuco ou vén a fin.**¹²⁶⁰
(mc: Cuartilla 12)
(es) *Si está vivo, por abril vendrá el cuclillo.* (R. Marín)
Una variante más del conocido refrán.
3004. **Si queres tomar augha pola boca dun barril, podes pedila aínda no mes d'abril.**¹²⁶¹ (ms: Santiago)
3005. **Sol de abril non pasa de raiola.**¹²⁶²
(ms-SA: M. González Fernández)
3006. **Tres meses o quitan e tres meses o dan: abril, maio e san Xoán.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
Alude a la cosecha del pan, principalmente.
3007. **U mes de abril trae a aughua a carril.**¹²⁶³ (ms-SA: José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira. Portor, Negreira, C)
3008. **Un torbón en abril vale máis c'on carro d'ouro do rei David.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
3009. **Val máis un turbón de abril que os bois i-o carro e quen vai nil.**¹²⁶⁴ (mc: Nós)
Explicado en otras variantes.
3010. **Veñan cen mil e non falten as d'abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
3011. **Veñan dúas mil e non veña a de abril.**¹²⁶⁵ (mc e ms: A.N. / ms21,04r: Bermés)
3012. **Veñan mil e non falten as de abril.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3013. **Viño de abril henche a cuba i-o barril.**¹²⁶⁶ (mc: Bucinos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *El vino de abril, hinche el cado y el cadil.* (Correas)
3014. **Viño de abril, moito e xentil; o de marzo vai pouco ó cabazo; i-o de maio, pouco e malo.**¹²⁶⁷ (mc: Vendillós, Quiroga-F.V.S.)
(pt) *Vinho que nasce em maio, é para o gaio o que nasce em abril vai ao funil; o que nasce em março, fica no regaço. / Vinho de março, nem vai ao cabazo.* (Chaves) (es) *Vino de marzo, llévalo su dueña en el regazo.* (Correas)
Porque nace tarde. (ms4)
3015. **Viño de abril, un gran xentil; viño de maio, pouco e malo.**¹²⁶⁸ (mc: Monforte / ms4: F.V.S.)
Var.: *O viño de maio é pouco e malo i-o de abril, moito e viril.* (ms15,45: Chantada) / *O viño de maio é pouco e malo i-o de abril, moito e xentil.* (ms15,45: Chantada)
3016. **Xiada no abril e maio é a plaga maior de todo o ano.**¹²⁶⁹ (mc: Taboada-F.V.S.)
(es) *A helada de abril, hambre ha de seguir.* (Sbarbi)
Es necesario acudir a las heladas de abril. (Sbarbi) Es decir, hay que precaverlas, guardando los sembrados para evitar que se estropeen.
- MESES. MAYO.** V. tamén *Mayo*.
3017. **A auga de maio carga o carro.**¹²⁷⁰ (mc: E.A. / ms: E.C.)
Var.: *A auga de maio carga o carro e non fai daño.* (C.A.)
(pt) *Água de maio, pão para todo o ano.* (Chaves) (es) *Agua de mayo, quita la sarna de todo el año.* (Correas) / *Como el agua de mayo.* (Sbarbi) / *Agua de por mayo, pan para todo el año.* (Id.) (ct) *Aigua en maig a omplir el graner vaig.* (Sanchis) / *Pluges de maig fan créixer.* (Id.) / *Pluja de maig, tot el món alegre.* (Id.)
Varios refranes gallegos insisten en la misma idea. Dicho vulgar fundado en la opinión de que el agua de mayo asegura la cosecha.
3018. **A auga de maio non fai daño.**¹²⁷¹ (mc: A.C. / ms: E.C.)
Var.: *Auga de mayo carga o carro e non fai daño.* (C.A. A Nosa Terra)
-
- ¹²⁶⁰ ms e ms4: *de abril, o fin*; ms4: *vichel'o cuco*.
¹²⁶¹ O orixinal di *Si queres tomar auja pol-a boca d'un barril podes pedila aínda no mes d'abril*.
¹²⁶² O orixinal di *Sol de abril non paxa de raiola*.
¹²⁶³ O orixinal di *U mes de Abril trae a aujia a carril*.
¹²⁶⁴ ms: *torbón d'abril c'os, y-o*.
¹²⁶⁵ Contén a indicación *Abril. Agricultas no ms. / ms e ms21,04r: d'abril*.
¹²⁶⁶ ms-LU: *d'abril*.
¹²⁶⁷ ms4: *o de mayo, pouco e malo (porque nace tarde)*; ms: *o de mayo*.
¹²⁶⁸ ms e ms4: *xentil, e viño de maio*.
¹²⁶⁹ ms4: *Xeada*.
¹²⁷⁰ ms4: *augoa* (E. C.)
¹²⁷¹ ms4: *augoa* (E.C.)

3019. **A gran que en maio non sale non hai que esperarlle.** (mc: J.P.)
(pt) *Quanto maio acha nado, tudo deixa espigado.* (Chaves) (es) *En mayo, todo espigado.* (Sbarbi) / *Mayo come trigo y agosto bebe vino.* (Sbarbi) *Porque son estos los meses en que estos frutos logran sazón.* Por lo ya dicho: *maio engraio, maio granado.*
3020. **A manteiga de maio dura todo o ano.**¹²⁷² (mc: Páramo-F.V.S. / ms16)
3021. **A porca de maio vale máis no principio que no cabo.** (mc: M.V.)
Porca = lluvia.
3022. **Agua por maio, pan para todo o ano.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
3023. **Ara en maio, anque a auga vaia tras do arado.** (mc: Santiago)
3024. **Are que arou, que xa maio entrou.** (mc: J.P.)
(pt) *Quando maio chegar, quem não arou, tem de arar.* (Chaves) / *Quando maio chegar, quem não arou há-de chorar.* (Id.) (es) *Are quien aró, que ya maio entró.* (Sbarbi) (ct) *En maig, el bon pagès, de llaurar deu estar llest.* (Sanchis) / *Pagès que al maig de llaurar no està llest mal pagès és.* (Id.)
Deben hacerse las labores del campo antes de dicho mes.
3025. **As ras tantas veces cantan en maio como cantan en abril.** (mc: La Coruña)
Var.: *As ranas tantas veces cantan en marzo como calan en abril.*
Como *A ra que en marzo raquea...*¹²⁷³
3026. **Auga creadora, cando maio chora.** (mc: A.C. / ms4: E.C.)
Var.: *Se maio chora, auga creadora.* (ms15,07: E.C.)
Véase *A auga de maio carga o carro.*
3027. **Auga chova e maio veña, anque chova has de ir á leña.** (mc: Santiago)
3028. **Auga de maio mata o porco dun ano.**¹²⁷⁴ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Agua de mayo mata gocho de un año.* (Correas, de procedencia asturiana) (ct) *Aigua de Maig, roín per als animals.* (Alberola)
- Siendo tan beneficiosa el agua de mayo *hay con qué le engordar para el año.* (Correas)¹²⁷⁵
3029. **Auga de maio, pan de todo o ano.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)
3030. **Auga de maio, pan pa todo o ano.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)¹²⁷⁶
3031. **Auga de maio, pan todo o ano.** (mc: A.I. / ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)
(pt) *As águas da Ascensão das palhinhas fazem grão.* (Chaves) / *Quando chove na Ascensão até as pedrinhas dão pão.* (Id.) / *Água de maio, pão para todo o ano.* (Id.) (es) *Agua de mayo, pan para todo el año.* (Bergua, Correas) / *Agua de mayo quita aceite y no da grano.* (R. Marín) / *Agua de mayo, quita la sarna de todo el año.* (Correas) (ct) *Aigua de maig, a omplir el graner vaig.* (Alberola)
A lo dicho en *A auga de maio carga o carro*, añadimos la correspondencia catalana:
3032. **Auga polo maio, pan todo o ano.**¹²⁷⁷ (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)
3033. **Auga, Dios, e veña maio, que axustado estou por ano.** (ms8,42v: Ermitas)
Lo dice el criado, aunque llueva y no pueda trabajar.
3034. **Baixas de maio, baixas de todo o ano.** (ms18,65v: Chantada)
3035. **Baixas en maio, subas de todo o ano.** (mc: Bucínos)
Lo refieren al precio de los frutos.
3036. **Ballón de maio e sol de san Xoán sube a herba por riba do pan.** (ms15,09: Sober)
3037. **Ben tratad'o colmear, por maio ha d'examiar.**¹²⁷⁸ (mc, ms e ms16: J.P.)
Var.: *Hastra marzo hay que coidar d'atender o colmear.* (mc / ms4)¹²⁷⁹
3038. **Calor de maio, diñeiro do ano.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
3039. **Cando en maio non hai lodo, pérdese todo.**¹²⁸⁰ (mc, ms e ms4: J.P.)
(es) *Cuando en mayo hay lodo, no se pierde todo.* (Correas)
No es tan pesimista el cast.

¹²⁷² mc: *do maio*;

¹²⁷³ ms4: *Augoa*.

¹²⁷⁴ ms4: *Auga en mayo*.

¹²⁷⁵ *Auga de Mayo pan de todo o ano.*

¹²⁷⁶ ms2 e ms-LU: *mayo, tod'o ano*; ms3 e ms4: *en mayo*.

¹²⁷⁷ O orixinal di *Auga po lo Mayo pan todo o ano*

¹²⁷⁸ mc, ms e ms16: *Ben tratado o colmear*; ms e ms16 *en mayo ha de enxamear*; mc: *por maio*

¹²⁷⁹ mc: *cuidar*.

¹²⁸⁰ Indica *A chuvia i-a colleita*. *Maio* no ms; mc e ms4: *maio*; ms e mc: *Cando en maio, mayo hai lodo*.

3040. **Cando maio é mediado, o inverno é pasado.**¹²⁸¹ (mc e ms)
(es) *Cuando mayo va a mediar, debe el invierno acabar.* (Sbarbi) (ct) *Del maig en la meitat, l'hivern acabat.* (Sanchis)¹²⁸²
3041. **Corre, maio, polo pan, que te vai pillar san Xoán.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
3042. **Cortizo pobre inda en maio morre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3043. **Decrúa de maio i-entravesa de san Xoán, saben com'a merda de can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3044. **Decrúa en maio, bina en san Xuan, esterca ben e collerás pan.**¹²⁸³ (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Decrua (lavra) de maio, e estravessa (estrumação) de S. João, parecem bem mas não dão pão.* (Chaves)
3045. **Día tras día maio chega.** (mc: A.C. / ms: E.C.)
3046. **Din que o viño que nace en maio, que o bebe o gaio.**¹²⁸⁴ (mc e ms: Buciños)
(pt) *Vinho que nasce em maio, é para o gaio o que nasce em abril, vai ao funil; e o que nasce em março, fica no regaço.*
3047. **En boa hora veñas, maio, o mellor mes de todo o ano.** (mc: J.P.)
(pt) *Mês de maio, mês das flores, mês de Maria, mês dos amores.* (Chaves) (es) *En buena hora vengas, mayo, el mejor mes de todo el año.* (R. Marín)
Hemos visto ya otros refranes que cantan las excelencias del mes de las flores.
3048. **En maio a vella aínda queima o tallo.**¹²⁸⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3049. **En maio a vella sementa co saio, anque a agua vaia tras do arado.**¹²⁸⁶ (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
3050. **En maio afía a fouce e pona na mau.** (mc: J.P.)
(es) *En mayo, la hoz en la mano.* (R. Marín)
3051. **En maio agua labra tras do arado.**¹²⁸⁷ (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
3052. **En maio aínd'a vella queima o tallo.**¹²⁸⁸ (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
3053. **En maio aínda a vella queima o tallo, e un cachiño que queda, para o san Juan u deixa.**¹²⁸⁹ (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
3054. **En maio aínda bebe o boi no prado.**¹²⁹⁰ (ms21,01r: Bermés)
3055. **En maio aínda o vello queima o tallo, e non solo por queimar, solo é por se cantar.**¹²⁹¹ (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
3056. **En maio calquera besta é cabalo.**¹²⁹² (mc e ms: M.L.2)
(pt) *O rocim em maio se torna cavalo.* (Chaves) (es) *El rocín en mayo, vuélvese caballo.* (Sbarbi) / *En mayo, el rocín se hace caballo.* (R. Marín)
3057. **En maio, canta corra tras do arado.**¹²⁹³ (ms-SA: José Lage Radfó: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
3058. **En maio colle os bois e mais o arado.**¹²⁹⁴ (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
3059. **En maio de meu caio, xa ca maiola xa co traballo.**¹²⁹⁵ (ms-SA: Juan Bello Valiña)
3060. **En maio de meu me caio, mais aínda a vella queima o tallo.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
3061. **En maio de meu me caio.**¹²⁹⁶ (mc: A.C. / ms: E.C. / ms21,04r: Bermés / ms21,08v: Bermés)
Var.: *En mayo de seu me cayo.* (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

¹²⁸¹ ms: mayo.

¹²⁸² l'hivern fa reviver.

¹²⁸³ ms e ms16: mayo, e collerás bo pan; ms2: mayo, Xoan, collerás bo pan; ms4: bo pan; ms15,11: collerás boo pan.

¹²⁸⁴ Indica Viño no ms.

¹²⁸⁵ O orixinal di *En Mayo a vella aínda queima u tallo.*

¹²⁸⁶ O orixinal di O orixinal di *En mayo a bella sementa cosayo anque a agua vaya tras do arado.*

¹²⁸⁷ O orixinal di *En mayo a gua labra tras do arado.*

¹²⁸⁸ O orixinal di *En mayo ainda vella queima o tallo.* / ms-SA (Andrés R.): *eida a vella.*

¹²⁸⁹ O orixinal di *En Mayo ainda a bella queima o tallo, e un cachiño que queda po San Juan u deixa.*

¹²⁹⁰ O orixinal di *En mayo ainda bebe o boi n'o prado.*

¹²⁹¹ O orixinal di *En Mayo ainda o vello queima o tallo, e non solo por queimar, solo e por se cantar.*

¹²⁹² Indica *Animales domésticos (Besta)* no ms. / ms: mayo.

¹²⁹³ O orixinal di *En mayo canta corra a tras do arado.*

¹²⁹⁴ O orixinal di *En mayo colle o boi e mais o arado.*

¹²⁹⁵ O orixinal di *En Mayo de meu cayo, xa ca mayola, xa co traballo.*

¹²⁹⁶ ms21: mayo, cayo.

- (pt) *Em maio, onde quer eu caio.* (Chaves) / *Em maio com sono caio, em S. João, por esse chão.* (Id.)
Ya acomete el sueño con insistencia.
3062. **En maio de meu me cayó.**¹²⁹⁷ (ms21,04r: Bermés)
3063. **En maio de seu me caio.**¹²⁹⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3064. **En maio de seu vogallo.**¹²⁹⁹ (ms-SA: Eliseo López Varela)
3065. **En maio de sono me caio.**¹³⁰⁰ (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
3066. **En maio déitate cando o galo.**¹³⁰¹ (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
3067. **En maio eínda a agua corre detrás do arado.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3068. **En maio eirada a vella queima o tallo.**¹³⁰² (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
3069. **En maio fai o gato "¡ai que noites tan grandes!", e di o gato "como o mes de maio, como o mes de maio".**¹³⁰³ (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
3070. **En maio graio, no san Juan sécalla raíz ó pan. Do san Juan ó san Pedro, apreta, mancebo, e no Santiago fouz'ó agro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3071. **En maio hai que sementar o millo anque corra a agua tras do arado.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3072. **En maio has de rapar todo o ganado lanar.** (mc: J.P.)
3073. **En maio inda a vella queima o saio.**¹³⁰⁴ (mc: C.A. / ms10,034v: D.E.)
Var.: *En mayo a vella aínda queima u tallo. / En maio inda a vella queima o saio tras do tallo.* (ms: Carballino) / *En maio inda a vella quente o saio.* (A.C.A Nosa Terra)
(es) *En mayo quema la vieja su tajo.* (Correas) / *En mayo quemó la vieja el escaño, y en junio no lo quemó porque no lo tuvo.* (Sbarbi)
- Como otros ya reseñados, y las variantes siguientes, alude al frío de mayo. / Da a entender que hace tanto fresco que las personas de edad se aproximan mucho al fuego para calentarse, y casi queman el asiento = *tallo*.
3074. **En maio inda a vella queima o tallo, e se apuran ben, inda queima as pernas tamén.**¹³⁰⁵ (ms-SA: Ríos Pereiro)
3075. **En maio inda a vella queima o tallo, e unha que non-o queira queimar, para san Juan o deixa.**¹³⁰⁶ (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
3076. **En maio inda a vella queima o tallo.**¹³⁰⁷ (mc: A.I. / ms15,05: E.Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª ed, 1911 / ms-LU: Algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU / ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / Luís Alonso Alonso / ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)
Var.: *En maio, inda a vella queima o tallo, anque sea de carballo.* (mc: Riveira / ms4: Riveira F.V.S.)
3077. **En maio inda bebe o boi no prado.** (mc: A.I.)
3078. **En maio o lobo e o zorro, ben empolado.**¹³⁰⁸ (mc)
3079. **En maio o raposo sal ó gaio.**¹³⁰⁹ (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)
3080. **En maio queima a vella o tallo i-en san Xoán o secapán (sacapán).** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3081. **En maio queima a vella o tallo i-o arador o arado.** (ms9,08v: Meda)
En Meda muchas veces nieva en mayo.
3082. **En maio salen os raposos ó ghallo.**¹³¹⁰ (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

¹²⁹⁷ O orixinal di *En mayo de meo me cayó*.

¹²⁹⁸ O orixinal di *En Mayo de seu me cayó*.

¹²⁹⁹ O orixinal di *En Mayo de seu vogayo*.

¹³⁰⁰ O orixinal di *En Mayo de sono me cayó*.

¹³⁰¹ O orixinal di *En Mayo deitate cando o galo*.

¹³⁰² O orixinal di *En mayo eirada a bella queima o tayo*.

¹³⁰³ O orixinal di *En Mayo fai o gato ay que noites tan grandes e di o gato como o mes de mayo como o mes de mayo*.

¹³⁰⁴ ms4: *quenta / V. En maio inda a vella quente o tallo en Agrícolas (Meteorológicos)*. En ms10 s.v. *Mayo*.

¹³⁰⁵ O orixinal di *En Mayo inda bella queima o tallo e se apuran ben inda queima as pernas tamén*.

¹³⁰⁶ O orixinal di *En mayo inda a bella ceima o tayo e una que no no queira queimar para S queima o tallo*.

¹³⁰⁷ ms-LU (segundo seminarista anónimo): *aínda a vella queim'o tallo*; ms-LU (Pacios) e L. Alonso Alonso: *eínda a bella*; ms-LU (A Coruña) e ms-LU (terceiro seminarista anónimo): *ind'a vella*; ms-LU (segundo seminarista anónimo): *queim'o tallo*.

¹³⁰⁸ Indica *Lobos* no ms.

¹³⁰⁹ O orixinal di *En mayo o raposo sal o gayo*.

¹³¹⁰ O orixinal di *En Mayo salen os raposos o jayo*.

3083. **En maio sementa co saio, anque corra a auga tras do arado.** (mc: Santiago)
3084. **En maio sementa co saio.** ¹³¹¹ (ms-SA: Eliseo López Varela)
3085. **En maio somentar co saio.** ¹³¹² (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
3086. **En maio tembla o cabalo.** ¹³¹³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3087. **En maio vai a mosca do boi ó cabalo e, si é de lei, vai ó cabalo e non deixa o boi.** ¹³¹⁴ (mc: J.P.)
(pt) *Em maio deixa a mosca o boi e toma o asno.* (Chaves) (es) *En el mes de mayo, deja la mosca al buey y toma al sano.* (Sbarbi) / *En el mes de mayo, deja la mosca al buey y se le va al caballo.* (R. Marín)
Por el aumento de calor que se observa ya en algunas zonas.
3088. **En maio x'a vella arde o tallo.** ¹³¹⁵ (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
3089. **En maio xa o sol empeza co seu raio.** (mc: Santiago)
3090. **En maio xa saio.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Se refiere al zorro. Más completo, adelante.
3091. **En maio, así corra a auga tras do arado.** (mc: Santiago)
Var.: *En maio, anque corra tras do arado.* (mc)
Ha de sembrarse el maíz, aunque la lluvia sea pertinaz.
3092. **En maio, de meu me caio, xa co sono, xa co traballo.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Em maio, onde quer eu caio.* (Chaves) / *Em maio com sono caio, em S. João, por esse chão.* (Id.)
3093. **En maio, do oito ao dazaoito, labrador non durmas moito.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
3094. **En maio, millo sementado, cal enxoiro, cal mollado.** ¹³¹⁶ (mc: M.V. / mc: J.P. / ms21,26r: Bermés)
(es) *En enjuto o en mojado, en mayo el mijo sembrado.* (R. Marín) / *En mayo, mijo sementado.* (R. Marín)
3095. **En maio, o millo sementado.** ¹³¹⁷ (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
3096. **En maio, quinze días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucifios, Carballedo, LU)
3097. **En maio, todo espigado.** (mc: F.L.-Nos)
(es) *En mayo, todo espigado.* (R. Marín)
3098. **En maio, xunio e xulio as cereixas son com'o puño.** ¹³¹⁸ (ms: E.C. / mc: C.A.)
(pt) *Em maio, as cerejas leva uma a uma o gaio; em junho a cesto e a punho.* (Chaves)
(es) *En mayo, una a una las lleva el gayo; en junio, a cesto y a puño.* (Correas)
3099. **En maio, xunio e xulio as cereixas son como puños.** ¹³¹⁹ (ms18,45r)
3100. **En xaneiro frores, en maio doores.** ¹³²⁰ (ms4: J.P.)
3101. **Entra maio, bota o millo; entra agosto, bota nabos; entra outono, bota [...].** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)
3102. **Entre maio e xuño cereixiña no puño.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
3103. **En maio a vella queima o tallo.** ¹³²¹ (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
3104. **Garda do pan pra maio e da leña para abril.** ¹³²² (mc e ms16: *Dicc. Ac.*)
Var.: *Garda pan para maio e leña pró abril, que o refrán do vello non che ha de mentir.* (Monforte-F.V.S.)
(pt) *Quem me vir e ouvir, guarde pão para maio e lenha para abril.* (Chaves) / *Guarda pão para maio e lenha para abril.* (Id.) / *Guarda pão para maio, lenha para abril e o melhor tição paro o S. João.* (Id.) (es) *Guarda del pan para mayo, de la leña para abril, que te ha de cumplir.* (Correas) (ct) *Guarda pá per a Maig y llenya per a Abril.* (Alberola)

¹³¹¹ O orixinal di *En Mayo sementa co saio.*

¹³¹² O orixinal di *En Mayo somentar co saio.*

¹³¹³ O orixinal di *En Mayo tembla o cabalo.*

¹³¹⁴ mc: *do boi ó cabalo.* mc: *lei.*

¹³¹⁵ O orixinal di *En mayo xa belto, cal mollado.*

¹³¹⁶ O orixinal di *En mayo millo sementado, cal enxoiro, cal mollado.* / O ms recolle a indicación temática *Labores del campo. Maio.*

¹³¹⁷ O orixinal di *En Mayo o millo sementado.*

¹³¹⁸ O orixinal di *En mayo, xunio e xulio, as cereixas son com'o puño.* / mc: *maio, son como puño.*

¹³¹⁹ O orixinal di *En Mayo, Xunio e Xulio as cereixas son como puños.*

¹³²⁰ O orixinal di *En Xaneiro frores, en Mayo doores.* / ms4: *e en mayo.* / Jacinto del Prado recolle o refrán sen a conxunción copulativa *e.*

¹³²¹ O orixinal di *E mayo a vella queima o tallo.*

¹³²² ms: *o qu' refran, non cha de / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en Economía (Economía en las comidas).*

- Porque en maio suelen estar agotadas las reservas de la cosecha anterior, y en abril suele hacer frío.
3105. **Garda pan para maio e leña para abril, que che ha de cumprir.**¹³²³ (mc e ms16: Bucións)
 Var.: *Garda pan pra maio e leña pra todo o ano.* (ms16: D.E.) / *Garda pan pra mayo e palla pr'abril que ch'a de cumprir.* (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucións, Carballedo, LU) / *Garda leña pra abril e pan pra maio.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Guarda pão para maio e lenha para abril.* (Chaves) (es) *Guarda pan para mayo, y leña para todo el año.* (Correas)
 Véase *A velliña que quixo vivir...*
3106. **Hasta o corenta de maio non te quíte-lo saio.**¹³²⁴ (mc: C.A. / ms2: E.C. / ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 (es) *Hasta mayo no te quites el saio.* (Correas) / *Hasta el cuarenta de mayo, no te quites el saio.* (Castillo) / *Hasta el cuarenta de mayo no te quites el saio, y por más seguro hasta el cuarenta de junio.* (R. Marín)
 Para precaver los peligros del frío, que frecuentemente se extiende a este mes.
3107. **Hastra o corenta de maio non quites o saio e, si volve a chover, vólveo a poñer.**¹³²⁵ (mc, ms e ms2: J.P.)
 (es) *Hasta el 40 de mayo, no te quites el saio; y si el tiempo es inoportuno, hasta el 40 de junio.* (R. Marín)
3108. **Hastra o corenta de maio non te quites o saio e, si eres de Lugo, hastra o trinta de xunio.** (mc: Lugo)
 Var.: *Hastra o corenta de maio non te quites o saio, e si eres de Lugo, hasta o trinta de xulio [sic].* (ms4: F.V.S.)
 (es) *Hasta el cuarenta de mayo, no te quites el saio; y si vuelve a llover, vuélvetelo a poner.* (R. Marín [Citado por Castillo]) / *Hasta el cuarenta de mayo, no te quites el*
- saio; y si el tiempo es inoportuno, hasta el cuarenta de junio.* (Castillo [Completado por R. Marín])
3109. **Hastra o cuarenta de maio non cambies o saio.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
3110. **Inda din que maio pardo e san Xoán craro fan o labrador honrado.**¹³²⁶ (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)
3111. **Labra en maio, anque a auga vaia tras do arado.** (mc: Santiago)
3112. **Liño bon e liño malo frorecen en maio.**¹³²⁷ (mc: J.P. / ms / ms4 / ms16)
 (es) *Lino bueno, lino malo, todo florece en mayo.* (Correas)
3113. **Lodos en maio, espigas en agosto.**¹³²⁸ (mc e ms: J.P.)
 (es) *Lodos en mayo, espigas en agosto.* (Correas) / *Lodos de mayo, en agosto espigas y grano.* (R. Marín)
3114. **Maio chuvioso, vran caluroso.**¹³²⁹ (mc e ms: M.V. / José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
3115. **Maio deixa ver o que se ha de coller.** (mc: J.P.)
3116. **Maio e san Xoán son as chaves do ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
3117. **Maio e san Xoán son os que fan o pan.**¹³³⁰ (ms)
3118. **Maio fai trigo e agosto viño.**¹³³¹ (ms e ms4: J.P. / ms4: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
 (es) *Mayo hace trigo y agosto el vino.* (Sbarbi)
3119. **Maio florallo.**¹³³² (ms-SA: algún lugar de Galicia)
3120. **Maio hortelán, moita palla e pouco gran.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms21,32v: Bermés)
 (pt) *Maio hortelão, muita palha e pouco pão.* (Chaves) (es) *Mayo hortelano, mucha paja y poco grano.* (Sbarbi) (ct) *Maig hortolà, palla i poc gra.* (Sanchis)
 Tal el resultado de la cosecha, cuando en mayo abundan las lluvias.

¹³²³ ms e ms16: *pra maio, pr'abril, ch'ha*; ms16: *che han de.* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Economía (Economía en las comidas)*.

¹³²⁴ O orixinal di: *Hasta o corenta de maio, non te quíte-lo saio.* / ms: *Hastra, mayo, saio.* / ms-LU: *cuarentade Mayo, quites o sallo.*

¹³²⁵ mc, ms, ms2: *non te quites o saio*; ms2: *volveo poñer.* Ningunha das versións de Vázquez Saco coincide exactamente coa rexistrada orixinalmente por Jacinto del Prado.

¹³²⁶ O orixinal di *Inda din que maio pardo e San Xoan craro fan o labrador honrado.*

¹³²⁷ mc: *frorecen.* Jacinto del Prado recolle só *frorecen.*

¹³²⁸ Indica *A chuvia i-a colleita.* *Maio* no ms.

¹³²⁹ ms: *Mayo, caloroso* / J. Lage Radío: *veran.*

¹³³⁰ O orixinal di *Mayo e San Xoan son os que fan o pan.*

¹³³¹ O orixinal di *Mayo fai trigo e Agosto viño.*

¹³³² *Mayo florallo.*

3121. **Maio leitugueiro, nin boa meda nin bon palleiro.**¹³³³ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3122. **Maio longo, san Xoán redondo.**¹³³⁴ (mc: U.C. Cuartilla 13)
3123. **Maio madeiro.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
3124. **Maio maiolo é un mes que vén solo.** (mc)
3125. **Maio maiolo, e o pior é o outro que vén logo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3126. **Maio maiolo, i-o pior é outro mes que vén logo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3127. **Maio maiolo, trobón e raiolo.**¹³³⁵ (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)
3128. **Maio maión, pola mañá cara de rosa e pola tarde cara de can.**¹³³⁶ (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)
3129. **Maio me dá e maio me enxuga, e maio me dá unha sacudidura, si non é de fame é de fartura.** (ms8,57v: Trives)
3130. **Maio me lava, maio me seca, maio me pon a cara bermella.**¹³³⁷ (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Maio me molha, maio me enxuga.* (Chaves)
Lo primero, porque, a las lluvias intermitentes y pasajeras, sigue un sol esplendoroso. A ello se refiere el correspondiente port.:
3131. **Maio me molla, maio me enxuga, maio me dá unha cobertura.**¹³³⁸ (mc e ms: G.P.)
3132. **Maio me molla, maio me enxuga, maio me dá unha sacudidura, máis pronto de fame que de fartura.**¹³³⁹ (mc: J.T.)
Var.: *Maio me molla, maio me enxuga, maio me deita na sepultura.*
(pt) *Maio me molha, maio me enxuga.* (Chaves)
Por los apuros que pasa el labrador, despues de consumir la cosecha pasada.
3133. **Maio me molla, maio me enxuga, maio me dá unha sacudidura.**¹³⁴⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
3134. **Maio me molla, maio me enxuga, racha de sol, racha de chuva.**¹³⁴¹ (mc)
(pt) *Maio me molha, maio me enxuga.* (Chaves)
Explicado antes.
3135. **Maio mui chuvioso, no campo feo e na horta hermoso.**¹³⁴² (mc: J.P.)
(es) *Mayo muy lluvioso, en la huerta feo y en el campo hermoso.* (Sbarbi)
3136. **Maio oscuro e san Xoán claro, prepara, labrador, o carro.**¹³⁴³ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Porque será abundante la cosecha.
3137. **Maio pardo e san Xoán claro val máis que usté, as mulas e o carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3138. **Maio pardo e san Xoán craro valen máis cóos teus bois i-o teu carro.**¹³⁴⁴ (ms21,15r: Bermés)
3139. **Maio pardo e san Xoán craro, ahí tes as chaves de todo ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3140. **Maio pardo e san Xoán craro, e aí tes as chaves de todo o ano.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3141. **Maio pardo e san Juan claro valen máis cóos bois i-o carro.**¹³⁴⁵ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3142. **Maio pardo e xunio claro fan o labrador honrado.**¹³⁴⁶ (mc / ms4: F.V.S.)
3143. **Maio pardo, ano farto.**¹³⁴⁷ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S. / ms10,034v: D.E.)
(es) *Mayo pardo, año harto.* (Correas)

¹³³³ O orixinal di *Mayo leitugueiro, nin boa meda, nin bon palleiro.*

¹³³⁴ ms: *mayo, Xuan.*

¹³³⁵ O orixinal di *Mayo, mayolo, trobon e rayolo.*

¹³³⁶ O orixinal di *Mayo, mayon, po la mañá cara de rosa e pola tarde cara de can.*

¹³³⁷ ms: *Mayo.*

¹³³⁸ ms: *Mayo, m'enxuga.*

¹³³⁹ ms: *mayo.* / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Meteorológicos. Meses.*

¹³⁴⁰ O orixinal di *Mayo me molla, mayo me enxuga, mayo me da un'a sacudidura.*

¹³⁴¹ ms: *Mayo.*

¹³⁴² O orixinal di *Mayo mui chuvioso, no campo feo, e na horta hermoso.*

¹³⁴³ O orixinal di *Mayo oscuro e San Xoán claro, prepara, laabrador o carro.*

¹³⁴⁴ O orixinal di *Mayo pardo e S. Xoon craro valen mais qu'os teus bois y'o teu carro.*

¹³⁴⁵ O orixinal di *Mayo pardo e S. Juan claro valen mais qu'os bois yo carro.*

¹³⁴⁶ O orixinal di *Mayo pardo e xunio claro fan o labrador honrado.* / ms4 e ms15,40: *craro.*

¹³⁴⁷ O orixinal di *Mayo pardo, ano farto.* / En ms10 s.v. *Mayo.*

3144. **Maio pardo, san Xoán claro.**¹³⁴⁸ (mc: A.N. / ms-SA: seminarista anónimo: Pontevedra, PO / ms10,034v: D.E.)
Var.: *Mayo pardo, san Xoán claro, valen máis cós bois d'ouro e o carro.* (Monforte-F.V.S.)
(pt) *Maio chocoso e junho claroso, fazem o ano formoso.* (Chaves) / *Maio pardo, junho claro, fazem o lavrador honrado.* (Id.) (es) *Mayo, pardo; San Juan claro.* (R. Marín)
Para el mejor éxito de la cosecha.
3145. **Maio pardo, san Xoán craro.**¹³⁴⁹ (ms21,01v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)
3146. **Maio pardo, san Xuan claro, é o corazón do ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
3147. **Maio pardo, san Juan claro, vale máis que os bois i-o carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
3148. **Maio pedrado destroi a froita e non farta o gado.** (mc / ms4: F.V.S.)
3149. **Maio produce o ano co bon labrado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3150. **Maio que vén temprado e chuvioso, pra todo o gando é proveitoso.**¹³⁵⁰ (ms4: J.P.)
Var.: *Mayo temprado e chuvioso, pra todo o gando é proveitoso.* (ms16)
3151. **Maio quente e mollado, pan de todo o ano.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)
3152. **Maio seco, tras abril mollado, toda palla se volve grau.**¹³⁵¹ (mc e ms4: J.P.)
(es) *Mayo seco tras abril mojado, toda la mies se vuelve grano.* (R. Marín)
3153. **Maio seco, xunio mollado, todo virá trastornado.** (mc)
Var.: *Maio seco, xunio aguado, todo virá trastornado.* (J.P.)
3154. **Maio turbado e san Xoán claro fan un ano temperado / temprado.**¹³⁵² (mc e ms: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Maio pardo e ventoso, faz o ano formoso.* (Chaves) (es) *Mayo ventoso, año*
- hermoso.* (Correas) (ct) *Maig ventós i juny calent, fan bon vi i bon forment.* (Sanchis)
3155. **Maio turbo e san Xoán craro, e témo-lo ben compangado.**¹³⁵³ (ms5,039)
3156. **Maio largo, maio pardo e ben aparelado.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Maio pardo, enche o saco.* (Chaves) / *Maio pardo, ano farto.* (Id.) (es) *Mayo pardo, señal de buen año.* (Sbarbi) (ct) *Maig enmuvolat, bon any.* (Sanchis)
3157. **Maio, engredaio.** (mc: J.T.)
(pt) *Em maio, gradai-o.* (Chaves)
3158. **Maio, floraio.** (mc: Becerreá)
(ct) *Florit com un maig.* (Sanchis) / *Hermós com un maig.* (Id.)
3159. **Maio, maiolo e maio tolo son tres.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(es) *Mayo, magayo y el mes de mayo, tres.* (R. Marín)
Este mes se hace muy largo a los labradores, consumidos ya sus recursos económicos.
3160. **Maio, maiolo, maio todo.** (mc: Cuartilla 13)
(es) *Mayo, magayo y el mes de mayo, tres.* (R. Marín)
Este mes se hace muy largo a los labradores, consumidos ya sus recursos económicos.
3161. **Malo o maio que non bebe o boi no prado.**¹³⁵⁴ (ms-SA: M. González Fernández)
3162. **Mes de maio sin torbóns é como home sin calzóns.**¹³⁵⁵ (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
En tierras de Carballedo lo dicen del mes de abril.
3163. **Nin maio sin trobóns nin home sin calzóns.**¹³⁵⁶ (ms-SA: M. González Fernández)
3164. **No maio de meu me caio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3165. **No maio na corte treme o cabalo.**¹³⁵⁷ (mc e ms: Velle)
(ct) *No és bon maig si el ruc no tremola de fred a l'estable.* (Sanchis)

¹³⁴⁸ ms: *Mayo, San Joan*; ms-SA: *Xuan*. / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Meses*. En ms10 s.v. *Mayo*.

¹³⁴⁹ O orixinal di *Mayo pardo, S. Xoan craro*. / ms-LU: *san Xuan*.

¹³⁵⁰ O orixinal di *Mayo que ven temprado e chuvioso, pra todo o gando e proveitoso*.

¹³⁵¹ ms4: *toda palla / mc: toda a palla se volve gran*.

¹³⁵² ms: *Mayo*.

¹³⁵³ O orixinal di *Maio turbo e San Xoan craro, e témolo ben compangado*.

¹³⁵⁴ O orixinal di *Malo o maio que non bebe o boi no prado*.

¹³⁵⁵ ms e ms16: *Mes mayo, calzóns*.

¹³⁵⁶ O orixinal di *Nin maio sin trobons nin home sin calzóns*.

¹³⁵⁷ Indica *Animales domésticos* no ms.

3166. **No maio quinze días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3167. **No maio, pan e nabos.**¹³⁵⁸ (mc: Velle)
(pt) *Maio faz o pão e agosto o milho.* (Chaves)
3168. **No mes de maio a vella queima o tallo.**¹³⁵⁹ (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
3169. **No mes de maio e abril sonan as huchas na casa como o tamboril.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
3170. **No mes de maio inda a vella queima o tallo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3171. **No mes de maio non leves o boi ó prado.**¹³⁶⁰ (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
3172. **No mes de maio rápaselle á ovella o saio.**¹³⁶¹ (mc / ms4: F.V.S.)
Otros dicen que tal operación ha de hacerse en marzo.
3173. **No mes de maio, bois e vacas no prado.** (mc: Santiago)
3174. **Nos amediados de maio sementa anque a auga vaia detrás do arado.**¹³⁶²
(mc e ms: Santiago)
3175. **O burro no maio vólvese cabalo.**¹³⁶³
(mc e ms4: J.P.)
Como *En maio, calquera besta é cabalo.*
3176. **O estrume de maio mata a porca dun ano.** (mc: J.T.)
3177. **O galo e o esturión por maio teñen sazón.** (mc: J.P.)
(es) *El gallo y el marón, por mayo tienen sazón.* (Gella)
3178. **O maio leva a fama i-o san Xoán arranca a alma.** (mc / M. González Fernández)
(es) *Mayo tiene la lomada y junio le saca el alma.* (Correas)
Regístralo también Sbarbi, según el cual, da a entender que en mayo están en todo su vigor los campos, y que en el siguiente se obtienen de ellos los productos.
3179. **O maio leva a palma i-o san Xoán a alma.**¹³⁶⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
Como el anterior.
3180. **O maio pardo e o xunio claro fan o labrador honrado.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
3181. **O peixe de maio, a quen o quixere, dáio.**¹³⁶⁵ (mc e ms16: J.P.)
(pt) *Peixe de maio, a quem vo-lo pedir, daí-o.* (Chaves) (es) *El pece de mayo, a quien te lo pidiere, dalo.* (Gella)
Es la época del desove y está en malas condiciones.
3182. **O porco de maio vai con súa nai ó tallo.**¹³⁶⁶ (ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)
3183. **O que en maio non merenda, o[u] ós malos o[u] ós mortos se encomenda.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)
3184. **O que en maio se molla, en maio se enxuga.**¹³⁶⁷ (mc e ms: A.N. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,04r: Bermés / ms21,08r: Bermés)
(pt) *Maio me molha, maio me enxuga.* (P. Chaves) (es) *Agua de mayo no cala el sayo; y si alguna vez lo caló, pronto se enjugó.* (R. Marín). / *Quien en mayo se moja, en mayo se enjuga.* (Id.)
Como *Maio me molla, maio me enxuga.*
3185. **O que maio non puido criar, mal pode ó seguinte madurar.**¹³⁶⁸ (mc, ms e ms16: J.P.)
Var.: *O que maio non poida criar, non-o virán outros a madurar.* (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
3186. **O que no maio morre, antes o colle.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3187. **O que o primeiro de maio non come castañas, maica todo o ano.**¹³⁶⁹ (mc / ms)
3188. **O que queira ter bon rebaño, ten que rapalo no mes de maio.** (mc: Tuiriz)
Var.: *O que queira ter ovellas mil, tenas que rapar no mes d'abril.*

¹³⁵⁸ O orixinal di *No mayo, pan e nabos.* / mc: maio.

¹³⁵⁹ O orixinal di *No mes de mayo a bella queima o tallo*

¹³⁶⁰ O orixinal di *No mes de Mayo non leves o boy o prado.*

¹³⁶¹ ms: mayo, rapaselle, sayo.

¹³⁶² ms: mayo, corra tras

¹³⁶³ ms4: no mayo.

¹³⁶⁴ ms: y-o / M. González Fernández.: e S. Juan.

¹³⁶⁵ ms e ms16: mayo, dallo.

¹³⁶⁶ O orixinal di *O porco de mayo vai con sua nai o tallo.*

¹³⁶⁷ ms: mayo, s'enxuga; ms-LU: s-enxuga; ms21,08r: se enxoga; ms21,04r: se'nxoga.

¹³⁶⁸ mc: seguinte; ms16: pudo criar. Jacinto del Prado só recolle o refrán como aparece no ms.

¹³⁶⁹ ms: mayo, mayea.

3189. **O que queira ter ovellas mil, rápeas en abril, i-o que queira ter un bon arrebaño, rápeas no maio.**¹³⁷⁰ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)
3190. **O rocín no maio vólvese cabalo.**¹³⁷¹ (mc, ms4 e ms16: A.I.)
Var.: *O rocín no maio verase cabalo.* (ms4: Cuartilla 13) / *O rocín en maio vólvese cabalo.* (mc: Bucínos)
(pt) *O rocim em maio se torna cavalo.* (Chaves) (es) *En mayo, el rocín se hace caballo.* (R. Marín)
Ecuivalente: *En maio, calquera besta é cabalo,* registrado en su lugar.
3191. **O sol de maio mata a dama no palacio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3192. **O trigo en maio graado, en abril curado e en santa Mariña metido na arquíña.**¹³⁷² (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
3193. **Os bos forraxes por maio sega e o pastado pola noite rega.**¹³⁷³ (ms4: J.P. / ms)
3194. **Pase maio e pase pardo.**¹³⁷⁴ (ms21,08r: Bermés)
3195. **Pégase o cigarro ó tizón no mes de maio ballón.**¹³⁷⁵ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3196. **Polo mes de maio as vellas rompen o tallo.** (mc: Santiago)
3197. **Por maio aínda a vella queima o tallo.**¹³⁷⁶ (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
3198. **Por maio corre a agua atrás do arado.**¹³⁷⁷ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C / José Manuel Area Alonso)
3199. **Por maio inda a vella queima o tallo.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar)
3200. **Porca no maio, val máis nos comenzos que no cabo.**¹³⁷⁸ (ms18,45r)
3201. **Pra maio garda o saio.** (mc: Tuiriz)
(es) *Para mayo guarda el sayo.* (R. Marín)
Pues no debe dejarse hasta el cuarenta de mayo.
3202. **Que bo maio, que mal maio, han de estar os bois quince días na corte sin saíren pró prado; e val máis no principio que no cabo.**¹³⁷⁹ (ms: Velle / ms3: P. de V.)
Var.: *Que bon maio, que mal maio, quince días os bois ó prado.* (ms15,45: Chantada / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
3203. **Que bon maio, que mal maio: quince días os bois no prado, e máis val no principio que no cabo.**¹³⁸⁰ (ms21,01r: Bermés)
3204. **Quen ceba todo o ano e non ceba en maio, pra outros o proveito e pra el o dano.** (mc: J.P.)
3205. **Quen en maio non merenda, aos mortos se encomenda.** (mc: C.A. / ms21,05v: Bermés)
Var.: *Quen en mayo non merenda, aos males s'encomenda.* (E.C.)
(pt) *Quem em maio não merenda, aos mortos se encomenda.* (Chaves)
3206. **Quen en maio non merenda, ou ós males ou ós mortos se encomenda.**¹³⁸¹ (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
3207. **Quen en maio non rapa a ovella, pra xunio a deixa.**¹³⁸² (mc: J.P.)
3208. **Quen en maio puxo a capa, en agosto veuno na súa parva.**¹³⁸³ (mc, ms e ms4: J.P.)

¹³⁷⁰ ms: *y-o, mayo*; ms16: *rebaño*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Animales domésticos (Ovejas)*.

¹³⁷¹ O orixinal di *O rocín no Mayo vólvese cabalo*. / ms: *de mayo*. Consultado o libro *El idioma gallego* de Antonio de la Iglesia (A.I.), vemos que o que recolle é *no mayo*.

¹³⁷² O orixinal di *O trigo en mayo graado, en abril curado e en Sta. Mariña metido na arquíña*.

¹³⁷³ O orixinal di *Os bos forraxes por Mayo sega, e o pastado o-la noite rega*.

¹³⁷⁴ O orixinal di *Pase mayo e pase pardo*.

¹³⁷⁵ O orixinal di *Pégase o cigarro o tizón nu mes de mayo vallón*.

¹³⁷⁶ O orixinal di *Por Mayo aínda a vella queima o tallo*.

¹³⁷⁷ O orixinal di *Por mayo corre a agua a tras do arado*. / ms-SA (Lorenzo C.): *tras do arado* / J. M. Area Alonso: *tras o arado*.

¹³⁷⁸ O orixinal di *Porca no mayo, val mais nos comenzos que no cabo*.

¹³⁷⁹ ms1, ms3 e ms4: *han estar*; ms3: *boo maio*; ms1: *boo mayo*; ms1 e ms3: *sen saíren*; ms16: *bon maio, han estar*.

¹³⁸⁰ O orixinal di *Qué bon mayo, qué mal mayo, quince días os bois n'o prado, e mais val n'o principio que n'o cabo*.

¹³⁸¹ O orixinal di O orixinal di *Quen en mayo non merenda ou os males ou os mortos se encomenda*.

¹³⁸² mc: *en maio non rapa a ovella*. A forma en que aparece no mc non corresponde co orixinal de Jacinto del Prado.

¹³⁸³ mc: *puxo a capa, veuno na*. Jacinto del Prado só recolle a versión con *en Agosto* que aparece no ms e ms4.

3209. **Quen en maio se molla, en maio se enxuga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradel, LU)
 3210. **Quentor de maio, valor do ano.** (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)
 3211. **Se sales da casa en maio, non deixes o saio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
 3212. **Si non houbera maio, non houbera mal ano.** ¹³⁸⁴ (ms21,08r: Bermés)
 3213. **Temprana é a castaña que en maio regaña.** ¹³⁸⁵ (mc e ms16: J.P.)
 (es) *Temprano es la castaña que por mayo regaña.* (Correas)
 Porque suelen madurar en octubre, que es cuando regañan al estar curadas.
 3214. **Touro e galo, troita e barbo, todo en maio.** ¹³⁸⁶ (mc e ms: J.P.)
 (pt) *Touro galo, e barbo, todos têm sazão em maio.* (Chaves) / *Touro galgo* (ou galo) e *barbo, todos têm sazão em maio* (Chaves). (es) *El toro y el gallo, en el mes de mayo.* (Correas) / *Toro y gallo, trucha y barbo, todo en mayo.* (Id.)
 3215. **Tras de maio vén san Xoán.** (mc: C.A. / ms e ms4: E.C. / ms4: F.L. / ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
 Var.: *Tras de maio chega san Xoán.* (ms4: E.C.)
 (es) *Tras abril que sale lloviendo, entra mayo sonriendo.* (R. Marín).
 3216. **Tres meses son de seca: maio, san Xoán e sega.** (mc: Otero de Rey)
 Var.: *Tres meses son de herba: mayo, san Juan e sega.* (ms15,22)
 3217. **U ruiseñor e u papagaio sempre cantan no maio.** ¹³⁸⁷ (ms-SA: Algún lugar da provincia da Coruña)
 3218. **Un maio pardo dá un san Juan craro.** ¹³⁸⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 3219. **Unha auga de abril e dúas de maio valen máis que os bois e o carro.** ¹³⁸⁹ (mc e ms: J.P.)

¹³⁸⁴ O orixinal di *Si non houbera mayo, non houbera mal ano.*

¹³⁸⁵ ms: *por maio*; ms2, ms4 e ms16: *por mayo.*

¹³⁸⁶ mc: *maio.* Jacinto del Prado recolle no orixinal *Mayo.*

¹³⁸⁷ O orixinal di *U ruí señor e u papagayo sempre cantan no Mayo.*

¹³⁸⁸ O orixinal di *Un mayo pardo da un S. Juan craro.*

¹³⁸⁹ mc: *i-o carro.* Jacinto del Prado recollía o refrán tal e como aparece en ms.

Var.: *Unha auga de maio e tres de abril valen por mil.* (mc: Páramo / ms4: J.P.)

(pt) *Uma água de maio e 3 d'abril, valem por mil.* (Chaves) (es) *Más vale un agua entre abril y mayo, que toda la plata que hay en el Ochavo.* (R. Marín). / *Más vale agua en abril que los bueyes y el carro del rey David.* (R. Marín) (ct) *Una pluja de maig i tres d'abril valen més que els bous i el carril.* (Sanchis).

Ochavo es el famoso relicario de la Catedral de Toledo.

3220. **Vaite maio cas túas flores que das arcas fixeches tambores; dos homes, linternas; e das mozas, espadelas.** (ms8,07r: Carballino)

Porque llega ya el hambre por el gasto de la cosecha.

3221. **Vende por maio as crías i-en novembre as tardías.** ¹³⁹⁰ (mc e ms: J.P.)

3222. **Viño de maio, pouco e malo.** ¹³⁹¹ (mc: M.V. / ms10,143r: D.E.)

MESES. JUNIO

3223. **A auga de xunio, máis que bondá, ten infortunio.** ¹³⁹² (mc: Carballino)

(pt) *Chuva em junho, mordedura de víbora.* (Chaves) / *Chuva em junho, peçonha do mundo.* (Id.) / *Chuva junhal, fome geral.* (Id.) (es) *Agua en junio, infortunio.* (Sbarbi) (ct) *Aigües de juny, mals solen dur.* (Sanchis) / *Aigua de juny primerenca molts mals arrenca.* (Id.)

Sobre todo, al fin de mes, explica Sbarbi.

3224. **A auga en xunio, máis que bondad, ten infurtoño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3225. **A reixa de san Xuan, moitos o saben e poucos o dan.** ¹³⁹³ (ms: J.P.)

(es) *La reja por San Juan, muchos la saben y pocos la dan.* (ct) *La rella de sant Joan, molts la saben però pocs la fan.* (Sanchis)

3226. **Cando chove todo o mes de san Xuan, malo.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

3227. **Cando en xunio chove, molla a esmola do probe.** (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)

¹³⁹⁰ mc: *maio i-en.* O orixinal de Jacinto del Prado coincide co do ms.

¹³⁹¹ ms: *mayo.* / En ms10 s.v. *Vino.*

¹³⁹² ms: *en xunio*; ms2: *en xunio, bondad.*

¹³⁹³ ms: *S. Xoañ moitos a saben.* Jacinto del Prado recolle o refrán coas formas *San Xuan* e *o saben.*

3228. **Cando podas, sembrarás, i-ó remate de xunio segarás.** ¹³⁹⁴ (ms21,07r: Bermés)
3229. **Cando xuño chega, colle a fouce e limpa a eira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3230. **Chuvias en san Xuan quitan viño e non dan pan.** ¹³⁹⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3231. **En san Xoán colle a ovella pola lan.** (mc: Santiago)
3232. **En san Xoán inda a vella queima o pan.** (ms: Santiago)
3233. **En san Xoán medra a herba como pan.** (ms5,137: Mondoñedo, Mayan)
3234. **En san Xoán mete obreiro e mais o pan.** (mc: Santiago)
3235. **En san Xoán non lle fai falta palleiro ó can.** ¹³⁹⁶ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3236. **En san Xoán o millo tap'o can.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
3237. **En san Xoán queima a vella o sacapán.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3238. **En san Xoán, castañas louras na man.** (mc: Santiago)
3239. **En xunio quítase a mosca ó boi e pégase ó burro.** (mc: J.P.)
(es) *En junio, se le quita la mosca al buey y se le pega al burro.* (R. Marín)
Otros lo refieren a mayo, como notamos en su lugar.
3240. **En xunio, fouce no puño.** (mc: C.G.)
(pt) *Em junho, foicinha em punho.* (Chaves)
(es) *En junio, hoz en puño; de verde, mas no de pan maduro.* (Correas) / *Junio, la hoz en el puño.* (Sbarbi) / *Junio, la hoz en el puño para probar, que no para segar.* (Id.)
(ct) *En juny, la falç al puny.* (Sanchis) / *Pel juny, la fauç al puny.* (Id.) / *Al juny, segadera al puny.* (Id.)
3241. **En xunio, pan maduro, i-en xuilín, fouce e founcín.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
Xuilín y founcín, por influencia asturiana que llega hasta algunas comarcas del partido de Becerreá.
3242. **No mes de san Xoán atácanlle as pulgas ó can.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
3243. **O liño de san Xuan, nin é liño nin é lan.** ¹³⁹⁷ (mc e ms: Santiago)
Var.: *O liño volando en S. Xoán non é liño nin lan.* (ms5,135: Santiago)
3244. **O vinteno de san Xoán tira a primeira raíz o pan.** (mc: Santiago)
3245. **Pode xunio tormentoso ser a moitos desastroso.** (ms4: J.P.)
3246. **Polo mes de san Xoán colle o lobo o carneiro pola lan.** (mc e ms: Santiago)
Var.: *Por san Xoán colle a ovella pola lan.* (mc: Santiago / ms16: Lugo) ¹³⁹⁸
3247. **Polo tempo de san Xuan colle o lobo o carneiro pola lan.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
3248. **Por san Xoán bebe viño e come pan.** (mc: Santiago)
3249. **Por san Xoán o millo cubre o can.** (mc: Santiago)
Var.: *En san Xoán escóndome entre o pan.* (mc e ms4: F.V.S.) ¹³⁹⁹
Porque ya está crecida la caña.
3250. **Por san Xoán pouco viño e moito pan.** (mc: Santiago)
3251. **Por san Xoán, o arado na man.** (mc: Santiago)
3252. **San Juan e maio son as chaves do ano.** ¹⁴⁰⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3253. **Si chove en san Xoán, non hai trigo nin pan.** (mc: Santiago)
3254. **Si chove en san Xuan, non hai auga nin pan.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
3255. **Viña en xunio sulfatada pódese contar salvada.** (mc: J.P.)
3256. **Xunio brillante, ano abundante.** ¹⁴⁰¹ (mc: J.P.)
(es) *Junio brillante, año abundante.* (R. Marín) (ct) *Es juny hermós és molt abundós.* (Sanchis)

¹³⁹⁴ O orixinal di *Cando podas sembrarás, y'o remate de xunio segarás.*

¹³⁹⁵ O orixinal di *Chuvias en S. Xuan quitan viño e non dan pan.*

¹³⁹⁶ ms-LU: *a o can.*

¹³⁹⁷ ms: *y en xuilín.*

¹³⁹⁸ ms: *en San Xuan.ms: oubella.* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Animales domésticos (Ovejas).*

¹³⁹⁹ mc: *escóndeme.*

¹⁴⁰⁰ O orixinal di *Sanjuan e Mayo son'tas chaves do ano.*

¹⁴⁰¹ mc: *brillante.* Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *brillante.*

3257. **Xunio quente, millo valente.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)

MESES. JULIO

3257. **Baña en xulio teu ganado despois d'haber sesteado.** (ms4: J.P.)
3467. **Día de Santiago colle a fouciña e vaite ó agro.** (mc)
3258. **Do trinta de xulio en diante, calor asfixiante.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *El que en julio tiene frío, le falta un tornillo.* (Sbarbi?) (ct) *El juliol, l'amo del sol.* (Sanchis) / *En juliol, pobres dels que estan al sol.* (Id.)
3259. **En Santiago arden os montes e secans'as fontes.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
3260. **En Santiago colle a fouciña e deixa o sacho.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3261. **En Santiago e agosto entran a pelear, que este é o tempo do liño enlazar / amasar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3262. **En Santiago sal a ver a túa viña; tal a ves, tal a verás e tal a vendimiarás.** ¹⁴⁰²
(mc e ms: Santiago)
3263. **En Santiago secan as fontes e arden os montes.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
3264. **En Santiago termina a merenda e empeza o descanso.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)
3265. **En Santiago vai mirar a túa viña; tal a ves, tal a verás e tal a vendimiarás.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
3266. **En xulio cóllese o trigo maduro.** ¹⁴⁰³
(mc: Santiago / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
3267. **En xulio e agosto estroupelear, que este é o tempo do liño mazar.** (mc: Cuartilla 13 de Coruña)
Parece reliquia de un canto de muiñeira.
3268. **En xulio e agosto vai a ovella ó rastroxo.** ¹⁴⁰⁴ (mc: J.P.)
Porque se ha segado ya el pan.
3269. **En xulio o verd' é maduro.** ¹⁴⁰⁵ (mc: J.P.)
(pt) *Julho, o verde e o maduro.* (Chaves)

¹⁴⁰² ms: *En Santiago vai mirar ...*

¹⁴⁰³ ms-SA: *En Julio.*

¹⁴⁰⁴ ms4: *Entre.*

¹⁴⁰⁵ mc: *o verde e o maduro.*

Se ha de segar, como más claramente aconseja el que sigue.

3270. **En xulio sega o verde e o maduro.** ¹⁴⁰⁶
(mc, ms e ms4: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *En julio, mi trigo; y en agosto, el de mi amigo.* (R. Marín)

3271. **En xulio, donde o mozo: no río ou no pozo.** ¹⁴⁰⁷ (mc: J.P.)

(es) *En julio ¿dónde anda el mozo? En la acequia o en el pozo.* ¹⁴⁰⁸ (R. Marín)

Por el excesivo calor, que según R. Marín, hacía decir a los moros españoles: *en julio se muere un hombre de sed entre un pozo y un aljibe.*

3272. **En xulio normal seca todo manantial.**

(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3273. **No mes de Santiago, fouciño ó agro.**

(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3274. **No mes de Santiago, fouciños ó agro.**

(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

3275. **No mes de Xacobo bota o millo no cobo.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

3276. **No Santiago, fouce ó agro.** ¹⁴⁰⁹ (mc e ms: Bucinos)

Var.: Otras correspondencias en el análogo: *En xulio, o verde e o maduro.* / *En Santiago, fouciño ó agro.* (ms15,45: Chantada)

(es) *En julio, la hoz en el puño.* (Sbarbi)

3277. **O que non aproveita xulio pra se bañar, é que ten medo do río e do mar.**

(ms5,141: *O Gaitero de Lugo*, 1961)

3278. **O xulio e agosto troupelear que este é o tempo do liño maiar.** ¹⁴¹⁰ (mc: C.A. / ms: E.C.)

3279. **Polo mes de Santiago amarela o trigo e o xaramago.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

3280. **Polo Santiago secan as fontes e arden os montes.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

3281. **Por moito que quera ser, en xulio pouco ha de chover.** ¹⁴¹¹ (mc: J.P.)

¹⁴⁰⁶ ms: *y o maduro.*

¹⁴⁰⁷ mc: *¿dónde o mozo?*

¹⁴⁰⁸ mc: *¿dónde el mozo?*

¹⁴⁰⁹ Indica *Labores agrícolas (Meses)* no ms.

¹⁴¹⁰ ms4: *liño mayar.* Indica *Labores agrícolas (Meses)* no ms.

¹⁴¹¹ mc: *queira ser.* Jacinto del Prado recolle a forma *quera.* Dentro de *Agrícolas (Santoral)* no mecanoescrito orixinal.

- (es) *Por mucho que quiera ser, julio poco ha de llover.* (R. Marín)
3282. **Principia asando e acaba tostando.** ¹⁴¹²
(mc e ms: J.P.)
3283. **Quen en xulio non sega, en agosto non malla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3284. **Quen non aproveita xulio pra se bañar, é que ten medo do río e do / e mar.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Lobelle, Carballedo, LU)
3285. **Quen non sega en xulio, non sega a seu gusto.** ¹⁴¹³
(mc e ms4: J.P.)
(es) *Quien no trilla en julio, no trilla a su gusto.* (Sbarbi) (ct) *Qui no bat en juliol, no bat quan vol.* (Sanchis) / *Qui no bat en juliol, no pot batre després quan vol.* (Id.) / *Qui no trilla al juliol, no trilla quan vol.* (Id.)
3286. **Santiago de chuvias, ano de alubias.**
(mc: Santiago)
3287. **Santiago pra segar, agosto pra mallar, trinta e un días han de levar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
3288. **Si en xulio non vén treboada, haberá mala anada.** (ms21,08r: Bermés)
3289. **Si en xulio non vén treboada, teremos mala anada.** (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)
3290. **Xulio agüeiro: moito pan e bo palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: San Xoán de Laño, Dodro, C)
3291. **Xulio quente, millo valente.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
3292. **Xullo andado, millo arrendado.** (mc: Otero de Rey)
- MESES. AGOSTO.** V. tamén *Agosto*.
3293. **A castaña en agosto quer arder i-en setembro beber.** ¹⁴¹⁴
(mc: M.L. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *A castaña quere en agosto arder e en setembro beber.*
Necesitan para su desarrollo, calor en agosto y agua en setiembre.
3294. **A castaña quer en agosto arder, en setembro beber.** (ms21,02v: Bermés)
3295. **A castaña quere no agosto arder e no setembro beber.** ¹⁴¹⁵
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
3296. **A castaña, en agosto arder, en setembro beber.** ¹⁴¹⁶
(ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo e Laiosa, O Incio, LU)
3297. **A chuvia no mes de agosto non é chuvia que é mel e mosto.** ¹⁴¹⁷
(mc: A.C. / ms: E.C.)
Var.: *O trebón de agosto dá mel e mosto.* (ms15,49: Villaselán-Ribadeo) / *A chuvia en agosto non é chuvia que é mel e mosto.* (Cuartilla 13) / *Chuvia de agosto, mosto.* (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
Todos los refranes ponderan las inmejorables ventajas de la lluvia de agosto:(pt) *Agua de agosto, açafrao, mel e mosto.* (Chaves) (es) *Agua de agosto, azafrán, miel y mosto.* (Bergua) (ct) *Aigua en agost, safrà, mel i most.* (Sanchis) / *Aigo d'agost fa mel i most.* (Id.)
3298. **A lama d'agosto i-o polvo d'abril dá que sentir.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
3299. **A lama de agosto fai mal entrecosto.**
(mc: Villanueva, Lalín)
3300. **A lama de agosto i-o polvo de abril botan o pobre a pedir.** (mc: Cervantes)
En otros sitios se dice: *a agua d'agosto...* que dejamos ya anotado.
3301. **A lama de agosto i-o polvo de abril fan vender a manta de cubrir.** (mc: Buciños)
Var.: *A lama de agosto e-a seca de abril fai vender a manta de cubrir.* (ms15,09: Cervantes)
Equivale al anterior. La misma idea recoge el siguiente:
3302. **A lama de agosto i-o polvo de abril non son de rir.** ¹⁴¹⁸
(mc: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,48: Comarca de Fonsagrada)
Var.: *O polvo de abril non é de reir.* (ms15,21: Burón, Fonsagrada) / *A lama de agosto i-o polvo de abril non son de vivir.* (ms16)

¹⁴¹² mc: *i-acaba*.

¹⁴¹³ mc: *a gusto*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma en que aparece no ms4.

¹⁴¹⁴ ms-LU: *quere arder e en setiembre*. / V. *En agosto, as castañas arder e en setembro, beber en Agro*.

¹⁴¹⁵ ms-SA: *Setembro*.

¹⁴¹⁶ ms-LU: *en Setiembre*.

¹⁴¹⁷ ms: *d'agosto*.

¹⁴¹⁸ ms11,48: *d'agosto y'o polvo d'abril*.

- (No conviene) que haya polvo: el polvo no hace reyes. *Abril, aguas mil*. Lo aplican especialmente a las abejas. (ms15,21)
3303. **A sombra de agosto e o sol de setembro.**¹⁴¹⁹ (mc: C.A. / ms4: E.C. / ms16 / ms18,68r: *Diario de Avisos*, de R. Caruncho (1888))
3304. **Agosto ardenteiro, herba no palleiro.** (mc: Santiago)
Es la época de la siega y el calor favorece.
3305. **Agosto claro, moitas castañas e moi bon nabo.** (ms5,058: Trives)
3306. **Agosto e setembro non duran sempre.**¹⁴²⁰ (mc: Villanueva, Lalín / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Agosto y setiembre no duran siempre*. (Correas)
3307. **Agosto é un home que tanto o dá como o quita.** (mc: Santiago)
3308. **Agosto e vendima non son cada día, e si cada ano, us con ganancia e outros con dano.**¹⁴²¹ (mc)
Var.: *Agosto e vendima non son cada día, e se cada ano, un con gonzo, outro con dano*. (ms18,15r)
(pt) *Agosto e vindima não vêm cada dia, mas sim cada ano, uns com ganância, outros com dano*. (Chaves) (es) *Agosto y vendimia, no es cada día*. (Correas) / *Agosto y vendimia no es cada día, y si cada año, unos con ganancia y otros con daño*. (Sbarbi) (ct) *Agost i verema, tots els dies no aplega*. (Sanchis) / *Agost i vermar, cada dia no es fa*. (Id.)
Completa el anterior, y ambos tienen correspondencia en otros refraneros peninsulares. Aconsejan economía a los labradores, porque la cosecha es sólo una, y expuesta a contingencia.
3309. **Agosto e vendima non son cada día.**¹⁴²² (mc e ms16: A.I.)
(es) *No es cada día agosto ni vendimia*. (Correas)
3310. **Agosto faise maio a quen non ten pan sementado.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)
3311. **Agosto fáiselle maio a quen non ten pan sementado.** (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns)
3312. **Agosto fáiselle maio ó que non ten o pan sementado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3313. **Agosto leva e agosto dá.** (ms-SA: José Ignacio Seijo Santiago)
3314. **Agosto madura e setembro vendima.**¹⁴²³ (mc: J.P. / ms16)
(pt) *Agosto madura, setembro vindima*. (Chaves) (es) *Agosto madura y septiembre vendimia la uva y fruta*. (Correas) (ct) *Per l'agost se madura, i al setembro, sepultura*. (Sanchis) / *A l'agost, malura, i al setembro, sepultura*. (Id.) / *L'agost els madura, i el setembro els captura*. (Id.)
3315. **Agosto o dá, agosto o leva.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
3316. **Agosto pasou e quen mallou, mallou.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3317. **Agosto pasou; o que mallou, mallou.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
3318. **Agosto pasou; quen mallou, mallou.** (mc: A.C.)
(pt) *Malha pelo S. Tiago é de agrado, mas a de agosto já não dá gosto*. (Chaves) / *Quem malha em agosto, malha com desgosto*. (Id.)
No deben diferirse más las labores de la recolección del grano. En Portugal concretan más.
3319. **Agosto pasou: o que mallou, mallou; o que non mallou, mallara.** (ms-SA: Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)
3320. **Agua de agosto, azafrán, mel e mosto.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lusame, C)
3321. **As castañas, pra ben ser, en agosto quencer i-en setembro beber.** (mc / ms4: F.V.S.)
Registrado antes en otra forma.
3322. **As tardes de agosto corren como un lóstrego.** (mc: Miraz, Friol)
3323. **As tardes de agosto non teñen en canto a vella vai ó horto.** [sic] (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
3324. **Auga d'agosto derrama o magosto.** (ms-LU: Camporramiro, Chantada, LU)
3325. **Auga de agosto e polvo de abril toca na hucha coma nun panderil.** (ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)

¹⁴¹⁹ mc e ms18,68r: *setembre* / ms18,68r: *d'agosto*.

¹⁴²⁰ ms-LU: *e setiembre non duran siempre*.

¹⁴²¹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Días*.

¹⁴²² Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Días*.

¹⁴²³ ms16: *setembro*.

3326. **Auga de agosto, nin nabos nin magosto.**¹⁴²⁴ (mc: Otero de Rey / ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
En cuanto a lo segundo, porque *a castaña en agosto quer arder i-en setembro beber.*
3327. **Auga en agosto quita viño e non dá mosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3328. **Auga en agosto, auga no mosto.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)
3329. **Auga en agosto, azafrán, mel e mosto.** (mc: *Dicc. Ac.*)
Var.: *Chuvia abundante que vén en agosto, riqueza aporta de aceite e de mosto.* (ms4: J.P.)
(pt) *Agua de agosto, açafrao, mel e mosto.* (Chaves) (es) *Agua de agosto, azafrán, miel y mosto.* (Sbarbi) (ct) *Aigua en agost, safrà, mel i most.* (Sanchis)
3330. **Auga en agosto, nin bon mosto nin bon magosto nin bon recosto.** (ms: Vigo)
3331. **Auga no agosto, azafrán, mel e mosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3332. **Barro en agosto e polvo en abril botan o labrador a pedir.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3333. **Brétema n'agosto, pouco magosto.** (ms21,06v: Bermés)
3334. **Cando chove en agosto, chove mel e mosto.** (mc: J.P.)
Var.: *Chuvia en agosto non gastes en mosto.*
(pt) *Quando chove em agosto, chove mel e mosto.* (Chaves) / *Chuva de agosto, apressa o mosto.* (Id.) / *Quando chove em agosto, não metas teu dinheiro em mosto.* (Id. (es) *Agua de agosto, azafrán, miel y mosto.* (Bergua) (ct) *Primera pluja d'agost, avança el most.* (Sanchis) / *Aigua en agost, safrà, mel i most.* (Id.) / *Aigo d'agost fa mel i most.* (Id.) / *Aigo d'agost, ni vi ni most.* (Id.) / *Como Agua de agosto, azafrán, mel e mosto.*
3335. **Cando en agosto chove, señal de que non hai maíno.** (ms-SA: M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)
3336. **Castañas, en agosto arder e en setembro beber.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
3337. **Chuvia en agosto mata o mosto.** (mc)
Var.: *Auga de agosto quita mel e mosto.* (ms15,09: Monforte)
- (pt) *Chuva de agosto, apressa o mosto.* (Chaves)
3338. **De agosto a setembro ou se gana a anada ou se perde.**¹⁴²⁵ (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
3339. **Despois d'agosto faise o costro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3340. **En agosto and'a auga tras do toxo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)
3341. **En agosto ande a auga tras do toxo.** (ms-SA: M. González Fernández)
3342. **En agosto arden os montes, en setembro secan as fontes.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / M. González Fernández)
3343. **En agosto arder e en setembro beber.** (ms12,79: S. Pedro de Orrios, Caurel)
Clima adecuado para el castaño.
3344. **En agosto arder, no setembro beber (os campos).** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3345. **En agosto as castañas arder e en setembro beber.**¹⁴²⁶ (ms16 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3346. **En agosto as treboadas solen sernos moi pesadas.** (ms4: J.P.)
Var.: *En agosto as treboadas son mui pesadas.* (ms16)
3347. **En agosto corre o sol com'o lóstrego.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)
3348. **En agosto está a auga tras do toxo.**¹⁴²⁷ (mc: A.I. / ms21,01v: Bermés / ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo e algún lugar de Galicia)
3349. **En agosto hai mosto, i-en san Martiño, viño.** (mc: Santiago)
3350. **En agosto inda está a auga tras do toxo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3351. **En agosto mázalle o rostro.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
¿El frío? En agosto, frío en rostro.
3352. **En agosto non hai pan nin hai mosto.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
3353. **En agosto non hai pan nin mosto.** (ms-SA: Carballo)
3354. **En agosto o aire non ten posto.** (mc: Carballedo)

¹⁴²⁴ Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU: *d'agosto*.

¹⁴²⁵ ms-SA: *a setembro o se gana*.

¹⁴²⁶ ms-LU: *y-en Setembro*.

¹⁴²⁷ ms-LU (Lugo) e ms-LU (Galicia): *a y'auga*.

3355. **En agosto o sol corre como o lóstrego.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3356. **En agosto pon o cocho o entrecosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3357. **En agosto queima a vella o rostro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
3358. **En agosto queima o sol como lóstrego.** (ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)
3359. **En agosto queren as castañas arder i-en setembro, beber.** ¹⁴²⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)
3360. **En agosto se secan os montes i-en setembro as fontes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3361. **En agosto secan as fontes i-en setembro arden os montes.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
3362. **En agosto secan os montes i-en setembro as fontes.** (ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo e Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
3363. **En agosto secan os montes, en setembro as fontes.** (ms21,01v: Bermés)
3364. **En agosto secan os montes, en setembro secan as fontes.** (mc: A.I.)
(pt) *Em agosto secam os montes, em setembro as fontes e em outubro seca tudo.* (Chaves) / *Em setembro ardem os montes e secam as fontes.* (Id.) (es) (ct) *El setembro s'enduu els ponts o eixuga les fonts.* (Sanchis)
3365. **En agosto vale máis vinagre que mosto.** (ms8,41r: O. de Rey)
3366. **En agosto, calquera carozo.** ¹⁴²⁹ (mc e ms16: Orense / ms4: F.V.S.)
Lo oímos en el sentido de que la fruta que lo tiene, está sazónada en dicho mes.
3367. **En agosto, frío no rostro.** (mc: A.I.)
(pt) *Agosto, frio no rosto.* (Chaves) (es) *En agosto, frío en rostro.* (R. Marín)
3368. **En agosto, nin o pan nin o mosto.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
3369. **En agosto, nin viño nin muller nin mosto.** (mc: C.A. / ms4: E.C. / ms16)
Var.: *En agosto, nin muller nin mosto.* (ms4: F.V.S.)
- (pt) *Em agosto, nem vinho nem mosto.* (Chaves) / *Junho, julho e agosto, senhora não sou vosso.* (Chaves) (es) *En agosto, ni mujer, ni mosto.* (R. Marín) / *De San Juan a San Miguel, ni pescado, ni vino ni mujer.* (Sbarbi) (ct) *En agost ni dones ni most.* (Sanchis)
Contra el anterior. ¹⁴³⁰ (ms17)
3370. **En agosto, setembro e outono fanse as colleitas e en novembro apáñanse as feitas.** (mc: Santiago)
3371. **En agosto, viño mosto.** (mc: C.A.)
(pt) *Em agosto, sardinha e mosto.* (Chaves)
(es) *En agosto, uvas y mosto.* (Correas) (ct) *En agost, vi i most.* (Sanchis)
3372. **Frío no rostro o primeiro día d'agosto.** (ms21,08r: Bermés)
3373. **Herba curta ou larga, en agosto ha estar segada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3374. **Herdeiro é agosto do que fixeron abril e outros.** ¹⁴³¹ (mc: J.P. / ms16)
Indica que la cosecha que se recoge en agosto, depende de los meses anteriores, sobre todo, a partir de abril.
3375. **Inxerte por agosto seus frutales o que queira facelos garrafales.** ¹⁴³² (ms4: J.P.)
3376. **Lama en agosto e polvo en abril, méxome nil.** (ms21,19r: Bermés)
3377. **Lodo d'agosto e polvo d'abril fai ir u home pedir.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
3378. **Nas tardes de agosto, desque o sol se mete, non se rega o horto.** (mc: Santiago)
3379. **No agosto está a iegua tras o toxo.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
3380. **No agosto o marrao cría o entrecosto.** (ms12,70)
3381. **No agosto ponte ó abrigo tras do toxo.** (mc: X. R. P. S. Nós)
Porque *en agosto, frío no rostro.*
3382. **No agosto, as cebolas no rostro.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

¹⁴²⁸ En Agosto queren as castañas arder (beber) i-en Setembro beber.

¹⁴²⁹ ms16: *caroso*.

¹⁴³⁰ O anterior era *En agosto, viño mosto*.

¹⁴³¹ ms16: *Herdeiro*. Jacinto del Prado recollía o refrán só co castelanismo *Herdeiro*.

¹⁴³² ms16: *quen queira facelos*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

3383. **No mes de agosto arden os montes e secan as fontes.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
3384. **No mes de agosto secan as fontes e arden os montes.** ¹⁴³³ (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)
3385. **Non é bon o mosto feito en agosto.** (mc: Sober)
3386. **Non é bon o mosto, o feito no agosto.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3387. **Non hai dous agostos nun ano.** (ms4: J.P.)
3388. **Non todo o ano é agosto.** (mc: J.P.)
Var.: *Non todo ano é agosto.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) (ct) *No pot haver dos agosts en un any.* (Sanchis).
Como *agosto e vendima non é cada día.* No siempre hay la abundancia de recolección.
3389. **O agosto pasou, e quen mallou, mallou.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3390. **O bon entrecosto faise en agosto.** (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Viualba, Vilalba, LU)
3391. **O cocho no agosto pon o entrecosto.** (mc: M.L.)
Var.: *O entrecosto faise no mes d'agosto.* (ms4: F.V.S.)
3392. **O costro d'agosto saca o magosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)
3393. **O entrecosto faillo a muller ó cocho en agosto.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
Arriba queda uno equivalente.
3394. **O entrecosto vén d'agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3395. **O entrecosto faise no mes de agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
3396. **O entrecosto hai que buscalo no agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
3397. **O lostro de agosto saca o magosto.** ¹⁴³⁴ (ms5,027: Sta Mª Mayor de Mondoñedo / ms-LU: Guillermo Pino [sic] e José M[?] R[?]: Santa María Maior, Mondoñedo, LU)
3398. **O orzo recóllese no agosto.** (mc: Santiago)
3399. **O que agosto non madura, setembro non-o asegura.** (mc: J.P.)
3400. **O que en agosto e setembro non dá cebada, en san Xoán non fai xornada.** (mc: M.L. / ms21,28v: Bermés)
3401. **O que en agosto e setembro non dá cebado, en san Xuan non fai fornada.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
3402. **O que en agosto non dá cebada, en xaneiro colga a albarda.** (ms15,43: Navia de Suarna)
3403. **O que non ten pan no agro, en agosto ten o maio.** ¹⁴³⁵ (mc: Palas de Rey)
En mayo son ya escasos los restos de la cosecha anterior, y al que no tiene pan nuevo, agosto, mes de la recolección, se le convierte en mayo.
3404. **O que queira bon entrecosto, cebe en agosto.** (ms21,12r: Bermés)
3405. **O que queira o entrecosto, que o faga no mes d'agosto.** ¹⁴³⁶ (ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo e algún lugar de Galicia)
3406. **O que queira ter bo entrecosto, cebe en agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3407. **O que queira ter boo entrecosto, que cebe no agosto.** ¹⁴³⁷ (mc: Velle)
Porque *o entrecosto, faillo a muller ó cocho en agosto.*
3408. **O rocío de agosto dá polo rostro.** ¹⁴³⁸ (mc e ms16: A.I. / ms21,05r: Bermés)
Agosto, frío en rostro.
3409. **O torbón d'agosto mellor'o mosto.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
3410. **O trigo, pra ser bo, ha de ver dous agostos.** (ms15,35)
Se refiere al trigo ordinario que se siembra en las bouzas; y está en la tierra casi un año.
3411. **O vintecino de agosto está a auga tras do toxo.** (mc: Carballedo)
3412. **Once piden pan e soilo agosto llo dá.** ¹⁴³⁹ (mc e ms16: J.P.)
Aunque todos contribuyen a la cosecha de agosto.

¹⁴³³ ms-SA (Víctor M.): *Ajosto.*

¹⁴³⁴ ms-LU: *d'agosto sac'o magosto.*

¹⁴³⁵ ms: *mayo.*

¹⁴³⁶ ms-LU (Galicia): *U que queira u entrecosto.*

¹⁴³⁷ ms4: *cabe no Agosto / Indica Labores agrícolas no*

ms.

¹⁴³⁸ ms, ms16 e ms21,05r: *d'agosto.*

¹⁴³⁹ mc: *sólo.* Jacinto del Prado recolle o refrán na mesma forma que aparece en ms16.

3413. **Once piden pan e solo agosto o dá.** (ms-SA: Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)
3414. **Pasando o quince de agosto un torrón faille sombra a outro.** (ms5,029)
3415. **Por agosto o sol queima no rostro.** (mc: Santiago)
3416. **Por agosto o sol queima o rostro.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
3417. **Por agosto, frío no rostro.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lusame, C)
3418. **Pra haber moitas castañas, no agosto arder i no setembro beber.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3419. **Primeiro de agosto chuvioso, castaño vermoso.** (mc: Taboada-F.V.S.)
Vermoso, traen nuestros diccionarios, que cría gusanos o está lleno de ellos.
3420. **Pró bon magosto ter, en agosto ha de arder i-en setembro beber.** (mc: Caurel / ms4: F.V.S.)
La castaña, según explicación que pusimos a otro análogo.
3421. **Quen en agosto ara, a súa riqueza prepara.** (ms5,029)
3422. **Quen non debulla en agosto, debulla con mal rostro.** (mc: Santiago)
3423. **Quen non debulle en agosto, debulla con mal rostro.** (ms21,32v: Bermés)
3424. **Quen nos debulle en agosto, debulle con mal rostro.** (ms4: F.V.S.)
3425. **Quen pola Virxen de agosto non paga, pagará na de setembro, se paga.** ¹⁴⁴⁰
(ms5,121: Trapero)
3426. **Se queres ter bo lomo, ceba o porco dende agosto.** ¹⁴⁴¹ (mc: A.I. / ms16)
Conocido en otras variantes.
3427. **Se queres ter lombo, seba o porco desde agosto.** ¹⁴⁴² (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3428. **Si chove moito en agosto, non gastes diñeiro en mosto.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)
3429. **Si en agosto e setembro non das cebada, en todo o ano non poñas albarda.** (mc: *Nos*)
3430. **Si o mes d'agosto vén craro, bo magosto e bo nabo; se vén nubrado, poucas castañas e nabos furados.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)
3431. **Si o mes d'agosto vén craro, bon magosto e bon nabo; se non, poucas castañas e nabos furados.** (ms21,01v: Bermés)
3432. **Si o mes de agosto vén claro, bon magosto e bon nabo; si nubrado, poucas castañas e nabos furados.** ¹⁴⁴³ (mc: *Nos*)
Var.: *Si o mes de agosto vén claro, bon magosto e bon nabo.* (mc: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) / *S'o primeiro d'agosto vén anublado, castaña do berme e nabo furado.* (ms15,01: Mato)
(pt) *Os nabos querem ver o luar d'agosto.* (Chaves)
3433. **Si queres ter bon entrecestro, ceba o porco dende agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3434. **Si ques ter bo lombo, ceba o cocho dende agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3435. **Trebón de agosto mellora o mosto.** ¹⁴⁴⁴ (mc e ms5,133: Santiago)
Var.: *Tronos en agosto, millor mosto.* (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)
3436. **Val máis nubrado en agosto que sol en setembro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3437. **Vale máis agosto mollado ca sol en setembro.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)
3438. **Vale máis nubrado de agosto que sol de setembro.** ¹⁴⁴⁵ (mc: M.V. / ms3)

MESES. SEPTIEMBRE. V. tamén *Septiembre*.

3439. **A herba do alto en abril pastada, en setembro debe ser aproveitada.** ¹⁴⁴⁶ (ms / ms4: J.P.)
3440. **En setembro arden os montes e secan as fontes.** ¹⁴⁴⁷ (mc: J.T.)
Var.: *Arden us montes, secan as fontes.* (Santiago)
(pt) *Em setembro, ardem os montes e secam as fontes.* (Chaves) / *Setembro ou seca as fontes ou leva as pontes.* (Id.) (es)

¹⁴⁴⁰ ms15,019: *pra de setembro*.

¹⁴⁴¹ mc: *Si* / ms: *en agosto* / ms16: *desde*.

¹⁴⁴² Se queres ter lobo seba o porco desde Agosto.

¹⁴⁴³ ms4: *nubrado*.

¹⁴⁴⁴ ms5,133: *millora*.

¹⁴⁴⁵ ms: *d'agosto* / ms3: *d'Agosto*.

¹⁴⁴⁶ mc e ms4: *setembro*. Jacinto del Prado recolle o refrán

coa forma *Setembre*.

¹⁴⁴⁷ ms4: *setiembre*.

- Setiembre o lleva las puentes o seca las fuentes.* (Sbarbi)
Suele ser un mes extremoso: excesivas lluvias o demasiada sequía. La primera parte se atribuye también al mes de agosto.
3441. **En setembro ben estudiado ten o que no ano entrante che convén.** ¹⁴⁴⁸ (ms4: J.P.)
3442. **En setembro bota a semente.** (mc: Santiago)
3443. **En setembro colle o carro e vente.** (mc: Santiago)
3444. **En setembro débese ben cuidar quen triste inverno non queira pasar.** (ms4: J.P.)
3445. **En setembro non hai vella que non tembre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3446. **En setembro non hai vello que non tembre.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)
3447. **En setembro ou secan as fontes ou can os pontes.** ¹⁴⁴⁹ (mc: Monforte)
Var.: *En setembro ou secan as fontes ou o río leva as pontes.* ¹⁴⁵⁰ (J.T.)
(pt) *Setembro ou seca as fontes ou leva as pontes.* (Chaves) (es) *Setiembre lleva las puentes o seca las fuentes.* (Sbarbi) ms: *Correas.* (ct) *El setembro s'enduu els ponts o eixuga les fonts.* (Sanchis)
Por lo que dijimos al explicar en *setembre arden os montes....*
3448. **En setembro, ou secan as fontes ou leva(n) as pontes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3449. **En setembro non hai vella que non tembre.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3450. **En setembro ou secan as fontes ou o río leva as pontes.** (ms21,12r: Bermés)
3451. **En setiembre secan as fontes ou leva as pontes.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)
3452. **En setembro o que non ten roupa que tembre.** (mc: Santiago / Manuel Fernández Ferro)
3453. **En setiembre o que non teña roupa, que temble.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
3454. **"Nin merlo branco nin setembro ruín", din os vellos.** (ms-SA: Manuel Barrós)
- Fachal / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
3455. **No setembro ou secan as fontes ou marchan as pontes.** ¹⁴⁵¹ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Explicado anteriormente.
3456. **No setiembre os melóns gárdanse nos rincóns.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3457. **O máis regular terneiro, pra setembro ó matadeiro.** (ms4: J.P.)
3458. **O setembro ou seca as fontes ou leva as pontes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3459. **Por setembro, cabazas nos leiros.** (ms-SA: M. González Fernández)
3460. **Setembro non se nombre.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
Porque *setiembre, se tiemble y setiembre y marzo, revoltosos ambos.* (R. Marín)
3461. **Setembro vai andando e comendo, queimando montes e secando fontes.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barreira, Santiago de Lousada, Carballido, LU)
3462. **Setembro, non hai vella que non tembre.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Cuernos al naciente, luna creciente; cuernos adelante, luna menguante.* (R. Marín)
3783. **Cornos ó nascente, carto crescente.** (ms6,05v: Jesús Taboada. "O Culto da Lua no Noroeste Hispánico" en *Revista de Guimaraes*, vol. LXXXI, 1961, nº 1 e 2)
3784. **Corren as neboas cara a Galiza, vellas á cinza.** ¹⁵⁵⁸ (mc: J.T.)
3785. **¿Corren as néboas pra Portugal? Camisas ó soallal.** (mc: J.T.)
Camisas al sol, porque hará buen tiempo. *Soallal* no consta en los vocabularios gallegos, que registran *soalleira* = ardor del sol, calma.
3786. **¿Corren as nubes pra Meira? Caldeira á goteira.**
Var.: *Cando a choia vai pra Meira, foi a sella na goteira.* (ms5,039: Riotorto) / *Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Meira, ármalle a caldeira á goteira.* (mc)
- Montecubeiro está al sur de Meira. *Choia* = grajo. (mc: Montecubeiro)
3787. **¿Corren as nubes pra Meira? Colle as vacas e bota a leira.** (mc / ms4: F.V.S. / ms18,66v: Pol)
Montecubeiro está al sur de Meira; el último refrán es propio de la comarca situada al norte.
3788. **Corren as nubes pra Ourense, sol que nos quente.** (ms21,05v: Bermés)
3789. **¿Corren as nubes pra Ourense? Sol que nos quente.** (mc: A.I.)
3790. **Corren as nubes pra Viana, colle os bois e vaite á arada.** (mc: La Coruña)
3791. **Crarores á Monteiro, sellas á goteira.** (mc)
3792. **Cuarto menguante, xoroba a levante; cuarto crecente, xoroba ó poniente.** ¹⁵⁵⁹ (mc: Santiago)
3793. **Curuxa tardega, auga noitega.** ¹⁵⁶⁰ (mc: M.L.)
(pt) *Corujas no serão, água na mão.* (Chaves)
3794. **Chea de nubes, chea de ventos, con horas de sol e noites de medo.** (ms4: F.V.S.)
3795. **Chova en abril e maio, inda que non chova en todo o año.** ¹⁵⁶¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3796. **Chove na aira, non fai malladoiro.** (ms4: M.L.)
3797. **Chove na aira, o que non mallou que mallara.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: O Valadouro, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)
3798. **Chove o domingo antes a misa, toda a semana cambeando a camisa.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
3799. **Chove por santo Matías, chove por san Lázaro todo o día.** (ms4: F.V.S.)
3800. **Chuvia antes do vento, cose rizos que vén mal tempo.** (ms4: *Sonata Gallega*)
3801. **Chuvia ó levante, pon os bois e vaite.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
3802. **Despois do trono vén a chuvia.** (mc: Bucínos)

¹⁵⁵⁶ V. variantes en *Días*.

¹⁵⁵⁷ ms: *así a acaba*; ms4: *así acaba*.

¹⁵⁵⁸ ms4: *cara Galicia*.

¹⁵⁵⁹ ms5, 133: *xoroba o levante, crecente*.

¹⁵⁶⁰ V. *A curuxa de madrugada, vento ou xeada en Pronósticos del tiempo. Por animales*.

¹⁵⁶¹ O orixinal di *Chova en Abril e Mayo, inda que non chova en todo o año*.

- (es) *Después de muchos truenos, viene una gran lluvia.* (Sbarbi) (ct) *Després dels tròns, vé la pluja.* (Alberola)
3803. **Dios te libre do sol detrás das nieblas e das moscas detrás das portas das tabernas.** ¹⁵⁶² (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
3804. **Do norte chover é como o borracho beber.** (ms5,055: Silvarrey)
3805. **Do tempo de san Miguel, Dios nos libre del.** ¹⁵⁶³ (ms4: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
3806. **Do un ó doce chuvia copiosa pra todos resulta peligrosa.** (ms4 e ms5,138: J.P.)
Var.: *Do un ó doce pra ningún a chuvia é doce.* (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)
Lo trae en el mes de setiembre. (ms5,138)
3807. **En abril o arco do sol molla o pastor, i-o da lúa enxuga.** ¹⁵⁶⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *En abril, el arco del sol moja al pastor, y el de la luna, le enjuga.* (R. Marín)
3808. **En canto ó tempo, guíate polos vellos e non polo Mintireiro.** ¹⁵⁶⁵ (mc: Santiago)
3809. **En maio a vella queima o tallo.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Belesar, Vilalba, LU)
3810. **En maio inda a vella queima o pé ó tallo, e unha miguíña que lle quedou, pra san Xoán a deixou.** ¹⁵⁶⁶ (ms / ms21)
(es) *En mayo quemó la vieja el escaño y lo que le sobró, para junio lo dejó.* (R. Marín)
/ *En abril quemó la vieja el celemin, en mayo el escaño y en junio el pescuño.* (Id.)
3811. **En maio inda a vella queima o tallo i-o que lle quedou, en san Juan o queimou.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3812. **En maio inda a vella quenta o tallo.** ¹⁵⁶⁷ (mc: Santiago)
Var.: *En maio inda a vella queima o tallo, i-en san Xoán o vello o arado.* (ms5,135: Santiago, E. Carré Aldao, *Literatura Gallega* 2ª ed., 1911) / *En mayo ind'a vella queima o pé ó tallo e unha miguíña que lle quedou, pra san Joan o deixou.* (ms4: A.N.)
3813. **En maio queima a vella o tallo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
3814. **En marzo, cando medra a lúa, medra a chuvia.** (mc / ms4: F.V.S.)
3815. **En xaneiro, un pouco ó sol e outro pouco ao fumeiro.** (ms: C.A. *A N. Terra*)
(pt) *Em janeiro um porco ao sol, outro ao fumeiro.* (Chaves) (es) *En febrero, un rato al sol y otro al humero.* (Correas)
3816. **Encarnado ó monte, leva os bois prá corte.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
3817. **Encarnado hacia o monte, coll'as vacas e vai'tá corte.** (mc)
3818. **Entr'a lúa con troada, trinta días d'auga.** ¹⁵⁶⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)
3819. **Entroido á lareira, Pascua á raxeira.** ¹⁵⁶⁹ (mc: A.N. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Entroido á raxeira, Pascua á lareira.* [sic] (ms: A.N. / Francisco Canosa Quintáns / ms10,012v: *D.E.*) ¹⁵⁷⁰
Si en febrero hace frío, en abril hará buen tiempo.
3820. **Estamos no tempo dos tres hirmaus: mocos, piollos e fregar as maus.** ¹⁵⁷¹ (mc: Cervantes-F.V.S.)
Var.: *O tempo dos dous hirmaus, no que se limpa o moco e se sopran as maus.* (mc: A.S.A.)
Se refiere al invierno.
3821. **Falten augas mil e non falten as de abril; falten as de todo o ano e non falten as de abril e maio.** ¹⁵⁷² (ms14,18)
3822. **Falten augas mil e non falten en abril.** (ms: D.R.A.G.)
3823. **Figos á figueira, vellos á golfeira.** (mc: A.I.)
3824. **Fíxoo o sol, desfíxoo a tronada, i-aínda sobrou algo; fíxoo a auga, non-o desfíxo a tronada e non chegou a nada.** (ms5,141: Lugo)
Refierese a la cosecha.
3825. **Fume baixo, señal de auga.** (ms5,027: Miño)

¹⁵⁶² *Dios te libre do sol detras das nieblas e das moscas detras da portas das tabernas.*

¹⁵⁶³ ms15: *D'o tempero de San Miguel* (47r).

¹⁵⁶⁴ ms: y o; ms4: *o enxuga.*

¹⁵⁶⁵ ms: *giate, mentireiro.*

¹⁵⁶⁶ *En mayo inda a vella queima o pe o tallo, e unha miguíña que lle quedou pra San Xoan a deixou.* / ms21: *o deixou.*

¹⁵⁶⁷ V. *En maio inda a vella queima o saio en Agrícolas* (Meses. Mayo).

¹⁵⁶⁸ *Entra'lua con troada trinta días d'auga.*

¹⁵⁶⁹ ms-LU: *Antroido*. Variante en ms10 s.v. *Carnaval*.

¹⁵⁷⁰ F. Canosa Quintáns: *Entroido*; ms10: *pascoa*.

¹⁵⁷¹ mc: *hirmaos*.

¹⁵⁷² *Falten augas mil, e non falten as de abril. Falten ás de todo o ano, e non falten ás de Abril e Mayo.*

3826. **Gato no lar, tempo a cambiar.** ¹⁵⁷³ (mc: Pontevedra / ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)
3827. **Grande nevada, colleita dobrada.** ¹⁵⁷⁴ (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)
3828. **Hoxe chove e mañá vento e pasado o mesmo tempo.** (mc / ms4: F.V.S.)
3829. **Lávanse os gatos a cara, logo vén a auga.** ¹⁵⁷⁵ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
3830. **Lúa circada, semana mollada.** ¹⁵⁷⁶ (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
3831. **Lúa con aro, ríos cheos.** ¹⁵⁷⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Lua com circo, água trás no pico.* (R. Marín) (es) *Luna con cerco, agua trae en el cuerno.* (Correas) / *Luna con cerco, agua presto.* (R. Marín) / *Luna cercada, tierra mojada.* (Id.) (ct) *Lluna en rol-lo, senyal d'aygo.* (R. Marín) / *Rotllo gros a la lluna, pluja segura.* (Id.)
Esta noite ha de chover, / que leva cerco a luna...
3832. **Lúa con cerco, labaxo cheo; estrela no medio, labaxo seco.** ¹⁵⁷⁸ (mc: J.P.)
(es) *Luna con cerco, lo bajo lleno; estrella en medio, lo bajo seco.* (Correas)
Gella trae: *Cerco de luna, lavajo enjuga en medio estrela, lavajo llena,* que corresponde más exactamente al gallego que transcribimos de Jacinto Prado, aunque con reservas, pues no nos parece popular. *Labajo*, explica Gella, es la charca de agua de lluvia que no suele secarse. *Labaxo*, según explica J.P. no consta en nuestros vocabularios.
3833. **Lúa con cerco, mollada de cheo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)
3834. **Lúa con circo, auga no bico.** ¹⁵⁷⁹ (mc: J.T.)
(pt) *Lua com circo, água trás no pico.* (Chaves) / *Circo ao largo, chuva ao perto.* (Id.) (es) *Luna cercada, tierra mojada.* (Gella)
3835. **Lúa de xaneiro fenecida de todo, primeiro martes día de Antroido.** (mc / ms4: F.V.S.)
3836. **Lúa nova con treboada, hasta oito días, nada.** (mc: J.A.P.)
3837. **Lúa nova con tronada, cinco días de troulada.** (ms-SA: Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)
3838. **Lúa nova con tronada, trinta días mollada.** (ms21,13v: Bermés)
3839. **Lúa nova tronada, corenta días mollada.** (mc: Marín)
3840. **Lúa nova tronada, trinta días mollada.** (mc: J.T.)
Var.: *Lúa nova con treboada, trinta días mollada.* ¹⁵⁸⁰ / *Lúa nova con tronada, trinta días de invernada.* (Villalba)
(pt) *Lua nova trovejada, 30 dias é molhada e se venta, noventa.* (Chaves) / *Lua nova trovejada, 30 dias é molhada, se não emborrallhada.* (Id.) (es) *Luna nueva tronada, toda mojada.* (Sbarbi) / *Luna nueva tronada, cuarenta días mojada.* (R. Marín) / *Luna nueva tronada, nueve días mojada.* (Id.)
3841. **Lúa nova, lúa boa.** (mc: Santiago)
3842. **Lúa sabadiña, ou chuviosa ou ventosiña.** ¹⁵⁸¹ (mc: Berbetos. Palas de Rey. F.V.S.)
3843. **Lúa domingueira, nin ela nin a compañeira.** (mc: Ribadeo)
3844. **Medra a lúa, medra a chuva, medra o vento e andamos todos revoltos.** (mc: Bucinos / ms4: F.V.S.)
3845. **Moita auga en xaneiro, mala anada.** ¹⁵⁸² (ms5,137: Mondoñedo, Mayan)
3846. **Moitas estrelas a brilar, frío seco vai chegar.** ¹⁵⁸³ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,023v: D.E.)
(es) *Estrellas brillantes, tiempo frío y secante.* (Gella)
3847. **N'é o que a lúa pinta, que é o que Dios dita.** ¹⁵⁸⁴ (mc: M.V. / ms21,25v: Bermés / ms15,11 /

¹⁵⁷³ ms-LU: *cambear.* / V. *Cando o gato quenta o traseiro, escusas regar o lameiro en Pronósticos del tiempo. Por animales.*

¹⁵⁷⁴ *Grande nevada coieita dobrada.*

¹⁵⁷⁵ V. *Cando o gato quenta o traseiro, escusas regar o lameiro en Pronósticos del tiempo. Por animales.*

¹⁵⁷⁶ ms-SA: *Luna cercada.*

¹⁵⁷⁷ ms4 e ms-LU: *Lua co aro.*

¹⁵⁷⁸ No refraneiro de Jacinto del Prado non consta esa explicación.

¹⁵⁷⁹ ms e ms4: *Luna.*

¹⁵⁸⁰ ms: *co a treboada.*

¹⁵⁸¹ ms, ms2 e ms4: *Luna.*

¹⁵⁸² *Indica Lluvia.*

¹⁵⁸³ ms e ms4: *ao brilar.* En ms10 s.v. *Frio.*

¹⁵⁸⁴ ms21,25v: *lúa, qu'e o que;* ms15,11: *qu'é o que;* ms-LU: *qu-a lua, qu-e o que.*

- ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *La luna suele ser embustera; sucederá siempre lo que Dios quiera.* (R. Marín)
3848. **Nace a lúa con troada, trinta días d'auga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)
3849. **Natal, inverno coral.** (ms)
3850. **Nin polo bo te agaches nin polo malo te mates.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
3851. **Ninguén sabe o que a lúa quer nin o que vai facer.** (mc: Santiago)
3852. **No mes de marzo chove tanto como a mexeira dun rato.** (ms18,05r)
3853. **Non é o que a lúa pinta senón o que Dios dita.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
3854. **Non hai mal tempo, se non fai vento.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3855. **Non veñen mal as nevadas que sosteñen as xiadas.** (ms4: J.P.)
3856. **Norte, porco á morte; travesía, porco á basia; vendaval, porco ó sal; soán, porco ó can.** (ms: Santiago)
3857. **Nubes roxas ó sol posto, tempo composto.** (mc / ms4: F.V.S.)
3858. **Nublado do levante, ei boi pa diante.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)
3859. **Nublado do ponente, colle os bois e vente.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández, San Miguel de Vilar, Touro, C)
3860. **Nunca cae como chove.** (ms: Santiago)
3861. **O aire abeneirao, ou moita auga ou nin un grao.** ¹⁵⁸⁵ (mc: Incio / ms4: Incio-F.V.S.)
Procedente del monte de Abeneiras, sito en términos del municipio.
3862. **O aire de Calde non soplá de balde.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
3863. **O aire no viño feito non lle fai bon proveito.** (ms4: J.P.)
3864. **O arco da vella ó poniente, fala aos bois e vente.** ¹⁵⁸⁶ (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)
3865. **O arco da vella ó raante, fala ós bois pra diante.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)
3866. **O frío das mañás chega como a rabia dos cas.** (mc: Santiago)
3867. **O gaiteiro, cando toca, quer beber.** (ms5,134: Valle del Mao)
El viento trae agua.
3868. **O gaiteiro de Calde non toca de balde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3869. **O mal tempo, no seu tempo, é bon tempo.** (ms5,135: Santiago)
3870. **Ó rocío da mañán ó animal quitarán.** (ms4: J.P.)
3871. **O sol da serra engan'a vella.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)
3872. **O sol madrugadeiro á porta do veciño fai bulleiro.** (ms8,47r: Rodeiro)
3873. **O sol madrugadeiro á porta dun fai bulleiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *O sol madrugadeiro esconde o rabo no silveiro. / O sol madrugadeiro, no camiño fai bulleiro.* (F.V.S.) / *Ó sol madrugadeiro non abras o madeiro.* (M.L.) / *O sol madrugadeiro non é o máis verdadeiro.* (F.V.S.) / *O sol madrugadeiro, ás portas trai o bulleiro.* (ms15,25: Sobrecedo)
(pt) *O sol da manhã não dura todo o dia.* (Chaves) / *Sol que muito madruga, pouco dura.* (Id.) (es) *Sol madrugadero, no dura día entero.* (Sbarbi) / *Sol que mucho madruga, pronto se arruga, o poco dura.* ¹⁵⁸⁷ (Sbarbi)
Todos indican que es de escasa duración, y trae agua.
3874. **O sol madrugadeiro, á porta trae o bulleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3875. **O sol madrugador non é o millor.** ¹⁵⁸⁸ (mc: M.L. / ms10,122r: D.E.)
(es) *Sol madrugador, nunca buen calentador.* (R. Marín) / *Sol madrugadero, nunca bueno.* (Id.)
3876. **O sol madrugueiro non é o máis verdadeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

¹⁵⁸⁵ ms4: *nin un grau.*

¹⁵⁸⁶ *O arco da bella o poniente fala a os bois en vente.*

¹⁵⁸⁷ ms: *presto se arruga.*

¹⁵⁸⁸ En ms10 s.v. *Sol.*

3877. **O sol na serra engaña a vella; tanto a engañou, que na serra a deixou.** ¹⁵⁸⁹ (mc: Lulle, Samos)
3878. **O vendaval trae o vaso na man.** ¹⁵⁹⁰ (mc: F.L.)
3879. **Onde chova, non han de encherse os pipotes.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
3880. **Onde siga o nordés, limpiará a borrala. Limpia ti a horta, corta, escarda...** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
3881. **Onde venta o mar e chove arreo por san Uxío, fóra do camiño balocas gardar, carballo ó fogar e todos ó lar.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
San Eugenio: 15 noviembre.
3882. **Os rocíos abundosos son augurios primorosos.** (ms4: J.P.)
3883. **Os rocíos en todo tempo malos son, por outubro moi insanos.** ¹⁵⁹¹ (ms4: J.P.)
3884. **Pégase o cigarro ó tizón, un mes de maio ballón.** (mc)
Curiosa observación campesina, de los que encienden el cigarro en los tizones, al amor de la lumbre.
3885. **Pérdena os meses pero non-a perde o ano.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
El agua.
3886. **Pola boa hora non te agaches e pola mala non te mates.** ¹⁵⁹² (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
3887. **Polo bon tempo, baixo da pena e, polo malo, apañando na leña.** (ms8,08v: Silvarrey)
3888. **Polo bon tempo, baixo da pena e, polo malo, collendo na leña.** (mc: Otero de Rey)
3889. **Polo Carnaval cai chuvia sin igual.** (mc: Santiago)
3890. **Polo inverno cai a auga a destajo e polo vran quente o sol demasiado.** ¹⁵⁹³ (mc)
3891. **Polo mal tempo non te mates e polo bon non te agaches.** ¹⁵⁹⁴ (ms-SA: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)
3892. **Polo malo non te mates e polo bon non te agaches.** ¹⁵⁹⁵ (mc / ms4: F.V.S. / ms21,18r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU / ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
Var.: *Nin polo bo tempo t'agaches nin polo malo te mates.* (mc: M.V. / ms / ms21,29r: Bermés)
Se refiere al bueno o al mal tiempo.
3893. **Polvo d'abril, lama d'agosto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
3894. **Polvo de abril e fango en agosto, fame no rostro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3895. **Polvo de maio, lama de agosto.** (mc: Bucínos)
A un mayo seco, sucede un agosto mojado.
3896. **Polvo en abril, lama en agosto.** (mc: M.V. / ms)
(es) *Polvo en abril, lodo en agosto.* (R. Marín)
3897. **Pra saber cándoo vai chober, non hai millor regra que vela caer.** (mc: Santiago)
3898. **Que falten as augas de todo o ano e non falten as de abril e maio.** ¹⁵⁹⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3899. **Quen dice vento dice mal tempo.** (mc: J.T.)
3900. **Reve o cemento, hai mal tempo.** (mc: Santiago)
3901. **Reyeiro na porta, o tempo dá volta.** (mc e ms12,002: Gella)
Reyeiro = gallegos que antiguamente iban a Asturias en invierno para hacer *reyos*, o cuerdas de cerdas. *Refranero del mar*.
3902. **S'a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; s'a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terrón duro.** ¹⁵⁹⁷ (mc: M.V. / ms21,25r: Bermés / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)

¹⁵⁸⁹ V. *Tódolos tempos tempíños son, a non ser a neve que é gran prisión en Nieve.*

¹⁵⁹⁰ ms e ms4: *traí.*

¹⁵⁹¹ ms4: *por outubro sempre moi insanos.* Jacinto del Prado recolle o refrán só coa forma *por Outubro moi insanos.*

¹⁵⁹² *Pol'a boa hora non te agaches e pol'a mala non te mates.*

¹⁵⁹³ V. *Estaciones.*

¹⁵⁹⁴ ms-LU (anónimo): *Por lo mal tempo; ms-LU (Pape): Por o mal tempo, por o bon.*

¹⁵⁹⁵ ms4: *Pol-o mal non; ms-LU: po'lo bô non t'agaches; ms21,18r: pol'o bô; ms-SA: non te ajaches.*

¹⁵⁹⁶ O orixinal di *Que falten as augas de todo o ano e non falten as de Abril e Mayo.*

¹⁵⁹⁷ ms21,25r: *noite de Nadal, pra sementar; s'a noite de Nadal foi d'escuro, sementa; ms-SA: Si a noite de Navidad, Si a noite de Navidad foi descuro.*

- (pt) *Pelo Natal, se houver luar, senta-te ao lar; se houver escuro, semeia outeiros e tudo.* (Chaves)
3903. **San Pedro chuvioso, trinta días peligroso.**¹⁵⁹⁸ (mc e ms4: J.P.)
(es) *Si llueve por San Pedro, lloverá un mes arreo.* (R. Marín) (ct) *Si plou per sant Pere, trenta dies al darrera.* (Sanchis)
3904. **Se a noite de Carnaval está clara, anda, boi, ara.** (mc: Santiago)
3905. **Se a noite de Nadal está crara, ara, boi, ara; se está escura, ara, boi, no duro.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)
3906. **Se a noite de Nadal fai luar, labra ben pra sementar; se a noite de Nadal fai escuro, sementa en terreo duro.**¹⁵⁹⁹ (mc, ms e ms4: C.G.)
(pt) *Pelo Natal, se houver luar, senta-te ao lar; se houver escuro, semeia outeiros e tudo.* (Chaves)
3907. **Se a procesión dos Dolores sal, tamén salen as demais.**¹⁶⁰⁰ (mc: U.C. Cuartilla 7 / ms10,101r: D.E.)
3908. **Se como primo, quinto, se como quinto octavo, como comenzo, acabo.** (mc: U.C. Cuartilla 14)
Se refiere al tiempo que hará en el mes, según el que haya en los días 1,5 y 8.
3909. **Se chora Marta, ríe Lázaro; se Lázaro chora, Marta ríe.**¹⁶⁰¹ (mc / ms4: F.V.S.)
3910. **Se chov'o día d'Ascensión, cav'o lameirón.** (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)
3911. **Se chove día das Candelas, mortaldá de abellas; se fai sol día de san Brais, cen máis.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
3912. **Se chove na semana de san Mateo, leva o vello as castañas no chapeo.** (mc: Muradelle / ms-LU: seminarista anónimo: Muradelle, Chantada, LU)
3913. **Se chove o día de san Antonio de xaneiro, xa podes botar as pipas ó fumeiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
3914. **Se chove o domingo antes misa, toda semana mollarás a camisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
3915. **Se chove o sábado i-o domingo ante da misa, lévache tod'a semana de risa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
3916. **Se chove o sábado i-o domingo antes da misa, toda a semana a mollare a camisa.**¹⁶⁰² (ms-LU: seminarista anónimo: Baltar, Melide, C)
3917. **Se chove o sábado i-o domingo antes da misa, toda a semana mollada a camisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Baltar, Melide, C)
3918. **Se chove por Nosa Señora, a anada non é boa.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)
3919. **Se chove xoves de Ascensión, cava, piñón.** (mc)
(pt) *Quando chove na Ascensión até as pedrinhas dão pão.* (Chaves)
3920. **Se estrala o lume no lar, señal de vento.** (mc: R. Caruncho)
3921. **Se por Santos houbo neve nos altos, por san Andrés teremos neve no pé.**¹⁶⁰³ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Por los Santos, la nieve en los altos; y por San Andrés, la nieve en los pies.* (ct) *A Tots Sants neu en los alts.* (Sanchis) / *Per Sant Andreu, la neu al peu.* (Id.)
3922. **Se queres saber na túa casa algo do tempo, lee o Mentireiro e non o Saraghosano.**¹⁶⁰⁴ (ms: Santiago)
3923. **Se trona do poniente, ceiba os bois e vente.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
3924. **Se trona do raiente, fala ós bois pa diante.**¹⁶⁰⁵ (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
3925. **Según vexas o vinteseite, así verás o mes seguinte, si o vintenoventa non**

¹⁵⁹⁸ mc: *San Pedro chuvioso.*

¹⁵⁹⁹ mc: *Navidad, no terreo duro.*

¹⁶⁰⁰ ms10: *sai, saen.* / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos.*

¹⁶⁰¹ ms: *Si chora, si Lázaro.* / Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos.* Este refrán refírese ás semanas da Coresma nas que se len os correspondentes episodios de Marta e de Lázaro.

¹⁶⁰² Local escrito con outra tinta.

¹⁶⁰³ ms4: *ahora por San Andrés.* / V. *Nos Santos, neve nos altos; en San Andrés, neve nos pés en Nieve (Épocas de nieve).*

¹⁶⁰⁴ *Se queres saber na tua casa algo do tempo, lee o mentireiro e non o sarajosano.*

¹⁶⁰⁵ *Se trona do rayante, fala os bois pa diante.*

- desmente.** ¹⁶⁰⁶ (mc: Paradelo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradelo, LU)
(es) *Si el veintisiete no llueve y el treinta lo consiente, buen tiempo para el mes siguiente.* (R. Marín)
3926. **Sempre paga o tempo un ó outro.** (mc: Mondoñedo-F.V.S.)
A inverno crudo, verano cálido, y viceversa.
3927. **Si a noite de Navidad foi de escuro, sementa no terrón duro.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
3928. **Si á noite hai rumbós, á mañá ballós.** (mc: Paradelo)
3929. **Si as nubes van da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo; si de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia.** (mc: Santiago)
Var.: *Cando van as nubes da Granxa pra Lestedo, mallar sin medo; cando van de Lestedo prá Granxa, mallar con ansia.* (ms5,135: Puente Ulla)
3930. **Si corren as nubes pra Montán, colle o mallo e malla o pan e, si corren pra Bustelo, colle a capa i-o capelo.** (mc / ms15,53: Sarria)
Montán es del municipio de Samos y Bustelo es de Villouzán. El refrán es propio de la comarca intermedia.
3931. **Si corren as nubes pra Rendar, colle o mallo e vai mallar; si corren pra Outeiro, colle a capa i-o sombreiro.** (mc: Incio)
Son lugares del municipio de Incio. El refrán, como el anterior, se dice en la zona intermedia de los pueblos que se citan.
3932. **Si chove na semana de san Mateo, bota o pan cunha croza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3933. **Si chove o día da Ascensión, corenta días ballón.** ¹⁶⁰⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
Var.: *Si chove o día d'Ascensión, cuarenta días mayón.* (ms4: F.V.S.)
(es) *Si llueve el día de la Ascensión, cuarenta días de lluvia son: uno sí y otro no.* (R. Marín) / *Si llueve el día de la Ascensión, cuarenta días de lluvia son* (R. Marín que añade: vano pronóstico).
- Vano pronóstico, dice en el equivalente castellano Rodríguez Marín, palabras que pueden aplicarse a otros muchos, ya que carecen en absoluto de fundamento.
3934. **Si chove o día de Ascensión, cuarenta días de ballón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
3935. **Si chove o sábado i-o domingo antes da misa, en toda a semana non enxugas a camisa.** ¹⁶⁰⁸ (mc: Paradelo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradelo, LU)
Var.: *Chovendo no domingo antes da misa, toda a semana retórcese a camisa.* (ms15,45r: Vida Gallega, 1960)
3936. **Si chove o vinteseite, chove o mes seguinte, si o trinta ou o primeiro non menten.** ¹⁶⁰⁹ (mc: J.T.)
3937. **Si chove pola Ascensión, leva todo o mes de procesión.** (mc)
3938. **Si chove pola Ascensión, non faltarán tortas ruliñas nin trigo rocón.** (mc: A.N.)
3939. **Si chove por santa Ana, chove un mes e unha semana.** (ms)
3940. **Si chove xoves d'Ascensión, hortas ruís e trigo rocón.** (ms: A.N.)
3941. **Si de tarde unha roda envolve a lúa, antes de media noite vento e chuvia.** ¹⁶¹⁰ (mc: Sonata Gallega)
3942. **Si en once de maio rocío vises, espera bon ano, e mellor si chovese.** ¹⁶¹¹ (mc: J.P.)
3943. **Si escampa pra nunca chover, o mundo tense que perder.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
3944. **Si escampa pra nunca máis chover, este mundo vaise perder.** (ms: Santiago)
3945. **Si está encarnado para o mar, colle os bois e vai labrar; si está encarnado pró monte, colle os bois e méteos na corte.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
3946. **Si neva polo san Brais, outro mes máis.** (mc: Taboada-F.V.S.)
3947. **Si neva por san Andrés, interminabre cousa tes.** ¹⁶¹² (mc: J.P.)

¹⁶⁰⁶ ms4 e ms-LU: *vintanove*; ms-LU: *vintasete*. / V. *Como vén o vinteseite, así vén o mes seguinte en Días.*

¹⁶⁰⁷ ms4 e ms-LU: *cuarenta, vallón*; ms-LU: *día de Ascensión*.

¹⁶⁰⁸ ms4 e ms-LU: *antes de misa*; ms-LU: *enxugas la camisa*.

¹⁶⁰⁹ V. *Como vén o vinteseite, así vén o mes seguinte en Días.*

¹⁶¹⁰ ms e ms4: *vento ou chuvia*.

¹⁶¹¹ mc: *maio*.

¹⁶¹² Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en

- (es) *Si nieva por San Andrés, nieva mucho más después.* (Sbarbi)
3948. **Si non hai vento, non hai mal tempo.** (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C / Ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
3949. **Si o arco de vella está ó raiante, fala ós bois pra diante; si está ó puñente, ceiba os bois e vente.** ¹⁶¹³ (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)
3950. **Si san Xoán rompe a chover, molla todo o mes.** (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)
3951. **Si vén o aire de Portomarín, auga na cara.** ¹⁶¹⁴ (mc: S. Martín de Torre, Páramo-F.V.S.)
3952. **Si vires xiar polo des, aparexa pra un mes.** ¹⁶¹⁵ (mc: J.P.)
3953. **Si xea a noite de Nosa Señora, tódalas lúas xean, todas todas.** ¹⁶¹⁶ (mc / ms4: F.V.S.)
3954. **Sol do color do luar, ou chover ou nevar.** (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3955. **Sol madrugueiro, auga ó palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
3956. **Sol madrugadeiro e cura calexeiro, nin bon cura nin sol duradeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
3957. **Sol madrugadeiro e cura corrieiro, nin cura verdadeiro nin sol duradeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3958. **Sol madrugadeiro non chega ó poleiro.** (ms4: F.V.S.)
3959. **Sol madrugadeiro volve ó poleiro.** (mc: Pontevedra)
3960. **Sol madrugadeiro, auga no palleiro.** (mc: Santiago)
Var.: *Sol madrugadeiro, auga no poleiro.* (ms5,135: Santiago)
Véase multitud de variantes: *Sol madrugadeiro...*
3961. **Sol madrugadeiro, colle a capa ó ombreiro.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
Var.: *Sol madrugadeiro, chuvia no eido.* (mc: A.S.A.) / *Sol madrugadeiro, chuvia no quinteiro.* (mc: A.I. / ms21,25v: Bermés) / *Sol madrugadeiro mete o can no palleiro.* (mc: A.N) / *Sol madrugadeiro non é compañeiro.* (mc: M.L. / ms10,123r: D.E.) ¹⁶¹⁷ / *Sol madrugadeiro, pon a capa ó homebreiro.* (Tuiriz, Monforte-F.V.S. / Sol madrugador, pouco durador. / Sol madrugadeiro non é o máis verdadeiro.
(pt) Sol que muito madruga, pouco dura. (Chaves) / *O sol da manhã não dura todo o dia.* (Id.) (es) *Sol madrugueiro, no dura día entero.* / *Sol que mucho madruga poco dura.* (Correas).
Con las variantes siguientes, que acrecen los ya registrados: *o sol madrugadeiro....* Insisten unos en su poca duración, y otros en que trae lluvia. / Porque trae lluvia. / Se refiere al sol del invierno. (ms4, para *Sol madrugadeiro, pon a capa ó homebreiro*)
3962. **Sol madrugadeiro, cura callejeiro; nin o cura é bo nin o sol é duradeiro.** ¹⁶¹⁸ (ms: Santiago)
3963. **Sol madrugador non é o máis durador.** (ms8,47r: Carballino)
3964. **Sol madrugador, pouco quentador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3965. **Sol madrugueiro, chuvia no palleiro.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
3966. **Sol mui madrugadeiro, chuvia no quinteiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3967. **Sol pra Oseira, vellas á raxeira; sol pra Monforte, vellas detrás do pote.** (mc: Carballedo-F.V.S.)
El primero calienta, y el segundo viene acompañado de frío.
3968. **Sol que pica, por auga repica.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Lobelle, Carballedo, LU)
3969. **Sol que pica, por auga repinica.** (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)
3970. **Sol que regaña, chuvia que apaña.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
3971. **Sona Burela, colle o gadaño e vai prá terra.** (mc: Gella, Foz)

Meteorológicos. Santos. / mc: *interminable.* Jacinto del Prado recoge a forma *interminare*.

¹⁶¹³ *Si o arco de vella está o rayante fala os bois pra diante si está o puñente ceiba os bois e vente.*

¹⁶¹⁴ ms4: *Puertomarín.* Este refrán aparece recollido en ms4 e corrixido con lapiz de tal forma que, segundo a corrección, o refrán debería comezar *Aire de Puertomarín.*

¹⁶¹⁵ ms4: *vixes xiar.*

¹⁶¹⁶ Nunha segunda clasificación temática nas fichas do manuscrito, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Meteorológicos. Santos.*

¹⁶¹⁷ En ms10 s.v. *Sol.*

¹⁶¹⁸ V. *Sol madrugador, home rezador e frade cortés, desconfiar dos tres en Hombre.*

- Porque hará buen tiempo. Burela, puerto próximo a Foz.
3972. **Tal vinteseite, tal mes corrente, se o vinteito non mente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza, LU)
3973. **Tan madrugadeiro é o sol que lle dan no traseiro.** ¹⁶¹⁹ (mc: R. Caruncho / ms18,59r: *Vida Gallega*)
3974. **Tempo que muda de noite e muller que é de outro, dura pouco.** (mc: L. de Cotovad-F.V.S.)
3975. **Trono de solano, pouca auga e, si cadra, moito daño.** ¹⁶²⁰ (mc: M.V.)
3976. **Trono non repetido, nunca bon tempo trouxo.** (ms5,027: Torres-Villamaior-Pontedeume)
3977. **Tronos a Negreiros, máis ós comareiros.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
Var.: *Tronos ó mar, pouco millo e malo de sachar; tronos pra Negreiros, máis ós comareiros.* (ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)
3978. **Vén a rula a rulear, colle o saco e vai sementar.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
3979. **Vén o aire da ribeira, pon o canado á veira.** (mc: Caurel)
3980. **Vén o cuco a cucar, colle o sacho e vai a sachar.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
3981. **Vén o vento de Piñeira, arma a caldeira á goteira.** (mc: Piñeira, Sarria / ms4: F.V.S.)
Dicen en Sarria, a cuya parte sur está la parroquia de Piñeira.
3982. **Vendaval escuro, inverno seguro.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
3983. **Vento de neve na serra, traballa a túa terra.** (mc: J.T.)
3984. **Vento de Portugal, auga no val.** (mc: J.T.)
3985. **Vento do cabo, á noite quedado.** (mc: M.L.)
3986. **Vento duro, inverno seguro.** (mc: Santiago)
3987. **Vento padronés, nunca bo o verés.** ¹⁶²¹ (ms5,133: Santiago)
3988. **Vento solán, chuvia na man, en tres días van.** ¹⁶²² (mc: M.V.)
(es) *Viento solano, agua en la mano.* (Correas)
3989. **Vento travesía, polo norte pía.** ¹⁶²³ (mc: F.L.)
3990. **Vrao de viernes non chega ó domingo.** ¹⁶²⁴ (mc: Páramo)
3991. **Xa o di o refrán: día de brétema, día de raposo.** (mc: Santiago)
3992. **Xeada brava, auga na lama.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballo, LU)
3993. **Xeada na lama, auga hasta a cama.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
3994. **Xeada na lama, auga na cama.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
3995. **Xiada na lama á chuvia lle fai a cama.** ¹⁶²⁵ (ms: M.V. / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C / ms21,24v: Bermés)
(pt) *Geada (ou neve) na lama, chuva na cama.* (Chaves) (es) *Xiada sobre lama, agua demanda.* (Correas)
3996. **Xiada na lama, auga na cama.** (mc e ms4: Velle. / ms4: F.V.S. / M. González Fernández / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
Var.: *Xiada na lama, neve hastra o codo.* (ms e ms4: Velle) ¹⁶²⁶ / *Xeada no barro, neve de contado.* (ms5,136: Incio)
(pt) *Geada na lama, chuva na cama.* (Chaves) (es) *Hiel sobre lodo, agua -o nieve- sobre todo.* (R. Marín) / *Helada sobre lodo nieve hasta el hinojo.* (Correas)
3997. **Xiada na lama, chuva na cama.** ¹⁶²⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: Palas de Rei, LU)
3998. **Xiada nu lodo, neve d'a codo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
3999. **Xiada sobre do lodo, neve hasta o xollo.** (ms-SA: M. González Fernández)

¹⁶²² ms4: *ou tres días van.*

¹⁶²³ *Travesía* adoita chamárselle ó aire que vén do noroeste.

¹⁶²⁴ V. *O que ríe o viernes, chora o domingo en Fortuna (buena o mala).*

¹⁶²⁵ ms3: *Giada*; ms21,24v: *fai cama.*

¹⁶²⁶ ms4: *hasta.*

¹⁶²⁷ Escrito entre paréntesis con letra do propio autor (*Pontevedra?*), pero abaixo está escrito por Vázquez Saco *Palas de Rey.*

¹⁶¹⁹ ms18,59r: *Tan madrugadeiro e sol lle da n'o traseiro.*

¹⁶²⁰ ms4: *do solano, se cadra.*

¹⁶²¹ Indica *Pronósticos locales de viento* no ms5.

4000. **Xiada sobre lodo, hasta o xollo.** ¹⁶²⁸
(mc: A.S.A.)
Var.: *Giada sobre lodo, neve fasta o giollo.*
(ms4: A.I.) / *Xiada no lodo, neve hasta o codo.*
(ms4: Velle)

4001. **Xiar sobre mollado, chover de contado.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Helada sobre lama, agua demanda.*
(Correas) / *Helada sobre lodo agua sobre todo.* (Id.)

SANTORAL

4002. **A auga de san Xoán leva o viño e non dá pan.** (ms-SA: M. González Fernández)
Var.: *A auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan.* (M. González Fernández)
4003. **A auga de san Xoán tolle o viño e non dá o pan.** ¹⁶²⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / M. González Fernández / Manuel Fernández Ferro / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
4004. **A auga de san Xuan sácalle ao viño e dálle a[o] pan.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
4005. **A auga de san Juan non dá viño e quita pan.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)
4006. **A auga de santa Mariña na meda fai fariña.** (mc: J.T.)
Var.: *A auga de santa Mariña toda é fariña.* (ms15,42: Orense)
Por la fiesta de la santa orensana (18 de julio) son convenientes algunas lluvias.
4007. **A auga de Santiago fai vir o millo ó agro.** (ms5,033)
Es buena la lluvia en julio.
4008. **A auga do san Juan saca viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)
4009. **A auga en san Xoán faille moito ben ó pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
4010. **A auga en san Xoán quita o viño e tolle o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
4011. **A auga en san Xoán tolle o millo e non dá pan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

¹⁶²⁸ ms: *neve hastra.*

¹⁶²⁹ ms-SA (Perfecto L.): *san Juan*; M. Fernández Ferro: *de S. Juan toxo o viño*; ms-SA (Manuel M.): *O augua de S. Xoán*; M. Fernández Ferro, ms-SA (Perfecto L.) e ms-SA (Manuel M.): *da pan.*

4012. **A auga en san Xoán tolle o viño e non dá pan.** ¹⁶³⁰ (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

4013. **A auga en san Xuan mata o viño e non fai pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

4014. **A auga en san Xuan quita o viño e tolle o pan.** (ms)

4015. **A auga en san Juan quita o viño e non fai pan.** ¹⁶³¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

4016. **A auga en santa Mariña na meda fai fariña.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

4017. **A auga en Xan Xuan quita o viño e non dá pan.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

4018. **A auga por san Xoán quita o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)

4019. **A auga por san Juan sac'o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa María Maior de Mondoñedo, LU)

4020. **A auga de san Xuan quita o viño e non dá o pan.** ¹⁶³² (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)

4021. **A cada cochiño chégalle o seu samartiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

4022. **A cada cocho lle chega o seu san Martiño.** (mc: C.A. / ms: E.C.)
Var.: *A cada porco lle chega o seu san Martiño.* (mc / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms14,16) ¹⁶³³
(pt) *A cada bacorinho vem o seu S. Martinho.* (Chaves) (es) *A todos los cerdos les llega su San Martín.* (Correas) / *A cada puerco le llega su San Martín.* (Sbarbi) (ct) *Per sant Martí mata el cotxi.* (Sanchis) /

¹⁶³⁰ ms-SA (Héctor B.): *san soan*; ms-SA (Manuel B.): *Xan Xuan*; ms-LU: *S. Xuan.*

¹⁶³¹ ms-LU: *quita viño.*

¹⁶³² *A auja de San Xuán quita o viño e non da o pan.* / ms-LU: *do S. Juan quita viño.*

¹⁶³³ ms-SA (Andrés R.): *chegalle o seu samartiño*; ms-SA (Manuel B.): *chegalle o seu San Martín*; ms14,16: *chégalle.*

Per Sant Martí mata el porc i enceta el vi.
(Id.)

Alrededor de su día (11 de noviembre), suelen comenzar las matanzas, y tal fué el sentido del refrán, que hoy más comúnmente se usa con significación figurada: nadie escapa de pagar su merecido, y, aún más generalmente, nadie puede rehuir los trabajos y sinsabores de la vida.

4023. **A cada porquiño ben lle chega o seu san Martiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)
4024. **A cada porquiño chégalle o seu san Martiño.** ¹⁶³⁴ (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)
4025. **A cada [porco] chégalle o seu Samartiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)
Var.: *A todo porco lle chega o seu Samartiño.* (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)
4026. **A calabaza en san Marcos, ou nacida ou no cacho.** (mc: Tuiriz)
San Marcos (25.04).
4027. **A Concepción sempre trae a súa arribazón.** (ms18,21r)
4028. **A Concepción trae sempre a súa arribazón.** (ms / ms4: F.V.S.)
4029. **A chuvia da Ascensión non dá fabas nin melón.** (mc: Ameijeiras Arjomil. Santiago)
Var.: *Chuvia na semana d'Ascensión, nin boa faba nin bo melón.* (ms e ms4: M.V. / ms21,22v: Bermés) ¹⁶³⁵
4030. **A chuvia de san Xuan quita o viño e non dá pan.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
4031. **A chuvia de Santiago trai o millo ó agro.** (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)
4032. **A chuvia do san Xoán toll'o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
4033. **A chuvia do san Xuan quita o viño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
4034. **A chuvia en san Xoán tolle o millo e non dá pan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

¹⁶³⁴ ms-SA (Jesús M.): *chegall'o seu samartiño.*

¹⁶³⁵ ms: *da Ascensión, bon melón.*

4035. **A chuvia en san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
4036. **A chuvia na semana da Ascensión leva o centeo e dá relón.** (mc: C.A.)
4037. **A chuvia por san Lourenzo sempre chega a tempo.** (mc: J.P.)
(es) *La lluvia por San Lorenzo, siempre llega a tiempo.* (R. Marín) (ct) *Pluja de Sant Llorenç sempre arriba a temps.* (Sanchis) / *Pluja de sant Llorenç, pluja de bon temps.* (Id.)
San Lourenzo (10 agosto).
4038. **A fame de pan traina a auga do mes de san Xoán.** ¹⁶³⁶ (mc: Incio)
4039. **A horta de san Martiño mantén o dono a mais o veciño.** (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)
4040. **A horta do san Martiño mantén a seu dono e o veciño.** ¹⁶³⁷ (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms21,02r: Bermés)
4041. **A liñaza por san Marco, nin nada nin no saco.** ¹⁶³⁸ (mc: San Marcos-F.V.S.)
Var.: *O liño por san Marcos, nin nacido nin no saco.* (ms15,11 / ms4: F.V.S.)
(pt) *Antes a estopa de abril que o linho de março.* (Chaves) (es) *Por San Marcos, ni nacido, ni en el saco.* (Sbarbi)
Según Sbarbi, así lo dicen del lino en las montañas de Santander.
4042. **A mera de san Xoán leva o viño e non fai pan.** ¹⁶³⁹ (mc: Bucinos-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU)
Var.: *A mera (orballada) de san Juan leva o viño e non deixa o pan.* (ms4: F.V.S.)
4043. **A mera de san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (mc: Velle)
4044. **A mera de san Xuan leva o viño e non deixa o pan.** ¹⁶⁴⁰ (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951) / ms14,18 / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
La lluvia continúa en el mes de S. Juan (junio) echa a perder la cosecha, tanto del centeno, como del vino.

¹⁶³⁶ ms4: *d'o pan.*

¹⁶³⁷ ms21,02r: *de S. Martiño, y'o veciño.*

¹⁶³⁸ ms: *pol-o Sanmarco*; ms4: *polo Samarco.*

¹⁶³⁹ ms-LU: *S. Juan.*

¹⁶⁴⁰ ms14,18: *mera de S. Juan*; ms-LU (anónimo): *mera d'o S. Xoan.*

4045. **A pasar san Martiño, cada día seu ferradiño.** (ms8,61r: Trives)
Hay que cebar los cerdos.
4046. **A reixa de san Xuan, moitos o saben e poucos a dan.** ¹⁶⁴¹ (ms4: J.P.)
4047. **A semana do san Simón quita os bois do timón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
4048. **A todo porco lle chega u seu san Martiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
4049. **A todo porquiño chégalle o seu samartiño.** (ms-SA: López Baleato)
4050. **A tódolos santos lles chega o seu día, i-a todos os porcos o samartiño.** ¹⁶⁴² (ms21,02v: Bermés)
4051. **Agua en san Juan, nin dá viño nin dá pan.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
4052. **Agua en san Xuan non dá viño nin cría pan.** (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)
4053. **Agua en san Xuan quita viño e non dá pan.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
4054. **Agua por san Xoán quita viño e non dá pan.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
4055. **Aí vén san Lorenzo co seu caldeiro penzo.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
4056. **Aí vén san Quietán con xerro na man.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
4057. **Aí vén santa Mariña coa súa reghasadiña.** ¹⁶⁴³ (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
4058. **Ares torto, ares dreito, ara polo san Bieito.** (ms8,41r: O. de Rey)
Marzo.
4059. **As brétemas da Ascensión levan o centeo e deixan o relón.** (mc: Santiago)
Como *A chuvia na semana da Ascensión...*
4060. **As cabazas polo san Marcos, ou nacidas ou no cacho.** (mc: Santiago)
4061. **As coles de san Antoniño manteñen ao amo e mais ao veciño.** ¹⁶⁴⁴ (mc: U.C.)
Alude a las coles de junio.
4062. **As cheas de san Simón sonadas son.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
4063. **As chuvias da Ascensión fan pan do pallón.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *As chuvias d'Ascensión fan pan do pallón.* (ms4: F.V.S.)
4064. **As nove en san Xoán con día dan.** ¹⁶⁴⁵ (mc: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU / Luís Alonso Alonso)
4065. **Ata san Martiño pinga o ramalliño; despois do san Martiño, fame e frío.** (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)
4066. **Auga de san Juan quita viño e non dá pan.** (ms11,49: Comarca de Fonsagrada)
4067. **Auga de san Lorenzo chega ó seu tempo.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)
4068. **Auga de san Lourenzo chega co seu tempo.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)
4069. **Auga de san Lourenzo chega ó seu tempo.** (ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)
4070. **Auga de san Lourenzo sea moi ben vida, tan pronto derramada como sorbida.** ¹⁶⁴⁶ (mc e ms4: J.P.)
(es) *Algo dice San Lorenzo cuando llora sin cuento.* (Que Sbarbi interpreta en el mismo sentido)
Son muy beneficiosas para el campo.
4071. **Auga de san Xoán mat'o viño e non fai pan.** (ms21,07r: Bermés)
4072. **Auga de san Xoán temprana moitos males sana.** ¹⁶⁴⁷ (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956 / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal)
4073. **Auga de san Xoán tolle o viño e non dá pan.** ¹⁶⁴⁸ (mc: A.I. / ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
(pt) *Chuva no S. João, bebe o vinho e come o pão.* (Chaves) / *Chuva no S. João, talha vinho, e não dá pão.* (Id.) / *Chuva no S. João, tira vinho, azeite e não dá pão.* (Id.)

¹⁶⁴¹ ms4: *o dan*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *a dan*.

¹⁶⁴² *A todo'los santos lles chega o seu día, y'a todos os porcos o Samartiño.*

¹⁶⁴³ *Ahi ven Sta. Mariña ca sua rejasadiña.*

¹⁶⁴⁴ ms4: *mail-o veciño*.

¹⁶⁴⁵ ms-LU: Juan / L. Alonso Alonso: *en San Juan, co día.* / V. *En San Xoán as nove con día dan en Días (Duración de los días).*

¹⁶⁴⁶ *Auga de San Lourenzo, sea moi ben vida, tan pronto derramada como sorbida.* / mc: *muy ben ben vida*. O refrán rexistrado por Jacinto del Prado coincide co do ms4.

¹⁶⁴⁷ ms-SA e M. Barrós Fachal: *de San Xan*.

¹⁶⁴⁸ ms4: *en San Joan*; ms-LU: *San Juan*; ms-SA: *O augua*.

- (es) *Agua de por San Juan, quita vino y no da pan; por agosto, ni pan ni mosto.* (Correas) (ct) *Pluja de sant Joan lleva vi i no posa pa.* (Sanchis) / *Si per sant Joan plou, ni vi ni pa tou.* (Id.)
Los tres coinciden en la misma idea, común a los refranes peninsulares.
4074. **Auga de san Xoán tolle viño e non dá pan e tira o aceite no chan.**¹⁶⁴⁹ (mc: J.T.)
(pt) *Chuva no S. João, tira vinho, azeite e não dá pão.* (Chaves)
4075. **Auga de san Xoán tolle viño e non dá pan.** (ms21,01v: Bermés)
4076. **Auga de santa Rita todo o quita.** (mc: J.P.)
(es) *Agua por San Bernardino, no da pan y quita vino; agua por Santa Rita, todo lo quita.* (R. Marín)
4077. **Auga en san Xoán quita liño e non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
4078. **Auga en san Xoán tolle trigo e non dá pan.**¹⁶⁵⁰ (ms-SA: Eliseo López Varela)
4079. **Auga en san Xoán toll'o viño e non dá pan.** (ms-SA: Juan Bello Valiña)
4080. **Auga en Santiago fai vir o millo ó agro.**¹⁶⁵¹ (ms-SA: Eliseo López Varela)
4081. **Auga en san Juan quita o viño e non dá pan.** (ms17,002)
4082. **Auga por san Lorenzo chega no seu tempo.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
4083. **Auga por san Lourenzo chega a tempo.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)
4084. **Auga por san Lourenzo chega co seu tempo.**¹⁶⁵² (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / José Ballesteros Alonso / Manuel Lago López / José A. Iglesias Ares)
4085. **Auga por san Xoán tolle o viño e non dá pan.** (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)
4086. **Augas verdadeiras, por san Mateo as primeiras.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957 / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Barrós Fachal / ms15,23: *O Gaiteiro Gallego* (1956))
Var.: *Augas verdadeiras, as de san Mateo as primeiras.*
4087. **Bendito mes que entra con Santos, media con san Uxío e romata con san Andrés.** (ms18,46r)
4088. **Cada porquiño fai o seu san Martiño.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)
4089. **Cada porquiño ten o seu san Martiño.**¹⁶⁵³ (ms-SA: José Luís Lobato Carbia / José Ignacio Seijo Santiago)
4090. **Cada san Martiño cu seu porquiño.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)
4091. **Cada san Martiño, o seu porquiño.** (mc: Santiago)
4092. **Cando a Candelaria chora, inverno fóra.** (ms21,01r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
4093. **Cando a Candelaria chora, medio inverno vai fóra; cando ela ri, está por vir; mais cal chorar, cal rir, medio inverno está por vir.**¹⁶⁵⁴ (mc: U.C. Cuartilla 10)
Var.: *Cando a Candelaria chora, medio inverno fóra.* (mc e ms4: C.G.)¹⁶⁵⁵ / *Cando a Candelaria chora, a metade do inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, a metade do inverno está por pasar.* (mc: Velle / ms-LU: seminarista anónimo: Gaibor, Begonte, LU)¹⁶⁵⁶
5057. **Quérote moito polo tempo enxoiro, e polo mollado, tírote ó lado.** (mc: Sober)
5058. **Se queres que o amigo sea verdadeiro, nunca lle emprastes diñeiro.**¹⁹⁴² (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
Porque si queres ter un enemigo, préstalle diñeiro a teu amigo.
5059. **Si a túa cartilla dera co meu catón, tiñamos un rato de conversación.**¹⁹⁴³ (mc: Miraz)
5060. **Si queres ter un enemigo, préstalle diñeiro a teu amigo.**¹⁹⁴⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Se queres ter um inimigo, empresta-lhe o teu e pede-lho.* (Chaves) (es) *Si quieres tener enemigos, presta dinero a tus amigos.* (R. Marín)
5061. **Tanto lle quere facer o diaño á súa mai que lle quit'os ollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5062. **Tanto lle quería o demo á súa nai que lle quitou os ollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5063. **Tanto lle quixo facer o demo á súa mai que lle quitou os ollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5064. **Tanto lle quixo o corvo á súa mai que lle quitou os ollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5065. **Tanto lles quere o demo ós fillos que lles quita os fuciños.** (mc: Bucínos)
(pt) *Tanto quis o diabo aos filhos, que lhe tirou os olhos.* (Chaves) (es) *Tanto quiere el diablo a su hijo que le quiebra el ojo.* (Correas) (ct) *Tant et vullc qu'et trac un ull.* (Alberola)
Avisa contra las funestas consecuencias de todo amor imprudente o excesivo.

¹⁹³⁸ *Pra ser bos amijos primeiro hay que ser enemijos.*

¹⁹³⁹ En ms10 s.v. *Querer*.

¹⁹⁴⁰ ms-SA: (Serafín C.): *ch'avisa*.

¹⁹⁴¹ Sen clasificar no orixinal.

¹⁹⁴² ms: *ll'emprestes*.

¹⁹⁴³ ms: *c'o*

¹⁹⁴⁴ ms4: *Se queres*.

5066. **Tanto o demo lle fai [a] súa nai, qu'hasta que lle quita os ollos, non para.** [sic] (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
5067. **Tanto o demo lle fixo á súa nai que lle quitou os ollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5068. **Un guardia cevil amigo é un peso falso no bolsillo.** (ms21,19r: Bermés)
5069. **Val máis rogo de amigo que pau de enemigo.** (mc: V. Gallega)
(pt) *Mais vale o rogo do amigo que o ferro do inimigo.* (Chaves) (es) *Más vale el ruego del amigo, que el hierro del enemigo.* (Sbarbi)
La dulzura y la suavidad son preferibles al rigor y a la violencia.
5070. **Val máis un amor de lonxe que vintecinco da porta.** (mc)
Recogido también por la inspiración popular: *Sementei e non collín / abeas, n'unha revolta: / val máis un amor de lonxe / que vintecinco na porta.*
5071. **Vale máis o querer dun can que o querer dunha muller: o can quer a seu amo i-a muller quer a quen quer.** ¹⁹⁴⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
Poco piadoso para la mujer, parece derivar de una canción del pueblo.
5072. **Vale máis tunda de pai que cariño d'amo.** (ms21,29v: Bermés)
5073. **Valen máis fridas dun amigo que bicos dun enemigo.** (mc: Santiago)
Como: *Millor son os croques do amigo que os bicos do enemigo.*
5074. **Vanse os amores e quedan os dolores.** (mc: Tuiriz, Monforte)
Var.: *Casamentos por amores acaban en dolores.* (ms4: M.V.)
(pt) *Vão-se os amores e ficam as dores.* (Chaves) (es) *Vanse los amores, quedan los dolores.* (Bergua)
5075. **Vexo os defeutos do amigo, lamento mais non maldigo.** ¹⁹⁴⁶ (mc: Velle)
5076. **Vintecinco pretendientes e collín u máis ruín.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5077. **Vintecinco pretendientes metidos nun violín, e collín o máis ruín.** (mc: Buciños)

¹⁹⁴⁵ ms4: *o can quere, a quen'a quere.*

¹⁹⁴⁶ ms4: *defectos.*

Procede de outra canción popular: *Vintecinco pretendientes / metidos n'un violín / vintecinco pretendientes / e collín o máis ruín.*

5078. **Xamón i-amigos, vellos.** ¹⁹⁴⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

AMISTAD

5079. **Alá vai a soga tras o caldeiro.** ¹⁹⁴⁸ (mc: C.A.)
(es) *Ir la soga tras el caldero.* (Sbarbi)
Seguir una persona a otra sin dejarla a sol ni a sombra.
5080. **Amigo que non presta e coitelo que non corta, anque os leve o demo, pouco importa.** ¹⁹⁴⁹ (mc: G.P.)
Var.: *Auga que non presta e cuchilo que non corta, que se perda, pouco importa.* (ms4: F.V.S.)
5081. **Amigo que non sirve, bota que verte o viño e coitelo que non corta, anque se perdan, pouco importa.** (ms5,029)
5082. **Lonxe da vista, lonxe do corazón.** ¹⁹⁵⁰ (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Lonxe da vista, lonxe do pensamento.* (pt) *Longe da vista, longe do coração.* (Chaves) (es) *Lejos de vista, lejos de corazón.* (Correas)
5083. **Non hai enemigo pequeno.** ¹⁹⁵¹ (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
(es) *No hay enemigo pequeño.* (R. Marín)
5084. **O que non paga un neto nin bebe viño, non ten amigos.** ¹⁹⁵² (mc: Santiago)
5085. **Os amigos, pra ser amigos, sete veces reñidos.** ¹⁹⁵³ (mc: Villamor, Caurel)
5086. **Os que ben se queren, encóntranse sempre.** ¹⁹⁵⁴ (mc: Lugo)

¹⁹⁴⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Hambre. Gastronomía.*

¹⁹⁴⁸ Indica *Amistad* no ms.

¹⁹⁴⁹ Indica *Amistad* no ms.

¹⁹⁵⁰ Indica *Amistad* no ms. / ms4 e ms-LU (Lugo): *curazón*; ms-LU (Galicia): *Lexos da vista, lexos do corazón.*

¹⁹⁵¹ Indica *Amistad* no ms.

¹⁹⁵² Indica *Amistad* no ms. / ms: *non pag'on neto nin bebe viños.*

¹⁹⁵³ Indica *Amistad* no ms. / mc: *Os amigos, ra ser amigos.*

¹⁹⁵⁴ Indica *Amistad* no ms.

Var.: *Os que ben se queren, tarde s'olvidan.*
(ms4: F.V.S.)

AMOR

5087. **Bicos e abrazos non fan muchachas pero tocan a vísporas.** ¹⁹⁵⁵ (mc: Agro)
5088. **Coidan os namorados que os demais teñen os ollos pechados.** ¹⁹⁵⁶ (ms10,066r: D.E.)
5089. **Do ver nace o querer, e do non ver nace o esquecer.** ¹⁹⁵⁷ (ms10,138r: D.E.)
5090. **No mirar dos ollos, o cariño i-os odios.** ¹⁹⁵⁸ (mc: Bucións)
5091. **Non hai sábado sin sol nin mocíña sin amor.** ¹⁹⁵⁹ (mc: Bucións)
5092. **O que non t'aprecia na vida, tampouco te honra na morte.** ¹⁹⁶⁰ (mc: Bucións / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5093. **Os primeiros amores son os millores.** ¹⁹⁶¹ (mc: Tuiriz, Monforte / ms5,045: Serantes de Lage)
(ct) *Lluna de gener i l'amor primer.* (Sanchis) / *D'amors, el primer; de llunes, la de gener.* (Id.)
Análogo a varios ya registrados. Véase *Non hai diñeiro...* y *O amor primeiro...* Por eso dice la conocida copla popular: *A raíz do toxo verde / e muy mala d'arrincare: / os amoríos primeiros / son mui malos d'olvidare.*
5094. **Rifan os amantes e quérense máis que antes.** ¹⁹⁶² (ms10,109r: D.E.)
5095. **Tanto ben lle fixo o demo á súa nai, que lle comeu os ollos.** ¹⁹⁶³ (mc: Santiago)
(es) *Tanto quiso el diablo a su hijo, que le sacó un ojo.* (Sbarbi)
Denota las fuertes consecuencias de todo amor imprudente o excesivo.
5096. **Tanto che quero, tanto che adoro, que non che quito a vida porque non pode.** ¹⁹⁶⁴ (mc: Parga-F.V.S.)

¹⁹⁵⁵ Indica *Amor* no ms. / ms4: *fan muchachos, mais.*

¹⁹⁵⁶ En ms10 s.v. *Enamorados* coa indicación *Amor*.

¹⁹⁵⁷ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Amor*.

¹⁹⁵⁸ Indica *Amor* no ms.

¹⁹⁵⁹ Indica *Amor* no ms.

¹⁹⁶⁰ Indica *Amor* no ms. / ms e ms-LU: *t'honra.*

¹⁹⁶¹ Indica *Amor. Principio e cabo do amor* no ms.

¹⁹⁶² En ms10 s.v. *Reñir* coa indicación *Amor*.

¹⁹⁶³ Indica *Amor* no ms.

¹⁹⁶⁴ Indica *Amor* no ms. / ms e ms4: *tanto che adoro non che quito.*

5097. **Tanto quere o demo ós fillos, que lles saca os ollos.** ¹⁹⁶⁵ (mc, ms4 e ms18,77r: A.S.A.)

Var.: *Tanto lle quere o demo ós fillos que lles quita os fuciños.* (Bucións)

(pt) *Tanto quis o diabo aos filhos, que lhe tirou os olhos.* (Chaves) (es) *Tanto quiere el diablo a su hijo que le quiebra el ojo.* (Correas) (ct) *Tant et vullc qu'et trac un ull.* (Alberola)

AMOR Y AUSENCIA

5098. **Canto te vexo, tanto te quero.** ¹⁹⁶⁶ (ms10,138r: D.E.)

AMOS

5099. **O que ha ser servido, ten que ser sofrido.** ¹⁹⁶⁷ (ms10,120r: D.E.)
5100. **Ruín señor cría ruín servidor.** ¹⁹⁶⁸ (ms10,111r: D.E.)

ANDURIÑA. V. tamén Aves, Pájaros.

5101. **Nin un dedo fai man nin unha anduriña fai vran.** ¹⁹⁶⁹ (ms10,003r: D.E.)

ANIMALES DOMÉSTICOS. V. tamén Agrícolas (Animales), Ganado, Mula, Potro, Trote, Yegua.

BESTAS

5102. **Non compres besta coxa pensando que sanará; as sanas coxean i-a coxa ¿que fará?** ¹⁹⁷⁰ (mc / ms / ms4: F.V.S.)
Var.: *Nunca compres besta coxa pensando que sanará, que inda enferma a qu'está sana, canto máis a qu'está xa.* (ms4: F.V.S.) / *Non compres besta coxa pensando que sanará; a que está sana coxea ¿que fará a que coxa está?* (ms4: F.V.S.)
(pt) *Não compres mula manca cuidando que há-de sarar, nem cases com mulher má, cuidando que se há-de emendar.* (Chaves)

¹⁹⁶⁵ Indica *Amor* no ms. / ms4 e ms18,77r: *Tanto lle quer o demo ós seus fillos, que lles saca os ollos.*

¹⁹⁶⁶ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Amor y ausencia*.

¹⁹⁶⁷ En ms10 s.v. *Servir* coa indicación *Amos*.

¹⁹⁶⁸ En ms10 s.v. *Ruín* coa indicación *Amos*.

¹⁹⁶⁹ En ms10 s.v. *Dedo* coa indicación *Anduriña*.

¹⁹⁷⁰ ms: y a. / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Animales domésticos (Bestas)* no ms.

- GALLINA.** V. tamén *Agrícolas (Animales)*, *Gallinas*, *Pollos*.
5103. **Galiña, pavo e cebón, por febreiro se dispón.**¹⁹⁷¹ (ms: J.P.)
- GALLOS.** V. tamén *Agrícolas (Animales)*, *Gallo*, *Pollos*.
5104. **Cada galo canta no seu galiñeiro.**¹⁹⁷²
(mc e ms16: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: D.E.)
Var.: *Cada galo canta no seu poleiro.* (ms16: D.E.) / *Cada galo canta no seu galiñeiro i-o que é bo, no seu e no alleo.* (ms16 e ms10,025r: D.E.)¹⁹⁷³
(pt) *Cada galo canta no seu poleiro; e o bom no seu poleiro e no alheio.* (Chaves)
(es) *Cada gallo canta en su gallinero.* (Sbarbi) / *Cada gallo canta en su gallinero; y el bueno, en el suyo y en el ajeno.* (Sbarbi) / *Cada gallo canta en su muladar.* (Z.) / *Cada gallo canta en su gallinero, y el que es bueno, en el suyo y en el ajeno.* (Correas) (ct) *Cada gall canta en lo seu galliner.* (Alberola)
Cada cual manda en su casa.
5105. **Cada galo no seu galiñeiro e cada polo no seu poleiro.**¹⁹⁷⁴ (mc e ms16: C.A.)
Es el que manda. Análogo al anterior.
5106. **Cando canta o galo, señal qu'é día.**
(ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
5107. **Cando canta o ghalo é día.**¹⁹⁷⁵ (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)
5108. **Cando o galo canta é porque ben ve día.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
5109. **Cando o galo canta, señal de alegría.**¹⁹⁷⁶ (mc e ms16: Santiago / Luís Alonso Alonso / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
5110. **Cando o galo canta, señal de día.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
5111. **Cando o galo canta, señal de que amanece.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
5112. **Cando o galo canta, señal que é día.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
5113. **Cando o galo canta, amanece o día.**¹⁹⁷⁷ (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
5114. **Canta o galo, son as doce.** (mc e ms16: Buciños / ms: A.C. *A N. Terra*)
(es) *Cuando el gallo canta, si no es medio día, poco le falta.* (R. Marín)
5115. **Donde falta o galo, canta a galiña.**¹⁹⁷⁸
(mc e ms16: Santiago / Luís Alonso Alonso)
5116. **Donde hai galo non canta galiña, senón que o galo sea morriña.**¹⁹⁷⁹ (mc e ms16: J.A.P.)
Var.: *Ond'hai galo non canta galiña, senón que o galo teña a morriña.* (mc: M.V. / A. Darriba Míguez / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / ms21,24v: Bermés)¹⁹⁸⁰
(pt) *Onde está galo, não canta galinha.* (Chaves) (es) *Donde hay gallo no canta gallina.* (R. Marín) / *Donde el gallo canta, la gallina calla.* (Ricart) (ct) *Allá on hi ha galls, no hi canten gallines.* (Id.)
5117. **Donde hai galo, non canta galiña.**¹⁹⁸¹
(mc e ms16: Noya / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / M. González Fernández / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
5118. **Este galo non canta; algo ten na garganta.** (mc e ms16: Chantada)
Var.: *Galo que non canta, algo ten na gorxa.* (ms16: Baralla)
5119. **Este galo non canta; non sei qué ten na garganta.**¹⁹⁸² (mc e ms16: Buciños)
(pt) *Pássaro que não canta, tem nó na garganta.* (Ricart) (es) *Gallo que no canta, algo tiene en la garganta.* (Ricart) / *Pajarito que no canta, algo tiene en la garganta.* (Id.) / *Cuando este gallo no canta, algo tiene en la garganta.* (Sbarbi)
Dícese del que se abstiene de intervenir en conversación que le interesa, como si recelase algo.
5120. **Galo de xaneiro val un carneiro.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

¹⁹⁷¹ Contén a indicación *Animales domésticos = galiña*.
¹⁹⁷² Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Dominio*.
¹⁹⁷³ En ms10 s.v. *Gallo*.
¹⁹⁷⁴ ms4: *e cada pola*.
¹⁹⁷⁵ *Cando canta o jalo e día*.
¹⁹⁷⁶ ms e Luís Alonso Alonso: *d'alegría*.

¹⁹⁷⁷ *Cando o galho canta amanece o día*.
¹⁹⁷⁸ Luís Alonso Alonso: *falt'o galo, cant'a galiña*.
¹⁹⁷⁹ ms: *Ond'hai, senon qu'o galo*.
¹⁹⁸⁰ A. Darriba Míguez: *canta a galiña*; ms-SA: (José M. G.): *teña morriña*.
¹⁹⁸¹ ms-LU e ms-SA (José A.): *Onde*; ms-SA (José A.): *canta a galiña*.
¹⁹⁸² A variante do portugués, aínda que V. Saco lla atribúe a Ricart, aparece no refraneiro de Chaves.

5121. **Galo monteiro é o primeiro que canta no poleiro.** (mc e ms16: Santiago)
5122. **Galo que non cacarexa, non se sabe dónde anda.** (mc: A.C. *A N. Terra* / ms16: C.A.)
5123. **Galo que non canta, algo ten na garganta.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
5124. **O galo canta co día.** (mc e ms16: Santiago)
5125. **Onde hai galo non canta galiña, a non ser que o galo teña a morriña.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
5126. **Onde hai galo, non manda galiña.** ¹⁹⁸³
(mc: R. Caruncho / ms18,57r: *Vida Gallega*)
(es) *Cada gallo manda en su año.* (Sbarbi) / *Donde hay gallo, no canta gallina.* (R. Marín) / *Donde el gallo canta, la gallina calla.* (Id.)
Como: *Donde hai galo, non canta galiña.*
Equivalente: *Donde hay patrón no manda marinero.*
5127. **Pito sorodio, tarde ou nunca fai capón.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
- OVEJAS.** V. tamén *Agrícolas (Animales)*.
5128. **A escampada da ovella mal será que non veña.** ¹⁹⁸⁴ (mc e ms: A.N.)
Aunque sea día de mucha lluvia suele escampar al atardecer, y se aprovecha ese momento para sacar a pacer a las ovejas. Nuestros diccionarios desconocen *escampada*, y traen *escampo* (Valladares) y *escampadela* (C. Alvarelos). / *Escampada* = cesación breve de la lluvia que se aprovecha para sacar a pacer las ovejas. Lo registra por primera vez Rodríguez González, anteriormente Valladares trae *escampo* y Carré *escampadela*.
5129. **A ovella carrapetosa chámalle á outra mendosa.** ¹⁹⁸⁵ (ms16: Sober)
5130. **A ovella deixa a la na silveira.** (ms5,045: Cereijo, Estrada)
5131. **A ovella detrás da pedra, un axexa e outro a leva.** ¹⁹⁸⁶ (mc e ms16: Santiago, J. Ramón y Fdez.-Corme)
5132. **A ovella do pobre no maio morre.** ¹⁹⁸⁷
(mc e ms16: M.L.)
5133. **A ovella i-a abella, en maio deixa a pelexa.** (mc e ms16: Bucínos)
Var.: *A ovella e abella, por abril dan a pelexa.* ¹⁹⁸⁸ (ms: J.P.) / *A ovella i-a abella, por abril deixa a pelexa.* (ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *La oveja y la abeja, por abril dan la pelleja.* (Correas) / ms16: *Hernán Núñez*
El siguiente lo dice de abril, y con él concuerda el castellano. Es curiosa la diversa interpretación que del refrán ofrecen Correas y Sbarbi. *Que se mueren si revuelve mal temporal de frío y agua*, escribe Correas. Y según Sbarbi: *En el mes de abril es cuando se obtiene el mayor producto de una y otra.*
5134. **A ovella meiriña o demo a trasquila.**
(ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
5135. **A ovella que berra, bocado que perde.**
(ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
5136. **A ovella que ten boca come espiños, como todas.** (mc: Santiago, José M^a Covas / ms16: Santiago)
5137. **A ovella xunto ó carneiro afaise en calquera regueiro.** (mc e ms16: Taboada-F.V.S.)
5138. **A ovella, coa noite prá cortella.** ¹⁹⁸⁹
(mc e ms16: M.L.)
Var.: *Otro dice también de la mujer: A muller i-a ovella, con noite prá cortella.*
5139. **As ovellas ben tratadas, por febreiro regaladas.** ¹⁹⁹⁰ (mc e ms16: J.P.)
Atrás queda otro análogo acerca de las abejas.
5140. **Ás veces unha ovella negra trae un año branco.** (mc e ms16: Carballedo)
Var.: *De ovella negra nace un año branco.* (ms4: A.S.A. / ms10,074r: D.E.) ¹⁹⁹¹
(es) *De ovejas blancas nacen corderos negros.* (R. Marín)
5141. **Berra a ovella na cortella.** (mc e ms16: Lugo / ms4: F.V.S.)
5142. **Cada ovella á súa cortella.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
5143. **Cada ovella co seu fato.** (mc e ms16: C.A. / ms10,074r: D.E.)

¹⁹⁸³ ms18,57r: *hai gato*.

¹⁹⁸⁴ mc: *escapada*

¹⁹⁸⁵ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Orgullo. Ironías contra los orgullosos*.

¹⁹⁸⁶ ms16: *i-outro*.

¹⁹⁸⁷ ms4: *probe*.

¹⁹⁸⁸ ms: *y a abella*. / Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *A ovella e abella*.

¹⁹⁸⁹ ms16: *de noite*.

¹⁹⁹⁰ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas (Meses. Febrero)*.

¹⁹⁹¹ ms10: *Da ovella*.

5144. **Candea no castiñeiro, leva a ovella ó carneiro.**¹⁹⁹² (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
5145. **Cando a ovella mea, non come herba.** (mc e ms16: C.A. / ms6,03v: Emilio Álvarez Jiménez en "Refranero" en *Ultreya*)
(es) *Oveja que bala...*
Como *Ovella que bala...*
5146. **Cando no castiñeiro vires candea, leva ó carneiro a ovella.** (mc e ms16: M.V. / ms21,21r: Bermés)
Como *Candea no castiñeiro...*
5147. **Cando o crego dá a ovella, colle a corda e vai por ela.**¹⁹⁹³ (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
Var.: *Cando o crego dá a ovella, colle a corda e vai por ela, que se o crego recorda, non dá a ovella nin a corda.* (C.A.) / *Cando o crego dá a ovella, agarrala pola orella; namentras se colle a corda, marcha a ovella.* (Buciños)
(pt) *Quando te derem o porquinho, acode logo com o baracinho.* (Chaves) / *Quando te derem a vaca, vem logo com a corda.* (Id.)
Variante de outros anteriores. También éste la tiene y peca por cierto de excesivamente injusto.
5148. **Carne lanar, pra mexar.** (ms18,01r)
5149. **De unha ovella branca nace un año negro.**¹⁹⁹⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5150. **Desde santa Lucía, as ovellas todo o día.** (mc / ms16: Lugo)
Su festividade el 13 de deciembre.
5151. **Desque os toxos fan orellas, non se buscan as ovellas.** (ms4: M.L.)
5152. **Desque os toxos fan orellas, non se buscan nas ovellas.** (ms21,17r: Bermés)
5153. **Dios che dea ovellas e fillos pra elas.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
(pt) *Deus te dê ovelhas e filhos para elas.* (Chaves) (es) *Dios te de ovejas e hijos para ellas.* (Sbarbi) / *Dios te de ovejas e hijos para con ellas.* (Hernán Núñez) (ct) *Deu qu'et done ovelles y fills per a elles.* (Alberola)
Destaca cuánto interesa que el dueño mismo guarde su hacienda.
5154. **Dunha ovella negra rara vez sale un año branco.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5155. **Dunha ovella negra sale un año blanco.** (ms-LU: dous seminaristas anónimos: Santiago de Compostela, C e algún lugar de Galicia)
5156. **Dunha ovella blanca sale un año mouro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
5157. **En ovellas e abellas nunca metas o que teñas, pero, poidendo ser, nunca estés sin elas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5158. **En ovellas i-en abellas nunca méta-lo que teñas, pero nunca estés sin elas.**¹⁹⁹⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5159. **En ovellas i-en abellas nunca méta-lo que teñas.**¹⁹⁹⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
5160. **En ovellas i-en abellas nunca metas o que teñas e, si podes, nunca estés sin elas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
5161. **En san Xuan vense as ovellas por entre o pan.** (ms12,70 / ms16: Carballino)
5162. **En xaneiro calquera ovella pasa o regueiro; pero en febreiro, nin ovella nin carneiro.** (mc / ms16: Lugo)
5163. **En xaneiro, cada ovella co seu carneiro.**¹⁹⁹⁷ (mc e ms16: J.P.)
(es) *En enero, cada oveja con su cordero.* (R. Marín) (ct) *Pel gener, cada ovella amb son corder...* (Sanchis)
5164. **Espiga caída mata a ovella.** (mc e ms16: J.P.)
5165. **Moitas veces dunha ovella moura nace un cordeiro branco.**¹⁹⁹⁸ (ms11,45: Comarca de Fonsagrada)
5166. **O año que diante nace, diante pace.** (ms10,050r: Silvarrei)
5167. **O labrador, antes que sin ovellas, sin orellas.** (ms16: Castroverde)
(es) *El labrador, antes sin orejas que sin ovejas.* (R. Marín)

¹⁹⁹² ms: *candela*.

¹⁹⁹³ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Oportunidad (Aprovechar la oportunidad)*.

¹⁹⁹⁴ O orixinal di *De una ovella branca nace un año negro*.

¹⁹⁹⁵ *En ovellas y'en abellas, nunca meta'lo que teñas: pero, nunca estés sin elas.*

¹⁹⁹⁶ *En ovellas yen abellas, nunca meta lo que teñas.*

¹⁹⁹⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas (Meses. Enero)*.

¹⁹⁹⁸ *Moitas veces d'un'ha ovella moura nac'u cordeiro branco.*

5168. **O que ten a ovella, pide por ela.** ¹⁹⁹⁹
(mc: Otero de Rey)
Var.: *O que non ten ovella, pide por ela.*
(ms16: Lugo)
5169. **Onde o lobo dorme non pastan as ovellas.** ²⁰⁰⁰ (ms16: Santiago / ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
5170. **Ovella doente, máis que o lobo ten duro o dente.** (ms5,141: Lugo Freire, A Ponte)
5171. **Ovella mala non se perde.** (ms16: Lugo)
5172. **Ovella meleira o demo cha cate.** (ms16: Santiago)
Contra los hipócritas.
5173. **Ovella melende, o lobo a trasquila.** ²⁰⁰¹
(ms21,27r: Bermés / ms10,036r: D.E.)
Var.: *Ovella molenta, o lobo a trasquila.*
(ms21,27r: Bermés) / *Ovella menga, o lobo a trasquila.* (ms21,27r: Bermés)
5174. **Ovella menga, o demo a trasquila.** (mc e ms16: A.S.A.)
Véase *O demo a trasquile* (Sober).
5175. **Ovella no inverno regalada, en san Miguel está fecundada.** (ms4: J.P.)
5176. **Ovella que bala, bocado que perde.** ²⁰⁰² (mc e ms16: Terra de Melide / ms: V.R. y A.R. / ms4: F.V.S.)
Var.: *Ovella que berra, bocado que perde.* (mc: V.R. y A.R. / ms4: F.V.S. / ms21,12r: Bermés / ms11,44: Comarca de Fonsagrada / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / Luís Alonso Alonso) / *Ovella que mea, bocado que perde.* (ms16: Santiago / Juan Carlos Couselo Gago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Ovelha que barrega, perde o bocado.* (Chaves) (es) *Oveja que bala, bocado pierde.* (Correas) (ct) *Ovella que bèla, pèrt bocí.* (Alberola)
5177. **Ovella que moito berra, perde bocado.** (ms-SA: Félix Rodríguez Vieites)
5178. **Ovella vella e enxame probe, en maio alea i-en maio morre.** ²⁰⁰³ (ms21,04r: Bermés)
5179. **Ovella vella i-enxame probe, en marzo alea i-en maio morre.** ²⁰⁰⁴ (mc e ms16: A.N.)
5180. **Ovella vella, mocos nela.** (ms21,16v: Bermés)
5181. **Ovellas bobas, tras de unha van todas.** (mc e ms16: J.P.)
Var.: *Pra onde vai unha ovella van todas.* (ms16: Otero de Rey)
(es) *Ovejas bobas, por do va una van todas.* (Sbarbi)
5182. **Ovellas i-abellas, nas túas devesas.** ²⁰⁰⁵
(mc e ms16: Páramo)
(pt) *Abelha, ovelha, pena atrás da orelha e parte na igreja, desejava para seu filho a velha.* (Chaves) (es) *Ovejas y abejas, en tus dehesas, y no en las ajenas.* (Correas) / *Ovejas, abejas y lentejas, todas son consejas.* (Bergua) / *Ovejas y abejas, en tus dehesas.* (Hernán Núñez) (ct) *Ovelles y abelles, per al que puga cuidar d'elles.* (Alberola)
Es decir, son de oro, como los refranes y consejas.
5183. **Ovellas tolas, atrás de unha van todas.** ²⁰⁰⁶ (mc e ms16: A.N. / ms10,074r: D.E.)
(es) *Ovejas bobas; por do va una, van todas.* (Sbarbi)
5184. **Quen ten ovellas ten pelexas.** (mc e ms16: J.P.)
(pt) *Quem tem ovelhas, tem pelejas.* (Chaves) (es) *Quien tiene ovejas, tiene leche, quesos, lana y pellejas.* (R. Marín) / *Quien tiene ovejas tiene pellejas.* (Hernán Núñez)
Porque de su piel se hacen. En algunas zonas se aplica también en sentido de que al que tiene ovejas no han de falterle disgustos, por el daño que puedan producir en predios ajenos, tomando *pelexa* por *pelea*.
5185. **Se anda a ovella no castiro, pódese segar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

ANTICIPACIÓN

5186. **De ruín a ruín, o que dá primeiro, campa.** ²⁰⁰⁷ (ms10,111r: D.E.)

¹⁹⁹⁹ V. *Agrícolas (Animales)*.

²⁰⁰⁰ ms-SA: *Donde, ouvellas*.

²⁰⁰¹ *Ovella melende, molenta ou menga o lobo a trasquila*.

²⁰⁰² Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Descuido*. V. *Entranto digo ou fago, perdo bocado en Distracción*.

²⁰⁰³ *Ovella vella e enxame probe en mayo alea y'en mayo morre*.

²⁰⁰⁴ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Enjambres*.

²⁰⁰⁵ ms: *y abellas*.

²⁰⁰⁶ ms: *d'unha*; ms16: *a tras de unha*; ms10: *detrás de*.

²⁰⁰⁷ En ms10 s.v. *Ruín* coa indicación *Anticiparse*.

5187. **O que primeiro chega, primeiro se senta.**²⁰⁰⁸ (ms10,118r: D.E.)
 5188. **Quen primeiro pega, dúas veces pega.**²⁰⁰⁹ (ms10,087r: D.E.)

ANTIGÜEDAD

5189. **Viños e amores, os vellos son os millores.**²⁰¹⁰ (ms10,143r: D.E.)

AÑOS DE EXISTENCIA

5190. **Non gabes nin desgabes hastra que pasen sete navidades.** (ms10,067r: D.E.)

APARCERÍA. V. tamén *Agrícolas, Matrimonio.*

5191. **Parceiría, coa muller... e ás veces inda hai que se ver.** (ms10,082r: D.E.)

APARIENCIAS

5192. **Cal te vexo, tal te teño.**²⁰¹¹ (ms10,138r: D.E.)
 5193. **Cal vexo, tal te xuzgo e tal te creo.**²⁰¹² (ms10,138r: D.E.)
 5194. **Debaixo do bo saio atópase o home malo.**²⁰¹³ (ms10,114r: D.E.)
 5195. **Non todos son reiseñores os que cantan entre as frores.**²⁰¹⁴ (ms10,108r: D.E.)
 5196. **O parecer non é querer nin é ser.**²⁰¹⁵ (ms10,082r: D.E.)
 5197. **Todo o que di o pandeiro non é verdadeiro.**²⁰¹⁶ (ms10,081r: D.E.)

APARTAMIENTO

5198. **A cada paxariño chégalle o seu niño.**²⁰¹⁷ (ms10,084r: D.E.)
 5199. **A cada paxariño gústalle o seu niño.**²⁰¹⁸ (ms10,084r: D.E.)
 5200. **A cada paxariño parécelle ben o seu niño.**²⁰¹⁹ (ms10,084r: D.E.)

²⁰⁰⁸ En ms10 s.v. *Sentarse* coa indicación *Anticipación*.

²⁰⁰⁹ En ms10 s.v. *Pegar* coa indicación *Anticipación*.

²⁰¹⁰ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Antigüedad*.

²⁰¹¹ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Apariencias*.

²⁰¹² En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Apariencias*.

²⁰¹³ En ms10 s.v. *Saya*, *saya* coa indicación *Apariencias*.

²⁰¹⁴ En ms10 s.v. *Ruiseñor* coa indicación *Apariencia*. V. *Non son todos reiseñores os que andan entre frores en Desconfianza*.

²⁰¹⁵ En ms10 s.v. *Parecer* coa indicación *Apariencias*.

²⁰¹⁶ En ms10 s.v. *Pandero* coa indicación *Apariencia*.

²⁰¹⁷ En ms10 s.v. *Pájaros* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰¹⁸ En ms10 s.v. *Pájaros* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰¹⁹ En ms10 s.v. *Pájaros* coa indicación *Apartamiento*.

5201. **A cada porta a súa dona.**²⁰²⁰ (ms10,095r: D.E.)

5202. **A porta pechada labor millorada.**²⁰²¹ (ms10,095r: D.E.)

5203. **Ben está a porta pechada e a dona dentro da casa.**²⁰²² (ms10,095r: D.E.)

5204. **Ben está no seu niño o paxaro, como está cada un onde foi nado.**²⁰²³ (ms10,084r: D.E.)

5205. **Ben parece o lindeiro entre min e o meu compañeiro.**²⁰²⁴ (ms10,082r: D.E.)

5206. **Cada paxariño atópase ben no seu niño.**²⁰²⁵ (ms10,084r: D.E.)

5207. **Cada paxariño quer o seu niño.**²⁰²⁶ (ms10,084r: D.E.)

5208. **Cada un meta a man no seu seo e deixe en paz o alleo.** (ms10,119r: D.E.)

5209. **O bo pano na arca se vende.**²⁰²⁷ (ms10,081r: D.E.)

5210. **O bo pano na hucha se vende, mais o malo, verse quere.**²⁰²⁸ (ms10,081r: D.E.)

APETITO. V. tamén *Comida*.

5211. **O millor prebe é a fame e as boas ganas de comer.**²⁰²⁹ (ms10,098r: D.E.)

APRENDER

5212. **Non diga ninguén "non puiden deprender"; tanto fai o home, canto quer facer.** (ms10,004r: D.E.)

APUESTAS

5213. **Porfiar, pero enxamais apostar.**²⁰³⁰ (ms10,095r: D.E.)

ARADA V. tamén *Agrícolas*.

5214. **Ara fondo e collerás pan abondo; ara casqueiro e collerás pouco e fareleiro.**²⁰³¹ (ms15,43: Sober)

²⁰²⁰ En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²¹ En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²² En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²³ En ms10 s.v. *Pájaros* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²⁴ En ms10 s.v. *Parecer* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²⁵ En ms10 s.v. *Pájaros* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²⁶ En ms10 s.v. *Pájaros* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²⁷ En ms10 s.v. *Paño* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²⁸ En ms10 s.v. *Paño* coa indicación *Apartamiento*.

²⁰²⁹ En ms10 s.v. *Salsa* coa indicación *Apetito*.

²⁰³⁰ En ms10 s.v. *Porfiar* coa indicación *Apuestas*.

²⁰³¹ Indica *Arada*.

Los granos son más pequenos; por lo tanto da más *salvado* = *farelo*, de donde *fareleiro*. *Casqueiro*, como adjetivo no figura en nuestros diccionarios.

ARMAS

5215. **De rabo de porco nunca bo virote.** ²⁰³²
(ms10,105r: D.E.)

ARROYO

5216. **O crecido regueiro pasalo ó derradeiro.** (ms10,107r: D.E.)

ASIENTOS

5217. **De vello ou de neno non te sentes no penedo.** ²⁰³³ (ms10,118r: D.E.)
5218. **Pedra que roda, pra sentarse non é boa.** ²⁰³⁴ (ms10,086r: D.E.)
5219. **Séntate no teu lugar e non te farán erguer nin levantar.** ²⁰³⁵ (ms10,118r: D.E. / ms15,12)

ASTUCIA

5220. **Quen fala mal da pera, ese a merca.** ²⁰³⁶ (ms10,089r: D.E.)

ATREVIMIENTO

5221. **A pulga que vai á orela, co diaño se aconsella.** ²⁰³⁷ (ms10,102r: D.E.)

AVARICIA

5222. **Home avarento, por un perde un cento.** ²⁰³⁸ (ms10,028r: D.E.)
5223. **O diñeiro do mesquiño dúas veces anda o camiño.** ²⁰³⁹ (ms10,006v: D.E.)
5224. **Pensa o avarento que gasta por un e gasta por un cento.** ²⁰⁴⁰ (ms10,089r: D.E.)

AVENA

5225. **A avea e maila xesta en maio fan a festa.** (ms5,137: Abadín)

²⁰³² En ms10 s.v. *Rabo* coa indicación *Armas*.

²⁰³³ En ms10 s.v. *Sentarse* coa indicación *Asientos*.

²⁰³⁴ En ms10 s.v. *Piedra* con indicación *Asientos*.

²⁰³⁵ En ms10 s.v. *Sentar* coa indicación *Asientos*.

²⁰³⁶ En ms10 s.v. *Pensar* coa indicación *Astucia*.

²⁰³⁷ En ms10 s.v. *Pulgas* coa indicación *Atrevimiento*.

²⁰³⁸ En ms10 s.v. *Hombre* coa indicación *Avaricia*.

²⁰³⁹ En ms10 s.v. *Dinero* coa indicación *Avaricia*.

²⁰⁴⁰ En ms10 s.v. *Pensar* coa indicación *Avaricia*.

AVENTAJAR

5226. **Entre o rato e o lión non hai comparación.** ²⁰⁴¹ (ms10,105r: D.E.)

AVES. V. tamén *Anduriña, Caza, Coruxa, Cuclillo, Cuervos, Gallo, Gallinas, Gaviota, Gorrión, Pájaros*.

5227. **Antes deixará o reiseñor de cantar que a muller de parolar e chorar.** ²⁰⁴²
(ms10,046r: D.E.)

5228. **Mal anda o miñado cando ten as aas rotas e o papo sano.** ²⁰⁴³ (ms10,040v: D.E.)

5229. **O miñado ponse fraco vendo os paxaros e cobizándoos.** ²⁰⁴⁴ (ms10,040v: D.E.)

AYER

5230. **O día de onte non volve máis.** (ms10,073r: D.E.)
5231. **O que foi onte xa non será, que o tempo non anda pra atrás.** (ms10,073r: D.E.)

BAJOS

5232. **Pucheiriño pequeno logo está cheo.** ²⁰⁴⁵
(ms10,102r: D.E.)

BARATURA. V. tamén *Comercio*.

5233. **Non é bo trato mercar caro e vender barato.** ²⁰⁴⁶ (ms10,133r: D.E.)

5234. **Pra que vexan que fago trato, o que vale cinco douno por catro.** ²⁰⁴⁷ (ms10,133r: D.E.)

BARBA

5235. **O saber non vai nas cañas nin o valer está nas barbas.** ²⁰⁴⁸ (ms10,113r: D.E.)

BEBER. V. tamén *Taberna*.

5236. **A viño de mal parecer, pechar os ollos e beber.** ²⁰⁴⁹ (ms10,141r: D.E.)

5237. **Ás veces val máis o viño que as borras; e de contino, val máis o viño.** ²⁰⁵⁰
(ms10,141r: D.E.)

²⁰⁴¹ En ms10 s.v. *Ratones* coa indicación *Aventajar*.

²⁰⁴² En ms10 s.v. *Mujer* coa indicación *Aves*.

²⁰⁴³ En ms10 s.v. *Milano* coa referencia *Aves*.

²⁰⁴⁴ En ms10 s.v. *Milano* coa referencia *Aves*.

²⁰⁴⁵ En ms10 s.v. *Puchero* coa indicación *Bajos*.

²⁰⁴⁶ En ms10 s.v. *Trato* coa indicación *Baratura*.

²⁰⁴⁷ En ms10 s.v. *Trato* coa indicación *Baratura*.

²⁰⁴⁸ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Barba*.

²⁰⁴⁹ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵⁰ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

5238. **Beber bo viño faino todo veciño; o que é malo, é beber viño malo.** ²⁰⁵¹
(ms10,141r: D.E.)
5239. **Bótamo todo en viño e non en liño.** ²⁰⁵²
(ms10,141r: D.E.)
5240. **Deben nadar en viño os caracoles, as brevas e os figos.** ²⁰⁵³ (ms10,142r: D.E.)
5241. **Eu non bebo o viño, que o como en cuncas, gotiño a gotiño.** ²⁰⁵⁴ (ms10,142r: D.E.)
5242. **Máis val viño frío que auga quente.** ²⁰⁵⁵ (ms10,142r: D.E.)
5243. **Máis val viño quente que auga fría.** ²⁰⁵⁶ (ms10,142r: D.E.)
5244. **Mirádeme o que bebo e non sabedes a sede que teño.** ²⁰⁵⁷ (ms10,117r: D.E.)
5245. **Non hai neto de viño que grande sea.** ²⁰⁵⁸ (ms10,142r: D.E.)
5246. **Non hai ruín viño con castañas asadas e sardiñas salgadas.** ²⁰⁵⁹ (ms10,142r: D.E.)
5247. **O viño anda sin calzós.** ²⁰⁶⁰ (ms10,142r: D.E.)
5248. **O viño bo é caro, i-o barato é malo.** ²⁰⁶¹ (ms10,142r: D.E.)
5249. **O viño dá forzas e a i-auga quítaas todas.** ²⁰⁶² (ms10,142r: D.E.)
5250. **O viño polo xerro é como millor o quero.** ²⁰⁶³ (ms10,142r: D.E.)
5251. **Quen é amigo do viño, de si mesmo é enemigo.** ²⁰⁶⁴ (ms10,143r: D.E.)
5252. **Se non bebo na taberna, fólgame nela.** ²⁰⁶⁵ (ms10,124r: D.E.)
5253. **Unha pinga i-outra pinga apagan a sede axiña.** ²⁰⁶⁶ (ms10,117r: D.E.)
5254. **Viño quitado, bebelo ou tiralo.** ²⁰⁶⁷
(ms10,143r: D.E.)

²⁰⁵¹ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵² En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵³ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵⁴ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵⁵ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵⁶ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵⁷ En ms10 s.v. *Sed* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵⁸ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁵⁹ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶⁰ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶¹ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶² En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶³ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶⁴ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶⁵ En ms10 s.v. *Taberna* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶⁶ En ms10 s.v. *Sed* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶⁷ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

5255. **Viño ruín pra quen o queira, pero non pra min.** ²⁰⁶⁸ (ms10,143r: D.E.)

BELLEZA

5256. **A hermosura cómea a terra.** (ms4: A.S. y A.)
5257. **Andar pa dentro, andar de trencos.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
5258. **Ás escuras non hai ninguén feo.** (ms10,014r: D.E.)
5259. **Ás escuras, de nada valen as fermosuras.** (ms10,014r: D.E.)
5260. **Belleza e bondade é unha felicidade.** (ms4: Agro)
5261. **Hoxe fermosura, mañán sepultura.** (ms10,030v: D.E.)
5262. **Hoxe moita figura, mañán na sepultura.** (ms10,030v: D.E.)
5263. **O andar pra fóra é andar que namora.** (ms: M.L.2)
5264. **O feo e o hermoso, o máis proveitoso.** (ms)
(es) *De lo feo a lo hermoso, deme Dios lo más provechoso.* (R. Marín)
5265. **O que torce pra fóra, andar que namora; o que torce pra dentro, andar de zopenco.** ²⁰⁶⁹ (ms: Paradela)
5266. **Se torce pra dentro é un patrenco.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
5267. **Se torce pra fóra ten un andar que nemora.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
5268. **Sobre a brancura non hai hermosura.** (ms: Bucínos)
5269. **Torcer pra dentro é andar furriquento; torcer pra fóra é andar que enamora.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5270. **Torcer pra dentro, andar de trencos; torcer pra fóra, andar que namora.** ²⁰⁷⁰
(ms: M.V. / ms21,30r: Bermés)
Var.: *Torcer pra dentro, andar de trencos.* (M.V.) ²⁰⁷¹
5271. **Torcer pra dentro, andar fratulento.** ²⁰⁷² (ms: Lugo-F.V.S. / ms15,29r: Lugo. M^a Felicidad Vila)

²⁰⁶⁸ En ms10 s.v. *Vino* coa indicación *Beber*.

²⁰⁶⁹ Contén a indicación *Belleza*.

²⁰⁷⁰ ms21,30r: *qu'enamora*.

²⁰⁷¹ Contén a indicación *Belleza*.

²⁰⁷² Contén a indicación *Belleza*.

5272. **Torcer pra fóra, andar que namora; torcer pra dentro, andar forriquento.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
 5273. **Un home sin algo na mau é com'on pau.** ²⁰⁷³ (ms: Bucíños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

BELLOTA

5274. **A landra que non se ve en maio, non se ve en todo o ano.** (ms10,032v: D.E.)

BIENES

5275. **A viña ó pé do camiño ten mal veciño.** ²⁰⁷⁴ (ms10,141r: D.E.)
 5276. **A viña onde haxa xiada; a terra, onde haxa auga.** ²⁰⁷⁵ (ms10,141r: D.E.)
 5277. **Foros e fornos vellos canto antes desfacelos.** (ms15,15)
 5278. **Nin viña ó pé do camiño nin casa á beira do río.** ²⁰⁷⁶ (ms10,141r: D.E.)
 5279. **Non teñas viña nun rincón nin casa nun cantón.** ²⁰⁷⁷ (ms10,141r: D.E.)
 5280. **Obra de común, obra de ningún.** ²⁰⁷⁸ (ms10,070r: D.E.)
 5281. **Teño aquí, teño alí, e non teño nin alí nin aquí.** ²⁰⁷⁹ (ms10,129r: D.E.)
 5282. **Teño o que teño, e co que teño, ben ou mal me manteño.** ²⁰⁸⁰ (ms10,129r: D.E.)
 5283. **Viña entre viñas e casa entre veciñas.** ²⁰⁸¹ (ms10,141r: D.E.)

BONDAD

5284. **A boa obra ela mesma se honra.** ²⁰⁸² (ms10,070r: D.E.)

BRUJAS

5285. **Meigas e trasnos son cousas de vagos.** ²⁰⁸³ (ms5,137: Villalba)

²⁰⁷³ Contén a indicación *Belleza*.
²⁰⁷⁴ En ms10 s.v. *Viña* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁷⁵ En ms10 s.v. *Viña* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁷⁶ En ms10 s.v. *Viña* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁷⁷ En ms10 s.v. *Viña* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁷⁸ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁷⁹ En ms10 s.v. *Tener* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁸⁰ En ms10 s.v. *Tener* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁸¹ En ms10 s.v. *Viña* coa indicación *Bienes*.
²⁰⁸² En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Bondad*.
²⁰⁸³ Indica *Brujas*.

BUENA CONDUCTA

5286. **Máis traballo custa vivir ben que mal.** ²⁰⁸⁴ (ms10,132r: D.E.)

CABELLO. V. tamén *Pelo*.

5287. **Cada pelo presta o seu servizo sin querelo e sin sabelo.** ²⁰⁸⁵ (ms10,088r: D.E.)
 5288. **Con pelos, e cantar, e latricar, mal se goberna o lar.** ²⁰⁸⁶ (ms10,088r: D.E.)
 5289. **Pra apartar ben os pelos abundan dous dedos.** ²⁰⁸⁷ (ms10,088r: D.E.)

CALDO. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía, Nabos*.

5290. **Caldo de nabos non-o tires, que de un día pra outro sirve.** ²⁰⁸⁸ (ms10,065r: D.E.)

CALOR, CALENTURA. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Sequía, Sudar, Tempo*.

5291. **Con tanta calore, nin o corpo aguanta nin o viño farta.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Lobelle, Carballedo, LU)
 5292. **Quenturas de maio, saúde pra todo o ano.** (ms10,103r: D.E.)
 5293. **Quenturas de outono non son boas pró seu dono.** (ms10,103r: D.E.)

CALLAR

5294. **Canto seipas non dirás, canto vexas non xusgarás, se queres vivir en paz.** ²⁰⁸⁹ (ms10,112r: D.E.)
 5295. **Ouve e cala; vivirás vida folgada.** ²⁰⁹⁰ (ms10,074r: D.E.)
 5296. **Ouvir, ver e calar, pola terra e polo mar.** ²⁰⁹¹ (ms10,074r: D.E.)
 5297. **Ouvir, ver e calar.** ²⁰⁹² (ms10,074r: D.E.)

CALLES

5298. **A rúa do rei pra todos é.** ²⁰⁹³ (ms10,110r: D.E.)
 5299. **As dez deixa a rúa pra quen a quixer.** ²⁰⁹⁴ (ms10,110r: D.E.)

²⁰⁸⁴ En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Buena conducta*.
²⁰⁸⁵ En ms10 s.v. *Pelo* coa indicación *Cabello*.
²⁰⁸⁶ En ms10 s.v. *Pelo* coa indicación *Cabello*.
²⁰⁸⁷ En ms10 s.v. *Pelo* coa indicación *Cabello*.
²⁰⁸⁸ En ms10 s.v. *Nabo* e indicación *Caldo*.
²⁰⁸⁹ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Callar*.
²⁰⁹⁰ En ms10 s.v. *Oir* coa indicación *Callar*.
²⁰⁹¹ En ms10 s.v. *Oir* coa indicación *Callar*.
²⁰⁹² En ms10 s.v. *Oir* coa indicación *Callar*.
²⁰⁹³ En ms10 s.v. *Calle-Rua* coa indicación *Calles*.

CAMBIOS

5300. **A boa ventura nunca moito dura.** ²⁰⁹⁵
(ms10,138r: D.E.)
5301. **A boa ventura pouco dura; a mala tarde se acaba.** ²⁰⁹⁶ (ms10,138r: D.E.)
5302. **Cando é máis grande, a ventura é menos segura.** ²⁰⁹⁷ (ms10,138r: D.E.)
5303. **Dispois da tormenta, sempre a bonanza chega.** ²⁰⁹⁸ (ms10,131r: D.E.)
5304. **Non hai vida sin morte nin pracer sin pesar.** ²⁰⁹⁹ (ms10,140r: D.E.)
5305. **O vento i-a ventura pouco dura.** ²¹⁰⁰
(ms10,137r: D.E.)
5306. **Onte porqueiro e hoxe cabaleiro.** ²¹⁰¹
(ms10,095r: D.E.)
5307. **Sempre perdices cansa; guísame unhas fabas.** ²¹⁰² (ms10,090r: D.E.)
5308. **Tempo virá que o teu espello non te conecerá.** ²¹⁰³ (ms10,128r: D.E. / ms15,17)
5309. **Tempo, vento, muller e fortuna axiña se mudan.** ²¹⁰⁴ (ms10,128r: D.E.)
5310. **Tras de tempos veñen tempos, que o mundo dá moitas voltas.** ²¹⁰⁵ (ms10,128r: D.E.)
5311. **Vento e ventura moito non duran.** ²¹⁰⁶
(ms10,137r: D.E.)
5312. **Vento, riqueza e ventura non son cousa segura.** ²¹⁰⁷ (ms10,138r: D.E.)

CANDIDEZ

5313. **O ruín paxariño logo descobre o seu niño.** ²¹⁰⁸ (ms10,084r: D.E.)

CANTIDAD

5314. **Un e nada todo é un.** ²¹⁰⁹ (ms10,134r: D.E.)

²⁰⁹⁴ En ms10 s.v. *Calle-Rua* coa indicación *Calles*.

²⁰⁹⁵ En ms10 s.v. *Ventura* coa indicación *Cambios*.

²⁰⁹⁶ En ms10 s.v. *Ventura* coa indicación *Cambios*.

²⁰⁹⁷ En ms10 s.v. *Ventura* coa indicación *Cambios*.

²⁰⁹⁸ En ms10 s.v. *Tormenta* coa indicación *Cambios*.

²⁰⁹⁹ En ms10 s.v. *Vida* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰⁰ En ms10 s.v. *Viento* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰¹ En ms10 s.v. *Porquero* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰² En ms10 s.v. *Perdiz* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰³ ms15,17: *en co teu espello*. / En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰⁴ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰⁵ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰⁶ En ms10 s.v. *Viento* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰⁷ En ms10 s.v. *Viento* coa indicación *Cambios*.

²¹⁰⁸ En ms10 s.v. *Pájaros* coa indicación *Candidez*.

CAPACIDAD

5315. **Tanto cabe no saco longo como no redondo.** ²¹¹⁰ (ms10,113r: D.E.)

CAPRICHOS

5316. **Cantas vexo, tantas quero, e si máis vira, máis quixera.** ²¹¹¹ (ms10,138r: D.E.)
5317. **Se non vexo polos ollos, vexo polos antiollos.** ²¹¹² (ms10,072r: D.E.)

CARACOL

5318. **Cando moito queima o sol, nin muller, nin col, nin caracol.** ²¹¹³ (ms10,122r: D.E.)

CARÁCTER

5319. **O ourizo tamén Dios o fixo.** ²¹¹⁴
(ms10,073r: D.E.)

CARIDAD

5320. **Anque che o diñeiro sobre, se non tes caridá chámate probe.** ²¹¹⁵ (ms10,006r: D.E.)

CARNAVAL. V. tamén *Fiestas y romerías*.

5321. **Páscoas, con quen quixeres; entroidos, coas túas mulleres.** ²¹¹⁶
(ms10,012v: D.E.)

CARPINTEROS. V. tamén *Oficios*.

5322. **Carpinteiro que non clava, nunca acaba.** ²¹¹⁷ (ms5,133: Santiago)

CASA

5323. **A ama que non subrasa non goberna casa.** (mc: Lamas de Viduedo)
5324. **A basoira nova sempre barreu ben.** ²¹¹⁸ (mc: C.A.)

²¹⁰⁹ En ms10 s.v. *Uno* coa indicación *Cantidad*.

²¹¹⁰ En ms10 s.v. *Saco* coa indicación *Capacidad*.

²¹¹¹ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Caprichos*.

²¹¹² En ms10 s.v. *Ojos* coa indicación *Caprichos*.

²¹¹³ En ms10 s.v. *Sol* coa indicación *Caracol*.

²¹¹⁴ En ms10 s.v. *Erizo* coa indicación *Carácter*.

²¹¹⁵ En ms10 s.v. *Dinero* coa indicación *Caridad*.

²¹¹⁶ Vázquez Saco recolle o refrán no ms10 coa forma *súas mulleres*, pero parece erro de transcripción porque Eladio Rodríguez recollíao no seu dicionario coa forma *túas mulleres*.

²¹¹⁷ Indica *Carpinteros*. V. *Oficios*.

²¹¹⁸ V. *Escobiña nova, barre ben* en *Novedades*.

- (pt) *Vassoura nova sempre varre bem.* (Chaves) (es) *Escoba nueva, bien barre.* (R. Marín)
5325. **A basoira, cando é nova, barre que rabea.** ²¹¹⁹ (mc: S.P.P.-Ultreya)
Var.: *A basoira nova sempre barreu ben.* (C.A.)
(pt) *Vassoura nova sempre varre bem.* (Chaves) (es) *Escoba nueva, bien barre.* (R. Marín)
5326. **A cañas honradas non hai portas cerradas.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
5327. **A casa barrida non é boa.** (ms8,05r: Silvarrey)
5328. **A casa do ruín, tal como che fun, volvín.** (mc: Chantada)
Var.: *A casa do rocín, tal como che fun, volvín.* (ms4: Vasconcelos-F.V.S.)
5329. **A casa feita, a coba aberta.** (mc: C.A.)
Var.: *Casa nova, dono morto.* (Buciños) / *Gaiola feita, paxaro morto.*
(pt) *Ninho feito, pêga morta.* (Chaves) (es) *Casa hecha, sepultura abierta.* (Sbarbi) / *La casa en su altura, y el dueño en la sepultura.* (R. Marín) / *La casa hecha, el ataúd a la puerta.* (Id.) / *La jaula hecha, la pega muerta.* (Correas) / *La jaula hecha, la picaza muerta.* (Correas) / *La casa hecha y el hueco hecho.* (Id.) (ct) *Casa nòva, sepultura aubèrta.* (Alberola) / *Casa nòva, sepultura de la mòrt.* (Id.)
Además de los que figuran en la sección *Generales* entre los *Agrícolas*. Con ribetes supersticiosos, que inspiran medidas, como la de dejar una parte de la edificación sin terminar, para que no caiga sobre el dueño la maldición del refrán.
5330. **A casa forte desfaina a morte.** (mc / ms4: F.V.S.)
Porque *para el amor y la muerte, no hay cosa fuerte.*
5331. **A casa que non é reñida non é ben servida.** (ms8,27r: Lugo)
5332. **A casa ten o que lle levan.** (mc: M.L.)
5333. **A casa torna do pan.** (mc: Buciños)
5334. **A casas honradas non hai portas cerradas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5335. **A casas vellas, portas novas.** ²¹²⁰ (mc: J.P.)
- (pt) *A casa velha, portas (ou hobreiras) novas.* (Chaves) (es) *A casas viejas, puertas nuevas.* (Correas)
Insiste en la idea de otros similares, como *Burro vello, aparellos novos.*
5336. **A cociña barrida non ten vida.** (ms8,04r: San Simón de la Cuesta)
5337. **A cociña mui barrida e o meniño que non chora, non che me dá boa espiña.** (mc: La Barrela)
Lo primero supone la escasez, y lo segundo la enfermedad.
5338. **A chaminea na casa val moito.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
5339. **A enfornar tórcese o pan.** (ms e mc: C.A.)
5340. **A lareira como sea, mais ó fin tela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
5341. **A peneira da tola anda a aldea toda.** (ms21,17v: Bermés)
5342. **A peneira de María, a tola, anda a aldea toda.** (ms5,137: A.N.)
5343. **A pineira da boba anda a aldea toda.** (mc: Pedraza)
5344. **A pineira da tola corre a aldea toda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5345. **A porta vella, caravilla nova.** ²¹²¹ (mc: A.N. / ms10,095r: D.E.)
(pt) *A mula velha, cabeçada nova.* (Chaves) / *A burra velha, cilha nova.* (Id.) (es) *A buey viejo, cencerro nuevo.* (Hernán Núñez)
Véase *A casa vella, portas novas.*
5346. **A roupa ben enxabonada é media lavada.** (ms15,01: Mato)
5347. **A saranda hai que poñela onde o gato non chega.** (mc: C.A.)
5348. **A tan altos criados, servilos e non cansalos.** (ms15,43: Silvarrei)
5349. **A xente, pra conocela, hai que vivir con ela.** (mc: Otero de Rey)
Var.: *Si quieres saber quién son, vive conmigo ó tizón.* (F.V.S.) ²¹²²
5350. **Acha tirada, prá racha.** (mc: A.S.A.)
Var.: *Acha tira prá racha.* (Vasconcelos-F.V.S.)

²¹¹⁹ V. *Escobiña nova, barre ben* en *Novedades*.

²¹²⁰ V. *A casa roubada, portas novas* en *Precaución (Precaución tardía)*. / mc: *casa vella*. Jacinto del Prado só recolle o refrán coa forma *A casas vellas*.

²¹²¹ En ms10 s.v. *Puerta*.

²¹²² ms4: *que son*.

- El hacha o vestral se va tras la abertura o rajadura que hace.
5351. **Almorzo de papas, arado de vacas, labor de mulleres, todo por menesteres.** (ms8,44v: Carballino)
5352. **Ama de moitos lares, poucos almorzos e menos xantares.** (mc: Bucínos)
Cuanto más tienen, menos dan.
5353. **Ao cabo de un ano ten o criado as mañas do amo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5354. **Ao cabo do ano ten o mozo as macas do amo.** (ms18,17r)
5355. **Ao cabo do ano ten o mozo as mañas do amo.** (mc: C.A.)
(es) *Al cabo del año, tiene el mozo las mañas de su amo.* (Correas)
5356. **Apréciame na casa qu'eu t'honrarei na plaza.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
5357. **As contas da feira non dan cas da lareira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
5358. **As contas de plaza non dan cas de casa.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)
5359. **Ben mandado, mal mandado, fágase o que manda o señor amo.** ²¹²³ (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés / ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)
5360. **Bo es, bo es, con que tras o lar n'estés.** (mc: A.I.)
(es) *Bueno es, bueno es, con quien tras el hogar no estás.* (Correas)
5361. **Cada un vai comer á casa de cada un.** (ms9,04r: Silvarrey)
5362. **Cai unha pedra na ola, cai pola casa toda.** ²¹²⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
5363. **Caldeiro vello dá pra un novo.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *O vello ha de dar pra un novo.* (ms15,54: Taboada) / *Hai que se arrimar a un caldeiro vello, que el dará pra un novo.* (ms15,54: Sober)
(es) *Con un caldero viejo, se compra otro nuevo.* (Sbarbi) (ct) *Ab una caldera vella, s'en trôba una nôva.* (Alberola)
Casamiento con viejo para que, al morir, deje su caudal a la viuda y esta pueda casarse con uno joven. (ms15,54)
5364. **Calor de brasa logo pasa.** ²¹²⁵ (mc: Velle / ms21,02v: Bermés)
Var.: *Color de brasa, pronto se pasa.* (se refiere a la mujer) (ms4: F.V.S.)
5365. **Candil sin mecha ¿que aproveita?** (mc) (es) *Candil sin mecha ¿qué aprovecha?* (Correas)
5366. **Cando a túa casa vayas obrar, en marzo has de empezar.** ²¹²⁶ (mc: J.P.)
5367. **Cando entra, doulle o ovo e quítolle o corno; cando marcha, doulle o corno e quítolle o ovo.** (ms5,134: Valle del Mao)
Se refiere al criado.
5368. **Casa acabada e testamento feito é caixa empezada.** (mc)
Var.: Variante de *A casa feita...*
(es) *Casa acabada, mortaja cerrada.* (R. Marín) / *Casa hecha, sepultura abierta.* (Id.) / *Casa compuesta, la muerte a la puerta.* (Id.) (ct) *Casa nôva, sepultura aubêta.* (Alberola)
5369. **Casa chea de ventanas, mal pode garda-lo frío.** ²¹²⁷ (ms21,30r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5370. **Casa de dúas portas é mala de amourear.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Casa com duas portas é má de guardar.* (Chaves) (es) *Casa con dos puertas, no la guardan todas dueñas.* (Correas) / *Casa con dos puertas, mala es de guardar.* (Id.) / *Todo lo haré, mas casa con dos puertas no la goardaré.* (Id.)
5371. **Casa de dúas portas é mala de gardar.** (mc: Sarria)
(pt) *Casa com duas portas é má de guardar.* (Chaves) (es) *Casa con dos puertas, mala es de guardar.* (Correas) / *Casa con dos puertas, no la guardan todas dueñas.* (Id.) / *Todo lo haré, mas casa con dos puertas no la goardaré.* (Id.)
5372. **Casa grande, limosna pequena.** (mc: Palas de Rey)
5373. **Casa lousada de pedra, casa cuberta de herba.** (ms15,03)
5374. **Casa que ten ciprés, ou foi noble ou noble é.** (mc: Tuiriz, Monforte)
Suele, en efecto, el ciprés alzarse al lado de las casonas nobles de Galicia.

²¹²³ ms-SA e ms21,20v: *fágas'o que.*

²¹²⁴ *Cai un'a pedra na ola, cai pol'a casa toda.*

²¹²⁵ ms3: *logo che pasa.*

²¹²⁶ mc *vaías.* Jacinto del Prado rexistra a forma *vayas.*

²¹²⁷ *Casa chea de ventanas mal pode garda-lo frío.*

5375. **Casa reñida non é rexida.** (mc: C.A.)
 Var.: *Casa que non é reñida, non é rexida.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
 (pt) *Casa em que todos ralham e ninguém obedece, tudo fenece.* (Chaves) (es) *Casa reñida, casa regida.* (Sbarbi)
5376. **Casa sin tellado, moito frío e pouco recaudo.** (mc: J.P.)
 (es) *Casa sin tejado, mucho frío y poco recaudo.* (Correas)
5377. **Casa vella todo é pingueiras.** (ms18,25r)
5378. **Casa vella, todo é pingueira.** ²¹²⁸ (mc e ms4: A.S.A.)
 Var.: *Casa vella, todo é goteira.* (mc: A.S.A.)
 (es) *Casa vieja, todo es goteras.* (Sbarbi)
5379. **Caseiro, nin selo nin telo.** (mc / ms4: F.V.S.)
5380. **Catro cousas quer'o amo do criado qu'o sirve: tarde á cama, erguerse cedo, comer pouco e andar lixeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5381. **Catro cousas quere o amo do criado que o serve: deitar tarde, erguer cedo, comer pouco i-andar alegre.** ²¹²⁹ (mc: Nós)
 Tomado casi literalmente de la canción popular: *Catro cousas quer o amo / do criado que o serve: / tarde á cama, erguerse cedo, / comer pouco e andar alegre.* Ballesteros recogió otra, popular en La Coruña y Santiago, sobre el mismo tema: *Os meus criados / catro cousiñas / quero que ouserven: / deitarse tarde, / erguerse cedo, / comer pouquiño, / e andar alegres.*
5382. **Cerra a porta, garda a chave, e quen viñere, que chame.** (mc: J.P.)
 (pt) *Cerra a tua porta, dá-me a chave, e quem vier que brade.* (Chaves) (es) *Cierra la puerta y daca la llave, y quien viniere que llame.* (Correas)
5383. **Compra e vende na casa, e farás casa.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
 (es) *Compra en tu casa, vende en tu casa, y harás casa.* (R. Marín) (ct) *Compra en casa, ven en casa y farás casa.* (Alberola)
5384. **Compra na casa e vende na feira.** (mc: A.I.)
 (pt) *Comprar em feira, vender em casa.* (Chaves) (es) *Compra en tu casa y vende en la plaza.* (R. Marín) / *Compra en tu casa, vende en tu casa y harás casa.* (Id.) / *Compra en la plaza, y vende en tu casa.* (Correas) / *Comprar en feria y vender en casa, segura ganancia.* (R. Marín) (ct) *Compra en casa, ven en casa y farás casa.* (Alberola)
5385. **Compra na plaza e vende na casa.** (ms4: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5386. **Con un caldeiro vello non se compra outro novo.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)
5387. **Contas da casa non dan coas da plaza.** ²¹³⁰ (mc: M.V.)
5388. **Criada de servir que viste de señora, nin é señora nin criada de señor.** ²¹³¹ (ms5,141: Lúgrís Freire, *O Pazo*)
5389. **Criado dun cego, non hai cousa millor no mundo: se é home, muller segura e, se é muller, conto feito.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5390. **Criado dun día, caseiro dun ano.** (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)
5391. **Cuncas lavadas e chau barrido, pouco labor e ben parecido.** ²¹³² (ms5,133: Santiago)
5392. **Dá a pedra na ola, e dá na casa toda.** (mc: Sarria-F.V.S.)
5393. **Da casa do cura, comer e levar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5394. **De boa casa, boa brasa.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
 Var.: *De boa casa, boa larada.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
 (pt) *De boa casa, boa brasa.* (Chaves) (es) *De buena casa, buena brasa.* (Castillo) (ct) *De bona casa, bona brasa.* (Alberola)
5395. **De fóra virá quen da casa te botará.** (mc: Buciños)
 Var.: *De fóra virá quen do chau te botará.* (mc: C.A.)
 (pt) *De fora virá quem de casa nos deitará.* (Chaves) / *Mete a gente em sua casa, quem nos ponha fora dela.* (Id.) (es) *De fuera vendrá quien de casa nos echará.* (R. Marín)
5396. **De fóra virá quen nos amolará.** (ms10,23r: D.E.)

²¹²⁸ ms4: *toda é.* / Na variante do castelán de Sbarbi: *ms: toda es.*

²¹²⁹ ms: *quer;* ms2: *quer'o amo.*

²¹³⁰ mc e ms: *non din;* ms: *c'as da plaza.*

²¹³¹ Indica *Casa. Cosas de casa.*

²¹³² Indica *Casa. Cosas de casa.*

5397. **De outono feito e cochos cebados, fóra criados con todos os diablos.** (mc / ms4: F.V.S.)
5398. **Des que se quenta o forno, pronto se coce o pan.** (ms5,136: Lugo)
5399. **Desta maneira, o que non ten fariña excusa maseira.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
5400. **Desta maneira, o que non ten fariña excusa peneira.** ²¹³³ (mc: A.I. / ms18,71r: A.S.A.)
(pt) *Quem não tem farinha, não precisa peneira.* (Chaves)
5401. **Donde fai lume, fume sale.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5402. **Donde fan lume sale fume.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Onde ha fogo, logo fumega.* (Chaves) / *Onde fogo não há, fumo se não levanta.* (Id.) (es) *Donde fuego se hace, humo sale.* (Correas)
5403. **Donde hai coroa ferve a ola.** (mc: A.N. 2ª serie)
(es) *Donde hay corona, hay borona.* (R. Marín)
Atribuye riqueza a la casa del sacerdote.
5404. **En casa allea, o que ben está, ben estea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)
5405. **En casa allea, o que ben está, que se estea.** (ms11,49: Comarca de Fonsagrada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5406. **En casa chea logo se fai a cea.** (mc: *Dicc. Ac.* / ms21,21v: Bermés)
(pt) *Em casa cheia azinha se prepara a ceia.* (Chaves) (es) *En la casa llena, presto se guisa la cena; y en la vacía, más aina.* (Correas) / *En casa llena, aina fazen cena.* (R. Marín) *Siglo XV.*
5407. **En casa que non rifan non hai pan.** (mc: A.C. *A N. Terra*)
5408. **En casa vella todo é goteiras.** ²¹³⁴ (mc: M.L.)
Véase *Casa vella, todo é goteira.*
5409. **En tellado vello todas son pingadas.** (mc: J.T.)
Como: *En casa vella...*
5410. **En todas as casas ruxen as cuncas, menos na miña que creban.** ²¹³⁵ (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
5411. **Escoba que barre todo non é boa escoba.** (ms17,001)
Es mejor que deje algo.
5412. **Fai o que o teu dono manda e con el sentarte has á mesa.** ²¹³⁶ (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Faze o que manda teu senhor, sentar-te-ás com ele à mesa* (ou *sentar-te-ás com ele ao sol*). (Chaves) (es) *Haz lo que tu amo te manda, y sentarte has con él en la tabla.* (Correas) / *Haz lo que tu amo te manda, y sentarte has con él a la mesa, o y siéntate con él a la mesa.* (Id.) / *Haz lo que te manda tu amo, y sentarte has con él en el escaño.* (Id.) / *Haz lo que te manda tu señor, sentarte has con él al sol.* (Id.)
5413. **Festa dun día n'acaba unha casa e, se é de máis, acabaraa quizais.** ²¹³⁷ (mc: M.V. / ms21,23v: Bermés)
(pt) *Festa, dure pouco e bem pareça.* (Chaves) / *Festa, flores e passarinhos, em casa dos nossos vizinhos.* (Id.)
5414. **Festa dun día non acaba unha casa; s'é de máis, cicais.** (ms18,28r)
5415. **Fun á casa allea e avergonceime; fun á miña e remedieime.** (ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
5416. **Fun á casa allea, e avergonceime; vin á miña, e remedieime.** (mc: M.V.)
(pt) *Fui a casa da minha vizinha, envergonhei-me, vim para a minha e governei-me.* (Chaves) (es) *Fuíme a mis vecinas, y avergoncéme, volvíme a mi casa y consoléme.* (Correas)
5417. **Fun á casa da miña veciña e avergonceime; fun á miña e governeime.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
5418. **Fun á casa da veciña e avergonceime e viñen á miña e arregleime.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
5419. **Fun á casa do veciño i-vergonceime e cheguei á miña e governeime.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)

²¹³³ mc: *excusa a peneira.* / V. tamén *Pobreza* e *O que non ten fariña, excusa peneira* en *Pobreza* (*Ventajas de la pobreza*).

²¹³⁴ ms: *goteira.*

²¹³⁵ ms4: *miña que quebran.*

²¹³⁶ mc: *Fai o que teu dono.*

²¹³⁷ ms: *quezáis.*

5420. **Fun á casa do viciño e avergonceime, e viñen á miña e goberneime.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
5421. **Garda teu dono, que outro virá e bon o fará.** ²¹³⁸ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Atrás de min virá quem bom me fará.* (Chaves) / *Mau virá que bom te fará.* (Id.)
(es) *Detrás de mí vendrá quien bueno me hará.*
5422. **Golpe de sartén, aunque non doi, luxa.** (mc: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *Golpe de sartén, aunque non doi, tizna.* (mc: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *El golpe de la sartén, tizna aunque no duel.* (Correas)
5423. **Goteira na casa e muller faladeira botan o lume da lareira.** (ms10,050r: Mellid) ²¹³⁹ (mc: Carballo-F.V.S.)
5424. **Hai forras que tiran as casas.** ²¹³⁹ (mc: Carballo-F.V.S.)
5425. **Hai forras que tiran coas casas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5426. **Hainos que o mesmo sirven pra un barrido que pra un fregado.** ²¹⁴⁰ (mc: Buciños)
(es) *Ser o servir uno lo mismo para un barrido, que para un fregado.* (Sbarbi)
5427. **Honra na casa e fama na plaza.** ²¹⁴¹ (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
5428. **Honra na plaza e fame na casa.** (ms21,08v: Bermés)
5429. **Hónrame na casa que eu te honrarei na praza.** (mc: A.S.A.)
Como: *Gárdame na casa...*
5430. **Inda reñen as cuncas no cunqueiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Aun los platos en el vasar, unos con otros se suelen tropezar.* (R. Marín)
5431. **Laceira por laceira, Dios me dea na miña ribeira.** (mc: Buciños)
5432. **Lareira como sea, pero o caso é tela.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
5433. **Lareira como sea, pero ó fin tela.** ²¹⁴² (mc: S.P.P. *Ultreya* / ms15,01: Eugenio Carré)
- Var.: *Lareira, seña como seña, pero ó fin tela.* (ms15,05: Silvarrey)
(es) *Lumbre de mi casa, mejor que de la extraña.* (R. Marín) / *Lumbre de casa caliente y no abrasa.* (Id.) (ct) *Fòc de casa, calenta y no crema.* (Alberola)
5434. **Lareira por lareira, Dios me dea na miña ribeira.** (mc: Buciños)
5435. **Lume pequeno non dá fume grande.** (mc / ms4: F.V.S.)
5436. **Máis val na casa ser que na festa mal parecer.** ²¹⁴³ (mc e ms: A.I. / ms18,72r: A.S.A.)
5437. **Máis vale ser amo dun fento que criado dun cento.** ²¹⁴⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
5438. **Manda e faxe, e escusarás paxe.** (ms21,04r: Bermés)
5439. **Manda e faxe; excusarás paxe.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Manda e faz, servido serás.* (Chaves) / *Manda e faza-o, tirar-te há cuidado.* (Id.)
(es) *Manda y hace, y excúsaste de paje.* (R. Marín)
5440. **Miña casiña, meu lar, quen te gabou, non te soupo gabar.** ²¹⁴⁵ (mc: V. Gallega)
5441. **Miña casiña, meu lar; eiquí cago i-alí non podía cagar.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)
5442. **Miña casiña, meu lar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5443. **Moito gasta o que vai e vén, pero máis gasta o que casa ten.** (mc: R. Caruncho)
5444. **Na cas do que xura todo é desventura.** (mc: V. Gallega)
(es) *En la casa del que jura no faltará desventura.* (R. Marín) (ct) *En la casa del que jura, no faltará desventura.* (Alberola)
5445. **Na casa allea a vergonza mantén.** (ms15,09: Silvarrey)
5446. **Na casa allea, o que ben está ben estea.** ²¹⁴⁶ (mc: J.A.P.)
5447. **Na casa chea está pronto a cea.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
5448. **Na casa chea logo se fai a cea.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
5449. **Na casa chea sempre coupo bola allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

²¹³⁸ ms4: *bo o fará.*

²¹³⁹ ms4: *cas casas.*

²¹⁴⁰ ms: *pr'un.*

²¹⁴¹ V. *Fampa na praza e fame na casa* en *Orgullo de los pobres.*

²¹⁴² ms4: *pero tela*; ms15,01: *ao fin* / Local ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911.

²¹⁴³ ms e ms18,72r: *Mas val*; ms3: *qu'en festa.*

²¹⁴⁴ ms e ms4: *d'un fento.*

²¹⁴⁵ V. *Miña casa, meu lar, veña de onde veña, a ela vou parar* en *Casa y vecindad.*

²¹⁴⁶ V. *Quen ben está ben estea* en *Permanencia.*

5450. **Na casa chea senta ben a torta allea.**

(mc)

Var.: *Na casa chea reloce a torta allea.* (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Na mesa cheia, bem parece fogaça alheia.* (Chaves)

5451. **Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos teñen razón.** ²¹⁴⁷ (mc: M.L.)

Var.: *Na casa de Xan Pelexón, todos falan e todos teñen razón.* (F.B.B.)

5452. **Na casa do abade, cando non chove, gotexa.** (mc / ms4: F.V.S.)

(es) *En la casa del cura siempre hay hartura.* (R. Marín)

5453. **Na casa do aforcado non hai que mentar a sogá.** (mc)

(pt) *Em casa de enforcado, não nomeies o baraço.* (Chaves) / *Em casa de enforcado, não falem em corda.* (Id.) (es) *En casa del ahorcado, no se ha de mentar la sogá.* (Sbarbi)

5454. **Na casa do bon amo, alí morre o bo criado.** ²¹⁴⁸ (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés)

(es) *El buen criado, vive y muere en la casa de su amo.* (R. Marín)

5455. **Na casa do crego e na do prior todo se volve andar darredor.** (ms4)

5456. **Na casa do cura, cando non chove, baguña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5457. **Na casa do cura, cando non chove, barruza.** (mc: N.L.)

5458. **Na casa do mentecato, nin can nin gato.** (mc: Buciños)

5459. **Na casa do ruín a muller é alguacil.** (mc)

(es) *En casa del ruín, la mujer es alguacil.* (Correas)

5460. **Na casa do abad hai que comer e que levar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5461. **Na casa que non hai nai nin pai, abaixo vai.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

5462. **Na mesa chea ben parece a fogasa allea.** (ms21,04v: Bermés)

5463. **Na mesa chea reloce a torta allea.** ²¹⁴⁹ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

²¹⁴⁷ V. tamén *Jurídicos y similares.*

²¹⁴⁸ ms e ms21,20v: *bo amo.*

²¹⁴⁹ ms-LU: *reluca.*

Var.: *Na mesa chea senta ben a torta allea.*

(pt) *Na mesa cheia, bem parece fogaça alheia.* (Chaves)

5464. **Na miña casa son señora e na de fóra fregona.** ²¹⁵⁰ (mc / ms4: F.V.S.)

5465. **Na miña saranda naide manda.** ²¹⁵¹ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5466. **Nas casas vellas todas son goteiras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5467. **Nin de broma nin de veras con teu amo comas peras.** (mc: Villanueva, Lalín)

Var.: *Nin en broma nin en veras, con teu amo comas peras.* (Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(pt) *Com teu amo não jogues as peras, porque ele come as maduras e deixa-te as verdes.* (Chaves) (es) *Ni en burlas ni en veras, con tu amo partas peras.* (R. Marín)

5468. **Nin de broma nin de veras, co teu amo partas peras.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

5469. **Nin de risas nin de veras, con teu amo non xógue-las peras.** ²¹⁵² (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Nin de risas nin de veras, co teu señor non xogues as peras.* (Buciños) / *Nin de risas nin de veras, con teu amo non xogues as pedras.* (Pedraza)

(pt) *Com teu amo não jogues as peras, porque ele come as maduras e deixa-te as verdes.* (Chaves) (es) *Ni en burlas ni en veras, con tu amo partas peras.* (R. Marín)

5470. **No fogo fogar tivera, se leña nil non ardera.** (mc: Buciños)

5471. **Non bárra-la casa de noite, que entran as meigas.** ²¹⁵³ (ms8,74v: Silvarrey)

5472. **Non chama a vella, pro cham'o que leva.** (ms: M. L.)

5473. **Non chamo a vella, pero chamo o que ela leva.** ²¹⁵⁴ (mc: A.C. A N. Terra)

Var.: *Se non miro pra vello, miro prá guapeza que leva.* (M.L.) / *Si non miro prá vella, miro prá guapeza que leva.* (mc e ms4: M.L.) ²¹⁵⁵

²¹⁵⁰ mc: *na de afora.*

²¹⁵¹ ms-LU: *zaranda.*

²¹⁵² *Nin de risas, nin de veras, con teu amo non xoguel-as peras.* / ms-LU: *co teu, xogues as peras.*

²¹⁵³ *Non barral-a casa de noite, que entran as meigas.*

²¹⁵⁴ ms: *cham'a vella, pro cham'o que leva.* [Os dous verbos poderían ser 3ª persoa sg., e non 1ª persoa??].

²¹⁵⁵ ms4: *Se non miro.*

- (pt) *Se não olham a vela, olham o que leva.* (Chaves) (es) *Si no miran a la vieja, miran a lo que lleva.* (Correas)
5474. **Non chuspas tan alto que chuspas na casa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
5475. **Non deixes na casa porquín que non penses levar ó fuciño.** (ms4 e mc: C.A. *A N. Terra* / ms4: J.P.)
5476. **Non hai fume sin lume.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
5477. **Non hai pior portela que a da casa.** ²¹⁵⁶ (mc e ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,73r: A.S.A.)
5478. **Non rompe os cacharros o que non anda con eles.** (mc: Carballo / ms4: F.V.S.)
5479. **Non se sabe cánto pesa a carne mentras non vai á romana.** ²¹⁵⁷ (mc)
5480. **Nunha mala hora cai a casa.** ²¹⁵⁸ (mc: M.L.)
Var.: *Nunca* [sic] *mala hora cai a casa.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Numa hora cai a casa.* (Chaves) (es) *En un instante se cae una casa.* (R. Marín)
5481. **O amo majestoso fai o criado reverencioso.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
5482. **O bon amo fai criado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5483. **O bon amo fai o criado.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *O bom amo faz o criado.* (Chaves)
5484. **O bon criado faino o bon amo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
5485. **O bon veciño faz ó home desapercibido.** ²¹⁵⁹ (mc: A.N. / ms10,136r: D.E.)
(es) *El buen vecino hace al hombre desapercibido.* (R. Marín)
5486. **Ó cabo do ano o criado colle as mañas do amo.** ²¹⁶⁰ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Al cabo del año, tiene el mozo las mañas de su amo.* (Correas)
Véase *Ao cabo do ano...*
5487. **O cal pra unha casa é coma pró caldo a grasa.** (ms15,03)
5488. **O caldeiro no lameiro e o pote no fumeiro.** (mc: M.V.)
5489. **O caldeiro pousadiño na molida non se estraga.** (mc e ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
Var.: *O caldeiro pousadiño na molida non se destraga.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
5490. **O caldeiro sin a asa non debe salir da casa.** (mc / ms4: F.V.S.)
Lo usan en sentido figurado: La mujer (el asa), debe acompañar siempre a su marido (el caldero).
5491. **O calor da brasa logo pasa.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)
5492. **O cortello é bon, o porco non-o sei.** (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14, III.)
5493. **O criado ben mandado xanta á mesa con seu amo.** (mc: A.N.)
Véase *Fai o que teu dono manda...*
5494. **Ó criado ben mandado, poñerlle a mesa e mandalo ó recado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5495. **O criado e o galo sólo sirven pra un ano.** (mc: A.L.)
(pt) *Ao moço e ao galo, um ano.* (Chaves) / *Creados e bois, um ano até dois.* (Id.) (es) *El mozo y el gallo, un año.* (R. Marín) / *El criado y el gallo no los tengas más de un año.* (Id.) / *Criado y caballo, un año.* (R. Marín)
5496. **O criado e o galo, un ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5497. **O criado fai a cama á mañá e á noite non sabe quen dormirá.** ²¹⁶¹ (mc: Taboada)
5498. **O criado i-o galo, de ano a ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
5499. **Ó criado, cando é novo, danlle pan e ovo, e así qu'é vello, dano ó demo.** (ms: A.N.)
Var.: *Ó criado, cando é novo, pan e ovo; pro de vello, caldo acedo.* (M.L.2)
5500. **O día que non me afeitei, veu á miña casa quen menos pensei.** ²¹⁶² (ms15,16 / ms10,005v: D.E.)
5501. **O feixe do criado pequeno é ben avultado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

²¹⁵⁶ ms: *c'a da casa*; ms18,73r: *c'a d'a casa*.

²¹⁵⁷ V. *Non se sabe cánto pesa a carne en canto non-o di a romana en Peso.*

²¹⁵⁸ V. *Nunha hora caise a casa en Desgracia.*

²¹⁵⁹ ms: *fai o home*; ms4: *fai ó home*; ms10: *bo veciño fai ó home*. / En ms10 s.v. *Vecino*.

²¹⁶⁰ ms-LU: *criao*.

²¹⁶¹ ms: *y a noite*.

²¹⁶² ms15,005v: *m'afeitei*. / En ms10 s.v. *Día*.

5502. **O fume da miña chimenea acerta sempre o tempo: ou chover ou nevar, ou facer sol ou estar nublado.** (ms5,045: Cebrero)
Contra los pronósticos.
5503. **O gholpe da sartén, se non doi, cisca ben.** ²¹⁶³ (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
5504. **O golpe da sartén, aínda que non doi, emborra ben.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
5505. **O golpe da sartén, se non doi, chizna ben.** (mc: Meilán)
Var.: *O golpe da sartén, anque non doia, tizna.* (ms4: F.V.S.)
(pt) *O golpe da certã, não fere mas suja.* (Chaves) (es) *El golpe de la sartén, aunque no duela, tizna.* (Sbarbi)
Véase *Golpe de Sartén...*
5506. **O golpe da sartén, se non toca, doi ben.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
5507. **O golpe da sartén, si non doi, pinta ben.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
5508. **O lume da casa queima i-abrasa; o lume de fóra queima e esfolo.** ²¹⁶⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
5509. **O mal nunha casa acaba cas carabillas.** (mc: M.L.)
5510. **Ó maldecir non hai casa fuerte.** (mc)
5511. **O qu'atende unha goteira, defend'a casa inteira.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
5512. **O que a súa roupa non remenda, ó cabo do ano non chega.** (mc: Antas de Ulla)
5513. **O que a súa roupa non remenda, ten que estar sempre na tenda.** (mc: Antas de Ulla)
5514. **O que ás doce do día está na praza, ou non ten que comer ou non ten casa.** (ms15,18)
5515. **O que ás doce está na plaza, ou non ten que xantar ou non ten casa.** ²¹⁶⁵ (mc: M.L.)
5516. **O que bota os bés a caseiros, escusa herdeiros.** ²¹⁶⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5517. **O que bota pan ás papas, acaba con dúas casas.** (ms)
5518. **O que casa fai, casa desfai.** (mc: M.L.)
(es) *Quien casa hace, casa deshace.* (R. Marín)
5519. **O que está en casa allea, o que ben está, ben se estea.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
5520. **O que está en casa allea, se está ben, que se estea.** (ms14,17)
5521. **Ó que lle cai a casa, ten qui-a erguer.** ²¹⁶⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5522. **O que non has de comer, déixao cocer.** ²¹⁶⁸ (ms17,001: Carballedo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5523. **O que queira o pote aguantadeiro, subráselle o pé traseiro.** (mc: Lamas de Viduedo)
5524. **O que serve a ricos, morre no palleiro como os chitos.** (mc: M.L.2)
(es) *Quien sirve a señores muy principales, rodará por hospitales.* (R. Marín)
5525. **O que serve a señores non lle faltan dolores.** ²¹⁶⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Quem serve no Paço sempre tem embaraço.* (Chaves) (es) *Quien sirve a señores muy principales, rodará por hospitales.* (R. Marín) / *Quien sirve a vil señor, vileza saca por galardón.* (Id.)
5526. **O viño nunha casa é unha gran anchura.** ²¹⁷⁰ (mc: Biville, Sarria)
5527. **Ola que non has de comer, déixaa cocer.** ²¹⁷¹ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(es) *Olla que no has de comer, déjala cocer.* (R. Marín)
5528. **Ola quebrada non é sana.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Ola rota non é sana.* (mc: F.V.S.)
5529. **Onde fumegue o casar, dorme a terra e astronde o mar.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Tirso ¿Vilalba / Antas?, ¿Muxía, Outes, Zas, Maceda?)
5530. **Onde hai fume, hai lume** (mc: Sarria / ms21,15r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

²¹⁶³ *O jolpe da sarten se non doi cisca ben.*

²¹⁶⁴ mc: *i-abaras.*

²¹⁶⁵ ms4: *praza, ten que chantar.*

²¹⁶⁶ V. *Si quieres ter caseiros, non teñas heredeiros en Precaución.*

²¹⁶⁷ O orixinal di *O que lle cai a casa... ten qu'ia erguer.*

²¹⁶⁸ ms-LU: *deixo cocer.*

²¹⁶⁹ ms2 e ms4: *Quen serve.*

²¹⁷⁰ mc: *en unha casa.*

²¹⁷¹ ms4: *has comer.* / V. *Do pote que non has comer, deixo cocer en Desdén y desprecio.*

- (pt) *Onde há fumo há fogo.* (Chaves) / *Onde há fogo logo fumega.* (Id.) (es) *Donde humo sal, fuego* (lumbre) *hay.* (Correas)
 Así lo canta el pueblo en aquella canción:
Onde hai carozos, hai fume; / onde hai fume, lume hai; / onde hai parrandas de noite / forza de cariño hai.
5531. **Pan de tasca, falta casa.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
5532. **Pau ca sartén, si non doi, tirma.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
5533. **Pola limpa na cociña e miniño que non chora, non che me dan boa espiña.** (mc: Vilasouto, Incio-F.V.S.)
 Véase *A cociña mui barrida...*
5534. **Pola boca quéntase o forno.** (mc: Buciños)
 (es) *Por la boca se calienta el horno, el viejo y todo.* (Correas)
 Hace falta alimentación para poder vivir y trabajar.
5535. **Por moito que se barr'a eira, sempre algo queda nela.** (ms4: J.P.)
5536. **Por pequena brasa quéimase unha casa.** (mc: Buciños)
 (pt) *Por pequena brasa arde grande casa.* (Chaves) (es) *Con chica brasa se enciende una casa.* (Sbarbi) / *De pequeña centella, grande hoguera.* (Sbarbi) (ct) *Chicoteta brasa, crema una casa.* (Alberola)
5537. **Porta aberta garda a casa.** ²¹⁷² (mc, ms e ms4: A.N. / ms18,64r: Pontevedra / ms10,096r: D.E.)
5538. **Pra o ladrón da casa non hai pechadura.** (mc: F.B.B.)
 (es) *Para el ladrón de casa no hay puerta cerrada.* (R. Marín)
5539. **Pra unha casa, un camiño malo aparta o namorado.** (ms15,18v)
5540. **Que arda a casa e que non se vexa o lume.** (ms11,53: Buciños)
 Var.: *Que arda o lume pero que non se vexa o fume.* (Buciños)
 (pt) *Queime-se a casa mas não faça fumo.* (Chaves) (es) *Quémese la casa y no salga humo.* (Sbarbi)
 Reprendase sin escándalo ni ruido.
5541. **Quéimese a casa con tal que non salla fume.** (ms15,12)
5542. **Quen com'o producto dunha casa, non é larpeiro; larpeiro é o que vende.**
- (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5543. **Quen non atende a goteira, coidará a casa enteira.** (mc: J.P.)
 (es) *Quien no adoba (o apaña o quita gotera), hace casa entera.* (Sbarbi) (ct) *Qui no apanya una gotera, apanya una casa sansera.* (Alberola)
5544. **Quen seus criados non vai a ver, venda o que ten pra os manter.** ²¹⁷³ (mc: M.V.)
 Véase *O que ten criados...*
5545. **Quen sirve a señores, non lle faltan dolores.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5546. **Quen sirve mozo, muller e común, non sirve a ningún.** (mc: A.S.A.)
 (pt) *Quem serve a moço, à mulher e a comum, não serve a nenhum.* (Chaves) (es) *Quien sirve a hombre, a mujer o al común, no sirve a ningún.* (R. Marín)
5547. **Saba que dé a mazá é que limpa está.** (ms15,14)
5548. **Se Dios quer e hai proporción, en fillos e pitos logo s'un pon.** (ms / ms4: M.V.)
5549. **Si pega o lume en casa vella nada queda de ela.** (mc / ms4: F.V.S.)
5550. **Si queres ter a casa limpa, non teñas conexos nin palomas.** (ms9,15r: Silvarrey)
5551. **Tellado lixeiro, labor perguiceiro.** (mc: J.P.)
5552. **Ten color de brasa, que logo pasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
5553. **Tope que non esté ben cheo fai vinagre sin remedio.** (ms4: J.P.)
5554. **Tope limpio e ben fregado debera ser tamén axofrado.** ²¹⁷⁴ (ms4: J.P.)
5555. **Trastes rotos ao faiado.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
5556. **Un mal camiño pra unha casa é pior c'on mal veciño.** (ms15,18v)
5557. **Unha boa ceba e unha boa tea deixan unha casa chea.** (mc / ms4: F.V.S.)
5558. **Vende na casa e compra na plaza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

²¹⁷² ms e ms4: *garda casa.* / En ms10 s.v. *Puerta.*

²¹⁷³ V. *O que ten criados e non os vai ver, venda os bes pra os manter* en *Descuido*. V. tamén *Pobreza* (*Caminos de la pobreza*).

²¹⁷⁴ ms4: *debe ser tamen axeirado.* Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *debera ser tamén axofrado*.

CASA Y VECINDAD

5559. **A maa veciña dá agulla sin liña.** (ms21,01v: Bermés)
5560. **A mala veciña dá a agulla sin liña.** ²¹⁷⁵ (mc e ms4: A.I. / ms4: A.S. y A.)
(pt) *A má vizinha dá a agulla sem linha.* (Chaves) (es) *La mala vecina da la agulla sin liña.* (Correas)
5561. **¡Ai, que demo!, pensei que non-o tiña e téño.** ²¹⁷⁶ (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)
5562. **Ca axuda do veciño matou o meu pai un cochino.** ²¹⁷⁷ (mc: Carballino / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Con ayuda del vecino, mató mi padre un cochino.* (Sbarbi)
Zahiere al que se vale del auxilio ajeno, sin querer declararlo.
5563. **Canto máis hai, máis se gasta.** (mc)
(pt) *Quanto mais há, mais se gasta.* (Chaves)
5564. **Canto menos bulto, máis claridá.** ²¹⁷⁸ (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)
(es) *Mientras menos bulto más claridad.* (Sbarbi) (ct) *Quan manco bultos, més claror.* (Alberola)
Manera de expresar que una persona estorba o molesta.
5565. **Casa que non ten pai nin nai, abaixo vai.** (mc: Santiago)
5566. **Casa sin dono, casa de todos.** (mc: Buciños)
5567. **Casa sin nai e sin pai, abaixo vai.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
5568. **Co veciño avergonceime e na casa goberneime.** (mc: M.L.)
5569. **Cos bois d'outro calquera ara.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)
5570. **Cos veciños, nin a ben nin a mal.** (mc: V. Gallega)
5571. **Criado dun caseiro non dura un ano enteiro.** ²¹⁷⁹ (ms e mc: Santiago)
5572. **Chove e choverá, quen 'tá na casa allea non marchará.** (mc: Santiago)
5573. **Hacienda do teu viciño [...].** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)

²¹⁷⁵ ms4: *viciña*.

²¹⁷⁶ ms: *Ay, non'o*.

²¹⁷⁷ ms-LU: *cochino*.

²¹⁷⁸ ms4 e ms21,21v: *craridá*.

²¹⁷⁹ mc: *de un*.

5574. **Lareira, boa ou mala, o caso é tela.** (mc: Santiago)
5575. **Lume na lareira, palique de mozas e sono de vellas.** (mc: Santiago)
5576. **Máis vale casta que fariña.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
5577. **Miña casa, meu lar, veña de onde veña, a ela vou parar.** ²¹⁸⁰ (mc: Sober / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Afortunada expresión popular del canto del pueblo glosado por Rosalía: *Miña casaña / meu lar, / cantas onciñas / d'ouro me vals*.
5578. **Moza que máza-lo leite na cántara nova, moita manteiga, proveito da dona.** ²¹⁸¹ (mc: Buciños)
5579. **Na casa que non hai pai nin nai, abaixo vai.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
5580. **Nido feito, pega morta.** (mc e ms4: A.S.A.)
(pt) *Ninho feito, põga morta.* (Chaves) (es) *Nido hecho, pájaro muerto.* (R. Marín)
5581. **Nin en burlas nin en veras co teu amo non partas as peras.** (mc: Meilán)
5582. **Niño feito, pega morta.** (ms4: J.P. / ms21,04v: Bermés)
5583. **Non pingues antes de asar.** (mc: Santiago)
5584. **Non queiras criado máis alto có amo.** ²¹⁸² (ms e mc: Lugo)
5585. **O golpe da sartén, aínda que non doia, embarna ben.** (mc: Santiago)
5586. **O peor enemigo é o veciño da porta.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
5587. **O que a señores sirve, no palleiro morre.** (mc: Buciños)
5588. **O que desea a morte do can do veciño, vénlle a súa polo camiño.** . (ms: Sober)
5589. **O que na casa do veciño come ben, aforra o que ten.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)
5590. **O que queira tomar venganza do seu veciño, póñalle a vida en diñeiro e en pan cocido.** (mc: M.V.)
5591. **O que queira ver venza do seu viciño, poña o que ten en diñeiro i-en pan cocido.** (ms21,16v: Bermés)

²¹⁸⁰ ms-SA: *veña, ela vou.* / V. *Miña casaña, meu lar, quen te gabou, non te soupo gabar en Casa.*

²¹⁸¹ *Moza que mazal-o leite na cántara nova; moita manteiga, proveito da dona.*

²¹⁸² mc: *que o amo*.

5592. **O que queira ver venza do veciño, venda o que ten e métao en pan cocido.**²¹⁸³ (mc / ms4: F.V.S.)
5593. **O que queira vengarse do veciño, póñalle os bés en cartos e pan cocido.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5594. **O que ten fillos e filliñas, non fale mal das súas veciñas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
Non hai que botar por ela.
5595. **Os que servimos, inda que traballemos, sempre dormimos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5596. **Ou cerca da costa ou lonxe de ela.**²¹⁸⁴ (mc: Buciños)
5597. **Por atender o veciño, non deixes o teu.** (ms4: Páramo-F.V.S.)
5598. **Por bonita que seña a nena, non fai de comer sin leña.**²¹⁸⁵ (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5599. **Pra conservar a amistá co veciño, parede no medio.** (ms15,15)
5600. **Pra saber quen eu son, hai que vivir connmigo ó tizón.** (mc: Pidre-F.V.S.)
5601. **Quen queira mal ó seu veciño, déixelle os bés en cartos ou en pan cocido.** (mc / ms4: F.V.S.)
5602. **Quen ten vidros nas ventanas, que non tire pedras ás alleas.** (ms: Prado, Lalín)
5603. **Se queres saber quen es, pergúntalle ó teu veciño.** (ms15,13)
5604. **Se queres ser servido, sírrete a ti mesmo.**²¹⁸⁶ (mc: Carballedo)
(es) *Si quieres ser bien servido, sírrete a ti mismo.* (mc: Correas / ms: Sbarbi) / *Si quieres que te sirvan bien, sírveté.* (R. Marín) (ct) *Si vols esser ben servit, feste tu mateix lo llit.* (R. Marín) (va) *Si vòls estar ben servit, feste tú mateixa el llit.* (Alberola)
5605. **Si queres saber cómo é María, vive con ela sete meses i-on día.**²¹⁸⁷ (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
5606. **Si queres saber quen eu son, come connmigo ao tizón.**²¹⁸⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5607. **Si queres saber quen son, vive connmigo detrás do tizón.** (ms14,16 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5608. **Si queres saber quen son, vive connmigo ó tizón.** (mc: Buciños)
(es) *Si quieres saber quién es Andrés, vive con él un mes.* (R. Marín)
5609. **Si queres ser ben servido, sírrete a ti mismo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5610. **Tódolos camiños van prá casa, si non é por dentro, é por fóra da aira.**²¹⁸⁹ (mc: Buciños)
5611. **Tódolos que servimos, aínda [que] sempre traballemos, sempre dirán que dormemos.**²¹⁹⁰ (ms18,60r)
5612. **Tódolos que servimos, anque sempre traballemos, sempre nos din que dormimos.**²¹⁹¹ (mc: A.S.A. / ms10,120r: D.E.)
5613. **Trastos vellos, ó desván.** (mc: Buciños)
5614. **Trastos vellos, ó fallado.** (mc: Santiago)
5615. **U gado vale máis na corte que arresponsado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5616. **Val máis carta que fariña.** (mc: Santiago)
5617. **Vale máis coste que fariña.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
5618. **Vale máis este lumiño qu'eu teño, que estendo a perna por donde quero, que o pan e o viño na casa do crego.**²¹⁹² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5619. **Vale máis na casa c'arresponsado.**²¹⁹³ (ms e mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5620. **Vale máis na casa c'arresponsado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
5621. **Veciño, ó teu argadelo e deixa o meu.** (mc / ms4: F.V.S.)
5622. **Vivir na serra ou lonxe dela.**²¹⁹⁴ (mc: M.L.)

²¹⁸³ ms e ms4: *ver venza (ver la desgracia).*

²¹⁸⁴ ms: *d'ela.*

²¹⁸⁵ ms4 e ms-LU: *que sea a nena.*

²¹⁸⁶ mc: *Si.*

²¹⁸⁷ ms: y; ms4: *Se queres, sete anos.*

²¹⁸⁸ O orixinal di *Si queres saber quen eu son come connmigo a o tizón.*

²¹⁸⁹ V. *Tódolos camiños van dar á casa en Procedimientos.*

²¹⁹⁰ *Todo-lo que servimos aínda sempre traballemos, sempre dirán que dormemos.*

²¹⁹¹ ms e ms4: *Todo-lo que servimos; ms, ms4 e ms10: durmimos.* / En ms10 s.v. *Servir coa indicación Criados.*

²¹⁹² O orixinal di *Vale mais este lumiño qu'eu teño, que estendo a perna por donde quero, que o pan e o viño na casa d'o crego.*

²¹⁹³ mc: *que arresponsado*

²¹⁹⁴ V. *Ó pé da serra ou lonxe dela* en *Agrícolas (Generales).*

(es) *En la sierra, o cien leguas de ella.*
(Sbarbi)

CASTA

5623. **O fillo do rato tira ó burato.** ²¹⁹⁵
(ms5,135: Estrada, Puente Ulla)

5624. **Tales mais, tales fillos; tales porcos, tales ratiños.** ²¹⁹⁶ (ms5,137: Calvor [sic].)

CASTAÑAS

5625. **As castañas que despois do san Martiño quedan no soto son do moucho.** ²¹⁹⁷ (ms5,138: Sober)

Quiere decir que todos tienen derecho a cogerlas; y así en efecto se hace en la comarca de Sober. En otras zonas, como Caurel, se recogen más tarde y allí no rige el refrán.

5626. **Tan honrado é o caldo como as castañas.** (ms5,107: Verín)

Se dice en Verín con la significación: tan malo es lo uno como lo otro.

CASTIGO

5627. **A paus naide é bon.** ²¹⁹⁸ (ms5,057: Silvarrey)

5628. **A quen pilla, pillano.** ²¹⁹⁹ (ms10,092r: D.E.)

5629. **Co vento límpiase o trigo e con castigos o medo.** ²²⁰⁰ (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

5630. **Co vento límpiase o trigo e, os vicios, co castigo.** ²²⁰¹ (ms5,133: Mondoñedo)

5631. **O neno súa nai castigueo, límpeo, fártelo, e se non quer calar, deíxeo chorar.** ²²⁰² (ms10,068r: D.E.)

5632. **Os nenos castigalos de pequenos, que despois que crecen non hai castigo pra eles.** ²²⁰³ (ms10,068r: D.E.)

5633. **O que a un fostiga, a cento castiga.** ²²⁰⁴ (ms10,23v: D.E.)

²¹⁹⁵ Indica *Casta*.

²¹⁹⁶ Indica *Casta*.

²¹⁹⁷ Indica *Castañas*.

²¹⁹⁸ Indica *Castigo*.

²¹⁹⁹ En ms10 s.v. *Pillar* coa indicación *Castigo*.

²²⁰⁰ *Co vento límpiase o trijo e con castijos o medo*.

²²⁰¹ Indica *Castigo*. V. *Vicios*.

²²⁰² En ms10 s.v. *Niño* coa indicación *Castigo*.

²²⁰³ En ms10 s.v. *Niño* coa indicación *Castigo*.

²²⁰⁴ En ms10 s.v. *Castigar*.

5634. **Págana os xustos cando o fan os pecadores.** ²²⁰⁵ (ms10,075r: D.E.)

5635. **Sementa malas obras e collerás a súa froita.** ²²⁰⁶ (ms10,118r: D.E.)

CASTIGO-TALIÓN

5636. **Cada un paga por onde peca.** ²²⁰⁷ (ms10,075r: D.E.)

CAUSAS Y EFECTOS

5637. **A pedra fire a quen bate.** (ms8,37r: Silvarrey)

5638. **Dunha muxiga pode salir unha gran lumareda.** ²²⁰⁸ (ms)

(pt) *De pequena candeia, grande fogueira.* (Chaves) / *De pequena fagulha grande labareda.* (Id.) (es) *De pequena centella, grande hoguera.* (R. Marín)

5639. **Foise o paxaro e quedaron as plumas.** (ms5,133: Arzúa)

5640. **Matar a araña i-acabouse a tela.** ²²⁰⁹ (ms: Taboada das Freires)

5641. **O fiado non rompe polo delgado sinón polo gordo mal fiado.** (ms5,056: Silvarrey)

5642. **O que non queira roe-lo cabelo, que non faiga o nó.** ²²¹⁰ (ms: M.L.2 / ms4: *Vida Gallega* / ms4: M.L.)

5643. **O que non ten cu non pode cagar.** ²²¹¹ (ms)

Var.: *Quen non ten cu non pode cagar.* (M.L.)

5644. **Pola liña vén a tiña.** ²²¹² (ms / ms4: M.V.)
(pt) *Pela linha vem a tinha.* (Chaves) (es) *Por el linaje vienen los ajos.* (R. Marín)

5645. **Pola muestra cóncese o pan.** ²²¹³ (ms)
(es) *Por la muestra, si no hay engaño, vereis que tal es el paño.*

5646. **Polo fio sácase o nobelo ou a madeixa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

5647. **Polo fio vén o ovillo.** ²²¹⁴ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

²²⁰⁵ En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Castigo*.

²²⁰⁶ En ms10 s.v. *Sembrar* coa indicación *Castigo*.

²²⁰⁷ En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Castigo-Talión*.

²²⁰⁸ Dentro do sobre *Causas y efectos*.

²²⁰⁹ *Matar a araña y-acabouse a tela.* / Dentro do sobre *Causas y efectos*.

²²¹⁰ *O que non queira roel-o cabelo, que non faiga o nó.* / Dentro do sobre *Causas y efectos*.

²²¹¹ Dentro do sobre *Causas y efectos*. / ms: *non pode c...*

²²¹² Dentro do sobre *Causas y efectos*.

²²¹³ Dentro do sobre *Causas y efectos*.

²²¹⁴ *Polo frio ven o ovillo.*

5648. **Por un clavo perdeuse unha ferradura; por unha ferradura, un cabalo; por un cabalo, un cabaleiro; por un cabaleiro, unha guerra; e por unha guerra, un reino.** ²²¹⁵ (ms15,42: Valle del Mao)

Var.: / *Por un clavo pérdese unha ferradura.* (ms: Tuiriz)

(pt) *Por um cravo se perde uma ferradura, por uma ferradura um cavalo, por um cavalo um cavaleiro, por um cavaleiro um exército inteiro.* (Chaves) (es) *Por un clavo se pierde una herradura; por una herradura, un caballo; por un caballo, un caballero; por un caballero, un campo; por un campo, un reino.* (Correas) (ct) *Per un clau, es pergué una ferraurea; per una ferradura un cavall, y per un cavall un cavaller.* (Alberola)

5649. **Principio queren as cousas.** ²²¹⁶ (ms: Buciños)

(pt) *Princípio querem as coisas.* (Chaves) (es) *Principio quieren las cosas.* (Correas)

5650. **Quen-as busca, encóntraas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

CAUTELA EN EL HABLAR. V. tamén *Hablar, Precaución al hablar.*

5651. **A millor palabra é a que está por dicir.** ²²¹⁷ (mc e ms16: Buciños / ms10,076r: D.E.)

(pt) *A melhor palavra é a que está por dizer.* (Chaves) (es) *La mejor palabra es la que no se habla.* (R. Marín) / *La mejor palabra es la que se calla.* (Id.) (ct) *La millor paraula es la que está per dir.* (Alberola)

5652. **Ao bon calar chaman Sancho.** ²²¹⁸ (mc: C.A. / ms16)

(es) *Al buen callar, llaman Sancho; al bueno bueno, Sancho Martínez.* (Correas)

5653. **Calar nunca fixo mal.** (mc: C.A. A N. Terra)

5654. **Calar nunca foi malo.** (mc: C.A. A N. Terra / ms16)

5655. **Decires ó tuntún non teñen logranza.** (ms5,133: Mondoñedo)

5656. **Do que non entendas non fales, que vale máis calar que dicir barbaridades.** (mc)

Var.: *Do que non sepas non fales, que vale máis non dicir que berrear.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*) / *Do que non entendas non fales, que val máis calar que berrear.* (ms16)

(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *En lo que no entiendas, freno a tu lengua.* (R. Marín) (ct) *De lo que no hages estudiant, no tractes, qu'es necetat.* (Alberola)

5657. **Do que non entendas non fales, que vale mas non dicir nada que barbaridades.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)

5658. **Do que non sepas non fales, que é millor non dicir nada que dicir barbaridades.** (mc: M.V. / ms16 / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

Var.: *Do que non entendas non fales, que vale máis non dicir nada que dicir barbaridades.*

(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *En lo que no entiendas, freno a tu lengua.* (R. Marín) (ct) *De lo que no hages estudiant, no tractes, qu'es necetat.* (Alberola)

5659. **Garda o pico e terás paz.** (mc: L.G. / ms16 / ms15,01: E. Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

5660. **Gárdate de auga que non corra e de gato que non mía.** (mc: A.C. A N. Terra / ms16)

5661. **Labrador que o entende fala pouco e moito aprende.** ²²¹⁹ (mc e ms16: J.P.)

5662. **Máis vale calar que mal falar.** (mc: Terra de Melide / ms: V.R. y A.R.)

Var.: *Val máis calar que mal falar.* (ms4: M.L. / ms16)

(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *Más vale callar que errar.* (R. Marín) (ct) *Més val callar qu'en burros parlar.* (Alberola)

5663. **Muller que moito fala, ó millor desbarra.** ²²²⁰ (mc e ms16: M.V. / ms21,26v: Bermés)

5664. **Nin todo o que pensas fales, nin todo o que pensas cales.** ²²²¹ (ms5,121: Trapero / ms10,088r: D.E.)

5665. **Nin todo o que penses fales nin todo o que penses cales.** (ms15,13)

²²¹⁹ ms4 e ms16: *Labradora.*

²²²⁰ V. *A muller que moito fala, no mellor desbarra en Mujer.*

²²²¹ Riscado no manuscrito orixinal ms15 polo propio Vázquez Saco. En ms10 s.v. *Pensar* coa indicación *Reserva oral.*

²²¹⁵ A segunda variante estaba dentro do sobre *Causas y efectos.*

²²¹⁶ Dentro do sobre *Causas y efectos.*

²²¹⁷ ms, ms4 e ms16: *decir.*

²²¹⁸ *Ao bom calar, chaman Sancho.*

5666. **Non falar, si se quere un secreto gardar.** (ms15,12)
5667. **Non hai mellor fala que a que queda por decir.** (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)
5668. **Non hai mellor palabra cá que está por decir.** (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
5669. **Non lle contes a nadie dos teus males porque chos desean mortales.** (ms15,28r: Lalín)
5670. **Non s'engaña quen non conta.** ²²²² (mc: M.V. / ms21,22r: Bermés)
Var.: *Non se engaña quen conta.* (C.A. A Nosa Terra)
(pt) *Quem não conta é que não erra.* (Chaves)
5671. **Non se engaña que[n] non canta.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)
5672. **Non se engaña quen non conta.** (ms: M.V.)
5673. **O bo saber é calar antes de ser tempo de falar.** ²²²³ (mc: Velle / ms16)
5674. **O bon calar chámanlle xordo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5675. **O falar é parola.** (mc: Buciños)
(es) *El hablar poco cuesta.* (Sbarbi)
5676. **O falar sólo é parola.** (mc: S. Victorio de R. de Miño / ms16)
(es) *El hablar poco cuesta.* (Sbarbi)
5677. **O falar, todo é parola.** (mc: A.S.A. / ms16)
(es) *El habla, poco cuesta.* (Sbarbi)
5678. **O millor dito é o que queda por decir.** (ms4: C.A. A Nosa Terra)
5679. **O millor do conto é o que queda por contar.** (ms4: C.A. A Nosa Terra)
5680. **O moito falar é vicio.** (mc: M.V. / ms16 / ms21,23v: Bermés)
(es) *El mucho hablar es dañoso, y el mucho callar no es provechoso.* (R. Marín)
Cuerdo pensamento que recoge una canción popular: *Pensa moito, fala pouco / que o moito falar é vicio, / i-o dar palabras ó vento é sementar no camiño.*
5681. **O moito parolar, o tempo fai escasear.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)
5682. **O que fala ben, pode falar sempre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5683. **O que fala e non sabe o que dixo, é tolo ou non ten xuicio.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro, Codeseda, A Estrada, PO)
5684. **O que fala sin sabe-lo que dixo, ou é tolo ou non ten xuicio.** ²²²⁴ (ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)
5685. **O que máis fala é o que menos fai.** (mc)
Var.: *O que máis fala, menos fai.* (ms4: F.V.S. / ms16) / *O que máis fala non é o que máis fai.* (es) *Quien más habla, menos hace.* (R. Marín)
Glosado en la siguiente canción popular: *Home de moita parola / gasta a forza en parolar, / e nin fai todo o que di, / nin tampouco di o que fai.*
5686. **O que moito fala, a súa boca luxa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)
5687. **O que moito parola, o tempo nunca lle sobra.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)
5688. **O saber falar é ouro i-o calar plata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5689. **O saber falar é ouro, i-o calar é plata.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *O saber falar é ouro y o calar, plata.* (ms / ms16)
5690. **Pensa moito e fala pouco.** (mc: M.V. / ms21,23v: Bermés / ms16)
(pt) *Pensa muito, fala pouco, escreve menos.* (Chaves) (es) *Hablar sin pensar es tirar sin apuntar.* (Sbarbi)
5691. **Pra palabras tolas, orellas pechas.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)
(pt) *A palavras loucas, orelhas moucas.* (Chaves) (es) *A palabras locas, orejas sordas.* (Correas)
Véase *A palabras falangueiras...* y sus análogos.
5692. **Quen cala consinte.** (mc e ms16: F.B.B.)
(pt) *Quem cala consente.* (Chaves) (es) *Quien calla, otorga.* (R. Marín) (ct) *Qui calla otorga.* (Alberola)
5693. **Quen moito fala, n'algo erra.** ²²²⁵ (mc: A.S.A. / ms16)
Var.: *Quen moito fala, pouco asubía.* (mc / ms: F.V.S. / ms16)
(es) *Quien mucho habla, yerra.* (Arcipreste de Hita. *Libro del Buen Amor*, estrofa 733) / El mismo arcipreste (Id. estrofa 949): *non puede ser que non yerre ome en grand*

²²²² Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

²²²³ ms4 e ms16: *boo saber.*

²²²⁴ *O' que fala sin saber l'o que dixo ou e tolo ou non ten xuicio.*

²²²⁵ ms4 e ms16: *n-algo se erra.* ms10: *en algo erra.* En ms10 s.v. *Hablar.*

- raçon. / Quien mucho habla, mucho yerra.*
(Correas) / *A mucho hablar, mucho errar.*
(Id.) (ct) *Qui molt parla, molt erra.*
(Alberola)
5694. **Quítalle ó murmurador o vicio e cesará o litigio.** (mc: Buciños-F.V.S.)
5695. **Se contigo non vai nada, aquilo que seipas cala.** (ms15,12)
5696. **Vale máis calar que mal falar.** (ms-SA: Laureano Moscoso Sabel: Berreo, Trazo, C)
- CAZA.** V. tamén *Aves, Galgo, Galgo, Lebre, Lobo, Pájaros, Pérdices, Raposo.*
5697. **A bo zorro, mellor can.** (mc: Sarria)
5698. **A can vello i-a cazador coxo non lle queda a lebre no toxo.** ²²²⁶ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5699. **Á espera caza calquera.** ²²²⁷ (ms10,014v: D.E.)
5700. **Á larga, o galgo a lebre mata.** (mc: Santiago)
(es) *A la larga, el galgo a la liebre mata.*
(Jara)
5701. **A lebre no xaneiro busca no bulleiro.** (mc: Monterroso-F.V.S.)
(pt) *A lebre em janeiro, está na cama ou no lameiro.* (Chaves) / *Em janeiro pasta a lebre no lameiro e o coelho à beira do regueiro.* (Id.) (es) *Por enero busca las liebres en los chapuceros.* (Jara) / *La liebre en enero, en el tollero.* (R. Marín)
5702. **Acabouse a caza, acabouse a baza.** (mc / ms4: F.V.S.)
5703. **¡Ai, aves loucas!, vides moitas e ides poucas.** (mc: Santiago)
5704. **Can alaceiro, nunca bon conexeiro.** (mc: J.P.)
(pt) *Cão azeiteiro, nunca bom coelheiro.* (Chaves) (es) *Can alucero, nunca buen conejero.* (Sbarbi)
5705. **Can de caza quer ser de raza.** (ms15,15)
5706. **Can de caza sal á raza.** (mc: A.N.)
5707. **Can palleireiro non é conexeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Perro alucero nunca buen conejero.* (Sbarbi)
5708. **Can que non ventea, non lebre.** (mc: C.A.)
5709. **Cando a perdiz canta, señal de auga.** ²²²⁸ (mc: Santiago / ms5,027: Betanzos)
5710. **Cando a perdiz canta, señal é de auga.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)
5711. **Cárganas os homes e dispáraas o demo.** ²²²⁹ (mc)
(es) *El diablo las cargas.* (Sbarbi)
Las armas de fuego.
5712. **Carreira larga, galgo tendido.** (mc: Tuiriz, Monforte)
5713. **Coello de dispensa, cazador e labrador, fame na casa.** ²²³⁰ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
5714. **Corredor serás, pero traza de galgo non tes.** ²²³¹ (mc: Tuiriz, Monforte)
5715. **Cun pau mátanse dúas lebres.** ²²³²
(ms8,26r: Trives)
5716. **Cun tiro mátanse dous pombos.** ²²³³
(ms8,26v)
5717. **Detras dun toxo salta a lebre.** (mc: Corme)
5718. **Días de vento, cazador, non salgas ó monte que pérde-lo tempo.** ²²³⁴ (ms4: J.T.)
5719. **Donde hai matas, hai coellos.** (mc: Buciños)
(es) *En las matas de tomillo, gazapón o gozapillo.* (Jara)
5720. **Donde lebre mates, lebre cates.** (mc)
5721. **Donde menos pensa o cazador, sáltalle a lebre.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
5722. **Donde menos se pense, salta a lebre.** (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Oliveira, Ribeira, C)
5723. **Dun pelo, bon can; de dous, millor; de tres, tal cual; de catro, non val.** (mc: Otero de Rey)
5724. **É mellor que o labrador levante unha pedra, que o cazador rompa unha perna.** (ms-LU: seminarista anónimo: A Trabanca, Santa María de Cela, Outeiro de Rei, LU)
Alude a la costumbre de los cazadores de tirar o derribar setos para andar más a prisa persiguiendo la caza.

²²²⁶ *A can vello y-a cazador coxo, non lle queda a lebre no toxo.* / ms-LU: i-a cazador, qued'a lebre.

²²²⁷ En ms10 s.v. *Espera* coa indicación *Caza*.

²²²⁸ V. *Cando a perdiz canta, nublado vén en Agrícolas (Meteorológicos).*

²²²⁹ O orixinal di *Cárganas os homes e disparas o demo.*

²²³⁰ ms4: *fame no comedor.*

²²³¹ ms: *pro.*

²²³² V. *Cun avio fanse dous mandados en Diligencia.*

²²³³ V. *Cun avio fanse dous mandados en Diligencia.*

²²³⁴ *Días de vento, cazador non salgas o monte que perdel-o tempo.*

5725. **En abril o galgo é mastín.** ²²³⁵ (mc: J.P.)
(es) *En abril, el galgo es mastín; y en mayo, el mastín es galgo.* (R. Marín)
Lo primero (único que dice el refrán gallego), porque estando aún en abril enverdinadas o hartas de alcacer las liebres, el galgo no les da alcance. (R. Marín)
5726. **En abril vai a lebre pó cubil.** (mc: Santiago)
5727. **En carreira larga vence o galgo.** (mc: Tuiriz)
(es) *En fin, más corre un galgo que un mastín; y al cabo del año, más corre un mastín que un galgo* (Jara)
5728. **En xaneiro busca a lebre co cu no regueiro.** (mc)
Var.: *En xaneiro, co cu no regueiro.* (J.T.)
(pt) *Em janeiro pasta a lebre no lameiro e o coelho à beira do regueiro.* (Chaves) / *A lebre em janeiro, está na cama ou no lameiro.* (Id.) (es) *En febrero, la liebre en el reguero.* (Jara)
5729. **En xaneiro o conexo búsc'o no regueiro.** ²²³⁶ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
5730. **En xaneiro o conexo está no regueiro.** (mc: Santiago)
Var.: *En xaneiro métese o conexo no regueiro.* (Santiago)
5731. **En xaneiro o conexo métese no regueiro.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
5732. **En xeneiro, sete cans pre un lebrecheiro.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
5733. **En xeneiro, no regueiro. (a lebre)** (ms-SA: Eliseo López Varela)
5734. **Fame e frío meten a lebre a camiño.** (mc: A.N.)
(pt) *A fome e o frio metem a lebre a caminho.* (Chaves)
5735. **Gárdete Deus de can lebel, de casa de torre e de muller sabedora.** (ms21,09r: Bermés)
5736. **Gárdete Dios de can lebel, de casa de torre e sabia muller.** ²²³⁷ (mc: A.I.)
(es) *Guárdete Dios de perro lebel, y de casa torre, y de rabidueña mujer.* (Correas)
5737. **Home troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro, e cazador, moito peor.** (mc: S.P.P.-Ultreya)
Var.: *Home truiteiro, nin boa meda nin bon palleiro. / Home pesqueiro non fai bon palleiro.* (S.P.P.-Ultreya)
(es) *Pescador, cazador y gaitero, nunca tendrá mucho dinero.* (R. Marín)
5738. **Labrador e cazador, coello na dispensa e fame no comedor.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)
5739. **Lebre que escapa, galgos a siguen.** (mc: Lugo)
(pt) *Lebre foga, galgos a seguem.* (Chaves)
5740. **Máis corre un galgo de un mes que un burro de tres.** (mc)
(pt) *Corre mais a lebre d'um ano, que um burro de 40.* (Chaves)
5741. **No xaneiro busca a lebre co cu no bulleiro.** (mc: U.C. Cuartilla 9)
(es) *Por enero busca las liebres en los chapuceros.* (Jara)
5742. **O can pola casta i-o nobelo polo fio.** ²²³⁸ (mc: M.L.)
5743. **Ó mellor galgo escápalle unha lebre.** ²²³⁹ (mc: J.P.)
(es) *Al mejor cazador se le va una liebre.* (R. Marín) / *Al galgo más lebrero se le va la liebre en enero.* (Jara)
5744. **O paxaro da devesa un o axexa e outro o pesca.** (mc)
5745. **O paxaro da devesa, un o axexa, o outro o pesca.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
5746. **O que caza, por todo pasa.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
5747. **Onde menos se pensa salta a lebre.** (mc)
Var.: *Onde un menos se decata, a lebre salta.* (ms4: C.A. A Nosa Terra)
(pt) *Donde se não cuida, salta a lebre.* (Chaves) (es) *Donde menos se piensa, salta la liebre. / Donde hombre no cata, la liebre salta.* (Correas) / *Donde hombre no piensa, salta la liebre.* (Id.)
5748. **Pasada de cazador non fai daño ó labrador.** (mc / ms4: F.V.S.)

²²³⁵ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Abril. Agrícolas*.

²²³⁶ O orixinal di *En xaneiro o conexo busco no regeiro*.

²²³⁷ ms3: *de casa torre*.

²²³⁸ *O can pol-a casta yo novelo pol-o fio. / V. Ti saca o can pola casta y-o novelo polo fio, porque ós pais, ó fin y-ó cabo, hanse parece-los fillos en Familia. Parientes.*

²²³⁹ V. *Ó millor cazador váiselle unha lebre en Desacierto*. mc: *escàpaselle*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *escápalle*.

5749. **Pedras pra abaixo e lebres pra arriba, mulleres prá festa e prá romería, o demo as acarria.** (mc: Bucínos)
5750. **Quen en abril colle lebres, bos galgos ten.** (mc: J.P.)
5751. **Se cazas, non te alabes; si non cazas, non te enfades.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
5752. **Si Dios de ésta me escapa, nunca me cubrirá tal capa.** (mc)
(es) *Si Dios de ésta me escapa, nunca me cubrirá tal capa.* (Correas) / *Si Dios de ésta me escapa, nunca más arriesgaré la capa.* (R. Marín)
Es, según Bergua, equivalente a *Si de esta escapo y no muero, nunca más bodas al cielo*, que tiene su origen en la fábula que llevó a la zorra hacia el cielo, para asistir a unas bodas, y la dejó caer, cuando la tenía a gran altura.
5753. **U cazador da escopeta e o casado da cama come máis ca do que gana.** (ms: Santiago)
5754. **U cazador da escopeta e o cazado da cama come máis ca do que gana.** (ms-SA: Pascual Campos Arestio: Cando, Outes, C)
5755. **Un ergue a caza e outro a mata.** (ms18,66r)
5756. **Uns erguen a caza e outros a matan.** ²²⁴⁰ (mc: M.V. / mc: Santiago / ms21,23r: Bermés)
(pt) *Uns batem o mato, outros apanham as lebres.* (Chaves) (es) *Uno la liebre levanta, y otro la mata.* (R. Marín) (ct) *U mòu la caca y atre la mata.* (Alberola)
5757. **Van ás codornices cazadores novos e cas aprendices.** (mc: J.P.)
5758. **Xea, mal pola arcea.** ²²⁴¹ (mc e ms4: M.L. / ms / ms4: N.V. 2ª serie)

CEBO

5759. **Co engado cóllense os peixes e engáñanse os parvos.** (ms10,012r: D.E.)

CERDOS. V. tamén *Agrícolas (Animales)*.

5760. **Á porca parida non lle deas fariña.** ²²⁴² (ms10,094r: D.E.)

²²⁴⁰ ms21,23r: *Un'hos, outro-l'-a matan*; mc, Santiago: *outrol-a matan*.

²²⁴¹ ms: *pol'arcea* / O textorix tamén aparece en ms4.

²²⁴² En ms10 s.v. *Puercos* coa indicación *Cerdos*.

5761. **Por san Andrés mata se tes.** ²²⁴³ (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

CIEGOS

5762. **Algún cego quixérame ver, aunque non máis fora por vista ter.** ²²⁴⁴ (ms10,138r: D.E.)
5763. **Do que di que non ve pola criba, non sei qué che diga.** ²²⁴⁵ (ms10,138r: D.E.)
5764. **O que non ve non sabe o que é nin como é.** ²²⁴⁶ (ms10,138r: D.E.)
5765. **Tanto é o que non ve como o que non sabe.** ²²⁴⁷ (ms10,138r: D.E.)

CIMIENTOS

5766. **A pedra que moito roda, pra cimento non é boa.** ²²⁴⁸ (ms10,086r: D.E.)
5767. **Con pouco vento esborrallanse as torres sin cimento.** (ms10,013r: D.E.)

CLARIDAD. FRANQUEZA

5768. **Ao pan, pan, e ao viño, viño.** ²²⁴⁹ (ms e ms4: C.A. / ms10,079r: D.E.)
(es) *Al pan, pan y al vino, vino.* (R. Marín)
5769. **Claridá sin vanidá.** ²²⁵⁰ (ms: M.V.)
5770. **Non hai com'a claridá.** ²²⁵¹ (ms: Bucínos)
5771. **O que se ve, non se esconde.** ²²⁵² (ms: Sarria)

CLASES SOCIALES

5772. **Us nacen de pé e outros non saben pra qué.** ²²⁵³ (ms10,065r: D.E.)

COBARDÍA

5773. **Home cobarde nunca se farta de carne.** ²²⁵⁴ (ms15,43: Sober)
Lo aplican al trabajador que trabaja a *mantido*. Por cortedad se sirve poco y los

²²⁴³ Indica *Cerdos*.

²²⁴⁴ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

²²⁴⁵ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

²²⁴⁶ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

²²⁴⁷ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

²²⁴⁸ En ms10 s.v. *Piedra* con indicación *Cimiento*.

²²⁴⁹ ms10: *O pan, o viño.* / Dentro do sobre *Claridad*.

Franqueza.

²²⁵⁰ Dentro do sobre *Claridad*. *Franqueza* coa indicación

Franqueza.

²²⁵¹ *Non hay com'a claridá.* / Dentro do sobre *Claridad*.

Franqueza coa indicación *Claridad*.

²²⁵² Dentro do sobre *Claridad*. *Franqueza* coa indicación

Claridad.

²²⁵³ En ms10 s.v. *Nacer* e indicación *Clases sociales*.

²²⁵⁴ Indica *Cobardía*.

que lo cuidan lo animan a servirse más con el refrán.

COCINA. V. tamén *Comida, Pucheiro*.

5774. **A sardiña na chama e a muller na cama.**²²⁵⁵ (ms10,116r: D.E.)

5775. **Perdís moi azorada, está medio asada.**²²⁵⁶ (ms10,090r: D.E.)

5776. **Quen queira facer da vaca carneiro, que a poña a cocer en auga fervendo.**²²⁵⁷ (ms10,135r: D.E.)

5777. **Quen queira facer da vaca galiña, bótea a cocer en auga fría.**²²⁵⁸ (ms10,135r: D.E.)

CODICIA

5778. **A soberbia está nos probes, e nos ricos a cobiza.**²²⁵⁹ (ms10,100r: D.E.)

5779. **Anque sea de pallocoiro, procura encher o palleiro.**²²⁶⁰ (ms10,078r: D.E.)

5780. **Non é probe o que pouco tén, senón o que moito quer.**²²⁶¹ (ms10,100r: D.E.)

5781. **Non é probe o que tén pouco, senón o que cobiza moito.**²²⁶² (ms10,100r: D.E.)

5782. **O labrador cobizoso quer sementar en segando.**²²⁶³ (ms10,032r: D.E.)

5783. **Tanto como o que ten, cobiza ter o que non ten.**²²⁶⁴ (ms10,129r: D.E.)

COJOS. V. tamén *Pierna, Zambo*.

5784. **N'hai coxo que corra nin torto que sea bo.**²²⁶⁵ (ms5,135: Noya / ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)

COLABORACIÓN

5785. **O que non pode un, pódeno moitos.**²²⁶⁶ (ms10,093r: D.E.)

COLES. V. tamén *Huerta*.

5786. **Nabos e coles, comer de señores.**²²⁶⁷ (ms10,065r: D.E.)

COLORES

5787. **O branco revira o sol i-o mouro chámao.**²²⁶⁸ (ms5,041: Valle de Oro)

COMERCIO. V. tamén *Baratura, Deudas, Feria, Fiar, Gastar, Malgastar, Mercado, Negocios, Préstamos, Regateo, Tato, Tendero, Tendero, Vida comercial y contratos*.

5788. **Boa venda, valer catro e vender por corenta.**²²⁶⁹ (ms10,137r: D.E.)

5789. **En vender e mercar non hai amizade.**²²⁷⁰ (ms10,137r: D.E.)

5790. **O queixo hase mercar na queixeira, i-o trigo, na eira.**²²⁷¹ (ms10,103r: D.E.)

5791. **O queixo, na queixeira; e o trigo, na eira.**²²⁷² (ms10,103r: D.E.)

5792. **Vende barato e venderás por catro.**²²⁷³ (ms10,137r: D.E.)

5793. **Vende na casa e compra na feira, se queres saír da laceira.**²²⁷⁴ (ms10,137r: D.E.)

5794. **Vende sardiña e poderás comer galiña.**²²⁷⁵ (ms10,116r: D.E.)

5795. **Vendo barato: o que vale tres, douno por catro.**²²⁷⁶ (ms10,137r: D.E.)

COMIDA. V. tamén *Apetito, Caldo, Embutidos, Embutidos, Engordar, Entrecosto, Gordo, Hambre, Gastronomía, Harina, Higos, Manjar, Mesa, Morcilla, Obesidad, Papas, Sopa, Tajada, Tocino, Tomate, Tragón, Trigo, Unto*.

5796. **A sardiña i-a longaniza ponas ó calor da cinza.**²²⁷⁷ (ms10,116r: D.E.)

5797. **O ovo ben batido hincha como a muller co bo marido.**²²⁷⁸ (ms10,074r: D.E.)

²²⁵⁵ En ms10 s.v. *Sardinas* coa indicación *Cocina*.

²²⁵⁶ En ms10 s.v. *Perdiz* coa indicación *Cocina*.

²²⁵⁷ En ms10 s.v. *Vacas* coa indicación *Cocina*.

²²⁵⁸ En ms10 s.v. *Vacas* coa indicación *Cocina*.

²²⁵⁹ En ms10 s.v. *Pobreza* coa indicación *Codicia*.

²²⁶⁰ En ms10 s.v. *Pajar* coa indicación *Codicia*.

²²⁶¹ En ms10 s.v. *Pobreza* coa indicación *Codicia*.

²²⁶² En ms10 s.v. *Pobreza* coa indicación *Codicia*.

²²⁶³ En ms10 s.v. *Labrador* coa indicación *Codicia*.

²²⁶⁴ En ms10 s.v. *Tener* coa indicación *Codicia*.

²²⁶⁵ Indica *Cojos*.

²²⁶⁶ En ms10 s.v. *Poder* coa indicación *Colaboración*.

²²⁶⁷ En ms10 s.v. *Nabo* e indicación *Coles*.

²²⁶⁸ O orixinal di *O branco revira o sol i o mouro chámo*.

Indica *Colores*.

²²⁶⁹ En ms10 s.v. *Venta* coa indicación *Comercio*.

²²⁷⁰ En ms10 s.v. *Venta* coa indicación *Comercio*.

²²⁷¹ En ms10 s.v. *Queso* coa indicación *Comercio*.

²²⁷² En ms10 s.v. *Queso* coa indicación *Comercio*.

²²⁷³ En ms10 s.v. *Venta* coa indicación *Comercio*.

²²⁷⁴ En ms10 s.v. *Venta* coa indicación *Comercio*.

²²⁷⁵ En ms10 s.v. *Sardinas* coa indicación *Comercio*.

²²⁷⁶ En ms10 s.v. *Venta* coa indicación *Comercio*.

²²⁷⁷ En ms10 s.v. *Sardinas* coa indicación *Comida*.

²²⁷⁸ En ms10 s.v. *Huevos* coa indicación *Comida*.

5798. **O ovo quer sal e fogo.** ²²⁷⁹ (ms10,074r: D.E.)
 5799. **O touciño fai o caldo.** ²²⁸⁰ (ms10,131r: D.E.)
 5800. **Ovo sin sal non fai ben nin fai mal.** ²²⁸¹ (ms10,074r: D.E.)

COMIENZOS. V. tamén *Principio*.

5801. **A mal empezar, pior acabar.** (ms10,011r: D.E.)
 5802. **O que logo empeza, logo o deixa.** (ms10,011r: D.E.)
 5803. **O que logo se empeza, axiña se acaba.** (ms10,011r: D.E.)
 5804. **O que non se empeza, nunca se acaba.** (ms10,011r: D.E.)
 5805. **Quen mal empeza, mal acaba.** (ms10,011r: D.E.)
 5806. **Parir e non criar é como restrillar e dar a fiar.** ²²⁸² (ms10,082r: D.E.)

COMPAÑERISMO

5807. **Cada romeiro co seu compañeiro.** ²²⁸³ (ms10,110r: D.E.)
 5808. **Un bo romeiro quer un bo compañeiro.** ²²⁸⁴ (ms10,110r: D.E.)
 5809. **Un mal romeiro non quer outro por compañeiro.** ²²⁸⁵ (ms10,110r: D.E.)

COMPAÑÍAS

5810. **Achégate ós malos e serás un de tantos.** ²²⁸⁶ (ms10,036r: D.E.)
 5811. **Con quen paces e non con quen naces.** ²²⁸⁷ (ms10,075r: D.E.)
 5812. **O porco sarnento revolve o cortello.** ²²⁸⁸ (ms10,094r: D.E.)
 5813. **Onde paces e non onde naces.** ²²⁸⁹ (ms10,075r: D.E.)
 5814. **Perdido é quen con perdido anda.** ²²⁹⁰ (ms10,090r: D.E.)

²²⁷⁹ En ms10 s.v. *Huevos* coa indicación *Comida*.

²²⁸⁰ En ms10 s.v. *Tocino* coa indicación *Comida*.

²²⁸¹ En ms10 s.v. *Huevos* coa indicación *Cocina*.

²²⁸² En ms10 s.v. *Parto* coa indicación *Comodidad*.

²²⁸³ En ms10 s.v. *Romero* coa indicación *Compañerismo*.

²²⁸⁴ En ms10 s.v. *Romero* coa indicación *Compañerismo*.

²²⁸⁵ En ms10 s.v. *Romero* coa indicación *Compañerismo*.

²²⁸⁶ En ms10 s.v. *Malo* coa indicación *Compañías*.

²²⁸⁷ En ms10 s.v. *Pacer* coa indicación *Compañía*.

²²⁸⁸ En ms10 s.v. *Puercos* coa indicación *Compañías*.

²²⁸⁹ En ms10 s.v. *Pacer* coa indicación *Compañía*.

²²⁹⁰ En ms10 s.v. *Perder* coa indicación *Compañías*.

COMPARACIÓN

5815. **Detrás virá quen bo me fará.** ²²⁹¹ (ms10,143r: D.E.)
 5816. **Dime con quen tratas, e direiche quen es e qué costumes tes.** ²²⁹² (ms10,133r: D.E.)
 5817. **Outro virá que bo me fará.** ²²⁹³ (ms10,143r: D.E.)

COMÚN (COSAS DEL)

5818. **O que fai ben pró común, non fai pra nincún.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
 5819. **O que sirve ó común, non sirve a ningún.** (mc: Carballo / ms4: F.V.S. / ms21,28v: Bermés)
 (pt) *Quem serve a moço, a mulher e a comun, não serve a nenhum.* (Chaves) (es) *Quien sirve a común, sirve a ningún.* (R. Marín) / *Quien hace por común, hace por ningún.* (Id.)
Pravo domino servit qui vulgo servit.
 5820. **Obra común, obra de ningún.** (mc)
 (pt) *Obra de nenhum (ou do comun) obra de um.* (Chaves) (es) *Obra de común, obra de ningún.* (Sbarbi)
 Lo que está a cargo de muchos no se perfecciona, porque todos echan fuera de sí el trabajo.
 5821. **Quen fai ben ó común, non fai ben a ningún.** (mc: A.S.A.)
 (es) *Quien sirve al común, sirve al ningún,* (Sbarbi) (ct) *Qui fa bé al comù, no'l fa a ningún.* (Alberola)

CONDICIÓN

5822. **Pau torto nunca ben se endereita.** ²²⁹⁴ (ms10,084r: D.E.)

CONDUCTA

5823. **Cada fillo de veciño ten os seus feitos por padriño.** ²²⁹⁵ (ms10,137r: D.E.)
 5824. **Cal ti eres, así medres.** ²²⁹⁶ (ms10,119r: D.E.)
 5825. **Do que se sementa é do que se colleita.** ²²⁹⁷ (ms10,118r: D.E.)

²²⁹¹ En ms10 s.v. *Venir* coa indicación *Comparación*.

²²⁹² En ms10 s.v. *Trato* coa indicación *Comparación*.

²²⁹³ En ms10 s.v. *Venir* coa indicación *Comparación*.

²²⁹⁴ En ms10 s.v. *Palo* coa indicación *Condición*.

²²⁹⁵ En ms10 s.v. *Conducta* coa indicación *Vecino*.

²²⁹⁶ En ms10 s.v. *Ser* coa indicación *Conducta*.

²²⁹⁷ En ms10 s.v. *Sembrar* coa indicación *Conducta*.

5826. **No noso obrar está o ben e o mal.** ²²⁹⁸
(ms10,071r: D.E.)
5827. **Obra ben e espera.** ²²⁹⁹ (ms10,071r: D.E.)
5828. **Obra ben sempre que poidas.** ²³⁰⁰
(ms10,071r: D.E.)

CONFIANZA. V. tamén *Desconfianza*.

5829. **A boa fe todo medra.** ²³⁰¹ (ms: F.V.S. / ms8,25r: Silvarrey)
5830. **A moita manualidade é causa de menosprecio.** ²³⁰² (ms: M.V. / ms21,26r: Bermés / ms10,037r: D.E.)
(pt) *Muita confiança, pouco respeito.*
(Chaves) (es) *La mucha confianza -o conversación- es causa de menosprecio.* (R. Marín)
5831. **Aquel que boa espera, boa lle vén.** ²³⁰³ (ms)
5832. **De bo, boa prenda e de mao non fies nada.** ²³⁰⁴ (ms: A.S.A.)
(es) *Del bueno, buena prenda; y del malo, no fies nada.* (Sbarbi)
5833. **Debaixo do pau están as achas.** ²³⁰⁵
(ms: R. Caruncho, *Diario de Avisos* / ms4: F.V.S. / ms21,21r: Bermés)
5834. **Dille o que che pasa e dálle na mata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5835. **Onde hai confianza, dá noxo.** ²³⁰⁶ (ms: Buciños)
Var.: *Onde hai confianza, dá gusto.*
5836. **Quen secreto doutro sabe, xa lle quitou boa chave.** ²³⁰⁷ (ms: J.P.)
(es) *El que a otro su secreto descubre, le da su corazón.* (Sbarbi)

CONFIANZA Y DESCONFIANZA

5837. **Non dura máis o leial có que lle deixa o traidor.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *No vive más el leal que lo que quiere el traidor.* (Sbarbi)
Advierte el peligro a que se exponen los que se descubren a quienes non merecen confianza.

²²⁹⁸ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Conducta*.

²²⁹⁹ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Conducta*.

²³⁰⁰ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Conducta*.

²³⁰¹ Dentro do sobre *Confianza*.

²³⁰² ms e ms21,26r: *manualidad*. Dentro do sobre *Confianza*. En ms10 s.v. *Familiaridad*.

²³⁰³ Dentro do sobre *Confianza*.

²³⁰⁴ Dentro do sobre *Confianza*.

²³⁰⁵ Dentro do sobre *Confianza*.

²³⁰⁶ Dentro do sobre *Confianza*.

²³⁰⁷ Dentro do sobre *Confianza*.

DESCONFIANZA

5838. **A min ládreme o can e non me morda, que do dito ó feito hai gran treito.** ²³⁰⁸ (mc: J.P.)
(pt) *Ladre-me o cão, não me morda.*
(Chaves) (es) *Ladreme el perro y no me muerda.* (Sbarbi)
No hay que temer amenazas cuando se ve que non han de tener efecto.
5839. **Cando a limosna é moita, hastra o santo desconfía.** ²³⁰⁹ (ms: Carballino)
5840. **Cuidado coas bestas, que nin se confesan nin van a misa.** ²³¹⁰ (ms: Buciños)
5841. **Do dito ó feito hai un gran pleito.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
5842. **Do dito ó feito vai gran pleito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5843. **Do dito ó feito vai un gran preito.** (ms: A.N.)
(pt) *Do dito ao feito vai um grande eito.*
(Chaves) / *Do dizer ao fazer vai muito.* (Id.)
5844. **Do dito ó feito vai un gran treito.** ²³¹¹ (ms: A.N.)
(pt) *Do dito ao feito, vai um grande eito.*
(Chaves) / *Dizer e fazer, não comem à mesma mesa.* (Id.) / *Do dizer ao fazer vai muito.* (Id.) (es) *Del dicho al hecho, hay gran trecho.* (Sbarbi)
No se confie mucho en las promesas, pues es mucho menos lo que se cumple que lo que se ofrece.
5845. **¿Ganou o cego? Un qu'o diga basta. ¿Perdeu o cego? Mirar ben.** ²³¹² (ms: Buciños)
5846. **Man por man como o pailán.** ²³¹³ (ms: A.C. *A Nosa Terra* / ms18,32r)
Var.: *Man por man, com'o pardán.* (mc: A.I. / ms4)
5847. **O que moito desconfía, é ladrón.** ²³¹⁴ (ms: Santiago)

²³⁰⁸ *A min ladreme o can e non me morda, que d'o dito ó feito, hai gran treito.* / Dentro do *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

²³⁰⁹ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.

²³¹⁰ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.

²³¹¹ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.

²³¹² Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.

²³¹³ ms18,32r: *peilán*. / Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.

5848. **O que se queima, ten o rabo de palla.**²³¹⁵ (ms: F.V.S.)
 5849. **Os cobertores matan moitas conversaciós.**²³¹⁶ (ms: Lugo)
 5850. **Pensa mal de todos e sobre ti estarás.**²³¹⁷ (ms: Buciños)
 (es) *Pensa mal y acertarás.*
 5851. **Todos son bos e a miña capa n'aparece.**²³¹⁸ (ms: M.V.)
 (es) *Todos son honrrados, mas mi capa no parece.* (Correas)

CONFIAR. HILAR

5852. **A miña nora non colle a roca; a miña filla, esa si que fía.**²³¹⁹ (ms10,20r: D.E.)
 5853. **A que de alto fía, o fuso caille na pía.** (ms10,20r: D.E.)
 5854. **A que fía cada día un ovo de galiña, non pedirá camisa á veciña.** (ms10,20r: D.E.)
 5855. **A que ten o liño e dá de fiar é como a que pare e dá a criar.** (ms10,20r: D.E.)
 5856. **Antes fiarás do terrón que do señor.** (ms10,20r: D.E.)
 5857. **Cando non hai ganas de fiar, pode o fuso descansar.** (ms10,20r: D.E.)
 5858. **Cando non queiras fiar, deixa o fuso descansar.** (ms10,20r: D.E.)
 5859. **Dígolle a unha e dígolle a outra que a que non fía non precisa roca.** (ms10,20r: D.E.)
 5860. **Fía e vende ben que a paga por si ben.** (ms10,20r: D.E.)
 5861. **Fíate de Dios e non corras e xa verás se tropezas.** (ms10,20r: D.E.)
 5862. **Fíe quen fiou, que a Navidá xa pasou.** (ms10,20r: D.E.)
 5863. **O que fía e non paga, non fai fianza.** (ms10,20r: D.E.)
 5864. **Pois que pra ti fías, fía ben e fía tódolos días.** (ms10,20r: D.E.)

²³¹⁴ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.
²³¹⁵ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.
²³¹⁶ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.
²³¹⁷ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.
²³¹⁸ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza*.
²³¹⁹ *A milla nora non colle a roca; a miña filla, esa si que fía.*

5865. **Tanto quixo a vella fiar, que non se puido levantar.** (ms10,20r: D.E.)

CONFUSIÓN

5866. **Os peixes da rede, us queren saírse e outros queren meterse.**²³²⁰ (ms10,087r: D.E.)
 5867. **Os peixes do mar, us por saír e outros por entrar.**²³²¹ (ms10,087r: D.E.)

CONOCIMIENTO

5868. **Vémolas faltas alleas na alforxa dianteira e non vémolas nosas na traseira.**²³²² (ms10,139r: D.E.)

DESCONOCIMIENTO PROPIO

5869. **Vémo-la palla no ollo do outro e non vémo-la viga no noso.**²³²³ (ms10,077r: D.E.)
 5870. **Ver a palla no ollo alleo e non ver a viga no propio.**²³²⁴ (ms10,072r: D.E.)
 5871. **Ves no ollo do veciño a palla e non ves no teu a tranca.**²³²⁵ (ms10,072r: D.E.)

CONSECUTENTES

5872. **Non pidas o que negaches nin negues o que pediches.**²³²⁶ (ms10,086r: D.E.)

CONSEJO

5873. **Do vello, o consello; e do rico, o diñeiro pra un remedio.**²³²⁷ (ms10,137r: D.E.)
 5874. **No máis vello está o bo consello.**²³²⁸ (ms10,137r: D.E.)
 5875. **Non hai vello que non poida dar un consello.**²³²⁹ (ms10,137r: D.E.)
 5876. **Nos máis vellos están sempre os bos consellos.**²³³⁰ (ms10,137r: D.E.)
 5877. **O vello é pró bo consello.**²³³¹ (ms10,137r: D.E.)

²³²⁰ En ms10 s.v. *Peces* coa indicación *Confusión*.
²³²¹ En ms10 s.v. *Peces* coa indicación *Confusión*.
²³²² En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Conocimiento*.
²³²³ *Vémola palla no ollo do outro e non vémola viga no noso.* / En ms10 s.v. *Pajas* coa indicación *Conocimiento*.
²³²⁴ En ms10 s.v. *Ojos* coa indicación *Conocimiento*.
²³²⁵ En ms10 s.v. *Ojos* coa indicación *Conocimiento*.
²³²⁶ En ms10 s.v. *Pedir* coa indicación *Consecutentes*.
²³²⁷ En ms10 s.v. *Vejez* coa indicación *Consejo*.
²³²⁸ En ms10 s.v. *Vejez* coa indicación *Consejo*.
²³²⁹ En ms10 s.v. *Vejez* coa indicación *Consejo*.
²³³⁰ En ms10 s.v. *Vejez* coa indicación *Consejo*.
²³³¹ En ms10 s.v. *Vejez* coa indicación *Consejo*.

5878. **Onde non hai un vello non hai consello.** ²³³² (ms10,137r: D.E.)

CONSEJO OPORTUNO Y CONSEJO TARDÍO

5879. **A novos feitos, novos consellos.** ²³³³ (mc: / ms10,019r: D.E.)
(pt) *A novo feito novo conselho.* (Chaves) / *A novo negócio novo conselho.* (Id.) (es) *A nuevos hechos, nuevos consejos.* (Correas)
5880. **Aconselleime coa cabeceira e no consello non foi mentireira.** ²³³⁴ (mc: C.A.)
(pt) *O conselho na almofada e a execução na estrada.* (Chaves) (es) *Antes que resuelvas nada, consulta con la almohada.* (R. Marín) / *Aconsejarse con el almohada.* (Correas) / *Consulta con la almohada.* (Sbarbi)
5881. **Acórdaste de santa Bárbara cando trona.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
5882. **Acórdate de santa Bárbara cando trona.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
5883. **Bebe do río por revolto que vaia, come carneiro por caro que saia e cástate con dona que por auga vaia.** ²³³⁵ (ms15,14)
5884. **Camiño qu'esté ó teu lado, teno sempre en bon estado.** (ms4: J.P.)
5885. **Co que fas, se che vai mal, pleito non teñas que hai que toma-las cousas según veñan.** ²³³⁶ (ms15,12)
5886. **Co que queiras andar a tortazos, tes que darlle antes algunhos lombeirazos.** ²³³⁷ (ms: Santiago)
5887. **Coas zocas duran máis os pés.** (ms15,13)
5888. **Conséllate con quen sepa e, se ques acertar, acertas.** ²³³⁸ (mc: M.V. R. Marín / ms21,22r: Bermés)
(es) *Quien quiera acertar, con el prudente se ha de aconsejar.* (R. Marín)
5889. **Consulta de camiño, resposta de espola.** ²³³⁹ (mc: J.T.)

²³³² En ms10 s.v. *Vejez* coa indicación *Consejo*.

²³³³ Indica *Consejo tardío* no ms. En ms10 s.v. *Hecho*.

²³³⁴ mc: *mintireira*.

²³³⁵ ms: *vaya, sala*.

²³³⁶ *Co que fas se che vai mal, pleito non teñas que hay que tomal'as cousas segun veñan.*

²³³⁷ O orixinal di *Co que queiras andar a tortazos tes que darlle antes algunos lombeirazos*.

²³³⁸ ms21,22r: *se queres*. / V. *Conséllate con quen sepa e acertarás en Jurídicos y similares*.

²³³⁹ V. tamén *Medicina. Higiene*.

5890. **De fuxir, quen puidera, fuxa.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

5891. **Debes ter pacencia, que en todo pinar nace un pino torto.** (ms15,13)

5892. **Deixa o mundo pra quen o fixo.** (ms: Incio)

5893. **Des que un morre, non lle fan falta sacramentos.** (mc)

5894. **Donde vexas fumar, non te vaias quentar, que ou queiman leña verde ou musgo do allar.** ²³⁴⁰ (ms4: Paradela-F.V.S.)
Allar = *llar*.

5895. **En consellos e diñeiro nunca seas o primeiro.** (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

5896. **Niste mundo redondo aquel que non nada, vaise ó fondo.** (ms4: F.V.S.)

5897. **Non bebas na lagoa nin cuspas na aceitona.** (ms15,15)

5898. **Non collas bota pró camiño, e cando a collas, lévaa con viño.** (ms15,17)

5899. **Non t'arrimes a arbres troando porque á morte vas marchando.** ²³⁴¹ (ms: J.P.)

5900. **Non teñas inconveniente en regalar a túa xente.** ²³⁴² (ms4: J.P.)

5901. **Non vaias ó monte solo, porque podes non volver solo.** ²³⁴³ (ms15,17)

5902. **Non vexas no chau follas que afanoso non recollas.** ²³⁴⁴ (ms4: J.P.)

5903. **Non des consello a quen non cho pida.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)

5904. **O que consigo se consella, consigo se depena.** ²³⁴⁵ (mc: M.V.)
(es) *Quien a solas se aconseja, a solas se remesa o se desaconseja.* (Sbarbi)

5905. **O que dá consellos, non dá diñeiro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

5906. **O que non as fai, non as atopa.** (ms15,01: Mato)

²³⁴⁰ *Donde vexas fumar, non te vayas quentar, que ou queiman leña verde, ou musgo do allar*.

²³⁴¹ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

²³⁴² Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

²³⁴³ *Non vayas o monte solo porque podes non volver solo*.

²³⁴⁴ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

²³⁴⁵ ms3: *se depena*.

5907. **O que queira menos, que vaia a cas Xenos.** ²³⁴⁶ (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)
5908. **O que queira subir a costa como mozo, empece como vello e acabará como mozo.** ²³⁴⁷ (ms: Vendillós, Quiroga-F.V.S.)
(pt) *Quem quiser ser muito tempo velho, comece cedo a sê-lo.* (Chaves)
5909. **O que sólo se aconsella, sólo se despeña.** ²³⁴⁸ (mc: Pidre-F.V.S.)
(pt) *Quem só se aconsella, só se depena.* (Chaves) (es) *Quien solo se aconseja, solo se mesa.* (R. Marín)
5910. **Os consellos dos demais oirás i-os teus non despreciarás.** (mc: Buciños)
5911. **Quen a solas se aconsella, a solas se remexa.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
5912. **Quen a solas se aconsella, que a solas se remexa.** (mc: Santiago)
5913. **Quen con moitos se aconsella, fai o que non debe, ou cerdea.** ²³⁴⁹ (mc e ms: Carballo / ms4: M.V.)
5914. **Quen dá consellos, non dá cartos.** (mc: M.L.)
(pt) *Quem dá o conselho, não dá o remédio.* (Chaves) (es) *Quien da el consejo, dé el tostón.* (R. Marín)
5915. **Quen dá consellos, non dá diñeiro.** (mc: Corme)
5916. **Quen dá consellos, non dá pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5917. **Si queres pan, pídello ó cura que o ten na man.** (ms: Santiago)
5918. **Tales conselleiros, tales feitos.** (ms6,05v: La Coruña)
5919. **Un consello pode dalo calquera, o malo é seguilo.** (ms15,12)
5920. **Vístete do teu e chámate meu.** ²³⁵⁰ (ms: Chaves / ms10,140r: D.E.)
- CONSTANCIA**
5921. **A pedra é dura e a pingueira miúda, mais caíndo a cotío fai cavadura.** ²³⁵¹ (ms10,086r: D.E.)
5922. **Baguiño a baguiño fixo unha vella unha pipa de viño.** ²³⁵² (mc: V. Gallega)
(pt) *De bago em bago enche a velha o saco.* (Chaves)
5923. **Baguiño a baguiño vai a vella comendo o racimo.** ²³⁵³ (mc / ms4: F.V.S.)
5924. **Con pacencia e con saliva non hai cousa que non se consiga.** (mc: C.A.-A Nosa Terra / ms10,075r: D.E.)
(pt) *A paciência é amarga mas o seu fruto é doce.* (Chaves) (es) *Con paciencia, fe y esperanza, todo se alcanza.* (R. Marín)
5925. **Con tempo i-esperanza todo se alcanza.** ²³⁵⁴ (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Com tempo e perseverança, tudo se alcança.* (Chaves) (es) *Con el tiempo y la esperanza, todo se alcanza.* (Sbarbi) (R. Marín)
5926. **De vagar chégase a lonxe.** ²³⁵⁵ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Pouco a pouco vaise lonxe.* (Sarria)
(pt) *De vagar se vai ao longe.* (Chaves) (es) *Poco a poco se va lejos, y corriendo a mal lugar.* (Correas) (ct) *Pòc a pòc, se vá llunt.* (Alberola)
5927. **Entre conto e conto, a despaciño, ándase ben o camiño.** ²³⁵⁶ (mc: Tuiriz, Monforte)
5928. **Grao a grao enche a galiña o papo.** ²³⁵⁷ (mc: Tuiriz)
(pt) *Grão a grão enche a galinha o papo.* (Chaves) (es) *Grano a grano, hincha la gallina el papo.* (Correas)
5929. **Grau a grau incha a galiña o papo.** ²³⁵⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
5930. **Pedra a pedra a casa medra.** (ms15,03)
5931. **Pouco a pouco fai o paxaro o niño.** (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,16)
(pt) *Pouco e pouco fia a velha o copo.* (Chaves) (es) *Poco a poquillo hace el pájaro su nidillo.* (R. Marín)
5932. **Pouco e pouco chégase a lonxe.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

²³⁴⁶ *O que queira menos que vaya a cas Xenos.*

²³⁴⁷ ms4: *qu'empece.*

²³⁴⁸ Indica *Consejo tardío* no ms.

²³⁴⁹ ms e ms4: *consella.*

²³⁵⁰ ms10: *de meu.* / En ms10 s.v. *Vestido.*

²³⁵¹ En ms10 s.v. *Piedra* con indicación *Constancia.*

²³⁵² ms: *a vella.* / V. *Unha vella, de bagos, fixo cen canados* e variantes en *Ahorro y tacañería.*

²³⁵³ mc: *raciño*; ms4: *Vaguiño a vaguiño.*

²³⁵⁴ ms: *e a esperanza.*

²³⁵⁵ ms-LU: *lexos.*

²³⁵⁶ mc: *ándase o camiño.*

²³⁵⁷ mc: *heche.*

²³⁵⁸ *Grau e grau incha a galiña o papo.*

5933. **Rachas e mais rachas fan un cesto.** (mc: *Nós*)
 5934. **Unha gota i-outra apagan a sede.** ²³⁵⁹
 (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo:
 algún lugar de Galicia)
 (es) *Una gota y otra y otra apagan la sed.*
 (R. Marín)

CONSTANCIA E INCONSTANCIA

5935. **A tanto porfiar ¿quen se resiste?** (mc: Sarria)
 Var.: *A tanto porfiar non hay quen resista.*
 (ms4: F.V.S.)
 (es) *A tanto porfiar ¿quién se resiste?*
 (Sbarbi)
5936. **Ás tres cai a vez.** (mc: C.A. / ms18,70r: A.S.A.)
 (pt) *As três vai de vez.* (Chaves)
5937. **Ás tres vai a vencida.** (mc: C.A.)
 Var.: *A primeira vai a vencida.* (C.A. *A Nosa Terra*)
 (es) *A las tres va la vencida.* (Sbarbi)
5938. **Gota a gota hénchese a bota.** ²³⁶⁰ (mc e ms: G.P.)
5939. **Hasta as tres vai a loita.** (mc: Santiago / ms21,25r: Bermés)
5940. **Hasta o fin nadie cante victoria.** (mc)
 Var.: *Hasta o fin ninguén cante victoria.* (C.A. A.N.T.) / *Hasta o fin ninguén conte victoria.* (C.A. A.N.T.)
 (es) *Hasta el fin de la historia, nadie cante victoria.* (R. Marín) / *Al fin se canta la gloria.* (Id.)
5941. **Hastr'as tres non vai a loita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5942. **Máis vale andar sempre e non parar que botar unha carreira e descansar.** (mc: G.P.)
5943. **Moitas paradas fan os días pequenos.** (mc: C.A. / ms21,26v: Bermés)
5944. **Non cantes victoria en canto non teñas na man a gloria.** (mc: Carballino)
5945. **O diario é o que rende.** (mc: Bucíños)
5946. **O que de veras queremos, tarde ou cedo alcontraremos.** (mc e ms4: Velle)
 Var.: *O que de veras queremos, tarde ou nunca o alcontraremos.* (ms4: Velle)
5947. **O que n'a sigue, n'a consigue.** (mc: Santiago)
5948. **O que non-o fai ben a primeira vez, ten que facelo dúas ou tres.** (mc: Paradela)
5949. **Pasiño a pasiño vaise andando camiño.** (mc: Bucíños)
 (pt) *Passinho a passinho se faz muito caminho.* (Chaves) (es) *Paso a paso van a lejos.* (Correas) / *Pian, pian, las hormigas a Roma van.* (R. Marín)
5950. **Pelo a pelo vaise un quedando calvo.** (mc: Bucíños)
5951. **Pouco a pouco fía a vella no coupo.** (ms-SA: Laureano Moscoso Sabel: Berreo, Trazo, C.)
5952. **Pouco a pouco fía a vella o coupo.** ²³⁶¹ (mc: Santiago)
5953. **Roma e Pavia non se fixeron nun día.** (mc: A.N.)
 (pt) *Roma e Pavia não se fizeram num dia.* (Chaves)
5954. **Son as pedras duras i-ablandan.** (mc: Bucíños / ms4: F.V.S.)
 (es) *Hasta las piedras se quebrantan a fuerza de muchos golpes.* (Sbarbi)
 Equivale al latino: *Gutta cavat lapidem...*
5955. **Tirando pola corda vén o burro.** (mc: Santiago)
5956. **Turrou e ganou.** (mc: M.L.)
5957. **Xenio e figura hastra a sepultura.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 (pt) *Génio e figura, até à sepultura.* (Chaves) (es) *Genio y figura hasta la sepultura.* (R. Marín) / *Genio y figura, siempre dura.* (Id.) (ct) *Gèni y figura, hasta la sepultura.* (Alberola)

CONSTRUCCIONES

5958. **As obras, das sobras.** ²³⁶² (ms10,070r: D.E.)
5959. **Obra feita non espera.** ²³⁶³ (ms10,070r: D.E.)
5960. **Obra feita, venda agarda.** ²³⁶⁴ (ms10,070r: D.E.)
5961. **Obra saca obra.** ²³⁶⁵ (ms10,070r: D.E.)
5962. **Onde hai obras hai sobras.** ²³⁶⁶ (ms10,070r: D.E.)
5963. **Sin tempo non hai home e sin pedra non hai casa.** ²³⁶⁷ (ms5,133)

²³⁵⁹ ms: *y outra*; ms-LU: *e otra gota*.
²³⁶⁰ mc: *enchés*.

²³⁶¹ mc: *poco*.
²³⁶² En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Construcciones*.
²³⁶³ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Construcciones*.
²³⁶⁴ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Construcciones*.
²³⁶⁵ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Construcciones*.
²³⁶⁶ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Construcciones*.
²³⁶⁷ Indica *Construcciones*. V. *Trabajo*.

CONSUELO

5964. **Amaina a pena chorar a causa dela.**²³⁶⁸ (ms10,088r: *D.E.*)

CONTAGIOS

5965. **Todo se pega menos a saúde.**²³⁶⁹ (ms10,087r: *D.E.*)

CONTIENDAS

5966. **A dúas palabras catro porradas.**²³⁷⁰ (ms10,076r: *D.E.*)
5967. **A palabras tolas orellas xordas.**²³⁷¹ (ms10,076r: *D.E.*)
5968. **As palabras, como as cereixas, unhas noutras se enguedellan.**²³⁷² (ms10,076r: *D.E.*)
5969. **Cando trona, ou chove ou quer chover.**²³⁷³ (ms10,133r: *D.E.*)
5970. **Cando un non quer, dous non rifan.**²³⁷⁴ (ms10,103r: *D.E.*)
5971. **Déanme vinte voces e non me dean dous couces.**²³⁷⁵ (ms10,143v: *D.E.*)
5972. **O prudente todo o ten que mirar antes de armas tomar.**²³⁷⁶ (ms10,102r: *D.E.*)
5973. **Os pratos no alzadeiro andan us cos outros ó retorteiro.**²³⁷⁷ (ms10,098r: *D.E.*)
5974. **Rifan as comadres e dinse as verdades.**²³⁷⁸ (ms10,109r: *D.E.*)
5975. **Rifar con quen dá ocasión e xogar con quen ten diñeiro no bulsón.**²³⁷⁹ (ms10,109r: *D.E.*)
5976. **Tras dunha palabra, outra vén.**²³⁸⁰ (ms10,077r: *D.E.*)
5977. **Unha palabra tira por outra.**²³⁸¹ (ms10,077r: *D.E.*)
5978. **Unha palabra trai outra, e si se entrozepzan, arman liorta.**²³⁸² (ms10,077r: *D.E.*)

²³⁶⁸ En ms10 s.v. *Penas* coa indicación *Consuelo*.

²³⁶⁹ En ms10 s.v. *Pegar* coa indicación *Contagios*.

²³⁷⁰ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷¹ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷² En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷³ En ms10 s.v. *Tronar* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷⁴ En ms10 s.v. *Querer* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷⁵ En ms10 s.v. *Voz* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷⁶ En ms10 s.v. *Prudencia* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷⁷ En ms10 s.v. *Plato* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷⁸ En ms10 s.v. *Reñir* coa indicación *Contiendas*.

²³⁷⁹ En ms10 s.v. *Reñir* coa indicación *Contiendas*.

²³⁸⁰ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Contiendas*.

²³⁸¹ En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Contiendas*.

²³⁸² En ms10 s.v. *Palabra* coa indicación *Contiendas*.

CONTRAPOSICIÓN

5979. **Mentras a viuda chora, outros cantan na boda.**²³⁸³ (ms10,143r: *D.E.*)
5980. **Dun mal querer faise un bon bocaio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5981. **O que non sabe de ben non sabe de mal; e o que non sabe de mal, non sabe de ben.**²³⁸⁴ (ms10,113r: *D.E.*)

CONTRATOS.

V. tamén *Juridicos y similares, Préstamos, Vida comercial y contratos*.

5982. **Alábate, mantelo, que á feira te levo.** (ms8,80r: Meda)
5983. **Besta na cuadra, se non come, paga.** (mc: Buciños)
5984. **Comprando e vendendo reméxense os cartos.**²³⁸⁵ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) Algo queda. (ms-LU)
5985. **Fai trampas, trampón, que pra ti che son.** (mc: Buciños, Carballedo-F.V.S.)
5986. **Fun ás cobras e salíronme lagartos.** (mc: Sirgueiros, Incio / ms4: F.V.S.)
Juega con la palabra *cobras*. Fuí a cobrar mis cuentas y no logré mi propósito.
5987. **Máis vale corda vacía ca mala compraduría.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5988. **Máis vale corda vacía que ruín compraduría.** (ms21,16r: Bermés)
5989. **Non hai ganancia sin trampa.** (mc: Santiago)
Aunque la ganancia sea ilícita.
5990. **Non me preguntes do unto nin da untada, pregúntame do que na feira andaba.** (mc: Carballedo)
Var.: *Non me preguntes nin polo unto nin pola untada, pregúntame polo que na feira se quedaba.* (ms4: F.V.S.)
5991. **O barato saca o carto do farrapo.** (mc: M.V.)
5992. **O fiado leva a mitá do clavo.** (ms: M.V. / ms21,23v: Bermés)
(es) *Lo fiado, rara vez pagado.* (R. Marín)
5993. **O perder e o ganar, todo é comerciar.** (mc: Santiago)

²³⁸³ En ms10 s.v. *Viuda* coa indicación *Contraposición*.

²³⁸⁴ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Contraposición*.

²³⁸⁵ ms-LU: *reméxense cartos*.

5994. **O períodeco ten conta do que lle poñen.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
5995. **O que as compra o domingo e vende o lunes, perde.** (ms: Tuiriz)
5996. **O que contas non mata, contas non saca.** (mc: Pastoriza)
5997. **O que no trato non fai trampa, pouco adianta.** (ms10,049v: Carballino)
5998. **O que te mandou andar, meu frade, o que te mandou andar, que che pague.**²³⁸⁶ (ms: Paradela)
5999. **O que ten e busca, fai conta xusta.** (mc: Santiago)
6000. **O que zarra, compra.** (mc: Buciños)
6001. **Os negocios, ou á beira do monte ou á beira da fonte.** (mc: F.B.B.)
6002. **Os tratos feitos e pagados son os mellor acabados.**²³⁸⁷ (ms e ms1: Lugo)
6003. **Pra cambiar de obreiro, pagar ó primeiro.** (mc: Buciños)
6004. **Pra cambiar de obreiro, pagar primeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6005. **Pra ruín compraduría, val máis corda vacía.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
6006. **Queira, non queira, a vaca ha de ir á feira.** (mc / ms4: F.V.S.)
6007. **Quen contas non bota, mercader non sale.** (ms: Tuiriz)
Var.: *O que contas non bota, mercadeiro non é.* (ms4: F.V.S.)
6008. **Quen che mandou cantar, compadre, quen che mandou cantar, que che pague.** (ms8,44r: Monforte)
6009. **¿Quen che mandou cantar, meu frade? Quen che mandou cantar, que che pague.**²³⁸⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
6010. **Quen gasta o que non debe, quédase sin o que ten.**²³⁸⁹ (mc: Buciños)
(es) *Quien gasta más de lo que puede, o roba o debe.* (R. Marín) / *Quien gasta más de la renta que tiene, a ser pobre viene.* (Id.)

²³⁸⁶ Contén a indicación *Contratos*.

²³⁸⁷ ms1: *mellor*.

²³⁸⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Música. Danza*.

²³⁸⁹ V. *Quen gasta o que ten, a pedir vén* en *Pobreza* (*Caminos de la pobreza*).

6011. **Quen non hereda, non medra.**²³⁹⁰ (ms / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(pt) *Quem não herda não medra.* (Chaves).
6012. **Quen te mandou cantar, meu frade, quen te mandou cantar, que che pague.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6013. **Sin trampas non se vive no mundo.** (mc: Santiago)
No fué inventado por persona honesta.
6014. **Trato e contrato enchen o prato.**²³⁹¹ (ms10,133r: D.E.)
6015. **U papel ten conta du que lle poñen.** (ms)
6016. **Vale máis corda vacía que ruín compraduría.**²³⁹² (ms: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballo, LU)
(pt) *Mais vale sogá vazia que má compradoria* (Chaves).

CONVENIENCIA

6017. **Todo o que vén, convén.**²³⁹³ (ms10,143r: D.E.)

CONVENIOS. V. tamén *Contratos, Jurídicos y similares, Vida comercial y contratos*.

6018. **Máis vale onza de trato que ferrado de mal trato.**²³⁹⁴ (ms10,073r: D.E.)

CORDURA

6019. **Dar tempo ó tempo é de bo senso.**²³⁹⁵ (ms10,126r: D.E.)
6020. **O que ha facer o tempo, fágao o bo tento.**²³⁹⁶ (ms10,127r: D.E.)
6021. **Os poldros caíndo i-os mozos brincando, van asisando.**²³⁹⁷ (ms10,093r: D.E.)

CORRESPONDENCIA. V. tamén *Reciprocidad*.

6022. **Ningunha cousa paga a outra como o tempo.**²³⁹⁸ (ms: Santiago)
6023. **Quen come a sardiña, que lle chupe a arguiña.**²³⁹⁹ (ms: Buciños)

²³⁹⁰ ms-LU: *herda*.

²³⁹¹ En ms10 s.v. *Trato* coa indicación *Contratos*.

²³⁹² V. tamén *Agrícolas (Generales)*. / Dentro de *Contratos* no ms.

²³⁹³ En ms10 s.v. *Vénir* coa indicación *Conveniencia*.

²³⁹⁴ En ms10 s.v. *Onza* coa indicación *Convenios*.

²³⁹⁵ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Cordura*.

²³⁹⁶ En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Cordura*.

²³⁹⁷ En ms10 s.v. *Potro* coa indicación *Cordura*.

²³⁹⁸ Dentro do sobre *Correspondencia*.

²³⁹⁹ Dentro do sobre *Correspondencia*.

6024. **Unha por outra n'é pecado.** ²⁴⁰⁰ (ms: M.V. / ms4: Palas de Rey-F.V.S.)
 6025. **Xan, fai como che fan.** ²⁴⁰¹ (ms: F.V.S.)

CORTESÍA

6026. **Á persoa maior non lle respondas "si" senón "si, señor".** ²⁴⁰² (ms10,091r: D.E.)
 6027. **A valentía non saca a cortesía.** (mc: Taboada)
 (es) *Lo cortés no quita lo valiente.*
 6028. **A valentía non saca cortesía.** (ms15,11)
 6029. **Carta con borrón non merece contestación.** (mc: Tuiriz, Monforte)
 6030. **Carta con borrón ten contestación.** (mc: M.L.)
 6031. **Cortesía Dios a manda; desde eu bebo ¿quen quer auga?** (mc: M.L.)
 Var.: *Cortesía, Dio-la mande; despois que eu bebo ¿quen quer auga?* (mc)
 6032. **En casa cuberta hai que destaparse.** ²⁴⁰³ (ms21,07r: Bermés)
 6033. **Entre compañeiros, nin bos días nin quitasombreiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 6034. **Hai que levar a comida á boca e non a boca á comida.** (ms9,06v: O. de Rey)
 6035. **O falar ben custa pouco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballo, LU)
 6036. **Ó lado da roca parte che toca.** (mc e ms11,03: Corne)
 Es el lado izquierdo.
 6037. **Ó lado do fuso ben te excuso.** (mc e ms11,03: Corne)
 6038. **Ó lado do fuso é ben escuso, i-ó lado da roca algo che toca.** (mc: Bucínos / ms4: F.V.S. / ms11,03: M.V.2ªserie)
 Var.: *O que se pon ó lado do fuso, ou é burro ou non ten uso.* (ms11,03: A.N.)
 El huso se maneja con la derecha. Reprende el refrán como mala crianza (uso) el ponerse a la derecha, lugar de las personas a quienes se debe respeto. (ms11,03)
 6039. **Ó lao da roca non che toca, i-ó do fuso ben te excuso.** (ms9,08r: Narcea, Orense)
 6040. **O que se pon do lado do fuso, ou é burro non ten uso.** (ms4 e mc: A.N. / ms4: S.P.P. *Ultreya*)

²⁴⁰⁰ ms4: *non é.*

²⁴⁰¹ Dentro do sobre *Correspondencia*.

²⁴⁰² En ms10 s.v. *Persona* coa indicación *Cortesía*.

²⁴⁰³ *En casa cuberta hay que destaparse.*

El que se coloca en el lugar de preferencia, o sea a la derecha. (mc) / El huso se maneja con la derecha. Quiere decir el refrán que es falta de buena crianza (uso), ponerse a la derecha de personas a quienes se debe respeto. (ms17)

6041. **Pa saltar escairos e beber auga fría, non fai falta cortesía.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 6042. **Para pasar pasadoiros e beber auga fría non fai falla cortesía.** (mc: Altamira)
 Var.: *Ó pasar o saltadoiro y ó beber auga fría non se usa cortesía.* (ms4: Calde-F.V.S.)
 6043. **Perdonar, que se houbo descortesía, culpa foi do bico de abaixo e d'arriba.** ²⁴⁰⁴ (mc e ms11,03: M.V.)
 6044. **Pola porta onde entrases deixa como a encontrases.** ²⁴⁰⁵ (mc: A.S.A.)
 6045. **Pra pasar boqueiros e beber auga fría non se garda cortesía.** (ms8,75r: Silvarrey)
Boqueiro: hueco en una pared, por caída de alguna piedra.
 6046. **Pra pasar portelos e beber auga fría non fai falta porfia.** (mc / ms4: F.V.S.)
 La porfia con que suelen insistir para pasar o beber primero.
 6047. **Si u rancho nun che gusta, nunca intentes protestar porque despois de servido hai que comer e calar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))

CORUXA. V. tamén *Aves, Pájaros*.

6048. **Se a coruxa canta ó solío, non teñas medo ó frío.** ²⁴⁰⁶ (ms15,42: Valle del Mao)
 6049. **Se a coruxa canta ó xabreiro, colle a capa i-o sombreiro.** ²⁴⁰⁷ (ms15,42: Valle del Mao)

COSECHAS. V. tamén *Agrícolas*.

6050. **Dios nos dea moito pan na mala anada.** ²⁴⁰⁸ (ms10,078r: D.E.)
 6051. **Pan e viño, un ano teu e outro do teu veciño.** ²⁴⁰⁹ (ms10,080r: D.E.)

²⁴⁰⁴ ms e ms11,03: *s'houbou, d'abaixo, d'arriba.*

²⁴⁰⁵ ms: *com'a encontrases.*

²⁴⁰⁶ Indica *Coruxa*.

²⁴⁰⁷ Indica *Coruxa*.

²⁴⁰⁸ En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Cosechas*.

²⁴⁰⁹ En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Cosecha*. V. *Pan e viño, un ano teu i-outro do veciño* en *Agrícolas (Generales)*.

COSTUMBRES

6052. **O vezo malo chama necesidade ó que é regalo.** ²⁴¹⁰ (ms10,140r: D.E.)
6053. **Vezo collerás que dispois non quitarás.** ²⁴¹¹ (ms10,140r: D.E.)
6054. **Vezo malo, tarde ou nunca é deixado.** ²⁴¹² (ms10,140r: D.E.)
6055. **Vezo poñas que vezo quites.** ²⁴¹³ (ms10,140r: D.E.)
6056. **Vezo porás que non quitarás, porque anque queiras non poderás.** ²⁴¹⁴ (ms10,140r: D.E.)

CREPÚSCULO (SERÁN)

6057. **No serán de agosto non vaias ó monte por toxo, que non terás día abondo.** (ms10,120r: D.E.)

CRIADOS

6058. **A máis servir menos valer.** ²⁴¹⁵ (ms10,120r: D.E.)
6059. **Do mal pagado sai moitas veces o ben servido.** ²⁴¹⁶ (ms10,075r: D.E.)
6060. **Mal pagado e ben servido.** ²⁴¹⁷ (ms10,075r: D.E.)
6061. **Non sabe ben a cea que se come na casa allea.** ²⁴¹⁸ (ms10,112r: D.E.)
6062. **Non sabe ben o xantar que se come en alleo lar.** ²⁴¹⁹ (ms10,112r: D.E.)
6063. **Non sirvas a quen sirviu nin mandes a quen mandou.** ²⁴²⁰ (ms10,120r: D.E.)
6064. **Non te gabes de servir a ruín señor.** ²⁴²¹ (ms10,120r: D.E.)
6065. **Ó bo servente untarlle o dente.** ²⁴²² (ms10,120r: D.E.)
6066. **O pan alleo sempre é malo.** ²⁴²³ (ms10,079r: D.E.)

²⁴¹⁰ En ms10 s.v. *Vezo* coa indicación *Costumbres*.

²⁴¹¹ En ms10 s.v. *Vezo* coa indicación *Costumbres*.

²⁴¹² En ms10 s.v. *Vezo* coa indicación *Costumbres*.

²⁴¹³ En ms10 s.v. *Vezo* coa indicación *Costumbres*.

²⁴¹⁴ En ms10 s.v. *Vezo* coa indicación *Costumbres*.

²⁴¹⁵ En ms10 s.v. *Servir* coa indicación *Criados*.

²⁴¹⁶ En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Criados*.

²⁴¹⁷ En ms10 s.v. *Pago* coa indicación *Criados*.

²⁴¹⁸ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Criados*.

²⁴¹⁹ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Criados*.

²⁴²⁰ En ms10 s.v. *Servir* coa indicación *Criados*.

²⁴²¹ En ms10 s.v. *Servir* coa indicación *Criados*.

²⁴²² En ms10 s.v. *Serviente (criado)* coa indicación *Criados*.

²⁴²³ En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Criados*.

6067. **O pan alleo ten sete codias.** ²⁴²⁴ (ms10,079r: D.E.)
6068. **O que ten que servir, ten que sufrir.** ²⁴²⁵ (ms10,120r: D.E.)
6069. **Pan alleo custa caro.** ²⁴²⁶ (ms10,079r: D.E.)
6070. **Pan alleo pouco engorda.** ²⁴²⁷ (ms10,079r: D.E.)
6071. **Quen a outro sirve, non se chame libre.** ²⁴²⁸ (ms10,120r: D.E.)
6072. **Quen ben sirve e non pide, perde canto sirve.** ²⁴²⁹ (ms10,120r: D.E.)
6073. **Quen me dá o pan, dáme o afán.** ²⁴³⁰ (ms10,080r: D.E.)
6074. **Quen sirve e non medra, non sei qué espera.** ²⁴³¹ (ms10,120r: D.E.)
6075. **Sirve a señor e saberás o que é door.** ²⁴³² (ms10,119r: D.E.)

CRIANZA. V. tamén *Educación*.

6076. **Anda, neno, anda, que Dios cho manda.** ²⁴³³ (ms10,068r: D.E.)
6077. **Cando o neno endenta, á morte tenta.** ²⁴³⁴ (ms10,068r: D.E.)
6078. **Cando o neno endenta, logo emparenta.** ²⁴³⁵ (ms10,068r: D.E.)
6079. **Cando o neno sabe decir “pedra”, xa a moleira lle cerra.** ²⁴³⁶ (ms10,068r: D.E.)
6080. **Máis quero neno marrón que neno bonito e pasmón.** ²⁴³⁷ (ms10,068r: D.E.)
(es) *Siempre sale a hablar quien tiene porqué callar.* (Correas)
6482. **Sempre ten máis que falar o que caga na manta que o que lava.** (ms16)
6483. **Sempre ten máis que falar o que mancha a cama que o que a limpa.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
6484. **Ten máis que decir o que caga a manta có qu'a limpia.** ²⁵⁶⁰ (ms4: Bucíños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
Var.: *Sempre ten máis que falar o que caga a manta que o que a lava.* (ms16)
6485. **Ten máis que decir quen cagha na cama ca quen-a limpia.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
6486. **Ten máis que decir quen mancha a sávana que quen a limpa.** (ms8,43r: O. de Rey)
6487. **Val máis vergoña na cara que dolor do corazón.** (ms16: Lugo)
(es) *Más vale verguenza en cara que dolor de corazón.* (Z.)

²⁵⁵⁶ En ms10 s.v. *Trabaja* coa indicación *Descanso*.

²⁵⁵⁷ En ms10 s.v. *Sol* coa indicación *Descanso*.

²⁵⁵⁸ En ms10 s.v. *Trabaja* coa indicación *Descanso*.

²⁵⁵⁹ En ms10 s.v. *Descansar*.

²⁵⁶⁰ ms-LU: *quía limpia*.

DESCASARSE. V. tamén *Divorcio, Matrimonio*.

6488. **Se a descasarse tocan ¡cántos se descasaran!** (ms10,04r: D.E.)

DESCONFIANZA. V. tamén *Confianza*.

6489. **Cando a limosna é moita, hasta os santos desconfían.** (ms16: Carballino)
6490. **Come co el e gárdate del.** (ms16: D.E.)
(es) *Come con él, e guárdate dél.* (S.)
6491. **Cumpre con todos e fíate de poucos.** (ms16: D.E.)
(es) *Cumple con todos y fía de pocos.* (Correas)
6492. **Desconfiarás e acertarás.** (ms16: Santa Eulalia de Bóveda)
6493. **Entre amigos, un notario e cen testigos.** (mc: F.B.B.)
Var.: *Entre amigos, escribán e testigos.* (ms16: D.E.) / *Entre bos amigos non están mal os testigos.* (ms16: D.E.) / *Entre dous amigos abundan des testigos.* (ms16: D.E.)
(es) *Entre amigos, un notario y dos testigos.* (Sbarbi) (ct) *Entre bons amics..., un Notari y dos testics.* (Alberola)
6494. **Entre irmán e irmán, dous testigos e un escribán.** (ms16: D.E.)
6495. **Fala moa en corpo sano, desconfía dela como do diaño.** (ms8,25r: Mondrid)
Moa: melosa, enfermiza.
6496. **Hoxe en día ¿quen é o que se fía?** ²⁵⁶¹ (ms16 e ms10,020r: D.E.)
(es) *El día de hoy no hay de quien fiar.* (Correas)
6497. **Non hai ladrón ben confiado.** (ms16: Santa Eulalia de Bóveda)
6498. **Non son todos reiseñores os que andan entre frores.** (ms16)
(es) *No son todos ruiseñores los que andan entre las flores.* (R. Marín)
6499. **O que non se guía pola boa mai, guíase pola mala madrastra.** ²⁵⁶² (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
6500. **O que non se cree no bon pai, créese no mal amo.** (ms16 e ms8,59r: O. de Rey)
6501. **O que non cree en boa nai, ten que creer en mala madrastra.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Quen non cre en boa nai, crerá en mala madrasca.* (ms16: D.E.)

²⁵⁶¹ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

²⁵⁶² *Ou que non se guía pol'a boa mai, guíase pol'a mala madrastra.*

(pt) *Quem não crê boa mãe, crê boa madrastra.* (Chaves) (es) *Quien no cree en buena madre, creará en mala madrastra.* (Sbarbi) / *El que no quiere entender por buena madre, entenderá por mala madrastra.* (Id.) / *Quien no cree a buena madre, crea a mala madrastra.* (M. Kleiser) (ct) *Qui no creu a sa bona mare, creurà a sa roin madastra.* (Alberola)

6502. **O que non cree na boa mai, cre na mala madastra.** (ms10,049r: Biville)
6503. **O que se queixa da boa mai, aguanta a madrastra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6504. **O seguro levan preso.** ²⁵⁶³ (mc e ms16: Sarria / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *A Segura llevan preso.* (R. Marín)
6505. **Quen non cre na boa mai, ha de crer na mala madrastra.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
6506. **Ratos arriba, que todo o vran non é fariña.** ²⁵⁶⁴ (ms16: D.E.)
(es) *Ratones, arriba, que todo lo blanco no es harina.* (Hernán Núñez)
6507. **Regalo de monxa, santidad de muller solteira e palabra d'obispo...** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6508. **Vemos caras e non vemos corazós.** (ms16: Lugo)
(es) *Caras vemos; corazones no conocemos.* (Refrán judío-español)

CONVIENE DESCONFIAR

6509. **Cando os homes son tres i-as talladas catro, un ollo posto na man i-outro posto no plato.** (ms5,135: Gerdiz, Lugo)
6510. **Desconfianza e caldo de galiña non matan a ningún.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques* / ms16: Ponte)
6511. **Gárdate do can que non ladra e do home que non fala.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
6512. **Gárdate do home que non fala e do can que non ladra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6513. **Non fies nin porfies, non apostes nin prestes, e vivirás sosegado entre as xentes.** ²⁵⁶⁵ (mc e ms16: J.P.)

²⁵⁶³ ms-LU: *Ao seguro.*

²⁵⁶⁴ En D.E., cremos que por errata... *que todo branco é fariña.*

²⁵⁶⁵ Últimas tres variantes en ms10 s.v. *Confiar-Hilar.*

Var.: *Non fies nin porfies nin emprestes: vivirás como quixeres.* (ms16: D.E.) / *Non confies nin fies nin emprestes e vivirás millor do que quixeres.* (ms16: D.E.) / *Non fies nin confies nin emprestes: vivirás como quixeres.* (ms16: D.E.) / *Non fies nin confies nin emprestes, e vivirás entre as xentes.* (ms16, / ms10,020r: E.D.) *Non fies nin porfies nin confies, nin aventuras nin desafies.* (ms16 e ms10,020r: D.E.)

(pt) *Não fies, nem porfies, nem arrendes, viverás entre as gentes.* (Chaves) (es) *No fies ni porfies, ni apuestes ni desafies.* (Correas) / *Ni fies, ni confies, ni prestes, vivirás como quisieres.* (Correas) / *Ni fies ni porfies ni confies, ni arriendes y vivirás entre las gentes.* (Correas)

6514. **Non hai que confiarse nas fillas das vacas leiteiras.** (ms16: Sober)
6515. **Non hai que fiarse en coxa de can nin lágrimas de muller.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
6516. **Non te fies da persona que ó verte no peligro t'abandona.** (ms9,01v: O. de Rey)
6517. **Pote pequeno, cheu de veneno.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
6518. **Quen ten trigo, rouballo ó veciño.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

QUIENES INSPIRAN MAYOR DESCONFIANZA

6519. **A que é doncela, sábeo Dios e mais ela.** ²⁵⁶⁶ (ms16 e ms10,009v: D.E.)
6520. **A que mira de reollo non lle fies os teus aforros.** ²⁵⁶⁷ (ms16 e ms10,020r: D.E.)
6521. **As halaxas con dentes nadia as quere.** (ms8,71v: La Cañiza)
6522. **Cabra coxa e can rabeno, líbranos del coma do demo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
6523. **Can pouco ladrador é mordedor.** (ms16: Tuimil, Bóveda)
6524. **Can rabelo, aparta del como do demo.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
6525. **Cando vexades cazadores esfarrapados e cas fracos, desconfiade deles como dos diablos.** (ms15,45v: Rial.)

²⁵⁶⁶ En ms10 s.v. *Doncella.*

²⁵⁶⁷ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar.*

- Dice la liebre veterana a las jóvenes: refrán de antaño pues hoy los señores de la ciudad, bien vestidos, cazan con maestría.
6526. **Con quen lles nunca fies.** (ms16 e ms5,045: Mellid)
6527. **Coxeira de can e mal de muller non s'han de crer.** ²⁵⁶⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6528. **D'home cego e de can rabelo renego deles como do demo.** ²⁵⁶⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
6529. **D'home coxo e do can rabelo fuxe coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6530. **De quen pon os ollos no chan non te fies: man por man.** ²⁵⁷⁰ (ms16 e ms10,020r: D.E.)
6531. **Desconfia do que sempre te gaba.** (ms16: D.E.)
6532. **Dos amigos gárdeme Dios, que dos enemigos gardámonos nós.** (ms16: D.E.)
6533. **En bágoas de muller non se pode crer.** (ms16: D.E.)
6534. **En coxeira de can e bágoas de muller n'hai que creer.** ²⁵⁷¹ (mc e ms16: M.V. / ms21,22r: Bermés)
(pt) *Em manqueira de cão e lágrimas de mulher não há que crer.* (Chaves) (es) *En cojera de perro y lágrimas de mujer, no hay que creer.* (R. Marín) / *En sol de invierno, cojera de perro y lágrimas de mujer, no hay que creer.* (Sbarbi)
6535. **Home moi calado, desconfía de el como do díaño.** (ms16: Tuimil, Bóveda)
6536. **Non fies en maquia de muiñeiro nin creas en comida de despenseiro.** ²⁵⁷² (ms16 e ms10,037v: D.E.)
Var.: *Non fies en maquias de muiñeiro.* (ms16 e ms10,020r: D.E.) ²⁵⁷³
(es) *Ni fies en maquila de molinero, ni en ración de despensero.* (R. Marín)
6537. **Non te fies da escopeta e da muller.** (ms16: Bucinos)

²⁵⁶⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

²⁵⁶⁹ *D'ome cego e de can rabelo, renego de'les como do demo.*

²⁵⁷⁰ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

²⁵⁷¹ ms21,22r: *non hay.* / V. *Mal de mulleres, coxeadela de can en Medicina. Higiene, e O choro da muller non se debe crer en Mujer.* Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

²⁵⁷² En ms10 s.v. *Maquila*.

²⁵⁷³ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

6538. **Non te fies de quen de ti desconfie.** (ms16: Lugo)
(es) *No te fies de quien de ti desconfie.* (R. Marín)
6539. **O can que lambe a cinza, non lle fies a fariña.** (ms16: D.E.)
(es) *A can que lame ceniza, no le fiar harina.* (Correas)
6540. **O malo sempre soña en engano.** (ms16: D.E.)
(es) *El malo siempre piensa engaño.* (Correas)
6541. **O que non se fía, non é de fiar.** ²⁵⁷⁴ (ms16 e ms10,020r: D.E.)
(es) *No hay que fiar de quien no se fía.* (R. Marín)
6542. **Quen ten amigo dubidoso, durma cun ollo e vele co outro.** (ms16: D.E.)
(es) *Quien tiene amigo dudoso, duerma con un ojo y vele con otro.* (Correas)
6543. **Se pra ti eres malo ¿pra quen serás bo?** ²⁵⁷⁵ (ms16 e ms10,036r: D.E.)

VER Y CREER

6544. **Do oído, nada creído, e do visto, a metade.** (mc / ms16: Lugo)
(es) *De lo que no veas ni la mitad creas.* (R. Marín) / *De lo que digan, ná y de lo que veas, la mitad.* ²⁵⁷⁶ (R. Marín)
6545. **Entre amigos con velo abunda.** (ms16: D.E.)
(es) *Entre amigos, con verlo, basta.* (R. Marín)
6546. **Hai que ver pra crer.** (ms5,009)
6547. **Inda daquelo que vexas nin a mitá creas.** ²⁵⁷⁷ (ms16 e ms10,138r: D.E.)
(es) *Aun lo que por tus ojos veas, no todo lo creas.* (R. Marín)
6548. **No creas a mitá do que vexas, que da mitá do que vexas a mitá non-a creas.** (ms16: D.E.)
(es) *No creas si no lo que veas, y aunque de lo que veas, la mitad no lo creas.* (R. Marín)
6549. **Non aprobes hastra que probes.** (ms16: D.E.)
(es) *No apruebas hasta que pruebes.* (R. Marín)

²⁵⁷⁴ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

²⁵⁷⁵ En ms10 s.v. *Malo*.

²⁵⁷⁶ ms: *De lo que te digan*.

²⁵⁷⁷ En ms10 s.v. *Ver coa indicación Desconfianza*.

6550. **Non creas ó que vén da acea senón ó que volve a ela.** (ms16: D.E.)

Var.: *Non creas ó que vén da feira senón ó que volve a ela.* (ms16: Lugo)

(es) *No creas al que viene de la aceña, sinó al que vuelve a ella.* (R. Marín) / *No creas al que de la feria viene, sinó al que a ella vuelve.* (Correas)

6551. **Non te fies das cousas que vexas pálpaas!** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)

6552. **Val máis ver que creer.** ²⁵⁷⁸ (ms16 e ms10,138r: D.E.)

(es) *Más vale ver que creer.* (R. Marín)

6553. **Ver pra crer.** ²⁵⁷⁹ (ms16 e ms10,139r: D.E.)

(es) *Para creer, ver.* (R. Marín)

6554. **Vista de ollos saca dudas.** (ms16: Castelo, Taboada)

DESCONOCIMIENTO

6555. **O que un non conece, non-o apetece.** (ms16: D.E.)

Var.: *O que non é conecido, non pode ser querido.* (ms16: Lugo)

(es) *Lo que no es conocido, mal puede ser querido.* (R. Marín)

DESCONOCIMIENTO PROPIO

6556. **A ningún lle cheira mal a súa merda.** (ms16: D.E.)

(es) *A ninguno le hiede su mierda, sino la ajena.* (R. Marín)

6557. **Cada ruín coida que é bo en si.** ²⁵⁸⁰ (ms16 e ms10,111r: D.E.)

(es) *Cada ruín piensa que es bueno en sí.* (Correas)

6558. **Cada un ve a palla no ollo do seu veciño.** ²⁵⁸¹ (mc e ms16: C.A.)

Var.: *Hai quen ve a palla no teu e non ve o argueiro no seu. / Hai quen ve o argueiro no teu e non ve a palla no seu.* (mc / ms16: Lugo) / *Ves a palla no ollo alleo e non ves a viga no teu.* (Tuiriz, Monforte)

(pt) *Ver a palhinha no olho alheio e não ver a trave no seu.* (Chaves) / *Cada um vê o argueiro no olho do vizinho e não vê a tranca no seu.* (Id.) (es) *Ver la mota en el ojo ajeno y no la viga en el nuestro.* (Correas)

²⁵⁷⁸ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Desconfianza*.

²⁵⁷⁹ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Desconfianza*.

²⁵⁸⁰ En ms10 s.v. *Ruín* coa indicación *Desconocimiento*.

²⁵⁸¹ ms: *veciño*.

Refrán bíblico contra murmuradores y maldicientes.

6559. **Espántase o morto do aforcado.** (ms16: Lugo)

6560. **Hai quen tropeza cunha palla e non ve un palleiro.** (ms5,027: Villameá, Lugo, Puente Nuevo)

6561. **Non hai cego que non vexa nin torto que non coneza.** (ms16: D.E.)

Var.: *Véxase Non hai cego que non vexa...*

(es) *No hay ciego que se vea ni tuerto que se conozca.* (R. Marín)

6562. **O corcovado non ve a corcova que leva senón a allea.** (ms16: D.E.)

Var.: *O corcovado non ve a súa corcova e ve as outras todas.* (ms16: D.E.) / *Ningún corcovado ve a súa corcova.* (ms16: Lugo)

(es) *El corcovado no ve la su corcova, sinón la ajena.* (S. / Z. / C.) / *El corcovado no ve su corcova, y ve la otra.* (Correas)

6563. **Quen mal canta, ben lle acai.** (ms16: D.E.)

(es) *Quien mal canta, bien le suena.* (Z.)

6564. **Ves un arqueiro no ollo alleo e non ves unha viga no teu.** (ms5,029)

DESCONTENTADIZOS

6565. **¿A que feira irás que máis ganes?** (ms16: D.E.)

(es) *A ferias vayas que más ganes.* (Correas)

6566. **Dendes que vexo a túa tía morro de acedía, dendes que non a vexo morro de desexo.** ²⁵⁸² (ms16 e ms10,130r: D.E.)

(es) *Desde que veo a mi tía, muero de acedia; desde que no la veo, muero de deseo.* (Hernán Núñez)

6567. **Naide está contento ca súa sorte.** (ms16)

(es) *Nadie está contento con su suerte.* (R. Marín)

6568. **Ningún está contento coa súa sorte mentras non vén a morte.** ²⁵⁸³ (ms16 e ms10,124r: D.E.)

6569. **Non hai pior mal que o descontento de cada cal.** ²⁵⁸⁴ (ms16 e ms10,035v: D.E.)

(es) *No hay mayor mal que el descontento de cada cual.* (Correas)

6570. **Nunca vaia á feira que máis perda.** (ms16: D.E.)

²⁵⁸² En ms10 s.v. *Tía* coa indicación *Descontentadizos*.

²⁵⁸³ ms10: *Ningún*. / En ms10 s.v. *Suerte*.

²⁵⁸⁴ En ms10 s.v. *Mal*.

6571. **O ben non é conocido hasta que é perdido.** ²⁵⁸⁵ (mc: Tuiriz)

Var.: *O ben non é ben conecido hasta que se perde.* (ms16: D.E.)

(pt) *O bem não é conhecido senão depois que é perdido.* (Chaves) (es) *El bien no es conocido hasta que es perdido.* (Correas) / *El bien no se conoce hasta que se pierde.* (Id.) / *Nadie estima el bien que tiene hasta que lo pierde.* (R. Marín)

DESCUBRIMIENTO

6572. **As cousas de noite vense de día.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

6573. **Fanse debaixo da terra e descóbrense riba dela.** ²⁵⁸⁶ (ms16 e ms8,34v: Betanzos)

6574. **Non hai cousa que non se faga de noite que non se sepa de día.** ²⁵⁸⁷ (ms8,34v e ms16: Lalín)

Var.: *Non hai cousa encuberta que tarde ou cedo non se sepa.* (ms16: D.E.) / *As cousas de noite vense de día.* (ms16: Ferreira de Pantón) (es) *No hay cosa oculta que no se descubra.* (R. Marín)

6575. **O demo as fai e o pecado as descobre.** ²⁵⁸⁸ (ms16 e ms10,003v: D.E.)

6576. **O que de noite se fai, pola mañá aparece.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *O que de noite se faz pela manhã aparece.* (Chaves) (es) *Lo que de noche hagas mal, de día se parecerá.* (R. Marín)

6577. **O que se di á noite e non é verdá, desfaise pola mañá.** ²⁵⁸⁹ (ms16 e ms10,003r: D.E.)

(es) *Lo que se dice, o no es verdad o a la mañana aparecerá.* (R. Marín)

6578. **O que se fai de noite, polo día se ha de ver.** (mc e ms16: M.L.)

(pt) *O que de noite se faz pela manhã aparece.* (Chaves)
Como: *O que de noite se fai, pola mañá aparece.*

6579. **O que se fai dous metros baixo da terra, sábese dous riba dela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

²⁵⁸⁵ Indica *Aprecio y desdén* no ms.

²⁵⁸⁶ ms8: *descúbrense.*

²⁵⁸⁷ ms16: *cousa que se faga de noite.*

²⁵⁸⁸ En ms10 s.v. *Demonio.*

²⁵⁸⁹ En ms10 s.v. *Decir.*

DESCUIDO

6580. **A casa do ferreiro é de pao de salgueiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

6581. **Ábrete miña boca, estarrícate meu rabo, Dios me ampare, portas abertas e xente de pouco cuidado.** ²⁵⁹⁰ (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)

Var.: *Dios nos depare portas abertas...* (ms16) (es) *Dios nos depare puertas abiertas, mujeres descuidadas y cosas mal puestas.* (R. Marín)
Se pone en boca del gato. (mc) / Dito do can. (ms)

6582. **As chaves na cinta i-o can na cociña.** (ms16: D.E.)

(es) *Las llaves en la cinta y el perro en la cocina.* (Correas)

6583. **Camarón que se dorma, a corrente o leva.** ²⁵⁹¹ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms18,63r: Coleic. Renacencia de Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

Var.: *Camarón que dorme, vaino levando a corrente.* (ms16: D.E.)

(es) *Camarón que se duerme, se lo lleva la corriente.* (Gella) / *Camarón que no navega, la corriente se lo lleva.* (Id.) / *Camarón que duerme, se lo lleva la corriente.* (R. Marín)

6584. **Casa de ferreiro, cuchilo de pao.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

6585. **Coa axuda dos veciños sóbense os gatos ós touciños.** ²⁵⁹² (ms16 e ms10,131r: D.E.)

(es) *Con ayuda de los vecinos, se suben los gatos a los tocinos.* (R. Marín)

6586. **Coa porta aberta chega o diaño e entra.** ²⁵⁹³ (ms16 e ms10,096r: D.E.)

Var.: *Pola porta aberta o demo entra.* (ms16: D.E.) / *Pola porta aberta quen quer entra.* (ms16: D.E.)

(es) *Por puerta abierta, cuantos quieren entran.* (R. Marín)

6587. **Come o gato o que non atopa ben gardado.** ²⁵⁹⁴ (ms16 e ms10,026r: D.E.)

Var.: *Come o gato que o atopa mal gardado.* (ms16: D.E.)

²⁵⁹⁰ ms4: *portas abertas en xente.*

²⁵⁹¹ ms18,63r: *que se dorme.*

²⁵⁹² En ms10 s.v. *Tocino* coa indicación *Descuidos.*

²⁵⁹³ En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Descuido.*

²⁵⁹⁴ ms10: *o que non topa.* En ms10 s.v. *Gatos.*

- (es) *Come el gato lo que halla a mal recaudo.* (Z.)
6588. **En casa do ferreiro, coitelo de pao, e na do carpinteiro, sentado no chao.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro, Codeseda, A Estrada, PO)
6589. **Manda e descuida, non se fará cousa ningunha.**²⁵⁹⁵ (mc e ms16: A.N.)
Var.: *Manda e descoida, e non se fará cousa con cousa.* (ms16 e ms10,037r: D.E.)²⁵⁹⁶
(pt) *Manda e descuida, não se fará coisa nenhuma.* (Chaves) (es) *Manda y descuida, no se hará cosa ninguna.* (Correas)
6590. **Manda e non coides, xa verás qué labor che fan.**²⁵⁹⁷ (mc e ms16: C.A. / ms18,32r)
6591. **Mentras o can dorme, o lobo mata e come.** (ms16: D.E.)
6592. **Na casa do carpinteiro, sentados no chau.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
6593. **Na casa do carpinteiro, sentarse no chan.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
6594. **Na casa do carpinteiro, tallos de cepo.** (mc e ms16: Santiago)
6595. **Na casa do ferreiro, a culler de pau.** (mc e ms16: Santiago)
6596. **Na casa do ferreiro, coitelo de pao.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
6597. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau, e na do carpinteiro, sentarse no chau.**²⁵⁹⁸ (mc e ms4: A.I. / ms4: F.V.S. / ms16: Sober / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *En casa do ferreiro, espeto de pau, e na do carpinteiro, sentarse no chan.* (Sarria / ms4: F.V.S.) / *Na casa do ferreiro, espeto de pau.* (ms16: Santiago) / *Na casa do ferreiro, coitelos de pau, e na do carpinteiro, sentados no chao.* (F.V.S.) / *Na casa do ferreiro, a culler de pau.* (ms16: Santiago)
(es) *En casa del herrero peor apero.* (Sbarbi) / *En casa del herrero, badil de madero o cuchillo mangarrero, o cuchillo de palo y asador de palo.* (Id.) / *En casa del herrero, asador de palo y cuchillo de madero.* (R. Marín)
6598. **Na casa do ferreiro, coitelo de pau.**²⁵⁹⁹ (ms16: D.E. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballo, LU / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas) / ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
6599. **Na casa do ferreiro, coitelo mangoleteiro.**²⁶⁰⁰ (mc e ms16: M.L.)
(pt) *Em casa de ferreiro, espeto de pau (ou de salgueiro).* (Chaves) / *Em casa de ferreiro, o pior apeiro.* (Id.) (es) *En casa del herrero, el cuchillo mangorrero; o de madero.* (Correas) / *En casa del herrero, asador de palo.* (o madero). (Id.) / *En casa del herrero, el más ruin apero.* (Id.)
6600. **Na casa do ferreiro, coitelos de pau.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
6601. **Na casa do ferreiro, cortar ca mau, e na do carpinteiro, sentarse no chao.** (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)
6602. **Na casa do ferreiro, cuchara de pau, e na do carpinteiro, sentarse no chau.** (ms21,14v: Bermés)
6603. **Na casa do ferreiro, cuitelo de pau.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
6604. **Na casa do ferreiro, cuchara de pau.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
6605. **Na casa do ferreiro, cuchilo de pao, e na do carpinteiro, sentados no chao.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Na casa do ferreiro, cucharas de pao, e na do carpinteiro, sentados no chao.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6606. **Na casa do ferreiro, cuchillo de pau.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
6607. **Na casa do ferreiro, de pau é o coitelo.**²⁶⁰¹ (ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)
6608. **Nin arca sin chave nin viña sen quen a garde.** (ms16: D.E.)
6609. **Non está a carne no garabato por falta de gato.** (ms16: D.E.)
Var.: *Por falta de gato está a carne no garabato.* (ms16)
(es) *No está la carne en el garabato por falta de gato.* (Correas) / *Por falta de gato, está la carne en el garabato.* (Hernán Núñez)

²⁵⁹⁵ ms3: *discuida*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pereza*.

²⁵⁹⁶ En ms10 s.v. *Mandar*.

²⁵⁹⁷ ms16: *coides, verás qué*; ms18,32r: *e xa verás*.

²⁵⁹⁸ mc: *chan*; ms3: *cas do*.

²⁵⁹⁹ ms-SA: *cuchillo*; ms-LU (Bucinos): *cuchilo*; ms-LU (Trini F.): *de pao*.

²⁶⁰⁰ ms4: *mangoloteiro*.

²⁶⁰¹ *Na casa do coitelo de pau e o coitelo*.

6610. **O boi sin corda pérdese axiña.** (ms16: D.E.)
(es) *El buey sin cencerro, piérdese presto.* (Correas)
6611. **O can i-o gato comen o mal gardado.**²⁶⁰² (mc: Buciños / ms16: D.E.)
(pt) *O cão e o gato comem o mal guardado.* (Chaves) (es) *El can y el gato, comen lo mal guardado.* (Sbarbi / R. Marín)
6612. **O gato come o mal gardado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
6613. **O gato leva o mal gardado.** (ms16: D.E.)
(es) *Lo mal guardado lleva el gato.* (Correas)
6614. **Ó labrador descoidado cómenlle os ratos o sementado.** (ms16: D.E.)
(es) *Al labrador descuidado, ratones le comen lo sembrado.* (Hernán Núñez)
6615. **O pastor descoidado á posta do sol busca o gando.**²⁶⁰³ (ms16 e ms10,084r: D.E.)
Var.: *O pastor descoidado mala conta ten do gando.* (ms16 e ms10,084r: D.E.)
(es) *El pastor descuidado, a vuelta del sol busca su ganado.* (Z.) / *El pastor descuidado, mala cuenta da del ganado.* (R. Marín)
6616. **O que aberta a súa arca deixa, se a rouban ¿por que se queixa?** (ms16: D.E.)
(es) *Quien abierta su arca deja, si le roban ¿de qué se queja?* (R. Marín)
6617. **O que anda atrás, come na taza dos cas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6618. **O que dorme, dórmelle a facenda.** (mc: Farbán, Sarria)
Var.: *A quen moito dorme, dórmelle a facenda.* (ms16)
(pt) *A quem muito dorme, dorme-lhe a fazenda.* (Chaves) (es) *A quien duerme, duérmele la hacienda.* (Correas) / *A quien se duerme, la hacienda se le duerme.* (R. Marín)
Nada bueno puede salir de la pereza.
6619. **O que non pon os pés no seguro, cedo ou tarde resbala.** (ms15,33: Sober)
6620. **Onde non está o dono, alí está o seu doo.** (ms16: Lugo)
(es) *Donde no está el dueño, está el su duelo.* (S.)
6621. **Os camiños mal cuidados fan probes os potentados.**²⁶⁰⁴ (ms4: J.P.)
6622. **Os camiños que tes abandonados, de desgracia están sempre sementados.**²⁶⁰⁵ (ms4: J.P.)
6623. **Os descuidados non-os favorece a lei.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms16: Sober)
(es) *Al descuidado no lo favorece la ley.* (R. Marín)
6624. **Se a probe queres ir, mete obreiro e bótate a dormir.**²⁶⁰⁶ (ms16 e ms10,071r: D.E.)
6625. **Tras máa procura vén a máa ventura.** (mc e ms16: A.S.A.)
(es) *Tras mala procura, viene la mala ventura.* (Correas) / *Tras la mala procura, viene la mala ventura.* (R. Marín)
Véase en Correas la explicación.
6626. **Tras mala procura, a mala ventura.** (ms18,01r)

DESDÉN Y DESPRECIO. V. tamén *Desprecio*.

6627. **As cousas do sacristán, por donde veñen, van.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
6628. **As riquezas do sacristán, por donde veñen, van.** (ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C)
6629. **Ben se gasta cando se tira con pólvora allea.** (mc: Tuiriz)
6630. **Cada pelo fai súa sombra no suelo.**²⁶⁰⁷ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(pt) *Cada cabelo faz sua sombra na terra (ou testa).* (Chaves) / *Cada mosca faz sua sombra.* (Chaves) (es) *Cada cabello hace su sombra en el suelo.* (Correas)
No ha de despreciarse nada, por pequeno o humilde que sea. (mc) / Nada hay despreciable por pequena que una cosa sea. (ms-LU (Lugo))
6631. **Cal máis, cal menos, toda a la ten pelos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
6632. **Cal máis, cal menos, toda la ch'é pelos.**²⁶⁰⁸ (mc e ms: A.N.)

²⁶⁰² ms: y o gato. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

²⁶⁰³ Tanto refrán como variante en ms10 s.v. *Pastor* coa indicación *Descuido*.

²⁶⁰⁴ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

²⁶⁰⁵ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

²⁶⁰⁶ En ms10 s.v. *Obreros* coa indicación *Descuido*.

²⁶⁰⁷ ms-LU (Lugo) e ms-LU (Galicia): *a sua sombra*.

²⁶⁰⁸ Contén a indicación *Desdén, desprecio* no ms.

- Var.: *Máis ou menos toda a lan ten pelos.*
(C.A.-A Nosa Terra)
(es) *Cual mas cual menos toda la lana es pelos.* (Sbarbi)
Donde todo es malo por uno u otro concepto, no cabe elección posible.
6633. **Como te vexo no fato, así te trato.**
(ms10,018v: D.E.)
6634. **Con ruín difunto gastar pouca cera.**
(mc: Fonsagrada)
6635. **Cousa ruín non ten peligro.** (mc: Carballino)
6636. **Chámanme pera verde, a ti, mazá podrida: a pera verde cómena i-a mazá podrida tírana.** ²⁶⁰⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)
6637. **Desde que eu morra, nunca os muíños moian.** (ms8,56r: Meda)
6638. **Despois de morto, nin viña nin horto.** ²⁶¹⁰ (mc: C.A. / ms: A.C. A N. Terra)
(pt) *Depois de morto, nem vinha nem horto.* (Chaves) (es) *Despues de muerto, ni viña ni huerto.* (R. Marín) (ct) *Després de mòrt, ni vinya ni hòrt.* (Alberola)
6639. **Despois que eu morra, nunca o muíño moa.** (mc: V. Gallega)
6640. **Diñeiros de sancristán, cantando veñen e cantando van.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
6641. **Do caro non fagas caso.** (mc: Bucínos)
(es) *De lo caro no echas mano.* (R. Marín)
6642. **Do pote que non has comer, déixao cocer.** ²⁶¹¹ (mc / ms4: F.V.S.)
6643. **É tempo perdido gastar moita cera con ruín difunto.** (mc: Tuiriz-F.V.S.)
(pt) *Gastar cera com ruíns defuntos.* (Chaves)
6644. **En pouco aprecio se ten o que se recibe de regalo.** ²⁶¹² (mc: C.G.)
6645. **Fágase o milagre e fágao o demo.** (mc: C.A. A Nosa Terra)
(pt) *Façase o milagre embora o faça o diabo.* (Chaves) (es) *Hágase el milagro, y hágale Dios o el diablo.* (Correas)
6646. **Hai enhoraboas que somellan aldraxe.** ²⁶¹³ (mc: C.A. / ms: A.C. A N. Terra)
6647. **Hai enhoraboas que somellan ser aldraxe.** (ms18,30r)
6648. **Na terra forasteira poden as vacas cos bois.** ²⁶¹⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *En tierra ajena la vaca al buey acornea.* (Sbarbi)
6649. **Ningún santo na súa terra fai milagros.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
6650. **Non hai cousa pequena que seu valor non teña.** ²⁶¹⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *No hay cosa tan mala que para algo no sea buena.* (R. Marín)
6651. **O diñeiro do sacristán, cantando se lle veu e cantando se vai.** ²⁶¹⁶ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
6652. **O que foi e non é, é coma si non fora.** ²⁶¹⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms18,74r: A.S.A.)
6653. **O que non-o custa, non-o vale.** (mc)
(pt) *O que muito vale muito custa.* (Chaves)
(es) *Lo que mucho vale mucho cuesta.* (Sbarbi) (ct) *Lo que molt val, molt còsta.* (Alberola)
6654. **O sol da porta non é o que máis quenta.** (mc: Pedraza)
Var.: *O sol da beira da porta é o que menos quenta.* (Camba)
(es) *Sol de casa no calienta.* (Sbarbi)
6655. **O sol da porta non quenta.** (ms5,09: Esmoriz)
6656. **Odre vacío, coiro lle digo.** (mc: A.S.A. / ms21,04v: Bermés)
(es) *Odre vacío, cuero le digo.* (Correas)
6657. **Os bés do sacristán, por onde veñen, van.** ²⁶¹⁸ (mc: Incio-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental) / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos,

²⁶⁰⁹ *Chamanme pera verde, a ti maza podrida a pera verde comena y a maza podrida tirina.*

²⁶¹⁰ Contén a indicación *Desdén, desprecio* no ms.

²⁶¹¹ O orixinal di *Do pote que non has comer, deixo cocer.*

²⁶¹² *V. Ola que non has de comer déixaa cocer en Casa.*

²⁶¹³ ms4: *por regalo.*

²⁶¹³ mc: *ehoraboas*; ms4: *enoraboas, somellan ser.*

²⁶¹⁴ V. *Na terra allea as vacas escornan os bois en Emigración.*

²⁶¹⁵ Indica *Desdén. Aprecio* no ms.

²⁶¹⁶ *O diñeiro do xacristan cantando se lle veu e cantando se bay.*

²⁶¹⁷ ms18,74r: *como si non.*

²⁶¹⁸ ms4, ms-LU (Galicia), ms-LU (Lugo) e ms-LU (Bucínos): *donde*; ms-LU (Galicia) e ms-SA: *bens do.* / V. *Os bes do sacristán cantando veñen e cantando se van en Oficios.*

- Carballedo, LU / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
 (pt) *Bens de sacristao, cantando vem, cantando vao.* (Chaves) (es) *Los bienes del sacristan, cantando vienen y cantando se van.* (Sbarbi)
 Lo que se gana facilmente, se gasta sin reparo.
6658. **Os cartos do sacristán tan pronto veñen como van.** ²⁶¹⁹ (mc: G.S.)
 Var.: *Os bés do sacristán, por onde veñen, van.* (Incio-F.V.S.) ²⁶²⁰
 (pt) *Bens de sacristao, cantando vem, cantando vao.* (Chaves) (es) *Los bienes del sacristán, cantando se vienen y cantando se van.* (Sbarbi)
 Lo que se gana facilmente, se gasta sin reparo.
6659. **Quen foi e non é, métese debaixo do pé.** ²⁶²¹ (mc: J.P.)
6660. **Quen o pouco desprecia, menos merece.** ²⁶²² (mc: Santiago)
6661. **Ramiño de souto, se non vós, será outro.** (mc: A.S.A.)
6662. **Ramiño de souto, si non teu, será doutro.** ²⁶²³ (mc: Bucínos)
6663. **San Xoán de bon barato: tanto ten tres como catro.** ²⁶²⁴ (ms: M.L.)
6664. **Santo de terra, santo de merda.** (ms5,056: Silvarrey)
6665. **Se che parece mal, dáme un real e, se che parece ben, dámo tamén.** (mc: Fonsagrada)
6666. **Se che parece mal, vólvem'o real, e se che parece ben, vólveno tamén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
6667. **Se te como, non te deixo, e se te deixo, non te teño.** ²⁶²⁵ (ms: Bucínos)
6668. **Se te deixo, non te como, e se te como, non te deixo.** (mc: Bucínos)
6669. **Según te vexo, maragato, así te trato.** (mc: Bucínos)
6670. **Sol da porta non quente.** (mc / ms4: F.V.S.)
 (es) *Sol de casa no caliente.* (Sbarbi)

²⁶¹⁹ ms4: *se van.*

²⁶²⁰ ms4: *donde.*

²⁶²¹ mc: *Quen foi e none e; ms4: O que foi.*

²⁶²² V. tamén *Vicios.*

²⁶²³ O orixinal di *Ramiño de souto, si non ten, será doutro.*

²⁶²⁴ ms4: *me ten tres.* / Contén a indicación *Desdén, indiferencia.*

²⁶²⁵ Contén a indicación *Desdén. Indecisión.*

6671. **Sol de casa non quente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
6672. **Xan Portal, o mesmo lle dá ben que mal.** (mc)
6673. **Xente chalada, raza gitana.** (mc: Santiago)
6674. **Xente de tralla, mala canalla.** ²⁶²⁶ (mc / ms4: F.V.S.)
6675. **Xente ruín non peligra.** (mc e ms5,045: Santiago)

DESDICHADO

6676. **Ó malpocado pouco lle vale ser esforzado.** (ms10,036v: D.E.)
6677. **Ó malpocado todo se lle conta a pecado.** (ms10,036v: D.E.)
6678. **O malpocado, pouco mal e ben laiado.** (ms10,036v: D.E.)

DESECHAR

6679. **O que un desbota, outro o roga.** (ms10,04r: D.E.)

DESENGAÑO

6680. **Á vista do pano está o desengano.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
6681. **Fai ó fin o necio o que ó principio o discreto.** ²⁶²⁷ (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 (es) *El necio hace al fin, lo que el discreto al principio.* (Sbarbi)
6682. **Gárdate de vella adiviña e de moza ladina.** (ms: Tuiriz)
 (es) *Guárdate de vieja adivina y de moza latina.* (R. Marín)
6683. **Hai que vivir de ilusiós, anque se morra de desengaño.** ²⁶²⁸ (mc: Santiago)
6684. **Máis ensinan os desenganos que os anos.** (ms16: Lugo)
 (es) *Más enseñan los desengaños que los años.* (R. Marín)
6685. **Meu gozo nun pozo.** (ms16: Sarria)
 (es) *Nuestro gozo en un pozo.* (S.)
6686. **Non nos anos están todos os desengaños.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

²⁶²⁶ ms4: *da tralla.* / V. *Xente de tralla, que vén con quen veña e vai con quen vaia en Picaros.*

²⁶²⁷ ms-LU: *Fay o fin, o principio.*

²⁶²⁸ mc: *morror de ilusiós.*

6687. **Non soilo nos anos están os desenganos.** (ms16: *Enc.* / ms16: *D.E.*)
Var.: *Nos anos non están tódolos desenganos.* (ms16: *Enc.*)
6688. **Non te mires ó espello, si non queres ver blanquear o guedello.** (mc.)
6689. **Nos anos están os desengaños.** ²⁶²⁹ (mc: Bucíños / ms4: F.V.S.)
Var.: *Cos años veñen os desengaños.* (mc: Tuiriz / ms16: *Enc.*)
(es) *Con los años vienen los desengaños.* (Sbarbi / R. Marín) (ct) *Quant més anys, més desenganyis.* (Alberola)
6690. **O qu'aprende cos anos leva moitos desengaños; hai qu'escarmentar por en cabeza allea.** (mc: Bucíños)
6691. **O que aprende cos anos, leva moitos desenganos.** ²⁶³⁰ (ms16: *D.E.* / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6692. **O que perdeu nos allos, quer cobrar nas cebolas.** ²⁶³¹ (ms: Alfonso Soares)
Cantiga de maldizer. n.º 1156.
6693. **O que pronto se logra, pronto s'aborrece.** (ms15,15)
6694. **O tempo é pai dos desenganos.** ²⁶³² (ms16 e ms10,127r: *D.E.*)
6695. **Onde cantar pensei, chorei.** (ms16: Lugo)
Var.: *Cantar pensei e por cantar chorei.* (ms16: *D.E.*)
(es) *Pensé cantar y lloré.* (H. Núñez)
6696. **Onde pensamos que hai touciños, non hai estacas.** (ms16)
Var.: *Onde coidas que hai touciños, hai estacas.* (ms16 e ms10,131r: *D.E.*) ²⁶³³ / *Onde pensas que hai touciños, non hai tornos pra colgalos.* (ms16: *D.E.*)
(es) *Do pensáis que hay tocinos, no hay estacas.* (H. Núñez)
6697. **Onte morreu el e xa ela casar quer: ¡ai do que ten que morrer!** ²⁶³⁴ (ms16 e ms10,041r: *D.E.*)
6698. **Os desenganos veñen cos anos.** ²⁶³⁵ (ms16 e ms10,004v: *D.E.*)
(es) *Años traen desengaños.* (R. Marín)

²⁶²⁹ ms: *todos os desengaños.*

²⁶³⁰ ms-LU: *qu'aprende, desengaños.*

²⁶³¹ Este refrán aparece inserto na poesía medieval (B1622, V1155, V1156) de Afonso Soarez Sarraça.

²⁶³² En ms10 s.v. *Tiempo* coa indicación *Desengaños.*

²⁶³³ En ms10 s.v. *Tocino* coa indicación *Desengaños.*

²⁶³⁴ ms10,41r: *casarse quer.* En ms10 s.v. *Muerte.*

²⁶³⁵ En ms10 s.v. *Desengaños.*

6699. **Una vella i un candil son dous demos nunha casa; a vella roña, roña i-o candil quéimalle a grasa.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
6700. **Unha vella e un candil son dos hechizos na casa: a vella, roña, roña, e o candil gasta a graxa.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
6701. **Unha vella i-e un candil, son dous pesados na casa; a vella roña que roña i-o candil gastou a grasa.** ²⁶³⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
6702. **Unha vella i-on candil son dous demonios na casa: a vella roña que roña i-o candil queimando grasa.** ²⁶³⁷ (ms: Bucíños / ms4: Bucíños-F.V.S.)
6703. **Vive cen anos e verás moitos desenganos.** ²⁶³⁸ (ms16 e ms10,143v: *D.E.*)
(es) *Vive cien años y verás desengaños.* (R. Marín)

DESEOS

6704. **Cada ruín quere entrar na danza coa súa mudanza.** ²⁶³⁹ (ms16 e ms10,111r: *D.E.*)
(es) *Cada ruín quiere entrar en la danza con su mudanza.* (Correas)
6705. **Con peligro se garda o que a moitos agrada.** ²⁶⁴⁰ (ms16 e ms10,025v: *D.E.*)
(es) *Con peligro se guarda lo que a muchos agrada.* (R. Marín)
6706. **Di un vello refrán que alá se van os ollos onde está a vontade.** (ms16: *D.E.*)
(es) *Dice el refrán: allá van los ojos donde está la voluntad.* (Correas)
6707. **Dio-lo leve á gloria, avó, que quedaremos na gloria aló i-acó.** ²⁶⁴¹ (ms15,19r)
6708. **Nin ollo na carta nin man na arca.** (ms15,19v. / ms16: *D.E.*)
(es) *Ni las manos en las arcas, ni los ojos a las cartas.* (Z.)

²⁶³⁶ *Unha vella ye un candil, sos dous pesados na casas; a vella roña que roña yo candil gastou a grasa.*

²⁶³⁷ *Unha vella y on candil son dous demonios na casa: a vella roña que roña y o candil queimando grasa.* / Con indicación entre parénteses *Desengaños* no ms.

²⁶³⁸ En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Desengaños.*

²⁶³⁹ ms10: *quer entrar.* / En ms10 s.v. *Ruín* coa indicación *Deseos.*

²⁶⁴⁰ En ms10 s.v. *Guardar.*

²⁶⁴¹ *Dio lo leve a gloria abó que quedaremos na gloria aló y'acó.*

6709. **O bon trigo na arca se vende.** (ms9,03r: Simón de la Cuesta)
Se aplica a la persona que blasona de rechazar una cosa que está deseando.
6710. **O que anda descalzo soña con bos zapatos.** (ms16: D.E.)
(es) *Quien anda descalzo, sueña con buenos zapatos.* (R. Marín)
6711. **O que mal nos queira, que no ceo nos vexa.** (ms5,029)
6712. **O que moito se desexa, non se cre aunque logrado se vexa.** ²⁶⁴² (ms16 e ms10,004v: D.E.)
(es) *Lo que se desea, no se crea aunque se vea.* (Z.)
6713. **O que non pode, sempre quer.** ²⁶⁴³ (ms16 e ms10,093r: D.E.)
(es) *Quien no puede, es quien más quiere.* (R. Marín)
6714. **Os ollos vanse ond'está a voluntá.** (ms15,19v)
6715. **Se os desexos fosen valedeiros, os viláns serían cabaleiros.** ²⁶⁴⁴ (ms16 e ms10,004v: D.E.)

DESESPERACIÓN

6716. **A perdido, perde a cabeza e o xuicio.** ²⁶⁴⁵ (ms16 e ms10,089r: D.E.)
Var.: *A perdido, perdido de todo.* (ms16 e ms10,089r: D.E.)
(es) *Al perdido piérdesele el juicio.* (Correas)
6717. **De perdido, ó río.** ²⁶⁴⁶ (mc: Buciños / ms16: Sarria / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *De "perdío", al río.* (R. Marín)
6718. **O perdido, ó río.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
6719. **O que ha de ser que sea axiña.** (ms16)
(es) *Lo que ha de ser, sea ya.* (R. Marín)
6720. **Onde vai o máis, que vaia o menos.** ²⁶⁴⁷ (mc: BuciñosF.V.S. / ms4: C.A.A Nosa Terra / ms16, ms10,031v, ms10,035r: D.E.)
Var.: *Onde vai o máis, vaia o menos.* (ms16: D.E.)

²⁶⁴² En ms10 s.v. *Deseos*.

²⁶⁴³ En ms10 s.v. *Poder* coa indicación *Deseos*.

²⁶⁴⁴ En ms10 s.v. *Deseos*.

²⁶⁴⁵ Tanto o refrán como a variante en ms10 s.v. *Perder* coa indicación *Desesperación*.

²⁶⁴⁶ ms-LU: *a o río*.

²⁶⁴⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Paciencia (Paciencia voluntaria)*.

- (es) *Donde fue lo más, vaya lo menos.* (R. Marín) / *Adonde va lo más, vaya lo menos.* (Correas)
6721. **Onde vai o mar que vaian as olas.** ²⁶⁴⁸ (mc: Tuiriz)
Var.: *A onde vai o mar, vaian as ondas.* (ms16: D.E.)
(es) *Donde va el mar, vayan las ondas.* (Gella) / *Do va el mar, vayan las arenas.* (Sar)
Lo principal, lleva consigo lo accesorio.
6722. **Perdido por un, perdido por cento.** (ms16: D.E.)
(es) *Perdido por ciento, perdido por mil y quinientos.* (D.E.)
6723. **Perdido por un, perdido por cento.** ²⁶⁴⁹ (ms10,090r: D.E.)
6724. **Preso por mil, preso por mil e millenta.** ²⁶⁵⁰ (ms16 e ms10,099r: D.E.)
(es) *Preso por mil, preso por mil y quinientos.* (R. Marín)
6725. **Preso por un, preso por un cento.** ²⁶⁵¹ (ms16 e ms10,099r: D.E.)
(es) *Preso por uno, preso por ciento.* (H. Núñez)
6726. **Si podes pouco, non te enfades moito.** (ms8,02v: Aguada)

DESGRACIA. V. tamén *Fortuna (Buena o mala)*.

6727. **Ai de aquel que a muller zoupa nel.** ²⁶⁵² (ms8,54r: O. de Rey)
6728. **Antes faltarán as bágoas que coitas pra choralas.** (ms16: D.E.)
(es) *Antes faltarán lágrimas que causa para llorarlas.* (Correas)
6729. **As malas acórdanse sempre.** (ms8,13r: Lugo)
6730. **Cando un está de malas, hasta os cas o morden.** (ms16 e ms8,02v: Meda, Orense)
6731. **Chove, chove na casa do probe; neva, neva na casa da vella.** (ms18,52r: *Vida Gallega*, Pidre)
6732. **Dendes que nacín, chorei, e cada día tiven por que.** (ms16: D.E.)
(es) *Desde que nací lloré y cada día nace porqué.* (R. Marín)

²⁶⁴⁸ ms: *vayan* / Indica *Marít. (Mar)* no ms.

²⁶⁴⁹ En ms10 s.v. *Perder* coa indicación *Desesperación*.

²⁶⁵⁰ En ms10 s.v. *Preso* coa indicación *Desesperación*.

²⁶⁵¹ En ms10 s.v. *Preso* coa indicación *Desesperación*.

²⁶⁵² Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Hombre*.

6733. **Dios nos dea humor e non nos ollos.** (ms10,030v: D.E.)
6734. **Dios nos dea humor, que disgustos non han faltar.** (ms10,030v: D.E.)
6735. **Disgraciado se vexa o que ós seus desprecia.** (ms10,008v: D.E.)
6736. **Dos disgraciados nacen os avisados.** (ms10,008v: D.E.)
6737. **É boa disgracia non ter pra viño e ter que beber auga.** ²⁶⁵³ (ms15,18v / ms10,008v: D.E.)
6738. **Nadar, nadar e logo afogar.** (ms18,34r)
6739. **Nadar, nadar i-agora il afogar.** ²⁶⁵⁴ (mc e ms16: A.S.A.)
Var.: *Nadar, nadar, i-agora ir a afogar.* (ms16: J.P.) ²⁶⁵⁵
(pt) *Nadar, nadar, e morre à veira.* (Chaves) (es) *Nadar, nadar, y en cualquier momento ahogar.* / *Nadar, nadar, y en la orilla se ahogar.* (Gella) / *Nadar, nadar, y morir a la orilla* (Id.) / *Nadar, nadar, y a la orilla ahogar.* (H.) (ct) *Nadar, nadar, i a la vóra aufegar.* (Gella)
6740. **Neste mundo fondo hai bágoas e choros dabondo.** ²⁶⁵⁶ (ms16 e ms10,047r: D.E.)
6741. **Nunha hora caise a casa.** (ms16 e ms10,030r: D.E.)
(es) *De una hora a otra se cae una casa.* (R. Marín)
6742. **O que non sabe de mal non sabe de ben.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien no sabe de malo sabe de bien.* (R. Marín)
6743. **O tormento da cazola que tanto a desconsola: face-lo guisado, queimarse pra guisalo e dispois, nin comelo nin probalo.** ²⁶⁵⁷ (ms16: D.E.)
(es) *Lo peor de la cazuela es guisarla y no comerla.*
6744. **Os burros acarrean o viño e beben a auga.** (mc e ms16: Buciños)
(es) *El burro del harinero, todo el día acarreando aceite, y a la noche, a oscuras.* (R. Marín)

²⁶⁵³ En ms10 s.v. *Desgracia*.

²⁶⁵⁴ ms: *y-agora*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Esfuerzo*.

²⁶⁵⁵ ms16: *i-ahora*. / Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *i-agora*.

²⁶⁵⁶ ms10: *choros abondo*. En ms10 s.v. *Mundo*.

²⁶⁵⁷ *O tormento da cazola que tanto a desconsola: facelo guisado; queimarse pra guisalo, e dispois, nin comelo nin probalo.*

6745. **Os traballos fixéronme vella que eu ben moza era.** ²⁶⁵⁸ (ms10,132r: D.E.)
6746. **Pareda que ten croio, a muller que non ten fillos i-o home ten mal de ollo.** ²⁶⁵⁹ (ms4: F.V.S.)
6747. **Pobre do animal que cae na barriga de outro.** (ms8,68v: La Cañiza)
6748. **Prós disgraciados fixéronse os infortunios.** ²⁶⁶⁰ (ms16 e ms10,008v: D.E.)
6749. **Remar e remar e caer no mar.** ²⁶⁶¹ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Var.: *Remar, remar, e na orilla naufragar.* (F.L.) / *Tanto remar, remar, i-ó chegar ó porto, afogar.* (ms16: Lugo) / *Remar, remar, pra morrer na veira do mar.* (Gella, Ribadeo) / *Remar, remar, i-ó mar ir dar.* (ms16: Sober)
Como: *Nadar, nadar...*
6750. **Remar, remar, pra caer no mar.** ²⁶⁶² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

BENEFICIOS Y ENSEÑANZAS DE LA DESGRACIA

6751. **Dá Dios sarna a quen non sabe rascala.** ²⁶⁶³ (ms16 e ms10,117r: D.E.)
(es) *Da Dios sarna a quien no sabe rascársela.* (M. Kleiser)
6752. **Non hai mal que por ben non veña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6753. **Non hai mal que por ben veña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
6754. **Non hai malo que non veña por ben, pero cata pra quen.** ²⁶⁶⁴ (ms15,16)
Var.: *Non hai mal que por ben non veña.* (ms16: Sarria) / *Non hai mal sin ben; cata pra quen.* (ms16 e ms10,035v: D.E.) / *Non hai mal que non veña por ben, mais cata pra quen* (ms16 e ms10,035v: D.E.) / *Non hai mal en que non haxa ben.* (ms16 e ms10,035v: D.E.) / *Hai mal que vén por ben.* (ms16 e ms10,035r: D.E.) / *Mal trai ben.* (ms16 e ms10,035r: D.E.)

²⁶⁵⁸ En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Desgracias*.

²⁶⁵⁹ *Pareda que ten croyo, a muller que non ten fillos y-o home ten mal de ollo.*

²⁶⁶⁰ En ms10 s.v. *Desgracia*.

²⁶⁶¹ En segundas clasificacións temáticas, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Embarcaciones* e *Esfuerzo*.

²⁶⁶² En segundas clasificacións temáticas, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Embarcaciones* e en *Esfuerzo*.

²⁶⁶³ En ms10 s.v. *Sarna*.

²⁶⁶⁴ *Non hay malo que non veña por ben, pero cata pra quen.* / Cinco últimas variantes en ms10 s.v. *Mal*.

DURACIÓN DE LA DESGRACIA

6755. **Hoxe, mal; mañán, pior ¡vállanos Noso Señor!** (ms16: D.E.)
(es) *Hoy, mal; cras, peor, ciego Don Salvador.* (H. Núñez)
6756. **Non hai nublado que dure un ano.** ²⁶⁶⁵
(ms16 e ms10,070r: D.E.)
(es) *No hay nublado que dure un año.* (Correas)
6757. **Non hai tormenta que moito dure.**
(ms16: Lugo)
(es) *No hay tempestad que mucho dure.* (R. Marín)
6758. **O bo tempo logo acaba, mais o malo pasa de mala gana.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
6759. **Traballo é a mala ventura e máis traballo é cando dura.** ²⁶⁶⁶ (ms16 e ms10,132r: D.E.)
(es) *Trabajos la mala ventura y más si dura.* (Correas)

LAS DESGRACIAS SE SUCEDEN

6760. **¿A onde vas mal? A onde máis hai.** ²⁶⁶⁷
(ms16 e ms10,035r: D.E.)
6761. **As cereixas e as malas fadas cóllense poucas e veñen a presadas.** (ms16: D.E.)
Var.: *Cereixas e malas fadas, cóllense pouquiñas e veñen moitas agarradas.* (ms16: D.E.) / *Como as cereixas son as disgracias, que unhas noutras se engarran.* (ms16 e ms10,008v: D.E.) ²⁶⁶⁸
(es) *Las disgracias son como las cerezas, que unas a otras se llevan.* (Correas)
6762. **Ben veñas, mal si vés solo.** ²⁶⁶⁹ (mc: Agro / ms16: D.E.)
(pt) *Bem venhas mal se vires só.* (Chaves) / *Bemvindo o mal que vem sozinho.* (es) *Bien vengas, mal, si vienes solo.* (R. Marín / Correas) (ct) *Ben vingut sigues mal, si vens a sòles.* (Alberola)
6763. **Cando vén unha, nunca vén sola.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
6764. **De malas fadas logo se enchen as casas.** ²⁶⁷⁰ (ms16 e ms10,017r: D.E.)
(es) *De gallinas y hadas malas, presto se llenan las casas.* (Z.)

²⁶⁶⁵ En ms10 s.v. *Nubes* coa indicación *Desgracia*.
²⁶⁶⁶ En ms10 s.v. *Trabajo* coa indicación *Desgracia*.
²⁶⁶⁷ En ms10 s.v. *Mal*.
²⁶⁶⁸ En ms10 s.v. *Desgracia*.
²⁶⁶⁹ ms16: *se ves soilo*.
²⁶⁷⁰ En ms10 s.v. *Presunción*.

6765. **Disgracias e malas horas sempre veñen todas.** ²⁶⁷¹ (ms16 e ms10,008v: D.E.)
6766. **Mal enriba de mal e pedra por cabezal.** ²⁶⁷² (ms16 e ms10,035r: D.E.)
(es) *Mal sobre mal y piedra por cabezal.* (Hernán Núñez)
6767. **Nunca a mala fama deixa de traer compañía.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: D.E.)
6768. **Nunca vén o mal soilo, que trai compañía e todo.** ²⁶⁷³ (ms16 e ms10,035v: D.E.)
Var.: *Un mal nunca vén soilo, que trae compañía e todo.* (ms16 e ms10,036r: D.E.) / *Nunca vén un mal solo, que trae compañía.* (mc: C.A. *A N. Terra*)
(es) *Nunca viene una desgracia sola.* (R. Marín)
6769. **Nunca vén unha sin outra.** ²⁶⁷⁴ (mc e ms16: A.S.A. / ms10,143r: D.E.)
(es) *Nunca viene una desgracia sola.* (R. Marín)
6770. **O mal vai a onde hai máis.** ²⁶⁷⁵ (ms16 e ms10,035v: D.E.)
6771. **O mal vai a onde o hai.** ²⁶⁷⁶ (ms16 e ms10,035v: D.E.)
6772. **Por fuxir de xiada colleut'a neve.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
6773. **Si un vai pra baixo, todos son a puxarlle.** (ms8,20v: Silvarrey)
Var.: *Cando un vai pra baixo, todos son a puxarlle.* (ms16: Silvarrey)
6774. **Tras a cruda fornada vén outra queimada.** (ms10,049r: Renche, Samos)
6775. **Tras dun mal vén outro mal.** ²⁶⁷⁷ (ms16 e ms10,036r: D.E.)
6776. **Un mal chama outro mal.** (ms16: D.E.)
6777. **Un mal trai outro mal.** ²⁶⁷⁸ (ms16 e ms10,036r: D.E.)
(es) *Un mal llama a otro mal.* (R. Marín)
6778. **Unha disgracia nunca vén soila.** ²⁶⁷⁹
(ms16 e ms10,047v: D.E.)
(es) *Una desgracia nunca viene sola.* (R. Marín)

²⁶⁷¹ En ms10 s.v. *Desgracia*.
²⁶⁷² En ms10 s.v. *Mal*.
²⁶⁷³ Refrán e primeira variante en ms10 s.v. *Mal*.
²⁶⁷⁴ En ms10 s.v. *Venir*.
²⁶⁷⁵ ms16: *val onde*. En ms10 s.v. *Mal*.
²⁶⁷⁶ En ms10 s.v. *Mal*.
²⁶⁷⁷ En ms10 s.v. *Mal*.
²⁶⁷⁸ En ms10 s.v. *Mal*.
²⁶⁷⁹ En ms10 s.v. *Miscelánea*.

6779. **Vai o ben ó ben e o mal pra quen o ten.** (ms10,031v: D.E.)

NO PERDONA A NADIE

6780. **Cada un ten a súa cruz.** (ms16: D.E.)
(es) *Cada altar tiene su cruz.* (R. Marín)
6781. **Nunca falta un mal ano.** (ms16: Lugo)
(es) *Nunca faltó un mal año.* (Correas)

PESIMISMO EN LA DESGRACIA

6782. **A can fraco todas son pulgas.** ²⁶⁸⁰ (mc e ms16: Monforte)
Var.: *A can fraco picanlle as pulgas.* (A.C. / ms16: C.A.)
(pt) *A cão fraco acodem as moscas.* (Chaves) (es) *A perro flaco, todas son pulgas.* (Sbarbi) (ct) *A gos flac, tot son pukes.* (Alberola) / *Al burro flac, tot son mosques.* (Id.)
Al pobre y abandonado todos le combaten.
6783. **Á ovella fraca non lle faltan carrachas.** (ms16: D.E.)
Var.: *Á ovella fraca nunca lle falta sarna.* (ms16: D.E.)
7427. **Non deixes pa mañán o que has de facer hoxe.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
7428. **Non esperes ó día do mercado pra ferra-lo cabalo.**²⁹³⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
7429. **Non por moito madrugar amanece máis axiña.** (mc: *Dicc. Ac.*)
(es) *No por mucho madrugar amanece más aina.* (Correas)
7430. **Non por moito madrugar arrequece máis o traballo.** (ms8,64v: Betanzos)
7431. **Non por moito madrugar amanece antes.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)
7432. **Non por moito madrugar amanece máis cedo.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C / M. Fernández Ferro)
7433. **Nunca deixes pra mañá o que poidas facer hoxe.** (ms-LU: seminarista anónimo: Goiriz, Vilalba, LU)
7434. **Nunca "tempo hai" fixo cousa boa.**²⁹³⁸ (ms15,17 / ms16: D.E.)
7435. **Ó bo negociante non lle doen os pés.**²⁹³⁹ (ms16 e ms10,067r: D.E.)
(es) *Al buen negociador no le duelen los pies.* (R. Marín)
7436. **Ó bo traxinante non lle doen os pés.**²⁹⁴⁰ (ms16 e ms10,133r: D.E.)
7437. **O feito ben agarda ó por facer.** (ms16: D.E.)
(es) *Lo hecho bien, agarda a lo que por hacer.* (Correas)
7438. **Ó feito non lle agrada o por facer.** (ms16: D.E.)
7439. **O feito vence ó que está por facer.** (ms16: D.E.)
7440. **O madrugador non é sempre o que primeiro chega.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
Var.: *O máis madrugador non é sempre o primeiro en chegar.* (ms4: C.A. A Nosa Terra)
7441. **O máis madrugador non é sempre o primeiro que chega.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos de La Coruña*)
7442. **O que anda polo atallo, leva o mar de traballo.**²⁹⁴¹ (mc: Santiago)
7443. **O que antes chega, antes chea.** (mc: Paradela)
7444. **O que antes vén, antes mantén.** (mc: Paradela)
7445. **O que ben fai a cama, ben descansa nela.**²⁹⁴² (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
7446. **O que ben oie, entre moita palla un grau recolle.**²⁹⁴³ (mc: C.G.)
(es) *Quien bien oye, entre mucha paja algún grano recoge.* (R. Marín)
7447. **O que chega atrás, chorar ou cantar.** (mc / ms4: F.V.S.)
7448. **O que chega tarde, nin oie misa nin come carne.**²⁹⁴⁴ (mc: Bucifios / ms11,44: Fonsagrada / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU / ms4: A.N.)
Var.: *O que se ergue tarde, nin oi misa nin come carne.* (ms16: D.E.)
(es) *Quien llega tarde a la carnicería, no come carne en todo el día* (R. Marín) / *Quien tarde va al templo, llega a la misa después del Evangelio.* (R. Marín)
7449. **O que chega tarde, non cea.**²⁹⁴⁵ (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques*)
7450. **O que chega tarde, non oi misa nin come carne.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / M. Camino Sánchez / M. González

²⁹³⁶ En ms10 s.v. *Muerte*.

²⁹³⁷ *Non esperes o día do mercado, pra ferral-o cabalo.*

²⁹³⁸ ms15,17: *hay*.

²⁹³⁹ En ms10 s.v. *Negociar* coa indicación *Diligencia*.

²⁹⁴⁰ En ms10 s.v. *Trajinante* coa indicación *Diligencia*.

²⁹⁴¹ mc: *leva a mar*.

²⁹⁴² ms-LU: *en ela*.

²⁹⁴³ ms4: *muíta palla*.

²⁹⁴⁴ ms11: *oe misa*; ms-LU: *oy Misa*; ms4: *oye*. / V. *O que chega tarde, mal se aloxa en Pereza y ociosidad*.

²⁹⁴⁵ V. *O que chega tarde, mal se aloxa en Pereza y ociosidad*.

- Fernández / ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)
7451. **O que chega tarde, non oye a misa ni come carne.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
7452. **O que está feito a andar, ben lle gusta madrugar.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
7453. **O que ha de levar Xudas, que o leve pronto.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
7454. **O que ha leva-lo demo, poñerllo á porta.**²⁹⁴⁶ (mc: M.L.)
(pt) *O que o diabo tem de levar antes se dê a Deus.* (Chaves)
7455. **O que ha levar o demo, ponllo á porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
7456. **O que madruga, Dio-lo axuda.**²⁹⁴⁷ (mc / ms16: D.E. / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)
7457. **O que madruga, Dios lle axuda.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
7458. **O que madruga, ve o seu e o alleo.** (mc: Bucínos)
7459. **O que madruga, Dio-lo axuda, si é con bon fin.**²⁹⁴⁸ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *A quien madruga, Dios le ayuda.* (R. Marín)
7460. **O que máis asubía, é o que máis capa.** (mc: Orense)
7461. **O que moito busca, pouco encontra.** (mc: Santiago)
7462. **O que non se move, non lle dá o aire.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms16: D.E.)
(es) *Meneaos, señora comadre, meneaos y daros ha el aire.* (R. Marín)
7463. **O que poidas facer hoxe, non-o deixes pra mañá.**²⁹⁴⁹ (mc: Tuiriz, Monforte / ms16: D.E. / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
Var.: *O que poidas facer hoxe, non-o deixes pra mañá, non sendo a comida, se non tes fame.* (ms15,01: Mato) / *Non deixes pra mañán o que poidas facer hoxe.* (ms16 / ms10,003r: D.E.) /
- ²⁹⁴⁶ *O que ha levaló demo, poñerllo á porta.* / ms4: *porllo á porta.*
²⁹⁴⁷ *U que madruga Dio(s) lo axuda.*
²⁹⁴⁸ *O que madruga, Diol-o axuda, si é con bon fin.* / ms16: *Dios o axuda.* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Dios (Ayuda de Dios)*.
²⁹⁴⁹ ms16: *mañán*; ms-SA: *podas, pa mañan.* As dúas últimas variantes en ms10 s.v. *Hacer*.
- O que has de facer hoxe, non o deixes pra mañán.* (ms16 e ms10,016v: D.E.²⁹⁵⁰) / *O que has de facer dispois, / faino agora.* (ms16 e ms10,016v: D.E.) / *O que has de facer tarde, faino cedo.* (ms16 e ms10,016v: D.E.)
(pt) *Não deixes para amanhã o que podes fazer hoje.* (Chaves) (es) *No dejes para mañana lo puedas hacer hoy.* (Correas) / *Lo que hoy puedas hacer no lo dejes para mañana.* (H.)
7464. **O que primeiro que chega ao muiño é o pr[imeiro] que moie.**²⁹⁵¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
7465. **O que quere ir polo atallo, algunha vez pasa máis traballo.** (mc: Santiago)
Var.: *O que vai polo atallo, non lle faltan traballos.* (ms15,05: La Cañiza)
7466. **O que s'ergue tarde, non oye misa nin come carne.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
7467. **O que se levante cedo, ve a súa vida e mais a allea.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
7468. **O que se para no camiño, chega tarde ó muiño.** (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)
7469. **O que ten andado, non o ten por andar.** (mc: Bucínos)
7470. **O que ten boca, non di “¡asopra!”** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
7471. **O que ten boca, non lle digha a outro sopla.**²⁹⁵² (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
7472. **O que vai á misa ou ó muiño, non se pare no camiño.** (mc, ms4 e ms16: J.P. / ms4: F.V.S.)
7473. **O que vai prá misa e pró ferreiro, non espere polo compañeiro.**²⁹⁵³ (ms21,13v: Bermés)
7474. **O que veña atrás, que arree.** (mc: M.V.)
(es) *Quien venga detrás que harree.* (R. Marín)
7475. **O tempo non agarda por ningún.**²⁹⁵⁴ (mc: La Coruña / ms10,127r: D.E.)
7476. **O último mono sempre se afoga.** (mc: Tuiriz, Monforte)

²⁹⁵⁰ En ms10 s.v. *Dejar*.

²⁹⁵¹ O orixinal di *O que primeiro que ~~vay~~ a o muiño e o pr[...] de moie*. Por outros refraneiros sabemos que a segunda parte do refrán é *o primeiro que moie / moe*.

²⁹⁵² *O que ten boca non lle diga a outro sopla.*

²⁹⁵³ *O que vai pra misa e pro ferreiro non espere pol'o compañeiro.*

²⁹⁵⁴ ms10: *ninguén*. / En ms10 s.v. *Tiempo*.

- (es) *El último mono es el que se ahoga.* (R. Marín)
7477. **Onde un non corre, non cansa.** (mc: M.V.)
7478. **Orelliña, si vas á leña e vés cedo, dareiche a merenda; si vés tarde, sin hora, dormirás fóra.** (mc: Camba)
7479. **Pouco importa madrugar, si o cordón non ten ferrete.** (mc: La Coruña)
7480. **Pra mal sentado, direito.** (ms8,56r: Meda)
7481. **Pra mañá deixa que comer, non deixes que facer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
7482. **Prá misa e prá feira non esperes pola compañeira.** (ms9,03v: Meda, Orense)
7483. **Prá misa e pró moín non esperes polo veciñ.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7484. **Prá misa e pró muíño non agardes polo veciño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
7485. **Prá misa e pró muíño non esperes polo teu veciño.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)
7486. **Prá misa e pró muíño non esperes polo veciño.** ²⁹⁵⁵ (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16 / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU / ms-LU: Tres seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Prá misa e pró muín non esperes polo vicin.* (Fonsagrada) / *Prá misa e pró moiño nunca esperes por u veciño.*
(pt) *Para a missa e para o moinho, não esperes pelo teu vizinho.* (Chaves) (es) *Para ir a misa o al molino, no esperes por el vecino.* (R. Marín)
7487. **Prá misa e pró muíño non se espera polo veciño.** ²⁹⁵⁶ (ms21,12r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
7488. **Prá misa e pró moiño nunca esperes poro veciño.** ²⁹⁵⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
7489. **Prá misa e pró sermón, chamar si, esperar non.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
7490. **Prá misa e pró souto non hai que esperar un por outro.** ²⁹⁵⁸ (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,29r: Bermés / A. Darriba Míguez / ms10,124r: D.E.)
Var.: *Prá misa e pró souto non hai que esperar moito.* (ms16 e ms10,0040r: D.E.) ²⁹⁵⁹
7491. **Prá misa e pró tren non esperes por ninguén.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7492. **Pró puesto e pró ferreiro nun esperes por u compañeiro.** (ms)
7493. **Quen a raposa ha de enganar, cómprelle madrugar.** (mc: A.N.)
(pt) *Quem a raposa há-de enganar, muito tem que madrugar.* (Chaves) (es) *Quien la raposa ha de enganar, cúmplele madrugar.* (Jara)
7494. **Quen chega tarde, nin oi misa nin come carne.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
7495. **Quen tarde vai ó mercado, compra sólo rostroballo.** ²⁹⁶⁰ (ms15,18r. / ms16: Traperio)
7496. **Quen teña boca, que non diga a outro "¡sopla!"** ²⁹⁶¹ (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
7497. **Sacristán, non durmas, que están os santos ás escuras.** (mc: Bucínos)
7498. **Si queres dormir ben, que non che dea o sol na cama.** ²⁹⁶² (mc: Santiago)
7499. **Sin regla nin compás, cousa boa non farás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
- DINERO.** V. tamén *Malgastar, Riqueza y dinero.*
7500. **A hucha sin diñeiro é coma o prado sin rego.** ²⁹⁶³ (ms16 e ms10,030v: D.E.)
7501. **Agora que teño moeda, xa podeo cantar se me peta.** ²⁹⁶⁴ (ms16 e ms10,041r: D.E.)
7502. **Ande o diñeiro, que é ben lixeiro.** ²⁹⁶⁵ (ms16 e ms10., 006r: D.E.)
7503. **Baraxa diñeiro, sea teu, sea alleo.** (ms16: Agro)
- ²⁹⁵⁸ ms-LU: *n-hai.* / En ms10 s.v. *Soto.*
²⁹⁵⁹ En ms10 s.v. *Misa.*
²⁹⁶⁰ ms16: *restroballo.*
²⁹⁶¹ *Que teña boca, que non diga a outro "sopla".*
²⁹⁶² mc: *dé.* / V. *Si queres ter boa fama, que non che dea o sol na cama en Trabajo.*
²⁹⁶³ V. *A hucha sin centeo é como o prado sin rego en Agrícolas (Generales).* En ms10 s.v. *Hucha.*
²⁹⁶⁴ En ms10 s.v. *Moneda.*
²⁹⁶⁵ En ms10 s.v. *Dinero.*
- ²⁹⁵⁵ ms-LU: *por o veciño;* ms-LU: *Pra o muíño.* / Na variante do castelán de R. Marín: ms: *a tu vecino.*
²⁹⁵⁶ *Pra misa e pro muíño non se espera pol'o veciño.* / ms-LU: *por o viciño.*
²⁹⁵⁷ O orixinal di *Pra Misa e pro moiño nunca esperes por u veciño.*

- (es) *Ten dinero tuyo o ajeno.* (R. Marín)
7504. **Baraxa e diñeiro, sea teu o[u] alleu.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7505. **Cando a morte chega, de nada val ter moeda.** (ms5,121: Trapero)
7506. **Cando o probe ten diñeiro non ten carne o carnicero.** (ms10,006r: D.E.)
7507. **Cartos a créditos pairan becerros.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
7508. **Con diñeiro e facenda allea ninguén se deita con cea.** (ms10,006r: D.E.)
7509. **Chéireme a min a bolsa e fédache a ti o alento.** (ms16: D.E.)
7510. **De diñeiro e santidad, a mitá pola metade.** ²⁹⁶⁶ (mc: C.A.)
Var.: *De diñeiro e bondá, a mitá da mitá.* (ms16 e ms10,006r: D.E.) / *De diñeiro e santidad quita sempre a mitá.* (ms16 e ms10,006r: D.E.) / *En falando de diñeiro e santidad, a mitá da mitá.* (ms16 e ms10,006v: D.E.) / *De diñeros e bondades, a mitá das metades.* (ms16 e ms10,006r: D.E.)
(pt) *De dinheiro e santidad, a metade da metade.* (Chaves) (es) *Di dineros y bondad -o y calidad-, la mitad de la mitad.* (R. Marín) / *De dineros y bondad, siempre quita la mitad.* (Id.) / *En dinero y santidad, la mitad de la mitad.* (R. Marín) (ct) *De diners o de bondat, la mitat de la mitat.* (Alberola)
7511. **De diñeiros e bondad, quita sempre a mitad.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
7512. **Diñeiro é o que diñeiro vale.** ²⁹⁶⁷ (ms16 e ms10,006r: D.E.)
(es) *Dinero es lo que dinero vale.* (R. Marín)
7513. **Diñeiro esquencido non fai mercede nin fai amigo.** ²⁹⁶⁸ (ms16 e ms10,006r: D.E.)
7514. **Diñeiro teña o meu amo, que lle sobrarán criados.** (ms10,006v: D.E.)
7515. **Diñeiros e amoros mal se encobren.** ²⁹⁶⁹ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
(es) *Dineros y amoros mal se encubren.* (R. Marín)
7516. **Diñeiro, si no é lealtá, menos aínda da mitá.** (ms16: D.E.)

²⁹⁶⁶ As variantes en ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁶⁷ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁶⁸ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁶⁹ En ms10 s.v. *Dinero*.

- (es) *Dinero, siso y lealtad es menos de la mitad.* (Correas)
7517. **Diñeiro, siso e lealtá, menos aínda da mitá.** (ms10,006v: D.E.)
7518. **Dous andares ten o diñeiro: vén despaciño e vaise lixeiro.** ²⁹⁷⁰ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
7519. **En pasar o río ou dar diñeiro, nunca sexas o primeiro.** (ms16: Agoada)
7520. **Encargos sin diñeiro non pasan do recadeiro.** (ms10,006v: D.E.)
7521. **Meu diñeiro manso ¿quen te volveu bravo?** ²⁹⁷¹ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
(es) *Mis dineros mansos ¿quién me los hizo bravos?* (Correas)
7522. **Non hai amigo como os cartos.** (mc)
Var.: *O millor amigo, a bolsa.* (ms16: D.E.)
(es) *Dineros, los únicos amigos verdaderos.* (R. Marín)
7523. **Non hai diñeiro coma o primeiro.** ²⁹⁷² (ms16 e ms10,006v: D.E.)
7524. **Non hai mal máis verdadeiro que o de non ter diñeiro.** ²⁹⁷³ (ms16 e ms10,035v: D.E.)
7525. **Non hai millor amigo que on peso no bolsillo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
7526. **O corazón do home son os cartos.** (ms8,59v: Lugo)
7527. **O diñeiro bo i-o malo gástanse de contado.** ²⁹⁷⁴ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
7528. **O diñeiro da Habana pouco custa e pouco dura.** (mc: A.S.A. / ms16: *La Vida Gallega*, Cuba, 01-1956)
Aplicase a los emigrantes.
7529. **O diñeiro do amento a ningún lle dá contento.** (ms10,006v: D.E.)
7530. **O diñeiro do ruín gástase dúas veces sin se lucir.** (ms10,006v: D.E.)
7531. **O diñeiro do sogro afúndese en preitos todo.** (ms10,006v: D.E.)
7532. **O diñeiro do usureiro dá dez voltas ó quinteiro.** (ms10,006v: D.E.)
7533. **O diñeiro do xogo vaise logo.** (ms10,006v: D.E.)
7534. **O diñeiro é calado: a ninguén di si foi roubado.** ²⁹⁷⁵ (ms16 e ms10,006v: D.E.)

²⁹⁷⁰ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁷¹ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁷² En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁷³ En ms10 s.v. *Mal*.

²⁹⁷⁴ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁷⁵ En ms10 s.v. *Dinero*.

7535. **O diñeiro é de quen o agarra, a groria é de quen a gana.** ²⁹⁷⁶ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
(es) *El dinero es de quien lo agarra, y la gloria de quien la gana.* (R. Marín)
7536. **O diñeiro é gran cabaleiro.** (ms10,006v: D.E.)
7537. **O diñeiro é madeira seca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Non hai cousa máis pronta.
7538. **O diñeiro é o amo do mundo enteiro.** (ms10,006v: D.E.)
7539. **O diñeiro é pra contalo e as chaves pra gardalo.** (ms10,006v: D.E.)
7540. **O diñeiro é tan bo servidor coma mal señor.** ²⁹⁷⁷ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
(es) *El dinero es tan mal amo como mal criado.* (M. Kleiser)
7541. **O diñeiro é tan mal amo como bo criado.** (ms16: D.E.)
7542. **O diñeiro é tan mal amo como tan mal criado.** (ms10,006v: D.E.)
7543. **O diñeiro en todo tempo é bo compañeiro.** ²⁹⁷⁸ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
Var.: *O diñeiro sempre foi o mellor compañeiro.* (ms16 e ms10,007r: D.E.)
(es) *No hay tan buen compañero como el dinero.* (R. Marín)
7544. **O diñeiro en todo tempo vén a xeito.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
Var.: *O diñeiro sempre vén a xeito.* (ms16 e ms10,007r: D.E.) ²⁹⁷⁹
(es) *El dinero nunca pierde tempero.* (R. Marín)
7545. **O diñeiro enche o bolsón a forza de pon e pon.** ²⁹⁸⁰ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
7546. **O diñeiro foxe como a auga dun regueiro.** ²⁹⁸¹ (mc e ms16: S.Victorio de R. de Miño. / ms10,007r: D.E.)
(es) *El dinero se ha hecho redondo, para que rueda.* (R. Marín) / *El dinero es voladero.* (R. Marín)
7547. **O diñeiro herdado, pouco custa e menos dura.** (ms18,37r)
7548. **O diñeiro nunca perde o tempero.** ²⁹⁸² (ms16 e ms10,007r: D.E.)

²⁹⁷⁶ En ms10 s.v. *Dinero*.
²⁹⁷⁷ ms10: *como mal señor*. En ms10 s.v. *Dinero*.
²⁹⁷⁸ Refrán e variante en ms10 s.v. *Dinero*.
²⁹⁷⁹ En ms10 s.v. *Dinero*.
²⁹⁸⁰ En ms10 s.v. *Dinero*.
²⁹⁸¹ ms10: *coma a i-auga*. En ms10 s.v. *Dinero*.

- (es) *El dinero nunca pierde el tempero.* (R. Marín)
7549. **O diñeiro que máis nos fai aledar é o que se sabe ganar e o que se sabe gastar.** ²⁹⁸³ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
(es) *El dinero tiene más de un gozar: saberlo ganar y saberlo gastar.* (R. Marín)
7550. **O diñeiro vaise ó diñeiro e o folgar, ó cabaleiro.** (ms10,007r: D.E.)
7551. **O ouro é para o tesouro.** ²⁹⁸⁴ (ms16: Artaz)
(es) *Vase el oro al tesoro.* (Correas)
7552. **O que non se pode mercar con diñeiro non se pode vender por diñeiro.** (ms10,007r: D.E.)
7553. **O que ten cartos no bolsillo, non sempre ten que comer.** (mc e ms16: Santiago)
7554. **Os cartos fan moitos homes listos e moitos homes parvos.** (ms16: D.E.)
7555. **Pan cocido e cartos na man, a ver cál dura máis.** (ms5,136: Prado, Lalín)
7556. **Poucas peras se compran por un carto.** (ms21,30v: Bermés)
7557. **Quen diñeiro non ten que cobrar, moitas voltas ten que dar.** (ms10,007r: D.E.)
7558. **Quen precisa diñeiro vende ás veces a bolsa i-o pelexo.** (ms10,007r: D.E.)
7559. **Redonda é a moeda pra que rode e corra e vaia e veña.** ²⁹⁸⁵ (ms16 e ms10,041r: D.E.)
7560. **Reinos e diñeiros non queren compañeiros.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
7561. **Se o diñeiro é forte, máis forte é a morte.** (ms10,007r: D.E.)
7562. **Tanto vales como tes; se non tes máis que cen reás, non máis de cen valerás.** ²⁹⁸⁶ (ms10,135r: D.E.)

ADULACIÓN AL DINERO

7563. **Canto tes, canto vales.** (mc e ms16: Sarria)
Var.: *Tanto tes, tanto vales.* (ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms10,128r: D.E.) ²⁹⁸⁷
(pt) *Tanto tens, quanto vales.* (Chaves) / *Tanto tens, tanto vales.* (Id.) / *Tanto vales*

²⁹⁸² En ms10 s.v. *Dinero*.
²⁹⁸³ En ms10 s.v. *Dinero*.
²⁹⁸⁴ V. *Corre o ouro pró tesouro en Dinero (Dinero productivo e improductivo)*.
²⁹⁸⁵ En ms10 s.v. *Moneda*.
²⁹⁸⁶ En ms10 s.v. *Valer* coa indicación *Dinero*.
²⁹⁸⁷ En ms10 s.v. *Tener*.

- quanto *hás e o saber por demais*. (Id.) / *Quanto tens, quanto vales*. (Id.) (es) *Tanto uno vale como lo que tiene y puede valer*. (Correas) / *Tanto vales como has, y tu haber de más*. (Id.) / *Cuanto tienes, cuanto vales*. (R. Marín) / *Tanto vales como tienes: si no tienes más que cien reales, no más de ciento vales; o non vales más de cien reales*. (Correas)
7564. **Canto tes, tanto vales**. (ms21,18r: Bermés)
7565. **Con cartos na bolsa calquera runfa**. (ms16: D.E.)
7566. **Corre o fume pró fumeiro, corre pra que ten diñeiro**.²⁹⁸⁸ (mc: Carballido / ms4: F.V.S. / ms16: Carballino / ms-LU: dous seminaristas anónimos: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU e Laiosa, O Incio, LU)
7567. **Corre o isqueiro pra quen ten diñeiro**. (ms16: Sober)
7568. **Dinche as campanas de Belén: "Valche quen ten"**. (mc e ms16: Carballino) (pt) *Vale quem tem*. (Chaves)
7569. **Glorias sin diñeiro é fume de palla**. (mc e ms16: C.A.)
7570. **Haxa diñeiro no bolsón que non faltarán quen lle faga o son**.²⁹⁸⁹ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
7571. **Máis vale din de moeda que don sin renda**.²⁹⁹⁰ (ms16 e ms10,006r: D.E.)
Var.: *Máis vale o din que o don*. (ms16 e ms10,006r: D.E.) / *O don sin din pouco me importa a min*. (ms16 e ms10,006r: D.E.) / *Máis vale din que don*. (ms16: D.E.)
(es) *Más vale din de moneda que don sin renta*. (Correas) / *Más vale din que don*. (Correas)
7572. **Non hai amigo nin ermau, si non hai diñeiro na mau**. (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
7573. **Non hai amigo nin irmán, se non hai cartos na man**.²⁹⁹¹ (mc e ms16: Santiago / ms16: Arzúa)
7574. **O fume no fumeiro corre pra o que ten diñeiro**. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
7575. **O fume no fumeiro corre pra quen ten diñeiro**. (mc: Tuiriz, Monforte / ms16: Tuimil-Monforte)
Véase *Fume, fumeiro...*
7576. **O fume tira pró fumeiro, prás nenas mocosas e prás que teñen diñeiro**. (ms9,15r: Silvarrey)
7577. **O fume vai pró fumeiro**. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7578. **O que ten, vale, e o que non ten, non vale nada**. (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
7579. **Os cartos gustan a todos**. (ms15,44)
7580. **Quen ten cartos é fidalgo**. (ms16: Lugo)
Glosado en la canción popular: *Pasei pola túa porta; / troquei un can por un galgo; / o sangue todo é vermello, / quen ten diñeiro é fidalgo*.
7581. **Quen ten din, ten don**.²⁹⁹² (mc e ms16: Lugo / ms4: F.V.S. / ms10,009r: D.E.)
(es) *Quien tiene din tiene don*. (Correas)
7582. **Quen ten diñeiro, sempre anda no peneiro**.²⁹⁹³ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
7583. **Quen ten pan, non falta quen lle barra o chan**. (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
7584. **"Quen ten, val", din as campanas de Rendal**. (mc: Terra de Melide)
Var.: *Quen ten, val*. (mc / ms16: Sober) / *As campanas de Amiudal (Orense) din sempre que as repinican: Quen ten val, quen ten ten, val*. (ms16: D.E.)
(pt) *Val quem tem*. (Chaves)
Aparece como estribillo en la copla popular: *As campanas d'Amiudal / cando repinican dicen: / Quen ten val, quen ten val*.
7585. **Se un peso tes, un peso vales**. (ms8,62r: Silvarrey)
7586. **Si ten cartos o velliño, untaráselle o fuciño; pro, si non-os ten, ulirá a sartén**. (mc e ms16: R. Caruncho)
(pt) *Tanto tens, quanto vales*. (Chaves) (es) *Tanto uno vale como lo que tiene y puede valer*. (Correas) / *Tanto vales como has, y tu haber de más*. (Id.) / *Tanto vales como tienes: si no tienes más que cien reales, no más de ciento vales*. (Id.)
7587. **Tanto é o teu valer como o teu ter**.²⁹⁹⁴ (ms16 e ms10,135r: D.E.)
Var.: *Tanto vales canto tes*. (ms16 e ms10,135r: D.E.) / *Tanto vales como tes; se*

²⁹⁸⁸ ms16: *no fumeiro*; ms16,ms-LU (Pacios), ms-LU (Laiosa): *pra quen*.

²⁹⁸⁹ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁹⁰ Refrán e variantes en ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁹¹ mc: *hirmán, si non*.

²⁹⁹² En ms10 s.v. *Don*.

²⁹⁹³ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁹⁴ Tanto o refrán como a variante encontráanse en ms10 s.v. *Valer* coa indicación *Dinero*.

non tes máis de cen réas, non máis de cen valerás. (ms16: D.E.)

AFICIÓN AL DINERO

7588. **Ben cheira o diñeiro inda que veña dun esterqueiro.**²⁹⁹⁵ (ms16 e ms10,006r: D.E.)
(es) *A gloria huele el dinero, aunque se saque de un estercolero.* (R. Marín)
7589. **Bo é ter diñeiro e casa con pote, tixola e pucheiro.**²⁹⁹⁶ (ms16 e ms10,006r: D.E.)
7590. **Déannos diñeiro e non nos dean consellos.**²⁹⁹⁷ (ms16 e ms10,006r: D.E.)
(es) *Dineros quiero, y no consejos.* (R. Marín)
7591. **Diñeiro haxa, que gusto non falta.**²⁹⁹⁸ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
(es) *Dineros haya, que invención y gusto no falta.* (R. Marín)
7592. **Ninguén tira cos cartos.** (ms16: Lugo)
7593. **Os cartos andan apañados.** (mc e ms16: Buciños)
7594. **Os cartos, todos queren arrapañalos.** (ms16: D.E.)
Var.: *Os cartos gustan a todos.* (ms16: Lugo)
7595. **Por diñeiro baila o can e por pan, se llo dan.**²⁹⁹⁹ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
(es) *Por dinero baila el perro, y por pan si se lo dan.* (Correas)

DINERO PRODUCTIVO E IMPRODUCTIVO

7596. **A prata anda a cotío detrás da prata.**³⁰⁰⁰ (ms16 e ms10,097r: D.E.)
7597. **Corre o ouro pró tesouro.**³⁰⁰¹ (mc e ms16: Terra de Melide / ms16: D.E. / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: Santa María dos Ánxeles, Boimorto, C)
Var.: *O ouro corre pró tesouro.* (F.V.S.) / *Vaise o ouro pró tesouro.* (ms16: D.E. / ms21,08r: Bermés)
(pt) *Dinheiro, ganha dinheiro.* (Chaves)
(es) *Vase el oro al tesoro.* (Correas) / *Dinero ¿a dónde vas? A donde hay más.* (R. Marín) / *Dinero hace dinero* (Id.) / *Dinero llama dinero.* (Id.) (ct) *Dins fan dins.* (Alberola)

²⁹⁹⁵ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁹⁶ ms16: *tixela*. / En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁹⁷ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁹⁸ En ms10 s.v. *Dinero*.

²⁹⁹⁹ En ms10 s.v. *Dinero*.

³⁰⁰⁰ En ms10 s.v. *Plata* coa indicación *Dinero*.

³⁰⁰¹ ms-SA: *po tesouro*; ms16: (*T. de M.*): *pro tesouro*. / V. *O ouro é para o tesouro* en *Dinero*.

7598. **Diñeiro busca diñeiro.**³⁰⁰² (ms16 e ms10,006r: D.E.)
(pt) *Dinheiro ganha dinheiro.* (Chaves) (es) *Dinero hace dinero.* (R. Marín)
7599. **Diñeiro chama diñeiro pero é o máis ó menos.**³⁰⁰³ (ms16 e ms10,006r: D.E.)
(es) *Dinero llama dinero; pero es lo más a lo menos.* (R. Marín)
7600. **Diñeiro gana diñeiro.**³⁰⁰⁴ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
7601. **Diñeiro que gardado está, non gana pan.**³⁰⁰⁵ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
(es) *Dineros que guardados están, no ganan pan: dineros que van y vienen a su amo mantienen.* (R. Marín)
7602. **Diñeiro que vai e vén, a seu dono mantén.**³⁰⁰⁶ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
(es) *Dineros que guardados están, no ganan pan: dineros que van y vienen a su amo mantienen.* (R. Marín)
7603. **Na hucha os cartos non medran pero axúntanse.**³⁰⁰⁷ (ms16 e ms10,030v: D.E. / ms15,18)
Var.: *Os cartos na hucha non nacen pero gárdanse.* (D.E.)
7604. **O que sabe canto gana á noite, nunca rico morre.** (ms10,050r: Silvarrei / ms6,03v: D.E. Dispersos)

PELIGROS DEL DINERO

7605. **De rico a soberbio non hai palmo enteiro.**³⁰⁰⁸ (mc e ms16: Velle / ms10,077r e ms10,109r: D.E.)
(pt) *De rico a soberbo não há palmo inteiro.* (Chaves) (es) *De rico a soberbio, no hay palmo entero.* (Sbarbi)
7606. **Moito ter e pouco valer logo botan un home a perder.** (ms16: D.E.)
7607. **O diñeiro trai os homes ó retorteiro.**³⁰⁰⁹ (ms16 e ms10,007r: D.E.)

PODER DEL DINERO

7608. **Burro con ouro consígueo todo.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)

³⁰⁰² En ms10 s.v. *Dinero*.

³⁰⁰³ En ms10 s.v. *Dinero*.

³⁰⁰⁴ En ms10 s.v. *Dinero*.

³⁰⁰⁵ En ms10 s.v. *Dinero*.

³⁰⁰⁶ En ms10 s.v. *Dinero*.

³⁰⁰⁷ En ms10 s.v. *Hucha*.

³⁰⁰⁸ ms10,077: *soberbo, hai un palmo*. / En ms10,077 s.v. *Palmo* e en ms10,109r s.v. *Riqueza*.

³⁰⁰⁹ En ms10 s.v. *Dinero*.

- Var.: *Burro cargado de ouro consígueo todo.* (ms16: D.E.)
 (es) *Donde el oro habla, todo calla.* (Sbarbi) (ct) *Ase d'òr, ho logra tot.* (Alberola)
7609. **Cando o diñeiro fala, todo cala.** (ms18,24r)
7610. **Cando o diñeiro fala, todos calan.** ³⁰¹⁰ (mc: F.B.B. / ms: M.V. / ms16: D.E. / ms21,23r: Bermés)
 (pt) *Quando o oiro fala, tudo cala.* (Chaves) / *Onde o ouro fala, a lingua (ou tudo) cala.* (Id.) (es) *Cuando el dinero habla, todos callan.* (mc: Sbarbi / ms: R. Marín / ms16: C.C.) / *Donde don Dinero habla, todo el mundo calla.* (R. Marín)
7611. **Coa prata todo se alcanza.** ³⁰¹¹ (ms16 e ms10,097r: D.E.)
7612. **Diñeiro e vida compoñen casas e vilas.** ³⁰¹² (ms16 e ms10,006v: D.E.)
 (es) *Dineros y vida componen villa.* (Hernán Núñez)
7613. **O diñeiro é cabaleiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
 Var.: *Don Diñeiro é gran cabaleiro.* (ms16 e ms10,006v: D.E.) ³⁰¹³
 (es) *El dinero es gran caballero.* (R. Marín) / *El dinero hace caballero.* (R. Marín) / *Poderoso caballero es Don dinero.* (R. Marín)
7614. **O diñeiro fai ó cabaleiro.** ³⁰¹⁴ (ms16 e ms10,006v: D.E.)
 (es) *El dinero hace caballero.* (M. Kleiser)
7615. **O diñeiro fai o home enteiro.** ³⁰¹⁵ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
 (es) *El dinero hace el hombre entero.* (Correas)
7616. **O diñeiro manda.** ³⁰¹⁶ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
 Var.: *O diñeiro pódeo todo.* (ms16 e ms10,007r: D.E.)
7617. **O diñeiro racha as pedras.** (mc e ms16: F.B.B.)
 (es) *El dinero hace milagros.* (Sbarbi)
7618. **Os cartos son cartos.** (ms15,44 / ms16: Lugo)
7619. **Ouro son trunfos.** (ms16: Lugo)
 (es) *Oro son triunfos.* (R. Marín)

³⁰¹⁰ V. *Onde o diñeiro fala, todos calan* en *Jurídicos y similares.*

³⁰¹¹ En ms10 s.v. *Plata* coa indicación *Dinero.*

³⁰¹² En ms10 s.v. *Dinero.*

³⁰¹³ En ms10 s.v. *Dinero.*

³⁰¹⁴ En ms10 s.v. *Dinero.*

³⁰¹⁵ En ms10 s.v. *Dinero.*

³⁰¹⁶ Refrán e variante en ms10 s.v. *Dinero.*

7620. **Quen diñeiro ten, merca o que quer.** ³⁰¹⁷ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
 (es) *Quien dinero tiene, alcanza lo que quiere.* (H. Núñez)
7621. **Quen ten cartos, quita santos.** (ms16: Sober)
 (es) *Quien tiene dineros, pinta panderos.* (R. Marín)

DIOS. V. tamén *Religiosos y morales.*

7622. **A boa herba gárdaa Dios.** (ms4: F.V.S.)
7623. **A cada un o seu e Dios con todos.** (ms10,007r: D.E.)
7624. **Alá me leve Dios onde nos atopemos todos nós.** (ms10,007r: D.E.)
7625. **Antes é Dios que os santos.** (ms16: Sober)
7626. **Ben gardado é o que a Dios garda.** ³⁰¹⁸ (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)
 Var.: *Gardado é o que Dios garda.* (ms15,42: Aguada)
7627. **Ben gardado está o que Dios garda.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
7628. **Cando Dios quería, eu ben lonxe cuspiá; agora que non podo, cuspo ó meu modo.** (ms10,007r: D.E.)
7629. **Dá Dios moas a quen non ten talladas.** (ms10,007r: D.E.)
7630. **Dá Dios mocos a quen non se sona.** (ms10,007r: D.E.)
7631. **Dá Dios que roer ó que lle faltan moas e dentes.** (ms10,007r: D.E.)
7632. **Dá Dios talladas a quen non ten dentamía.** (ms10,007r: D.E.)
7633. **Dar por Dios a quen ten máis que nós é cousa de parvos ou de papós.** (ms10,007r: D.E.)
7634. **Despois de Dios, a ola.** (mc e ms16: A.S.A.)
 (es) *Después de Dios, la olla.* (Sbarbi) / *Después de Dios, la olla; que la casa de Quirós todo es bambolla.* (R. Marín) (ct) *Després de Deu, l'olla.* (Alberola)
7635. **Despois de Dios, o pote.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
7636. **Digan, que de Dios dixeron e dispois inda o mataron.** (ms10,007r: D.E.)
7637. **Dio-los cría e o demo os axunta.** ³⁰¹⁹ (ms10,047v: D.E.)
7638. **Dios amou a probeza.** (ms16: Lugo)

³⁰¹⁷ En ms10 s.v. *Dinero.*

³⁰¹⁸ ms4: *é que Dios garda.*

³⁰¹⁹ En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Dios.*

- (es) *Dios amó la pobreza.* (R. Marín)
7639. **Dios axuda ó que se axuda.** (ms10,007r: D.E.)
7640. **Dios castiga e non da paus.** (ms10,007v: D.E.)
7641. **Dios consinte hastra ó que minte.** (ms10,007v: D.E.)
7642. **Dios che dea bés, se traballar qués.** (ms10,007v: D.E.)
7643. **Dios che dea o ben, e a casa en que o meter.** (ms10,007v: D.E.)
7644. **Dios che dea poder na vila e na tua casa fariña.** (ms10,007v: D.E.)
7645. **Dios che dea que teñas e casa en que o metas.** (ms10,007v: D.E.)
7646. **Dios che garde o que for do teu agrado, e o demais que o leve o diaño.** (ms10,007v: D.E.)
7647. **Dios dea a pereira e eu á beira.** ³⁰²⁰
(mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
Var.: *Deus me de a pereira e a min á beira.*
7648. **Dios dea con que rir, que pra chorar hai abondo.** (ms10,007v: D.E.)
7649. **Dios dea que comer e con quen falar.** (ms15,17)
7650. **Dios dea traballos a quen os queira.** (ms10,007v: D.E.)
7651. **Dios diante e o carro que cante.** ³⁰²¹
(mc e ms16: M.L.2 / ms10,007v: D.E.)
7652. **Dios dixo o que será pero non o que virá.** (ms10,007v: D.E.)
7653. **Dios é grande i-o mundo pequeno.** ³⁰²²
(ms16 e ms10,007v: D.E.)
Var.: *Dios é grande.* (ms16: D.E.)
(es) *Dios es grande.* (Z.)
7654. **Dios e o mundo non poden andar xuntos.** ³⁰²³ (ms16 e ms10,007v: D.E.)
(es) *Dios y el mundo no pueden andar juntos.* (Correas)
7655. **Dios é pai e tempo é tempo.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos de La Coruña*)
7656. **Dios fai a mercede, mais tamén algo quere.** (ms10,007v: D.E.)
7657. **Dios fixo as bestas pra descanso dos homes.** (ms10,007v: D.E.)
7658. **Dios me apare mesón que a dona me faga algo e o mesoneiro, non** (ms10,007v: D.E.)
7659. **Dios me dea apego ó traballo e o demais que o leve o diaño.** (ms10,007v: D.E.)
7660. **Dios me garde de aprendiz novo e de barbeiro vello.** (ms10,007v: D.E.)
7661. **Dios me garde de home mal barbado e de lobo esfameado.** (ms10,008r: D.E.)
7662. **Dios no ceo e na terra o diñeiro.** (ms10,008r: D.E.)
7663. **Dios non axuda a quen non se axuda.** (ms10,008r: D.E.)
7664. **Dios non é vello pois nace tódolos anos.** ³⁰²⁴ (ms16 e ms10,008r: D.E.)
Var.: *Dios non é vello.* (ms16: Sarria) / *Dios nace tódolos anos.* (ms16: Lugo) / *Inda Dios non é vello.* (ms16: G.P.)
(es) *Dios no es viejo pero nace todos los años.* (R. Marín) / *Dios no es viejo.* (R. Marín) / *Dios nace cada año.* (R. Marín)
7665. **Dios non oi a quen non pide.** (ms10,008r: D.E.)
7666. **Dios non ten toucas, mais quita dunhas e pón noutras.** (ms10,008r: D.E.)
7667. **Dios nos dea con que riamos e non con que choremos.** (ms10,008r: D.E.)
7668. **Dios nos dea con que riamos, que pra sufrir tempo ha de sobornarnos.** (ms4: F.V.S.)
7669. **Dios nos dea moito pan e mala colleita.** (ms10,008r: D.E.)
7670. **Dios nos garde o millor, que é o xuicio.** (ms10,008r: D.E.)
7671. **Dios nos libre e garde dos que non nos sabemos librar nin gardar.** (ms10,008r: D.E.)
7672. **Dios pague a caridade e aumente a devoción.** (ms10,008r: D.E.)
7673. **Dios perdoa ó que a súa culpa chora.** (ms10,008r: D.E.)
7674. **Dios perdoe ós defuntos e con saúde os enterremos.** (ms10,008r: D.E.)
7675. **Dios poña tento nas túas mans.** (ms10,008r: D.E.)
7676. **Dios púxome sano e o médico levoume os cartos.** (ms10,008r: D.E.)
7677. **Dios que dá prá cea, dá prá candeia.** (ms4: M.L.)
7678. **Dios sempre é novo.** (ms9,03v: Orense)

³⁰²⁰ ms4: *beira.*

³⁰²¹ ms: *y o carro*; ms4: *Deos diante*; ms16: *i o carro.* / En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰²² En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰²³ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰²⁴ En ms10 s.v. *Dios.*

7679. **Dios te garde de amigo reconciliado, de can atado, de borracho irado e de home arroutado.** (ms10,008r: D.E.)
7680. **Dios te garde de ladrón da casa e de tolo de fóra da casa.** (ms10,008r: D.E.)
7681. **Dios te libre de alcalde novo e de escribano vello.** (ms10,008r: D.E.)
7682. **Dios te libre do mozo cando lle apunta o bozo.** (ms10,008r: D.E.)
7683. **Dios todo o oi e todo o ve e dálle ó home o que lle convén.** (ms10,008r: D.E.)
7684. **Dios vos manteña e máis que veña.** (ms10,008r: D.E.)
7685. **Dios dé pacencia i-on saco pra levala.** (ms8,68r: La Cañiza)
7686. **Dios sea loubado, que temos o curral ben estrado.** (ms10,008r: D.E.)
7687. **Dispois de Dios, o pote, a cazola e nós.** (ms10,008r: D.E.)
7688. **Do que é parvo e non sabe, Dios teña piedade.** (ms10,092r: D.E.)
7689. **En Dios espera pero, entramentras, [arrenda] as túas terras.** ³⁰²⁵ (ms10,008r: D.E.)
7690. **Fianza en Dios e botar a correr.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarelos López: Lalín, PO)
7691. **Fíate en Dios e non corras.** (ms10,008r: D.E.)
7692. **Gárdeme Dios de mozo rezador e de vello amador.** (ms10,008r: D.E.)
7693. **Hase facer o que Dios quixer.** (ms10,008v: D.E.)
7694. **Líbreme Dios de hora minguada e de xente que non teme nada.** (ms10,008v: D.E.)
7695. **Non dea Dios tanto ben ós amigos, que nos desconozan.** (ms10,008v: D.E.)
7696. **O Dios do usureiro é o diñeiro.** (ms10,008v: D.E.)
7697. **O moito teno Dios.** (mc e ms16: Santiago)
7698. **O que con Dios se deita, con Dios se ergue.** ³⁰²⁶ (mc e ms16: Santiago)
7699. **Pra bon labrador sólo Dios.** (ms16: Sober)
7700. **Primeiro é Dios e despois son os santos.** (ms21,01v: Bermés)
7701. **Primeiro é Dios que o demo.** ³⁰²⁷ (mc e ms16: Palas de Rey-F.V.S.)
7702. **Primeiro Dios e despois nós.** (mc e ms16: Buciños)
7703. **Que Dios te socorra e a min non me desampare.** (ms10,008v: D.E.)
7704. **Quen con Dios queira falar, o corazón ten que abrir e os beizos ten que pechar.** ³⁰²⁸ (ms16 e ms10,008v: D.E.)
7705. **Quen ós lóstregos non teme, a Dios ofende.** ³⁰²⁹ (mc: M.V. / ms16: Lis Quibén / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / A. Darriba Míguez)
7706. **Se Dios me pon onde hai, xa arranxarei o demais.** (ms10,008v: D.E.)
7707. **Se Dios non me quer, o demo me roga.** (ms10,008v: D.E.)
7708. **Se Dios quer, non nos ha faltar que comer.** (ms10,008v: D.E.)
7709. **Sin defectos sólo Dios.** (ms16: Lugo)
7710. **Solo Dios é labrador.** (mc e ms16: Buciños)
El manda el tiempo propicio para las cosechas.
7711. **Tres cousas pediría, si Dios me has dese: a tea, o tear e a que tece.** (ms10,008v: D.E.)
7712. **Vivir como Dios manda, e morrer como Dios queira.** (ms10,008v: D.E.)
7713. **[...] quieto que Dios lle dá.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)

AMOR DE DIOS

7714. **A quen Dios quer ben, caille a sopa no mel.** ³⁰³⁰ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
7715. **A quen Dios quer ben, o demo lle apaña a leña.** ³⁰³¹ (mc e ms16: A.S.A.)
Var.: *A quen Dios quer, o demo lle apaña a leña.* (ms16: A.S.A.)
(pt) *A quem Deus quer bem, o vento lhe apanha a lenha.* (Chaves) / *A quem Deus ajuda, o vento lhe junta a lenha.* (Id.) (es) *A quien Dios quiere bien, el viento le junta la leña.* (R. Marín) (ct) *A qui de vida muda, Deu li ajuda.* (Alberola)
Véase *A quen Dios quer ben, o vento...*
7716. **A quen Dios quer ben, o vento lle apaña a leña.** (mc)

³⁰²⁵ Aínda que Vázquez Saco recolle o refrán sen verbo na segunda parte da oración, no diccionario de Eladio Rodríguez só aparece *En Dios espera pero, entramentras, arrenda as túas terras.*

³⁰²⁶ mc: *erge*.

³⁰²⁷ ms: *qu'o*.

³⁰²⁸ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰²⁹ ms-LU e A. Darriba Míguez: *Deus*.

³⁰³⁰ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰³¹ V. tamén *Ayuda de Dios*.

Var.: *A quen Dios quer ben, o vento axúntalle a leña.* (ms16: D.E.) / *A quen Dios quer, o vento lle apaña a leña.* (ms16: Sober)

(pt) *A quem Deus quer bem, o vento lhe apanha a lenha.* (Chaves) / *A quem Deus ajuda, o vento lhe junta a palha.* (Id.) (es) *A quien Dios ama, el viento le junta la parva.* (R. Marín)

7717. **A quen Dios quer, a casa lle tella.** ³⁰³² (ms16 e ms10,007r: D.E.)

7718. **A quen Dios quer, todo lle medra.** ³⁰³³ (ms16 e ms10,007r: D.E.)

7719. **Cando Dios nos quere, os santos nos axudan.** ³⁰³⁴ (mc e ms16: C.A. A N. Terra)

7720. **De Dios todo ben procede e ó que ama, todo lle concede.** (ms4: J.P.)

7721. **Dios a quen lle quere ben, ben lle sabe da casa.** ³⁰³⁵ (mc e ms16: Villamor-Caurel)

7722. **Dios conmigo, eu co El; El primeiro, eu tras El.** ³⁰³⁶ (ms16 e ms10,007v: D.E.)
(es) *Dios conmigo, yo con Él; Él delante, yo tras Él.* (Correas)

AYUDA DE DIOS

7723. **A non haber, Dios valer.** (mc e ms16: La Coruña)

7724. **A quen cedo se ergue Dios lle dá axuda.** ³⁰³⁷ (mc / ms16: Lugo)

Var.: *A quen madruga, Dios lle axuda.* / *A quen madruga, Dios o axuda.* (ms16: Lugo)

(pt) *A quem madruga, Deus ajuda.* (Chaves)
(es) *A quien madruga, Dios le / lo ayuda.*

7725. **A quen Dios axuda, o vento lle apaña a leña.** ³⁰³⁸ (mc / ms16: Lugo)

Var.: *A quen Dios quer axudar, o vento apáñalle a leña.* (ms16: D.E.)

7726. **A quen Dios axuda, o vento lle xunta a palla.** (mc / ms16: Lugo)

(pt) *A quem Deus ajuda, o vento lhe junta a palha.* (Chaves) / *A quem Deus quer bem, o vento lhe apanha a lenha.* (Id.)

7727. **A quen Dios quere axudar, naide o pode danñar.** ³⁰³⁹ (mc e ms16: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: Santiago de Compostela, C)

³⁰³² En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰³³ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰³⁴ ms4: *non quere*.

³⁰³⁵ ms16: *a quen quere ben*.

³⁰³⁶ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰³⁷ ms: *s'ergue*.

³⁰³⁸ V. *A quen Dios quer ben, o vento lle apaña a leña e variantes en Dios (Amor de Dios)*.

³⁰³⁹ ms16: *quer axudar*.

7728. **Axúdate que Dios che axudará.** (ms-SA: M. González Fernández)

7729. **Axúdate que Dios te axudará.** ³⁰⁴⁰ (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

7730. **Dios dea salud que fame non ha faltar.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)

7731. **Dios di: "axúdate que eu te axudarei".** ³⁰⁴¹ (mc e ms16: Sarria / ms4: F.V.S. / ms10,007v: D.E.)

Var.: *Axúdate que eu te axudarei.* (ms16: Sarria)

(pt) *Deus diz: faze tu que eu ajudarei.* (Chaves) (es) *Ayúdate tú, y Dios te ayudará.* (R. Marín) / *A Dios rogando y con el mazo dando.* (Id.) / *Dios dijo: ayúdate que yo te ayudaré.* (Sbarbi) / *Ayúdate que yo te ayudaré.* (R. Marín) (ct) *Deu, diu: ajudat y t'ajudaré.* (Alberola)

Dios no ayuda a quien no se ayuda.

7732. **Dios e vidas compoñen vilas.** ³⁰⁴² (ms16 e ms10,007v: D.E.)

(es) *Dios y vida componen villa.* (Z.)

7733. **Dios faga o demais.** (ms16: D.E.)

(es) *Dios haga lo demás.* (Correas)

7734. **Dios nola depare boa.** (mc: A.C. A Nosa Terra / ms16: C.A.)

7735. **Dios non axuda a que non se axuda.** (ms16: D.E.)

Var.: *Dios axuda a quen se axuda.* (ms16: D.E.)
(es) *Dios no ayuda a quien no se ayuda.* (R. Marín) / *Dios ayuda a los que se ayudan.* (R. Marín)

7736. **Dios nos dé con que riamos e non seian fillos charros.** ³⁰⁴³ (ms4: A.S.A.)

7737. **Dios nos dea con qué, que as ganas de comer non han de faltar.** ³⁰⁴⁴ (mc: A.C. A Nosa Terra / ms16: C.A.)

Var.: *Deus nos dé qué, que as ganas de comer veñen de seu.* (C.A.) / *Dios dea saúde que as ganas de comer elas han de vir* (ou veñen de seu). (ms4: C.A. A Nosa Terra)

7738. **Dios nos dea saúde e vamos vivindo.** (ms4: A.S.A.)

7739. **Dios nos día cousas arregladas.** ³⁰⁴⁵ (mc e ms16: Buciños)

³⁰⁴⁰ ms-SA (Jesús R.): *t'axudará*.

³⁰⁴¹ ms4: *ch'axudarei*. / En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁴² En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁴³ *Dios nos dè conqu riamos, e non seyan fillos charros.*

³⁰⁴⁴ ms4: *non nos han*.

³⁰⁴⁵ ms16: *dea*.

7740. **Dios nos día mar que rompa.** (ms5,131)
7741. **Dios nos día moito e nos contente con pouco.** (mc e ms16: Buciños)
7742. **Dios nos día viño mentras vivamos, i-o ceo pra cando morramos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7743. **Dios nos libre da boca do lobo.** ³⁰⁴⁶ (mc: Buciños-A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms18,71r: A.S.A. / ms10, 033v: *D. E.*)
7744. **Dios nos libre do mal i-o ben que polo trono vén.** (mc e ms16: Buciños)
7745. **Dios nos manteña e veña o que veña.** ³⁰⁴⁷ (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)
(es) *Dios nos mantenga, y más que venga.* (Correas)
7746. **Dios nos queira gardar do que non nos sabemos librar.** ³⁰⁴⁸ (ms16 e ms10,025v: *D.E.*)
(es) *Dios nos libre y guarde de lo que no nos sabemos librar ni guardar.* (Correas)
7747. **Dios nos teña da súa man e nos saque do inverno e nos meta no vran.** ³⁰⁴⁹ (ms16 e ms10,008r: *D.E.*)
(es) *Dios nos tenga de su mano, y nos saque del invierno y nos meta en el verano.* (Correas)
7748. **Dios nos teña da súa man.** (ms16: Lugo)
(es) *Dios sea con nosotros.* (R. Marín)
7749. **Dios te garde do can atado e do home arroutado.** ³⁰⁵⁰ (ms16 e ms10,025v: *D.E.*)
7750. **En canto un vai e outro vén, Dios dá o seu ben.** (ms10,031r: *D.E.*)
7751. **En canto un vai e outro vén, Dios dá o seu parabén.** (ms10,031r: *D.E.*)
7752. **En todo mal, Dios axuda.** (mc / ms16: Lugo)
(es) *Dios acude siempre a la mayor necesidad.* (R. Marín)
7753. **En Dios espera, pero mentras arrenda.** (mc e ms16: C.A.)
Ayúdate que Dios te ayudará.
7754. **Fai máis o que Dios axuda có que muito madrugá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7755. **Gana máis o que Dios ll'axuda qu'o que moito madrugá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7756. **Máis val'o que Dios axuda qu'o que moito madrugá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)
7757. **Ó non ter, Dios valer.** (ms21,18r: Bermés)
7758. **Sempre Dios foi dando remedio.** (mc e ms16: Buciños)
7759. **Val máis a quen Dios axuda que a quen moito madrugá.** (ms-SA: Eliseo López Varela / Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)
7760. **Vale máis a quen Dios axuda có que cedo madrugá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7761. **Vale máis que Dios te axude c'un "axúdete Dios".** ³⁰⁵¹ (ms, mc / ms16: Lugo)
7762. **Vale máis quen Dios axuda que quen cedo madrugá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
7763. **Vale máis quen Dios axuda que quen moito madrugá.** ³⁰⁵² (mc e ms16: A.I. / ms3: A.N.V. / ms16: *Enc.*)
Var.: *Fai máis o que Dios ll'axuda que o que moito madrugá. / Millor vai quen Deus axuda que quen moito madrugá.* (ms16: *Enc.*)
(pt) *Mais vale a quem Deus ajuda do que quem muito madrugá.* (Chaves) (es) *Más vale a quien Dios ayuda que quien mucho madrugá.* (R. Marín)

BONDAD DE DIOS

7764. **A auga fixoa Dios i-o viño os homes: respetemos a auga e bebamos o viño.** (ms9,13r: Montefurado)
7765. **Asegún dá Dios a chaga, dá o remedio.** ³⁰⁵³ (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Deus assim como dá a doença dá o médico.* (Chaves) (es) *Cuando Dios da la llaga, da el remedio que la sana.* (Correas)
(ct) *Deu que dona la plaga dona la medecina.* (Alberola)
7766. **Bon pan, mal pan, Dios día pan.** (ms8,07r: Lugo)
7767. **Bo, sólo Dios.** (ms16: Lugo)
(es) *Bueno es Dios.* (R. Marín)

³⁰⁴⁶ En ms10 s.v. *Lobos*.

³⁰⁴⁷ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁴⁸ En ms10 s.v. *Guardar*.

³⁰⁴⁹ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁵⁰ En ms10 s.v. *Guardar*.

³⁰⁵¹ mc e ms16: *que un*.

³⁰⁵² ms e ms16: *Val mais*.

³⁰⁵³ ms4: *remedeo*.

7768. **Cada un na súa casa e Deus na de todos.** ³⁰⁵⁴ (mc e ms16: *Dicc. Ac.* / ms5,133: Mondoñedo)
 (pt) *Cada um em sua casa e Deus na de todos.* (Chaves) (es) *Cada uno en su casa, y Dios en la de todos; que es padre poderoso.* (Correas) (ct) *Cada ú en sa casa y Deu en la de tots.* (Alberola) A
7769. **Cada un pra si e Dios para todos.** ³⁰⁵⁵ (mc e ms16: M.V.)
 (pt) *Cada um para si e Deus para todos.* (Chaves) (es) *Cada uno por sí, y Dios por todos.* (R. Marín) / *Cada uno cuida de su negocio, y Dios del de todos.* (Correas) / *Cada uno para sí, y Dios para todos.* (Id.)
 Mira o hace.
7770. **Cada un torna do seu e Dios do de todos.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
 Var.: *Cada un terma do seu e Dios do de todos.*
7771. **Cando Dios dá, n'é cocho.** (mc e ms16: M.L.)
 (pt) *Quando Deus dá é para todos.* (Chaves) (es) *Cuando Dios da, no es escaso.* (R. Marín) / *Cuando Dios da, para todos da.* (Correas)
7772. **Cando Dios dá, non é migalleiro.** (ms16: D.E.)
7773. **Cando Dios amanece, pra todos estrelece.** (mc e ms16: C.A. *A Nosa Terra*)
 Var.: *Cando Dios amanece, pra todos amanece.* (ms16 e ms10,007r: D.E.) ³⁰⁵⁶
 (es) *Cuando amanece para todos, amanece.* (Z.)
7774. **Dá Dios a cada un o frío como é a manta.** (mc e ms16: Buciños)
 (pt) *Dá Deus a roupa conforme o frio.* (Chaves) / *Dá Deus o frio conforme a roupa.* (Id.) (es) *A cada cual da Dios frío, como ande vestido.* (Hernán Núñez)
7775. **De hora a hora Dios mellora.** ³⁰⁵⁷ (mc e ms16: J.P.)
 Var.: *En pequena hora Dios obra e millora.* (ms16 e ms10,030r: D.E.) ³⁰⁵⁸ / *Nunha hora Dios mellora.* (ms16: J.P.)
 (pt) *De hora a hora, Deus melhora.* (Chaves) / *Em pequena hora, Deus melhora.* (Chaves) / *Uma hora melhora a*
- outra.* (Id.) (es) *Dios mejora las horas y el diablo las empeora.* (R. Marín) / *En chica hora, Dios obra.* (H. Núñez) / *De hora e hora, Dios mejora.* (S.)
7776. **De hora en hora Dios a mellora.** ³⁰⁵⁹ (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
7777. **De hora en hora Dios millora.** ³⁰⁶⁰ (ms16: D.E. / ms21,07v: Bermés / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)
7778. **De Dios vén o ben; e das abellas, o mel.** ³⁰⁶¹ (ms16 e ms10,007r: D.E.)
 Var.: *Do mal saca Dios ben.* (ms16: Lugo)
 (es) *De Dios viene el bien; de las abejas la miel.* (H. Núñez) / *Del mal saca Dios bien.* (R. Marín)
7779. **[Deus] Apreta, pero... [non afoga].** ³⁰⁶² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7780. **Dios apreta pero non afoga.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms21,30v: Bermés)
 Var.: *Dios apreta mais non afoga.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Deus aparta mão não enforca.* (Chaves) (es) *Dios aprieta pero no ahoga.* (R. Marín) (ct) *Deu apreta pero no aufega.* (Alberola)
7781. **Dios apreta pero non afoga.** ³⁰⁶³ (ms21,30v: Bermés / ms10,007v: D.E.)
7782. **Dios apreta pero non aforca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
7783. **Dios dá a cada un o frío según a manta.** ³⁰⁶⁴ (mc: Cervantes, Lugo-F.V.S. / ms: Páramo)
 Var.: *Dios dá o frío asegún é a roupa.* (ms16 e ms10,007v: D.E.) / *Dios dá o frío conforme é o abrigo.* (ms16 e ms10,007v: D.E.)
 (pt) *Dá Deus a roupa conforme o frio.* (Chaves) / *Da Deus o frio conforme a roupa.* (Id.) (es) *Dios da el frío según la ropa.* (R. Marín) / *Dios da el frío según se anda vestido.* (Id.) (ct) *Deu dona el fret segóns la ròba.* (Alberola)
 Véase *Dá Dios a cada un...*
7784. **Dios dá a manta según o frío.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

³⁰⁵⁴ mc, ms5, 133 e ms16: *Dios*

³⁰⁵⁵ mc, ms2, ms3 e ms4: *pra todos.*

³⁰⁵⁶ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁵⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Esperanza (Esperanza ante los infortunios)*.

³⁰⁵⁸ En ms10 s.v. *Hora.*

³⁰⁵⁹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Esperanza (Esperanza ante los infortunios)*.

³⁰⁶⁰ ms-LU e ms21,07v: *D' hora.*

³⁰⁶¹ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁶² Coidamos que esta pode se-la reconstrucción máis verosímil do que quere dici-lo orixinal.

³⁰⁶³ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁶⁴ Variantes 1 e 2 en ms10 s.v. *Dios.*

7785. **Dios dá o frío según a roupa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Dios da el socorro conforme es la necesidad.
7786. **Dios dá pra todos.**³⁰⁶⁵ (ms16 e ms10,007v: D.E.)
Var.: *Cando Dios dá, pra todos dá.* (ms16 e ms10,001r: D.E.)
7787. **Dios dea a quen desea.** (ms4: Pidre-F.V.S.)
7788. **Dios dea o pan a quen o sepa comer.**³⁰⁶⁶ (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
7789. **Dios é un pingón.** (mc e ms16: A.N.)
(es) *Dios es bueno para mercader.* (R. Marín) / *Dios es buen pagador.* (Id.)
Está goteando continuamente sus bienes sobre los hombres. *Quam magnanimus Deus!*
7790. **Dios millora as horas.** (ms16: Lugo)
7791. **Dios molla os xustos i-os pecadores, o mesmo polos días que polas noites.**³⁰⁶⁷
(ms16 e ms10,008r: D.E.)
(es) *Dios llueve sobre justos y pecadores, días y noches.* (Correas)
7792. **Dios non se queda con nada de naide.**³⁰⁶⁸ (ms16 e ms10,008r: D.E.)
7793. **Dios que dá a chaga, dá a medicina pra curala.** (ms16: D.E.)
Var.: *Dios que dá o mal, dá o remedio pra sanar.* (ms16 e ms10,008r: D.E.)³⁰⁶⁹
7794. **Dios que nos ten acá, sin mantenza non nos deixará.**³⁰⁷⁰ (ms16 e ms10,008r: D.E.)
7795. **Dios quita un ben e dá outro.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
7796. **Dios tanto deu como ten pra dar.** (ms5,058: Silvarrey)
(es) *Más tiene Dios por dar que ha dado.* (H.)
7797. **Dios xa dá o frío según é a manta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7798. **Dios, cando dá, non é migalleiro.** (ms4: F.V.S.)
7799. **Non hai mal que Dios non remedie.** (ms16: Sober)
7800. **O ben de Dios pra todos chega.** (mc e ms16: Lugo / ms4: F.V.S.)
7801. **O mellor amigo, Dios; i-o mellor parente, un peso.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
7802. **O millor amigo, Dios; o millor parente, un peso; o millor saber, salvarse; i-o millor falar, calarse.** (mc / ms16: Lugo)
7803. **Polo can deu Dios o pan.** (ms8,30r: Silvarrey)
Tenía cada caña 3 ó 4 espigas y San Pedro con los apostoles iban por los agros arrancando espigas; y cuando llegaban a la última Jesus les dijo que dejasen la última para los perros.
7804. **Pra quen non quer, dá Dios moita vida.**³⁰⁷¹ (mc e ms16: Aguada, Carballedo / ms4: F.V.S. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
(pt) *Para quem não quer há muito.* (Chaves)
7805. **Según é a manta, así Dios manda o sol.**³⁰⁷² (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)
(es) *A cada cual da Dios frio segun anda vestido.* (Sbarbi) / *Dios hace la costa, dando el frio conforme la ropa.* (Id.)
7806. **Todo se perde e non perdamos a gracia de Dios.** (ms16: Lence-Santar)
7807. **Vale máis o que Dios dá que o que o home pide.**³⁰⁷³ (mc e ms16: Bucínos)

ESPERANZA EN DIOS

7808. **Dios día malo génaro e boa venta.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballedo, LU)
7809. **Dios nos libre das penas do inferno e das carreiras do Rejenjo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7810. **Dios te libre de plagas con culpa, que te collen.** (ms9,05v: Silvarrey)
Tiene el mismo sentido que el anterior.³⁰⁷⁴
7811. **Dios te libre de plagas de un afrixido.** (ms9,05v: San Simón de la Cuesta)
7812. **Estamos perdidos se Dios non nos valle.**³⁰⁷⁵ (ms10,050r: Silvarrei)
7813. **Fianza en Dios, que é santo vello.**³⁰⁷⁶
(mc e ms16: M.V. / ms21,24r: Bermés)

³⁰⁶⁵ Refrán en ms10 s.v. *Dios* e variante en ms10 s.v. *Dar*.

³⁰⁶⁶ ms16: *seipa comer*.

³⁰⁶⁷ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁶⁸ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁶⁹ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁷⁰ En ms10 s.v. *Dios*.

³⁰⁷¹ ms4 e ms-LU: *quere*.

³⁰⁷² ms16: *dá o sol*.

³⁰⁷³ ms16: *Val*.

³⁰⁷⁴ O anterior no orixinal era *As soberbias non collen pró monte*.

³⁰⁷⁵ ms15,24r: *si Dios non nos vale*.

³⁰⁷⁶ ms3: *qu'é*.

- Var.: *Fianza, sólo en Dios.* (ms16: Lugo)
(es) *Dios es santo viejo.* (Correas) / *Confianza, en Dios.* (R. Marín)
Lo recoge la canción popular: *Pedricando pola aldea / son moitos os que viñeron / i-eu non fio de ninguén: / ¡Fianza en Dios que é santo vello!*
7814. **O que con Dios anda, con Dios medra.**³⁰⁷⁷ (mc e ms16: M.V. / ms21,26r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Quem com Deus anda, Deus o ajuda.* (Chaves) (es) *Quien con Dios anda, con Dios come.* (R. Marín)
7815. **O que con Dios anda, nada lle falta.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
7816. **O que está de Dios, ás maus ha vir.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Var.: *O que esté de Dios, á man se volve.* (ms16 e ms10,008v: D.E.)³⁰⁷⁸ / *O que de Dios está, á man virá.* (ms16: D.E.)
(es) *Lo que Dios quiere, a la mano se viene.* (R. Marín)
7817. **O que non pide, Dios non-o oi.**³⁰⁷⁹ (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos* / ms21,13r: Bermés)
7818. **Quen sembra, en Deus espera.** (ms5,029)
7819. **Sendo Dios con nós, nada contra nós.** (mc e ms16: Aguada, Carballedo)
Como la frase de San Pablo: *Si Deus pro nobis, quis contra nos?*
- JUSTICIA DE DIOS**
7820. **Dios castiga os que ben quer.**³⁰⁸⁰ (ms16: Lugo. / ms10,007v: D.E.)
(es) *Dios castiga a los que bien quiere.* (R. Marín)
7821. **Dios castiga sin pau e sin pedra.**³⁰⁸¹ (ms / ms10,007v: D.E.)
(pt) *Deus castiga sem pau nem pedra.* (Chaves) (es) *Dios castiga sin palo ni piedra.* (R. Marín)
7822. **Dios consente pero non pra sempre.** (ms16: Lugo)
(es) *Dios consiente, mas no para siempre.* (H. Núñez)
7823. **Dios che perdoe, se atopa por onde.**³⁰⁸² (ms16 e ms10,007v: D.E.)
7824. **Dios dé pan a quen ten dentes i-ó que non os ten, papas quentes.** (ms8,47v: Rodeiro)
7825. **Dios é bo pagador.**³⁰⁸³ (ms16 e ms10,007v: D.E.)
(es) *Dios es buen pagador.* (R. Marín)
7826. **Dios non se queda con nada de naide.** (ms16: D.E.)
(es) *Dios no se queda con nada de nadie.* (R. Marín)
7827. **Non fire Dios con dúas maus.**³⁰⁸⁴ (ms16 e ms10,008v: D.E.)
(es) *Dios no hiere a dos manos.* (R. Marín)
7828. **O que ten pan e touciño, Dios lle dé herba no liño.** (ms)
7829. **O que ten pan e touciño, Dios lle dea herba no liño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
7830. **Quen ten pan e touciño, que Dios lle dé herba no liño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
7831. **Vivir ben que Dios é Dios.**³⁰⁸⁵ (ms16 e ms10,008v: D.E.)
- PODER DE DIOS**
7832. **Airiño de Dios veña pra que o que non ten, teña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Cervantes, LU)
7833. **Cada un goberna a súa vida e Dios a de todos.** (mc: Santiago)
Var.: *Cada un goberna a súa casa e Dios a de todos.* (ms16: Santiago)
7834. **Cando Dios non quere, os santos non axudan.** (ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951) / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)
7835. **Cando os santos falan, licencia de Dios teñen.** (mc e ms16: Bucións / ms4: F.V.S.)
(es) *Cuando los muertos hablan, licencia tienen de Dios.* (Castillo) / *Cuando los mudos hablan, licencia tienen de Dios.* (Id.)
7836. **Cando Dios non quer os santos non poden.**³⁰⁸⁶ (ms21,08v: Bermés / ms10,007r: D.E.)
7837. **Cando Dios non quere, santos non valen.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
7838. **Cando Dios non quer, os santos non poden.** (mc e ms16: Santiago)

³⁰⁷⁷ ms-LU: *Deus.*

³⁰⁷⁸ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁷⁹ ms21,13r: *non'o oye.*

³⁰⁸⁰ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁸¹ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁸² En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁸³ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁸⁴ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁸⁵ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁸⁶ ms21,08v: *non quer'os santos.* En ms10 s.v. *Dios.*

- Var.: *Cando Dios non quer, non hai santos que vallan.* (ms16: Sober)
 (pt) *Quando Deus não quer, santos não rogam.* (Chaves) (es) *Cuando Dios no quiere, el Santo no puede.* (Correas) (ct) *Quan Deu no vòl, els sants no pòden.* (Alberola)
7839. **Cando Dios non quer, os santos non valen.**³⁰⁸⁷ (mc e ms16: M.V.)
 Var.: *Cando Dios non quer, os santos non obran.* (Terra de Melide) / *Cando Dios non quer, os santos non axudan.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Quando Deus não quer, santos não rogam.* (Chaves) (es) *Cuando Dios no quiere, el Santo no puede.* (Correas) (ct) *Quan Deu no vòl, els sants no pòden.* (Alberola)
7840. **Cando Dios quería, do norte chovía.**³⁰⁸⁸ (mc e ms16: A.N.)
 (es) *Cuando Dios quiere, con todos los vientos llueve.* (Correas) (ct) *Quan Deu vòl, de tots els aires plòu.* (Alberola)
7841. **Cando Dios quer, a todos os aires chove.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
7842. **Cando Dios quer, con tódolos ventos chove.**³⁰⁸⁹ (mc / ms16: Lugo)
 Var.: *Cando Dios quixere, con tódolos ventos ha de chovere.* / *Cando Dios quere, chove a tódolos ventos.* (ms16: Sober)
 (es) *Cuando Dios quiere, con todos los vientos llueve.* (Correas) / *Cuando Dios quiere, con cielo raso llueve.* (R. Marín) / *Cuando Dios quiere, hace sol y llueve.* (Id.) (ct) *Quan Deu vòl, de tots els aires plòu.* (Alberola)
7843. **Con Dios non hai chanzas.** (ms16: Lugo)
 (es) *Con Dios no se juega.* (R. Marín)
7844. **Chove e fai sol debaixo da capa de Dios.** (ms4: F.V.S.)
7845. **De Dios veña o remedio.** (ms16: D.E.)
7846. **Dios é grande.** (ms16: D.E.)
7847. **Dios é Dios.** (ms16: Lugo)
 (es) *Dios es Dios.* (R. Marín)
7848. **Dios fai o que quere i-os homes o que poden.** (ms16: Lugo)
 (es) *Dios hace lo que quiere y el hombre lo que puede.* (R. Marín)
7849. **Dios fai reises e os homes leises.**³⁰⁹⁰ (ms16 e ms10,007v: D.E.)
 (es) *Dios hace reyes y los hombres leyes.* (Correas)
7850. **Dios i-o cuito poden muito.** (mc: M.L.2 / ms16: M.L.)
 (es) *Dios y el cucho pueden mucho.* (mc: R. Marín / ms16: R.A.)
 Aplicación del *Ayúdame que yo te ayudaré.*
7851. **Dios non necesita de naide.** (ms16: Lugo)
 (es) *Sólo Dios es el que no tiene necesidad.* (Correas)
7852. **Dios sobre todo, e sobre Dios, nada.** (mc e ms16: M.V.)
 Var.: *Dios sobre todo.* (ms16: Lugo)
 (es) *Dios sobre todo.* (R. Marín)
7853. **Máis pode Dios que o demo.** (mc: A.C. A N. Terra / ms16: C.A.)
 (es) *Más puede Dios que el diablo.* (R. Marín) / *Más puede Dios ayudar que el diablo desayudar.* (Id.)
7854. **Non será o qu'eu dixere senón o que Dios quixere.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
7855. **O home fai e Dios dispón.** (mc e ms16: Santiago)
7856. **O home pon e Deus dispón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7857. **O home propón e Dios dispón.**³⁰⁹¹ (mc: S. Victorio de R. de Miño / ms16 e ms10,008v: D.E.)
 (pt) *O homem põe e Deus dispõe.* (Chaves)
 (es) *El hombre pone (o propone) y Dios dispone.* (Sbarbi) (ct) *L'hòme propòsa y Deu dispòsa.* (Alberola)
7858. **O que está de Dios, non besa o demo.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)
7859. **O que está de Dios, endexamais falla.** (ms6,01v)
7860. **O que está de Dios, n'o leva o demo.**³⁰⁹² (mc: M.V. / ms4: F.V.S. / ms4: V.R.y A.R. / ms21,22v: Bernés / ms16 e ms10,008v: D.E.)
 (es) *Lo que de Dios está, sin duda se cumplirá.* (R. Marín) / *Lo que de Dios está, el diablo lo acarreará.* (Id.) / *Lo que de Dios está, a la mano se vendrá.* (Id.)

³⁰⁸⁷ ms4: *quere.*

³⁰⁸⁸ ms: *no norte.*

³⁰⁸⁹ ms: *todol-os.*

³⁰⁹⁰ En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁹¹ V. *O home propón, Dios dispón, a pita pon i-a muller descompón en Hombre.* / En ms10 s.v. *Dios.*

³⁰⁹² ms21,22v: *non'o leva.* / ms16: *non-o leva;* ms4(V.R. y A.R.): *non o leva.* / En segundas clasificacións temáticas, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Dios (Esperanza en Dios)* e *Diablo.* En ms10 s.v. *Dios.*

7861. **O que está de Dios, non marra, anque se esconda nas nubes.** ³⁰⁹³ (mc e ms16: M.L.2)
Var.: *O que está de Dios, ás maus ha vir.* (Sarria)
7862. **Obrar ben, que Dios é Dios.** ³⁰⁹⁴ (ms16, ms10,008v: D.E.)
7863. **Pra Dios non hai imposibres.** (ms16: Lugo)
(es) *A Dios no hay cosa imposible.* (R. Marín)
7864. **S'a cousa está de Dios, o tempo tragerá o boi ó rego.** (ms15,17)
7865. **Tente nube, tente tu, que Dios manda máis que tu.** ³⁰⁹⁵ (mc e ms16: Buciños)

SABIDURÍA

7866. **Cada un sabe as súas e Dios as de todos.** ³⁰⁹⁶ (ms16: Ferreira de Pantón / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7867. **Cada un ve as súas e Dios as de todos.** (mc e ms16: Santiago)
7868. **Dios ben sabe o que fai.** (ms16: Lugo)
(es) *Dios sabe lo que hace.* (Correas)
7869. **Dios ben sabe onde nos ten.** (mc e ms16: Buciños)
7870. **Dios todo o oe e todo o ve e dalle ó home o que convén.** (ms16: D.E.)
7871. **Dios todo o sabe inda que todo o cale.** ³⁰⁹⁷ (ms16 e ms10,008r: D.E.)
Var.: *Dios sábeo todo.* (ms16: D.E.)
7872. **Dios vai dereito polo camiño torto.** ³⁰⁹⁸ (ms16 e ms10,008r: D.E.)
7873. **O demo fainas e Dios descúbreas.** (ms16: Mellid)

DISCÍPULOS

7874. **O bo discípulo adianta ó mestre.** (ms16: D.E.)
(es) *Muchos discípulos vencen a sus maestros.* (Z.)
7875. **O bo discípulo adianta ó mestre.** ³⁰⁹⁹ (ms10,008v: D.E.)

³⁰⁹³ ms: *O qu'está;* ms4: *nas nubes.*
³⁰⁹⁴ En ms10 s.v. *Dios.*
³⁰⁹⁵ ms: *qu'e tu.*
³⁰⁹⁶ ms-LU (Lugo): *Cad'un sabe.*
³⁰⁹⁷ En ms10 s.v. *Dios.*
³⁰⁹⁸ En ms10 s.v. *Dios.*
³⁰⁹⁹ En ms10 s.v. *Discípulo.*

DISCULPA

7876. **Un non é ningún e dous son un.** ³¹⁰⁰
(ms: M.L. / ms10,069r: D.E. / ms10,134r: D.E.)
(es) *Uno no es ninguno.* (R. Marín) / *Una no es ninguna, y dos, poco más que una.* (Sbarbi)
7877. **Unha mancha cae no pano máis limpo.** ³¹⁰¹ (ms: F.V.S.)
(es) *Siempre cae la mancha en el paño más fino.* (Sbarbi)
7878. **Unha vez non son veces; a primeira perdónaselle a calquera.** ³¹⁰² (ms: Buciños)
Var.: *Unha vez non son veces.* (ms: M.L. / ms10,140r: D.E.) ³¹⁰³

DISCURSO

7879. **As veces vén o discurso dispois do último recurso.** (ms10,008v: D.E.)

DISIMULO

7880. **Calar e obrar pola terra e polo mar.** (ms16: D.E.)
(es) *Callar y obrar por la tierra y por el mar.* (Z.)
7881. **Hai que saber disimular o que non se pode remediar.** ³¹⁰⁴ (ms10,008v: D.E.)
7882. **Non é nada, que do fume chora.** ³¹⁰⁵
(ms16 e ms10,024r: D.E.)
(es) *No es nada, que del humo llora.* (H. Núñez)
7883. **Se non che agrada, fai que non ouves nada.** ³¹⁰⁶ (ms16: D.E.)
7884. **Tal hora, o corazón laia anque a lingua cala.** ³¹⁰⁷ (ms16 e ms10,030r: D.E.)
(es) *Tal hora el corazón brama, aunque la lengua calla.* (H. Núñez)

DISPUTAS

7885. **Dios me dea contenda con quen me entenda.** ³¹⁰⁸ (mc / ms16 e ms10,007v: D.E.)
Var.: *Dios me dea contenda con quen entenda.* (ms16: D.E.)

³¹⁰⁰ Contén no ms a indicación *Disculpa*. En ms10,069r sen clasificar e en ms10,134r s.v. *Uno* coa indicación *Cantidad*.
³¹⁰¹ Contén a indicación *Disculpa*.
³¹⁰² Contén a indicación *Disculpa*.
³¹⁰³ En ms10 s.v. *Vez*.
³¹⁰⁴ En ms10 s.v. *Disimular*.
³¹⁰⁵ En ms10 s.v. *Humo*.
³¹⁰⁶ ms16: *Si non te agrada*.
³¹⁰⁷ En ms10 s.v. *Hora*.
³¹⁰⁸ mc: *dé contenda*. / En ms10 s.v. *Dios*.

(pt) *Deus me dê contenda com que me entenda.* (Chaves) (es) *Dios me dé contienda con quien me entienda.* (mc: Sbarbi / ms16: Z.) (ct) *Deu me done brega en gent que m'entenga.* (Alberola)
Siempre es conveniente tratar con personas bien educadas y conocedoras del asunto de que se trate.

7886. **Falamos e non nos entendemos.** ³¹⁰⁹
(ms16 e ms10,017r: D.E.)

(es) *Hablamos y no nos entendemos.* (Correas)

7887. **Moitas veces é máis grande a contenda que a causa dela.** (ms16: D.E.)

7888. **Non botes leña no forno cando xa quente estivere.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7889. **O que tropeza cun anespeiro, faille saltar por un silveiro.** ³¹¹⁰ (ms11,29)
Con sentido figurado de los que riñen entre sí.

DISTINGUIR

7890. **Barro é o home, barro é o xarro, mais non son de un mesmo barro.** (ms16: D.E.)
(es) *Barro son hombre y jarro; pero no de un mismo barro.* (R. Marín)

7891. **Digo e redigo que a breva nunca foi figo.** ³¹¹¹ (ms16 e ms10,002v: D.E.)

7892. **Digo e redigo que a broa non é pantrigo.** ³¹¹² (ms16 e ms10,002v: D.E.)

7893. **Digo que a figueira non é figo e así o digo.** ³¹¹³ (ms16 e ms10,002v: D.E.)
(es) *Digo que la breva no es higo y así lo digo.* (Correas)

7894. **Non é o mesmo comer que comichar.** (ms16)

7895. **Non é o mesmo comer que ver comer.** (ms16: D.E.)

7896. **Non é o mesmo onzas que libras.** (ms16: Silvarrey)

7897. **Non é o mesmo pasar a Pena da Marola que ver a Marola con pena.** (ms16: Sarria)

Marola = entrada de la Ría del Ferrol.

7898. **Non é o mesmo ter libros de conta que conta de libros.** ³¹¹⁴ (ms16)

³¹⁰⁹ En ms10 s.v. *Hablar*.

³¹¹⁰ Indica *Esmoerse* no ms11.

³¹¹¹ En ms10 s.v. *Decir*.

³¹¹² En ms10 s.v. *Decir*.

³¹¹³ En ms10 s.v. *Decir*.

³¹¹⁴ V. *Vale máis ter libros de conta que conta de libros en Riqueza y dinero.*

DISTRACCIÓN

7899. **A muller que moito mira, pouco fía.** (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)

Var.: *Dona que moito mira, pouco fía.* (ms16: D.E.) / *Pouco fía o que moito mira.* (ms16 e ms10,020r: D.E.) ³¹¹⁵

(pt) *Mulher que muito se mira, pouco fía.* (Chaves) / *Mulher que muito se mira, pouco fiado tira.* (Id.) (es) *La mujer que mucho mira, poco hila.* (Sbarbi) / *Dueña que mucho mira, poco hila.* (S.)

Porque piensa en todo, menos en el trabajo.

7900. **As maus na roca e os ollos na porta.** ³¹¹⁶ (mc: J.P. / ms16 e ms10,036r: D.E.)

(pt) *Maos na roca, ollos na porta.* (Chaves)
(es) *Las manos en la rueca y los ojos en la puerta.* (mc: Correas / ms16: S.)

7901. **Di meu home que non fie, que me poña á porta e mire.** ³¹¹⁷ (ms16 e ms10,020r: D.E.)

7902. **Entranto digo ou fago, perdo bocado.** ³¹¹⁸ (ms16: D.E.)

(es) *En tanto digo y hago, pierdo bocado.* (H. Núñez)

7903. **Muller que moito mira, pouco fía.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU / ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU)

DISTRIBUCIÓN

7904. **Mar que se parte, regueiro se fai.** ³¹¹⁹ (ms16 e ms10,037v: D.E.)

Var.: *O mar que se desfai, regachos fai.* (ms16 e ms10,037v: D.E.)
(es) *La mar, si se parte, arroyos se hace.* (Z.)

7905. **Na mesa de san Francisco, donde comen catro, comen cinco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)

7906. **O que parte e ben reparte, pra si deix'a millor parte.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7907. **O que parte, ben reparte, e pa si a mellor parte.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro, Muxía, C)

³¹¹⁵ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

³¹¹⁶ En ms10 s.v. *Mano*. / mc, ms16 e ms10,036r: *i-os ollos*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *e os ollos*.

³¹¹⁷ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar*.

³¹¹⁸ V. *Ovella que bala, bocado que perde en Animales domésticos (Ovejas)* e en *Descuido*.

³¹¹⁹ Refrán e variante en ms10 s.v. *Mar*.

7908. **Onde comen tres comen catro, se poñen máis no prato.** (ms16: D.E.)

Var.: *Onde comen sete comen oito.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*) / *Onde comen tres comen catro, anque non toquen a tanto.* (ms16: D.E.) / *Onde comen dous ben comen tres, se é que botan no pote unha cazola qué.* (ms16: D.E.)

(es) *Donde comen tres comen cuatro, añadiendo más al plato.* (Correas) / *Donde comen tres comen cuatro, salvo que no cabrán a tanto.* (Correas)

7909. **Pra dúas perdices, dous.** (ms15,52v)

7910. **Quen ben reparte, pra si a mellor parte.** ³¹²⁰ (mc: Sarria)

Var.: *O que reparte e ben reparte, pra si a millor parte.* / *Quen parte e ben reparte, pra si a millor parte.* (ms16: D.E.)

(pt) *O que reparte toma a melhor parte.* (Chaves) / *Quem parte e reparte e não fica com a maior parte ou é tolo ou não tem arte.* (Chaves) (es) *El que parte, toma la mejor parte, y si no llévalo el diablo; o el que reparte.* (Correas) / *Quien parte y reparte, cabe a mayor parte.* (R. Marín)

DIVERSIONES. V. tamén *Entretenimiento*.

7911. **Á moza louca máis lle agrada o pandeiro que a touca.** ³¹²¹ (ms16 e ms10,043v: D.E.)

(es) *Alfaya por alfaya, más quiero pandero que saya.* (Correas)

7912. **A moza, prá festa; prá casa, a besta.** (mc e ms16: M.L.)

7913. **As mulleres prá romería e as burras prá casa, todas andan.** (ms5,137: Mondoñedo / ms16: Mondoñedo, Mayán)

7914. **Folgar hoxe, mañán festa: boa vida é esta.** ³¹²² (ms16 e ms10,022v: D.E.)

7915. **O que de mozo non tolea, de vello perde a cabeza.** ³¹²³ (ms e ms16: M.V. / ms10,131r: D.E.)

Var.: *O que de mozo novo non tolea, de mozo vello perde a cabeza.* (ms16 e ms10,044v: D.E.) ³¹²⁴

(es) *Quien de mozo no necea, de viejo loquea.* (R. Marín) / *El que no la corre de joven, la corre de viejo.* (Sbarbi)

³¹²⁰ A primeira variante contén a indicación *Gobierno no ms.*

³¹²¹ En ms10 s.v. *Moza*.

³¹²² En ms10 s.v. *Holgar*.

³¹²³ En ms10 s.v. *Locos*.

³¹²⁴ En ms10 s.v. *Mozo*.

7916. **O que de novo non tolea, de vello perd'a cabeza.** (ms21,29v: Bermés)

7917. **O que non folca de novo, folca de vello.** (ms: Tuiriz)

DIVORCIO. V. tamén *Descasarse, Matrimonio*.

7918. **Antes de casarte, mira o que fas, que dispois de casado, mal te descasarás.** (ms16: D.E.)

Var.: *Antes de casar, débelo mirar.* (mc: C.A.)

(pt) *Antes que cases olha o que fazes que não é nó que desates.* (Chaves) (es) *Antes que te cases, mira lo que haces.* (ct) *Antes de casar, molt ho has de pensar.* (Alberola)

7919. **Malo é ter que casarse, pero pior é ter que descasarse.** (ms16: D.E.)

(es) *Malo es casarse y peor descasarse.* (R. Marín)

7920. **Nunca te cases e, se é que te casas, nunca te descases.** (ms16: D.E.)

(es) *No te cases; pero si te casas, no te descases.* (R. Marín)

DOCUMENTOS

7921. **Cartas cantan.** ³¹²⁵ (ms16: D.E.)

(es) *Cartas cantan.* (R. Marín)

7922. **O escrito, escrito pra sempre queda.** ³¹²⁶ (ms16 e ms10,014r: D.E.)

Var.: *O escrito, escrito está.* (ms16: Lugo)

DOLORES. V. tamén *Medicina. Higiene, Penas y dolores*.

7922. **A lingua vai onde dente doi.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

7923. **A quen lle doe o dedo, méntao a cada credo.** ³¹²⁷ (mc / ms16: Lugo)

(es) *A quien le duele un dedo, miralo a cada credo.* (R. Marín) / *Quien tiene malo un dedo se lo mira a cada credo.* (R. Marín)

7924. **A quen lle doe, doe.** (mc: C.A.)

Var.: *A quen lle doi, doille.* (ms16 e ms10,047v: D.E.) ³¹²⁸

(es) *A quien le duele le duele.* (R. Marín)

7925. **A vara delgada non rompe óso nin costela pero, donde cae, pela.** (ms5,058: Silvarrey)

³¹²⁵ V. *O papel rexe todo en Jurídicos y similares*.

³¹²⁶ En ms10 s.v. *Escrito*.

³¹²⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco

incluíu este refrán en *Enfermedades*.

³¹²⁸ En ms10 s.v. *Miscelánea*.

7926. **As risas nunca tran bon resultado.** (ms9,04r: Silvarrey)
7927. **Cada un doise do que lle magoa.** (ms10,009r: D.E.)
7928. **Cando a cabeza doi, tódolos membros doen.** (mc)
Var.: *Cando a cabeza doe, todo o corpo doe.* (ms16: Lugo)
(es) *Cuando la cabeza duele, todos los miembros padecen, o se sienten.* (Castillo) / *Cuando duele la cabeza, todos los miembros duelen.* (H.)
7929. **Door saca door.** ³¹²⁹ (ms16 e ms10,009v: D.E.)
(es) *Dolor saca dolor.* (M. Kleiser)
7930. **Máis val dor de brazos que de corazón.** ³¹³⁰ (mc e ms16: M.L. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Más vale dolor de brazos que de corazón.* (R. Marín)
Refrán de marineros y dícenlo denotando que es preferible en los peligros trabajar esforzadamente a arrepentirse después de perdidos, por no haberlo hecho. (R. Marín)
7931. **Máis vale vergonza na casa que dolor no corazón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
7932. **Moito mal espanta; e pouco, mata.** ³¹³¹ (ms16 e ms10,035r: D.E.)
7933. **Non hai door que sea bo.** ³¹³² (ms16 e ms10,009v: D.E.)
(es) *No hay dolor bueno.* (Correas)
7934. **Non hai mal onde non hai dolor.** ³¹³³ (mc / ms16: Lugo)
(es) *No hay mal donde no hay dolor.* (R. Marín)
7935. **O door da muller morta chega hastra a porta.** (ms10,009v: D.E.)
7936. **O door non mata a ninguén.** (ms16: Lugo)
(es) *De dolor nadie murió.* (R. Marín)
7937. **Ó que lle doi, que se queixe.** (ms16: D.E.)
7938. **Ó que lle doi, quéixase.** (ms16: D.E.)
(es) *A quien le duele se queja.* (R. Marín)
7939. **O que non sofre, non goza.** (ms10,050r: Sober)
7940. **Pouco mal, espanta e moito amansa.** ³¹³⁴ (ms16: D.E.)
Var.: *O pequeno mal, espanta e o grande amansa.* (ms16 e ms10,035v: D.E.) ³¹³⁵
(es) *Poco mal estremece; y mucho, aprovece.* (R. Marín) / *Poco mal espanta y mucho amansa.* (Z.-H. Núñez)
7941. **Se os doores non matasen, ningún door sería grave.** ³¹³⁶ (ms16 e ms10,009v: D.E.)
7942. **Sempre vai a lingua onde doi a moa.** ³¹³⁷ (ms15,19v)
Var.: *Sempre vai a lingua a onde doi a moa.* (ms16 e ms10,033r: D.E.) ³¹³⁸
(es) *Va la lengua a do duele la muela.* (R. Marín)
7943. **Tras a caída vén o dolor.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
7944. **Tras de un door nunca falta outro maor.** ³¹³⁹ (ms16 e ms10,009v: D.E.)

DOMINGOS. V. tamén *Días, Fiestas y romerías, Semana.*

7945. **Adiós, Domingo d'Entroido, adiós, meu queridiño: hastr'o Domingo de Pascua non se come máis touciño.** (ms: Bucións)
Cantar que quedó en refrán, alusivo a la abstinencia de la Cuaresma.
7946. **Cando o ano entra o domingo, vende os boiciños e compra milliño.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
7947. **Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño.** (mc: M.V. / ms21,20r: Bermés)
Var.: *Cando o ano entrare en domingo, vende os bois e merca millo.* (ms16: D.E.)
Porque será año de hambre. Vana superstición, sin fundamento alguno.
7948. **Cando o domingo chove dispois da misa, a semaniña enteira vaise de risa.** ³¹⁴⁰ (ms16: D.E.)
Var.: *Se o domingo chove arredor da misa, pola semana adiante verás que risa.* (ms16: D.E.)

³¹²⁹ En ms10 s.v. *Dolor*.

³¹³⁰ ms-LU: *vale dolor de brazos ca.*

³¹³¹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Enfermedades*. En ms10 s.v. *Mal*.

³¹³² En ms10 s.v. *Dolor*.

³¹³³ mc: *delor*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Enfermedades*.

³¹³⁴ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Enfermedades*.

³¹³⁵ En ms10 s.v. *Mal*.

³¹³⁶ En ms10 s.v. *Dolor*.

³¹³⁷ O orixinal di *Sempre vai a lingua onde vai a moa*.

³¹³⁸ ms16: *a donde doi*. / En ms10 s.v. *Lengua*.

³¹³⁹ En ms10 s.v. *Dolor*.

³¹⁴⁰ V. variantes en *Agro*.

7949. **Domingo de Ramos lava os teus panos, que na Ascensión ou os lavarás ou non.** ³¹⁴¹ (mc)
 Var.: *Domingo de Ramos, lava os teus panos, que na de Pasiñ ou os lavarás ou non.* (Cuartilla 7) ³¹⁴² / *Domingo de Ramos, lava os teus panos, que no de Pasiñ ou poderás ou non.* (ms16: D.E.) / *Domingo de Ramos, lava os teus panos, que na resurrección ou os lavarás ou non.* (ms16: Lugo)
 (pt) *Na semana de Ramos, lava teus panos; na da Resurrección, lavarás ou não.* (Chaves) (es) *Semana de Ramos lava tus paños, porque la semana mayor o lloverá o hará sol.* (Correas)
7950. **Enterro o domingo, outro propingo.** (ms5,138: Jesús Taboada, "Folklore de Verín" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*. t. XV, 1959, cuadº 3º)
 Paremia supersticiosa, segun la cual un funeral en Domingo es pronóstico de muerte próxima en el mismo lugar.
7951. **Non hai domingo que o sol non quente.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
7952. **O ano en domingo, vende os bois e méteos en millo.** (ms8,13r: Aguada)
 Que entra en domingo.
7953. **O domingo non é pra traballar, pra oír misa e pra pasear.** (ms8,52v: Silvarrey)
7954. **O traballo do domingo a naide puxo rico.** (ms8,32v: Silvarrey)
7955. **Se chove o domingo antes de misa, tod'a semana se vai de risa.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
7956. **Si o ano empeza o domingo, vende os bois e compra milliño.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

DOMINIO

7957. **A mandar púxose un home do peito.** (ms8,25v: La Cañiza)
7958. **Cada moucho arrime ó seo souto.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Chantada, LU)
 Chantada
7959. **Cada moucho no seu souto manda moito.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucións, Carballedo, LU)

³¹⁴¹ ms: *que na da ascensión.* / V. *Na semana de Ramos lava os teus panos, que na semana maior, ou choverá ou non en Agrícolas (Santoral).*

³¹⁴² ms4: *na semán de Pasiñ, lavarás ou non.*

7960. **Cada moucho no seu souto manda un máis que outro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
7961. **Honrado por honrado, primeiro é o meu amo.** (ms8,50r: Trives)
7962. **Moito manda o moucho dentro do seu souto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7963. **Moito pode o moucho no seu souto.** ³¹⁴³ (mc: A.I. / ms16: D.E.)
 (pt) *Muito pode o galo no seu poleiro.* (Chaves) / *Muito pode o gato no seu lar.* (Id.) (es) *Mucho puede el pajarillo en su sotillo.* (R. Marín)
 Cada uno en su casa es el rey.
7964. **O bo tempero é pai do bo goberno.** ³¹⁴⁴ (ms10,126r: D.E.)
7965. **O grande come a mora i-o pequeno estende a gola.** (ms8,04r: Meda)
7966. **O que dá poder, dá de comer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
7967. **O tempero quer siso e quer tempo.** ³¹⁴⁵ (ms10,126r: D.E.)
7968. **O tempero vai no amaño.** ³¹⁴⁶ (ms10,126r: D.E.)
7969. **Pra sacar da súa casa un morto fan falla, ó menos, catro homes.** ³¹⁴⁷ (ms16 e ms10,043v: D.E.)
 (es) *Para sacar de su casa un muerto son menester cuatro hombres.* (Correas)
 Encomia el dominio del señor de la casa, anota Martínez Kleiser.
7970. **Quen non é dono de si, non é dono de nada.** ³¹⁴⁸ (ms16 e ms10,009v: D.E.)
7971. **Quen ten a chave, cando quer, abre.** (ms16: D.E.)
 (es) *Quien tiene la clave, cuando quiere cierra y cuando quiere abre.* (R. Marín)
7972. **Si o que mandas o fai, excusas rapás.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

DON

7973. **Non che importe non ter don si tes din.** (ms10,009r: D.E.)

³¹⁴³ V. *Cada moucho no seu souto en Agrícolas (Animales).*

³¹⁴⁴ Sen clasificar no orixinal.

³¹⁴⁵ Sen clasificar no orixinal.

³¹⁴⁶ Sen clasificar no orixinal.

³¹⁴⁷ En ms10 s.v. *Muerte.*

³¹⁴⁸ En ms10 s.v. *Dueño.*

7974. **O millor don é o don diñeiro.** (ms10,009r: D.E.)

DONACIONES. V. tamén *Dádivas, Dado, Dar y recibir, Limosna, Negación, Negativas, Peticiones, Testamento.*

7975. **Dá máis o duro có desnudo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
7976. **Dar, rezar e fiar todo é la.** (ms15,16)
7977. **Do que vén dado non se pode decir que é pouco e malo.** ³¹⁴⁹ (ms16 e ms10,001r: D.E.)
7978. **Máis dá o duro que o desnudo.** (mc e ms16: C.A.)
(pt) *Mais dá o duro que o crú.* (Chaves) / *Mais dá o crú que o nú.* (Chaves) (es) *Más da el duro que el desnudo.* (Z.)
7979. **Nada pode dar o que non ten.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
7980. **Ninguén dá o que non ten.** (ms16: D.E.)
Var.: *Ninguén pode dar o que non ten.* (ms16 e ms10,001v: D.E.) ³¹⁵⁰ / *Mal pode dar o que non ten.* (ms16: Lugo)
(es) *Ninguno da lo que no tiene.* (Z.) / *Mal da quien no ha.* (H. Núñez)
7981. **Non dá o que ten máis senón o que está afeito a dar.** ³¹⁵¹ (ms16 e ms10,001v: D.E.)
(es) *No da quien ha, sino quien vezado lo ha.* (Z.)
7982. **Non dá quen ten senón quen ten e quer.** ³¹⁵² (ms16 e ms10,001v: D.E.)
(es) *No da quien tiene sino quien quiere.* (H. Núñez)
7983. **Non tódolos que dan son bobos.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
7984. **Non todos os que dan son bos.** ³¹⁵³ (mc e ms16: M.V. / ms21,27r: Bermés)
Var.: *Non tódolos que dan son bos nin tódolos que dan son parvos.* (ms16: D.E.)
7985. **O dado, dado; i-o emprestado, emprestado.** ³¹⁵⁴ (ms16 e ms10,001r: D.E. / ms16: Lugo)
(es) *Lo dado, dado; y lo prestado, prestado.* (Correas)
7986. **O que dá o que ten, a pedir vén.** (ms: Fonsagrada-F.V.S.)

(es) *Quien da lo que tiene a pedir por puertas viene.* (R. Marín)

7987. **O que dá o que ten, mira pra quen o leva.** (mc e ms16: Santiago)
7988. **O que é dado, nin é pouco nin é malo.** (ms15,44: Chantada)
7989. **O que me dea un pau, doulle un peso.** ³¹⁵⁵ (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
7990. **O que moito dá, logo se cansa.** ³¹⁵⁶ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
7991. **O que sobre, dállo ó pobre.** (ms5,027: Tierrallana)
7992. **Quen dá o que ten, a pedir vén.** (ms-SA: José Lage Radio: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
7993. **Quen dá o que ten, mira pra quen o leva.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
7994. **Quen dá pau, dá pan.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
7995. **Se o que ten non-o dá, o que non ten ¿que fará?** ³¹⁵⁷ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
7996. **Sempre o que deu foi bon, i-o que non deu, un ladrón.** ³¹⁵⁸ (mc e ms16: M.L.)

CONVENIENCIA DEL DAR

7997. **A dar non nos negamos pois Dios dá pra que deamos.** ³¹⁵⁹ (ms16 e ms10,001r: D.E.)
7998. **Dá logo aos necesitados, que será favor dobrado.** (ms: Velle)
7999. **Dar é de amo, recibir é de criado.** ³¹⁶⁰ (ms16 e ms10,001v: D.E.)
Var.: *Dar é de señor; recibir, de servidor.* (ms16: D.E.) / *Dar é señorío, pedir é necesidá.* (ms16 e ms10,001v: D.E.)
(es) *El dar es de amo, el recibir, de criado.* (R. Marín)
8000. **Máis vale dar que pedir.** (mc: Bucínos / ms16: Lugo)
(es) *Más vale dar que pedir -o que recibir.* (R. Marín) (ct) *Més val donar, que demanar.* (Alberola)
8001. **O dar é honor; o pedir é door.** ³¹⁶¹ (ms16 e ms10,001v: D.E.)

³¹⁴⁹ En ms10 s.v. *Dado*.

³¹⁵⁰ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁵¹ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁵² En ms10 s.v. *Dar* coa indicación *Buena voluntad*.

³¹⁵³ ms21,27r e ms: *todol'os*.

³¹⁵⁴ En ms10 s.v. *Dado*.

³¹⁵⁵ ms-SA (José B.): *me de*.

³¹⁵⁶ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁵⁷ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁵⁸ ms: *y o que non*.

³¹⁵⁹ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁶⁰ Refrán e segunda variante en ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁶¹ En ms10 s.v. *Dar*.

- (es) *El dar es honor, y el pedir, dolor.* (R. Marín) / *Dar es honra y pedir es deshonra.* (R. Marín)
8002. **O pan hai que dalo a quen o sepa comer.** (ms21,10r: Bermés)
8003. **O que come do pote alleo, tenlle que quitar o testo ao seu.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
8004. **O que come do pucheiro alleu, ten que ter destapado o seu.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8005. **O que dá, nunca perde, se o que recibe o entende.** ³¹⁶² (mc e ms16: Chantada / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Quem o seu dá, bem o vende, se dá a quem o entende.* (Chaves) (es) *Quien da bien vende, si el que recibe lo entiende.* (Sbarbi)
8006. **O que dá, recibirá.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
8007. **O que queira comer do pucheiro alleo, que quite primeiro o testo seu.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradelá, LU)
8008. **O que regala a quen o entende, non o regala que o vende.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballo, LU)
8009. **O que regala, ben vende, si o que o recibe o entende.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)
8010. **Pouco dades e menos levades.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Caracá, Padrón, C)
8011. **Quen dá a quen o entende, non llo dá, ben llo vende.** ³¹⁶³ (ms: A.N. / ms: S.P.P. *Ultreya*)
Var.: *Quen dá o que ten a quen o entende, n'o dá que ben o vende.* (S.P.P. *Ultreya*) / *O que dá a quen o entende, non llo dá que llo vende.* (ms16 e ms10,001v: D.E.) / *O que dá ben vende, se o que recibe entende.* (ms16 e ms10,001v: D.E.)
(es) *Quien da bien vende, si el que recibe lo entiende* (R. Marín). / *Quien da lo suyo a quien entiende, no lo da, sino bien lo vende.* (R. Marín)
8012. **Quen lle dá a quen-o entende, non-o dá que ben o vende.** ³¹⁶⁴ (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))

³¹⁶² ms16: *o que recibe entende*; ms-LU: *si el que*.

³¹⁶³ Segunda e terceira variante en ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁶⁴ *Quen lle da a quen non entende, no no da que ven o vende.*

8013. **Vale máis dala que pedila.** (ms9,03r: Silvarrey)
Se refiere a la limosna.

DEMORA EN LAS DONACIONES

8014. **De dar sempre hai tempo.** (ms10,049v: Carballino)
8015. **O que dá diante, dá dúas veces.** (ms21,13r: Bermés)
8016. **O que dá primeiro, dá dúas veces.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
8017. **O que dá pronto, dá dúas veces.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)
8018. **O que diante dá, dá dúas veces.** ³¹⁶⁵ (mc: Meilán)
Var.: *O que dá logo, dá dúas veces.* (ms16 e ms10,001v: D.E.)
(pt) *Quem dá logo, dá duas vezes.* (Chaves)
(es) *Quien da presto, da dos veces.* (R. Marín) / *Dos veces dio quien presto dió.* (R. Marín)
8019. **O que has de dar, non o fagas cobizar.** ³¹⁶⁶ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
(es) *Si me lo has de dar no me lo hagas desear.* (Correas)
8020. **O que primeiro dá, dá dúas veces.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
8021. **O que tarda en dar, non sabe dar.** ³¹⁶⁷ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
(es) *No sabe donar quien tarde en dar.* (Correas)

DONACIONES DE LO AJENO

8022. **Á conta de meus compadres, rebanadas ós afillados.** ³¹⁶⁸ (mc: M.V.)
Var.: *Á conta do meu compadre, rebandas de pan ós meus afillados.* (ms16: D.E.)
8023. **Á conta de meus compadres, robadas ós afillados.** (ms21,28r: Bermés)
8024. **Á conta dos meus compadres, rebandas ós afillados.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
8025. **Ca conta dos meus compadres, robandas ós afillados.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)

³¹⁶⁵ En ms10,001v s.v. *Dar*.

³¹⁶⁶ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁶⁷ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁶⁸ V. *Á conta de meus compadres, roubades ós afillados en Familia. Parientes.*

8026. **Do pan de meu compadre, grande rebanada ó meu afillado.** ³¹⁶⁹ (mc e ms16: A.S.A.)

Var.: *Do pan de meu compadre, rebanadas aos meus afillados.* (F.L.) / *Do pan do meu compadre, ós meus fillos rebanda grande.* (ms16: D.E.)

(pt) *Do pão de nosso compadre, grande fatia ao afilhado.* (Chaves) / *De couro alheio, correias compridas.* (Id.) (es) *Del pan de mi compadre, buen zatico a mi ahijado.* (Alberola)

DONACIONES "INTER VIVOS"

8027. **Mentras andes nos teus pés, nunca deixes o que tes.** (ms5,027: Donalbai, Begonte)

8028. **O qu'en vida dá o que ten, cunha maza lle dan cen.** ³¹⁷⁰ (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)

8029. **O que ced'o seu antes que morra, merece unha cachiporra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8030. **O que ceda o seo en vida, colla un fol e pida.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Chantada, LU)

8031. **O que cede o seu en vida, que colla un fol e pida.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8032. **O que dá a facenda antes de morrer, merece que o traian a mal traer.** (ms16: D.E.)

8033. **O que dá o que ten antes de que morra, merece que lle den cunha cachiporra.** ³¹⁷¹ (ms: F.B.B.)

Var.: *O que manda o que ten antes da morte, merece que lle den na cabeza cun garrote.* (Cervantes) / *O que dá o que ten antes que morra, na cabeza lle den cunha porra.* (ms16: Sober) / *O que antes de morrer dá o que ten, cunha maza lle den cen.* (ms16: Fonsagrada)

(pt) *Quem dá o seu antes de morrer, aparelhe-se a bem sofrer.* (Chaves) / *Quem dá antes da morte, terá má sorte.* (Id.) / *Quem dá antes da morte o diabo o coma.* (Id.) / *Quem se deserda antes que morra, precisa com uma cachaporra.* (Id.) / *Quem faz herdeiro em vida, merece que lhe déen com um maço na cabeça.* (Chaves) (es) *Quien da sus bienes antes de la muerte, espera mala suerte.* (R. Marín) / *Quien da*

sus bienes antes de la muerte, merece que le den con una porra en la frente. (R. Marín) / *Quien da lo que tiene, a pedir por puertas viene.* (R. Marín) (ct) *A qui donació en vida fasa, que li jafen el cap en una maça.* (R. Marín)

8034. **O que dá o seu en vida, colla o fol e pida.** ³¹⁷² (ms: F.V.S. / ms16: Buciños)

(pt) *Quem do seu se desapossa antes da morte, dêem-lhe com um maço na fonte.* (Chaves) / *Quem faz herdeiro em vida, merece que lhe dêem com um maço na cabeça.* (Id.)

8035. **O que en vida dá o que ten, cunha maza lle dan cen.** (ms: F.B.B. / ms4: Fonsagrada-F.V.S.)

8036. **O que foi mandar o seu, cando foi, foi dacabalo; cando volveu, veu andando.** (ms16: Silvarrey)

8037. **O que o seu cede en vida, colla o fol e pida.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8038. **O que o seu done en vida, que agarre o fol e pida.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8039. **O que vende o seu en vida, colla un fol e pida.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

8040. **Quen dá o que ten en vida, á porta espicha.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

8041. **Quen dá o seu antes da morte, espere mala sorte.** (ms16: Lugo)

(pt) *Quem da antes da morte, terá má sorte.* (Chaves) (es) *Quien da sus bienes antes de la muerte, espera mala suerte.* (R. Marín)

NEGARSE A DAR

8042. **A dar nadie se pon rico.** ³¹⁷³ (mc: Monforte)

Var.: *A dar ninguém se pon rico.* (ms16 e ms10,001r: D.E.)

8043. **A quen mester non ha, non hai por que lle dar.** (ms16: D.E.)

8044. **Antes de que herde o sobriño, gasta o viño.** (ms5,029)

8045. **En dar diñeiro e pasar regueiros nunca señas dos primeiros.** (ms16: Sober)
(es) *Para dar dinero y pasar el río, de los más tardíos.* (R. Marín)

³¹⁶⁹ ms4 e ms16: grande rebanda; ms16: do meu compadre.

³¹⁷⁰ O qu'en vida da o que ten cun'ha maza lle d'an cen.

³¹⁷¹ ms4: con unha cachiporra.

³¹⁷² ms16: colla un fol.

³¹⁷³ En ms10 s.v. Dar.

8046. **Non é galiña boa a que come na casa e pon o ovo fóra.**³¹⁷⁴ (ms16 e ms10,025r: D.E.)
(es) *No es gallina buena, si come en casa y pone en la ajena.* (Z.)
8047. **Non mandou Dios dar a quen ten máis que nós.** (ms16: D.E.)
(es) *Dar al que más tiene es dar que reir al diablo.* (R. Marín)
8048. **O moito dar é vispra de moito pedir.**³¹⁷⁵ (ms16 e ms10,001v: D.E.)
(es) *El mucho dar es vigilia del mucho demandar.* (Correas)
8049. **O que dá e quita, rebenta pola tripa.**³¹⁷⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8050. **O que dá o pan a can alleo, perde o pan e perde o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8051. **O que lle eu hei dar, xa o ten comesto.**³¹⁷⁷ (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)
8052. **Quen dá pan a can alleo, perde o can e mais o pan.**³¹⁷⁸ (mc e ms16: Lugo)
Var.: *Quen dá pan a can alleo, perde pan e perde o can.* (F.V.S.) / *O que a can alleo dá pan, perde o pan e perde o can.* (ms16: D.E.) / *O que dá pan a can alleo, perde o can e perde o codelo.* (ms16: D.E.) / *O que dá pan a can alleo, perde o pan e perde o cadelo.* (ms16: D.E.)
(es) *A perro ajeno no des pan, que perro y pan se perderán.* (R. Marín) / *Quien da pan a perro ajeno, pierde el pan y pierde el perro.* (Sbarbi)
Se pierde cuanto se haga en beneficio de personas ajenas con fin interesado.
8053. **Quen dá pan a can alleo, perde pan e perde can.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
8054. **Quen dá pan a can ajeno, perde can e perde pan.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacía, Padrón, C)
8055. **Quen pouco ten e eso dá, logo se arrepintirá.**³¹⁷⁹ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
(es) *Quien poco tiene y eso da, arrepentirse ha.* (R. Marín) / *Quien poco tiene y eso da, presto se arrepentirá.* (H. Núñez)

³¹⁷⁴ En ms10 s.v. *Gallina*.

³¹⁷⁵ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁷⁶ *O que dá e quita reventa po'la tripa.*

³¹⁷⁷ ms16: *lle hei eu dar*.

³¹⁷⁸ ms: *mail-o*; ms16: *perde o pan e mais o can*.

³¹⁷⁹ En ms10 s.v. *Dar*.

8056. **Si a alleo can dás o pan, perdes o pan e perdes o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

PRUDENCIA EN LAS DONACIONES

8057. **Dá máis o que quere que o que pode.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
8058. **Dar e ter, siso quer.** (mc: M.L. / ms16: D.E.)
Var.: *Pra dar e ter, siso é mester.* (ms16 e ms10,002r: D.E.)³¹⁸⁰ / *O dar i-o ter, siso quer.* (ms16: Sober)
(es) *Dar y retener, buen juicio ha menester.* (R. Marín) / *El dar y el tener, seso ha menester.* (Z.)
8059. **Máis dá quen quer que quen ten.** (ms16: Lugo)
(es) *Más da quien bien quiere que quien bien tiene.* (R. Marín)
8060. **Nin todo dar nin todo negar.**³¹⁸¹ (ms16 e ms10,001v: D.E.)
8061. **Non che dá quen ten, que che dá quen quer ben.** (ms e ms4: S.P.P. *Ultreya*)
(pt) *Não dá quem tem senão quem quer bem.* (Chaves) (es) *No da quien tiene sinó quien de costumbre lo hubiere.* (R. Marín)
8062. **O que dá o que ten sin tempo e sin hora, merece que lle den cunha cantimplora.** (ms5,045)
8063. **O que lle dan un dedo, colle unha man.**³¹⁸² (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
8064. **O que todo o dá, todo o nega.**³¹⁸³ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
8065. **O que todo o dá, todo o perde.**³¹⁸⁴ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
8066. **Por dar limosna non apretes a bolsa.** (ms5,133: Mondoñedo)
8067. **Quen non é reparado, dá co cu no ferrado.** (ms5,133: Santiago)

DONAIRE

8068. **Máis vale caír en gracia que ser gracioso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
8069. **O dito, se non é agudo, non vale un pito.**³¹⁸⁵ (ms16 e ms10,009r: D.E.)

³¹⁸⁰ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁸¹ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁸² O orixinal di *O que lle dan un dedo coye uga man*.

³¹⁸³ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁸⁴ En ms10 s.v. *Dar*.

³¹⁸⁵ En ms10 s.v. *Dicho*.

(es) *El dicho, si no es agudo, no vale un higo.* (Correas)

8070. **Vale máis caír en gracia que ser gracioso.** ³¹⁸⁶ (mc: M.V. / ms16: D.E. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)

(pt) *Mais vale cair em graça do que ser engraçado.* (Chaves) (es) *Más vale caer en gracia que ser gracioso.* (mc: Sbarbi / ms16: M. Kleiser) (ct) *Val més caure en gracia, que ser graciós.* (Alberola)

DONCELLA

8071. **A doncela debe ter a súa nai cabo dela.** (ms10,009v: D.E.)
8072. **A que non ten doncela sírvese ela.** (ms10,009v: D.E.)
8073. **O que fai dona á doncela e non se casa co ela, trai sempre a vida en pena.** (ms10,009v: D.E.)
8074. **Pra doncela honesta o facer algo é unha festa.** (ms10,009v: D.E.)

DORMIR. V. tamén *Sueño*.

8075. **A moito dormir, menos vivir.** (ms10,009v: D.E.)
8076. **¡Ai, dormir, como me sabes! ¡Queira Dios que non te me acabes!** (ms10,009v: D.E.)
8077. **Anque na cama non durma o ollo, descansa o óso.** (ms10,009v: D.E.)
8078. **Cando durmo non sei o que teño.** (ms10,009v: D.E.)
8079. **Cando máis se dorme máis se descansa.** (ms10,009v: D.E.)
8080. **Cando non tiña, tranquilo durmía e, agora que teño, durmo con medo.** (ms10,009v: D.E.)
8081. **Cando se deixa de dormir, gánase de vivir.** (ms10,010r: D.E.)
8082. **Canto máis se dorme menos se vive.** (ms10,009v: D.E.)
8083. **Dorme quen dorme e non quen penas sofre.** (ms10,010r: D.E.)
8084. **Dormir e garda-la leira, non hai maneira.** (ms10,010r: D.E.)
8085. **Dormirei, dormirei, e boas novas toparei.** (ms10,010r: D.E.)

8086. **Dous que dormen nun xergón, vólvense da mesma opinión.** (ms10,010r: D.E.)

8087. **Durmino esquécense as coitas.** (ms10,010r: D.E.)

8088. **Non dorme tranquilo o que debe, que non hai prazo que non chegue.** (ms10,010r: D.E.)

8089. **O dormir non quer présa e a présa non quer dormir.** (ms10,010r: D.E.)

8090. **Poucos pensando fan máis que moitos dormindo.** (ms10,010r: D.E.)

8091. **Quen máis non pode, coa súa muller dorme.** (ms10,010r: D.E.)

8092. **Quen moito dorme, lagañas cría.** (ms10,010r: D.E.)

DOS

8093. **Campaña de dous, campaña de bos.** (ms10,010r: D.E.)

8094. **Dous árbores secos nunca frolecen nin reverdecen.** (ms10,010r: D.E.)

8095. **Dous cabalos rifadores non poden xuntos comer.** (ms10,010r: D.E.)

8096. **Dous canciños a un can, mal trato lle dan.** (ms10,010r: D.E.)

8097. **Dous Pedros e un Xan fan un home cabal.** (ms10,010r: D.E.)

8098. **Dous regañados mal se bican.** (ms10,010r: D.E.)

8099. **Dous Xans e un Pedro fan un home enteiro.** (ms10,010r: D.E.)

8100. **Dúas augas de abril e unha de maio valen os bois i-o carro.** (ms10,010r: D.E.)

8101. **Dúas aves raspiñeiras fan malas compañeiras.** (ms10,010r: D.E.)

8102. **Dúas barbas parellas mal gardan ovellas.** (ms10,010r: D.E.)

8103. **Dúas cousas quer o cabalo: paso de andadura e pescozo de galo.** (ms10,010r: D.E.)

8104. **Dúas malas ceas ben caben nun ventre.** (ms10,010r: D.E.)

8105. **Millor quero un "toma" que dous "che darei".** (ms10,010r: D.E.)

³¹⁸⁶ ms-LU (Trini F.): *mas caer*; ms-LU (Jesús Redondo C.): *caer, c'a ser*.

DUDAS³¹⁸⁷

8106. **A dúbida é a nai da cencia.** (ms16: D.E.)
 8107. **A dúbida é nai da cencia.** (ms10,010r: D.E.)
 8108. **A dúbida é o comenzo da sabiduría.**³¹⁸⁸ (ms16 e ms10,010r: D.E.)
 8109. **Dubida i-acertarás.** (ms16: Lugo)
 8110. **Nunca déixe-lo certo polo que che ofrezza duda.**³¹⁸⁹ (ms: A.C. *A Nosa Terra*)
 (pt) *Nao deixes o certo pelo duvidoso.*
 (Chaves) (es) *Ninguno debe dejar lo cierto por lo dudoso.* (Sbarbi)
 8111. **O que entre dúbidas vive, nunca saberá o que é certo.**³¹⁹⁰ (ms16 e ms10,010r: D.E.)
 8112. **O que máis sabe é o que máis dúbidas ten.** (ms16: Lugo)
 (es) *Quien más sabe, más dudas tiene.* (Z.)
 8113. **O que non dubida, non cansa o maxín.**³¹⁹¹ (ms16 e ms10,010r: D.E.)
 8114. **O que ten dúbida, sempre acerta.** (ms10,010r: D.E.)
 8115. **O que ten dúbidas, sempre acerta.** (ms16: D.E.)
 8116. **Se vas tras do dubidoso, pódeste ver sin o certo.** (ms10,010r: D.E.)
 8117. **Sempre é ben dubidar pra millor acertar.** (ms16 e ms10,010r: D.E.)
 (es) *Sin dudar no hay acertar.* (R. Marín)

DUELO. V. tamén *Entierro, Muerte.*

8118. **Doo alleo colga de un pelo.** (ms10,009v: D.E.)
 8119. **Máis val door de brazos que door de corazón.** (ms10,009v: D.E.)
 8120. **Os doos con pan e viño son bos.** (ms10,009v: D.E.)
 8121. **Pra calquera doo, a pacencia é un remedio bo.** (ms10,009v: D.E.)
 8122. **Se os doos con pan son bos, con diñeiro son rebós.** (ms10,009v: D.E.)

DUEÑO. V. tamén *Propiedad.*

8123. **Cal o dono, tal o can.** (ms10,009v: D.E.)

³¹⁸⁷ Neste caso conservamos o tema en plural, que é como aparecía en ms10, en coherencia co criterio de mante-lo plural en caso de dualidade de forma. Os refráns do ms16 estaban baixo o epígrafe *Duda*.

³¹⁸⁸ En ms10 s.v. *Dudas*.

³¹⁸⁹ *Nunca deixel-o certo pol-o que che ofrezza duda.*

³¹⁹⁰ En ms10 s.v. *Dudas*.

³¹⁹¹ En ms10 s.v. *Dudas*.

8124. **Do que alleo for, o que o dono quixer.** (ms10,009v: D.E.)
 8125. **Onde estea o dono sempre estará todo.** (ms10,009v: D.E.)
 8126. **Os donos gástanos e os criados gáñano.** (ms10,009v: D.E.)

DULCE

8127. **A naide lle amarga un dulce.** (ms16: Lugo)
 8128. **Ca asucre e ca mel todo sabe ben.** (mc: Santiago)
 Var.: *Con azucre e mel todo sabe ben.* (ms16: D.E.)
 8129. **O azucre fai moitos larpeiros.** (ms16: D.E.)

DURACIÓN

8130. **Así duras como te curas.**³¹⁹² (ms10,010v: D.E.)
 8131. **Cousa boa pouco dura.** (ms16: Lugo)
Alude al enjambre que en este mes no es aprovechable, porque comienzan a secar las plantas por el calor. (Véase *Agrícolas. Meses*) (mc) / Alude al enjambre, y explícitamente lo dice el port. Es de poca estimación porque comienzan a secar las hierbas por el calor. (mc)
8804. **Enxame de maio vale un cabalo.** (mc: A.N. / ms21,04v: Bermés)
Var.: *Enxame de maio vale un bo cabalo.* (ms16 e ms10,013r: D.E.)³³⁹⁰
Ya se dijo: *Enxame de abril pra min; enxame de maio...*
8805. **Enxameo pobre no inverno nace e no maio morre.**³³⁹¹ (mc, ms e ms4: M.V.)
Var.: *Enxame probe, se do inverno sale, no maio morre.* (ms16 e ms10,013r: D.E.)³³⁹²
8806. **Enxamio de abril vale mil; de maio, un ducado; de san Xoán, un ferrado de pan; i-o de Santiago non vale un cornado.** (mc)
Var.: *Enxamio de abril vale mil; de mayo vale un ducado; de san Juan non vale un can; y-o de Santiago non vale un car...* (F.V.S.) / *Enxamio de abril val mil; de maio, un ducado; de san Xoán, un ferrado de pan; i-o de Santiago non vale un carto.* (ms16: Lugo)
(pt) *Enxame d'abril para mim, de maio para meu irmão.* (Chaves) (es) *Enjambre de abril, para mí; la de mayo, para mi hermano; la de junio, para ninguno.* (Correas)
Cornado decimos para sustituir la verdadera palabra que usan los campesinos, indigna de figurar en la colección.
8807. **Enxamio de abril vale mil; o de maio vale un ducado; o de san Xoán non vale un can.**³³⁹³ (mc / ms16: Lugo)
(pt) *Enxame d'abril para mim, de maio para meu irmão.* (Chaves) / *Enxame de março apanha-o no regaço; o d'abril não o deixes ir, o de maio deixai-o.* (Id.) / *Enxame de maio a quem o pedir, dai-o; o de abril, guarda-o para ti.* (Id.) (es) *Enjambre de abril, para mí; la de mayo, para mi hermano; la de junio, para ninguno.* (Correas)
8808. **Enxamio de maio vale un cabalo; o de san Xoán, un can; o da sega, unha cadela; i-o de agosto, un magosto.** (ms5,039 / ms16: L. Santar, *El Compostelano* de Santiago)
Var.: *Enxamio de maio vale un cabalo.* (ms16: A.N.) / *No mes de maio o enxame vale un cabalo; o de san Xoán non vale un can, i-o da sega, unha cadela.* (ms16: O. de Rei)
8809. **Inmediat'ó colmear augas puras conservar.**³³⁹⁴ (ms4: J.P.)
8810. **O enxame da amora era bon, si non se fora.** (ms16: Fonsagrada)
8811. **O enxame de abril, pra min; o de maio, pra meu amo; i-o de san Xoán, pró can.**³³⁹⁵ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
(es) *Enjambre de abril, para mí; la de mayo para mi hermano; el de junio para ninguno.* (Correas)
8812. **O enxame de maio non vale un ducado.** (mc)
Var.: *Enxamio de maio vale un ducado.* (ms16: Lugo)
8813. **O enxame de maio vale un cabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8814. **O enxamio de san Xuan non-o des nin a teu irmán.** (ms15,49: Carballo, La Coruña)
8815. **O enxamio do mes de maio vale un armallo.** (ms15,49: Carballo, La Coruña)
8816. **O vello i-a colmea probe, do inverno sale e no maio morre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

³³⁹⁰ En ms10 s.v. *Enjambre*.

³³⁹¹ ms: *mayo*; ms4: *en mayo*.

³³⁹² En ms10 s.v. *Enjambre*.

³³⁹³ mc: *de maio, de San Xoán*.

³³⁹⁴ Parece un aforismo de Jacinto del Prado, máis ca un refrán da tradición popular.

³³⁹⁵ En ms10 s.v. *Enjambre*.

8817. **Os enxamios de abril gárdaos pra ti, os de maio dáos, i-os de san Xoán déixaos pasar.** ³³⁹⁶ (ms16: Orense)
8818. **Os enxamios de san Xoán, que se quedan, que se van.** (ms16: Tierrallana, C. de Rei)
8819. **Os enxamios de san Xoán, quer se quedan, quer se van.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8820. **Sol de xaneiro e de febreiro mata o abelleiro.** (ms)
8821. **Un enxamio en maio vale un cabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

ENSALADA. V. tamén *Hambre. Gastronomía.*

8822. **A ensalada, ben salada e ben aceitada.** ³³⁹⁷ (ms16 e ms10,012r: D.E.)
(es) *La ensalada, bien salada, poco vinagre y bien oleada.* (Correas)
8823. **A ensalada, pouco avinagrada e moi aceitada.** ³³⁹⁸ (ms16 e ms10,012r: D.E.)
8824. **Coa ensalada, ou viño ou nada.** (ms10,012r: D.E.)
8825. **Da ensalada, dous bocados e deixala.** ³³⁹⁹ (ms16 e ms10,012r: D.E.)
(es) *De ensalada, dos bocados y dejalla.* (Correas)

ENSEÑAR. V. tamén *Educación, Estudiantes, Libro, Maestro, Pedagógicos.*

8826. **Ensinando é como se adeprende.** (ms10,012r: D.E.)
8827. **Non hai que ensinar ó gato a rabuñar.** (ms10,012r: D.E.)
8828. **Non se sabe o que pode ensinar á muller o bailar e ó burro o ornear.** (ms10,012r: D.E.)
8829. **Un día ensina a outro día.** (ms10,012r: D.E.)

ENTENDER

8830. **Ben se entende o que nos din cando chaman a xantar.** (ms10,012v: D.E.)
8831. **Ben se entende que o que merca un, outro o vende.** (ms10,012v: D.E.)

³³⁹⁶ O orixinal di *Os enxamios de abril gardos pra ti, os de maio dáos, i-os de san Xoán deixos pasar.*

³³⁹⁷ En ms10 s.v. *Ensalada.*

³³⁹⁸ En ms10 s.v. *Ensalada.*

³³⁹⁹ En ms10 s.v. *Ensalada.*

8832. **Ben se entende que quen racha se remende e quen peca que se enmende.** (ms10,012v: D.E.)
8833. **Cada un entende o que lle convén e non sempre lle sai ben.** (ms10,012r: D.E.)
8834. **Cada un se entende e Dios ben nos comprende.** ³⁴⁰⁰ (ms10,012v: D.E.)
8835. **Nunca lle falta en que entender ó que ten carro e muller.** (ms10,012r: D.E.)
8836. **O que adeprende o que non comprende, xa me entende.** (ms10,012r: D.E.)
8837. **Quen me entende, entende; eso ben se comprende.** (ms10,012r: D.E.)

ENTEREZA

8838. **Ataque quen queira, que o que é forte espera.** ³⁴⁰¹ (ms16 e ms10,023r: D.E.)
8839. **Bos corazós matan penas.** (ms16: D.E.)
(es) *Buen corazón quebranta mala ventura.* (Correas)
8840. **Corazón forte creba cativa sorte.** (ms16: D.E.)
(es) *Corazón fuerte quebranta cativa suerte.* (Correas)
8841. **Hasta a morte, vida forte.** ³⁴⁰² (mc: Buciños / ms11,49: Comarca de Fonsagrada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8842. **Hastra a morte, peito forte.** (ms16: Lugo)
Var.: *Hastra a morte, pé forte.* (ms16 e ms10,043r: D.E.) ³⁴⁰³
(pt) *Até à morte, pé forte.* (Ch,) (es) *Hasta la muerte todo es vida.* (Correas) / *Hasta la muerte todo es vida.* (Id.) / *Hasta la muerte, pecho fuerte.* (R. Marín)

ENTIERRO. V. tamén *Duelo, Muerte, Sepultura.*

8843. **Enterro sin choros e romaría sin gaita non teñen gracia.** (ms10,012v: D.E.)
8844. **Purgádeo, sangrádeo, coidádeo e, se morre, enterrádeo.** (ms10,012v: D.E.)

ENTRAR

8845. **Entrar e saír é como meter e sacar.** (ms10,012v: D.E.)

³⁴⁰⁰ *Cando un se entende, e Dios ben nos comprende.*

³⁴⁰¹ En ms10 s.v. *Fuerte.*

³⁴⁰² ms11,49: *Hast'a morte*; ms-LU: *Hastr'a morte.*

³⁴⁰³ En ms10 s.v. *Muerte.*

8846. **Entrar lambendo e saír mordendo é cousa que moitos fan en podendo.** (ms10,012v: D.E.)
8847. **Éntrome aquí que chove e me mollo, pois fai un sol que rabea.** (ms10,012v: D.E.)
8848. **Non entres de romplón na casa allea, chama dende afora i-espera.** (ms10,012v: D.E.)
8849. **O que onte entrou rogando, hoxe xa entra mandando.** (ms10,012v: D.E.)
8850. **Por onde entra o carro, millor entran os bois.** (ms16: D.E.)
8851. **Por onde entrases, deixa a porta como a topares.** (ms10,012v: D.E.)

ENTRECOSTO. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía.*

8852. **Non tén entrecosto o que non mata porco.** (ms10,012v: D.E.)

ENTRETENIMIENTO. V. tamén *Diversiones e Pereza y ociosidad.*

8853. **A áncora non sabe nadar e sempre anda na auga.** (ms16: D.E.)
(es) *La condición del áncora: no sabe nadar y siempre anda en el agua.* (H. Núñez)
8854. **Can que vai a donde n'o chaman leva paus.** (ms-SA: Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C)
8855. **Coitas alleas matan os asnos.** ³⁴⁰⁴ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
Var.: *Ansias alleas matan os asnos.* (ms16: A.S.A.) / *Doos alleos matan os homes.* (ms16 e ms10,009v: D.E.) ³⁴⁰⁵
(pt) *Cuidados alheios, matam o asno.* (Chaves) (es) *Cuidados ajenos matan al asno.* (Correas) / *Cuidados ajenos matan los hombres.* (Correas)
Véase *Ansias alleas...* Es tamén análogo el siguiente.
8856. **Donde non te chaman, nada che queren.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
8857. **Non entres no meu fogo e non verás o que eu gozo.** ³⁴⁰⁶ (ms16 e ms10,022v: D.E.)
(es) *Si no entraras en mi fuego, no verías qué cuezo.* (Correas)

³⁴⁰⁴ ms: *Cuitas.*

³⁴⁰⁵ En ms10 s.v. *Duelo.*

³⁴⁰⁶ En ms10 s.v. *Fuego.*

8858. **O can onde non-o chaman leva pedradas.** ³⁴⁰⁷ (ms21,13v: Bermés)
8859. **O can que vai a donde o chaman, leva paos.** ³⁴⁰⁸ (ms-SA: M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)
8860. **Onde non me chaman, nada me queren.** (ms21,30v: Bermés)
8861. **Onde non te chaman, nada che queren.** (ms16: Lugo)
(es) *Donde no te llaman ¿qué te quieren?* (R. Marín)
8862. **Van os cas onde os chaman e danlles pedradas.** ³⁴⁰⁹ (mc e ms16: M.V.)
Var.: *Van os cas onde non-os chaman e levan pedradas.* (ms16: Lugo)

ENVIDIA

8863. **A envexa do amigo é millor que a xenreira do enemigo.** (ms10,013r: D.E.)
8864. **A envidia non é caridá.** ³⁴¹⁰ (mc e ms16: Pidre)
8865. **Cando a cabra mexa, a outra lle dá envexa.** (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))
Quando la cabra u otra animal cualquiera, satisface la necesidad natural de orinar, el que está junto a él, siente enseguida la misma necesidad.
8866. **Cando a envidia sea caridá, moitos caritativos haberá.** (mc / ms16: Lugo)
(es) *Si la envidia fuese tiña...*
8867. **Envexa hai moita.** (ms16: Bucínos)
8868. **Envexa non teñas se queres ter paz.** (ms10,013r: D.E.)
8869. **Máis casas desfai a envidia que a polilla.** (ms18,02v)
8870. **Se a envexa fora tiña, moitos tiñosos habería.** (ms10,013r: D.E.)
8871. **Se a envidia fora tiña, moitos tiñosos había.** ³⁴¹¹ (mc, ms4 e ms16: A.S.A. / ms4: J.P.)
(pt) *Se a inveja fosse tinha, muita gente era tinhasa.* (Chaves) (es) *Si la envidia fuera*

³⁴⁰⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

³⁴⁰⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

³⁴⁰⁹ ms4: *onde n'os chaman*; ms16: *donde*. / V. *De balde andan os cas* en *Egoísmo. Ambición. Interés*. Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Perros*.

³⁴¹⁰ ms: *no é caridá.*

³⁴¹¹ Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *Si a envidia*, aínda que en ms4 aparece *Se a envidia*.

tiña, qué de tiñosos habría. (Correas) (ct) *Si la enveja fora tinya, quants tinyosos hauría.* (Alberola)

Glosado en la tríada popular en Muros: *Madre de Dios do Carmelo: / Si a envidia fose tiña, / ¡cántos había sin pelo!* (C.E.G. nº 39, p. 127)

8872. **Se a envidia fose tiña, tódola-la tiñan.** ³⁴¹²

(mc e ms16: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Si a inveja fosse tinha, muita gente era tnhosa.* (Chaves) (es) *Si la envidia fuese tiña ¡qué de tiñosos había!* (Correas) (va) *Si la enveja fora tinya, quants tinyosos hauría.* (Alberola)

8873. **Si a envidia fora tiña, todo o mundo a tiña.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

ENVIDIA DE LA PROPIEDAD AJENA

8874. **A galiña da miña veciña está máis gorda que a miña.** (ms16: D.E.)

Var.: *A galiña da miña veciña sempre parece máis gorda que a miña.* (ms16: D.E.)

8875. **A galiña da miña veciña pon sempre máis ovos que a miña.** (mc e ms16: C.A.)

Var.: *A galiña da veciña pon máis ovos que a miña.* (ms5,045: Santiago)

(pt) *A galinha da minha vizinha, é mais gorda que a minha.* (Chaves) (es) *La gallina de mi vecina más huevos pone que la mía.* (Sbarbi) / *La gallina de mi vecina, pone mas gordos huevos y cria mejores pollos que la mía.* (Id.) / *La gallina de mi vecina siempre es más gorda que la mía.* (Correas)

Reprende la envidia, como otros semejantes:

8876. **A porca da veciña sempre é millor cá miña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

8877. **A porca da veciña, sempre mellor cá miña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8878. **A vaca da miña veciña come menos herba e dá máis leite que a miña.** ³⁴¹³ (mc e ms16: A.N.)

Var.: *A vaca da miña veciña dá máis leite que a miña.* (Bucínos) / *A vaca da miña veciña dá mellor leite que a miña.* (mc e ms16:

Carballedo / ms4: Coruña) / *A cabra da miña veciña dá máis leite que a miña.* (ms16: D.E.) / *A broa da miña veciña sempre soupo mellor que a miña.* (ms5,045: Traba, Coristanco-Carballo)

(pt) *A cabra da minha vizinha dá mais leite que a minha.* (Chaves) (es) *La cabra de mi vecina, más leche da que la mía.* (Correas) / *La cabra de mi vecina, más leche da que la mía o da más leche que no la mía.* (Correas) / *La cabrita de mi vecina, más leche trae que la mía.* (Correas) (ct) *La cabra de mon veí, té més llet que la meua.* (Alberola)

8879. **A vaca da miña veciña con auga dá leite pra todos.** (ms17,018: M.L.)

8880. **A vaca da miña veciña dá mellor leite que a miña.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

8881. **A vaca da miña veciña sempre dá máis leite cá miña.** ³⁴¹⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Guíllar, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8882. **A vaca da veciña dá máis leite cá miña.** ³⁴¹⁵ (ms21,05v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laíosa, O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)

8883. **A vaca da veciña dá mellor leite cá miña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8884. **A vaca da veciña sempre dá más leite cá miña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

8885. **Hai xente que envexa o alleo e non aporveita o seu.** ³⁴¹⁶ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8886. **Horta, a do meu veciño: canto máis fruta ten, máis fruta consegue.** (ms18,30r)

8887. **Invidia non teñas do campo do veciño, antes fai o que el fai.** ³⁴¹⁷ (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

8888. **Si no teu xardín hai rosas, no meu hai jazmíns.** ³⁴¹⁸ (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

³⁴¹⁴ ms-LU (Trini F.): *que amiña.*

³⁴¹⁵ ms-LU (Bucínos): *viciña.*

³⁴¹⁶ ms4 e ms-LU: *aproveita*; mc e ms-LU: *envidia.*

³⁴¹⁷ mc: *viciño.*

³⁴¹⁸ *Si no teu sardín hay rosas, no meu hay jazmins.*

³⁴¹² *Se a envidia fose tiña, todol-a tiñan.* / ms: *todol'a*; ms-LU: *todol-a*; mc e ms-LU: *fora.*

³⁴¹³ V. *A vaca da miña veciña, con auga dá leite pra todos en Agrícolas (Animales).*

ENVIDIA DEL BIEN AJENO

8889. **O que come a miña veciña, non aproveita a miña barriga.** (ms16: D.E.)
(es) *Lo que come mi vecina, no aprovecha a mi tripa.* (H. Núñez)
8890. **Si a envidia fose caridá, moitos caritativos había.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

ENVIDIADOS

8891. **Antes envexado que compadecido e apurado.** ³⁴¹⁹ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
8892. **Envexa me teñas e non lástima.** (ms16: Lugo)
(es) *Envidia me tengas y no piedad y lástima.* (Correas)
8893. **Matei e salei i-a ti ¿que che importa?** (ms8,12v: Silvarrey)
8894. **Mellor é ser envidiado que aborrecido.** (ms5,027: Ribadeo)
8895. **Millor é verse envexado que verse aquelado.** ³⁴²⁰ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
8896. **Non hai naide tan desgraciado que non sexa envidiado.** ³⁴²¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

MALES DEL ENVIDIOSO

8897. **Invidia non teñas se queres ter paz.** (mc e ms16: L.G. / ms15,01: E. Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)
8898. **Nunca o envexoso medrou i-o qu'estuvo ó lado dil tampouco.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8899. **Nunca o envexoso medrou i-o que estuvo ó lado del tampouco: envexa hai moita.** (mc e ms16: Buciños)
(es) *Ni el envidioso medra, ni quien con el moró.* (Hernán Núñez) / *Ni el envidioso medra, ni quien a él se allega.* (Correas)
8900. **O envidioso nunca está sosegado.** (mc e ms16: Santiago)

MALEVOLENCIA DEL ENVIDIOSO

8901. **Hai quen cega dun ollo pra que outro cegue dos dous.** ³⁴²² (mc e ms16: Buciños)
Var.: *Hai quen se quita un ollo pra que outro cegue.* (mc / ms16: Lugo) ³⁴²³

³⁴¹⁹ En ms10 s.v. *Envidia*.

³⁴²⁰ En ms10 s.v. *Envidia*.

³⁴²¹ O orixinal di *Non hay naide tan desgraciado que non sexa envidiado*.

³⁴²² mc: *Hay, d'un*.

(es) *Hay quien con gusto se saca un ojo por ver ciego a otro.* (R. Marín) / *El envidioso, por verte ciego, se saltaría un ojo.* (R. Marín)

8902. **Hai quen se quita un ollo pra que outro cegue.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

ERAS. V. tamén *Agrícolas (Generales)*.

8903. **A eira, cando a deixan; a moza, cando a comenzan.** ³⁴²⁴ (ms16 e ms10,010v: D.E.)
8904. **Déao Dios na eira e cózao Marta na lareira.** ³⁴²⁵ (ms16 e ms10,010v: D.E.)
8905. **Dormir e garda-la eira, non hai maneira.** (ms10,010v: D.E.)
8906. **Limpa e arranxa a eira, cando está agosto á beira.** ³⁴²⁶ (ms16 e ms10,010v: D.E.)
8907. **O sol na eira i-a chuvia na nabeira.** (ms10,010v: D.E.)

ERRE

8908. **Nos meses de erre, na pedra non te sentes.** (ms10,013r: D.E.)
8909. **Nos meses que non teñen erre, non te achegues ás mulleres.** (ms10,013r: D.E.)

ERROR

8910. **A quen erra perdónaselle unha vez, mais non tres.** (ms16: D.E.)
8911. **Cae un burro ás catro patas ¿e non vai caer o que tén dúas?** (ms8,27r: Betanzos)
8912. **Erro de amor ben merece perdón.** ³⁴²⁷ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
(es) *Error por amor es discuplable error.* (R. Marín)
8913. **O erro sempre é igual: non sabendo, responder; e sabendo, contestar.** ³⁴²⁸ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
8914. **Quen erra e se enmenda, a Dios se encomenda.** ³⁴²⁹ (mc: M.V. / ms21,23r: Bermés)
Var.: *Quen erra e se enmenda, a non errar se encomenda.* (ms16 e ms10,013r: D.E.) ³⁴³⁰
(pt) *Quem erra e depois se emenda, a Deus se encomenda.* (Chaves) (es) *Quien yerra y*

³⁴²³ mc: *Hay*.

³⁴²⁴ ms16 *comezan*. En ms10 s.v. *Era*.

³⁴²⁵ En ms10 s.v. *Era*.

³⁴²⁶ En ms10 s.v. *Era*.

³⁴²⁷ En ms10 s.v. *Yerro*.

³⁴²⁸ En ms10 s.v. *Yerro*.

³⁴²⁹ ms21,23r: *s'enmenda*.

³⁴³⁰ En ms10 s.v. *Yerro*.

se enmienda, a Dios se encomienda. (R. Marín)

8915. **Val máis errar que deixar de tentar o que se quer lograr.** ³⁴³¹ (ms16 e ms10,013r: D.E.)

EL ERROR ES COMÚN A TODOS

8916. **De homes é equivocarse; de bestas, amansarse.** ³⁴³² (ms16 e ms10,028r: D.E.)
(es) *De hombres es errar y de burros rebuznar.* (R. Marín)
8917. **Equivocarse é de homes.** (ms16: Lugo)
(es) *De hombres es errar.* (Z.)
8918. **Erran os homes e non erran os montes.** (ms16: D.E.)
(es) *Yerran los hombres y no los montes.* (R. Marín)
8919. **Un erro calquera o ten.** ³⁴³³ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
8920. **Unha equivocación tena calquera.** (ms16: Lugo)
(es) *Un error cualquiera lo hace.* (Correas)

ERROR ENGENDRA ERROR

8921. **Dun erro nacen douscentos.** ³⁴³⁴ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
(es) *De un error ciento en derredor.* (R. Marín)
8922. **O peor do erro é que ás veces trai un cento.** ³⁴³⁵ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
8923. **O que fai un erro fai cento.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien hace un yerro hace ciento.* (R. Marín)
8924. **Un erro non vén soilo.** (ms16: Lugo)
(es) *Un yerro no viene solo.* (Correas)

ERROR, PADRE DE ACIERTO

8925. **Errando adepréndese.** ³⁴³⁶ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
(es) *Errando se aprende.* (Correas)
8926. **Errando, errando vaise pouco a pouco acertando.** ³⁴³⁷ (ms16 e ms10,013r: D.E.)
(es) *Errando, al acierto nos vamos acercando.* (M. Kleiser)
8927. **Tratas e perdes, tamén aprendes.** (ms10,050r: Silvarrei / ms6,03v: D.E. Silvarrey)

³⁴³¹ En ms10 s.v. *Yerro*.

³⁴³² En ms10 s.v. *Hombre*.

³⁴³³ En ms10 s.v. *Yerro*.

³⁴³⁴ ms10: *De un erro*. En ms10 s.v. *Yerro*.

³⁴³⁵ En ms10 s.v. *Yerro*.

³⁴³⁶ En ms10 s.v. *Yerro*.

³⁴³⁷ En ms10 s.v. *Yerro*.

ESCARABEJEAR

8928. **Escarabellou o galo e descubriu o coitelo pra matalo.** (ms10,013v: D.E.)
8929. **O moito escarabellar trai ás veces o seu pesar.** (ms10,013v: D.E.)

ESCARMIENTO

8930. **A gato escaldado auga fría lle fai daño.** (ms21,04r: Bermés)
8931. **A mellor razón, un fungueiro.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(es) *No hay mejor razón que la del palo.* (Sbarbi) / *No hay tal razón como la del bastón.* (Id.) / *No hay lenguaje más expresivo que el del palo.* (Id.) / *Al villano con la vara del avellano.* (Id.) / *Bastos son triunfos.* (Id.) (ct) *La millor raó el bastó.* (Alberola)
8932. **A vella, de escarmentada, pasa o río regazada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8933. **A vella, de escarmentada, pasa o río remangada.** (mc: A.N.)
Var.: *Vella escarmentada pasa o río regazada.* (ms16: Lugo)
(pt) *Velha experimentada por água vai arregazada.* (Chaves) (es) *La vieja escarmentada, arrezagada pasa el vado.* (Sbarbi) / *Vieja escarmentada, pasa el río arremangada.* (mc: Sbarbi; ms: Correas) / *Vieja escarmentada, rezagada pasa el agua.* (S.) / *Vieja escarmentada, arregazada pasa el agua.* (Correas)
Avisa a los necios que caen dos veces en el mismo error.
8934. **Aprende chorando e sairás ganando.** (ms16: D.E.)
8935. **Aprende chorando e reirás ganando.** (ms16: Lugo)
(es) *Aprende llorando y reirás ganando.* (H. Núñez)
8936. **Cando o outro vexas afeitar, pon as túas barbas a remollar.** ³⁴³⁸ (mc: Santiago)
8937. **Cando o veciño se afeita, vai ti poñendo a barba a remollo.** ³⁴³⁹ (mc: Santiago)
8938. **Dos escarmentados nacen os arteiros.** (ms16: Nantín-Becerra)

³⁴³⁸ V. *Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar en Precaución.*

³⁴³⁹ ms: *a barba a mollo*. / V. *Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar en Precaución.*

- Var.: *Cos escarmentados fanse os avisados.* (ms16 e ms10,013v: D.E.)³⁴⁴⁰ / *Dos escarmentados nacen os avisados.* (mc e ms16: Sarria) / *Dos escarmentados saen os avisados.* (ms4: M.V. / ms16: Sober) / *Dos escarmentados nacen os espabilados.* (ms16 e ms10,013v: D.E.)³⁴⁴¹
- (pt) *Dos escarmentados nacen os arteiros.* (Chaves) (es) *De los escarmentados nace los arteros.* (Z.) (va) *Dels escarmentats naixen els avisats.* (Alberola)
8939. **Dos escarmentados nacen os avispados.** (mc e ms16: Buciños)
- (pt) *Des escarmentados saem os arteiros.* (Chaves) (es) *De los escarmentados salen los avisados.* (R. Marín) (ct) *Dels escarmentats, naixen els avisats.* (Alberola)
8940. **Dos escarmentados salen os arteiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
8941. **Fostes coller o pao á dovesa pra levar con el na cabeza.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
8942. **Gato escaldado á iauga fría ten medo.**³⁴⁴² (mc e ms16: Corme / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8943. **Gato escaldado, a auga fría lle fai dano.**³⁴⁴³ (mc: A.S.A. / ms16: J.P.)
- (pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del agua fría huye.* (Sbarbi) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)
8944. **Gato escaldado, da auga fría fuxe.** (mc / ms16: Lugo)
- (pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del agua fría ha miedo.* (Correas) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)
8945. **Gato escaldado, da auga fría ten medo.** (mc)
- (pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del agua fría ha miedo.* (Correas) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)
8946. **Iba por la e salín trasquilado.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
8947. **Moito ganou o que en outro escarmentou.**³⁴⁴⁴ (ms10,025v: D.E.)
8948. **Nada ganou o que non escarmentou.**³⁴⁴⁵ (ms10,025v: D.E.)
8949. **No alleo ollo escarmenta o cordo.** (ms10,013v: D.E.)
8950. **Non é porque asubías senón porque asubiaches.** (ms4: C.A. A Nosa Terra)
8951. **O carneiro encantado que foi por lan volveu trasquilado.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)
8952. **O escarmento trai ás veces o arrepentimento.**³⁴⁴⁶ (ms16 e ms10,013v: D.E.)
8953. **Ó gato escaldado a auga fría lle pon medo.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
8954. **O gato escaldado fuxe á auga fría.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
8955. **O gato escaldado, á auga fría ten medo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
8956. **O gato escaldado, da auga fría ten medo.** (ms / ms4: F.V.S.)
- (pt) *Gato escaldado, da água fria tem medo.* (Chaves) (es) *Gato escaldado, del agua fría ha miedo.* (Correas) (ct) *El gat escaldat, en aigua fresca té pròu.* (Alberola)
8957. **O gato escaldado, de leixos venta as papas.** (ms8,36r: Bolaño)
8958. **O que ten medo ó lume, é porque está queimado.** (mc e ms16: Buciños)
8959. **O que ten o cu de estopas, sempre pensa que lle poñen lume.** (mc / ms4: F.V.S.)
- Var.: *O que ten o rabo de estopa, ten medo que lle prenda o lume nel.* (mc: Fonsagrada-F.V.S.) / *O que ten o rabo de estopa, ten medo ó lume.* (mc: Chorexe-F.V.S.) / *O que ten o rabo de palla, sempre pensa que lle afuma.* (mc) / *O que ten o rabo de palla, sempre pensa que lle poñen lume.* (mc: Buciños)
- (pt) *Quem tem rabo de palha, sempre cuida que lhe vai arder.* (Chaves) (es) *Quien tiene el rabo de paja, hacia atrás mira y cata qué pasa, no sea llama.* (Correas) (ct) *Qui té la cúa de palla, sempre's creu que's crema.* (Alberola) / *Qui té la cúa de palla, fuig de la falla.* (Alberola)

³⁴⁴⁰ En ms10 s.v. *Escarmiento*.

³⁴⁴¹ En ms10 s.v. *Escarmiento*.

³⁴⁴² ms: *i-auga*; ms-LU: *auga*.

³⁴⁴³ ms4: *escaldado, auga*; mc: *daño*.

³⁴⁴⁴ En ms10 s.v. *Ganar* coa indicación *Escarmiento*.

³⁴⁴⁵ En ms10 s.v. *Ganar* coa indicación *Escarmiento*.

³⁴⁴⁶ En ms10 s.v. *Escarmiento*.

8960. **O que ten o rabo de estopa, ten medo ó lume.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
8961. **O que ten o rabo de palla, sempre pensa que lle arde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
8962. **O que ten o rabo de palla, ten medo que lle poñan lume.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
8963. **O que ten o rabo de palla, ten medo se lle plantan lume.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8964. **O que ten'o rabo de'stopa, ten medo a que lle prend'o lume nel.** (ms11,43: Comarca de Fonsagrada)
8965. **O que ten rabo de palla, ten medo que ll'arda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8966. **O que ten rabo de palla, ten medo que llo queimen.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
8967. **O que ten rabo, non se senta.**³⁴⁴⁷ (mc: Carballedo / ms5,133: Santiago)
(pt) *Quem tem rabo, não se assenta.* (Chaves)
8968. **O que xoga co lume, quéimase.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
8969. **Onde capan, escapan.** (mc: J.P.)
8970. **Pra castigar certas faltas, con cuspir ós ollos basta.** (ms15,19v)
8971. **Se ves a barba do teu veciño afeitar, pon a túa a remollar.**³⁴⁴⁸ (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Se vires as barbas do vizinho a arder, põe-te a mecher.* (Chaves) / *Se vires as barbas do teu vizinho a arder, põe as tuas de molho.* (Id.) (es) *Cuando vieres la barba de tu vecino pelar, echa la tuya a remojar.* (Correas)
8972. **Ten que se saber escarmentar o que non queira chorar.**³⁴⁴⁹ (ms16 e ms10,013v: D.E.)
8973. **Un avisado vale cen por avisar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8974. **Un avisado vale por cen sin avisar.**³⁴⁵⁰ (mc: Bucinos)
8975. **Unha e non máis, señor san Brais.** (ms16: Silvarrey)
(es) *Una y no mas, Señor San Blas.* (R. Marín)
8976. **Unha vez capan o can i-outra non-o caparán.** (mc: Pidre)
Var.: *Unha vez capan o can; dúas non-o caparán.* (ms4: Pidre-F.V.S.)
8977. **Unha vez capan o can i-outra non ten que.**³⁴⁵¹ (mc: Bucinos, Carballedo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU)
8978. **Unha vez caparán o can pero outra vez non-o caparán.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
8979. **Unha vez caparon o can; outra vez non-o caparán.** (ms21,13r: Bermés)
8980. **Unha vez, señor san Brais, pero outra nada máis.** (ms8,18r: La Cañiza)
Se refiere a la men[tira].

ESCARMIENTO EN CABEZA AJENA

8981. **Benaventurado o que noutro foi escarmentado.** (ms16: D.E.)
(es) *Bienaventurado el que en otro fue escarmentado.* (Correas)
8982. **Escarmentar na cabeza allea é unha boa cencia.**³⁴⁵² (ms16 e ms10,013v: D.E.)
(es) *Escarmentar en cabeza ajena, doctrina buena.* (H. Núñez)
8983. **Hai qu'escarmentar en cabeza allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
8984. **Naide escarmenta en cabeza allea, como na súa.**³⁴⁵³ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
8985. **Naide escarmenta en cabeza allea.**³⁴⁵⁴ (mc, ms e ms16: Bucinos)
8986. **O cordo en cabeza allea escarmenta.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *El cuerdo en cabeza ajena escarmienta.* (Sbarbi)
8987. **Onde o louco o perdeu, o cordo aviso colleu.**³⁴⁵⁵ (ms16 e ms10,033v: D.E.)
(es) *Donde el loco se perdió, avisos el cuerdo halló.* (R. Marín)

³⁴⁴⁷ V. variantes en *Precaución*.

³⁴⁴⁸ ms4: *barba do veciño*. / V. *Cando as barbas do teu veciño vexas pelar, bota as túas a remollar en Precaución*.

³⁴⁴⁹ En ms10 s.v. *Escarmiento*.

³⁴⁵⁰ ms: *por avisar*.

³⁴⁵¹ ms-LU: *yautra*.

³⁴⁵² En ms10 s.v. *Escarmiento*.

³⁴⁵³ mc e ms-LU: *Nadie*; ms-LU: *na cabeza allea*.

³⁴⁵⁴ mc: *Nadie*; ms: *cabeza ajena*.

³⁴⁵⁵ En ms10 s.v. *Locos*.

ESCASEZ. V. tamén *Pobreza, Poca, Riqueza y dinero*.

8988. **Cand'a zorra anda ós grillos, mal do pai e peor dos fillos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

8989. **Cando a zorra anda ós grillos, e o sancristán ós carabillos e o escribano pregunta a cómo estamos de mes, mui mal andan os tres.**³⁴⁵⁶ (mc e ms16: Santiago)

(es) *Cuando la zorra anda a grillos, y el sacristán a cardillos, y el escribano pregunta: "¿A cómo estamos del mes?", con mal andan todos tres.* (R. Marín)

8990. **Cando a zorra anda ós grillos, mal pola nai e mal polos fillos.** (mc e ms16: A.I.)

(pt) *Quando a raposa anda aos grillos, vai mal para a mãe, e pior para os filhos.* (Chaves) / *Mal vai à raposa quando anda aos grillos e pior quando aos ovos.* (Id.) / *Se a raposa anda aos grillos, mal da mãe, pior dos filhos.* (Id.) (es) *Cuando la zorra anda a grillos, mal para ella y peor para sus hijos.* (Sbarbi) (ct) *Quan la rabossa busca als grills, mal vá a ella y als fills.* (Alberola)

Como sucede a los que se emplean en cosas de problemática para lograr la manutención propia y la de los suyos.

8991. **Cando a zorra anda ós grillos, mal pola nai e peor polos fillos.** (mc e ms16: A.I.)

8992. **Cando a zorra anda ós grillos, mal pr'ela e peor prós fillos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

8993. **Corrido vai pola casa de seu pai.** (ms16: Correas)

Que, como siempre, lo transcribe con defectos.

8994. **Mal che anda o zorro cando vai ós ovos.** (mc e ms16: A.N.)

Var.: *Mal lle vai ó zorro cando anda ós escarabellos, e pior cando vai ós ovos.* (ms16: Sober)

(pt) *Mal vai à raposa quando anda aos grillos e pior quando anda aos ovos.* (Chaves) (es) *Mal va a la zorra cuando anda a grillos, mas peor la va cuando anda a los huevos.* (R. Marín)

Véase *Cando a zorra anda ós grillos...*

³⁴⁵⁶ ms16: *pregunta, moi mal.*

8995. **Mal lle vai ó raposo cando anda ós grillos.**³⁴⁵⁷ (mc e ms16: Terra de Melide / ms e ms4: V.R. y A.R.)

(pt) *Quando a raposa anda aos grillos, vai mal para a mãe e pior para os filhos.* (Chaves) / *Mal vai à raposa quando anda aos grillos e pior quando anda aos ovos.* (Chaves) (es) *Cuando la zorra anda a grillos, mal para ella y para sus hijillos.* (Jara)

Como *Mal che anda o zorro...* registrado más arriba.

8996. **Mal lle vai ó raposo cando anda ós ovos.**³⁴⁵⁸ (mc / ms16: G.P. / ms21,11v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

8997. **Non hai peor tenda que a baleira.** (ms15,45v: Incio)

8998. **Non hai peor feira que a vacía.** (ms16: Lugo)

(es) *No hay peor venta que la vacía.* (R. Marín)

Como anota M. Kleiser: *despluman al que llega.*

8999. **O pouco i-o muito non ten regra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9000. **O pouco nunca deu moito.** (mc: Meilán)
Var.: *O pouco non pode dar moito.* (ms16: Lugo)

(es) *Lo poco nunca dió mucho.* (R. Marín)

9001. **O pouco, ben repartido, chegha pa todos.**³⁴⁵⁹ (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)

9002. **Unha estela soila non fai lume.** (ms16: Silvarrey)

ESCASEZ DE ALIMENTOS

9003. **Cando un lobo come a outro non hai que comer no soto.**³⁴⁶⁰ (ms16 e ms10,033v: D.E.)

(es) *Cuando un lobo come a otro, no hay que comer en el soto.* (H. Núñez)

9004. **Fame nas vacas, en ti a catas.** (ms15,45r: Fraguas en *Vida Gallega*, 1960)

³⁴⁵⁷ ms4: *os ovos.* / V. *Mal lle vai ó raposo cando lambe os cangrexos en Marítimos (Peces).*

³⁴⁵⁸ ms-LU (Lugo): *cand'and'os ovos*; ms-LU (Guillar), ms-LU (Lugo), ms-LU (Lugo) e ms21,11v: *zorro.*

³⁴⁵⁹ *O' pouco ven repartido cheja pa todos.*

³⁴⁶⁰ En ms10 s.v. *Lobos.*

9005. **Mal lle vai ó raposo cando anda ós escarabellos.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
 9006. **Si os hórreos están vacíos, mal inverno pós meus fillos.** ³⁴⁶¹ (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

ESCATOLÓGICOS. V. tamén *Evacuaciones*.

9007. **A bo cu, bo peido.** (ms16: D.E.)
 9008. **Á miña Marica chéiralle o cu como unha pelica.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)
 9009. **Á señorita do cu colorado mala forrica lle pegue no rabo.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)
 9010. **Aquela vella das cascás rañadas, chéiralle o cu ás castañas asadas.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)
 9011. **Inda algúns non ven cagar e xa cobizan lamber.** (ms16: D.E.)
 9012. **Non come a miña tía e caga cada día.** (ms16: Lugo)
 (es) *No come mi tía y caga cada día.* (H. Núñez)
 9013. **Non hai naide que non a cague.** (ms16: Lugo)
 (es) *No hay nadie que no las cague.* (Correas)
 9014. **O chorar todos son mocos.** (ms8,51r: Carballino)
 9015. **O que limpa o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa merda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 9016. **O que rasc'o cu cunha pedra, rasca o cu e deixa a merda.** ³⁴⁶² (ms21,08v: Bermés)
 9017. **Pícame o cu; ano de fabas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)
 9018. **Pícame o cu; mañá hai parrocha.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
 9019. **Pra limpar o cu non hai como a pedra: rasca o cu e deixa a merda.** (ms16: Sober)
 9020. **Se queres ver o compañeiro andar, ponte a mexar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
 9021. **Viño e merda, pola izquiérda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

³⁴⁶¹ *Si os horreos están vacíos mal invernos pos meus fillos.*

³⁴⁶² *O que rasc'o cu cun'ha pedra, rasca o cu e deixa a merda.*

ESCOGER

9022. **Pola cara escóllese a dama.** (ms10,013v: D.E.)

ESCRIBANOS. V. tamén *Jurídicos y similares, Oficios*.

9023. **A verdá polas espaldas, i-o escribano que escriba.** (ms15,42: Lugo)
 9024. **Boa demanda, mala demanda, ten ó escribán da túa banda.** ³⁴⁶³ (ms10,014r: D.E.)
 9025. **Escribanos e ameixeiras, fóra das miñas leiras.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
 9026. **Escribanos i-ameixeiras, librem'os Dios das miñas eiras.** ³⁴⁶⁴ (ms21,19v: Bermés)
 9027. **Escribáns e ameixeiras, librees Dios das miñas leiras.** ³⁴⁶⁵ (mc / ms16: Lugo)
 Var.: *Escribanos e ameixeiras, arrédeos Dios das nosas leiras.* (ms16: N.A.)
 9028. **O escribano, do que non ve non ten que dar fe.** ³⁴⁶⁶ (mc e ms16: Pidre)
 9029. **O que ten o escribán do seu xeito, o torto vólveo dereito.** ³⁴⁶⁷ (ms10,014r: D.E.)
 9030. **Quero o escribán do meu xeito, sexa no bo ou no mal preito.** ³⁴⁶⁸ (ms10,014r: D.E.)

BORRONES DE ESCRIBANOS

9031. **O bo escribán, primeiro o borrón que a pluma na man.** ³⁴⁶⁹ (ms16 e ms10,014r: D.E.)
 (es) *El buen escribano, primero el borrón que la pluma en la mano.* (Correas)
 9032. **Vale máis que manche el que o escribano.** (ms8,06r: Silvarrey)

HONORARIOS DE LOS ESCRIBANOS

9033. **Aguaciles e escribanos nunca fartos están.** (mc e ms16: C.A.)
 9034. **Alguaciles e escribanos nunca de comer están fartos.** ³⁴⁷⁰ (mc e ms16: M.V. / ms4: J.P.)
 9035. **Donde pon o escribiente a pluma, pon o demo a uña.** (ms8,28v: Lalín)

³⁴⁶³ En ms10 s.v. *Escribano*.

³⁴⁶⁴ *Escribanos y'ameixeiras librem'os Dios dás miñas eiras.*

³⁴⁶⁵ ms4 e ms16: *Escribanos*; ms4: *librem'os*.

³⁴⁶⁶ O orixinal di *O escribano de que non ve non ten que dar fe*.

³⁴⁶⁷ En ms10 s.v. *Escribano*.

³⁴⁶⁸ En ms10 s.v. *Escribano*.

³⁴⁶⁹ ms10: *pruma na man*. En ms10 s.v. *Escribano*.

³⁴⁷⁰ mc, ms4, ms16: *Aguaciles*. Jacinto del Prado só rexistra o refrán coa forma *Alguaciles*.

9036. **O escribán nunca escribe en van.** ³⁴⁷¹
(ms16 e ms10,014r: D.E.)
(es) *El escribano nunca escribe en vano.*
(R. Marín)
9037. **Ond'o escribano met'a pluma, met'o demo a uña.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucíños, Carballedo, LU)
9038. **Onde o escribano pon a pluma, pon o demo a uña.** (ms18,64r: Camba)
9039. **Onde pon o escribano a pruma, pon o demo a uña.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Var.: *Onde o escribano pon a pruma, que poña o demo a uña.* (ms16: Sober)

PODER DE LOS ESCRIBANOS

9040. **A chave do preito é o escribano; a do médico, o boticario.** (ms16: D.E.)
9041. **Alegría no inferno, que morreu o escribano; i-o tinteiro e mais a pluma quedan na mesa bailando.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
9042. **Ben ou mal feito, ten o escribán do teu xeito.** ³⁴⁷² (mc e ms16: Agro / ms3: C.A. / ms10,014r: D.E.)
9043. **Bo ou mal preito, o escribano ao teu xeito.** ³⁴⁷³ (mc e ms16: F.B.B.)
Var.: *Boa demanda, ruín demanda, ten o escribano da túa banda.* (A.N.V.)
9044. **Bo ou mal preito, ten o escribán do teu xeito.** ³⁴⁷⁴ (mc e ms16: Bucíños / ms16: D.E.)
Var.: *Quero o escribán do meu xeito, sexa no bo e no mal preito.* (ms16: D.E.)
(pt) *Boa demanda, má demanda, escrivão por minha banda.* (Chaves) (es) *Pleito bueno o malo, de tu parte el escribano.* (Sbarbi) / *Pleito bueno o malo, el escribano de tu lado.* (Sbarbi)
9045. **Boa demanda, ruín demanda, ten ao escribán da túa banda.** ³⁴⁷⁵ (mc: F.B.B. / ms4: A.N.)
Var.: *Boa demanda ou ruín demanda, ten o escribán da túa banda.* (ms16: D.E.)

³⁴⁷¹ En ms10 s.v. *Escribano*.

³⁴⁷² En ms10 s.v. *Escribano*.

³⁴⁷³ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos (Peligros de los pleitos)*.

³⁴⁷⁴ mc e ms16(Bucíños): *escribano*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos (Peligros de los pleitos)*.

³⁴⁷⁵ ms4: *ten o escribano*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos* e en *Pleitos (Peligros de los pleitos)*.

9046. **Bon ou mal pleito, ten o escribán de xeito.** ³⁴⁷⁶ (mc: A.I. / ms15,01: Carré Aldao / ms-SA: M. González Fernández)
9047. **Con preito perdido ou ganado, ten o escribán do teu lado.** ³⁴⁷⁷ (mc e ms16: F.B.B.)
9048. **O que ten o escribán do seu xeito, o torto vírao dereito.** ³⁴⁷⁸ (ms16 e ms10,014r: D.E.)
9049. **Por ben ou por mal, ten o escribán da túa man.** (ms16: D.E.)

ESCRIBIR

9050. **O que ben escribe le dúas veces.** (ms10,013v: D.E.)
9051. **O que se escribe, sempre queda.** ³⁴⁷⁹ (ms10,014r: D.E.)
9052. **O que se escribe, sempre se le.** ³⁴⁸⁰ (ms10,014r: D.E.)
9053. **O que se escribe, escríbese pra ler e, por eso, hai que o ver.** ³⁴⁸¹ (ms10,014r: D.E.)

ESCUCHAR

9054. **Co moito escoitar e co pouco falar, boa fama podes ganar.** (ms10,013v: D.E.)
9055. **Escoita ben á vella e rieta da súa consella.** (ms10,013v: D.E.)
9056. **Escoita e pensa antes de falar, se non queres errar e queres acertar.** (ms10,013v: D.E.)
9057. **O que escoita e axexa, oi e ve cousas que dispóis lle pesa.** (ms10,013v: D.E.)
9058. **Quen escoita, mal de sí ouza.** (ms10,013v: D.E.)

ESCUADERO

9059. **A escudeiro fachendoso, rapás tiñoso.** (ms10,014r: D.E.)
9060. **A escudeiro mesquiño, rapás adiviño.** (ms10,014r: D.E.)
9061. **Escudeiro probe, cunca de prata e caldeiro de cobre.** (ms10,014r: D.E.)
9062. **Escudeiro turulato, de mozo ladrón e de vello beato.** (ms10,014r: D.E.)

³⁴⁷⁶ mc: *o s'cribano de geito*; ms15,01: *o escribán*; mc e ms15,01: *preito*.

³⁴⁷⁷ mc: *de teu lado*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pleitos (Peligros de los pleitos)*.

³⁴⁷⁸ En ms10 s.v. *Escribano*.

³⁴⁷⁹ En ms10 s.v. *Escrito*.

³⁴⁸⁰ En ms10 s.v. *Escrito*.

³⁴⁸¹ En ms10 s.v. *Escrito*.

9063. **O bo escudeiro déitase tarde i érguese cedo.** (ms10,014r: *D.E.*)
 9064. **Ó escudeiro rico mórreselle a muller como a calquera veciño.** (ms10,014r: *D.E.*)
 9065. **O escudeiro, cando non ten que comer, colle a viola e ponse a tanxer.** (ms10,014r: *D.E.*)

ESFUERZO

9066. **Amasando faise o pan.** (ms16: *D.E.*)
 (es) *Amasando se hace el pan.* (R. Marín)
 9067. **Andar, andar, e caer no mar.** (mc e ms16: M.L.)
 (pt) *Andar, andar, e ir morrer à beira.* (Chaves) (es) *Andar, andar, y a ninguna parte llegar.* (R. Marín)³⁴⁸²
 Se aplica cuando trabajos y afanes son infructuosos.
 9068. **As troitas non se collen a bragas enxoitas; i-a molladas, poucas e raras.** (ms5,027: Bretoña)
 9069. **As troitas non se collen cas bragas enxoitas; e molladas, poucas e raras.** (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)
 9070. **As troitas non se collen cas pernas enxoitas.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
 9071. **Cas bragas enxoitas non se matan as troitas.**³⁴⁸³ (mc e ms16: Sar., Noya)
 Var.: *Coas botas enxoitas non se cazan as troitas.* (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo) / *Coas bragas enxoitas non se pillan as troitas; e co elas molladas, nin poucas nin sobradas.* (mc e ms16: Terra de Melide / ms: V.R. y A.R.) / *Cas pernas enxoitas non se peijan troitas.* (Santiago)
 Enseña la necesidad del trabajo y la diligencia para lograr aquello que se desea.
 9072. **Coa braga enxoita non se colle a troita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 9073. **Coas bragas enxoitas non se pillan as troitas.**³⁴⁸⁴ (ms21,13r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 9074. **Coas redes enxoitas non se pillan as troitas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
9075. **Con outro "ea" chegamos arriba.** (ms5,045: Santiago)
 9076. **Con pernas insoitas non se pillan as troitas.** (ms-SA: M. González Fernández)
 9077. **Cus pés enxoitos non se collen as troitas.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)
 9078. **Cus pés secos non se pillan as troitas.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
 9079. **Chegar e bicar é moito alcanzar.** (ms16: *D.E.*)
 9080. **Chegar e encher non pode ser.** (ms4: M.V. / ms16: *D.E.*)
 9081. **Hai que sacar da cabeza máis que piollos.** (ms9,10r: Silvarrey)
 9082. **Hai quen ten esforzo e foxe como un corzo.** (ms10,014r: *D.E.*)
 9083. **Mentras que o corpo aguante, que tire pra diante.** (ms8,72r: Silvarrey)
 9084. **Nadar, nadar, hastra as forzas acabar.**³⁴⁸⁵ (mc e ms16: Muros)
 9085. **Nadar, nadar, i-agora ir a afogar.**³⁴⁸⁶ (mc, ms4 e ms16: J.P.)
 (pt) *Nadar, nadar e ir morrer à beira.* (Id.)
 (es) *Nadar, nadar, y en la orilla se ahogar.* (Gella) / *Nadar, nadar, y morir a la orilla.* (Id.) (ct) *Nadar, nadar, i a la vóra aufegar.* (Gella) (va) *Nadar, nadar y a la vóra, aufegar.* (Alberola).
 9086. **Naide por ser querido se esforce, que a cousa máis direita moitas veces se retorce.** (ms10,014r: *D.E.*)
 9087. **Ninguén por amoríos se esforce, que o fio máis torcido se destorce.** (ms10,014r: *D.E.*)
 9088. **Non hai baixada sin subida.** (ms18,64r: Camba)
 9089. **Non hai galiña gorda por pouco diñeiro.** (mc e ms4: A.S.A. / ms4: J.P. / ms16: *D.E.*)
 (pt) *Não há galinha gorda por pouco dinheiro.* (Chaves) (es) *Gallina gorda y con poco dinero, no puede ser, compañero.* (Correas) / *No hay gallina gorda por poco dinero.* (R. Marín)
 9090. **Non hai pan sin afán.** (mc / ms4: F.V.S. / ms15,29r: M^a Felicidad Vila / ms8,57v: Lalín / ms16)
 (es) *No hay pan sin afán.* (Correas)

³⁴⁸² ms: *Andar y andar.*

³⁴⁸³ ms3: *non se peijan*

³⁴⁸⁴ ms-LU: *Cas.*

³⁴⁸⁵ mc: *hasta.*

³⁴⁸⁶ mc: *i-ahora*; ms: y *ahora*. O refrán rexistrado por Jacinto del Prado coincide co que aparece en ms4.

9091. **Non se collen troitas a pés enxoiros.** (ms18,55r: *Vida Gallega*)
9092. **Non se pescan as troitas cas braghas enxoiros.** ³⁴⁸⁷ (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
9093. **Non se pescan troitas a braghas enxoiros.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)
9094. **Non se pillan as troitas coas braghas enxoiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
9095. **Non se pillan troitas cas braghas enxoiros.** (mc / ms16: Lugo)
Var.: *Non se pillan troitas con cirolas enxoiros.* (mc, ms16 e ms18,65r: Santiago) ³⁴⁸⁸
(pt) *Não se pescam trutas a braghas enxutas.* (Chaves) (es) *No se pescan truchas a braghas enjutas.* (Gella) / *No se toman truchas a braghas enjutas.* (Z.)
Enseña la necesidad del trabajo y la diligencia para lograr aquello que se desea.
9096. **Non se pillan as troitas cas cirolas inxoiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
9097. **O que algo quer, algo lle costa.** ³⁴⁸⁹ (ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms10,104r: D.E.)
(es) *El que algo quiere algo le cuesta.* (M. Kleiser)
9098. **O que moito vale, moito costa.** ³⁴⁹⁰ (mc / ms16: Lugo)
(pt) *O que muito vale muito costa.* (Chaves)
(es) *Lo que mucho vale, mucho cuesta.* (C.C.)
9099. **O que nada, non afonda.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
9100. **O que non é sudado, non é apreciado.** (ms9,02r: O. de Rey)
9101. **O que non é sudado, non é estimado.** (ms8,53r: O. de Rey)
9102. **O que non sementa, non colle.** (mc)
Var.: *O que non sementa, non recolle.* (ms16: Bucinos)
(pt) *Quem não semeia não colhe.* (Chaves)
(es) *Quien no siembra no coge.* (mc: Sbarbi / ms16: R. Marín) (ct) *Qui no sembra, no agabella.* (Alberola)
9103. **O que pouco custa, pouco se estima.** (ms16: D.E.)
- (es) *Lo que poco cuesta, en menos se aprecia.* (R. Marín)
9104. **O que queira percebe, que molle o vientre.** ³⁴⁹¹ (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)
(pt) *Quem quiser pescar há-de se molhar.* (Chaves) / *Quem quer peixe, molha o cú.* (Chaves) (es) *Quien quiera peces, que se moje el culo.* (Gella) / *Quien peces quiera, mojarse tiene.* (H. Núñez)
9105. **O que queira percebe, que molle o c[u] por eles.** ³⁴⁹² (ms18,64v: Vivero)
9106. **O que quere o proveito, búscalle o xeito.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
9107. **O que quere peixes, que molle as pernas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
9108. **O que ten maos, ten mazás.** (ms12,79: S. Pedro de Orrios, Caurel)
El que cuenta con medios, consigue el fin.
9109. **Pra chegar de probe a rico, moito traballo e saca do pico.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
9110. **Pra chegar ó chan da raña, hai que pasar polo foxo.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
9111. **Sin afán non hai pan.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
Var.: *Con afán gánase o pan.* (ms16: D.E.)
(es) *No hay pan sin afán.* (Correas)
9112. **Sin escachar ovos non se fai tortilla.** ³⁴⁹³ (ms15,16 / ms10,075r: D.E.)
9113. **Sufre por saber e traballa por ter.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
9114. **Unha mona é mala de criar pero despois dá gana de reír.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

ESFUERZO ESTÉRIL

9115. **Anque tome moitos baños, o negro non se fai branco.** (ms16: D.E.)
(es) *¿Para qué va al baño la negra, si negra se queda?* (R. Marín)
9116. **Aventar sin aire, traballo en balde.** (ms16: Lugo)
(es) *Aventar sin aire, trabajar en balde.* (R. Marín)
9117. **Cando Pedro non quere ler, non hai que lle facer.** (ms8,11r: Otero de Rey)

³⁴⁸⁷ *Non se pescan as troitas cas braghas enxoiros.*

³⁴⁸⁸ ms18,65r: *pillan as troitas.*

³⁴⁸⁹ ms-LU: *algo quere*; ms10: *algo lle custa*. / En ms10

s.v. *Querer*.

³⁴⁹⁰ ms16: *muito*.

³⁴⁹¹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Peces*.

³⁴⁹² *O que queira percebe, que molle o c... por eles.*

³⁴⁹³ ms10: *Sen escachar os ovos.*

9118. **Coller auga nun cesto non é de proveito.** (ms16: Lugo)
(es) *Coger agua en cesto, maldito provecho.* (R. Marín)
9119. **Correr tras quen escapa é unha carreira mui larga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
9120. **Lavarlle a cabeza on burro é gastar xabrón e perder tempo.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
9121. **Machacar en ferro frío, traballo perdido.** (ms16: D.E.)
(es) *Machacar en hierro frío, tiempo y trabajo perdido.* (R. Marín)
9122. **Non teñas man da cabra a quen outros maman o leite.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
9123. **O mar, auga.** ³⁴⁹⁴ (ms16 e ms10,037v: D.E.)
(es) *Llevar agua a la mar, necio afanar.* (Correas)
9124. **O que lava a cabeza a burros, perde o xabrón i-o tempo.** ³⁴⁹⁵ (mc / ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *O que lava a cabeza da burra, perde o xabrón e a lavadura.* (ms16 / ms10,032v: D.E.) ³⁴⁹⁶
(pt) *Quem lava focinho a burro preto, perde sabão e tempo.* (Chaves) / *Quem lava a cabeça a moiro, perde tempo e sabão.* (Id.) / *Quem faz a barba a um cão, perde o tempo e o sabão.* (Id.) (es) *Lavar asno y espulgar perro, es perder tiempo.* (Jara) / *Lavar cabezas de asno es perdimiento de jabón.* (Z.)
9125. **O que moito se mata, non é o que máis gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
9126. **O que ten besta e anda a pé, ben burro é.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
9127. **O que ten besta e anda a pé, máis besta el é.** (mc / ms21,20v: Bermés)
9128. **O que ten besta e anda a pé, máis besta é.** (mc: M.V.)
9850. **Hai cativas con fortuna ou bos mozos sin ningunha.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
9851. **Hai cativos con fortuna e bos mozos sin ningunha.** (ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
9852. **Hai cativos con fortuna e mozos sin ningunha.** (ms-SA: M. González Fernández)
9853. **Hai cativos con fortuna e bos mozos con ningunha.** ³⁶⁸⁹ (ms-SA: Manuel Barrós Fachal)
9854. **Hai cativos sin fortuna e bos mozos sin ningunha.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
9855. **Hai demos con fortuna e santos sin ningunha.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
9856. **Hai galás con fortuna i-hai galás sin ningunha.** ³⁶⁹⁰ (ms4: A.S.A.)

³⁶⁸² En ms10 s.v. *Fortuna*.

³⁶⁸³ *Cando a semana está de piollos, non val mudal'a camisa.*

³⁶⁸⁴ mc: *de el*.

³⁶⁸⁵ En ms10 s.v. *Fortuna*.

³⁶⁸⁶ mc: *de outro*; ms4: *man*.

³⁶⁸⁷ En ms10 s.v. *Fortuna*.

³⁶⁸⁸ ms4: *cativos, fortuna*.

³⁶⁸⁹ *Hay cativos con fortuna e bos mozos con ningunha.*

³⁶⁹⁰ *Hai galás con fortuna, y-hai galás sin ningunha.*

9857. **Maos ou bos, por tódolos camiños se pode un desfacer os fuciños.**³⁶⁹¹ (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
9858. **Mentres que non hai morte, non hai mala sorte.**³⁶⁹² (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
9859. **Non é máis negro o corvo que as alas.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(es) *No puede ser el cuervo más negro que las alas.* (Sbarbi)
No se tema mayor mal, cuando ha sucedido lo peor que puede ocurrir.
9860. **Non hai carne sin óso.**³⁶⁹³ (mc: M.V.)
(pt) *Não há carne sem osso nem fruta sem caroço.* (Chaves) (es) *No hay carne sin hueso.* (R. Marín) / *No hay miel sin hiel.* (Id.)
La vida se compone de alegrías y tristeza, Equivale a *No hay miel sin hiel.*
9861. **Non hai carne sin óso.** (ms21,24v: Bermés)
9862. **Non hai frol sin espiñas.** (mc: Sarria)
(pt) *Não há carne sem osso nem fruta sem caroço.* (Chaves) (es) *No hay carne sin hueso.* (R. Marín)
Ambos enseñan que la vida se compone de alegrías y tristezas. Equivale a *No hay miel sin hiel.*
9863. **Non hai subida sin baixada nin boi pelexón sin cornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
9864. **Non hai subida sin baixada.** (mc: Buciños)
(pt) *Não há grande peso sem contra-peso, nem subida sem descida.* (Chaves) (es) *Cuanto mayor es la subida, tanto mayor es la descendida.* (Sbarbi) / *De gran subida, gran caída.* (Id.) / *El que hace mayor subida, puede dar mayor caída.* (Id.)
9865. **Non hai subida sin caída.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Não há grande peso sem contra-peso, nem subida sem descida.* (Chaves) (es) *Cuanto mayor es la subida, tanto mayor en la descendida.* (Sbarbi) / *De gran subida, gran caída.* (Id.) / *El que hace mayor subida, puede dar mayor caída.* (Id.)
9866. **Non me vexas mal pasar e non me verás mal penar.** (mc)
(es) *No me veas mal pasar, y no me verás pelear.* (R. Marín)
9867. **Non sabe un onde a ten.**³⁶⁹⁴ (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos.* / ms10,128r: D.E.)
9868. **Non vale buscar a sorte senón que a sorte busque a un.** (ms8,54r: Silvarrey)
9869. **Nunca é tarde cando a dicha é boa.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
9870. **Nunca máis negro foi o corvo que pola punta das alas.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *No puede ser el cuervo más negro que sus alas.* (Sbarbi)
9871. **O máis avisado morre no vado.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *El más avisado, se ahoga en el vado.* (R. Marín)
9872. **O negro sempre o colle a noite.** (mc: Lugo / ms: Buciños)
9873. **O qu'azoutes ha de levar, non ten por que ll'esperar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)
9874. **O que anda cas meigas, ten máis desgracia que sorte.**³⁶⁹⁵ (mc: Santiago)
9875. **O que boa sorte ten, na galiña a ha de ver.** (mc: *Vida Gallega*)
9876. **O que cata a luna, nunca ten fortuna.** (mc: Buciños)
9877. **O que gasta alpargatas, ó inferno vai de patas.** (mc: Taboada-F.V.S.)
9878. **O que non atopa onde matarse, afórcase nun canto.** (mc: Santiago-F.V.S.)
9879. **O que non chega en cen anos, chega en unha hora.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
9880. **O que non ten suerte, o demo lle caga no camiño.** (mc)
9881. **O que non tiña e herdou, boa castaña lle estalou.**³⁶⁹⁶ (mc: M.V.)
9882. **O que non serve pra matar, serve pra que o maten.** (ms9,02v: Silvarrey)
9883. **O que non serve pra saco, serve pra coleira.** (ms9,02v: Narcea)
Coleira = suele ser un saco viejo que se pone sobre la cabeza: para llevar más grandes los pesos.
9884. **O que paus ha levar, non ten que esperar.**³⁶⁹⁷ (mc: Buciños)
9885. **O que serra de abaixo, caille a moíña nos ollos, e todos non podemos serrar**

³⁶⁹¹ ms: todos los; ms4: fociños.

³⁶⁹² *Mentes que non hay morte non hay mala sorte.*

³⁶⁹³ V. tamén *Hambre. Gastronomía.*

³⁶⁹⁴ mc: *dónde.* / En ms10 s.v. *Tener.*

³⁶⁹⁵ ms: *meijas.*

³⁶⁹⁶ ms e ms4: *A quen nada tiña...*

³⁶⁹⁷ ms: *qu'esperar.*

- d'arriba.** ³⁶⁹⁸ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
9886. **O que serra debaixo, caille a muña nos ollos.** (ms8,10v: Betanzos)
Muña: serrín.
9887. **O que serra debaixo, colle sempre serrín nos ollos.** (mc: Lugo)
Var.: O que serra debaixo, caille o serrín nos ollos. (Fonsagrada-F.V.S.)
9888. **O que vai á casa das meigas, ten máis desgracia que sorte.** ³⁶⁹⁹ (mc: Santiago)
9889. **O que ríe o viernes, chora o domingo.** ³⁷⁰⁰ (mc: Sarria)
9890. **Onde hai morte, hai mala sorte.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
9891. **Onde n'hai morte, non hai mala sorte.** ³⁷⁰¹ (mc: M.V. / Amador Darriba Míguez)
(pt) *Onde não há morte, não há má sorte.* (Chaves) (es) *Donde no hay muerte, no hay mala suerte.* (Correas)
9892. **Onde pérda-la capa, alí a cata.** ³⁷⁰² (mc: M.V.)
(pt) *Onde perdeste a capa, aí a cata.* (Chaves) (es) *Donde perdiste la capa, ahí la cata.* (Correas) / *Donde se pierde la capa, se va por ella.* (R. Marín) / *Donde se perdió la capa hay que buscarla.* (Id.)
Quando sobreviene alguna pérdida de fortuna, no hay que desesperar, pues puede la quiebra reponerse de nuevo. (Sbarbi)
9893. **Onde se perd'a capa, alí se cata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
9894. **Onde unha porta se cerra, outra se abre.** (mc: Lugo)
(pt) *Quando uma porta se fecha outra se abre.* (Chaves) (es) *Donde se cierra una puerta, cata otra abierta.* (R. Marín) / *Donde una puerta se cierra, otra se abre.* (Correas)
9895. **Os balucas, todos têm sorte.** ³⁷⁰³ (mc: Santiago)
9896. **Pexigueiras non faltan, calotes hai.** (mc: Buciños)
9897. **Pra un ir a menos, non se precisan empeños.** (mc: M.V.)
9898. **Pra un medrar, ten que outro baixar.** ³⁷⁰⁴ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Para que unos vivan, es menester que otros mueran.* (R. Marín)
9899. **Quen de nove quita dez, todas lle andan ó revés.** ³⁷⁰⁵ (mc e ms11,46: Fonsagrada-F.V.S.)
9900. **Reirá millor o que ría o último.** ³⁷⁰⁶ (mc: Santiago)
9901. **Si mal de costas, pior de illargas.** ³⁷⁰⁷ (mc: A.S.A. / M. González Fernández)
Var.: Se mal das costas, peor das illargas. (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)
9902. **U que escupe moito ó alto, vólveselle a saliva á boca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
9903. **Unha porta se pecha, outra se abre.** ³⁷⁰⁸ (mc: Buciños / ms10,096r: D.E.)
(pt) *Uma porta se fecha outra se abre.* (Chaves) (es) *Cuando una puerta se cierra, ciento se abren.* (Sbarbi) (ct) *Quan una pòrta es tanca, cuiquanta s'en òbrin.* (Alberola)
Véase *Onde unha porta se cerra, outra se abre.*
9904. **Unhas e outras botan ó cego de poutas.** (ms21,28r: Bermés)
9905. **Unhas e outras botan ó crego de xoutas.** (mc: A.N.)
Var.: Unhas e outras botan ó crego de poutas. (M.V.)
9906. **Unhos en mala cama e outro en bon sofá, vamos chegando á mañá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
9907. **Unhos en mala cama i-outros en sofá, todos vamos chegando a mañá.** ³⁷⁰⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
9908. **Ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba.** ³⁷¹⁰ (mc: M.L.)

³⁶⁹⁸ ms-LU: *d'abaixo, caill'a.*

³⁶⁹⁹ ms: *meijas, desgracias.*

³⁷⁰⁰ V. *Vrao de viernes non chega ó domingo en Agrícolas (Meteorológicos).*

³⁷⁰¹ mc: *n'hai mala sorte* / Amador Darriba Míguez: *non hay morte.*

³⁷⁰² *Onde perdal-a capa, alí a cata.*

³⁷⁰³ ms: *badulaques / teñen.*

³⁷⁰⁴ ms e ms-LU: *qu'outro.*

³⁷⁰⁵ ms11,46: *l'andan o rrovés.*

³⁷⁰⁶ ms: *de último.*

³⁷⁰⁷ ms: *d'illargas.*

³⁷⁰⁸ En ms10 s.v. *Puerta.*

³⁷⁰⁹ ms: *y outros.*

³⁷¹⁰ Tanto no mc como no ms, Vázquez Saco escribe este refrán unido a outro: *Unhas pingan e outras mollar; ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba.* V. *Unhas pingan e outras mollar* en *Gotera*.

9909. **Vale máis entendela qu'aporfiala.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

9910. **Vale máis entendelas que porfialas.**³⁷¹¹ (mc: A.N. / ms10,012v: D.E.)

9911. **Vale máis nacer con suerte que con rentas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

9912. **Vento e ventura, pouco dura.** (mc: Buciños)
(pt) *Vento e ventura, pouco dura.* (Chaves)
(es) *Viento y ventura, poco dura.* (Correas)

FRÍO. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo.*

9913. **A cada un dálle Dios o frío conforme ande vestido.** (ms10,23v: D.E.)

9914. **Cada un sinte o frío como anda vestido.** (ms10,23v: D.E.)

9915. **Cada un ten o frío como ten o vestido.** (ms10,23v: D.E.)

9916. **Friaxe en Nadal non fai mal.**³⁷¹²
(ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

9917. **Frío coral, un mes antes e outro dispois do Natal.** (ms10,23v: D.E.)

FRUTA. V. tamén *Manzana, Naranja.*

9918. **Ou a froita ben vendida ou no árbore apodrecida.** (ms10,24r: D.E.)

9919. **Us comen a froita aceda e outros teñen a denteira.** (ms10,24r: D.E.)

FUEGO

9920. **Fogo fai cociña, que non moza garrida.** (ms10,22v: D.E.)

9921. **Fóxese ás veces do fogo e caise nas brasas.** (ms10,22v: D.E.)

9922. **Non cabiamos á beira do fogo e entrou meu sogro.** (ms10,22v: D.E.)

9923. **Non está ben o fogo cabe ás estopas.** (ms10,22v: D.E.)

9924. **O lume, despois de farto, é media mantencencia.**³⁷¹³ (ms5,057: Silvarrey)

9925. **Onde fogo se fai, fume sai.** (ms10,22v: D.E.)

9926. **Onde hai fogo, fumega logo.** (ms10,22v: D.E.)

9927. **Onde houbo fogo sempre cinza queda.** (ms10,22v: D.E.)

³⁷¹¹ ms3: *confialas*. / V. *Máis vale entender que porfiar en Pedagógicos*. En ms10 s.v. *Entender*.

³⁷¹² Indica *Frio*.

³⁷¹³ Indica *Fuego*.

9928. **Se o fogo está onde a estopa, vén o demo e sopra.** (ms10,22v: D.E.)

9929. **Tapemos o noso fogo coa nosa cinza.** (ms10,22v: D.E.)

FUERZA

9930. **A razón non quer forza nin a forza quer razón.** (ms10,23v: D.E.)

9931. **Millor se atura a forza dos malos que o seu trato.** (ms10,23v: D.E.)

9932. **O forzudo ten que ser barbudo.** (ms10,23v: D.E.)

9933. **Onde a forza non basta abonda a maña.** (ms10,23v: D.E.)

9934. **Onde forza non hai dereito se perde.** (ms10,23v: D.E.)

9935. **Onde non sirve a forza, a maña abonda.** (ms10,23v: D.E.)

9936. **Pra ser forzudo hai que ser barbudo.** (ms10,23v: D.E.)

9937. **Razón e forza vencen, forza e razón convencen.** (ms10,23v: D.E.)

GACHAS

9938. **Gachas con mel, a todos saben ben.**³⁷¹⁴
(ms5,027: Ortigueira)

GAITERO

9939. **O bo gaiteiro sempre foi bo casamenteiro.** (ms10,24v: D.E.)

9940. **O gaiteiro que toca de balde, un ichavo pra que empece e dez pra que acabe.** (ms10,24v: D.E.)

9941. **Se a vella é gaiteira ¿que fará a moza solteira?** (ms10,24v: D.E.)

GALGO. V. tamén *Caza*.

9942. **Galgo que moitas lebres levanta, algunha mata.** (ms10,24v: D.E.)

9943. **O galgo a pasiño camiña máis, e o cadelo galgando quédase atrás.** (ms10,24v: D.E.)

9944. **O galgo vello bótalle lebre e non coello.** (ms10,24v: D.E.)

9945. **O galgo, á larga, a lebre mata.** (ms10,24v: D.E.)

³⁷¹⁴ Indica *Gachas*.

GALLINAS. V. tamén *Agrícolas (Animales), Animales domésticos (Gallina), Aves, Pájaros.*

9946. **A galiña enriba do ovo e o cutreño enriba do ouro.** (ms10,24v: D.E.)
9947. **A galiña na capoeira pon os ovos pra quen os queira.** ³⁷¹⁵ (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
9948. **A galiña na casa rica sempre pica.** (ms10,24v: D.E.)
9949. **A galiña non pon do galo senón do papo.** (ms10,24v: D.E.)
9950. **A galiña, ben galeada; e a moza, ben aloumiñada.** (ms10,24v: D.E.)
9951. **A galiña, se non pon, non lle enche ó seu dono o bulsón.** (ms10,24v: D.E.)
9952. **As galiñas así poñen como comen.** (ms10,24v: D.E.)
9953. **Cando a pita cacarexa, algo sinte ou algo quer.** (ms10,092r: D.E.)
9954. **Cando ten máis plumas a galiña é cando ten o galo enriba.** (ms10,24v: D.E.)
9955. **Folgade, galiñas, que o galo está nas vindimas.** (ms10,24v: D.E.)
9956. **Galiña choca ovos non pon.** (ms10,24v: D.E.)
9957. **Galiña gorda e por pouco diñeiro, non pode ser compañeiro.** (ms10,24v: D.E.)
9958. **Galiña que canta como capón, na túa casa; na miña, non.** (ms10,25r: D.E.)
9959. **Galiña que na casa fica, sempre pica.** (ms10,25r: D.E.)
9960. **Galiña que non pon, comela é o millor.** (ms10,25r: D.E.)
9961. **Galiña que non pon, comela ou, millor, vendela.** (ms10,25r: D.E.)
9962. **Galiña que non quer galo, pon o óvo sin galealo.** (ms10,25r: D.E.)
9963. **Non é moito que a quen che dá a galiña enteira, lle deas unha pata dela.** (ms10,25r: D.E.)
9964. **Polo Aninovo púxome a pita un ovo, e polos Reis xa tiña seis.** ³⁷¹⁶ (ms10,092r: D.E.)
9965. **Si se soupera o que sabe a galiña no xaneiro, non quedaba unha no galiñeiro.** (ms10,25r: D.E.)
9966. **Tan contenta vai unha galiña cun polo, como outra con oito.** (ms10,25r: D.E.)

³⁷¹⁵ Indica *Gallinas*.

³⁷¹⁶ V. *Por Ano Novo púxome a pita un ovo e día de Reis tiña seis* en *Agrícolas (Animales)*.

GALLO. V. tamén *Agrícolas (Animales), Animales domésticos (Gallos), Aves, Pájaros.*

9967. **Cada galo no seu galiñeiro e cada pola no seu poleiro.** (ms10,25r: D.E.)
9968. **Estrícate, galo, que a pelar te levan.** (ms10,25r: D.E.)
9969. **Galo que non cacarexa, non se sabe por onde anda.** (ms10,25r: D.E.)
9970. **Mal lle vai o galo cando lle pica o papo.** (ms10,25r: D.E.)
9971. **Metín o galo no poleiro, e fíxose meu fillo e meu herdeiro.** (ms10,25r: D.E.)
9972. **O que non sirva pra galo, que non cante.** (ms10,25r: D.E.)
9973. **O que non sirva pra galo, que non deprenda a cantar.** (ms10,25r: D.E.)
9974. **O que soilo come o seu galo, soilo aparella o seu cabalo.** (ms10,25r: D.E.)

GANADO. V. tamén *Agrícolas. (Animales), Animales domésticos.*

9975. **Febreiro tronado, bo ano pró sementado e ruín pró gado.** ³⁷¹⁷ (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
9976. **Gana un bo gando pra un bo gastador.** (ms10,025v: D.E.)
9977. **Gando branco, millor é velo no prato.** (ms10,025v: D.E.)
9978. **Irse o ganado polo papado.** (ms10,25r: D.E.)
9979. **Irse o xogado polo ganado.** (ms10,25r: D.E.)
9980. **Máis tarde ou máis cedo, o gando volve ó seu cortello.** (ms10,025v: D.E.)
9981. **O mal ganado léva o diaño.** (ms10,25r: D.E.)
9982. **Polo san Servando repousa no cortello o gando.** ³⁷¹⁸ (ms5,141: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)
San Servando: 23.10.
9983. **Tarde ou cedo, o gando vai prá corte ou pró cortello.** (ms10,025v: D.E.)

GANANCIA

9984. **A ganancia do carreteiro entra pola porta e sai polo fumeiro.** (ms10,25r: D.E.)
9985. **A ganancia i-a laccira corren de feira en feira.** (ms10,25r: D.E.)

³⁷¹⁷ Indica *Ganado*.

³⁷¹⁸ Indica *Ganado*.

9986. **Ganar amigos e dar diñeiro a logro é sementar en terreno froitoso.** ³⁷¹⁹
(ms10,025v: D.E.)
9987. **Ganar bés pra ruís herdeiros.** ³⁷²⁰
(ms10,025v: D.E.)
9988. **Non se gana o pan sin afán.** ³⁷²¹
(ms10,025v: D.E.)
9989. **O ben ganar fai o ben gastar.** ³⁷²²
(ms10,025v: D.E.)
9990. **O bo ganar fai o bo gastar.** ³⁷²³
(ms10,025v: D.E.)
9991. **O bo ganar trai o bo gastar.** ³⁷²⁴
(ms10,025v: D.E.)
9992. **O que sementa e cría, tanto gana de noite como de día.** ³⁷²⁵ (ms10,025v: D.E.)
9993. **Onde se gana, gástase e, onde se gasta, gánase.** ³⁷²⁶ (ms10,025v: D.E.)
9994. **Pouca ganancia e pouco diñeiro.** (ms10,25r: D.E.)
9995. **Ten coidado de ganar, que tempo che queda pra gastar.** ³⁷²⁷ (ms10,025v: D.E.)

GARRAS

9996. **Por unhas e por outras bótanlle a un home as poutas.** ³⁷²⁸ (ms10,097r: D.E.)
9997. **Unhas e outras botan a un de poutas.** (ms10,097r: D.E.)

GASTAR. V. tamén *Ahorro y tacañería, Comercio, Mal gobierno, Sibaritismo, Superfluo.*

9998. **Gastar sin ter non se sabe como pode ser.** (ms10,026r: D.E.)
9999. **Non sempre lle está ben ó rico gastar nin ó probe escatimar.** (ms10,026r: D.E.)
10000. **Quen gasta e minte a bolsa llo sinte.** (ms10,026r: D.E.)

GATOS. V. tamén *Agrícolas (Animales).*

10001. **Ás veces a carne está no prato por falta de gato.** (ms10,026r: D.E.)
10002. **Ben se lava o gato dispois de farto.** (ms10,026r: D.E.)

³⁷¹⁹ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²⁰ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²¹ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²² En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²³ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²⁴ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²⁵ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²⁶ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²⁷ En ms10 s.v. *Ganar*.

³⁷²⁸ V. *Unhas e outras botan ó crego de xoutas* en *Fortuna (buena o mala)*.

10003. **Buscarlle cinco pés ó gato cando non ten máis que catro.** (ms10,026r: D.E.)
10004. **Calquera gato sinte que outro o rabuñe.** (ms10,026r: D.E.)
10005. **Con fillos, o gato ben caza ó rato.** (ms10,026r: D.E.)
10006. **Gárdate do gato que non miaña.** (ms10,026r: D.E.)
10007. **Gato do mes de xaneiro vale un carneiro.** (ms10,026r: D.E.)
10008. **Gato que moito miaña, poucos ratos caza.** (ms10,026r: D.E.)
10009. **Gato que non come, morre.** (ms10,026r: D.E.)
10010. **Mórrense os gatos e alégranse os ratos.** (ms10,026r: D.E.)
10011. **Na casa en que non hai gatos campan os ratos.** (ms10,026r: D.E.)
10012. **Na casa en que non hai gatos, non faltan ratos.** (ms10,026r: D.E.)
10013. **Non deixes a gata na túa cama nin lle deas couces dispois de deitala.** (ms10,026r: D.E.)
10014. **Nunca faltou un gato pra lamber o plato.** ³⁷²⁹ (ms5,045: Serantes de Lage)
10015. **O gato acariña co rabo e rabuña coas unllas.** (ms10,026r: D.E.)
10016. **O gato saca as unllas cando as ha mester.** (ms10,026v: D.E.)
10017. **O gato saca as unllas cando llas buscan.** (ms10,026v: D.E.)
10018. **O máis ben coidado tamén o leva o gato.** (ms10,026v: D.E.)
10019. **O mal coidado lévao o gato.** (ms10,026v: D.E.)
10020. **Sempre que botes a gata na cama, ten coidado de non mancala nin couceala.** (ms10,026r: D.E.)
10021. **Ter sete folgos coma os gatos é un regalo.** (ms10,026v: D.E.)

GAVIOTA. V. tamén *Aves, Pájaros.*

10022. **Si a gaivota ta no mar, colle o arado pra arar; si a gaivota ta na terra, non te apartes da lareira.** ³⁷³⁰ (ms5,027: Ribadeo)

³⁷²⁹ Indica *Gatos*.

³⁷³⁰ Indica *Gaviota*.

GENEROSIDAD. V. tamén *Ahorro* y *tacañería*, *Dádivas*, *Dado*, *Dar* y *recibir*.

10023. **Como deas moito, hasta as pedras verás como amolecen.**³⁷³¹ (ms: C.A. *A Nosa Terra*)

10024. **Dá e ten e farás ben.**³⁷³² (ms: Villanueva-F.V.S. / ms10,128r: *D.E.*)
(pt) *Dá e tem e farás bem.* (Chaves) (es) *Da y ten, y habrás bien.* (Correas)

GENEROSIDAD. PRODIGALIDAD

10025. **Cinco duros ganados, cinco duros gastados.**³⁷³³ (ms: Otero de Rey)

GLORIA

10026. **Á derradeira cántase a gloria.**
(ms10,026v: *D.E.*)

10027. **Gloria sin diñeiro é fume sin palla.**
(ms10,026v: *D.E.*)

10028. **Nos días de gloria esquécese a memoria.** (ms10,026v: *D.E.*)

GOBIERNO. V. tamén *Jurídicos* y *similares*, *Poder*.

10029. **Cada un pra si val sete.**³⁷³⁴ (ms: Santiago)

10030. **Dicen que cando non había can, era o raposo o capitán.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

10031. **Donde non hai can, o zorro é capitán.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10032. **Non hai millor mendo có da mesma tela.**³⁷³⁵ (ms: Tuiriz / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *No hay mejor remiendo que el del mismo paño.* (Sbarbi)
Nadie encargue a otro lo que pueda arreglar por su propia mano o diligencia.

10033. **Non hai millor paxe có que manda i-o faxe.**³⁷³⁶ (ms: Orense)

10034. **Non sabe gobernar o que non sabe negar.**³⁷³⁷ (ms10,026v: *D.E.*)

³⁷³¹ Contén a indicación *Generosidad*.

³⁷³² Contén a indicación *Generosidad*. V. *Donaciones (Conveniencia del dar)*. / En ms10 s.v. *Tener*.

³⁷³³ Contén a indicación *Generosidad. Prodigalidad*.

³⁷³⁴ Contén a indicación *Gobierno*. V. *Cada un pra si vale por dous en Independencia*.

³⁷³⁵ ms-LU: *mellor* / Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷³⁶ *Non hay millor paxe qu'o que manda y-o faxe.* /

Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷³⁷ En ms10 s.v. *Gobernar*.

10035. **Non sirve pra gobernar o que non sabe mandar.**³⁷³⁸ (ms10,026v: *D.E.*)

10036. **O goberno do folico está no principio.**
(ms: F.V.S.)

10037. **O moucho no seu souto manda moito.**³⁷³⁹ (ms: Tuiriz)

10038. **O que as teña, que as manteña.**³⁷⁴⁰
(ms: Buciños)

10039. **O que gasta sin ter, abofellas s'o entendo.**³⁷⁴¹ (ms: F.V.S.)

10040. **O que non adeministra o seu, mal pode adeministrar o alleo.**³⁷⁴² (ms: Buciños)

10041. **O que non atende a súa tenda, que a venda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10042. **O que non é bon pra si, non é bon pra outro.**³⁷⁴³ (ms: Buciños)
(pt) *Quem não é bom para si, pior o será para ti.* (Chaves) (es) *Quien non es bueno para si ¿cómo lo será para mí?* (R. Marín)

10043. **O que non se vala, non hai quen lle vala.**³⁷⁴⁴ (ms: Buciños)

10044. **O que non ten acordo, que non teña folgo.**³⁷⁴⁵ (ms: M.L.P. / ms4: M.L.)
Var.: *O que non ten acordo, ten que ter pés.* (ms4: F.V.S.)

10045. **O que queira ter boa facenda, que seu amo atenda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10046. **O que sobra métese en obra.**³⁷⁴⁶ (ms: A.N.)

10047. **O que ten facenda que a atenda.**³⁷⁴⁷
(ms: F.V.S.)
(es) *Quien tiene heredad, no vive en la ciudad.* (R. Marín) / *Hacienda, tu amo te atiende y sinó, que te venda.* (Sbarbi)

10048. **O que ten tenda qu'a atenda, e se non, que a venda.**³⁷⁴⁸ (ms: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

³⁷³⁸ En ms10 s.v. *Gobernar*.

³⁷³⁹ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁴⁰ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁴¹ Contén a indicación *Gobierno*. / V. *Gastar sin ter, non sei cómo pode ser en Derroche*.

³⁷⁴² Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁴³ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁴⁴ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁴⁵ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁴⁶ Coa indicación *Gobierno*.

³⁷⁴⁷ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁴⁸ ms-LU: *que a'tenda, si non ca.* / Contén a indicación *Gobierno*.

(pt) *Tenda, é preciso quem a atenda e senão que a venda.* (Chaves) (es) *Quien tiene tienda, deje lo demás y en ella atiende.* (R. Marín) / *Quien tien tienda que atiende y sinó que la venda.* (Id.)

10049. **O que ten tenda que a atenda.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

10050. **O que ten tenda que ll'atenda, e se non, que a venda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)

10051. **O que ten tenda quer que ll'atenda, e se non, que a venda.** (ms4: M.V. / ms)

10052. **O que ten tenda, quer qu'atenda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10053. **O que ten tenda, quere que lle atenda.** (ms-SA: Darriba Míguez, Amador (13-11-1951))

10054. **O que ten tenda, ten que atendela.** (ms-SA: Serafin Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)

10055. **Onde eu estea, estará sempre a cabeceira.** (ms10,015r: D.E.)

10056. **Onde falta o can, o raposo é capitán.** ³⁷⁴⁹ (ms: F.V.S.)

Var.: *Onde non hai can, é o raposo capitán.* (ms4: F.V.S.) / *Onde falta o can, é o raposo capitán.* (ms15,53)

10057. **Quen mal se goberna, moitas veces se queixa.** ³⁷⁵⁰ (ms10,026v: D.E.)

10058. **Quen queira ter facenda, qu'a atenda.** ³⁷⁵¹ (ms)

Var.: *Quen pretenda ter facenda, faille falla que a atenda.* (ms4: J.P.)

10059. **Quen ten tenda que a'tenda, e si non, que a venda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10060. **Quen teña tenda, que ll'atenda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

10061. **Si comeras como comes, non comerías como comes.** ³⁷⁵² (ms e ms4: A.S.A.)

Var.: *Si comeras como comes, non comías como comes.* (J.P.)

10062. **Ti ó teu i-o criado ó alleu.** ³⁷⁵³ (ms: Lugo-F.V.S.)

10063. **Vai e vén i-o teu t'atén.** ³⁷⁵⁴ (ms: N.V. 2ª serie)

³⁷⁴⁹ Contén a indicación *Gobierno*. V. tamén *Perros*.

³⁷⁵⁰ En ms10 s.v. *Gobernar*.

³⁷⁵¹ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁵² ms4: *Se comeras, non cumías.* / Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁵³ Contén a indicación *Gobierno*.

³⁷⁵⁴ *Vai e ven y-o teu taten.* / ms4: *t'aten.* / Contén a indicación *Gobierno*.

GOLPE

10064. **Golpe dado non se quita.** (ms10,026v: D.E.)

10065. **Golpe que se leva, mal se pode volver.** (ms10,026v: D.E.)

10066. **O golpe da tixola lixa anque non doia.** (ms10,026v: D.E.)

10067. **Un soilo golpe mata un home.** (ms10,026v: D.E.)

GORDO. V. tamén *Comida, Engordar, Obesidad*.

10068. **Poñámonos gordos, que o comer é todo.** (ms10,026v: D.E.)

GORRIÓN. V. tamén *Aves, Pájaros*.

10069. **Cada gorrión quer o seu espigón.** (ms10,026v: D.E.)

10070. **Por medo ós gorriós non quedan sin sementar os leiros.** (ms10,026v: D.E.)

GOTERA

10071. **Cada pingota de auga na sega vale un sapiño na terra.** ³⁷⁵⁵ (ms10,092r: D.E.)

10072. **O que non quita a goteira terá que facer a casa enteira.** (ms10,026v: D.E.)

10073. **Se ó vello lle quitan a pinguiña i-a cociña, que o enterren axiña.** ³⁷⁵⁶ (ms10,092r: D.E.)

10074. **Unhas pingan e outras mollar.** ³⁷⁵⁷ (ms10,092r: D.E. / mc: A.N.)

GOZO

10075. **Non hai gozo comprido, que así que está logrado xa está fuxido.** (ms10,026v: D.E.)

GRACIA

10076. **A pior gracia é caír na desgracia.** (ms10,027r: D.E.)

GRANO. V. tamén *Agrícolas (Generales)*.

10077. **Grau a grau, a galiña mantense no inverno e no vrau.** (ms10,027r: D.E.)

³⁷⁵⁵ En ms10 s.v. *Gotear*.

³⁷⁵⁶ En ms10 s.v. *Gotear*.

³⁷⁵⁷ Tanto no mc como no ms, Vázquez Saco escribe este refrán seguido doutro: *Unhas pingan e outras mollar; ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba.* ms: y-outros. En ms10 s.v. *Gotear*. V. *Ús en boa cama i-outros en palla, todos igual chegamos a i-alba en Fortuna (buena o mala)*.

10078. **Grau a grau, procura ter pró inverno e mais pró vrau.** (ms10,027r: D.E.)
10079. **Máis vale gran de pimenta que bosta de besta.** (ms10,027r: D.E.)

GRATITUD

10080. **¿Quen ha de ser teu herdeiro? Quen che limpe o traseiro.** ³⁷⁵⁸ (ms: Páramo-F.V.S.)

GRELO. V. tamén *Agrícolas (Generales)*.

10081. **Probou a vella os grelos e lambeuse os dedos.** (ms10,027r: D.E.)

GRILLO

10082. **A vida do grilo: de día fame e de noite arruído.** (ms10,027r: D.E.)

GUARDAR

10083. **É tolería non ter ben gardado o que está ben ganado.** (ms10,025v: D.E.)
10084. **Garda da risa pra outro choro, que, anque che tarde, pode vir logo.** (ms10,025v: D.E.)
10085. **Garda de mozo e atoparás de vello.** (ms10,025v: D.E.)
10086. **Garda o ganador pró bo gastador.** (ms10,025v: D.E.)
10087. **Garda un de cada dous se queres facer bulsón.** (ms10,026r: D.E.)
10088. **Gardar con prudencia o que se gana con esperencia.** (ms10,025v: D.E.)
10089. **Gardar pra mañá, que falta fará.** (ms10,025v: D.E.)
10090. **Gardar prá mañá, que fame haberá.** (ms10,026r: D.E.)
10091. **Gárdate nena de mozo cando lle apunta o bozo.** (ms10,026r: D.E.)
10092. **Gárdate Dios de algunha xente coma de un can doente.** (ms10,026r: D.E.)
10093. **Máis vale gardar que emprestar e non cobrar.** (ms10,026r: D.E.)
10094. **Mal se garda o que a moitos agrada.** (ms10,026r: D.E.)
10095. **Non sempre debe o rico gardar nin o probe escatimar.** (ms10,026r: D.E.)
10096. **O de moitos cobizado, ten perigo inda gardado.** (ms10,025v: D.E.)
10097. **Quen garda, atopa.** (ms10,026r: D.E.)

³⁷⁵⁸ ms2: *heredeiro*. / Contén a indicación *Gratitud*.

GUERRA. V. tamén *Guerra y paz*.

10098. **A boa guerra trai a boa paz.** (ms10,027r: D.E.)
10099. **A guerra i-a cea comenzándoa logo se atea.** (ms10,027r: D.E.)
10100. **Ben fala da guerra o que non foi a ela.** (ms10,027r: D.E.)
10101. **Ben fala da guerra o que non vai a ela.** (ms10,027r: D.E.)
10102. **Ben lle parece a guerra ó que está lonxe de ela.** (ms10,027r: D.E.)
10103. **Cen anos de guerra e nin un de preitos.** (ms10,027r: D.E.)
10104. **Fala da guerra e librate de ela.** (ms10,027r: D.E.)
10105. **Fala da guerra e, se podes, non vaías a ela.** (ms10,027r: D.E.)
10106. **Ir á guerra e casar non se debe aconsellar.** (ms10,027r: D.E.)
10107. **Moitos hai na guerra e non todos están na pelea.** (ms10,027r: D.E.)
10108. **Na guerra do amor, o que foxe é vencedor.** (ms10,027r: D.E.)
10109. **Non é o mesmo falar da guerra que verse nela.** (ms10,027r: D.E.)
10110. **O millor da guerra é non estar nela.** (ms10,027r: D.E.)
10111. **O que non sabe o que é a guerra, que vaia a ela.** (ms10,027r: D.E.)
10112. **O que non vaia á guerra, non morre nela.** (ms10,027r: D.E.)
10113. **O que parvo vai á guerra, parvo volve dela.** (ms10,027r: D.E.)

GUERRA Y PAZ. V. tamén *Guerra*.

10114. **A guerra e a pintura, de lonxe.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *La guerra y la pintura, de lejos tienen la hermosura.* (R. Marín)
10115. **A mouro morto gran lanzada.** ³⁷⁵⁹ (mc: C.A.)
(pt) *A mouro morto, grande lançada.* (Chaves) (es) *A moro muerto, gran lanzada.* (Sbarbi)
10116. **Batinme e morrín tres veces.** (mc: Santiago)
10117. **Cando un non quere, dous non pelexan.** ³⁷⁶⁰ (mc: Layosa)

³⁷⁵⁹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

³⁷⁶⁰ ms: *pelellan*.

- Var.: *Cando un non quere, dous non reñen.* (Buciños)
 (pt) *Quando um não quer, dois não baralham.* (Chaves) (es) *Cuando uno no quiere dos no riñen.* (Sbarbi) / *Cuando uno no quiere dos no barajan.* (Sbarbi) (ct) *Quan ú vòl, dos no's barallen.* (Alberola)
10118. **Cando un quere, dous non pelexan.** (ms9,02r: Orense)
10119. **Cen anos de guerra e nin un día de facenda.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
 (es) *Cien años de guerra, y no un día de batalla.* (Correas)
10120. **Cen anos de guerra e non un de preitos.** ³⁷⁶¹ (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms15,15)
10121. **En tempo de guerra non hai carta en favor.** (mc e ms4: M.V.)
 Var.: *En tempo de guerra non hai cartas en favor.* (ms4: J.P.)
10122. **En tempo de guerra non se limpan as armas.** (mc: Buciños)
 (pt) *Em tempo de guerra, não se limpam armas.* (Chaves)
10123. **Entre dous nunca reñen, se un cala.** ³⁷⁶² (mc: Carballo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 (pt) *Quando um não quer dois não batalham.* (Chaves) (es) *Cuando uno no quiere, dos no riñen. / Cuando uno no quiere, dos no barajan.* (Correas)
 Véase *Cando un non quere...*
10124. **Entre dous que reñen, os dous teñen culpa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10125. **Mate mouros quen poida.** (mc: M.L.2)
 (es) *Mate moros quien quisiere.* (R. Marín)
10126. **Moro que vexas, fusil que disparas.** (mc)
10127. **Non hai culpa sin dous donos.** (ms15,41: Lugo)
10128. **O que é a guerra, vese nela.** (ms18,66v)
10129. **O que queira ver guerra, que vaia a Corea.** ³⁷⁶³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
10130. **O que queira ver guerra, que vaia a ela.** ³⁷⁶⁴ (mc: Tuiriz, Monforte)
10131. **Un solo non fai paz, pero tampouco fai guerra.** (mc)

³⁷⁶¹ ms15,15: *pleitos.* / V. *Pleitos.*

³⁷⁶² ms e ms-LU: *si un cala.*

³⁷⁶³ *O que ra ver guerra que vaya a Corea.*

³⁷⁶⁴ ms: *vaya.*

10132. **Unha cousa é falar da guerra e outra cousa é ir [a] ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10133. **Unha cousa é falar da guerra e outra cousa é verse nela.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
 (es) *Habla de la guerra y no vayas a ella.* (Sbarbi)

GUSTOS

10134. **Cómese toda a vaca, porque us queren da perna e outros da faldra.** ³⁷⁶⁵
 (ms10,135r: D.E.)
10135. **Entre gustos non hai disputas.** (ms10,027r: D.E.)
10136. **Hai gustos que merecen paus.** (ms10,027r: D.E.)
10137. **Ó gusto estragado o doce fáiselle amargo.** (ms10,027r: D.E.)
10138. **O que polo seu gusto morre, a morte sábelles ben.** (ms10,027r: D.E.)
10139. **Por eso se vende a vaca, porque a un gústalle o peito i-outro a espaldra.** ³⁷⁶⁶
 (ms10,135r: D.E.)

HABER

10140. **En todas partes hai bo e malo.** (ms10,027v: D.E.)
10141. **En todos lados hai de todo.** (ms10,027v: D.E.)
10142. **Haber hai moito pero está mal repartido.** (ms10,027v: D.E.)
10143. **Haber hainas como mantas.** (ms10,027v: D.E.)
10144. **Non hai sábado sin sol nin moza sin amor nin vello sin door.** (ms10,027v: D.E.)
10145. **Onde hai bo hai malo.** (ms10,027v: D.E.)
10146. **Onde hai celos, hai amor; onde hai vellos, hai door.** (ms10,027v: D.E.)
10147. **Onde hai malos, nunca falta un bo.** (ms10,027v: D.E.)
10148. **Onde hai un malo, hai outro bo.** (ms10,027v: D.E.)
10149. **Onde hai un malo, pode haber outro pior.** (ms10,027v: D.E.)
10150. **Onde non hai nada, a porta está sempre pechada.** (ms10,027v: D.E.)
10151. **Onde non hai, non compre buscar.** (ms10,027v: D.E.)

³⁷⁶⁵ En ms10 s.v. *Vacas* coa indicación *Gustos.*

³⁷⁶⁶ En ms10 s.v. *Vacas* coa indicación *Gustos.*

10152. **Pra todos haxa e pra min non falte.** (ms10,027v: D.E.)

HABLAR. V. tamén *Cautela en el hablar*.

10153. **A moito falar, moito errar.** (ms10,017r: D.E.)
 10154. **Antes de falar de alguén, mira ben de quen.** (ms10,017r: D.E.)
 10155. **Ás veces fálase por ter lingoa.** (ms10,017r: D.E.)
 10156. **Cada cal fala de aquilo que trata.** (ms10,017r: D.E.)
 10157. **Cando falares de alguén mira de quen e a quen.** (ms10,017r: D.E.)
 10158. **Cando falares de alguén, pénsao primeiro ben.** (ms10,017r: D.E.)
 10159. **Fala ben que non custa nada.** (ms10,017r: D.E.)
 10160. **Fala ben que non custa un carto.** (ms10,017r: D.E.)
 10161. **Fala ben, que se aforra camiño.** (ms10,017r: D.E.)
 10162. **Fala de caza e tena na casa.** (ms10,017r: D.E.)
 10163. **Fala de guerra e non vaias a ela.** (ms10,017r: D.E.)
 10164. **Fala pouco e acertarás.** (ms10,017r: D.E.)
 10165. **Fala pouco e ben e serás alguén.** (ms10,017r: D.E.)
 10166. **Fálame en acabando que estou merendando.** (ms10,017r: D.E.)
 10167. **Fálame en acabando que estou xantando.** (ms10,017r: D.E.)
 10168. **Falamos e non nos entendemos.** (ms10,017r: D.E.)
 10169. **Falando sábense as cousas.** (ms10,017r: D.E.)
 10170. **Falar ben pouco custa.** (ms10,017r: D.E.)
 10171. **Falar coma todos e sentir coma poucos.** (ms10,017r: D.E.)
 10172. **Falar da caza e mercala na praza.** (ms10,017r: D.E.)
 10173. **Falar da guerra e estar fóra dela.** (ms10,017r: D.E.)
 10174. **Falar do mar e estar na terra.** (ms10,017r: D.E.)
 10175. **Falar do mar e nel non entrar.** (ms10,017r: D.E.)
 10176. **Falar do mar e non se embarcar.** (ms10,017r: D.E.)
 10177. **Falar e sea quen queira.** (ms10,017r: D.E.)
 10178. **Falas da caza e mércala na praza.** (ms10,017r: D.E.)

10179. **¿Falo eu ou renxe o carro?** (ms10,017r: D.E.)
 10180. **Falou o burro e orneou.** (ms10,017r: D.E.)
 10181. **Máis fácil é falar que traballar.** (ms10,017v: D.E.)
 10182. **Moito falar e moito errar.** (ms10,017v: D.E.)
 10183. **Non ha de falar o que ten por que calar.** (ms10,017v: D.E.)
 10184. **O falar todo é parolar.** (ms10,017v: D.E.)
 10185. **Ó médico, ó confesor e ó abogado, falarlle craro.** (ms10,017v: D.E.)
 10186. **O moito falar noce e o moito rañar escoco.** (ms10,017v: D.E.)
 10187. **O que moito fala, enfada.** (ms10,017v: D.E.)
 10188. **Por falar ben non prenden a ninguén.** (ms10,017v: D.E.)
 10189. **Por falar ben non se perde nada e antes se gana.** (ms10,017v: D.E.)
 10190. **Por falar pouco nada se perde.** (ms10,017v: D.E.)
 10191. **Quen moito fala, moito erra.** (ms10,017v: D.E.)
 10192. **Quen moito fala, pouco asubía.** (ms10,017v: D.E.)
 10193. **Se te botas a falar, coida non te fagan calar.** (ms10,017v: D.E.)

HABLAR MUCHO Y HABLAR POCO

10194. **A bon entendedor poucas palabras lle bastan.** (mc)
 Var.: *A bon entendedor abóndanlle poucas falas.*
 (pt) *A bom entendedor, meia palavra basta.* (Chaves) / *A bom entendedor, poucas palavras* (Id.) (es) *A buen entendedor, pocas palabras* (Correas) / *A buen entendedor, breve hablador.* (Id.) (ct) *A bòn entenedor, breu parlaor.* (Alberola)
 10195. **Á carcel me levan por dar ó papo; así que salia, volvo ó meu trato.** (mc)
 10196. **A falar nadie reventa.** (mc: Buciños)
 Var.: *A falar ninguén rebenta.* (ms15,44: Lugo)
 10197. **A home que moito barulla non lle teñas medo.** (mc: G.P.)
 10198. **A lingua é o que manda máis forza.** (ms15,15)
 10199. **A lingua solta, pero as maus na bolsa.** (mc: Carballino)

10200. **A lingua ten mui bo curral.** ³⁷⁶⁷ (mc: Bucifios / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10201. **A lingua vaia e veña; as maus, secas e quedas.** (mc: A.S.A.)
10202. **A palabra de amodín vale un perrín.** (mc: Fonsagrada)
10203. **A palabras falangueiras, orellas xordas.** ³⁷⁶⁸ (mc: C.A.)
Var.: *A palabras falangueiras, ouvidos xordos.* (ms4)
(pt) *A palavras loucas, orellas moucas.* (Chaves) (es) *A palabras locas, orejas sordas.* (Correas)
10204. **A palabras loucas, orellas moucas.** ³⁷⁶⁹ (mc: Velle)
(pt) *A palavras loucas, orellas moucas.* (Chaves) (es) *A palabras locas, orejas sordas.* (Correas)
10205. **A quen moito quer saber, dáselle pouco a entender.** (mc: M.L.)
(es) *A quien mucho quiere saber, poquito y al revés.* (R. Marín)
10206. **A quen non fala, Dios non oie.** ³⁷⁷⁰ (mc: C.A.)
(pt) *A quem não fala, Deus não o ouve.* (Chaves) / *A quem não pede, não o ouve Deus.* (Id.) (es) *A quien no habla, no le oye Dios.* (R. Marín) / *A quien no llama, Dios no le oye.* (Id.) (ct) *A boca que no parla, Deu no l'ou.* (Alberola)
10207. **Á xente de falar e ós cans de ladrar non se lles pode quitar.** ³⁷⁷¹ (mc / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms11,44: Comarca da Fonsagrada)
10208. **Á xente de falar i-ós cas de ladrar naide lles pode privar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
10209. **Á xente de falar i-ós cas de ladrar non se lles pode privar.** (mc)
Var.: *Os cas de ladrar i-a xente de falar non se pode cortar.* (ms15,41: Lugo)
10210. **Á xente de falar i-ós cas de ladrar nadie llo pode privar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
10211. **Antes de dar á lingua, métea na despena.** (ms15,15)
10212. **Ao bon calar chaman labrego.** (mc: G.P.)
(es) *Al buen callar llaman Sancho.* ³⁷⁷²
10213. **Ao bon entendedor abóndanlle poucas falas.** (mc: C.A.)
(pt) *A bom entendedor, meia palavra basta.* (Chaves) / *A bom entendedor, poucas palavras.* (Id.) (es) *Al buen entendedor con media palabra basta.* (R. Marín) / *Al buen entendedor, pocas palabras, y esas, sabías.* (Id.) (ct) *A bòn entenedor, breu parlaor.* (Alberola)
Véase *A bon entendedor...*
10214. **Aos bos entendedores, poucas razóns.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
10215. **Cada un fala do que trata.** (mc: Golada-F.V.S.)
(pt) *Cada qual fala do que se trata.* (Chaves)
10216. **Cada un fala ou como sabe ou como pode.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Cada uno hable si no como debe, a lo menos, como sabe.* (Sbarbi)
10217. **Cando falan de Roma, logo sona.** (mc: A.S.A.)
10218. **Cando falan do ruín de Roma, logo asoma.** (mc: A.C.)
(es) *En mentando o nombrando al ruín de Roma, al punto, o cáto, o luego, asoma.* (Sbarbi)
10219. **Cando un burro ornea, outro pica no toxo.** (mc: G.P.)
10220. **Da abundancia do corazón fala a lingua.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
10221. **Das palabras non me queixo; veremos despois os feitos.** (ms8,07v: Silvarrey)
10222. **De longas terras, barallas gordas.** ³⁷⁷³ (ms)
(pt) *De longas vias, longas mentiras.* (Chaves)
10223. **De lingua todos son valentes.** (mc: Monforte)
10224. **Do que hai no corazón fala a boca.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
10225. **Do que non entendas non fales, qu'é millor non decir nada que decir barbaridades.** (ms21,20r: Bermés)

³⁷⁶⁷ ms-LU: *moi bô.*

³⁷⁶⁸ V. *A palabras necias, oídos xordos en Ofensas.*

³⁷⁶⁹ V. *A palabras necias, oídos xordos en Ofensas.*

³⁷⁷⁰ ms: *oye.*

³⁷⁷¹ ms: *y os cás;* ms-LU: *i-os cas;* ms-LU: *y'os cas;* ms11,44: *y'os cais, no se lles.*

³⁷⁷² ms: *Santo o Sancho*

³⁷⁷³ Aparece tachado por atrás da ficha de *Diol'os cría e eles se aparellan.*

10226. **Do que non entendas non fales, que vale máis non decir que berrear.** (mc: R. Caruncho)
Var.: *Do que non entendas non fales, que val máis calar que berrear.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Mais vale calar que mal falar.* (Chaves) (es) *En lo que no entiendas, freno a tu lengua.* (R. Marín) (ct) *De lo que no hages estudiat, no tractes, qu'es necetat.* (Alberola)
10227. **Donde el non chega, manda recado.** (mc: La Coruña)
10228. **É mellor calar que con burro falar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
10229. **En menos de que canta un galo eu non son tolo anque calo.** ³⁷⁷⁴ (mc: Santiago)
10230. **Entre noiros e paredes non fales o que non debes.** (mc)
Var.: *Entre noiros e paredes mirade o que dicesdes.*
(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (Sbarbi) / *Las paredes oyen.* (Id.) / *Las paredes tienen oídos.* (Id.)
10231. **Entre silveiras e paredes non fales o que non debes.** (mc)
(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (Sbarbi) / *Las paredes oyen.* (Id.) / *Las paredes tienen oídos.* (Id.)
Porque *as silveiras i-os valados teñen orellas*, lo mismo que las paredes.
10232. **Fala o sapo do que leva no papo.** ³⁷⁷⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10233. **Fala Tomasa do que a ela lle pasa.** (mc: Pol)
10234. **Fala Tomasa do que lle pasa.** ³⁷⁷⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)
10235. **Falando do ruín de Roma, pronto s'asoma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10236. **Falando dun ruín de Roma, logo s'asoma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10237. **Falando enténdense as cousas.** (mc: Bucinos)
(es) *Hablando se saben las cosas.* (Correas) / *La gente se entiende hablando.* (Correas)
10238. **Falando enténdense os homes.** ³⁷⁷⁷ (mc: Lugo / ms10,017r: D.E.)
Var.: *Falando enténdese a xente.* (ms4: F.V.S. / ms10,017r: D.E.)
(es) *La gente, hablando se entiende.* (Sbarbi)
10239. **Falar a todos ben e dar boa resposta a todos, pouco costa.** (mc: Bucinos)
10240. **Home sabio, poucas palabras.** (ms-LU: seminarista anónimo: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU)
10241. **Lengua de sete palletas, onde non che chamen, non te metas.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
10242. **Lengua de sete palletas, onde non te chaman, nunca te metas.** (ms21,15v: Bermés)
10243. **Lengua e tempo muda o vento.** (ms18,31r)
10244. **Lengua e tempo múdaos o vento.** ³⁷⁷⁸ (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
10245. **Lingua de sete palletas, onde non te chaman, non te metas.** ³⁷⁷⁹ (mc: Santiago / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
10246. **Máis apaga a boa palabra que caldeiro de auga.** ³⁷⁸⁰ (ms15,16 / ms10,077r: D.E.)
10247. **Moita léngua, pouco proveito.** (ms18,54r: *Vida Gallega*)
10248. **Moita lingua e poucos feitos.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(ct) *Moltes paraules, pòques òbres.* (Alberola)
10249. **Moitas veces fala un porque ten lingua.** (mc: M.V.)
10250. **Moito falar é falar tan só.** ³⁷⁸¹ (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
10251. **Muito sabe o que ten boca lasa.** (ms15,12)
10252. **Non di cousa o sapo que non teña no papo.** ³⁷⁸² (mc / ms4: F.V.S.)
10253. **Non días á lingua, meu rulo, cala e calemos, que todos que calar temos.** (ms15,17)

³⁷⁷⁴ ms: *En menos que.*

³⁷⁷⁵ V. *O borracho logo solta o que ten no papo e variantes en Vicios.*

³⁷⁷⁶ ms-LU (anónimo: Terra Cha): *Fala a Tomasa.*

³⁷⁷⁷ Refrán e variante en ms10 s.v. *Hablar.*

³⁷⁷⁸ ms: *mudas o vento*; ms4: *muda o vento.*

³⁷⁷⁹ mc: *Lengua, donde.*

³⁷⁸⁰ En ms10 coa referencia *Afabilidad.*

³⁷⁸¹ ms4: *e falas tan só.*

³⁷⁸² V. *O borracho logo solta o que ten no papo* en *Vicios.*

10254. **Non fagas todo o que poidas nin gastes todo o que tes, non creas todo o que digan, nin digas todo o que seipas.**³⁷⁸³ (mc: J.P.)
(pt) *Não digas tudo o que sabes, nem creias tudo o que ouves, nem faças tudo o que podes.* (Chaves) (es) *No hagas todo lo que puedas, ni gastes todo lo que tengas, ni creas todo lo que oigas, ni digas todo lo que sepas.* (R. Marín) (ct) *No digues tot lo que sents, ni amòstres tot lo que tens.* (Alberola)
10255. **Non te fies do que moito fala.**³⁷⁸⁴ (ms: Santiago)
10256. **Non te fies no que moito fala.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)
10257. **Non todo o que se di se fai nin o que se fai se di.** (ms18,66r)
10258. **Non todo o que se di se fai nin todo o que se fai se di.** (mc: M.V. / ms21,23v: Bermés)
10259. **O dicir non ten cancelas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
10260. **O falar non ten cancela.** (mc: Pidre)
10261. **O malo, calalo.** (mc: F.L.)
10262. **O que a todo di que si, ou é parvo o[u] coida de min.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
10263. **O que a todo di que si, ou é tonto ou me fai a min.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barreira, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
10264. **O que a todo di que si, ou é tonto ou o coida de min.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)
10265. **O que cala, amola o que fala.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
10266. **O que cala, consente, aunque non pra sempre.** (mc)
10267. **O que cala, consinte.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Quem cala consente* (ou *vence*). (Chaves) (es) *Quien calla, otorga.* (R. Marín) (ct) *Qui calla otorga.* (Alberola)
10268. **O que cala, vence.** (mc: Buciños)
(pt) *Quem cala vence.* (Chaves) / *Quem calou venceu e fez quanto quis.* (Chaves) (es) *Quien calla, vence, y hace lo que le parece.* (R. Marín) (ct) *Qui callá, vencé y feu lo que vullgué.* (Alberola)
10269. **O que de Dios ha de gozar, ha de oír, ver e calar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
10270. **O que di o que non é, tamén oi o que non quer.** (mc: M.L.)
(pt) *Quem diz o que quer, ouve o que não quer.* (Chaves) (es) *Quien dice lo que no debe, oye lo que no quiere.* (Correas) / *Quien habla lo que no debe, oye lo que no quiere.*
10271. **O que do mundo ha de gozar, de si ha de ver, oír e calar.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
(es) *Oír, ver y callar son cosas de gran preciar.* (Sbarbi) (ct) *Qui del mon vullga gojar, ha de oír, mirar y callar.* (Alberola)
10272. **O que do mundo queira gozar, ha de oír, ver e calar.**³⁷⁸⁵ (mc: Piugos, Lugo / ms4: F.V.S.)
Var.: *"Quen no mundo ha de campar, ha de oír, ver e calar", decíame miña abuela ¡y-ay, Gasús, onde vai ela!* (ms16)
(es) *Oír, ver y callar, son cosas de gran preciar.* (Sbarbi) (ct) *Qui del mon vullga gojar, ha de oír, mirar y callar.* (Alberola)
10273. **O que du mundo gozar, ha d'oír, ver e calar.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
10274. **O que fala de Roma, pronto se asoma.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
10275. **O que fala por atrás, fala co cu.**³⁷⁸⁶ (mc: Buciños)
10276. **O que falas no día, non fas no ano.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
10277. **O que máis fala, máis ten que calar.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
10278. **O que máis fala, ten máis que calar.** (ms18,56r: *Vida Gallega*)
10279. **O que mal fala, a súa boca ensucia.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Quem mal fala sua língua suja.* (Chaves)
10280. **O que mal fala, a súa boca luxa.** (mc)
(pt) *Quem mal fala sua língua suja.* (Chaves)
10281. **O que moito fala non é o que máis obra.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)
10282. **O que moito fala, moito se avergonza.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

³⁷⁸³ mc: *tudo o que poidas, todo o que téis, todo o que digan*. O refrán recollido por Jacinto del Prado non coincide exactamente co rexistrado por Vázquez Saco no mc.

³⁷⁸⁴ Contén a indicación *Del mucho y poco hablar*.

³⁷⁸⁵ ms4: *d'este mundo*.

³⁷⁸⁶ ms: *fala co cf...*

10283. **O que moito quere saber, dálle un corno a entender.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
10284. **O que neste mundo queira estar, ten que ver, oír e calar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU / ms18,64r: Viveiro)
10285. **O que neste mundo quere estar, ten que oír, ver e calar.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)
10286. **O que neste mundo quere gozar, ten que ver, oír e calar.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)
10287. **O que non fala é como o que non ve.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
10288. **O que non pensei antes de falar, despois de falalo dáme que pensar.** (ms15,15)
10289. **O que non responde é parente dos xordos.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
10290. **O que non sabe calar, non sabe falar.** (mc: Meilán)
(pt) *Quem não sabe falar, não sabe calar.* (Chaves)
10291. **O que por este mundo ben quere andar, debe oír ben e calar.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
10292. **O si e o non andan sempre na conversación.** ³⁷⁸⁷ (ms10,121r: D.E.)
10293. **Onde non chegou, recado mandou.** (mc: Santiago)
10294. **Ós burros da miña terra calándose lles dan tela.** (mc: Pol)
10295. **Palabra que se di, bocado que se perde.** ³⁷⁸⁸ (mc: Chantada)
10296. **Palabras de burro non chegan ó ceo.** (mc: Bucíños)
10297. **Palabras e prumas o vento as leva.** (mc: J.P. / ms10,077r: D.E.)
(pt) *Palavras e plumas, leva-as o vento.* (Chaves) / *Palavras, leva-as o vento* . (Chaves) (es) *Palabras y plumas, el viento las lleva.* (Correas) / *Palabras y plumas, el viento las tumba.* (Id.) (ct) *Paraules y plomes, el vent se les empòrta totes.* (Alberola)
10298. **Pechar as portas e falar ben dos veciños.** (mc: Carballino)
10299. **Pensa moito e fala pouco, que o moito falar é vicio.** (mc: Bucíños)
(pt) *Pensa muito, fala pouco, escreve menos.* (Chaves) (ct) *Pensa molt y parla pòc y els sàbis et farán llòc.* (Alberola)
Recoge las ideas de dos ya registrados.
10300. **Quen fala e cala, amola a quen fala.** (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)
10301. **Quen se calara e pedras apañara, tempo virá que as esparxerá.** ³⁷⁸⁹ (mc e ms4: A.S.A. / ms4: J.P. / ms)
(pt) *Quem se cala e pedras apanha, tempo vem em que as derrama.* (Chaves) / *Quem cala apanha pedras.* (Chaves) (es) *Quien calla, piedras apaña, y tiempo vendrá en que las esparza.* (R. Marín)
10302. **Saber moito e telo calado é cousa dun aparvado.** (ms15,12)
10303. **Secreto de tres non é secreto.** (mc)
(pt) *Segredo de dois, segredo de Deus; segredo de três, o diabo o fez* (ou *segredo de todos*). ³⁷⁹⁰ (Chaves) (es) *Secreto de dos, sábelo Dios; secreto de tres, toda res.* (Correas) (ct) *Secret de tres, del diable es.* (Alberola)
10304. **Si a palabra é prata, o silencio é ouro.** (mc: Bucíños)
(pt) *A palavra é de prata e o silêncio é d'ouro.* (Chaves)
10305. **Si máis dixeras, máis burro eras.** (mc / ms4: F.V.S.)
10306. **Si na vida queres gozar, terás que oír, ver e calar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
10307. **Sonan cuchilladas e non malas palabras.** (mc)
10308. **Tódolos que critican son criticados.** ³⁷⁹¹ (mc: Santiago / ms-SA: Pascual Campos Arestíño: Cando, Outes, C)
10309. **Tu que o sabes e eu que o sei, cálate tu que eu me calarei.** ³⁷⁹² (mc: A.N.)
Var.: *Ti que o sabes e eu que o sei, cala ti qu'eu calarei.* (ms15,19)
10310. **Unha idea saca outra, como pasa cas cereixas.** (ms10,030v: D.E.)

³⁷⁸⁷ Sen clasificar no orixinal.

³⁷⁸⁸ V. *Ovella que berra, bocado que perde* en *Animales domésticos* (Ovejas) e *Descuido*.

³⁷⁸⁹ ms: *esparexerá*. Jacinto del Prado rexistra o refrán tal e como aparece en mc e ms4.

³⁷⁹⁰ mc: *Diós*. Chaves recolle o refrán coa forma *Deus*.

³⁷⁹¹ ms-SA: *Todos que*.

³⁷⁹² mc: *i-eu*.

10311. **Vaca de moita herba e home de moita verba, todo se compón de merda.** (ms21,12v: Bermés)
10312. **Vaca de moita herba e home de moita verba, todo se volve m[erda].** (mc / ms4: F.V.S.)
10313. **Vale máis calar que con burros falar.** (ms8,17r: Silvarrey)
10314. **Vale máis calar que con tontos falar.** (mc)
(ct) *Més val callar qu'en burros parlar.* (Alberola)
10315. **Vale máis saber escoitar que saber falar.** (mc: Tuiriz, Monforte)
10316. **Xan calado é bon home.** ³⁷⁹³ (mc: Bucíños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

HACER

10317. **Ben axiña se fai o que ben se fai.** (ms10,016r: D.E.)
10318. **Ben ou mal feito, o que fagas faino ó direito.** (ms10,016r: D.E.)
10319. **Ben se fai o que logo se fai.** (ms10,016r: D.E.)
10320. **Cada un fai coma quen é.** (ms10,016r: D.E.)
10321. **Cada un fai das súas.** (ms10,016r: D.E.)
10322. **Cando fai sol e chove, é tempo de pagar as débedas.** (ms10,016r: D.E.)
10323. **Cando teñas o mando i-o pau, non fagas todo o que che veña á mau.** (ms10,016r: D.E.)
10324. **Está feita a mitá porque, aunque ela non queira, eu quero xa.** (ms10,016r: D.E.)
10325. **Face-lo que fan todos ou non ir entre todos.** (ms10,016r: D.E.)
10326. **Facede cada día unha e rogar a Dios por outra.** (ms10,016r: D.E.)
10327. **Facede o ben que vos digo e non fagades o mal que eu fago.** (ms10,016r: D.E.)
10328. **Facede o que eu digo, e non fagades o que eu fago.** (ms10,016r: D.E.)
10329. **Facédelle festas á gata e saltaravos á cara.** (ms10,016r: D.E.)
10330. **Facédelle festas ó gato e rabuñaravos.** (ms10,016r: D.E.)
10331. **Facédevos ovellas e comeravos os lobos.** (ms10,016r: D.E.)

³⁷⁹³ ms-LU: *Xan caldado.*

10332. **Facer o que todos ou non andar con todos.** (ms10,016r: D.E.)
10333. **Facer que fagamos e non nos movamos.** (ms10,016r: D.E.)
10334. **Facer unha raia na auga pra que non se desfaga.** (ms10,016r: D.E.)
10335. **Fágoche por que me fagas, que non es Dios que me vallas.** (ms10,016r: D.E.)
10336. **Fai barato e venderás por catro.** (ms10,016r: D.E.)
10337. **Fai ben sin mirar a quen, fai mal e gárdate.** (ms10,016r: D.E.)
10338. **Fai moito e fala pouco.** (ms10,016r: D.E.)
10339. **Fai o que che manda o teu señor e sentaraste co el ó sol.** (ms10,016r: D.E.)
10340. **Fai o que seipas pra que en todas partes queipas, que o que sabe en tódolos lados cabe.** (ms10,016r: D.E.)
10341. **¿Fas mal? Espera outra cousa igual.** (ms10,016r: D.E.)
10342. **Feita a inocencia, feito o engano.** (ms10,016r: D.E.)
10343. **Ninguén as fai que non-as pague, máis cedo ou máis tarde.** (ms10,016r: D.E.)
10344. **Ningüén pode facer máis do que sabe.** (ms10,016v: D.E.)
10345. **Non-as fagas e non-as temas.** (ms10,016v: D.E.)
10346. **Non fagas tantas mercedes que te fagan sobir pol-as paredes.** (ms10,016v: D.E.)
10347. **Non me fagas bicar, e non me farás pecar.** (ms10,016v: D.E.)
10348. **Non sei que facer: se deixar de andar ou botar a correr.** (ms10,016v: D.E.)
10349. **Nunca falta quen ben faga.** (ms10,016v: D.E.)
10350. **O ben facer gana amigos i-o decir mal, enemigos.** (ms10,016v: D.E.)
10351. **O facer ben nunca está mal.** (ms10,016v: D.E.)
10352. **O que a faga que a pague.** (ms10,016v: D.E.)
10353. **O que fai un home tamén outro facelo pode.** (ms10,016v: D.E.)
10354. **O que fixo e desfixo bota de conta que nada fixo.** (ms10,016v: D.E.)
10355. **O que non se fai pola santa Lucía, faise ó outro día.** (ms10,016v: D.E.)
10356. **O que vai facer mal, xa vai medio ferido, di o refrán.** (ms10,016v: D.E.)

10357. **Onde fores fai o que vexas.** (ms10,016v: D.E.)
 10358. **Por eso che fago, pra que me fagas, porque non es Dios que me vallas.** (ms10,016v: D.E.)
 10359. **Pro que has de facer non digas mañán.** (ms10,016v: D.E.)
 10360. **Quen a faga, tarde ou cedo ha de pagala.** (ms10,016v: D.E.)
 10361. **Se non fas o que queres fai o que podes.** (ms10,016v: D.E.)
 10362. **Solber e soprar non se pode facer á par.** (ms10,016v: D.E.)
 10363. **Solber e soprar non se pode facer.** (ms10,016v: D.E.)
 10364. **Tamén sei facer a bulra de quen de min a fixer.** (ms10,016v: D.E.)
 10365. **Torto ou dereito, o que está feito está feito.** (ms10,016v: D.E.)

HACIENDA

10366. **A facenda do crego entra pola porta e sai polo fumeiro.** (ms10,015v: D.E.)
 10367. **A facenda, seu dono a vexa.** (ms10,015v: D.E.)
 10368. **Facenda de sobriño, quéimase no lume e afógase no río.** (ms10,015v: D.E.)
 10369. **Facenda en dúas aldeas, pan en dúas taleigas.** (ms10,015v: D.E.)
 10370. **Mal empregada está a facenda en quen non é señor dela.** (ms10,015v: D.E.)
 10371. **Quen ten facenda, que a atenda pra que non se lle perda.** (ms10,015v: D.E.)

HALAGOS. CARICIAS

10372. **Quen te enche de festas que non acostuma facer, ou querte enganar ou de ti ha mester.** (ms10,19v: D.E.)

HAMBRE. V. tamén *Hambre. Gastronomía.*

10373. **A fame desperta o inxenio.** (ms10,017v: D.E.)
 10374. **A fame, en comendo, pasa.** (ms10,017v: D.E.)
 10375. **A pan de quince días, fame de tres semanas.** (ms10,017v: D.E.)
 10376. **De fame non morre ninguén; de moito comer, máis de cen.** (ms10,017v: D.E.)
 10377. **Dispois de que tocan a Aleluia, o que teña fame que a sacuda.** (ms10,017v: D.E.)
 10378. **Fame e espera desespera.** (ms10,018r: D.E.)

10379. **Fame e esperar fai reloucar.** (ms10,018r: D.E.)
 10380. **Fame e frío entregan ó home ó seu enemigo.** (ms10,018r: D.E.)
 10381. **Fame longa non é reparona.** (ms10,018r: D.E.)
 10382. **Fame que agarde fartura non é fame.** (ms10,018r: D.E.)
 10383. **Fame que espera fartura, pouco dura.** (ms10,018r: D.E.)
 10384. **Fame, sede e frío meten ó home no presidio.** (ms10,018r: D.E.)
 10385. **Fame, sede e frío meten ó home [na casa] do seu enemigo.** ³⁷⁹⁴ (ms10,018r: D.E.)
 10386. **Inventa máis un famento que cen abogados.** (ms10,018r: D.E.)
 10387. **Longo e estreito coma un ano famento.** (ms10,018r: D.E.)
 10388. **Mala é a fame cando non ten que comer.** (ms10,018r: D.E.)
 10389. **Nin con toda a fame á arca nin con toda a sede á cántara.** (ms10,018r: D.E.)
 10390. **O famento nunca anda contento.** (ms10,018r: D.E.)
 10391. **O famento, por mesquiño, sempre anda descontento.** (ms10,018r: D.E.)

HAMBRE. GASTRONOMÍA. V. tamén *Caldo, Comida, Embutidos, Ensalada, Entrecosto, Hambre, Manjar, Morcilla, Nueces, Pan, Papas, Peces.*

10392. **A bica de fóra sabe millor có pan da casa.** (ms15,34v: Lugo)
 10393. **A boa fame n'hai broa dura.** ³⁷⁹⁵ (mc: Santiago / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Manuel Camino Sánchez)
 Var.: *Á boa fame n'hai pan reseso.* (C.A.) / *Á boa fame n'hai pan duro.* (mc: C.A. / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
 (pt) *A boa fome, não há mau pão.* (Chaves)
 (es) *A buen hambre, no hay pan duro.* (Sbarbi) / *A la hambre, no hay mal pan.* (Id.)
 Enseña que cuando la necesidad aprieta, no hay que fijarse en delicadezas.
 10394. **A boa fame n'hai codelo.** ³⁷⁹⁶ (mc: C.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 10395. **A boa masa aparta a brasa.** (mc: Pol)
 Var.: *A boa masa arreda a brasa.* (O. de Rey)

³⁷⁹⁴ *Fame, sede e frío meten ó home do seu enemigo.*

³⁷⁹⁵ ms e ms-SA: *non hai.*

³⁷⁹⁶ ms-LU: *non hai.*

Si es buena la masa del pan, no se pega al horno ni a las brasas que acaso quedan en el horno.

10396. **A boa masa desvía a brasa.** (ms21,03r: Bermés)
10397. **A carne: no sal un mes e no fume tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10398. **A coda dura o dente aguza.** (mc: M.L.)
10399. **A falta de chocolate, bo[a]s son potas con tomate.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ortigueira, Ortigueira, C)
10400. **A falta de pan, boas son tortas.** ³⁷⁹⁷ (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
10401. **A fame encérrase onde non hai que comer.** (mc: Bucínos)
10402. **A fame fai andar os pés.** (mc: Santiago, Manuel Hombro Sónora)
10403. **A fame i-o frío fan ir á casa do enemigo.** ³⁷⁹⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms18,70r: A.S.A.)
10404. **A fame que espera fartura non é fame.** (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)
10405. **A gran fame non hai pan duro.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
10406. **A grasa está no cimo.** (mc: Tuiriz, Monforte)
10407. **A iauga da fonte, boa pra o pote.** (ms21,06v: Bermés)
10408. **A lamber ninguén se farta.** (mc: Carballino)
Como: *Lamber non é comer.*
10409. **A laranxa á mañán é ouro, ás doce prata e á noite mata.** (ms-SA: R. Celso Rodríguez Rodríguez)
10410. **A misa i-o pimento non son de alimento.** (ms15,45r: Chantada)
10411. **A misa i-o pimento son de pouco alimento.** (ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU)
10412. **A moita fame non hai mendrugo duro.** (mc: Tuiriz, Monforte)
10413. **A moita fame non hai pan duro.** (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C)
10414. **A moita fame non hai pan podre.** (mc: A.S.A.)
(pt) *A boa fome, não há mau pão.* (Chaves)
(es) *A buen hambre no hay pan duro* (o

malo). (Sbarbi) (ct) *A qui te fam, el pá negre li pareix blanc.* (Alberola)
Véanse las variantes: *A boa fame...*

10415. **A morrer, morrer farto.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
10416. **A naranxa pola mañán ouro, polas doce prata, pola noite mata.** (ms: Lameiro)
10417. **A pan duro, dente agudo.** (mc: M.L.)
(pt) *A pão duro, dente agudo.* (Chaves) (es) *A pan duro, diente agudo.* (Correas) (ct) *A carn dura, dent aguda.* (Alberola)
10418. **A pasar fame, o último.** (mc: Monforte)
10419. **A poesía está no cazolo e na charouvía.** (mc: A.I.)
10420. **A pote que ferve, ningunha mosca se atreve.** (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
10421. **A quen come e non convida, que lle revente a barriga.** (mc: C.A.)
10422. **A quen come e non promete, sállelle por donde o mete.** (mc: M.L.)
10423. **A quen has de da-la cea, non lle negues a merenda.** ³⁷⁹⁹ (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés)
Var.: *A quen ll'has de dar a cea, non lle chóre-la merenda.* (mc: Vida Gallega)
(pt) *A quem hás-de dar de ceiar, não te doa dar de merendar.* (Chaves) (es) *A quien has de dar de cenar, no te duela darle de merendar.* (Correas) / *A quien has de dar la cena, no le quites la merienda.* (Id.) / *A quien hayas de dar la cena no le quites la merienda.* (R. Marín) (ct) *Al que li tingues que donar a sopar, no li planygues el berenar.* (Alberola)
10424. **A quen has de darlle cena, négalle a merenda.** (ms18,19r)
10425. **A quen merenda ben, calquera lle dá a cea.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
10426. **A quen non quer o caldo, sete tazas.** (ms21,09v: Bermés)
10427. **A quen non quere caldo, a cunha chea.** (mc: C.A.)
Var.: *A quen non quere caldo, taza e media.* (mc e ms4: A.S.A.) ³⁸⁰⁰
(es) *A quien no quiere caldo, la taza llena.* (Sbarbi)
10428. **A ración de san Francisco, tanto chega pra catro como pra cinco.** (mc: Layosa)

³⁷⁹⁷ V. *A falta de pan, boa é a bola de millo en Pan* (*Pan de maíz*).

³⁷⁹⁸ ms18,70r: *y-o frío, d'o inimigo.*

³⁷⁹⁹ *A quen has de dal-a cea, non lle negues a merenda. / ms3: non neguel-a merenda; ms4: negue-l-a.*

³⁸⁰⁰ ms4: *quer caldo.*

10429. **A vida do can era boa, se non pasara fame.** (ms5,029)
10430. **¡Ai, larpeiro!, deixáche-la de raxo e comíche-la de mexilóns.** ³⁸⁰¹ (mc: Betanzos)
Pondera las excelencias de la empanada de mejillones, superior a la de lomo de cerdo.
10431. **Ánimo, tripas, que está o corno a cocer.** ³⁸⁰² (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10432. **Anque é tolo, come o lobo.** ³⁸⁰³ (mc: Sarria)
10433. **Anque o cocho sabe ben, non te metas en el.** (ms10,049v: Norte de Lugo)
10434. **Antes de comer, non poder facer; e de comido, entambollecido.** (ms5,137: A.N.)
10435. **Ao curricán non perdas o pan.** (mc: Museo)
10436. **As coitas, con pan, son boas de levar.** (mc: Buciños)
10437. **As coitas, con pan, son coitas a medias.** (mc: C.A.)
10438. **As moscas millor se pillan con mel que con fel.** ³⁸⁰⁴ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Mais moscas se apanham com mel que com fel.* (Chaves) (es) *Más moscas se cogen con miel que no con hiel.* (Sbarbi) (ct) *Més mosques s'agarren en mèl qu'en fèl.* (Alberola)
Figuradamente se aplica a la suavidad de carácter.
10439. **As papiñas que nos dan non se comen no inverno nin no vran.** (ms: Santiago)
10440. **As sopas fervidas alargan a vida.** (ms5,045: Serantes de Lage)
10441. **Ásate, miña torrezmada, nin crúa nin queimada.** (mc: Buciños)
10442. **Auga e castañas fan medra-las entrañas.** ³⁸⁰⁵ (ms21,06v: Bermés)
10443. **Auméntame a comida e desquítame o traballo.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
10444. **Aunar despois de farto non che é milagre.** ³⁸⁰⁶ (mc: C.A.)
(es) *Ayunar después de harto.* (Sbarbi)

³⁸⁰¹ *Ai, larpeiro, deixàche-la de raxo, e comiche-la de mexilóns.*

³⁸⁰² ms-LU: *qu'está un corno.*

³⁸⁰³ mc: *Auga e tolo.*

³⁸⁰⁴ ms: *c'a.* / ms-LU: *ca mel que ca fel.*

³⁸⁰⁵ *Auga e castañas fan medral'as entrañas.*

³⁸⁰⁶ ms: *ch'e.*

- Vitupera a los que usan esta mortificación y viven con regalo.
10445. **Barriga chea a Dios alauda.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
Var.: *Barriga chea a Dios abunda.* (ms4: F.V.S.)
(es) *Barriga llena, a Dios alaba.* (R. Marín)
10446. **Barriga chea, home prá aldea.** (mc)
10447. **Barriga feita, compañía desfeita.** (mc: Agro)
(pt) *Barriga cheia, companhia desfeita.* (Chaves) / *Merenda comida, companhia desfeita.* (Id.) / *Comida feita, companhia desfeita.* (Id.) (es) *Comida hecha, compañía deshecha.* (Correas)
10448. **Barriguiña chea, cregho prá aldea.** ³⁸⁰⁷ (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
10449. **Blanco e migao chámalle leite e pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10450. **¿Bebes viño? Non bebes siso.** (ms5,137: A.N.)
10451. **Bebiades de boa gana, se non fora a donicela.** (mc / ms4: F.V.S.)
10452. **Ben canta Marta despois de farta.** (mc: A.N.)
(pt) *Bem canta Marta depois de farta.* (Chaves) / *Bem canta o francês, papo molhado.* (Id.) (es) *Bien canta Marta, después de harta.* (Correas) (ct) *Be canta Marta, després de farta.* (Alberola)
10453. **Ben s'entende o que nos queren decir cando nos chaman a xantar.** (ms15,15)
10454. **Bendita sea a platada, que a todo o mundo agrada.** ³⁸⁰⁸ (mc: Agro)
10455. **Bendita sea a tallada que trae outra remangada.** ³⁸⁰⁹ (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / Amador Darriba Míguez)
10456. **Boa cena e millor xantar nos días de san Xulián.** (ms21,07r: Bermés)
10457. **Boa é a fame que espera fartura.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Hambre que espera hartura no es hambre.* (Sbarbi)
10458. **Boas eran as comerotas, se non foran as pagarotas.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
La hora de la cuenta asusta a todos.

³⁸⁰⁷ *Barriguiña chea crejo pra aldea.*

³⁸⁰⁸ ms4: *mundo ll'agrada.*

³⁸⁰⁹ ms, ms-LU, A. Darriba Míguez e ms21,29r: *trai;* ms-LU: *romangada* / A. Darriba Míguez: *sexa.*

10459. **Boas eran comerotas se non foran pagarotas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10460. **Boas son as festas na casa dos outros.** (mc)
10461. **Boca que queres, barriga ten mau.** (ms4 e mc: M.L. / ms4: F.V.S.)
En ms4 aparece recollido dúas veces, a segunda co local F.V.S.
10462. **Boca que se abre, algo quer.** (mc: A.S.A.)
10463. **Bocado comido non ten sustancia.** (mc: Carballo / ms4: F.V.S.)
10464. **Bocado que vai á sartén, sempre sabe ben.** (ms-SA: Barral Sánchez, J.M.)
10465. **Bon para alá, tanto ten touciño coma soá.** (ms15,13)
10466. **Bota ovos á sartén, que aceite xa o ten.** ³⁸¹⁰ (mc: Miraz)
10467. **Ca fame que se pasa mantíñanse outros tantos.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
10468. **Cacheiras e suás, honra de mesa e proveito de cas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)
10469. **Cacholas e soás, honra de mesas e proveito de cas.** ³⁸¹¹ (mc: Bucinos / ms4: Pidre-F.V.S.)
Porque, aunque aparentan mucho, tienen muchos huesos.
10470. **Cada día galiña amarga a cociña.** ³⁸¹² (mc: Bucinos / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Cada dia peixe, amarga o caldo.* (Chaves) (es) *Cada día gallina, amarga la cocina.* (Correas) / *Cada día olla, amarga el caldo.* (Id.) / *Siempre gallina, amarga la cocina.* (Sbarbi) (ct) *Cada día còl, lo caldo amarga.* (Alberola)
Llega a cansar todo lo que se repite, por muy bueno que sea. (mc) / Por buena que sea una cosa, se vuelve pesada y fastidiosa cuando es muy repetida. (ms-LU)
10471. **Cada pato enche o seu papo.** (mc: Santiago)
10472. **Cada porco catorce morcillas, e se me poño e se me recacho, cada porco, vintecatro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10473. **Caldo de pota pequena e viño de cuba grande.** (mc)
10474. **Caldo feito non ten aforro.** (mc: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,44: Comarca da Fonsagrada)
10475. **Caldo quente ó gusto de todos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
10476. **Caldo sin grasa, pan sin tasa.** (mc e ms4: M.V. / ms4: F.V.S. / ms21,11r: Bermés)
(es) *Caldo sin grasa, pan sin tasa.* (R. Marín) / *Donde no entra grasa, entra pan sin tasa.* (Castillo)
Para suplir con lo segundo la falta de lo primero.
10477. **Caldo sin pan dáse ó can.** (mc: *Vida Gallega*)
(pt) *Caldo sem pão, só no inferno o dão.* (Chaves)
10478. **Caldo sin pan no inferno o dan.** ³⁸¹³ (mc: A.N. / ms21,02r: Bermés / ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
Var.: *Caldo sin pan no inferno o fan.* (Terra de Melide)
(pt) *Caldo sem pão, só no inferno o dão.* (Chaves)
10479. **Cand'é na mostada, non se sinte.** (mc: Bucinos)
Mostada = cuando el vino esta en mosto no se siente porque se bebe muy bien.
10480. **Cando a fame pica, sabe ben a bica.** ³⁸¹⁴ (mc: A.I. / ms18,71r: A.S.A. / ms10,017v: D.E.)
Véase *A moita fame...*
10481. **Cando a sartén grila, algo hai na vila.** ³⁸¹⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Cuando la sartén chilla, algo hai en la villa.* (R. Marín)
10482. **Cando comeres antes d'ir á igrexa, despois non cho porán á mesa.** ³⁸¹⁶ (mc e ms: A.I. / ms18,71r: A.S.A.)
10483. **Cando falta o pan, aprovéitanse as frangullas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
10484. **Cando hai fame e non hai pan, anque sea frangullas, van.** ³⁸¹⁷ (ms10,049v e ms15,24r: La Cañiza)
10485. **Cando morra a Marta, que morra farta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

³⁸¹⁰ ms: *hovos e sarten.*

³⁸¹¹ ms: *de mesa*; ms4: *porveito pr'os.*

³⁸¹² ms-LU: *amarg'a cociña.*

³⁸¹³ ms3: *no inferno dan*; ms21,02r: *inferno'o dan*; ms-SA: *no inferno y o dan.*

³⁸¹⁴ V. *A falta de pan cómese bica en Pan* (Pan de maíz). En ms10 s.v. *Hambre.*

³⁸¹⁵ ms4: *auga hai na vila.*

³⁸¹⁶ ms: *non che porán*; ms18,71r: *antes de ir.*

³⁸¹⁷ ms15,24r: *anque sean.*

10486. **Cando non hai de solana, de todo como.**³⁸¹⁸ (mc: Santiago)
10487. **Cando non hai pan, aprovéitanse as frangullas.**³⁸¹⁹ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
10488. **Cando non hai pan, cómese bola.** (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)
10489. **Cando non hai pan, faragullas van.** (ms21,09r: Bermés)
10490. **Cando non hai qué, aprovéitanse as frangullas.** (mc: Muros)
10491. **Cando o caldo ten grasa, espera pola salsa.** (mc: Chantada)
Tiene grasa por la carne que se echó en él; lo que se hace en días de cierta solemnidad, en los que se come más que caldo.
10492. **Cando o crego canta aleluia, xa se come a carne crúa.**³⁸²⁰ (mc: E.C.)
10493. **Cando o cura vai ós figos ¡que faremos os veciños!**³⁸²¹ (ms: Lugo)
10494. **Cando o farnelo está dereito, mira si tes o xantar feito.** (mc: Buciños)
Porque son las horas del mediodía.
10495. **Cando o inverno é grande, o pan ben que se lambe.** (mc: Santiago)
10496. **Cando se come, non se fala.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
10497. **Cando un coce, todos amasan.** (mc: Tuiriz, Monforte)
10498. **Canta máis fame, máis se adoece.**³⁸²² (mc: C.A.)
10499. **Canto comas antes d'ir á igrexa, despois non cho poñerán na mesa.** (ms21,09r: Bermés)
10500. **Canto comeres antes d'ir á igrexa, despois non cho porán na mesa.**³⁸²³ (mc e ms4: A.S.A.)
10501. **Canto máis caldo, máis sopas.** (mc: M.V. / ms16: D.E. / ms21,21r: Bermés)
(es) *A más caldo, más sopas.* (R. Marín)
10502. **Canto máis doce é o mel, máis chupan as abellas nel.**³⁸²⁴ (ms-SA: Manuel Fresco Reboledo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / José Ballesteros Alonso)
10503. **Canto máis doce é o mel, máis zugan as abellas nel.** (mc: L.G. / ms15,01: Carré Aldao / ms15,48: Nantín, Becerreá)
10504. **Canto máis un come, menos ve.** (mc)
10505. **Canto máis unto, mellores berzas.** (mc: M.L.)
(es) *Cuanto más manteca, mejores berzas.* (R. Marín)
10506. **Canto menos caldo máis sopas.** (ms18,52r: *Vida Gallega*)
10507. **Carne do peito, moita sona e pouco proveito.**³⁸²⁵ (mc: A.I.)
(pt) *Carne de peito, sem proveito.* (Chaves)
(es) *Carne de pecho, carne sin provecho.* (Correas)
10508. **Carne morta e pan cocido, hai que buscar quen-o coma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Hai cousas que no son de conserva.
10509. **Carne que non has comer, deixa cocer.** (ms: Orense)
10510. **Carnes ruínas non peligran.** (mc: Tío Pepe)
10511. **Caro costa o que ben sabe.** (mc: M.V.)
(pt) *Caro custa o que bem sabe.* (Chaves)
(es) *Caro cuestan los deleites.* (R. Marín)
10512. **Co que eu coma, naide engorda.**³⁸²⁶ (mc: M.L.)
(pt) *Com o que come minha vizinha, não aproveita tripa minha.* (Chaves)
10513. **Cocha ves ¡o caldo vaise!** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
10514. **Cóllense máis moscas con gota de mel que con ola de vinagre.** (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)
10515. **Comamos, bebamos, poñámonos gordos e a canto nos digan fagámonos xordos.**³⁸²⁷ (mc: Becerreá)
(es) *Comamos, bebamos y tengamos dineros; que lo demás no importa dos bledos.* (R. Marín)
Puede pasar como lema de los modernos.
10516. **Come ben nesta vida, que na outra non tes fame.**³⁸²⁸ (mc: Santiago)
10517. **Come carne, miña filla, do que se come se cría.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

³⁸¹⁸ *Cando non hay de solana, de todo como.* / ms: *de solano.*

³⁸¹⁹ ms: *faragullas*; ms2: *Cando no hay.*

³⁸²⁰ mc: *cruda*; ms4: *come carne crua.*

³⁸²¹ Aparece por atrás da ficha de *O que sobra é o que mantén.*

³⁸²² V. tamén *Pobreza.*

³⁸²³ ms4: *porán a mesa.*

³⁸²⁴ J. Ballesteros Alonso: *dulce.*

³⁸²⁵ ms4: *porveito.*

³⁸²⁶ mc: *Conque eu coma.*

³⁸²⁷ V. *Come, durme e engorda, e se te chaman, faite a xorda en Despreocupación e en Sibaritismo.*

³⁸²⁸ V. *Comamos, bebamos e runflemos que ó cabo morrer temos en Sibaritismo.*

10518. **Comer a gusto e vestir ó uso.** (mc: Monforte)
(pt) *Comer a gosto, andar à moda.* (Chaves) (es) *Comer, a gusto; hablar y vestir, al uso.* (R. Marín) (ct) *Menjar a gust y vestir a ús.* (Alberola)
En lo exterior, hemos de acomodarnos a los usos y costumbres de los demás; no así en lo que atañe a uno solo.
10519. **Comer como haber.** (mc: A.N.)
10520. **Comer e se rañar, todo é comenar.**
³⁸²⁹ (mc: C.A. y A.N. / ms: C.A.-A Nosa Terra)
(pt) *Coçar e comer, começo quer.* (Chaves) / *O comer e o coçar, por demais (ou o caso) é começar.* (Id.) (es) *Comer y rascar, todo es comenar.* (R. Marín) / *El comer y el rascar, hasta empezar.* (Castillo)
10521. **Comer polo miúdo e cagar polo maduro.** (mc: M.L.)
10522. **Comer sin grasa, pan sin tasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
10523. **Comiche-la cireixa, has caga-la croia.**
³⁸³⁰ (mc: Monforte / ms4: F.V.S.)
10524. **Comida feita, compañía desfeita.**
³⁸³¹ (mc: C.A. y A.N. / ms e ms4: C.A. A Nosa Terra / ms18,27r)
(pt) *Merenda comida, companhia desfeita.* (Chaves) (es) *Comida hecha, compañía deshecha.* (Correas)
10525. **Con pan seco e auga fría fanse as sopas na barriga.** (ms)
10526. **Con papas, viño bebas.** (mc: Betanzos)
Papas entienden aquí el arroz con leche.
10527. **Convidoume Xan Mateo, i-o viño pagueino eu.**
³⁸³² (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
10528. **Convidoume Xan Romeu i-o viño pagueino eu.**
³⁸³³ (mc: M.L.)
10529. **Checolate ou café, na sartén non saberá ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10530. **Cheo de leite e bola, Pirico deitado.** (mc: Santiago)
10531. **Cheo de leite e bola, Pirico deitado.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
10532. **Chourizo picado non vale pra asado.** (ms10,049r: Renche, Samos)
10533. **Dámo cando quixeres e despois do viño non mo negues.** (mc: M.V.)
Var.: *Dámo cando quixeres e despois do caldo non mo negues.*
Alude al vino.
10534. **De barriga chea, volta prá aldea; de barriga lasa, volta prá casa.** (mc: Pedraza)
10535. **De caldo non se fai meda vella.** (mc: Layosa)
10536. **De comer ben a comer mal non hai máis que un real.** (mc: C.A. A Nosa Terra)
(es) *De comer bien a comer mal, va un real.* (R. Marín)
Quizá en nuestros tiempos haga falta algo más.
10537. **De comer ben a comer mal vai un real.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
10538. **De mala fariña non se fai bon pan.** (mc: Buciños)
(pt) *De mau grão, nunca bom pão.* (Chaves) (es) *De mala harina, mal pan.* (R. Marín) (ct) *De roín farina, roín pá.* (Alberola)
10539. **De mala sangue non se fan boas filloas.**
³⁸³⁴ (mc: Monforte / ms4: F.V.S.)
(es) *De mala sangre, mala morcillas.* (R. Marín) / *De mala sangre non se poden facer boas morcillas.* (Páramo)
10540. **De novo, galiña; e de vello, sardiña.**
³⁸³⁵ (mc: Santiago)
10541. **De palla ou de area, a barriga chea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10542. **De palla ou palloeiro enche-lo palleiro.**
³⁸³⁶ (mc: A.Y. / ms3: A. de la I. / ms10,077r: D.E.)
(es) *De paja o de centeno, el costal lleno.* (Sbarbi) / *De paja o heno, el pancho o el vientre lleno.* (Id.)
Indica que lo que importa es satisfacer el apetito sea como quiera, a falta de lo que se apetece. (mc) / Codicia (ms10)
10543. **Des que os frades comen, hai cucharas abondo.**
³⁸³⁷ (ms: Berbetoros / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

³⁸²⁹ V. *O comer i-o rascar vai no empezar en Principio.*

³⁸³⁰ *Comichel-a cireixa, has cagal-a croia.* / ms: *cag... a croya.*

³⁸³¹ ms4 e ms18,27r: *compaña desfeita.*

³⁸³² O orixinal di *Convidoume Xan Mateo, yo viño pagueino eu.*

³⁸³³ ms: tema *Tacañería.*

³⁸³⁴ V. *De mala sangre non se poden facer boas morcillas en Productos.*

³⁸³⁵ ms: *De novo sardiña e de vello galiña.* / V. *De novo, pan e ovo; de vello, pan e coitelo en Edades.*

³⁸³⁶ *De palla ou palloeiro, enche-lo palleiro.* / ms10: *enchelo palleiro.*

³⁸³⁷ ms-LU: *Desde cos frailes.*

10544. **Despois de cantar a Aleluia, o que teña fame que a sacuda.** ³⁸³⁸ (ms21,23v: Bermés)
10545. **Despois de lavar, oír misa e almorzar; e, se corre prisa, almorzar e deixar a misa.** ³⁸³⁹ (mc: Buciños)
(es) *Lo primero, y principal, oír misa y almorzar; y, si corre prisa, antes es almorzar que oír misa.* (Sbarbi)
Enseña, dice Sbarbi, la obligación de todo cristiano en día feriado; la parte egoísta, exige lo demás.
10546. **Despois de tocar a aleluia, o que teña fame que a sacuda.** ³⁸⁴⁰ (mc: M.V. / Amador Darriba Míguez)
(es) *En tocando a aleluia, las campanas a comer llaman.* (R. Marín)
10547. **Despois de Dios, a ola, porque o demais todo é parola.** (ms15,18r)
10548. **Despois que comen os frades, sobran as cucharas.** (ms21,18r: Bermés)
10549. **Dixo Salomón que o gran viño alegra o corazón.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
10550. **Do allo á cebola veña o demo e escolla.** ³⁸⁴¹ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
10551. **Do que ben sabe, dálle pouco ó frade.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
10552. **Do que ben sabe, dar pouco ó frade.** (mc: A.I. / ms18,72r: A.S.A.)
10553. **Dominos vobisco, eu pra comer son mui listo.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
10554. **Donde hai fame, hai listeza.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
10555. **Donde ruxe a tixela, ou parida ou larpadela.** (mc: M.L.)
10556. **E si o río da presa levava coñac, máis de catro pelmas ibades alá.** (ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)
10557. **En boa boca non hai ruín res.** (ms6,03v: D.E. Silvarrey / ms10,050r: Silvarrei)
Con buen apetito y boca que coma de todo, todo es bueno.
10558. **En caldo feito non hai aforro.** (mc / ms4: F.V.S.)
10559. **En dó demo a fame que come os mocos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
10560. **En pan encetado corte quen quer.** ³⁸⁴² (mc: M.V.)
(es) *Empezada la torta, todo el que llega, corta.* (R. Marín)
10561. **En tempo de fame non hai pan duro.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
10562. **En tódalas casas se cocen fabas e nosa caldeiradas.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
10563. **En xaneiro cómese o porco enteiro.** (mc: Santiago)
10564. **En xaneiro cómese touciño novo e déixase o vello.** (mc: Santiago)
10565. **Enriba de mel, filloas.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Miel sobre hojuelas.* (Sbarbi)
10566. **Entre novo e vello fame do demo.** (mc)
Var.: *Entre o novo y o vello fame do demo.* (M.L.)
(ct) *Entre la falç y la gabella, está la fama más verdadera.* (Alberola)
Se refiere al pan: entre cosecha y cosecha.
10567. **Entre ósos e suás, honra de mesa e proveito de cas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
10568. **Entrecostos e soás, honra de mesas e proveito de cas.** ³⁸⁴³ (mc: M.L. / ms21)
Var.: *Entrecostos e soás: honra de mesas, proveito de cas.* (M.L.) ³⁸⁴⁴
Como *Cacholas e soás...* Manjares muy apetecidos, que, por los huesos, aprovechan también a los perros.
10569. **Están máis cerca meus dentes que meus parentes.** ³⁸⁴⁵ (mc: C.A.)
(pt) *Mais perto estão os dentes que os parentes.* (Chaves) / *Mais quero para os meus dentes que pra os meus parentes.* (Id.)
(es) *Más cerca están mis dientes que mis parientes.* (Sbarbi)
Enseña que antes ha mirar uno por sí, que por otros, por muy allegados que sean.
10570. **Están máis cerca os dentes ca os parentes.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

³⁸³⁸ *Despois de cantar a Aleluia, o que teña fame (fame) que a sacuda.*

³⁸³⁹ ms: *Dispois.*

³⁸⁴⁰ *Despois de tocar a aleluia, o que teña fame que a sacuda.* / ms3 e ms4: *tocar aleluia.*

³⁸⁴¹ ms4: *e da cebola.*

³⁸⁴² ms4: *quere.*

³⁸⁴³ ms21: *honra de mesa.*

³⁸⁴⁴ ms4: *porveito.*

³⁸⁴⁵ V. *Máis quero ter prós meus dentes que prós meus parentes* en *Egoísmo* (*Egoísmo ante los alimentos*).

10571. **Estar na mesa e non comer, na bodega e non beber e na cama e non dormir, tres cousas que o home non pode sufrir.** ³⁸⁴⁶ (mc: Bucíños / ms-LU: Paco de Seoane: Bucíños, Carballedo, LU)
10572. **Eu bebo, eu como; veu a furela e levoumo todo.** (mc)
10573. **Fai boa fariña e non toques a boguina.** ³⁸⁴⁷ (mc e ms4: J.P. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Faze boa farinha e não toques buzina.* (Chaves) (es) *Hace buena harina y no toques bocina.* (Correas)
Obra bien y no lo publiques. (ms-LU)
10574. **Fala Marta desde que está farta.** ³⁸⁴⁸ (mc: Santiago / ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)
10575. **Falta de pan, boas tortas.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
10576. **Fame e friaxe abaixan as xentes.** (mc: C.A.)
10577. **Fame e friaxe entregan aos homes.** (mc: C.A.)
(es) *Hambre y frío, entregan al hombre a su enemigo.* (Sbarbi)
10578. **Fame e frío fan ir á casa do enemigo.** ³⁸⁴⁹ (mc: A.N.)
(pt) *Fome e frio metem a pessoa com seu inimigo.* (Chaves) (es) *Hambre y frío, meten al hombre en casa de su enemigo.* (Sbarbi) / *Hambre y frío entregan al hombre a su enemigo.* (Id.)
10579. **Fame e mangueta, e sete nudos á bragueta.** (mc: Bucíños)
10580. **Fame ou sono en defeuto do dono.** (ms21,09r: Bermés)
10581. **Fame que espera fartura, n'é fame.** (mc: M.V.)
(es) *Hambre que espera hartura, no se puede llamar hambre.* (Correas) / *Hambre que espera hartura, no es hambre ninguna.* (R. Marín) (ct) *Fam qu'espera matarse, no es fam.* (Alberola)
10582. **Fame, sede e frío meten o home na casa do seu enemigo.** (ms10,018r)
10583. **Fame sin proveito lévase a calquera xeito.** ³⁸⁵⁰ (mc: Parga)
10584. **Fame, sono, ou ruindá do dono.** (mc: A.S.A.)
(es) *Boca que se abre, o ella quiere dormir, o está muerta de hambre.* (Correas) / *Boca que bosteza, estómago que hambrea.* (R. Marín) / *Boca que mucho se abre, o por sueño o por hambre.* (Id.) / *Bostezo luengo, habre o sueño o ruindad del dueño.* ³⁸⁵¹ / *Cuando mucho la boca se abre, o sueño o hambre.* (R. Marín) (ct) *Badalls son, u fam.* (R. Marín)
Se dice que a cualquiera de estas tres causas obedece el bostezo.
10585. **Fan pan na casa e fame na plaza.** (ms-SA: Darriba Míguez, Amador (13-11-1951))
10586. **Fariña e fermento, todo é enchemento.** ³⁸⁵² (mc: Ribeira / ms4: F.V.S.)
10587. **Fustalla boa e limpa, medio viño fai.** (mc: C.A.)
10588. **Gustar, gusta o viño, mais non pagalo.** (mc: C.A.)
Como: *Boas eran as comerotas, se non foran as pagarotas.*
10589. **Hai algo máis na ola que cebola.** (mc: Piugos, Lugo-F.V.S.)
10590. **Hai máis moscas xunto a unha entena que xunto a unha ola de vinagre.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)
10591. **Hai máis na ola ca cebola.** ³⁸⁵³ (ms-LU: seminarista anónimo: Cádavo, A Esperela, Baleira, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)
10592. **Hai máis que berzas na ola.** (mc: Bucíños / ms4: F.V.S.)
10593. **Haxa que traballar que as ganas de comer non han de faltar.** (ms18,30r)
10594. **Lamber non é comer.** (mc: Layosa)
10595. **Largo de bico e curto de maos, bon de convidar e malo de fartar.** (mc: C.A.)
10596. **Largo de baos e curto de maos, bon de convidar e malo de fartar.** ³⁸⁵⁴ (mc: M.V.)
10597. **Larpelo cocido, larpelo comido.** (mc: Lulle, Samos)

³⁸⁴⁶ ms-LU: *qu'o home non pode sufrir.*

³⁸⁴⁷ mc: *non toques a bocina*; ms4: *toques a boguina*; ms-LU: *toques bocina*. Jacinto del Prado só recolle o refrán coa forma *non toques á boguina*.

³⁸⁴⁸ ms-SA: *Fala a Marta*.

³⁸⁴⁹ ms: *d'o*.

³⁸⁵⁰ Indica *Fame* no ms.

³⁸⁵¹ ms: *de su dueño*

³⁸⁵² mc e ms4: *formento*.

³⁸⁵³ ms-LU (Pol): *que cebola*.

³⁸⁵⁴ ms4: *curto de maus*.

Larpelo es en la comarca de Samos, lonja delgada de tocino. Falta en nuestros Diccionarios.

10598. **Leite mazado, peido no rabo.** (mc / ms4: F.V.S. / ms21,17v: Bermés)

10599. **Máis moscas pesca o mel có vinagre.** (ms14,16)

10600. **Máis moscas xunta entena de mel que ola de vinagre.** ³⁸⁵⁵ (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés)

(pt) *Mais moscas se apanhan com mel que com fel.* (Chaves) (es) *Más moscas se cogen con miel que con hiel.* (Bergua) / *Más moscas se cogen con una gota de miel que con un cuartillo de vinagre.* (R. Marín)
Véase *As moscas millor se pillan con mel que con fel.* Que más atrae la dulzura que el carácter desabrido.

10601. **Máis val dous bocados de vaca que cento de patacas.** ³⁸⁵⁶ (mc: C.A. / ms: A.C.-A Nosa Terra)

(pt) *Mais valem dois bocados de vaca que sete de batatas.* (Chaves)

10602. **Máis val dous bocados de vaca que cento de pataca.** (ms18,54r: *Vida Gallega*)

10603. **Máis vale auga de carne que carne de auga.** (mc: J.P.)

(es) *Más vale agua de carne que carne de agua.* (R. Marín)

10604. **Máis vale fame con pan que fame sin pan.** (mc: A.S.A. / ms10,018r: *D.E.*)

10605. **Máis vale un cheo que dous hambreados.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

10606. **Máis vale unha chea ca sete lambadas.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)

10607. **Mal do caldo que nun mete u fuciño u cocho.** (ms)

10608. **Mal mastigado e ben remollado.** (ms10,038v: *D.E.*)

10609. **Mala debe ser a fame que fai comer os mocos.** (mc: Pidre)

10610. **Mariquiña chamoume e de fame matoume.** (ms15,13)

10611. **Martes de Antroido, cando has de vir, casquiñas d'ovos casi habés de ruxir.** ³⁸⁵⁷ (mc: A.S.A. / ms15,39)

³⁸⁵⁵ ms21,26r: *xunta a entena, qu'a ola do.*

³⁸⁵⁶ ms4: *valen, cento de pataca.*

³⁸⁵⁷ ms15,39: *habeis.*

10612. **Mazá, troita e muller, fresca se pode ser.** (ms5,121: Trapero)

10613. **Mellor é pan duro que ningún.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

(es) *El pan duro, duro, más vale duro que ninguno.* (Sbarbi)

10614. **Mentramentes se come non se asubía.** ³⁸⁵⁸ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Mentras como non asubio.* (Santiago)

(pt) *Emquanto se capa não se assobia.* (Chaves) / *Quando se canta não se assobia.* (Id.)

10615. **Mentras non ferva a ola, a cociñeira pode deita-la miola.** ³⁸⁵⁹ (ms15,18)

10616. **Mentras o pote non ferva, a cociñeira pode dar á lingua, e des que empeza a ferver, a calar e atender.** (ms15,18)

10617. **Moíño que moes o trigo con tanto afán, ti fas a fariña e outros comen o pan.** (mc: Santiago)

10618. **Moita fame e menos vergoña.** (mc: C.A.)

10619. **Moita xente moito come.** (mc: Bucínos)

10620. **Moito come o louco e máis louco é quen llo dá.** (mc: A.S.A.)

(pt) *Muito come o tolo, mas mais tolo é quem lho dá.* (Chaves) (es) *Mucho pide el loco, y el que se lo da es otro.* (R. Marín)

10621. **Moito come o tolo e máis tolo é quen llo dá.** (ms14,17)

10622. **Morra Marta e morra farta.** ³⁸⁶⁰ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

10623. **Morra Marta, morra farta.** ³⁸⁶¹ (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(pt) *Morra Marta morra farta.* (Chaves)
(es) *Muera Marta y muera harta.* (Sbarbi)
(ct) *Muiga Marta, muiga farta.* (Alberola)

10624. **Morra o gato e morra farto.** (mc: F.L.)

(pt) *Morra o gato morra farto.* (Chaves)

10625. **Morra o gato, morra farto.** (ms-SA: M. González Fernández / ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

10626. **Morre a Marta cando é farta.** (mc: Santiago)

³⁸⁵⁸ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. V. *Mentras capo, n'asubio en Orden.*

³⁸⁵⁹ *Mentras non ferva a ola, a cociñeira pode deital'a miola.*

³⁸⁶⁰ ms-LU: *Morra a Marta.*

³⁸⁶¹ ms4: *e morra*; ms-LU: *Morra a marta.*

10627. **Morre a Marta cando está farta.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
10628. **Morre Marta e morre farta.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
10629. **N'hai carne sin óso.** ³⁸⁶² (mc: Sarria)
(pt) *Não há carne sem ósso, nem fruta sem caroço.* (Chaves) (es) *No hay carne sin hueso.* (Sbarbi)
Como Non hai mel sin fel, Non hai mel sin aguillón. Indica que la vida es una trama de sucesos prósperos y desgraciados.
10630. **Na cama o sono mata a gana.** ³⁸⁶³ (mc: La Coruña)
10631. **Na cama o sono quita a gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
10632. **Na casa da miña veciña cocen fabas; e na miña, a caldeiradas.** ³⁸⁶⁴ (mc / ms4 / ms18,33r)
(pt) *Em cada casa comem favas e na nossa às caldeiradas.* (Chaves) (es) *En todas partes cuecen habas, y en mi casa (o en algunas), a calderadas.* (R. Marín)
En sentido moral, enséñase que las flaquezas humanas no son exclusivas de ningún lugar.
10633. **Na casa do veciño nin comas pan nin bebas viño.** (mc: Santiago)
10634. **Na mesa chea senta ben a torta allea.** (mc: J.P.)
Var.: *Na mesa chea, ben parece fogaza allea.* (mc: A.I. / ms18,73r: A.S.A.) ³⁸⁶⁵
(pt) *Na mesa cheia bem parece fogaça alheia.* (Chaves) (es) *En la mesa llena, bien cabe la torta ajena: la hogaza.* (Correas)
10635. **Nadie se enche con viño da súa casa.** ³⁸⁶⁶ (mc: Bucinos / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Ninguém se embebeda com o vinho da sua adega.* (Chaves) (es) *Ninguno se embriaga del vino de su casa.* (Sbarbi)
10636. **Nin chas quito nin chas conto, trece morcillas salen dun porco.** ³⁸⁶⁷ (ms17,002)
10637. **Nin por sol nin por solega nunca déixe-la mantexa.** ³⁸⁶⁸ (mc: U.C. Cuartilla 16 / ms18,48r: cuartilla nº 16)
10638. **Nin por sol nin por solexo déixe-lo teu mantelexo.** ³⁸⁶⁹ (ms-SA: Eliseo López Varela)
10639. **Nin por sol nin por solexo nunca deixes o teu mantexo.** (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
10640. **Nin pote no lume sin touciño nin xantar na mesa sin viño.** (ms15,13)
10641. **Ninguén se farta de uvas que non lle queipan dúas.** (mc: Baralla-F.V.S.)
10642. **No mar, moito caldo e poucas talladas.** (ms5,131: Sangenjo)
10643. **Non comas berzas no día de Antroido, que che pican os mosquitos nos ollos.** (ms9,14r: Silvarrey)
10644. **Non chas digo nin chas conto: catorce morcillas ten o porco.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
10645. **Non chas digo nin chas conto: doce morcillas salen dun porco.** ³⁸⁷⁰ (mc: J.P.)
(es) *Ni te las quito ni te las cuento; pero trece morcillas salen de un puerco.* (R. Marín)
10646. **Non hai ji nin ju, despois do caldo non mo quites tu.** ³⁸⁷¹ (mc: Bucinos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
El vino. (mc) / Después del caldo no me lo niegues -el vino-. (ms-LU)
10647. **Non hai ola sin touciño** (ms15,52r)
10648. **Non hai tempo millor empleado que o de comer.** (ms8,33v: Silvarrey)
10649. **Non máis contes nin máis digas: cada porco, dez morcillas, embustero.** ³⁸⁷² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

³⁸⁶² V. tamén *Fortuna (buena o mala)*.

³⁸⁶³ ms: *quita a gana*.

³⁸⁶⁴ ms4 e ms18,33r: *e na miña caldeiradas*.

³⁸⁶⁵ ms18,73r: *parece a fogaza*.

³⁸⁶⁶ ms4 e ms-LU: *Naide*.

³⁸⁶⁷ V. *Non chas digo nin chas conto: doce morcillas salen dun porco e Non máis contes nin máis digas: cada porco, dez morcillas, embustero*, tamén en *Hambre. Gastronomía*.

³⁸⁶⁸ *Nin por sol nin por solega, nunca deixel-a mantexa. / ms18,48r: nin por soleza.*

³⁸⁶⁹ *Nin por sol nin por soleso deixelo teu mantelexo.*

³⁸⁷⁰ ms e ms4: *Nin chas digo. V. Ni chas quito nin chas conto, trece morcillas salen dun porco e Non máis contes nin máis digas: cada porco, dez morcillas, embustero, tamén en Hambre. Gastronomía.*

³⁸⁷¹ *Non hay ji nin ju despois do caldo non mo quites tu. / ms-LU: dispois, quitas.*

³⁸⁷² V. *Nin chas quito nin chas conto, trece morcillas salen dun porco e Non chas digo nin chas conto: doce morcillas salen dun porco en Hambre. Gastronomía.*

10650. **Non peca de gula quen non tuvo fortuna.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
10651. **Non peca de gula quen nunca tuvo fartura.** (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms21,23v: Bermés / ms4: M.V.)
(es) *No peca de gula quien nunca tuvo hartura.* (R. Marín) / *Por una vez que el pobre se dé un atracón no le llares comilón.* (Id.)
10652. **Non probes ovo vello nin viño novo, que che revolve o corpo todo.** (ms15,18v)
10653. **Non se doe o farto do famento.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Para o farto não existe o faminto.* (Chaves) (es) *Panza llena, ningún cuidado tiene de la ajena.* (R. Marín)
10654. **Non se doi o cheo do famento.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
10655. **Non se fixo o mel prá boca do asno.** (mc: Buciños)
Var.: *Non se fixo a pimenta prá boca do asno.*
(pt) *Não é bom bocado para a boca do asno.* (Chaves) / *Não e o pão para a boca do asno.* (Id.)
10656. **Non te cozas que estás por asar.** ³⁸⁷³ (mc: Pidre-F.V.S.)
10657. **Non te mates por tomates que os hai na tomateira.** ³⁸⁷⁴ (ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,131r: D.E.)
10658. **Non teña máis grande a casa o que fixo a copa.** (ms9,10v: O. de Rey)
10659. **Non vai por ahí o gato ás filloas.** (mc: A.N.)
10660. **Nunca falta un can pra unha merenda.** (mc: M.L.P.)
(es) *Nunca falta un gato para lamer un plato.* (R. Marín)
10661. **O arroz, o guiso e o pepino nacen na aghua e morren no viño.** ³⁸⁷⁵ (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
10662. **O beber quer comer.** (mc: A.S.A.)
(pt) *A bebida quer-se comida e a comida, bebida.* (Chaves)
10663. **O bon lume e a boa levadura fan a cociñeira aguda.** ³⁸⁷⁶ (mc)
- (es) *La lumbre y la levadura, hacen a la mujer aguda.* (Sbarbi)
Buena alimentación y ambiente confortable contribuyen a que la mujer lleve con agrado los quehaceres domésticos.
10664. **O bon tempo está no pote.** ³⁸⁷⁷ (mc: M.L. / ms10,126r: D.E.)
10665. **O café: negro como o demo, quente como o inferno, dulce como un ánxel; conversación e puro... i-a poder ser, de Moca.** ³⁸⁷⁸ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Juega con la última frase, que se entiende de una clase de café, o del café tomado a costa del bolsillo ajeno.
10666. **O caldiño ten bon compañeiro no viño.** (ms15,18r)
10667. **O caldo das paridas non fai mal ás preñadas.** (mc: M.V.)
10668. **O caldo i-a auga cría boas rapazas.** (ms8,66v: Seijo del Bollo, Trives)
10669. **O caldo raro enche o saco i-o espeso sostén o hueso.** (ms8,66r: Lajosa)
10670. **O caldo sin pan no inferno o dan.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
10671. **O caldo, pra saber ben, ten que fozar o porco nel.** (mc)
Ha de llevar carne de puerco para que le dé sustancia.
10672. **O caro é o que sabe.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Caro custa o que bem sabe.* (Chaves)
10673. **Ó comer as morcillas rinse a nai i-as fillas, i-ó pagar todas son a chorar.** (ms5,121: Trapero)
10674. **Ó comer castañas e papas sempre anda o cu a fragatas.** ³⁸⁷⁹ (mc: Carballino)
10675. **O comer é de animais, i-o beber, de ángeles.** ³⁸⁸⁰ (mc: Buciños)
Inventado, sin duda, por un devoto incondicional de Baco.
10676. **O chocolate ben sabido, tres veces fervido.** (ms10,050r: Silvarrey)
10677. **O chocolate non quere ser mui cocido sinón ben remexido.** (ms8,65r: Silvarrey)

³⁸⁷³ ms e ms4: *estás pra asar.*

³⁸⁷⁴ ms4: *con tomates.* / En ms10 s.v. *Tomates.*

³⁸⁷⁵ *O arroz, o guiso e o pepino nacen na aghua e morren no viño.*

³⁸⁷⁶ ms: *cuciñeira.*

³⁸⁷⁷ ms10: *bo tempo.* / En ms10 s.v. *Tiempo.*

³⁸⁷⁸ ms: *y-a poder;* ms-LU: *com'o demo, com'o inferno, com'on ánxel.*

³⁸⁷⁹ ms: *anda o c... a fragatas.*

³⁸⁸⁰ ms: *y o beber.*

10678. **O chocolate, pra ben saber, tres cousas ha de ter: espeso, que ola, e quente.** ³⁸⁸¹ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
10679. **O chourizo, nin antes do mes nin despois dos tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Sober, LU)
10680. **O día que non che dean de cenar ¿que almorzo che van a dar?** (ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)
10681. **O Entroido é un lavadurán, que come máis carne que pan.** ³⁸⁸² (mc: Sandiás-U.S. / ms)
10682. **O facer unha fumada éche afumar unha chourizada.** ³⁸⁸³ (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
10683. **O fogo guisa a ola, e non moza orgullosa.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(es) *Fuego guisa olla, que no moza orgullosa.* (Correas)
10684. **Ó fretir os ovos xa se verán as cascás.** ³⁸⁸⁴ (mc: Tuiriz, Monforte)
10685. **O gordo, ou comeu ou come.** ³⁸⁸⁵ (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
Porque *palleiro sin palla, non se fai.*
10686. **O labrador ten cumprido con poñer caldo e cocido.** ³⁸⁸⁶ (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
Aunque en los días de fiesta, se echa la casa por la ventana.
10687. **Ó lacón i-ó touciño dálle con viño.** ³⁸⁸⁷ (ms15,18r)
10688. **O lamber non é comer.** (mc: M.L.2)
10689. **O lamber non é encher.** (ms8,17r: Silvarrey)
10690. **Ó leite con auga non hai que lle valga.** ³⁸⁸⁸ (mc / ms4: F.V.S.)
10691. **O leite fresco está no cesto.** (mc: A.N.)
10692. **O leite sin pan fasta a porta vai.** (ms18,74r: A.S.A.)
10693. **O lume é media mantenhencia por diante; e por tras é mantenhencia inteira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11112. **Casaraste, home coitado, e collerás coidado.** (ms10,028r: D.E.)
11113. **Catro clases de homes hai: homes i homitos, macacos e macaquitos.** (mc: Bucínos)
11114. **Coa caña do Ribeiro algún home ponse mui contento.** (ms: Santiago)
11115. **Cura fraco e casado gordo non cumpren coa súa obrigación.** (ms)
Sin censura.
11116. **De coio redondo, can rabeno e home de barba rubia, fianza ningunha.** (mc: Pedraza)
11117. **De home a home non hai migalla.** (ms6,03v: D.E. Dispersos)
11118. **De home facendado non te verás vingado.** (ms10,028r: D.E.)
11119. **De home galiña e de muller cabalón, libranos, Señor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

³⁹⁶³ O orixinal di *Cando o castiñeiro dea landras y carballo verdura, h'an de ser bos os homes d'as barbas rubias.*

³⁹⁶⁴ ms-LU: *de barbas.*

³⁹⁶⁵ *Cando o río corra arriba, y'os carballos dean uvas, han de ser bos os homes das barbas rubias.*

11120. **De home lampo e can sin rabo, fuxe deles apurado.**³⁹⁶⁶ (mc e ms5,135: Santiago)
Var.: *Home lampo e can rabelo, fuxe del como do demo.* (ms15,30: Silleda)
11121. **De home maricas e de muller cabalón, libértanos, Señor.** (ms10,028r: D.E.)
11122. **De home tiple e muller tenor, líbranos Señor.** (mc)
(es) *De hombre tiple y mujer tenor, librenos Dios.* (Ricart) / *Ni hombre tiple ni mujer bajón.* (Id.) (ct) *Ni home tiple ni dona baixó.* (Ricart) / *De home tiple i de dona tenor, lliureu-nos, Senyor.* (Id.) / *Ni mascle de veu femella, ni femella de veu mascle.* (Id.) / *Ni mascle en veu femella, ni en veu de mascle ella.* (Id.) (it) *Uomo che a voce di donna, e donna che a voce d'uomo.* (Id.)
11123. **De homes é o caer.**³⁹⁶⁷ (mc: Monforte)
11124. **De homes sabedores é mudar de parecer.** (mc: C.A. A Nosa Terra)
Var.: *De homes sabedores é trocar de parecer.* (A.C. A Nosa Terra)
(es) *Del sabio es mudar parecer.* (Sbarbi) / *De sabios es mudar el consejo.*
11125. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** (ms4: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,17)
11126. **Dios libre a un de tronante e de home encizañante.** (ms15,12)
11127. **Dios te libre de home de bigote loiro, de can rabeno e de perrencha de neno.** (ms15,14)
11128. **Dios te libre de home que non fala e de can que non ladra.** (ms10,028r: D.E.)
11129. **Do qu'é tonto e non sabe, teña Dios piedade.** (ms21,27v: Bermés)
11130. **Do ruín home gárdate e do bon non te fíes nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11131. **Error é de homes e ser herrado de bestas.**³⁹⁶⁸ (mc: C.A. A Nosa Terra)
(es) *Errar es de hombres, y ser herrado, de bestias.* (R. Marín) (ct) *Los homes fan las erradas, no las montanyas.* (R. Marín)
11132. **Escudeiro mancebo, déitate tarde e levántate cedo.** (ms21,03v: Bermés)
11133. **Escudeiro mancebo, déitate tarde, levántate cedo.** (ms: A.S.A.)
(pt) *O escudeiro, deita-se tarde e levanta-se cedo.* (Chaves)
11134. **Están os homes máis cheos de mulleres feas que o lobo de comer ovellas.** (mc: Tuiriz, Monforte)
11135. **Fuches por besta e viñeches por burro; fixeches así un viaxe papudo.** (ms15,17)
11136. **Galán de muitas damas nunca ten os ollos quedos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11137. **Gárdate de can que non ladra e de home que non fala.**³⁹⁶⁹ (mc: A.N.)
(pt) *Guarda-te do cão que não ladra e do homem que não fala.* (Chaves) (es) *Guárdate de hombre que no habla y de perro que no ladra.* (R. Marín)
Como: *Aparta sempre...*
11138. **Gárdate de home mal barbado e de lobo esfameado.** (ms10,028r: D.E.)
11139. **Gárdate de home mal barbado e de vento acanalado.** (mc: J.P.)
(pt) *De homem sem barba, cão com baba e de boi de rabo alvo, põe-te a salvo.* (Chaves) (es) *Guárdate de hombre mal barbado, y de viento acanalado.* (R. Marín) (ct) *Guardat del home mal barbat, i del vent acanalat.* (Alberola) / *Guardat del home moix com del gat i de vent qu'entre per farat.* (Id.)
11140. **Gárdate de home que non fala e de can que non ladra.** (mc: Carballedo)
11141. **Graxo e tonto non pode ser.** (ms)
11142. **Hai homes de homes.** (ms6,03v: D.E. Dispersos)
11143. **Hai homes, homiños, macacos e macaquiños.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
11144. **Home a quen moitos temen, a moitos ten que temer.** (ms10,028r: D.E.)
11145. **Home alleo nunca é cheo.** (mc: J.A.P.)
11146. **Home atrevido dura como vaso de vidro.**³⁹⁷⁰ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(pt) *Homem atrevido, dura como vaso de vidro.* (Chaves) (es) *Hombre atrevido, odre de buen vino, y vaso de vidrio, duran poquito.* (Correas)

³⁹⁶⁶ ms: *d'eles*; ms5,135: *Do home lampo e do can sin rabo.* / *Indica Barba* en ms5.

³⁹⁶⁷ V. *Equivocarse é de homes* en *Error* (*El error es común a todos*).

³⁹⁶⁸ ms4: *ser herrador*.

³⁹⁶⁹ ms3: *d'o can, d'o home*; ms4: *d'o can, do home*.

³⁹⁷⁰ ms-LU: *como o vaso de vidrio*.

11147. **Home avisado, medio asoballado.** (ms10,028r: D.E.)
11148. **Home barbudo, home forzado.** (ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C / Luís Vázquez Veiga)
11149. **Home barrigudo non é mui agudo.** (mc)
(es) *Hombre cabezudo, poco sesudo.* (Castillo) / *Hombre cabezudo, nunca talentado.* (Id.)
Lo dice el cast. del cabezudo.
11150. **Home borracho, señal de macho.** (ms: Santiago)
11151. **Home bravo e mandón, pra meu amigo non.** (ms10,028r: D.E.)
11152. **Home calado é bo pró ganado.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
11153. **Home calado vale por cento.** (ms5,009)
11154. **Home casadeiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
Var.: *Home xornaleiro, nin boa meda nin bon palleiro.* (ms-LU)
11155. **Home casado, burro estropeado.** (ms-SA: Nicolás Alvarelos López: Lalín, PO / Juan Carlos Couselo Gago / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
11156. **Home casado, muller é.** (mc: J.A.P.)
Var.: *Home casado, nin muller é.* (ms15,44: Monforte)
11157. **Home cazador e troiteiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
11158. **Home celoso, o corno no ollo.** (ms10,028r: D.E.)
11159. **Home cobizoso, de todo fai leña.** (mc: C.A. A Nosa Terra)
(ct) *Hòme codiciós, de tota llenya fa feix.* (Alberola)
11160. **Home con mandil, cágame nil.** (ms21,03v: Bermés)
11161. **Home con saia, nin home nin nada.** (mc: Buciños-F.V.S / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11162. **Home cordo e boi mallado, pola carrilleira do carro.** (mc: Paradela)
11163. **Home cordo e boi mallado, por o camiño do carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11164. **Home cordo e boi mallado, sempre polo camiño do carro.** ³⁹⁷¹ (ms21,06r: Bermés)
11165. **Home cordo, boi mallado, por a carrilleira do carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
11166. **Home coxo e can rabelo, arrenega deles coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)
11167. **Home coxo e can rabelo, arrenega dil coma do demo.** (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))
En general los hombres cojos y los perros de rabo recortado (de rabo más pequeño que de ordinario) son malos.
11168. **Home coxo e can rabelo, arrenego dil coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11169. **Home coxo e can rabelo, desconfía dil coma do demo.** (ms14,16)
11170. **Home coxo e can rabelo, desconfiar dil coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
11171. **Home coxo e can rabelo, fuxe del como do demo.** ³⁹⁷² (mc: Sarria / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *De home coxo e can rabelo arrenego como do demo.* (ms4: V.R. y A.R.) / *De coxo e can rabelo, librenos Dios como do demo.* (ms4: A.S.A.) / *De home roxo e can rabelo arrenego como do demo.* (ms4: V.R. y A.R.)
11172. **Home coxo e can rabelo, pra ferverlo.** (mc: G.P.)
11173. **Home coxo e can rabelo, renego del como do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11174. **Home coxo e can sin rabo, pra amolalo.** (mc: S.P.P.-Ultreya / ms6,03v: Portela Pazos, en Ultreya)
11175. **Home de barba miúda e muller sabidora non dan axuda.** (mc: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
11176. **Home de barba roiba, cargue con el quen queira e quen poida.** (ms10,028r: D.E.)
11177. **Home de barba rubia, unha diche, outra cuida.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Homem de barba ruiva, uma faz outra cuida.* (Chaves)
Variante de otro ya registrado.
11178. **Home de barba ruiba, unha dice, outra cuida.** (ms18,72r: A.S.A.)

³⁹⁷¹ *Home cordo e boi mallado sempre pol'o camiño d'o carro.*

³⁹⁷² ms4, ms-LU (Lugo) e ms-LU (Galicia) *coma do demo*; ms-LU (Galicia): *d'il*.

11179. **Home de bigote escusa dote.** ³⁹⁷³ (mc: Buciños-F.V.S.)
Lo habíamos oído de la mujer, sin extrañeza alguna. En la comarca de Carballedo a la que pertence Buciños, lo dicen también del hombre.
11180. **Home de capa e galero é o que eu quero.** (ms5,136: Aguada)
Se pone en boca de las mozas casaderas. Era el hombre a quien tenían por noble y formal, cuyo matrimonio era por lo tanto conveniente. *Galero* = sombrero. La voz *galero* en el sentido expresado ha casi desaparecido del habla vulgar. La usan de vez en cuando los ancianos.
11181. **Home de dous falares, nin na vila nin noutros lugares.** (ms10,028r: D.E.)
11182. **Home de feito, pelo no peito.** (ms10,028r: D.E.)
11183. **Home de mandil, cágame nil.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11184. **Home de moita léngua, pra quen o queira.** (ms10,028r: D.E.)
11185. **Home de moita panza ten a vida abandonada.** (mc: Santiago)
11186. **Home de moita parola, todo é faramalla.** (ms10,028r: D.E.)
11187. **Home de moita verba, home de moita perda.** (ms6,04v: Victoriano Taibo)
11188. **Home de moita lingua, pouco val.** ³⁹⁷⁴ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Home de moita lingua, todo é m[erda]*. (A.S.A.)
(es) *Hombre hablador, nunca hacedor*. (R. Marín)
11189. **Home de moitos oficios non sabe ben ningún.** (mc: Buciños)
11190. **Home de moitos oficios, pobre seguro.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
11191. **Home de moitos oficios, pouca ganancia.** ³⁹⁷⁵ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,028r: D.E.)
(es) *Hombre de oficios muchos, no gana el pan con ninguno*. (R. Marín) / *El pobre tenga un solo oficio y ese bien sabido*. (ct) *Hòme de molts ofícis, pòcs beneficis*. (Alberola)
11192. **Home de moitos oficios, ...** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11193. **Home de pedra, home de merda.** (mc: Santiago)
11194. **Home dreito parece mal feito.** (ms: Baralla)
Dreito = de pie.
11195. **Home estrevido dura o que dura un vaso de vidro.** (ms10,028r: D.E.)
11196. **Home falador esbardalla a máis e millor.** (ms10,028r: D.E.)
11197. **Home falanguero non garda secreto.** (ms10,028r: D.E.)
11198. **Home farto non é paniego.** (mc: Buciños)
(es) *Hombre harto no es comedor*. (Correas)
11199. **Home feludo, home forzado.** (ms-SA: José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)
11200. **Home folgazán, no traballo llo verán.** (ms10,028r: D.E.)
11201. **Home fraco, e non de fame.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
Var.: *Home fraco, e non de fame, non hai que o apañe*. (J.P.)
(pt) *Homem magro e não de fome, guardate dele como de outro homem (ou fugi dele que é mau homem)*. (Chaves) (es) *Hombre delgado y no de hambre, es más fuerte que el alambre*. (R. Marín)
Porque es muy forzado, como enseñan las siguientes variantes.
11202. **Home gaitero, muller costureira, nin boa meda nin bo paleiro.** (ms: Santiago)
11203. **Home gaitero, nin boa meda nin bon paleiro.** ³⁹⁷⁶ (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
(es) *Cazador, pescador y gaitero, nunca tendrán mucho dinero*. (mc: Sbarbi / ms: Jara)
11204. **Home grande ponte na viña que, anque non caves, fas cuadrilla.** (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,17)
11205. **Home grande ponte na viña: anque non caves, fas cuadrilla.** ³⁹⁷⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
11206. **Home grande tente na viña: anque non caves, fas cuadrilla.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
11207. **Home grande, patas de alambre.** (mc: La Coruña)
11208. **Home honrado, antes morto que aforcado.** (ms10,028r: D.E.)

³⁹⁷³ V. Muller con bigote casi sin dote en Mujer.

³⁹⁷⁴ ms4: *lengoa*.

³⁹⁷⁵ En ms10 s.v. *Hombre*.

³⁹⁷⁶ ms4: *bo paleiro*.

³⁹⁷⁷ ms-LU (Laiosa): *fais cuadrilla*.

11209. **Home honrado, polo camiño do carro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11210. **Home informal, maraña sin costal.** (mc: Bucínos)
11211. **Home instruído e de insino, calcula sempre con tino.** (ms4: J.P.)
11212. **Home lacazán, na leira llo conocerán.** (ms10,028v: D.E.)
11213. **Home lampo e can rabelo, desconfía del coma do demo.** ³⁹⁷⁸ (ms21,02v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11214. **Home lampo e can rabelo, desconfía deles como do demo.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
11215. **Home lampo e can rabelo, desconfían deles como do demo.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)
11216. **Home lampo e can rabelo, desconfiar dil como do demo.** ³⁹⁷⁹ (mc: Velle)
(es) *De hombre mal barbado, ni pasar por su lado.* (R. Marín)
11217. **Home lampo e can sin rabo, fuxe deles como o demo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
11218. **Home lascivo, home perdido.** (ms3 e ms4: M.V.)
11219. **Home luareiro, nin boa palla nin bon palleiro.** (ms15,01: Mato)
Luareiro = que anda con las fases de la luna.
11220. **Home lueiro non é bon cosecheiro.** (mc: Taboada)
(ct) *Home lluner, no fa paller.* (Alberola)
Lueiro = el que anda siempre mirando a la luna para guiarse por sus fases. (ms4)
11221. **Home madrugueiro non quer que o despertén.** (ms10,028r: D.E.)
11222. **Home mariñeiro, home larpeiro.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
11223. **Home mesquiño, dispois de comer ten frío.** (ms10,028r: D.E.)
11224. **Home moi faladeiro, home moi mintireiro.** (ms10,028r: D.E.)
11225. **Home moi falador nunca foi bo cavador.** (ms10,028v: D.E.)
11226. **Home morto non fai guerra.** ³⁹⁸⁰ (mc: G.P. / ms10,028v: D.E.)
11227. **Home morto non fala.** (mc: A.S.A. / ms21,04r: Bermés)
Var.: *Home morto non dá fala.* (ms: Bucínos / ms10,028v: D.E.) ³⁹⁸¹
(pt) *Homem morto, não fala.* (Chaves) (es) *Hombre muerto, no habla.* (R. Marín) (ct) *Home mòrt, no parla.* (Alberola)
11228. **Home morto non gana soldo.** (ms10,028v: D.E.)
11229. **Home morto nunca come pan.** (ms10,028v: D.E.)
11230. **Home morto pide rezos e responsos.** (ms10,028v: D.E.)
11231. **Home mozo que non troula, nin fuma, nin xoga, nin bebe, nin bica, nin cuspe no curro, mais que home é burro.** (ms10,028v: D.E.)
11232. **Home mui falador, home mui mentidor.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Hombre muy parlero no escapa de embustero.* (R. Marín) / *Hombre palabrero, hombre embustero.* (Id.)
11233. **Home mui lumeiro, non moita meda nin moito palleiro.** ³⁹⁸² (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)
11234. **Home mui luneiro, nin moita meda nin moito palleiro.** (ms-SA: José Buño Caamaño, Erboedo, A Laracha, C)
11235. **Home mullereiro consigo acaba e co seu diñeiro.** ³⁹⁸³ (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)
(es) *Hombre mujeriego, acaba consigo y con su dinero.* (R. Marín)
11236. **Home mullereiro pérdese a si e perde o diñeiro.** (mc: Santiago)
11237. **Home namorado deixa a casa sin sobrado.** (ms10,028v: D.E.)
11238. **Home narigudo, poucas veces cornudo.** (ms10,028v: D.E.)
11239. **Home papón merece que lle canten o kirieleisón.** (ms10,028v: D.E.)
11240. **Home parlanchín, home ruín.** ³⁹⁸⁴ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,028v: D.E.)
La razón la da una canción popular conocida: *Home de moita parola / gasta a*

³⁹⁷⁸ ms-LU: *dil.*

³⁹⁷⁹ ms4: *desconfía, coma.*

³⁹⁸⁰ En ms10 s.v. *Hombre.*

³⁹⁸¹ En ms10 s.v. *Hombre.*

³⁹⁸² Adoita aparecer *Home lueiro...* para dicir que o exceso de atención á lúa tampouco facilita os traballos agrícolas, pero *Home lumeiro...* tamén crea un refrán con sentido ó aludir ó home que pasa horas de máis á beira do lume en vez de traballar.

³⁹⁸³ mc: *mulleireiro*

³⁹⁸⁴ En ms10 s.v. *Hombre.*

forza en parolar, / e, nin fai todo o que di, / nin tampouco di o que fai.

11241. **Home parlanchín, pra todos, mais non pra min.** (ms10,028v: D.E.)
11242. **Home peludo, home forzado.** (mc: J.A.P. / ms21,19v: Bermés)
(pt) *Homem peludo ou forte ou amorudo.* (Chaves) / *Homem veloso, ou valente ou luxurioso.* (Id.) (es) *Hombre muy velludo, hombre forzado.* (R. Marín)
11243. **Home peludo, home valente e forzado.** (ms10,028v: D.E.)
11244. **Home peneiro, nin meda nin palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11245. **Home pequeniño non sai de rapaciño.** (ms10,028v: D.E.)
11246. **Home pequeno e can rabelo son os dous levados do demo.** (ms5,029)
11247. **Home pequeno e can rabelo, desconfía del como do demo.** ³⁹⁸⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
11248. **Home pequeno e can rabelo, desconfiar del como do demo.** ³⁹⁸⁶ (mc: Sober)
11249. **Home pequeno e can rabelo, escapa deles coma do demo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
11250. **Home pequeno ten fol de veneno.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)
11251. **Home pequeno tente na viña que, anque non caves, fas cuadrilla.** (mc: A.S.A.)
11252. **Home pequeno, fol de veneno.** (mc: Terra de Melide / ms: Lameiro / ms11,46: C. de Fonsagrada / ms21,04r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Homem pequeno, fole de veneno.* (Chaves) (es) *Hombre chico, venenico.* (R. Marín) / *Hombre pequeño, frasquito de veneno.* (Id.) / *Hombre pequeño, todo es veneno.* (Id.)
De acordo con la canción popular: *Todos os homes pequenos / son feitos de mala masa / todas as horas do día / son agoiros nunha casa.*
11253. **Home pesqueiro non fai o palleiro.** (mc e ms11,46: Fonsagrada-F.V.S.)
11254. **Home pobre, vida alegre.** (ms21,12r: Bermés)

³⁹⁸⁵ ms-LU: *d'il coma du demo.*

³⁹⁸⁶ ms: *d'il, d'u demo.* (Existen dúas fichas deste mesmo refrán. Só nunha delas aparece a versión con *d'u*.)

11255. **Home portuxés, muller asturiana e aire santiagués, veña o demo e leve os tres.** (mc)
11256. **Home precavido, oler o tabaco e o viño.** (mc: Bucínos)
11257. **Home preguiceiro, na festa é afanoso.** ³⁹⁸⁷ (ms10,028v)
11258. **Home preguiceiro, na festa é rebuldeiro.** (ms10,028v: D.E.)
11259. **Home prevenido non é vencido.** (ms21,10r: Bermés)
11260. **Home prevenido val por dous.** (mc: Sarria)
Var.: *Home prevenido val por outros dous.* (C.A. A Nosa Terra)
(pt) *Homem prevenido vale por dois.* (Chaves) / *Homem prevenido a custo é vencido.* (Id.) / *O prevenido procede seguro.* (Id.) (es) *Hombre apercibido, vale por dos.* (Sbarbi) (ct) *Hòme prevengut, val per dos.* (Alberola)
11261. **Home prevenido, nunca vencido.** (mc: Camba)
(pt) *Homem prevenido a custo é vencido.* (Chaves) (es) *Hombre prevenido nunca fué vencido.* (Sbarbi) (ct) *Hòme prevegut, may es vençut.* (Alberola)
11262. **Home que canta, muller que asubía, ghalíña que canta como o capón, na miña casa non.** ³⁹⁸⁸ (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)
11263. **Home que dá en vida o que ten, ou é parvo ou tolo ou non anda ben.** (ms10,028v: D.E.)
11264. **Home que empresta sin interés, nunca rico é.** (ms10,028v: D.E.)
11265. **Home que fai moitas gracias tamén fai moitas faltas.** (ms10,028v: D.E.)
11266. **Home que fía, muller qu'asubía e pita que canta com'o capón, na miña casa non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
11267. **Home que fía, muller que asubía e galiña que canta como o galo, arrenegar deles como do diablo.** ³⁹⁸⁹ (mc: J.A.P.)

³⁹⁸⁷ En ms10 s.v. *Hombre.*

³⁹⁸⁸ *Home que canta muller que asubía jaliña que canta como o capón xa miña casa nón.*

³⁹⁸⁹ ms4: *Home que pia [...] e muller que canta como o galo [...] coma...*

11268. **Home que fía, muller que asubía e pita que canta como o galo, desconfía deles, que bos non son.** ³⁹⁹⁰ (mc: Paradela)
11269. **Home que fía, muller que asubía e pita que canta como o galo, na miña casa non fagan callo.** ³⁹⁹¹ (mc / ms4: F.V.S.)
11270. **Home que fía, muller que asubía e pita que cante coma un galo, na miña casa non faga callo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
11271. **Home que madruga, Dios o axuda.** (ms10,028v: D.E.)
11272. **Home que moito parola, non sempre ten boa obra.** (ms10,028v: D.E.)
11273. **Home que non ten cabeza, non precisa bonete nin monteira.** (ms10,028v: D.E.)
11274. **Home que non ten muller, todo lle sale ó revés.** ³⁹⁹² (mc: Santiago)
11275. **Home que non razona, que o demo o coma.** (ms15,34r: Lugo)
11276. **Home que traballa polo que non merece, co traballo non adoece.** (ms10,028v: D.E.)
11277. **Home que fía, muller que asubía e galiña que canta com'o capón, na miña casa non.** ³⁹⁹³ (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
11278. **Home rallante, home repugnante.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11279. **Home reñidor, cabalo corredor, odre de bon viño, nunca dura moito.** ³⁹⁹⁴ (mc: A.S.A. / ms21,09r: Bermés)
Var.: *O home reñidor, cabalo corredor e odre de bon viño, nunca duran moito.* (A.I.) ³⁹⁹⁵
(pt) *Cavalo rifador e odre de bom vinho, pouco se logram.* (Chaves) (es) *Hombre rifador y caballo corredor, cuero de buen vino y bestia de andadura, nunca mucho dura.* (Correas)
11280. **Home rezongón pide moito caldo e pouco ligón.** (ms10,028v: D.E.)
11281. **Home roxo e can rabelo, desconfía del como do demo.** ³⁹⁹⁶ (mc: Velle / ms4)
(pt) *Homem ruivo e mulher barbuda, de longe os saída.* (Chaves) (es) *Hombre rojo, ten con él mucho ojo.* (R. Marín) / *Hombre rojo y el demuiño, todo es uno.* (Id.) (ct) *Home roig, no't faça goig.* (Alberola) / *Hòme ròig, no't faça gòig.* (Alberola) / *Hòme ròig y gos pelut, primer mòrt que conegut.* (Alberola)
11282. **Home roxo e can rabelo, renego dil coma do demo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
11283. **Home ruadeiro, nin boa meda nin bo palleiro.** ³⁹⁹⁷ (mc: M.V.)
11284. **Home seco, e non de fame, librate que non te agarre.** ³⁹⁹⁸ (mc: A.N. / ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
11285. **Home sin barba non val nada.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Hombre lampiño, siempre es niño.* (R. Marín)
11286. **Home sin barba, muller con barba, home tiple e muller tenor, libranos Señor.** (mc)
11287. **Home sin cabeza non val pra testigo.** (ms10,028v: D.E.)
11288. **Home sin muller, home non é.** ³⁹⁹⁹ (mc: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
11289. **Home sin peito é coma casa sin teito.** (ms10,028v: D.E.)
11290. **Home tenor, home d'humor.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballedo, LU)
11291. **Home torto e can rabelo, pra fodelo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
11292. **Home troiteiro e perdigoteiro, nin pan na hucha nin palla no palleiro.** (mc)
11293. **Home troiteiro, nin gra nin palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)
11294. **Home troiteiro, nin meda nin palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11295. **Home troi[t]eiro e muller costureira, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)
11296. **Home valente e bola de roño pouco duran.** (mc: G.P.)

³⁹⁹⁰ ms4: *com'o capón.*

³⁹⁹¹ ms4: *e muller, pita que cante.*

³⁹⁹² ms: *sal.*

³⁹⁹³ *Home cue fía, muller que asubía e galiña que canta com'o campón, na miña casa non.*

³⁹⁹⁴ ms4: *dura muito.*

³⁹⁹⁵ ms4: *duran muito.*

³⁹⁹⁶ ms: *dil.*

³⁹⁹⁷ mc: *non bon palleiro*; ms4: *nin bon palleiro.*

³⁹⁹⁸ ms-LU: *t'agarre.*

³⁹⁹⁹ ms6, 02v: *sen muller.*

11297. **Home valente e bota de viño pouco duran.** (mc: Carballedo / ms15,01: E. Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)
(es) *Hombre valiente no muere de viejo.* (R. Marín)
11298. **Home valente e viño bon pouco duran.** ⁴⁰⁰⁰ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(ct) *Hòme valent y bota de ví, pronte donen fi.* (Alberola)
11299. **Home van, palla sin gran.** ⁴⁰⁰¹ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Hombre vano tiene lengua y no tiene manos.* (R. Marín)
11300. **Home vermello e muller barbuda, de lonxe os saudá.** (ms10,028r: *D.E.*)
11301. **Home vivo pide o seu.** (ms10,028v: *D.E.*)
11302. **Home xeniudo, pequeno e burro.** (ms-SA: José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)
11303. **Home xornaleiro, nin boa meda nin bon palleiro.** ⁴⁰⁰² (mc / ms4: F.V.S.)
11304. **Home apasionado non quer ser aconsellado.** (ms10,028r: *D.E.*)
11305. **Home apasionado non toma consello.** (ms10,028r: *D.E.*)
11306. **Home cobarde non vale pra frade.** (mc: Santiago)
11307. **Homes bos e picheles de viño amainan o ruído.** (ms10,028v: *D.E.*)
11308. **Lágrima de home, canto dá, canto come.** ⁴⁰⁰³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11309. **Máis vale un home ca sete mulleres.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)
11310. **Moito falar e pouco saber, moito gastar e pouco ter, moito presumir e pouco valer, logo botan o home a perder.** (ms10,029r: *D.E.*)
11311. **Mozo rezador, vello aunador e frade cortés, arrenegar dos tres.** ⁴⁰⁰⁴ (ms: A.C. *A Nosa Terra* / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
11312. **Nada escapa ós homes senón o viño que beben as mulleres.** (mc: Buciños)
11313. **Non hai home cordo posto dacabalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
11314. **Non hai home pra home.** (ms10,029r: *D.E.*)
11315. **Non hai home quedo a cabalo.** (ms6,03v: *D.E.* Dispersos)
11316. **Non son as polainas, son as pernas do home.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)
11317. **Non son homes tódolos que se chegan ás paredes.** (ms15,16)
11318. **Non son homes todos os que mexan contra a parede.** (ms10,029r: *D.E.*)
11319. **Non todo home de pelo no peito ten que ser home de feito e dereito.** (ms10,029r: *D.E.*)
11320. **Nunca un home faga mal.** (mc: Buciños)
11321. **O boi donde paze i-o home onde nace.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
11322. **O boi pola corda e o home pola palabra.** (mc: M.V. / ms21,27v: Bermés / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
(es) *El hombre por el verbo, y el toro por el cuerno.* (R. Marín) / *El hombre por la palabra y el buey por el cuerno o por la palabra.* (Id.)
11323. **O burro é o único animal que tropeza dúas veces na mesma pedra.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
11324. **O home aforrador non é o millor.** (mc)
11325. **O home cando vai vello fai como o can de palleiro.** (mc: Santiago)
11326. **O home con guedellas e a muller sin elas.** (ms10,029r: *D.E.*)
11327. **O home chulo, nunca forzado.** (ms: Santiago)
11328. **O home de barbas rubias ha de ser bon cando os carballos dean uvas.** ⁴⁰⁰⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
11329. **O home de ben non deshonra a ninguén.** ⁴⁰⁰⁶ (mc: M.V. / ms10,029r: *D.E.*)
11330. **O home de máis saber, unha muller bótao a perder.** (ms10,029r: *D.E.*)
11331. **O home de moita parola é de pouca obra.** (ms10,029r: *D.E.*)
11332. **O home de palla non val pra nada.** ⁴⁰⁰⁷ (mc: Santiago)
11333. **O home de toxo, polo pescozo.** (mc: Santiago)

⁴⁰⁰⁰ ms-LU: *pouco dura.*

⁴⁰⁰¹ ms4: *sen gran.*

⁴⁰⁰² ms4: *bo palleiro.*

⁴⁰⁰³ O orixinal di *La grima de home canto da canto come.*

⁴⁰⁰⁴ ms4: *ayunador.*

⁴⁰⁰⁵ ms4: *ha ser bon.*

⁴⁰⁰⁶ En ms10 s.v. *Hombre.*

⁴⁰⁰⁷ ms: *pa.*

11334. **O home debe ulir a pólvora, tabaco i-augardente.** ⁴⁰⁰⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
11335. **O home desgraciado é por todos despreciado.** (ms: Santiago)
11336. **O home destemido ten medo de noite polos camiños.** (ms10,029r: D.E.)
11337. **O home discreto a nadie di o seu secreto.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *El hombre discreto a nadie dice su secreto.* (R. Marín)
11338. **O home é lume e a muller estopa; chega o demo e sopra.** ⁴⁰⁰⁹ (mc: S. Victorio de Ribas de Miño / ms10,015v: D.E.)
(pt) *O homem é fogo, a mulher estopa, vem o diabo e sopra.* (Chaves) / *Estopas ao pé do fogo, não estão seguras.* (Id.) / *O lume ao pé da estopa, vem o diabo e sopra.* (Id.)
(es) *El hombre es fuego; la mujer, estopa; llega el diablo y sopla.* (Sbarbi)
11339. **O home é lume, a muller estopa, vén u demo e sopra.** (ms-SA: Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C)
11340. **O home é o animal que tropeza dúas veces na mesma pedra.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
11341. **O home e o oso, canto máis feo, máis hermoso.** ⁴⁰¹⁰ (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
11342. **O home é o único animal que tropeza dúas veces na mesma pedra.** ⁴⁰¹¹ (mc: Bucínos)
11343. **O home enamorado nunca casa por sobrado.** (mc)
(es) *Hombre enamorado, nunca casa con sobrado.* (Correas)
Semejante, dice Bergua a *Quien casa por amores, ha de vivir con dolores.* Lo dice, porque guiándole la pasión, no suele escoger lo que más le conviene.
11344. **O home fiel, telo polo cordel.** (ms4: G.S. y A.mc: J.P.)
Var.: *Home fiel, todo polo cordel.* (mc: J.P.) ⁴⁰¹²
11345. **O home gaiteiriño, a muller custureira, nin boa meda nin palleiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
11346. **O home gana a facenda e a muller conservaa.** (ms10,029r: D.E.)
11347. **O home i-o can é según o afán.** ⁴⁰¹³ (mc / ms4: F.V.S.)
11348. **O home i-o can van donde lle dan.** ⁴⁰¹⁴ (mc: Corme)
11349. **O home i-o can van onde lle dan.** ⁴⁰¹⁵ (ms21,14r: Bermés)
11350. **Ó home lacazán, o caldo no pote e o legón na man.** (ms10,029r: D.E.)
11351. **O home mal falado no leito se eslomba.** (ms10,029r: D.E.)
11352. **O home mancebo gana, inda perdendo.** (ms10,029r: D.E.)
11353. **O home mantido estira o frío.** (ms10,029r: D.E.)
11354. **Ó home mesquiño abóndalle un fouciño.** (ms10,029r: D.E.)
11355. **O home mesquiño non colle forzas con pan nin con viño.** (ms10,029r: D.E.)
11356. **O home mira por razones e a muller por impresións.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
11357. **O home moi picador non é bo mantidor.** (ms5,033)
El que castiga demasiado a los animales es porque no gasta en alimentarlos.
11358. **O home mui luneiro non enche o palleiro.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
11359. **O home mullereiro consigo acaba e co seu diñeiro.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
11360. **O home na praza e a muller na casa.** ⁴⁰¹⁶ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / ms10,029r: D.E.)
11361. **O home no seu quere parecer e non sabe a quen ha ser.** (ms10,029r: D.E.)
11362. **O home ós corenta, ou vive ou reventa.** (ms10,029r: D.E.)
11363. **Ó home ousado, a fortuna vénselle á mao.** (ms10,029r: D.E.)

⁴⁰⁰⁸ O orixinal di *O home debe ulir a pólvora, tabaco y-augardente.*

⁴⁰⁰⁹ V. *Entre o lume e a estopa vén o demo e sopra en Ocasión.* En ms10 s.v. *Estopa.*

⁴⁰¹⁰ ms-LU: y'o oso.

⁴⁰¹¹ ms: *O home é o animal....*

⁴⁰¹² Non atopamos este refrán na colección de Jacinto del Prado. Pode ser un erro de transcripción de Vázquez Saco.

⁴⁰¹³ V. *O neno i-o can, a según o afán en Niñez.*

⁴⁰¹⁴ Vid. *¿Pra onde vai o can? Pra onde lle dan pan en Agrícolas (Animales).*

⁴⁰¹⁵ *O home y'o can van onde lle dan.*

⁴⁰¹⁶ ms-SA: *plaza.* En ms10 s.v. *Hombre.*

11364. **O home peludo é home forzudo e barudo.** (ms10,029r: D.E.)
11365. **O home pensa e a muller dá que pensar.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
11366. **O home pensa e Dios dispensa.** (ms10,029r: D.E.)
11367. **O home pequeno, fol de veneno.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
11368. **Ó home pillabán, teno sempre da túa man.** (ms10,029r: D.E.)
11369. **O home pola palabra i-o boi pola corda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU)
11370. **O home pola palabra i-o boi polos cornos.** ⁴⁰¹⁷ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11371. **O home pon e Dios dispón.** (ms10,029r: D.E.)
11372. **O home precavido, oler [sic] tabaco e o viño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11373. **O home prevenido nunca é vencido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11374. **O home prevenido vale por dous.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
11375. **O home probe, todo son mañas; ás veces boas e ás veces malas.** (ms10,029r: D.E.)
11376. **O home propón e dispón.** ⁴⁰¹⁸ (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms10,008v: D.E.)
11377. **O home propón, Dios dispón, e a muller todo descompón.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
11378. **O home propón, Dios dispón, a pita pon i-a muller descompón.** ⁴⁰¹⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *El hombre pone, Dios dispone y la mujer lo descompone.* (R. Marín)
11379. **O home que anda polo mundo, dorme onde cadra e come onde pode.** (ms10,029r: D.E.)
11380. **O home que comenza a hinchar, se é vello, é pra morrer; se é mozo, é pra sanar.** (ms10,029r: D.E.)
11381. **O home que faga un cento, a muller que non-a toque o vento.** (ms10,029v: D.E.)
11382. **O home que hincha, si é mozo, sana; si é vello, na cova rincha.** (ms10,029v: D.E.)
11383. **O home que non come, nunca é bon home.** (mc: Santiago)
11384. **O home que sabe fumar, bota o fume despois de falar.** (mc: Santiago)
11385. **O home que ten muller, ten o que quer.** (ms21,14v: Bermés)
11386. **O home querqueno todo é veneno.** ⁴⁰²⁰ (ms10,104r: D.E.)
11387. **O home rico coa fama casa o fillo.** (ms10,029v: D.E.)
11388. **Ó home sin barba, nin medo se lle ten nin respeto se lle garda.** (mc: Santiago)
11389. **O home sin muller come donde quer.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
11390. **O home todo o compón e a muller todo descompón.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
11391. **O home valente é home prudente.** (ms10,029v: D.E.)
11392. **Ó home ventureiro nácelle a filla primeiro.** (ms10,029v: D.E.)
11393. **O home mui luneiro, nin boa hucha nin bo palleiro.** (ms5,033)
11394. **O home se equivoca; a muller é a equivocación do home.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
11395. **O home, cando é rapaz, é rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** (mc: *Sandías*)
11396. **O home, cando vai vello, fai como o can do palleiro.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
11397. **O home, de neno é rei e de mozo capitán, de casado pasa a burro, e de vello pasa a can.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU)
11398. **O home, de poucas palabras; e esas, sabias.** (ms10,029r: D.E.)
11399. **O home, de siso e máis de pico.** (ms10,029r: D.E.)
11400. **O home, donde nace, i-o boi, donde pace.** ⁴⁰²¹ (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

⁴⁰¹⁷ *O home po la palabra, yo boy po los cornos.*

⁴⁰¹⁸ En ms10 s.v. *Dios*.

⁴⁰¹⁹ ms e ms4: *e a muller. / V. O home propón e Dios dispón en Dios (Poder de Dios).*

⁴⁰²⁰ Sen tema no orixinal.

⁴⁰²¹ ms21,20v: *onde nace, e o boi onde pace*; ms-SA: *e boi donde*.

- (es) *El hombre, donde nace; y la mujer, donde va.* (R. Marín)
11401. **O home, na leira; e a muller, na lareira.** (ms10,029r: D.E.)
11402. **O home, onde non sabe, husma.** (mc: A.S.A.)
11403. **O home, pola palabra; e o boi, pola corna.** ⁴⁰²² (mc: S. Victorio de R. de Miño / ms10,029r: D.E.)
(es) *Al buey por el cuerno* (o por el asta) y *al hombre por la palabra.* (Sbarbi)
Como: *O boi pola corda...* Enseña que el hombre queda tan atado por la palabra que da, como el buey uncido por el cuerno para tirar.
11404. **O home, que ha de ser home, ha de ter as pernas tortas, a barriga nas illargas e unha xoroba nas costas.** (mc)
11405. **O máis grande enemigo do home foi sempre o home.** (ms10,029v: D.E.)
11406. **O que fai un home, outro o pode facer.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
11407. **O que moito come non é bo home.** (ms: Santiago)
11408. **O que nas gitanas se fía, non é home de cría.** (ms: Santiago)
11409. **O que non cheira a viño ou a tabaco, non se lle pode chamar home.** (mc: Puente Arcediago)
11410. **O que non é home na terra, non é home na guerra.** ⁴⁰²³ (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,29v: Bermés)
11411. **O que non ten bigote, n'o afeita; e o que o ten, sempre o anda rascando.** (ms: Santiago)
11412. **O que non ten sentido, home perdido.** (mc: Santiago)
11413. **O que ten home, ten nome.** (mc: A.N. / ms4: N.V. 2ª serie)
Tener hombre es contar con la protección del poderoso.
11414. **Ó solteirón pásalle como á galiña: que morre nas maus da criada ou da zorra.** (ms5,141: Montecalvo, Lugo)
11415. **Onde o home tose, fame foxe.** (mc: M.L.)
11416. **Os bois, polos cornos, e os homes, polas palabras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11417. **Os homes mentireiros têm os dentes rareiros.** (mc: Santiago)
11418. **Os homes non se miden pola estatura senón pola gordura.** (mc: Santiago)
11419. **Os homes xusgan millor as cousas alleas que as súas mesmas.** (ms10,029v: D.E.)
11420. **Outros milleiros de homes que en todos países se crían, nacen e morren como os anos que se vivan.** (ms: Santiago)
11421. **Polas obras, e non polo vestido, o home é conocido.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Pelas obras não pelo vestido é o homem conhecido.* (Chaves) / *O habito não faz o monge, mas fá-lo parecer de longe.*
(es) *Por las obras, no por el vestido, es el hipócrita conocido.* (Correas)
El castellano lo refiere particularmente al hipócrita.
11422. **Pra ser bon mozo hai que ter vara e media de pescozo.** (ms / ms4: F.V.S.)
11423. **Que o home se poida ver, como nos cristás da fonte, nos ollos da súa muller.** (mc: M.V.)
Tiene todas las trazas de una tríada, por cierto, bien hermosa.
11424. **Santa María de Cambre, todos os homes pequenos teñen a barriga grande.** (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)
11425. **Se tes home, non te mates; se non tes home, non te mates.** ⁴⁰²⁴ (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
Compendio de todo un tratado de filosofía popular.
11426. **Se ves un home que lle falta un botón da camisa, é solteiro; pero si lle faltan dous, é casado.** (ms15,44)
11427. **Sol madrugador e vello ruador, na miña casa non quero nin o mellor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
11428. **Sol madrugador, fraile rezador e caballero mui cortés, desconfía dos tres.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11429. **Sol madrugador, home rezador e frade cortés, desconfiar dos tres.** ⁴⁰²⁵ (ms: F.V.S.)

⁴⁰²² En ms10 s.v. *Hombre*.

⁴⁰²³ ms21,29v: *n'e home*; ms-LU: *n-e home*.

⁴⁰²⁴ ms4: *e se non tes home*.

⁴⁰²⁵ V. *Sol madrugadeiro, cura callejeiro; nin o cura é bo nin o sol é duradeiro* en *Agrícolas (Generales)*.

11430. **Sol madrugador, home rezador e fraile cortés, desconfía dos tres.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
11431. **Sol madrugador, mozo rezador e vello cortés lev'o demo-os tres.** (ms) *Cortés* (galante).
11432. **Tantas lle din ó home, que mal corazón lle poñen.** (mc: Buciños) (es) *Tantas le dicen al hombre, que mal corazón le ponen.* (R. Marín)
11433. **Tendo lingua e que comer vai o home a onde quer.** (ms10,029v: D.E.)
11434. **Todo o fan os homes e todo o paga o diñeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)
11435. **Todos os homes pequenos son feitos de mala masa: a todas as horas do día son aghoiros na casa.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
11436. **Un home con pereza é un reló sin cuerda.** (mc: Santiago)
11437. **Un home é un home anque a muller lle pegue.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
11438. **Un home é un home i-on peso gástase.** ⁴⁰²⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
11439. **Un home é un home, inda que lle pegue a muller.** (mc: Fonsagrada) (pt) *Um homem é um homem e um gato é um bicho.* (Chaves)
11440. **Un home é un home.** ⁴⁰²⁷ (ms6,03v, ms10,048r: D.E.) Dispersos.
11441. **Un home i-unha capa todo tapa.** ⁴⁰²⁸ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) El hombre para la casa y la capa para el hombre. (mc) / El hombre para casa, y la capa para el hombre. (ms-LU)
11442. **Un home non é unha ovella.** (mc: Buciños) (pt) *Um homem é um homem e um gato é um bicho.* (Chaves)
11443. **Un home proveniente vale por dous.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
11444. **Un home valente é un teniente.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
11445. **Unto no pote e no home bigote.** (ms15,14)
11446. **Val quen ten, as campanas de Toén.** ⁴⁰²⁹ (ms: A.I.) (pt) *Vale quem tem.* (Chaves) (ct) *Val qui té; qui no té no val res.* (Alberola)
11447. **Vale máis home pequeno e agudo que grande e burro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11448. **Vale máis un burro vivo que un home morto.** ⁴⁰³⁰ (mc: Santiago)
11449. **Viño bon e home valente pouco duran.** (ms: Tuiriz) (pt) *Valentes e vinho bom, duram pouco.* (Chaves) (ct) *Hòme valent y bota de ví, pronte donen fi.* (Alberola)
11450. **Xa-comín era gaiteiro.** (ms: Buciños)

HONRA

11451. **A honra canto máis crece máis fame mete.** (ms10,029v: D.E.)
11452. **A honra da muller moito coidadiño quer.** (ms10,029v: D.E.)
11453. **Á honra da muller non se lle debe chncar tan xiquer.** (ms10,029v: D.E.)
11454. **A honra e a muller son coma o vidro pra se romper.** (ms10,029v: D.E.)
11455. **A honra é de quen a dá.** (ms10,029v: D.E.)
11456. **A honra e o cristal logo se poden crebar.** (ms10,029v: D.E.)
11457. **A honra e o vidro non queren máis que un golpiño.** (ms10,029v: D.E.)
11458. **A honra está en quen a gana.** (ms10,029v: D.E.)
11459. **A honra está no que a dá.** (ms10,029v: D.E.)
11460. **A honra logo se escacha.** (ms10,029v: D.E.)
11461. **A honra non ten máis que un camiño moi estreitiño.** (ms10,029v: D.E.)
11462. **A honra val máis tela que merecela.** (ms10,029v: D.E.)
11463. **A que é honrada sin combate, non se gabe; a que non cai sendo atentada, esa si que é honrada.** (ms10,030r: D.E.)
11464. **Co que te has de honrar non-o teñas detrás do lar.** (ms10,029v: D.E.)
11465. **Do que te ha de honrar precura non abusar.** (ms10,029v: D.E.)

⁴⁰²⁶ V. *Un día é un día i-on peso gastouse* en *Miscelánea*.

⁴⁰²⁷ En ms10 s.v. *Miscelánea*.

⁴⁰²⁸ ms e ms-LU: *y-onha*.

⁴⁰²⁹ Contén a indicación *Hombre* no ms. V.

Onomatopeyas.

⁴⁰³⁰ V. *Máis vale burro vivo que sabio morto* en *Necedad*.

11466. **Do que te has de honrar non te has de aproveitar.** (ms10,029v: *D.E.*)
11467. **Honra é dos amos a que se fai ós criados.** (ms10,029v: *D.E.*)
11468. **Honra e proveito non caben baixo de un teito.** (ms10,029v: *D.E.*)
11469. **Honra e vicio non andan xuntos.** (ms10,029v: *D.E.*)
11470. **Honra o bo pra que te honre, e o malo pra que te non deshonre.** (ms10,029v: *D.E.*)
11471. **Honra os grandes e non te mofes dos pequenos.** (ms10,029v: *D.E.*)
11472. **Honra sin proveito, anelo no dedo.** (ms10,029v: *D.E.*)
11473. **Non é honradez probada a que non é atentada.** (ms10,029v: *D.E.*)
11474. **Quen ós seus se parece, honra merece.** (ms10,029v: *D.E.*)

HORA

11475. **A hora mala é pra quen a esquece, que ela estaba deitada.** (ms10,030r: *D.E.*)
11476. **A hora mala, pra quen mal me quer e ben me fala.** (ms10,030r: *D.E.*)
11477. **A hora sea boa e o mercado espeso.** (ms10,030r: *D.E.*)
11478. **A toda hora hai quen se ri e quen chora.** (ms10,030r: *D.E.*)
11479. **Antes da hora, moi contento e ledos; e chegada a hora, moito medo.** (ms10,030r: *D.E.*)
11480. **Casarás en mala hora e terás pan e cebola.** (ms10,030r: *D.E.*)
11481. **Cásenme noramala, que máis vale algo que nada.** (ms10,030r: *D.E.*)
11482. **Dunha hora a outra hora, ou morre un ou millora.** (ms10,030r: *D.E.*)
11483. **Unha hora millora outra.** (ms10,030r: *D.E.*)

HORCA

11484. **A forca, pra seu dono.** (ms10,23r: *D.E.*)

HORMIGA

11485. **A formiga tamén quer a súa compañía.** (ms10,23r: *D.E.*)
11486. **Cada formiga ten a súa irra.** (ms10,23r: *D.E.*)
11487. **Cando a formiga se quer perder, aas novas lle queren nacer.** (ms10,23r: *D.E.*)
11488. **Dá Dios aas á formiga pra que morra máis axiña.** (ms10,23r: *D.E.*)

HORMIGUERO

11489. **Asenteime nun formigueiro, douche ó diaño o asentadeiro.** (ms10,23r: *D.E.*)
11490. **Senteime enriba de un formigueiro, e nunca tiven tan mal asentadeiro.** (ms10,23r: *D.E.*)

HOZ

11491. **A fouce, na leira ou no monte.** (ms10,23v: *D.E.*)
11492. **A fouce, no prado; e o boi, no arado.** (ms10,23v: *D.E.*)
11493. **Onde vai a fouce, vaia o mango.** (ms10,23v: *D.E.*)

HUCHA

11494. **Coa hucha valeira non se fai feira.** (ms10,030v: *D.E.*)

HUERTA. V. tamén *Coles, Manzana, Nabiña, Nabos, Naranja, Nogal, Nueces, Sandía, Tomate, Verdura.*

11495. **Este ir e vir á horta traime morta.** (ms10,030r: *D.E.*)
11496. **Horta de pasatempo quer tempo.** (ms10,030r: *D.E.*)
11497. **Horta e torta, moza e poldra e muller que mira mal, quérense saber tratar.** (ms10,030r: *D.E.*)
11498. **Horta sin auga, casa sin tellado e muller sin amor, non se sabe que é pior.** (ms10,030r: *D.E.*)
11499. **Nace na horta o que non sementa o hortelán.** (ms10,030r: *D.E.*)
11500. **Parvo é quen entra na horta e non come froita.** (ms10,030r: *D.E.*)

HUESO

11501. **O óso i-a carne dóense do seu sangue.** (ms10,073r: *D.E.*)
11502. **O que envía un óso tén confianza no seu pescozo.** (ms10,073r: *D.E.*)
11503. **Óso que tocou en parte, hai que roelo con arte.** (ms10,073r: *D.E.*)
11504. **Quen che dá un óso non te quer ver morto.** (ms10,073r: *D.E.*)

HUÉSPED

11505. **A hóspede bo, prato grande.** (ms10,030r: *D.E.*)
11506. **Hóspede con bonitura faille mal á balsa.** (ms10,030r: *D.E.*)

11507. **Hóspede que chega con sol, colle o millor.** (ms10,030r: D.E.)
 11508. **Hóspede que se convida, ffacile é de contentar.** (ms10,030r: D.E.)
 11509. **Hóspede tardeiro non vén valeiro.** (ms10,030r: D.E.)
 11510. **Moito gasta o hóspede que vén pero máis gasta o que o mantén.** (ms10,030r: D.E.)

HUEVOS

11511. **Doume Dios un ovo e deumo grolo.** (ms10,074r: D.E.)
 11512. **Dun ovo sai unha galiña.** (ms10,074r: D.E.)
 11513. **O primeiro ovo saliume grolo.** (ms10,074r: D.E.)
 11514. **Ovos soilos, comida por todo.** (ms10,074r: D.E.)
 11515. **Se queres ter ovos, mantén a galiña.** (ms10,075r: D.E.)
 11516. **Toma un ovo e éñchete.** (ms10,075r: D.E.)
 11517. **Toma un ovo e fártate.** (ms10,075r: D.E.)
 11518. **Un ovo quer sal, e fogo, e unha culler, e todo; e non é máis que un ovo.** (ms10,075r: D.E.)

APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

11519. **Máis quero agora ovos que mañán polos.** (ms10,074r: D.E.)
 11520. **Millor son hoxe ovos que mañán galiña.** (ms10,074r: D.E.)

HUIR

11521. **Fuxe á multítú e terás quietú.** (ms10,24r: D.E.)
 11522. **Fuxe da ociosidá se queres repousar.** (ms10,24r: D.E.)
 11523. **Fuxe da quietú e non fuxas da virtú.** (ms10,24r: D.E.)
 11524. **Fuxín da chama e caín na brasa.** (ms10,24v: D.E.)
 11525. **Fuxir e correr todo é o mesmo.** (ms10,24v: D.E.)
 11526. **Máis vale decir "aquí fuxeu" que "aquí morreu".** (ms10,24v: D.E.)
 11527. **Non foxe do traballo, foxe do descanso.** (ms10,24v: D.E.)
 11528. **Quen máis foxe, máis corre.** (ms10,24v: D.E.)

HUMO

11529. **Fume e malas caras sacan á xente da casa.** (ms10,24r: D.E.)
 11530. **Máis val fume da miña chaminea que fume da allea.** (ms10,24r: D.E.)
 11531. **Non é nada, que do fume chora.** (ms10,24r: D.E.)
 11532. **O fume descobre onde está o lume.** (ms10,24r: D.E.)
 11533. **O fume vaise ó fumeiro i-alí faise o preguiceiro.** (ms10,24r: D.E.)
 11534. **O fume, a goteira e a muller brava botan o home fóra da súa casa.** (ms10,24r: D.E.)
 11535. **O fume, a pingueira i-a muller paroleira botan ó home da casa, queira ou non queira.** (ms10,24r: D.E.)

HURTO. V. tamén *Ladrón, Robo, Sablazo*.

11536. **Á que coce i-amasa non lle furtas a fogaza.** (ms10,24r: D.E.)
 11537. **Non hai millor bocado que o furtado.** (ms10,24r: D.E.)
 11538. **O atopado non é furtado.** (ms10,24r: D.E.)
 11539. **O que non furtan os ladrós acábase nos rincós.** (ms10,24r: D.E.)

HUSO

11540. **Do fuso hase de esperar, que da roca non hai moito de fiar.** (ms10,24r: D.E.)
 11541. **Ó mal fuso crebarlle a roca polo mal uso.** (ms10,24r: D.E.)

IGLESIA. V. tamén *Religiosos y morales*.

11542. **Á igrexa hase de ir de voluntá; á guerra, de necesidá e, ó convite, nin de necesidá nin de voluntá.** (ms10,030v: D.E.)
 11543. **A uso de igrexa catedral, tal serán os fillos cal foron os pais.** (ms10,030v: D.E.)
 11544. **Ben vella é a igrexa e moitos van a vela pra recrearse nela.** (ms10,030v: D.E.)
 11545. **Como quer que sea, máis preto está a taberna que a igrexa.** (ms10,030v: D.E.)

IGNORANCIA

11546. **Non hai nada tan estrevido como a iñorancia.** ⁴⁰³¹ (ms10,066r: D.E.)

⁴⁰³¹ En ms10 s.v. *Nada* coa indicación *Ignorancia*.

IJADA

11547. **Se queres ter sana a illarga, non cargues moita carga.** (ms10,031r: D.E.)

IMPRUDENCIA. V. tamén *Prudencia*.

11548. **Comprar sin poder, vender sin querer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
11549. **Comprar sin ter é vender sin querer.** (ms14,17)
11550. **O que merca sin ter, vende sin querer.** (ms: F.B.B. / ms4: M.L.)
Var.: *Compro sin ter, vendo sin querer.* (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)
(pt) *Quen compra o que não pode, vende o que não deve (ou quer).* (Chaves) / *Quen compra sem poder, vende sem querer.* (Id.)
(es) *Quien compra sin poder, vende sin querer.* (R. Marín) (ct) *Qui compra més del que pòt, després ho ha de vendre tot.* (Alberola)
11551. **Quen deixa os seus negocios polos ajenos, non ten xuicio.** ⁴⁰³² (ms: Buciños)
11552. **Tira un a pedra e non sabe ond'irá dar.** ⁴⁰³³ (ms e ms3: M.V.)

INCONSTANCIA

11553. **O mundo dá moitas voltas.** ⁴⁰³⁴ (ms10,048r: D.E.)

INDECISIÓN

11554. **Se te como, non te deixo, e se te deixo, non te como.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Indecisión.

INDEPENDENCIA

11555. **A vida dos vagabundos é unha vida real: de mozos polas tabernas e de vellos no hospital.** ⁴⁰³⁵ (ms21,30r: Bermés)
11556. **A vida dos vagamundos é unha vida real: de mozos polas tabernas, de vellos no hospital.** (ms: M.V.)

⁴⁰³² Contén a indicación *Imprudencia*.

⁴⁰³³ Contén a indicación *Imprudencia*. V. *Tira un a pedra e non sabe onde vai dar* en *Piedra*.

⁴⁰³⁴ En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Inconstancia*.

⁴⁰³⁵ O orixinal di: *A vida dos vagabundos e unha vida real; de mozos pol'as tabernas e de vellos no hospital*.

11557. **Anque che son Xan Palomo, sólo como como como.** ⁴⁰³⁶ (mc e ms16)

(es) *Juan Palomo, yo me lo guiso, yo me lo como.* (Sbarbi)
Los que no consienten para nada la ayuda ajena.

11558. **Cada cual cos do seu igual.** (mc)
Var.: *Cada cual pra seu igual.* (F.V.S.) / *Cada cal con seu igual.* (J.A.P.)

(pt) *Cada qual folgue com seu igual.* (Chaves) / *Cada qual com seu igual e cada ovelha com sua parelha.* (Id.) (es) *Cada cual quiere a su igual, la burra quiere al borrico, y por eso se uñen mal, un buey grande y otro chico.* (Correas) (ct) *Cada qual ab son igual.* (Alberola)

11559. **Cada un ben sabe con qué liñas cose.** (mc)
(pt) *Cada um sabe as linhas com que se cose.* (Chaves)

11560. **Cada un ben sabe ónde lle manca o zapato.** (mc: Tuiriz)
Var.: Véase *Cada un sabe onde o zoco lle magoa.*

(pt) *Cada um sabe onde o sapato lhe aperta.* (Chaves) (es) *Cada uno sabe dónde le aprieta el zapato.* (R. Marín)

11561. **Cada un busca o pan do seu mastigo.** (mc: A.S.A.)

11562. **Cada un dá do que ten.** (mc: Carballedo-F.V.S.)

11563. **Cada un do seu cu fai un pandeiro.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

11564. **Cada un do seu fai o que lle dá a gana.** (mc: C.A.)
(es) *Cada uno hace de su capa un sayo.* (R. Marín) (ct) *Cadscú fa lo que vòl de lo seu.* (Alberola)

11565. **Cada un do seu fai un pandeiro.** ⁴⁰³⁷ (ms-LU: Luís Alonso Alonso / ms10,081r: D.E.)

11566. **Cada un fai como sabe ou como pode.** (mc: C.A.)
(pt) *Cada um faz no que sabe.* (es) *Cada uno hace lo que puede.* (R. Marín) (ct) *Cada ú fa lo que sab.* (Alberola)

11567. **Cada un fai da súa capa un manto.** (mc: Tuiriz)
(es) *Cada uno hace de su capa un sayo.* (R. Marín)

11568. **Cada un fai da súa capa un saio.** ⁴⁰³⁸ (mc)

⁴⁰³⁶ ms: *solo*; ms16: *sum Xan Palomo*.

⁴⁰³⁷ En ms10 s.v. *Pandero*.

⁴⁰³⁸ O orixinal di: *Cada un fai da sua capa un sayo*.

- (es) *Cada uno hace de su capa un sayo.* (R. Marín)
11569. **Cada un fai da súa saia un manto.** ⁴⁰³⁹ (mc: Tuiriz)
(es) *Cada uno hace -o puede hacer- de su capa un sayo.* (R. Marín)
11570. **Cada un pa si val catro.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)
11571. **Cada un pensa de si o que eu penso de min e o que ti pensas de ti.** (ms10,121r: D.E.)
11572. **Cada un polo seu non é goloso.** (mc: Buciños)
11573. **Cada un pra si vale por dous.** (mc: M.V. / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
11574. **Cada un pra si, vale un sento.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
11575. **Cada un raña onde lle proi.** (ms21,17v: Bermés)
11576. **Cada un rasca pola súa conta.** (ms5,133: Mondoñedo)
11577. **Cada un sabe donde ll'apreta o zapato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11578. **Cada un sabe onde lle proi.** (ms)
11579. **Cada un sabe onde o zoco lle magoa.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cada um sabe onde o sapato lhe aperta.* (Chaves) (es) *Cada uno sabe dónde le aprieta el zapato.* (R. Marín) (ct) *Cada ú sab aon li apreta la sabata.* (Alberola)
11580. **Cada un se entende no seu xeito e saca proveito.** ⁴⁰⁴⁰ (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,23r)
(pt) *Cada qual sabe para seu proveito.* (Chaves)
11581. **Cada un se entende ó seu modo e os gatos maian solos.** ⁴⁰⁴¹ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
11582. **Cada un se raña onde sinta picazón.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cada um coça onde lhe come.* (Chaves)
(es) *Cada uno se rasca donde le come.* (Correas) (ct) *Cada ú es rasca allí aon li pica.* (Alberola)
11583. **Cada un se rasca onde lle proi.** (mc: M.V.)
- (pt) *Cada um coça onde lhe come.* (Chaves)
(es) *Cada uno se rasca donde le come.* (Correas) (ct) *Cada ú es rasca allí aon li pica.* (Alberola)
11584. **Cada un sente o seu e ningún o alleo.** (mc)
(pt) *Cada um sente o seu e ninguém o alheio.* (Chaves) (es) *Cada uno siente su pérdida.* (R. Marín) (ct) *Cada ú sent lo seu mal.* (Alberola)
11585. **Cada un sinte as súas.** (mc: Buciños)
(pt) *Cada um sente o seu e ninguém o alheio.* (Chaves) (es) *Cada uno siente su pérdida.* (R. Marín) (va) *Cada ú sent lo seu mal.* (Alberola)
11586. **Cada un tira do seu pra que lle medre.** (mc: Tuiriz)
(pt) *Cada um estima o seu.* (Chaves)
11587. **Cada un tira polo seu pra que lle medre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11588. **Cada un tira sempre pra si.** ⁴⁰⁴² (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cada qual sabe para seu proveito.* (Chaves)
11589. **Cada un tira tras do que lle tira.** ⁴⁰⁴³ (mc: M.L. / ms10,130r: D.E.)
11590. **Cada un trata do que mata.** (mc / ms21,14v: Bermés)
(es) *Cada uno trata de lo que mata.* (R. Marín)
11591. **Cada un vai por donde camiña.** (mc: Palas-F.V.S.)
11592. **Cando caias, se non te erguen, procura erguerte.** ⁴⁰⁴⁴ (mc: C.A. *A. N. Terra*)
Var.: *Cando cayas, se non te botan a mau, erte de teu.*
11593. **Debaixo do meu manto o rei mato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11594. **O que pode ser libre, non se cautive.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
11595. **Onde queira que vaias, fai o que queiras.** ⁴⁰⁴⁵ (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
11596. **Quen pode ser libre, non se cautive.** (ms5,133: Mondoñedo)
11597. **Teñan os meus e non me manteñan.** (ms9,11r: O. de Rey)

⁴⁰³⁹ O orixinal di: *Cada un fai da sua saya un manto.*

⁴⁰⁴⁰ ms4 e ms18,23r: *ao seu xeito, porveito.*

⁴⁰⁴¹ O orixinal di: *Cada un se entende ó seu modo, e os gatos mayan solos.* / ms6,02v: *a seu modo, maian.*

⁴⁰⁴² mc: *pre.*

⁴⁰⁴³ En ms10 s.v. *Tirar.*

⁴⁰⁴⁴ O orixinal di: *Cando cayas, se non te erguen, procura erguerte.*

⁴⁰⁴⁵ O orixinal di: *Onde queiras que vayas fai o que queiras.*

11598. **Un animal non quer outro.** ⁴⁰⁴⁶ (ms: Bucíños)

INDICIOS

11599. **Onde hai xuncos, hai auga.** ⁴⁰⁴⁷ (ms5,133: Santiago)

INFERIR

11600. **Polo fio vén o ovillo.** ⁴⁰⁴⁸ (ms5,133: Santiago)

INFIERNO. V. tamén *Religiosos y morales*.

11601. **De boas intencións está o inferno cheo.** (ms10,031r: *D.E.*)
 11602. **Está o inferno cheo de mal agradecidos.** (ms10,031r: *D.E.*)
 11603. **O inferno está cheo de bos desexos e o ceo de boas obras.** (ms10,031r: *D.E.*)
 11604. **O inferno está cheo de bos desexos.** (ms10,031r: *D.E.*)

INGRATITUD

11605. **A ingrátitú seca a fonte da piedá.** (ms10,031r: *D.E.*)

INJERTO. V. tamén *Agrícolas, Poda*.

11606. **Marzo a chegar, tempo de inxertar.** ⁴⁰⁴⁹ (ms5,133: Santiago)
 11607. **O enxerto hai que facelo a tempo.** (ms10,013r: *D.E.*)

INTENCIÓN

11608. **Dunha mala intenzón, librenos El Señor.** (ms10,031r: *D.E.*)

INTERÉS

11609. **Cand'o intrés é tanto, deix'o amor en branco.** ⁴⁰⁵⁰ (ms: Bucíños / ms-LU: Paco de Seoane: Bucíños, Carballedo, LU)

INVIERNO. V. tamén *Agrícolas (Meses), Estaciones*.

11610. **Cando en inverno vires tronar, vende os bois e bótalo en pan.** (ms10,031r: *D.E.*)
 11611. **Entre Santos e Navidá é inverno de verdá.** (ms10,031r: *D.E.*)

⁴⁰⁴⁶ Contén a indicación *Independencia*.

⁴⁰⁴⁷ Indica *Indicios*. V. *Propensión*.

⁴⁰⁴⁸ Indica *Inferir*. V. *Causas y efectos*.

⁴⁰⁴⁹ Indica *Inxertar*. V. *Agrícolas (Generales)* e *Agrícolas (Meses. Marzo)*.

⁴⁰⁵⁰ Contén a indicación *Interés*.

11612. **O gando no inverno ha de estar ben comesto.** (ms10,031r: *D.E.*)

11613. **O gando no inverno quer estar ben mantido.** (ms10,031r: *D.E.*)

11614. **Polo san Vicente perde o inverno un dente.** ⁴⁰⁵¹ (ms10,116r: *D.E.*)
 San Vicente (22 enero).

IRA

11615. **Da ira do señor e da tirria dos pobos, Dios nos libre a todos.** (ms10,031v: *D.E.*)
 11616. **Eu te castigaría se non estivese cheo de ira.** (ms10,031v: *D.E.*)
 11617. **Ira de irmaus, ira de marraus.** (ms10,031v: *D.E.*)
 11618. **Ira de namorados, amores dobrados.** (ms10,031v: *D.E.*)
 11619. **Prá ira de Deus non hai casa forte.** (ms10,031v: *D.E.*)
 11620. **Vivirás boa vida, se contés a túa ira.** ⁴⁰⁵² (ms10,143v: *D.E.*)

JUEGO DE LA BRISCA. V. tamén *Lacras y vicios sociales, Tresillo*.

11621. **Aproveitador de tantos, perdedor de biriscas.** ⁴⁰⁵³ (mc: Bucíños)
 11622. **Sete, unha brisca gallega.** ⁴⁰⁵⁴ (ms5,058)
 Var.: *Sete, unha brisca da aldea*. (Silvarrey)

JURÍDICOS Y SIMILARES. V. tamén *Abogados, Contratos, Convenios, Defensa, Deudas, Diaño, Escribanos, Leyes, Mal gobierno, Mandar, Negación, Pleitos, Pobreza (Pobreza e Ingenio), Poder, Prisión, Pruebas, Vida comercial y contratos*.

11623. **A bondá destroi a autoridá.** (mc: M.V.)
 Var.: *A moita bondá acaba ca autoridá*. (Santiago) / *A moita bondá destroi a autoridá*. ⁴⁰⁵⁵ (mc: R. Marín / ms21,20v: Bermés / ms-SA: Amador Darriba Míguez) / *A moita bondá creba a autoridá*. (F.B.B.)
 (es) *Bondad merma autoridad*. (R. Marín) / *Sé bueno; pero no tanto que se pierda el respeto*. (R. Marín)
 11624. **A cada un o seu e a Dios o de todos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

⁴⁰⁵¹ En ms10 s.v. *San Vicente* coa indicación *Invierno*.

⁴⁰⁵² En ms10 s.v. *Vivir* coa indicación *Ira*.

⁴⁰⁵³ En mc atópase dentro do tema *Lacras y vicios sociales*.

⁴⁰⁵⁴ Indica *Juego de la brisca*.

⁴⁰⁵⁵ A. Darriba Míguez: *destrue a autoridad*.

11625. **A cada un o seu, a Dios o de todos.** (mc: La Coruña)
(ct) *A cadascú dona lo seu y tot a Deu.* (Alberola)
11626. **A cada un o seu.** (mc: Sarria)
(pt) *A cada um aquilo que é seu.* (Chaves)
(es) *A cada uno lo suyo.*
Norma y definición de la justicia conmutativa.
11627. **A castaña no souto, por un lado e por outro e, cando está no camiño, afuracarle cun guízo.** (mc: Buciños)
11628. **A castaña posta no camiño é do veciño.** (ms18,16r)
11629. **A castaña que está no camiño é do veciño.** (mc: F.B.B. / ms21,21r: Bermés / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
11630. **A concencia anda ca comenencia.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
11631. **A concencia vaiche na comenencia.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
11632. **A concencia vaiche prá comenencia.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
11633. **Á consulta, o que con mentira vai, con mentira volve.** (ms9,12v: Silvarrey)
11634. **Á conta dos nosos traballos mantemos nosos estados.** (mc: Otero de Rey)
11635. **Á conta dos porfiados viven nosos estados.** (mc: Tuiriz, Monforte)
Lo dicen los hombres de la Curia.
11636. **A culpa nunca ten cara.** (ms8,43r: O. de Rey)
11637. **Á curta ou á larga todas se pagan.** (ms10,032v: D.E.)
11638. **A falta de homes bos calquer é alcalde.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
11639. **A falta de homes bos, meu maridiño é alcalde.** (mc: C.A.)
(pt) *Por falta de homens fizeram meu pai juiz.* (Chaves) (es) *A falta de hombres buenos, hicieron a mi padre alcalde; o sois alcalde, padre.* (Correas) (ct) *A falta de bõns... mon pare era Alcalde.* (Alberola)
11640. **Á forza aforcan.** ⁴⁰⁵⁶ (mc: Buciños / ms10,048r: D.E.)
(es) *A la fuerza, ahorcan.* (Sbarbi)
11641. **Á forza vaise á forca.** ⁴⁰⁵⁷ (ms10,049v: Silvarrey)
11642. **A frebe do aire, moito á xusticia lle vale.** (mc: F.B.B.)
11643. **A froita que cai no camiño é do veciño.** (ms15,52v)
11644. **A lei do emperador é a do vencedor.** (mc: C.A.)
11645. **A médico, confesor e letrado non-os teñas enganados.** ⁴⁰⁵⁸ (mc)
(pt) *Ao médico, ao letrado e ao abade, falar verdade.* (Chaves) (es) *Al médico, confesor y letrado, no le traigas engañado.* (Castillo)
11646. **A merda non ten crella.** (mc: M.L.)
11647. **A merda non ten querella.** (mc: F.B.B.)
11648. **A moita xente é boa pró rei.** (mc: Buciños)
11649. **A ninguén temas si andas dereito.** (mc: C.A.)
11650. **A política é boa pra quen vive dela.** ⁴⁰⁵⁹ (mc: Buciños)
11651. **Á porta cerrada o demo se volve.** (mc: J.P.)
(pt) *Porta fechada, saúde da alma.* (Chaves) (es) *A puerta cerrada, el diablo vuelve la espalda.* (R. Marín) (ct) *A pòrta trancá, el dimòni s'en torna.* (Alberola)
11652. **Á porta cerrada o diablo se volve.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)
11653. **A quen quites o sombreiro, nunca lle prestes diñeiro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
11654. **A rabia, cando é moita, fai calquera cousa.** (mc: Santiago)
11655. **A razón non quer forza.** ⁴⁰⁶⁰ (mc e ms4: M.V. / ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,106r: D.E.)
(es) *La razón no quiere fuerza, ni la fuerza quiere razón.* (Correas) (ct) *La raó no vòl fôrça.* (Alberola)
11656. **A rei morto, rei posto ou reino revolto.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
11657. **A rei morto, reino revolto.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *A rey muerto, reino revuelto.* (Correas)
11658. **A roupa sucia lávase na casa.** (mc: Buciños)
(es) *La ropa sucia se lava en casa.* (R. Marín)

⁴⁰⁵⁶ En ms10 s.v. *Miscelánea*.

⁴⁰⁵⁷ ms15,24r: *horca*.

⁴⁰⁵⁸ O orixinal di: *A médico, confesor e letrado, non-os teñas enganado.*

⁴⁰⁵⁹ ms: *pr'o que*.

⁴⁰⁶⁰ ms4 (C.A.): *quere forza*. / En ms10 s.v. *Razón*.

11659. **A xusticia é pior que o pedrazo: este deixa o chao i-a pedra, i-aquela todo leva.** (ms5,137: Aguada)
11660. **A xusticia, pra vencela, obedecela.** (mc: Buciños)
No todos emplean el verbo vencer, pero tal es el sentido.
11661. **Abogado dormilón nada ten no caixón.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
Var.: *Abogado que toma o sol, non ten cartos no queixón.* (Chantada)
11662. **Abogado novo, xusticia polas silveiras.** (mc: F.B.B. / ms: La Coruña / ms4: M.V.)
(es) *Abogadito nuevo, perdido el pleito.* (Correas) / *Abogado nuevo, pleito perdido.* (Id.)
11663. **Adeministrador que adeministra e enfermo que se enxuaga, algo traga.** (mc: C.A.)
(es) *Administrador, trasegador.* (R. Marín) / *Administrador que administra y enfermo que se enjuaga, algo tragan.* (Castillo) / *Administrar y no comer de lo administrado, caso es que nunca se ha dado.* (R. Marín)
11664. **Afianzarás e pagarás.** (mc: Buciños)
11665. **Alá van leises donde queren reises.** (mc: C.A.)
(pt) *Lá vao leis onde querem os reis.* (Chaves) (es) *Allá van leyes, do quieren reyes.* (Correas)
11666. **Alcalde novo, todo é xusticia.** (mc: F.L.)
Var.: *Alcalde novo, todas son leises.* (ms4: F.L.)
(ct) *Alcalde nou, presó plena.* (Alberola)
11667. **Anda dereito, se ques ter proveito.** (mc: C.A.)
(pt) *Anda direito se queres respeito.* (Chaves)
11668. **Ándaslle buscando os pés ó gato e vaslle encontrar catro.** (mc: Tuiriz)
(es) *Andar buscando tres pies al gato.* (Sbarbi)
11669. **Anque non teño uñas, meto cuñas.** (mc: M.L.)
11670. **Ao bon pagador non lle doen costas.** (mc: C.A.)
(pt) *Ao bom pagador, não dói o penhor.* (Chaves) (es) *Al buen pagador no le duelen prendas.* (R. Marín) (ct) *Al bòn pagaor, no li dòlen prendas.* (Alberola)
11671. **Ao feito, peito.**⁴⁰⁶¹ (mc: C.A. / ms10,019r: D.E.)
- (es) *A lo hecho, pecho.*
11672. **Ao fritir será o rir; ao cambiar será o chorar.** (mc: C.A.)
(es) *Al freír es el reír, y al pagar será el llorar.* (R. Marín)
11673. **Ao que llas fagas, llas pagas.** (mc: C.A.)
11674. **Ao que lle importe o muíño teña conta do rodicio.** (mc: F.B.B.)
11675. **Aos papeis e as mulleres hai que mirarlles a cara e o cu.** (mc: F.B.B.)
(es) *El papel y la mujer, hasta el culo se le ha de ver.* (Sbarbi)
Ha de leerse siempre el primero, para no comprometerse, firmando o aceptando lo que no se quiere.
11676. **Aqueles que queiras castigar, non-os maltrates de palabra.** (mc: Camba)
11677. **Aquí non peço, que meu pai é o alcalde.** (mc: C.A.)
(es) *El que tiene el padre alcalde, seguro va a juicio.* (Sbarbi)
11678. **Arredor do río púxenme a chorar mis penas e a auga me respondeu: "Non as fagas, non as temas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11679. **As castañas do camiño son do veciño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
11680. **As comadres din sempre as verdades.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
11681. **As contas de Xan non son como as fan.** (mc: F.B.B.)
11682. **As contas arregladas son medio pagadas.** (mc: C.A.)
11683. **As cousas de palacio van despacio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Galdo, Viveiro, LU)
11684. **As cousas de palacio vense despacio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
11685. **As extremas, dereitas; de marco a marco non hai arco.** (mc: Buciños)
11686. **As medias son boas prás pernas.** (mc: Carballedo)
Como el anterior.
11687. **As medias son boas prós pés.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms11,12)
(es) *Las medias, para las piernas.* (Correas) / *Medias, las de las piernas.* (R. Marín) / *Medias, ni en las piernas.* (Id.)
Rechaza los tratos a medias, que siempre traen malos resultados. (mc) / Rechaza los tratos a medias, como tener caseros o trabajadores del campo, con la condición de repartir la mitad de la cosecha. (ms11) /

⁴⁰⁶¹ ms10: *Ó feito.* En ms10 s.v. *Hecho.*

- Dice que los negocios que tienen más de un amo son enojosos de sustentar. Juega con la palabra *medias*. (ms11)
11688. **As trampas andan nas feiras.** (mc: Bucínos)
11689. **As trampas de san Xoán, por donde veñen, van.** (mc: Parga-F.V.S.)
11690. **As trampiñas de san Xuan logo se verán.** (ms: G.P.)
11691. **Asáñanse as comadres porque lle din as verdades.** ⁴⁰⁶² (mc, ms4 e ms18,70v: A.S.A.)
(pt) *Ralham as comadres, descobrem-se as verdades.* (Chaves) (es) *Riñen las comadres, y descúbreanse las poridades.* (Correas) / *Riñen las comadres, y dícense las verdades.* (Id.)
11692. **Así as fagas, así as teñas.** (ms10,042r: Silvarrey)
11693. **Atrás anda quen o manda.** ⁴⁰⁶³ (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Atrás viene quien las endereza.* (R. Marín)
11694. **Atrás dun rei xudío vén un cristiano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
11695. **Abogado dormilón, nada seu no caixón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11696. **Azados relucientes, escaleiras dos xuzgados e auntamentos cheas de musgo, o médico a pé i-o panadeiro a cabalo, maneira de andar o inverno gobernado** ⁴⁰⁶⁴ (mc: Bucínos-F.V.S.)
11697. **Azados relucientes, escaleiras dos xuzgados e aun[ta]mientos cheos de musgo, o médeco a pé i-o panadeiro a cabalo; maneira d'andar o universo ben gobernado.** ⁴⁰⁶⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
11698. **Ben parece o lindeiro entre eu e o meu compañeiro.** (ms10,033r: D.E.)
11699. **Ben rei é o que o rei non ve.** ⁴⁰⁶⁶ (mc: F.B.B.)
11700. **Bens heredados non son comprados.** ⁴⁰⁶⁷ (mc: F.B.B.)
11701. **Boas son miñas veciñas pero me faltan tres galiñas.** ⁴⁰⁶⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11702. **Bon abogado, veciño malo.** (mc: Agro)
(pt) *Bom advogado, mau vizinho.* (Chaves)
(es) *Buen abogado, vecino malo.* (Sbarbi) / *Un abogado es mal vecino.* (Correas)
El vecino que se meta con él, como dice Sbarbi, saldrá forzosamente perdiendo.
11703. **Bos e maos mantén a cidade.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Bons e maus mantêm a cidade.* (Chaves) (es) *Buenos y malos, todos son ciudadanos.* (R. Marín)
11704. **¿Boh? O papel terma do que lle poñen.** ⁴⁰⁶⁹ (ms-SA: M. González Fernández)
11705. **Cada un quere levar a auga ó seu muiño e deixa seco o do veciño.** ⁴⁰⁷⁰ (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
(pt) *Cada um quer levar a água ao seu moinho, e deixar em seco o do vizinho.* (Chaves) (es) *Cada uno quiere llevar el agua a su molino, y dejar en seco el del vecino.* (Sbarbi) (ct) *Cadascú vol dur l'aigua al seu molí, més que quede en sec el del veí.* (Alberola)
11706. **Calan barbas onde os papeles falan.** (mc: C.A.)
(pt) *Calem barbas e falem cartas.* (Chaves)
(es) *Callen barbas, y hablen cartas.* (Correas) (ct) *Callen barbes y parlen cartes.* (Alberola)
Es ocioso hablar cuando hay documentos que muestran lo que se quiere probar.
11707. **Cando fores ó Concello, acorda no teu e deixa o alleo.** (mc: A.I.)
Var.: *Cando foses ao Concello, acorda o teu e deixa o alleo.* (F.B.B.)
(pt) *Quando fores a conselho, fala do teu e deixa o alheio.* (Chaves) (es) *Cuando vayas a concejo, deja lo tuyo y mira por lo ajeno.* (R. Marín) / *Cuando fueres a concejo, acuerda en lo tuyo y deja lo ajeno.* (Correas) / *Cuando fuéredes en corte, procurá por vos y no por otrie.* (R. Marín)

⁴⁰⁶² mc: *lles din*; mc e ms4: *Aráñanse* / Vázquez Saco atribúe no castelán a Chaves o que é de Correas, e nós corrixímolos.

⁴⁰⁶³ mc: *quenno manda*.

⁴⁰⁶⁴ ms4: *auntamentos cheos*.

⁴⁰⁶⁵ O orixinal di: *Azados relucientes, escaleiras dos xuzgados e aunnientos cheas de musgo, o médeco a pe y'o panadeiro a cabalo... maneira d'andar o universo ben gobernado*.

⁴⁰⁶⁶ ms4: *o que ao rei*.

⁴⁰⁶⁷ ms4: *Bens herdados*.

⁴⁰⁶⁸ O orixinal di *Boas son mihás veciñas... pero me faltan tres galiñas*.

⁴⁰⁶⁹ O orixinal di *¿Bo? O papel terma do que lle poñen*.

⁴⁰⁷⁰ V. *Cada un tira a auga para o seu muiño, inda deixe seco o do veciño en Egoísmo (Egoísmo inclemente).* / ms4: *muiño*.

11708. **Cando se fai algunha trampa, está o demo e deixa o rabo fóra da porta.** (mc: C.A.)
11709. **Cando sea alcalde o meu marido, nacerá o pan cocido.** (mc: J.P.)
11710. **Castaña no souto, nin miña nin doutro.** (mc: Buciños)
11711. **Coa autoridade i-a inquisición, chitón.** (mc: A.S.A. / ms21,31r: Bermés)
11712. **Coa vara con que midires serás medido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11713. **Compra a quen herdou e non a quen comprou.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Compra a quem herdou, que não sabe o que custou.* (Chaves) (es) *Cómprale al heredero y no al que compró con su dinero.* (R. Marín) / *Compra de quien heredó y no compres de quien compró, que sabe lo que costó.* (Id.)
Porque lo heredado es regalado y lo comprado sudado.
11714. **Con home estudado non dispuledes e con probe non preitedes.** ⁴⁰⁷¹ (mc: F.B.B.)
11715. **Con tolos e porfiados sostemos nostros estados.** (mc: Buciños)
Var.: *Con locos e porfiados sostemos nosos estados.* (Dicen los curiales) (ms4)
Dicen los oficiales de la Justicia.
11716. **Conséllate con quen seipa e acertarás.** ⁴⁰⁷² (mc: F.B.B.)
11717. **Consellos a abogados, peitear a carecas e catar pulgas a cas, son traballos vas.** ⁴⁰⁷³ (mc: F.B.B.)
11718. **Conta feita é media paga.** (ms)
11719. **Contas feitas non corren prisa.** (mc: Monforte)
11720. **Contas feitas son medias pagas.** (mc: M.V. / ms21,06v: Bermés)
Var.: *Contas feitas, medias pagas.* (Lugo-F.V.S.)
11721. **Contas ó día levadas son medias pagas.** ⁴⁰⁷⁴ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Contas ó día levadas, nunca son equivocadas.* (J.P.)
- (es) *Cuenta ajustada es media pagada.* (R. Marín)
11722. **Contra da forza non hai resistencia.** (mc: C.A.)
(pt) *Contra a força, não há resistência.* (Chaves) (ct) *Contra la força no hi ha resistència.* (Alberola)
11723. **Correi, mañas e zancas, que neste mundo non hai máis que trampas.** (mc)
11724. **Correi, miñas chancas, que neste mundo non hai máis que trampas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11725. **Cu'autoridá e coa inquisición, chitón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11726. **Cucharín, cucharetas, donde non te chamen, non te metas.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)
11727. **¿Chamáchesme a partir? Chamáchesme a reñir.** (ms-SA: M. González Fernández)
11728. **¿Chámame a partir? Chámame a reñir.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11729. **Chámasme a partir, chámasme a reñir.** (mc: F.B.B. / ms15,01: Carré Aldao)
11730. **Chorar con testigos e cumprir con amigos.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
11731. **Dá o seu a seu dono.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
11732. **Das ovelas contadas come o lobo e anda gordo.** ⁴⁰⁷⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11733. **De boca a boca vai un home á forza.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
11734. **De ferreiro a ferreiro non corre diñeiro.** (mc: F.B.B.)
11735. **De ladra a ladra non hai distancia.** (mc: C.A.)
11736. **De marco a marco non fai arco.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
11737. **De marco a marco non hai arco sen muro, rego ou valado.** (mc: F.B.B.)
11738. **De marco a marco non hai arco.** ⁴⁰⁷⁶ (mc: Buciños / ms3: M.V. / ms21,19v: Bermés)
Var.: *De marco a marco non hay rego torto.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

⁴⁰⁷¹ ms4: non preiteedes.

⁴⁰⁷² V. *Conséllate con quen sepa e, se ques acertar, acertas en Consejo oportuno y consejo tardío.*

⁴⁰⁷³ ms4: *Consellos e abogados*; ms15,11: *traballos van.*

⁴⁰⁷⁴ ms4: *medio pagas.*

⁴⁰⁷⁵ V. *Do contado come o lobo*, tamén en *Jurídicos y similares* e *Das sardiñas contadas come o gato* en *Marítimos (Peces)*. Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas (Animales)*.

⁴⁰⁷⁶ ms3: *n'hai.*

11739. **Debaixo de meu manto o rei mato.** (mc)
(es) *Debajo de mi manto al rey me mato.* (Correas)
11740. **Debaixo dunha boa capa encérrase unha mala abella.** (mc / ms4: F.V.S.)
11741. **Demoucar é benfeitar.** (mc)
El colono tiene derecho a desmochar o podar los árboles del amo, porque la poda no deteriora, antes mejora la propiedad. / Véase. Anuario de los [?] del ateneo ferrolano, pág. 363. (Incio). (ms4) / *Demoucar* tráelo sólo el *Vocabulario castellano-gallego de las Irmandades da Fala*. Carré Alvarellos registra *desmouchar*, por *desmochar*, podar con exceso.
11742. **Discurre máis un famento que cen letrados.** ⁴⁰⁷⁷ (mc: Buciños)
Var.: *Discurre máis un famento que un abogado.* (Carballedo) / *Discurre máis un necesitado que un abogado.* (F.V.S.)
(es) *Máis discurre un hambriento que cien letrados.* (Sbarbi)
11743. **Do bo, boa prenda; e do mau non fies nada.** (mc: F.B.B.)
11744. **Do contado come o lobo.** ⁴⁰⁷⁸ (mc: A.I. / ms3: A.N.V.)
(pt) *Do contado come o lobo.* (Chaves) (es) *De lo contado come el lobo, y anda gordo.* (De las reses lanares). (Jara)
Dícese figuradamente de los que administran caudales ajenos, sobre todo, del erario.
11745. **Do diñeiro prestado ninguén encheu o sobrado.** (mc: F.B.B.)
Var.: *Do diñeiro roubado ninguén encheu o sobrado.*
11746. **Do mal pagador, a paga en cinza.** (mc: F.B.B.)
(es) *Del mal pagador, en piedras.* (R. Marín)
11747. **Do prestado, mal recado.** (mc: Mellid-F.V.S.)
11748. **Do ajeno, nin un pelo.** (mc: Carballedo)
(es) *De lo ajeno, ni aun un pelo.* (R. Marín)
11749. **Dos que van á xusticia, o que gana queda en camisa i-o que perde, sin ela.** (ms5,057: Silvarrey)
11750. **Durme dun trance quen nada debe.** ⁴⁰⁷⁹ (mc: C.A. / ms4)
(es) *Duerme a quien duele, y no duerme quien algo debe.* (Sbarbi)
Sbarbi recolle: *Duerme quien duerme, e non duerme quien algo debe.*
11751. **Duro con duro non fai bon muro.** (mc: A.N.)
(pt) *Duro com duro, não faz bom muro.* (Chaves) (es) *Duro con duro, no hizo jamás buen muro.* (Correas) / *Yo duro y vos duro ¿quién llevará lo maduro?* (Sbarbi) (ct) *Dur ab dur, no pôť fer mur.* (Alberola)
Es difícil conocer el final de una porfía entre dos personas igualmente tercas.
11752. **É millor ser burro que alcalde: alcalde é un hoxe e non é mañá, i-o que é burro, é burro sempre.** (mc: Buciños)
11753. **En campos ben labrados excúsanse abogados.** ⁴⁰⁸⁰ (mc: J.P. / ms4: F.V.S.)
11754. **En canto a castaña está no souto, ou será miña ou doutro.** ⁴⁰⁸¹ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11755. **En canto a castaña está no souto, será pra ti ou pra outro.** ⁴⁰⁸² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11756. **En canto a castaña está no souto, será pra ti ou será pra outro.** (mc: Buciños)
11757. **En canto hai pescozo naide está libre da forca.** (mc: F.B.B.)
11758. **En este tempo todos se volven ghastos e a culpa tena a Xunta d'Abastos.** ⁴⁰⁸³ (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
11759. **En morrendo o arrieiro, sábese de quen é a recua.** ⁴⁰⁸⁴ (mc: F.B.B.)
(es) *Hasta que no muere el arrieiro, no se sabe de quién es la recua.* (Sbarbi)

⁴⁰⁷⁷ V. *Máis inventa un pobre que sete abogados en Pobreza (Pobreza e ingenio).*

⁴⁰⁷⁸ V. tamén *Agrícolas (Animales)*. / V. *Das sardiñas contadas come o gato en Marítimos (Peces)* e *Das ovellas contadas come o lobo e anda gordo en Jurídicos y similares.*

⁴⁰⁷⁹ mc: *que nada debe.*

⁴⁰⁸⁰ ms4: *escusanse.*

⁴⁰⁸¹ V. *Mientras a castaña está no souto, ou será miña ou de outro tamén en Jurídicos y similares.*

⁴⁰⁸² V. *Mientras a castaña está no souto, ou será miña ou de outro tamén en Jurídicos y similares.*

⁴⁰⁸³ O orixinal di: *En este tempo todos se volven jastos e a culpa tena a Xunta da bastos.*

⁴⁰⁸⁴ V. *En de morrendo o arrieiro, sábese de quen é a recua en Oficios.*

11760. **Enfádanse as comadres porque lles contan as verdades.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
11761. **Enfádanse as miñas comadres porque lle dicen as verdades.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11762. **Entender de presos, carceleiros vellos.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
11763. **Entre marco e marco non hai arco.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Incio, LU)
11764. **Entrei salvo de culpa e pena; se pecado tes, pecado che queda.** ⁴⁰⁸⁵ (mc: Buciños)
11765. **Escápate da bulla si non queres ser testigo nin parte.** (mc: Buciños)
(pt) *De arruídos guar-te, não serás testemunha nem parte.* (Chaves)
11766. **Escribe antes de dar e colle antes de escribir.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
11767. **Eu t'áusolvo de culpa e pena: se pecado tes, pecado che queda.** ⁴⁰⁸⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11768. **Fai mal e agarda que cha han de cobrar.** ⁴⁰⁸⁷ (mc: C.A.)
(pt) *Faze o mal, espera outro tal.* (Chaves)
(es) *Haz mal, espera otro tal.* (Correas)
11769. **Fainas Xan e pagaas Pedro.** (mc: Meilán)
(es) *Hácelo Haja, y azotan a Mazote.* (Correas)
11770. **Fanse de noite e descúbrense de día.** (mc: Buciños-F.V.S.)
11771. **Feita a lei, feita a trampa.** (mc: Buciños)
(pt) *Feita a lei, cuidada a malícia.* (Chaves)
(es) *Hecha la ley, hecha la trampa; la malicia, el engaño.* (Correas) (ct) *Feta la lley, feta la trampa.* (Alberola)
11772. **Gusta a traición, i-o traidor, non.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Ainda que a traição agrade o traidor sempre aborrece.* (Chaves) / *Ama El-rei a traição e o traidor não.* (Id.) / *Ama-se a traição, aborrece-se o traidor.* (Id.) (es) *La traición contenta, pero el traidor enfada.* (Sbarbi)
11773. **Hai moitos a cagar ordes e poucos a cumplilas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
11774. **Hai moitos a dar ordes e poucos a cumplilas.** ⁴⁰⁸⁸ (mc: Buciños-F.V.S.)
(es) *Donde todos mandan, nadie obedece.* (Sbarbi)
11775. **Hai que ter razón, saber pedila e haber quen a dea.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
11776. **Herdeiro de crego, libertino cego.** (ms: M.V.)
11777. **Home morto non fala.** (mc: F.B.B. / ms21,04r: Bermés)
11778. **Ladrós e encubridores, igual pena merecen.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms18,65v: Camba)
11779. **Ladrós i-acubilladores igual pena merecen.** (mc: Buciños-F.V.S. / ms12,001)
(pt) *Tanto peca o que segura o saco como o que para dentro mete. / Tão ladrão é o que vai ao nabal como o que fica ao portal. / Tanta pena merece o / consentidor como o ladrão / Tão ladrão é o que vai a vinha como o que fica no portal.* (Id.) / *Tão ladrão é o que vai à vinha como o que fica à espreita.* (Chaves) / *Tão ladrão é o que vai ao nabal como o que fica ao portal.* (Id.) (es) *Si no hubiera encubridores, no habría ladrones.* (Sbarbi)
Acubillador, es encubridor, de *acubillar*, encubrir. *Acubillador* = encubridor, falta en nuestros diccionarios y es común en la tierra en la que hemos recogido el refrán. (ms12,001)
11780. **Máis quero ver a miña vaca morta que a xusticia á porta.** (ms15,43: Lugo)
11781. **Máis son os amenazados que os acuchillados.** (mc: J.P.)
(pt) *Mais são os ameaçados do que os acutilados.* (Chaves) (es) *Más son los amenazados que los acuchillados.* (Sbarbi)
11782. **Mal escapa o que a forca debe.** (mc: F.B.B.)
11783. **Mal escapa quen a forca debe.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
11784. **Mal me queren os compadres porque digo as verdades.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
11785. **Man sobre man, como a muller do escribán.** ⁴⁰⁸⁹ (mc: C.A.)

⁴⁰⁸⁵ V. *Eu t'áusolvo de culpa e pena: se pecado tes, pecado che queda* en *Jurídicos y similares*.

⁴⁰⁸⁶ V. *Entrei salvo de culpa e pena; se pecado tes, pecado che queda* en *Jurídicos y similares*.

⁴⁰⁸⁷ ms4: *cho han de cobrar*.

⁴⁰⁸⁸ ms4: *cagar ordes*.

⁴⁰⁸⁹ ms: *com'a*.

- (es) *Mano sobre mano, como mujer de escribano.* (Sbarbi)
11786. **Manda quen pode.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
11787. **Mandar non quer par.** ⁴⁰⁹⁰ (mc: A.N. / ms10,037r: D.E.)
(pt) *Mandar não quer par.* (Chaves) (es) *El mandar no quiere par.* (Sbarbi)
11788. **Memento mei, Deus, quia ventus est, daca os cartos e toma os papés.** ⁴⁰⁹¹ (mc: M.V.)
Var.: & *Memento mei, Deus, quia ventus est, daca os cartos e toma os papés.*
11789. **Mentres a castaña está no souto, ou será miña ou de outro.** ⁴⁰⁹² (ms-SA: M. González Fernández)
11790. **Millor é ir á cárcel por dásas que ó hospital por levalas.** (mc: Buciños)
11791. **Moitas veces pag'as xusto por pecador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11792. **Moitas veces paga o xusto polo pecador.** (mc: Sarria)
(pt) *Paga o justo pelo pecador.* (Chaves) / *Muitas vezes lazerá o justo pelo pecador.* (Id.) / *Arde o verde pelo seco e paga o justo pelo pecador.* (Id.) (es) *Pagar justos por pecadores.* (ct) *Pagar justs per pecaors.* (Alberola)
11793. **Moitas veces preso, señal de ir á forca.** ⁴⁰⁹³ (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
11794. **Muñóns de herdeiros e bens de menores son os piores.** ⁴⁰⁹⁴ (mc: F.B.B.)
Véase en la sección de Agrícolas, Generales: Bens de menós, bens de ladrós.
11795. **N'as fagas n'as temas.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
11796. **Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos teñen razón.** ⁴⁰⁹⁵ (mc: F.B.B.)
11797. **Nadia as faga con intención de non pagalas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11798. **Nadie as faga, que lonxe ou cedo todas as paga.** (mc: R. Caruncho)
Var.: *Nadia as faga, que tarde ou cedo todas se pagan.* (M.V.)
(pt) *Ninguém as faz que as não pague.* (Chaves) / *Ninguém faz mal que o não pague.* (Id.)
11799. **Nadie as faga, que tarde ou cedo hanse saber.** (mc: Santiago)
11800. **Naide as faga que tarde ou cedo todas se pagan.** (ms21,23r: Bermés)
11801. **Nin a cama dourada alivia o dolor nin o bon cuarto a prisión.** (mc)
11802. **Ninguén vai ó abogado que non veña consolado.** (mc: F.B.B.)
11803. **Non as fagas sin intención de pagalas.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *No las hagas y no las temas.* (Sbarbi)
11804. **Non as fagas, non as temas.** (mc: Monforte / ms: Santiago)
Var.: *Non as fagas, non as temas, qu'eu te librarei delas.*
(es) *No las hagas, no las temas.* (Sbarbi)
11805. **Non as fagas, que as pagas.** (mc: Santiago)
11806. **Non as fai o gato o sábado que non as pague o domingo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11807. **Non asines carta que non leas nin bebas auga que non vexas.** (mc)
(es) *Ni firmes carta que no leas, ni bebas agua que no veas.* (Correas)
11808. **Non bebas auga que non vexas nin firmes carta que non leas.** ⁴⁰⁹⁶ (mc: C.A. A Nosa Terra / ms18,34r)
(pt) *Não bebas coisa que não vejas, nem assines carta que não leias.* (Chaves) (es) *No bebas agua que no veas, ni firmes carta que no leas.* (R. Marín)
Véase *Non asines carta que non leas...*
11809. **Non compres a quen comprou senón a quen herdou.** (ms9,02r: Silvarrey)
11810. **Non é ben sentenciar sin ouvir ó acusado.** (mc: Buciños)
Var.: *Non é ben sentenciar antes d'ouir ó acusado.* (F.V.S.)
(es) *Para sentenciar un pleito, es necesario oír a las dos partes.* (Correas)
11811. **Non firmes cartas que non leas nin bebas auga que non vexas.** (ms-LU:

⁴⁰⁹⁰ En ms10 s.v. *Mandar*.

⁴⁰⁹¹ ms3: *dácame os cartos*; ms4: *dacam'os*.

⁴⁰⁹² V. *En canto a castaña está no souto, será pra ti ou pra outro* e *En canto a castaña está no souto, será pra ti ou será pra outro* en *Jurídicos y similares*

⁴⁰⁹³ ms4: *siñal*; ms-LU: *señal dir*.

⁴⁰⁹⁴ ms3: *d'herdeiros*.

⁴⁰⁹⁵ V. tamén *Casa*.

⁴⁰⁹⁶ ms18,34r: *nin firmes cartas*.

- seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11812. **Non firmes cartas que non leas nin bebas auga que non bebas.** ⁴⁰⁹⁷ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
11813. **Non firmes o que non leas nin bebas o que non vexas.** (ms15,45v: Valle del Mao)
11814. **Non firmes o que non vexas nin bebas agua que non vexas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11815. **Non hai prazo serodio.** ⁴⁰⁹⁸ (mc e ms: F.B.B. / ms10,098r: D.E.)
(es) *No hay plazo lejano.* (R. Marín)
11816. **Non hai prazo que non se cumpla.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballedo, LU)
11817. **Nós por-o alleo e o demo polo noso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11818. **Nós pró alleo i-o demo pró noso.** (mc)
Var.: *Nós polo alleo i-o demo polo noso.*
(pt) *Nos pelo alheio e o diabo pelo nosso.* (Chaves) (es) *Nosotros a lo ajeno y el vecino a lo nuestro.* (R. Marín)
Equivale a *Lo mal ganado se lo lleva el diablo.*
11819. **Nos tratos cos teus amigos, un papel e dous testigos.** ⁴⁰⁹⁹ (mc: Bucínos)
11820. **Novos herdeiros, pan nos comareiros.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
11821. **Novos reis, novas leis.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Novo rei, nova lei.* (Chaves) (es) *Nuevo rey, nueva ley.* (Correas)
11822. **Nunca falta un manquiño para o fouciño.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
11823. **O ben ganado léva'o diablo, e o mal ganado lévao o demo e o amo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11824. **O ben ganado lévao o diablo, i-o mal ganado, el i-o amo.** (mc)
(pt) *O bem ganhado se perde e o mal seu amo e ele.* (Chaves) (es) *Lo bien ganado perece y lo malo ello y su dueño.* (Correas)
Pone de manifesto la facilidad con que suele gastarse la fortuna, y especialmente, las mal adquiridas. (Bergua)
11825. **O bon pagador é dono das bulsas alleas.** (mc: Bucínos)
- (pt) *O bom pagador, da bolsa alheia é senhor.* (Chaves) / *O bom pagador é herdeiro no alheio.* (Id.) (es) *El buen pagador, heredero es de lo ajeno, señor y dueño.* (Correas)
11826. **Ó cabo de cen anos os reies son villanos.** (mc)
(es) *Después de cien años, los reyes son villanos; y, después de ciento diez, los villanos son reis.* (R. Marín)
11827. **O costume fai lei.** (mc: F.B.B.)
(es) *La costumbre hace ley o tiene fuerza de ley.* (Sbarbi)
11828. **Ó cura i-ó xues hai que pagarlles cos pés.** (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
Yendo a su casa.
11829. **O delito arrastra.** (ms8,50v: Silvarrey)
11830. **O fruto xeitoso fai o boi ladrón.** (mc: Otero de Rey)
11831. **O gobernante, ollo por tras e ollo por diante.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
11832. **O home adiñeirado nunca en xuicio é condenado.** (mc: Tuiriz, Monforte)
11833. **O home ladrón ou criminal nunca en paz está.** (mc: Santiago)
11834. **O interés move os pés.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *El interés, mueve los pies.* (R. Marín)
11835. **O máis pagador sempre ten a disculpa a seu favor.** (mc: Santiago)
11836. **Ó médico e ó letrado non lle teñas enghañado.** ⁴¹⁰⁰ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
11837. **O papel i-a muller hastra o cu lles hai que ver.** (mc: F.L.)
(es) *El papel y la mujer, hasta el culo se le ha de ver.* (Sbarbi)
11838. **O papel rexe todo.** ⁴¹⁰¹ (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés / ms10,081r: D.E.)
(es) *Donde se escribió un papel, hay que estar a lo que se dijo en él.* (R. Marín)
11839. **O precurador é como o disprizuador.** (mc)
Se parecen en la naturalidad con que cada uno cumple su destino.
11840. **O qu'apela, repela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11841. **O qu'escapa, ben libra.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

⁴⁰⁹⁷ O orixinal di: *Non firmes cartas e non bey leas nin bebas auga que non bebas.*

⁴⁰⁹⁸ ms: *N'hay.* / En ms10 s.v. *Plazo.*

⁴⁰⁹⁹ V. *Entre amigos, un notario e cen testigos en Desconfianza.*

⁴¹⁰⁰ O orixinal di: *O medico e o letrado non lle teñas enjañado.*

⁴¹⁰¹ En ms10 s.v. *Papel.* V. *Cartas cantan en Documentos.*

11842. **O que afora, bota fóra.** (mc: F.B.B.)
11843. **O que antes nace, antes pace.** (mc: Carballino / ms15,55: Carballado)
Var.: *Quen antes nace, antes pace.* (F.V.S.)
(pt) *Quem antes nasce, antes pasce.* (Sbarbi) (es) *El que antes nace, antes pace.* (Sbarbi) / *Quien primero nace, primero pace.* (R. Marín)
Alude a los mayorazgos que se llevan la mayor parte de la hacienda.
11844. **O que ben anda, ben acaba.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
11845. **O que ben escapa, ben libra.** (ms8,05r: Silvarrey)
Por exemplo cuando a uno le espera una paliza y escapa.
11846. **O que coa curia ha tratar, non seña curto no andar.** (mc: M.L.)
Lo recoge la canción popular: *A aquel que é bo preiteante / háselles de conocer / en te-la boca fechada / franca a balsa e listo o pé.*
11847. **O que compra con diñeiro que non é seu, non diga que compra senón que vendeu.** ⁴¹⁰² (mc: M.V. / ms21,23r: Bermés)
Var.: *O que merca con diñeiro que non é seu, non diga que merca senón que vendeu.* (F.B.B.)
11848. **O que compra con diñeiro que non é seu, non diga que comprou senón que vendeu.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
11849. **O que con mentira vai á xusticia, con mentira volve.** (ms8,32r: Silvarrey)
11850. **O que contas non bota, contas n'atopa.** (mc e ms4: M.V. / ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms21,22r: Bermés)
Var.: *O que contas non bota, contas non saca.* (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
11851. **O que contas non bota, contas non atopa.** (ms11,47: Comarca de Fonsagrada)
11852. **O que dá o que ten, non merece pena.** (mc: Santiago)
11853. **O que dá pan a can alleo perde o pan e perde o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11854. **O que de unha se escapa, cen anos vive.** ⁴¹⁰³ (ms-SA: Manuel Lago López / ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C / ms-LU: José Ballesteros Alonso)
11855. **O que diante nace, diante pace.** (mc: Lugo / ms17,002)
(pt) *Quem antes nasce, antes pasce.* (Chaves)
Véase *O que antes nace, antes pace.*
11856. **O que do seu fai alleo, colla pallas e métaas no seo.** ⁴¹⁰⁴ (mc: Terra de Melide / ms: V.R. y A.R. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
11857. **O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11858. **O que do seu fai alleo, colla unha pedra e métaa no seo.** (mc: Carballado / ms4: F.V.S.)
11859. **O que do seu fai alleo, colla papeles e métaos no seo.** (mc: Santiago)
Véase *O que do seu fai alleo...*
11860. **O que do seu fai alleo, mete as pallas no seo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
11861. **O que do seu fai alleo, mete cagallós no seo.** (ms21,06r: Bermés)
11862. **O que do seu fai alleu, colla as mans e metas no seu.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
11863. **O que dunha se escapa, cen anos vivirá.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
11864. **O que é de lei, á casa lle ha de vir.** (mc: Tuiriz, Monforte)
11865. **O que escapa, ben libra.** (mc: Santiago)
11866. **O que escapa, delito ten.** ⁴¹⁰⁵ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
(es) *Quien huye, delito tiene.* (R. Marín) / *Quien huye del jucicio, confiesa su maleficio.* (R. Marín) / *Quien huye por algo huye.* (Id.) / *Quien huye del juez, delincuente es.* (Id.)
11867. **O que fai a lei, fai a trampa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballado, LU)
11868. **O que fai as feitas, fai as sospeitas.** (ms10,19r: D.E.)
11869. **O que fai fillos en muller allea, perde a feitura.** ⁴¹⁰⁶ (mc: F.B.B. / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *O que fai fillos en muller allea, perde fillos e feitura.* (F.V.S.) ⁴¹⁰⁷

⁴¹⁰² mc: *que n'é seu.*

⁴¹⁰³ ms-SA (Celestino L.): *O que de un se escapa*; ms-LU: *O que de unha escapa.*

⁴¹⁰⁴ ms-LU: *Coll'as pallas*; ms-SA: *do seo fay alleo, metas no seu.*

⁴¹⁰⁵ ms: *Quen escapa*; ms-LU: *qu'escapa.*

⁴¹⁰⁶ ms-SA: *na muller.*

⁴¹⁰⁷ ms4: *n-a muller allea.*

11870. **O que fai o que pode, non merece pena.**⁴¹⁰⁸ (mc: Buciños)
(pt) *Quen faz o que pode, faz o que deve.* (Chaves)
11871. **O que fixo a lei, fixo a trampa.** (ms21,24r: Bermés)
11872. **O que herda os bés, herda os males tamén.** (ms10,049v: Carballino)
11873. **O que lle com'os bés, que lle rez'ós pés.** (ms11,49: Comarca de Fonsagrada)
11874. **O que lle comeu os bés, que lle rece ós pés.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
11875. **O que mal anda, mal acaba.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
11876. **O que manda, sabe.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
11877. **O que manda, manda como quere.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
11878. **O que manda, non roga.** (ms: Buciños / ms21,17v: Bermés)
11879. **O que mata, morto queda.** (mc)
11880. **O que non herda os pés, non herda os bés.**⁴¹⁰⁹ (mc e ms11,11: Buciños)
Hay que participar de la sangre para heredar los bienes de los mayores. Se aplica el refrán en Carballedo, como explicación del derecho que establece el artº 811 del *Código Civil*, que llaman vulgarmente el artículo *reservista*.
11881. **O que non queira danzas, que non se meta nelas.**⁴¹¹⁰ (mc: Buciños)
11882. **O que non queira peras, que non vaia a elas.** (mc: Vivero)
11883. **O que queira vivir seguro, pague ó rei o que é "suio".**⁴¹¹¹ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11884. **O que rouba a un ladrón, ten cen anos de perdón.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
11885. **O que se escusa, acusa.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
11886. **O que se mete a redentor, sai crucificado.**⁴¹¹² (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11887. **O que sementa ventos, recolle tempestades.** (mc: Sarria)
(pt) *Quem semeia ventos colhe tempestades.* (Chaves) (es) *Quien siembra vientos, recoge tempestades.* (R. Marín)
11888. **O que ten a lingua aguda, que teña a costrela dura.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
11889. **O que ten a lingua aguda, ten a costela dura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11890. **O que ten a lingua aguda, ten que ter a costela dura.**⁴¹¹³ (mc)
Var.: *O que ten a lingua aguda, que teña a costela dura.* (ms4: A.N.)
(es) *Quien tiene la lengua dura, necesita tener costilla dura.* (Sbarbi)
Glosado por la siguiente canción popular: *Coa xusticia non hai chanza, / a condenada rabuña: / o que ten a lingua larga / ha ter a costela dura. / Por Dios cala, meu homiño / dixo a muller do tio Pedro: / quen dá moito á martadela / logo lle poñen un freno.*
11891. **O que ten pescozo, non está libre da forza.** (mc: Carballedo)
Var.: Como: *En canto hai pescozo...*
11892. **O que ten testada ó camiño, sírvese polo seu eido.** (mc)
Var.: *O que testa na rúa, sérvese pola súa.* (mc: F.B.B. y G.S. / ms4: G.S.)⁴¹¹⁴
Las fincas rústicas o urbanas que lindan con una calle o camino público, tienen por él su servicio, sin derecho a hacerlo por predios ajenos.
11893. **O que ten lingua, córtaselle.** (mc)
11894. **O que vai ó abogado, nunca vén desconsolado.** (mc: M.V.)
11895. **O que vai ós abogados, non ten que perder: si con mentira vai, con mentira vén.** (ms5,057: Silvarrey)
11896. **O rei, onde n'está, non parece.**⁴¹¹⁵ (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
11897. **O ruín pagador nunca ten diñeiro.** (mc: Sarria-F.V.S.)
11898. **O seu dállo a seu dono.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *A cada um aquilo que é seu.* (Chaves)
(es) *A cada uno lo suyo.*

⁴¹⁰⁸ V. *Voluntad* (Buena voluntad).

⁴¹⁰⁹ ms11: *hereda os pés, hereda os bes.*

⁴¹¹⁰ ms: *n-elas.*

⁴¹¹¹ ms-LU: *pag'o rei o qu'é suio.*

⁴¹¹² ms-SA: *sale.*

⁴¹¹³ V. *Quen ten a léngua aguda, que teña a costela dura en Ofensas.*

⁴¹¹⁴ ms4: *sírvese.*

⁴¹¹⁵ ms-LU: *non está.*

Véase *A cada un, o seu*.

11899. **O seu darllo ao seu dono.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

11900. **Ó xuez pegarlle cos pés.** (mc)
(es) *A jueces galicianos, con los pies en las manos.* (Sbarbi)
Así lo registra Leiras Pulpeiro y, al no haberlo oído nunca de esta manera, aventuramos la hipótesis de que sea errata y una variante del que dice: *O cura i-ó xuez, hai que pagarlles cos pés.*

11901. **Onde falan cartas, calan barbas.** (mc: F.B.B.)

Var.: *Onde letras falan, barbas calan.* (mc: F.L. / ms4: Fonsagrada-F.V.S.)⁴¹¹⁶ / *Onde hay cartas, calan barbas.* (M.V.)

(pt) *Calem barbas e falem cartas.* (Chaves)
(es) *Hablen cartas y callen barbas.* (Sbarbi)
/ *Donde las cartas hablan, las barbas callan.* (R. Marín)
Véase *Calan barbas...*

11902. **Onde non te chaman non te metas.**
⁴¹¹⁷ (mc: F.B.B. / ms: M.V.)

Var.: *A donde non-o chaman, vai o can. / A donde non me chaman, ¿que me querrán? / Cucharin, cucharetas, donde non te chamen non te metas.* (Santiago)

(es) *A donde no te llaman, no vayas.* (R. Marín) / *Donde no te llaman ¿que te quieren? (Id.) / Donde no me llaman para nada me querrán.* (Sbarbi)

11903. **Onde o diñeiro fala, todos calan.**
⁴¹¹⁸ (mc: Bucínos)

(pt) *Onde o ouro fala, a lingua cala.* (Chaves)
(es) *Cuando el dinero habla, todos callan.* (R. Marín) / *Donde don dinero habla, todo el mundo calla.* (Id.)

11904. **Onde vai a auga, que vai'o caldeiro.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

11905. **Onde vai a fouce, vai o mango.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

11906. **Onde vai a fouce, vaia o mango.**
⁴¹¹⁹ (mc: M.V. / ms21,24r: Bermés)

(pt) *Onde vai o carro, vão os bois.* (Chaves)
/ *Onde vai o ferro, vai a ferrugem.* (Id.) (es)
Donde va el caldero, vaya la sogá. (R. Marín) / *Donde va la aguja, va el hilo.* (Id.)

⁴¹¹⁶ ms4: *Donde*.

⁴¹¹⁷ Dentro do sobre *Curiosidad* no manuscrito. / ms4: *te chamen* / V. *Onde non te chaman, nada che queren* en *Entretenimiento*.

⁴¹¹⁸ V. *Cando o diñeiro fala, todos calan* en *Dinero (Poder del dinero)*.

⁴¹¹⁹ ms21,24r: *vaya a fouce vaya o mango*.

Un caso particular de la ley de accesión.

11907. **Onde vai a ola que vaia a tapadeira.**
(mc: Bucínos)

11908. **Onde vires bulla escápate, se non queres ser testigo nin parte.** (mc: M.V. / ms21,21r: Bermés)

Var.: *Onde vexas bulla, escápate, si non queres ser testigo nin parte.* (ms4: F.B.B.)

(pt) *De arruidos guar'-te, não serás testemunha nem parte.* (Chaves) (es) *Donde revuelta hubiere, escabúllete si bien librar quieres.* (R. Marín)

Véase *Escápate da bulla...*

11909. **Onde vires división sólo esperes perdición.**
⁴¹²⁰ (mc: C.A. / ms10,138r: D.E.)

11910. **Os cartos cóllense unha ves e cóntanse tres.**
⁴¹²¹ (mc: F.B.B.)

(es) *El dinero se ha hecho para contarlo.* (Sbarbi)

11911. **Ós meus compadres non lle gusta cando lle din as verdades.** (ms-SA: José Cornes Iglesias: Santiago de Buxán, Val do Dubra, C)

11912. **Pagan xustos por pecadores.** (ms15,52r / ms10,075r: D.E.)

Castigo (ms10)

11913. **Palabra de rei non falta.** (mc: Bucínos)

11914. **¿Parcerías? Coa muller, i-ás veces hai que ver.**
⁴¹²² (mc: M.L.)

11915. **Parécelles mal ós meus compadres porque lles contan as verdades.**
⁴¹²³ (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

11916. **Paso de boi, dente de lobo e, de vez en cando, facer o bobo.** (mc: Bucínos)

Se pone en boca de procuradores y demás adláteres de la Curia.

11917. **Polo que cabe no peito non hai preito.**
⁴¹²⁴ (mc: Santiago)

(es) *Por lo que guardo en mi pecho, nunca tendré pleito.* (R. Marín)

11918. **Polo que garde no peito non hai pleito.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

11919. **Por tras, chámanlle ó rei, cornudo.**
(mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Rei é que rei non ve.* (M.V.)

⁴¹²⁰ mc: *Donde vires*. / En ms10 s.v. *Ver*.

⁴¹²¹ V. tamén *Riqueza y dinero*.

⁴¹²² ms: *c'a*; ms4: *hai que se ver*.

⁴¹²³ O orixinal di *Parécelles mal os meus compadres, porque lles contan has verdades*.

⁴¹²⁴ V. *Polo que gardo no meu peito non teño preito* en *Pleitos*.

11920. **Pra ben estar, o ladrón na forza i-o santo no altar.** (ms10,015r: D.E.)
11921. **Pra entender de presos, carceleiros vellos.** (mc: Carballino / ms21,12v: Bermés)
11922. **Pra entender us presos, carceleiros vellos.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
11923. **Pra lograla hai que porfiala.** (mc: F.B.B.)
(es) *Quien la sigue, la consigue.* (Correas) / *Porfía y lograrás.* (R. Marín)
11924. **Pra o ladrón da casa non hai pechadura.** (mc: F.B.B.)
Var.: *Pró ladrón da casa non hai coutura.* (La Golada-F.V.S.)
(pt) *A ladrão de casa, não há chave.* (Chaves) (es) *Para el ladrón de casa, no hay puerta cerrada.* (R. Marín)
11925. **Preso, nin por un pelo.** (mc: A.S.A.)
11926. **Prestan diñeiro os amigos ante notario e testigos.** ⁴¹²⁵ (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
11927. **Prestar diñeiro ós amigos, ante notario e testigos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11928. **Que gane Pedro, que gane Xan, quen paga todo é o saio de lan.** (mc: S.P.P.-Ulteya)
Aplicase el refrán principalmente a las contiendas políticas, y el *saio de lan* es el pobre labriego, que las paga todas.
11929. **Quen apela, arrepele.** (mc: F.B.B.)
11930. **Quen armou o trelo, que o desarme.** ⁴¹²⁶ (ms10,103r: D.E.)
11931. **Quen as fixo, que as pague.** (mc: F.B.B.)
(pt) *Quem faz mal espere outro tal.* (Chaves) (es) *Quien la hace, la paga.* (R. Marín) (ct) *Qui la faça que la pague.* (Alberola)
11932. **Quen coa curia ha de tratar non seña curto en dar.** (mc: A.N.)
11933. **Quen enredou a meada que a desenrede.** (mc e ms4: A.S.A. / ms4: J.P.)
11934. **Quen fai as feitas, ten que roer as sospeitas.** (ms10,19r: D.E.)
11935. **Quen fai fillos en muller allea perde os fillos mais o feitizo.** (mc: F.B.B.)
11936. **Quen fai o que non debe recibe o que non quere.** (mc: Bucínos)
- (es) *Quien hace lo que no debe, le sucede lo que no cree.* (R. Marín)
11937. **Quen fai o que quere, non fai o que debe.** (mc: Carballedo)
(pt) *Quem faz o que quer, não faz o que deve.* (Chaves) (es) *Quien hace lo que quiere no hace lo que debe.* (Bergua)
Teniendo libertad de obrar, es fácil pasarse de lo justo.
11938. **Quen fixo a lei, fixo a trampa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
11939. **Quen fuxe do seu chan, algunha cousa malicia.** (mc: R. Caruncho)
(es) *Quien huye, algo tiene.* (R. Marín) / *Quien huye, delito tiene.* (Id.)
11940. **Quen lle come os bés, que lle rece ós pés.** (mc e ms4: M.L. / ms4: F.V.S.)
11941. **Quen mal anda, mal acaba.** (mc: Dice. Ac. / ms18,76r: A.S.A.)
(pt) *Quem mal anda, mal acaba.* (es) *Quien mal anda, mal para.* (R. Marín)
Se aplica generalmente en sentido moral, aunque una canción popular, recogida por Ballesteros, lo glosa más bien en sentido recto: *Manoel, ti andas no monte / coa roupíña remendada. / Déixate, Manoel d'andar: / quen mal anda, mal acaba.*
11942. **Quen mal fai, mal espera.** (mc: Bucínos)
(pt) *Quem mal faz por mal espere.* (Chaves) / *Quen faz mal espere outro tal.* (Id.) / *Ninguém faça mal que espere de lhe vir bem.* (Id.) (es) *Quien mal hace, mal espera.* (R. Marín) (ct) *Qui mal fa, mal trobará.* (Alberola)
11943. **Quen manda, manda.** (mc: Bucínos)
(pt) *Quem manda, manda bem.* (Chaves) (es) *Quien manda, manda, y cartuchera en el cañón.* (R. Marín) / *Quien manda, manda y ahí que da el hueso.* (Id.)
11944. **Quen manda, non roga.** (mc: M.V. / ms: Bucínos)
(es) *Quien manda, no ruega.* (Bergua)
El que por oficio manda, nunca debe perder autoridad.
11945. **Quen mellor cos empregados se confesa, maior penitencia leva.** ⁴¹²⁷ (mc: F.B.B. / ms21,23r: Bermés)
11946. **Quen nun ano queira ser rico, ó medio afórcano.** ⁴¹²⁸ (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)

⁴¹²⁵ V. *Entre amigos, un notario e cen testigos en Desconfianza.* / ms4: *amigos... ante notario.*

⁴¹²⁶ Sen tema no orixinal.

⁴¹²⁷ ms21,23r: *millor, empregados.*

⁴¹²⁸ ms4: *quere ser rico.*

- (pt) *Quem quer chegar mui depressa, arrisca-se a ficar manco.* (Chaves) (es) *Quien quiere ser rico en un año, al medio lo ahorcan.* (R. Marín)
11947. **Quen nun ano quere ser rico, ó medio, afórcano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11948. **Quen rouba a un ladrón, gana cen anos de perdón.** ⁴¹²⁹ (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés)
Var.: *Ladrón que rouba a ladrón, ten cen anos de perdón.* (ms5,133)
(pt) *Quem rouba a ladrão, tem cem anos de perdão.* (Chaves) / *É bom ladrão quem ladrão rouba.* (Id.) / *Ladrão que rouba a ladrão, tem cem anos de perdão.* (Id. (es) Quien hurta al ladrón, cien años gana de perdón. (Sbarbi) / *Quien roba a un ladrón, tiene cien años de perdón.* (Id.)
11949. **Quen rouba ó ladrón, ten cen anos de perdón.** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
11950. **Quen vive sin conta, vive sin honra.** (mc: Buciños)
(pt) *Quem vive sem conta, morre sem honra.* (Chaves)
11951. **Quérenme mal meus compadres porque lle digo as verdades.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
11952. **Quérenme mal os compadres porque lle digo as verdades.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
11953. **Rei é o que rei non ve.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
¡Había que servirle durante tres años!
11954. **Rei é quen rei non ve.** (mc: M.V.)
Var.: Como: *Ben rei é...*
11955. **Rei morto, rei posto.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
(pt) *Rei morto, rei posto.* (Chaves) (es) *A rey muerto, rey puesto.* (Sbarbi) / *Rey muerto, rey puesto; empero más vale el vivo que el muerto.* (Correas)
11956. **Reunión de pastores, sinal de ovella morta.** ⁴¹³⁰ (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
(es) *Junta de rabadanes, muerte de oveja.* (Sbarbi) / *Junta de rabadanes, mortandad de ovejas.* (Id.) / *Junta de mayores, burra muerta.* (R. Marín)
11957. **Rifan os ladróns e descúbrense os roubos.** (mc: F.B.B.)
(es) *Riñen los ladrones y se descubren los hurtos.* (Sbarbi) / *Riñen los pastores y se descubren los fueos.* (Sbarbi)
11958. **Rompen os burros e páganos os arrieiros.** ⁴¹³¹ (mc: Buciños)
11959. **Rou, rou, fagámo-lo que o rei mandou.** ⁴¹³² (mc: A.S.A. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.*, 2ªed, 1911)
(pt) *Rou-rou, faça-se o que el-rei mandou.* (Chaves) (es) *Ro, ro, hacerse ha lo que el rey mandó.* (Correas)
11960. **San Miguel pese como queira, a romana ha de da-lo seu.** ⁴¹³³ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
11961. **Se pos o derradeiro no concello, unhos dirán que é blanco i-outros que é negro.** ⁴¹³⁴ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Véase *O que pon o cu en concello...*
11962. **Se queres ano ganado, nunca vaias ó abogado.** ⁴¹³⁵ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
11963. **Se queres saber a verdade, espera que veñan as comadres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Portomarín, Portomarín, LU)
11964. **Se queres vivir en paz, non te metas nas miñas augas.** (mc)
(es) *Si quieres vivir sin pena, cuida de tu casa y deja la ajena.* (R. Marín)
11965. **Se queres vivir tranquilo, deixa en paz ó teu viciño.** ⁴¹³⁶ (mc: Tuiriz, Monforte)
11966. **Señor escribano, usté ben o entende: o que todo o quere, todo o perde.** (mc: Buciños)
(pt) *Quem tudo quer, tudo perde.* (Chaves) / *Quem muito quer, tudo perde.* (Id.) (es) *Quien todo lo quiere todo lo pierde, y no es conocido hasta que es perdido.* (Correas)
11967. **Si queres vivir no teu, págalle ó rei o seu.** (ms: F.V.S.)

⁴¹²⁹ ms: *O que rouba...*

⁴¹³⁰ ms-LU: *señal dovella.*

⁴¹³¹ V. *Xogan os burros e perden os arrieiros en Agrícolas (Animales).*

⁴¹³² O orixinal di: *Rou, rou, fagàmol-o que o rei mandou.*

⁴¹³³ O orixinal di: *San Miguel pese como queira; a romana ha de dal-o seu. / ms4: ha dal'o seu; ms-LU: á dar lo seu.*

⁴¹³⁴ ms-LU: *qu'é blanco i-autros qu'é negro. / V. O que pon o cu en consello, uns lle din branco e outros lle din negro en Opiniones.*

⁴¹³⁵ ms4: *vayas.*

⁴¹³⁶ ms4: *veciño.*

11968. **Si un leva o seu xuicio ó concello, unhos dirán branco i-outros negro.** ⁴¹³⁷
(mc: M.L.)
(pt) *Põe o teu dinheiro em conselho, um dirá é branco, outro é vermelho.* (Chaves)
(es) *Pon lo tuyo en concejo, y unos te dirán blanco, y otros dirán negro.* (Sbarbi) / *Saca lo tuyo al mercado, y unos dirán que es prieto y otros, que es blanco.* (R. Marín) / *Pon tu culo al terrero y unos dirán que es blanco y otros que es prieto.* (R. Marín)
11969. **Silabario de sete letras, onde non te chaman, non te metas.** (ms9,07v: Meda)
11970. **Tan boa é a venda como a hipoteca.** (mc: F.B.B.)
Var.: *Tan boa é a venta como a hipoteca.* (A.S.A.)
11971. **Tan bonita é a culpa, que nadie a quer.** (mc: M.V.)
11972. **Tantos xuicios como cabezas.** ⁴¹³⁸ (mc: Santiago)
El clásico latino: *Tot capita, quot sententiae.*
11973. **Te bautizo ó pe dun rigueiro, uña larga, pé lixeiro.** (mc: Buciños)
Como otros análogos se pone en boca de curiales.
11974. **Todos me queren porque son d'Audencia, leve o demo tal comenencia.** (mc: F.B.B. / ms3: *Terra de Melide*)
11975. **Trampas de san Juan, por donde veñen, van.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
11976. **Un soldado sabe máis que sete letrados.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
11977. **Unhos comen as noces i-autros levan as voces.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballo, LU)
11978. **Val máis leva-las mans limpas que levalas cheas.** (ms10,036v: D.E.)
11979. **Val máis xusticia á porta que misericordia.** (mc: F.B.B.)
11980. **Vale máis o heredado que o comprado.** (ms: Paradela)
11981. **Van as leis onde queren os reis.** (mc: F.B.B.)
(pt) *Vale a lei o que quer o Rei.* (Chaves)
Véase *Alá van leises...*
11982. **Van os cregos ó concello, tran o cuco no capelo.** ⁴¹³⁹ (mc: A.I. / ms21,07v: Bermés)
Var.: *Van os cregos ao concello, levan o cuco no capelo.* (F.B.B.)
(es) *Van los clérigos a los concejos, traen los cucos en los capelos.* (Correas)
11983. **Voz de pueblo, voz de ceo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
11984. **Xan andábache no monte ca súa capa remendada; anda, Xan, anda que o que mal anda, mal acaba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
11985. **Xusticia, pro non pola miña casa.** (mc)
(pt) *A justiça a todos guarda, mas ninguém a quer em casa.* (Chaves) (es) *Cada uno quiere justicia, y no por su casa.* (R. Marín)
(ct) *Justicia y no per ma casa.* (Alberola)
11986. **Xusto, xusto, sólo Dios.** (mc: *Terra de Melide*)
(ct) *Deu fa justicia a tots.* (Alberola)

JUVENTUD. V. tamén *Moza, Mozo*.

11987. **Xente nova e roupa vella, todo o mundo prende nela.** ⁴¹⁴⁰ (ms5,045: Santiago)

LABOR

11988. **Labor comenzado é medio feito.** (ms10,031v: D.E.)
11989. **Labor comenzado non-o mostres hastra velo acabado.** (ms10,031v: D.E.)
11990. **Labor feito nada pide.** (ms10,031v: D.E.)
11991. **O labor comenzado que non cho vexa sogro nin cuñado.** (ms10,031v: D.E.)
11992. **O lume, a cama e o amor non din "vaite ó teu labor".** (ms10,031v: D.E.)

LABRADOR. V. tamén *Agrícolas, Oficios*.

11993. **Labrador barallán non colle viño nin pan.** (ms10,031v: D.E.)

⁴¹³⁷ V. *O que pon o cu en consello, uns lle din branco e outros lle din negro* en *Opiniones*.

⁴¹³⁸ V. *Cada cabeza, súa sentenza* en *Opiniones* e en *Necedad (Desacierto de los necios)*.

⁴¹³⁹ ms4: *Van os cregos ó concello?*. No ms21,07v lemos *Van os cegos ao concello, traen o cuco no capelo*. É unha errata, porque este refrán é sabido que se refire ó feito de que o xoves santo pola mañán tódolos arceprestes asisten na correspondente catedral á misa de consagración dos santos óleos (para a administración do bautismo, confirmación e extremaunción) e regresan á súa parroquia antes dos oficios da tarde cos óleos para repartir entre os outros da súa comarca ou arceprestado. A isto chámalle o refrán *ir ó concello*, hoxe diríamos *xuntanza*. E como o xoves santo cae nos derradeiros días de marzo ou primeiros de abril, regresan co cuco primaveral.

⁴¹⁴⁰ Indica *Juventud*.

11994. **Labrador de capa negra pouco medra.** (ms10,031v: D.E.)
11995. **Labrador larchán nin colle viño nin sega pan.** (ms10,032r: D.E.)
11996. **Labrador paxareiro nunca bo rendeiro.** (ms10,032r: D.E.)
11997. **Ó labrego lacaceiro nácenlle espiñas nos eidos.** ⁴¹⁴¹ (ms10,032r: D.E.)
11998. **O labrego que non queira pasar por lacazán, ten que ter callos na man.** ⁴¹⁴² (ms10,032r: D.E.)
11999. **O prado quer seu precuro e o labramio, labrador.** (ms10,032r: D.E.)
12000. **O que vive da labranza, vive da esperanza.** (ms10,032r: D.E.)
12001. **Quen sea labrego honrado, ten que vivir do seu traballo.** ⁴¹⁴³ (ms10,032r: D.E.)
12002. **Se queres ser bo labrego, vente ó rego.** ⁴¹⁴⁴ (ms10,032r: D.E.)

LACERÍA

12003. **Vende na casa e merca na feira se queres saír de laceira.** (ms10,032r: D.E.)

LACÓN

12004. **Ó lacón e ó touciño, tragos de viño.** (ms10,032r: D.E.)

LACRAS Y VICIOS SOCIALES. V. tamén *Juego de la brisca, Pereza y ociosidad, Tresillo, Vicios.*

12005. **A ambición rompe o saco.** (mc)
Var.: *A cobiza racha o saco.* (C.A.) / *A cobiza rompe o saco.* (Buciños)
(pt) *A cobiça rompe o saco.* (Chaves) (es) *La codicia rompe el saco, o quizá le romperá donde no está.* (Correas) / *Codicia mala, saco rompe.* (Id.)
12006. **A auga de correr e a xente de falar non se pode privar.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
12007. **A auga de correr e a xente de falar non se pode privar.** ⁴¹⁴⁵ (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

12008. **Á auga de correr i-á xente de falar non se pode privar.** ⁴¹⁴⁶ (mc: M.V. / ms21 / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / Juan Carlos Couselo Gago)
Var.: *A auga que corre y-a xente que fale non se pode deter.* (ms4: F.V.S.)
Alude principalmente a la murmuración.
12009. **A ave que máis murmura é a veciña.** (mc: Tuiriz, Monforte)
Juega con las palabras ave y a ve-ciña.
12010. **A baraxa é o libro dos xogadores.** (mc: M.V.)
12011. **A concencia é verde, i-o verde cómeno os burros.** ⁴¹⁴⁷ (mc: Carballedo)
(es) *La vergüenza era verde, y se la comió un burro. / La vergüenza era verde y se la comió un borrico.* (Sbarbi)
12012. **A contas vellas, baraxas novas.** (mc)
(pt) *A contas velhas, baralhos novos.* (Chaves) / *A contas velhas, geitos novos.* (Id.) (es) *A cuentas viejas, barajas nuevas.* (Correas) (ct) *A contes vells, baralles nòves; feixos d'aigua lligats en còrdes.* (Alberola)
12013. **A curiosidade é boa prá roupa branca.** ⁴¹⁴⁸ (mc: A.S.A.)
Var.: *A curiosidade é boa prá brancura.* (mc: C.A. / ms e ms4: A.C.) ⁴¹⁴⁹
Juega con las dos significaciones de la voz *curiosidad*.
12014. **Á i-auga de correr i-ós cas de ladrar, non se lles pode privar.** ⁴¹⁵⁰ (mc: A.N.)
Se aplica a las lenguas que ladran con la murmuración.
12015. **A lingua de mel moitas veces esconde corazón de sacabeira.** ⁴¹⁵¹ (mc: Villamane, Cervantes)
Revela el mal concepto en que nuestros campesinos tienen a la salamandra, como otros que van en la sección de Medicina.
12016. **Á mala costumbre, crebarlle a perna.** (mc: Carballedo)
(es) *A la mala costumbre, quebrarla la pierna o la cabeza.* (Correas) / *A la mala*

⁴¹⁴¹ En ms10 s.v. *Labriego*.

⁴¹⁴² En ms10 s.v. *Labriego*.

⁴¹⁴³ En ms10 s.v. *Labriego*.

⁴¹⁴⁴ En ms10 s.v. *Labriego*.

⁴¹⁴⁵ O orixinal di: *A auga de correr e a gente de faltar non se pode privar*.

⁴¹⁴⁶ ms: *y a xente*; ms3: *non se lles pode*; ms21, ms-SA e J.C. Couselo Gago: *e a xente*.

⁴¹⁴⁷ ms: *y o verde*.

⁴¹⁴⁸ mc: *blanca*.

⁴¹⁴⁹ mc e ms: *blancura*.

⁴¹⁵⁰ ms: *A y-auga de correr y os cas*; ms3: *non se lles pode*.

⁴¹⁵¹ Vilamane pertence ó concello de Becerreá e non a Cervantes.

- costumbre quebrarle la pierna o cortarle las piernas.* (Sbarbi)
12017. **A muita pasión non agarda razón.** (ms15,15)
12018. **A pasión cega a razón.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *La pasión ciega razón.* (R. Marín) / *Con pasión, no hay quien tenga seso.* (Sbarbi)
12019. **A pesares, tragos, i-a disgustos, cigarros.**⁴¹⁵² (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
12020. **A pesares, tragos, i-a rabias, cigarros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12021. **Á porta do fiadeiro, o que escoita de si oi.** (mc: Chorexe, Palas de Rey)
12022. **A soberbia é filla de mal pai.** (mc: Aguada, Carballo)
12023. **A soberbia é nos pobres e nos ricos a avaricia.** (ms18,20r)
12024. **A soberbia está nos probes, e nos ricos, a avaricia.**⁴¹⁵³ (mc e ms4: M.V.)
12025. **A xogueta e a bebedela botan as casas por terra.**⁴¹⁵⁴ (mc: J.P. / ms3: M.V.)
(pt) *Jogo e bebida, casa perdida.* (Chaves) / *Na casa de quem joga, pouca alegria mora.* (Id.) (es) *Juego y bebida, casa perdida.* (R. Marín) / *El juego destruye más que el fuego.* (Id.)
12026. **Agua que non has de beber déixaa correr.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
12027. **Alábate, can, que casas mañán.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
12028. **Alábate, can, que mañán te casarán.** (ms-SA: seminarista anónimo: San Xoán de Lubre, Bergondo, C)
12029. **Alábate, can, que si non te alabas non t'alabarán.** (ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)
12030. **Alábate, can, que te vas a casar mañán.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
12031. **Alábate, coitelo, que a vender te levo.**⁴¹⁵⁵ (mc: A.I.)
- Var.: *Alábate, fandelo, que a vender te levo.* (Santiago)
- (pt) *Gaba-te cesto, que vender-te quero.* (Chaves) (es) *Alábate, cesto, que venderte quero.* (Correas) (ct) *Alabat, ruch, que a vendrer te duch.* (R. Marín) / *Alabat ruc, que a la fira et duc.* (Alberola)
12032. **Alábate, fandelo, qu'a vender te levo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12033. **Alábate, Juan, que si non te alabas, non te alabarán.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
12034. **Alábate, meu can, que te has de casar mañán.**⁴¹⁵⁶ (mc: Santiago)
Var.: *Alábate, can, que te casas mañán.* (ms5,133: Mondoñedo)
12035. **Alábate, neno, que ben se conoce que non tes abuelo.**⁴¹⁵⁷ (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *O louvor em boca própria é vitupério.* (Chaves) (es) *Bien se conoce que no tiene abuela.* (Sbarbi) / *Hace tiempo que se le murió la abuela.* (Sbarbi)
Censura a quien se alaba a sí propio de modo exagerado.
12036. **Alábate, Xan, que has de casar mañán.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
12037. **Alábate, Xan, que se non t'alabas, non t'alabarán.**⁴¹⁵⁸ (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
12038. **Alábate, Xan, que si non, non te alabarán.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
12039. **Alábate, Xan, que si ti non te alabas, non te alabarán.** (mc: Bucínos)
(es) *Alábate, Juan; que si tú no te alabas, no te alabarán.* (R. Marín)
12040. **Alábate, Xan, si non, non te alabarán.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
12041. **Ánimas, un carto; pra viño, catro.** (mc: Carballo)
12042. **Anque fales e volvas falar, teño cen sacos cheos e outros cen por desatar.** (mc)

⁴¹⁵² O orixinal di: *A pesares tragos y a disgustos cigarros.*

⁴¹⁵³ mc: *A soberbia está nos ricos, e nos probes a avaricia*; ms4: *póbres.*

⁴¹⁵⁴ ms3: *jogueta.*

⁴¹⁵⁵ ms4: *vender te levo.*

⁴¹⁵⁶ ms: *que t'has.*

⁴¹⁵⁷ Indica *Presunción* no ms.

⁴¹⁵⁸ ms-SA (Serafín C.): *si non t'alabas*; ms-SA (Nicolás A.): *non ti alabarán.*

12043. **Auga da fonte que non has de beber, pasa e déixaa correr.**⁴¹⁵⁹ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
12044. **Auga de fonte que non has de beber, pasa e déixaa correr.**⁴¹⁶⁰ (mc: Laureano Moscoso Sabel, Santiago)
Var.: *Auga que non has de beber, déixaa correr.* (Ramón Pereira Comparada, Santiago)
12045. **Auga que non has de beber déixaa correr.**⁴¹⁶¹ (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
12046. **Beber viño dá alegría, i-o fumar dá placer; o que non fuma nin bebe, ¿que alegría che ha de ter?**⁴¹⁶² (mc: Buciños)
12047. **Ca pólvora non hai que xugar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
12048. **Cada un di o que lle parece.** (mc: Buciños)
12049. **Cando o borracho ronca, o viño no tonel apousa.**⁴¹⁶³ (ms: A.C. *A Nosa Terra* / mc: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
12050. **Cando o río sona, auga leva.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
(es) *Cuando el río suena, agua o piedras lleva.* (R. Marín) (ct) *Quan el riu sòna, alguna còsa pòrta.* (Alberola)
12051. **Cando oias berrar a túa veciña, afía ben as túas encías.**⁴¹⁶⁴ (mc: Chavaga)
12052. **Canto máis come, máis gana ten.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
12053. **Canto máis che dan, máis queres.**⁴¹⁶⁵ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
12054. **Canto máis dan, máis queremos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
12055. **Canto máis dan, máis se quer.**⁴¹⁶⁶ (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
12056. **Canto máis lle dan, máis quer.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
12057. **Canto máis se ten, máis se deseia.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
- Var.: *Canto máis ten, máis quer.* (M.V. / ms4: M.L.)
(pt) *Quanto mais temos mais queremos.* (Chaves) / *Quanto maior é riqueza, maior é a ambição.* (Id.) (es) *Cuanto más poseo, más deseo.* (R. Marín) / *Cuanto más se tiene más se quiere.* (Id.) / *Cuanto más se tiene, tanto más se desea y se quiere.* (Correas)
12058. **Canto máis se ten, máis se quere.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
12059. **Canto máis ten, máis quere.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
12060. **Carta que monta, vale unha conta.**⁴¹⁶⁷ (mc: Buciños)
12061. **Cobiza de labrego non henche o talego.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Codicia de labriego, no llena talego.* (R. Marín)
12062. **Como estamos nun tempo tan miserable, si eu non me alabo, non hai quen me alabe.**⁴¹⁶⁸ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,27r)
12063. **Corvo que estás no bico da pena: o que por outro oies, por ti o espera.**⁴¹⁶⁹ (mc: A.N.)
12064. **Debaixo dunha mala capa hai un gran bebedor.** (mc: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)
(pt) *Debaixo de ruim capa, jaz um bom bebedor.* (Chaves) (es) *Debajo de mala capa hay buen bebedor.* (Correas) / *So mala capa yace buen bebedor.* (Id.) (ct) *Davall del bòn sayal, está l'hòme mal.* (Alberola)
12065. **Debaixo dunha mala capa pod'estar bon bebedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12066. **Detrás de un aforrador, sempre ven un gastador.** (mc: Layosa)
Var.: *Dispois de un aforrador vén un dispreciador.* (Buciños)⁴¹⁷⁰
(pt) *Depois de um bom poupador um bom gastador.* (Chaves)
12067. **Detrás dun aforrador sempre vén un gastador.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laioa, O Incio, LU)
12068. **É máis o ruído que as noces.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

⁴¹⁵⁹ O orixinal di *Auga da fonte que non has de beber, pasa e deixa correr.*

⁴¹⁶⁰ O orixinal di *Auga de fonte que non has de beber, pasa e deixa correr.*

⁴¹⁶¹ O orixinal di *Auga que non has de beber deixa correr.*

⁴¹⁶² ms: y o fumar, ch'ha de ter.

⁴¹⁶³ mc: rouca.

⁴¹⁶⁴ mc: a túa veciñas.

⁴¹⁶⁵ O orixinal di: *Canto maix che dan máis queres.*

⁴¹⁶⁶ ms4: quere.

⁴¹⁶⁷ En mc atópase dentro do tema *Lacras y vicios sociales.*

⁴¹⁶⁸ ms18,27r: *que si eu non me alabo, n'hay.*

⁴¹⁶⁹ ms e ms3: oyes.

⁴¹⁷⁰ ms: d'un, dispriceador.

12069. **Estrícate, polo, que mañán te pelan.**⁴¹⁷¹ (ms10,093r: D.E.)
12070. **Fumantibos e non comprantibos chámanse caloteantibos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12071. **Gana un bo ganador pra un bo gastador.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Ganham bons para ruíns.* (Chaves) (es) *Ganan buenos, para ruines herederos.* (Correas)
12072. **Gana un bon gando para un bon gastador.** (ms18,29r)
12073. **Hai que aproveitar os tantos, que as biriscas fóronse.**⁴¹⁷² (mc: Bucínos)
12074. **Home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)
12075. **Inda non asamos e xa pringamos.** (mc: A.C. A Nosa Terra)
Var.: *Inda non asamos, xa pingalixamos.* (Fonsagrada / ms4: F.V.S.) / *Inda non asamos e xa pingamos.* (ms4: A.S.A.)
(es) *No asamos, y ya empringamos.* (Correas)
12076. **Mentras se xoga, non se asan castañas.** (mc / ms4: F.V.S.)
12077. **Miña nai díxome que porfiar, porfiase, pero nunca apostase.** (mc: Santiago)
(pt) *Porfiar mas não apostar.* (Chaves) (es) *Porfiar mas no apostar,* (Sbarbi)
12078. **Miña Virxen de quen ten, teña eu máis que ninguén.** (mc: M.V.)
12079. **Moito fume, pouco lume.** (mc: A.N.)
12080. **Na taberna, no ferreiro e no regueiro, sábese a vida do mundo inteiro.** (mc: Bucínos)
Buenos centros de información.
12081. **Nas cousas da honra non se afonda.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *En cosas de honra no se ahonda.* (R. Marín)
12082. **Neto a neto, bebe Marica o feltro.**⁴¹⁷³ (mc: Leite de Vasconcellos-F.V.S.)
El borracho gasta en beber cuanto tiene. Lo trae Leite de Vasconcellos en *Philología Gallega*, pag. 25)
12083. **Non digas mal de naide, e non te enganarás; pensa mal de todos e sobre ti estarás.**⁴¹⁷⁴ (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)
(es) *Aunque mal pienses de cada uno, no digas mal de ninguno.* (R. Marín)
12084. **Non digas mal de ninguén i-así non te enganarás; máis, si pensas mal de todos, vas camiño de acertar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
12085. **Non digas mal de naide e non te enganarás.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
12086. **Non é ouro todo o que reloce nin toda a qu'o señor tose.** (mc: Pidre)
12087. **Non é ouro todo o que reloce nin trigo todo o que se coce.**⁴¹⁷⁵ (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *No es oro todo lo que reluce.* (Sbarbi)
12088. **Non é ouro todo o que reloce.**⁴¹⁷⁶ (ms10,073r: D.E. / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
12089. **Non é todo ouro o que reloce.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
12090. **Non te alabes, Maruxiña, que a vanidá é ave de rapiña.**⁴¹⁷⁷ (mc: Bucínos-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12091. **Non ten un máis fama que a que lle queren dar.**⁴¹⁷⁸ (mc: A.S.A.)
(es) *Ninguno más fama tiene que la que darle quieren.* (R. Marín)
12092. **Non todo ouro reloce.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12093. **Non xogues ca pólvora.** (mc: Tuiriz, Monforte)
12094. **Nos fornos e lavadoiros adúbanse os coiros.** (mc: A.N.)
Var.: *Pra adoubar os coiros, os fornos i-os lavadoiros.* (M.V.) / *Pra adonda-los coiros, os fornos y-os lavadoiros.* (ms: M.L.)
Lugares de murmuración.
12095. **Nunca falta quen diga.** (mc: Bucínos, Carballedo-F.V.S.)
12096. **O avariento no diñeiro ten o pensamento.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *O avarento onde tem o tesouro tem o entendimento.* (Chaves) (es) *El avariento,*

⁴¹⁷¹ En ms10 s.v. *Pollos*. Este refrán úsase tamén como fórmula de advertencia.

⁴¹⁷² mc: *briscas*. En mc atópase dentro do tema *Lacras y vicios sociales*.

⁴¹⁷³ ms4: *María*.

⁴¹⁷⁴ ms4: *nadie*; ms21,26v: *t'engañarás*.

⁴¹⁷⁵ ms-LU: *tod'o que reloce; tod'o que se coce*.

⁴¹⁷⁶ ms-LU: *tod'o que reluce*.

⁴¹⁷⁷ ms-LU: *t'alabes, qu'a vanidá*.

⁴¹⁷⁸ ms: *c'a que lle*.

- en el dinero tiene el pensamiento.* (R. Marín)
12097. **O bon viño fai o mal veciño.** (mc)
(es) *El buen vino hace mala cabeza.* (R. Marín)
Porque *el buen vino hace mala cabeza.* (R. Marín)
12098. **O borracho descobre o que ten no cacho.** (ms21,17v: Bermés)
12099. **O borracho dice o que ten no pancho.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
12100. **O borracho logo solta o que ten no papo.** ⁴¹⁷⁹ (mc: M.V.)
Var.: *O borracho i-o sapo din o que teñen no papo.* (Buciños)
(es) *El borracho, aunque habla turbio, habla claro.* (R. Marín)
12101. **O borracho, cando bebe, con auga se desaúna.** (mc: Santa Comba-F.V.S.)
(es) *Quien borracho se acuesta, con agua se desayuna.* (Sbarbi)
12102. **O cubizoso non ten reposo.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *El codicioso non goza reposo.* (Sbarbi)
12103. **O home que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12104. **O mellor dos dados é non xugalos.** ⁴¹⁸⁰ (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *O melhor lance de dados é não jogá-los.* (Chaves) (es) *El mejor lance de los dados es no jugarlos.* (Correas)
12105. **O mozo que se emborracha é porque a neura o despacha.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
12106. **O que anda ca masa, algo se lle pega ás maus.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12107. **O que escoita i-acexa, oie cousas que lle pesa.** ⁴¹⁸¹ (mc: A.N.)
(pt) *Quem escuta, de si ouve.* (Chaves) / *Quem por greta espreita seus doilos vê.* (Id.) / *Quem por fresta espreita, seus males aventá.* (Id.) (es) *Quien escucha por el horado, oye de su daño.* (R. Marín)
12108. **O que escoita, de si oi.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
12109. **O que escoita, mal de si oi á porta do fiadeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
12110. **O que máis ten, máis quere.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
12111. **O que moito quere, moito perde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
12112. **O que nin fuma nin bebe, o demo n'o leva por mal camiño.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)
12113. **O que non bebe viño, Dios non-o leva por bo camiño.** (ms-SA: José A. Iglesias Ares)
12114. **O que non fuma e bebe viño, Dios o leva por outro camiño.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
12115. **O que non fuma e non bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
12116. **O que non fuma e non bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
12117. **O que non fuma e non toma viño, leva o dano na boca por outro camiño.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
12118. **O que non fuma nin bebe viño, leva o demo na boca por outro camiño.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
12119. **O que non fuma nin bebe viño, leva o demo por outro camiño.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
12120. **O que non fuma nin bebe viño, lévallo o demo por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
12121. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
12122. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (mc / ms21,10v: Bermés)
Var.: *O que non bebe viño nin fuma tabaco, o demo llo leva por outro burato. / O que non bebe nin toma tabaco, o demo llo leva por outro burato.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*) / *O que non fuma nin bebe viño, lévao o demo por outro camiño.* (M.V.) ⁴¹⁸²

⁴¹⁷⁹ V. *Non di cousa o sapo que non teña no papo en Hablar mucho y hablar poco.*

⁴¹⁸⁰ ms e ms4: millor, ms4: xogalos.

⁴¹⁸¹ ms: *O qu'escoita y-acexa*; ms4: *cousas con que lle pesa.*

⁴¹⁸² ms: *leva-o o demo.*

- (es) *Quien no fuma ni bebe, algún otro vicio tiene.* (R. Marín)
12123. **O que non fuma nin bebe viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms14,16)
12124. **O que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12125. **O que non fuma nin bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU)
12126. **O que non fuma nin bebe viño, o diaño llo levará por outro camiño.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
12127. **O que non fuma nin bebe, o demo o leva por outro camiño.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
12128. **O que non fuma nin toma tabaco, lévallo o diaño por outro buraco.** (ms10,24r: D.E.)
12129. **O que non fuma, non husma.** (mc: Bucinos)
12130. **O que non fuma, non usma; o que non bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño; e se non che gustan as mulleres, ¿pra que me queres?** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) Argumentando ad hominem.
12131. **O que non gasta os cartos no tabaco e no viño, o demo llos leva por outro camiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
12132. **O que non gasta os cartos nun neto de viño, o demo llos leva por outro camiño.** (ms-SA: Gestoso, provincia de La Coruña)
12133. **O que non xoga, nin perde nin gana.** (mc / ms4: F.V.S. / ms21,11r: Bermés)
12134. **O que nunca foi nada e algo chega a ser, quere ser tan grande que non hai nada como el.** (mc)
Var.: *Servilleta que chega a mantel, non hai quen pare con el.* (Bucinos) / *Si a servilleta chega a mantel, nin o demo pode con el.* (Lugo)
(es) *Quien ayer era rodilla, y hoy se ve hecho mantel, no hay quien pueda con él.* (R. Marín)
12135. **O que nunca foi nada e algo chega a ser, quere ser tan grande cousa que non hai nada coma el.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12136. **O que nunca servilleta foi e chega a mantel, non hai quen pare con el.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12137. **O que ó tresillo ha de ganar, non se cansa de pasar.** ⁴¹⁸³ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Si al tresillo has de ganar, no te canses de pasar.* (Sbarbi)
12138. **O que queira a súa honra quedar, que deixe estar a allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12139. **O que queira ter a súa honra queda, que deixe estar a allea.** (mc: Chorexe-F.V.S.)
(es) *El que quiera honra, que la gane.* (Sbarbi)
12140. **O que todo o quere, todo o perde.** ⁴¹⁸⁴ (mc: Sarria)
Var.: *Señor escribano, usted ben me entende: o que todo o quere, todo o perde.* (Páramo-F.V.S.)
(pt) *Quem tudo quer, tudo perde.* (Chaves) / *Quem muito quer tudo perde.* (Id.) (es) *Quien todo lo quiere todo lo pierde, y no es conocido hasta que es perdido.* (Correas)
12141. **O que todo quere, todo o perde.** (ms21,14r: Bermés)
12142. **O que xoga por necesidade, perde por obrigación.** (mc: F.L.)
12143. **Os que non fuman nin beben viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)
12144. **Os que non fuman nin beben viño, o demo os leva por outro camiño.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)
12145. **Pensa mal e acertarás.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
12146. **Pensa unha cousa o borracho e outra o taberneiro.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
12147. **Perder e pagar, baraxar e calar.** ⁴¹⁸⁵ (mc: Tuiriz, Monforte)
Var.: *Xugar e perder, pagar e calar.* (mc / ms4: F.V.S. / ms18,65v: Pontevedra) ⁴¹⁸⁶
(es) *A jugar y perder, pagar y callar.* (Sbarbi)
Ambos recomiendan la paciencia a quien, sobre el vicio del juego, tiene la desgracia de perder.
12148. **Por detrás todos falamos.** (mc: Monforte)

⁴¹⁸³ ms4: *canse*.

⁴¹⁸⁴ Indica *Ambición* no ms.

⁴¹⁸⁵ Indica *Paciencia* no ms.

⁴¹⁸⁶ ms4: *Xogar*.

12149. **Porfiarás e non aventurarás.** ⁴¹⁸⁷
(ms21,11r: Bermés)
12150. **Porfiarás e non xugarás.** ⁴¹⁸⁸ (ms21,11r: Bermés)
12151. **Porfia, pro non apostes.** (mc)
(pt) *Porfiar mas não apostar.* (Chaves) (es)
Mi padre me dijo que que porfiara y no apostara. (R. Marín) / *Porfiar, mas no apostar.* (Sbarbi)
12152. **Pra aprender a ganhar, hai que aprender a perder.** (mc: Tuiriz, Monforte)
12153. **Pra pesares, tragos, e pra rabias, cigarros.** ⁴¹⁸⁹ (mc: Piugos / ms4: Piugos-F.V.S.)
12154. **Pre un bo aforrador nunca faltou un bo gastador.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
12155. **Quen beba viño de máis, acaba consigo e cos demais.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
12156. **Quen ben xoga, polo pan torna.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
12157. **Quen é amigo do viño, enemigo é de si mesmo.** (mc: J.P.)
12158. **Quen non fuma nin bebe viño, o diaño llo leva por outro camiño.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)
12159. **Quen non xoga, polo pan torne.** ⁴¹⁹⁰
(mc: Chorexe-F.V.S.)
12160. **Quen pretende crê valer.** (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
12161. **Quen queira a súa honra queda, non se meta n'allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12162. **Quen se alaba enlódase.** (mc: Bucínos)
(es) *Quien se alaba, se desalaba.* (R. Marín)
12163. **Quen ten cobiza non dorme.** (mc: S.P.P.-Ultraya)
(es) *El codicioso no goza reposo.* (R. Marín)
12164. **Quen todo o quere, todo o perde.** ⁴¹⁹¹
(mc: A.S.A.)
(pt) *Quem muito quer tudo perde.* (Chaves)
/ *Quem tudo quer, tudo perde.* (Id.)
Véase *O que todo o quere...*

⁴¹⁸⁷ O orixinal di: *Porfiarás e non aventurarás (xugarás).*

⁴¹⁸⁸ O orixinal di: *Porfiarás e non aventurarás (xugarás).*

⁴¹⁸⁹ V. *A pesares, tragos, i-a penas, cigarros* en *Penas y dolores.*

⁴¹⁹⁰ ms4: *torna.*

⁴¹⁹¹ ms4: *Quen todo quer, todo perde.*

12165. **Quen todo quere, todo perde.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)
12166. **Refrán da terra e do ceo: inferno e avaricia nunca é cheo.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
(es) *La avaricia es la única pasión que nunca llega a vieja.* (Sbarbi)
12167. **Servilleta que chega a mantel, non hai quen pare con el.** ⁴¹⁹² (ms4: F.V.S.)
12168. **Si o viño che perxudica os negocios, deixa os negocios.** (ms-SA: M. González Fernández / ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
12169. **Tente na vela: o que fala doutro por ti che espera.** ⁴¹⁹³ (mc / ms4: F.V.S.)
12170. **U home que non fuma nin bebe viño, o demo o leva por mal camiño.** ⁴¹⁹⁴ (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
12171. **Vicio collas que non tollas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
12172. **Vicio poñas que non tollas.** (mc: M.L.)
(es) *Vezo pongas que non tollas.* (Correas)
(que sea tan bueno el vezo, que no sea menester quitarle)
Vicio aquí es vezo y equivale al castellano.
12173. **Xogar coa pólvora é un peligro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Non se debe xogar coa pólvora.

LADRAR

12174. **Ládreme quen queira mentras teña cartos na faltriqueira.** (ms10,032r: D.E.)
12175. **Mal ladra o can cando ladra de medo.** (ms10,032r: D.E.)
12176. **Por moito que me ladren, inda han ter máis que ladrar.** (ms10,032r: D.E.)

LADRÓN. V. tamén *Hurto, Robo, Sablazo.*

12177. **O bo ladrón que entra na casa, primeiro mira a saída que a entrada.** (ms10,032r: D.E.)
12178. **Por un ladrón perdeu cento no mesón.** (ms10,032r: D.E.)

LAMEIRO

12179. **No bo lameiro o gando engorda sin querelo.** (ms10,032r: D.E.)

⁴¹⁹² O orixinal di: *Servilleta que chega a mantel non hay quen pare con él.*

⁴¹⁹³ ms: *d'outro ch'espera.*

⁴¹⁹⁴ O orixinal di: *U home que non fuma nin bebe viño e demo o leva por mal camiño.*

LAMER

12180. **Máis vale lamber que morder.** (ms10,032r: D.E.)
12181. **Val máis lamendo que mordendo.** (ms10,032r: D.E.)

LANA

12182. **A lan ouro mana, asegún as maus en que anda.** (ms10,032v: D.E.)
12183. **Millor é que a lan se perda e que non se perda a ovella.** (ms10,032v: D.E.)
12184. **O que sempre vai por lan, sai ás veces trasquiado.** (ms10,032v: D.E.)

LANCHA

12185. **Lancha dentro, amigo fóra.** (ms10,032v: D.E.)

LATÍN. V. tamén *Pedagógicos*.

12186. **O latín comenzalo con babas e a cencia con barbas.** (ms10,032v: D.E.)

LAVAR

12187. **A quen mal lave, sete veces lle ferve a auga.** (ms10,032v: D.E.)
12188. **Ben se lava o gato dispois de farto.** (ms10,032v: D.E.)
12189. **Cando os gatos se lavan a cara, sinal de visita na casa.** (ms10,032v: D.E.)
12190. **O luns e o martes lava a curiosa; o miércoles i-o xoves, a envexosa; e o sábado, a preguizosa.** (ms10,032v: D.E.)
12191. **Se o gato se lava a cara, é que venta enchente de auga.** (ms10,032v: D.E.)

LEBRE. V. tamén *Caza*.

12192. **A lebre o que na area gana, pérdeo na auga.** (ms10,032v: D.E.)
12193. **A lebre que has de matar, costa abaixo hala botar.** (ms10,032v: D.E.)
12194. **A lebre que se ha de ir, costa arriba a verás fuxir.** (ms10,032v: D.E.)
12195. **A lebre vella logo colle a vereia.** (ms10,032v: D.E.)
12196. **O que dúas lebres sigue pode cazar unha e, moitas veces, ningunha.** (ms10,032v: D.E.)

LEIRA

12197. **Nace na leira o que o dono sementa.** (ms10,032v: D.E.)

12198. **Non teñas leiras sin horta nin casa sin porta.** (ms10,032v: D.E.)
12199. **Quen pequena leira ten, a pasos a mide.** (ms10,032v: D.E.)

LENGUA

12200. **A lingua da muller di todo o que quer e o que non quer.** (ms10,033r: D.E.)
12201. **A lingua do amigo malo corta máis que un machado.** (ms10,033r: D.E.)
12202. **A lingua larga é sinal de man escasa.** (ms10,033r: D.E.)
12203. **Non di máis a lingua que o que sinte o corazón.** (ms10,033r: D.E.)
12204. **Non diga a lingua por onde pague a faltrica.** (ms10,033r: D.E.)
12205. **Tendo lingua e que comer, o home vai onde quer.** (ms10,033r: D.E.)

LENTITUD

12206. **Máis vale un bo vagar que un bo traballar.** (ms10,135r: D.E.)
12207. **O moito vagar chega a cansar.** (ms10,135r: D.E.)
12208. **O vagar fai culleres a rebabar.** (ms10,135r: D.E.)
12209. **Se non tes moito vagar, algo cómpre facer pra descansar.** (ms10,135r: D.E.)

LEÑA

12210. **A leña da figueira, recia de fume e fraca de madeira.** (ms10,033r: D.E.)
12211. **A leña vaise toda en fume e borralla.** (ms10,033r: D.E.)
12212. **Leña seca, todo é faíscas.** (ms10,033r: D.E.)
12213. **Leña torta, co lume logo se endereita.** (ms10,033r: D.E.)
12214. **Quen fai leña en ruín lugar, ó lombo ten que a sacar.** (ms10,033r: D.E.)
12215. **Se non fora o reboleiro⁴¹⁹⁵, non viña a luz ó Cebreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12216. **Se non fora o reboleiro, non viña a luz ó celeiro.** (ms: Buciños)

⁴¹⁹⁵ ms-LU: *Reboleiro*. Aínda que o escribe con maiúscula, coma se fose o apelido dunha persoa que levou a luz eléctrica a un lugar, supoñemos que se refire á leña de carballo (reboleiro), que dá a luz na cociña tradicional de lareira.

LEVANTAR

12217. **Érguete ben se podes e parecerás máis home.** (ms10,013r: *D.E.*)
 12218. **Ergueuse meu pai e deitouse miña nai.** (ms10,013r: *D.E.*)
 12219. **Ó que primeiro se ergue, todo lle serve.** (ms10,013r: *D.E.*)
 12220. **Us erguen a caza e outros mátana e pápana.** (ms10,013r: *D.E.*)

LEYES. V. tamén *Jurídicos y similares.*

12221. **A lei nace do pecado e a lei quere castigalo.** (ms10,032v: *D.E.*)
 12222. **A toda lei, fillos e muller.** (ms10,032v: *D.E.*)
 12223. **A toda lei, mozo falangueiro e fiel; mais se for calado, dao ó diaño.** (ms10,032v: *D.E.*)
 12224. **A toda lei, os fillos da muller.** (ms10,032v: *D.E.*)

LIBERTAD

12225. **A libertá non hai quen a pague porque non se sabe o que vale.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12226. **A moita libertá bota a perder ás veces a mocedá.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12227. **Máis vale libertá con probeza que cadea con riqueza.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12228. **O que ten libertá non sabe o que ten, si é que pensa ben.** (ms10,033r: *D.E.*)

LIBRO. V. tamén *Enseñar, Maestro, Pedagógicos.*

12229. **Libro pechado non fai letrado.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12230. **Non hai libro malo que non teña algo bo.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12231. **Quen nun libro seipa ler, algo pode aprender.** (ms10,033r: *D.E.*)

LIMA

12232. **A lima lima á lima.** (ms10,033r: *D.E.*)

LIMOSNA. V. tamén *Dádivas, Dado, Dar y recibir, Donaciones, Negación, Negativas, Peticiones, Testamento.*

12233. **Cando deas a esmola non toques a trompa.** (ms10,014r: *D.E.*)
 12234. **Cando deas esmola, se o sabe unha man que non-o seipa outra.** (ms10,014r: *D.E.*)
 12235. **Non por dar unha esmola se queda un probe.** (ms10,014r: *D.E.*)

12236. **O bo esmoleiro non debe ser bullangueiro nin pregoeiro.** (ms10,014r: *D.E.*)
 12237. **Por dar unha esmola ninguén se avergonza.** (ms10,014r: *D.E.*)
 12238. **Por unha esmola non se valeira ningunha falchoca.** (ms10,014r: *D.E.*)

LIMPIAR

12239. **A limpeza daia Dios de balde pra quen a queira usar.** (ms10,033r: *D.E.*)
Var.: A limpeza daia Dios de balde pra quen a seipa usar. (ms10,033r: *D.E.*)
 12240. **Límpanse os culeiros, sinal de vendima.** (ms10,033r: Riveiro de Avia)
 12241. **Limpeza e non na balsa, craridade e non no caldo.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12242. **Non é limpo o que limpa, é limpo o que non lixa.** (ms10,033r: *D.E.*)

LINO. V. tamén *Agrícolas.*

12243. **A liñaza aferventada ós tres días está nada. O nabo é soñón, un ano está debaixo do torrón.** ⁴¹⁹⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
 12244. **A que o liño aliña, esa o fia.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12245. **Inda ten que nacer o liño estranxeiro pra ser como é o gallego.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12246. **Liño bo, liño malo, todo frolece en maio.** (ms10,033r: *D.E.*)
 12247. **O liño apurado dá lenzo ben sobrado.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12248. **O liño e a estopa, á sombra.** (ms10,033v: *D.E.*)

LOBOS. V. tamén *Agrícolas (Animales), Caza.*

12249. **Avisade ó lobo e deixade o gando soilo.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12250. **Cando o lobo non vai polo seu pé, non come do que quer.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12251. **Con un lobo non se mata outro.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12252. **Lobo famento non ten asiento.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12253. **Lobo tardeiro non volve valeiro.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12254. **Muda o lobo os dentes, mais non as mentres.** (ms10,033v: *D.E.*)

⁴¹⁹⁶ Vázquez Saco anotou nesta ficha *Lino*.

12255. **Non come o lobo besta branca.** ⁴¹⁹⁷ (ms: M.L. / ms10,033v: *D.E.*)
 12256. **Non soilo o lobo come carne crúa.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12257. **Nunca o lobo mata ó lobo.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12258. **O fillo do lobo tira sempre ó monte.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12259. **O lobo e o raposo non son bos compañeiros.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12260. **O lobo famento non pode estar contento.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12261. **O lobo non come da carne que quer senón da que houber.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12262. **O lobo vello de noite oubea.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12263. **O que a loba fai, o lobo non-o desfai.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12264. **O que entre lobos se mete, gandido vai.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12265. **Os fillos do lobo lobos serán.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12266. **¿Que lle importa ó lobo o que come o zorro?** (ms10,033v: *D.E.*)
 12267. **Un lobo a outro lobo non se comen nin se morden.** (ms10,033v: *D.E.*)

LOCOS

12268. **A un tolo, outro.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12269. **Anque sea tolo o falador, sea cordo o escoitador.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12270. **Ás romerías e ás bodas van as loucas todas.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12271. **Ás veces o tolo fala cordo.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12272. **Ben louco será o que con loucos se xunta e de loucos se fie.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12273. **Bulrádevos co louco na casa, e bulrará convosco na praza.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12274. **Búlrate do tolo na casa; bulrarase de ti na praza.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12275. **Cada louco coa súa teima e cada chaga coa súa postema.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12276. **Cada louco, seu sendeiro.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12277. **Canto máis ó tolo dan, máis tolo o fan.** (ms10,131r: *D.E.*)

⁴¹⁹⁷ ms: *Non com'o lobo*. Contén a indicación *Lobos*. En ms10 s.v. *Lobos*.

12278. **Co louco dómase o poldro.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12279. **De louco, todos temos un pouco.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12280. **Do tolo e do vento arrédate.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12281. **É cousa de tolos non ter xuicio.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12282. **En cabeza louca pouco dura a touca.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12283. **Inda que louco, non de todo.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12284. **Máis sabe o louco na súa casa que o cordo na allea.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12285. **Non se vira tolo quen é parvo.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12286. **Non tolea o que non pode.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12287. **Ó louco i-ó ar, deixádeos pasar.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12288. **Onde o tolo se perdeu, o cordo aviso colleu.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12289. **Un louco fai un cento.** (ms10,033v: *D.E.*)
 12290. **Un tolo fai moitos.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12291. **Un tolo fai un cento.** (ms10,131r: *D.E.*)
 12292. **Vai un louco por onde vai outro.** (ms10,033v: *D.E.*)

LOCURA DE AMOR

12293. **De namorado a louco vai moi pouco.** ⁴¹⁹⁸ (ms10,066r: *D.E.*)
 12294. **O namorado non quer ser aconsellado.** ⁴¹⁹⁹ (ms10,066r: *D.E.*)

LUCIR

12295. **Lucen as galanas cos brazos das malfadadas.** (ms10,034r: *D.E.*)
 12296. **O traballo nunca luce se a ganancia é pouca.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUMBRE

12297. **Moitas olas ó lume e un garbanzo a cocer.** (ms10,034r: *D.E.*)
 12298. **Non fai falla meter a man no lume pra saber si está acendido.** (ms10,034r: *D.E.*)
 12299. **O lume axuda ó cociñeiro.** (ms10,034r: *D.E.*)

⁴¹⁹⁸ En ms10 s.v. *Enamorados* coa indicación *Locura de amor*.

⁴¹⁹⁹ En ms10 s.v. *Enamorados* coa indicación *Locura de amor*.

12300. **O lume do ladrón arde por debaixo e por enriba, non.** (ms10,034r: *D.E.*)
12301. **O lume do ladrón, dúas brasas e un tizón.** (ms10,034r: *D.E.*)
12302. **O lume é media mantenza e, detrás da cea, mantenza enteira.** (ms10,034r: *D.E.*)
12303. **O lume é peor que os ladrós que non deixa nada e todo o arrapaña.** (ms10,034r: *D.E.*)
12304. **O lume fai a cociña e non a moza ardida.** (ms10,034r: *D.E.*)
12305. **O lume hai que saber atizalo sin queimarse.** (ms10,034r: *D.E.*)
12306. **Onde hai cañotos ó lume, hai fume.** (ms10,034r: *D.E.*)
12307. **Onde hai lume, hai fume.** (ms10,034r: *D.E.*)
12308. **Onde houbo lume, borralla queda.** (ms10,034r: *D.E.*)
12309. **Onde non hai lume, non se levanta fume.** (ms10,034r: *D.E.*)
12310. **Xogar co lume pode costar caro i é moi mala costume.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUNA

12311. **A lúa como quinta, así pinta.** (ms10,034r: *D.E.*)
12312. **A lúa como quinta, trinta.** (ms10,034r: *D.E.*)
12313. **Lúa cascabeleira vaise á carreira.** (ms10,034r: *D.E.*)
12314. **Non saias da casa ó luar, que non sabes con quen te podes atopar.** (ms10,034r: *D.E.*)
12315. **Non saias ó luar, que non sabes quen che quer ben nin quen che quer mal.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUNES. V. tamén *Días, Semana*.

12316. **O luns érgome, o martes cálzome e, o miércoles, vístome.** (ms10,034r: *D.E.*)
12317. **O luns levántome e o martes arremángome.** (ms10,034r: *D.E.*)
12318. **O luns mollo, o martes lavo, o miércoles seco, o xoves saco, o viernes peneiro, o sábado amanso e o domingo, que eu fiaría, todos me din que xa non é día.** (ms10,034r: *D.E.*)

LUZ

12319. **Luz e cruz, diante.** (ms10,034r: *D.E.*)

12320. **Non hai millor luz que a da mañán.** (ms10,034r: *D.E.*)

LLENAR

12321. **Pra chegar a encher, algunha maña hai que ter.** (ms10,011r: *D.E.*)

LLEVAR

12322. **Alá me leve Dios a morar onde un ovo valla dous.** (ms10,033r: *D.E.*)
12323. **Lévame ó lombo verás canto peso.** (ms10,033r: *D.E.*)
12324. **Levar mala noite e ó cabo parir filla.** (ms10,033r: *D.E.*)
12325. **Léveme Dios ó mesón onde a mesoneira mande e o mesoneiro non.** (ms10,033r: *D.E.*)
12326. **Nunca debes levar máis do que poidas.** (ms10,033r: *D.E.*)
12327. **Nunca queiras levar máis do que has pagar.** (ms10,033r: *D.E.*)
12328. **O que has levar hoxe non-o deixes pra mañán.** (ms10,033r: *D.E.*)
12329. **O que has levar non ten que esperar.** (ms10,033r: *D.E.*)

MADEJA

12330. **Non lle vai nada mal ó que as madeixas pode gastar.** (ms10,034r: *D.E.*)
12331. **O que enredou a meada, que seipa desenredala.** ⁴²⁰⁰ (ms10,038v: *D.E.*)

MADERA

12332. **A madeira da túa casa, en xaneiro has de cortala.** (ms10,034r: *D.E.*)
12333. **A madeira de xaneiro non-a poñas ó fumeiro.** (ms10,034r: *D.E.*)
12334. **Madeiras hai de que se fan santos, madeiros hai de que se fan chancos e madeiros hai que son queimados.** (ms10,034r: *D.E.*)
12335. **Madeiras hai que se douran, madeiros hai que se adouran, madeiros hai que se queiman e, ó cabo, todo é madeira.** (ms10,034r: *D.E.*)

MADRASTRA

12336. **A madrasca, a máis boa é mala.** (ms10,034r: *D.E.*)

⁴²⁰⁰ En ms10 s.v. *Mea*.

12337. **A madrasca, a millor, queimala.** (ms10,034v: *D.E.*)
12338. **A madrasca, inda de sucre, amarga.** (ms10,034r: *D.E.*)
12339. **Madrasca, nin de cera nin de boa pasta.** (ms10,034v: *D.E.*)

MADRE

12340. **Nai e filla caben nunha camisa; sogra e nora non caben na tea toda.** (ms10,066r: *D.E.*)
12341. **Nai facendosa fai a filla preguizosa.** (ms10,066r: *D.E.*)
12342. **Nai moi goberneira, filla preguiceira.** (ms10,066r: *D.E.*)
12343. **Nai vella e camisa rota, non é deshonra.** (ms10,066r: *D.E.*)
12344. **Non hai nai como a que pare.** (ms10,066r: *D.E.*)
12345. **O que ten nai non-o hai que chorar.** (ms10,066r: *D.E.*)
12346. **Quen ten a nai na vila, sete veces se queixa ó día.** (ms10,066r: *D.E.*)

MADRINA

12347. **A madriña, onda porta arrímaa e, a comadre, déixaa onde a atopares.** (ms10,034v: *D.E.*)

MADRUGAR

12348. **Madruga e verás, busca e atoparás.** (ms10,034v: *D.E.*)
12349. **Pouco importa madrugar, si non hai gana de traballar.** (ms10,034v: *D.E.*)
12350. **Quen trasnoita e madruga, vai montado en boa burra.** (ms10,034v: *D.E.*)
12351. **Sol que moito madruga, pouco dura.** (ms10,034v: *D.E.*)
12352. **Xa ten que madrugar o que á raposa ha de enganar.** (ms10,034v: *D.E.*)

MADURAR

12353. **A poma no regueiro i-a moza no mesón maduran antes de sazón.** (ms10,034v: *D.E.*)
12354. **O figo na figueira, a froita na praza e a moza no mesón, tres cousas son que maduran sin sazón.** (ms10,034v: *D.E.*)

MAESTRO. V. tamén *Enseñar, Educación, Estudiantes, Libro, Pedagógicos.*

12355. **Non hai mestre como o tempo.** (ms10,039v: *D.E.*)

12356. **Non hai millor mestra que a necesidade e a probeza.** (ms10,039v: *D.E.*)

MAÍZ. V. tamén *Agrícolas, Pan.*

12357. **Nin millo engrolado nin millo queimado.** (ms10,040r: *D.E.*)
12358. **No lle deas millo ós paxaros que xa cho comerán eles.** (ms10,040r: *D.E.*)

MAJAR. V. tamén *Agrícolas.*

12359. **Mallando, mallando, adepréndese a mallar.** (ms10,036v: *D.E.*)

MAL. V. tamén *Jurídicos y similares.*

12360. **Alá vai o mal onde comen ovos sin sal.** (ms10,035r: *D.E.*)
12361. **Anque te atopes mal, vive na cibdá.** (ms10,035r: *D.E.*)
12362. **Ben veñas mal, se vés soilo.** (ms10,035r: *D.E.*)
12363. **Cando mal, maleitas.** (ms10,035r: *D.E.*)
12364. **Co mal de outro calquera dorme.** (ms10,035r: *D.E.*)
12365. **Co mal de outro calquera pode.** (ms10,035r: *D.E.*)
12366. **Con ben veñas, mal, se non me vés a buscar.** (ms10,035r: *D.E.*)
12367. **Con ben veñas, mal, se non me vés a levar.** (ms10,035r: *D.E.*)
12368. **Cousa do mal é non querer sanar.** (ms10,035r: *D.E.*)
12369. **Defendera-lo mal falando ben do mal.** (ms10,035r: *D.E.*)
12370. **É refrán moi antigo que é gran mal o mal veciño e máis se é do teu oficio.** (ms10,035r: *D.E.*)
12371. **Face-lo mal polo ben, non-o fagas a ninguén.** (ms10,035r: *D.E.*)
12372. **Fai mal e agarda outro tal.** (ms10,035r: *D.E.*)
12373. **Mal alleo colga de un pelo.** (ms10,035r: *D.E.*)
12374. **Mal alleo, tal mo din, tal o creo.** (ms10,035r: *D.E.*)
12375. **Mal alleo, tal mo dis, tal cho creo pero o meu síntoo de seu.** ⁴²⁰¹ (ms10,035r: *D.E.*)
12376. **Mal con mal, mátase o mal.** (ms10,035r: *D.E.*)

⁴²⁰¹ V. *Mal alleo, tal mo din e tal o creo, mais, o meu, sinto de seu en Mal.*

12377. **Mal de moitos, consolo de parvos.** (ms10,035r: D.E.)
 12378. **Mal de morte, ó meu home lle caía en sorte.** (ms10,035r: D.E.)
 12379. **Mal é acabarse o ben.** (ms10,035r: D.E.)
 12380. **Mal por ben, non se debe volver a ninguén.** (ms10,035r: D.E.)
 12381. **Mal por mal, non se debe dar.** (ms10,035r: D.E.)
 12382. **Mal que non ten cura, querelo curar é loucura.** (ms10,035r: D.E.)
 12383. **Malia o romeiro que fala mal do seu compañeiro.** (ms10,036r: D.E.)
 12384. **Ninguén é adiviño do mal que está veciño.** (ms10,035r: D.E.)
 12385. **Ninguién fai mal que non-o veña pagar.** (ms10,035r: D.E.)
 12386. **Non é de agora o mal que non millora.** (ms10,035r: D.E.)
 12387. **Non fagas mal, que é pecado mortal; nin fagas ben que é pecado tamén.** (ms10,035r: D.E.)
 12388. **Non hai mal bo.** (ms10,035v: D.E.)
 12389. **Non hai mal onde non hai door.** (ms10,035v: D.E.)
 12390. **Non hai mal onde Dios non acuda.** (ms10,035v: D.E.)
 12391. **Non hai mal que cen anos dure nin corpo que o ature.** (ms10,035v: D.E.)
 12392. **Non hai mal que cen anos se ature nin ben que moito dure.** (ms10,035v: D.E.)
 12393. **Non hai mal que non teña pior.** (ms10,035v: D.E.)
 12394. **Non hai mal sin baldón nin baldón sin galardón.** (ms10,035v: D.E.)
 12395. **Non hai mal sin pena nin ben sin boa estrena.** (ms10,035v: D.E.)
 12396. **Non hai mal tan grave que non se acabe.** (ms10,035v: D.E.)
 12397. **O mal alleo dá consello.** (ms10,035v: D.E.)
 12398. **O mal amorriña i-o ben aviva.** (ms10,035v: D.E.)
 12399. **O mal é acabarse o ben.** (ms10,035v: D.E.)
 12400. **O mal entra a brazadas e sai a migalladas.** (ms10,035v: D.E.)
 12401. **O mal entra como un louco e sai pouco a pouco.** (ms10,035v: D.E.)
 12402. **O mal entra pola boca e pola boca sai.** (ms10,035v: D.E.)
 12403. **O mal menos esperado é máis chorado.** (ms10,035v: D.E.)

12404. **O mal nunha casa acaba coas caravillas.** (ms10,035v: D.E.)
 12405. **O mal que da túa boca sai, no teu seo cai.** (ms10,035v: D.E.)
 12406. **O pouco mal espanta e o moito pesa e cansa.** (ms10,035v: D.E.)
 12407. **Ó que fai mal, nunca achague lle ha de faltar.** (ms10,035v: D.E.)
 12408. **Ó que mal che quer facer, cóllelle a dianteira se pode ser.** (ms10,035v: D.E.)
 12409. **Padezo este mal que me ha de consumir: que despois de farto, bótome a dormir.** (ms10,035v: D.E.)
 12410. **Paga o que debes e sanarás do teu mal.** (ms10,035v: D.E.)
 12411. **Pró mal mortal ningunha herba val.** (ms10,035v: D.E.)
 12412. **Pró mal que hoxe acaba o remedio de mañán sobra.** (ms10,035v: D.E.)
 12413. **Pró mal que hoxe acaba, o remedio de mañán non basta.** (ms10,035v: D.E.)
 12414. **Quen co seu mal se asaña a si mesmo se engaña.** (ms10,035v: D.E.)
 12415. **Quen máis non pode, co seu mal morre.** (ms10,036r: D.E.)
 12416. **Quen non cala o mal seu ¿cómo calará o teu?** (ms10,036r: D.E.)
 12417. **Se fas mal, agarda outro tal.** (ms10,036r: D.E.)
 12418. **Seus males espanta o que canta.** (ms10,036r: D.E.)
 12419. **Vale máis o mal da miña terra que o mal da allea.** (ms10,036r: D.E.)
 12420. **Xusto é o mal que vén, se o busca quen o ten.** (ms10,036r: D.E.)

MAL GOBIERNO. V. tamén *Gastar, Jurídicos y similares.*

12421. **Quen ten tres e gasta catro, excusa de saco.** ⁴²⁰² (ms: C.G.)
 (pt) *Quem tem três e gasta quatro, em breve chega ao fundo do saco.* (Chaves) (es) *Quien tiene tres y gasta dos, sirve a Dios; quien tiene dos y gasta tres, sirve a Lucifer.* (R. Marín)

MALDAD

12422. **O mal e o ben non son amigos pero son veciños.** ⁴²⁰³ (ms10,035v: D.E.)

⁴²⁰² ms4: *excusa*. Contén a indicación *Mal gobierno*.

⁴²⁰³ En ms10 s.v. *Mal* coa indicación *Maldad*.

MALGASTAR. V. tamén *Comercio, Derroche, Deudas, Riqueza y dinero.*

12423. **Quen malgasta o que é seu, o sentido perdeu.** (ms10,036r: *D.E.*)

12424. **Quen malgastou o seu, non sabe o que perdeu.** (ms10,036r: *D.E.*)

MALICIA

12425. **Ainda que a malicia oscurece a verdá, non-a pode apagar.** (ms10,036r: *D.E.*)

MALO

12426. **A mala herba non morre.** (ms10,036r: *D.E.*)

12427. **A mala herba logo crece.** (ms10,036r: *D.E.*)

12428. **A malas ceas e a malos almorzos, encóllense as tripas e alárganse os pescozos.** (ms10,036r: *D.E.*)

12429. **Á que quere ser mala, pouco aproveita gardala.** (ms10,036r: *D.E.*)

12430. **Do malo, o millor.** (ms10,036r: *D.E.*)

12431. **Do malo, pouco; do pior, nada.** (ms10,036r: *D.E.*)

12432. **Mala cousa nunca morre.** (ms10,036r: *D.E.*)

12433. **Mala é a chaga que con viño non sana.** (ms10,036r: *D.E.*)

12434. **Mala é a morte que deixa valeira a casa ou a corte.** (ms10,036r: *D.E.*)

12435. **Malo virá quen bo me fará.** (ms10,036r: *D.E.*)

12436. **Non hai máis mala xente que os homes e as mulleres.** (ms10,036r: *D.E.*)

12437. **Non hai nada tan malo que non sirva pra algo bo.** (ms10,036r: *D.E.*)

12438. **O malo de balde é caro e o millor é o máis barato.** (ms10,036r: *D.E.*)

12439. **Ó malo i-ó enfermo Dios lle dea saúde hastra que sane.** (ms10,036r: *D.E.*)

12440. **Ó malo ninguén se afai.** (ms10,036r: *D.E.*)

12441. **Ó malo precura escarmentaló.** (ms10,036r: *D.E.*)

12442. **O malo sempre soña engano.** (ms10,036v: *D.E.*)

12443. **Ó malo, amalo e senón deixalo.** (ms10,036r: *D.E.*)

12444. **Ó malo, darlle diñeiro, ou casalo se é solteiro.** (ms10,036r: *D.E.*)

12445. **Ó malo, nunha man o pan e noutra o pau.** (ms10,036r: *D.E.*)

12446. **O malo, pra facer mal, achaques ha de atopar.** (ms10,036r: *D.E.*)

12447. **O malo, pra facer mal, achaques non ha mester.** (ms10,036r: *D.E.*)

12448. **Onde hai un malo hai outro bo.** (ms10,036v: *D.E.*)

12449. **Onde hai un malo nunca falta outro bo.** (ms10,036v: *D.E.*)

12450. **Os bos lévaos Dios pra si e os malos quedamos aquí pra entendernos.** (ms10,036v: *D.E.*)

12451. **Se o malo non fora maldizoado, o bo non sería loubado.** (ms10,036v: *D.E.*)

MALVA

12452. **A malva, collela e non regala; a herba, regala e non collela.** (ms10,036v: *D.E.*)

MANCHA

12453. **A mancha grande non hai xabrón que a lave.** (ms10,036v: *D.E.*)

12454. **Pra mancha grande non hai xabrón que abaste.** (ms10,036v: *D.E.*)

MANDAR. V. tamén *Jurídicos y similares.*

12455. **Cada un manda na súa casa.** (ms10,037r: *D.E.*)

12456. **Cada un manda no seu e fai o que lle peta.** (ms10,037r: *D.E.*)

12457. **Cando teñas o mando i-o pau, non fagas o que che veña á mau.** (ms10,037r: *D.E.*)

12458. **Desa maneira, non hai maneira.** (ms10,037r: *D.E.*)

12459. **Eu mando ó meu gato e o meu gato manda ó seu rabo.** (ms10,037r: *D.E.*)

12460. **Hoxe está mandando quen onte entrou rogando.** (ms10,037r: *D.E.*)

12461. **Manda e faino e quitaraste de coidado.** (ms10,037r: *D.E.*)

12462. **Mándame o meu amo, mándame a miña ama, e non sei ben cal mandado faga.** (ms10,037r: *D.E.*)

12463. **Mando eu ó meu mozo e o meu mozo manda a outro.** (ms10,037r: *D.E.*)

12464. **Non sabe mandar quen non foi mandado.** (ms10,037r: *D.E.*)

12465. **Quen está afeito a mandar, a servir mal se afai.** (ms10,037r: *D.E.*)

12466. **Quen manda, manda, e quen obedece, apanda.** (ms10,037r: *D.E.*)

12467. **Quen non ten a quen mande, érgase e ande.** (ms10,037r: D.E.)

MANGA

12468. **Boas son as mangas, anque sean dispois das Páscoas.** (ms10,037r: D.E.)

MANJAR. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía.*

12469. **Non hai manxar que non farte nen vicio que non enfade.** (ms10,037r: D.E.)

MANO

12470. **A man de todo ten man.** (ms10,036v: D.E.)

12471. **A man estea queda anque a lingua vaia e veña.** (ms10,036v: D.E.)

12472. **A man pra todos ten man.** (ms10,036v: D.E.)

12473. **Ás maus lavadas Dios dálle que coman.** (ms10,036v: D.E.)

12474. **Da man prá boca a culler se emborca.** (ms10,036v: D.E.)

12475. **De boa man, ben está o que dan.** (ms10,036v: D.E.)

12476. **De tal man, tal é o que se dá.** (ms10,036v: D.E.)

12477. **Dinche que eres bo, mete as mans no seo.** (ms10,036v: D.E.)

12478. **Mans brancas non ofenden pero mancan.** (ms10,036v: D.E.)

12479. **Mans que tomades ¿por que non dades?** (ms10,036v: D.E.)

12480. **Maus frías e corazón quente, namoro de repente.** (ms10,036v: D.E.)

12481. **Maus quentes e corazón frío, amor perdido.** (ms10,036v: D.E.)

12482. **Mete as mans no seo, non dirás do fado alleo.** (ms10,036v: D.E.)

12483. **Meter as mans nas fogueiras é criar frieiras.** (ms10,036v: D.E.)

12484. **Moitas mans nun prato logo tocan a rebato.** (ms10,036v: D.E.)

12485. **Non metas as mans no prato antes que as meta o teu amo.** (ms10,036v: D.E.)

12486. **Non pidas á man allea se a túa non vai chea.** (ms10,036v: D.E.)

12487. **Que non seipa a man dreita o que fai a esquerda.** (ms10,036v: D.E.)

12488. **Quen espera a man allea, mal xanta e mal cea.** (ms10,036v: D.E.)

12489. **Ruín man, ruín é o que non dá.** (ms10,036v: D.E.)

12490. **Se che din ben da túa leira, mete a man na faltriqueira.** (ms10,036v: D.E.)

12491. **Tal é a man e tal é o que dá.** (ms10,036v: D.E.)

MANTA

12492. **Debaixo da manta, moito se esconde e moito se tapa.** (ms10,037r: D.E.)

MANTENER

12493. **Máis mantén pan duro que figo maduro.** (ms10,037r: D.E.)

12494. **Manter unha casa, non-o sabe senón quen o pasa.** (ms10,037r: D.E.)

12495. **Quen a moitos ha manter, moito ten que ter.** (ms10,037r: D.E.)

MANZANA. V. tamén *Fruta, Huerta, Mujer.*

12496. **Mazá, troita e muller, que sea fresca se pode ser.** (ms10,038v: D.E.)

MANZANILLA

12497. **Colle en agosto a manzanilla e deixarás moitas veces de ir á botica.** (ms10,037r: D.E.)

MAÑANA. V. tamén *Días.*

12498. **Mañán choverá ou nevará ou sabe Dios o que fará.** ⁴²⁰⁴ (ms10,037v: D.E.)

12499. **Mañán parda, mañán larga.** (ms10,037v: D.E.)

12500. **Pola mañán ó monte e pola tarde á fonte.** (ms10,037v: D.E.)

MAÑA. V. tamén *Maña. Destreza.*

12501. **Na maña está a culpa, que a edá non ten ningunha.** (ms10,037r: D.E.)

12502. **Niste mundo hai que saber nadar na tona.** ⁴²⁰⁵ (ms5,131: Sangenjo)

12503. **O que non sabe maña, non come castaña.** (ms16: Sesto / ms4: G.S.A.)

12504. **O que non sabe maña, non ten castaña.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos de La Coruña*)

12505. **O que non ten maña, apaña.** (ms16: Sesto)

Aplicase tamén a la necesidad de tener un oficio para ganarse la vida.

⁴²⁰⁴ Vázquez Saco transcribe *o sabe Dios o que fará.*

⁴²⁰⁵ Indica *Maña*. V. *Maña. Destreza.*

12506. **O que non ten maña, morre como araña.** (ms16: Sesto)
 12507. **Pra todo hai maña senón prá morte.** (ms10,037r: D.E.)
 12508. **Quen ten maña, pra todo se apaña.** (ms10,037r: D.E.)
 12509. **Todo quer maña pero o comer quer gana.** (ms10,037r: D.E.)

MAÑA. DESTREZA. V. tamén *Maña*.

12510. **O que non sabe maña, non come castaña e, pra a comer, hai que a saber.** ⁴²⁰⁶ (ms21,09r: Bermés)
 12511. **O que sabe mañas, asa castañas; i-o que non sabe ningunhas, nin asadas nin crudas.** (mc: Pol)
 12512. **O que ten maña, apaña.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos de La Coruña* / ms18,75r: A.S.A.)
 12513. **O que ten maña, sempre apaña.** ⁴²⁰⁷ (mc: M.L. / ms10,037v: D.E.)
 Var.: *O que ten maña, apaña.* (ms4: J.P.)
 12514. **Onde non valen cuñas, aproveitan uñas.** ⁴²⁰⁸ (mc: Meilán / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 (es) *Donde no valen cuñas, aprovechan uñas.* (Bergua)
 Donde no valen medios rápidos, aprovecha maña y destreza. (mc) / Lo que no se puede conseguir con la fuerza se logra con maña e industria. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12515. **Quen ben ata, ben desata.** (mc: M.V.)
 (pt) *Quem bem ata, bem desata.* (Chaves)
 (es) *Quien bien ata, bien desata.* (Correas)
 El que tiene maña para hacer una cosa, la tendrá también para deshacerla.
 12516. **Quen mata a arbela, sabe máis que ela.** (mc: A.S.A. / ms21,06r: Bermés)
 (pt) *Quem mata alvéola, sabe mais que ela.* (Chaves)
 12517. **Quen mata a churumbela máis sabe que ela.** (mc: Chantada)
 12518. **Quen ten maña, apaña.** (mc: R. Caruncho)
 (pt) *Quem não tem manha morre no ar como uma aranha.* (Chaves) (es) *Quien tiene maña, para todo se apaña.* (R. Marín)
 12519. **Quen tivo más, pillou mazás.** (mc: M.L.)

⁴²⁰⁶ O orixinal di: *O que non sabe maña non come castaña, e pra a comer hay que a saber. (a maña).*

⁴²⁰⁷ En ms10 s.v. *Maña*.

⁴²⁰⁸ ms-LU: *Donde*.

12520. **Vale máis a maña cá forza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12521. **Vale máis maña que forza.** ⁴²⁰⁹ (mc: M.V. / ms10,023v)
 (pt) *Mais vale geito que força.* (Chaves) / *Mais vale manha que força.* (Id.) (es) *Más vale maña que fuerza.* (Correas) (ct) *Més val manya que força.* (Alberola)

MAQUILA. V. tamén *Molino*.

12522. **O muiñeiro maquieiro cóidase o amo do rigueiro.** (ms10,037v: D.E.)
 12523. **O muiñeiro que oi e ve, non pode ser paroleiro.** (ms10,037v: D.E.)

MARIDO. V. tamén *Matrimonio*.

12524. **Come, marido, pan e cebola, que xa que eres ruín non che poño a ola.** (ms10,037v: D.E.)
 12525. **Entre marido e muller ninguén se debe meter.** (ms10,037v: D.E.)
 12526. **Entre o marido i-a muller soilo paz debes poñer.** (ms10,037v: D.E.)
 12527. **Levade vós, marido, a artesa, que eu levarei o pan, que tamén pesa.** (ms10,037v: D.E.)
 12528. **Marido na lareira, delor na faltriqueira que anda valeira.** (ms10,037v: D.E.)
 12529. **Ó mal marido cegalo ou cebalo.** (ms10,037v: D.E.)
 12530. **Ó mal marido sirveo como señor e gárdate del coma de un treidor.** (ms10,037v: D.E.)
 12531. **O marido ámao como amigo e témeo como enemigo.** (ms10,037v: D.E.)
 12532. **O marido fai muller.** (ms10,037v: D.E.)
 12533. **O marido na cama e a fame na casa.** (ms10,037v: D.E.)
 12534. **O marido ten que ter prudencia e a muller, pacencia.** (ms10,037v: D.E.)
 12535. **Ó marido, temelo, querelo e obedecelo.** (ms10,037v: D.E.)
 12536. **O meu marido é tamborileiro, así mo deu Dios i-eu tamén así o quero.** (ms10,037v: D.E.)
 12537. **Se queres o teu marido matar, dálle berzas por san Xoán.** (ms10,037v: D.E.)

⁴²⁰⁹ ms3: *Mais vale*. En ms10 s.v. *Fuerza*.

MARINERO. V. tamén *Marítimos (Vida del marinero)*.

12538. **Mariñeiro que dorme, peixe non colle.**
(ms10,037v: D.E.)

12539. **O millor mariñeiro morre no mar,
onde ninguén se pode descoidar.**
(ms10,037v: D.E.)

MARÍTIMOS. V. tamén *Embarcaciones*.

12540. **Do mar o salmón e da terra o
lacón.**⁴²¹⁰ (ms10,037v: D.E.)

12541. **O mar e a muller hanse de lonxe
ver.**⁴²¹¹ (ms10,037v: D.E.)

12542. **O mar é longo.**⁴²¹² (ms10,037v: D.E.)

12543. **O mar, ó máis amigo logo o pon en
perigo.**⁴²¹³ (ms10,037v: D.E.)

12544. **O que o mar dá, o mar o quita.**⁴²¹⁴
(ms10,037v: D.E.)

12545. **Onde vai o mar, vaian as areas.**⁴²¹⁵
(ms10,037v: D.E.)

12546. **Polo mar anda quen o gana.**⁴²¹⁶
(ms10,037v: D.E.)

12547. **Quen non entra no mar, nel non se
pode afogar.**⁴²¹⁷ (ms10,037v: D.E.)

12548. **Quen non sabe de mar, non sabe de
marear.**⁴²¹⁸ (ms10,037v: D.E.)

ARTE DE NAVEGAR. V. tamén *Navegación*.

12549. **O que pasa pola Pena da Marola,
pasa pola mar toda.**⁴²¹⁹ (mc)

Var.: *O que pasa a Marola, pasa a mar toda. /
Quen pasa a Marola pasa a mar toda.*

Alude al conocido peñasco o islota situado en la confluencia de las rías de Ferrol, Ares, Betanzos y La Coruña, cuyas inmediaciones se caracterizan por una molesta marejada, que hace peligrosa la navegación, sobre todo para los barcos de cabotaje. Una canción popular recoge los afanes del marinero, cuando atraviesa aquellas latitudes: *Pola pena da Marola /*

*pola da Marola pena, / pola pena da
Marola, / rema, remeiriño, rema.*

12550. **Se queres que o vento veña, dálle coa
leña.**⁴²²⁰ (ms11,40: Saralegui, Ferrol)

(es) *Dale con el remo, boga.* (Gella)

Saralegui dice no entender el refrán y añade que una persona ilustrada del Ferrol; de donde procede el refrán lo explica así: "Cuando se queda el viento, hay que armarse de paciencia y tirar del remo, hasta que vuelva".

ARTES DE PESCA

12551. **A sacada, chucha a cana.**⁴²²¹ (mc: M.-R.
de P.)

12552. **Ás betas non te metas.**⁴²²² (mc: M.-R. de
P.)

12553. **Cando hai espumallo no Cabo, non
vaías ó trasmallo.**⁴²²³ (mc: Gella, Foz)

Var.: *Cando no cabo hai espumallo, non vaías
ó trasmallo.* (Gella-Foz)

(es) *Con espumayo no vayas al trasmayo.*
(Gella- Tapia de Casariego) / *Con mar
espumosa no vayas a pescar.* (Gella)

12554. **O palangre chucha o sangue.** (mc: M.-R.
de P.)

Var.: *O palangre tira sangue.* (Tuy) / *O
palagre chupa o sangue.* (mc e ms4: J.T.)⁴²²⁴

Palangre es un aparejo de pesca que se compone de un cordel grueso de 100 a 1.000 metros de largo, del que penden otros más finos terminados en anzuelo; es aparejo de fondo y queda señalado en la superficie por medio de boyas o flotadores. Requiere bastante esfuerzo, por lo que suelen decir los pescadores del Miño (lo usan en el estuario que forma en Tuy dicho río): *O palangre tira sangue.* Véase "Las grandes pesquerías del Miño-Notas folklóricas" por M. F. Costas en *Finisterre*, nº 30, jul.1946 (ms) En castellano, *espín* (ms).

12555. **Os trasmallos son traballos.**⁴²²⁵ (mc: S.
Loureiro)

⁴²¹⁰ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹¹ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹² En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹³ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹⁴ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹⁵ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹⁶ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹⁷ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹⁸ En ms10 s.v. *Mar*.

⁴²¹⁹ Dentro de *Marítimos (Miscelánea)* no mc e indica *Marítimos (Arte de navegar)* en ms.

⁴²²⁰ Indica *Marítimos (Arte de navegar)*.

⁴²²¹ Indica *Mar. (Artes de pesca)* no ms e *Marítimos (Miscelánea)* no mc.

⁴²²² Indica *Mar. (Artes de pesca)* no ms e *Marítimos (Miscelánea)* no mc.

⁴²²³ Indica *Marítimos (Artes de pesca)* no ms e *Marítimos (Miscelánea)* no ms.

⁴²²⁴ ms4: *a sangue*.

⁴²²⁵ Indica *Marítimos (Artes de pesca)* no ms e *Marítimos (Miscelánea)* no mc.

ASTROS

12556. **A lúa sempre minte.** (ms)
12557. **Encarnado ó mar, bota os bois a labrar.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
12558. **Encarnado ó mar, colle os bois e vai labrar.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C / ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
12559. **Encarnado ó mar, colle os bois, vai labrar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
12560. **Encarnado ó monte, bois á corte; encarnado ó mar, bois a arar.** (mc: Ribeira-F.V.S. / ms18,69v: Gella.-Riveira)
Anuncian malo y buen tiempo respectivamente.
12561. **¿Encarnado polo monte? Colle os bois e méteos na corte.** (mc: M.-Ría de Arosa)
En Santa Eugenia de Ribeira, reúnen los dos últimos en el siguiente.
12562. **Lúa nova e lúa vella, baixa o mar ás oito e media.** (mc: Sar., Bayona)
Hora de la baja mar, en el novilunio y en el plenilunio.
12563. **Lúa recién escondida, a vigilancia conocida.** (mc: M.-Sangenjo)
En la sección *Agrícolas. Meteorológicos* recogimos algunos referentes a la luna, que tienen también aplicación a la vida del mar.
12564. **Luna con circo, auga no bico.** (ms)
12565. **Luna ergueita, marea escorreita.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
12566. **Luna nova con circo, auga no bico.** (ms: I.T.)
12567. **Luna nova, luna chea, marea chea ás dúas e media.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
12568. **Luna posta, marea na costa.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
12569. **Roibas a Levante, aguas no instante.** (mc: M.-Sangenjo)
12570. **Roibas a Mourente, chuvias de repente.** (mc: M.-R. de P.)
12571. **Roibas á terra, vellas á merda.** (mc: M.-R. de P.)
12572. **Roibas ao mar, vellas a asollar.** ⁴²²⁶
(mc: M.-Sangenjo / mc: M.-Ría de Vigo / ms21,11r: Bermés)

⁴²²⁶ ms21,11r: *Rubeas o mar*; mc: M.-Ría de Vigo: *Rubias ao mar*.

Var.: *Rubio no mar, está a vella a asollar.* (ms5,045: Cobas, Cachafeiro, Forcarey) / *Rubias ao mar, vellas a solar.* (mc: M.-Ría de Vigo) / *Rubias ó mar, vellas ó solar.* (mc: A.I. / ms18,58r: *Vida Gallega*) ⁴²²⁷
(es) *Viejas a sobejar que arrebolos hay en Portugal.* (Gella)

12573. **Roibas ao poniente, bo día seguinte.** (mc: M.-Sangenjo)
Var.: *Roibeces ao sol posto, mañán andarás enxoiro.* (C.A.)
12574. **Roibéns no mar, vellas a rolar.** (ms18,62r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936.)
12575. **Roibéns ó mar, vellas ó solar.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
12576. **Roibéns polo mar, donas a solar.** (mc: Mugardos)
12577. **Rubias ao Nascente, chuvias pendentés.** (mc: M.-R. de P.)
12578. **Rubiés cara ó mar, vellas a asollar.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
12579. **Sol con barbas, ventos ou aghuas.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
12580. **Sol no afeitado, pronto é aguado.** (mc: M.-Sangenjo)
Var.: *Sol no exeitado, pronto é aguado.* (M.-R. de P.)

ASTROS. MAREAS

12581. **Lúa chea henche o mar ás tres e media.** ⁴²²⁸ (mc: Bayona)
(es) *Luna llena, pleamar de tres y media.* (R. Marín)
Dice Saralegui que al ocurrir el último cuarto de la luna se producen allí los pleamares a las tres y media de la mañana y de la tarde.
12582. **Lúa chea, pleamar ás dúas e media.** ⁴²²⁹ (mc: S. Loureiro)
(pt) *Lua nova e lua cheia, praia mar às duas e meia.* (Chaves) (es) *Luna llena, pleamar de tres y media.* (R. Marín)
Dice Saralegui que al ocurrir el último cuarto de la luna se producen allí los pleamares a las tres y media de la mañana y de la tarde.

⁴²²⁷ ms18,58r: *obellas o solar.*

⁴²²⁸ Indica *Marítimos (Mareas)* no ms.

⁴²²⁹ Indica *Marítimos (Mareas)* no ms.

12583. **Lúa deitada, mariñeiro a pé; lúa de pé, mariñeiro deitado.** ⁴²³⁰ (mc: U.C. Cuartilla 15)

Var.: *Lúa deitada, mariñeiro de pé; lúa de pé, mariñeiro deitado.* (mc: M.-R.de P.) ⁴²³¹ / *Lúa deitada, mariñeiro de pé; lúa de pé, mariñeiro sentado.* (M. R. de P.) / *Luna deitada, mariñeiro en planta.* (G.P.) / *Lúa deitada, mariñeiro en pé.* (Villanueva de Arosa)

(pt) *Lua deitada, marinheiro em pé; lua em pé, marinheiro deitado.* (Chaves) (es) *Luna en pie, marinero, acuéstate.* (Gella) / *Luna acostada, marinero en pie.* (Id.) / *Luna derecha, marinero acostado.* (Sar) / *Luna de pie, marinero acostado.* (Id.) / *Luna tendida, marinero en pie.* (Sar) / *Luna en cuarto creciente inclinada, señal de mal tiempo.* (ct) *Lluna dreta, mariné ajagut; lluna aijaguda, mariné dret.* (Gella) / *Lluna gitada, mariner dret.* (Id.) / *Lluna ajeguda, mariné dret.* (Id.)

12584. **Lúa metida, baixamar barrida.** ⁴²³² (mc: Sar., Cangas)

12585. **Lúa ó Mondigo, baixamar no río; lúa posta, baixamar en toda a costa.** ⁴²³³ (mc: M.L.)

Var.: *Lúa no Mondigo, baixamar no río.* (A. Meilán)

El Mondigo, se alza en el ayuntamiento de Ribadeo, no lejos de la costa, a 583 metros sobre el nivel del mar.

12586. **Lúa posta, baixa a mar en toda a costa, e pra mellor acertar, tres cuartos de hora por vaciar.** ⁴²³⁴ (mc e ms4: Ría de Vigo, Sar)

Var.: *Lúa posta, baixa a mar en toda a costa.* (Sar.-Bayona, Cangas) / *Lúa posta, baixamar en toda a costa.* (ms4: Gella) / *Lúa posta, baixamar na costa.* (Sar.-Bayona, Cangas)

(pt) *Lua posta, baija mar na costa.* (Chaves)

Este refrán lo suelen completar en la ría de Vigo añadiéndole: *e pra mellor acertar, tres cuartos de hora por vaciar.* (ms4)

⁴²³⁰ Na referencia da primeira variante aparece sobreescrito *M.-Sangenjo*. / Indica *Marítimos (Mareas)* no ms.

⁴²³¹ mc: *Lúa ditada.*

⁴²³² Indica *Mareas* no ms.

⁴²³³ Indica *Mareas* no ms.

⁴²³⁴ No local da primeira variante aparece sobreescrito *Amor Meilán* / Indica *Mareas* no ms. / ms4: *baixamar*.

12587. **Marea viva e lúa alta xa non hai un rabo en Coira.** ⁴²³⁵ (mc: S. Loureiro)

ASTROS. PRONÓSTICO DE CALMA

12588. **Arco á cea, boa noite espera.** (mc: M.-R. de P.)

12589. **Arco á matiña, alista a capotiña.** (mc: M.-R. de P.)

Véase la sección citada en el anterior.

ASTROS. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12590. **Sol barbado, ou vento, ou mollado.** (mc: Sar., Cangas)

Var.: *Sol embarbado, vendabal mollado.* (ms15,41: Burela)

(es) *Sol barbado, ventado o mojado.* (Gella) / *Sol embarbado, vendaval mojado.* (Id.)

12591. **Sol con barbas, augas.** ⁴²³⁶ (mc: Sta. Eugenia de Riveira / ms10,122r: D.E.)

(es) *Sol con barbas, aguas.* (Gella)

El sol con barbas sale en otros refranes parecidos de las costas de España. *Sol con barbas, levante o agua*, dicen en Benidorm; *Sol con barbas, vendabal con aguas*, en Sanlúcar y *Sol con barbas, viento o aguas*, en Avilés (Véase Saralegui, pags. 26-27)

12592. **Sol con barbas, vento ou auga.** (mc: Bueu / ms: S. Loureiro)

(es) *Sol con barbas, levante o agua.* (Gella)

El sol con barbas sale en otros refranes parecidos de las costas de España. *Sol con barbas, levante o agua*, dicen en Benidorm; *Sol con barbas, vendabal con aguas*, en Sanlúcar y *Sol con barbas, viento o aguas*, en Avilés (Véase Saralegui, pags. 26-27)

ASTROS. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12593. **Encarnado á Carnota, colle a leña e cerra a porta.** (mc: Gella, Lira-F.V.S.)

Anuncia tempestad y lluvia.

ASTROS. PRONÓSTICO DE TORMENTA

12594. **Arco á matiña, á tarde tormentiña.** ⁴²³⁷ (mc: M.-R. de P.)

Figuran variantes en la sección "Agrícolas. Meteorológicos".

⁴²³⁵ Indica *Mareas* no ms.

⁴²³⁶ En ms10 s.v. *Sol*.

⁴²³⁷ mc: *tromentiña*.

ASTROS. PRONÓSTICO DE VIENTO

12595. **Clara na veigha, nordeste na caldeira.**⁴²³⁸ (mc: Gella, Ribadeo)

12596. **Sol barbado, nordeste ó rabo.** (mc: Sar., Puente deume)

Var.: *Sol barbado, nordeste ó cabo.* (S. Ciprián)

(es) *Sol embarbado, nordeste al cabo.* (Gella)

AVES. V. tamén *Peces, Pesca, Pronósticos atmosféricos, Tiempo.*

12597. **Cando a gaivota vai prá terra, colle a brosa e vai por leña; cando pró mar, xonce os bois e vai arar.** (mc: Gella)

12598. **Cando a gaivota vén do mar, colle a brosa e vai estelar; e cando a gaivota vai pró mar, colle os aparellos e vai pescar.** (mc: Gella)

Var.: *Cando a gaivota vai prá terra, coll'a brosa e fai estela.* (Francisco Lanza, *Nós*, tomo 8º, nº 90, año XIII, 19 junio 1931)

Francisco Lanza publica "Falan os de Ribadeo (Notas folklóricas e lexicográficas, recollidas n-ista vila)". Entre otros refranes ya recogidos en mi colección, los siguientes: De pueblos: *En Meira, nin boa xente nin boa feira. De Meira, tropa lixeira. Xente de Meira, que vai prá feira. ¿Es de Arante? O demo que te levante.* Agrícolas: *Cando a gaivota vai prá terra, coll'a brosa e fai estela.* (mc) / *Estelar* (hacer leña). (ms18)

12599. **Cando a garcia vai pr'arriba, colle os bois e vente axiña. Cando a garcia vai pr'abaixo, coll'os bois e vai arar.**⁴²³⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12600. **Cando a garza vai pra Meira, pon a sella á goteira; cando vai pró mar, pon os bois a arar.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Tirso ¿Vilalba / Antas?, ¿Muxía, Outes, Zas, Maceda?)

12601. **Cando a gaviota vai pró mar, colle o arado e vai arar; cando vai prá terra, colle a brosa e fai estela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Foz, LU)

12602. **Catro aves escollidas son as que pasan os mar: o cuco e a anduriña, a**

⁴²³⁸ O orixinal di: *Clara na veija, nordeste na caldeira.* / V. tamén *Agrícolas (Meteorológicos).* / mc: *veiga.*

⁴²³⁹ O orixinal di: *Cando a garcia vay pr'arriba colle os bois e vente axiña. Cando a baixo bay pr'a baixo, coll'os bois e vay arar.*

rula e o paspallás. (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

AVES. ABUNDANCIA DE PESCA

12603. **Cando chapuza o mazcato, xa se relame o gato.**⁴²⁴⁰ (mc: Gella, Ribadeo)

Porque es señal de pesca.

12604. **Si o mascato ves voar e tirar vai alí a pescar.**⁴²⁴¹ (mc: Gella, Marín / ms4: F.V.S. / ms15,11)

Mascato: Ave acuática, variedad de la gaviota. La presencia de los mascatos es siempre señal de abundancia de sardina, y el refrán alude a la costumbre que tienen de lanzarse desde lo alto sobre los pececillos que asoman a la superficie del mar. Saralegui cree la voz *mascato* original de Muros. Gella la registra también en Marín. Faltaba en nuestros diccionarios hasta Carré Alvarellos que recoge bajo la forma *mazcato*. (mc) / Su visita es siempre señal de sardina de la que se alimentan preferentemente. (ms)

AVES. PRONÓSTICO DE BUEN TIEMPO

12605. **Ave á ribeira, vella á eira.**⁴²⁴² (mc e ms: Ameijeiras, Arjomil)

Porque anuncia buen tiempo, así como el anterior lo anuncia malo.

12606. **Cando a garza vai pró mar, colle os bois e ponte a arar.**⁴²⁴³ (mc: M.L. / ms5,039)

12607. **Cando o mar está encarnado, pon os bois ó arado.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

Indica buen tiempo, como el anterior lo anuncia malo. (mc) / *Garcia* = garza. (ms5)

AVES. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12608. **Anduriñas a rentes da auga, chuvia na plaia.**⁴²⁴⁴ (mc: C.A.)

(es) *Golondrina que con el ala roza la tierra, lluvia recela.* (R. Marín) / *Golondrina que alta vuela, no teme que llueva.* (Id.)

⁴²⁴⁰ Indica *Marítimos (Abundancia de pesca)* no ms.

⁴²⁴¹ Indica *Abundancia de pesca* no ms.

⁴²⁴² mc: *ribeira.* / Indica *Marítimos (Pronósticos de buen tiempo)* no ms.

⁴²⁴³ Indica *Marítimos (Pronósticos de buen tiempo)* no ms.

/ ms5: *garcía.*

⁴²⁴⁴ Indica *Marítimos (Pronósticos de lluvia)* no ms.

12609. **Ave de mar na terra, ou chove ou neva.**⁴²⁴⁵ (mc: Pontevedra)

12610. **Cando a gaivota anda á gradisela, mal pra nós e fame pra ela.** (mc: M.-R. de P.)
Var.: *Cando a gaivota anda á gravisela, mal pra nós e fame pra ela.* (ms4, ms10,024v: D.E.)⁴²⁴⁶

Lo recoge con una pequena variante Carré Aldao. Ni *gradisela*, ni *gravisela* figuran en nuestros diccionarios.

12611. **Cando a gaivota vira ao cablestante, mal tempo seguro.** (mc: M.-R. de P.)

12612. **Cando as gaivotas beilan a muiñeira, hai chuvia na ribeira.** (mc: M.-R. de P.)

12613. **Cando chían os beloricos, muita auga e muito frío.** (mc: M.-R. de P.)

12614. **Cantan biloricos na terra, chuvia sin falta se espera.**⁴²⁴⁷ (mc: C.A. A Nosa Terra)

Beloricos, escribe en otro anterior Casto Sampedro. Valladares registra *belurico*, y Carré Alvarellos *belúrigo* = cierta ave que vive en las lagunas y a las orillas del mar.

12615. **De travesía nunca chove tod'o día.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

12616. **Gaivotas pola terra, choiva ou néboa.**⁴²⁴⁸ (mc: *Sonata Gallega* / ms18,69v: Gella.-Marín)

(pt) *Gaivotas em terra, sinal de mau tempo.* (Chaves) / *Se entra por terra a gaivota, é o temporal que a enxota.* (Id.) (es) *Gaviotas por la tierra, temporal por la mar.* (Gella) (ct) *Gavines per la terra, temporal per la mar.* (Gella)

Lo mismo que los anteriores. / Cuando el temporal es furioso y violento, suelen las gaviotas alejarse mucho de la costa. En el que azotó el Cantábrico en los últimos meses de 1951, las hemos visto volando sobre la ciudad de Lugo.

12617. **Gaviotas suben hasta se perder, gran temporal ten que haber.** (mc: M.-Sangenjo)

AVES. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12618. **Ave á montaña, vella á cama.**⁴²⁴⁹ (mc: Santiago / ms: Ameijeiras, Arjomil)

12619. **Cando a garza vai prá terra, colle a brosa e fai estela.**⁴²⁵⁰ (mc: M.L.)

⁴²⁴⁵ Indica *Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.

⁴²⁴⁶ ms4: *mal para nos*. En ms10 s.v. *Gaviota*.

⁴²⁴⁷ Indica *Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.

⁴²⁴⁸ Indica *Marítimos* (*Pronósticos de lluvia*) no ms.

⁴²⁴⁹ Indica *Marítimos* (*Pronóstico de mal tiempo*) no ms.

⁴²⁵⁰ ms4: *fai a estela* / Indica *Marítimos* (*Pronósticos de mal tiempo*) no ms.

(es) *Cuando la garza va al monte, coge la jarra y vete a la fonte.* (Oviñana- Gella)

Mal tiempo.

12620. **Cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai que gardar o millo da eira.**⁴²⁵¹ (mc e ms5: C.A. A Nosa Terra)

Var.: *Por san Bartolomé, si as gaivotas andan a beilar a muiñeira, garda o millo na eira.* (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)

AVES. PRONÓSTICO DE NIEVE

12621. **Cando a gaivota vai prá terra, xa non neva; cando vai pró mar, vai nevar.**⁴²⁵²

(mc e ms4: Saralegui, Foz / ms e ms4: M.L. / ms18,69r: Gella.-Foz)

Ambos movimientos se observan durante las nevadas que podríamos llamar apacibles o sin viento. (Saralegui)

AVES. PRONÓSTICO DE TEMPESTAD

12622. **Ponse o paño no mar, sente chuvia e temporal.**⁴²⁵³ (mc: Sar., Bayona)

Paño, en el distrito de Bayona es una pequeña ave marina del tamaño de la golondrina. Ya advierte Saralegui que falta esta voz en nuestros diccionarios.

AVES. PRONÓSTICO DE VENDAVAL

12623. **Cando se pon a pardela a espiollar, non tarda un día o vendaval.**⁴²⁵⁴ (mc e ms4: Sar., Bayona / ms4: Gella, Foz)

Pardela es el nombre castellano que se da a un ave acuática palmípeda, parecida a la gaviota, algo más pequeña que ésta. Aunque usada por autores castellanos, el *Diccionario de la Academia*, en sus ediciones anteriores a 1917 al menos, no la incluía. Hoy la trae *Diccionario Salvat*, entre otros.

AVES. PRONÓSTICO DE VIENTO

12624. **As gaivotas polo alto a voar, sursueste vai a entrar.**⁴²⁵⁵ (mc: Sar., Bayona)

⁴²⁵¹ Indica *Gaviotas* no ms5 e *Mar.* (*Pronósticos de mal tiempo*) no ms.

⁴²⁵² Indica *Marítimos* (*Pronósticos de nieve*) no ms.

⁴²⁵³ Indica *Pronóstico de tempestad* no ms.

⁴²⁵⁴ Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vendaval*) no ms.

⁴²⁵⁵ Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms. / ms4: *gavotas, vai entrar*.

12625. **As gaivotas ¡clo, clo! a cantar, norte duro vai a entrar.** ⁴²⁵⁶ (mc: Sar., Bayona)
 12626. **Cando as gaivotas veñen prá terra, vento de fóra.** ⁴²⁵⁷ (mc: Puerto del Son)

LLUVIA, NUBES, NIEBLAS

12627. **¿Auga de oeste? Para a ría.** (mc: M.-R. de P.)
 12628. **Borraxeira no valle, mariñeiro á calle.** (mc: Muros)
 12629. **Borraxeira polo mar, nordestiño vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
 12630. **Burraxeira ó mar, vento á terra vén buscar.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)
 12631. **Cando do este chove, hasta as pedras move.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
 12632. **Cando do nordeste chove, hasta as pedras move.** (mc: Sar., La Guardia / ms18,69: Gella.-La Guardia)
 (es) *Cuando del nordeste llueve, hasta las piedras mueven.* (Gella)
 12633. **Cuberta Arousa, mala cousa.** (mc: M.-Bueu)
 12634. **¿Está chovendo? Bo día pra facer familia.** (mc: M.-R. de P.)
 12635. **Néboa en Cela, vento na Vela.** (mc: M.-Bueu)
 12636. **Neboira na terra, treboada no mar, ou ben chover, ou ben nevar.** (mc: U.C. / ms: Cuartilla 16)
 12637. **Nubes á montaña, vellas á borralla; nubes a ribeira, vellas á raxeira.** (mc: M.V.)
 12638. **Tenlle respecto á Curota cando lle vexas capota.** (mc: Isla de Arosa-F.V.S.)
 La Curota, pico alto de los montes de Barbanza, anuncia mal tiempo, cuando se cubre de nubes.
 12639. **Vén santa Mariña coa súa manguña de auga ou de sardiña.** ⁴²⁵⁸ (mc: F.I. / ms3: A. de la I)
 (pt) *A Santa Marinha* (18 julio) *sempre trás a sua cabacinha.* (Chaves)

⁴²⁵⁶ Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms. / ms4: *gavotas*.
⁴²⁵⁷ Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms.
⁴²⁵⁸ Indica *Meteorológicos. Santos* no ms. / ms: *d'auga*; ms2: *c'a sua*.

MAREAS

12640. **De fiarme de mareas teño escarmento.** ⁴²⁵⁹ (mc: M.-Bueu)
 12641. **Pleamar de seis, baixamar ás doce.** ⁴²⁶⁰ (mc: S. Loureiro)

METEOROLÓGICOS

12642. **Vento sur que á noite entra, pola mañán máis tormenta.** (ms: La Guardia, Sar)

MISCELÁNEA

12643. **A liña chucha a espiña.** (mc: S. Loureiro)
 12644. **A liña, pouca fariña.** (mc: M.-R. de P.)
 12645. **A poutada, a veces nada.** (mc: M.-Bueu)
 12646. **Amiguiños, si, pero as sardiñas polo que valen.** (mc)
 Var.: *Amiguiños, si, pero a vaca polo que vale.*
/ Amiguiño, si, pero o porco polo que vale.
 (es) *Amigos, sí; pero los peces aparte.* (Gella)
 12647. **Aos tres días de nevar, ou arría ou vai ao mar.** (mc: S. Loureiro)
 12648. **Aro frío, caldeiro cocido.** (mc: M.-R. de P. / ms: Ría de Arosa)
 12649. **Ás artes non te mates.** (mc: M.-R. de P.)
 12650. **Berra o mar en Lapamán, colle a leña e coce o pan.** (mc: M.-R. de P.)
 12651. **Bocado de mariñeiro, nin masticalo moito nin tragalo enteiro.** (mc: Gella, Mugaridos)
 12652. **Cando na mariña neva, que nunca nevou, ¡que fará na serra, que nunca parou!** (ms)
 12653. **Co malo non te mates e co bo non te agaches.** (mc: M.-R. de P.)
 Alude al tiempo.
 12654. **Donde hai patrón non manda mariñeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 12655. **Donde hai patrón, non manda mariñeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12656. **É como o capitán Fargalla: animémonos e vaian.** ⁴²⁶¹ (mc: Incio)

⁴²⁵⁹ Dentro de *Marítimos* (*Miscelánea*) en mc.
⁴²⁶⁰ Indica *Marítimos* (*Mareas*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.
⁴²⁶¹ ms: *vayan*.

- (es) *Como el patrón Araña, que embarcaba a la gente y él se quedaba en casa.* (Sbarbi) / *El capitán o patrón Araña embarca, embarca, y él se queda en tierra.* (Id.)
12657. **En marzo, canto vai no regazo.** (mc: M.-R. de P.)
12658. **En xaneiro cágalle na barba ó xeiteiro.** (mc: Riveira / ms4: F.V.S.)
12659. **Home de sombreiro, mal mariñeiro.** (mc: Gella, Villanueva de Arosa)
12660. **Líbrese a miña barquiña da Paxariña.** (mc: *Galicia y el mar*, pág. 68)
A Paxariña es un islote peligroso, temido de los navegantes, cerca de Villagarcía. A los peligros que ofrece a la navegación alude el refrán.
12661. **Lóstregos pró sueste, muller e fillos pró mar.** ⁴²⁶² (mc, ms e ms4: S. Ciprián)
Para ver cuándo llegan al puerto maridos y padres, porque suponen gran peligro para la navegación. (mc) / A la orilla, para ver cuándo llegan al puerto maridos y padres. (José Gella Iturriaga, n° 3721) (ms)
12662. **Máis ven catros ollos que dous** (ms15,52r)
12663. **Na area de Illa, moito; na area da Barca, nada.** (mc: M.-R. de P.)
12664. **No Calo, muito malo.** (mc: M.-Bueu)
12665. **No xantar prestan máis as do xeito que as da traíña.** (mc: M.-Bueu)
12666. **Non hai treboada que non traiga a súa solleirada.** (mc)
12667. **Noroeste con gotas non vale dúas motas.** (ms15,11)
12668. **O cinto no arte tira pola parte.** (mc: M.-Bueu)
12669. **O chinchorro fai o zorro.** (mc: M.-R. de P.)
12670. **O mariñeiro que me dá de beber ou me moleu ou me quer moler.** (mc: M.-Ría de Arosa)
Usamos *moler* por eufemismo, en substitución de la palabra original.
12671. **O polbeiro, pouco diñeiro.** (mc: M.-R. de P.)
12672. **O que non se arresga, non pasa o mar.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
12673. **O que non viu a Marola, non viu a mar toda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12674. **O que pasa a Marola, pasa a mar toda.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
12675. **O temporao, ou palla ou grao; o que non é temporao, nin palla nin grao.** (ms: Biville)
Se refiere al centeno. *Temporao*: Temprano, dentro de su tiempo: a comienzo de la época de la siembra.
12676. **Onde hai patrón non manda mariñeiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Onde hai piloto, non manda mariñeiro.*
(es) *Donde hay patrón, no manda marinero.* (Gella) / *Donde hay piloto, no manda marinero.* (R. Marín)
12677. **Onde hai patrón non manda o mariñeiro.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
12678. **Os viaxes do mar non son de contar.** ⁴²⁶³ (mc: M.-R. de P.)
12679. **Patrón mandare, mariñeiro traballare.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
12680. **Pica afora, temos tronada.** (mc: M.-R. de P.)
12681. **Pra ser mariñeiro hai que andar no mar.** (mc / ms4: F.V.S.)
12682. **Se queres aprender a rezar, métete no mar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12683. **Si a Curota ves tapar, vai a San Alberte a destellar.** (mc e ms11,22: *Sonata Gallega*. Estío, 1944 / ms4: F.V.S.)
A Curota es un pico alto de los montes de Barbanza. San Alberte es una capilla que se alza en un monte de Santa Eugenia de Riveira, a la que solían destejar las esposas e hijos de los marineros cuando reinaba temporal.
12684. **Tanto en febreiro no solleiro, tanto en marzo no borralleiro.** (mc: M.-R. de P.)
12685. **¿Tomou o rico posesión do mar? Morreu o probe.** (mc: M.-R. de P.)
12686. **Tronada ao Miño, pan e millo.** (mc: M.-R. de P.)
12687. **Tronada de luna, sete días dura.** (mc: M.-R. de P.)
12688. **Vai ó mar e aprende a rezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

⁴²⁶² ms4: *e fillo*.

⁴²⁶³ V. *Xornada de mar non é de taixar* en *Marítimos* (*Peligros del mar*).

12689. **Vai pra o mar, que pan e tabaco non che han de faltar.** (mc: S. Loureiro)
 12690. **Vaise o tempo como o vento.** (mc: M.-R. de P.)
 12691. **¿Vas á rapeta? Andarás mollado e morrerás inflado.** (mc)
 12692. **Vende sardiña e comerás galiña.** (mc: Lugo / ms: Vigo)
 (es) *Negocia en sardina y comerás gallina.* (Gella)
 Como *Trata en sardiña...* Pondera los beneficios que rinde el comercio e industria de la sardina.

PECES. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo.*

12693. **A carne carne cría; e o peixe, auga fría.** ⁴²⁶⁴ (ms / ms18,64v: Vivero / ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
 Var.: *A carne carne cría.* (ms5,137: A.N.) / *A sardiña, auga fría; i-a carne, carne cría.* (ms5,137: A.N.)
 (pt) *Carne, carne cría, nanja o peixe de água fría.* (Chaves) (es) *Carne, carne cría, y peces agua fría.* (Correas) / *Carne cría carne y peces aire.* (R. Marín)
 12694. **A carne, carne cría, i-o pescado, auga fría.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12695. **A muller amais a sardiña, escóllea pola pequeniña.** ⁴²⁶⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12696. **A muller e a sardiña, a máis pequeniña; dando volta á folla, alta e golosa.** (mc: Páramo-F.V.S.)
 Var.: *A muller e a sardiña, por pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena barre a cociña.* (Buciños-F.V.S.) / *A muller e a sardiña, pequeniña.* (A.I.) / *A sardiña, pequeniña.* (Vivero) / *A muller e a sardiña, por pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena barre a casina.* (Buciños)
 (pt) *A mulher e a sardinha nem da maior nem da mais pequenina.* (Chaves) / *Da mulher e da sardinha a mais pequeninha.* (Chaves) (es) *La mujer y la sardina, pequeniña.* (Correas) / *La mujer y la sardina, cuanto más chica, más fina.* (R. Marín)

⁴²⁶⁴ ms e ms18: y-o peixe.

⁴²⁶⁵ O orixinal di: *A muller amais a sardiña escóllea pol'a pequeniña.*

Ambas ideas recoge la canción popular: *A sardiña pequeniña / como salta no panel; / pequeniña e ben feitiña / así quer ser a muller.*

12697. **A muller e a sardiña, a máis pequeniña: mentras a grande se baixa, a pequena barre a casa e coce e amasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12698. **A muller e a sardiña, pequeniña.** ⁴²⁶⁶ (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
 Porque do malo pouco.
 12699. **A muller e a troita préndese pola boca.** ⁴²⁶⁷ (mc: A.I.)
 Var.: *A troita e a muller péscanse pola boca.* (M.-R. de P.)
 (es) *La mujer y la trucha por la boca se prenden.* (Sbarbi)
 Suelen prenderse aquellas por demasiado habladoras.
 12700. **A muller e a sardiña pola máis pequeniña.** ⁴²⁶⁸ (ms21,07v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU / ms-SA: Manuel Boado Vázquez: San María dos Ángeles, Boimorto, C)
 12701. **A muller i-a sardiña, a máis pequeniña.** ⁴²⁶⁹ (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12702. **A muller i-a sardiña, piquiniña.** ⁴²⁷⁰ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12703. **A muller i-a sardiña, pola pequeniña.** ⁴²⁷¹ (ms-LU: seminarista anónimo: Guíllar, Outeiro de Rei, LU)
 12704. **A muller i-a sardiña...** ⁴²⁷² (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)
 12705. **A sardiña de san Miguel, ¡entón é el!** (mc: M.-R. de P.)
 12706. **A sardiña en san Xoán unta o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
 12707. **A sardiña en xaneiro cúspelle na barba ó mariñeiro.** (mc: S. Loureiro)

⁴²⁶⁶ O orixinal di: *A muller e a sardiña pequeniña (porque do malo pouco).*

⁴²⁶⁷ ms4: *préndense.*

⁴²⁶⁸ ms21: *y'a sardiña, pol'a máis; ms-SA: pula máis piquiniña.*

⁴²⁶⁹ ms-LU (Lugo): *e a sardiña.*

⁴²⁷⁰ O orixinal di: *A muller y a sardiña piquiniña.*

⁴²⁷¹ V. *A muller e a sardiña pola máis pequeniña.*

⁴²⁷² O orixinal di: *A muller y a xardiña...*

- Var.: *A sardiña, en xaneiro, chúsгалle o ollo ó mariñeiro.* (Muros)
12708. **A sardiña en xaneiro chúsгалle o ollo ó mariñeiro.** (mc: Muros)
Var.: *A sardiña, en xaneiro, cúspelle na barba ó mariñeiro.* (S. Loureiro)
12709. **A sardiña en xaneiro chúsquelle na barba ó mariñeiro.** (ms-SA: Manuel Vázquez Formoso: Serres, Muros, C)
12710. **A sardiña en xaneiro vale carneiro.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
12711. **A sardiña por agosto pide o viño do mosto.** (mc: M.-R. de P.)
12712. **A sardiña que colle o gato nunca máis volve ó plato.** ⁴²⁷³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))
12713. **A sardiña que colle o gato, tarde ou nunca volve ó plato.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
12714. **A troita grande sempre comeu a pequena.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *El pez mayor come al menor.* (Correas)
(ct) *El peix gròs es menja al menut.* (Alberola)
Contra los abusos de los grandes en cualquier sentido.
12715. **Agora que non hai sardiña, ¿que farán os cataláns?** (mc: M.-R. de P.)
Redondeado más tarde, dice D. Casto Sampedro, en forma de cantiga popular, con los siguientes versos: *Andarán pola reiadeira [sic] / Tirando pedras aos cans.* (mc)
12716. **Aínda é máis caro o pingue que o peixe.** (ms18,63r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya–Imprenta Loroño. 1936)
12717. **Alegría do ollo, pesar do ensaio.** ⁴²⁷⁴ (mc: M.-R. de P.)
12718. **Alegría do ollo, tristeza do panel** ⁴²⁷⁵. (mc: Gella, Puebla del Caramiñal)
La alegría del pescador al coger el pescado, es dolor en éste al ser cogido. En Pontevedra dicen también: *Alegría de los ojos, sentimiento de bodega del pescado.*
-
- ⁴²⁷³ V. *Sardiña qu'o gato leva, xa gandiña vai ela e Sardiña que leva o gato é mala de volver ó plato en Marítimos (Peces).*
- ⁴²⁷⁴ O orixinal di: *Alegría do ollo, pesar do ensaio.* Constantino García testemuña que en Ares *ensaio* é unha *cuaderna* que va en el centro del bote.
- ⁴²⁷⁵ Constantino García define o *panel* como *conjunto de tabloncillos que tienen las embarcaciones de remos, colocados de babor a estribor, y que generalmente sirven de asiento para los que bogan.*
12719. **Anque a sardiña está no plato n'é por falta de gato.** (mc: M.V.)
12720. **Arroaces na ría, boureles tira.** (mc: M.-Bueu)
Bourel.
12721. **Antes de comer de galiña, hai que comer de sardiña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
12722. **Antes de comer pita empézase a comer sardiña.** ⁴²⁷⁶ (mc: Monforte)
Var.: *Antes de comer galiña hai que comer sardiña.* (Otero de Rey) / *Antes de galiña, sardiña.* (F.V.S.) ⁴²⁷⁷ / *Non hai que come-la galiña antes da sardiña.* (ms16: Sober)
(es) *Primero la sardina que la gallina.* (Correas) / *Primero la sardina que la gallina; que si es primero la sardina será después la gallina.* (Id.)
Todos coinciden en la necesidad de comenzar humildemente para poder medrar en la vida. Y, claro está, el refrán pertenece a los tiempos en que la sardina era bocado de pobres. (mc) / Comer primero lo más gustoso. (libreta) / Comer primero lo menos gustoso. (ms18 para a 2ª variante)
12723. **As anguias, co tempo de sequía, corren pra riba; en xaneiro métese no caneiro.** ⁴²⁷⁸ (mc / ms4: F.V.S.)
12724. **As lampreas en febreiro, pra o cabaleiro.** (mc: S. Loureiro)
12725. **As mulleres, com'as troitas, engándanse pola boca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
12726. **As sardiñas en san Xuan pingan no pan.** (ms-SA: M. González Fernández)
12727. **As sardiñas polo san Xoán mollar o pan.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar)
12728. **Cando a sardiña fai gargola, leva o corcho para fóra.** (mc: S.Loureiro)
12729. **Cando chove por santa Lucía, non hai sardiña.** ⁴²⁷⁹ (mc: C.A. A Nosa Terra)
Var.: *Chuvia por santa Lucía, tolle a sardiña.* (ms4: Cuartilla 14)
12730. **Carne, carne cría; i-os peixes, auga fría.** ⁴²⁸⁰ (mc / ms / ms4: F.V.S.)
-
- ⁴²⁷⁶ Dentro de *Marítimos (Apéndice)* no orixinal.
- ⁴²⁷⁷ ms4: *da galiña.*
- ⁴²⁷⁸ ms4: *anguilas, tempo da sequía.*
- ⁴²⁷⁹ Indica *Meteorológicos. Santos* no ms.
- ⁴²⁸⁰ ms: *y os peixes. / V. A carne cría carne; o viño, sangue; o pan cría panza i-o demais todo é chanza en Medicina. Higiene.*

- (pt) *Carne, carne cria, nanja o peixe de água fria.* (Chaves) (es) *Carne, carne cría; y peces, agua fría.* (Sbarbi)
Indica que la carne es más alimenticia que el pescado.
12731. **Con castañas asadas e sardiñas saladas n'hai inverno.** (mc: M.V.)
Var.: *Con castañas asadas e sardiñas asadas n'hai ruín viño.*
12732. **Chova de morriña, nin peixe nin fariña.** (mc: M.-Bueu)
12733. **Das sardiñas contadas come o gato.**⁴²⁸¹ (mc: Pidre, Palas de Rey-F.V.S.)
Var.: Equivale a *Do contado come o lobo.*
(es) *De lo contado come el gato.* (R. Marín)
Por mucho que se cuide una cosa, no siempre se logra su seguridad.
12734. **Dixo a filla á nai: "Sardiña qu'o gato leva, ben gardadiña lle vai".** (ms-SA: Jesús García Villaseñín: Niveiro, Val do Dubra, C)
12735. **En abril colle a sardiña e déixaa ir.**⁴²⁸²
(ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
12736. **En abril colle a sardiña polo rabo e déixaa ir.**⁴²⁸³ (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
12737. **En agosto as sardiñas mollar o pan.**
(ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)
12738. **En san Xoán a sardiña molla o pan.**⁴²⁸⁴ (mc: A.I.)
Var.: *En san Xoán xa a sardiña pringa o pan.*
(mc: C.A. / ms: E.C.)
(pt) *Sardinha de S. João, já pinga no pão.* (Chaves) (es) *Por San Juan, la sardina moja el pan.* (Correas) / *Por S. Juan la sardina pringa el pan.* / *En San Juan sardina en el pan.* (Gella)
12739. **En san Xoán a sardiña molla o pan.**
(ms21.01v: Bermés)
12740. **En san Xoán x'a sardiña moll'o pan.**
(ms-SA: Juan Bello Valiña)
12741. **En san Xoán xa a sardiña molla o pan.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
12742. **En san Juan a sardiña unta o pan.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
12743. **En san Juan, a senina [sic] molla o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
12744. **Farol aceso, sardiña presa.** (mc: S.Loureiro)
(es) *Farola encendida a la puesta, sardina presa.* (Puebla del Caramiñal, Gella)
12745. **Farola acesa, sardiña presa.** (mc: Gella, Puebla del Caramiñal)
12746. **Garda asexá, sardiña presa.** (ms4: Puebla del Caramiñal, Gella)
Encendida a la puerta.
12747. **Hai que empezar coa sardiña pra acabar con galiña.** (mc: Bucínos)
Var.: *Hai que empezar con sardiña pra terminar con galiña.*
(es) *Primero la sardina, después la gallina.* (Gella) / *Primero la sardina que la gallina; que, si es primero la sardina, será después la gallina.* (Id.)
Así se decía cuando la sardina era comida por los pobres. Recomienda la modestia y ahorro para llegar a algo.
12748. **Inda custa máis o pringue que os caracoles.**⁴²⁸⁵ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,30r)
Var.: *Inda é máis caro o pringue que o peixe.* (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911) / *Inda é máis caro o pringue que os caracoles.* (L.G.) / *Inda custa máis a salsa cós caracoles.* (ms18,30r) / *Inda é máis cara a salsa que o peixe.* (A.S.A.)
(es) *Más vale la salsa que los caracoles.* (Sbarbi) / *Es más la salsa que el manjar.* (Correas)
Cuando es de más valor lo accesorio que lo principal.
12749. **Mal lle vai ó raposo cando lambe os cangrexos.**⁴²⁸⁶ (mc: Gella, P. del Caramiñal)
12750. **Mariñeiros, remangarse para salir á sardiña, que xa vén santa Catalina.**⁴²⁸⁷
(mc: Sar., Bayona)
Sta. Catalina, el 22 de marzo. Alude otro refrán al cordonazo [sic] de Sta. Catalina.
12751. **Moito sabe a anguila pero máis sabe o que a pilla.** (mc: Chantada)
(pt) *Muito sabe a raposa, mas mais quem a toma.* (Chaves) / *Muito sabe o rato mas mais o gato.* (Id.) (es) *Mucho sabe la*

⁴²⁸¹ V. *Do contado come o lobo* en *Agrícolas (Animales)* e en *Jurídicos y similares* e *Das ovellas contadas come o lobo e anda gordo* en *Jurídicos y similares*.

⁴²⁸² O orixinal di: *En abril colle a sardiña e deixa ir.*

⁴²⁸³ O orixinal di: *En Abril, colle a sardiña poll'o rabo e deixa ir.*

⁴²⁸⁴ ms3: *Pol-o San Xoán.*

⁴²⁸⁵ ms4: *pringue c'os caracoles*; ms18,30r: *cos caracoles.*

⁴²⁸⁶ V. *Mal lle vai ó raposo cando anda ós grilos* en *Escasez.*

⁴²⁸⁷ Dentro de *Meteorológicos. Santos* no ms.

anguilla; pero sabe más quien la pilla.
(Gella) / *Mucho sabe la anguila pero sabe más el que la pilla.* (Id.)

12752. **Muller, pequeniña como unha sardiña.** (ms: Santiago)
12753. **N'hai sardiña sin espiña.** ⁴²⁸⁸ (mc: M.L. / ms10,116r: D.E.)
12754. **Na plaia de Lapamán colles lapas coa man.** (mc: M.-Bueu)
12755. **No mes de san Xoán xa a sardiña molla o pan.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
12756. **No mes de san Xuán a sardiña molla o pan.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
12757. **No san Xuan a sardiña molla o pan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
12758. **Non comas lamprea que ten a boca fea.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Não comas lampreia que tem a boca feia.* (Chaves) (es) *No comáis lamprea, que tiene la boca fea.* (Correas)
Cara y mediana, comenta Gella. Lo de cara puede ser verdad; con lo de mediana, no estarán muchos conformes.
12759. **Non comas lamprea que ten a boca fea.** (ms21,10r: Bermés)
12760. **Non hai sardiña barata que non coste cartos.** (mc: Tuiriz, Monforte)
12761. **O peixe grande come o pequeno.** (mc: S.Loureiro)
(es) *El pece grande come al chico.* (Gella) / *El pece mayor se come los menores.* (Id.)
(ct) *El peix gròs es menja al menut.* (Alberola)
Véase *A troita grande...*
12762. **O que come a sardiña, que lle chupe a arganiña.** (mc: Bucíños / ms4: F.V.S.)
12763. **Polo san Xoán xa a sardiña molla o pan.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)
12764. **Polo san Xuan a sardiña molla o pan.** ⁴²⁸⁹ (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
12765. **Por san Xoán a sardiña molla o pan.** (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)
12766. **Por santa Mariña sala a sardiña.** ⁴²⁹⁰ (mc: C.A. / ms: E.C.)

⁴²⁸⁸ ms10: *Non hai.* / En ms10 s.v. *Sardinas.*

⁴²⁸⁹ O orixinal di: *Pol'o San Xuan, a sardiña molla o pan.*

⁴²⁹⁰ ms e ms4: *Pol-a.*

12767. **Quen come a sardiña, que lle chupe a'rganiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
12768. **Sardiña qu'o gato leva, perdida vai.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
12769. **Sardiña qu'o gato leva, xa gandiña vai ela.** (ms21,29r: Bermés)
12770. **Sardiña que leva o gato é mala de volver ó plato.** ⁴²⁹¹ (mc: Layosa)
Var.: *Sardiña que leva o gato, tarde ou nunca volve ó plato.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*) / *Sardiña que o gato leva, aquela gandiña vai.* (M.V.) / *Sardiña que o gato leva, galdida vai.* / *Sardiña que o gato leva, perdida vai.* (Bucíños-F.V.S.)
(pt) *Sardinha que o gato leva, gualdida vai.* (Chaves) (es) *Sardina que el gato lleva, gandida va.* (Correas) / *Sardina que el gato lleva, perdida va.* (Gella) (ct) *Sardina qu'el gat l'ha presa, no la tornará sancera.* (Alberola)
Galdido = tragado, comido, voz de la Limia que falta en nuestros Diccionarios. Véase "Notas lingüísticas gallegas" de J. Lorenzo Sanjurjo, en *Revista de Dialectología*. t. IV, 1948, p.88.
12771. **Trata en sardiña e comerás galiña.** (mc: A.I.)

PECES. ABUNDANCIA DE PESCA

12772. **Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo.** ⁴²⁹² (ms: A.N.)
12773. **Cando vén o vran, a xura achégase á man.** ⁴²⁹³ (ms: S. Loureiro)
12774. **Figos na figueira, bonito na boniteira.** ⁴²⁹⁴ (mc: Gella, Ribadeo)
12775. **Mazarico na plaia a cantar, os mariscos a flotar.** ⁴²⁹⁵ (mc: Sar., Bayona)
12776. **Néboa no Castelo, sardiña no cesto.** ⁴²⁹⁶ (mc: Ribadeo / ms: Pontevedra-F.V.S.)

⁴²⁹¹ V. *A sardiña que colle o gato nunca máis volve ó plato* e *A sardiña que colle o gato, tarde ou nunca volve ó plato* en *Marítimos* (Peces).

⁴²⁹² Indica *Marítimos* (Abundancia de pesca) no ms.

⁴²⁹³ Indica *Marítimos* (Abundancia de pesca) no ms.

⁴²⁹⁴ Indica *Marítimos* (Abundancia de pesca) no ms.

⁴²⁹⁵ Indica *Marit.* (Abundancia de pesca) no ms. / ms: *Mazaricos.*

⁴²⁹⁶ Indica *Mar.* (Abundancia de pesca) no ms. / mc: *Nebra.*

12777. **Néboa no Castelo, sardiña no garabelo.**⁴²⁹⁷ (mc: Gella)

12778. **Por santa Lucía, enchenta de auga ou de sardiña.**⁴²⁹⁸ (mc: Gella)

Var.: *Por santa Lucía, enchente d'auga ou sardiña.* (D.F. Iglesia) / *Pola santa Lucía, enchenta d'auga ou sardiña.* (Gella) / *Día de santa Lucía éñchete de auga ou de sardiña.* (E.C.)

12779. **Tramalleiros ao mar, arroaces ao par.**⁴²⁹⁹ (mc: S.Loureiro)

12780. **Tronada pola terra, sardiña dentro da Serra.**⁴³⁰⁰ (mc: Sar., Bayona)

Serra es una pequeña ensenada en la ría de Vigo (Saralegui..., p.186).

12781. **Xa vén o maio, carabel hastra o aro.** (mc: Mugardos)

Carabel, que falta en nuestros diccionarios (traen *carabela*, *carabelo*) es un cesto pequeño con un aro grande para cogerlo; en él llevan los marineros la comida, y traen la pesca hasta el aro, cuando hay abundancia, es decir, lleno de todo. Y es precisamente en mayo cuando empieza la abundancia de la sardina y el jurel. / Indica "Mar.-Abundancia de pesca" no ms.

PECES. EL PESCADO COMO ALIMENTO

12782. **Á sardiña en abril ponlle a man e déixaa ir; en maio, xa pinga no borrallo; en san Xoán, molla o pan.**⁴³⁰¹ (mc: Gella, Marín)

Var.: *A sardiña, por abril, cóllea polo rabo e déixaa ir.* (M.-R. de P.) / *A sardiña por abril, cóllea polo rabo e déixaa ir; por maio ása a no borrallo; por san Xoán xa molla o pan.* (M.L.)

(pt) *Sardinha d'abril, vê-la e deixá-la ir.* (Chaves) / *Sardinha de S. João, já pinga no pão.* (Chaves) (es) *La sardina por abril, cógela por la cola y déjala ir; por mayo, ácala en el rescoldo; y por San Juan, ya pringa el pan.* (R. Marín) (ct) *Pel maig, la sardina a raig.* (Sanchis)

⁴²⁹⁷ Indica *Mar.* (*Abundancia de pesca*) no ms. / mc: *garavelo*.

⁴²⁹⁸ Indica *Marítimos* (*Abundancia de pesca*) no ms. / ms: *de auga ou sardiña*.

⁴²⁹⁹ Indica *Mar.* (*Abundancia de pesca*) no ms.

⁴³⁰⁰ Indica *Mar.* (*Abundancia de pesca*) no ms. / Refrán recollido dúas veces en ms⁴, a primeira recollida en Baiona; e a segunda en Vigo.

⁴³⁰¹ Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.

12783. **A sardiña en maio que a parta un raio.**⁴³⁰² (mc: M.-R. de P.)

(pt) *Quem quiser mal à visinha, dê-lhe em maio uma sardinha.* (Chaves)

¿Por no ser sana? A este propósito, dicen los portugueses: *Quem quiser mal a vizinha, dê-lhe em maio uma sardinha.* (Chaves)

12784. **A sardiña en marzo, argazo.**⁴³⁰³ (mc: M.-R. de P.)

12785. **A sardiña en san Xoán sabe ben e unta o pan.**⁴³⁰⁴ (mc: Gella, Isla de Arosa)

Var.: *A sardiña, por san Xoán, pinga no pan.* (M.R. de P.) / *A sardiña, por san Xoán, xa molla o pan.*

12786. **En abril a sardiña val pernil.**⁴³⁰⁵ (mc) A pesar del que recomienda que se la deje ir, registrado antes.

12787. **Lampreas en san Xoán, pró can.**⁴³⁰⁶ (mc: S.Loureiro)

12788. **Nos meses sin erre, marisco non comas nin marisco merques.**⁴³⁰⁷ (mc: C.A. / ms: E.C.)

(es) *En los meses que no tienen "erre" no comas peces.* (Castillo) / *En los meses que no tienen "ere" ni pescado ni mujeres.* (R. Marín) / *En los meses que no tienen erre, no comas peces.* (Gella) / *En los meses que no tienen erre ningún pescado pruebes.* (Id.) / *En los meses que no tienen "erre", no comas peces, o ningún pescado pruebes.* (R. Marín) Pueden estar en malas condiciones por el exceso de calor.

12789. **O invitado i-a pesca ós dous días apesta.**⁴³⁰⁸ (mc: S.Victorio de R. de Miño-F.V.S.)

(pt) *O hospede e o peixe aos três dias aborrecem.* (Id.) (es) *El forastero y la pesca, a las veinticuatro horas apesta.* (Gella) / *El güésped e el pece, a tres dias hede.* (Id.) (ct) *El hòste es com el peix menut; als tres dies, put.* (Alberola)

12790. **Sardiña salada, ben cocida e mal asada.**⁴³⁰⁹ (mc: M.-Ría de Arosa)

⁴³⁰² Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.

⁴³⁰³ Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.

⁴³⁰⁴ Indica *Mar.* (*El pescado como alimento*) no ms.

⁴³⁰⁵ Indica *Marit.* (*La pesca como alimento*) no ms.

⁴³⁰⁶ Indica *Marit.* (*La pesca como alimento*) no ms.

⁴³⁰⁷ ms: *meses sin r* / Indica *Mar.* (*La pesca como alimento*) no ms.

⁴³⁰⁸ Indica *Marit.* (*La pesca como alimento*) no ms.

⁴³⁰⁹ Indica *Marit.* (*La pesca como alimento*) no ms.

Var.: *Sardiña salada, ben cocida ou mal asada.*
(mc: M.L. / ms10,116r: D.E.)⁴³¹⁰
(pt) *Sardinha bem salgada, bem cozida, mal assada.* (Chaves)

12791. **Sardiñas saladas, castañas asadas e confesión antes das Pascuas de Resurrección.**⁴³¹¹ (mc: S.P.P.-Ultreya / ms18,49r: Ultreya, Salustiano Portela Pazos)

PELIGROS DEL MAR

12792. **Rezar ó santo hasta pasar o tranco.**⁴³¹² (mc: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Rogar ao santo até passar o barranco.* (Chaves) (es) *Rogar al santo, hasta pasar el tranco.* (Sbarbi) / *Rezar al santo, hasta pasar el charco; y el charco pasado, santo olvidado.* (Gella)

Zahiere a los desagradecidos que, recibido el beneficio, olvidan a quien se lo otorgó.

12793. **Se queres adeprender a rezar, entra no mar.**⁴³¹³ (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Se queres aprender a orar, entra no mar.* (Chaves) (es) *Si quieres aprender a orar, entra en la mar.* (Gella) / *Si queredes aprehender orar, entrat en la mar.* (Arcipreste de Hita- citado en Gella)

12794. **Xornada de mar non é de taixar.**⁴³¹⁴

(mc e ms4: A.S.A. / ms4: A.I. / ms21,17r: Bermés / ms18,69v: Gella / ms-SA: M. González Fernández)

Var.: *Xornada do mar non é de tasar.* (M.-R. de P.)

(pt) *Jornada de mar não se pode taxar.* (Chaves) (es) *Quien barca ha de pasar, no cuenta jornada.* (Sar) / *Jornada de mar no se puede tasar.* (Gella)

Por las contingencias a que está sujeta la navegación.

SATÍRICOS

12795. **Mariñeiro con polainas, ganancia pró boticario.**⁴³¹⁵ (mc: Gella, Iturriaga)

⁴³¹⁰ En ms10 s.v. *Sardinas* coa indicación *Cocina*.

⁴³¹¹ Indica *Marít.* (*La pesca como alimento*) no ms. / ms18,49r: *Sardiñas salgadas*.

⁴³¹² Indica *Marítimos* (*Peligros del mar*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc. ms-LU: *ao santo*.

⁴³¹³ Indica *Marítimos* (*Peligros del mar*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

⁴³¹⁴ Indica *Marítimos* (*Peligros del mar*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc. V. *Os viaxes do mar non son de contar* en *Marítimos* (*Miscelánea*).

⁴³¹⁵ Indica *Marítimos* (*Satíricos*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

Var.: *Mariñeiro con polainas, ¡amólate, boticario!* (Sar.-Cangas)

(es) *Marinero con guantes, boticario.* (R. Marín)

Ridiculiza al marinero demasiado cuidadoso de su indumentaria, y trae a colación al boticario "bien porque los mareantes tengan, en general, poca simpatía por ellos, o bien porque tengan concepto de nimiamente presumidos a los farmacéuticos". (Saralegui, p. 167).

TIERRA Y MAR. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo*

12796. **Berra a vaca, hai maraxe.** (mc: M.-R. de P.)

12797. **Cando ablanda a area da praia, sinal de mal tempo.** (mc: M.-R. de P.)

(es) *Cuando la arena está blanda, señal de mar picada.*

Saralegui recoge, como de Sada, el mismo en castellano.

12798. **Cando as mareas botan moito, temporal afora.** (mc: M.-R. de P.)

12799. **Cando hai mal tempo e se pica o mar, sinal de travesía.** (mc: M.-R. de P.)

12800. **Cando os saltóns da praia veñen arriba, sinten chuva.** (mc: M.-R. de P.)

12801. **Carqueixa no mar, ou anduvo ou que andar.** (mc: Gella, Espasante)

O anduvo el temporal, o quiere andar. *Carqueixa* es espuma, y en esta acepción no figura en los Diccionarios gallegos.

12802. **Ceba na area, ben prá aldea.** (mc: M.-Ría de Arosa)

12803. **Corrente a Oeste, sinal de mal tempo.** (mc: M.-R. de P.)

Var.: *Corrente ao Este, sinal de mal tempo.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

12804. **De pingueiras faise o mar.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

(ct) *De gotes d'aigua es fan els rius.* (Alberola)

Como *De pingueiras faise un cirio*. Indica que de muchos pocos se puede hacer un mucho.

12805. **Encarnado contra o mar, colle os bois e vai labrar.** (mc: Gella, Lira)

Var.: *¿Encarnado polo mar? Colle os bois e vai labrar.* (M.-Ría de Arosa)

Anuncia buen tiempo.

12806. **O mar a hurrar, o vento a quedar.** ⁴³¹⁶
(mc, ms e ms4: Sar., Bayona)
(es) *El mar a "hurrar", el viento a quedar.*
(Gella)
Cuando el mar empieza a bramar con exceso, es probable que el viento se quede.
(Saralegui)
12807. **¿Ronca o mar de Lira? Mete a leña e serra a porta.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)
12808. **Ruído no Cabalo, malo, malo.** (mc: M.-Bueu)
12809. **Si ronca a area de Bon, cambios de tempo son.** (mc: M.-Bueu)
12810. **Soa a Pesqueira, sinal de mal tempo.** (mc: M.-R. de P.)
12811. **Telarañas polo aire, pais e fillos para o mar.** (mc: M.-R. de P.)

TIERRA Y MAR. MAR

12812. **Cando o mar está de leite, hasta as cabras non-o dan.** ⁴³¹⁷ (mc: S. Loureiro)
12813. **Gaba o mar e vive na terra.** ⁴³¹⁸ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S. / ms10,037v: D.E.)
(es) *Loa el mar y vente a tierra.* (Sar) / *Loa el mar y vive en la tierra.* (Correas) / *Alaba el mar y quédate en tierra.* (Gella)
Refrán que sugiere Saralegui este sangriento comentario: "Claro... la mar para los peces y para los ingleses. Los españoles siempre lo mismo, y ... así nos luce el pelo..."
12814. **Mar do Rostro, se casaras, ablandaras.** ⁴³¹⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Si el mar se casara, tantas espumas no levantara.* (Gella) / *Si el mar se casase, se le quitaba la braveza.* (Id.)
Hay en la costa de Finisterre un bravo arenal, llamado del Rostro, bañado por el mar del Rostro, al que alude el refrán.
12815. **Non hai treboada que polo mar non veña.** ⁴³²⁰ (mc: S. Loureiro)
12816. **Non se afoga quen non pasa o mar.** ⁴³²¹ (mc: S. Loureiro)

(pt) *Não se afoga no mar o que lá não entrar.* (Chaves) (es) *Quien no entra en la mar, no se ahogará.* (Gella)

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE BUEN TIEMPO

12817. **Cando brúa a barra de Ortigueira, bois á leira.** ⁴³²² (ms: Gella.-Cariño)
12818. **Semblante de Oviedo, mariñeiro, non teñas medo.** ⁴³²³ (mc: Ribadeo. *Refranero del mar*)
Indica buen tiempo la visión clara y precisa de las costa cantábrica hacia el este.

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12819. **Cando a abaladoira sona, ou chove ou trona.** ⁴³²⁴ (mc: Gella / ms: Lage / ms4: Lage-F.V.S.)
Alude a una piedra oscilante, como la de la Barca, que se halla en las inmediaciones de Lage.
12820. **Mar en carreiros, auga a regueiros.** ⁴³²⁵ (mc: Sar., Ferrol.)
(es) *Mar surcado, todo el día chubascos.* (Gella)
Carreiros = surcos en la superficie del mar. Gella Iturriaga recoge uno en castellano, de Ribadeo, análogo al anterior.
12821. **Ronca Teira, chuvia ou neboeira.** ⁴³²⁶ (mc: Sonata Gallega)
12822. **Se a chuvia no mar fai cabazas, non deixes a roupa d'augas na casa.** ⁴³²⁷ (mc: Sar., La Guardia)
Los marineros de estas costas suelen llamar cabazas a las burbujas o borbollones que producen los goterones al caer sobre el mar. (Saralegui).

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12823. **Cando a garcia vai prá terra, colle a brosa e fai estela.** (ms5,039)
Garcia = garza.
12824. **Cando brúa a barra de Ladrado, bois ó abrigo.** ⁴³²⁸ (ms: Gella.-Cariño)

⁴³¹⁶ mc: *hurar*.

⁴³¹⁷ Indica *Marítimos* (Mar) no ms.

⁴³¹⁸ Indica *Marítimos* (Mar) no ms. En ms10 s.v. *Mar*.

⁴³¹⁹ Indica *Marítimos* (Mar) no ms.

⁴³²⁰ Indica *Marítimos* (Mar) no ms.

⁴³²¹ Indica *Marítimos* (Mar) no ms.

⁴³²² Indica *Mar*. (Pronóstico de buen tiempo) no ms e *Marítimos* (Miscelánea) no mc.

⁴³²³ Indica *Mar*. (Pronósticos de buen tiempo) no ms.

⁴³²⁴ mc: *abaladoira*; ms: *a baladoira* / Indica *Marítimos* (Pronósticos de lluvia) no ms.

⁴³²⁵ Indica *Marít.* (Pronósticos de lluvia) no ms.

⁴³²⁶ Indica *Marít.* (Pronóstico de lluvia) no ms.

⁴³²⁷ Indica *Marítimos* (Pronóstico de lluvia) no ms.

⁴³²⁸ Indica *Mar* (Pronóstico de mal tiempo) no ms e *Marítimos* (Miscelánea) no mc.

12825. **Corriente ao este, sinal de mal tempo.**⁴³²⁹ (mc: M.-R. de P. / ms4: A.C. A Nosa Terra)
12826. **Ronca Corrubedo, mariñeiro, ponte quedo.**⁴³³⁰ (mc: Gella, Marín / ms: *Sonata Gallega*)
Tráelo también Gella como de Marín.

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICOS DE TEMPESTAD

12827. **Cando as vacas baixan prá praia, temporal.** (ms17,040: Puerto del Son)
12828. **Escuma no mar, ou anduvo ou quer andar.**⁴³³¹ (mc: Gella, Cedeira)
Var.: *Carqueixa no mar, ou anduvo ou quer andar.* (Espasante)
La espuma es efecto o sinal de temporal.
En Espasante dicen: *Carquexia* no mar ou anduvo ou quer andar, según Gella Iturriaga.

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE VIENTO

12829. **Os arroaces brincan no mar, forte norte vai a dar.**⁴³³² (ms: *Sonata Gallega*)

TIERRA Y MAR. PRONÓSTICO DE TORMENTA

12830. **As cheas de san Simón, ou antes ou despois, sonadas son.**⁴³³³ (mc: Pontevedra)
S. Simón é o 28 de outubro. (ms)
12831. **Mar de andazo, non che faltará argazo.**⁴³³⁴ (mc: Gella / ms: *Sonata Gallega*)
Argazo, por *algazo*, para indicar las algas flotantes que tocan la superficie del mar, cuando hay marejada. Mar con tres golpes de ola y pausa. / *Mar de andazo*: El que vierte sobre la costa tres o cuatro grandes olas seguidas de calma.
12832. **O mar a espumar vaise picar.**⁴³³⁵ (mc: Bayona. Refranero del mar)
Cuando la espuma que se produce en tiempo de calma, flota sin disolverse, se dice que el mar espuma; y es pronóstico de olas.

⁴³²⁹ Indica *Marit.* (*Pronóstico de mal tiempo*) no ms.

⁴³³⁰ Indica *Marit.* (*Pronóst. de mal tiempo*) no ms.

⁴³³¹ mc e ms4: *Espuma* / Indica *Marítimos* (*Pronósticos de tempestad*) no ms.

⁴³³² Indica *Marit.* (*Pronósticos de vientos*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

⁴³³³ Indica *Marítimos* (*Tormenta*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

⁴³³⁴ Indica *Marit.* (*Pronósticos de tormenta*) no ms.

⁴³³⁵ ms: *vaise a picar* / Indica *Marit.* (*Pronóstico de tormenta*) no ms.

TIERRA Y MAR. SATÍRICOS

12833. **Do monte ha de vir quen o mar ha de queimar.**⁴³³⁶ (mc: Sar., p. 160)
Ridiculiza al terrestre presuntuoso que, no bien llegado a bordo, pretende enseñar su oficio al marinero viejo. (Saralegui)
12834. **Na ribeira comen a pescadilla enteira.**⁴³³⁷ (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)

VIDA DEL MARINERO

12835. **A vida do mariñeiro é vida de dous mil demos.**⁴³³⁸ (mc / ms)
A ventura da barca... (ms)
12836. **Mal lle vai ó pescador cando ten que ir ó marisco.**⁴³³⁹ (mc: Puebla del Caramiñal)

VIENTOS Y CALMAS. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo.*

12837. **Calma a barlovento e vento a sotavento, máis vento.** (ms5,131: Sangenjo)
12838. **Cando a Curota ten capela, adiviña vendaval.** (mc: M.-R. de P.)
La Curota es un monte que se eleva al oeste de la ría de Arosa.
12839. **Cando brúa a barra de Ladrado, boi ó abrigo.** (mc: Gella, Cariño)
12840. **Cando hai mal tempo e a marea encarna, sinal que vai a vir ou norte ou nordeste.** (mc: M.-R. de P.)
12841. **Cando o mar é rixo e se queda, vai vir o vento ao sul.** (mc: M.-R. de P.)
12842. **Cando soa o vendaval, mal pola terra e peor polo mar.** (mc: Sar., Muros / ms18,69r: Gella.-Muros)
12843. **Canto máis norte, máis frío de morte.** (mc: Gella, Marín)
12844. **Carcaixía, norte ou nordeste cría.** (mc: Sar., Puente deume)
Var.: *Carcaixía, norte pia.* (C.A. A Nosa Terra)

Carcaixía, en Puente deume, de donde es el refrán, es niebla oscura, húmeda y espesa. Falta en los diccionarios gallegos.

⁴³³⁶ Indica *Marítimos* (*Satíricos*) no ms.

⁴³³⁷ En ms10 s.v. *Dichos tópicos*.

⁴³³⁸ Indica *Marit.* (*La vida del marinero*) no ms e *Marítimos* (*Miscelánea*) no mc.

⁴³³⁹ Indica *Marit.* (*Vida del marinero*) no ms.

12845. **Carcaixía, norte pía.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
 Var.: *Carcaixía, norte ou nordeste cría.* (Sar.-Puentedeume)⁴³⁴⁰
 No sabemos dónde recogió el refrán Carré Aldao. En Puente deume, *carcaixía* es niebla oscura, húmeda y espesa. Falta en nuestros Diccionarios.
12846. **Cásate, vento, e amansarás.** (mc: M.-R. *de P.*)
 Con la misma frase alude otro refrán al mar alborotado.
12847. **Con norte fuerte ronca a Lanzada, pronto virá a recalmada.**⁴³⁴¹ (mc / ms15,11)
12848. **Curota cuberta, vendaval á porta.** (mc: Gella, Villanueva de Arosa)
 Curota, monte al oeste de la ría de Arosa: cuando está cubierto de nieve (niebla?) azota al viento sur por la ría. (Gella)
12849. **Chuvia do mar e vento da ría, sarnalla pra todo o día.** (ms15,11)
12850. **Chuvia do mar e vento da ría, todo se fai unha picandria.** (ms)
 En Cangas, *picandria*: Llovizna menuda. Falta en nuestros diccionarios.
12851. **Chuvia do mar en vento da ría, témosche festa pra todo o día.**⁴³⁴² (mc: Sar., Bueu)
 Var.: *Chuvia do mar e vento da ría, logo se fai unha picandria. / Chuvia do mar e vento da ría, gamallo pra todo o día.* (F.V.S.)⁴³⁴³
12852. **Chuvia miúda, daguión barrunta.** (mc: Sar., La Guardia)
 En la Guardia se llama frecuentemente daguión al viento norte.
12853. **Chuvia no mar e vento da ría todo se volve unha picandria.** (mc: Sar., Cangas)
 También *picandria* falta en los Diccionarios gallegos, y significa en la comarca de Cangas, llovizna menuda.
12854. **Chuvias do mar e vento da ría, hai foliada para todo o día.**⁴³⁴⁴ (ms4)
12855. **Leste na ría, norte na costa.** (mc: Sar., Cangas)
12856. **Mar rizada contra a ola, ao contraste o vento rola.** (mc: *Sonata Gallega*)
 (es) *Mar rizada contra la ola, al contraste el viento rola.* (Gella)
12857. **Néboa en setembro trae o sur no ventre.** (mc: Sar., Bayona / ms18,69v: Gella.-Bayona)
 (es) *Niebla en septiembre, trae el sur en el vientre.* (Gella)
12858. **Néboa na Grova, noroeste afora.** (mc: Sar., Bayona)
 Var.: *Néboa na Groa, noroeste fóra.* (ms4: Pontevedra-F.V.S.)
 Grova es un monte de 640 m. de altura, próximo a Bayona y a tres millas al S.E. del cabo Silleiro.
12859. **Noite mouro, vendaval seguro.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
12860. **Noroeste á noite, vento sur pola mañán.** (mc: M.-R. *de P.*)
12861. **Noroeste de serán, vendaval pola mañán.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
12862. **Noroeste noroiteiro, a mañán maraxeiro.** (mc: M.-R. *de P.*)
12863. **Noroeste ó serán, vendabal pola mañán.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)
12864. **O nordeste i-o galán pola noite mansos van.**⁴³⁴⁵ (mc: Vivero-F.V.S.)
 (es) *El nordeste y el galán, por la noche mansos van.* (R. Marín)
 Suele anunciar este viento cuando se pone el sol. noroeste.
12865. **O norte almorza, xanta, cea e bótase a dormir.** (mc: M.-R. *de P.*)
12866. **O norte do sábado non leva os barcos a Cadis.** (mc: M.-R. *de P.*)
 Por su poca duración.
12867. **O norte do sábado, ao luns abafado.** (mc: M.-R. *de P.*)
12868. **¿Pica Leste? Volta prá casa.** (mc: M.-R. *de P.*)
12869. **Pola mañán vento á ría, á tarde vento do mar.**⁴³⁴⁶ (mc: Gella)
 Tiempo ideal para los pescadores de la ría de Arosa, según el cantar: *Barqueiros de Vilanova, / ¿que vento quereis levar? / Pola mañán, vento á ría, / á tarde, vento do mar.* (Gella)

⁴³⁴⁰ ms4: *norte norte ou nordeste.*

⁴³⁴¹ mc: *racalmada*; ms15,11: *norte forte.*

⁴³⁴² Dentro de *Meteorológicos. Santos* no ms. / ms: *d'a ría.*

⁴³⁴³ ms4: *sarnallo.*

⁴³⁴⁴ O orixinal di: *Chuvias do mar e vento da ría, hay foliada para todo o día.*

⁴³⁴⁵ ms4: *noroeste.*

⁴³⁴⁶ ms: *d'o mar.*

12870. **Ponse o mar a arrelleirar, vento do sul vai entrar.**⁴³⁴⁷ (mc: Sar., Bayona)

Dicen que el mar *arrelleira*, cuando forma una especie de remolinos, los cuales reputan precursores del viento sur. (Saralegui). *Arrelleirar* no figura tampoco en los Diccionarios gallegos.

12871. **Si queda o vento polo sur do sol, mal tempo seguro.** (mc: M.-R. de P.)

12872. **Si vén a chuvia antes do vento, colle-la vela e metela dentro.**⁴³⁴⁸ (mc)

12873. **Trebonada polo leste, calma en nordeste.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12874. **Vento carreteiro, vento arrieiro.** (mc: M.-R. de P.)

12875. **Vento de fóra e chuvia da ría, hai foleada para tod'o día.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

12876. **Vento norte duro, vendaval seguro.** (ms21,10r: Bermés)

12877. **Vento norte e choiva na ría, temos choiva pra todo o día.** (mc: M.-Sangenjo)

12878. **Vento norte, troita forte.** (mc / ms4: F.V.S.)

12879. **Vento solán, agua na man.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12880. **Vento solán, auga na man, ou tres días van.** (ms: M.V.)

12881. **Ventos nas illas Ons, malos son.** (mc: M.-Bueu)

VIENTOS Y CALMAS. MAR

12882. **Nordeste con gotas non dura o que dúas motas.**⁴³⁴⁹ (mc)

Var.: *Nordeste con gotas non vale dúas motas.* (M.-Sangenjo.-Gella, Marín) / *Nordeste con gotas, non dura nin o que dúas motas.* (Vivero. Saralegui 432) (ms4: F.V.S.) / *Noroeste con gotas, non vale dúas motas.* (ms4: F.V.S.) (es) *Nordeste con gotas no dura lo que dos motas.* (Gella) / *Viento nordeste con gotas, no dura lo que dos motas.* (Saralegui) / *Nordeste con lluvia, poco dura.* (Saralegui)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE CALMA

12883. **Brúa Alba, tempo en calma.**⁴³⁵⁰ (mc: Agro)

⁴³⁴⁷ ms4: *sur*.

⁴³⁴⁸ O orixinal di: *Si ven a chuvia antes do vento, collel-a vela e metel-a dentro.*

⁴³⁴⁹ Indica *Marítimos* (Mar) no ms.

⁴³⁵⁰ Indica *Mar.* (Pronóstico de calma) no ms.

12884. **Vento de Berbería, levanta nun día.**⁴³⁵¹ (mc: S. Loureiro)

(es) *Viento de Berbería, leva al otro día.* (Sar)

Saralegui recoge en Marbella un equivalente castellano, pero con significación distinta. (Véase Saralegui)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE LLUVIA

12885. **¿Araña do mar? Vento e chuvia.**⁴³⁵² (mc: M.-R. de P.)

12886. **Auga do mar, vento da ría, chuvia pra todo o día.**⁴³⁵³ (mc: *Sonata Gallega*, Vigo / ms: *Sonata Gallega*, Marín / ms18,69r: Gella.-Marín)

12887. **Cando o vento anda ó revés, hastra chove de nordés.**⁴³⁵⁴ (mc: S. Loureiro)

12888. **Semblante de fóra e vento da ría, auga pra outro día.**⁴³⁵⁵ (mc: Riveira. *Refranero del mar*)

Var.: *Semblante de fóra e vento da ría, auga pra todo o día.* (ms4: Riveira. *Refranero del mar* / ms)⁴³⁵⁶

12889. **Si o vento do sur é, bota de auga ós pes.**⁴³⁵⁷ (mc: Vivero)

Var.: *Si o vento do sur é, botas d'auga no pé.* (mc: F.V.S. / ms15,11) / *Si o vento do sur é, bota de augas ós pés.* (Sar., 417- Vivero)⁴³⁵⁸ (es) *Si el viento del Sur es, botas de agua a los pies.* (Gella / ms: Sbarbi)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE MAL TIEMPO

12890. **Sueste, alcahuete de mareiras.**⁴³⁵⁹ (mc: Gella, Sada)

Anuncia marejada.

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE TORMENTA

12891. **Norte en Barra, vendaval en Vizcaia.**⁴³⁶⁰ (mc: S. Loureiro)

⁴³⁵¹ Indica *Marítimos* (Pronósticos de calma) no ms.

⁴³⁵² Indica *Pronóstico de lluvia* no ms. / ms: *vento e chuva.*

⁴³⁵³ Indica *Pronóstico de lluvia* no ms.

⁴³⁵⁴ Indica *Mar.* (Pronóstico de lluvia) no ms.

⁴³⁵⁵ Indica *Mar.* (Pronósticos de lluvia) no ms.

⁴³⁵⁶ ms4: *ventos da ría.*

⁴³⁵⁷ Indica *Mar.* (Pronósticos de lluvia) no ms.

⁴³⁵⁸ ms4: *Si aire.*

⁴³⁵⁹ Indica *Marít.* (Pronóstico de mal tiempo) no ms.

⁴³⁶⁰ Indica *Marít.* (Pronósticos de tormenta) no ms.

12892. **Norte escuro, vendaval seguro.** ⁴³⁶¹
(mc: U.C. Cuartilla 16)
(es) *Norte escuro, vendaval -o temporal- seguro.* (R. Marín)

VIENTOS Y CALMAS. PRONÓSTICO DE VIENTOS

12893. **Araña a costa, vento sur na porta.** ⁴³⁶²
(mc: M.-Ría de Arosa)
12894. **Auga fría na badía, norte en Muxía.** ⁴³⁶³
(mc: A.I.)
12895. **Néboa no vran, norte na man.** ⁴³⁶⁴ (mc: Sar., Cangas)
(es) *Niebla en verano, norte en la mano.* (R. Marín)
También se dice en Sangenjo: *Niebla en verano, norte en el paño.*
12896. **Noroeste no serán, vento sur pola mañán.** ⁴³⁶⁵ (mc: Gella, Bayona. Marín)
12897. **Semblante do Cabalo, vento sur declarado.** ⁴³⁶⁶ (mc: Sar. / ms7)
Cabalo es la punta N.O. de la mayor de las islas Cíes, que cierran la entrada del puerto de Vigo; y el refrán entiende por *semblante* la excesiva claridad y precisión con que aparece el paraje a que alude. (Saralegui. p.56) / Cuando se ve dicha tierra con excesiva claridad.
12898. **Si estás na costa de nordeste e ves por Sisargas oscuro, vamos a coller á ría, que vai vir norte duro.** ⁴³⁶⁷ (mc: Gella, Sada)
12899. **Si o vento queda debaixo do sol, néboa ou vento no pañol.** ⁴³⁶⁸ (mc e ms4: Gella, Marín / ms4: *Sonata Gallega*)
12900. **Tronada polo leste, calma ou nordeste.** ⁴³⁶⁹ (mc: Sangenjo / ms4: Riveira-F.V.S.)
(es) *Tronadas por el Este, calma o Noroeste.* (Gella)
12901. **Vento sur pola mañán, noroeste no serán.** ⁴³⁷⁰ (mc: Gella)

⁴³⁶¹ Indica Marít. (*Pronósticos de tormenta*) no ms. / ms3: *oscuro.*
⁴³⁶² Indica *Pronóstico de vientos* no ms.
⁴³⁶³ Indica *Mar.* (*Pronóstico de vientos*) no ms.
⁴³⁶⁴ Indica *Marítimos* (*Pronóstico de vientos*) no ms.
⁴³⁶⁵ Indica *Marítimos* (*Pronóstico de viento*) no ms.
⁴³⁶⁶ Indica *Marítimos* (*Pronóstico de tiempo*) no ms. mc e ms7: *Cavalo.*
⁴³⁶⁷ Indica *Marít.* (*Pronósticos de vientos*) no ms.
⁴³⁶⁸ Indica *Mar* (*Pronósticos de vientos*) no ms.
⁴³⁶⁹ Indica *Marítimos* (*Pronóstico de viento*) no ms.
⁴³⁷⁰ Indica *Marít.* (*Pronósticos de viento*) no ms.

12902. **Vichouchía, norte cría.** ⁴³⁷¹ (mc: Sar., La Guardia / ms7: A Guarda)

Vichouchía: niebla espesa, oscura y húmeda. *Vichouchía* en La Guardia, es como *carcaxia* en Pontedeume. (Gella). Lo incluye en su colección como procedente de Sada. Tampoco figura en los Diccionarios gallegos. (mc) / Niebla espesa, oscura y húmeda. (ms7)

12903. **Xiada nas Covas, vento sur por arrobas.** ⁴³⁷² (mc: Sar. / ms18,69v: Gella.-La Guardia)

Es refrán de La Guardia, en cuya comarca llaman *covas* a ciertas oquedades u hondonadas que presenta el terreno en el trayecto de La Guardia a Bayona, y en la falda del monte Terroso. (Saralegui. p. 69)

VIENTOS Y CALMAS. VIENTOS

12904. **Norte que en viernes vén, xa o lunes non-o ten.** ⁴³⁷³ (mc e ms4: Gella, Marín / ms4: *Sonata Gallega*)
12905. **Norte que vén en viernes, non chega ó lunes.** ⁴³⁷⁴ (mc: Sar., Bayona)
"No creo", dice Saralegui, "que merezca gran fe este refrán, exclusivamente relacionado con los días de la semana".

APÉNDICE

12906. **A millor salsa do mundo é a fame.** (mc: Meilán)
Var.: *A mellor salsa do mundo é o apetito.*
(es) *La mejor salsa es el hambre.* (Sbarbi) / *No hay salsa que dé mejor sabor a la comida que el hambre.* (Id.) / *Buena gana de comer, rica salsa es.* (Castillo)
12907. **A muller e a gaivota canto máis vella máis louca.** ⁴³⁷⁵ (mc, ms4 e ms: C.A.)
Var.: *A muller e a gaivota, canto máis vella máis tola.* (C.A.) / *A muller e a gaivota, canto máis vella máis lota.* (mc: C.A. / ms4: Coruña.F.V.S.) ⁴³⁷⁶
(es) *La mujer y la gaviota, mientras más viejas, más locas.* (R. Marín)

⁴³⁷¹ ms4 e ms7: *Vichuchía* / Indica *Marít.* (*Pronósticos de vientos*) no ms.
⁴³⁷² ms18,69v: *Xeada nas.* / Indica *Marítimos* (*Pronósticos de vientos*) no ms.
⁴³⁷³ Indica *Marítimos* (*Vientos*) no ms.
⁴³⁷⁴ ms4: *chega a lunes* / Indica *Marítimos* (*Vientos*) no ms.
⁴³⁷⁵ ms: *cando máis vella máis loca.*
⁴³⁷⁶ ms: *cando máis vella* / *A muller e a gaivota, de vella é cando tolea.*

12908. **Á rapeta non te metas.** ⁴³⁷⁷ (mc: S. Loureiro)
 12909. **A sono de peixe morto nunca morreu caldeirada.** (mc: S. Loureiro)
 12910. **Cando a Curota ten sombreiro, mete a lancha en terra, mariñeiro.** (mc: *Galicia y el mar*, p: 60)
 Curota es un pico en la parte oriental de la Sierra de Barbanza. Cuando su cima se corona de nubes, señala la llegada del S.O. y, por tanto, de la lluvia.
 12911. **Cando aparece o arco da vella, señal de chuva e mais de marea.** (mc: Santiago)
 12912. **Cando hai vento, non hai marea.** (mc: Corme)
 12913. **Cando o mar está encarnado, pon o boi ó arado.** (mc: Santiago)
 Var.: *Cando o mar 'tá encarnado, pon os bois ó arado.* (ms5,135: Santiago)
 12914. **En san Xoán comes sardiña e pan.** ⁴³⁷⁸ (mc: Santiago)
 12915. **En xaneiro o pescado val carneiro.** (mc: Santiago)
 12916. **Mariñeiro que vai ó mar, se non come caldeirada, mal o vai pasar.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 12917. **Nadia se afoga en pouca auga.** ⁴³⁷⁹ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
 (es) *Ahogarse en poca agua.* (Correas)
 12918. **O capitán mandar i-o mariñeiro obedecer.** (mc: Santiago)
 12919. **O mariñeiro ten vida de anxel: o vento o leva e o vento o trae.** ⁴³⁸⁰ (mc: Sar., Bayona / ms15,11)
 (es) *El marinero goza vida de ángel: el viento lo lleva y el viento lo trae.* (Gella)
 12920. **O millor do mariñeiro é levar o barco en vento.** (mc: S. Loureiro)
 12921. **O que non queira borrasca, non se meta a mariñeiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
 12922. **O que non s'arresga, non pas'o mar.** (ms21,20r: Bermés)
 12923. **O que non s'atreve, non pasa o mar.** (mc: Santiago)
 Var.: *O que non se arrisca, non pasa o mar.* (Santiago) / *O que non s'arresga, non pasa o mar.* (Santiago)
 12924. **O xeito, a xente ao peito.** (mc: S. Loureiro)
 (es) *El "xeito" asienta el pecho.* (Gella, Riveira)
 12925. **Oise a campana da aldea, vento da terra se espera.** (mc: Gella, S. Ciprián / ms15,41)
 12926. **Os araus na ría, miña mai prá casa.** (mc: S. Loureiro)
 12927. **Os caramuxos en xaneiro valen carneiro.** (mc: Santiago)
 12928. **Os montes do mar a brillar, moita chuvia vai entrar.** (mc: Sar., Bayona)
 (es) *Los montes del mar a brillar, mucha lluvia va a entrar.* (Gella)
 12929. **Padornelo con capelo, sardiña no garabelo.** (mc: M.L.)
 Var.: *Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo.* (A.N.V.)
 12930. **Pan mesto, sardiña salada, canta peto folga a isada.** (mc: Santiago)
 12931. **Patrón mandar, mariñeiro facer.** (mc: Santiago)
 12932. **Patrón mandar, mariñeiro traballar.** (mc: Santiago)
 12933. **Polo san Xoán saben ben as sardiñas con pan.** (mc: Santiago)
 12934. **Por unha sardiña cansou a burra.** (mc: Santiago)
 12935. **Por unha sardiña non arreventa o burro.** (mc: Santiago)
 12936. **Porto cativo levanta ruído.** (mc: Corme)
 12937. **Pra contar mentiras e comer pescado fai falta moito coidado.** ⁴³⁸¹ (mc: Otero de Rey)
 12938. **Quen en maio come a sardiña, en agosto lle pica a espiña.** (mc: J.P.)
 (es) *Quien en mayo come la sardina, en agosto caga la espina.* (R. Marín)
 12939. **Rubiéns pró mar, vellas a traballar.** (mc: Santiago)
 12940. **San Brais da Barca, que afoga e non mata.** (mc: A.S.A.)
 12941. **Zarralleiro no porto, tempo revoltó.** (mc: Corme)
MARTES. V. tamén *Días, Semana.*
 12942. **Cada martes ten a súa semana.** (ms10,038r: D.E.)
 12943. **Cada martes ten o seu domingo.** (ms10,038r: D.E.)
 12944. **En martes non te embarques.** (ms10,038r: D.E.)

⁴³⁷⁷ ms: *Á.*
⁴³⁷⁸ ms: *come.*
⁴³⁷⁹ ms: *s'afoga.*
⁴³⁸⁰ ms15,11: *d'anel.*

⁴³⁸¹ ms: *Pa.*

12945. **En martes, con merda te fartes.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12946. **En martes, nin a cama mudes nin a roupa laves.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12947. **En martes, nin panos cortes nin filla cases.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12948. **En martes, nin porco mates nin churra botes que pitos saque.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12949. **En martes, nin tea tezas nin roupa laves.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12950. **En todas partes, toda semana ten o seu martes.** (ms10,038r: *D.E.*)

MARZO. V. tamén *Agrícolas (Meses. Marzo).*

12951. **A marzo gabo cando non recacha o rabo.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12952. **A que en marzo velou, tarde acordou.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12953. **Alá vaias, marzo, marceiro, que aquí me quedo cos meus becerros; agora irá teu irmán abril, que non sei se nos deixará vivir.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12954. **Cando en marzo chove i-en abril xía, quédase maio feito unha criba.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12955. **Cando hai auga e sol en marzo, aparella as cribas e o mazo.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12956. **Cando marzo abrílea, abril marcea.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12957. **Cando marzo recacha o rabo, sabe ben quentarse co tallo.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12958. **En marzo cada pingueira quita un carto i-en abril cada pingueira dá mil.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12959. **En marzo frolecen tódolos campos.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12960. **En marzo o garabanzal, nin nado nin por sementar.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12961. **En marzo o trigo, nin por sementar, nin nado.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12962. **En marzo saca a cabeza o lagarto i-en abril acaba de saír.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12963. **En marzo sai a herba anque lle dean cun mazo.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12964. **En marzo, podar e cavar se queres colleitar.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12965. **Marzo é a porta e abril trai a chave, se está posta.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12966. **Marzo louco e abril non pouco.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12967. **Marzo marceador, de noite chove e de día fai sol.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12968. **Marzo marceiro, pola mañán cara de can e pol-a tarde é falangueiro.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12969. **Marzo marzado, cada ovella co seu año.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12970. **Marzo marzolas, treboadas e raiolas.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12971. **Marzo marzoso, pola mañán cara de porco, pola serán cara de vran.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12972. **Marzo pardo, pouco sol e malo.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12973. **Marzo, marzadas: vento, frío, sol e sarabiadas.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12974. **Marzo, o enganador, un día malo e outro peor.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12975. **Nin marzo sin frores nin moza sin amores.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12976. **No marzo abrigo, na eira pantrigo.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12977. **Por marzo a cava, por marzo a poda, por marzo vólvese a viña toda.** (ms10,038r: *D.E.*)
 12978. **Tardes de marzo, recolle o teu gando.** (ms10,038r: *D.E.*)

MATAR

12979. **Mata e matarante e xa matarán a quen te mate.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12980. **Matalas calando e apalpalas a cegas.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12981. **Matarás e matarte han e, a quen te mate, matarán.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12982. **Mate mouros quen poida, que os mouros tamén son persoas.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12983. **Mátenme treidoras mans e non me dean vida viláns.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12984. **Na paz e na guerra, o que matan morto queda.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12985. **Ó matar os porcos, praceres e xogos; ó comer as morcillas, praceres e risas e, ó pagar os diñeiros, doos choriqueiros.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12986. **O que a us mata, a outros sana.** (ms10,038v: *D.E.*)
 12987. **Us matan e outros esfolan.** (ms10,038v: *D.E.*)

MATRIMONIO. V. tamén *Aparcería, Descasarse, Divorcio, Hombre, Marido, Mujer, Soltero.*

12988. **A boda nin bautizado non vaias sin ser chamado.** ⁴³⁸² (mc: A.S.A. / ms21,01r: Bermés)

(pt) *A boda e a batisado, não vás sem ser convidado.* (Chaves) (es) *A boda ni a bautizado, no vayas sin ser llamado.* (Correas) / *A boda y a niño bautizado, no vayas sin ser llamado.* (Id.) (ct) *A boda y bateig, si no't criden no vages.* (Alberola)

12989. **A cara de pretender xa non ma volves a ver.** (mc: Parga-F.V.S.)

12990. **Á casa da miña novia levei un amigo, il quedouse de novio i-eu despedido.** ⁴³⁸³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12991. **A filla dálla a quen-a pida; i-o fillo, mira a quen llo has dar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12992. **A filla mal casada está mellor que embarraganada.** (mc: C.A.)

12993. **Á filla mala, diñeiros i-a casala.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12994. **Á madrastra o nome lle basta.** (mc: A.I.)
(pt) *Madrasta, o nome lhe basta.* (Chaves)
(es) *Madastra, el nombre la basta.* (Correas)

12995. **A muller co seu marido debaixo de unha pena fai abrigo.** ⁴³⁸⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12996. **A muller morta, sete á porta.** (ms21,19v: Bermés)

12997. **A muller que non come cando o seu home, ou o fixo antes ou fai despois.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12998. **A muller que non come cand'o seu home, o mellor do pote xa o ten no fole.** (mc: G.P.)

12999. **A muller que non come cand'o seu marido, ou comeu antes (ou o deixa na ola) ou o ten comido.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

13000. **Á porta dunha roñosa e dun home preguiceiro, pouco ten que esperar a raposa pra tallar o galiñeiro.** (ms)

Var.: *Á porta dunha roñosa e de un home preguiceiro, pouco ten que esperar a raposa pra saltar ó galiñeiro.* (ms5,138: Lugo)

13001. **A que con home ha de vivir, cinta de ferro ha de xunguir.** (mc: Valcarria)

13002. **A que de vinte anos non casa e de vintecinco non casou ise páxaro voou.** (mc: Santiago)

13003. **A que nunca mozo tuvo e xa dos vinte pasa hai que leva ó rexistro, que é un reló que atrasa.** (mc: Bucinos)

13004. **A que se queira casar inda ten que traballar.** (mc / ms4: F.V.S.)

13005. **A que se queira casar, aínda ten ben que traballar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

13006. **A que ten pan e capelo, nunca lle falta mancebo.** ⁴³⁸⁵ (mc: M.L.)

13007. **A viúda que volve a casar, bon home tuvo e volve a buscar.** (mc: La Coruña)

13008. **A viúda rica cun ollo chora e con outro repinica.** ⁴³⁸⁶ (mc: Baralla-F.V.S.)

(pt) *Viúva rica, com um olho chora, com outro repenica.* (Chaves) (es) *La viúda rica con un ojo llora y con el otro repica.* (Correas) (ct) *La viúda rica, en un ull plòra y en l'atre somica.* (Alberola)

13009. **¡Ai daquel que a muller zoupe nel!** (mc: Otero de Rey)

13010. **Ama a túa muller, se ques paz na casa ter.** (mc: M.V.)

13011. **Ano de casamento, ano famento.** (mc: Tuiriz, Monforte)

13012. **Antes barba blanca prá túa filla que mozo de chenchá partida.** ⁴³⁸⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Antes barba blanca para tu hija, que muchacho de crencha partida.* (Sbarbi)

Mejor que la inexperiencia de un joven presumido, la gravedad de un hombre maduro.

13013. **Antes de casados, mui agarrados; despois de casados, escornados.** (ms5,137: Taboada)

13014. **Antes de casarte mira con quen o fas.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

⁴³⁸² ms21,01r: *vayas.*

⁴³⁸³ O orixinal di *A casa da miña novia levei un amigo il quedouse de novio yeu despedido.*

⁴³⁸⁴ O orixinal di *A muller co seu marido debaixo de una pena fay abrigo.*

⁴³⁸⁵ ms4: *A quen.*

⁴³⁸⁶ ms4: *repica.*

⁴³⁸⁷ ms4: *c'a mozo.*

13015. **Antes de facelo, pedir consello.** (mc: C.A. / ms: A.C.)
(pt) *Ao feito, remédio, ao por fazer, conselho.* (Chaves) / *Antes de feito, conselho e despois, esforço.* (Id) (es) *Antes de hacello, dormir sobre ello.* (R. Marín)
13016. **Antes de que te cases, mira ben o que fas.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
13017. **Antes que ó altar chegares, pensa o que fas.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
13018. **Antes que te cases, Maruxa, mira o que fas.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
13019. **Antón i-amparo, eu sin ti non paro; nin aquí nin alí, eu non paro sin ti.** ⁴³⁸⁸
(mc / ms4: F.V.S.)
13020. **As bodas fanas os tolos e cómenas os cordos.** (ms15,26: Silvarrey, Rábade)
13021. **As faltas do meu marido naide as sabe, se eu non-as digo.** (ms10,049v: O. de Rei)
13022. **As pobres non-as quero i-as ricas non mas dan.** (mc: Lugo)
Ante este criterio reacciona justamente la mujer: *Olvidácheme por probe, / eu por rico te deixei / val máis un probe con honra / que un rico de mala lei.*
13023. **As que me dan non-as quero i-as que quero non mas dan.** (mc: Bucínos)
Glosado en la canción popular: *¿Porqué non te casas, Pedro? / ¿Porqué non te casas, Xan? / As que me dan non as quero, / e as que quero, non mas dan.*
13024. **Bico con bico o primeiro ano de boda; o segundo, cu con cu; e o terceiro ¿que trougueches tu?** ⁴³⁸⁹ (mc: M.V.)
13025. **Boa vida é casado, pero millor é solteiro, qu'o boi solto no potreiro come millor qu'amarrado.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballedo, LU)
13026. **Boda celebrada, guerra comenzada.** (ms15,13)
13027. **Boda de foguete, boda de cachete.** ⁴³⁹⁰
(ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
13028. **Boda de cohetes, boda de cachetes.** (ms5,029)
13029. **Bodas e festas na cas do veciño.** (mc: *Vida Gallega*)
(pt) *Festa, flores e passarinhos, em casa dos nossos vizinhos.* (Chaves)
13030. **Bodas largas, baraxas novas.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Bodas largas, barajas nuevas.* (Sbarbi) / *Bodas largas, nuevas barajas.* (R. Marín)
Cuando el noviazgo es muy largo, rara vez llega a matrimonio.
13031. **Cada cual co do seo igual.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
13032. **Callos e casamento, en quente.** ⁴³⁹¹ (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
(es) *El casamiento y el caldo pelando.* (Sbarbi)
13033. **Cando a xesta fai tris-tras, busca muller que a terás.** (mc: M.L.)
(es) *Cuando las cañas hagan tras, tras, busca la moza y la hallarás.*
R. Marín declara no saber a que tras, tras alude el refrán, y le parece que se refiere a la primavera.
13034. **Cando eu quero, non queren as nenas, e cando elas queren, eu ríome delas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
13035. **Cando eu quero, non queren as nenas, e cando elas queren, ríome delas.** ⁴³⁹² (mc: Bucínos-F.V.S.)
13036. **Cando eu quero, non queren elas, e cando elas queren, eu ríome delas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
13037. **Cando eu quero, non queren elas, e cando elas queren, teño outras ideas.** (mc: M.V.)
13038. **Cando non hai fariña no fole, reñe a muller co home.** ⁴³⁹³ (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
(pt) *Onde não há farinha, tudo é moinha.* (Chaves) (es) *Cuando no hay harina todo es mohina.* (Sbarbi)
13039. **Cando s'un casa, moitas caricias; dalí a dous anos, paus nas costillas.** (mc / ms4: F.V.S.)
13040. **Cando tu te casache, casei eu; pau tu e pau eu.** (ms8,18v: La Cañiza)
13041. **Cara de pretender xa non ma volves a ver.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

⁴³⁸⁸ O orixinal di: *Antón y Amparo, eu sin ti non paro, nin aquí, nin alí; eu non paro sin ti.*

⁴³⁸⁹ ms3: *trougeche.*

⁴³⁹⁰ O orixinal di: *Boda de fogete boda de cahete.*

⁴³⁹¹ ms4: *casamentos.*

⁴³⁹² ms4: *queren, eu ríome delas.*

⁴³⁹³ ms4: *riñe.*

13042. **Casa o teu fillo cando queiras e a túa filla cando poidas.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Casa teu fillo quando quiseses e a tua filha quando puderes.* (Chaves) (es) *Casa a tu hija como pudieres, y a tu hijo como quisieres.* (R. Marín) (ct) *Casa a ton fill quan vullgues, y a ta filla quan pugues.* (Alberola)
13043. **Casa teu fillo con teu igual e non dirán de ti mal.** (mc: Meilán)
(pt) *Casa teu fillo com teu igual e de ti não dirão mal.* (Chaves) (es) *Casa tu hijo con tu igual, y no dirán de ti mal.* (Correas)
13044. **Casa Xan con Pedro, casamento negro; e se houbera algún impedimento distes dous animais, un leva a albarda i-outro os atafales.** ⁴³⁹⁴ (ms: Castelo, Taboada)
13045. **Casácheste, enterrácheste.** ⁴³⁹⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *El que se casa, se entierra.* (Sbarbi) / *¿Te casaste? Te enterraste.*
Recuerda la copla popular: *Eu caseime i-entereime, l agora estou enterrada; l de solteira, roupa nova; l de casada, remendada.*
13046. **¿Casáchete? Cagáchete.** ⁴³⁹⁶ (mc: Buciños / ms21,17v: Bermés)
13047. **Casáchete por ver si millorabas, trazas che vexo de andar como andabas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13048. **Casáchete, botáche-la sogá pró lombó.** ⁴³⁹⁷ (ms8,67r: Carballino)
13049. **Casada na porta, cabra na horta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13050. **Casadiño de novo, pan e ovo; casadiño de vello, nin pan seco.** (ms8,15r: Silvarrey)
13051. **Casadiño, casa quer.** (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)
13052. **Casado de novo, pan e ovo: e despois, pan solo.** (ms5,056: Silvarrey)
13053. **Casamento con fuguetes, acab'a cachetes.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
13054. **Casamento de interés, queixo de moitos leites.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)
13055. **Casamento e comprar mula, acertalo gran fortuna.** (mc: Buciños)
13056. **Casamento e tripas, en quente.** (mc: Santiago)
13057. **Casamento e mortaxa do ceo baixa.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *O casamento e a mortalha, no céu se talha.* (Chaves) (es) *Casamiento y mortaja, del cielo baja.* (Sbarbi)
13058. **Casamentos con foguetes acaban con cachetes.** (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)
13059. **Casamentos con foguetes van a parar en cachetes.** ⁴³⁹⁸ (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
13060. **Casamentos con foguetes, acaban en cachetes.** ⁴³⁹⁹ (ms18,66v / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))
13061. **Casamentos con fuguetes acaban con cachetes.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
13062. **Casamentos por amores acaban con amores.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
13063. **Casamentos por amores acaban en dolores.** (ms / ms21,21v: Bermés)
13064. **Casamentos por interés, o contento dura un mes.** (mc: C.A.)
(ct) *Casament per interés, may acertat es.* (Alberola)
13065. **Casamento, sacramento de miseria.** ⁴⁴⁰⁰ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
13066. **Casar a gusto, vestir a uso.** (mc: M.V.)
(es) *Casar, a gusto; vestir, al uso.* (R. Marín) (ct) *Casar a gust y vestir a la moda.* (Alberola)
13067. **Casar e compadraz cada cual co seu igual.** ⁴⁴⁰¹ (mc: Carballido / ms4: F.V.S. / ms10,030v: D.E.)
(pt) *Casar e compadraz, cada um com seu igual.* (Chaves) (es) *Casar y compadraz, cada cual con su igual.* (Correas) / ms: Sbarbi.
13068. **Casar e morrer, unha ves.** (mc: M.V.)
13069. **Casarás e acougarás.** (mc: C.A.)
(pt) *Casarás, amansarás.* (Chaves) (es) *Casarás y amansarás.* (Correas)
13070. **Casarás i-amansarás.** ⁴⁴⁰² (ms15,12)

⁴³⁹⁴ ms15: *un leve* (42).⁴³⁹⁵ ms4: *Casachete, enterrachete.*⁴³⁹⁶ ms21: *¿Casácheste?*⁴³⁹⁷ O orixinal di: *Casáchete, botachel-a sogá pro lombó.*⁴³⁹⁸ O orixinal di: *Casamentos con foguetes, van a para en cachetes.*⁴³⁹⁹ ms-LU: *fuguetes.*⁴⁴⁰⁰ ms4: *da miseria.*⁴⁴⁰¹ ms e ms4: *acompadraz, ms4: con seu igual.*⁴⁴⁰² O orixinal di: *Casarás y'amansarás.*

13071. **Casarse é ampararse.** (ms8,67r: O. de Rey)
13072. **Casar, calquera se casa; calquera burro é casado; pero manter fillos e muller, retórcele á porca o rabo.** (mc: Buciños / ms4: Biville-F.V.S.)
 Var.: *Casar calquera se casa, calquer burro é casado: manter fillos e muller, retorcerlle á porca o rabo.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) / *Casar, cácase calquera, calquera burro é casado, manter fillos e muller, retórcele a porca o rabo.* (ms14,17)
 Copla popular que pasó a refrán.
13073. **Casar, cásanse os atrevidos, ¡quen me dera a capa dos arrepentidos!** (ms8,15v: Orense)
13074. **Cásate con muller delgada e limpa, que gorda e porca xa se volverá ela.** (ms5,029)
13075. **Cásate muíño e ablandarás; cástate, non che desexo máis.** (mc: Fonsagrada / ms4: F.V.S.)
 (es) *Casarás y amansarás.* (Sbarbi)
13076. **Cásate, Xan, que Dios dará pan e, despois de casado, nin un bocado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13077. **Cásate, Carmiña, por non traballar: ¡traballos na vida non ch'han de faltar!** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
13078. **Cásate, muíño, e ablandarás; cástate, non che desexo máis.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13079. **Cásate, probe, e vende a camisa.** ⁴⁴⁰³ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
13080. **Cásate, Xan, que xa Dios dará pan; despois de casado, dádeme bocado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
13081. **Cásate, Xan, que Dios dará pan, e despois de casado, dó demo bocado; despois, todo esfarrapado e mal remendado; e despois, máis adiante, nin adobo nin caldo.** (mc: Miraz)
 Var.: *Cásate, Xan, que Dios dará pan; despois de casado, maldito bocado.* (F.V.S.) / *Cásate Xan que Dios dará pan; despois de casado nin un bocado.* (ms4: F.V.S.) / *Cásate Xan, que Dios dará pan; despois de casado, dó o demo bocado.* (Berbetoros)
13082. **Cásate, Xan, que Dios dará pan.** (mc: A.N.)
 (es) *Casar, casar, que Dios dará pan, y después de casar, ni pan, ni ná.* (R. Marín)
13083. **Caseime para andar regalada, trazas lle vexo d'andar como andaba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
13084. **Caseime por andar regalada, e traza che leva de andar como andaba.** ⁴⁴⁰⁴ (mc: Taboada-F.V.S.)
13085. **Caseime por andar regalada, quen me dera andar como andaba.** (mc: Buciños)
13086. **Caseime por andar regalada; trazas lle vexo de andar como andaba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
13087. **Caseime por estar regalada: ¡quen me dera estar com'estaba!** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
13088. **Cases ben ou cases mal, casa con un do teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13089. **Cases ben, cases mal, casa co teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
13090. **Cases ben, cases mal, cástate co teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
13091. **Cáseste ben, cáseste mal, faino con personas do teu igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
13092. **Cáseste ou non te cases, de vello has de arrepentirte.** (ms5,029)
13093. **Catalina, si vos eu collo, voso pai será meu sogro.** (mc: Parga)
13094. **Cego casado con nena bonita, o susto do corpo non se lle quita.** (mc / ms4: F.V.S.)
13095. **Coa cuchara que escollas, con ela comerás.** (mc: Meilán)
 (es) *Con la cuchara que eligieres, con ella comerás.* (Sbarbi)
 Lo aplican a la elección en el matrimonio.
13096. **Compañía, coa dona.** (mc: C.A.)
 Var.: *Compañía coa dona.* (M.V.) / *Compañía coa muller.* (M.V.)
13097. **Choqueiro e choqueira sempre fan feira.** ⁴⁴⁰⁵ (mc: G.P. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

⁴⁴⁰³ ms4: *pobre*

⁴⁴⁰⁴ ms4: *Caseime pr'andar.*

⁴⁴⁰⁵ ms4: *fan feira.* (ou *xuntoiro*).

13098. **Das cousas serias o matrimonio é a máis parrandeira.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
13099. **De cen homes casados, trinta están aburridos, vinte hastiados e os demais arrepentidos.** (ms-SA: M. González Fernández)
13100. **¿De dónd'eres, home? Da terra da miña muller.** ⁴⁴⁰⁶ (mc: J.P.)
(es) *¿De dónde eres, hombre? De la tierra de mi mujer.* (R. Marín)
13101. **De España, nin bon vento nin bon casamento.** (mc: C.A.)
(pt) *De Espanha nem bom vento nem bom casamento.* (Chaves)
13102. **De moza casada, pretendientes na porta.** (mc: Buciños)
13103. **De solteiras non beben viño, de casadas, cada trago un cuartillo.** (mc: Buciños)
13104. **De solteira, roupa nova; de casada, remendada.** (mc: La Coruña)
13105. **Debaixo da manta todo se canta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13106. **Despois de casar, o home a traballar e a muller a folgar.** (mc: Santiago)
13107. **Desque me caso, todos me queren.** (ms5,027: Ribadeo)
13108. **Dicen as ras: "Casar, casar, casar...", i-o sapo responde: "I-ó pan, i-ó pan".** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
13109. **Dios me libre de qu'a miña filla case con un tresillista voltereteiro.** (ms4: F.V.S.)
13110. **Dios me libre dun homiño que bote o sal á pucheira: pra casar cun cazoliñas é millor quedar solteira.** (ms4: Buciños-F.V.S.)
13111. **En martes non te cases nin t'embarques.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
13112. **En martes, nin cortes nin prantes nin a túa filla cases.** (mc: A.S.A. / ms4: F.V.S.)
Var.: *En martes, nin te cases nin te embarques.* (Sarria) / *En martes, nunca a túa filla cases nin a túa cea mates.* (Monforte) / *En martes, nin te cases nin te embarques, nin a túa filla cases.* (Buciños) / *En martes, nin te cases nin te embarques, nin da familia te apartes.* / *En martes, nin te cases nin te embarques nin o teu porquiño mates.* (J.T.)
- (es) *En martes, ni te cases ni te embarques.* (R. Marín) / *En martes, ni tu casa mudes, ni tu hija cases, ni tu ropa tajes.* (Correas) / *En martes, ni tu casa urdas, ni tu hija cases.*
Tiene multitud de variantes, con el mismo matiz supersticioso.
13113. **En noite de boda, cal a achares tal a toma.** ⁴⁴⁰⁷ (mc: A.C. A Nosa Terra)
13114. **Entra miña morriña, entra hoxe a foguetes e mañá a cachetes.** (mc: Layosa)
13115. **Entre casados fanse as paces deitados.** (ms10,012v: D.E.)
13116. **Esta vida outra requer: ou casar ou buscar muller.** (mc)
13117. **Eu caseime alá arriba pa comer touciño gordo, agora vexo que á miña sogra nácenlle as silvas no forno.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)
13118. **Eu caseime en Santiago e viñen a Pontevedra: a muller veu sola por ser costumbre da terra.** ⁴⁴⁰⁸ (mc)
13119. **Fala, zorrón, contigo cásanse, e connigo, non.** (mc: Sober)
13120. **Filla casada á beira da porta é unha cabra na horta.** (ms21,12v: Bermés)
13121. **Filla casada na porta é cabra metida na horta.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
Porque acude a remediar todos sus apuros a casa de sus padres.
13122. **Filla casada na porta, cabra na horta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13123. **Filla casada ó pé da porta é unha cabra na horta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13124. **Fillos casados, pais acabados.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
13125. **Fillos casados, traballos dobrados.** (mc: A.I.)
(pt) *Filhos casados, cuidados dobrados.* (Chaves) / *Filhos pequenos, dores de cabeça, filhos grandes, dores de coração.* (Chaves) (es) *Hijos casados, duelos doblados.* (R. Marín)
13126. **Fixeras quen fixer, págueas a miña muller.** ⁴⁴⁰⁹ (mc: Buciños)

⁴⁴⁰⁶ mc: *dónde eres*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *dond'eres*.

⁴⁴⁰⁷ mc: *hachares, cal a toma*; ms4: *tal a tomas*.

⁴⁴⁰⁸ ms: *por Pontevedra*.

⁴⁴⁰⁹ mc: *que fixer*.

13127. **Hai matrimonios de tres clases: de varón, manda el e ela non; de Varela, manda el e manda ela: de varicunda, manda ela e el nunca.** ⁴⁴¹⁰ (mc: Miraz)
13128. **Hoxe de cohetes, mañá de cachetes.** (mc: Parga)
Alude al día de la boda.
13129. **Imos ao trato: a muller, pita; e o home, gato.** (mc: Velle)
13130. **Madrasta: o nome lle basta.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
13131. **Máis mala é a moza de criar que de casar.** (mc: Meilán)
(es) *Peor es la moza de casar que de criar.* (Bergua)
13132. **Maruxiña, espérame aquí: si outra non teño, vólome a ti.** ⁴⁴¹¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13133. **Maruxiña, espérame eiquí: si non topo outra, agárrome a ti.** ⁴⁴¹² (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
13134. **Matrimonio separado, inferno preparado.** (mc: S.Victorio de R. de Miño)
13135. **Melón e casamento ha de ser acertamento.** (mc: J.T.)
(pt) *Melão e casamento são coisas de acertamento.* (Chaves) / *O melão e a mulher maus são de conhecer.* (Id.) (es) *El melón y el casamiento ha de ser acertamiento.* (Sbarbi) / *El melón y la mujer, son malos de conocer.* (Id.)
13136. **Mira o que fas antes que te cases.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
13137. **Moito gasta o que vai e vén pero, máis, o que casar ten.** ⁴⁴¹³ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Muito gasta o que vai e vem e mais o que se detem.* (Chaves) (es) *Mucho gasta el que va y viene; pero más el que se detiene.* (R. Marín)
13138. **Moza a novia e vello o novio, casamento do corno; vello el e vella ela, casamento de merda.** ⁴⁴¹⁴ (mc: M.V.)
(pt) *Moça com velho casada, como velha se trata.* (Chaves)
13139. **Moza bonita con moito diñeiro, a min danma e son forasteiro: ou é unha trampa ou eu non entendo.** (ms)
13140. **Moza con vello, casamento do demo; vella con mozo, casamento peligroso.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)
13141. **Mozo cagaña perde a boda.** (mc: Sarria)
13142. **Muller morta, sete á porta.** (mc: A.N. / ms14,18)
13143. **Muller morta, un cento á porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13144. **N'hai boda pobre nin mortuorio rico.** ⁴⁴¹⁵ (mc: Carballedo / ms-LU: seminarista anónimo: Laíosa, O Incio, LU)
(pt) *Não há boda pobre nem mortório rico.* (Chaves) / *Não há morte rica nem casamento pobre.* (Id.) / *Não há casamento pobre nem mortalha rica.* (Id.) (es) *No hay boda pobre, ni mortuorio rico.* (Sbarbi) ⁴⁴¹⁶
En las bodas se echa la casa por la ventana; en los mortuorios, la fama de los ricos raras veces responde a la realidad.
13145. **Na boda non botes foguetes porque despois ándase a moquetes.** ⁴⁴¹⁷ (mc: Nós, nº 42, p. 13)
Var.: *Boda de foguetes, boda de choretes.* (ms4: F.V.S.)
13146. **Na boda quen menos come é a novia.** (mc: Villanueva, Lalin-F.V.S.)
(es) *En la boda, quien menos come es la novia.* (Sbarbi)
13147. **Na Coresma e no Advento non é solemn'o casamento.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
13148. **Na noite da boda cal a achares tal a toma.** ⁴⁴¹⁸ (mc: A.I.)
Var.: Como: *En noite de boda...*
13149. **Na boda a que menos come é a novia.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13150. **Nais que tendes fillas, casainas con marralleiros.** (mc e ms12,73: Orense)
Marralleiro, en outros sitios *marraneiro*, el que se dedica al trato de los cerdos. Indica el refrán que el oficio es de grandes ingresos. (mc) / *Marralleiros* = que se dedican al trato de los cerdos. (ms12,73)
13151. **Nin bigote nin dote.** (mc: M.L.)

⁴⁴¹⁰ mc: *de varon, manda ela e el non.*

⁴⁴¹¹ O orixinal di: *Maruxiña esperame aquí; si outro non teño, vólome a ti.*

⁴⁴¹² ms-LU: *se non, agárrom'a ti.*

⁴⁴¹³ ms4: *vai e veu.*

⁴⁴¹⁴ ms: *vella ela, casamento de m..., ms3 e ms4: de corno.*

⁴⁴¹⁵ ms-LU: *Non hay, mortoiro.*

⁴⁴¹⁶ ms: *Ni boda pobre.*

⁴⁴¹⁷ mc: *ándase a cachetes.*

⁴⁴¹⁸ ms3: *tal a achares.*

13152. **Nin boda sin canto nin morte sin pranto.**⁴⁴¹⁹ (mc: A.I. / ms4: N.V. 2ª serie)
(pt) *Não há morte (ou mortório) sem pranto, nem casamento (ou casório) sem canto.* (Chaves) (es) *Ni boda sin canto, ni mortuorio sin llanto.* (Sbarbi)
13153. **Nin polo ouro nin pola prata nunca te cases con María Buzaca; acábase o ouro, acábase a prata e sempre queda María Buzaca.** (mc: S.P.P.-*Ultreya*)
13154. **Non compres burro de recueiro nin te cases con filla de mesoneiro.** (mc e ms4: J.P. / ms4: F.V.S.)
13155. **Non compres burro de recueiro nin te cases cun fillo dun mesonero.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13156. **¿Non che gust'o pisto? Pois cástate cun carniceiro e comerás caldo de tripas.** (ms15,03)
13157. **Non hai boda sin doña Toda.**⁴⁴²⁰ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *No hay boda sin doña Toda.* (Sbarbi)
Matraca a las que aparecen en todas las fiestas, como elementos imprescindibles, aun sin ser invitadas. (mc) / Se dice de algunas señoras que se hallan en todas las fiestas aunque sean de particulares (Sbarbi) (ms)
13158. **Non hai casamento probe nin enterro rico.**⁴⁴²¹ (ms21,16r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13159. **Non hai vida com'a dun sólo, levándose ben.**⁴⁴²² (mc: Pidre / ms e ms4: Lugo-F.V.S.)
13160. **Non hai boda pobre nin enterro rico.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13161. **Non se casa Pedro nin Xan; as que queren non as quero i-as que quero non mas dan.**⁴⁴²³ (mc: Buciños)
13162. **Non se fai a boda de hongos, senón de bolos.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *No se hace la boda de hongos, sino de buenos bollos o ducados redondos.* (Sbarbi)
13163. **Non se fai a boda de hongos senón de bos bolos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13164. **Non te cases cun vello pola moeda: a moeda acábase i-o vello queda.**⁴⁴²⁴ (mc: Páramo-F.V.S.)
13165. **Non te cases, cabra coxa, pensando que vas sanar que eínda os sanos coxeian, pre cantiamais tu sanar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
13166. **Nunca falta Xan pra Sabela.**⁴⁴²⁵ (mc: M.V.)
13167. **Nunca faltou tolo pra tola nin tapoiro pra ola.** (mc: Santiago)
13168. **Nunca faltou tolo pra tola nin tapón pra ola.** (mc: M.V. / ms21,29v: Bermés)
(pt) *Nunca falta testo para uma panela.* (Chaves) / *Não há panela sem têsto, nem penico sem tampa.* (Id.)
13169. **Nunca faltou un pendango p'onha pendanga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
13170. **Nunca faltou un sapo pra unha sapa.** (mc: Páramo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Nunca falta um pascalhão para uma pascalhona.* (Chaves) (es) *Una sapa otro halla.* (Correas)
13171. **Nunca faltou un sapo pra unha saporela.**⁴⁴²⁶ (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
13172. **Nunca vin lebres ó xugo nin coellos ó arado, i-a muller que queira ter un home, que o traia ben coidado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)
13173. **Nunca vin lebre xunguida, nin coello n'arada. Déixate andar polo mundo, qu'has vir ó rego sin vara.**⁴⁴²⁷ (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
13174. **O casado casa quer i-ó solteiro quer muller.** (mc: M.L.)
13175. **O casado casa quer, e o solteiro se lla dan, e o que ha de vivir no mundo, ten que traballar o pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁴⁴¹⁹ mc: *Non boda.*

⁴⁴²⁰ ms4: *doña Toda.*

⁴⁴²¹ ms-LU: *pobre, entierro.*

⁴⁴²² O orixinal di: *Non hai vida coma dun solo levándose ben.* ms: *d'un*; ms2: *d'un*.

⁴⁴²³ ms: *casan, y-as que quero*; ms2: *y as que.*

⁴⁴²⁴ ms: *y-o vello.*

⁴⁴²⁵ ms3: *faltou.*

⁴⁴²⁶ ms4 e ms-LU: *saporella*; ms-LU: *pronha.*

⁴⁴²⁷ Nicanor Rielo Carballo, informante de V. Saco, en *Escolma de Carballedo* (Vigo: Castrelos), considera isto unha cantiga: *Nunca vin lebre xunguida / nincoello na arada; déixate andar por o mundo, que has vir ó rego sin vara* (1976: 47).

13176. **O casado casa quer, ó solteiro non lla dan; de casado, busca, pan.**⁴⁴²⁸ (mc)
Var.: *O casado, casa quer; ó solteiro non lla dan.* (Layosa)
Tiene todos los caracteres de la tríada.
13177. **O casado casa quer; si non é del, é da muller.** (ms8,67v: Meda)
13178. **O casado casa quer.** (mc: Buciños)
(es) *El casado, casa quiere.* (R. Marín)
Glosado en la siguiente canción popular: *O casado, casa quer, / ó solteiro non lla dan; / o que ha de ser casadiño / teno que ser pola man.*
13179. **O casado, casa quere; o solteiro, si lla dan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
13180. **O casado, casado sempre.** (ms / ms4: M.V.)
13181. **O casamento con foghetes acaba con cachetes.**⁴⁴²⁹ (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)
13182. **O casamento é o primeiro enterro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13183. **Ó casar non doi a barriga, pero doi ó outro día.** (mc: Otero de Rey)
13184. **O día da boda hai muita alegría porque hai que comer con forza aquel día; ó outro día di a muller: marido trai pan, que non hai que comer.** (mc: Buciños)
Procede sin duda de un cantar de muiñeira, cuyo ritmo conserva claramente la primera parte.
13185. **O día de boda non se afeita a novia.**⁴⁴³⁰ (mc: S.P.P.-*Ultreya*)
13186. **O día que me casei un borriquito alquilei.**⁴⁴³¹ (mc: Taboada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13187. **O día que te casaches, afogaches.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
13188. **O día que te casas, ou te curas ou te matas.**⁴⁴³² (mc: Tuiriz, Monforte / ms10,005v: D.E.)
(es) *El día que te casas, o te sanas o te abrasas -u o te matas.* (R. Marín)
13189. **O home e a muller, cando tratan de cocer, a leña estaba no monte e a fariña**

⁴⁴²⁸ ms4: *quere*.

⁴⁴²⁹ O orixinal di: *O casamento con fojetes acaba con cachetes.*

⁴⁴³⁰ ms4: *noiva*.

⁴⁴³¹ ms-LU: *burriquito*.

⁴⁴³² En ms10 s.v. *Día*.

- por moer.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
13190. **O home é o angazo e a muller é a basoira.** (mc: Carballedo)
13191. **O home i-a muller fan as papas na culler.** (mc e ms11,17: Buciños-F.V.S.)
Indica que el matrimonio fácilmente se arregla; no así cuando hay alguien ajeno en casa.
13192. **O luns e martes non te cases nin te embarques.** (mc: Santiago)
13193. **O martes, nin a túa tela urdas nin a túa filla cases.**⁴⁴³³ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
Var.: *En martes nin te cases nin te embarques, nin a túa porca mates, nin a túa pita botes, nin a túa tela urdas.* (ms5,138: Jesús Taboada)
(es) *En martes, ni tela urdas, ni hija cases.* (R. Marín)
13194. **O martes, nin te cases nin te embarques nin a túa ceba mates.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13195. **O melón e o casamento han de ser acertamento.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
13196. **O melón i-o casamento, acertamento.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
Var.: Como: *Melón e casamento...*
(pt) *Melão e casamento são coisas de acertamento.* (Chaves) (es) *El melón y el casamiento, acertamiento. / El melón y el casamiento ha de ser acertamiento.* (Sbarbi) (ct) *El meló y el casament, ha de ser a content.* (Alberola)
13197. **O primeiro ano de casados, cara con cara; o segundo, cu con cu; i-o terceiro, ¿que trouxeches tu?**⁴⁴³⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
13198. **O qu'a súa filla queira casar, dialle un cenzafollo a lavar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
No es fácil lavar...
13199. **O que a fóra se vai casar, ou vai enganado ou vai enganar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁴⁴³³ ms4: *teia urdas* / Local da primeira variante: ms5,138: Jesús Taboada. "Folklore de Verín" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, t. XV, 1959, cuadº 3º)

⁴⁴³⁴ O orixinal di: *O primeiro ano de casados, cara con cara o segundo cu con cu y'o terceiro ¿que trouxeches tu?*

13200. **O que a lonxe vai casar, ou está cego ou quere cegar.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
13201. **O que ben acerta a casar, xa non lle queda máis que acertar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13202. **O que cas'a filla, aument'a familia.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13203. **O que casa ca irmá do cura, fai boa fortuna.** (ms15,42: Sober)
13204. **O que está viúdo e se quere casar, debe unha deuda ó demo e vailla pagar.** (ms4: Pidre-F.V.S.)
13205. **O que fala da ovella, casa con ela.** (mc / ms4: F.V.S. / ms15,29r: Teijeiro, Lugo, .Mª Felicidad Vila)
13206. **O que fala da ovella, vaise con ela.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)
(es) *Quien dice mal de la doncella, ése carga con ella.* (R. Marín) / *Quien dice mal de la pera, ése la lleva.* (Id.) / *Quien dice mal de la cosa, ése la compra.* (Id.)
13207. **O que fóra vai casar, chata leva ou vai buscar.** (mc: Corme)
Variantes todos, del ya registrado: *O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar.*
13208. **O que ha de ser bon casado, ha de saber gana-lo pan.**⁴⁴³⁵ (mc: R. Caruncho)
13209. **O que lambe a pota das papas, chóvelle na boda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
13210. **Ó que lambe o pote das papas chóvelle na boda.** (mc: Layosa)
Vana superstición.
13211. **O que lexos vai casar, chata leva o[u] vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
13212. **O que lexos vai casar, mosca leva ou vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
13213. **O que lexos vai casar, ou chata leva ou a vai buscar.** (ms14,17)
13214. **O que lexos vai casar, tacha leva ou a vai buscar.**⁴⁴³⁶ (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951) / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
- El que va casarse lejos de su tierra, o lleva algún defecto, o quizá lo encuentre en la novia que va buscar.
13215. **O que lexos vai casar, trampa leva ou vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
13216. **O que lons vai casar, chata leva o vai buscar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
13217. **O que lonxe quer casar, maula leva ou vai buscar.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
13218. **O que lonxe vai a casar, ou vai enganado ou vai a enganar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)
13219. **O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar.**⁴⁴³⁷ (mc: A.I. / ms11,48: C. Fonsagrada / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU / ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *O que lonxe vai casar, maula leva ou vai buscar.* (R. Caruncho) / *O que longe vai casar, ou ten chata ou vai buscar.* (ms4: A.I.) / *O que lonxe vai casar, chata leva ou vai buscar. Moza bonita con moito diñeiro, a min dáma que son forasteiro; ou é unha trampa ou eu non-o entendo.* / (ms15,42: Castelo-Taboada).
13220. **O que lonxe vai casar, ou leva tacha ou a vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)
13221. **O que lonxe vai casar, ou vai enganado ou vai enganar.** (ms10,031v: D.E.)
13222. **O que lonxe vai casar, ou vai enganado ou vai enganar.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Quem ao longe vai casar, leva pulha ou vai buscar.* (Chaves) (es) *Quien lejos se va a casar, o va engañado, e va a enganar.* (R. Marín) (ct) *El que llunt s'en va a casar, va a qu'el enganyen o a enganyar.* (Alberola)
13223. **O que lonxe vai casar, tacha leva ou vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13224. **O que mal casa, tarde enviúda.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

⁴⁴³⁵ O orixinal di: *O que ha de ser bon casado, ha de saber ganalo pan.*

⁴⁴³⁶ ms-LU (Lugo): *lonxe.*

⁴⁴³⁷ ms11,48 e ms-LU (Pacios): *lejos*; ms-LU (Jesús Redondo C.), ms-LU (Trini F.): *lexos*; ms-LU (Lugo): *ou a vai buscar*; ms11,48: *lev'ou vay.*

13225. **O que non serve pra casado, que non engañe a muller.** (mc: A.S.A.)
(es) *El que no sirva para casado, que no engañe a la mujer.* (R. Marín)
13226. **O que non vén á boda, non vén a toda hora.** (mc: Carballo / ms4: F.V.S.)
(es) *Lo que no viene a la boda, no viene a toda hora.* (Sbarbi)
La dote que no se da en el día o antes del matrimonio, y en general, lo que para los contrayentes se promete, difícilmente se recupera más tarde.
13227. **O que se casa de vello, logo lle fan o enterro.** (mc: Bucínos)
(es) *Quien se casa de viejo, luego le pronto da el pellejo.* (R. Marín)
13228. **O que se casa, por todas pasa.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)
13229. **O que se casa, por todo pasa.** (ms15,12)
13230. **O que se casa, se abrasa.** (mc)
13231. **O que ten moitas mulleres, nunca enviúda.** (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
13232. **O que trala costa se vai casar, chata leva ou vai buscar.** ⁴⁴³⁸ (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
13233. **O que vai á boda, leve que coma.** ⁴⁴³⁹
(mc: Lugo / ms21,03r: Bermés)
13234. **O que vai á boda, que leve que coma.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13235. **O que lejos vai casar, chata lev'ou vai buscar.** ⁴⁴⁴⁰ (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)
13236. **O que lexos vai casar, auga leva ou vai buscar.** (mc: Bucínos)
13237. **O que lexos vai casar, está cego ou quer cegar.** (mc: Santiago)
Var.: *O que a lonxe vai casar, ou está cego ou quer cegar.* (Santiago)
13238. **O que lexos vai casar, ou tacha leva ou vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
13239. **O que lexos vai casar, trampa leva ou vai buscar.** (mc: La Coruña)
13240. **O viernes i-o martes, nin te cases nin te embarques nin a túa ceba mates.** (mc: Bucínos)
(es) *En viernes nin en martes, ni tu casa mudes, ni tu hija cases, ni tu viña podes, ni tu ropa tajes.* (R. Marín)
Extiende al viernes, lo que ya otro dice del martes.
13241. **Os dacabalo pasan de largo, i-os da pé non dan chegado.** ⁴⁴⁴¹ (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Lamento de las solteronas. (mc) / A las solteronas. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
13242. **Os que dormen no mesmo colchón son da mesma condición.** (mc: Carballo / ms4: F.V.S.)
13243. **Os que dormen no mesmo colchón son da mesma opinión.** (mc: Villanueva, Lalín / ms4: F.V.S.)
(es) *Dos que duermen en un colchón, bailan al cabo al mismo son.* (R. Marín) / *Dos que duermen en un colchón, se vuelven de la misma opinión.* (R. Marín)
13244. **Os que se han de casar hanse de asomellar.** (mc: Lugo)
13245. **Ós quince o que veña, que teña e que conveña; ós vinte o que veña e que teña; ós trinta, que veña, aunque non teña, nin conveña.** (ms8,68r: La Cañiza)
13246. **Os traballos dos casados son traballos honrados.** (mc: M.V. / ms21,29v: Bermés)
13247. **Ou casar con quen non queira ou quedar solteira.** (ms15,13)
13248. **Ou moza que raxe ou dote que espante.** (ms15,43: Incio)
Moza que raxe = buena moza. Se dice: *esa é unha moza que raxa o cadillo* = es muy buena moza.
13249. **Ou que lexos vai casar, xata leva ou vai buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
13250. **¿Palabra de casamento? Cada día un cento.** (mc: A.N.)
13251. **Palabras de casamento danse no campo e lévaas o vento.** (mc: A.N.)
13252. **Palabras de casamento, máis de catro leva o vento.** (mc: M.L.)
13253. **Palique de inverno, casoiro de verán.** (mc: Santiago)
13254. **Papas e bodas, en quente.** (mc)
Muy caliente como el agua hirviendo que se emplea para pelar los cerdos.

⁴⁴³⁸ O orixinal di: *O que tra la costa se vay casar chata leva ou vay buscar.*

⁴⁴³⁹ ms21,03r: *vay'a boda.*

⁴⁴⁴⁰ O orixinal di: *O que lejos vay casar chata lev'ou vay buscar.*

⁴⁴⁴¹ ms-LU: *e os.*

13255. **Papas e casamento, en quente.** ⁴⁴⁴² (mc: A.S.A. / ms21,05v: Bermés)
Var.: Como: *Callos e casamento, en quente* (es) *El casamiento y el caldo, pelando.* (R. Marín)
Muy caliente como el agua hirviendo que se emplea para pelar los cerdos.
13256. **Por casar as fillas, promete casa e viñas.** ⁴⁴⁴³ (mc: Villanueva, Lalín)
13257. **Por marido reiña e por marido mezquiña.** (mc: A.I.)
(pt) *Pelo marido rainha, pelo marido mesquinha.* (Chaves) (es) *Por marido regina y por marido mezquina.* (Correas)
13258. **¿Por que me queres, Andrés? Polo interés.** (mc: Begonte)
13259. **Por san Eleuterio cástase si eu quero.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
13260. **Por unha sardiña casou a burriña.** (mc: Santiago)
13261. **Pra lus, mudas de vida, miña xoiña.** (mc: M.L.)
13262. **Probe daquel que tonde a muller.** (mc: M.L.)
13263. **Probe de aquel que a muller maza nel.** (ms5,027: Ribadeo)
13264. **Quen a súa filla quer casar, dell'a centofollas a lavar.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
13265. **Quen a súa filla quixer casar, delle o centofollas a lavar.** ⁴⁴⁴⁴ (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)
Var.: *O que a filla quer casar, delle o centefollas a lavar.* (ms4: F.V.S.)
13266. **Quen ben baila, de boda en boda anda.** (mc: Buciños)
(es) *Quien bien baila, de boda en boda anda.* (R. Marín) (ct) *Qui bé balla o canta, de boda en boda se la campá.* (Ricart)
Indica que el que tiene alguna habilidad destacada, es bien recibido en todas partes.
13267. **Quen casa e caza, co seu mal que teña cachaza.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
Porque ambas cosas le apurarán frecuentemente la paciencia.
13268. **Quen co demo se casa, demonio se fai.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
13269. **Quen de lexos veu casar, chata trai ou veu buscar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13270. **Quen fala mal da egua é o que a leva.** (mc: A.S.)
Var.: *O que fala mal da égua é o que a leva.* (ms4: G.S. y A.) / *O que fala mal da yegua, é o que a leva.* (ms15,29r: Tuiriz. M^a Felicidad Vila)
(es) *Quien dice mal de la doncella, ése carga con ella.* (R. Marín) (ct) *Qui diu mal del ase, aquell el compra.* (Alberola)
Se aplica figuradamente al matrimonio, como el ya registrado: *O que fala da ovella, casa con ela.*
13271. **Quen lonxe se vai casar, chata leva ou ten que tapar.** (ms18,58r: *Vida Gallega*)
13272. **Quen lonxe vai casar chata leva ou ten que topar.** ⁴⁴⁴⁵ (mc: R. Caruncho)
Véase *O que lonxe vai casar...*
13273. **Quen mal casa, tarde enviúda.** ⁴⁴⁴⁶ (mc: Meilán)
(es) *Quien mal casa tarde enviúda.* (Correas) / ms: *Bergua*
13274. **Quen non está velado non está casado.** (mc / ms4: F.V.S.)
Falsa superchería, que encontrou también eco en una canción popular: *O cura que me casou / tamén me pudo velar, / se me peta na cabeza / volvereime descasar.*
13275. **Quen quere a Beltrán, quere o seu can.** ⁴⁴⁴⁷ (mc e ms4: M.V. / ms21,21r: Bermés / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
Var.: *Quen quer a Beltrán, quer o seu can.* (ms4: F.L.)
(es) *Quien quiere bien a Pedro, bien quiere a su perro.* (R. Marín)
13276. **Quen quixo casar casou; si non foi con quen quixo, foi con quen cadrou.** ⁴⁴⁴⁸ (mc: A.S.A.)
(pt) *Quem quer casar, sempre casou, senão com quem quer é com quem achou.* (Chaves)
13277. **Quen se casa con muller fea e sin dote, é tonto de capirote.** (ms15,45r: Chantada)
13278. **Quen se casa con muller vella e sin dote, é tonto de capirote.** (ms15,45r: Chantada)

⁴⁴⁴² ms4 e ms21,05v: *casamentos*.

⁴⁴⁴³ ms4: *prometen*.

⁴⁴⁴⁴ mc: *centefollas*.

⁴⁴⁴⁵ ms: *se vai casar*.

⁴⁴⁴⁶ ms: *Quen mal se casa*.

⁴⁴⁴⁷ ms21,21r: *quer'a Beltrán quer'o*.

⁴⁴⁴⁸ ms: *Quen se quixo...*

13279. **Quen se casa con parentes, corta vida e largos tormentos.** (mc: Meilán)
(es) *Casamientos de parientes, tienen mil inconvenientes.* (Sbarbi)
13280. **Quen se enséña na boda, pérdea toda.** (mc / ms4: F.V.S.)
13281. **Se non te casas antes de trinta, quedas solteira pra toda a vida.** (ms-SA: Carballo)
13282. **Se non te casas antes dos trinta, quedas solteira pra toda a vida.** (mc: Santiago)
13283. **Se pretendes ser casada, antes has de ser honrada.** (mc: Santiago)
13284. **Se queres acertar, casa co teu igual.**⁴⁴⁴⁹ (mc: Carballo / ms: Meilán / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Si quieres acertar, casa con tu igual.* (Correas) / *Casar y acompadrar, cada cual con su igual.* (Sbarbi)
Significa que no debe haber grandes diferencias ni sociais, ni económicas ni intelectuales entre marido y mujer. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13285. **Se ques casar con dote, sala sempre ben o pote.** (mc: M.L.)
13286. **Sea ben, sea mal, caseime co meo igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)
13287. **Sempre hai un sapo pra unha sapa.**⁴⁴⁵⁰ (ms)
(es) *Una sapa otro halla.* (Correas)
13288. **Si casaches, non te alabes, e si non casaches, non te enfades.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
13289. **Si desexas acertar, salte á calle a casar.** (mc)
13290. **Si non queres ter a muller de neura, cástate cunha vella.** (mc: Chantada)
13291. **Si non te queres casar, come sáballo en san Xuan.**⁴⁴⁵¹ (mc e ms4: J.P.)
13292. **Si paz has de ter, obedécelle á muller.** (mc)
13293. **Si queres casar, teste que quedar, que as nenas da aquí non van para alá.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
13294. **Si queres o teu marido gordinho, despois do caldo, dál'l'un sorbiño.** (mc: A.S.A.)
(es) *Si quieres ver a tu marido gordito, tras de la sopa échale un traguito.* (Castillo)
13295. **Si queres teu home matar, dálle coles por san Xuan.**⁴⁴⁵² (mc: J.P.)
(es) *Si quieres a tu marido matar, dale coles por San Juan.* (Castillo)
13296. **Si te queres casar, na casa non has de quedar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
13297. **Solteirós neste mundo non-os quere Dios.** (ms21,06v: Bermés)
13298. **U que a lonxe se vai casar, ou chata leva ou a vai buscar.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
13299. **U que a lexos vai casar, tacha leva ou vai buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13300. **Unha filla casada na porta é unha cabra na horta.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Miranda, Castroverde, LU)
13301. **Unha vez te casarás e mil te arrepentirás.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C / ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
13302. **Val máis ser solteiro que mal casado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13303. **Vale máis casada cun tambor que amistada cun señor.** (mc: Muros)
13304. **Vale máis ser solteiro que mal casado.** (mc: Buciños)
Var.: *Vale máis solteiro que mal casado.* (M.V.)
(pt) *Mais vale solteiro andar que mal casar.* (Chaves) (es) *Más vale soltero andar que mal casar.* (Correas)
13305. **Vale máis solteiro que mal casado.** (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés)
Var.: *Vale máis ser solteiro que mal casado.* (Buciños)
(pt) *Mais vale solteiro andar que mal casar.* (Chaves) (es) *Más vale soltero andar que mal casar.* (Correas)
13306. **Vamos ó trato: a muller pito i-o home gato.**⁴⁴⁵³ (ms21,18v: Bermés)

⁴⁴⁴⁹ ms-LU: *con teu igual.*

⁴⁴⁵⁰ O orixinal di: *Sempre hay un sapo pra unha sapa.*

⁴⁴⁵¹ mc: *por San Xoán.* O refrán que rexistra Jacinto del Prado coincide co que aparece no ms4.

⁴⁴⁵² mc: *por San Xoán.* Jacinto del Prado só rexistra o refrán coa forma *San Xuan.*

⁴⁴⁵³ O orixinal di: *Vamos ó trato: a muller pito y'o home gato.*

13307. **Varón, manda el e ela, non; Varela, manda el e manda ela; varicunda, manda ela e el nunca.** (mc: Muros)
Véase *Hai matrimonios de tres clases...*
13308. **Vello casado con nena bonita, mozo sin rentas nin bés nin oficio, cego bo é o que non ve polo cribo.** (mc: A.I.)
(pt) *A velho recém-casado, resar-lhe por finado.* (Chaves) / *Homem velho e mulher nova, filhos até à cova (ou corno ou cova).* (Id.) / *Velho casado com moça de poucos anos, corno temos.* (es) *Viejo casado con mujer hermosa, es cosa dañosa.* (Sbarbi)
13309. **Viúda que non dorme, casarse quer.** (mc: Buciños / ms4: Villanueva, Lalín)
(es) *Viúda que no duerme, casarse quiere.* (Correas)
13310. **Boda de foguetes, boda de cachetes.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C / ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
13311. **Boda de foguete, boda de cachete.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13312. **Bodas de fuguetes, bodas de cachetes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13313. **Xa se viron máis feas e casáronse.** (mc: Buciños)
- MAYO.** V. tamén *Agrícolas (Meses. Mayo).*
13314. **Cando en maio hai lama, inda algo se gana.** (ms10,034v: D.E.)
13315. **Cava, labor e barbeito, en maio han de estar feitos.** (ms10,034v: D.E.)
13316. **Día a día, maio á porta.** (ms10,034v: D.E.)
13317. **En maio o garabanzal, nin nado nin por sementar.** (ms10,034v: D.E.)
13318. **En maio que chova hasta entullarse o carro.** (ms10,034v: D.E.)
13319. **En maio xa leva as cereixas o gaio.** (ms10,034v: D.E.)
13320. **En maio, augas catro e esas, que cheguen ó barro.** (ms10,034v: D.E.)
13321. **Maio atreboado, ano temperado.** (ms10,034v: D.E.)
13322. **Maio fai as apostas e abril lévallas ás costas.** (ms10,034v: D.E.)
13323. **Maio fai o trigo e agosto o viño.** (ms10,034v: D.E.)
13324. **Maio festeiro bota a roca no trasfogueiro.** (ms10,034v: D.E.)
13325. **Maio frío, moito trigo.** (ms10,034v: D.E.)
13326. **Maio hortelán, moita folla e pouco gran.** (ms10,034v: D.E.)

13327. **Maio maieiro, aquí me caio, alí me deito.** (ms10,034v: D.E.)
13328. **Maio non endereita o ano.** (ms10,034v: D.E.)
13329. **Maio pardo, sinal de bo ano.** (ms10,034v: D.E.)
13330. **Maio un pouco frío cría trigo pero, si é moi frío, nin palla nin trigo.** (ms10,034v: D.E.)
13331. **Maio ventoso, ano fermoso.** (ms10,034v: D.E.)
13332. **Maio, o longo.** (ms10,034v: D.E.)
13333. **Moitas augas en maio tran mal ano.** (ms10,034v: D.E.)
13334. **No mes de maio, nin egoa nin cabalo.** (ms10,034v: D.E.)
13335. **O millor trasfogueiro pra min o quero.** (ms10,034v: D.E.)
13336. **Se maio chora, auga criadora.** (ms10,034v: D.E.)
13337. **Tanto ten o máis como ten o menos.** (ms10,034v: D.E.)
13338. **Veña maio e veña pardo.** (ms10,034v: D.E.)

MEDIANERO

13339. **Non hai millor medianeiro que cada un pra si mesmo.** (ms10,038v: D.E.)
13340. **O millor medianeiro é o diñeiro.** (ms10,038v: D.E.)
13341. **Un bo medianeiro foi sempre o diñeiro.** (ms10,038v: D.E.)

MEDICINA. HIGIENE.

V. tamén *Curación, Curandero, Dientes, Dolores, Enfermedad, Médicos, Partos, Preñez.*

13342. **A auga clara i-o chocolate espeso.** (mc: Tuiriz, Monforte)
13343. **A auga cría ras.** (mc e ms)
(es) *El agua cría ranas.* (Sbarbi)
Dicen los amigos del vino, para excusarse de beberla.
13344. **A auga desfai os camiños.** (mc: Chantada)
Como el anterior.
13345. **A auga fai tolear os muíños.** (mc: Aguada, Carballedo-F.V.S.)
Siguen hablando los devotos de Baco que, como se ve, tienen razones graciosas y pintorescas para defender sus preferencias.
13346. **A auga lava todo.**⁴⁴⁵⁴ (mc: Dicc. Ac.)

⁴⁴⁵⁴ ms4: *leva todo.*

- Var.: *A auga todo lava, senón a mala fada.*
(mc: A.S.A. / ms: M.V.)
(pt) *Água suja também lava.* (Chaves) / *A água tudo lava menos quem se louva e as más línguas.* (Chaves) (es) *El agua todo lo lava, menos la mala fama* (R. Marín) (ct) *L'aigua per aon passa, banya.* (Alberola)
13347. **A auga todo lava senón a mala fada.**
13955. **A mintira nunca ten moita vida.** ⁴⁶⁵⁰ (ms10,040v: D.E.)
13956. **A quen esté afeito a mentir, non lle dar creto.** (ms18,19r)
13957. **A quen esté afeito a mentir, non lle des creto.** ⁴⁶⁵¹ (mc: C.A.) (pt) *Quem mente três vezes, não é acreditado uma.* (Chaves) (es) *A quien una vez miente, no se le ha de dar entera fe otra vez.* (Correas)
13958. **A rapaciño mentireiro non perdónelas azoutas.** ⁴⁶⁵² (mc: M.V.)
13959. **Cai máis pronto o mentireiro có coxo.** (ms21,04v: Bermés)
13960. **Cai máis pronto un mentiroso c'on coxo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
13961. **Caise máis axiña un mentiroso c'on coxo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
13962. **Cazadores, xastres e zapateiros son os máis mintireiros.** ⁴⁶⁵³ (ms10,040v: D.E.)
13963. **De largas terras, barallas gordas.** (mc: Buciños) Var.: *De longas terras, barallas gordas.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*) (pt) *De longas vias, longas mentiras.* (Chaves) (es) *De lejanas regiones, mentiras a montones.* (Correas) (ct) *De tèrres apartaes, mentires a pataes.* (Alberola)
13964. **Di mintira e sacarás verdá.** ⁴⁶⁵⁴ (ms10,040v: D.E.)
13965. **En terra allea, o que moito se confesa, máis penitencia leva.** ⁴⁶⁵⁵ (ms4 e mc: C.A.)
13966. **Faille caso a Mateo que minte como eu.** (ms-SA: Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)
13967. **Hasta a primeira, por non mentir, que é palabra de cumprir.** (ms: Sta. Eugenia de Asma)
13968. **Máis corre un coxo que un mentireiro.** (ms18,54r: *Vida Gallega*)
13969. **Máis corre un coxo que un mentiroso.** (mc: R. Caruncho) (pt) *Mais depressa se apanha um mentiroso que um coxo.* (Chaves) (es) *Más presto se coge un mentiroso que un cojo.* (Sbarbi) (ct) *Més pronte s'agarra a un mentirós qu'a un coixo.* (Alberola)

⁴⁶³⁸ ms: y a.

⁴⁶³⁹ ms3 e ms4: logo un deprende; ms10: A mintir. En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁴⁰ ms: d'algo.

⁴⁶⁴¹ ms: y o; ms4: mintira; ms-LU: mintira millor.

⁴⁶⁴² ms-SA: cullida.

⁴⁶⁴³ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁴⁴ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁴⁵ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁴⁶ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁴⁷ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁴⁸ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁴⁹ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁵⁰ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁵¹ ms4: está, dar creto.

⁴⁶⁵² O orixinal di: A rapaciño mentireiro, non perdonel-as azoutas. / mc: mintireiro.

⁴⁶⁵³ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁵⁴ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁵⁵ mc: muito se confesa.

13970. **Máis pronto se pilla a un mentiroso c'on coxo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13971. **Máis val dicir mentiras que parezan verdades que verdades que parezan mintiras.** ⁴⁶⁵⁶ (ms10,040v: D.E.)
13972. **Mentir n'é habilidá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13973. **Mentireiro con gracia gusta escoitalo.** ⁴⁶⁵⁷ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Mentir con gracia quer sabidencia.* (C.A.-*A Nosa Terra*)
(es) *Mentiras hay que dan gusto.* (R. Marín)
13974. **Mete mintira e sacarás verdá.** ⁴⁶⁵⁸ (ms10,040v: D.E.)
13975. **Minte canto quer e esbardalla canto pode.** ⁴⁶⁵⁹ (ms10,040r: D.E.)
13976. **Mintir con gracia quere sabencia.** ⁴⁶⁶⁰ (ms10,040r: D.E.)
13977. **Mintir non é deshonna, mais é cousa de mala persoa.** ⁴⁶⁶¹ (ms10,040r: D.E.)
13978. **Mintireiro con labia quer certa gracia.** ⁴⁶⁶² (ms10,040v: D.E.)
13979. **Mintireiro de gracia quer moita labia.** ⁴⁶⁶³ (ms10,040v: D.E.)
13980. **Na boca do mentiroso o certo faise dudoso.** (mc: Bucñños / ms4: F.V.S.)
Var.: *De boca do mentiroso, o certo faise dudoso.* (Bucñños)
(es) *Es pena del mentiroso que, cuando dice la verdad no se le cree.* (Sbarbi) / *El mentiroso, no es creído cuando dice la verdad.* (Id.) (ct) *Del mentirós, ningún creu les veritats.* (Alberola)
13981. **No mintir n'hai regra.** (mc: Bucñños)
13982. **Non minte, non sabe o que sinte.** ⁴⁶⁶⁴ (ms10,040r: D.E.)
13983. **O mentir n'é habilidá.** ⁴⁶⁶⁵ (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés)
Var.: *O mentir non é habilidá senón deci-la verdá.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
13984. **O mintir e o compadraz, andan á par.** ⁴⁶⁶⁶ (ms10,040r: D.E.)
13985. **O mintir non ten alcabala, por eso o usan tantos noramala.** ⁴⁶⁶⁷ (ms10,040r: D.E.)
13986. **O mintir pide memoria.** ⁴⁶⁶⁸ (ms10,040r: D.E.)
13987. **O mintireiro, cando di a verdá, ninguén creto lle dá.** ⁴⁶⁶⁹ (ms10,040v: D.E.)
13988. **O que compra e mente, a faltriqueira llo sente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
13989. **O que compra e minte, a bolsa llo sinte.** ⁴⁶⁷⁰ (ms21,07v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13990. **O que compra e minte, na súa bolsa o sinte.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
13991. **O que compra e minte, o bolsillo llo sinte.** (ms8,12v: O. de Rey)
13992. **O que dixo que nunc'a nadia pediu, mintiu.** (ms15,16)
13993. **O que merca e minte, a bulsa llo sinte.** (mc: M.L.)
(pt) *Quem compra e mente, na bolsa o sente.* (Chaves) (es) *Quien merca e miente, su bolsa lo siente.* (R. Marín)
13994. **O que minte e come pescado, ten que ter moito cuidado.** (ms8,57r: Breijo)
13995. **O que o seu mal pon a outro, aínda non sabe pouco.** (ms21,16r: Bermés)
13996. **O que paga e minte, a carteira llo sinte.** ⁴⁶⁷¹ (ms-SA: José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)
13997. **O que perde algo e di que non-o sinte, minte.** (ms15,15)
13998. **O que quere saber, mentiras nel.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(es) *A quien quiera saber, mentiras en él.* (R. Marín) / *A quien quiera saber, poquito y al revés.* (Id.)
13999. **O que se vai confesar e mentiu, éralle mellor non ir.** (ms8,46r: O. de Rey)
14000. **O que sempre minte, nunca engana.** ⁴⁶⁷² (ms10,040r: D.E.)

⁴⁶⁵⁶ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁵⁷ ms4: *Mintireiro*.⁴⁶⁵⁸ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁵⁹ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶⁰ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶¹ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶² En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶³ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶⁴ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶⁵ ms21,26r: *non é*.⁴⁶⁶⁶ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶⁷ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶⁸ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁶⁹ En ms10 s.v. *Mentir*.⁴⁶⁷⁰ ms-LU: *mente sente*.⁴⁶⁷¹ O orixinal di: *O que paga e minte a cartira llo sinte*.⁴⁶⁷² En ms10 s.v. *Mentir*.

14001. **O que seu mal achaca a outro, din que non sabe pouco.**⁴⁶⁷³ (mc: J.P.)
14002. **O que vende e mente, a bolsa llo sente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
14003. **O vello mente ben na súa terra; o mozo na allea mente que rabea.** (mc)
(pt) *Velho na sua terra e o moço na alheia, sempre mentem de uma maneira.* (Chaves)
(es) *El viejo en su tierra y el mozo en la ajena, mienten de una manera.* (R. Marín)
14004. **Onde un ha d'ir, non ha de mentir.**⁴⁶⁷⁴ (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / Amador Darriba Míguez)
14005. **Os cachelos i-as mentiras, en quente.** (ms5,045: Cebrero)
14006. **Por mintir e andar en coiro non azoutan.**⁴⁶⁷⁵ (ms10,040r: D.E.)
14007. **Porque lles digo mintiras ben me queren as viciñas.**⁴⁶⁷⁶ (ms10,040v: D.E.)
14008. **Pregúntalle a Mateu se minte coma eu.** (ms21,15r: Bermés)
14009. **Primeiro cai o mintireiro que o coxiliqueiro.**⁴⁶⁷⁷ (ms10,040v: D.E.)
14010. **Primeiro cae un mintireiro que un coxo.**⁴⁶⁷⁸ (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / Amador Darriba Míguez)
14011. **Primeiro cai un mentiroso que un coxo.**⁴⁶⁷⁹ (mc: Sarria)
Var.: *Cae primeiro o mentiroso que o coxo.* (V.R. y A.R.)⁴⁶⁸⁰
(pt) *A mentira não tem pés.* (Chaves) (es) *Antes toman al mentiroso que al cojo; o antes cogen al mentiroso.* (Correas) (ct) *Més pronte s'agarra a un mentirós qu'a un coixo.* (Alberola)
Véase *Máis corre un coxo que un mentiroso.*
14012. **Primeiro se colle un mentireiro c'un coxo.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
14013. **Quen de lonxe vén, mente como quer.**⁴⁶⁸¹ (mc: Carballino / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Porque es difícil comprobar sus afirmaciones.
14014. **Quen de lexos vén, mente como quer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14015. **Quen di o que sinte, non minte.** (mc: Buciños)
14016. **Quen me minte non me engana.**⁴⁶⁸² (ms10,040r: D.E.)
14017. **Quen minte logo se arrepite.**⁴⁶⁸³ (ms10,040r: D.E.)
14018. **Quen non sabe mintir, non sabe vivir.**⁴⁶⁸⁴ (ms10,040r: D.E.)
14019. **Quen paga e mente, a bolsa llo sente.** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
14020. **Si ó comenzo non dices quen eres, non che creerán todo canto dixerés.**⁴⁶⁸⁵ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14021. **Unha mentira ben composta moito val e pouco costa.** (mc: Corme)
14022. **Unha mentira ben composta vale moito e pouco costa.** (ms8,21r: Silvarrey)
14023. **Unha mentira ben posta moito vale e pouco costa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
14024. **Unha mintira de outra tira.**⁴⁶⁸⁶ (ms10,040v: D.E.)
14025. **Unha mintira descobre outra axiña.**⁴⁶⁸⁷ (ms10,040v: D.E.)
14026. **¿Estadísticas? en terra allea, que o que millor se confesa maior penitencia leva.** (mc: M.V.)
- MERCADO.** V. tamén *Comercio*.
14027. **A bo mercador, bo vendedor.** (ms10,039r: D.E.)
14028. **Antes quero mercar que rogar.** (ms10,039r: D.E.)
14029. **Ben entende aquel que merca e vende.** (ms10,039r: D.E.)
14030. **En mercar e vender non hai amigos.** (ms10,039r: D.E.)

⁴⁶⁷³ ms4: *o seu mal*.

⁴⁶⁷⁴ ms: *n'ha*; mc: *On de*; ms-LU e ms21,26r: *Ond'un n'ha de mentir* / A. Darriba Míguez: *ha de ir*.

⁴⁶⁷⁵ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁷⁶ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁷⁷ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁷⁸ A. Darriba Míguez: *mentireiro*.

⁴⁶⁷⁹ ms: *cojo*; ms3: *cai*.

⁴⁶⁸⁰ ms4: *Cai*.

⁴⁶⁸¹ ms-LU: *lexos*.

⁴⁶⁸² En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁸³ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁸⁴ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁸⁵ ms-SA: *a o comezo, cho creeran*.

⁴⁶⁸⁶ En ms10 s.v. *Mentir*.

⁴⁶⁸⁷ En ms10 s.v. *Mentir*.

14031. **Merca casa feita e terra onde nace a herba.** (ms10,039r: D.E.)
14032. **Merca por arrobas e vende, se podes, por onzas.** (ms10,039r: D.E.)
14033. **Merca que vendas se queres ganar.** (ms10,039r: D.E.)
14034. **Mercar tres sardiñas e vender cinco fritidas.** (ms10,039r: D.E.)
14035. **Mercar, pagando; e vender, non fiando.** (ms10,039r: D.E.)
14036. **Moitos van ó mercado e cada un co seu coidado.** (ms10,039r: D.E.)
14037. **Non merques de quen mercou, merca de quen herdou, que non sabe o que custou.** (ms10,039r: D.E.)
14038. **Non merques ó conecido nin ó fiado que saíras trompicado.** (ms10,039r: D.E.)
14039. **Non se debe mercar o que non se poida pagar.** (ms10,039r: D.E.)
14040. **O coiro i-o queixo mercalo a peso.** (ms10,039r: D.E.)
14041. **O que merca e fía, non mercará leiras nin viñas.** (ms10,039r: D.E.)
14042. **Quen anda de mercado en mercado, un atoparaio bo e outro malo.** (ms10,039r: D.E.)
14043. **Quen merca por xunto, mantense de balde se ten boa chave.** (ms10,039r: D.E.)

MERDA

14044. **A merda non ten orella.** (ms10,039v: D.E.)
14045. **A merda pra que non cheire, deixala estar queda.** (ms10,039r: D.E.)
14046. **A merda, bótalle terra pra que non feda.** (ms10,039r: D.E.)
14047. **A moita merda fede.** (ms10,039r: D.E.)
14048. **Algo ten a merda cando esterca a terra.** (ms10,039r: D.E.)
14049. **Cando é moita a merda, moito cheira.** (ms10,039r: D.E.)
14050. **Gábate, merda, que ó río te levan.** (ms10,039v: D.E.)
14051. **Máis vale ser media merda que merda e media.** (ms10,039v: D.E.)
14052. **Val máis ser media merda que merda enteira.** (ms10,039v: D.E.)

MESA. V. tamén *Comida*.

14053. **A mesa e a muller, ben forradas, se pode ser.** (ms10,039v: D.E.)
14054. **En mesa chea, a andorga chea.** (ms10,039v: D.E.)

14055. **Máis quero mesa farta que manteleiría branca.** (ms10,039v: D.E.)
14056. **Mesa de catalán, moita vianda e pouco pan.** (ms10,039v: D.E.)
14057. **Mesa posta, mesa erguida, que o moito comer fai doer a barriga.** (ms10,039v: D.E.)
14058. **Nin mesa sin pan nin soldados sin capitán.** (ms10,039v: D.E.)
14059. **Non hai que sentarse á mesa posta sin saber o que costa.** (ms10,039v: D.E.)
14060. **Quen ve a mesa posta non sabe o que costa.** (ms10,039v: D.E.)

MESÓN

14061. **Cando fores ó mesón que a mesoneira sea túa parenta e o mesoneiro non.** (ms10,039v: D.E.)
14062. **Dios me dea mesón que sea da mesoneira e do mesoneiro non.** (ms10,039v: D.E.)
14063. **Léveme Dios ó mesón onde mande o mesoneiro e a mesoneira non.** (ms10,039v: D.E.)
14064. **Ninguén sería mesoneiro se non fose polo diñeiro.** (ms10,039v: D.E.)
14065. **Non te pares no mesón se non tes precisión.** (ms10,039v: D.E.)

METER

14066. **Ninguién se meta no que non deba.** (ms10,039v: D.E.)
14067. **Ninguién se meta no que non sabe.** (ms10,039v: D.E.)
14068. **Ninguién se meta onde non debe.** (ms10,039v: D.E.)
14069. **Ninguién se meta onde non-o chamen.** (ms10,039v: D.E.)
14070. **Onde outro mete o bico, podes meter tí o fuciño.** (ms10,039v: D.E.)
14071. **Se metes a man no teu seo, non dirás do malfado alleo.** (ms10,039v: D.E.)

MEZQUINO

14072. **Mórrese de sede o mesquiño e está no medio do río.** (ms10,039v: D.E.)
14073. **Na casa do mesquiño, cando hai pra pan non hai pra viño.** (ms10,039v: D.E.)

MIEDO

14074. **A quen medo lle teñen, o seu lle dan.** (ms10,038v: D.E.)

14075. **Carghado de ferro, carghado de medo.**⁴⁶⁸⁸ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
14076. **Ímola andando, que si ti levas medo, eu vou tembrando.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(es) *Vamos andando, que si usted lleva miedo, yo voy temblando.* (Sbarbi)
14077. **Más val o medo que me tes que o pan que me comes.** (ms10,038v: *D.E.*)
14078. **Medo cobrado, doo dobrado.** (ms10,038v: *D.E.*)
14079. **Medo de mexar no adro e vai cagar ó altar.** (ms: G.P.)
14080. **Medo non teño e vou tembrando.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
14081. **Medo ten o que moito reza.** (ms10,038v: *D.E.*)
14082. **Non teño medo hastra que mo poñen.** (mc: Tuiriz, Monforte)
14083. **O medo é grande de corpo.** (ms10,038v: *D.E.*)
14084. **O medo é libre; cada un ten o que quere.**⁴⁶⁸⁹ (mc: Santiago)
14085. **O medo é libre; teno quen quere e o que quere.** (ms-SA: Manuel Fernández Ferro)
14086. **O medo é libre.** (ms6,01v)
14087. **O medo é pardo.** (mc: A.N.)
14088. **O medo é parvo.** (ms10,039r: *D.E.*)
14089. **O medo garda a viña a Pedro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14090. **O medo garda a viña e non quen a vendima.**⁴⁶⁹⁰ (mc: M.V. / ms21,26r: Bermés)
(pt) *O medo é que guarda a vinha, que não o cão.* (Chaves) / *Mais guarda a vinha o medo que o vinhaleiro.* (Id.) (es) *El miedo guarda el viñedo.* (R. Marín)
14091. **O medo garda a viña, i-o farelo, a fariña.** (mc: Tuiriz, Monforte)
14092. **O medo garda a viña, i-o zorro, a galiña.** (mc / ms4: F.V.S.)
14093. **O medo garda a viña, i-os paxaros, a nabiña.**⁴⁶⁹¹ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
14094. **O medo garda a viña, o fol a fariña i-o zorro a galiña.**⁴⁶⁹² (ms21,12r: Bermés)
14095. **O medo garda a viña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballido, LU)
14096. **O medo garda o sebo.** (mc: Buciños / ms4: Antas-F.V.S.)
El miedo a enfermidades, peligros, etc. nos hace guardarnos a nosotros mismos.
14097. **O medo garda o viño.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
14098. **O medo i-a sospeita do pracer son enemigos.** (ms10,039r: *D.E.*)
14099. **O medo non é bo.** (mc: Buciños)
14100. **O pouco espanta i-o moito amedranta.**⁴⁶⁹³ (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Lo poco espanta, y lo mucho amansa.* (Correas)
14101. **O que cela, recea.** (ms4: F.V.S.)
14102. **O que de medo se morre, con p... o enterran.** (mc)
14103. **O que mal vive, o medo o persigue.**⁴⁶⁹⁴ (mc: A.N. / ms10,039r: *D.E.*)
(es) *Quien mal vive, por donde peca se le castigue.* (R. Marín)
14104. **O que non s'astreve, nunca viño bebe.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14105. **O que non se atreveu, nunca en boa cama durmeu.**⁴⁶⁹⁵ (mc: A.N.)
(es) *Quien no se aventura, nunca medra.* (R. Marín) / *Quien no se aventuró, de laceria no salió.* (Id.)
14106. **O que non se atreve, nunca bon viño bebe.**⁴⁶⁹⁶ (mc: Pidre-F.V.S.)
14107. **O que ten cu ten medo.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
14108. **O que ten medo merca can.** (ms10,039r: *D.E.*)
14109. **O que ten medo ós paxaros, nunca sementa.** (ms9,13r: Carballino)
14110. **O que ten medo, nunca lle faltan sustos.** (ms: Silvarrey)
14111. **O que ten vista de aumento, sempre ten medo.** (ms-SA: Carballo)
14112. **O que ten, ten medo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
14113. **Onde non hai medo non hai vergonza.** (ms10,039r: *D.E.*)

⁴⁶⁸⁸ O orixinal di: *Carjado de ferro, carjado de medo.*

⁴⁶⁸⁹ ms: *ten'o que quere.*

⁴⁶⁹⁰ ms21,26r: *vendimia.*

⁴⁶⁹¹ ms4: *paxáros.*

⁴⁶⁹² O orixinal di: *O medo garda a viña, o fol a fariña, y'o zorro a galiña.*

⁴⁶⁹³ V. *O pouco agrada e o moito enfada* en *Poco.* / ms: *e o moito.*

⁴⁶⁹⁴ En ms10 s.v. *Miedo.*

⁴⁶⁹⁵ ms: *s'atreveu.*

⁴⁶⁹⁶ ms: *O que non atreve; ms4: O que se non atreve.*

14114. **Por medo nunca convén desfacerse do que un ten.** ⁴⁶⁹⁷ (mc: J.P.)
14115. **Quen ameaza e non dá, medo ha.** (ms10,039r: *D.E.*)
14116. **Quen camiña seguro vai máis presto.** (mc: Buciños)
14117. **Quen di que nunca tivo medo, non espabilou unha vela cos dedos.** (ms10,039r: *D.E.*)
14118. **Quen non ten esforzo, fuxe máis que un corzo.** ⁴⁶⁹⁸ (mc: A.S.A. / ms21,09v: Bermés)
14119. **Quen non ten rabo de palla, non ten medo ó lume.** (mc: M.V.)
14120. **Quen ten cu, ten medo.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Quem tem cú, tem medo.* (Chaves) (es) *Quien tiene culo, tiene susto.* (R. Marín)
14121. **Quen ve o raposo, enrouquece; quen ve o lobo, enmudece.** ⁴⁶⁹⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
Creencia muy popular.
14122. **Se ten medo o galán, bota fóra o can.** (ms10,039r: *D.E.*)
14123. **Sempre saliu o medo dun canto escuro.** (mc: Fonsagrada)
14124. **Tal peligro m'acobarda, anque sea unh'albarda.** (ms: Santiago)
14125. **Ten medo ós vivos pero non ós mortos.** (ms5,057: Silvarrey)
14126. **Unha cousa é ter medo i-outra chegar a telo.** ⁴⁷⁰⁰ (mc: Buciños)

MIEL. V. tamén *Abejas*.

14127. **A todos lles gusta o mel e a min tamén.** (ms10,039r: *D.E.*)
14128. **O que ten moito mel, cómeo con pan, comeo sin el ou cómeo como quer.** (ms10,039r: *D.E.*)
14129. **Quen anda con mel chúpase os dedos.** (ms10,039r: *D.E.*)
14130. **Quen con mel trata, ben sabe o que é doce.** (ms10,039r: *D.E.*)

MIGAJA

14131. **As migallas do fardel ás veces saben ben.** (ms10,040r: *D.E.*)
14132. **As migallas do queixón moitas veces boas son.** (ms10,040r: *D.E.*)

⁴⁶⁹⁷ ms: *d'o qu'un ten.*

⁴⁶⁹⁸ ms21,09v: *que corzo.*

⁴⁶⁹⁹ mc: *enrouquece.*

⁴⁷⁰⁰ ms: *y outra.*

MÍO, TUYO. V. tamén *Propiedad*.

14133. **O meu, meu; e o teu, de entrambos.** (ms10,039v: *D.E.*)
14134. **O meu, meu; e o teu, tamén meu.** (ms10,039v: *D.E.*)

MIRAR

14135. **Do mirar nace o cobizar.** (ms10,040v: *D.E.*)
14136. **Mira a onde vas e, como vexas, fai.** (ms10,040v: *D.E.*)
14137. **Mira adiante e non quedarás detrás.** (ms10,040v: *D.E.*)
14138. **Mira pra adiante e non cairás.** (ms10,040v: *D.E.*)
14139. **Mirade o que facedes entre sebes e paredes.** (ms10,040v: *D.E.*)
14140. **Non mires ó don senón a quen o dou.** (ms10,040v: *D.E.*)
14141. **Quen adiante non mira, pra atrás se volve.** (ms10,040v: *D.E.*)
14142. **Sempre miran pra quen ten que o mirar sempre foi ben.** (ms10,040v: *D.E.*)

MISA. V. tamén *Religiosos y morales*.

14143. **A misa do galo, unha vez ó ano.** (ms10,040v: *D.E.*)
14144. **A misa i-o pensamento son de pouco alimento.** (ms10,040v: *D.E.*)
14145. **Por ir á misa entrei na taberna e quedeime nela.** (ms10,040v: *D.E.*)
14146. **Tocan á misa: Dios nos perdone si non podemos ouvila.** (ms10,040v: *D.E.*)
14147. **Val máis ouvir unha misa en vida que moitas dispois de morto.** (ms10,040v: *D.E.*)

MISCELÁNEA

14148. **A cara garda o cu.** (mc: C.A.)
14149. **A Castilla e a León, novo mundo dou Colón.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
14150. **A catedral sobre un nabo está.** (ms4: F.V.S.)
14151. **A cebada no lodo i trigo en todo i-o pan no polvo.** (ms: Sober)
14152. **A cebada no lodo i trigo en todo i-o pan no polvo.** (ms: Sober)
14153. **A cera que vai diante é a que alumea.** (mc: M.L.)
(pt) *Candeia que vai adiante, alumia duas vezes.* (Chaves) (es) *La cera que va delante es la que alumbra.* (Sbarbi)
Equivale según Sbarbi a: *el que da primero da dos veces.* Lo dice también R. Marín

pero con distinta explicación: Que vayan delante de nosotros nuestras buenas obras sin que las encomendemos a nuestros herederos para que las hagan por nosotros, porque se harán o no se harán bien.

14154. **A confesión de tambor, ausolución de pito.** (mc: M.V.)

(es) *A confesión de pito, absolución de tambor.* (R. Marín e Ricart). / *A confesión de castañeta, absolución de cañavereta.* (Sbarbi) / *A confesión de caja, absolución de tambor.* (Ricart) (ct) *A confessió de tabals, absolució de cornetes.* (Ricart)
Según el tono con que nos tratan así contestamos nosotros.

14155. **Á conta do chao calquera burro ten mao: a silva no muro, i-o muro no chao; como é duro, de todo ten mao.** ⁴⁷⁰¹ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14156. **Á conta do chao calquera dá mao.** ⁴⁷⁰² (mc: A.N.)

14157. **Á costa do difunto facer o enterro.** ⁴⁷⁰³ (mc: J.P.)

14158. **A cousa mala, nin viva nin pintada.** (ms4: J.P.)

14159. **A cousa mui alabada, nin perdida nin ganada.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)

14160. **A cuña nova bota a vella fóra.** (ms15,44: Sta. Eulalia de Bóveda)

14161. **A fror da maravilla, cátaa morta, cátaa viva.** (ms10,048r: D.E.)

14162. **A lata é boa, pero é millor o ferro.** ⁴⁷⁰⁴ (mc / ms4: F.V.S.)

14163. **A mala herba crece axiña.** (ms10,048r: D.E.)

14164. **A mala herba logo crece.** (ms10,048r: D.E.)

14165. **A min tanto me dá o carneiro como a la.** (mc: Paramo-F.V.S.)

14166. **A ningún porco lle cheira a súa m[erda].** (mc: Layosa)
(es) *A ninguno le hiede su mierda, sino la ajena.* (R. Marín)

⁴⁷⁰¹ O orixinal di: *A conta do chao calquera burro ten mao; a silva no muro, y-o muro no chao, como e duro de todo ten mao.* / ms: *y o chao, como é duro*; ms-LU: *chau, mau.*

⁴⁷⁰² ms3 e ms4: *A costa do.*

⁴⁷⁰³ O orixinal di: *A costa d'o difunto facer o enterro.* / mc: *costa do facel-o enterro.* Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *d'o e facer o enterro.*

⁴⁷⁰⁴ ms4: *pero millor e o ferro.*

14167. **A picada de mosca peza de lenzo.** ⁴⁷⁰⁵ (ms10,091r: D.E.)

14168. **A polería nos rastroxos debe andar entre manoxos.** (ms4: J.P.)

14169. **A pouca barba, vergonza pouca.** ⁴⁷⁰⁶ (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,18r)

Var.: *A pouca barba, pouca vergonza.* (F.V.S.)

(pt) *A pouca barba, pouca vergonha.*

(Chaves) (es) *A poca barba, poca vergüenza.* (Correas)

14170. **A primeira na borralleira i-a segunda na cadeira.** ⁴⁷⁰⁷ (ms4e mc: A.S.A.)

14171. **A quen se quere matar, non lle fai falta madrugar.** (ms21,10r: Bermés)

14172. **A saia branca, ribete negro.** (mc: Tuiriz, Monforte)

14173. **A todo hai quen gane.** (mc: Sarria)

14174. **A verdá é coxa, pero chega.** (mc: Tuiriz)
(pt) *A verdade é manca mas chega sempre a tempo.* (Chaves) / *A verdade tem asas.* (Id.) (es) *La verdad no tiene pies, y anda.* (R. Marín)

14175. **A verdá é unha.** (mc: Pontevedra)

(es) *La verdad no es mas que una* (Sbarbi)

(ct) *La veritat per davant de tot.* (Alberola)

14176. **A verdá fura as paredes.** (mc: A.N.)

14177. **A verdá non ten máis que un camiño.** (mc: Buciños)

(es) *La verdad no tiene mas que un camino, o no es mas que una.* (Sbarbi)

14178. **A verdá por encima de todo.** (mc)

(pt) *A verdade e o aceite andam sempre ao de cima.* (Chaves) / *A verdade e o azeite andam à tona d'água.* (Id.) (es) *La verdad como el ollo, nada en somo.* (Correas) / *La verdad siempre anda en somo.* (Id.) (ct) *La veritat per davant de tot.* (Alberola) / *La veritat sempre será com l'òli.* (Id.)

14179. **A verdá sempre trunfa.** (mc: Piagos)

14180. **A xente non dorme sempre.** (mc: Buciños)

14181. **Abaixo tódolos santos axudan.** ⁴⁷⁰⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14182. **Abri-los ollos e apretar os xionllos.** ⁴⁷⁰⁹ (mc: M.L.)

14183. **Adiante, que atrás veñen.** (mc: Tuiriz, Monforte)

⁴⁷⁰⁵ Sen tema no orixinal.

⁴⁷⁰⁶ ms4 e ms18,18r: *vergoña.*

⁴⁷⁰⁷ mc: *primeira na borralleira*

⁴⁷⁰⁸ O orixinal di: *A baixo todos los asentos axudan.*

⁴⁷⁰⁹ O orixinal di: *Abril-os ollos e apretar os xionllos.* / ms4: *apretar os xonllos.*

14184. **Afórcate e morrerás santo.** (mc: P. Sobreira. *Dicc. Ac.*)
14185. **Ai louco: outra pata che naceu.** ⁴⁷¹⁰ (ms8,70v: Meda)
14186. **¡Ai, Marica!, canto máis me raño, máis me pica.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
14187. **Alba con alba i-o sol na cama.** ⁴⁷¹¹ (mc: Villamarín, Orense)
14188. **Amaña e compón andan xuntos.** (mc / ms10,049v: Lugo)
14189. **Amaña e compón, dúas cousas son.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
14190. **Anade de paso, fungueirazo.** (ms: C.A.)
(es) *Al ave que va de paso, cañazo.* (Sbarbi)
14191. **Andarás como andabas, quedarás como estabas.** (mc: M.L.)
14192. **Anda, rabo, dá por teu amo.** ⁴⁷¹² (ms4 e mc: S.P.P.-*Ultreya*)
14193. **Anda, rabo, tras teu amo.** (ms5,137: A.N.)
14194. **Ano novo, vida alegre.** ⁴⁷¹³ (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
14195. **Ano novo, vida nova.** (ms6,01v: C.A.)
(es) *Año nuevo, vida nueva.* (R. Marín) (ct)
Any nou, vida nova.
14196. **Anque son chosca, ben vexo a mosca.** (mc: C.A.)
Var.: *Anque son chosca, ben vento a mosca.* (mc: C.A.)
(es) *Aunque soy tosca, bien veo la mosca.* (Correas)
14197. **Anque son grasas, non son nosas.** ⁴⁷¹⁴ (mc: A.S.A.)
14198. **Anque son saco, teño baraza.** (mc: M.V.)
14199. **Antes de chover teño eu xa a chaqueta mollada.** (mc: J.T.)
14200. **Antes de pingar, asar.** (mc: Buciños)
14201. **Antes que te chamen chama.** (mc: C.A.)
14202. **Ao bon entendedor non se lle mire o dente.** (mc: G.P.)
14203. **Aos teus semellantes failles o ben que podas; ocasiós de facer mal, afórraas todas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14204. **Aos teus semellantes failles o ben que poidas, as ocasiós de facer mal, gardas todas.** (mc: Tuiriz)
14205. **Aparéceselle o demo a quen non sabe pintar.** ⁴⁷¹⁵ (mc: Buciños)
14206. **Aquí están os nosos ósos esperando polos vosos.** (mc / ms15,15 / ms8,54: Otero de Rey)
Epitafio.
14207. **Arco mal armado, ou floxo ou crebado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14208. **Arco sempre armado, ou floxo ou crebado.** (ms: Tuiriz)
(pt) *Arco sempre armado, ou frouxo ou quebrado.* (Chaves) (es) *Arco siempre armado, o flojo o quebrado.* (Correas) (ct)
Arc sempre armat, es trenca ell o la còrda. (Alberola)
14209. **Arrúa, arrúa, cada un coa súa.** (mc: J. Ramón y Fernández-Oxea - Corme)
14210. **As basuras recollidas, baixo escombros escondidas.** (ms4: J.P.)
14211. **As cabriñas por san Xuan boa madrugada dan.** ⁴⁷¹⁶ (mc e ms4: J.P.)
(es) *Las cabrillas por San Juan buena madrugada dan.* (R. Marín)
14212. **As contas de Xan son como as fan; i-as de Pedro, como as teño.** ⁴⁷¹⁷ (mc: M.L.)
14213. **As cousas con mala intención non valen pra Dios nin pró demo.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
14214. **As cuñas dan conta das zocas.** (mc: A.N. 2ª serie)
14215. **As feitas acórdanse sempre.** (ms8,13r)
14216. **As feitas son as que valen.** (mc: C.A. / ms: Buciños)
14217. **As gaviotas, canto máis vellas máis tolas.** (ms18,68v: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))
14218. **As malas mañás, prós curas e prós cas.** (mc: Piugos, Lugo)
14219. **As máquenas sonche macanas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14220. **As paredes ouven** (ms15,52)
14221. **As paredes teñen ollo** (ms15,52r)
14222. **Asoprar e sorber non pode ser.** (mc: A.N.)
(es) *Soplar y sorber, no puede ser.* (Correas)

⁴⁷¹⁰ O orixinal di: *Ay louco: outra pata che naceu.*

⁴⁷¹¹ ms: y-o.

⁴⁷¹² mc: *da porta en amo.*

⁴⁷¹³ O orixinal di: *Ano novo vida alegre (nova).*

⁴⁷¹⁴ ms4: *grosas.*

⁴⁷¹⁵ ms4: *Aparéceselle o diablo* (F.V.S.)

⁴⁷¹⁶ mc e ms4: *San Xoán*; mc: *madrugada.* Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *San Xuan.*

⁴⁷¹⁷ ms: *y as.*

14223. **Auga de lebres nunca más medres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14224. **Azoutar e dar no cu, todo é un.** (mc: C.A.)
(es) *Azotar y dar en el culo, todo es uno.* (R. Marín)
14225. **Baixa da barra, honrado; si hei d'ir eu, vai ti.** (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
14226. **Bebeu a auga do xuncal, sóupolle ben e fíxolle mal.** (ms15,15)
14227. **Ben anda o que anda solo.** ⁴⁷¹⁸ (mc: Agro / ms18,68v: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))
14228. **Ben cego é o que non ve por un cribo.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Bem cego é quem muito vê por aro de peneira.* (Chaves) (es) *Muy ciego es aquel que no ve por tela de cedazo.* (Sbarbi) / *Harto soy ciego si por saranda no veo.*
14229. **Ben vai a cabra coxa como o demo non-a colla.** (ms: Tuiriz)
14230. **Bo é que foi Xan; peor se fora seu irmán.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
14231. **Botín prá sala e zoca prá lama.** (ms15,15)
14232. **Busca quen conte ben, que quen conte mal nunca falta.** (mc: Santiago)
14233. **Cada bogada, un rachón.** (ms18,26r)
14234. **Cada bogada, un racheiro.** ⁴⁷¹⁹ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Racheiro por *rachón*, única palabra que traen nuestros Diccionarios.
14235. **Cada un do seu fai un pandeiro.** (ms15,52r)
14236. **Cada un pica a brasa prá súa sardiña.** (ms21,32r: Bermés)
14237. **Cada un é fillo do seu pai.** (ms10,047v: D.E.)
14238. **Cada un é fillo dos seus feitos.** (ms10,047v: D.E.)
14239. **Cada un pensa de si o que eu penso de ti e ti pensas de min.** (ms15,13)
14240. **Calquera mete o pé no ollo doutro e ceg'o pé.** (mc: Buciños)
14241. **Cando a ronda pasa de catro, cada un fuma do seu tabaco.** (mc: Buciños)
14242. **Cando as follas xoban, señal de que hai vento.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
14243. **Cando din que é lobo, raposa é xa.** (ms21,10r: Bermés)
14244. **Cando estaba Azaña, había pan blanco en España; veu Mola e púxose a cola; agora que chegou Franco, nin negro nin blanco.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
14245. **Cando hai as pedras, non hai os cas.** (mc: Santiago)
14246. **Cando o moucho mouchea, hai difunto na aldea.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
14247. **Cando ouvea o can do palleiro, é qu'hai morto no rueiro.** (ms-SA: Manuel Gerpe Gerpe: Santa María de Montouto, Santa Comba, C)
14248. **Cando s'acaba a fariña, baixan os lobos á mariña.** (ms18,69r: Gella.-Ribadeo)
14249. **Cando sobra, sempre chega.** (ms8,63r: Silvarrey)
14250. **Cando un morre, debera nacer.** ⁴⁷²⁰ (ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,45: Comarca de Fonsagrada)
14251. **Canta auga cai non molla un forno.** (mc / ms4: F.V.S.)
14252. **Canta auga corre non quenta un forno.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Al cocer necesitas pasar una escoba mojada, por si está demasiado caliente el pan porque no se les queme.
14253. **Canto máis un alto cai, máis golpe leva.** (ms15,25: Sobrecedo)
14254. **Canto mas un anda, máis ten que andar.** ⁴⁷²¹ (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
14255. **Canto sabes, canto vales.** (ms: Santiago)
14256. **Cantos máis raros mates, máis raros quedan.** (mc: Santiago)
14257. **Carballo, salgueiro e maceiras aseguran as marxes lixeiras.** (ms4: J.P.)
14258. **Carne de santos cómena os mexancos.** (mc: Buciños-F.V.S.)
Mexancos son mosquitos. Falta en los Dicc. gallegos.
14259. **Cen anos hai que morreu e cheira de seu.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)

⁴⁷¹⁸ ms18,68v: *qu'anda solo.*

⁴⁷¹⁹ ms4: *un rachón.*

⁴⁷²⁰ ms11,45: *Cuand'un.*

⁴⁷²¹ O orixinal di: *Canto mas un anda mais ten que andar.*

14260. **Cero mata cero i-o coitelo mata o porco.**⁴⁷²² (ms: G.P.)
14261. **Co calor hasta o ferro ablanda.** (mc: Buciños)
14262. **Coa albarda posta non se [...] [...]eitos de car[...].** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
14263. **Colgado do pindirico, o mesmo dá cento que cento e pico.**⁴⁷²³ (ms10,092r: D.E.)
14264. **Compañía de tres fixoa o demo.** (ms: G.P.)
14265. **Conta mata conta.** (ms: F.V.S.)
(es) *La cuenta es cuenta.* (Sbarbi)
14266. **Contos de orella, mala centella.** (mc: Villalba)
14267. **Contra a forza non hai resistencia.** (ms10,048r: D.E.)
14268. **Corredoiras estreitiñas, moitas pedriñas.** (ms: Santiago)
14269. **Cotoluvia, vía, vía, canto máis alta, máis asubía.**⁴⁷²⁴ (mc / ms11,25: Gudiña / ms12,71)
Cotoluvia, variante de *cotovia*, cogujada. El refrán imita el canto del ave.
14270. **Cronco rapado foi polo río, caiull'a pucha e morreu de frío.**⁴⁷²⁵ (ms: Pontedeume, G.P.)
14271. **Cuando pitos, flautas.** (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)
14272. **Cunha perna sola non se anda.** (mc: Chantada)
(es) *Con un pie solo no se anda.* (R. Marín)
14273. **Da cota o carballo para forrar o tallo.** (mc: Santiago)
14274. **Da zreira ó cimón, ben che vai pión; do cimón á zreira, tu me dara-la queixa.**⁴⁷²⁶ (ms3: A.N.V. / ms e ms4: A.N.)
14275. **Dando na cabeza, dáse en todo o corpo.** (ms: C.A.)
14276. **De boa mea, boa tea.** (ms: M.L.)
14277. **De bon pau saltou a estela.** (ms: F.V.S.)
14278. **De can, cadela; e de cadela, can.** (ms4: A.S.A.)
14279. **De home a home non vai migalla.** (ms10,048r: D.E.)
14280. **De lexos non se ven os defeutos.** (ms4: F.V.S.)
14281. **De pau de carballo fanse santos.** (ms4: F.V.S.)
14282. **De vaca que vai ás berzas e neno que pide contas, Dios nos libre.** (ms15,12)
14283. **De vento e auga bendita, cada un toma-lo que necesita.**⁴⁷²⁷ (mc e ms4: J.P.)
14284. **Débese sacar das mangas pra poñer nas faldas.** (mc: Monforte)
14285. **Deitarse e non dormir, esperar a quen non chega e sin galardón servir, son cousas desesperadas en que non debes ir.**⁴⁷²⁸ (mc: M.V.)
(es) *Esperar y no alcanzar, ni venir; estar en la cama y no reposar ni dormir; servir y no medrar, ni subir; son tres males para morir.* (Correas)
14286. **Deitarse e non dormir, esperar a quen non chega e sin galardón servir, cousas son desesperadas en que non debes caer.** (ms21,22v: Bermés)
14287. **Deixa andar o can coa roca a ver onde a pousa.** (mc: G.P.)
Var.: *Deixar andar o can coa roca, qu'il dará conta da mazaroca.* (A.N.V.)
14288. **Deíxame a roupa, máis vale pardiña que acabadiña.** (ms4: Lugo)
14289. **Deíxate do afamado e vaite polo descansado.** (mc: Santiago)
14290. **Desde que levas o chasco, todas as cousas che acordan.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
14291. **Desque se chega ó lugar, logo se ven as casas.** (mc: M.L.)
14292. **Detrás do gato vai o rato.** (mc: Paradela)
14293. **Digan que aquí fuxeu e que non morreu.** (ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
(es) *Mas vale decir: aquí huyó que aquí murió.* (Sbarbi)
14294. **Digocho Juan para que o entendas Pedro.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
14295. **Dime con que andas e pondreiche medias suelas.** (mc: Santiago)

⁴⁷²² O orixinal di: *Cero mata cero y-o coitelo mata o porco.*

⁴⁷²³ Sen tema no orixinal.

⁴⁷²⁴ ms11,25: *Cotulivía*.

⁴⁷²⁵ O orixinal di: *Cronco rapado foi pol-o río, caiull'a pucha e morreu de frío.*

⁴⁷²⁶ O orixinal di: *Da zreira ó cimón, ben che vai pión; do cimón a zreira, tú me daral-a queixa.* / ms: *creixa.*

⁴⁷²⁷ ms4: *cada un toma*; mc: *tome o que necesita*. O refrán que rexistra Jacinto del Prado non coincide exactamente cos que Vázquez Saco lle atribúe en mc e ms4.

⁴⁷²⁸ mc: *cousas deses eradas*; ms3: *cousas son desesperadas, en que non debes caer*; ms4: *cousas son desesperadas.*

- Var.: *Dime con quén andas e comprareiche unhas zocas.* (F.V.S.)
14296. **Dime con quén paces e non ónde naces.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
14297. **Dime quén che pag'as copas e direiche o que votas.** ⁴⁷²⁹ (mc: J.P.)
14298. **Dime quén eres e direiche o que fuches.** (ms15,12)
14299. **Dios te libre de un "xa foi".** (mc: Otero de Rey)
14300. **Dispois de burro, apaleado.** (mc: Buciños)
14301. **Do cu e do superior, canto máis lexos, millor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
14302. **Do millor faga o demo un tambor.** (mc: A.I.)
Var.: *Do millor, que faga o demo un tambor.* (J.P.)
14303. **Do monte mao, fuste na mao.** ⁴⁷³⁰ (mc e ms4: A.I. / ms10,041r)
14304. **Donde hai touciños hai tornos.** (mc: A.N.)
14305. **Dous narigudos non se poden bicar: corren peligro de se estropear.** ⁴⁷³¹ (mc: Chantada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Dois narigudos não se beijam.* (Chaves)
14306. **Dous Xans e un Pedro fan estar o burro quedo.** (mc: M.V.)
(es) *Dos Juanes y un Pedro hacen un asno entero.* (Sbarbi).
14307. **Dúas espiñas nunca se espiñan.** (mc: Buciños)
(es) *Dos espinas no se pinchan.* (R. Marín)
14308. **É boa a castaña se non costa nada.** (ms15,14)
14309. **E disto[sic] o procurar do defensor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14310. **É millor ser pano que tixeira.** (mc: Orense)
14311. **É pior un meigo que sete meigas.** (mc)
Creencia supersticiosa que cree más maligno a un meigo o brujo que a siete brujas.

⁴⁷²⁹ Vázquez Saco corríxe en mc o refrán orixinal de Jacinto del Prado rexistrando as formas *quen che paga as copas e o que botas.*

⁴⁷³⁰ En ms10 s.v. *Monte.*

⁴⁷³¹ ms-LU: *narizudos.*

14312. **É tan bon pra si que non val nada prós outros.** (ms4: Pidre-F.V.S.)
14313. **Eito no cabo, folga ó rabo.** ⁴⁷³² (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
14314. **En alleo sitio, un pau ou outro.** ⁴⁷³³
(ms: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Em alheio soute, um pau ou outro.* (Chaves)
14315. **En cada terra, seu uso i-en cada roca, seu fuso.** ⁴⁷³⁴ (ms11,48: Comarca de Fonsagrada)
14316. **En costado, cu tapado.** (mc: Sober)
14317. **En este enterro non tes vela; para outro podes tela.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
14318. **En este mundo redondo o que non nada vaise ó fondo.** (ms15,16)
14319. **En fin, tres ferrados, un choupín.** (mc: M.L.)
14320. **En monte ermo ten o cu quedo, que en poblado non-o terás calado.** ⁴⁷³⁵ (mc: Baralla)
14321. **En pagar e salta-lo rigueiro nunca seas o primeiro.** ⁴⁷³⁶ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14322. **En paz e xogando, vámolos andando.** ⁴⁷³⁷ (ms15,13 / ms10,085r: *D.E.*)
14323. **En Castilla o cabalo leva a silla.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
14324. **En cielo picado i-en culo cagado non hai fundanza.** ⁴⁷³⁸ (ms4: F.V.S.)
14325. **Encargos sin diñeiro olvidans'en calquer rigueiro.** (ms11,47: Comarca de Fonsagrada)
14326. **Encende o candil que aquí hai espiñas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
14327. **Era bonito ver, si se poidera escoller.** ⁴⁷³⁹ (mc: Buciños)
14328. **Este mundo é un bandallo: chove nel como fora.** ⁴⁷⁴⁰ (mc: M.V.)

⁴⁷³² O orixinal di: *(H)eito no cabo, folga ó rabo.*

⁴⁷³³ ms4: *alleo soute.*

⁴⁷³⁴ O orixinal di: *En cada terra seu uso y'en cada roca seu fuso.*

⁴⁷³⁵ ms: *ten o c...*

⁴⁷³⁶ O orixinal di: *En pagar e saltal-o rigueiro, nunca seas o primeiro.* / ms e ms-LU: *seal'o primeiro.*

⁴⁷³⁷ ms10: *imola.* En ms10 s.v. *Paz.*

⁴⁷³⁸ O orixinal di: *En cielo picado y en culo cagado non hay fundanza.*

⁴⁷³⁹ ms: *se se puidera.*

⁴⁷⁴⁰ ms4: *coma fora.*

14329. **Este mundo é un pandeiro e chove nil como fora.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
14330. **Esto que veu de moca, ¿a como toca?**⁴⁷⁴¹ (mc: M.L.)
14331. **Eu ben conozo os coxos no andar i-os cegos no mirar.** (mc)
14332. **Eu son o pano e ti as tixeiras; corta por donde queiras.** (ms: J.P.)
14333. **Ferro e pan, pouco na man.**⁴⁷⁴² (ms4 e mc: M.L.)
14334. **¿Fixéchela?... Págaa.** (ms10,048r: D.E.)
14335. **Foi buscar o pau á devesa pra levar con el na cabeza.** (mc: Vivero)
14336. **Galato pillado, galato papado. (C.r., C.p.)**⁴⁷⁴³ (ms21,13v: Bermés)
14337. **Gárdate, meu ben, que non te vexa ninguén.** (mc: Tuiriz, Monforte)
14338. **Hai cousas que semellan bolsas, e que, se a miras do revés, bolsa é.** (mc: C.A. A Nosa Terra)
(es) *Hay cosas que colgando parecen bolsas, y volviéndolas al revés, bolsa otra vez.* (R. Marín)
14339. **Hai días que non se pode salir sin paraguas á calle.** (mc / ms4: F.V.S.)
14340. **Hai madeira que non serve nin pra santos nin pra demos.** (ms9,02v: O. de Rey)
14341. **Hai que facer da necesidá virtú.** (ms10,048r: D.E.)
14342. **Hai que facer e calar.** (ms10,048r: D.E.)
14343. **Hai que facer que facemos.** (ms10,048r: D.E.)
14344. **Hai quen fai da súa capa un saio.** (ms10,048r: D.E.)
14345. **Hai quen fai fume sin lume.** (ms10,048r: D.E.)
14346. **Hai quen fai un altar pra desfacer outro.** (ms10,048r: D.E.)
14347. **Hai quen fai un burato pra tapar outro.** (ms10,048r: D.E.)
14348. **Hastra a noite, día é.** (mc: Pidre-F.V.S.)
14349. **Homes hai de homes.** (ms10,048r: D.E.)
14350. **Hoxe é lus e martes vén; pra de hoxe en oito días éche a semá que vén.**⁴⁷⁴⁴ (mc)
14351. **Hoxe é moi triste día, que máis espiñas ten María.**⁴⁷⁴⁵ (ms: Santiago)
14352. **Hoxe ser non son, pero ser xa fun.** (mc: C.A. A Nosa Terra)
14353. **Inda cen cas comen cen pas.** (mc: M.V.)
14354. **Irse á pedra e non a quen a tira é pouca valentía.** (ms15,03)
14355. **Irse á pedra e non a quen a tira ten pouca valentía.** (ms10,031v: D.E.)
14356. **Iste mundo é un engañabobos.** (mc: Bucíños)
14357. **Leite fresco, p... no cesto.** (ms: Bucíños)
14358. **Leña torta co lume logo s'endreita.** (ms15,03)
14359. **Lobos dunha mesma camada non se traban.** (ms4: Altamira, C. Alvarellós)
14360. **Lourenzo leva pola mañá zocas de carballo, e á tarde, de plomo.**⁴⁷⁴⁶ (mc: Orense / ms: Santiago)
14361. **Lúa domingueira, nin ela nin a compañeira.** (ms4: Ribadeo)
14362. **Maio maial, si vén como debe, non ten rival.** (ms10,048r: D.E.)
14363. **Maio maiolo, o maio pra min é todo.** (ms10,048r: D.E.)
14364. **Maio maiolo, ogallá duraras o ano todo.** (ms10,048r: D.E.)
14365. **Máis dano fai un meigo que sete meigas.** (mc: A.C.A. A Nosa Terra)
14366. **Máis val unha asnal que cen de pardal.** (ms4: A.I.)
14367. **Máis vale óso na man que na boca do can.** (mc: Santiago)
14368. **Máis vale ter que desear.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
14369. **Máis vale un ruín conocido có bo por conocer.** (ms-SA: Manuel Boado Vázquez: San María dos Ánxeles, Boimorto, C)
14370. **Máis vale un "por si acaso" que un "pensará".** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
14371. **Máis vale un "sabido" que un "quen sabe".** (mc / ms4: F.V.S.)

⁴⁷⁴¹ ms4: ven de moca.

⁴⁷⁴² mc: pau mau.

⁴⁷⁴³ O orixinal di *Galato pillado, galato papado. (C.r., C.p.)*. Galato, según Eladio Rodríguez, é a porción de masa de maíz adelgazada o en forma de pequenos bollos con que se ceban los capones. C.r., C.p., posiblemente Cristo roubado, Cristo papado.

⁴⁷⁴⁴ ms: d'hoxe en.

⁴⁷⁴⁵ O orixinal di: *Hoxe e moy triste día, que mais espiñas ten María.*

⁴⁷⁴⁶ ms: Lourenzo leva pol-a mañán socas.

14372. **Máis ve a fame do que a fartura.** ⁴⁷⁴⁷
(ms10,047v: D.E.)
14373. **Máis ven catros ollos que dous.**
(ms15,52r)
14374. **Mal ole quen sempre ben ole.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
Arguye falta de olfato, si se toma en sentido activo; y excesiva presunción o vanidad sospechosa, si se entiende pasivamente.
14375. **Mala herba nunca morre.** (ms10,048r: D.E.)
14376. **Malla, manelo, que se perde o ferro.** (mc: Bucínos)
14377. **Mañá triste, día alegre.** (mc)
14378. **Mañás pardas, mañás largas.** (mc: M.L.)
14379. **Maruxiña ten bo viño; si o ten, el o dirá: o que fore sonará.** ⁴⁷⁴⁸ (mc: A.I. / ms10,142r: D.E.)
14380. **Matar a araña i-acabouse a tela.** ⁴⁷⁴⁹
(ms4: Taboada dos Freires)
14381. **Mazarico rocas fixo, cada día catro ou cinco.** (mc)
14382. **Medida chea, rebolo encima.** (mc: Orense)
14383. **Mellor me será non crelo e tomalo que crelo e deixalo.** (mc: Santiago)
14384. **Mentramentes teño folla, non se me anoxe s'é que llo chamo.** (mc: A.C.A. *A Nosa Terra*)
14385. **Mentras andamos unhos por ond'os outros, ben nos vai.** (mc: Bucínos)
14386. **Mentras teña ramo, non se m'anoxe si é que llo chamo.** (mc: C.A. / ms: M.L.)
14387. **Mentras vai e vén, camiñada ten.** (ms8,12r: La Cañiza)
14388. **Mentras vai e vén, non está o camiño sin el.** (ms8,12v: Silvarrey)
14389. **Misa nova, crego vello.** (mc: M.V.)
14390. **Moitas veces quen entra mordendo sal lambendo.** (mc: J.P.)
14391. **Moitos durmindo fan máis que poucos oíndo.** ⁴⁷⁵⁰ (mc: C.A. / ms10,010r: D.E.)
14392. **Moitos saben derramar pero poucos saben conservar.** (ms10,04r: D.E.)
14393. **Mosca morta, cen á porta.** ⁴⁷⁵¹
(ms21,09r: Bermés)
14394. **Mosca morta, sete á porta.** ⁴⁷⁵² (mc)
14395. **Muíños e fornos, andalos todos.** (mc: M.L.2)
14396. **Muita labrega, pouca labrega, un día me leva.** ⁴⁷⁵³ (mc)
14397. **Muitas veces quitamos os nosos ollos cas nosas maus.** (ms11,50: Comarca de Fonsagrada)
14398. **N'alleo souto, un pau ou outro.** ⁴⁷⁵⁴
(mc: A.I. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911 / ms18,73r: A.S.A.)
(pt) *Em alelhio souto, um pau ou outro.*
(Chaves) (es) *En ajeno soto, un palo u otro.*
(Correas)
14399. **N'hai pior xornada que a da pousada.** (mc: M.L.)
(es) *El salir de la posada es la mayor jornada.* (Sbarbi)
Equivale a *el primer paso es el que cuesta.*
14400. **N'hai vida que non seña reñida.** (mc: M.L.)
14401. **Na carballeira da devesa mentres un asexo o outro pesca.** (ms21,16r: Bermés)
14402. **Na casa de Xan Pelexón todos falan e todos teñen razón.** ⁴⁷⁵⁵ (mc: F.B.B.)
14403. **Nacido dun día, xeito para toda a vida.** ⁴⁷⁵⁶ (mc / ms4: F.V.S.)
14404. **Nadie anda a deshora que outro non ande á mesma hora.** (mc: R. Caruncho)
14405. **Nadie é profeta no seu chan.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *No seu chan non fan caso nin ó can.*
(pt) *Ninguém é profeta na sua terra.*
(Chaves) (es) *Nadie es profeta en su tierra.*
(R. Marín)
14406. **Nadie na súa terra é profeta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14407. **Nadie sabe o que lle cómpre.** (mc: Bucínos)
14408. **Naide voa sin alas.** ⁴⁷⁵⁷ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Es lo mismo que querer volar sin alas.*
(Sbarbi)
14409. **Neste mundo non esquece ningún.** (mc: Carballado / ms: Carballino)
14410. **Neste mundo vesme andar, pero no outro non me ves pellar.** (mc: Lugo)

⁴⁷⁴⁷ En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Do*.

⁴⁷⁴⁸ ms10: *se o tén, i o que fore.* / En ms10 s.v. *Vino*.

⁴⁷⁴⁹ O orixinal di: *Matar a araña y-acabouse a tela*.

⁴⁷⁵⁰ ms10: *dormindo ouvindo.* / En ms10 s.v. *Dormir*.

⁴⁷⁵¹ Mosca figurado para muller - Muller morta, cen á porta.

⁴⁷⁵² V. *Muller morta, sete á porta* en *Matrimonio*.

⁴⁷⁵³ mc: *Muita labrega*.

⁴⁷⁵⁴ ms4: *N'alleu*

⁴⁷⁵⁵ V. *Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos teñen razón* en *Casa e en Jurídicos y similares*.

⁴⁷⁵⁶ ms: *pra toda*.

⁴⁷⁵⁷ ms4: *vola*.

14411. **Nin burra coxa nin bolsa froxa.** ⁴⁷⁵⁸
(mc / ms4: F.V.S.)
14412. **Nin pra lavarse nin pra face-lo caldo
fai falla auga, porque o viño basta.** ⁴⁷⁵⁹
(ms15,14)
14413. **Nin sempre nin nunca.** (mc: Buciños)
14414. **Nin tan negro que brille.** (ms: Santiago)
14415. **Ninguén bota as tripas do eido por
botar un p[eido].** ⁴⁷⁶⁰ (mc: Buciños / ms-LU:
seminarista anónimo: algún lugar da provincia de
Lugo)
14416. **No mes de outono, Xan de Rola anda
ca camisa fóra; en san Martiño, Xan do
Convento métea dentro.** (mc: Buciños / ms4:
F.V.S.)
14417. **Non come o lobo besta branca.** (mc:
M.L.)
14418. **Non che tropeza quen anda a costas
do seu pelexo.** (ms18,54r: *Vida Gallega*)
14419. **Non dá tropezo quen anda a costas do
seu pelexo.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
14420. **Non dura unha misa máis que un
crego.** (mc: R. Caruncho)
14421. **Non é o mesmo ser ocurrente que
rente ó cu.** (mc: Escalón)
14422. **Non era nada, nin era vento nin
xiada.** (mc: Altamira. C. Alvarelos)
14423. **Non fai fea a persona a cara senón os
feitos.** (mc: Buciños)
14424. **Non hai agudo que non se engañe nin
pampo que conte ben.** (mc: Carballino)
14425. **Non hai boca por onde vaia.** (mc:
Buciños)
14426. **Non hai como se morrer para que
alaben a un.** ⁴⁷⁶¹ (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
14427. **Non hai dúas sin tres.** (mc: Lugo)
14428. **Non hai enterro como o de corpo
presente.** ⁴⁷⁶² (mc: Buciños / ms-LU: Paco de
Seoane: Buciños, Carballo, LU)
14429. **Non hai feita sin desfeita.** ⁴⁷⁶³ (mc: M.V. /
ms10,004v: *D.E.*)
(es) *No hay haz sin envés.* (R. Marín)
14430. **Non hai gusto máis cumprido que
rascar cando hai proído.** (mc: Sarria)

⁴⁷⁵⁸ ms4: *floxa*.

⁴⁷⁵⁹ O orixinal di: *Nin pra lavarse nin pra facel'o caldo fai
falla auga porque o viño basta.*

⁴⁷⁶⁰ ms-LU: *bot'as tripas peido.*

⁴⁷⁶¹ O orixinal di: *Non hay como se morrer para que
alaben a un.*

⁴⁷⁶² ms e ms-LU: *com'o.*

⁴⁷⁶³ ms: *N'hay*; ms3: *N'hai*. / En ms10 s.v. *Destrozo*.

Var.: *Non hay gusto máis cumprido que
rañar onde hay pruido.* (mc e ms: Lalín) /
*Non hai gusto máis cumprido que rascar
onde hai proído.* (ms4: R. de Miño, S.
Victorio-F.V.S.)

14431. **Non hai home coma Dios nin muller
coma María, nin resplendor como sol,
nin claridá com'o día.** ⁴⁷⁶⁴ (ms: Santiago)
14432. **Non hai luz como a do día: o día é día,
o sol é sol.** ⁴⁷⁶⁵ (mc: Buciños)
14433. **Non hai macho sin femia.** ⁴⁷⁶⁶ (mc: M.V.)
14434. **Non hai máis mala tenda que a vacía.**
(mc)
14435. **Non hai ponte sin río nin muíño sin
rodicio.** (mc: R. Caruncho)
(es) *No hay molino aceñero que no tenga su
desaguadero.* (R. Marín)
14436. **Non hai preito que non s'arregle nin
corno que non s'endrite.** ⁴⁷⁶⁷ (ms15,15)
14437. **Non hai saco que non teña o seu
fondo.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
14438. **Non hai tal feito como o bon servizo.**
⁴⁷⁶⁸ (ms3, ms4 e mc: A.L.)
(pt) *Não há maior feito que o bom
serviço.* (Chaves)
14439. **Non hai un con outro.** (mc: Buciños)
Var.: *Non hai un por outro.* (Id.) / *Non hai un
sin outro: este mundo é unha cadena.* (mc:
Buciños / ms-LU: seminarista anónimo:
Buciños, Carballo, LU)
(es) *No hay hombre sin hombre.* (R. Marín)
14440. **Non hai un tranquilo.** (ms-LU: seminarista
anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14441. **Non hai lunar com'a María nin
claridá com'a do día.** (mc: Buciños)
Var.: *Non hai lunar como María nin
claridá como a do día.* (mc: Buciños / ms-
LU: seminarista anónimo: algún lugar da
provincia de Lugo)
14442. **Non louquea quen non pode.** ⁴⁷⁶⁹ (ms4:
A.S.A. / ms10,033v: *D.E.*)
14443. **Non mata a carga senón a sobrecarga.**
(mc: Tuiriz, Monforte)

⁴⁷⁶⁴ O orixinal di: *Non hay home coma Dios, nin muller
coma María, nin resplendor como sol ni claridá com'o
día.*

⁴⁷⁶⁵ ms: *com'a do día.*

⁴⁷⁶⁶ ms3: *N'hai.*

⁴⁷⁶⁷ O orixinal di: *Non hay preito que non s'arregle nin
corno que non s'endrite.*

⁴⁷⁶⁸ mc: *Non hai feito.*

⁴⁷⁶⁹ En ms10 s.v. *Locos*.

- (es) *No mata al asno la carga, sino la sobrecarga.* (R. Marín)
Reprueba los abusos, no el uso.
14444. **Non mexa na porta da aigresia e faino no altar maior.** (mc: R. Caruncho)
Var.: *Non cospe na sacristía e caga no altar maior.*
(es) *No querer escupir a la puerta de la iglesia, y orinarse en el altar mayor.* (Sbarbi)
Contra los que se escandalizan de cosas leves y cometen otras mayores.
14445. **Non quero levar connigo ese foro toda a vida.** (ms15,15)
14446. **Non sabe o raposo cantas galiñas dormen fóra.** (mc: M.V.)
Var.: *Non sabe o raposo das galiñas que dormen fóra.* (ms15,11)
14447. **Non sabe o raposo cántos galiñeiros quedan abertos.** (ms6,05v: La Coruña)
14448. **Non sabe un ónde a ten** (ms15,52v)
14449. **Non se pode repicar cando non hai procesión.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
14450. **Non se pode repicar e andar na porcesión.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
14451. **Non se pode repicar e ir na procesión.** (mc)
Var.: *Non se pode repincar y-andar na procesión.* (F.L.)
(pt) *Não se pode repicar e ir na procissão.* (Chaves) (es) *No se puede estar en la procesión y repicando.* (R. Marín)
14452. **Non se van os anos en balde.** (ms10,048r: D.E.)
14453. **Non se ven as amatas en canto non se quita a albarda.** (ms18,02v)
14454. **Non se ven as amatas hasta quitar as albardas.** ⁴⁷⁷⁰ (mc: M.L.)
14455. **Non tan todos os que deben nin son todos os que están.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balina: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
14456. **Non tropeza nunha viga e cae nunha palla.** (mc)
14457. **Non vai na guapura que vai na recompostura.** (ms8,35v: O. de Rey)
14458. **Non van todos ó puleiro.** (mc: Buciños)
14459. **Non vou á misa que non podo; chego á taberna pouquiño a pouco.** (mc: Santiago)
14460. **Non pudo dar na besta e deu na albarda.** (mc: M.V.)
14461. **Non seamos tan calvos que se nos vexan os sesos.** (mc: J.A.P.)
(pt) *Nem tão calvo que lhe apareçam os miolos.* (Chaves) (es) *Ni tal peludo que le tape el pelo los ojos, ni tan calvo que se le vean los sesos.* (R. Marín) / *Ni tanto pelo que no te entre el sombrero, ni tan poco que se te vean los sesos.* (Id.)
Reprende toda clase de extremos.
14462. **Noutro tempo nadaba o chumbo; agora non nada a cortiza.** ⁴⁷⁷¹ (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya* / ms4: S.P.P. *Ultreya*)
14463. **Nunca falta un roto pra un descosido.** ⁴⁷⁷² (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU / ms10,004v: D.E.)
14464. **Nunca falta unha disgracia.** (ms10,047v: D.E.)
14465. **Nunca faltou un roto pra un descosido.** ⁴⁷⁷³ (mc: Tuiriz, Monforte)
Var.: *Nunca un falta un roto para un descosido.* (V.R. y A.R.)
(es) *Nunca falta un roto para un descosido.* (Sbarbi) / *ms: Correas.*
14466. **O ano pasado mordéucheme un sapo e este ano correume o hinchazo.** ⁴⁷⁷⁴ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14467. **O azucareiro, chovendo, tiña un mortífero veneno.** (ms-SA: José M. Gúlfas Rivas: Forcarei, PO)
14468. **O can ouvea cando o corpo cheira a morto.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
14469. **O coxo e mais o manco e tamén un xorobado van á casa do tolleito buscar o deixado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14470. **O coxo i-o manco e mais o corcovado foron buscar o tulleito pra casar co derreado.** ⁴⁷⁷⁵ (mc e ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Equivale a *Dios los cría y ellos se juntan.* / *Dios los cría...* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁴⁷⁷⁰ ms: *hastra quitál-as.*

⁴⁷⁷¹ ms4: *nadaba chumbo.*

⁴⁷⁷² ms-LU: *pr'on descosido.* / En ms10 s.v. *Descoser.*

⁴⁷⁷³ ms3: *falta.*

⁴⁷⁷⁴ ms-LU: *mordéuchem'un sapo, i-est'ano correum'o.*

⁴⁷⁷⁵ ms: *y-o manco e mail'o, c'o derreado;* ms-LU: *e mailo corcoveado.*

14471. **O crego e mailo zorro, se perden a mañá, perden o día todo.** (mc: M.V.)
14472. **O crego i-o zorro, se perde a mañá, perd'o día todo.** ⁴⁷⁷⁶ (ms21,12v: Bermés)
14473. **O crego i-o zorro, se perden a mañá perden o día todo.** ⁴⁷⁷⁷ (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
14474. **O cuco i-o predicador canto máis altos millor.** ⁴⁷⁷⁸ (ms4: M.L.)
14475. **O cura e o zorro, se perden a mañá, perden o día todo.** ⁴⁷⁷⁹ (ms14,16 / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballo, LU)
14476. **O cura e o zorro, si perde a mañán, pérdeo todo.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
14477. **O cura i-o zorro, se perden a mañá, pérdeno todo.** ⁴⁷⁸⁰ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14478. **O día que non se pasa o charco, gánase o carto.** (mc: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2ª serie)
14479. **O día que se sabe con quen s'anda, non se perde o día.** (ms21,05v: Bermés)
14480. **O fol mollado, masa leva.** (ms / ms4: F.V.S.)
14481. **O fume vai pró seu lugar; burro é quen se deixa estar.** ⁴⁷⁸¹ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14482. **O látigo branco pon as nalgas negras.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14483. **O lume apágase con auga pero a auga non s'apaga con nada.** ⁴⁷⁸² (ms4: G.S. y A. / ms10,034r: D.E.)
14484. **O lume é pior cóis ladrós: estos sempre deixan algo, o outro non deixa nada.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
14485. **O mal entra por arrobos e sale por onzas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
14486. **O malo sempre se acorda pero o bon nunca se esquite.** (ms9,10r: Silvarrey)
14487. **O malo vaia e veña e o bon nunca se perda.** ⁴⁷⁸³ (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,036r: D.E.)
14488. **O malo, amalo.** (ms4: G.S. y A.)
14489. **O mango é malo, o sobremango é peor.** (mc: Fontaneira)
14490. **O mao vaia e veña i-o boo nunca se perda.** ⁴⁷⁸⁴ (ms4 / ms18,74r: A.S.A.)
14491. **O moito e o pouco non teñen tasa.** (mc / ms4: F.V.S.)
14492. **O morto ó cebolo i-o vivo ó bolo.** (ms15,41: Sotomerille)
14493. **O mundo é un bandallo: chove nel como fora.** ⁴⁷⁸⁵ (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / ms10,047r)
14494. **O pau e a pedra no camiño medran.** ⁴⁷⁸⁶ (ms / ms10,084r: D.E.)
14495. **O penedo non vira.** (mc: Buide)
14496. **O peor dos males é tratar con animais.** (mc: Sarria)
14497. **O pouco veneno non mata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14498. **O pouco, agrada; o moito, enfada.** (mc: Meilán)
(es) *Lo poco se goza, lo mucho estorba.* (Correas) / *Lo poco basta, lo mucho empacha.* (Id.) / *Lo poco agrada y lo mucho enfada.* (Bergua)
14499. **O que á tenda vai e vén, dúas casas mantén.** (mc: La Coruña)
14500. **O que ardeu, queimou.** (mc: Pidre)
Var.: *O que ardeu, queimouse.* (ms4: Pidre-F.V.S.)
14501. **O que aínda sin conta e razón, logo terá [a] súa perdición.** (ms4: J.P.)
14502. **O que bos días dá, moitas veces se engaña.** (mc: Santiago)
14503. **O que de noite asubía, polo deño pía.** (mc: Muros)
14504. **O que di a persona, répiteo a mona.** (mc: Buciños)
14505. **O que é tonto, que se mate.** (mc: Santiago)
14506. **O que en maio morre, antes se colle.** ⁴⁷⁸⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁴⁷⁷⁶ O orixinal di: *O crego y'o zorro se perde a mañá perd'o día todo.*

⁴⁷⁷⁷ O orixinal di: *Ó crego y-o zorro se perden a mañá perden o día todo.*

⁴⁷⁷⁸ O orixinal di: *O cuco y-o predicador, canto máis altos millor.*

⁴⁷⁷⁹ ms-LU: *i-o zorro.*

⁴⁷⁸⁰ O orixinal di: *O cura y'o zorro, se perden a mañá, pérdeno todo.*

⁴⁷⁸¹ ms e ms-LU: *o que se deixa estar.*

⁴⁷⁸² En ms10 s.v. *Lumbre.*

⁴⁷⁸³ En ms10 s.v. *Malo.*

⁴⁷⁸⁴ O orixinal di: *O mao vaya e veña y o boo nunca se perda.* / ms18,74r: *bo nunca.*

⁴⁷⁸⁵ En ms10 s.v. *Mundo.*

⁴⁷⁸⁶ En ms10 s.v. *Palo.*

⁴⁷⁸⁷ ms4 e ms-LU: *antes o colle.*

14507. **O que fai o viño, non fai o chiculate.** (mc / ms4: F.V.S.)
14508. **O que foi a Padrón, perdeu o sillón.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
14509. **O que foi a Sevilla perdeu a silla.** ⁴⁷⁸⁸ (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / Francisco Canosa Quintáns)
14510. **O que foi a Castilla, perdeu a silla; o que foi e volveu, non-a perdeu.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
14511. **O que foi a Castilla, perdeu a silla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14512. **O que máis se molla, máis se enxuga.** (mc: Aguada, Carballedo)
14513. **O que manda a merda, cagallós lle carreta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14514. **O que morre, paga por si.** (mc: Buciños)
14515. **O que non é cego ve polo cribo.** ⁴⁷⁸⁹ (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns)
14516. **O que non é cego, ben ve polo cribo.** ⁴⁷⁹⁰ (ms21,15v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
14517. **O que non é cego, ben ve por un cribo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14518. **O que non fas, pensas.** (ms21,23v: Bermés)
14519. **O que non nace pra ser, non pode ser.** (mc: Santiago)
14520. **O que non nace, non pace.** (mc: Buciños)
14521. **O que non pasa nun ano pasa nun día.** (ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C / ms-SA: Manuel Blanco Sieira: Olveira, Ribeira, C)
14522. **O que non pode mallar no burro, malla na albarda.** ⁴⁷⁹¹ (mc: La Coruña / ms10,036r: D.E.)
14523. **O que non ten moas, o demo lle dá gorxas.** (mc)
14524. **O que non trae a gavela non quenta a canela.** (ms8,54v: Silvarrey)
14525. **O que non vai nas mangas, vai nas faldas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14526. **O que non ve é como o que non sabe.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
14527. **O que non viu, que non vexa.** (mc: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
14528. **O que seu nome pon a outro, xa non sabe pouco.** (mc)
14529. **O que ten o cura de delgado, teno de gordo o beneficiado.** (mc: A.S.A.)
14530. **O que ten padrín, bautízase.** (ms11,45: Comarca de Fonsagrada)
14531. **O que un perde, outro o encontra.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
(es) *Lo que uno pierde, otro lo halla.* (R. Marín)
14532. **O que vai a Castilla, perdeu a silla, pro o que foi e volveu, non-a perdeu.** (mc: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,44: Comarca de Fonsagrada)
14533. **O raposo perderá as forzas, mais non as mañas.** (ms-SA: R. Celso Rodríguez Rodríguez)
14534. **O refrán di así i-eu tamén cho digo aquí: "Atrás do lobo, un can; atrás dunha taza de sopas, unha taza de viño i-on rebuxo de pan".** ⁴⁷⁹² (ms11,51: Taboada)
Rebuxo = rebanada, trozo.
14535. **O ruín ten mal nome; o bon gusta a todos.** ⁴⁷⁹³ (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
14536. **O ruín ten mal nome; o bon todo o mundo o ve.** ⁴⁷⁹⁴ (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
14537. **O saco redondo tanto leva como o longo.** ⁴⁷⁹⁵ (mc e ms4: Vasconcelos)
Var.: *O saco redondo tanto leva como é longo.* (ms4 / ms21,05r: Bermés)
14538. **O wolfram vale oito duros e pa quitalo hai que marrear duro.** ⁴⁷⁹⁶ (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)
14539. **O xuntar ouro con lama mancha as maus.** (ms15,18)

⁴⁷⁸⁸ F. Canosa Quintáns: *perdió*.

⁴⁷⁸⁹ F. Canosa Quintáns: *sego*.

⁴⁷⁹⁰ O orixinal di: *O que non e cego ben ve pol'o cribo. / ms-LU (Ferreira de Pantón): por o cribo.*

⁴⁷⁹¹ En ms10 s.v. *Majar*.

⁴⁷⁹² O orixinal di: *O refrán di así y eu tamén cho digo aquí: atrás do lobo, un can; atrás d'unha taza de sopas unha taza de viño y-on rebuxo de pan.*

⁴⁷⁹³ ms-LU: *gust'a todos*.

⁴⁷⁹⁴ ms-LU: *mal nombre tod'o mund'o ve*.

⁴⁷⁹⁵ ms4: *como longo*.

⁴⁷⁹⁶ A interrupción na explotación do volframio foi seguramente a responsable de quen non se fixara este refrán.

14540. **O zorro, se perde a madrugada, perde toda a xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
14541. **Obra torta, cartos direitos.** ⁴⁷⁹⁷ (mc / ms4: F.V.S.)
14542. **Ond'o lobo com'a ovella, sempre deix'algo de la.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
14543. **Onde hai branco, hai negro.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
14544. **Onde houbo fogo, cinza queda.** (ms15,11)
14545. **Onde non ves lobo, cata lobo.** (mc: M.V.)
14546. **Onde o lobo come a ovella, sempre deixa algo dela.** ⁴⁷⁹⁸ (mc: Buciños)
14547. **Onde vexas moito fume, pode ser ou leña verde ou morrallada do allare.** ⁴⁷⁹⁹ (mc: Chorexe, P. de Rey-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
14548. **Os carballos nas devesas nacen con grandes dimensións, unhos pa santos i-outros pa ladrós.** ⁴⁸⁰⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)
14549. **Os consellos e afanes piden parecer ós refranes.** (ms18,66v)
14550. **Os coxos cóncense no andar i-os cegos no mirar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14551. **Os curas non caen dos carballos porque non suben a eles.** (mc / ms4: F.V.S.)
14552. **Os da casa de arriba comen nunha viga; os da casa do medio, nun pendello; os da casa de abaixo, nun refaixo.** (mc: Picato-F.V.S.)
14553. **Os dedos das maus non son todos iguais.** (mc: Buciños)
(pt) *Os dedos das mãos não são iguais.* (Chaves) (es) *Los dedos de la mano no son iguales.* (Sbarbi)
Expresa la diferencia que hay entre personas y clases sociales.
14554. **Os extremos tócanse.** (ms10,047v: D.E.)
14555. **Os lóstregos lexanos pra nada son insanos.** (ms4: J.P.)
14556. **Os milagros non se fan a diario.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14557. **Os mortos, á burata; i-os vivos, á fugaza.** (ms9,09v: Meda)
Fugaza = hogaza.
14558. **Os ollos son as ventás do corazón.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Los ojos son las ventanas del corazón.* (R. Marín)
14559. **Os recordos mándanse no bolsillo.** (ms21,07r: Bermés)
14560. **Óso de lombán, barba untada, barriga van.** (mc: J.A.P.)
Var.: *O güeso da soá, fuciño untado i-a barriga va.* (Guilfrey) / *O óso da soá, fuciño untado e barriga en van.* (ms15,24r: La Cañiza)
(pt) *Osso de assuã, beijo untado, barriga vã.* (Chaves)
14561. **Óso de soá, fuciño untado e barriga van.** (ms10,050r: Cañiza)
14562. **Ou ti non queres, ou ti non podes ou ti non traes o leite nos foles.** ⁴⁸⁰¹ (ms4 / ms21,09r: Bermés)
14563. **Ovo ó papo, carto ó saco.** ⁴⁸⁰² (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14564. **Pa quen é burro, boa é a albarda.** (ms-SA: Jesús Acuña Garrido: Vilaboa, PO)
14565. **Pallas mortas n'alumean.** ⁴⁸⁰³ (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés / ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
14566. **Para quen é burro, bastante é a albarda.** (ms-SA: Manuel Lago López / ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
14567. **Para quen non quer comer, hai pan abondo.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
14568. **Para quen non quere, sempre hai abondo.** (ms-SA: seminarista anónimo: Carballo, Carballo, C)
14569. **Para tal besta abóndalle tal albarda.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.*, 2ªed., 1911)
(es) *A tal asnejón, tal albardón.* (R. Marín)
14570. **Pasa tu, que non pasache, e lévete o demo que aínda tardache.** (mc: M.L.)
14571. **Pedra solta non ten volta.** ⁴⁸⁰⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU / ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

⁴⁷⁹⁷ ms: *dreitos*; ms4: *dereitos*.⁴⁷⁹⁸ ms: *Ond'o lobo*.⁴⁷⁹⁹ ms-LU: *fume que pode*.⁴⁸⁰⁰ O orixinal di: *Os carballos nas debesas nacen con grandes dimensios, un'os p'a Santos y'outros pa ladrós*.⁴⁸⁰¹ ms4: *non trayes*.⁴⁸⁰² ms-LU: *Ovo al papo*.⁴⁸⁰³ ms-SA: *non alumean*.⁴⁸⁰⁴ V. *Palabra e pedra solta non ten volta* en *Palabras*.

14572. **Pedro, nin velo nin na casa telo.** (mc: Bucínos)
(pt) *Pedro, nem tê-lo, nem vê-lo, nem querê-lo, nem à porta de casa conseti-lo... mas sempre é bom na casa havê-lo.* (Chaves) (es) *Pedro, ¿cuándo serás bueno? -Madre, cuando la rana crie pelo.* (R. Marín)
14573. **Pedro Pérez e mais o bandullo van os dous ó cabo do mundo.** (mc: Orense-F.V.S. / ms11,21)
Alude el refrán a Pedro Pérez Gamarra, visitador incansable de la Inquisición de Santiago, que instruyó muchos procesos contra los judaizantes. Era de reducida estatura y obeso en demasía, y el *bandullo* ridiculiza la figura poco esbelta del visitador. Habla de él Fernández Alonso en su obra *Los Judíos en Orense*.
14574. **Pelo mal cortado, ó outro día igualado.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Mondoñedo, LU)
14575. **Pelo mal cortado, ós tres días igualado.** (ms21,20v: Bermés)
14576. **Perder, que perda o demo unha perna.** (mc: A.S.A.)
14577. **Picas pouco, picas moito; picas moito, picas pouco.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
Se dice del cigarrillo, cuando es bueno el tabaco, se pica mucho, porque pica poco, y viceversa.
14578. **Polas túas aveas míde-las dos máis cheas.** ⁴⁸⁰⁵ (mc)
14579. **Polo can e o cabalo cócese o amo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14580. **Polo enxoiro, detrás da pena, e polo mollado, collendo na leña.** (mc: La Coruña)
14581. **Polo san Ramón, trompo ó caixón.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
14582. **Por abaixo anda quen o manda.** ⁴⁸⁰⁶ (mc e ms4: A.S.A.)
Var.: *Por abaixo anda que non manda.* (J.P.)
14583. **Por mal que che vâ, vive na cibdá.** (ms21,03r: Bermés)
14584. **Por moito que digan e digan, non me sacan de quen son.** (ms-SA: M. González Fernández)
14585. **Por non d[ar] ó rabo, deixa com[er] o cu ás moscas.** ⁴⁸⁰⁷ (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
14586. **Por san Ramón, trompa ó caixón.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
14587. **Por san Ramón, trompos ó caixón.** ⁴⁸⁰⁸ (mc: Santiago / ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO / Luís Alonso Alonso)
Trompos (peonzas). (L. Alonso Alonso)
14588. **Por xaneiro bótame un pan enteiro.** (mc: Santiago)
14589. **Pra quen é o burro, ben lle chega a albarda.** ⁴⁸⁰⁹ (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,16)
Var.: Como: *Para tal besta...*
14590. **Pra quen non quere, hai de máis.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
14591. **Pra quen non quere, hai pan abondo.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
14592. **Pra quen non quer, teño eu moito.** ⁴⁸¹⁰ (mc: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14593. **Pra ser, hai que nacer.** (mc: Bucínos)
14594. **Pra tódolos sitios hai unha legua de mal camiño.** (mc: Pidre-F.V.S.)
(es) *A donde quiera, hay una legua de mal camino.* (Correas) (ct) *Per allí aon vages hi han cent llegües de mal cami.* (Alberola)
14595. **Pra un pronóstico non cumplen catro lexías, nin fai falla ollar estrelas nin tomar puntos nin liñas.** (ms: Santiago)
14596. **Prós cregos e prós cas nunca faltan boas mañás.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
14597. **Prós curas e prós cas nunca faltaron boas mañás.** (ms21,10v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14598. **Prós curas e prós cas sempre houbo boas mañás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14599. **Pucho de palla e mazá madura pouco dura.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(es) *Sombrero de paja, ni para el sol ni para el agua.* (R. Marín)
14600. **Que bo ano, que mal ano, catro caben nun escano e, sendo de Caurel, cinco e un fardel.** ⁴⁸¹¹ (mc e ms4: Baralla / ms: Begonte)

⁴⁸⁰⁵ O orixinal di: *Pol-as tuas aveas, midel-as dos máis, cheas.*

⁴⁸⁰⁶ mc: *que o manda.*

⁴⁸⁰⁷ O orixinal di *Por non d[ar]...er o cu as moscas.*

⁴⁸⁰⁸ L. Alonso Alonso: *trompos* (peonzas) a o *queixón*; ms-SA: *Po lo Ramón.*

⁴⁸⁰⁹ mc: *Pra que é o burro.*

⁴⁸¹⁰ mc: *Pra que*; ms-LU: *non quere.*

⁴⁸¹¹ ms: *bon ano.*

- Var.: *Que bo ano, que mal ano, catro caben nun escano.* (mc / ms18,65v: Layosa)⁴⁸¹² / *Que bon ano, que mal ano, catro no escano; si son de Caurel, catro i-o fardel; e si son do Cebreiro, catro i-o sombreiro.* (ms5,045: Cebreiro)
(es) *Mal año o buen año, cuatro caben en un banco.* (Sbarbi) (ct) *Bon any o mal any, quatre caben en un banc.* (Alberola)
Véase *Año, mal año...*
14601. **Que bon ano, que mal ano, cuatro caben no escano, e se son de Caurel, catro i-o fardel.** (ms12,79: S. Pedro de Orrios, Caurel)
14602. **Que pida o corpo, si llo leva o xenio.** (mc: *Vida Gallega*)
14603. **¿Que sabe un burro cándoo é día de festa?** (mc: La Coruña)
14604. **Quen de todo se adimira, ou é parvo ou se fai el.** (mc: M.V.)
14605. **Quen delas ten, delas perde.** (ms4 e mc: M.V. / ms4: A.N.)
14606. **Quen delas ten, delas pon.** (mc: Otero de Rey)
14607. **Quen fixo o cesto, que lle poña o aro.** (mc: M.V.)
14608. **Quen non aparece, esquece.** (mc: A.N.)
14609. **Quen non pode dar no burro, dá na albarda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14610. **Quen non se pare a medir, párese a añadir.** (mc / ms4: F.V.S.)
14611. **Quen sabe, pode, sin sacrificios, facer a todos grandes beneficios.** (ms4: J.P.)
14612. **Quen sementa na culler, apaña na garfela.** (mc: A.N.)
14613. **Quen tal fixo que tal pague.** (ms10,047v: D.E.)
14614. **Quen te leve, que te ferre.** (mc: M.L.)
14615. **Quen ten terra, ten sol.** (ms4 e mc: M.L. / ms4: F.V.S.)
14616. **Quen vive de recordos, vive entre mortos.** (mc: M.V.)
14617. **Quen vive de recordos, vive entre os mortos.** (ms21,28r: Bermés)
14618. **Quero mellor volver que velas caer.**⁴⁸¹³ (mc: Pidre-F.V.S.)
14619. **Reló e campana, morte na semana.** (mc: Muros)
14620. **Rodas de muíños, bocas de machados, poutas de demonios e uñas de condenados.** (mc: Chantada)
14621. **S'ás voltas o fan, cambias'o boi polo can.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)
14622. **Saco cheo non se dobra.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
(es) *Saco lleno no puede doblarse.* (R. Marín)
14623. **Saio de la, canto mai-lo estiran, máis dá.**⁴⁸¹⁴ (ms21,16r: Bermés)
14624. **Salto de cabra e brinco de lebre, bebe, Manuel, pra qu'o vello te leve.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14625. **Salto de corzo, brinco de lebre; bebe, Xosé López, hasta que Dios te leve.**⁴⁸¹⁵ (ms: F.V.S.)
14626. **San Antonio benditiño non come nin bebe i-está gordiño.** (mc: Bucínos)
14627. **San Antño i-o lobo ó pé.** (mc: M.L.)
14628. **Santa Bárbara bendita, cando chove, virvirita.** (mc: Santiago)
14629. **Se non foran as costas, todo era llano.**⁴⁸¹⁶ (mc: Bucínos / ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballo, LU)
14630. **Se non hai auga, non hai nada.**⁴⁸¹⁷ (ms15,15)
14631. **Se queres pan, vaino buscar á terra do meu can.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
14632. **Se tes frío, mete os pés na res.**⁴⁸¹⁸ (mc: Velle)
14633. **Se tes frío, vaite pó río.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)
14634. **Se tes sono, vaite pó forno.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)
14635. **Sebe que estás no camiño, e non gardas pan nin millo, vente conmigo.** (mc: Bucínos)
14636. **Secreto de dous, sabelo Dios; secreto de tres, sábeo quen quer.** (ms15,12)
14637. **Secreto de tres non chega ó mes.** (ms9,13r: Vivero)
14638. **Secreto na orella, mala centella.** (ms21,06v: Bermés)

⁴⁸¹⁴ O orixinal di: *Sayo de lá, canto mail'o estiran mais da.*

⁴⁸¹⁵ ms4: *José.*

⁴⁸¹⁶ mc: *Si non foran*; ms-LU: *tod'era llano.*

⁴⁸¹⁷ O orixinal di: *Se non hay auga non hay nada.*

⁴⁸¹⁸ mc: *Si tes.*

⁴⁸¹² ms4: *caben catro.*

⁴⁸¹³ ms e ms4: *millor.*

14639. **Secreto que de dous pasa, xa non é secreto.** (ms15,12)
14640. **Segredo entre tres non dura un mes.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)
14641. **Serra, compadre, serra, comadre, na madeiriña do señor abade.** (mc: Buciños)
Quando sólo se atiende a un negocio.
14642. **Sete por nove, sesenta e tres: o que non-o sepa ben burro é.** (ms8,53v: Trives)
14643. **Si como ladras roeras, xa che cortaran a vestra.** ⁴⁸¹⁹ (ms4 e mc: M.L.)
14644. **Si chove pra non parar, o mundo hase de acabar.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
14645. **Si eres bon ou non, outros deben decilo.** (ms15,12)
14646. **Si non as hai xeitosas, afeito.** (ms8,22r: Silvarrey)
14647. **Si non chega pra día de santa Lucía, chega pra deloutro día.** ⁴⁸²⁰ (mc: C.A.)
Var.: *Si non chega pró santa Lucía, chega pr'outro día.* (ms4: A.S.A.)
14648. **Si non fora o velro, non marcha a ovella.** (mc / ms4: F.V.S.)
14649. **Si queres cousa vella, compra tella.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *La mejor teja, la más vieja.* (Sbarbi)
14650. **Si queres telo, teno.** ⁴⁸²¹ (mc: M.L. / ms10,129r: D.E.)
14651. **Si sintes un can oubear, morte cerca no lugar.** (mc: Páramo-F.V.S. / ms5,135: Noya)
Var.: *Cando oubea o can do palleiro, hai morto no rueiro.*
14652. **Si tes calor, ponte ó sol.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
14653. **Si tes frío, métete no río.** ⁴⁸²² (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites / ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))
14654. **Si tes frío, tírate ó río.** (mc: Santiago)
14655. **Si tes gana, vaite prá cama.** ⁴⁸²³ (mc: Santiago)
14656. **Si tes moita calor, colle unha manta e vive ao sol.** ⁴⁸²⁴ (mc: Velle)
14657. **Si tes sono, bótate ó forno.** (mc: Santiago)
Var.: *Si tes sono, vaite ó forno.* (Santiago)
14658. **Si ti es bo, outro é millor.** (mc: Santiago)
14659. **Si ves o cura ó sol, non apures o facistol.** (mc / ms4: F.V.S.)
14660. **Si ves xuntos moitos cregos, ándache cerca un enterro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
14661. **Sóltame e verás cómo corro.** (ms3: M.V.)
14662. **Sóltame, verás como corro.** (ms: M.V.)
14663. **Sombreiro ó pombo, capital ó lombo.** (mc: A.N.)
14664. **Son máis as voces que as nocces.** (mc: A.N.)
(pt) *Sao mais as vozes que as nozes.* (Chaves)
14665. **Son os dedos das mas e non son iguás.** (ms18,58r: Vida Gallega)
14666. **Son os dedos das más, non son iguás.** (mc: Ch.)
Var.: Como: *Os dedos das maus...*
(ct) *Tots els dits de la má, no son iguals.* (Alberola)
14667. **Soñar con mortos, señal de vivos.** (ms5,045: Cobas, Cachafeiro, Forcarey)
14668. **Sopas e solver non pode ser.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
14669. **Sopas e sorber non pode ser.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14670. **Tantarantán, tan bo é Pedro como Xan.** (mc: Lugo)
(pt) *Tão bom é Pedro como seu amo.* (Chaves) (es) *Tan bueno es Pedro como su compañero.* (Bergua) / *Tan bueno es Pedro como su amo.* (Correas)
14671. **Tanto dá libra de ferro como de cerro.** ⁴⁸²⁵ (mc: M.L.)
(es) *Tanto pesa una libra de lana como una libra de oro.* (R. Marín)
14672. **Tanto dirán: ¡elas! ¡elas!, que veñan cando as xaneiras.** ⁴⁸²⁶ (mc: A.S.A.)
Var.: *Tanto dirán elas, que veñan cando as Xaneiras.* (ms4: J.P.) ⁴⁸²⁷
14673. **Tanto é "Xan, velas" coma "velas, Xan".** (ms9,03r: O. de Rey)
14674. **Tanto me dá o carneiro como a la.** (ms18,65v: Chantada)
14675. **Tanto me quer o fillo da uva, tanto me quer que todo me derruba.** (mc: Correas)

⁴⁸¹⁹ mc: *xa te cortaran a besta.*

⁴⁸²⁰ ms4: *pra Santa Lucía.*

⁴⁸²¹ En ms10 s.v. *Tener.*

⁴⁸²² ms-LU (Galicia): *Se tes.*

⁴⁸²³ ms: *Se tes, pa cama.*

⁴⁸²⁴ ms3 e ms4: *vaite ao sol.*

⁴⁸²⁵ mc: *libre de ferro.*

⁴⁸²⁶ ms4: *diran elas ¡elas!*

⁴⁸²⁷ ms4: *que veñen.* Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *veñan.*

Lo recoge con bastantes imperfecciones, como suele en la transcripción de los gallegos.

14676. **Tanto monta cortar como desatar.** (ms10,048r: D.E.)

14677. **Tanto o rico como o pobre, cando lle dá a morte, morre.** (mc)

(pt) *Tanto morre o papa, como quem não tem capa.* (Chaves) (es) *La muerte no distingue entre pastores y reyes.* (R. Marín) / *Muérese el rey, y el papa, y el duque, y el prior de Guadalupe.* (Bergua)

14678. **Tanto ten saco longo como saco redondo.** (ms6,03v: R. Caruncho, *Diario de Avisos de La Coruña*)

14679. **Tanto ten tanto como "tanto ten".** (ms10,049v: Carballino)

14680. **Tanto ten Xan coma Xulián.** ⁴⁸²⁸ (mc: Lugo / ms4: Mellid-F.V.S.)

14681. **Tantos eran os difuntos que nin a dous reás chegaban.** (mc: Buciños)

14682. **Taza chea non é engaño.** (mc: Parga)

14683. **Tempo ten a bóla, tempo ten quen-a xoga.** (ms21,13r: Bermés)

14684. **Ten a miña ama unhos pantalós que, de riba a baixo, todos son botós.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14685. **Ter e sorber non hai quen.** ⁴⁸²⁹ (mc) (pt) *A muito entendimento, dinheiro pouco.* (Chaves) / *A muito entendimento, fortuna pouca.* (Id.) (es) *Los libros hacen muchos sabios pero pocos ricos. / Si quieres a tu hijo rico, procura que sea borrico. / Si quieres ser rico no te des mucho a los libros. / Harto pediría quien a Dios pidiese riqueza y sabiduría.* (R. Marín) / *Rico y sabio, términos implicados.*

14686. **Terra arenisca, tendencia a putas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14687. **Ti pariches i-eu parín, ti pucheiro i-eu tixola, estamos os dous de chola.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

14688. **Todas as ferramentas son boas si o sobremango é bon.** (ms8,59v: Silvarrey) *Sobremango* = el que maneja la herramienta.

14689. **Todo dereito ten seu revés.** (mc: Corme)

14690. **Todo é leria neste mundo.** (mc)

14691. **Todo é toxo, e por rozar.** (mc: A.N.)

⁴⁸²⁸ mc: *como*.

⁴⁸²⁹ O orixinal di: *Ter e sorber, non hay quen*.

14692. **Todo o mundo ten algo que perder.** (mc: Buciños)

14693. **Todos somos fillos de Adán.** (ms10,047v: D.E.)

14694. **Todos somos fillos de Dios.** (ms10,047v: D.E.)

14695. **Trabadoriña dos días de festa relóceche o cu por entre as xestas.** ⁴⁸³⁰ (mc: U.C. Cuartilla 7)

14696. **Tras do que non corro non canso.** (mc: M.L.)

14697. **Tras os dentes no bolsillo i-o tempo na res, non sirves prós meus bés.** ⁴⁸³¹ (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballo, LU)

Rés = riños.

14698. **Trinta días ten novembro, con abril, xunio e setembro; de vinteito só hai un e os demais son de trinta e un.** (ms-SA: Ramón Viña Varela: Golmar, A Laracha, C)

14699. **Triunfa en copas, o que as fai, atopaas.** ⁴⁸³² (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)

14700. **Tropezar e non caer, adiantar camiño é.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal)

14701. **Tu que me levas i-eu que che axudo, vamos os dous ao cabo do mundo.** ⁴⁸³³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14702. **Turra, Xan, turra, e si a corda creba, turra, Xan, pola merda.** ⁴⁸³⁴ (mc: Carballo / ms4: F.V.S.)

14703. **U cura com'o zorro; se perde a mañá, perdiu todo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))

14704. **U sorro perderá as forzas pero non as mañas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14705. **Un a un non queda ningún.** (mc: Buciños) Var.: *Un é un; non queda ningún.* (Buciños-F.V.S.)

14706. **Un bo morrer honra unha vida enteira.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

14707. **Un día é un día i-on peso gastouse.** ⁴⁸³⁵ (mc: Lalín / ms21,19r: Bermés)

⁴⁸³⁰ ms e ms4: *por entre das xestas*.

⁴⁸³¹ ms: *Tral'os dentes, y-o tempo*; ms-LU: *¡Tral'os dentes no bolsillo i-o tempo na rés (riños)...* Non sirves pr'os meus bés.

⁴⁸³² V. *O que as fai, atopaas*.

⁴⁸³³ O orixinal di: *Tu que me levas y'eu que che axudo, vamos os dous a o cabo do mundo*.

⁴⁸³⁴ ms e ms4: *s'a corda, pol-a m...*

⁴⁸³⁵ V. *Un home é un home i-on peso gástase en Hombre. / ms: y on peso; ms21,19r: y'un peso*.

- Var.: *Un día é un día*. (ms: Sarria / ms10,047v: D.E.)⁴⁸³⁶
(es) *Un día es un día*. (R. Marín)
14708. **Un non é ningún.** (ms-SA: M. González Fernández)
14709. **Un tren con outro tren, armouse cada belén.** (ms: Santiago)
14710. **Un secreto entre tres non dura un mes.** (ms-SA: Luís Vázquez Veiga / ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vincenzo de Curtis, Vilasantar, C)
14711. **Unha abella sola fai pouco mel.** (ms4: F.V.S.)
14712. **Unha camisa na pedra i-outra no lombo.**⁴⁸³⁷ (mc: A.S.A.)
14713. **Unha carta e unha bofetada sempre ten contestación.** (mc: Pidre)
14714. **Unha idea saca outra.** (mc: Bucíños / ms4: F.V.S.)
14715. **Unha porfia quita outra.** (mc: Bucíños)
14716. **Unha vara calquera a rompe e moitas xuntas non-as rompen moitos homes.** (ms15,17)
14717. **Unha vella fixo papas i-o pote botoullas fóra; hai cen anos que foi eso e inda hoxe a vella llora.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
14718. **Unha vez non son veces.** (ms4: M.L.)
14719. **Unha vez ó ano non fai daño.** (ms8,66r: Lajosa)
14720. **Unhos amolentan i-outros apodrentan.** (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)
14721. **Unhos fian na roca i-outros cagan na mazaroca.** (mc: Bucíños)
14722. **Vaite, venturoso chan, donde esperándoches están.** (ms: Santiago)
14723. **Val máis onza que libra.** (ms15,52r)
14724. **Val máis óso na man que na boca do can.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
14725. **Válache Dios qu'a xeito te pos. Cando querías tu, ben te compoñías.**⁴⁸³⁸ (mc e ms: M.L.)
14726. **Vale máis a auga da cama que a cama da auga.** (ms9,01r: O de Rey)
14727. **Vale máis o malo conocido que o bon por conocer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
14728. **Vale máis onza de pelo que arroba de carne.**⁴⁸³⁹ (mc: Bucíños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Por lo que aumenta en el mercado.
14729. **Vale máis ruín conocido que bo por conocer.**⁴⁸⁴⁰ (mc: M.V.)
(ct) *Més val roín conegut, que bò per conéixer.* (Alberola)
14730. **Vale máis ser a tela que non a tixeira.** (ms9,01v: O. de Rey)
14731. **Vale máis ter ca desear.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO / ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
14732. **Vale máis ter que desear.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Más vale tener que desear.* (R. Marín)
(ct) *Més val tindre, que desijar.* (Alberola)
14733. **Vale máis un golpe de xenio que canto hai.** (ms15,41: Mellid)
14734. **Valen máis onzas que libras.**⁴⁸⁴¹ (ms8,17r: Silvarrey)
14735. **Valen máis palmos que codos.** (mc)
É millor pouco e bon que moito e malo.
14736. **Vara de xesta o demo lla atesta.** (mc: Tierra Llana)
Tráelo Iglesia Alvaríño (*Q.H. Flacci Carmina*), y explica: *Atestar*, llenar completamente, venir justo un tapón. De ahí, *testo*, tapadera. Falta en nuestros Diccionarios.
14737. **Veñan días e caigan olas.** (mc: Tuiriz, Monforte)
14738. **Ves tan pouco que non ves un crego nun bolo de neve.** (mc)
Var.: *Ves tan pouco que non ves un cura nun bolo de neve.* (ms4: F.V.S.)
14739. **Xan de bon barato, tan[to] dá tres como catro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
14740. **Xente baldeira, campanas de pao.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
14741. **Xerra por onde un bebe, outro pode beber.** (ms: F.V.S.)
14742. **Zanca larga pola neve non hai diablo que a leve.** (ms: Leite de Vasconcellos)
14743. **Zapatos de charol, nin prá auga nin pró sol.**⁴⁸⁴² (ms5,027: Ortigueira / ms-LU: Julio

⁴⁸³⁶ En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Día*.

⁴⁸³⁷ ms: y *outra*.

⁴⁸³⁸ mc: *Váñate axeito*; ms: *queiras*.

⁴⁸³⁹ ms e ms-LU: *c'arroba*.

⁴⁸⁴⁰ mc: *bon*.

⁴⁸⁴¹ V. *Val máis onza de cuidado que libra de traballo en Trabajo*.

⁴⁸⁴² ms-LU: *pá auga pó sol*.

Elías Bello Méndez: A Feira do Monte, Sistallo, Cospeito, LU)

MITAD

14744. **A mocedá é a millor edá.** (ms10,040v: *D.E.*)
14745. **A mocedá moi folgada trai a vellez arrastrada.** (ms10,040v: *D.E.*)
14746. **Garda no verán da mocedá pró inverno da edá.** (ms10,040v: *D.E.*)
14747. **Mocedá ben pasada vellez larga e descansada.** (ms10,040v: *D.E.*)
14748. **Mocedá preguizosa, vellez traballosa.** (ms10,040v: *D.E.*)
14749. **O que de vello engorda dúas mocedades ten.** (ms10,040v: *D.E.*)
14750. **Xa está feita a mitá porque, aunque ela non queira, eu quero xa.** (ms10,040v: *D.E.*)

MOCA

14751. **Esto que vén de moca ¿a como nos toca?** (ms10,040v: *D.E.*)

MODA

14752. **A moda é pra moitos a súa Nosa Señora.** (ms10,041r: *D.E.*)
14753. **O que é moda non incomoda.** (ms10,041r: *D.E.*)

MODERACIÓN

14754. **Leva en todo un ten con ten, e todo che sairá ben.** (ms10,128r: *D.E.*)
14755. **Un bo ten con ten pra todo está ben.** (ms10,128r: *D.E.*)

MOJAR

14756. **Máis val molla-las faldras que lixa-las toucas.** (ms10,041r: *D.E.*)
14757. **Se non fora por molla-las botas iba contigo a rega-la horta.** (ms10,041r: *D.E.*)

MOLER

14758. **O abade i-o veciño moen nun mesmo muíño.** (ms10,041r: *D.E.*)
14759. **O cura, o sancristán, o barbeiro i-o veciño todos moen nun muíño.** (ms10,041r: *D.E.*)

MOLINO. V. tamén *Maquila, Oficios.*

14760. **As que ó muíño van, se son bonitas, logo as moerán.** (ms10,044v: *D.E.*)

14761. **Cada muíño quer a súa auga.** (ms10,044v: *D.E.*)
14762. **Con quen ten muíño que coidar non te poñas a enredar.** (ms10,044v: *D.E.*)
14763. **Máis que muíño en espera val sobro na moega.** (ms10,045r: *D.E.*)
14764. **Mentras que a moa do muíño vai e vén, Dios dá do seu ben.** (ms10,045r: *D.E.*)
14765. **Nin muíño sin rodicio nin home sin oficio.** (ms10,045r: *D.E.*)
14766. **O muíño treina, treina, a iauga faino treinar.** (ms10,045r: *D.E.*)
14767. **O que pode vai ó muíño e moe.** (ms10,045r: *D.E.*)
14768. **Se o muíño non anda, a maquía non se gana.** (ms10,045r: *D.E.*)

MONTAÑA

14769. **O que vive na montaña coida que ten algo e non ten nada.** (ms10,041r: *D.E.*)

MONTE

14770. **Dous montes non se entropexan pero dúas persoas si.** (ms10,041r: *D.E.*)
14771. **Monte e ribeira non se atopa onde se queira.** (ms10,041r: *D.E.*)
14772. **Nin tan monte nin tan ponte.** (ms10,041r: *D.E.*)
14773. **No monte andan os lobos e no val, os raposos.** (ms10,041r: *D.E.*)
14774. **O monte é prós lobos e o val, prós raposos.** (ms10,041r: *D.E.*)

MORA

14775. **O que unha mora tinxe, outra destinxo.** (ms10,041r: *D.E.*)

MORCILLA. V. tamén *Comida, Embutidos, Hambre. Gastronomía.*

14776. **Non dá morcilla o que non mata o porco.** (ms10,041r: *D.E.*)
14777. **Ó comer as morcillas, rin a nai e as fillas e ó pagar, todas son a chorar.** (ms10,041r: *D.E.*)

MORDEDURAS. V. tamén *Perros (Mordeduras).*

14778. **Se te morde unha deluciña, busca confesor axiña.**⁴⁸⁴³ (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos de La Coruña*)

⁴⁸⁴³ Indica *Mordeduras*. V. *Medicina. Higiene.*

14779. **Si che pica un alacrán, vai ó crego e busca pan.** ⁴⁸⁴⁴ (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
 14780. **Si che pica un culebrón, collerás un legón; si che pica unha denosiña, tocaranche a campanilla.** ⁴⁸⁴⁵ (ms5,133: Mondoñedo)
 14781. **Xarabandixa picando, a campaniña tocando.** ⁴⁸⁴⁶ (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

MOZA. V. tamén *Edades, Juventud, Mozo.*

14782. **A boa moza é como a pera acelmosa, que ende coméndoa dá gana de outra.** (ms10,043v: D.E.)
 14783. **A moza á beira do mozo requiere a nai perto dela.** (ms10,043v: D.E.)
 14784. **Á moza andadeira crebarlle a perna.** (ms10,043v: D.E.)
 14785. **A moza casala co moco e ó mozo, co bozo.** (ms10,043v: D.E.)
 14786. **A moza da praza, a porta barrida i-a casa enlixada.** (ms10,043v: D.E.)
 14787. **A moza da vila, casa porca e porta barrida.** (ms10,043v: D.E.)
 14788. **A moza i-a parra non se ven ben se non lle erguen a faldra.** (ms10,043v: D.E.)
 14789. **A moza larpeiriña non hai pra que seguila.** (ms10,043v: D.E.)
 14790. **Á moza mala a campana a chama e á mala, mala, nin a campana nin nada.** (ms10,043v: D.E.)
 14791. **A moza mala fai a súa ama brava.** (ms10,043v: D.E.)
 14792. **A moza prá festa e prá casa a besta.** (ms10,043v: D.E.)
 14793. **A moza risoña ben deixa ver que quer ser dona.** (ms10,044r: D.E.)
 14794. **A moza trouleira, súa nai á beira.** (ms10,044r: D.E.)
 14795. **Ben parece a moza garrida cabo da barba cumprida.** (ms10,044r: D.E.)
 14796. **¿Boa moza con diñeiro, eu forasteiro e a min ma dan? ¡Tarrantarantán!** (ms10,044r: D.E.)
 14797. **Dáme a moza vestida que eu cha darei belida.** (ms10,044r: D.E.)
 14798. **Entre moza e mozo convén sempre un muro groso.** (ms10,044r: D.E.)

⁴⁸⁴⁴ Indica *Mordeduras*. V. *Medicina. Higiene.*

⁴⁸⁴⁵ Indica *Mordeduras*. V. *Medicina. Higiene.*

⁴⁸⁴⁶ Indica *Mordeduras*. V. *Medicina. Higiene.*

14799. **Máis quero moza feita que moza desfeita.** (ms10,044r: D.E.)
 14800. **Media moza está na tenda e outra media anda de xeira.** (ms10,044r: D.E.)
 14801. **Mentras moza, a troulear; dispois de vella, a rezar.** (ms10,044r: D.E.)
 14802. **Millor é a moza de criar que de casar.** (ms10,044r: D.E.)
 14803. **Moza boa, boa é.** (ms10,044r: D.E.)
 14804. **Moza con vello casada, como vella hai que tratala.** (ms10,044r: D.E.)
 14805. **Moza de mesón non dorme sono con razón.** (ms10,044r: D.E.)
 14806. **Moza garrida, ou ben ganada ou ben perdida.** (ms10,044r: D.E.)
 14807. **Moza rinchadeira, tarambaina ou paroleira.** (ms10,044r: D.E.)
 14808. **Moza riseira, trouleira e ventaneira, pra quen a queira.** (ms10,044r: D.E.)
 14809. **Moza tolas e por casar é mal gando de gardar.** (ms10,044r: D.E.)
 14810. **Nin moza de mesoneiro nin saco de carboeiro.** (ms10,044r: D.E.)
 14811. **Nin moza sin amor nin vello sin door.** (ms10,044r: D.E.)
 14812. **Nin moza sin espello nin vello sin consello.** (ms10,044r: D.E.)
 14813. **Non hai moza ben gardada se ela non se quer gardar.** (ms10,044r: D.E.)

MOZO. V. tamén *V. Edades, Juventud, Moza.*

14814. **A mozo galán, ter a filla da man.** (ms10,044r: D.E.)
 14815. **A mozo que roga, rógalle que faga.** (ms10,044r: D.E.)
 14816. **A mozo repostón, pau e moito legón.** (ms10,044r: D.E.)
 14817. **A recho mozo, asento cordo.** (ms10,044r: D.E.)
 14818. **De mozo rosmador, nunca bo labor.** (ms10,044r: D.E.)
 14819. **Dios te libre do mozo cando lle apunta o bozo.** (ms10,044r: D.E.)
 14820. **Gárdate do mozo que comenza a ter bozo.** (ms10,044r: D.E.)
 14821. **Mozo ben criado nin de seu fala e, preguntado, cala.** (ms10,044v: D.E.)
 14822. **Mozo de quince anos ten papo e non ten azos.** (ms10,044v: D.E.)
 14823. **Mozo parente ou mozo rogado non-o queiras de criado.** (ms10,044v: D.E.)

14824. **Mozo rosmador, pouco traballador.** (ms10,044v: *D.E.*)
14825. **Nin mozo dormidor nin gato maiador.** (ms10,044v: *D.E.*)
14826. **Nin mozo farrento nin gato cincento.** (ms10,044v: *D.E.*)
14827. **Non hai mozo enfermo nin vello sano.** (ms10,044v: *D.E.*)
14828. **Ó mozo aluceiro, amo roncheiro.** (ms10,044v: *D.E.*)
14829. **Ó mozo amañado, a muller ó lado.** (ms10,044v: *D.E.*)
14830. **Ó mozo avergonzado, o demo levouno ó pazo.** (ms10,044v: *D.E.*)
14831. **O mozo ben criado non fala máis que cando é preguntado.** (ms10,044v: *D.E.*)
14832. **O mozo bo, bo é.** (ms10,044v: *D.E.*)
14833. **O mozo enfermo, se non empiora, millora.** (ms10,044v: *D.E.*)
14834. **O mozo estrevido é da moza máis querido.** (ms10,044v: *D.E.*)
14835. **O mozo i-o galo, telo soilo un ano.** (ms10,044v: *D.E.*)
14836. **Ó mozo malo, o amo ó lado.** (ms10,044v: *D.E.*)
14837. **O mozo non ten a culpa cando a moza o busca.** (ms10,044v: *D.E.*)
14838. **Ó mozo novo dálle i-ó mozo vello dálle demos.** (ms10,044v: *D.E.*)
14839. **Ó mozo que lle sabe ben o pan é pecado o compango que lle dan.** (ms10,044v: *D.E.*)
- MUCHO.** V. tamén *Nada, Poco, Todo.*
14840. **A us moito e a outros nada.** (ms10,041r: *D.E.*)
14841. **Cando moito, moito e cando pouco, pouco.** (ms10,041r: *D.E.*)
14842. **Con un moito e dous pouquiños fanse os homes ricos.** (ms10,041r: *D.E.*)
14843. **Do moito, pouco e do pouco, nada.** (ms10,041r: *D.E.*)
14844. **Dos moitos poucos fanse os poucos moitos.** (ms10,041r: *D.E.*)
14845. **Moitos poucos fan un moito e non hai cousa pequena que seu valor non teña.** (ms10,041r: *D.E.*)
14846. **Moitos son poucos se todos foxen.** (ms10,041r: *D.E.*)
14847. **Non hai moito que abonde nin pouco que non chegue.** (ms10,041r: *D.E.*)
14848. **Non hai moito que non se acabe nin pouco que non alcance.** (ms10,041r: *D.E.*)

14849. **Non hai moito que non se gaste nin pouco que non baste.** (ms10,041r: *D.E.*)
14850. **O moito falar e o pouco saber, o moito gastar e o pouco ter, o moito presumir e o pouco valer logo botan un home a perder.** (ms10,041r: *D.E.*)
14851. **O moito ter, o moito valer e o moito poder botan ás veces un home a perder.** (ms10,041r: *D.E.*)
14852. **O moito ter, o moito valer e o moito poder botan ás veces un home a perder.** (ms10,041r: *D.E.*)
14853. **O pouco moito durou e o moito logo se acabou.** (ms10,041r: *D.E.*)

MUDANZA

14854. **A quen se muda múdase a ventura.** (ms10,044v: *D.E.*)
14855. **Moitas veces mudarse non é millorarse.** (ms10,044v: *D.E.*)

MUERTE. V. tamén *Duelo, Entierro, Sepultura.*

14856. **A millor sorte é ter unha boa morte.**⁴⁸⁴⁷ (ms10,124r: *D.E.*)
14857. **A morte a ninguén perdoa.** (ms10,041v: *D.E.*)
14858. **A morte a todos iguala.** (ms10,041v: *D.E.*)
14859. **A morte a ús dá boa i-a outros mala sorte.** (ms10,041v: *D.E.*)
14860. **A morte bárreo todo.** (ms10,041v: *D.E.*)
14861. **A morte é boa cando certamente é mala.** (ms10,041v: *D.E.*)
14862. **A morte é fonte da vida: morren us pra que outros vivan.** (ms10,041v: *D.E.*)
14863. **A morte é tan certa como a vida é incerta.** (ms10,041v: *D.E.*)
14864. **A morte non veña, que achague non faltar.** (ms10,041v: *D.E.*)
14865. **A morte por todo morde.** (ms10,041v: *D.E.*)
14866. **A morte sempre ten disculpa.** (ms10,041v: *D.E.*)
14867. **A morte todo o atalla.** (ms10,041v: *D.E.*)
14868. **A morte todo o descompón.** (ms10,041v: *D.E.*)
14869. **Á morte, estira-la pata.** (ms10,041v: *D.E.*)
14870. **A morte, nin buscala nin temela.** (ms10,041v: *D.E.*)

⁴⁸⁴⁷ En ms10 s.v. *Suerte* coa indicación *Muerte*.

14871. **Antes morrer que deixarse matar.** (ms10,041v: D.E.)
14872. **Antes morte que vergonza.** (ms10,041v: D.E.)
14873. **Ben veñas morte, si vés soila.** (ms10,043r: D.E.)
14874. **Cando menos se pensa, a morte chega.** (ms10,043r: D.E.)
14875. **Cando morras acabouse.** (ms10,041v: D.E.)
14876. **Cando se chama a morte e non vén, é que a súa razón ten.** (ms10,043r: D.E.)
14877. **Coa morte todo se esquece.** (ms10,043r: D.E.)
14878. **Coa morte todo se vai.** (ms10,043r: D.E.)
14879. **Contra a morte non hai home forte.** (ms10,043r: D.E.)
14880. **Contra a morte non hai medio pero a morte é un remedio.** (ms10,043r: D.E.)
14881. **Da morte non se escapa nin o rico nin o probe nin o rei nin o Papa.** (ms10,043r: D.E.)
14882. **Dálle tres figas á morte se mexas craro, cagas duro e peideas forte.** (ms10,043r: D.E.)
14883. **De morte é sinal o non querer sanar.** (ms10,043r: D.E.)
14884. **Déanos Dios pacencia e morte sin penitencia.** (ms10,043r: D.E.)
14885. **Dios perdoe ós mortos e con saúde os enterremos.** (ms10,043v: D.E.)
14886. **Dispois de morrer, campanas por gaitas.** (ms10,041v: D.E.)
14887. **En morréndose un, acabouse todo pra el.** (ms10,041v: D.E.)
14888. **Estáse a vella a morrer e inda está pra adeprender.** (ms10,041v: D.E.)
14889. **Hastra a morte tente forte.** (ms10,043r: D.E.)
14890. **Hastra a morte todo é vida.** (ms10,043r: D.E.)
14891. **Hastra a morte, pé forte.** (ms10,043r: D.E.)
14892. **Máis te quero ver morto que torto.** (ms10,043v: D.E.)
14893. **Mala morte mate á morte.** (ms10,043r: D.E.)
14894. **Morre o rei e morre o Papa e de morrer ninguén se escapa.** (ms10,041v: D.E.)
14895. **Morte de pai casa non desfai pero si morte de nai.** (ms10,043r: D.E.)
14896. **Morte de sogra e door de nora, máis por dentro que por fóra.** (ms10,043r: D.E.)
14897. **Morte e venda, desfai renda.** (ms10,043r: D.E.)
14898. **Morte non veña que achague non teña.** (ms10,043r: D.E.)
14899. **Morto como me ves, eu xa fun o que ti es e ti serás o que eu son, queiras ou non.** (ms10,043v: D.E.)
14900. **Morto non haxa, que achague non falla.** (ms10,043v: D.E.)
14901. **Ninguén morre hastra que Dios quer.** (ms10,041v: D.E.)
14902. **Ninguén morre tan probe que máis probe non nacece.** (ms10,041v: D.E.)
14903. **Ninguén se morre dúas veces.** (ms10,041v: D.E.)
14904. **Ninguén se morre hastra que Dios quer.** (ms10,041v: D.E.)
14905. **Non é mala morte cando fai o que debe o que morre.** (ms10,043r: D.E.)
14906. **Non é o mesmo morrer que ver morrer.** (ms10,041v: D.E.)
14907. **Non hai como morrer pra conocer a morte.** (ms10,041v: D.E.)
14908. **Non hai como morrer pra que gaben a un.** (ms10,041v: D.E.)
14909. **Non se me dá nada que, en morrendo, todo se acaba.** (ms10,041v: D.E.)
14910. **Non se morre máis que unha vez.** (ms10,041v: D.E.)
14911. **Non veña a morte, que achague non ha de faltar.** (ms10,043r: D.E.)
14912. **Nunca millor morre o home que cando máis quer vivir.** (ms10,041v: D.E.)
14913. **Ó cabo morrer e a chave na porta.** (ms10,041v: D.E.)
14914. **O morto apodrece i-o orfo crece.** (ms10,043v: D.E.)
14915. **O morto i-o ausente non son xente.** (ms10,043v: D.E.)
14916. **O morto quer a mortalla e o vivo quer faramalla.** (ms10,043v: D.E.)
14917. **O morto, no cimiterio; i-o vivo, no candieiro.** (ms10,043v: D.E.)
14918. **Ó que ha morrer ás escuras non lle importa ser cereiro.** (ms10,041v: D.E.)
14919. **O que ha morrer ás escuras pra nada quer o candil.** (ms10,041v: D.E.)
14920. **O que morrer quere, révese na morte.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
14921. **O que se morre entérrano.** (ms10,041v: D.E.)

14922. **O que vive probe e morre rico é ben borrico.** (ms10,041v: *D.E.*)
14923. **Onde hai morte hai mala sorte.** (ms10,043r: *D.E.*)
14924. **Onde hai morte non hai boa sorte.** (ms10,043r: *D.E.*)
14925. **Os mortos abren os ollos ós vivos.** (ms10,043v: *D.E.*)
14926. **Os mortos non se queren levantar pra que non lle collan o seu lugar.** (ms10,043v: *D.E.*)
14927. **Os mortos non se queren levantar pra que non-os volvan a enterrar.** (ms10,043v: *D.E.*)
14928. **Os mortos non teñen medo ós vivos.** (ms10,043v: *D.E.*)
14929. **Os mortos son os que dan consellos ós vivos.** (ms10,043v: *D.E.*)
14930. **Prá morte non hai remedio cando veña senón estarricar a perna.** (ms10,043r: *D.E.*)
14931. **Pra sacar da súa casa un morto fan falla, o menos, catro homes.** (ms10,043v: *D.E.*)
14932. **Que morrer hemos, ben o sabemos.** (ms10,041v: *D.E.*)
14933. **Que non morran as vacas, que os homes hainos a manadas.** (ms10,041v: *D.E.*)
14934. **Queiramos ou non queiramos, pra morrer nacemos.** (ms10,041v: *D.E.*)
14935. **Quen a morte de outro agarda, longa corda desata.** (ms10,043r: *D.E.*)
14936. **Quen máis non pode, morrer se deixa.** (ms10,041v: *D.E.*)
14937. **Quen non teme a morte, non disfróita da vida.** (ms10,043r: *D.E.*)
14938. **Se morremos, pra eso nacemos.** (ms10,041v: *D.E.*)
14939. **Tanto morre o Papa como quen non ten capa.** (ms10,041v: *D.E.*)
14940. **Todo ten remedio menos a morte.** (ms10,043r: *D.E.*)
14941. **Unha boa morte é a millor sorte.** (ms10,043r: *D.E.*)
14942. **Val máis deixar na morte ó enemigo que pedir na vida ó amigo.** ⁴⁸⁴⁸ (ms10,043r: *D.E.*)
14943. **Val máis morte calada que púbrica desventura.** (ms10,043r: *D.E.*)
- MUJER.** V. tamén *Hombre, Manzana, Matrimonio, Moza, Partos, Preñez, Varón, Viúda.*
14944. **A beleza da muller encóntrala na conduta e non en seu rostro.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
14945. **A blancura sete faltas disimula.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
14946. **A boa moza busca co traxe de cada día, non-a busques co traxe da romería.** (ms: Baralla)
14947. **A boa muller a casa sábea encher.** (ms10,045r: *D.E.*)
14948. **A boa muller de tarde en tarde na rúa déixase ver.** (ms10,045r: *D.E.*)
14949. **A boa muller, sin fama, nin boa nin mala.** (ms10,045r: *D.E.*)
14950. **A boa vara búscase na abraira, a costela na ramalla, i-a boa moza, pola semana; ó domingo vai á misa e calquer moza se lava.** ⁴⁸⁴⁹ (ms: Cervantes)
14951. **A boa vida fai a nena garrida.** (ms: A.N.)
14952. **A bonitura está nos ollos de quen a mira.** (ms: Antas)
Var.: *A beleza está nos ollos de quen-a mira.*
(es) *La hermosura de los ojos no pasa, el donaire se entra hasta el alma.* (R. Marín)
(va) *La hermosura está en los ulls de qui la mira.* (Alberola)
14953. **A bonitura sete faltas disimula.** (ms: Esteban Patiño Pérez / ms21,20v: Bermés)
Var.: *A gordura sete faltas disimula.* (J.T.) / *Bonitura, sete faltas disimula.* (F.V.S.)
(pt) *A gordura é capa de defeitos.* (Chaves)
/ *Dá-me gordura, dar-te-ei formosura.* (Id.)
/ *Gordura é formosura.* (Id.) (es) *Dame gordura y darette hermosura.* (Sbarbi)
14954. **A burra i-a muller, a paus hainas que tanguer.** ⁴⁸⁵⁰ (ms15,17)
14955. **A cabra que tira ó monte, non hai cabreiro que a garde; e á muller que sale mala, nin reñerlle nin pegarlle.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14956. **A casa, a cama i-a muller, canto mellor poida ser.** ⁴⁸⁵¹ (mc: M.L.)

⁴⁸⁴⁸ O orixinal di: *Val máis deixar deixar na morte ó enemigo que pedir na vida ó amigo.*

⁴⁸⁴⁹ O orixinal di: *A boa vara búscase na abraira: a costela, na ramalla y a boa moza pol-a semana: o domingo vai á misa e calquer moza se lava.*

⁴⁸⁵⁰ O orixinal di: *A burra y-a muller, a paus hay nas que tanguer.*

⁴⁸⁵¹ ms4: millor.

14957. **A dama, ó desdén, ó galán parece ben.** (mc: M.V.)
(es) *Las damas al desdén, parecen bien.* (Sbarbi)
Sin afeites ni adornos exagerados, que nunca podrán suplir las gracias de la naturaleza.
14958. **A dona na casa, o marido no traballo.** (mc: C.A. / ms: A.C.)
(pt) *O homem na praça e a mulher em casa.* (Chaves) (es) *La mujer, en su hogar; el marido, en su trabajar.* (R. Marín) / *La mujer en casa y el hombre en la arada.* (Id.) / *La mujer en casa y el hombre en la plaza.* (Id.) / *La casa es de la mujer, y la calle, del hombre.* (Id.)
14959. **A dona que moito se zarandea, si solteira está, solteira se queda.** (mc: Palas de Rey / ms4: F.V.S.)
14960. **A escopeta, a muller i-a navalla non se poden emprestar.**⁴⁸⁵² (mc: Buciños)
14961. **A facenda da muller sempre está feita e sempre por facer.** (ms10,045r: D.E.)
14962. **A fermosura cómea a terra.**⁴⁸⁵³ (ms: G.P. / mc: A.S.A. / ms4: J.P. / ms18,68r: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))
(pt) *A beleza depressa acaba.* (Chaves) (es) *La hermosura poco dura.* (R. Marín) / *La gracia pasa y la vejez llega fea y arrugada.* (R. Marín) (va) *La hermosura prest s'en va, no la falta que fa.* (Alberola)
ms10,019r: D.E.
14963. **A fermosura pouco dura.** (ms: G.P.)
14964. **A mitá da moza está na tenda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
14965. **A mona, aínda que se vista de seda, mona se queda.** (ms: Antonio López Quintáns)
Var.: *Inda que a mona se vista de seda, se mona é, mona se queda.* (A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Ainda que vistas a mona de seda, mona se queda.* (Chaves) (es) *Aunque la mona se vista de seda, mona se queda.* (Correas)
14966. **A mona, anque se vista de seda, mona se queda.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
14967. **A moza máis ensinada non é a máis honrada.** (ms10,049r: Golada)
Ensinada = *Exhibida*.
14968. **A moza ó desdén sempre dixo ben.** (mc)
- (pt) *As damas ao desdem, parecem bem.* (Chaves) (es) *La mujer hermosa al desdén se toca.* (Correas) / *Las damas al desdén parecen bien.* (Sbarbi)
Véase *A dama ó desdén...*
14969. **A mula e a muller ten doce ideas no día.** (ms8,38v: Lugo)
14970. **Á muller afeitada víralle a cara.** (ms10,045r: D.E.)
14971. **A muller aguda co seu home se escuda.** (ms10,045r: D.E.)
14972. **A muller algabeira nunca fai larga tela.**⁴⁸⁵⁴ (mc: Chantada)
14973. **A muller algareira nunca fai larga tela.**⁴⁸⁵⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14974. **A muller aliñada antes de se vestir fai a cama.** (ms10,045r: D.E.)
14975. **A muller apurada, ou puta ou ladra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
14976. **A muller aseada, o berce feito i-ela peiteada tan logo está levantada.** (ms10,045r: D.E.)
14977. **A muller barbada unha fai e outra garda.** (ms10,045r: D.E.)
14978. **A muller barbuda de lexos se saluda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14979. **A muller barbuda, de lonxe a saluda.** (mc: Buciños)
(pt) *Mulher barbuda, de longe a saúda.* (Chaves) (es) *A la mujer barbuda, de lejos me la saluda.* (Sbarbi) / *A la mujer barbuda, de lejos me la saluda, con tres piedras que no con una.* (Id.) / Véase *A mujer bigotuda...*
Como *A muller bigotuda...* Suelen tener carácter hombruno y ser por tanto, amigas de mandar y sopapear al marido. (Sbarbi)
14980. **A muller barbuda, de lonxe saluda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
14981. **A muller ben arreglada ben parece.** (mc: Tuiriz, Monforte)
14982. **Á muller bigotuda de lonxe se lle saluda.**⁴⁸⁵⁶ (mc: C.A.-*A Nosa Terra*)
(es) *A la mujer bigotuda, de lejos la saluda.* (R. Marín) (ct) *A dòna barbuda, la llum la saluda.* (Alberola)

⁴⁸⁵² ms: *a navalla d'afeitar*.

⁴⁸⁵³ mc, ms4 e ms18,68r: *hermosura*. En ms10 s.v. *Hermosura*.

⁴⁸⁵⁴ O orixinal di *algaveira*.

⁴⁸⁵⁵ O orixinal di *A muller algareira nunca fai larga tela*.

⁴⁸⁵⁶ ms4: *se lle sauda*.

Porque, como nota Sbarbi, suelen tener carácter hombruno y ser, por tanto, *amigas de mandar y sopapear al marido*.

14983. **A muller boa é a que non soa.** (ms10,045r: D.E.)

14984. **Á muller brava bótalle a sogá larga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

14985. **A muller brava, botarlle a sogá larga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

14986. **A muller brava, corda larga.** (mc: A.N.)
(pt) *A mulher brava, corda* (ou *sogra*) *larga*. (Chaves) (es) *A la mujer brava, dalle la sogá larga*. (Sbarbi) (ct) *A dòna brava, còda llarga*. (Alberola)
Recomienda que se espere ocasión propicia para corregirla de sus defectos.

14987. **A muller casada e honrada a perna crebada pra que non salga da casa.** (ms10,045r: D.E.)

14988. **A muller casada non viva descoidada.** (ms10,045r: D.E.)

14989. **A muller casada nunca noivo lle falta.** (ms10,045r: D.E.)

14990. **A muller caseira e non paroleira.** (ms10,045r: D.E.)

14991. **A muller co bo marido crece como o ovo batido.** (ms10,045r: D.E.)

14992. **A muller co seu home ben está anque sea no monte.** (ms10,045r: D.E.)

14993. **A muller co seu marido debaixo dunha pena fai abrigo.** ⁴⁸⁵⁷ (mc: Buciños)
Var.: *Muller composta saca a outra da porta*. (F.V.S.)
(es) *La mujer con su marido, en el campo encuentra abrigo*. (Sbarbi)

14994. **A muller co seu marido na terra ten abrigo.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

14995. **A muller, com'a ovella, con sol prá cortella.** (ms-LU: Trini Figueiras: Toiriz, Pantón, LU. Convento Las Córneas, San Salvador de Asma, Chantada)

14996. **A muller compároa co sello da carta, que si non lle pegan, non vai onde a mandan.** (ms8,17r: Silvarrey)

14997. **A muller composta quita o home doutra porta.** ⁴⁸⁵⁸ (mc: M.L. / ms4: F.V.S. / ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

(pt) *Mulher composta seu marido tira doutra porta*. (Chaves) (es) *La mujer*

compuesta a su marido quita de puerta ajena. (Correas)

14998. **A muller con bigote non necesita dote.** (mc: Buciños)

(pt) *Mulher de bigode pode mais que o homem*. (Chaves) (es) *Mujer de bigote no necesita dote*. (Sbarbi)

Les atribuye cualidades excepcionales de trabajo, que suplen la dote.

14999. **A muller chora cos ollos e ríe co corazón.** (mc: Tuiriz, Monforte)

15000. **A muller de apurada, puta ou ladra.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

15001. **A muller de bo aliño, cría, fía, devana e vende o liño.** (ms10,045r: D.E.)

15002. **A muller de bo recaudo enche a casa hastra o tellado.** (ms10,045r: D.E.)

15003. **A muller de Papalanatas non ten sorte ca manteiga.** ⁴⁸⁵⁹ (mc: S.P.P.-Ultreya)

Papalanatas juega con el concepto de comer la nata, por lo que necesariamente ha de ser mala la manteca.

15004. **A muller descaseirada non fai boa casada.** (ms10,045r: D.E.)

15005. **A muller do cego, ¿pra quen se compón?** (mc: C.A.)

(pt) *Mulher de cego para quem se enfeita?* (Chaves) (es) *La mujer del ciego, ¿para quién se afeita?* (Correas)

15006. **A muller do maragato leva un zoco i-un zapato.** ⁴⁸⁶⁰ (mc: Buciños)

15007. **A muller do viñadeiro, gran outono e mal inverno.** (mc: J.P.)

(es) *La mujer del viñadero, buen otoño y mal invierno*. (Sbarbi)

Porque en el otoño saca el viñadero sus principales ingresos.

15008. **A muller do xogador, nunca te alegres: si unhas veces ganas, outras perdes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15009. **A muller do xugador nunca s'alegra, que s'hoxe o gana, mañá cho perde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15010. **A muller e a abella, con día á cortella.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)

15011. **A muller e a burra con paus se cura.** (mc: Camba)

⁴⁸⁵⁷ ms: *d'unha*.

⁴⁸⁵⁸ ms-SA: *da outra*.

⁴⁸⁵⁹ ms4: *coa manteiga*.

⁴⁸⁶⁰ ms: *y un zapato*.

- (pt) *A mulher e a mula o pau as cura. / A mula e a mulher, com pau se quer.* (Chaves) (es) *El asno y la mujer, a palos se han de vencer.* (Correas) (ct) *Al ase y mala muller, bastonaes ho han de fer.* (Alberola)
15012. **A muller e a cabra é mala sendo fraca.** (ms10,045v: D.E.)
15013. **Á muller e á cabra non lle dés corda larga.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez / ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
15014. **A muller e a cabra, a pata quebrada.**⁴⁸⁶¹ (mc: M.V. / ms21,26v: Bermés)
15015. **A muller e a cabra, corda larga.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(es) *A la mujer y a la cabra, la sogá larga; pero no tan larga, que se pierdan la mujer y la cabra.* (R. Marín) / *A la mujer y a la cabra, sogá larga.* (R. Marín) / *A la mujer y a la cabra, la sogá ni corta ni larga; ni tan corta que se rompa, nin tan larga que se pierdan la mujer y la cabra.* (Id.)
15016. **A muller é a cesta e o home o angazo; si a cesta é rota, todo perdido.**⁴⁸⁶² (mc: Buciños)
Queda explicación en otro análogo.
15017. **A muller é a cesta i-o home é o angazo; s'a cesta é rota, todo perdido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15018. **A muller é a cesta i-o home o angazo.**⁴⁸⁶³ (mc: Orbazay, Lugo)
El hombre (angazo) arrastra hacia casa con su trabajo; pero es necesario guardar el fruto conseguido con una buena administración. (mc e ms) pero hace falta una mujer (cesta) que guarde lo conseguido por el marido, con su buena administración. (ms)
15019. **A muller e a esca, na faltriqueira.** (ms10,045v: D.E.)
15020. **A muller e a galiña pequeniña.** (ms10,045v: D.E.)
15021. **A muller e a galiña por andar pérdense axiña.** (ms10,045v: D.E.)
15022. **A muller e a galiña, hast'a a casa da veciña.**⁴⁸⁶⁴ (mc: J.P.)
- (pt) *A mulher e a galinha, até casa da vizinha.* (Chaves) (es) *La mujer y la gallina, hasta la casa de la vecina.* (Sbarbi)
15023. **Á muller e á galiña, tórcele o pescozo verás como queda mansiña.** (ms10,045v: D.E.)
15024. **A muller e a gata, de quen a trata.**⁴⁸⁶⁵ (mc: A.I.)
(es) *La mujer y la gata son de quien las trata.* (R. Marín)
Ambas se acostumbran al trato continuado con la persona a cuyo lado están, y a la que llegan a tomar cariño.
15025. **A muller e a laranxa non se han apretar moito porque amargan.** (ms10,045v: D.E.)
15026. **A muller e a loba, do máis feo s'enamora.**⁴⁸⁶⁶ (mc: A.S.A.)
(es) *La mujer y la loba, de lo más feo se enamoran.* (R. Marín) / *La mujer y la loba, iguales en el escoger.* (Correas) / *La mujer es como la loba en el escoger.* (Id.)
15027. **A muller é a mitá do home.** (ms10,045r: D.E.)
15028. **A muller e a moeda non gusta de estar queda.** (ms10,045v: D.E.)
15029. **A muller e a mula, cada día súa tunda; e o que así non fixere, nin terá boa mula nin boa mullere.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15030. **A muller e a mula, pola boca a hermosura.**⁴⁸⁶⁷ (mc: A.I.)
(es) *A la mujer y al caballo y a la mula, por el pico les entra la hermosura.* (Correas)
15031. **Á muller e á mula pola boca lle entra a fermosura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15032. **A muller e a ourella, con día á cortella.**⁴⁸⁶⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms21,12v: Bermés)
15033. **A muller e a ovela, con día pó cortello.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
15034. **A muller e a ovela, con día prá cortella.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

⁴⁸⁶¹ ms21,26v: *querbada*.

⁴⁸⁶² ms: *y o home, s'a cesta*.

⁴⁸⁶³ ms: *y o home*.

⁴⁸⁶⁴ mc: *hastra a casa da veciña*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *hast'a casa d'a veciña*.

⁴⁸⁶⁵ ms e ms4: *e de quen*.

⁴⁸⁶⁶ ms: *y-a loba*.

⁴⁸⁶⁷ mc: *pol-a*.

⁴⁸⁶⁸ ms21,12v: *y'a ovela*.

15035. **A muller é a primeira leira que o
labrador casado ve pola mañán.** ⁴⁸⁶⁹ (mc,
ms3 e ms4: M.V.)
15036. **A muller e a sardiña, na cociña.**
(ms10,045v: D.E.)
15037. **A muller e a sardiña, pequeniña i-
escanchadiña.** (ms10,045v: D.E.)
15038. **A muller e a sartén na casa están ben.**
(ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
15039. **A muller e a sartén na casa están
ben.** (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira,
PO)
15040. **A muller e a sartén na cociña están
moi ben.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San
Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)
15041. **Á muller e á sogra, dálle corda.**
(ms10,045v: D.E.)
15042. **A muller e a tea quéroa á lus da
candea.** (ms10,045v: D.E.)
15043. **A muller e a viña dan ó home alegría.**
(ms10,045v: D.E.)
15044. **A muller é antoxadiza e a cabra é
espantadiza.** (ms10,045r: D.E.)
15045. **A muller e mailo can non traban
cando lles dan.** (mc: C.A.)
Táchalos de interesados.
15046. **A muller e mais a ovella, anoitecer á
cortella.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo,
Coristanco, C (5º curso))
15047. **A muller e mais o can non ladran.** ⁴⁸⁷⁰
(ms18,68v: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho
(1888))
15048. **A muller é millor levatala do
paritorio que non da cinza.** (ms10,050r:
Silvarrei)
Porque si hay que levantarla de la ceniza, es
señal de que es vieja y no sale de junto al
fuego; en cambio, si da a luz, es joven.
15049. **A muller e o can, o pau nunha man e
noutra o pan.** (ms10,045v: D.E.)
15050. **Á muller e ó cristal non lle dar.**
(ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La
Coruña)
15051. **A muller e o home honrado, polo
camiño do carro.** (mc: M.V. / ms2: Jesús Mª
Antelo Fraga)
15052. **A muller e o muíño queren uso
continuo.** (ms10,045v: D.E.)
15053. **A muller e o neno soilo calan o que
non souperon.** (ms10,045v: D.E.)
15054. **A muller e o ouro pódeno todo.**
(ms10,045v: D.E.)
15055. **Á muller e ó papel todo lle has de ver.**
(ms10,045v: D.E.)
15056. **A muller e o raposo, se perden a
mañán, perden o día todo.** (ms10,045v: D.E.)
15057. **Á muller e ó souto abóndalles cun
dono.** (ms10,045v: D.E.)
15058. **A muller e o vento cambian no
momento.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)
15059. **A muller e o viño sacan o home de
tino.** (mc: Meilán, Lugo)
(pt) *A mulher e o vinho, tiram o homem do
seu juízo.* (Chaves) / *Três coisas mudam o
homem: a mulher, o estudo e o vinho.* (Id.) /
A mulher e o vinho fazem errar o caminho.
(Id.) / *A mulher e o vinho enganam o mais
fino.* (Id.) (es) *La mujer y el vino sacan al
hombre de tino.* (Correas / ms: Alberola)
⁴⁸⁷¹
15060. **A muller fai como a pita: despois que
escapa, se anica.** (mc / ms4: F.V.S.)
15061. **A muller fai o home.** (ms10,045v: D.E.)
15062. **A muller falar i-a burra ornear, o
demo llo debeu de ensinar.** ⁴⁸⁷² (mc:
Buciños / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
15063. **A muller fermosa quítalle o nome ó
seu home.** (ms10,045v: D.E.)
15064. **Á muller festeira créballe a perna.**
(ms10,045v: D.E.)
15065. **A muller fia e o can garda a casa.** (ms-
LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15066. **A muller fiadora deixa a tarasca na
molla.** (mc: Taboada-F.V.S.)
Tarasca llaman en la comarca de Taboada a
la broza que deja el lino y hay que quitarla
cuando se hila.
15067. **A muller gamberneira, de festa en
festa e de feira en feira.** (ms10,045v: D.E.)
15068. **A muller gobernadora a súa casa
honra.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
15069. **A muller ha de falar cando a galiña
queira mexar.** (ms10,045v: D.E.)
15070. **A muller honesta, cando fai algo na
casa está na súa festa.** (ms10,045v: D.E.)

⁴⁸⁶⁹ mc: *que o casado.*

⁴⁸⁷⁰ A lectura do texto que falta é difícil: parece dicir *do
citourarán* [sic] pero o *do* non está claro e o resto podería
ser *estourarán*.

⁴⁸⁷¹ Alberola non recolle este refrán.

⁴⁸⁷² ms: *y a burra, d'enseñar*; ms-LU: *debeo*.

15071. **A muller honrada, coa porta pechada.** (ms10,045v: D.E.)
15072. **A muller honrada, de todos é amada.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
15073. **A muller i-a gadaña, según saia.** ⁴⁸⁷³ (mc: Layosa, Incio / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
15074. **A muller i-a galiña, á casa con día.** (mc: M.L.)
(pt) *A mulher e a galinha, com o sol recolhida.* (Chaves)
Destaca los riesgos a que se exponen fuera de casa, sobre todo después de la puesta de sol.
15075. **A muller i-a galiña, sempre en casa da veciña.** (ms10,049r: Trives)
15076. **A muller i-a mula pola boca ll'entra a hermosura.** ⁴⁸⁷⁴ (ms18,70r: A.S.A.)
15077. **A muller i-a mula, cada día unha tunda.** ⁴⁸⁷⁵ (mc: Bucínos / ms2: S. Victorio de R. de Miño)
(pt) *A mulher e a mula o pau as cura.* (Chaves) / *A mula e a mulher, com pau se quer.* (Id.) (es) *La mujer y la mula, nunca salgan con la suya.* (R. Marín) / *La mujer y el asno se enderezan a palos.* (Id.) / *La mula y la mujer a palos se han de vencer.* (Id.)
Más exigente aún que *A muller e a burra, con paus se cura* que dejamos atrás.
15078. **A muller i-a ovella, antes da noite á cortella.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15079. **A muller i-a ovella, con día na cortella.** ⁴⁸⁷⁶ (mc: M.V. / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
(pt) *A mulher e a ovelha, com sol à cortella.* (Chaves) (es) *A la mujer y a la oveja, temprano la encierra.* (R. Marín) / *La mujer y la oveja, temprano a casa.* (Id.) / *La mujer y la oveja, a casa antes que anochezca.* (Id.)
Como *A muller i-a galiña, á casa con día.*
15080. **A muller i-a ovella, con día prá cortella.** ⁴⁸⁷⁷ (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)
15081. **A muller i-a ovella, con sol na cortella.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15082. **Á muller i-á parra recáchaselle a falda.** ⁴⁸⁷⁸ (ms: Leite de Vasconcellos)
15083. **A muller i-a pineira van pr'onde as levan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
15084. **A muller i-a roca, manda na pota.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
15085. **A muller i-a sartén na cociña están ben.** ⁴⁸⁷⁹ (ms15,02: La Coruña / ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / ms10,045v: D.E.)
15086. **A muller i-a troita préndense pola boca.** ⁴⁸⁸⁰ (ms21,01v: Bermés)
15087. **A muller i-o bisté, canto máis se maza, millor é.** ⁴⁸⁸¹ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
(pt) *A mulher e a mula o pau as cura.* (Chaves) / *A mula e a mulher, com pau se quer.* (Chaves) (ct) *Al ase y mala muller, bastonaes ho han de fer.* (Alberola)
15088. **A muller i-o can é según o afán.** (mc: S. Victorio de R. de Miño / ms4: F.V.S.)
15089. **A muller lambeteira non ten sorte ca manteiga.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
15090. **A muller latriqueira non hai quen a queira.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
15091. **A muller lavandeira que molla a dianteira, o marido toma boas borracheiras.** (ms8,08r: La Cañiza)
15092. **A muller lixeira é a carga máis pesada.** (mc: Carballido / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *No hay carga tan pesada como la mujer liviana.* (Sbarbi)
15093. **Á muller loca agrádalle máis o pandeiro que a toca.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
15094. **A muller máis asisada ou sabe moito ou non sabe nada.** (ms10,045v: D.E.)
15095. **A muller mala non enfadala.** (ms10,045v: D.E.)
15096. **A muller moza e viúda soila pouco dura.** (ms10,045v: D.E.)

⁴⁸⁷³ ms-LU: *gadaña salia.*

⁴⁸⁷⁴ O orixinal di: *A muller y-a mula, pol-a boca ll'entra a hermosura.*

⁴⁸⁷⁵ ms: *y a.*

⁴⁸⁷⁶ ms-SA: *e a.*

⁴⁸⁷⁷ O orixinal di: *A muller y a ovella, con día pra cortella.*

⁴⁸⁷⁸ O orixinal di: *A muller y a parra, recáchaselle a falda.*

⁴⁸⁷⁹ ms-SA (Manuel L.): *e a.* En ms10 s.v. *Mujer.*

⁴⁸⁸⁰ O orixinal di: *A muller y'a troita préndense po'la boca.*

⁴⁸⁸¹ ms-LU: *moller se mazan.*

15097. **A muller na cama i-a querida na lama.**⁴⁸⁸² (ms4: Orense-F.V.S.)
15098. **A muller na casa e o home na arada.** (ms10,045v: D.E.)
15099. **A muller na súa casa nada lle pasa.** (ms10,045v: D.E.)
15100. **A muller na ventana máis perde que gana.** (mc: Incio-F.V.S.)
(pt) *Mulher janeleira, raras vezes encarreira.* (Chaves) (es) *Mujer ventanera, uva de calle.* (Sbarbi)
15101. **A muller na ventana, máis perde que ghana.**⁴⁸⁸³ (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
15102. **A muller non dala a ver.** (ms10,045v: D.E.)
15103. **A muller ó domingo e o millo co rocío.** (mc: R. Caruncho D. Avisos)
Están máis vistosos, la primera con el vestido dominguero, y le segundo con el rocío, que realza su lozanía.
15104. **A muller pequeniña sempre é mociña.** (ms10,046r: D.E.)
15105. **A muller polida, a casa lixosa e a porta barrida.** (ms10,046r: D.E.)
15106. **A muller por moito que a garden non está millor gardada.** (ms10,046r: D.E.)
15107. **A muller preguiceira leva a roca prá feira.** (mc: Samos)
15108. **A muller priguiceira a súa casa queima.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
15109. **A muller prosmeira leva a roca á feira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pobra do Brollón, LU)
15110. **A muller qu'asubía e a galiña que canta como capón, na miña casa non.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15111. **A muller que a dous noivos quer ben, lévena os diaños, amén.** (ms10,046r: D.E.)
15112. **A muller que a seu home queira ter gordinho, despois que coma o caldo dealle un gotiño.** (ms10,046r: D.E.)
15113. **A muller que a súa casa ben axeita, boas pitas deita.** (mc: Incio / ms4: F.V.S.)
15114. **A muller que a súa casa ben goberna, aforra boas fanegas.** (mc: Incio / ms4: F.V.S.)
- Destacan los dos últimos, lo que gana una casa con la buena administración de la mujer.
15115. **A muller que ama o home, hasta en botar as fabas ó pote se conoce.** (ms9,16r: Verín)
15116. **A muller que asubía i-as mulas que fan "gin" douchas pra ti.**⁴⁸⁸⁴ (mc: M. Barreiro Somoza, Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
Tiene multitud de variantes y correspondencias en las paremiologías peninsulares.
15117. **A muller que come a nata non ten sorte ca manteiga.** (ms21,14v: Bermés)
15118. **A muller que come a nata non ten sorte na manteiga.**⁴⁸⁸⁵ (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
Como *A muller de Papalanatas...*
15119. **A muller que cría do seu seo é máis nai que a que dá o fillo a peito alleo.** (ms10,046r: D.E.)
15120. **A muller que de homes fai caso, élle un atraso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15121. **A muller que é boa casada, co seu marido lle basta.** (mc: C.A.)
Var.: *A muller que é boa casada, co seu home ten abondo.* (ms4)
(pt) *A mulher casada, o marido lhe basta.* (Chaves) (es) *La mujer casada, el marido le basta.* (Sbarbi)
15122. **A muller que é coidadosa, deixa a gaita e colle a roca.**⁴⁸⁸⁶ (mc: A.I. / ms18,70r: A.S.A.)
15123. **A muller que en alto fía, o fuso lle cai e o cu lle asubía.**⁴⁸⁸⁷ (mc: M.V.)
15124. **A muller que encante i-o home que espante.** (ms10,050r: Sober)
15125. **A muller que fía de pé nunca boa é.** (mc: José Vilas A., Santiago)
15126. **A muller que governe a casa e o home a arada.** (ms10,046r: D.E.)
15127. **A muller que máis sabe máis precisa que a garden.** (ms10,046r: D.E.)
15128. **A muller que moi ruín sea, dúas tundas: unha pra que Dios veña a vela,**

⁴⁸⁸² O orixinal di: *A muller n'a cama y-a querida na lama.*

⁴⁸⁸³ O orixinal di: *A muller na ventana mais perde que jana.* / ms-SA (José M. G.): *qua jana.*

⁴⁸⁸⁴ ms: *y as mulas que fan gi.*

⁴⁸⁸⁵ ms4: *suerte.*

⁴⁸⁸⁶ ms18,70r: *qu'é coidadosa.*

⁴⁸⁸⁷ ms: *ll'asubía.*

- outra pra que a ver a Dios vaia ela. (mc: M.V.)
15129. **A muller que moito fala, no mellor desbarra.**⁴⁸⁸⁸ (mc: Santiago / ms: M. Troitiño Espiño)
15130. **A muller que moito se mira á cara pouco atende á casa.** (ms10,046r: D.E.)
15131. **A muller que moito se pasea non tece a súa tea.** (ms10,046r: D.E.)
15132. **Á muller que non ha ser tola búlanlle as maus e cáelle a boca.** (ms10,046r: D.E.)
15133. **A muller que non sabe a doutrina, ten a culpa o home porque non lla insina.** (mc: Tuiriz, Monforte)
15134. **A muller que non sabe cociñar é coma gata que non sabe ratear.** (ms10,046r: D.E.)
15135. **A muller que non ten home, no regazo come.** (mc: M.V.)
15136. **A muller que non ten que facer, que quite as medias e as volva poñer.**⁴⁸⁸⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
Para ocuparse en algo, pues la ociosidad es madre de todos los vicios.
15137. **A muller que ós homes fai caso, élle un atraso.** (mc: Tuiriz, Monforte)
15138. **A muller que peg'ó home, fai ben, se pode.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15139. **A muller que pega ao home fai ben, xa que pode.**⁴⁸⁹⁰ (mc: Buciños / ms4: A.N.)
Var.: *A muller que pega ó home, fai ben xa que pode; i-o home que tal consente, merece que o tundan sempre.* (Buciños / ms4: F.V.S.) / *A muller que tunde ó home, fai ben se pode; i-ó home que tal consente, chámolle burro sempre.* (Otero de Rey) / *A muller que lle pega ó home fai ben si pode.*
Lo aplaude también una canción popular: *A muller pegoulle ó home / coas varas de un argadelo, / que lle pegue ó seu marido, / xa que pode, está ben feito.*
15140. **A muller que pouco fia sempre trai ruín camisa.** (ms10,046r: D.E.)
15141. **A muller que pouco fia, sempre ten mala camisa.** (mc: Carballo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Mulher que pouco fia, sempre faz ruim camisa.* (Chaves) (es) *La mujer que poco hila, siempre trae mala camisa.* (Sbarbi) /
- Mujer que hila, larga trae la camisa.* (R. Marín) / Contrario a los anteriores: *La mujer que hila tiene una sola camisa y dos la que nunca hiló.* (Id.)
La pereza en el trabajo, se refleja frecuentemente en el descuido del vestido.
15142. **A muller que se casa pola riqueza, ten mui pouca destreza.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(ct) *Casament per interés, may acertat es.* (Alberola)
15143. **A muller que se casa pola riqueza, ten pouca destreza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15144. **A muller que silba e fia de pé, nunca boa é.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
15145. **A muller que ten home, non diga que é pobre.** (ms21,14v: Bermés)
15146. **A muller que ten un home bon e o perde, inda gana.** (mc)
Matraca de las mujeres para resarcirse de lo mucho malo que se dice de ellas.
15147. **Á muller rosmona lle non dar fala.** (ms18,18r)
15148. **Á muller rosmona non lle dar fala.**⁴⁸⁹¹ (mc: Chantada / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
15149. **A muller salameira é mui meiga.** (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
15150. **A muller sempre algo ha querer.** (ms10,046r: D.E.)
15151. **A muller sempre erra no escoller.** (ms10,046r: D.E.)
15152. **A muller sin home no regazo come.**⁴⁸⁹² (ms21,26v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms18,68r: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))
15153. **A muller sin mestre sabe mintir e chorar.** (ms10,046r: D.E.)
15154. **A muller soilo manda na cociña.** (ms10,046r: D.E.)
15155. **A muller tola i-a camisa rota logo saen á porta.** (ms10,046r: D.E.)
15156. **A muller tola, home de pau.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
15157. **A muller vella debe ir cedo prá cortella.** (ms: Santiago)
15158. **A muller ventaneira busca quen barata a queira.** (ms10,046r: D.E.)

⁴⁸⁸⁸ V. *Muller que moito fala, ó millor desbarra en Cautela en el hablar.*

⁴⁸⁸⁹ ms4: *volva a poñer.*

⁴⁸⁹⁰ ms4: *ó home.*

⁴⁸⁹¹ ms4: *lle non dar.*

⁴⁸⁹² ms-LU: *no gazo come.*

15159. **A muller viúda non ten quen a sacuda.** (ms10,046r: *D.E.*)
15160. **A muller, a cabra i-a burra, a máis cabezuda.** (mc: Tuiriz, Monforte)
15161. **A muller, cando é rapaza, é reina; cando moza, p[uta]; cando é vella, bruxa.** ⁴⁸⁹³ (ms18,40r)
15162. **A muller, cando é rapaza, é reina; cando moza, tola; cando é vella, bruxa.** ⁴⁸⁹⁴ (mc: N.S. *Folklore de Sandiás*)
No es *tola* precisamente lo que dice le refrán, sino palabra más dura que nos permitimos substituir.
15163. **A muller, com'as chimineas: unha en cada casa e de vez en cando limpala.** (ms-LU: Trini Figueiras: Toiriz, Pantón, LU. Convento Las Córneas, San Salvador de Asma, Chantada)
15164. **A muller, como as chimeneas: unha en cada casa e, de cando en cando, limpala.** (mc: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)
15165. **A muller, como os gatos, que tendo a carne na casa, salen en busca de ratos.** (mc)
15166. **A muller, de solteira, sete mans e unha lingua; de casada sete linguas e unha man.** (ms18,65r: Páramo)
15167. **A muller, na igrexa santa e na rúa cabra.** (ms10,045v: *D.E.*)
15168. **A muller, ó cabalo e á mula, pola boca lles entra a fermosura.** (ms10,045v: *D.E.*)
15169. **A muller, ou sabe querer ou sabe aborrecer.** (ms10,045v: *D.E.*)
15170. **A muller, por andar ó revés, vístese pola cabeza e íspese polos pés.** ⁴⁸⁹⁵ (mc e ms: Carballino / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15171. **A muller, por ben que fale, mellor está calada.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
15172. **A muller, si é fermosa, gustarache; si é fea, cansarache; si é probe, animarate; si é rica, mangonearate.** (ms10,046r: *D.E.*)
15173. **A muller, vella ou nova, si lle preguntan os anos, nunca se acorda.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
15174. **A muller: a primeira, escoba; a segunda, señora.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
15175. **A nena que moito se parrandea, pasa a vida alegre e así se queda.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
15176. **A primeira muller é a escoba, a segunda é a señora.** (ms18,18r)
15177. **A primeira muller é a escoba e a segunda a señora.** ⁴⁸⁹⁶ (mc: C.A.)
Var.: *A primeira muller, señora; a segunda, escoba; i-a terceira, reina.*
(pt) *A primeira mulher escova, a segunda senhora.* (Chaves) (es) *La primera mujer escoba y la segunda señora.* (Correas) (ct) *La primer muller, pastora; la segón, senyora.* (Alberola)
Más corriente el primero enseña que los que se casan dos veces, suelen tratar mejor a la segunda mujer que a la primera.
15178. **A primeira muller, escoba, e a segunda, señora.** ⁴⁸⁹⁷ (ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar de Galicia e algún lugar da provincia de Lugo)
15179. **A que alto fía i-o fuso lle cai, o cu ll'asubía.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15180. **A que de alto fía, caille o fuso e o cu lle asubía.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15181. **A que no alto fía, o fuso lle cai i-o cu ll'asobría.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Xoán do Corgo, LU)
15182. **A que se viste de alleo, colle pallas e méteas no seo.** (ms: C. Alvarellos, Santa Ana de Mera / ms4: Carré Alvarellos, Sta. Cruz de Mera)
15183. **A sorte da fea a hermosa a desea.** (ms: Tuiriz)
(es) *La suerte de la fea, la bonita la desea.* (R. Marín) / *La fortuna de la fea la bonita la desea.* (Id.)
15184. **A sorte da muller na galiña a hai que ver.** ⁴⁸⁹⁸ (ms10,049v: La Cañiza)
15185. **A sorte da muller na galiña s'ha de ver.** (ms21,11r: Bermés)
15186. **A sorte e a muller cambea.** (ms8,39v: Lugo)
15187. **A terra i-a muller, morenas deben ser.** (ms5,029)

⁴⁸⁹³ O orixinal di: *A muller, cando é rapaza, é reina; cando moza, p ...; cando é vella, bruxa.*

⁴⁸⁹⁴ ms: *cando moza, p....*

⁴⁸⁹⁵ mc: *pol-a cabeza.*

⁴⁸⁹⁶ ms: *a segunda señora.*

⁴⁸⁹⁷ ms-LU: *ya segunda.*

⁴⁸⁹⁸ ms15,24r: *has de ver.*

15188. **Á túa muller estímaa polo que valla e non polo que traía.** (ms10,046r: D.E.)
15189. **A zanfona e a muller, hai que sabela tanxer.** (mc: C.A.)
15190. **Aínda que a mona se vista de seda, si mona é, mona se queda.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
15191. **Anque a mona se vista de seda, mona se queda.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
15192. **Anque a mona se vista de seda, si mona é, mona se queda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
15193. **Ao cabalo e á muller, a ningún has de ofender.** (mc: Tuiriz, Monforte)
15194. **Arada de mulleres, dá pan se queres.**⁴⁸⁹⁹ (ms8,45r: Las Ermitas / mc / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15195. **Arriba das rocas van vellas e mozas.** (ms-SA: José Luís Castro Izaga: Lira, Carnota, C)
15196. **As estelas i-as nenas deixas estar quedas.**⁴⁹⁰⁰ (mc: Carballado)
15197. **As mulleres a bailar i-os burros a ornear, o demo lles debeu ensinar.**⁴⁹⁰¹ (mc: Puente Arcediago, La Coruña)
15198. **As mulleres hai que escollelas pola raza, o mesmo que os cas de caza.** (ms5,029)
Var.: *As mulleres hai que escollelas o mesmo que os cas das perdices.* (ms15,43: Val del Mar)
15199. **Ás mulleres i-ós burros, paus.**⁴⁹⁰² (mc: Bucínos / ms4: F.V.S.)
Como *A muller i-a burra con paus se cura.*
15200. **As mulleres no regueiro i-os homes no ferreiro.**⁴⁹⁰³ (mc: Tuiriz, Monforte-F.V.S.)
Lugares de reunión, las mujeres para lavar y los campesinos para arreglar los aperos de labranza; y el refrán alude a las comidillas y comentarios que se hacen con ocasión de tales reuniones. Explícitamente, con relación a las mujeres, lo dice el siguiente.
15201. **As mulleres sempre escollen o pior.** (ms10,046r: D.E.)
15202. **As mulleres son feitas do rabo dun can.** (mc: Nós, nº 76, p. 78)
15203. **As mulleres son o demo cando tocan a lingoa.** (mc: José Mª Cures, Santiago)
15204. **As mulleres son o demo cando tocan o ferro.** (mc: Caamaño Liñeiro, Santiago)
15205. **As mulleres son testarudas como as ovellas i-as burras.** (ms8,12r: La Cañiza)
15206. **As mulleres teñen sete xustillos e sólo descubren un.** (mc: Camba)
Var.: *As mulleres teñen sete xustillos e sólo desabrochan un.*
Curiosa manera de ponderar el carácter reservado de la mujer.
15207. **As mulleres tolas cambian o pan polas olas.** (ms10,049r: Trives)
Var.: *As mulleres tolas cambian o pan polas olas; i-as máis agudas, polas máis crudas.*
15208. **As mulleres, cando non teñen que facer, arrancan os pelos e pónense a coser.** (mc / ms4: F.V.S.)
15209. **As mulleres, como as cabras: onde vai unha, van todas.**⁴⁹⁰⁴ (mc: Carballino)
15210. **As mulleres, como as uvas: as ruís, pisalas, i-as boas, colgalas.**⁴⁹⁰⁵ (mc: Carballino)
15211. **As mulleres, de solteiras, sete brazos i-onha lingua.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
15212. **As mulleres, fariña do demo.** (mc: Bucínos)
15213. **As mulleres, no rigueiro, danlle a volta ó mundo inteiro.** (mc: Pedraza)
(es) *A lavar al río fui; mal dije de otras, y peor dijeron de mí.* (R. Marín) / *Cuando van las mujeres al hilandero, van al mentidero.* (Id.)
15214. **As mulleres, onde están sobran e, onde non están, boa falta fan.** (ms10,046r: D.E.)
15215. **As mulleres, ou matalas ou deixalas.** (ms10,046r: D.E.)
15216. **Beleza e bondade é unha felicidade.** (ms: Agro)
(pt) *Beleza sem bondade, não vale metade.* (Chaves) / *Beleza sem virtude é rosa sem cheiro.* (Id.) (va) *Bellea sense bondat no res val.* (Alberola)
15217. **Blancura sete faltas disimula.** (ms: M.V.)

⁴⁸⁹⁹ V. *A arada de mulleres dá pan, si queres* en *Agrícolas (Generales)*. / ms8,45r: *Aradas si queres*; ms-SA: *molleres*.

⁴⁹⁰⁰ ms: *y as nenas*.

⁴⁹⁰¹ mc: *beilar*.

⁴⁹⁰² ms: *y-os*.

⁴⁹⁰³ ms: *y os*.

⁴⁹⁰⁴ ms: *com'as cabras*.

⁴⁹⁰⁵ ms: *com'as uvas*.

15218. **Boas frutas sin exceso, procura a muller de seso.** (ms4: J.P.)
15219. **Bonitura, se tes falta [sic], desimula.**⁴⁹⁰⁶ (ms18,22r)
15220. **Cada can co seu dono e cada muller ca súa roca.** (ms17,002)
15221. **Cada can con seu dono e cada muller coa súa roca.** (mc: Camba)
15222. **Cando a muller merca moito, o seu home vende pronto.** (ms10,046r: D.E.)
15223. **Canta o cuco na rabela do arado: "O que anda entre mulleres, está ben arreglado".**⁴⁹⁰⁷ (mc: Carballedo)
15224. **Canto máis chore a muller menos doo se lle ha ter.** (ms10,046r: D.E.)
15225. **Canto máis vella, máis leva.**⁴⁹⁰⁸ (ms: A.N. / ms10,136r: D.E.)
15226. **Casa de dona sin escudeiro é coma fogo sin trasfogueiro.** (ms10,132r: D.E.)
15227. **Casa de moitas mulleres, a cociña por barrer.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Mulher só, faz tudo, duas fazem pouco e três nada.* (Chaves) (es) *Unos por otros y la casa por, o sin, barrer.* (Sbarbi) (ct) *Uns per atres, la casa per agranar.* (Alberola)
15228. **Casa de moitas mulleres, a cociña sin barrer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
15229. **Casa de mulleres, casa de demonios.**⁴⁹⁰⁹ (mc: Santiago)
15230. **Casa por renda e muller sin facenda, atópanse donde queira.** (mc: M.L.)
15231. **Catro cousas hai no mundo e as catro testarudas: as mulleres e as cabras, as ovellas e as burras.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
15232. **Catro cousas hai no mundo, todas catro cotarrudas: os porcos e as ovellas, as mulleres e as mulas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15233. **Catro cousas hai no mundo, todas elas testarudas: os porcos i-as ovellas, as mulleres i-as burras.**⁴⁹¹⁰ (mc: Chorexe, Palas de Rey-F.V.S.)
15234. **Catro mulleres, catrocentos pareceres.** (ms10,046r: D.E.)
15235. **Coa muller e o diñeiro non te bulres, compañeiro.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Com a mulher e dinheiro, não zombes (ou não te bulres) companheiro.* (Chaves)
(es) *Con la mujer y el dinero, no te bulres, compañero.* (mc: Sbarbi / ms2: Correas).
(ct) *Ab la dòna y els dinés, molt cuidadós has de ser.* (Alberola)
15236. **Coa voluntá da muller naide se pode meter.** (mc)
15237. **Composta, non hai muller fea.** (ms10,046r: D.E.)
15238. **Con media muller abunda.** (ms10,046r: D.E.)
15239. **Con mulleres, entrarás cando quixeres e saíras cando poideres.** (ms10,046r: D.E.)
15240. **Condición é das mulleres despreciar o que lle deres e morrer polo que lle negues.** (ms10,046r: D.E.)
15241. **Da muller e do diñeiro non te bulres, compañeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15242. **Da muller e do mar non hai que fiar.** (ms10,046r: D.E.)
15243. **Da vella galana non fíes nada.** (ms: Bucínos)
(es) *De vieja galana no te fíes nada.* (R. Marín)
15244. **Da vella galana non te fíes nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15245. **De muller porca e riseira e d'home que gasta corsé... libera me Dominé.** (ms4: F.V.S.)
15246. **De muller que fala latín e mula que faga "hin", libreme Dios a min.**⁴⁹¹¹ (mc: Chorexe-Pidre. F.V.S.)
(pt) *Mulher que fala latim, burra que faz "im" e carneiro que faz "mé" libera nos et dominé.* (Chaves) / *Mulher que sabe latim e burra que faz im raras vezes teem bom fim.* (Chaves) / *Foge de mulher que sabe latim e de burra que faz "im". / Mula que faz "im..." e muller que sabe latim, raras vezes têem bom fim.* (Chaves) (es) *Mujer que sabe latín, no tendrá buen fin.* (Sbarbi) / *Mula que hace "hin, hin"* (mc: "hin"), *échala de casa por un cautrín.* (ms: "cuatrín" (Id.) / *Mula que hace "hin", "hin", dale de lado por ruín.* (Sbarbi)

⁴⁹⁰⁶ Ordinariamente este refrán aparece da seguinte forma: *Bonitura sete faltas disimula.*

⁴⁹⁰⁷ ms: y o que anda.

⁴⁹⁰⁸ En ms10 s.v. *Vejez.*

⁴⁹⁰⁹ ms: *Casa de muller.*

⁴⁹¹⁰ ms: y as burras.

⁴⁹¹¹ ms: *mula que fai in.*

Con multitud de variantes.

15247. **De noite non hai muller fea.** (ms10,046v: D.E.)
15248. **De san Xoán, Santiago i-agosto, mulleres, non son voso; desde Nadal a marzo, estarei ó voso lado.** (ms10,046v: D.E.)
15249. **De lanas e mulleres non fagas almacenes.** (mc: Becerreá.)
15250. **Din que a millor tentación da muller é a de matar o home.** (ms8,38v: Lugo)
15251. **Dona fermosa, ou tonta ou vanidosa.** (ms: A.C. *A Nosa Terra*)
(pt) *Mulher formosa, doida ou presunçosa.* (Chaves) (es) *La mujer hermosa, o loca o presuntuosa.* (Correas) (va) *Dòna hermosa, o tonta o vanitosa.* (Alberola)
15252. **Dona traballadora non quere home lacazán.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
15253. **Doncela curiosa calquera é, casada e con fillos te quixera ver.** ⁴⁹¹² (ms10,049v: La Cañiza)
15254. **Donde hai auga, hai xungos, e donde hai mulleres, hai demonios.** ⁴⁹¹³ (mc: Santiago)
Var.: *Donde hai mulleres, hai demonios.* (Id.)
15255. **Donde hai sucos, auga; donde mulleres, demonios.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
15256. **Donde hai xungos, hai auga; donde mulleres, demonios.** (ms-LU: Luís Alonso)
15257. **Door de muller morta dura hastra a porta.** (ms10,046v: D.E.)
15258. **Dúas mulleres e un cesto fan feira.** (mc: Pedraza)
15259. **Dúas mulleres xuntas, nin difuntas.** (mc)
15260. **Dunha muller nada dirás, se te acordas de túa mai e de túas irmás.** (ms15,15)
15261. **É máis mala de levantar unha vella da eira c'unha nova do paricio.** (ms4: Choreje-F.V.S.)
15262. **É millor ter a forza á veira que a muller xusticeira.** ⁴⁹¹⁴ (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

⁴⁹¹² ms15,24r: *Doncella, calquera a é, con fillo.*

⁴⁹¹³ O orixinal di: *Donde hay auga hay xungos e donde hay mulleres hai deonios.* / ms: *Donde mulleres, demonios.*

⁴⁹¹⁴ ms-SA: *xusticieira.*

15263. **É o que lle queda no mundo á muller: si se casa, sufrir; e si non, padecer.** (mc: Carballino)
15264. **Éme, María, éme moi boa: tenme tres emes, éme marroa.** (mc: Bucifios-F.V.S.)
15265. **En canto a grande se baixa, a pequena barre a casa.** (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
(pt) *Emquanto a grande se abaixa, a pequena varre a casa.* (Chaves) (es) *Mientras la alta se baja por la escoba, la chica barre la casa toda.* (R. Marín) / *En cuanto el grande se abaja, el chico hace la hazaña.* (Correas)
Es una de las razones que se dan para acreditar el refrán que dice: *A muller i-a sardiña, pol-a máis pequeniña.*
15266. **Entre o si e o non das mulleres non cabe a punta de un alfinete.** (ms10,046v: D.E.)
15267. **Fai máis a vella co uso que a nova coa roca i-o fuso.** ⁴⁹¹⁵ (ms: A.N.)
15268. **Fálese da doncela e non se diga quen era ela.** (ms: Sta. Eugenia de Asma)
15269. **Fermosura e bondade é unha felicidade.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Hermosura sin bondad, más que un bien es un mal.* (R. Marín)
15270. **Filla e nai, dous demos pró pai.** (ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C)
15271. **Fornos e mulleres un, i-aquela colgada como nunha lámpara.** (mc: Sober)
15272. **Fornos e mulleres un, i-aquela colgada como unha lámpara.** ⁴⁹¹⁶ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Fornos e muller un, y-a aquela colgado como nunha ... (explicación de V. Saco)
15273. **Fume, goteira e muller berradeira botan o home da casa prá eira.** ⁴⁹¹⁷ (mc: J.P.)
(pt) *Fumo, goteira e mulher faladora, põem os homens pela porta fora.* (Chaves) (es) *Humo, gotera y mujer parlera, echan al*

⁴⁹¹⁵ O orixinal di: *Fai mais a vella co uso que a nova coa roca y-o fuso.*

⁴⁹¹⁶ O orixinal di: *Fornos e mulleres un, y ar aquela colgada como un'a lampara.*

⁴⁹¹⁷ mc: *barredeira.* Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *berradeira*, coincidindo coas variantes que V. Saco aporta doutros idiomas. A explicación que dá en relación coa forma *barredeira* podería ter base nun erro de transcripción do refrán orixinal.

hombre de su casa fuera. (Correas) / Humo, gotera y mujer brava, echan al hombre de su casa. (Id.)

Lo que el gallego atribuye a la mujer *barredeira*, lo aplican los demás a la brava y parlanchina. Entendemos por *barredeira*, la que tiene la obsesión de la escoba, que no la deja un minuto del día; no la mujer limpia y aseada, que queda siempre en buen lugar en la paremiología de Galicia.

15274. **Gáñanse polo bo trato a muller e maila gata.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradelá, LU)
15275. **Gardar ben unha muller, non pode ser.** (ms10,046v: D.E.)
15276. **Hai quen se fai boa por fóra e por dentro é peor ca ningunha.** ⁴⁹¹⁸ (ms15,12)
15277. **Hai máis mulleres que demos no Ponte Seguro.** ⁴⁹¹⁹ (ms8,76r: Lalín)
15278. **Leite fresco con manteca é o almorzo das mulleres; e ó burro que vén dos toxos, come berzas, si as queres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15279. **Levo a saia con vuelo porque salta o boqueiro candia min.** (ms9,11v: Silvarrey)
15280. **Líbrate de can que moito ladra e de muller que moito fala.** (mc: Santiago)
15281. **Lugar grande e muller señora non é pra agora.** (mc: J.P.)
15282. **Máis tiran dúas tetas que dúas carretas.** (ms4: F.V.S.)
15283. **Mal queda o que de muller fale, porque, sea certo ou non, mellor é qu'esté calado.** (ms15,15)
15284. **Mala a muller que no pote deixa a culler.** (ms-SA: Lorenzo Castiñeira Canosa: Santa María de Xaviña, Camariñas, C)
Var.: *Mal a muller que no pote deixa a coller.* (ms-SA: Pedro Pontes García)
15285. **Mala é a muller que deixa na pota a culler.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
15286. **Mala é a muller que na pota deixa a culler.** ⁴⁹²⁰ (mc: Santiago)

⁴⁹¹⁸ O orixinal di: *Hay quen se fai boa por fora e por dentro e peor ca ningunha.*

⁴⁹¹⁹ Diante deste refrán hai no manuscrito algo ilexible que parece dicir *Marmi (¿Mamá?) vai quer d'apena ou quen Dapena.* O refrán *Hai máis mulleres...* aparece iniciado por un signo de cerrar interrogación.

⁴⁹²⁰ mc: *porta.*

15287. **María sin delantal tanto gusta ben coma mal.** (ms: Tuiriz)
15288. **Mariquiña o sábado á noite pousa a roca e plancha a roupa.** ⁴⁹²¹ (mc: Santiago)
15289. **Maxencias nos homes poden pasar, mais nas mulleres non poden faltar.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
15290. **Media moza está na tenda.** (ms: M.L. A C. *A Nosa Terra* / ms4: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *O corpo da nena está na tenda.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
15291. **Mentras a grande dá unha volta, a pequeniña barre a cociña.** (mc: Lalín-F.V.S.)
15292. **Mentras a grande se baixa, a pequena barre a casa.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Emquanto a grande se abaixa, a pequena varre a casa.* (Chaves) (es) *Mientras la alta se baja por la escoba, la chica barre la casa toda.* (R. Marín)
Véase *En canto a grande se baixa...*
15293. **Mentras qu'a alta se baixa, a pequena barre a casa.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15294. **Mentres a muller grande se baixa, a pequena xa barreu a cociña.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)
15295. **Mentres moza, boo pasar, pero de vella, choutar.** ⁴⁹²² (ms4: A.I. / ms / ms21,17r: Bermés)
(es) *Mientras moza, bien pasear; después de vieja, trotar.* (Correas)
15296. **Metá da moza está na tienda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15297. **Millor que muller chismosa é un niño de avespas no marco da porta.** (ms15,44)
15298. **Moitísimos males prevén a muller que hixiene ten.** (ms4: J.P.)
15299. **Moitos pimentos e tomates en conserva a curiosa muller sempre reserva.** ⁴⁹²³ (ms e ms4: J.P.)
15300. **Moza mañanenga primeiro ergue o cu que a cabeza.** ⁴⁹²⁴ (mc: Bucinos / ms4: F.V.S.)
(es) *Moza mal madrugadera, antes yergue el culo que la cabeza.* (R. Marín)

⁴⁹²¹ V. *Sábado á noite, Marica colle a roca* en *Pereza*.

⁴⁹²² ms16: *bon pasar*; ms21,17r: *chutar*.

⁴⁹²³ ms e ms4: *muller curiosa*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *curiosa muller*. En calquera caso, parece ser un aforismo inventada polo propio Jacinto del Prado e non un refrán popular.

⁴⁹²⁴ ms: *ergue o c....*

15301. **Moza pobre ben vestida, mal me cheira a chamusquina.** (ms21,22v: Bermés)
15302. **Moza pobre e ben vestida, mal che me cheira a chamusquina.** ⁴⁹²⁵ (mc: M.V.)
15303. **Moza que a moitos fai cara, dígoche, Xan, que é unha maula.** ⁴⁹²⁶ (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)
Var.: *Moza que a moitos fai cara, non vale nada.* (A.C. *A Nosa Terra*)
(es) *Moza que con todos bromea, no sé si lo es; pero quizá lo sea.* (R. Marín)
15304. **Moza que a moitos fai caso, digo, Xan, que é unha maula.** (mc: Santiago)
15305. **Muller asturiana, home portugués i-aire santiagués, pódense foder os tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15306. **Muller asturiana, louca, vana, ou mala cristiana.** (mc: Buciños)
(es) *Asturiano, loco y vano, poco fiel y mal cristiano.* (R. Marín)
Como diremos en los refranes tópicos de lugares, las rivalidades de donde proceden casi todos, son injustas, y no pueden alcanzar nunca un sentido universal.
15307. **Muller barbuda, de lonxe se saluda.** (mc: Carballedo / ms4: Buciños-F.V.S.)
(pt) *Mulher barbuda, de longe a saúda.* (Chaves)
15308. **Muller barbuda, de lonxe saluda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15309. **Muller barbuda, muller rabuda.** (mc)
15310. **Muller barbuda, o demo que a sacuda.** ⁴⁹²⁷ (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Muller bigotuda, u demo c'a sacuda.* (mc / ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)
Véase *A muller barbuda...*
15311. **Muller boa e honrada é a que coida a súa casa.** (ms10,046v: D.E.)
15312. **Muller casada, medio home é.** (mc: Páramo-F.V.S.)
15313. **Muller casada, perna quebrada.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *La mujer casada y honrada, la pierna quebrada y en casa; y la doncella, pierna y media.* (Correas)
15314. **Muller caseira, a filla primeira.** (ms10,046v: D.E.)
15315. **Muller composta na rúa posta, a todo malo está disposta.** (ms10,046v: D.E.)
15316. **Muller con bigote casa sin dote.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
Var.: *Muller de bigote non necesita dote.*
(pt) *Mulher de bigode pode mais que o homem.* (Chaves) (es) *Mujer de bigote, no necesita dote.* (R. Marín)
Véase *A muller con bigote...* Como mujer hombruna es excelente para ayudar a ganar el pan a un hombre pobre. (R. Marín) A las cualidades hombrunas alude el refrán del portugués.
15317. **Muller con bigote no necesita dote.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15318. **Muller con home non diga que é probe.** ⁴⁹²⁸ (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
15319. **Muller con oito fillos e sin marido será o que non digo.** (mc: Buciños)
15320. **Muller charlatana, muller folgazana.** (mc: Tuiriz)
(pt) *Mulher palradeira, fraca fiandeira.* (Chaves) / *Mulher palradeira, nunca é grande tecedeira.* (Id.)
15321. **Muller de cego que se compón moito, non se compón pra el que se compón pra outro.** ⁴⁹²⁹ (mc: A.I.)
(pt) *Mulher de cego para quem se enfeita?* (Chaves) (es) *La mujer del ciego ¿para quién se afeita?* (Sbarbi)
Como *A muller do cego, ¿pra quen se compón?*
15322. **Muller de xugador nunca te alegres: si hoxe gañas, mañá perdes.** (mc: Camba)
(pt) *Na casa de quem joga, pouca alegria mora.* (Chaves)
15323. **Muller de xugador nunca te alegres: si hoxe o ganas, mañá o perdes.** (ms18,65v: Camba)
15324. **Muller delgada, boa ama.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15325. **Muller desconfiada é a máis acertada.** (mc: Tuiriz)
15326. **Muller do cego que se compón moito, non se compón pra el que se compón pra outro.** (ms21,09r: Bermés)

⁴⁹²⁵ ms: *mal me cheira*; ms3: *qu'é.*

⁴⁹²⁶ V. *Moza que a moitos fai cara non val nada en Edades (Niñez y juventud).* / ms21,21v: *qu'a moitos.*

⁴⁹²⁷ ms: *o demo qu'a sacuda.*

⁴⁹²⁸ ms-LU: *qu'é pobre.*

⁴⁹²⁹ ms3: *non se compón pr'o cego*; ms4: *Muller d'o cego.*

15327. **Muller do cego que se compón moito, non se compón pra que a vexan outros.** (ms10,046v: D.E.)
15328. **Muller e fillos virtuosos sempre bens son más preciosos.** ⁴⁹³⁰ (ms4: J.P.)
15329. **Muller e forno, con un hai dabondo.** ⁴⁹³¹ (mc: M.L.2)
15330. **Muller e mula sin zuna, ningunha.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15331. **Muller e pollino, tomos do veciño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Para escoger esposa mejor es no salir del recinto del país de uno y de sus cercanías que andar correteando de un lado para otro, desconociendo los precedentes patológicos de la familia a que uno quiere unirse; lo que no suele suceder con los cercanos.
15332. **Muller e xogo atopan lugar logo.** (mc: Tuiriz)
(es) *Mujer y fuego hallan salida luego.* (R. Marín)
15333. **Muller fiandeira e lareteira, millor na cas que na eira.** (ms10,046v: D.E.)
15334. **Muller finxida, muller podrida.** (mc: Bucínos)
Var.: *Muller finxida, mazá podrida.* (Bucínos - F.V.S.)
15335. **Muller goberneira cría o seu fillo e fía a súa tea.** (ms10,046v: D.E.)
15336. **Muller lambereteira rebole a cacheira.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
15337. **Muller lambeteira, revolve a cociña enteira.** (ms10,046v: D.E.)
15338. **Muller lareteira pra quen a queira.** (ms10,046v: D.E.)
15339. **Muller larmeira, ou puta ou meiga.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guíllar, Outeiro de Rei, LU)
15340. **Muller larpeira, ou ladra ou meiga.** (ms10,046v: D.E.)
15341. **Muller morta non fala.** (ms-SA: M. González Fernández)
15342. **Muller moza e con coche, na facenda fai esmoche.** (ms10,046v: D.E.)
15343. **Muller moza e viúda, pouco dura porque se deixa comer de madura.** (ms10,046v: D.E.)
15344. **Muller na ventana, ou pendón ou namorada.** ⁴⁹³² (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(pt) *Mulher janeleira, namorada ou rameira.* (Chaves)
15345. **Muller ociosa, muller viciosa.** (mc: Bucínos)
En ella, como en el hombre, la ociosidad produce sus efectos.
15346. **Muller pequena sempre é nena.** (mc: Lugo)
15347. **Muller pintada, mala cristiana.** (mc: Bucínos)
15348. **Muller probada, aunque teña venta, non val nada.** (mc: R. Caruncho)
15349. **Muller qu'asubía e canta como capón, na miña casa non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
15350. **Muller que adore a veciña, rapaza que durma fóra, pedra limpa da cociña e neniño que non chora non che me dan boa espiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradelá, LU)
15351. **Muller que adoura a veciña, rapaza que dorme fóra, miniño que non chora e pedra limpa na cociña non che me dá boa espiña.** (mc: Bucínos)
15352. **Muller que asubía e fía de pé, nunca boa é.** ⁴⁹³³ (mc: A.I. / ms16,04v)
(es) *Mujer que silba y mea de pie, hembrimacho es.* (R. Marín) / *Mujer que silba o fuma, ¡buena pluma!* (Id.)
15353. **Muller que asubía e galiña que canta com'o capón, na miña casa, non.** (mc e ms: T. de M. / ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU)
15354. **Muller que asubía e mula que diga "hin", tírama de xunto a min.** (mc: Berbetoros, Palas de Rey-F.V.S.)
15355. **Muller que asubía, mula que griñe e galiña que canta como capón, na miña casa non, non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballo, LU)
15356. **Muller que asubía, vaca que esgurría, galiña que canta coma un capón, na miña casa non.** ⁴⁹³⁴ (ms-SA: Félix Rodríguez Vieites)
15357. **Muller que asubía, vaca que esgurría, galiña que canta como o capón, [na]**

⁴⁹³⁰ Sospeitamos que é unha de tantas máximas da autoría de Jacinto del Prado e non un refrán popular.

⁴⁹³¹ ms4: *hai abondo.*

⁴⁹³² ms4 e ms15,47r: *enamorada.*

⁴⁹³³ ms3: *qu'asubía.*

⁴⁹³⁴ O orixinal di: *Muller que asubía, vaca que esgurría, galiña que canta cumon capon na miña casa non.*

- miña casa non.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
15358. **Muller que asubíe, pita que cante como capón, na miña casa non.** (ms-SA: M. González Fernández)
15359. **Muller que axubee e mula que faga "iii", garda pra ti que pra min non sirve.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
15360. **Muller que co marido non come á mesa, algo pra si garda na artesa.** (mc: M.V.)
15361. **Muller que corre, seguida quer ser.** (ms10,046v: D.E.)
15362. **Muller que en inverno foi previsora, no vran pode ser señora.** ⁴⁹³⁵ (mc: J.P.)
15363. **Muller que moito bebe, tarde paga o que debe.** (mc: A.N.)
(pt) *Mulher que muito bebe, tarde paga o que deve.* (Chaves) (es) *Mujer que mucho bebe, tarde paga lo que debe.* (Correas)
15364. **Muller que non gharda fidelidade é unha mala muller.** ⁴⁹³⁶ (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
15365. **Muller que non torna, é porta sin tarabelo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
15366. **Muller que nos homes se cre, ten ollos e non ve.** (mc: Tuiriz)
(pt) *Mulher que do homem se fia no jurar, o que ganha é ter de chorar.* (Chaves)
15367. **Muller que sabe latín e mula que fai "hin", arrenega dela hastra o fin.** ⁴⁹³⁷ (mc: A.I.)
(pt) *Mulher que sabe latim e burra que faza "im", raras vezes têm fin.* (Chaves) (es) *Mujer que habla (o sabe) latín, rara vez tiene buen fin.* (R. Marín) / *Mula que hace "hin, hin", échala de casa por un cuatrín (o dale de lado por ruin)* (Id.)
15368. **Muller que sabe latín, non é pra min.** (ms10,046v: D.E.)
15369. **Muller que se fai solteira, ou é aquilo ou é meiga.** (ms15,13)
15370. **Muller que silba e fia de pé, nunca boa é.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
15371. **Muller que ten bigote, pode máis que o home.** (ms10,046v: D.E.)
15372. **Muller que sepa latín e mula que faga "hin", si non é mala, é ruín.** (ms5,027: Villalba / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)
15373. **Muller que sepa latín e mula que faga "in", nin o demo as monta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
15374. **Muller riseira, ou puta ou peideira.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Incio, LU)
15375. **Muller riseira, santa ou rameira.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15376. **Muller sin home é como lume sin leña.** (ms10,046v: D.E.)
15377. **Muller sin marido, festa sin trigo.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
(pt) *Mulher sem marido, barco sem leme.* (Chaves)
15378. **Muller sin oficio e fol con pouca fariña, cheira a morriña.** (mc: M.L.)
15379. **Muller sin oficio e fol sin fariña cheira a morriña.** (ms18,33r)
15380. **Muller tapada esconderse quer.** (ms10,046v: D.E.)
15381. **Muller vella, nin pra un arrangallo.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
15382. **Muller ventaneira, fuxe de ela á carreira.** (ms10,046v: D.E.)
15383. **Muller ventaneira, ou folgazana ou parladeira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15384. **Muller zalameira, ou puta ou meiga.** (ms3)
15385. **Muller peinada, casa barrida: pouco traballo e ben parecida.** (mc: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laíosa, O Incio, LU)
(pt) *Casa varrida, mulher penteada, parece bem e não custa nada.* (Chaves) (es) *Casa barrida, otro tanto más lucida.* (R. Marín)
15386. **Mullere morta, sete á porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
15387. **Mulleres á eira e viño en coeira.** (ms10,046v: D.E.)
15388. **Mulleres da Ribeira e vacas da Mezquita, quita, quita, que teñen vida de señorita.** ⁴⁹³⁸ (mc: Santiago / ms-LU: Jesús Redondo C.: A Mezquita, OU)
15389. **Mulleres e fornos, un en cada casa chega.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
15390. **Mulleres e mulas hai poucas sin zunas.** (ms18,33r)

⁴⁹³⁵ ms e ms4: *pode ser ben señora.*

⁴⁹³⁶ O orixinal di: *Muller que non jarda fidelidad e uma mala muller.*

⁴⁹³⁷ ms: *d'ela, hastr'o fin*; ms3: *arrenegar de ela.*

⁴⁹³⁸ ms-LU: *Molleres de.*

15391. **Mulleres e mulas, hai poucas sin zuna.** (mc: M.L.)
15392. **Mulleres e pollino, tómaos do veciño.** (mc: Meilán, Lugo)
(es) *La mujer y el caballo, si puede ser, del vecindado.* (mc: Sbarbi / ms: R. Marín)
Porque son más conocidos sus antecedentes.
15393. **Mulleres, tantas coma fornos.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)
15394. **Muller, ímonos deitar, que temos que traballar.** (ms10,046v: D.E.)
15395. **Muller, reló e besta non se empresta.**⁴⁹³⁹ (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
(es) *Mujer, reloj y escopeta, no se presta.* (Sbarbi)
15396. **N'hai blanca sin tacha nin morena sin gracia.**⁴⁹⁴⁰ (ms e ms4: M.V. / ms3 / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / ms21,22r: Bermés)
(es) *Ni blanca sin tacha, ni morena sin gracia.* (Sbarbi)
15397. **Na casa da muller rica ela manda i-ela grita.** (mc: Palas de Rey)
(pt) *Em casa de mulher rica, ela manda, ela grita.* (Chaves) (es) *En casa de mujer rica, ella manda y ella grita.* (R. Marín)
15398. **Na casa da muller rica, o home cala e ela repica.** (ms10,046v: D.E.)
15399. **Nariz nacha, boa muchacha.** (mc)
15400. **Nena solta é como cancelo sin porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
15401. **Nin muller trintena nin vaca cotena.** (mc)
15402. **Nin flores en marzo nin muller sin vergoña.** (mc: U.C. Cuartilla 12)
Var.: *Non hai que fiar en frol de marzo nin na muller sin empacho.* (J.P.)
(es) *Ni de las flores de marzo, ni de la mujer sin empacho.* (Sbarbi) (ct) *Ni dona desvergonyda, ni planta pel març florida.* (Sanchis) / *De flors de març fruit no en vindrà.* (Id.)
Poco o mejor, nada se puede esperar de la mujer que ha empezado a perder la vergüenza, lo mismo que del campo cuando se adelanta la primavera.
15403. **Nin mula que faga "hin" nin muller que sepa latín.** (mc)
- Var.: *Nin mula que faga "hin" nin muller que fale latín.* (F.V.S.)
(es) *Mula que hace hin y mujer que parla latín, nunca hicieron buen fin.* (Correas) / *Ni mula que haga "hin", ni mujer que sepa latín.* (R. Marín)
La mujer *sabedora* es reprochada en varias paremias gallegas. También el refranero castellano dice: Mula que hace hin y mujer que parla latín, nunca hicieron buen fin. Quedan ya registradas otras variantes.
15404. **Nin por casa nin por viña non tomes muller mesquiña.** (mc: Chantada)
Var.: *Ni por casa nin por viña non tomes muller ximia.* (Tuiriz)
(pt) *Nem por casa nem por vinha cases com mulher mesquinha.* (Chaves) (es) *Ni por casa ni por viña, no tomes mujer jimia* (o garrida o parida). (Sbarbi)
Por razón de interés no debe uno tomar mujer casquivana o lasciva.
15405. **No andar e no haber cóncese a muller.** (ms10,046v: D.E.)
15406. **Non amanses poltros nin chufes a muller doutro.** (ms15,17)
15407. **Non é brava a muller que cabe na casa.** (ms10,046v: D.E.)
15408. **Non hai calabaza, tapón nin muller sin quita e pon.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
15409. **Non hai carga máis pesada que a muller desvergonzada.** (mc: Tuiriz)
(es) *No hay carga más pesada que la mujer liviana.* (Sbarbi)
Como *A muller liviana...*
15410. **Non hai cousa máis fea que unha muller sentada e un home de pé.**⁴⁹⁴¹ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Porque la supone poco hacendosa.
15411. **Non hai cousa que faga unha muller que outra, si se pon, non-o sepa facer.** (ms: Silvarrey)
15412. **Non hai muller branca que non teña a súa chata, nin hai muller morena que gracia non teña.** (ms10,046v: D.E.)
15413. **Non hai muller máis delgada que a de tres meses embarazada.** (mc: J.T.)
15414. **Non hai muller que teña seso cando se mira ó espello.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

⁴⁹³⁹ V. *A muller e a besta a naide se empresta en Préstamos* (Peligros de prestar).

⁴⁹⁴⁰ ms-SA: *chata*.

⁴⁹⁴¹ ms: *y un home*; ms-LU: *i-on home*.

15415. **Non hai branca sin chata nin morena sin gracia.** (ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)
15416. **Non me toque o manto que se me rompe; non lle son a dama que a vosté lle cómpre.** (mc: Buciños)
Dicho de mujeres honestas. (mc) / No todo es liso y llano. (ms)
15417. **Non poñas albres nin amanses poltros, nin chufe-la muller pouco nin moito.** ⁴⁹⁴² (mc e ms4: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Ni domes potro, ni tu mujer alabas a otro.* (R. Marín)
15418. **Non sabe o que é unha hora millorada a muller que non pareu.** ⁴⁹⁴³ (mc: M.V.)
15419. **Non se me dá por enauga con tal de ter nova a faldra.** (ms15,12)
15420. **Non te fies de mulleres nin emprestes a parentes.** (ms10,046v: *D.E.*)
15421. **Non tomes por dona muller replicona.** (ms21,23r: Bermés)
15422. **Non tomes por dona muller respondona.** ⁴⁹⁴⁴ (mc: M.V.)
(es) *Mujer contenciosa, tómela otro por esposa.* (R. Marín)
15423. **Non desees dona allea nin trigo de outra morea.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
15424. **Nun ano morre a vella ou quen a leva.** (ms4: M.L.)
15425. **Nunca te fies da escopeta e da muller.** (mc: Buciños)
15426. **Nunha casa debe haber tantas mulleres como fornos.** (ms15,42: Valle del Mao)
15427. **Nunha casa, mulleres tantas coma fornos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15428. **O amor á muller bota ás veces o home a perder.** (ms10,046v: *D.E.*)
15429. **O amor da muller na roupa do seu home tense que ver.** (ms10,046v: *D.E.*)
15430. **O andar ben vestida fai a moza garrida.** ⁴⁹⁴⁵ (ms e ms4: M.L. / ms10,139r: *D.E.*)
15431. **O cabalo, a muller i-a escopeta non se presta.** (mc: Tuiriz)
- (es) *El caballo y la mujer no se han de ceder.* (Sbarbi) / *Mujer, reloj y escopeta, no se prestan.* (Id.) / *El caballo, la guitarra y la escopeta a nadie se le presta.* (R. Marín)
Queda atrás otro equivalente.
15432. **O consello da muller é pouco e o que n'o sigue, un loco.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
15433. **O consello da muller é pouco i-o que o toma é un louco.** (mc e ms: Iglesiafiesta, Sabiniao-F.V.S.)
(es) *El consejo de la mujer es poco, y el que no lo toma, es loco.* (Sbarbi)
Cambia la segunda parte en el correspondiente cast.
15434. **O choro da muller non se debe crêr.** (mc: Tuiriz)
Como Coxeira de can e lágrimas de muller, non son de fiar.
15435. **O home de máis saber, unha muller o bota a perder.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15436. **O home que ve unha muller boa e a perde, non sabe o que ghana.** ⁴⁹⁴⁶ (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
15437. **O home, un angazo, i-a muller, unha cesta; si a cesta está furada, vai todo polo río abaixo.** ⁴⁹⁴⁷ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
Véase *A muller é a cesta...*
15438. **O melón e a muller son malos de conocer.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
15439. **O melón i-a muller, malos de conocer.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(pt) *O melão e a muller maus são de conhecer.* (Chaves) (es) *El melón y la mujer, malos son de conocer.* (Correas)
15440. **O papel e a muller, en mollándose, bótanse a perder.** ⁴⁹⁴⁸ (mc: Palas de Rey)
15441. **O que ao alto fia, o fuso lle cai e o cu lle asubía.** ⁴⁹⁴⁹ (mc: Corme)
15442. **O que calza alparagatas e de mulleres fai caso, nunca xuntará cartos e andaré sempre descalzo.** ⁴⁹⁵⁰ (mc: M.V.)

⁴⁹⁴² O orixinal di: *Non poñas albres, nin amanses poltros, nin chufel-a muller pouco nin moito.*

⁴⁹⁴³ ms: *o qu'é.*

⁴⁹⁴⁴ ms3 e ms4: *muller replicona.*

⁴⁹⁴⁵ En ms10 s.v. *Vestido.*

⁴⁹⁴⁶ O orixinal di: *O home que ve unha muller boa e a perde non sabe o que jana.*

⁴⁹⁴⁷ ms: *y a muller*

⁴⁹⁴⁸ mc: *i-a muller.*

⁴⁹⁴⁹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁴⁹⁵⁰ V. *O que á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, sempre andaré descalzo en Pobreza. / ms4: sempre'andaré.*

Var.: *U que calza alparagatas e de mulleres fai caso, nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo.*

15443. **O que d'alparagatas calza e de mulleres fai caso, nunca ten nada e sempre anda descalzo.** (ms21,19r: Bermés)
15444. **O que de alpargatas calza e de mulleres fai caso, nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
15445. **O que de alto fia, o fuso lle cai i-o cu ll'asubía.**⁴⁹⁵¹ (ms21,09r: Bermés)
15446. **O que non ten muller ben a quixera ter.** (ms10,046v: D.E.)
15447. **O que non ten muller, moitos ollos ha mester pra garda-lo seu haber.** (ms10,046v: D.E.)
15448. **O que perde unha mala muller, non sabe o que gana.**⁴⁹⁵² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15449. **O que queira librarse de arañazos, que non xogue con mulleres nin con gatos.** (mc: Tuiriz)
15450. **O que quer a muller, eso se ha facer.** (ms10,047r: D.E.)
15451. **O que ten unha boa muller e a perde, non sabe o que gana.** (ms15,44)
15452. **O que vacas á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15453. **Ó traballo da muller nunca nada se lle ve.** (ms8,66r: Lajosa)
15454. **Ond'hai homes fuleres, teñen qu'andar as mulleres.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15455. **Onde non hai muller, todo anda como Dios quer.** (ms10,046v: D.E.)
15456. **Ovellas e mulleres, prá casa a boa hora.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15457. **Pasa por boa muller a que barre ó amañecer.** (ms10,047r: D.E.)
15458. **Pita que canta coma o galo e muller que asubía como varón, na miña casa**

⁴⁹⁵¹ O orixinal di: *O que de alto fia o fuso lle cai y'o cu ll'asuvia.*

⁴⁹⁵² O orixinal di: *O que perde un'a mala muller non sabe o que gana.*

non.⁴⁹⁵³ (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

15459. **Pola muller entrou o mal no mundo.** (ms10,047r: D.E.)
15460. **Porco e muller, vale máis acertar que escoller.** (ms: Lalín)
15461. **Pra a muller que se garda non hai ocasión que valla.** (ms10,047r: D.E.)
15462. **Pra ser muller decente hai que vivir debaixo dunha xesta.** (ms: Lugo)
Que lo trasparente todo.
15463. **Pra ser puta e non ganar nada, val máis ser muller honrada.** (ms: F.L.)
(es) *Para ser p... y no ganar nada, más vale ser mujer honrada.* (R. Marín)
15464. **Quen boa muller ten, seguro vai e seguro vén.** (ms10,047r: D.E.)
15465. **Quen quixere boa mullere, non-a busque na romería: búsquea na súa casa na roupa de cada día.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15466. **Quen ten muller, ten o que ha mester.** (ms10,047r: D.E.)
15467. **Quen ten un bon cabalo e unha bonita muller, nunca está sin aflicción.** (ms: Meilán)
(es) *Quien tiene carro y mujer, nunca le falta en qué entender.* (Bergua)
15468. **S'a muller te manda tirar do ponte embaixo, escólleo baixo.** (mc: Buciños)
Var.: *S'a muller te manda tirar do tellado embaixo, procura que esté baixo.* (mc: Buciños)
Porque logrará lo que pretende.
15469. **Saiña larga e blusiña floxa, dunha ruín rapaza faise unha boa moza.**⁴⁹⁵⁴
(ms: Pombeiro / ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))
Se refiere a la decencia en el vestido de la mujer. Antiguamente vestía así la mujer (con saya y blusa) y, al parecer, según este refrán, la que iba vestida de esta manera, aunque fuera ruín (quiere decir fea) se hacía o parecía una buena moza. (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951))
15470. **Santa Marta de Ortigueira, a muller que come a nata non ten sorte coa manteiga.**⁴⁹⁵⁵ (mc / Francisco Canosa Quintáns)

⁴⁹⁵³ V. tamén *Agrícolas (Animales)*.

⁴⁹⁵⁴ ms-LU: *duha ruín rapaza.*

⁴⁹⁵⁵ ms: *suerte* / F. Canosa Quintáns: *come nata, sorte ca.*

Var.: *Santa Marta, santa Marta, a muller que come a nata non pode facer manteiga.* (ms4: Lugo-F.V.S.) / *Santa Marta d'Ortigueira, a muller que come a nata non ten parte na manteiga.* (ms4: F.V.S.)

Véase *A muller de Papalanatas...*

15471. **Se non che gustan as mulleres, ¿pra que me queres?** (mc: Buciños)
15472. **Se queres ver a nena garrida, busca na roupa de cada día.** (ms10,049v: O. de Rei)
15473. **Secreto a muller confiado, cátao divulgado.** (mc: Santiago)
15474. **Si a muller che manda tirar d'on piso, procura que sea baixo.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar)
15475. **Si bigote non téis, mulleriña es.** (ms15,14)
15476. **Si pan has de ter, obedece a muller.**⁴⁹⁵⁶ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15477. **Si queres unha boa moza, busca pola semana, que o domingo calquera porca se lava.** (ms: F.V.S.)
15478. **Si vas casarte, a muller busca delgada e limpa, que sucia e gorda xa se fará ela.** (ms: Baralla)
15479. **Sol de inverno, chuvia de vrau, amor de mulleres, cuchara de pau, pouco durarán.** (ms: F.V.S.)
(pt) *Sol de inverno, chuva de verão, amor da rameira e palavrinhas doces do meu capitão, a mim não me enganarão.*⁴⁹⁵⁷ (Chaves)
15480. **Sol madrugadín, muller que lee latín e mula que diga "hin", todo ten mal fin.** (mc)
15481. **Sol madruguí, burra que faga "in", muller que fale latín, Dios che mos aparte de min.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
15482. **Tempo, vento, muller e fortuna pronto se muda.** (mc: Carballedo)
(pt) *Mulher, tempo e ventura, azinha se muda.* (Chaves) / *Vento e ventura, pouco dura.* (Id.) (es) *La ventura es paño de poca dura.* (R. Marín) / *Mujer, viento, tiempo y*

fortuna, presto se muda. (Sbarbi) / *Viento y ventura, poco dura.* (Correas)

15483. **Tempo, vento, muller e fortuna de contado se muda.** (ms15,17)
15484. **Tira máis unha teta que cen bois por unha carreta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15485. **Todo é ganancia contada prá muller qu'é apricada.** (ms4: J.P.)
15486. **Toma casa con fogar e muller que sepa fiar.**⁴⁹⁵⁸ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Toma casa com lar e mulher que saiba fiar.* (Chaves) (es) *Toma casa con hogar, y mujer que sepa hilar.* (Correas)
15487. **Tres fillas i-unha mai, catro d[i]años pr'on pai.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15488. **Tres mulleres, trinta pareceres.** (ms10,047r: D.E.)
15489. **U que trata con mulleres, contas mui serranas saca.** (ms)
Var.: *O que trata con mulleres, saca contas mui serranas.* (ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)
15490. **Unha estela vestida de seda parece unha doncella.** (ms: F.V.S.)
(es) *Viste una devanadera y ya tienes una dueña.* (R. Marín) / *Viste un madero y parecerá un escudero.* (Id.) (ct) *Vesteix un bastó y semblará un senyor.* (R. Marín)
15491. **Unha muller bandola é coma gaita na boda.** (ms)
Bandola = desdejada.
15492. **Unha muller nunha casa é unha botica; moitas tropezan unhas noutras.** (mc: Buciños)
15493. **Unha muller sin home é un pau viadoiro.** (ms4: Cadrón)
15494. **Vaca que surría, home que fía, muller que asubía e pita que canta como o capón, na miña casa, non.**⁴⁹⁵⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
15495. **Vai a muller ó lavadoiro, vai ó mentidoiro.** (mc: Layosa)
(pt) *Vai a moça ao rio, conta o seu e o do vizinho.* (Chaves) (es) *Va la moza al río, y cuenta lo suyo y lo mío.* (R. Marín) / *Va la moza al río, y cuenta lo suyo y lo de su vecino.* (Id.)

⁴⁹⁵⁶ O orixinal di: *Si pan has de ter obedece a muller.*

⁴⁹⁵⁷ *Vai alterado a forma original por motivos de moralidade - Usa-se na caserna.* Nota a rodapé de Chaves.

⁴⁹⁵⁸ ms-LU: *hogar.*

⁴⁹⁵⁹ V. tamén *Agrícolas (Animales).*

Véase los dos que comienzan *As mulleres no regueiro...*

15496. **Val a muller facendosa máis que renta cuantiosa.**⁴⁹⁶⁰ (mc: J.P.)

15497. **Val máis ruín muller que boa manceba.** (mc: *Vida Gallega*)

15498. **Val máis unha muller guisando que un cento latricando.** (ms10,047r: D.E.)

15499. **Vale máis a forquiña á veira que a muller mintireira.** (mc: Santiago)

Var.: *Vale máis na forquina a beira que na muller mentireira.* (ms)

15500. **Viste unha escoba e será señora.** (ms: F.V.S.)

(es) *Viste una devanadera, y ya tienes una dueña.* (R. Marín) / *Viste un madero, y parecerá un escudero.* (Id.) (ct) *Vesteix un bastó y semblará un senyor.* (R. Marín) (va) *Vist un basto y pareixerá un varó.* (Alberola)

15501. **Viste a unha escoba e terás señora.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15502. **Xa chegou o tempo da inquisición, que anda a saia detrás do calzón.** (mc: Bucínos)

MULA. V. tamén *Animales domésticos.*

15503. **Á mula con matadura, nin cebada nin ferradura.** (ms10,045r: D.E.)

15504. **A mula de alquiler, se non leva dous, leva tres.** (ms10,045r: D.E.)

15505. **Mula e tea non se han de escoller á candea.** (ms10,045r: D.E.)

15506. **Mula que fai ¡hin! e muller que sabe latín, nunca fixeron a naide bo fin.** (ms10,045r: D.E.)

15507. **Quen queira mula sin chata, ten que andar a gatas.** (ms10,045r: D.E.)

MUNDO

15508. **Así o mundo vai andando: us rindo i-outros chorando.** (ms10,047r: D.E.)

15509. **Canto o mundo traballa e precura, todo é loucura.** (ms10,047r: D.E.)

15510. **Deixémo-lo mundo como está que el se gobernará.** (ms10,047r: D.E.)

15511. **Detrás deste mundo virá outro.** (ms10,047r: D.E.)

⁴⁹⁶⁰ É probable que se trate dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

15512. **Este mundo non é dos parvos e mais, por eso, hainos.** (ms10,047r: D.E.)

15513. **Este mundo aquí ha quedar e nós habémonos d'ir.** (ms10,047r: D.E.)

15514. **Este mundo aquí ha quedar porque ninguén o ha levar.** (ms10,047r: D.E.)

15515. **Este mundo é redondo, o que non-o sabe andar ten lería abondo.** (ms10,047r: D.E.)

15516. **Este mundo é un fandango i-o que non-o baila é un parvo.** (ms10,047r: D.E.)

15517. **Este mundo é un fandango i-o que non-o baila é un tolo.** (ms10,047r: D.E.)

15518. **Este mundo é unha casa de loucos: us por moito i-outros por pouco.** (ms10,047r: D.E.)

15519. **Este mundo é unha casa de tolos: cantan us e choran outros.** (ms10,047r: D.E.)

15520. **Mundo malo, millor pra deixalo que pra cobizalo.** (ms10,047r: D.E.)

15521. **Mundo mundiño, cando hai pra pan non hai pra viño.** (ms10,047r: D.E.)

15522. **Mundo, mundiño, cando non hai pra pan hai pra viño.** (ms10,047r: D.E.)

15523. **Neste mundo cansado, nin hai ben cumprido nin mal acabado.** (ms10,047r: D.E.)

15524. **Neste mundo redondo, o que non sabe nadar vaise ó fondo.** (ms10,047r: D.E.)

15525. **O mundo daráche o pago, que pra eso é bo pagador.** (ms10,047r: D.E.)

15526. **O mundo é unha escada que unhos soben e outros baixan.** (ms10,047r: D.E.)

15527. **Quen no mundo fía, camiña sin guía.** (ms10,047r: D.E.)

15528. **Us por terra i-outros por mar, o mundo anda a trafegar.** (ms10,047v: D.E.)

15529. **Vai así o mundo rolando, us rindo i-outros chorando.** (ms10,047v: D.E.)

MURMURACIÓN

15530. **A murmuración pasa e o diñeiro queda na casa.** (ms10,038r: D.E.)

15531. **Lingua marmuradora nunca falta e sempre sobra.**⁴⁹⁶¹ (ms10,033r: D.E.)

15532. **Non habería marmuradores se non houbera escoitadores.** (ms10,038r: D.E.)

⁴⁹⁶¹ En ms10 s.v. *Lengua* coa indicación *Murmuración*.

15533. **Un nisco de murmuración é gracia da conversación.** (ms10,038r: D.E.)

MÚSICA. V. tamén *Música. Danza*.

15534. **Na taberna, si vos gusta cantar, pagá antes de empezar.** (ms)

MÚSICA. DANZA. V. tamén *Música*.

15535. **A danza sai da panza.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Da pansa sai a dança.* (Id.) / *Depois da pansa, vem a dança.* (Id.) (es) *La danza sale de la panza.* (Ricart) / *De la panza viene la danza.* (Id.) / *Después de la panza, hay danza.* (Id.) (ct) *De la panxa surt la danza.* (Ricart) / *Fa de mal ballar, amb la panxa buida.* (Id.)
15536. **A gaita hai que saberlle templar o fol.** (mc: Silvestre Castiñeira, Santiago)
15537. **A gaita mala non é, mais faltaré quen a toque.** ⁴⁹⁶² (ms4 e mc: C.A.)
15538. **A gaita que-lo gaiteiro.** ⁴⁹⁶³ (mc: A.S.A.)
15539. **A música non mantén.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Música, caza y pesquera, a la vejez piojera.* (Ricart) (ct) *Música, caça i pesquera, se'n volen a la vellesa.* (Ricart)
15540. **Antes a panza e dispois a danza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
15541. **Ao son que me tocan bailo.** (mc: C.A.)
Var.: *Asegún me tocan bailo.* (M.V.) / *Dis que me querías ben / y-o teu querer era falso / y-eu como son picarona / conforme me tocan, danzo.* (ms16)
(pt) *Como me tangerem, assim bailarei.* (Chaves) / *Cada um dança conforme lhe tocam.* (Chaves) / *Aprende alta e baixa, e como te tangerem, assim dança.* (Id.) / *Alta e baixa aprenderei e como me tangerem, assim bailarei.* (Id.) (es) *Al son que me hicieres, a ése bailaré.* (Correas) / *Al son que te tañan, a ese baila.* (Correas) / *Como sonaren, así bailarás.* (Ricart) / *Ve donde vas, y como vieres, así haz y como sonaren, así bailarás.* (Ricart) / *Al son que tañan, a ése baila.* (Id.) / *Bailar al son que tocan.* (Sbarbi) (ct) *Tal sonada, tal ballada.* (Ricart) / *S'ha de ballar el ball segons el só.* (Id.) / *On vagi la persona deu ballar i cantar al so que li toquin.* (Id.)
15542. **Asegún me tocas bailo.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)

⁴⁹⁶² mc: *que a toque.*

⁴⁹⁶³ O orixinal di: *A gaita quel-o gaiteiro.*

15543. **Ave sola, nin canta nin chora.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

15544. **Baila, toleiro, baila sen son.** (mc)
(es) *Bailar sin son, o es gran fuerza, o gran afición.* (Ricart) (ct) *Qui balla sense so, no té el cap bó.* (Id.)

15545. **Barriga farta, tambor e gaita.** (mc: Layosa)

Véase *A danza sai da panza*.

15546. **Cada un se entende e baila solo.** ⁴⁹⁶⁴
(mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Cada uno se entiende y baila solo.* (R. Marín) (ct) *Cada ú s'entén y balla a sòles.* (Alberola)

15547. **Campana cascada nunca é sana.** (mc: Tuiriz, Monforte)

(pt) *Campa quebrada, nunca sara.* (Chaves) (es) *Campana cascada, nunca sana.* (Ricart) / *Campana cascada nunca sana, si no es fundida y renovada.* (Correas) (ct) *Campana esquerdada, may s'ha de sonar.* (Ricart)

15548. **Cantar como paio e comer como pito.** (mc: A.S.A.)

15549. **Cantar, ben cantas, mais non cantas como os cregos.** ⁴⁹⁶⁵ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

15550. **Dar ó pé, que tempo é.** (ms4: A.S.A.)

15551. **De barriga farta, tamboril e gaita.** (mc: Bucínos)
Var.: Como: *Barriga farta...*

(es) *Barriga llena, no siente pena.* (Castillo) / *Barriga llena, el alma alegre.* (Id.) / *De la panza, sale la gaita.*

15552. **De rusme-rusme saien os cascabeles.** ⁴⁹⁶⁶ (mc: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)

Var.: *De roxe-roxe fanse os cascabeles.* (mc e ms: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)

(pt) *Do ruge ruge se fazem os cascaveis.* (Chaves)

15553. **Despois de barriga farta, tambor e gaita.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15554. **Di a boca cómo han de facer os pés.** (mc: Orense)

Var.: Como: *A danza sai da panza.*

De la panza sale la danza.

15555. **Donde hai campanas hai badanas.** ⁴⁹⁶⁷ (mc: A.N.)

⁴⁹⁶⁴ ms: *s'entende.*

⁴⁹⁶⁵ ms: *pero non cantas.*

⁴⁹⁶⁶ ms4: *Do rusme-rusme.*

⁴⁹⁶⁷ O orixinal di: *Donde hai campanas hay badanas.*

- (es) *Donde hay campanas, hay badajos y badajadas.* (R. Marín) / *Donde hay campanas hay badajos: cada una tiene uno debajo.* (Id.) / *Donde hay campanas no faltarán badajadas.* (Id.) (ct) *Aon hi ha campanes, hi ha batalls.* (Alberola)
15556. **En xaneiro colle a gaita e deixa o pandeiro.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
15557. **Gaita de pau non toca ben.** (mc: Santiago)
15558. **Gaiteiro que empeza a tocar sin escala, a pouco chegará ou a nada.** (mc: Santiago)
15559. **Hai que bailar según tocan.** (mc: Santiago)
Var.: Como: *Asegún me tocan, bailo.*
15560. **Home que canta, seu mal espanta.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
15561. **Mentras o cura di a misa, o gaiteiro dorme no paleiro.** (mc: Santiago)
15562. **Moza que moito canta, algo lle falta.**⁴⁹⁶⁸ (mc: Buciños)
15563. **Moza que non canta, algo lle falta.** (mc: Buciños)
15564. **Nadie se cansa de gaita non sendo o que a toca.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
15565. **Nas mans está o pandeiro e quen-o soupera tocar.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
15566. **Non entra na misa a campana e a todos chama.**⁴⁹⁶⁹ (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(es) *No entra en la misa la campana, y a todos llama.* (Sbarbi)
Como: Una cosa es predicar, y otra dar trigo.
15567. **Non toda a festa ha de ser gaita.** (mc: M.L.2)
15568. **Nunca aprendas a cantar sin antes saber chorar.** (mc: Santiago)
15569. **O bailado non hai quen o quite.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
(es) *Nadie me quita lo bailado.* (Ricart)
15570. **O bailado, bailado queda.** (mc: Buciños)
Var.: *O bailado non hai quen mo quite.*
(es) *Nadie me quita lo bailado.* (Ricart)
15571. **O cego, en donde canta, alí xanta.**⁴⁹⁷⁰ (mc: Santiago)
15572. **O gaiteiro polo vran non ten máis labor que andar coa gaita na man.** (mc: Santiago)
15573. **O que acostumbra a bailar, tarde ou nunca pode parar.** (mc: Buciños)
Var.: *O que está afeito a bailar, nunca quedo pode estar.* (ms4: F.V.S.) / *O que é doito de bailar, nunca quedo pode estar.* (Ricart)
(es) *Quien está hecho a bailar, quieto no sabe estar.* (Ricart) / *Quien está hecho a danzar, no lo sabe dejar.* (Id.)
15574. **O que anda bailando, sale bailando.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
15575. **O que asubía na cama e canta na mesa, éche señal de ben pouca cabeza.** (ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)
15576. **O que baila sen tocar, ou está tolo ou quer estar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15577. **O que baila sin tanguer, ou é tolo ou quere ser.** (ms21,29r: Bermés)
15578. **O que baila sin tanguer, ou está tolo ou quere ser.**⁴⁹⁷¹ (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *O que baila sin tocar, ou está tolo ou quere tolear.* (Pidre-F.V.S.)⁴⁹⁷²
(es) *Bailar sin son, o es gran fuerza o gran afición.* (Ricart) (ct) *Qui balla sense so no té el cap bó.* (Ricart)
15579. **O que bailador foi de mozo, de vello inda vai á rúa.** (mc: M.V.)
Var.: *O que bailou ben de mozo, de vello inda dálle ó xeito.* (C. Alvarellós) / *O que de novo baila ben, de vello inda lle dá ó xeito.* (ms4: F.V.S.)
15580. **O que bailou ben de mozo, de vello inda lle dá xeito.** (mc: C. Alvarellós)
15581. **O que canta na cama e asubía na mesa, ten pouco xuicio na cabeza.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *O que chifra na cama e canta na mesa, non ten xuicio na cabeza.* (Fonsagrada-F.V.S.) / *O que come e canta, un sentido lle falta.*
(pt) *Quem canta na mesa e dansa no leito, é tolo perfeito.* (Id.) (es) *El poco seso, canta en la mesa y silba en el lecho.* (Ricart) / *A quien al comer está cantando, en la casa de*

⁴⁹⁶⁸ mc: *que moito algo.*

⁴⁹⁶⁹ V. tamén *Fingimiento, hipocresía, etc.*

⁴⁹⁷⁰ V. *O crego, onde canta, alí xanta en Trabaja.* / ms: *U cego.*

⁴⁹⁷¹ ms4: *ou e tolo*; ms-LU: *sen tanguer.*

⁴⁹⁷² ms4: *quer tolear.*

los locos le están esperando. (Id.) / Quien come y canta, un sentido le falta. (Id.) / Quien come y canta, de locura se levanta. (Ricart) (ct) Qui canta a taula i xiula al llit, no té el seny gaire complit. (Ricart) / Qui canta a la taula i xiula a la llit, o no té seny o el té molt petit. (Id.)

Van outras variantes en la sección: "Hambre y Gastronomía".

15582. **O que canta na cama e baila na mesa, non ten boa a cabeza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15583. **O que canta, o seu mal espanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15584. **O que canta, os seus males espanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
15585. **O que canta, seus males espanta.** (mc: Bucíños-F.V.S.)
Var.: *Quen canta, os seus males espanta.* (D.R.A.G.)
(pt) *Quem canta, seus males espanta, quem chora mais os aumenta. (Id.) (es) Quien canta, su mal espanta. (Ricart) / Quien canta, sus males espanta. (Id.) (ct) Qui canta, els seus mals espanta. (Ricart)*
15586. **O que come e canta, sentido lle falta.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
15587. **O que come e canta, si non está tolo, un pouco lle falta.** (ms8,41r: Silvarrey)
15588. **O que de novo bailou, de vello dálle ó son.** (mc: Tuiriz, Monforte)
15589. **O que está afeito a bailar, quedo non pode estar.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
Var.: *O que adoita de bailar, nunca quedo pode estar. (Ricart)*
(es) *Quien está hecho a bailar, quieto no sabe estar. (Ricart) / Quien está hecho a danzar, no lo sabe dejar. (Id.)*
15590. **O que fala na cama e asubía na mesa, pouco xuício ten na cabeza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
15591. **O que non canta, baila.** (mc: Santiago)
15592. **O que non perde faenas, sempre ha de ser gaiteiro.** ⁴⁹⁷³ (mc: Santiago)
15593. **O que non ten tempo, non pode cantar ben.** (mc: Santiago)
15594. **O que sempre quer andar en faenas, ha de ser gaiteiro.** (ms: Santiago)

⁴⁹⁷³ ms: *jaiteiro*.

15595. **O que tempo non ten, non pode bailar ben.** (mc: Santiago)
15596. **O ruiñeñor i-o papagaio sempre cantan no maio.** ⁴⁹⁷⁴ (mc: Santiago)
15597. **Os bailes son como os zarros: o millor non vale nada.** (mc: Bucíños)
15598. **Pola almorraña non toca a campana.** (mc: Corme)
15599. **Por bailar, rabear.** ⁴⁹⁷⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
15600. **¿Por que cantas, meu cura?, ¿por que, meu frade? Quen che mandou cantar, que che pague.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
15601. **Por un peso máis bóttalle o baixón.** (mc / ms4: F.V.S.)
Alude al fagot que suele en algunas comarcas acompañar el canto de los entierros.
15602. **Por xaneiro nunca toca ben o gaiteiro.** (mc: Santiago)
Var.: *Por xaneiro non toca ben o gaiteiro.* (Santiago)
15603. **Prefiero ser vagamundo e botar coplas ó mundo.** (mc)
15604. **Primeiro a panza e despois a danza.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Da pausa sai a dança. (Id.) / Depois da pausa, vem a dança. (Id.) (es) De la panza viene la danza. / La danza sale de la panza. / Después de la panza hay danza. (ct) De la panxa surt la danza. / Fa de mal ballar, amb la panxa buida. (mc: Ricart, p. 135)*
Véase *A danza sai da panza*.
15605. **Quen canta, espanta.** (ms15,17)
15606. **¿Quen che mandou cantar, frade? Quen che mandou que che pague.** ⁴⁹⁷⁶
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15607. **Quen che mandou cantar, meu frade, quen che mandou cantar, que che pague.** ⁴⁹⁷⁷ (mc: J.A.P. / ms21,24r: Bermés)
Var.: *Quen che mandou tocar, meu frade, quen che mandou tocar, que che pague. (Corme)*
(es) *Quien manda cantar, manda pagar. (Ricart)*
15608. **Quen vai ó baile e non sabe bailar, non sirve de nada e ocupa lugar.** ⁴⁹⁷⁸ (mc:

⁴⁹⁷⁴ ms: *e o, mayo*.

⁴⁹⁷⁵ ms4: *rabiar*.

⁴⁹⁷⁶ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Contratos*.

⁴⁹⁷⁷ V. *Contratos*.

⁴⁹⁷⁸ ms-SA: *ao baile*.

Buciños / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

15609. **Se queres ser gaitero, aprende a tocar o pandeiro.** (mc: Santiago)

15610. **Según é a ave é o cantar.** (mc: Buciños)
(pt) *Pelo canto se conhece o pássaro.* (Chaves) (es) *Por el canto se conoce el pájaro.* (Ricart) / *Al hombre, en el hablar, y el pájaro, en el cantar.* (Id.) / *Al canto se conoce el pájaro; al hablar, al hombre.* (Id.) / *Por su canto se conoce al pájaro, y por su fruto, al árbol.* (Ricart) / *Al pájaro, por su canto, y por sus milagros, al santo.* (Id.) (ct) *En cantar es coneix l'ocell, en parlar, el cervell.* (Ricart)

15611. **Según me tocan bailo.** (ms21,20r: Bermés)

15612. **Si queres que che cante, dáme a paga por diante.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Si quieres que el ciego cante, vaya la paga por delante.* (Ricart) / *Si quieres que yo cante, la paga por delante.* (Id.) (ct) *Pagant Sant Pere canta.* (Ricart)

15613. **Sin gaita nin fogo non quero o ceo.** (mc: Ribero de Avia)

Expresión exagerada e irrespetuosa de la afición a las fiestas, en las que no puede faltar la gaita ni los fuegos.

15614. **Ti bailache i-eu bailei, ti como sabes i-eu como sei.** ⁴⁹⁷⁹ (mc: M.V.)

(pt) *Cada qual canta como tem graça e casa como tem ventura.* (Chaves) (es) *Cada cual canta lo que sabe.* (Ricart) / *Cada uno canta según su gracia, y según su suerte, caza.* (Id.)

15615. **Ti cantache i-eu cantei, ti como sabes i-eu como sei.** ⁴⁹⁸⁰ (mc: Buciños)

(pt) *Cada qual canta como tem graça e casa como tem ventura.* (Chaves) (es) *Cada cual canta lo que sabe.* (Ricart) / *Cada uno canta según su gracia, y según su suerte, caza.* (Id.)

15616. **Toca a campana e non polo que morre.** (mc: Lugo)

Recogido en la canción popular: *Anque toquen as campanas / non tocan polo que morre; / tocan polos que están vivos / para que deles se acorden.*

15617. **U que de novo baila ben, de vello aínda lle dá ó son.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

⁴⁹⁷⁹ ms: e eu, bailaches.

⁴⁹⁸⁰ ms: y-eu.

15618. **Un día tras outro día, trinta días é un mes, e inda que pasen meses e meses, o gaitero sigue en pé.** ⁴⁹⁸¹ (mc: Santiago)

15619. **Unha ave sola nin canta nin chora.** (mc: M.V.)

(es) *Una ave sola, ni bien canta ni bien llora.* (Ricart) / *Un alma sola ni canta ni llora; o un ánima sola.* (Correas)

MUXICA

15620. **Non te cases cun ferreiro que te pican as muxicas.** (ms10,047v: D.E.)

NABIÑA. V. tamén *Huerta, Nabos.*

15621. **As nabizas piden unto; i-os grelos, lacón ó punto.** (ms10,065r: D.E.)

15622. **As nabizas queren unto, aceite e allos; todo xunto.** (ms10,065r: D.E.)

15623. **Pola Santa Mariña sementa a nabiña: a vella que así o decía ben o sabía, porque xa con tres follas a tiña.** (ms10,065r: D.E.)

NABOS. V. tamén *Agrícolas (Generales), Caldo, Huerta, Nabiña.*

15624. **A regra das cosechas son os nabos.** (mc e ms16: Páramo)

(es) *Año bueno, año de nabos.* (Hernán Núñez)
Según sea la de los nabos, así serán las demás.

15625. **Agosto mollado, nin millo nin nabo.** (ms16: Arcos de Pol)

15626. **Agosto nublado, castaña cocosa e nabo furado.** (ms5,058: Trives)

15627. **As cousas no seu tempo i-os nabos no Advento.** ⁴⁹⁸² (ms21,11v: Bermés)

15628. **Bótame no agosto co terrón e non me cortes no setembro co turbón.** (ms: Sober)
Dice el nabo.

15629. **Cosecha tarde, nabos cedo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballo, LU)

15630. **En canto a nabiña esté no nabo, non hai que fiar do estrelado.** ⁴⁹⁸³ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

15631. **Febreiro mollado é nabeiro.** (ms16: Santiago)

⁴⁹⁸¹ ms: tras d'outro.

⁴⁹⁸² O orixinal di: *As cousas no seu tempo y'os nabos no advento.*

⁴⁹⁸³ ms: está no nabo.

15632. **Na túa nabiña verás a cosecha que terás.** (mc e ms16: Buciños)
Nabiña por nabal.
15633. **Nabo cativo, ós tres días nacido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15634. **Nabo, nabiza e grelo, a trinidad do galego.** (ms10,065r: D.E.)
15635. **Nabos de Lugo, moita nabiza e pouco mendrugo.** (ms16: Arzúa)
15636. **Nabos e fidalgos, raros.** (mc e ms16: M.V.)
(pt) *O fidalgo e o nabo, raro.* (Chaves)
15637. **Nabos e señores, canto máis raros, mellores.** ⁴⁹⁸⁴ (mc e ms16: Chantada / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Os curas, nabos e señores, canto máis raros, mellores.* (ms4)
(pt) *O fidalgo e o nabo, raro.* (Chaves) (es) *Hidalgos y nabos, raros.* (R. Marín)
15638. **Non hai com'o nabo de Lugo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15639. **O cuco i-o nabo, de ano en ano.** ⁴⁹⁸⁵ (ms16: Guntín / ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
15640. **O nabo é soñón: un ano está debaixo do torrón.** (ms16: Arcos, Pol)
15641. **O nabo i-o señor, canto máis raro, millor.** ⁴⁹⁸⁶ (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
15642. **O nabo quer ser abonado.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15643. **O nabo, pra ser bon, ten que ser sembrado antes de san Ramón.** (ms5,138: Sober)
15644. **Os nabos, como o[s] señores, canto máis raros, mellores.** ⁴⁹⁸⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15645. **Os nabos de outono fan rico ó seu dono.** (mc e ms16: Lugo)
Son el principal elemento para la cebada de los cerdos.
15646. **Os nabos e os peixes no tempo da xiada crecen.** (ms10,065r: D.E.)
15647. **Os nabos e os señores, canto máis raros, mellores.** ⁴⁹⁸⁸ (ms21,17v: Bermés / ms-
- LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)
15648. **Os nabos, por san Bartolomeu, cada paso seu.** ⁴⁹⁸⁹ (mc, ms4 e ms16: Sandiás)
Var.: *Os nabos polo san Bartolomeu, cada paso seu.*
(ct) *Lo bon nap, per sant Jaume ha d' ésser nat. Respon sant Bartolomeu: "Millor és el meu".* (Sanchis)
15649. **Os pinos i-os nabos queren ver ir á casa a seu amo.** (ms16: Silvarrey)
15650. **Pola santa Lucía pon a nabiña.** (ms16: Donalbay, Begonte)
15651. **Polo Pilar, os nabos na terra i-o viño a envasar.** (mc e ms16: Santiago / ms16: Galicia Emigrante)
15652. **Polo san Amaro planta o teu nabo.** (ms16: Bermés / ms21,18r: Bermés)
15653. **Polo san Bartolomeu, en cada marco seu.** (ms16: Sober)
Alude a la siembra de los nabos.
15654. **Polo san Mateu, nabos en cada esquina o seu.** ⁴⁹⁹⁰ (mc / ms16: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
15655. **Polo san Mauro planta o teu nabo.** ⁴⁹⁹¹ (ms21,18r: Bermés)
15656. **Polo san Simón che direi quen ten nabos e quen non.** (ms9,13r: Carballino)
15657. **Polo san Simón eu che direi si hai nabos ou non.** (mc e ms16: C.G.)
Var.: *Por san Simón sábese si hai nabos ou non.* (ms15,24r: Silvarrey) / *Polo san Simón sabes si hai nabos ou non.* (ms16: Silvarrey)
15658. **Polo san Vicente pon os nabos da semente.** ⁴⁹⁹² (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Carballedo)
Var.: *Si queres ter bos nabos prá semente, platos por san Vicente.* (ms16: Santiago)
San Vicente de Ávila -1º de octubre; San Vicente mártir, 22 enero.
15659. **Ponte no marco, e si aquí hai un e outro no cabo, hai nabos.** (ms16: Silvarrey)
15660. **Por san Mateo somenta ti e eu.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
15661. **Por san Mateo, en cada esquina o seo. (E algún que outro polo medio)** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

⁴⁹⁸⁴ ms-LU: *mas raros.*

⁴⁹⁸⁵ ms-LU: *cucu.*

⁴⁹⁸⁶ O orixinal di: *O nabo y'o señor, canto mais raro, millor.*

⁴⁹⁸⁷ O orixinal di: *Os nabos como o señores canto mais raros meyores.*

⁴⁹⁸⁸ ms-LU (Paradela): e ms21,17v: *señores, millores.*

⁴⁹⁸⁹ ms4: *Bertolameu*; mc: *Bartolomé.*

⁴⁹⁹⁰ ms-LU: *Mateo*; ms e ms-LU: *en cada esquina seu.*

⁴⁹⁹¹ O orixinal di: *Pol'o S. Amaro (Mauro) planta o teu nabo.*

⁴⁹⁹² mc: *de semente.*

Se refiere a los nabos.

15662. **Por san Mateu, en cada esquina o seu.** (mc: Laparte, Monforte)

Var.: *Por san Mateu, en cada esquina o seu, i- algún que outro polo medio.* (ms16: Guntín / ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

Se refiere a los nabos.

15663. **Por san Vicente planta os nabos da semente.** ⁴⁹⁹³ (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

15664. **Por santa Catalina planta a nabiña.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15665. **Por santa Mariña sementa a túa nabiña.** (mc e ms16: Buciños)

(es) *Siémbrame en julio y saldré en tiempo de San Andrés.* (30 nov.)

Como los anteriores, y equivalente al cast.:

15666. **Por santa Mariña sementa alguha nabiña.** ⁴⁹⁹⁴ (mc e ms16: J.P.)

Var.: *Por santa Mariña busc'a nabiña.* (mc e ms16: J.P.) ⁴⁹⁹⁵

(es) *Por Santa Marina siembra tu nabina; la vieja que lo decía, o lo sabía, de tres hojas la tenía; o sembrada la tenía.* (Correas) / *Por Santa Marina siembra tu nabina; yo que no sé, por San Bartolomé.* (Id.)

15667. **Por Santiago o bon nabo ha de estar sembrado.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(es) *El buen nabo, por Santiago tiene cabo.* (Sbarbi) / *Si quieres buenos nabos, en julio has de sembrarlos.* (Id.)

15668. **Pra labrar nabos, homes tolos e xatos bravos.** (mc e ms16: Carballedo)

15669. **Pra ter bos nabos, rella i-esterco de ovella.** (ms5,029 / ms16: Valle del Mao)

15670. **Quen queira nabos vaia arrincalos.** (ms10,065r: D.E.)

15671. **Según vexas o nabiñal, así será o demais anal.** ⁴⁹⁹⁶ (mc e ms16: Incio-F.V.S.)

15672. **Se queres ter bos nabos en San Xoán, tes que sementalos.** (ms10,065r: D.E.)

15673. **Si queres ter boa nabiña, planta antes da santa Lucía.** (ms8,09r: Silvarrey)

⁴⁹⁹³ O orixinal di: *Por S. Vicente planta os navos da semente.*

⁴⁹⁹⁴ mc e ms16: *algunha*. Jacinto del Prado rexistra a forma *alguha*.

⁴⁹⁹⁵ mc e ms16: *busca nabiña*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *busc'a nabiña*.

⁴⁹⁹⁶ ms e ms4: *así estará*.

15674. **Si queres ter bon nabo, abona ben o agro.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

15675. **Si queres ver ben o nabal, que pareza ó principio mal.** ⁴⁹⁹⁷ (mc e ms16: Incio-F.V.S.)

15676. **Si queres ver bon o nabal, que pareza ó principio mal.** (ms4: Incio-F.V.S.)

15677. **Tal nabiñal, tal anal.** (mc e ms16: Layosa)
Como *según vexas o nabiñal...*

15678. **Tales terras, tales nabos; de pais cochinos, fillos marranos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)

15679. **Tales terras, tales nabos.** (ms16: Sober)

NACER

15680. **Cada un nace pró que é.** (ms10,065r: D.E.)

15681. **Cada un nace pró que ha de ser.** (ms10,065r: D.E.)

15682. **Cando nace a basoira nace o burro que a roa.** (ms10,065r: D.E.)

15683. **En bo día naceu o que honra non conoceu.** (ms10,065r: D.E.)

15684. **En mala hora nace quen mala fama cobra e por quitala non fai obra.** (ms10,065r: D.E.)

15685. **En mala hora naceu quen mala fama colleu.** (ms10,065r: D.E.)

15686. **Millor que onde naces, onde paces.** (ms10,065r: D.E.)

15687. **Nace a criatura coa súa ventura.** (ms10,065r: D.E.)

15688. **Nace na horta o que o hortelán non sementa.** (ms10,065r: D.E.)

15689. **Nace o home pra traballar e non pra folgar.** (ms10,065r: D.E.)

15690. **Ninguién nace sendo un mestre.** (ms10,065r: D.E.)

15691. **Ninguién naceu ensinado.** (ms10,065r: D.E.)

15692. **No nacer e no morrer todos iguais temos que ser.** (ms10,065r: D.E.)

15693. **Non naciches pra ti soilo: outro pra ti e ti pra outro.** (ms10,065r: D.E.)

15694. **Pra nacer e morrer non hai ricos nin probes.** (ms10,065r: D.E.)

15695. **Pra nacer e morrer todos vimos ó mundo.** (ms10,065r: D.E.)

15696. **Todo o que nace morre, sea o que fore e sea quen fore.** (ms10,065r: D.E.)

⁴⁹⁹⁷ ms e ms4: *parezca*.

15697. **Todos en coiro nacemos e en coiro morremos.** (ms10,065r: D.E.)
 15698. **Todos nacemos en coiro.** (ms10,065r: D.E.)

NADA. V. tamén *Mucho, Poco, Todo*.

15699. **Con nada non se fai nada.** (ms10,066r: D.E.)
 15700. **De nada, nada esperes.** (ms10,066r: D.E.)
 15701. **Nada e todo, todo é nada.** (ms10,066r: D.E.)
 15702. **Nada entre dous pratos.** (ms10,066r: D.E.)
 15703. **Nada pode gardar o que nada ten.** (ms10,066r: D.E.)
 15704. **Nada ten o que nada lle abonda.** (ms10,066r: D.E.)
 15705. **O que non é pra nada, nunca lle pasa nada.** (ms10,066r: D.E.)
 15706. **Tanto é pouco como é nada, que non aproveita nin dana.** (ms10,066r: D.E.)

NADIE

15707. **Non lle importa a naide cómo vive naide.** (ms10,066r: D.E.)
 15708. **¿Pra que se mete naide no que fai naide?** (ms10,066r: D.E.)

NALGAS

15709. **Catro nádegas non caben nun trono real.** (ms10,066r: D.E.)
 15710. **Nádegas e cu todo é un.** (ms10,066r: D.E.)

NARANJA. V. tamén *Fruta, Huerta*.

15711. **O que come a laranxa que probe a denteira.** (ms10,032v: D.E.)

NATACIÓN

15712. **A gala do nadador é saber garda-la roupa.** ⁴⁹⁹⁸ (ms10,066r: D.E.)
 15713. **Na terra e no mar afógase o que non sabe nadar.** (ms16: D.E.)
 15714. **Nadar e nadar e morrer na beiramar.** ⁴⁹⁹⁹ (ms10,066r: D.E.)
 15715. **Nadar, nadar e na beira afogar.** ⁵⁰⁰⁰ (ms10,066r: D.E.)

⁴⁹⁹⁸ O orixinal di: *A gala do nadador é saber gardala roupa*. En ms10 s.v. *Nadar*.

⁴⁹⁹⁹ En ms10 s.v. *Nadar*.

⁵⁰⁰⁰ En ms10 s.v. *Nadar*.

15716. **Nadar, nadar e ó cabo afogar.** ⁵⁰⁰¹ (ms10,066r: D.E.)
 15717. **O mar come dos nadadores.** (ms16: Buciños)
 15718. **O millor nadador afógase.** ⁵⁰⁰² (mc e ms16: S. Loureiro)
 (es) *El mejor nadador se ahoga*. (Gella)
 15719. **O millor nadar é saber garda-la roupa.** ⁵⁰⁰³ (ms10,066r: D.E.)
 15720. **O millor nadador é da auga.** (mc e ms16: S. Loureiro)
 (es) *El mejor nadador es del agua*. (Gella) / *El mejor nadador se ahoga*. (Id.) / *Al mejor nadador se lo lleva el río*. (Id.) / *Al mejor nadador se lo lleva la corriente*. (Id.)
 15721. **O primeiro que se necesita pra aprender a nadar é ter auga.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
 15722. **O que non entra a nadar, non se afoga nin no río nin no mar.** ⁵⁰⁰⁴ (ms10,066r: D.E.)
 15723. **Se queres ir pescar, tes que saber nadar.** (ms-SA: José Eiras Paz: Amil, Moraña, PO)

NAVEGACIÓN. V. tamén *Embarcaciones, Marítimos* (*Arte de navegar*).

15724. **Cerzo na vara, auga na cara.** ⁵⁰⁰⁵ (mc e ms16: Gella / ms18,69r: Gella-Viavélez)
 15725. **O que non se marea na Marola, non se marea na mar toda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

ARTES DE NAVEGACIÓN

15726. **Andar, barquiños, andar, non vos colla san Simón no mar.** (mc, ms11,13 e ms16: Sar., Bayona / ms18,69r: Gella)
 (pt) *Andar marinho andar, não te apanhe S. Simao no mar*. (Chaves) / *Por S. Simao semear, sim, navegar não*. (Id.) (es) *Por San Simón y San Judas, las naves al ancla*. (Sbarbi)
 San Simón, 28 de outubro, fecha señalada, como el 25 de noviembre, por el temporal que suele presentarse en algunas costas españolas, y desde luego, en las gallegas. / Hallándose no muy lejano lo que los marinos llaman el conchazo de San

⁵⁰⁰¹ En ms10 s.v. *Nadar*.

⁵⁰⁰² ms: *mellor*.

⁵⁰⁰³ O orixinal di: *O millor nadar e saber gardala roupa*. En ms10 s.v. *Nadar*.

⁵⁰⁰⁴ En ms10 s.v. *Nadar*.

⁵⁰⁰⁵ Indica *Pronósticos meteorológicos de la gente de mar* no ms.

Francisco, en que, como es sabido, es peligroso viajar por mar, a causa de las frecuentes tormentas, se explica que recomienda que los buques, no se expongan en travesías que pueden ser perjudiciales. (Sbarbi) (ms11)

NORMAS DE NAVEGACIÓN

15727. **A calma vento espera: mariñeiro, ponte en vela.**⁵⁰⁰⁶ (mc e ms16: Gella, Bayona)

Según Gella, "viene a completar: *Tras la tempestad viene la calma* y advierte que "ni en la bonanza debe descuidarse el navegante".

15728. **A calma vento espera: mariñeiro, vente a vela.** (mc: Sar., Bayona)

Según Gella Iturriaga, este refrán viene a completar *Tras la tempestad viene la calma*, y advierte que ni en la bonanza debe descuidarse el navegante.

15729. **A norte vello non lle fies o pelexo.** (mc e ms16: Cariño)

Var.: *A un sur xoven e a norte vello non lle fies o pelexo.* (ms16: Mugía)

(es) *A sur nuevo y a norte viejo, no les fies tu pellejo.* (Sar)

15730. **A pasa-lo Carromeiro ten coidado, mariñeiro.**⁵⁰⁰⁷ (ms16: R. Fisterrán)

Es el *Carromeiro Chico*, bajo a la entrada de la ría de Corcubión, que constituye un peligro para los navegantes.

15731. **A vela hai que velala.** (ms16: Sta. Eugenia de Ribeira)

(es) *La vela, velarla.* (Gella)

15732. **Aire do mar, mariñeiro a pescar; aire da terra, mariñeiros á merda; aire do cabo, á noite acabado.** (ms5,137: Foz)

15733. **Andar, barquiños, andar axiña, non vos colla o cordonazo de santa Catalina.** (mc, ms16 e ms11,14: Sar., Bayona / ms18,69r: Gella.-Bayona)

(pt) *Andar, marinheiro, andar; nao te apanhe S. Simao no mar.* (Chaves) / *Por S. Simao, semear, sim; navegar, nao.* (Chaves) (es) *Por San Simón y San Judas, las naves al ancla.* (Sbarbi) (ct) *La roda de Sta. Catarina, el pitjor temps per a embarcar-se.* (Sanchis)

Por los días de su fiesta (25 de noviembre), suele presentarse mal tiempo en las costas

⁵⁰⁰⁶ ms4: *a vela.*

⁵⁰⁰⁷ O orixinal di: *A pasalo Carromeiro, ten coidado, mariñeiro.*

gallegas y en otras de la península. En Cartagena, dice Saralegui, aún se celebra una función votiva a la Virgen del Rosell por el favor prestado a los marineros en una tempestad que los puso en peligro de la vida el 25 de noviembre de 1694, y que se conoce con el nombre de borrasca de Sta. Catalina.

15734. **Cambio de lúa, sorpresa segura: si o cambio é de nova a vella, con moito cuidado navega.**⁵⁰⁰⁸ (mc e ms16: Gella, Marín)

15735. **Cando a gaivota visita ao labrador, mal lle vai ao pescador.**⁵⁰⁰⁹ (mc e ms16: M.-R. de P. / ms5,138: Sta. E. de Riveira)

15736. **Cando a ghavota visita o labrador, fame ten o pescador.**⁵⁰¹⁰ (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

15737. **Cando o Monte Louro se pon a monteira, tómallo todos os rizos ás velas.**⁵⁰¹¹ (mc e ms16: Sar., Noya / ms11,20: Saralegui)

El monte Louro se eleva a regular altura al S.O. de la ensenada de San Francisco, próxima a Muros. Cuando se cubre de nubes anuncia viento duro, por lo que el marinero debe prepararse a recibirlo arizando las velas.

15738. **Das illas Cíes non te fies.** (ms16: Pedro Merille, *La Defensa*, Betanzos)

15739. **Dendes a punta da Estaca (de Vares) á ribeiraña de Foz, canto máis lonxe, millor.** (ms16: Pedro Merille, *La Defensa*, Betanzos)

Deben los barcos alejarse de la costa.

15740. **En vela chovendo, coidado co vento que, si vén o poniente, barco ó garete.** (ms5,131: Sangenjo)

Navegando a vela, si llueve, debe ponerse especial cuidado, pues si el viento vira a poniente, puede tumbar el barco.

15741. **Estando o norte do Cabo con lucencia ó poniente, botade a vela, rapaces, e comer caldo quente.**⁵⁰¹² (mc, ms4 e ms16: Sada / ms18,69v: Gella.-Sada)

15742. **Gaivota en xunqueira, mariñeiros á merda.** (mc e ms16: M.-Ría de Arosa)

⁵⁰⁰⁸ ms e ms4: *de nova ou vella.*

⁵⁰⁰⁹ ms5,138: *gavota, ó pescador.*

⁵⁰¹⁰ O orixinal di: *Cando a jabota visita o labrador fame ten o pescador.*

⁵⁰¹¹ Referencia ms11,20: Saralegui, Refranero Español Náutico y Meteorológico. p. 46) / ms16: *Cando Monte Louro, tómallo os rizos.*

⁵⁰¹² ms4: *o caldo quente*; mc e ms18,69v: *a comer.*

- Var.: *Gaivotas á terra, mariñeiros á p...*
(M.-R. de P.) / *Gaivotas á ribeira, mariñeiros á merda.* (Vigo)⁵⁰¹³
15743. **Gaivotas á terra, mariñeiros á m[erda].**⁵⁰¹⁴ (ms18,69v: Gella.-Vigo)
15744. **Gaivotas en terra, mariñeiro na taberna.** (ms18,69v: Gella.-Marín)
15745. **Gaivotas en terra, mariñeiros na taberna.** (mc e ms16: M.-R. de P.)
15746. **Gaivotas en terra, mariñeiros pescando pola carretera.** (mc e ms16: Sar., Bayona)
(es) *Gaviotas por la tierra, temporal por la mar.* (Gella) / *Gaviotas en tierra, marineros a casa.* (Id.) / *Gaviotas en tierra, sube el bote a la ribera.* (Id.) (ct) *Gavines per la terra, temporal per la mar.*⁵⁰¹⁵ (Gella)
15747. **Gaivotas na ribeira, mariñeiros á terra.** (mc e ms16: Sar., Noya)
Quando las gaviotas, u otras aves marinas barruntan mal tiempo, buscan anticipadamente refugio y sustento en los abrigos de la costa. A ello aluden las paremias pecedentes.
15748. **Gaivotas pró mar fuxir, hasta os vellos poden ir.** (mc e ms16: San Ciprián)
(es) *Gaviotas en el mar a huir, hasta los viejos pueden ir.* (Gella) / *Gaviotas en el mar, marineros a pescar.* (Id.)
Es el contrario de los anteriores; barruntan buen tiempo. Hasta os vellos poden ir a pescar.
15749. **Luna en pé, mariñeiro déitate.**⁵⁰¹⁶ (ms / ms16: Bayona)
15750. **Maio ventoso, pró labrego fermoso e pró mariñeiro penoso.** (ms16: Santiago)
Var.: *Maio ventoso, pra o labrador hermoso e para o mariñeiro destrozo.* (mc: Sar., Bayona)
15751. **Mazaricos á terra, mariñeiros á merda.** (mc e ms16: Sada)
Var.: *Mazaricos á terra, mariñeiros... sin pesca.*
Como los referentes a las gaviotas que buscan refugio en la costa. *Mazaricos* son los zarapitos, en general, y principalmente los acuáticos. / Variante: Lo trae Saralegui, que advierte que en lugar de *sin pesca* dicen
- los marineros otra cosa, *Mazaricos, zarapito, zarrapico:* ave zancuda, acuática.
15752. **Navegar contra vento é gran tormento.** (ms5,045: Serantes de Lage)
Var.: *Navegar sin vento é gran tormento.* (ms16: Serantes de Lage)
15753. **Nubes con ribetes, aferra ben os xanetes.** (ms16: A.N.)
(es) *Nubes con franjas o ribetes, aferra bien los juanetes.* (R. Marín)
15754. **Ó mar, madeira.** (ms16: D.E.)
(es) *A la mar... madera.* (Saralegui)
Indica que para navegar con mayor seguridad es preferible un barco grande que un barco pequeno (*Diccionario Enciclopédico*)
15755. **O vento antes da chuvia, deixa ir que non hai duda.** (mc: S. Loureiro)
Var.: *Si vén o vento antes da auga, deixa ir que non é nada.* (ms16 e ms15,41: Burela) / *Vento antes da chuvia, deixa ir que non hai duda.* (ms16: Mugia).
(es) *Viento antes que lluvia, déjate ir que no hay duda.* (Gella) / *Viento antes que lluvia, déjate ir que no hay duda; lluvia antes de viento, métete dentro.* (Id.)
15756. **O xeito quer xeito; e a vela hai que velala; e o ollo ó leme e a escota na man.** (ms5,141: Sta. Eugenia de Riveira)
Ó leme = alerta.
15757. **Os corvos de mar en terra, mariñeiro, vente en vela.** (mc e ms16: Sar., Bayona)
Auguran también mal tiempo; de ahí el aviso al marinero de abandonar el mar. / *Corvo do mar, corvo mareiro, corvo mariñeiro.* Rodríguez González registra también *lavanco*. Leiras Pulpeiro (*Vocabulario* de la R.A.G.) registra *corvo mariño* = mergo. Son todas aves palmípedas de las costas gallegas; y a todas sus especies se aplica la paremia, que coincide con las de las gaviotas.
15758. **Por santa Lucía, mascatos pola badía.** (mc: F.Y. / ms3: A.I.)
Var.: *En santa Lucía, mascatos pola badía.* (ms16: A.I.) / *Pola santa Lucía, mascatos na badía.* (ms16: D.E.)
Se acoge también a tierra, como la gaviotas y demás aves marinas, cuando barrunta mal tiempo, que suele reinar en los días de diciembre que anuncia el refrán (Sta. Lucía es el 13), por las costas gallegas. / *Mascato:* Ave marítima que tiene casi doble cuerpo que la gaviota común (*Diccionario Enciclopédico*). Es de plumaje blanco,

⁵⁰¹³ ms4: *na ribeira.*

⁵⁰¹⁴ O orixinal di: *Gaivotas à terra, mariñeiros á m...*

⁵⁰¹⁵ No ms este refrán aparece como valenciano.

⁵⁰¹⁶ Aparece por detrás da ficha de *Pau si remas, pau si non remas.*

menos en la cabeza y la punta de las alas que es parduzco. (mc) / *Mascato*: Ave acuática, variedad de la gaviota, aunque más grande que esta. (ms3)

15759. **Si a chuvia te colle antes do vento, alista drizas, non perdas momento; pero si o vento vén primeiro, iza velas, mariñeiro.** (ms16: *Sonata Gallega*)
15760. **Si vas con sur ó mar, roupa de augas has levar.** (ms15,41: Grove)
15761. **Si vén a chuvia antes do vento, arría con tempo; si vén o vento antes da chuvia, corre sin duda.** (ms15,41: Sada)
15762. **Si vén a chuvia antes do vento, deixa ir a vela ao vento.** (mc e ms16: Sar)
15763. **Si ves o fogo de san Telmo, non che faltarán desvelos.** (ms16: Bayona)
Presagia cambio de tempo: de bien en mal, o de mal en peor.
15764. **"Toma rizo" veu á terra e "deixa ir" quedou no mar.** (ms15,41: Grove)
15765. **Van as nubes de terra pra fóra, homes e mulleres pra o mar.** ⁵⁰¹⁷ (mc e ms16: Sar., Bayona)
Señal de buen tiempo para pescadores, rederas, vendedoras, etc.
15766. **Vento antes da chuvia, deixa ir que non hai duda.** (ms16: Mugá)
15767. **Vindo chuvia antes do vento, aferra e mete dentro.** ⁵⁰¹⁸ (mc, ms16 e ms18,63r: S. Loureiro)

PRONÓSTICOS METEOROLÓGICOS DE LA GENTE DE MAR

15768. **A corrente prá ría sin parar, temos chuvia e vendaval.** (mc e ms16: Sar., Bayona / ms18,69v: Gella.-Bayona)
La corriente constante en la misma dirección, de fuera para dentro, es anuncio de vendaval lluvioso.
15769. **A plaia de Panxón a roncar, bo tempo vai entrar.** ⁵⁰¹⁹ (mc e ms16: Sar., Bayona)

⁵⁰¹⁷ ms16: *da terra pra* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pesca (Pescadores)*.

⁵⁰¹⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Embarcaciones*. / ms18,63r: *Vindo a chuvia*.

⁵⁰¹⁹ Indica *Marítimos (Pronóstico de buen tiempo)* no ms, e no mc encóntrase dentro do tema *Marítimos (Tierra y mar)*.

El ruído sordo que hace el mar en la playa de Panjón, lo tienen los marineros como augurio de buen tiempo. (mc)

15770. **Berra a Arnela, o demo tras dela.** (ms16: *R. Fisterrán*)
Arnela, pequena playa de la costa de Finisterre. El refrán anuncia mal tiempo.
15771. **Berra Amián, auga na man.** (ms16: *R. Fisterrán*)
Amián = Pedra Amián se llama un bajío al sur de la playa de Traba de Laxe.
15772. **Berra o Mar de Fóra, lobos á coba.** (ms16: *R. Fisterrán*)
Mal tiempo. *Mar de Fora* = playa de la costa brava fisterrana.
15773. **Berra o mar en Lapamán, vento sur á mañán.** (mc e ms16: *M.-R. de P.*)
Var.: *Berra o mar en Lapamán, vento sur na man.* (mc e ms16: *M.-R. de P.*)
15774. **Berra o Paio, saca o saio.** (ms16: *R. Fisterrán*)
Paio es una punta al norte de la playa Traba de Laxe.
15775. **Berra o Rostro, Dios connosco.** (ms16: *R. Fisterrán*)
Buen tiempo. *Rostro* = playa en el seno de Memiñal.
15776. **Brúa Esteiro, vellos ó quinteiro.** (ms16: Carballo)
15777. **Cabo remangado, sueste ó rabo.** (mc e ms16: Gella, Rinlo)
15778. **Cando berran os corvos, sinal de norte.** (mc e ms16: *M.-R. de P.*)
15779. **Cando Fisterra estira o piteiro, vendaval verdadeiro.** (mc e ms16: Muros)
15780. **Cando hai leste na ribeira, sudoeste na eira.** (mc e ms16: Gella / ms4: F.V.S. / ms18,69r: Gella.-Marín)
15781. **Cerzo na vara, auga na cara.** (mc e ms16: Gella)
Vara = sierra.
15782. **Chuvia sin sur non dura tres días.** (mc e ms16: *M.-R. de P.*)
15783. **Portugal claro e Galicia escura, vendabal sin duda.** (ms16: Sta. Eugenia de Ribeira)

NAVIDADES. V. tamén *Fiestas y romerías*.

15784. **As festas do ano, por onde quixeres, as Navidades, cas túas mulleres.** ⁵⁰²⁰ (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)

⁵⁰²⁰ Indica *Navidades*.

15785. **Navidá en domingo, vende os bois e bótao en trigo.**⁵⁰²¹ (ms10,066r: D.E.)
 15786. **Navidá en viernes, sementa onde poideres.**⁵⁰²² (ms10,066r: D.E.)

NECEDAD

15787. **A conta de burros viven os agudos.**⁵⁰²³ (mc)
 15788. **Á conta dos burros aproveitanse os agudos.** (ms21,06r: Bermés)
 15789. **Á conta dos burros viven os agudos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 15790. **Á conta dos tontos viven os avisados.**⁵⁰²⁴ (mc: Bucínos)
 Var.: *A conta dos tolos viven os cordos.* (Sarria)
 15791. **A roupa dos tolos rómpena os cordos.**⁵⁰²⁵ (mc: M.L.)
 15792. **Anque son parvo, non tanto que non seipa cántas son catro.**⁵⁰²⁶ (ms10,083r: D.E.)
 15793. **Auga de bobos e molla os cordos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
 15794. **Auga de bobos molla os cordos.**⁵⁰²⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballedo, LU)
 15795. **Bachiller en artes, burro en todas as partes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 15796. **Ben burro é o home que ten besta e anda a pé.**⁵⁰²⁸ (mc e ms16: Santiago)
 Var.: *Ben burro é quen tendo burro viaxa a pé.* (ms16: Enc.)
 15797. **Ben burro é quen burro ten; pero inda é máis burro quen, podendo, non o ten.** (ms16: Enc.)
 (es) *Bien es asno quien asno tiene; más asno es quien no lo tiene.* (R. Marín)
 15798. **Ben parvo é o que coida que a xente é boba.**⁵⁰²⁹ (ms10,083r: D.E.)
 15799. **Ben se me entende o que falo, anque me fago o parvo.**⁵⁰³⁰ (ms10,083r: D.E.)

⁵⁰²¹ En ms10 s.v. *Navidad*.

⁵⁰²² En ms10 s.v. *Navidad*.

⁵⁰²³ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵⁰²⁴ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵⁰²⁵ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵⁰²⁶ En ms10 s.v. *Necio*.

⁵⁰²⁷ ms-LU (Paco de Seoane): *moll'os cordos*.

⁵⁰²⁸ ms: *da*.

⁵⁰²⁹ En ms10 s.v. *Necio*.

⁵⁰³⁰ En ms10 s.v. *Necio*.

15800. **Burro sea quen a burro protexa.** (ms16: Enc.)
 15801. **Burro sea quen con burro leitea.** (ms16: Enc.)
 (es) *Asno sea quien asno batea.* (H.Núñez)
 15802. **Burro sea quen ser burro queira.** (ms16: Enc.)
 15803. **Cada día que amanece, a récoa dos parvos crece.**⁵⁰³¹ (ms10,083r: D.E.)
 15804. **Cando todos che digan que es burro, ornea.** (ms16: Enc.)
 15805. **Canto máis burro, máis te avergonzas.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)
 15806. **Do que é parvo e non-o sabe, Dios teña piedade.**⁵⁰³² (ms10,083r: D.E.)
 15807. **É pecado borrical ter besta e levala de ramal.** (mc e ms16: Gondrame, Páramo-F.V.S.)
 15808. **Hainos que din o que saben e non saben o que din.** (ms: Bucínos)
 15809. **Home orelludo, señal de burro.** (mc e ms16: Santiago)
 15810. **Máis fácele é ó burro perguntar que ó sabio responder.** (ms16: Enc.)
 15811. **Máis vale burro vivo que sabio morto.**⁵⁰³³ (mc: J.A.P. / ms16: Enc.)
 (pt) *Mais vale burro vivo que sábio morto.* (Chaves) / *Mais vale cão vivo que leão morto.* (Chaves) (es) *Más vale burro vivo que sabio muerto.* (R. Marín) (ct) *Més val burro viu, que sabi mòrt.* (Alberola)
 15812. **Non hai peor tonto que o que se fai.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
 15813. **Non seas parvo, Xan, e non cho chamarán.**⁵⁰³⁴ (ms10,083r: D.E.)
 15814. **Nunca pela un burro anque non teña o pelo moi duro.** (ms21,19r: Bermés)
 15815. **Nunca pela un burro anque teña o pelo moi duro.** (ms16: Bermés)
 15816. **Nunca un burro morreu calvo.** (mc e ms16: Santiago)
 Var.: *Ningún burro se quedou calvo.* (ms16: Enc.)

⁵⁰³¹ En ms10 s.v. *Necio*.

⁵⁰³² O orixinal di: *Do que é parvo e nono sabe, Dios teña piedade.* En ms10 s.v. *Necio*.

⁵⁰³³ V. *Vale máis un burro vivo que un home morto en Hombre.*

⁵⁰³⁴ En ms10 s.v. *Necio*.

15817. **O burro por onde pasa sempre deixa as ferraduras.** ⁵⁰³⁵ (mc, ms e ms16: Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Los efectos de su mala actuación; aplícase a las personas.
15818. **O crenque i-o penseque son parentes do señor burrique.** (ms8,73r: Trives)
15819. **O parvo i-ó tolo múdalle o xogo.** ⁵⁰³⁶ (ms10,083r: D.E.)
15820. **O parvo, si é calado, pasa ben por avisado.** ⁵⁰³⁷ (ms10,083r: D.E.)
15821. **O pensar é de burros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
15822. **O qu'é burro, pida a Dios que o mate.** (ms21,16v: Bermés)
15823. **O qu'é tonto, Dio-lo mate.** ⁵⁰³⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15824. **O que burro ha de ter, burro ha de ser.** (ms: Fonsagrada-F.V.S.)
15825. **O que burro vai a Roma, burro vén á volta.** (ms16: Enc.)
(es) *Quien necio va a Roma, necio se torna.* (R. Marín)
15826. **O que é burro, que o aparelen.** ⁵⁰³⁹ (mc e ms16: Monforte / ms4: F.V.S.)
(ct) *Qui siga burro que l'albarden.* (Alberola)
Como merece mientras lo sea.
15827. **O que é burro, tanto é aquí como en Lugo.** ⁵⁰⁴⁰ (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
15828. **O que é burro, verte as papas.** (mc e ms16: A.N.)
15829. **O que é burro, Dio-lo mate.** ⁵⁰⁴¹ (mc: Buciños / ms5,055: O. de Rey / ms16: Enc.)
Var.: *O que é burro, pida a Dios que o mate.* (ms16: Bermés / ms16: Enc.)
15830. **O que nace burro, burro morre.** (ms16: Enc.)
15831. **O que non ten cabeza escusa sombreiro.** (ms-SA: José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C)
15832. **O que non ten cabeza non precisa sombreiro.** ⁵⁰⁴² (ms-SA: Manuel Camino Sánchez

⁵⁰³⁵ mc e ms-SA: *donde*.

⁵⁰³⁶ En ms10 s.v. *Necio*.

⁵⁰³⁷ En ms10 s.v. *Necio*.

⁵⁰³⁸ O orixinal di: *O qu-e tonto Dio-lo mate*.

⁵⁰³⁹ ms: *qu'o*.

⁵⁰⁴⁰ ms-LU: *eiquí coma en Lugo*.

⁵⁰⁴¹ O orixinal di: *O que é burro, Diol-o mate*.

⁵⁰⁴² ms-SA (A Coruña): *sumbreiro*.

/ ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

15833. **O que non ten cabeza, non necesita sombreiro.** ⁵⁰⁴³ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(pt) *Quem não tem cabeça não há mister carapuça.* (Chaves) (es) *Quien cabeza no tiene, no ha menester bonete.* (Sbarbi) (ct) *Aon no hi ha cap, no cal sombrero (ou barret).* ⁵⁰⁴⁴ (Alberola)
15834. **O que o burro gaba, tal fillo lle naza.** (ms16: Enc.)
15835. **O que por tonto peca, por tonto se condena.** (ms18,66v)
15836. **Parvo é o que pensa que outro n'ó pensa.** ⁵⁰⁴⁵ (ms10,083r: D.E.)
15837. **Quen non ten cabeza, non lle fai falta sombreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra de Bergantiños, C)
15838. **Val máis burro ser que con burros debater.** (ms16: Enc.)
15839. **Vale máis burro vivo que doutor morto.** ⁵⁰⁴⁶ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Máis vale burro vivo que doctor morto.* (ms16)
(pt) *Mais vale burro vivo que sábio morto.* (Chaves) (es) *Más vale burro vivo que sabio muerto.* (R. Marín) (ct) *Més val burro viu que sabi mòrt.* (Alberola)
Véase *Máis vale burro vivo que sabio morto*.
15840. **Vale máis burro vivo que sabio morto.** (ms-SA: José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)

DESACIERTO DE LOS NECIOS

15841. **Cada burro dá a súa sentenza.** (ms10,049v: O. de Rei)

NÚMERO DE LOS NECIOS

15842. **A moitos mantén a fariña que debía manter a cebada.** (mc e ms16: Buciños)
15843. **Cando un burro fala, o outro escoita.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)

⁵⁰⁴³ ms-SA: *sobreiro*.

⁵⁰⁴⁴ Vázquez saco recolle o refrán coa forma *cae sobreiro*, que supoñemos un erro de transcripción.

⁵⁰⁴⁵ En ms10 s.v. *Necio*.

⁵⁰⁴⁶ ms-LU: *ca doutor*.

15844. **Cando un burro ornea, outro escoita.** (mc e ms16: M.V.)

Var.: *Cando un burro ornea, outro baixa a orella.* (Buciños-F.V.S.)⁵⁰⁴⁷ / *Cando un burro fala, catorce escoitan.* (ms16: Noia) / *Cando un burro ornea, sempre hai outro que escoucea.* (ms16: D.E.)

Siempre hay quien escucha como oráculos a los tontos.

15845. **Cando un burro ornea, u outro escoita.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

15846. **Si tódolos burros trouxeran albarda, os albardeiros moito ganaban.** (ms16: D.E.)

NECESIDAD

15847. **A necesidá decrarada é medio remediada.** (ms10,067r: D.E.)

15848. **A necesidá é mestra.** (ms10,067r: D.E.)

15849. **A necesidá fai a vella trotar.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

(pt) *A necessidade mete a velha a caminho.* (Chaves) (es) *La necesidad hace a la vieja trotar y al gotoso saltar.* (Correas)

15850. **A necesidá fai facer os cestos.** (ms16: Tuiriz, Monforte)

Var.: *A necesidá fai cestos.* (ms16: Verín)

15851. **A necesidá fai maestro.**⁵⁰⁴⁸ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

Var.: *A necesidá fai maestre.* (ms16: Santiago)

(pt) *A necessidade faz os homens expertos.* (Chaves) (es) *La necesidad hace maestros.* (Correas) ms16: R.

15852. **A necesidá fai mestres.** (ms10,067r: D.E.)

15853. **A necesidá fai o home matinar e traxinar.** (ms10,067r: D.E.)

15854. **A necesidá i-a loucura adoitan andar xuntas.** (ms10,067r: D.E.)

15855. **A necesidá mete a vella en camiño.** (ms10,067r: D.E.)

15856. **A necesidá non é boa conselleira.** (ms16: Lugo)

(es) *La necesidad es mala consejera.* (M. Kleiser)

15857. **A necesidá obriga ó que o home non maxina.** (ms10,067r: D.E.)

15858. **A necesidá obriga.** (ms16: Silvarrey)

(es) *Necesidad obliga.* (M. Kleiser)

15859. **A necesidade da miña casa ninguén a pasa.**⁵⁰⁴⁹ (ms16 e ms10,067r: D.E.)

(es) *La necesidad de mi casa, nadie la pasa.* (Correas)

15860. **A necesidade ten cara de herexe.** (mc e ms16: C.A.)

(es) *La necesidad tiene cara de hereje.* (Sbarbi) Que glosa: “dícese con donaire, traduciendo el latino al sonido de las palabras *necessitas caret lege*”. Para Sbarbi es una traducción macarrónica del latín *necessitas caret lege*.

15861. **A quen has mester trátao de mercé.** (ms10,039v: D.E.)

15862. **A quen mester non ha, non hai pra que lle dar.** (ms10,039v: D.E.)

15863. **Cada un fala do seu mester onde queira que estiver.** (ms10,039v: D.E.)

15864. **Cando a necesidá é moita, sabe ben a broa.** (ms10,067r: D.E.)

15865. **Pra lixeiro mester tamén cómpre chench a ter.** (ms10,039v: D.E.)

15866. **Prá necesidá non hai lei.** (ms10,067r: D.E.)

15867. **Todo é mester, moufar e solber.** (ms10,039v: D.E.)

NEGACIÓN. V. tamén *Dádivas, Dado, Dar y recibir, Donaciones, Limosna, Negativas, Peticiones.*

15868. **A quen lle negaches algo, nada lle pidas.**⁵⁰⁵⁰ (ms10,067r: D.E.)

15869. **Cousa ben negada non é ben probada.** (ms16: D.E.)

(es) *Cosa bien negada, nunca es bien negada.* (Correas)

15870. **Non diga a boca o que pague a falchoca.** (ms16: D.E.)

(es) *No hable la boca por do pague la coca.* (R. Marín)

15871. **Non negues o que ti pedirías.**⁵⁰⁵¹ (ms10,067r: D.E.)

15872. **Tanto ten negar como tarde dar.**⁵⁰⁵² (ms10,067r: D.E.)

15873. **Quen todo o nega todo o confesa.**⁵⁰⁵³ (ms16: Lugo / ms10,067r e ms10,130r: D.E.)

(es) *Quien todo lo niega, todo lo confiesa.* (Correas)

⁵⁰⁴⁷ ms4: o outro.

⁵⁰⁴⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pobreza (Pobreza e ingenio)*.

⁵⁰⁴⁹ ms10: *necesidá, ninguén.*

⁵⁰⁵⁰ En ms10 s.v. *Negar*.

⁵⁰⁵¹ En ms10 s.v. *Negar*.

⁵⁰⁵² En ms10 s.v. *Negar*.

⁵⁰⁵³ En ms10,067r s.v. *Negar* e en ms10,130r s.v. *Todo*.

NEGATIVAS. V. tamén *Negación*.

15874. **O non é feo e proveitoso.** (ms16: *R. Fisterrán*)

NEGOCIOS. V. tamén *Comercio, Vida comercial y contratos*.

15875. **A bo negocio boa ganancia.** ⁵⁰⁵⁴ (ms10,067r: *D.E.*)

15876. **Cada un coida do seu negocio e Dios do de todos.** ⁵⁰⁵⁵ (ms10,067r: *D.E.*)

15877. **Cada un no seu negocio sabe máis que outro.** ⁵⁰⁵⁶ (ms10,067r: *D.E.*)

15878. **Ganáchelo, aforráchelo i-ahora deixáchelo.** (ms8,63v: Silvarrey)

15879. **Mentras se ghana algo, non se perde nada.** ⁵⁰⁵⁷ (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)

15880. **Negocio en que perigas, nin á túa muller llo digas.** ⁵⁰⁵⁸ (ms10,067r: *D.E.*)

15881. **O negocio das bestas, canto dá, canto pesca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

15882. **O que non aproveita o pouco, non chega a moito.** (ms15,41: Mellid)

15883. **O vintenove é o vint'e nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Mala feria. El 29 feria en Castro de Carballedo.

15884. **Onde hai homes, hai negocios.** (ms15,44: Lugo)

15885. **Quen deixa os seus negocios polos ajenos, non ten xuicio.** ⁵⁰⁵⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

15886. **Si levas o caruncho á feira, non o peses na caruncheira.** (ms-SA: Carballo)

NEGRA

15887. **A negra con frío non vale un figo; a branca ca xiada, nin figo nin nada.** (ms10,068r: *D.E.*)

15888. **Negra é a cea na casa allea, pero inda é máis negra pra quen dá a cea.** (ms10,068r: *D.E.*)

⁵⁰⁵⁴ En ms10 s.v. *Negociar*.

⁵⁰⁵⁵ En ms10 s.v. *Negociar*.

⁵⁰⁵⁶ En ms10 s.v. *Negociar*.

⁵⁰⁵⁷ O orixinal di: *Mentras se jana algo non se perde nada.*

⁵⁰⁵⁸ En ms10 s.v. *Negociar*.

⁵⁰⁵⁹ O orixinal di: *Quen deixa os seus negocios polos ajenos, non ten xuicio.*

15889. **Negra é a pimenta e cómena os fidalgos, e branca é a neve, e trípana os cabalos.** (ms10,068r: *D.E.*)

15890. **Negreiro con diñeiro, cátao cabaleiro.** (ms10,067r: *D.E.*)

15891. **¿Pra que vai ó baño a negra se negra se queda?** (ms10,067r: *D.E.*)

NIDO

15892. **Ben está o paxariño no seu niño.** (ms10,069r: *D.E.*)

15893. **De ruín niño sai ás veces un bo paxariño.** (ms10,069r: *D.E.*)

15894. **Malia a ave que no seu niño non cabe.** (ms10,069r: *D.E.*)

15895. **Malia a paxara que no seu niño caga.** (ms10,069r: *D.E.*)

15896. **Quen ten bo niño, ten bo amigo e bo agarimo.** (ms10,069r: *D.E.*)

NIEBLA. V. tamén *Agrícolas (Meteorológicos), Pronósticos atmosféricos, Tiempo*.

15897. **Cantas néboas en marzo, tantas xiadas en maio.** (ms10,067r: *D.E.*)

15898. **Había un baile en Esteiro, no Ferrol, que co neboeiro non se vía o sol.** (ms10,067r: *D.E.*)

15899. **Néboa en marzo, xiada en maio.** (ms10,067r: *D.E.*)

15900. **Néboas no alto, augas embaixo.** (ms10,067r: *D.E.*)

15901. **Neboeiro na terra, treboada no mar, ou ben chover ou ben nevar.** (ms10,067r: *D.E.*)

15902. **Neboeiro, pesca rara no rueiro.** (ms10,067r: *D.E.*)

15903. **Onde vires neboeira por xaneiro, fai alí o teu fillo herdeiro.** (ms10,067r: *D.E.*)

15904. **Tras da néboa vén o sol; e tras do mal tempo vén outro millor.** (ms10,067r: *D.E.*)

LA NIEBLA Y SUS PRONÓSTICOS LOCALES

15905. **Anubra Murgueiro, ... xa vai na cacharela, meu Señor.** (ms4: Buciños-F.V.S.)

15906. **As néboas no Mouxán, nordeste con día ou vendaval pola mañán.** ⁵⁰⁶⁰ (mc e ms16: Gelle.-Riveira)

15907. **Brétema en Fonfría, auga de noite ou de día.** (ms16: Bermés / ms21,13v: Bermés)

⁵⁰⁶⁰ ms: *neboas do Mouxán*; ms4: *en Mouxán*.

- Es la sierra de Candán - Pontevedra.
15908. **Brétema no Xiabe, chuvia pola tarde.** (mc e ms16: Santiago)
15909. **Brétima en Meda, chuvia na aldea.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)
15910. **Cando ten néboa a pena de Francia, auga na cama.** (ms18,64r: Camba)
15911. **Cando vén a néboa pola Raxadiña, colle a coroz a vinte axiña.** (mc e ms16: J.T.-Monterrey)
 Porque anuncia lluvia pertinaz. *Coroz*: uno de los pocos refranes que conservan la memoria de esta prenda cuyo uso va desapareciendo paulatinamente.
15912. **Corren as nieblas pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro.** ⁵⁰⁶¹ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15913. **Néboa a Varedo, noroeste cedo.** (mc: M.-R. de P.)
 Var.: *Neboeiro por Varedo, noroeste cedo.* (ms16: Vigo)
15914. **Néboa en Courego, chuvia en Carballedo.** ⁵⁰⁶² (ms15,45v: Fraguas, *Vida Gallega* / ms16: *Vida Gallega*)
15915. **Néboa en Jaján, choiva na man.** (mc e ms16: M.-R. de P.)
15916. **Néboa en Mougáns, nordeste polas mañáns.** (ms16: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961)
 Mougáns, entre La Guardia y Silreira.
15917. **Néboa en Padrón, cerrazón.** (mc: Pontevedra-F.V.S.)
 Var.: *Néboa en Padrón, sinal de cerrazón.* (ms10,067r: D.E. / ms16: Sta. Eugenia de Riveira)
 (es) *Niebla en Padrón, señal de cerrazón.* (R. Marín)
15918. **Néboa no Farelo, millor á noite que á mañá cedo.** (ms16: Trabanca)
15919. **Néboa no inverno, canta o demo maior á porta do inferno.** (mc e ms16: M.-R. de P.)
15920. **Néboa no Miño, auga vén de camiño.** (mc e ms16: Sar. y Gella, La Guardia)
15921. **Néboas na Cota, auga na porta.** (mc e ms16: J.T.-Monterrey)
15922. **Neboeiro en Varedo, noroeste cedo.** ⁵⁰⁶³ (mc: Vigo, J.G.I. / ms16: Vigo)
15923. **Neboeiro por Jaján, vento sur na man.** ⁵⁰⁶⁴ (mc: Vigo, J.G.I. / ms16: Vigo)
15924. **Nebra na Martiñá, si non chove hoxe, choverá mañá.** (mc e ms16: Villamarín, Orense)
15925. **¿Nebriña branca na Corda de Neda? Anda, galán, descubre a túa meda.** (mc e ms16: M.L.2)
 El Cordal de Neda, se eleva a 849 metros, en al ayuntamiento de Abadín.
15926. **Niebla en Cornesía, auga del outro día.** (mc / ms16)
15927. **Niebla en Fonfría, auga de noite e de día.** (mc e ms16: Camba)
15928. **Niebla en Funtán, auga na man.** (mc e ms16: Bucinos)
15929. **Niebla en Penabor, auga ó derredor.** (mc / ms16: Barreiros)
 Penabor, monte en el ayuntamiento de Barreiros.
15930. **Niebla na costa de Fonfría, se non chove de noite, chove de día.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
15931. **Niebla na Meda, auga na terra.** (mc e ms16: Sarria)
 El monte de Meda, alcanza una altura de más de 1.300 metros y está situado en el municipio de Lánara. (mc) / [...] una altura de 1.202 metros [...]. (ms16)
15932. **Niebla na Pena da Roca, inverno á porta.** (ms16: Mayán)
15933. **Niebla no Farelo, millor á noite que á mañá cedo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15934. **S'o Farelo ten niebla, millor a noite cá mañá cedo.** (ms-LU: seminarista anónimo: A Golada, A Golada, PO)
15935. **Si o san Trocado colle moleira, hai que sacar o coteo da eira.** (ms: Orense)
 Porque lloverá. *Moleira* = niebla
15936. **Si van as nubes pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro; si van pra Foilebar, colle o mallo pra mallar.** ⁵⁰⁶⁵ (mc: Quiroga-F.V.S.)
 Var.: *Cando van as nubes pró Cebreiro, colle a capa y o sombreiro, e si corren pra Viana, colle os bois e vaite á arada.* (ms4: Quiroga-F.V.S.) / *Nebra no Cebreiro, pon a capa i-o sombreiro.* (ms5,045 e ms16: Cebreiro)

⁵⁰⁶¹ O orixinal di: *Corren as nieblas pro Cebreiro colle a capa yo sombreiro.*

⁵⁰⁶² ms16: *Couredo.*

⁵⁰⁶³ ms e ms16: *por*; ms4: *Neboiro por.*

⁵⁰⁶⁴ ms4: *Neboiro*; ms4 e ms16: *vento do sur.*

⁵⁰⁶⁵ ms4: *Goleibar.*

NIEBLA Y AGRICULTURA

15937. **Alá me dé Dios un fillo herdeiro onde pousa a néboa no mes de xaneiro.** ⁵⁰⁶⁶
(ms16)
(es) *Alli haz a tu hijo heredero, donde anda la niebla en el mes de enero.* (H. Núñez)
15938. **Ano de brétemas, ano de medas.** (ms16: D.E.)
15939. **Brétema no agosto, pouco magosto.** (ms16: Bermés)

PRONÓSTICOS

15940. **Bica a brétema os picachos, para encher as olas e cachos.** ⁵⁰⁶⁷ (mc: Agro / ms16: Lis Quibén)
15941. **Brétema húmida adoita traer chuvia.** (ms16: Enc.)
15942. **Brétema no monte, millor que pola mañán é pola noite.** (mc: M.V.)
Var.: *Brétema no monte, millor pola mañán que pola noite.* (ms16: Lis Quibén)
15943. **Brétema no norte, millor que pola mañá é pola noite.** ⁵⁰⁶⁸ (ms21,21r: Bermés)
15944. **Brétemas no alto, chuvias no baixo.** (ms16: Enc.)
15945. **No medio de febreiro en diante calquer néboa fai semblante.** (ms16: Sesto, *Faro de Vigo*)
(es) *Lo oyó en Baredo* (Bayona) y significa que a partir de esa fecha la niebla despejará pronto.

PRONÓSTICOS GENERALES

15946. **Brétema na xiada, agua pola tarde.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
15947. **Néboa na boca de ría, norte forte noutro día.** ⁵⁰⁶⁹ (mc e ms16: Isla de Arosa)
Var.: *Néboa na boca de ría, norte forte co día.* (mc: Pontevedra-F.V.S.)
15948. **Néboa na montaña, pescador na cabaña.** ⁵⁰⁷⁰ (mc: Sar., Vivero. 331. F.V.S.)
Var.: *Brétema na montaña, pescador á cabana.* (ms16: Corrubedo)

⁵⁰⁶⁶ V. *Quen me dera un fillo herdeiro onde habita a néboa no mes de xaneiro en Agrícolas (Meses. Enero).*

⁵⁰⁶⁷ mc: *hencher*; ms4 e ms16: *encher olas e cachos.*

⁵⁰⁶⁸ O orixinal di: *Brétema no norte, millor que pol'a mañá e pol'a noite.*

⁵⁰⁶⁹ ms16: *ó outro día.*

⁵⁰⁷⁰ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pesca (Pescadores).*

(es) *Niebla en la montaña, pescador a la cabaña.* (Saralegui)
Para buscar abrigo en el mal tiempo que tal niebla pronostica.

15949. **Néboa na serra, chuvia na terra.** (mc e ms16: Santiago)
15950. **Néboa na serra, obreiros á merda.** ⁵⁰⁷¹
(mc e ms16: Monforte / ms4: F.V.S.)
(es) *Niebla en la sierra, agua en la vega* (o en la tierra). (R. Marín)
Porque augura mal tempo.
15951. **Néboas rubias á ribeira, vellas á pateira.** (mc e ms16: J.T.-Monterrey)
15952. **Néboas rubias ó nacente, auga de repente.** (mc e ms16: J.T.-Monterrei)
15953. **Néboas rubias ó sol posto, tempo composto.** (mc e ms16: J.T.-Monterrei)
Var.: *Néboas roxas ó sol posto, tempo composto.* (J.T.)
15954. **Neboeiro na montaña, mariñeiro na cabana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15955. **Neboeiro no val, pode o xornaleiro ganar o xornal.** ⁵⁰⁷² (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15956. **Neboeiro nos montes, auga nas fontes.** ⁵⁰⁷³
(mc e ms16: Cedeira. J.G.I.)
Neboeiro = cerrazón con chubascos.
15957. **Niebla no monte, mellor por la mañá que por la noite.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15958. **Niebla nos altos, auga nos baixos.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
(es) *Nieblas en alto, aguas en bajo.* (Sbarbi)
15959. **Nordés quente, brétema no abreinte.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)
15960. **Xeada sobre mollado, auga de contado.** (mc)
Var.: *Nebra sobre mollado, auga outra vez de contado.* (mc, ms16 e ms5,138: Lugo) ⁵⁰⁷⁴
/ *Xiar sobre mollado, chover de contado.* (ms15,31)
15961. **Xeada sobre o lodo, auga sobre todo.** (ms15,30: Curuxás, Palas)

NIETOS. V. tamén *Familia. Parientes.*

15962. **O fillo da miña filla, ponmo ond'a lareira da cociña, i-ó da miña nora dálle**

⁵⁰⁷¹ ms e ms4: *á m...*; ms4: *Niebla.*

⁵⁰⁷² ms-LU: *Nabueira.*

⁵⁰⁷³ ms4: *Neboiro.*

⁵⁰⁷⁴ mc: *Niebla.*

- un codecho de pan pra que vaia fóra.** (ms16: D.E.)
(es) *El hijo de mi hijo, pónmelo en la rodilla; y el hijo de mi nura, dale pan y vaya fuera.* (Z.)
15963. **Os fillos da filla van para arriba, i-os fillos da nora van para afora.** (mc e ms16: Vida Gallega)
(pt) *Filho da minha filha, toma pão e senta aquí; filho da minha nora, toma pão e vaite embora.* (Chaves) (es) *Los hijos de las hijas, se les da pan y se sientan en la silla; y si los hijos son sus padres, se les da pan y se echan a la calle.* (R. Marín)
15964. **Os fillos da miña filla meus netiños son, i-os fillos da miña nora ou serán ou non.** ⁵⁰⁷⁵ (ms21,18v: Bermés)
15965. **Os fillos da miña filla, meus netos son, i-os da miña nora serán ou non.** (mc e ms16: Buciños)
Var.: *Os fillos da miña filla, todos meus netiños son; os fillos da miña nora, quizais si ou quizais non.* (ms16: D.E.) / *Fillos da filla, fillos son, que os da nora serán ou non.* (ms16: R. Fisterrán)
(pt) *Os filhos de minha filha, meus netos são, os de meu filho, sê-lo-ão, ou não.* (Chaves) (es) *Los hijos di mis hijas mis nietos son: los de mis hijos, ni si ni no.* (R. Marín)
15966. **Os fillos da miña filla, netos son; os da miña nora, serano ou non.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15967. **Os netos son dúas veces fillos.** (ms16: Medín)
- NIEVE.** V. tamén *Agrícolas (Meteorológicos), Pronósticos atmosféricos, Tiempo.*
15968. **A neve compón o tempo.** (ms16: Silvarrey)
15969. **A neve é a esterca dos eidos dos probes.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
15970. **A neve enriba da lama, logo trai a auga.** (ms10,068r: D.E.)
15971. **A neve i-o Miño están reñidos.** (ms16: Aguada)
15972. **A neve onde o fogo derrétese logo.** (ms10,068r: D.E.)
15973. **Ano de neves, ano de bés, se na túa casa os tes.** (ms10,068r: D.E.)
15974. **Ano de xeadas, ano de nevadas.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)
15975. **Boa é a neve que no seu tempo aparece.** (ms10,068r: D.E.)
15976. **Cand'a neve chega ó Miño, na montaña non se ve o camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15977. **Cando aquí neva que nunca nevou, ¿que será na serra que nunca parou?** (mc e ms16: J.T.)
Var.: *Cando aquí neva, ¿que será na serra?* (mc e ms16: J.T.-Monterrey) / *Cando neva na terra, ¿que fará na serra?* (mc: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO) / *Neve na serra, auga na terra.* (ms16: Santiago)
(es) *Cuando aquí nieva ¿qué será en la sierra?* (Correas)
15978. **Cando aquí neva, ¿que fará pola serra?** ⁵⁰⁷⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
15979. **Cando eiquí neva, ¿que fará na serra?** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
15980. **Cando na ribeira neva, ¿que fará na serra?** ⁵⁰⁷⁷ (mc e ms16: M.V.)
(es) *Cuando en el llano nieva, ¿qué será en la sierra?* (R. Marín)
15981. **Cando neva atrás do mollo, neva hastr'o xonllo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
15982. **Chove e neva e sarabea e fai un frío que rabea, i-o camiño por onde hemos de ir, quérese fundir.** (ms8,42v: Las Ermitas)
15983. **Día de neve, víspera de sol.** (ms4: J.T. / ms16: Lis Quibén, Dial.VIII,489)
15984. **Neve en febreiro hastra prá fouce ten tempereiro.** (ms10,068r: D.E.)
15985. **Neve febreiriña come a mala veciña.** (ms10,069r: D.E.)
15986. **Neve na cama, chuvia na lama.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
15987. **Neve na cima, inverno enriba.** (ms16: Sober)
15988. **Neve na lama, choiva na cama.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
15989. **Neve que cai na lama, por auga chama.** (ms10,069r: D.E.)

⁵⁰⁷⁵ O orixinal di: *Os fillos da miña filla meus netiños son; y'os fillos da miña nora ou serán ou non.*

⁵⁰⁷⁶ O orixinal di: *Cando aquí neva, que fara pol'a serra.*
⁵⁰⁷⁷ ms4: *farán na serra.*

15990. **Non dure máis a mala veciña cá neve ribeiriña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
15991. **Onde non nevou nin quer nevar, o inverno está por pasar.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
15992. **Polo mes de Santos xa baixa a neve ós campos.** (ms10,069r: *D.E.*)
15993. **Tempo de neve, tempo alegre.** (mc e ms16: J.T.)
(es) *Tiempo de nieves, tiempo alegre.* (R. Marín)
15994. **Tódoos tempos tempiños son, a non ser a neve que é gran prisión.**⁵⁰⁷⁸ (mc e ms11,48: Fonsagrada-F.V.S.)
Var.: *Todos os tempos tempiños son, menos a neve que é gran prisión.* (ms16 e ms5,045: Cebrero)
15995. **Veñen cordeiros, vén a neve; veña o demo que os leve.** (ms5,045: Cebrero)
Suelen aparecer los cordeleros cuando el rigor del tiempo trae la nieve. Los campesinos del Cebrero asocian los dos acontecimientos para desahogar el mal humor que les produce la nieve que los tiene aprisionados, varios meses. *Cordeiros* = cordeleros. (Cebrero)
15996. **Xeada encima do lodo, neve hasta o codo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
15997. **Xeada no lodo, neve hastra o codo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
15998. **Xeada no lodo, neve polo soio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
- ÉPOCAS DE NIEVE**
15999. **A neve febreiriña cégalle o ollo á galiña.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
16000. **A neve febreiriña cómea a galiña.** (ms21,03v: Bermés)
16001. **A neve febreiriña dura o ano na porta da veciña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Becerreá, LU)
16002. **Á neve febreiriña non lle teñas medo, nena: escáchacha o polo e cómecha a galiña.** (mc e ms16: Biville, Sarria)
16003. **Cando en febreiro nin quere nevar, dirán que aínda o inverno está todo por pasar.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
16004. **Dende o quince ao vintedous as Neves boas son.** (ms5,136: *O Gaiteiro de Lugo*, 1957)
Se refiere al mes de diciembre.
16005. **Día de san Nicolao está a neve de pau en pau e, si non, no chao.** (mc e ms16: A.I.)
Var.: *Día de san Nicolás está a neve en terra e o temón no chau.* (C.A. *A Nosa Terra*)⁵⁰⁷⁹
(pt) *Por S. Nicolau neve no chão.* (Chaves)
(es) *Día de San Nicolás está la nieve de palo en palo, y si no, está en lo llano.* (Correas)
En San Nicolás de Bari, que se celebra el 6 de diciembre.
16006. **Dura máis unha mala veciña que a neve marciña.** (mc / ms16: J.T.-Monterrey)
(es) *Dure menos la mala vecina que la nieve marcelina.* (R. Marín)
16007. **Durante a vintena de Advento veñen a tempo chuvia, neve e vento.** (mc / ms16: Lugo)
(ct) *L'Advent és el temps del vent.* (Sanchis)
/ *La neu de l'Advent gela molt facilment.*
(Id.) / *La neu de l'Advent glaça les dents.*
(Id.) / *En els Advents baixen els gels i pugen els vents.* (Id.)
16008. **Dure a mala veciña o que a neve febreiriña.** (mc: M.V.)
(es) *Dure menos la mala vecina que la nieve marcelina.* (R. Marín)
Porque neve febreiriña, cómea a galiña.
16009. **En santa Catalina, neve na cortiña; si non é aquel día, é pró outro día.**⁵⁰⁸⁰ (mc e ms16: J.T.)
(es) *Por Santa Catalina* (25 noviembre), *la nieve se avecina.* (R. Marín) (ct) *Per santa Caterina el fred entra a la cuina.* (Sanchis)
/ *Santa Caterina, molt freda o molt humida.* (Id.)
16010. **En Santos, neve nos campos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16011. **Entre Santos e Nadal, chover e nevar.** (ms16: Lis Quibén, *Dial.* VIII, 489)
16012. **Marzo marzán, neve nos altos e chuvia no val.** (mc / ms16: Buciños)

⁵⁰⁷⁸ V. *Pobre a vella que está na serra... e Chove e neva e carambela...* en *Neve dentro do apartado Outros materiais.*

⁵⁰⁷⁹ ms4: *a nave en terra.*

⁵⁰⁸⁰ ms: *neve n'a cortiña*; ms2: *curtiña.*

16013. **Na santa Catalina cata a neve na cortiña.** ⁵⁰⁸¹ (mc: X.R.P.S.Nós / ms16: Nós)
(es) *Por Santa Catalina, la nieve se avvicina.* (R. Marín) (ct) *Per santa Caterina el fred entra a la cuña.* (Sanchis)
Véase en *santa Catalina...*
16014. **Neve febreiriña cómea a galiña.** ⁵⁰⁸²
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16015. **Neve febreiriña pica a galiña.** ⁵⁰⁸³ (mc e ms16: M.V.)
(es) *Nieve febrerina, en las patas se la lleva la gallina.* (R. Marín) / *Nieve de febrero, en las patas se la lleva un perro.* ⁵⁰⁸⁴ (Id.) / *Nieve febrerina, en las patas de la gallina.* (R. Marín) (ct) *Pel febrer la neu s'n va com un cavaller.* (Sanchis) / *La neu en febrer marxa com un femer.* (Id.) (fr) *La neige qui tombe en février la poule l'emporte avec le pied.* (R. Marín)
Dura muy poco.
16016. **Neve febreiriña, mala veciña.** (mc: J.T. / ms16: Lis Quibén y J.T.)
(pt) *Neve de fevereiro, presagio de mau celeiro.* (Chaves)
16017. **Neve febreiriña, tarde vén e logo camiña.** (mc e ms16: M.L.)
Var.: *Neve febreiriña, tarde vén, logo camiña.*
16018. **Neve frebreira pica a galiña.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
16019. **Neve freiriña pica a galiña.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
16020. **Neve freiriña, mala e dura veciña.** (ms21,01r: Bermés)
16021. **Neve no xaneiro, neve en tod'o eido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16022. **No mes de Santos, neve nos campos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16023. **Non dure máis a mala veciña cá neve me [sic] febreiriña.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
16024. **Non dure máis a mala veciña que dura a neve febreiriña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
16025. **Nos Santos, neve nos altos; en san Andrés, neve nos pés.** (mc e ms16: J.T.)
(pt) *Pelos Santos, neve nos campos.* (Chaves) (es) *Por los Santos, nieve en los campos; y por San Andrés, nieve en los pies.* (Sbarbi) / *Para los Santos, nieve en los campos y para San Andrés, cierta es.* (Sbarbi) (ct) *A Tots Sants, neu en los alts.* (Sanchis) / *Per sant Andreu, la neu al peu.* (Id.)
Coinciden con el 1º y 3º de noviembre.
16026. **Novembro, ditoso mes, remata ca neve nos pés.** (ms16: Bermés / ms21,08v: Bermés)
16027. **Nunca máis dure a mala veciña cá neve febreiriña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
16028. **O día de san Nicolao está a neve de pao en pao e, se non, no chao.** (ms21,02v: Bermés)
16029. **O primeiro de todos os Santos, neve nos campos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
16030. **O San Martiño trae a neve no fuciño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16031. **Onde en febreiro non nevou nin quere nevar, dirán que o inverno está por pasar.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)
16032. **Os campos han de estar brancos polo mes de Santos.** (ms16: Enc.)
16033. **Pola vintena d'Advento veñen a tempo chuvia, neve e vento.** ⁵⁰⁸⁵ (ms-SA: Juan Bello Valiña)
16034. **Polo san Andrés, a neve nos pés.** ⁵⁰⁸⁶
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16035. **Polo san Xilao, a neve no chao.** ⁵⁰⁸⁷ (mc e ms16: C.G. / ms)
16036. **Por san Nicolao, a neve no pau; se non é nise día, é na santa Lucía.** (mc e ms16: Santiago)
16037. **Por santa Catalina, neve na cociña.** (mc e ms16: Lugo)
Véase *En santa Catalina, neve na cortiña...*
El 15 de noviembre.
16038. **Por santa Lucía, neve na pía.** (mc e ms16: La Coruña)

⁵⁰⁸¹ ms4: *Cataliña*.

⁵⁰⁸² ms-LU (Lugo): *cóme'a*.

⁵⁰⁸³ ms: *come*.

⁵⁰⁸⁴ mc: *el perro*.

⁵⁰⁸⁵ O orixinal di: *Po'la vintena d'Advento, veñen a tempo chuvia, neve e vento*.

⁵⁰⁸⁶ O orixinal di: *Po'lo San Andrés a neve nos pés*.

⁵⁰⁸⁷ ms: *Gilao*.

16039. **Por Santos, neve nos campos; por san Martiño, neve no fuciño.** (ms / ms5,136: Sta. Eugenia de Asma)
 Var.: *Por Santos, neve nos campos.* (ms / ms16: Vilameá-Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))⁵⁰⁸⁸ / *Polo trece de Santos, neve nos campos.* (ms16: Vilacote, Castroverde)
16040. **Por Santos, neve nos campos.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
16041. **Por tódolos Santos neve nos campos.**⁵⁰⁸⁹ (ms21,31v: Bermés)
16042. **San Amaro é amigo da neve.**⁵⁰⁹⁰ (mc e ms16: J.T. / ms6,01v: Verín)
 San Amaro es el 15 de enero.
16043. **Santa Lucía, neve na fía; si non aquel día, neva ó outro día.** (ms16: Lis Quibén)
 Santa Lucía, el 13 de diciembre.
16044. **Santos, neve nos campos.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
 Santos (noviembre).
16045. **Se non dura máis a mala viciña cá neve febreiriña...** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucións, Carballedo, LU)
16046. **Tronos en marzo, neve en maio.**⁵⁰⁹¹ (ms16: Bermés / ms21,06r: Bermés)

NIEVE Y COSECHAS

16047. **A neve febreiriña estropea a anadiña.** (mc e ms16: Santiago)
 Lo hemos oído en la comarca de Santiago, y no parece conforme con otras paremias, particularmente con la siguiente (Biville, Sarria).
16048. **Abriga a neve o trigo como abriga unha nai ó seu fillo.** (ms16: D.E.)
 (es) *Abriga la nieve al hijo, como la madre a su hijo.* (R. Marín)
16049. **Ano que hastra o nove de xaneiro neva, moito pan se apresaa.** (ms16: Lugo)
 (es) *Año que hasta el nueve de enero nieva, mucho pan espera.* (R. Marín)
16050. **Gran nevada, colleita dobrada.** (ms16: Lira)

⁵⁰⁸⁸ ms-LU: *Pur, nus.*

⁵⁰⁸⁹ O orixinal di: *Por todol'os Santos neve nos campos.*

⁵⁰⁹⁰ ms: *d'a neve.*

⁵⁰⁹¹ ms21,06r: *mayo.*

NIÑEZ. V. tamén *Edades, Edades (Niñez y juventud), Niño.*

16051. **A loucos i-a rapaces non lles des mimos.** (mc e ms16: G.P.)
16052. **Amor de neno, auga nun paxe.** (mc: *Dicc. Ac.*)
 Var.: *Amor de neno, auga nun cesto.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Amor de menino, água em cestinho.* (Chaves) / *Amor de menino, amor pequeninho.* (Id.) (es) *Amor de niño, agua en cestillo.* (Correas) / *Amor de niño, agua en cesto.* (Z.)
16053. **Aos nenos pequenos gárdaos Dios e gárdaos o demo.**⁵⁰⁹² (mc e ms16: C.A. / ms18,18r)
16054. **Ben criado, mal criado, de nove meses sentado.** (mc e ms16: M.L.)
 Lo dicen de los niños.
16055. **Ben che vai mentras enches a boca de mai.** (ms8,20v: Silvarrey)
 Mientras puedes llamar a tu madre, porque la tienes.
16056. **Cando nace un fillo, nace unha espiga de millo.** (mc: M.L.)
 Var.: *Cando nace un rapás, nace unha espiga.* (ms16: Bermés / ms21,15v: Bermés)
 (pt) *Quando nasce o marinhão nasce logo o seu gabão.* (Chaves) (es) *Cuando nace el cordero, la hierba va naciendo.* (R. Marín)
16057. **Cando nace unha persona, trae unha petada de pan debaixo do brazo.**⁵⁰⁹³ (mc: Páramo / ms4: F.V.S.)
 Var.: *Cando nace un neno, traí unha petada debaixo do brazo.* (ms16: Páramo)
 (es) *Cada niño al nacer trae un pan en el sobaco.* (R. Marín)
16058. **Cariño de meniño, auga nun cestíño.**⁵⁰⁹⁴ (mc: Páramo-F.V.S. / ms16: Lugo)
 (pt) *Amor de menino, água em cestinho.* (Chaves) (es) *Amor de niño, agua en cesto.* (Z.)
 Otras variantes figuran en la sección: "Del amor y de la amistad".
16059. **Cedo dentado, cedo hermanado.**⁵⁰⁹⁵ (mc e ms16: M.L.)
 Var.: *Cando o meniño endentece, axiña irmanece.* (ms16 e ms10,011r: D.E.)⁵⁰⁹⁶ /

⁵⁰⁹² ms18,18r: *o deño.*

⁵⁰⁹³ ms4: *traí unha petada.*

⁵⁰⁹⁴ ms4: *neniño.*

⁵⁰⁹⁵ V. *Partos.* Primeira e segunda variante en ms10 s.v.

Endentece.

⁵⁰⁹⁶ ms16: *hermanece.*

- Cando un neno endentece, outro irmán remanece.* (ms16 e ms10,011r: D.E.)
(pt) *Quem cedo adenta, cedo aparenta.* (Chaves) (es) *Pronto dentado, pronto hermanado.* (R. Marín)
Hay también el contrario.
16060. **De neno de teta e pan de porreta non hai que fiarse.** ⁵⁰⁹⁷ (mc e ms16: Buciños-F.V.S.)
16061. **En neno de teta e pan de porreta non hai que fiarse.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
16062. **Menos de sete natales, non alabes nin desalabes.** (mc e ms16: Nós)
16063. **Neno de ano, vara de pano.** ⁵⁰⁹⁸ (mc, ms3 e ms16: M.V. / ms10,068r: D.E.)
16064. **Neno de colo non anda solo; o que non se ten, necesita de alguén.** ⁵⁰⁹⁹ (mc e ms16: Buciños)
16065. **Neno mimadiño, neno perdidíño.** ⁵¹⁰⁰ (mc e ms16: M.V. / ms21,26v: Bermés)
(es) *Niño mimado, niño ingrato.* (R. Marín)
16066. **Neno mimado logo dá resultado.** (mc e ms16: Buciños)
16067. **Nin ó neno o bolo nin ó santo o voto.** (mc / ms16: Lugo)
(es) *Ni al niño bollo, ni a santo voto.* (Sbarbi)
No se debe ofrecer lo que no se ha de cumplir.
16068. **Non convides os amigos con cantos de paxaros e gracias de meniños.** (ms16: D.E.)
(es) *Con cántico de pájaros y fiesta de niños non convides a ningún amigo.* (R. Marín)
16069. **O amor e o meniño, onde atopan acariño.** (ms16: D.E.)
16070. **O can e o meniño, onde atopan acariño.** (ms16: D.E.)
(es) *Allí va el niño donde lo tratan con cariño.* (R. Marín)
16071. **O cariño do Chinchelo logo ri e logo chora.** (mc e ms16: Santiago)
16072. **O labor do meniño é pouco i-o que o perde é un louco.** ⁵¹⁰¹ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16073. **O labor do pequeno é pouco i-o que o perde é un louco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
16074. **O meniño que loita e non pode, cos dentes acode.** ⁵¹⁰² (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Var.: *Quen máis non pode, cos dentes acode.* (A.S.A.) / *Quen coas maus non pode, cos dentes acode.* (F.V.S.) / *O que loita e non pode, cos dentes acode.* (F.V.S.)
16075. **O neno i-o can van onde lles dan.** (ms16: Lugo)
16076. **O neno i-o can, asegún o afán.** (ms16: Donalbay, Begonte)
16077. **O neno que has de acalar nono fagas chorar.** (ms16: Lugo)
(es) *Niño que has de acallar, no le hagas llorar.* (R. Marín)
16078. **O pequeno e o can é segundo o fan.** (ms4: Palas-F.V.S.)
Var.: *O pequeno e o can é según o afan.* (mc: Pidre) / *O neno i-o can van no que os afán.* (ms16: Pacios-Neira de Jusá)
(es) *El perro y el niño, donde ven cariño.* (Sbarbi)
16079. **O pequeno i-o can son según-os afán.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
16080. **O que cas mans non pode, cos dentes acode.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
16081. **O rapaz amais o can son como s'afán.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16082. **O traballo do neno é pouco i-o qu'o perde é un louco.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16083. **O traballo dos rapaces é pouco i-o que o perde é un louco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
16084. **O traballo dos rapaces é pouco, e quen o perde, moi louco.** (mc e ms16: M.V. / ms21,29v: Bermés)
Var.: *O traballo dos pequenos é pouco, i-o que o desprezia, un louco.* (ms16: Sober)
(pt) *Trabalho de menino é pouco, mas quem o despreza é louco.* (Chaves) (es) *El oficio del niño es poco, mas quien lo pierde, es loco.* (Z.)
16085. **O traballo é pouco i-o que o perde é un louco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

⁵⁰⁹⁷ ms e ms4: *En neno.*

⁵⁰⁹⁸ ms3: *d'ano*; ms10: *de un ano.*

⁵⁰⁹⁹ ms: *d'alguén.*

⁵¹⁰⁰ ms3: *perdido.*

⁵¹⁰¹ O orixinal di: *O labor do meniño e pouco, yo que o perde e un louco.*

⁵¹⁰² V. *O que non pode, cos dentes acode en Defensa.* / ms: *c'os dentes*; ms16: *meniño.*

16086. **Os pequenos son fillos de Dios e netos do demo.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
16087. **Os petiscos i-os pallós puxéronse bos: van novos.** (ms8,53r: O. de Rey)
16088. **Os rapaces i-o millo buscan o abrigo.** ⁵¹⁰³ (ms16: Bermés / ms21,03r: Bermés)
16089. **Tarde dentado, tarde hermanado.** ⁵¹⁰⁴ (mc e ms16: Lugo)
Var.: *Cedo dentado, cedo hermanado.* (ms16: M.L.)
16090. **Tarde endentado, tarde hermanado.** ⁵¹⁰⁵ (ms16: Lugo)
16091. **Vale máis neno contento que pucho de zreixas.** ⁵¹⁰⁶ (mc e ms16: M.V.)
16092. **Vale máis tumbar pedras no río que aguantar os chiquillos.** (ms8,09r: La Cañiza)
16093. **Xente cativa, logo amiga.** (mc e ms16: M.L.)
16094. **Xente miúda, farelo, farelo.** (mc e ms16: Lugo-F.V.S.)
16095. **Xente nova, con pouco se emboba.** (mc e ms16)

DESARROLLO Y SALUD EN LA NIÑEZ

16096. **A xente crecente ten o diaño no dente.** (ms)
Var.: *Xente crecente tén o diaño no dente.* (ms16: Moreira, Estrada / ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
Necesita comer mucho.
16097. **Come, pequeno, criarte has; come, vello, e vivirás.** (mc)
Var.: *Come, neno, e criarte has; come, vello, e vivirás.* (ms16: D.E.)
(pt) *Come, menino, criar-te-ás; come, velho, viverás.* (Chaves) (es) *Come, niño, y criarte has; come, viejo, y vivirás.* (Castillo)
16098. **Fillo descalostrado, fillo criado.** (mc: C.A. A Nosa Terra / ms16: C.A.)
(es) *Hijo descalostrado, medio criado.* (Sbarbi)
Indica el peligro que corren las criaturas en los primeros días de la infancia, en que maman la primera leche, o calostro.
16099. **Ó ano a andar, ós dous a falar.** (ms6,04v: Victoriano Taibo)

⁵¹⁰³ ms21,03r: *y-o millo.*

⁵¹⁰⁴ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Preñez.*

⁵¹⁰⁵ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Preñez.*

⁵¹⁰⁶ ms16: *Val.*

- Habla de los niños.
16100. **O neno ben criado, ós sete meses sentado.** (ms16: Pacios, Neira de Jusá / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
16101. **O neno de bo criar, ó ano andar e ós dous falar.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
16102. **O rapás de tres días nado colle costumbres pra todo o ano.** (ms16: Bermés / ms21,15r: Bermés)
16103. **Rapás de tres anos, mitá medrado.** (ms16: Bermés / ms21,15v: Bermés)
16104. **Se o neno se bota a chorar, acáleo súa nai; e se non quer calar, deixeo chorar.** (ms16: D.E.)

LA CHARLATANERÍA DE LOS NIÑOS

16105. **Neno ben criado non fala sin ser preguntado.** (ms16: Lugo)
(es) *Niño bien criado, no habla si no es preguntado.* (R. Marín)
16106. **O que secreto a neno confía, gardou a auga nun cribo.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
16107. **O secreto dos rapaces é como a gaita na rúa.** (mc e ms16: Bucínos)
16108. **Os nenos son fillos de Dios e testigos do demo.** ⁵¹⁰⁷ (mc e ms16: A.S.A.)
(es) *Los niños son hijos de Dios y testiguitos del diablo.* (R. Marín)

LA HERMOSURA EN LOS NIÑOS

16109. **O bon bico fai o neno bonito.** (ms16 / ms: A.N. / ms16: Galicia Emigrante)

LA TRAVESURA DE LOS NIÑOS

16110. **Con pequeno, nin ó ceo.** (ms16: Lugo)
(es) *Con niños, ni a la gloria.* (R. Marín)
16111. **Cousas de pícaros, tamboril e gaita.** (mc e ms16: Santiago)
16112. **Mal anda o pasariño que anda nas maus do neniño.** (ms-SA: M. González Fernández)
16113. **Mal anda o paxariño cando anda nas maus dos meniños.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
16114. **Mal anda o paxariño que anda nas maus do meniño.** ⁵¹⁰⁸ (mc: A.I. / ms15,01:

⁵¹⁰⁷ ms: *Us nenos, du demo.*

⁵¹⁰⁸ ms3: *qu'anda*

- Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911 / ms16: R.Fisterrán)
 Var.: *Mal lle vai ó paxariño que anda nas maus do meniño. / Mal anda o paxariño nas mans do meniño.* (ms16: Bermés / ms21,27r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)⁵¹⁰⁹
 (pt) *Mal vai ao passarinho na mão do menino.* (Chaves) (es) *Mal le va al pajarillo en manos del niño.* (R. Marín) / *Pájaro en manos de chiquillos, no doy por su vida un ochavillo.* (Id.)
16115. **Mal lle vai ó paxariño que anda nas maus do meniño.**⁵¹¹⁰ (mc e ms16: A.I.)
 Var.: *Mal anda o paxariño que anda nas maus do meniño.* (mc / ms16: R. Fisterrán)
 (pt) *Mal vai ao passarinho na mão do menino.* (Chaves) (es) *Mal le va al pajarillo en manos del niño.* (R. Marín) / *Pájaro en manos de chiquillos, no doy por su vida un ochavillo.* (Id.)
16116. **Non te fies de rapaces.** (ms16: Lugo)
16117. **O que con nenos se deita, aparece mexado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16118. **O que con nenos se deita, cagado se levanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)
16119. **O que con nenos se deita, lixoso se levanta.** (mc: Bucíños / ms4: F.V.S. / ms16: M.V.)
 Var.: *O que con nenos se deita, lixado amahece.* (ms16: D.E.) / *O que con nenos se deita, cagado se ergue.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Quem se deita com crianças, amanhece borrado.* (Chaves) (es) *Quien con niños se acuesta, cagado amaneca o se despierta.* (R. Marín) (ct) *Qui en guichs se gita, cagat se lleva.* (Id.)
16120. **O que con nenos se deita...** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
16121. **O que con pequenos se deita, cagado se levanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
16122. **O que con pícaros se deita, luxado se levanta.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
16123. **O que con pícaros se deita, mexado se levanta.** (ms-SA: Freire López: Padrón, C)
16124. **O que con rapaces se deita, despido se levanta.** (mc e ms16: Santiago)
16125. **O que con rapaces se deita, luxado se levanta.** (mc e ms16: M.V.)
 (pt) *Quem se deita com crianças amanhece borrado.* (Chaves) (es) *Quien con niños se acuesta, cagado amaneca o despierta.* (R. Marín) (ct) *Qui en guichs se gita, cagat se lleva.* (Id.)
16126. **O que con rapaces se deita, mollado desperta.**⁵¹¹¹ (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
 (pt) *Quem se deita com crianças amanhece borrado.* (Chaves) (es) *Quien con niños se acuesta, cagado amaneca o despierta.* (R. Marín) (ct) *Qui en guichs se gita, cagat se lleva.* (Id.)
16127. **O que con rapaces se deita, mollado se levanta.** (mc e ms16: Santiago / mc e ms: Lameiro)
 Var.: *Quen con rapaces se deita, mexado se levanta.* (mc / ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
16128. **O que con rapaces se deita, sempre cagado se levanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU)
16129. **O que con rapaces se deita, sempre mexado se levanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU)
16130. **O que mexado se deita, mexado se levanta.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
16131. **O que se deita con pequenos, mesado se levanta.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
16132. **Os rapaces non son homes.** (mc e ms16: M.V. / ms21,28r: Bermés)
 Var.: *Rapaces non son homes.* (mc: Bucíños)
16133. **Quen con rapaces se deita, cheira.**⁵¹¹² (ms10,103r: D.E.)
16134. **Quen con rapaces se deita, mollado se levanta.** (ms-SA: Manuel Canedo Nimo: Trasmonte, Ames, C)

NIÑO. V. tamén *Niñez*.

16135. **Ara con neno e comerás cañotos.** (ms10,068r: D.E.)
16136. **O neno dorme ó peso e o vello ó seso.** (ms10,068r: D.E.)
16137. **Ó neno e á muller dille soilo o que conviñer.** (ms10,068r: D.E.)

⁵¹⁰⁹ ms-LU: *miniño*.

⁵¹¹⁰ V. *Mal lle vai ó paxariño que anda en maus de meniño* en *Agrícolas (Generales)*. / ms3: *qu'anda*.

⁵¹¹¹ ms16: *se desperta*.

⁵¹¹² Sen tema no orixinal.

16138. **O neno i-o bacoriño van a onde lle dan un bocadiño.** (ms10,068r: D.E.)
16139. **O neno moi regalado sempre anda enfurruñado.** (ms10,068r: D.E.)
16140. **O que con nenos se deita, cagado amañece.** (ms10,068r: D.E.)
16141. **O que con nenos se deita, lixado que se ergue.** (ms10,068r: D.E.)
16142. **O que o neno ouviu na casa, vaino decir ó curral.** (ms10,068r: D.E.)
16143. **Os nenos e os tolos gárdaos Dios a todos.** (ms10,068r: D.E.)
16144. **Os nenos son fillos de Dios i-afillados do demo.** (ms10,068r: D.E.)
16145. **Quen con nenos se deita, pola mañán apesta.** (ms10,068r: D.E.)
16146. **Se o neno empeza a chorar, acaloumíneo súa nai, e se non quer calar, deixo chorar.** (ms10,068r: D.E.)
16147. **Se o neno se pon a chorar, acáleo súa nai.** (ms10,068r: D.E.)

NOCHE. V. tamén *Trasnochar*.

16148. **A noite é boa prós lobos.** (mc e ms16: Sarria / ms4: F.V.S.)
(es) *La noche es buena para los lobos y los ladrones.* (R. Marín)
16149. **A noite fíxose pra descansar e o día pra traballar.** (ms10,069r: D.E.)
16150. **A noite trai o consello.** (ms10,069r: D.E.)
16151. **A noite vai traendo a todos.** ⁵¹¹³ (mc: Buciños)
16152. **Á noite, Marica, dáme a roca.** (ms10,069r: D.E.)
16153. **A noite, pra andar, fai o camiño longo.** (ms10,069r: D.E.)
16154. **A sol posto xa é fosco.** (ms21,08r: Bermés)
16155. **De noite os gatos todos son parcos.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
16156. **De noite tódolos gatos son negros.** ⁵¹¹⁴ (ms21,32v: Bermés)
16157. **De noite tódolos gatos son pardos.** ⁵¹¹⁵ (mc e ms16: M.V. / ms11,47: C. de Fonsagrada / ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

⁵¹¹³ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵¹¹⁴ O orixinal di: *De noite todo'os gatos son negros.*

⁵¹¹⁵ ms-LU (anónimo): *todos os gatos.*

- (pt) *De noite todos os gatos são pardos.*
(Chaves) (es) *De noche, todos los gatos son pardos.* (ct) *De nit tots els gats son pardos.* (Alberola)
16158. **Desque o sol se pon, logo a noite vén.** (ms10,004v: D.E.)
16159. **Dios fixo a noite pra descansar e o día pra traballar.** ⁵¹¹⁶ (ms16 e ms10,007v: D.E.)
16160. **Dios te socorra coa noite, que o día xa che el virá.** ⁵¹¹⁷ (ms16 e ms10,008r: D.E.)
16161. **O que de noite se fai, á mañá aparece.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16162. **O que perde a noite, perde o día.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)
16163. **Pola noite disque todos [os] ghatos son pardos.** ⁵¹¹⁸ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
16164. **Pola noite todos os ghatos son pardos.** ⁵¹¹⁹ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
16165. **Polas horas da noite anda a vida e anda a morte.** (ms10,069r: D.E.)
16166. **Unha noite mala calquera a pasa.** (ms10,069r: D.E.)

NOGAL. V. tamén *Huerta, Nueces*.

16167. **Á nogueira e ó vilán, co pau na man.** (ms10,069r: D.E.)
16168. **Dios me dea a nogueira sempre á beira.** (ms10,069r: D.E.)
16169. **O que pon a nogueira non espere comer dela.** (ms10,069r: D.E.)
16170. **Quen pranta a nogueira non pense coller froito dela.** (ms10,069r: D.E.)

NOMBRES

16171. **Cada home ten o seu nome.** ⁵¹²⁰ (ms16 e ms10,028r: D.E.)
16172. **Nin bo Xan nin bo Pedro, nin bo lameiro por riba do rego.** ⁵¹²¹ (mc e ms16: A.I.)
Var.: *Non hai bon Pedro nin bon burro negro, nin bon prado riba do rego.* (ms16: Pacios-Neira de Jusá)

⁵¹¹⁶ En ms10 s.v. *Dios*.

⁵¹¹⁷ En ms10 s.v. *Dios*.

⁵¹¹⁸ O orixinal di: *Po la noite disq'ue todos jatos son pardos.*

⁵¹¹⁹ O orixinal di: *Po la noite todos os jatos son pardos.*

⁵¹²⁰ En ms10 s.v. *Hombre*.

⁵¹²¹ V. tamén *Agrícolas (Generales)*.

Los prados son las tierras más estimadas por los labradores, sobre todo los que tienen riego (lameiros).

16173. **Nin bon Xan nin bon Pedro, nin boi morto por riba do rego.**⁵¹²² (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

Los prados son las tierras más estimadas por los campesinos, sobre todo los que tienen riego.

16174. **Non hai home sin nome nin nome sin renome.**⁵¹²³ (ms16 e ms10,029r: D.E.)

16175. **Non hai millor home que o que responde ó nome.**⁵¹²⁴ (ms16 e ms10,029r: D.E.)

16176. **O bo nome val máis que toda a riqueza pra un home.**⁵¹²⁵ (ms10,069r: D.E.)

16177. **O nome dura máis que o home.**⁵¹²⁶ (ms10,069r: D.E.)

16178. **O nome vai sempre diante do home.**⁵¹²⁷ (ms10,069r: D.E.)

16179. **Os nombres bonitos reclaman as personas guapas.** (ms: F.V.S.)

16180. **Pouco gana o home que fía no nome.**⁵¹²⁸ (ms16 e ms10,029v: D.E.)

16181. **Quen fía do nome, non sabe do home.**⁵¹²⁹ (mc e ms16: Bucínos / ms4: F.V.S. / ms15,42: Lugo)

No siempre corresponden las cualidades morales o físicas de una persona, al nombre que lleva. (ms15,42)

NOTICIAS

16182. **A boa nova sempre chega á súa hora; e a mala, ó erguerse da cama.** (ms10,070r: D.E.)

16183. **As malas novas andan máis légoas que as boas.** (ms10,070r: D.E.)

16184. **As malas novas sempre son certas.** (ms10,070r: D.E.)

16185. **Deitareime e dormirei; boas novas toparei.** (ms10,070r: D.E.)

16186. **Por saber noticias non vos apuredes: elas serán vellas i vós as sabredes.**⁵¹³⁰ (ms8,19r: Orense)

⁵¹²² ms: *Nin bon Xan, nin bo Pedro.*

⁵¹²³ En ms10 s.v. *Hombre.*

⁵¹²⁴ En ms10 s.v. *Hombre.*

⁵¹²⁵ En ms10 s.v. *Nombre.*

⁵¹²⁶ En ms10 s.v. *Nombre.*

⁵¹²⁷ En ms10 s.v. *Nombre.*

⁵¹²⁸ En ms10 s.v. *Hombre.*

⁵¹²⁹ ms16: *fía no nome.*

⁵¹³⁰ O orixinal di: *Por saber noticias non vos apuredes: elas serán vellas y vos a sabredes. / V. De novidades non vos curedes: fananse vellas e xa as sabredes en Novidades.*

16187. **Que tarden as malas novas, que anque tarde, virán á súa hora.** (ms10,070r: D.E.)

MALAS NOTICIAS

16188. **A mala nova axiña chega.**⁵¹³¹ (ms16 e ms10,036r: D.E.)

(es) *Malas nuevas, presto llegan.* (R. Marín)

16189. **A mala nova sempre é certa.**⁵¹³² (ms16 e ms10,036r: D.E.)

(es) *La mala nueva siempre es cierta.* (R. Marín) / *Las malas noticias siempre salen ciertas.* (M. Kleiser)

16190. **As malas noticias chegan axiña.** (ms16: Lugo)

(es) *Las malas noticias llegan a prisa.* (R. Marín)

NOVEDADES

16191. **A escoba, mentras é nova, barre que rabea.**⁵¹³³ (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *A escoba nova sempre barre ben. / A basoira nova barre ben todo o que atopa.* (ms16: D.E.)

Como *A basoira, cando é nova...*

16192. **A xesta, de nova, barre ben.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

16193. **Cada día que amanece cousas novas amanecen.** (ms16: D.E.)

16194. **Cada día que amanece novas cousas acontecen.**⁵¹³⁴ (ms16 e ms10,005r: D.E.)

(es) *Cada día que amanece, cosas nuevas amanecen.* (Correas)

16195. **Cada día se ven máis cousas novas que asemellan vellas.** (ms16: D.E.)

16196. **De novidades non vos curedes: fananse vellas e xa as sabredes.**⁵¹³⁵ (ms4 e ms16: J.P.)

16197. **Escobiña nova barre ben.** (mc / ms4: F.V.S.)

(pt) *Vassoura nova, sempre varre bem.* (Chaves) (es) *Escoba nueva, bien barre.* (R. Marín)

16198. **Funche moza e funche vella e nunca din tanto á canela.** (ms21,16v: Bermés)

⁵¹³¹ En ms10 s.v. *Malo.*

⁵¹³² En ms10 s.v. *Malo.*

⁵¹³³ ms e ms4: *mentres qu' é nova.*

⁵¹³⁴ En ms10 s.v. *Día.*

⁵¹³⁵ V. *Por saber noticias non vos apuredes: elas serán vellas y vós as sabredes en Noticias. / ms4: farán vellas.*

16199. **Miña cousiña nova, tres días no peneiriño.** (mc: M.V. / ms16: R. *Fisterrán*)
16200. **Miña piñeira nova: tres días na espeteira e dispois pola borralleira.** (ms15,44: Chantada)
16201. **Moza fun e vella son e nunca tal me pasou.** (ms16: D.E.)
(es) *Vieja soy y moza fui; nunca en tales angarillones me vi.* (H. Núñez)
16202. **O novo agrada i-o vello enfada.** (ms16: Lugo)
(es) *Lo viejo enfada y lo nuevo agrada.* (R. Marín)
16203. **Xesta nova barre ben.** (ms: Muros / ms16: Ramón Artaza)

NOVIOS

16204. **Cama de noivos dura como croios.** (ms16: D.E.)
(es) *Cama de novio, dura y sin hoyo.* (Correas)
16205. **De bos e millores véñanlle á miña filla rondadores.** (ms16: D.E.)
(es) *De buenos y de mejores, a mi hija vengán demandadores.* (R. Marín)
16206. **En maio o pote ferve, a súa filla non vén; no pasadoiro da horta algún galán lla detén.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16207. **Tiña un novio a Serafina, si llo mandaran da China.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

NUBES. V. tamén *Agrícolas* (*Meteorolóxicos*), *Pronósticos atmosféricos, Tiempo.*

ARREBOLES

16208. **Arreboles a Aragón, á noite con auga son.** ⁵¹³⁶ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms4: F.V.S.)
(es) *Arreboles de Aragón, a la noche con agua son.* (Correas)
16209. **Arreboles a Castilla, vellas á cocina.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *Arreboles en Castilla, viejas a la cocina.* ⁵¹³⁷ (Sbarbi)
Porque indican mal tiempo.
16210. **Arreboles a Portugal, á mañán sol serán.** ⁵¹³⁸ (mc / ms4: F.V.S. / ms16 / ms-LU:

seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

(es) *Arreboles de Portugal, a la mañana sol serán.* (Sbarbi)

16211. **Arreboles a todos cabos, tempo dos diablos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16212. **Arreboles ao sol posto, meu caperuciño andaré enxoiito.** (mc e ms16: R. Marín)

(pt) *Arrebois ao anoitecer, água ou vento ao amanhecer.* (Chaves) (es) *Arreboles al ocaso, a la mañana el cielo raso.* (R. Marín) / *Arreboles al ocaso, a la mañana sol claro.* (Id.)

Lo contrario lo pronostica el port.

16213. **Arreboles de Castilla, vellas á cocina.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16214. **Arreboles de sol posto é señal de tempo enxoiito; arreboles de sol levantado, é señal de tempo mollado.** ⁵¹³⁹
(mc e ms16: J.A.P.)

(pt) *Arrebois de manhã, trazem água à noite, arrebois à noite, sol de manhã.* (Chaves) (es) *Arreboles al ocaso, a la mañana el cielo raso.* (Gella) / *Arreboles a la oración, a la mañana soles son; arreboles por la mañana, por la tarde son agua.* (Id.) / *Arreboles de la mañana, a la noche son agua; arreboles de la noche, a la mañana soles.* (Id.) (ct) *Arrebòls de nit, sol pel matí.* (Gella) / *Arrebòls pel matí, a la nit aigua ací.* (Id.)

16215. **Arreboles de todos cabos, tempo dos diablos.** ⁵¹⁴⁰ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte / ms4: F.V.S.)

(es) *Arreboles en todos cabos, tiempo de los diablos.* (Correas) (ct) *Arrebòls per totes parts, temps endoblats.* (Alberola) / *Arrebòls a tot cap, temps endiablats.* (Id.)

16216. **Arreboles ó oriente, auga ó amanecente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16217. **Arreboles ó oriente, augas ó amanecente.** ⁵¹⁴¹ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

(es) *Arreboles al oriente, agua amaneciente.* (Sbarbi) (ct) *Arrebòls d'orient, aigua amaneixent.* (Gella)

⁵¹³⁶ mc: *con auga non.*

⁵¹³⁷ ms16: *a Castilla.*

⁵¹³⁸ ms, ms4 e ms-LU: *a mañá.*

⁵¹³⁹ ms e ms4: *do sol posto, do sol levantado.*

⁵¹⁴⁰ ms4: *a todol'os cabos.*

⁵¹⁴¹ ms4: *auga o amanecente.*

16218. **Arreboles ó sol posto, mañá andarás enxoiro.**⁵¹⁴² (mc: U.C. Cuartilla 15 / ms16: U.C.)
Var.: *Arreboles de sol posto son señal de tempo enxoiro.* (S. Mateo)
(es) *Arreboles al sol puesto, señal de tiempo seco.* (Gella)
Observa R. Marín que este refrán y sus análogos tienen un precedente en el *Evangelio de San Mateo*, XVI, 2.3.
16219. **Arreboles ó sol posto, meu caperuciño andarás enxoiro.**⁵¹⁴³ (mc: G.P. / ms16: R. Marín)
(pt) Lo contrario pronostica el portugués: *Arrebois ao anoitecer, agua ou vento ao amanhecer* (Chaves). (es) *Arreboles al ocaso, a la mañana el cielo raso.* (R. Marín) / *Arreboles al ocaso, a la mañana sol claro.* (R. Marín)
16220. **Arreboles pora tarde, á mañá aire.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16221. **Está rubio pra Monforte, colle a capa e o capote.**⁵¹⁴⁴ (mc, ms e ms16: Tuiriz, Monforte)
16222. **Nubes rubias e sol posto: pastorciño, virás enxoiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16223. **Ponse rubio hacia Chantada, colle os bois e vai á arada.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
16224. **Roibeces ó sol posto, mañá andarase enxoiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16225. **Roibo pra Lugo, auga no puño.** (mc e ms16: Prov. de la Coruña-F.V.S.)
16226. **Roibos de Villalba, ou vento ou auga; roibos do mar, bon tempo.** (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU)
16227. **Roxo ó anoitecer, auga ó amanecer.** (ms15,42: Lugo)
16228. **Rubiáns á terra, vellas baixo da pedra.** (mc e ms16: Corne)
16229. **Rubias ao Miño, vellas ao niño.** (mc e ms16: Sar., Vigo)
16230. **Rubias ao monte, vellas á fonte.** (mc e ms16: Sar)
16231. **Rubias ao nacente, auga de repente.**
(mc e ms16: Gella / ms3: A. de la I.)
Var.: *Rubéns ó nacente, auga de repente.* (ms16: Lis Quibén, *Dial.* VIII, p. 491)
(pt) *Ruivas no nascente, chuva de repente.* (Chaves) / *Ruivas no nascente, desapõe os bois e foge sempre.* (Id.) / *Vermelha alvorada vem mal encarada.* (Id.) (es) *Rubias al naciente, lluvia al día siguiente.* (Gella) / *Arreboles al oriente, agua amaneciente.* (Id.) / *Arreboles de la noche, por la mañana son con sole.* (Id.) (ct) *Arrebols d'orient, aigua amaneixent.* (Id.)
16232. **Rubias de cena, bon tempo espera; rubias de mañá, ou vento ou auga.** (mc / ms16: Lugo)
Var.: *Rubián de cena, bon tempo espera; rubián de mañá, ou vento ou auga.* (F.V.S.)
(es) *Arreboles de noche, sol por la mañana.* (Gella) / *Arreboles de la noche, a la mañana soles.* (Id.) / *Arreboles de la noche, por la mañana son con sole.* (Id.) / *Arreboles de la mañana, a la noche son con agua.* (Id.) / *Arreboles de mañana, a la tarde agua.* (Id.) / *Arreboles de la mañana, a la noche son agua; y arreboles de la noche, a la mañana soles.* (Id.) (ct) *Arrebols de nit, sol pel matí.* (Gella)
16233. **Rubias e sol nado, meu pegureiro estarás mollado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16234. **Rubias e sol posto, meu pegureiro estarás enxoiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16235. **Rubias nos montes, augas nas fontes.** (mc e ms16: Santiago)
16236. **Rubias ó mar, pon os bois a arar.** (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
16237. **Rubias ó nascente, apón os bois e vente.** (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
(pt) *Ruivas no nascente, desapõe os bois e foge sempre.* (Chaves)
16238. **Rubias ó sol nado, pigoreiro andarás mollado; rubias ó sol posto, pigoreiro andarás enxoiro.** (mc e ms16: M.V. / ms21,28v: Bermés)
Var.: *Rubias ó sol nado, pigoreiro andarás mollado.* (M.V.)
(pt) *Arrebois de manhã, trazem água à noite; arrebois à noite, sol de manhã.* (Chaves) / *Aurora (ou amanha) ruiva, ou vento ou chuva.* (Id.) (es) *Arreboles al amanecer, agua o viento al anochecer.* (Gella) / *Arreboles al ocaso, a la mañana el sol claro.* (Id.) / *Arreboles al poniente, buen tiempo al día siguiente.* (R. Marín) / *Arreboles al poner, agua al amanecer.* (Id.) / *Arreboles al oscurecer, charquitos al amanecer.* (Id.) / *Rubias al naciente, lluvia al día siguiente.* (Id.) (ct) *Arrebòls de nit, sol pel matí.* (Alberola) / *Arrebòls pel matí, a la*

⁵¹⁴² mc: *andrás*.

⁵¹⁴³ ms16: *ao sol posto*.

⁵¹⁴⁴ mc e ms16: *a Monforte, i-o capote*.

nit, aigua acá. (Id.)

16239. **Rubiéns pó mar, vellas a traballar.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

16240. **Rubiéns prá ribeira, vellas á parrumeira.**⁵¹⁴⁵ (mc e ms16: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

16241. **Rubio a lau de Meira, arma o caldeiro á goteira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

16242. **Rubio ó poniente, sol de repente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16243. **Rubio por nacente, auga por poniente.**⁵¹⁴⁶ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

16244. **Rubio pra Chantada, vellas á morralla; rubio pra Oseira, vellas á raxeira.** (ms14,18)

16245. **Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Meira, ármalle a caldeira á goteira.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)
Var.: *Rubio a Meira, auga na caldeira.* (ms15,41: Puerto Marín)

En la zona comprendida entre los dos pueblos citados.

16246. **Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Neira, arma a caldeira á goteira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16247. **Rubio pra Meira, balde á goteira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

16248. **Rubio pra Monforte, vellas tras do pote.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

16249. **Rubio pra Oseira, vellas á raxeira; rubio pra Monforte, vellas tras do pote.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

16250. **Rubio pra Useira, vellas á raxeira.**⁵¹⁴⁷ (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Bucións, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16251. **Rubio pró nacente, auga de repente.**⁵¹⁴⁸ (ms21,15v: Bermés / ms14,18)

16252. **Rubio pró ponente, vellas ó quente.** (ms21,09r: Bermés)

⁵¹⁴⁵ ms-SA: *pa, parromeira.*

⁵¹⁴⁶ ms16: *nascente.*

⁵¹⁴⁷ ms-LU (Bucións): e ms-LU (Lugo): *Oseira.*

⁵¹⁴⁸ ms14,18: *naciente.*

16253. **Rubio hacia Lugo, sol seguro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

16254. **Rubio hacia Meira, caldeiro á goteira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

16255. **Ruibas á Franqueira, vellas á borralleira.**⁵¹⁴⁹ (mc e ms16: Sar)
La Franqueira está situada en la parte oriental de la ría de Vigo.

PRONÓSTICOS DE VIENTO

16256. **Ceo caspento, choiva ou vento.**⁵¹⁵⁰ (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

16257. **Ceo escamado, vendaval ó rabo.**⁵¹⁵¹ (mc e ms16: Gella, Muros, Pontedeume / ms16: *R. Fisterrán* / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

16258. **Ceo escamento, auga ou vento.** (mc e ms16: Golada-F.V.S.)
Var.: *Ceo escamento, chuvia ou vento.* (ms16: Lis Quibén, *Dialect.* t. VIII, p.488)
(es) *Cielo escamiento, lluvia o viento.* (R. Marín)

16259. **Ceo escamento, ou chuvia ou vento.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)

16260. **Ceo escamudo, vendaval duro.** (mc e ms16: Ribadeo)

16261. **Ceo escamudo, vendaval seguro.** (mc e ms16: El Ferrol del Caudillo / ms5,135: Puente Ulla)
(es) *Cielo escamudo, vendaval en puño.* (Gella) / *Cielo escamudo, vendabal duro.* (R. Marín, que lo atribuye a Ferrol. (ms19: *Refranero del Mar.* Ferrol; Ribadeo). / *Cielo escamudo, vendabal en puño.* (Gella)

16262. **Ceo escumado, vendaval ó rabo.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

16263. **Ceo rasgado, vento ou mar picado.** (mc e ms16: Gella, Cayón)

16264. **Ceo enladrillado, vento, auga ou mar picado.** (mc e ms16: Sar., Sada)
(es) *Cielo enladrillado, suelo mojado.* (R. Marín)

16265. **Ceo noblado, vendaval ó rabo.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

16266. **Cielo enmarañento, ou chuvia ou vento.** (ms-SA: seminarista anónimo: San Xoán de Lafño, Dodro, C)

⁵¹⁴⁹ ms16: *Rubias.*

⁵¹⁵⁰ O orixinal di: *Ceu cas pento choyba ou vento.*

⁵¹⁵¹ ms-SA: *Cielo.*

16267. **Mondigo acapelado, nordeste ó rabo.** (mc e ms16: Gella, Foz)
Con niebla o nubes en la cima. El Mondigo es un monte de 583 metros, situado en el ayuntamiento de Ribadeo, no lejos de la costa.
16268. **Nordeste escuro, vendaval seguro.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
16269. **Parrascos ó sueste, á mañá sursueste.**⁵¹⁵² (mc e ms16: Bayona)
Parrascos falta en nuestros Vocabularios y en la comarca de Bayona designa los cirrocúmulos que los marineros suelen llamar rabos de gallo.
16270. **Si a Curota ves tapar, vai a san Alberte a destellar.** (ms15,11)
16271. **Telarañas polo aire, vento ao mar.** (mc e ms16: M.-R. de P.)

PRONÓSTICOS GENERALES DE LLUVIA

16272. **Cando a montaña pon o sombreiro, prepárate pró inverno, e si pon capote, chove de cote.**⁵¹⁵³ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Carballedo)
(es) *Cuando la sierra está tocada, en la mano tiene el agua.* (Correas) / *Cuando la sierra vieres tocar, toma la capa y vuélvete al lugar.* (R. Marín)
Se pone el sombrero cuando cubre la niebla la cima; y el capote, cuando cubre la falda.
16273. **Cando á tarde hai no ceo cardaduras de lan, se non chove hoxe, choverá mañán.** (ms16: Lis Quibén, *Dialect.* VIII, p. 488)
(es) *Cielo a corderos, agua a calderos.* (R. Marín) / *Cielo de lana, si no llueve hoy, lloverá mañana.* (R. Marín) / *Cielo a velloncicos, agua a cantaricos.* (R. Marín)
16274. **Cando as estrelas non latexan, logo as nubes gotexan.** (ms15,45v: Fraguas, *Vida Gallega*)
Var.: *Cando as estrelas non lepexan, logo as nubes gotexan.* (ms16: Luís Quibén, *Dialect.* t. VIII, p.488)
Lepexar, no figura en nuestros diccionarios.
16275. **Cando está o ceo caspento, ou agua ou vento.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
16276. **Cando no ceo hai cardadelas de lan, ou chove hoxe ou mañán.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

16277. **Cando o ceo está de panza de burro, chove duro.** (mc e ms16: Bucínos / ms4: F.V.S.)
(es) *Cielo de panza de burro, agua segura.* (R. Marín)
16278. **Cando o ceu é pedrento, ou chuvia ou vento.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
16279. **Capelos de lá, se non chove hoxe, chove mañá.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16280. **Ceio lastrado, agro mollado.**⁵¹⁵⁴ (mc e ms16: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Cielo empedrado, suelo mojado.* (Gella)
16281. **Ceo apedrado, suelo mollado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16282. **Ceo empedrado, antes de vintecatro horas mollado.** (ms16: Bermés)
16283. **Ceo empedrado, chao mollado.** (mc e ms16: J.T.)
Var.: *Ceo anublado, suelo mollado.* (ms5,045: Cobas, Cachafeiro-Forcarey) / *Ceo pedreado, agro mollado.* (ms16: Lis Quibén, *Dialect.* t. VIII, p. 488)
(es) *Cielo empedrado, suelo mojado.* (Gella)
16284. **Ceo empedrado, chuvia, vento ou orballo.** (mc e ms16: Gella, localizado en Lira)
(pt) *Céu pedrento, ou chuva ou vento.* (Chaves) (es) *Cielo empedrado, viento, o suelo mojado.* (R. Marín) / *Cielo empedrado, suelo mojado.* (R. Marín)
16285. **Ceo empedrado, o chan mollado.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
16286. **Ceo empedrado, piso mollado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16287. **Ceo empedrado, queixón baleiro.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Dicen los comerciantes, porque la lluvia impide la concurrencia de compradores.
16288. **Ceo en penlas de lan, si non chove hoxe, chove mañán.** (ms16: Moreiras, Estrada)
16289. **Ceo enladrillado, chao mollado.** (mc ms16: J.T.)
(es) *Cielo en ladrillado, suelo mojado.* (R. Marín)
Como *ceo lastrado* y *ceo empedrado*.
16290. **Ceo enloitado, tempo mollado.** (mc / ms16: Lugo)

⁵¹⁵² Indica *Pronósticos de viento* no ms.

⁵¹⁵³ ms4: *prepárate pro inverneiro, pon o capote.*

⁵¹⁵⁴ ms4: *Ceo.*

- (es) *Cielo de panza de burra, agua segura.* (Gella)
16291. **Ceo escamudo, tempo inseguro.** (ms16: *R. Fisterrán*)
16292. **Ceo pedrento, choiva ou vento.** ⁵¹⁵⁵ (mc: Gella, Cangas. / ms: Sar., Cangas. / ms16: Cangas)
Var.: *Ceo pedrento, ou chuva ou vento.* (ms16: M.-R. de P.)
(pt) *Céu pedrento, ou chuva ou vento.* (Chaves) (es) *Cielo empedrado, suelo mojado.* (R. Marín)
16293. **Ceo rizado, tempo mollado.** (mc e ms16: J.T.)
16294. **Ceu apedrado, chan mollado.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
16295. **Cúbrese o ceo de lan, chove pola mañán.** (ms16: *R. Fisterrán*)
16296. **Chuvia con sol, non cala o fol.** (ms5,135: Estrada, Puente Ulla)
16297. **Ghadillinos de lan, se non cobre, chove mañán.** (ms-SA: José Campos Lourido: Santo Ourente de Entíns, Outes, C)
16298. **Guedellos de lan, ou chove hoxe ou mañán.** ⁵¹⁵⁶ (ms16: Carballo, La Coruña / ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballo, LU)
16299. **Manelas de la, mañá choverá.** (mc e ms16: Lalín-F.V.S.)
Las nubes en forma de madejas de lana, anuncian lluvia.
16300. **Noveliños de la: se non chove hoxe, chove mañá.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
Falan as nubes.
16301. **Norte escamado, vendaval bravo.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
16302. **Noveliños de la: si non chove hoxe, choverá mañá.** (mc e ms16: Palas de Rey-F.V.S.)
(es) *Nieblas a mechones, agua a montones.* (R. Marín)
Como *manelas de la*...
16303. **Nube escarpetada, ós tres días auga.** (ms16: Lis Quibén, *Dialect.* t. VIII, p. 49)
16304. **Nubes barbadas, auga as carretadas.** (mc e ms16: M.-Sangenjo)
16305. **Nubes de panza de burra, auga segura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16306. **Nubes en san Xoán, auga na man.** (ms16: Lis Quibén, *Dialect.* t. VIII, p. 49)
16307. **Nubes pra baixo, bon refaixo; nubes pra riba, auga encima.** (ms16: Mondoñedo)
16308. **Nubes roxas ó nacente traen choiva de repente.** (mc e ms16: Santiago)
16309. **Nubes roxas ó sol nado, tempo desgobernado.** (ms16: J.T., *Folklore de Sandiás*)
16310. **Nubes escarchadas, grandes riadas.** (ms5,141: Santiago)

PRONÓSTICOS LOCALES DE LLUVIA

16311. **Cand'as nubes corren pra Lugo, auga hast'o puño; e se corren pr'Orense, con auga non pense.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16312. **Cando a Curotiña ten o sombreiro, señal de chuvia.** ⁵¹⁵⁷ (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)
16313. **Cando a Forcadas ten touca, hai auga muita ou pouca.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
16314. **Cando Barbanza ten touca, auga moita ou pouca.** ⁵¹⁵⁸ (mc: Sar., Noya)
Barbanza, cordillera que se prolonga sobre la península que separa las rías de Arosa y Muros / Si si se cubre de nubes, anuncia lluvia. (ms)
16315. **Cando Barbanza ten touca, ou moita chuvia ou pouca.** (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)
16316. **Cando Monte Louro pon touca, chuvia moita ou pouca.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
16317. **Cando no monte do Pindo hai touca, ou moita auga ou pouca.** ⁵¹⁵⁹ (mc, ms4 e ms16: Gella, Lira)
16318. **Cando no Xiabre hai toupá, chuvia pouca ou moita.** (ms-SA: seminarista anónimo: San Xoán de Lafño, Dodro, C)
N.B. *Xiabre* = monte de la provincia de Pontevedra.
16319. **Cando o Barbanza ten touca, auga moita ou pouca.** (mc e ms16: Sar)
Barbanza es la cordillera que se prolonga sobre la península que separa las rías de Arosa y de Muros.
16320. **Cando o Cabado está nublado, venta tempo malo.** ⁵¹⁶⁰ (mc e ms16: Santiago / ms-SA:

⁵¹⁵⁷ O orixinal di: *Cando a curotiña ten o sombreiro señal de chuvia eh.*

⁵¹⁵⁸ mc: *Canda Barbanza.*

⁵¹⁵⁹ ms4: *ou moita chuvia ou pouca*; ms16: *monte de Pindo.*

⁵¹⁶⁰ ms-SA: *anublado.*

⁵¹⁵⁵ ms: *chuvia.*

⁵¹⁵⁶ ms-LU: *la, mañá.*

- José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
16321. **Cando o Farelo pon a monteira, chove anque o ceo non queira.** (mc e ms16: Antas de Ulla)
16322. **Cando o Farelo pon o capelo, meniñas da Ulla poñede o mantelo.** ⁵¹⁶¹ (mc e ms16: Monterroso / ms4: F.V.S.)
16323. **Cando o Farelo ten sombreiro, os labradores qu'anden con xeito.** (ms-LU: seminarista anónimo: A Golada, A Golada, PO)
16324. **Cando o Mondigo pon o capelo, todas as vellas tembran de medo.** ⁵¹⁶² (mc: F.L. / ms16)
- Var.: *Cando o Mondigo pon o capelo, todas as vellas mexan de medo.* (ms4: F.L.)
16325. **Cando o monte Bagude ten carapucha, auga segura.** (ms15,41: Puertomarín)
16326. **Cando o Pico cubre o capelo, homiños da Ulla collede u mantelo.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)
16327. **Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, pouca ou moita.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
16328. **Cando o Pico Sagro pon capelo, meniñas do gando levade o mantelo.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
16329. **Cando o Pico Sagro pon o capelo, rapazas da Ulla cubride o mantelo.** ⁵¹⁶³ (mc e ms16: M.V.)
16330. **Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, moita ou pouca.** ⁵¹⁶⁴ (mc e ms16: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms18,47r)
- Alude al famoso Pico Sagro de Santiago, tan vinculado a las peregrinaciones jacobeanas.
16331. **Cando o Pico Sagro pon touca, auga temos, pouca ou moita.** (ms21,29v: Bermés)
16332. **Cando Soteiros [sic] ten capa e Sevil capela, corre Maruxa á casa pola capela.** ⁵¹⁶⁵ (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
16333. **Cando Xesteiras ten capa e Sevil ten capelo, corre, Maruxiña, corre polo mantelo.** ⁵¹⁶⁶ (mc e ms16: Santiago)
- Var.: *Néboa no Xesteiras, chuvia nas eiras.* (ms16: Estrada-Puente Ulla)
16334. **Cando Xesteiras ten capa e Sevil capela, corre Maruxa á casa polo mantelo.** ⁵¹⁶⁷ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
16335. **¿Capelo no Jaján? Chuvia na man.** (mc e ms16: M.-R. de P.)
16336. **Carapucho no Farelo, auga no pelo.** (mc e ms16: Golada-F.V.S.)
- Var.: *Cando ten pucho o Farelo, auga no pelo.* (ms15,28r)
16337. **Corren as nubes pra Foilevar, colle o mallo e vai mallar, e si corren pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro.** (ms10,049r: Renche, Samos)
- Var.: *Corren as nubes pra Foilevar, colle o fouciño e vai segar, e si corren pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro.*
16338. **Corren as nubes pra Lugo, pon a roupa ó enxugo.** (ms10,049v: O. de Rei)
16339. **¿Corren as nubes pra Lugo? Auga no puño.** (mc e ms16: A.I. / ms21,05r: Bermés)
16340. **¿Corren as nubes pra Meira? Caldeiras á goteira.** ⁵¹⁶⁸ (mc e ms16: Montecubeiro / ms4: F.V.S.)
- Var.: *Aire de Meira, caldeir'á goteira.* (M.L.) / *As nubes hacia Meira, pon os baldes á goteira.* (Pol-F.V.S.) / *Aire de Meira, caldeiros á goteira.* (Cuartilla 15)
- Montecubeiro está al sur de Meira.
16341. **Corren as nubes pró Cebreiro, colle a capa e o sombreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
16342. **Monte Louro con touca, chuvia moita ou pouca.** ⁵¹⁶⁹ (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
16343. **Monte Louro touca, auga moita ou pouca.** ⁵¹⁷⁰ (mc e ms16: Muros)

⁵¹⁶¹ ms e ms4: *pon o seu capelo*; ms16: *do Ulla*.

⁵¹⁶² En ms4 aparecen recollida-las dúas variantes da seguinte maneira: *mexan (ou tembran)*.

⁵¹⁶³ ms, ms3 e ms4: *pon capelo*; ms3: *Pico Sagro, d'Ulla*; ms16: *do Ulla*.

⁵¹⁶⁴ ms-LU: *pon a touca, auga temos moita*; ms18,47r: *pon toroca, augoa temos*.

⁵¹⁶⁵ Non atopamos ningún topónimo *Soteiros*. Podería ser un erro do informante e referirse ó monte *Xesteiras*, próximo a Cuntis-PO, ou ben a un microtopónimo non recollido nas coleccións de toponimia que manexamos.

⁵¹⁶⁶ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Niebla (La niebla y sus pronósticos locales)*. / ms16: *Xasteiras*.

⁵¹⁶⁷ O orixinal di: *Cando sasteiras ten capa e sevil capela corre Maruxa a casa polo mantelo*. / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Niebla (La niebla y sus pronósticos locales)*.

⁵¹⁶⁸ ms4: *Caldeiros*.

⁵¹⁶⁹ O orixinal di: *Monte Louro con touca chuvia moita ou pouca*.

⁵¹⁷⁰ mc: *Montelouro touco*.

Var.: *Monte Louro touco, auga pouca ou moita.* (ms: Muros)

El Louro se alza al S.O. de la ensenada de San Francisco, próxima a Muros.

16344. **Negro a Carnota, mete a leña e cerra porta.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)

16345. **Nubes á Gudiña, vellas á cociña.** (ms: J.T.)

16346. **Nubes no Carrio, auga no barrio.** (mc e ms16: J.P. / ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)

PRONÓSTICOS LOCALES DE VIENTO

16347. **Nublada a Armenteira, norte na ribeira.** ⁵¹⁷¹ (mc: Bueu, Gella)

Var.: *Nubrado a Armenteira, norte na ribeira.* (ms16: Bueu)

Armenteira: nombre de una montaña al sur de Bueu.

16348. **Si u Pico Sagro está coberto de neve, nenos de Lestedo poñer u mantelo.** ⁵¹⁷² (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

16349. **Si Veredo pon o sombreiro, colle a capa ó hombreiro; e si pon capote, chove de cote.** ⁵¹⁷³ (mc e ms16: Carballedo-F.V.S.)

Veredo es el castro Morgadán de aquel municipio. (Carballedo)

NUECES. V. tamén *Agrícolas (Generales), Hambre. Gastronomía, Huerta, Nogal.*

16350. **A noz e a avelán, tanto se paga a boa com'a san.** (mc e ms16: S.P.P.-*Ultreya*)

16351. **Por san Agustín andan as nocés no rolín.** (ms16: A.N.)

16352. **Por san Martiño andan as nocés ó arrolíño.** ⁵¹⁷⁴ (mc e ms16: M.V. / ms e ms4: M.L.)

16353. **Por san Xusto e san Pastor entra a nos en sabor.** (ms-SA: José Lage Radio: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)

16354. **Por san Xusto e san Pastor, xa entra a noz en sabor.** ⁵¹⁷⁵ (mc e ms16: Santiago)

16355. **Por santa Tecla abala a nogueira.** (mc e ms16: Lugo)

16356. **Tantas nocés en carrela como peros en fanega.** (mc e ms16: Carballedo)

⁵¹⁷¹ mc: *Nublada Armenteira.*

⁵¹⁷² En vez de *Lestedo* poñía *soutelo*, pero foi correxido por riba.

⁵¹⁷³ ms4: *Si o Veredo.*

⁵¹⁷⁴ ms4: *á arrolíño.*

⁵¹⁷⁵ ms5,133: *entra a nos*

NUERA

16357. **A nora pola sogra cagáronse na porta.** (ms10,069r: *D.E.*)

16358. **A nora rogada é ben recibida na casa.** (ms10,069r: *D.E.*)

16359. **A nora, rogada, e a ola repousada.** (ms10,069r: *D.E.*)

16360. **Acórdate, nora, de que serás sogra.** (ms10,069r: *D.E.*)

16361. **Arremangóuseme a nora e botoume o caldo fóra.** (ms10,069r: *D.E.*)

16362. **Barre a nora o que ve a sogra.** (ms10,069r: *D.E.*)

16363. **Cando fun nora quixen mal á miña sogra, e agora que son sogra quero mal á miña nora.** (ms10,069r: *D.E.*)

16364. **En canto foi nora, nunca tivo boa sogra; e en canto foi sogra, nunca tivo boa nora.** (ms10,069r: *D.E.*)

16365. **Non se acorda a sogra de que foi nora.** (ms10,069r: *D.E.*)

NUEVE

16366. **Ás nove déitate e durme, que ás dez xa durmirás.** (ms10,070r: *D.E.*)

16367. **Ás nove non é cristiano o que non dorme.** (ms10,070r: *D.E.*)

OBDIENCIA

16368. **É máis fácil obedecer que mandar.** (ms16: Lugo)

(es) *Obedecer es más fácil que mandar.* (R. Marín)

16369. **O que está á obediencia, non está á súa comenencia.** (mc: M.L.)

Var.: *Quen anda á obediencia, non anda á comenencia.* (ms16: Lugo / ms-LU: Paco de Seoane: Lugo, LU) ⁵¹⁷⁶

16370. **O que ha de obedecer non se ha de repoñer.** (ms10,070r: *D.E.*)

16371. **O que obedece non perece.** ⁵¹⁷⁷ (mc e ms16: Bucínos / ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballedo, LU)

16372. **O que obedece non se equivoca.** (ms16: Lugo)

(es) *En obedecer no hay engaño.* (R. Marín)

16373. **O que ten que obedecer non se pode nin se debe repoñer.** (ms10,070r: *D.E.*)

⁵¹⁷⁶ ms-LU: *obediencia.*

⁵¹⁷⁷ ms-LU: *qu'obedece.*

16374. **Obedecer os pais, a Dios e o superior, non hai cousa mellor.** ⁵¹⁷⁸ (ms15,21 e ms15,45r: Carballado)
 16375. **Obedencia é cortesía.** (ms10,070r: D.E.)
 16376. **Onde se ha de obedecer é escusada a cortesía.** (ms10,070r: D.E.)

OBESIDAD. V. tamén *Comida, Engordar, Excesos, Gordo, Tragón.*

16377. **A gordura sete faltas disimula.** (ms4: J.T.)
 16378. **A moita carne é prós sapos.** (ms: G.P.)
 Véase Gumersindo Placer. / Zahiere a los obesos, contra lo que afirman las paremias anteriores.
 16379. **Anque andemos rotos, esteamos gordos.** ⁵¹⁷⁹ (ms16 e ms10,026v: D.E.)
 16380. **Da gordura sai a fermosura.** ⁵¹⁸⁰ (ms / ms16: Lugo)
 (pt) *Gordura é formosura.* (Chaves) / *Dá-me gordura, dar-te-ei formosura.* (Id.) / *A gordura é capa de defeitos.* (Id.)
 16381. **Dáme gordura e dareiche fermosura.** ⁵¹⁸¹ (ms16 e ms10,001v: D.E.)
 (es) *Dame gordura, darte he hermosura.* (Correas)
 16382. **Engordar pra morrer.** ⁵¹⁸² (ms16 e ms10,012r: D.E.)
 (es) *Engordar para morir es mal vivir.* (R. Marín)
 16383. **Esteamos gordos e andemos rotos.** ⁵¹⁸³ (ms16 e ms10,026v: D.E.)
 16384. **Esteamos gordos que o comer é todo.** (ms16: D.E.)
 16385. **O que de vello engorda, dúas mocedás ten.** ⁵¹⁸⁴ (ms: Mondoñedo / ms16: D.E.)
 Var.: *Quen vello engorda, dúas mocedades logra.* (ms16 e ms10,012r: D.E.) / *Quen vello engorda, dúas mocedades conta.* (ms16 e ms10,012r: D.E.)
 16386. **Poderá haber fracos comendo, pero gordos sin comer non pode ser.** ⁵¹⁸⁵ (mc e ms16: Carballino)
 (es) *Para la muerte no hay hombre fuerte.* (R. Marín)

⁵¹⁷⁸ ms15,45r: millor.

⁵¹⁷⁹ En ms10 s.v. *Gordo.*

⁵¹⁸⁰ ms: *sale a hermosura.*

⁵¹⁸¹ En ms10 s.v. *Dar.*

⁵¹⁸² En ms10 s.v. *Engordar.*

⁵¹⁸³ En ms10 s.v. *Gordo.*

⁵¹⁸⁴ ms16: *mocedades.* / Primeira e segunda variante en ms10 s.v. *Engordar.*

⁵¹⁸⁵ mc: *flacos.*

OBLIGACIÓN

16387. **Antes é a obrigación que a devoción.** (ms16: Lugo)
 (es) *Primero es la obligación que la devoción.* (R. Marín)
 16388. **Cumprindo como debes non tes por que ter medo.** (ms16: D.E.)
 16389. **Fai o que debas e non o que queiras.** ⁵¹⁸⁶ (mc e ms16: A.S.A. / ms10,016r: D.E.)
 Var.: *Has de facer o que debes e non o que queres.* (ms16 e ms10,016r: D.E.) ⁵¹⁸⁷ / *Non has facer o que queres senón o que debes.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Faze o que debes fazer, suceda o que suceder.* (Chaves) (es) *Haz lo que debes y no lo que puedas.* (R. Marín)
 16390. **Mira ben o que fas e o que teñas que facer.** ⁵¹⁸⁸ (ms: C.A. *A Nosa Terra* / ms16 e ms10,016r: D.E. / ms18,33r)
 16391. **O que cumpre o seu deber non ten por que temer.** (ms16: Silvarrey)
 (es) *Quien hace lo que debe, a nadie teme.* (R. Marín)
 16392. **O que fai o que pode, non está obrigado a máis.** ⁵¹⁸⁹ (ms8,40v: Trives / ms16: Silvarrey)
 Var.: *Quen fai o que pode, non está obrigado a máis.* (ms16: Lugo)
 (es) *Quien hace lo que puede, más no debe.* (Correas)
 16393. **O que non fai o que debe, fai ó cabo o que non debe.** ⁵¹⁹⁰ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
 16394. **Queira, non queira, a ovella vai á feira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 Situación de fuerza.
 16395. **Quen fai o que debe, a naide ofende.** (ms16: Silvarrey)
 (es) *Quien hace lo que debe, a nadie ofende.* (R. Marín)
 16396. **Quen fai o que pode, fai o que debe.** ⁵¹⁹¹ (ms16 e ms10,016v: D.E.)

⁵¹⁸⁶ Refrán e variantes en ms10 s.v. *Hacer.*

⁵¹⁸⁷ ms10: *has facer.*

⁵¹⁸⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Reflexión.* / Contén a indicación *Prudencia* no ms. / En ms10 s.v. *Hacer.* / ms18,33r: *teñas de facer.*

⁵¹⁸⁹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Voluntad (Buena voluntad).*

⁵¹⁹⁰ En ms10 s.v. *Deber.*

⁵¹⁹¹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Voluntad (Buena voluntad).* / En ms10 s.v. *Hacer* coa indicación *B. voluntad.*

(es) *Quien hace lo que puede, hace lo que debe.* (Correas)

16397. **Quen fai o que quer, non fai o que debe.** (ms16: D.E.)

16398. **Se queres vivir ben, cumple co teu deber.** ⁵¹⁹² (mc e ms16: Santiago)

OBRAS

16399. **A boa obra o mestre honra.** (ms10,070r: D.E.)

16400. **A boa obra que é pedida, xa vai mercada ou ben vendida.** (ms10,070r: D.E.)

16401. **As boas obras pagan as boas palabras.** (ms10,070r: D.E.)

16402. **As boas obras páganse con outras e, ás vegadas, con outras malas.** (ms10,070r: D.E.)

16403. **As obras de cada un logo din quen e.** (ms10,070r: D.E.)

16404. **Cada un é xuzgado polos seus feitos.** (ms16: Otero Pimentel)

16405. **Con moitas obras boas, pouco se merece; e con unha mala, todo se desmerece.** (ms10,070r: D.E.)

16406. **Moitas veces págase unha obra boa con outra mala.** (ms10,070r: D.E.)

16407. **Obra acabada diñeiro agarda (diñeiro quer)** (ms10,070r: D.E.)

16408. **Obra comenzada non cha vexa sogra nin cuñada.** (ms10,070r: D.E.)

16409. **Obra comenzada xa está cuáseque acabada.** (ms10,070r: D.E.)

16410. **Obra de portal, pouco dura se se fai mal.** (ms10,070r: D.E.)

16411. **Obra de un, obra de ningún.** (ms10,070r: D.E.)

16412. **Obra de vilán: tira-la pedra i esconde-la man.** ⁵¹⁹³ (ms10,070r: D.E.)

16413. **Obra empezada, medio rematada.** (ms10,070r: D.E.)

16414. **Obra feita diñeiro espera.** (ms10,070r: D.E.)

16415. **Obrar moito e falar pouco.** (ms10,071r: D.E.)

16416. **Obras falen, palabras calen.** (ms10,070r: D.E.)

16417. **Obras feitas, escola de burros.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques* / ms16: Orense)

⁵¹⁹² mc: *Si queres.*

⁵¹⁹³ O orixinal di: *Obra de vilán: tirala pedra i escondela man.*

16418. **Obras son amores, e non palabras doces.** (ms10,070r: D.E.)

16419. **Obras son amores.** (ms15,52r / ms16: Lugo / ms10,070r: D.E.)

(es) *Obras son amores y no buenas razones.* (M. Kleiser)

16420. **Se queres boas obras, fainas; e se malas, aténdelas.** (ms10,070r: D.E.)

16421. **Unha obra boa págase con outra.** (ms10,070r: D.E.)

OBRETEROS. V. tamén *Oficios*.

16422. **Cando o sol retira o rabo, merda pró amo.** ⁵¹⁹⁴ (mc e ms16: Buciños)

Hora en que los jornaleros del campo terminan su trabajo.

16423. **Labor feito, obreiro ó demo.** (ms16: Verín)

16424. **O xornal do obreiro entra pola porta e sai polo fumeiro.** (mc e ms16: J.P.)

Var.: *O diñeiro do obreiro entra pola porta e sai polo fumeiro.* (ms16 e ms10,006v: D.E.) ⁵¹⁹⁵

(pt) *Jornal d'obreiro entra pela porta e sai pelo fumeiro.* (Chaves) (es) *Jornal de obrero, entra por la puerta, y sale por el humero.* (Correas)

Que se lo come y bebe todo y lo gasta en leña para el frío.

16425. **Obreiro en xaneiro, pan te comerá e obra non fará.** (mc: U.C. Cuartilla 9)

16426. **Quen mal fai, obreiro colle.** (ms10,071r: D.E.)

16427. **Vai o sol no furado, merda pró amo.** ⁵¹⁹⁶ (mc e ms16: Baralla)

OBSTINACIÓN

16428. **Cantar mal e recuncar non é de aprobar.** (ms16: D.E.)

Var.: *Cantar mal e porfiar.* (ms16: Lugo)

(es) *Cantar mal y porfiar no es de alabar.* (R. Marín) / *Cantar mal, e porfiar.* (S.)

16429. **Home porfiado ten o que quere por roncha e por pesado.** ⁵¹⁹⁷ (ms16 e ms10,028v: D.E.)

16430. **Morto si, mais non rendido.** ⁵¹⁹⁸ (ms16 e ms10,043v: D.E.)

⁵¹⁹⁴ ms: *m... pro amo.*

⁵¹⁹⁵ En ms10 s.v. *Dinero.*

⁵¹⁹⁶ ms: *m... pr'ó amo* / Dicen los obreros cuando se trabajaba de sol a sol.

⁵¹⁹⁷ En ms10 s.v. *Hombre.*

⁵¹⁹⁸ En ms10 s.v. *Muerte.*

- (es) *Muerto, sí, mas no rendido.* (Correas)
16431. **Non convén empeñarse en calquer cousa que non sea de fixo proveitosa.** (ms4: J.P.)
16432. **O que porfia, durme no medio.** ⁵¹⁹⁹
(ms: Pidre-F.V.S. / ms16: Pidre / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Quien porfia, alcanza hoy otro día.* (R. Marín) / *Quien porfia, mucho alcanza.* (Sbarbi)
El que la sigue la consigue, salirse con la suya.
16433. **O que torría, dorme no medio.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
16434. **Tira Xan pola vira e, si quebra, tira pola herba.** (ms8,49r: Trives)

OCASIÓN

16435. **A boa ocasión pasa unha vez; a mala, dez.** (ms10,071r: D.E.)
16436. **A ocasión abre a porta á tentación.** (ms10,071r: D.E.)
16437. **A ocasión chega, chama e foxe.** (ms10,071r: D.E.)
16438. **A ocasión fai ó home ladrón.** ⁵²⁰⁰ (mc: A.N. / ms10,071r: D.E.)
(pt) *A ocasião faz o ladrão.* (Chaves) / *O buraco chama o ladrão.* (Id.) (es) *La ocasión hace al ladrón.* (Correas) (ct) *La ocació, es la mare dels lladres; el descuit, el pare.* *La ocasió es la mare dels lladres: el descuit, el pare.* (Alberola)
16439. **A ocasión non pasa andando senón voando.** (ms10,071r: D.E.)
16440. **A ocasión píntana calva.** (ms10,071r: D.E.)
16441. **Bo é buscar ocasión pra saber a quen se debe e a quen non.** (ms10,071r: D.E.)
16442. **Cando che dan a ovella, colle a corda e vai por ela.** ⁵²⁰¹ (mc: A.I. / ms15,01: Carré Aldao)
(pt) *Quando te deren o porquinho, acode logo com o baracinho.* (Chaves) / *Quando te deren a vaca, vem logo com a corda.* (Id.) (es) *Cuando te dieren la oveja, toma la cuerda y vay por ella.* (Correas)

⁵¹⁹⁹ Contén a indicación *Constancia* no ms. ms e ms16: *dorme.*

⁵²⁰⁰ V. *A ocasión fai o ladrón* en *Oportunidad (Oportunidad tentadora).*

⁵²⁰¹ V. *Cando o crego dá a ovella, colle a corda e vai por ela* en *Animales domésticos (Ovejas)* e *Oportunidad (Aprovechar la oportunidad).* / ms3: *coll'a corda*; ms4 e ms15,01: *Cando dan a ovella.*

16443. **Cando che dan o anillo, pon o dedillo.** ⁵²⁰² (mc)
(es) *Cuando te dieren el anillo, para el dedillo.* (Correas)
16444. **Cando che veña a ocasión, déixate de ser pasmón.** ⁵²⁰³ (ms10,071r: D.E.)
Var.: *Cando che veña a ocasión, déixate de ser babión.* (ms10,071r: D.E.)
16445. **Cando teñas ocasión non te fagas o parvo.** (ms10,071r: D.E.)
16446. **De Dios han de estar as cousas, ti a min i-eu ás lousas.** ⁵²⁰⁴ (mc: Bucños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Un hallazgo.
16447. **En canto a sazón non vén, o tempo non pasa.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
16448. **Entre o lume e a estopa vén o demo e sopra.** ⁵²⁰⁵ (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *O lume ond'a estopa, vén o demo e sóplaa.* (ms4: G.S.A.)
16449. **Entre sebes e paredes catade o que facedes.** (mc: M.L.)
(es) *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (Sbarbi)
16450. **Fuxindo da ocasión non se cai na tentación.** (ms10,071r: D.E.)
16451. **Lume xunto a estopa, vén o demo e sopra.** ⁵²⁰⁶ (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16452. **Maceiras á horta, rapaces á porta.** ⁵²⁰⁷ (mc: U.C. Cuartilla 16)
16453. **Maceiras na horta, rapaces á porta.** (ms18,48r: cuartilla nº 16)
16454. **Mentras tempo non vén, sazón non pasa.** ⁵²⁰⁸ (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / R. Celso Rodríguez Rodríguez)

⁵²⁰² V. *Cando che den o anelo, pon o dedo en Oportunidad (Aprovechar la oportunidad).*

⁵²⁰³ O orixinal di: *Cando che veña a ocasión, déixate de ser pasmón (o babión)*

⁵²⁰⁴ O orixinal di: *De Diós han de estar as cousas, ti a min y-eu as lousas.* / ms e ms-LU: *d'estar* / Indica *Ocasión (Oportunidades)* no ms.

⁵²⁰⁵ mc: *sopla.*

⁵²⁰⁶ ms-LU: *xunt-a.*

⁵²⁰⁷ ms4: *na horta.*

⁵²⁰⁸ ms-LU e ms21,29r: *Mentres.* / Indica *Ocasión (Oportunidades)* no ms.

16455. **No inverno dícese: "Cando sea vran, farei unha capa", e ó vir o vran: "Estírate perna, que capa nin que m[erda]".** ⁵²⁰⁹ (mc: Monforte)
16456. **Nos niños do ano pasado non está o paxaro este ano.** ⁵²¹⁰ (mc: Santiago)
16457. **Nos niños do ano pasado non hai esti'ano paxaro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
16458. **Nos niños do ano pasado non hai paxaros esti'ano.** ⁵²¹¹ (ms21,17r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16459. **Nos nius do ano pasado non hai paxaros ogano.** ⁵²¹² (mc e ms11,49: Fonsagrada-F.V.S.)
(es) *En los nidos de antaño, no hay pájaros hogaño.* (Sbarbi)
Recomienda no se dejen las oportunidades por temor a no hallarlas cuando se las vaya a buscar. (Sbarbi)
16460. **O lume ó pé da estopa, vén u demo e sopla.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
16461. **Ó lume ond'a estopa o demo lle sopla.** (ms21,15r: Bermés)
16462. **O lume ond'a estopa, vén o demo e sopla.** ⁵²¹³ (ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms18,74r: A.S.A.)
16463. **O lume onda'stopa, o demo ll'asopla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16464. **O lume xunt'a estopa, vén o demo e sopla.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
16465. **O llanto, sobre o difunto.** ⁵²¹⁴ (mc: Tuiriz)
(es) *El llanto, sobre el difunto.* (R. Marín)
Las cosas se han de hacer a su tiempo y oportunamente.
16466. **Ós niños do ano pasado non vaias ós ovos ogano.** ⁵²¹⁵ (mc: Santiago)
16467. **Os pararraios son pra cando trona.** (ms: Carballedo)

⁵²⁰⁹ ms: *que capa nin m...*

⁵²¹⁰ Indica *Ocasión* (*Oportunidad*) no ms.

⁵²¹¹ O orixinal di: *Nos niños do ano pasado non hay paxaros estiano.*

⁵²¹² Indica *Ocasión* (*Oportunidades*) no ms.

⁵²¹³ ms-LU: *donda estopa, asopra*; ms18,74r: *sóplaa*.

⁵²¹⁴ Indica *Ocasión* (*Oportunidad*) no ms.

⁵²¹⁵ O orixinal di: *Os niños do ano pasado non vayas os ovos ogano.* / Indica *Oportunidad* (*Ocasión*) no ms.

16468. **¿Pra cando son os pararraios senón pra cando trona?** ⁵²¹⁶ (mc / ms4: F.V.S.)
16469. **Quen da ocasión non se sabe aproveitar, non se ten de qué queixar.** (ms10,071r: D.E.)
16470. **Quen quita a ocasión quita o pecado.** (ms10,071r: D.E.)
16471. **Quen torna a ocasión, torna a tentación.** (ms10,071r: D.E.)
16472. **Roupa lavada polo sol agarda.** ⁵²¹⁷ (mc: M.V. / ms21,28v: Bermés)
(es) *Ropa lavada, sol aguarda.* (R. Marín)
16473. **Tanto se perde polo moito como polo pouco.** (mc: Villamor-Coruña)
16474. **Tempo e sazón teñen as cousas, e cencia si han de ser proveitosas.** (ms4: J.P.)

HUIR DE LA OCASIÓN

16475. **Quen non queira cas á porta, que mate a cadela.** (mc e ms16: Terra de Melide)

OCIO. V. tamén *Ociosidad*, *Pereza* y *ociosidad*.

EFFECTOS DEL OCIO

16476. **A pedra parada musgo cría.** (mc e ms16: C.A.)
16477. **Augha parada non move moíño.** ⁵²¹⁸ (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)
16478. **Barco parado non gana frete.** (ms16: D.E.)
(es) *Barco amarrado no gana flete.* (R. Marín)
16479. **Besta parada non fai xornada.** ⁵²¹⁹ (mc e ms16: M.V. / ms21,20v: Bermés / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
(es) *Bestia parada, su pienso no gana.* (R. Marín) / *Bestia en la cuadra, come y no gana.* (Id.)
Contra la pereza.
16480. **Cando o novo non traballa, o vello dorme nas pallas.** ⁵²²⁰ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
16481. **Con augas paradas non moen os muíños.** ⁵²²¹ (ms4, mc e ms16: Vida Gallega)

⁵²¹⁶ O orixinal di: *¿Pra cando son os pararrayos senón pra cando trona?* / Indica *Ocasión* (*Oportunidad*) no ms.

⁵²¹⁷ Indica *Oportunidad* (*Ocasión*) no ms.

⁵²¹⁸ O orixinal di: *Auja parada non move moíño.*

⁵²¹⁹ ms-SA: *Besta que parada* / ms3 e ms-SA: *jornada*.

⁵²²⁰ O orixinal di: *Cando a nobo non traballa o bello dorme nas pallas.*

⁵²²¹ ms4: *non moen*; mc: *aguas, moen*. / V. *Auga pasada non moe muíño en Pasado*.

- (pt) *Águas passadas não moem moinhos.* (Chaves) / *Con águas passadas não moem moinhos.* (Chaves)
Recomienda la actividad y el trabajo.
16482. **En esta terra cuca o que non traballa non manduca.** (ms21,05v: Bermés)
16483. **En esta terra negruca o que non traballa non maduca.** ⁵²²² (mc e ms16: Santiago)
16484. **En esta vida caduca, o que non come manduca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
16485. **Esta vida é unha cuca: o que non traballa non manduca.** ⁵²²³ (ms8,52r: Meda)
Var.: *Nesta terra cuca, o que non traballa non manduca.* (ms16: Sober) / *Nesta terra terruca, o que non traballa non manduca.* (ms16: Bucifios / ms-LU: seminarista anónimo: Bucifios, Carballedo, LU)
16486. **Home que non traballa, de vello dorme na palla.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal)
16487. **Home sentado non fai bon mandado.** ⁵²²⁴ (mc: A.S.A. / ms: A.I. / ms16: D.E. / ms21,04r: Bermés)
Var.: *O home sentado non fai bo mandado.* (ms4: A.I. / A.S.A.)
(es) *Hombre sentado, no gana un cornado.* (R. Marín)
16488. **Home sentado non fai mandado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))
16489. **Moceda viciosa, vellez traballosa.** (ms: Meilán)
Var.: *Moceda ociosa, vellez traballosa.* (ms16: Lugo)
(pt) *Mocidade ociosa, velhice vergonhosa.* (Chaves) / *Mocidade ociosa, não faz velhice contente.* (Id.) (es) *A mocedad ociosa, vejez trabajosa.* (ms: Sbarbi / ms16: Z.)
16490. **Mocedad viciosa, vellez traballosa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16491. **Na terra da miña muller á quen non traballa non lle dan de comer.** (mc e ms16: Santiago)
(es) *En la tierra de Maladura, quien no trabaja no manduca.* (Correas)
16492. **Na terra daquel home o que non traballa non come.** (mc: A.I. / ms16: Sesto)
Var.: Como: *En esta terra terruca...*
(pt) *Em casa deste home quem não trabalha não come.* (Chaves) (es) *En la tierra de mala duca, quien no trabaja no manduca.* (R. Marín)
16493. **Na terra de meu amo o que non traballa non come.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C)
16494. **Na terra do home, o que non traballa non come.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO / Manuel Fernández Ferro)
16495. **Na terra do meu home, o que non-o ten non-o come.** (ms21,11r: Bermés)
16496. **Na terra do meu home, o que non traballa non come.** (ms-LU: L. Alonso Alonso / J. Ballesteros Alonso / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16497. **Na terra do meu home, quen non traballa non come.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16498. **Na terra do pobre quen non traballa non come.** ⁵²²⁵ (mc e ms16: Santiago)
16499. **Nesta vida caduca o que non traballa non manduca.** ⁵²²⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16500. **O que de mozo non traballa, de vello dorme na palla.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO / ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO / ms-SA: Jesús García Villaseñín: Niveiro, Val do Dubra, C)
16501. **O que de novo non traballa, de vello dorme na palla.** (ms16: Óutara, P. de Brollón / ms18,64r: Vivero)
(es) *Quien de joven no trabaja, de viejo muere en la paja.* (R. Marín)
16502. **O que mira prás estrelas moito pode aprender delas, pero o que prás estrelas mira, non traerá moi farta a barriga.** (ms15,13)
16503. **O que non cuca non manduca.** (ms16: Santiago)
16504. **O que non traballa non manduca.** (mc e ms16: M.L.)
(pt) *Quem não trabalha não come.* (Chaves) (es) *Quien no trabaja que no coma ni se vista con buena ropa.* (R. Marín) / *Quien no trabaja y no tiene renta ¿de qué se sustenta? Porque el aire no*

⁵²²² V. *En esta terra terruca, o que non traballa non manduca en Trabajo.*

⁵²²³ ms16: *mui cuca.*

⁵²²⁴ ms21,04r: *bo mandado.*

⁵²²⁵ ms16: *probe.*

⁵²²⁶ O orixinal di: *N'esta vida caduca e que non traballa non manduca.*

alimenta. (Id.) (ct) *Qui no treballa, que no menge, ni vaja mudat el dumenge.* (Alberola)
Lo mismo dice la canción del pueblo: *O meu home veu das Indias / e tróuxome unha navalla / con un letreiro que di: / Si queres comer traballa.*

16505. **Quen espera a man allea, mal xanta e pior cea.** (ms16: D.E.)

(es) *Quien a mano ajena espera, mal yanta y peor cena.* (H. Núñez)

16506. **Quen moito dorme, o seu e o axeno perde.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

16507. **Quen moito folga pouco medra.** ⁵²²⁷ (ms16 e ms10,022v: D.E.)

(es) *Quien huelga no medra.* (Z.)

16508. **Quen non traballa non ten migalla.** ⁵²²⁸ (mc: A.I.)

Var.: *Quen non traballa non ten nin migalla.* (mc: A.S.A. / ms21,07r: Bermés) / *Quen non traballa non ten mingalla.* (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911) / *O que non traballa non ten migalla.* (ms16: Pidre)

(pt) *Quem não trabalha não come.* (Chaves) (es) *Quien no trabaja, no come.* (R. Marín)

16509. **Se non queres traballare, moita fame tes que pasare.** (ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vicenzo de Curtis, Vilasantar, C)

16510. **Xente parada non gana nada.** (ms16: Lugo)
(es) *Gente parada no gana nada.* (R.P.)

ENCOMIO DEL OCIO

16511. **A boa vida bon cabalo cría.** ⁵²²⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)

16512. **A boa vida bon cabalo (che) cría.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

16513. **A boa vida engurras tira.** (ms16: Lugo)
(es) *Buena vida, agurras tira.* (Correas)

16514. **Come e folga e terás vida boa.** (ms16: D.E.)
(es) *Come y huelga y tendrás vida buena.* (Correas)

16515. **O que anda de verbenas non ten penas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

⁵²²⁷ En ms10 s.v. *Holgar*.

⁵²²⁸ ms4: *non ten nimigalla*.

⁵²²⁹ ms-LU (Bucíños): *bo cabalo*.

OCIO Y VICIOS

16516. **A ociosidade é a nai de tódolos vicios.** ⁵²³⁰ (mc e ms16: C.A.)

(pt) *A ociosidade é mãe de todos os vícios.* (Chaves) (es) *La ociosidad es madre de todos los vicios.* (R. Marín) (ct) *La ociositat es mare de tots los vicis.* (Alberola)

16517. **Boa vida pai e nai olvida.** (ms16)

(es) *Buena vida, padre y madre olvida.* (Correas)

16518. **O moito dormir é un vicio.** (ms8,64r: Silvarrey)

REPROBACIÓN DEL OCIO. V. tamén *Trabajo*.

16519. **Comer ben sin traballar non che era mal oficio.** (mc e ms16: Santiago)

Var.: *Comer ben sin traballar non é bon oficio.* (mc e ms16: Santiago)

16520. **Nin comer sin traballar nin traballar sin comer.** (ms16: Lugo)

(es) *El trabajar sin comer y el trabajar sin comer, son dos cosas que deben desaparecer.* (R. Marín)

16521. **O que non sementa o pan non ten dreito a comelo.** (ms16: Sober)

16522. **O que non traballa que non coma.** (ms16: Lugo)
(es) *Una ley vino de Roma, que quien no trabaja, no coma.* (R.P.)

OCIOSIDAD. V. tamén *Pereza* y *ociosidad*, *Ocio*.

16523. **A xente ociosa tenta o demo.** (mc / ms16: Lugo)

16524. **Con proveitos solo vén o que folgando se mantén.** (mc e ms16: J.P.)

16525. **O de comer e non traballar en algo ha de vir a parar.** ⁵²³¹ (mc e ms16: Otero de Rey)

16526. **O demo, cando non ten que facer, co rabo espanta as moscas.** ⁵²³² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16527. **O demo, cando non ten que facer, co rabo torna das moscas.** (mc e ms16: S.Victorio de R. de Miño)

⁵²³⁰ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Ociosidad*. / ms16: *ociosidá*.

⁵²³¹ V. *O que non traballa que non coma* en *Ocio* (*Reprobación del ocio*). / ms15,22: *che ha de*; ms16: *ha vir*.

⁵²³² O orixinal di: *O Demo cando non ten que facer co rabo espanta a moscas*.

- (es) *Cuando el diablo no tiene que hacer, con el rabo caza moscas.* (Sbarbi)
16528. **O lecer fai culleres.** (mc e ms16: Santiago)
16529. **Ó que a cama lle gusta, nunca a vida busca.** (mc e ms16: Santiago)
16530. **O que de vello se ten que agarrar ó traballo, de novo pasou a vida folgando.**⁵²³³ (ms8,66: Silvarrey)
16531. **O que no ten que facer, manga a macheta.**⁵²³⁴ (ms8,75r: Silvarrey)
16532. **O que non ten que facer, co rabo mata as moscas.** (mc e ms16: Buciños)
(pt) *Quem não tem que fazer, abre o cú e colhe moscas.* (Chaves)
16533. **O que non ten que facer, compr'onha casa e vólvia vender.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
Var.: *O que non ten que facer, compr'onha cabra e vólvia vender.*
16534. **O que non ten que facer, compra unha cabra e vólvea a vender.** (ms15,24r: Silvarrey / ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
16535. **O que non ten que facer, éspese e véstese.** (ms8,67v: Meda)
16536. **O que non ten que facer, sacha os nabos i-o alcazer.** (ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU)
Alcacer (ferraia).
16537. **O que non ten que facer, seus nabos sacha antes de nacer.** (mc e ms16: M.V.)
Var.: *O que non ten que facer, seus nabos sacha.* (mc: M.V. / ms16: Carballado / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / A. Darriba Míguez) / *O que non ten que facer, sacha os seus nabos antes de nacer.* (M.V.)
(es) *Quien llega tarde a la carnicería, no come carne en todo el día.* (R. Marín) / *Quien tarde va al templo, llega a la misa después del Evangelio.* (R. Marín)
16538. **O que non ten que facer, seus nabos sacha i-o alcacer.** (mc e ms16: Santiago)
16539. **O que non ten que facer, vai sachar os nabos antes de nacer.** (ms21,04r: Bermés)
16540. **O que non ten que facer, dedícase a dar auga por un canado.**⁵²³⁵ (ms8,74v: La Cañiza)

⁵²³³ Indica Ociosidad.

⁵²³⁴ Indica Ociosidad.

⁵²³⁵ O orixinal di: *O que non ten facer, dedícase a dar auga por un canado.*

16541. **O tempo fai culleres.** (mc e ms16: Buciños / ms: M.V. / ms4: V.R. y A.R. / ms21,22r: Bermés)
Var.: *O vagar fai culleres.* (mc: Buciños-F.V.S. / ms16: Lugo / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
(es) *El vagar hace cucharas.* (R. Marín) / *El ocio es jaulero y cucharero.* (R. Marín)
Alude a las cien cosillas que por matar el tiempo hacen los campesinos. Lo dicen en Extremadura. (R. Marín)
16542. **O vagar fai culleres, i-o que non ten que facer, sacha o alcacer.** (mc: Pidre / ms16: Santiago)
16543. **O xeito fai culleres.** (mc e ms16: Santiago)
16544. **Obra dun día, estada dun ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16545. **Quen non ten que facer, seus nabos sacha.** (ms18,50r: *Ultreya*, Emilio Álvarez Jiménez)
Var.: *Quen non ten que facer, sach'os nabos antes de nacer.* (ms18,50r: *Ultreya*, Emilio Álvarez Jiménez)

ODRE

16546. **A odre valeiro chámolle coiro.**
(ms10,071r: D.E.)
16547. **Fol sacudido non entra no muiño.**
(ms10,22v: D.E.)
16548. **Odre de bo viño dura poucoño.**
(ms10,071r: D.E.)
16549. **Odre de bo viño, cabalo saltador e home rifador nunca dura moito co seu señor.** (ms10,071r: D.E.)
16550. **Odre sin viño non fai amigo.** (ms10,071r: D.E.)

OFENSAS

16551. **A mala chaga sana i-a mala palabra mata.** (ms16: Lugo)
(es) *La mala llaga sana y no la de palabra.* (Correas)
16552. **A palabras lixeiras, orellas pechas.** (mc / ms16: Lugo)
(pt) *A palavras loucas, orelhas moucas.* (Chaves) (es) *A palabras locas, orejas sordas.* (Correas)
16553. **A palabras necias, oídos xordos.** (ms16: Silvarrey)
(es) *A palabras gordas, orejas sordas.* (R. Marín)
16554. **A palabras vanas oídos sordos.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
16555. **A quen fere ca boca, curar con ela lle toca.** (ms5,027: Ortigueira)

16556. **A sátira, por fina que seña, sempre leva consigo a ofensa.** ⁵²³⁶ (mc: C.G.)
16557. **Ás palabras feas, oídos sordos.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)
16558. **Cando un mal fala, todas as silveiras teñen oídos.** ⁵²³⁷ (ms5,027 e ms16: Gestoso, Coruña)
16559. **Cousa mal dita non aquece.** (ms16: D.E.)
16560. **Non ofende quen quer senón quen pode.** (ms16: Sarria)
(es) *No ofende quien quiere, sino quien puede.* (R. Marín)
16561. **O que dice o que quere, oi o que non quere.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
16562. **O que di o que non debe, oi o que non quere.** ⁵²³⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
16563. **O que fala mal de todos, de todos é mal falado.** (ms5,027: Miño)
16564. **O que fala o que quere, oye o que non lle convén.** (ms21,13r: Bermés)
16565. **O que fala o que quer, oi o que non lle convén.** ⁵²³⁹ (ms16: Bermés / ms21,13r: Bermés)
16566. **Quen dice o que quere, oíe o que non quere.** ⁵²⁴⁰ (mc: Buciños / ms16 e ms10,003r: D.E.)
Var.: *Quen dice o que non quere, oi o que non quere.* (Buciños) / *Quen di o que non debe, oi o que debe.* (ms16 e ms10,003r: D.E.)
(pt) *Quem mal diz, mal ouve.* (Chaves) / *Quem diz o que quer, ouve o que não quer.* (Id.) / *Quem diz o que quer, ouve o que não gosta.* (Id.) (es) *Quien dice lo que no debe, oye lo que no quiere.* (Correas) / *Quien mal dice, mal ha de oír.* (Correas) / *Quien dice lo que no quiere, oye lo que no quiere.* (Sbarbi)
Las personas indiscretas estan expuestas a recibir contestaciones más indiscretas. (Bergua)
16567. **Quen fala o que non debe, oi o que non quere.** ⁵²⁴¹ (ms16 e ms10,017v: D.E.)
(es) *Quien habla lo que no debe, oye lo que no quiere y lo que merece.* (Correas)
16568. **Quen mal di, mal ha de ouvir.** ⁵²⁴² (ms16 e ms10,003r: D.E.)
16569. **Quen ten a léngua aguda, que teña a costela dura.** ⁵²⁴³ (mc)
Var.: *Quen ten a lingua aguda, teña a costela dura.* (ms16: D.E.)
(es) *Quien tenga la lengua aguda, tenga las costillas duras.* (R. Marín)
Queda atrás otro análogo.
16570. **Se queres que non diga mal de ti, non digas mal de min.** (ms16: D.E.)
16571. **Se tes a lingua aguda, ten a custilla dura.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
- OFICIOS.** V. tamén *Abade, Abogados, Carpinteros, Curanderos, Escribanos, Labrador, Médicos, Molino, Obreros, Panaderos, Pescadores, Religiosos y morales, Sacristán.*
16572. **A besta tonta, arrieiro louco.** (mc: Buciños)
16573. **A bo cura, millor sacristán.** ⁵²⁴⁴ (mc e ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
16574. **A boa cociñeira faina a fogueira.** (mc: Chantada)
16575. **A bon viño, bon taberneiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16576. **A cencia do barbeiro está na cobra.** (mc: Buciños)
16577. **A cociñeira fai como a vaca que non come cos bois: ou come antes ou dispois.** (mc: Buciños)
16578. **A costureira das Bañas cose de balde e pon as liñas.** (mc: Pidre)
(pt) *Alfaiate de encruzilhada, que põe as linhas de sua casa.* (Chaves)
16579. **A criada fai a cama pra non dormir nela.** (mc: Lugo)
16580. **A obreiro comedido non lle faga-lo almuerzo.** ⁵²⁴⁵ (ms e mc / ms16: Lugo)
16581. **Á porta dun taberneiro non te poñas vendendo vinagre, porque hasta unha fonte fai daño.** ⁵²⁴⁶ (mc e ms: Tuiriz)

⁵²³⁶ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵²³⁷ ms16: *teñen orellas.*

⁵²³⁸ O orixinal di *O que di o que non debe, oy o que non quere.*

⁵²³⁹ ms21,13r: *que quere, oye.*

⁵²⁴⁰ ms16 e ms10: *di, quer, oi.* / Refrán e segunda variante en ms10 s.v. *Decir.*

⁵²⁴¹ En ms10 s.v. *Hablar.*

⁵²⁴² En ms10 s.v. *Decir.*

⁵²⁴³ V. *O que ten a lingua aguda, ten que ter a costela dura* en *Jurídicos y similares.*

⁵²⁴⁴ ms-SA: *sancristán.* / V. *A bo capellán, millor sacristán* en *Proporcionalidad.*

⁵²⁴⁵ O orixinal di: *A obreiro comedido non lle faga'l'o almuerzo.* / mc: *fagas o almuerzo.*

⁵²⁴⁶ O orixinal di *Á porta d'un taberneiro non te poñas vendendo vinagre, porque hasta unha fonte fai daño.* mc: *de un.*

16582. **Á porta do xastre todas son tiras, i-á do zapateiro, solas e viras.** ⁵²⁴⁷ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
16583. **Á porta dos xastres todas son tiras, e ás dos zapateiros, puntas e viras.** (mc: Tuiriz)
16584. **A quen foi bon músico sempre lle queda a afición.** (mc: C.A.)
(es) *No quedarle a uno como a los músicos viejos, la afición y el compás.* (Sbarbi)
16585. **A quen foi bon músico sempre lle queda o compás.** (mc: C.A.)
16586. **A vida dos cregos gánana a berros e lévana os demos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
16587. **A vida máis alegre é a do ganadeiro: trampa arriba, trampa abaixo, nunca lle falta diñeiro.** (mc)
16588. **¿Abre salgueiro? Marcha canteiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Así din as mulleres dos canteiros, cando na súa terra abrocha o salgueiro.
16589. **Ábrete, saco: unha maquia me debes e dúas che agarro.** (mc: M.V.)
Pónense en boca de los molineros que, por su excesiva libertad en el cobro de las *maquías*, gozan de poco prestigio en la Paremiología gallega. Una canción popular resume el común sentir del pueblo: *Non quero ser muiñeiro / nin barrer no tremiñado, porque din que no outro mundo / piden contas do roubado.*
16590. **Afiador e paragüeiro, canto máis burro máis parrandeiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
16591. **Afiar de cada lance, crabuñar de cada gaviñeiro: ese é o refrán do bon gadañeiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16592. **Afilador e paragüeiro, canto máis burro, máis parrandeiro; paragüeiro afilador, canto máis burro, millor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ortigueira, Ortigueira, C)
16593. **Alguaciles e escribanos nunca de comer están fartos.** (ms4: J.P.)
16594. **Algún día, algún día, aquí bon cura ch'había, pero agora ¡váicheme boa!** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
16595. **Antes de barrer o forneiro non fales do muiñeiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
16596. **Ao leñador, caza; e ao cazador, leña.** (mc: C.A.)
(es) *Al cazador, leña, y al leñador, caza.* (Sbarbi)
Pone gráficamente delante de los ojos los caprichos de la fortuna, dando a uno lo que el otro busca sin encontrarlo.
16597. **Ao millor escribidor lle esgalla a pluma.** ⁵²⁴⁸ (mc, ms e ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *El mejor escribano echa un borrón.* (Sbarbi)
Análogo al ya registrado: *A mellor panadeira....*
16598. **Ao que lle importe o muíño teña conta do rodicio.** ⁵²⁴⁹ (mc: F.B.B.)
16599. **Arreeiro de unha besta, cesteiro de unha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)
16600. **Arrieiriño dunha besta, cesteiriño dunha cesta, troiteiriño dunha cana vale máis ca do que gana.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
16601. **Arrieiro dunha besta, canto gana, canto pesca.** (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)
(es) *Harriero de una bestia no gana lo que le cuesta.* (R. Marín)
Véase Arrieiro d'unha besta, cesteiro d'unha cesta.
16602. **Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de cana, máis perde do que gana.** (ms21,20r: Bermés)
16603. **Arrieiro dunha besta, cesteiro dunha cesta e pescador de caña máis perden do que ganan.** (mc: M.V.)
(es) *Harriero de una bestia no gana lo que le cuesta.* (R. Marín)
16604. **Arrieiro dunha besta e troiteiro dunha cana, perde mas que do que gana.** ⁵²⁵⁰ (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
16605. **Arrieiro que come conexo, adios candalexo.** (mc)
(es) *Harriero que come conejo, ¡adiós, caudalejo!* (R. Marín)
16606. **Arrieiro tonto, se non entendes de viño, busca a terra.** (mc: Buciños)

⁵²⁴⁸ ms4: *pruma*; ms: *s'esgalla*.

⁵²⁴⁹ mc: *importa*.

⁵²⁵⁰ O orixinal di: *Arrieiro d'un besta e troiteiro d'un a cana, perde mas que do que gana.*

⁵²⁴⁷ ms: y a; ms4: *suelas e viras*.

16607. **Arrieiros de Loiván, cunha besta catro van: dous arreean, e un ten i-outro mira si vai ben.** (mc: M.L.)
16608. **Arrieiros no porto, tempo revolto.** (mc: S. Loureiro)
16609. **Ás portas do xastre todas son tiras, e ás do zapateiro, puntas e viras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16610. **Ás portas dun xastre todas son tiras, i-ás do zapateiro, puntas e viras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16611. **Auga e vento pa que o paragüeiro esté contento.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16612. **Auga, auga, que arde a fragua.** (mc: Sarria)
(es) *Agua, agua, que se arde la fragua.* (Correas)
16613. **Barro barreiro, masa pró caldeiro.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
16614. **Bens de cregos entran pola porta e saen pola ventana.** (mc: M.V.)
16615. **Bienvenido seas, saco, tres maquilas de ti saco: unha sácoa eu, outra saca meu fillo e despois inda maquío.** (mc)
16616. **Bienvenido, saco, doce maquílas che saco: tres por te traer, tres por te moer e tres por te levar son nove; vén o meu hirmán Xan, maquiemus este pan; vén a miña irmá María, quitémuslle outra maquíla;** (mc: Buciños)
Var.: *&e vén meu hirmán Andrés, maquiemus outra vez.*
Matraca de molineros que, como otro análogo ya recogido, los tilda de ladrones.
16617. **Bon é o xastre que non conoce o pano.** (mc: Tuiriz)
(es) *No es buen sastre el que no conoce el paño.* (Sbarbi)
16618. **Bon oficio é o que mantén a quen-o ten.** ⁵²⁵¹ (ms15,18 / ms10,071r: D.E.)
16619. **Borda, María, mais, ¡nunca Dios me dera! se soupera, non aprendía.** (mc: Buciños)
16620. **Brañego paxariñeiro, nunca bó rendeiro.** (ms4 e mc: N.V. 2ª Serie)
16621. **Cabo de exército e alcalde de aldea, o que queira que o sea.** ⁵²⁵² (mc: Santiago)
16622. **Cada un polo seu oficio come.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: Lugo)
(pt) *Cada qual em seu oficio.* (Chaves)
16623. **Cadroume tratar en sombreiros cand'os rapaces nacen sin cabeza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Mal negocio.
16624. **Cal seas bon canteiro, cal non, pon as pedras de tizón.** (mc: Berbetoros)
Var.: *Seas canteiro ou non, pon a pedra de tizón, unha si i-outra non.* (ms15,41: Merza)
16625. **Cambearás de muiñeiro pero de ladrón non.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16626. **Cambearás de muiñeiro, pero de ladrón non has de cambear.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16627. **Cambiarás de mesón, pero non de ladrón.** (mc: Camba)
16628. **Cambiarás de muiñeiro mais de ladrón non.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
16629. **Cambiarás de muiñeiro pero de ladrón non.** (ms14,17)
16630. **Cambiarás de muiñeiro pero non de ladrón.** (mc: Buciños / ms)
Var.: *"Abréte, saco; unha maquíla me debes e dúas ch'agarro", dixo o muiñeiro. / Cambiarás de muiñeiro; non cambiarás de ladrón.* (ms4: F.V.S.)
(es) *Molinero y ladrón, dos cosas suenan y una son.* (R. Marín) / *Molinero y no ladrón sería caso de admiración.* (Id.) / *De molinero mudarás; pero de robado no escaparás.* (Id.) / *De maquílas se hicieron estas pilas, y de maquilones, estos pisonos.* (R. Marín) / *De maquilas se hicieron estas capillas.* (Id.) (ct) *De moliner mudarás, pero de lladre no escaparás.* (Alberola)
Nueva acometida a los molineros, de cuyas mañas se hace eco la graciosa canción popular: *Danme lástima os muiñeiros / que choran todos os días / co medo si se condenan / por hencher pouco as maquílas.* / A la fama que este refrán atribuye a los molineros, responde también la siguiente canción popular: *Non quero ser muiñeiro / nin barrel-o tremiñado, / porque aló no outro mundo / piden contas do roubado.* (ms)

⁵²⁵¹ ms10: *Bo oficio.*

⁵²⁵² ms: *d'exercito, d'aldea o qu'o, qu'o sea.*

16631. **Cando estas donde está u ferreiro, ponte detrás dil que nun hai mellor abrigueiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
16632. **Cando o soldado anda a puntas, o cabo a preguntas e o sarxento a cómo estamos de mes, mal lle vai a todos tres.**⁵²⁵³ (mc: S.P.P.-*Ultreya*)
(pt) *Quando o letrado (ou ladrão) reza e o escrivo pergunta quantos são do mês, mal vai a todos três.* (Chaves)
16633. **Cando o taberneiro vende a bota, é que sabe a pez ou está rota.** (ms21,19r: Bermés)
16634. **Cando o taberneiro vende a bota, ou é que ole a pez ou está rota.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16635. **Cando o taberneiro vende a bota, ou sabe a pez ou está rota.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Cuando el arriero vende la bota, o sabe a pez, o está rota.* (Sbarbi)
El que parece obrar contra lógica y razón, razones tendrá que le abonen su proceder.
16636. **Cando o viño bota flores, o taberneiro cría colores.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
16637. **Cando se trata en sombreiros, salen os pequenos sin cabeza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
16638. **Cando un trata en puchas, nacen os nenos sin cabeza.** (mc / ms4: F.V.S.)
16639. **Cando un trata en puchos, salen os nenos sin cabeza.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16640. **Canteirete alegrete, si, pero pobrete.** (mc: Otero de Rey)
16641. **Canteiriño serás, de pico rico nunca morrerás, agora, de cotás, quizás.**⁵²⁵⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
16642. **Canteiriño serás, nunca rico morrerás.** (ms21,13v: Bermés)
16643. **Carreteiro que non unta o carro non sale do camiño.**⁵²⁵⁵ (mc: Palas de Rey / ms10,134r: D.E.)
(es) *Carretero que no unta la rueda, atascado se queda.* (R. Marín)
16644. **Carreteiro que non unta o carro, os bois non tiran.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Carreteiro que non unta o carro, non sal do camiño.*
(es) *Quien su carro unta, sus bueyes ayuda.* (Sbarbi) / *Carro que no se unta, no se ayuda.* (R. Marín) / *Carretero que no unta la rueda, atascado se queda.* (Id.)
Con aplicación figurada a las recomendaciones para mover un asunto.
16645. **Casa de zapateiro, campana de pau.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
16646. **Cazador e pescador, sinal de mal labrador.**⁵²⁵⁶ (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Cacera y pesquera hambre espera.* (Sbarbi) / *Cacete, pesquete, nunca bien casete.* (Sbarbi) (ct) *Cazadó i pescadó, o fam o fret o caló.* (Gella)
Porque la caza y pesca, si obsesionan, no hacen hombres caseros.
16647. **Cazador e troiteiro non fai meda nin palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)
16648. **Cazador e troiteiro, moita obra e pouco diñeiro.** (mc)
16649. **Cazador e troiteiro, nin boa la nin bo palleiro.**⁵²⁵⁷ (mc: A.N.)
(es) *¿Cazador es el amigo? No cogerá mucho trigo.* (R. Marín) / *Pescador, cazador y gaitero, nunca tendrán mucho dinero.* (Jara)
16650. **Cazador e troiteiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16651. **Cazador e troiteiro, nin boa meda nin palleiro.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)
16652. **Cazador e troiteiro, nin meda nin palleiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Cazador e troiteiro, moita bolsa e pouco diñeiro.* (F.V.S.) / *Cazador e troiteiro, nin boa aira nin bon palleiro.* / *Home cazador e home troiteiro, nin millo no hórreo nin palla no palleiro.* (ms5,135: Puente Ulla)
(es) *Pesca y caza, no hacen buena casa.* (Jara) / *Cacera y pesquera, a la vez hambre espera.* (Gella) / *Cacera y pesquera, a la vez prujera.* (Sbarbi) (ct) *Cazadó i pescadó, o fam o fret o caló.* (Gella)

⁵²⁵³ V. *Se o soldado anda ás puntas, o cabo ás preguntas i-o sargento a cómo estamos de mes, mui mal andamos os tres en Pobreza.* / ms4: *preguntas.*

⁵²⁵⁴ ms4: *quizás, quizás.*

⁵²⁵⁵ ms10: *non sai.* / En ms10 s.v. *Untar.*

⁵²⁵⁶ ms4: *señal.*

⁵²⁵⁷ ms4: *bon palleiro.*

16653. **Cazador e troiteiro, nin tulla nin palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)
16654. **Cazador: enchente na despensa e fame no comedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
16655. **Coadjutor, nin telo nin selo.**⁵²⁵⁸ (mc / ms4: F.V.S.)
16656. **Cociñeira lixeira faina a fogueira.** (mc: Carballedo-F.V.S.)
16657. **Come co guardia, anda co guardia e desconfía do guardia.** (mc: Camba)
16658. **Comerciante sin diñeiro, si é milagreiro.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
16659. **Con bo ferro e un ferreiro xa se fai un bo pandeiro.** (mc: Santiago)
16660. **Con canteiros e mais con xastres unha perra nunca gastes.** (ms5,027: Santiago)
16661. **Con un ferro e un bo ferreiro se fai un bo pandeiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
16662. **Convida o gaiteiro pra que che toque o pandeiro.**⁵²⁵⁹ (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16663. **Costureira das Mariñas, cose de balde e pon as liñas.** (mc: La Coruña)
16664. **Costureira de pío, pío, chea de fame e morta de frío.** (mc / ms4: F.V.S.)
16665. **Costureira de vío, vío, cose de balde e pon o fio.** (mc / ms4: F.V.S.)
16666. **Costureira de Dios, dime se mañá fai sol ou non.** (mc: Ausar. Taboada)
16667. **Costureira sin dedal cose ben i-aperta mal.** (mc: M.L.)
(es) *Costurera sin dedal, cose poco y mal.* (R. Marín) / *Costurera sin dedal, no cose bien porque aprieta mal.* (Id.)
16668. **Costureira sin dedal cose pouco e faino mal.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU / ms21,17r: Bermés)
16669. **Costureira sin dedal cose pouco e mal.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
16670. **Costureira sin dedal cose pouco i-apreta mal.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
16671. **Costureira sin dedal cose pouco i-aquel mal.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
16672. **Costureira sin dedal cose pouco i-esto mal.**⁵²⁶⁰ (mc: A. Cotarelo / ms4: F.V.S.)
Var.: *O que cose sin dedal, cose pouco e mal.* (ms5,136: Sta. Eugenia de Asma)
16673. **Costureira sin dedal muito cose e pouco val.** (mc: Santiago)
Var.: *Costureira sin dedal muito coste e pouco val.* (mc: Santiago)
16674. **Costureiras e tecedeiras, pagarlles e andalas todas.**⁵²⁶¹ (mc)
16675. **Costureira, pan na criba; tecelana, pan no tear; carpinteiro, mesa posta; e canteiro, pote no lar.** (mc: C.A. / ms18,68v: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))
16676. **Costureira, piu piu, cose de balde e pon o flu.**⁵²⁶² (mc: S.Victorio de R. de Miño-F.V.S.)
16677. **Costureiriña sin dedal, cose pouco e cose mal.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
16678. **Cousas de Dios meu crego pedrica: unhas prá balsa e outras pra Marica.**⁵²⁶³ (ms4 e ms: C.A. *A Nosa Terra*)
16679. **Crego de san Salvador e frade, todo é aire.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
16680. **Crego feito, muller é.** (mc: M.V.)
16681. **Crego moi predicadeiro, nin por eso máis limosneiro.** (ms: M.V.)
16682. **Crego ó principio do cozadeiro, mal agüeiro.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
16683. **Crego que canta, sacristán que xanta.** (mc: Páramo)
16684. **Crego solteiro e arrieiro casado, éche bo fregado.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
16685. **Cregos barulleiros, cregos farteiros.** (ms: Chantada)
16686. **Cregos i-ameixeiros, Dios mos quite dos meus leiros.**⁵²⁶⁴ (ms: Sober)
16687. **Criados, carpinteiros e canteiros, cando menos se pensa, collen os picos e vanse; meniñas, ¿que lles facemos?** (mc: Bucínos)
16688. **Criados, carpinteiros e canteiros, cando menos, collen os picos e vanse;**

⁵²⁵⁸ ms4: *Cuadjutor.*
⁵²⁵⁹ ms-SA: *ao gaiteiro.*

⁵²⁶⁰ ms: *y eso*; ms4: *y-eso.*
⁵²⁶¹ ms: *i-andalas.*
⁵²⁶² ms4: *pin, pin, pon o fin.*
⁵²⁶³ ms: *outra pra María.*
⁵²⁶⁴ O orixinal di: *Cregos y-ameixeiros, Dios mos quite dos meus leiros.*

- miniñas, ¿que lles facemos?** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16689. **Cura novo e médico vello.** (mc: Páramo / ms4: Palas de Rey)
(pt) *Médico velho, advogado novo.* (Chaves) / *Médico velho, cirurgião moço, boticário coxo.* (Id.) (es) *Médico, viejo; barbero, nuevo.* (R. Marín)
16690. **Cura viaxeiro, nin mísero nin miseiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
16691. **Cura, ciruxán e pedreira, é bon telos cerca.** (ms15,03)
16692. **Choiva e venta pra qu'o paragüero ande contento.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
16693. **Choiva e vento pra que o paragüero esté contento.** (mc: Santiago)
Var.: *Choiva e vento pra que o paragüero ande contento.* (Id.)
16694. **Chova con vento pra que o paragüero ande contento.** (ms5,141: Santiago)
16695. **De besteiro a ladrón non hai máis c'un escalón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
16696. **De crego a frade solo hai votos.** (ms)
16697. **De ferreiro a ferreiro non corre diñeiro.** ⁵²⁶⁵ (mc: M.V.)
Var.: *Barqueiro non paga a barqueiro.* (Id.)
(pt) *De ferreiro a ferreiro, não passa dinheiro.* (Chaves) (es) *De herrero a herrero no corre dinero.* (R. Marín)
16698. **De ferreiro a ferreiro non hai diñeiro.** (ms21,17v: Bermés)
16699. **De modo e maneira, o que non ten camisa non necesita lavandeira.** ⁵²⁶⁶ (mc: Carballedo / ms4: Biville-F.V.S.)
(es) *Quien no tiene camisa, no necesita la lavandera.* (R. Marín)
16700. **De oficial mozo e de barbeiro vello, líbranos Señor.** (ms16: Lugo)
(es) *De oficial nuevo y barbero viejo.* (H. Núñez)
16701. **De segador a ladrón non hai máis que un escalón.** (ms5,027: Tierrallana)
16702. **De taberneiro a ladrón hai solo un escalón.** (ms)
16703. **De taberneiro a ladrón media solo un escalón.** (mc: M.V.)
- (es) *De tabernero a ladrón, media solo un escalón.* (R. Marín)
16704. **De taberneiro a ladrón non hai máis que un escalón.** (ms21,29r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16705. **De taberneiro a ladrón non vai máis que un escalón.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO)
16706. **De xaneiro a xaneiro o diñeiro é do banqueiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *De janeiro a janeiro, o dinheiro é do banqueiro.* (Chaves) (es) *De enero a enero, el dinero es del banquero.* (Sbarbi)
16707. **De xaneiro a xaneiro os cartos son do banqueiro.** (ms-SA: M. González Fernández)
16708. **De xogador a ladrón hai un escalón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
16709. **De xugador a ladrón non hai máis que un escalón.** ⁵²⁶⁷ (ms4: Taboada-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
16710. **Desque somos xastres logo entonamos.** (ms4: Taboada-F.V.S. / ms4: F.V.S.)
16711. **Di o xastre: "En canto non xanto, nin coso nin canto".** (mc: Bucínos)
16712. **Dios lle día que facer a cada un no seu oficio.** (ms4: F.V.S.)
Var.: *Dios día que facer a cada un no seu oficio.* (ms16: Sober)
16713. **Dios nos de que facer a cada un no seo oficio.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16714. **Donde non chegue o pano, ten que suprir o caletre do xastre.** (ms4: F.V.S.)
16715. **Dura a masa namentras o zarralleiro pasa.** (mc: Corme)
16716. **É bon xastre o que conoce o pano.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16717. **É millor ser amo de un burro que criado de un mulo.** (mc: Bucínos)
16718. **É millor ser dono dun burro ca criado dunha recua.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
16719. **É millor ser dono dunha besta que criado dunha recua.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)

⁵²⁶⁵ ms3: *non corre o diñeiro.*

⁵²⁶⁶ ms4: *De modo e de maneira.*

⁵²⁶⁷ ms-LU (Lugo) e ms-LU (Terra Cha): *con escalón*; ms-LU (Terra Cha) e ms-LU (Guntín): *xogador*; ms-LU (Guntín): *c'un escalón.*

16720. **En canto non xanto, non tallo nin canto; en canto non como, nin tallo nin coso.** (mc: Taboada-F.V.S.)
Se pone en boca del sastre.
16721. **En casa do carpinteiro, sentarse no chan.** (mc: C.A.)
16722. **En casa do oficial asómase a fame mais non pode entrar.** (mc)
(es) *En casa del oficial, asoma el hambre, mas no puede entrar.* (Sbarbi)
Oficial entienden el que ejerce un oficio o un arte, al que difícilmente faltará lo necesario para vivir.
16723. **En coser e descoser gástanse as liñas.**⁵²⁶⁸ (mc: A. Cotarelo / ms4: A.N.)
Var.: *Entre coser e descoser gástanse as liñas.* (ms4: Fonsagrada-F.V.S.)
16724. **En de morrendo o arrieiro, sábese de quén é a recua.**⁵²⁶⁹ (mc: F.B.B.)
(es) *Hasta que muere el arriero, no se sabe de quién es la recua.* (Sbarbi)
Se dice de los que hacen alarde de lo que no tienen.
16725. **En de morrendo o arrieiro, sábese de quén é o gando.** (mc: L.G. / ms15,01: Carré Aldao)
16726. **En facer e desfacer a nena aprende a coser.** (mc: Tuiriz)
(es) *En hacer y deshacer, la niña aprende a coser.*
16727. **En tempo de inverno xa se abriga o sereno.**⁵²⁷⁰ (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
16728. **En víspera de Corpus, sete xastres nun ojal e non-o deron feito.** (ms)
16729. **Entender de todo un pouco, e de albardeiro, dúas puntadas.** (mc: Santiago)
16730. **Entre cura e sacristán nadie mete a man.**⁵²⁷¹ (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
16731. **Entre facer e desfacer, a nena aprende a coser.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16732. **Entre o cura e o sacristán nin o demo mete a man.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
16733. **Entre o cura e o sacristán ningún demo mete a man.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))
16734. **Entre o cura e o sacristán nin o demo mete a man.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
16735. **Ese é o teu enemigo, o do teu oficio.**⁵²⁷² (ms5,045 e ms16: Santiago)
16736. **Estudiante de cama e sol non é estudante nin caracol.**⁵²⁷³ (mc: Santiago)
Var.: *Estudiante de cama e sol non vale un caracol.* (Id.)
16737. **Eu non sei s'é verdá ou é mentira, pero lin nunha revista que os mellores paragüeros salen da terra da chispa.** (ms: Santiago)
16738. **Fai como os burros de arrieiro que carretan o viño e beben auga.** (mc: Bucínos)
16739. **Fai como os burros dos arrieiros, que carrean u viño e beben a auga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16740. **Ferreiro de maldición, cando ten o ferro fáltalle o carbón e cando ten carbón fáltalle a dovación.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
16741. **Fiadeira, ¿que fiache, pr'onde fuche, pr'onde andache que en marzo non blanqueache?**⁵²⁷⁴ (mc: M.V.)
(es) *Hilandera, ¿qué hilaste, pues en marzo no curaste? (Correas) / Mujer, ¿qué hiciste, que tus madejas en marzo no cociste? (Id.)*
16742. **Fiadeiro, ¿que fiache? ¿pr'onde fuche? ¿pr'onde andache que en marzo non branqueache?** (ms18,43r)
16743. **Fiadora que fiaches i-en marzo non blanqueaches.**⁵²⁷⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
16744. **Fiadora, ¿que fiache, que no marzo non curache, en abril non teciche, e no maio non cosiche?, ¿que fixeche? Dormiche.** (ms8,04v: San Simón de la Cuesta)
16745. **Fiadeira que fiaches, por onde fuches, por onde andaches, que en marzo non blanqueaches.** (ms18,29r)
16746. **Fies ben ou fies mal, ben tortiño e ben igual.** (mc: Pedraza)

⁵²⁶⁸ mc e ms4: *i-en descoser.*

⁵²⁶⁹ ms4: *En morrendo / V. En morrendo o arrieiro, sábese de quén é a recua en Jurídicos y similares.*

⁵²⁷⁰ O orixinal di: *En tempo de inverno sa se abriga o sereno.*

⁵²⁷¹ mc: *nadia*; ms4: *mete man.*

⁵²⁷² ms16: *o de teu oficio.*

⁵²⁷³ V. *Estudiantes (Estudiantes holgazanes).*

⁵²⁷⁴ ms: *qu'en marzo.*

⁵²⁷⁵ O orixinal di: *Fiadora que fiaches y en Marzo non blanqueaches.*

16747. **Fíes ben, fíes mal, fía torto e igual.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16748. **Fillo de comerciante, paseante; e do paseante, confiscante.** ⁵²⁷⁶ (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / mc e ms4: M.V.)
Cofiscante = que acaba con todo.
16749. **Forneira fuches, que inda cheiras á masa.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
16750. **Ganadeiro que seu oficio entenda, home ha de ser de gran trastenda.** (ms: J.P.)
16751. **Ganadero: andarás, andarás e probe morrerás.** (ms4: F.V.S.)
16752. **Gurriós, curas e frades, librenos Dios destas tres malas aves.** (ms4: R. de Miño, S. Victorio-F.V.S.)
16753. **Hastra que morre o arrieiro non se sabe de quén son as bestas.** (mc: A.S.A.)
Véase *En morrendo o arrieiro...*
16754. **Home cazador e home gaitero sempre lle verás pouco palleiro.** (mc: Santiago)
16755. **Home cazador e troiteiro non fai meda nin palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
16756. **Home cazador ou pescadeiro, nin boa meda nin bo palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
16757. **Home escopeteiro non ten meda nin palleiro.** (mc: Santiago)
16758. **Home escopeteiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16759. **Home taberneiro, home priguiceiro.** (ms5,045: San Vicente de Curtis / ms-SA: Celestino López López: Brai, San Vincenzo de Curtis, Vilasantar, C)
16760. **Home troiteiro e perdigoteiro, non che terá el gran palleiro.** (ms9,06r: Fonsagrada, Monteseiro)
16761. **Labrador cazador: coellos na despensa e fame no comedor.** ⁵²⁷⁷ (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C)
(es) *Labrador y cazador, conejos en la despensa y hambre en el comedor.* (R. Marín)
16762. **Labrador cazador: o coello na dispensa i-a fame no comedor.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
16763. **Labrador chalán non colle viño nin pan.** (mc: M.V. / ms3: M.V. / C.A.)
16764. **Labrador chalán, nin colle viño nin pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16765. **Labrador chucheiro, nunca bon apeiro.** (mc)
Var.: *Labrador chucheiro, nunca bon apeo.* (J.P.)
(es) *Labrador churchero, nunca buen apero.* (Correas)
16766. **Labrador de xucio san, de cote é bon cidadán.** (mc: C.A.)
Var.: *Labrador de xucio sano, sempre fai bon ciudadano.* (J.P.)
16767. **Labrador escopeteiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (mc: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,17)
Var.: *Labrador chuchero, nunca bon apeiro.*
(es) *Labrador churchero, nunca buen apero.* (Correas)
Anota á marxe entre parénteses: De tempo. (ms14,17)
16768. **Labrador lueiro, pequeno palleiro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *Hombre almanaquero, no llenará su granero.* (R. Marín) / *Labrador lunero, nunca tendrá buen granero.* (Id.) / *Hombre almanequero no llenará su grueso.* (R. Marín) (ct) *Home lluner, no fa paller.* (R. Marín) / *Home llunar no fa pullar.* (Id.)
16769. **Labrador novo, pan polas silveiras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16770. **Labrador qu'en tempo non sega, tema sempre o mal da pedra.** ⁵²⁷⁸ (mc: J.P.)
16771. **Labrador que sembra sin présa, sega sin fouciño.** (mc: Monterroso-F.V.S.)
16772. **Labrador sin horta, fama corta.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
16773. **Labrador sin horta, fame á porta.** (mc: C.A.)
16774. **Labrador sin reguas, pan polas silveiras.** (mc: Monterroso-F.V.S.)
16775. **Labrador xunteiro, pouco palleiro.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Quem basto semeia, ralho colhe.* (Chaves) / *Quem semeia basto gasta mais e colhe menos.* (Id.)

⁵²⁷⁶ ms4(C.A.): *confiscante*.

⁵²⁷⁷ ms-SA: *conexos*.

⁵²⁷⁸ mc: *que en tempo*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *qu'en tempo non sega*.

16776. **Labradores novos, mal polas silveiras.** (mc: *Terra de Melide*)
Var.: *Labradores novos, mal polos comareiros.* (mc: M.V. / ms21,05v: Bermés) ⁵²⁷⁹ / *Labradores novos, pan polas silveiras.* (*Terra de Melide*)
(es) *Labradores nuevos, mal para los senderos.* (Sbarbi)
16777. **Labradores novos, mal prós silveiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
16778. **Labradores novos, pan polos silveiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16779. **Labrego que somenta sin puño, (presa) non lle fai falta fouciño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16780. **Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro e filla de taberneiro n'os queiras por ningún diñeiro.** (mc: M.V. / ms21,25v: Bermés)
Var.: *O machado dun carpinteiro e o pantalón dun ferreiro e a filla dun taberneiro, non-os queiras por diñeiro.* (Brántega, F.V.S.)
16781. **Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro e filla de taberneiro, non os queirades por ningún diñeiro.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
16782. **Machada de carpinteiro, calzón de ferreiro e filla de taberneiro non os quero por ningún diñeiro.** (ms18,31r)
16783. **Maestro en todo, canteiro de nada.** (ms16: Sesto)
16784. **Máis vale un meigo que cen meigas.** (ms10,039r: *D.E.*)
16785. **Mal o canteiro que acaba consigo e co seu diñeiro.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
16786. **Mal o carpinteiro que acaba consigo e con seu diñeiro.** (mc: Santiago)
16787. **Mal o carpinteiro que non ten xunteiro.** (mc: Santiago)
16788. **Mal o crego que non fai bo do labrego.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
16789. **Malia o oficio que non mantén a seu dono.** (ms16: Sober)
16790. **Maquinista e conductor, canto máis burro, millor.** (ms8,21r: Silvarrey)
16791. **Médico vello e abogado novo.** ⁵²⁸⁰ (mc: M.V.)
16792. **Médicos, curas e cas saben os camiños todos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16793. **Médicos, curas e cas salen ós camiños todos.** (mc: Sober)
Var.: *Médicos e cas, curas e zorros saben os carreiros todos.* (ms15,09: Sober)
16794. **Mentras non xanto, non coso nin canto; despois que merendo, xa non me entendo.** ⁵²⁸¹ (mc: G.P.)
Se pone en labios de los sastres y las costureras.
16795. **Mentras que n'almorzo, nin tallo nin coso.** (mc: G.P.)
Análogo al anterior.
16796. **Métete a sombreireiro e nacerán os rapaces sin cabeza.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(es) *Si me meto sombrero, nacerán os chiquillos sin cabeza.* (Sbarbi)
16797. **Moitos oficios ten Mazarcón e ningún bon.** (ms16: Moreiras, Estrada)
16798. **Moitos oficios ten Pericón, moitos e ningún lle é bon.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
16799. **Moitos oficios ten Pericón, moitos oficios e ningún bon.** (ms16: Donalbay, Begonte)
16800. **Moitos oficios ten Xan e de ningún gaña pan.** (ms16: Sesto)
16801. **Morra a recua e quede o arrieiro.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
16802. **Mudarás de moíñeiro pero non de ladrón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
16803. **Muller costureira e home troiteiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (mc: M.L.)
16804. **Na casa do ferreiro non sentar e na botica non probar.** (ms18,34r)
16805. **Na casa do gaitero todos son danzantes.** (mc: Chantada)
(pt) *Em casa de tangedor cada um é bom dansador.* (Chaves) (es) *En casa del gaitero, todos son danzantes.* (Ricart) / *En casa del gaitero, todos danzan.* (Id.) (ct) *En casa del donçainer, tots son ballaors.* (Alberola)

⁵²⁷⁹ ms21,05v: *cumareiros.*

⁵²⁸⁰ V. *Médicos novos e abogados vellos en Medicina. Higiene.*
⁵²⁸¹ mc: *xa me entendo.*

16806. **Na casa do oficial asómase a fame mais non pode entrar.** (ms16: Lugo)
(es) *En casa del oficial asoma el hambre mas no osa entrar.* (H. Núñez)
16807. **Na casa do que vai pescar, a sardiña e o caldiño non che han de faltar.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
16808. **Na casa do rico que fai mala vida, puntada larga e acabar axiña; na casa do probe que dá do que ten, puntada corta e asegurar ben.** ⁵²⁸² (mc: M.V. / ms21,30v: Bermés)
Pónese en boca del sastre. Conserva el ritmo de la muiñeira y fué sacado de una canción popular, casi literalmente: *Na casa do rico que fai mala vida: / puntada de a furco e acabar axiña; / na casa do probe que dá do que ten: / puntadiña curta e apertala ben.*
16809. **Nenas de San Panatión: sete xastres fan un home, sete peneireiros non.** ⁵²⁸³
(mc: Pires de Lima. *Estudios Filológicos*)
16810. **Nin barbeiro mudo nin cantor sesudo.** (mc: Miraz)
16811. **Nin meu pai nin meu abuelo foron veterinarios i-eu metinme a ferrador.** (mc: Bucínos)
16812. **Nin neve no vran nin cazador sin can.** (ms15,15)
16813. **No ano da pingalaceira en cada esquina súa quinquilleira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
16814. **No ano da pingalaceira en cada esquina unha quinquilleira.** ⁵²⁸⁴ (mc: La Coruña)
16815. **No inverno, forneira; no vran, taberneira.** ⁵²⁸⁵ (ms16 e ms10,023r: D.E.)
(es) *En invierno hornera, y en verano, tabernera.* (Z.)
16816. **Non é labrador quen non mete a terra en labor.** (mc: L.G. / ms4: F.V.S.)
16817. **Non fales mal do muiñeiro mentras non barre o farneiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16818. **Non fía a fiadora, que fía a servidora.** (mc: A.N.)
16819. **Non hai oficio bo nin malo que non dea de comer ó seu amo.** ⁵²⁸⁶ (ms10,071r: D.E.)
16820. **Non hai porco que non foce nin cura que non rece.** (ms21,13r: Bermés)
16821. **Non hai quen ande atrás da besta como o arrieiro.** ⁵²⁸⁷ (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16822. **Non hai quen tire da burra coma seu dono.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
16823. **Non hai sociedade máis unida cá do clero.** (ms15,45v: Valle del Mao)
16824. **Non se sabe de quen é a recua mentras non morre o arrieiro.** (ms18,02v)
16825. **Non se sabe de quen é a recua hasta que morre o arrieiro.** ⁵²⁸⁸ (ms21,28r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
16826. **Non val o esqueiro pró xornaleiro.** (mc: M.L.)
16827. **O boticario é a chave do médico i-o escribán do périto.** ⁵²⁸⁹ (ms15,18v)
16828. **O cazador e o troiteiro, nin boa meda nin bon palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Goiriz, Vilalba, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Vilalba, LU)
16829. **O cura i-a criada levántanse cando lle cadra.** ⁵²⁹⁰ (ms21,02v: Bermés)
16830. **Ó cura i-ó sancristán non hai quen lles meta man.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
16831. **O dote da tecedora son tres cartos e unha bola.** (mc: A.N.)
16832. **O ferreiro da maldición, cando ten ferro, non ten carbón; cando ten todo, non ten devoción.** (mc: J.A.P.)

⁵²⁸² V. *Puntada a barrisco, na casa do rico pra acabar axiña, pois non fai boa vida; puntada ben forte, na casa do probe, que é xente de ben, pois dá do que tén en Puntada.*

⁵²⁸³ ms: *Panatayón.*

⁵²⁸⁴ ms: *sua quinquilleira.*

⁵²⁸⁵ En ms10 s.v. *Hornero.*

⁵²⁸⁶ O orixinal di: *No hai oficio bo nin malo que non dea de comer ó seu amo.* En ms10 s.v. *Oficio.*

⁵²⁸⁷ ms-LU: *com'o arrieiro.*

⁵²⁸⁸ ms-LU: *a recoba hastra que.*

⁵²⁸⁹ O orixinal di: *O boticario e a chave do médico y o escribán d'o périto.* / Este refrán é ben coñecido por outras fontes na forma *o escribán, do preito.* A busca da rima acentuativa (*médico-périto*) convida a ser cautos e non corriximos, aínda que no ms parece un erro e aparece onda outros que parece copiar de Eladio Rodríguez, que di *do preito.*

⁵²⁹⁰ O orixinal di: *O cura y'a criada levántanse cando lle cadra.*

16833. **O ferreiro da maldición, cando ten clavos, non ten carbón.** (mc / ms4: F.V.S.)
16834. **O ferreiro da maldición, ó ter o ferro fáltall'o carbón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16835. **O ferreiro sin carbón é como o ano sin sazón.**⁵²⁹¹ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16836. **O fiar i-o tecer xeito quer.** (mc / ms4: F.V.S.)
16837. **O forreiro da maldición, cando ten ferro, non ten carbón, e cando ten todo, non ten devazón.**⁵²⁹² (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
16838. **O guardia, o millor deles, colgalo.** (ms8,24v: Silvarrey)
16839. **O home cazador i-o perdigoteiro, nin boa meda nin bo palleiro.**⁵²⁹³ (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
16840. **O home troiteiro e a muller custureira, nin boa meda nin bo palleiro.** (ms-SA: Pascual Campos Arestio: Cando, Outes, C)
16841. **O labrador astuto non labra terra que non dé fruto.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(es) *Labrador astuto, no labra tierra que no da fruto.* (Correas)
16842. **O labrador que pon un fillo a estudar, pon os outros a aunar.**⁵²⁹⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
16843. **O labrador vacaceiro nácenlle as espiñas no eido.** (ms4)
16844. **O macho tonto pónselle un arrieiro loco.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
16845. **O mal oficial todo é mocos e sudar.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Monforte)
16846. **O mal oficial, mocos e sudar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16847. **O médico tapa i-o cura tapa.** (ms15,05: Otero de Rey)
16848. **O millor manciñeiro é o carnicero.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
16849. **O morto ó foso i-o cura ó óso.**⁵²⁹⁵ (ms18,66v)
16850. **O muiñeiro foi ó inferno por ter a maquí grande i-o taberneiro por ter a medida pequena.** (ms5,029)
16851. **O oficio do gato é matar o rato.**⁵²⁹⁶ (ms10,071r: D.E.)
16852. **O oficio é maestro.** (ms16: Sober)
16853. **O oficio non quer eidos.** (mc e ms16: Buciños)
(es) *Oficial con huerto dalo por muerto.* (R. Marín)
16854. **O pai que queira ter un fillo pillo que o meta tambor ou monaguillo.** (mc: A.I.)
(es) *Si quieres tener un hijo pillo, mételo a monacillo o monaguillo.* (Sbarbi)
16855. **O poteiro contou a vida e non o diñeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16856. **O primeiro golpe é do ferreiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16857. **O procurador é com'o disprizuador.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Se parecen en la naturalidad con que cada uno cumple su destino.
16858. **O que con pelas tratar, pedir ou roubar.** (mc: Buciños-F.V.S.)
16859. **O que convida o taberneiro, ou non ten vergonza ou lle sobra o diñeiro.** (mc: Buciños)
(es) *Quien convida al tabernero, o está borracho, o no tiene dinero.* (R. Marín)
16860. **O que criado ha de ter, criado ha de ser.**⁵²⁹⁷ (mc: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16861. **O que dá papas a home d'oficio, pap'o demo a quen-as fixo.** (ms)
16862. **O que ha de ser arrieiro, ten que nacer entre as albardas.**⁵²⁹⁸ (mc: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,43: Comarca de Fonsagrada)
16863. **O que moitos oficios quere saber, poucos aprende.** (mc: Santiago)
16864. **O que non sabe de contas, non pode chegar a tendeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16865. **O que queira aprender o fillo a larpeiro: músico ou cura ou**

⁵²⁹¹ ms-LU: *com'o ano.*

⁵²⁹² O orixinal di: *O forreiro da maldición cando ten ferro non ten carbón e cando ten todo non ten devazón.*

⁵²⁹³ O orixinal di: *O home cazador y'o perdigoteiro: nin boa meda nin bo palleiro.*

⁵²⁹⁴ ms4: *ayunar.*

⁵²⁹⁵ O orixinal di: *O morto ó foso y o cura ó óso.*

⁵²⁹⁶ En ms10 s.v. *Oficio.*

⁵²⁹⁷ ms-LU (Laiosa): *criado a ter*; ms-LU (Lugo): *ha ter, ha ser.*

⁵²⁹⁸ ms11,43: *qu'ha, entr'as albardas.*

- rusquilleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16866. **O que queira aprender seu fillo a larpeiro, métao músico ou rosquilleiro.** (mc: Chantada)
16867. **O que queira medrar, que viva en porto de mar.** (ms10,039r: D.E.)
16868. **O que queira saber refranes, que vaia xunta o sacristán.** ⁵²⁹⁹ (ms-SA: Emilio Segade Vidones)
16869. **O que queira ser bo carpinteiro, ten que aprender primeiro.** (ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)
16870. **O que queira ter fillos larpeiros, destíneos a cregos ou a gaiteiros.** (ms)
16871. **O que queira ter un fillo larpeiro, que o aprenda a gaiteiro.** ⁵³⁰⁰ (ms: Lalín)
16872. **O que queira ter un fillo larpeiro, que o meta fugueteiro.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
16873. **O que queira tir un fillo lapeiro, que o poña a cura ou a troiteiro.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
16874. **O que ten arte, ten parte.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien tiene arte, tiene parte.* (Correas)
16875. **O que ten arte, vai por toda parte.** (mc: M.V.)
Var.: *Quen ten arte, vai a toda parte.* (ms4: F.V.S.) / *O que ten arte, vai por todas partes.* (ms16: D.E.)
(es) *Quien tiene arte, cabe en todas partes.* (R. Marín) (ct) *Qui té art, vá a qualsevòl part.* (Alberola)
Véase *O que ten arte...*
16876. **O que ten oficio non morre de fame.** (ms16: Lugo)
(pt) *Quem tem oficio nao morre de fame.* (Chaves) (es) *Quien oficio sabe no morirá de hambre.* (R. Marín)
16877. **O que ten oficio ten beneficio.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
(pt) *Quem tem oficio não morre de fome.* (Chaves) (es) *Quien tiene oficio, su pan lleva consigo.* (R. Marín) / *No hay oficio bueno ni malo que no dé de comer a su amo.* (Correas) / *Quien ha oficio, ha beneficio.* (H. Núñez) (ct) *Qui té ofici, té benefíci.* (Alberola)
16878. **O que toca e non sabe a corda que ha de tirar, non se meta a campaneiro, si non sabe repinicar.** (mc: Tuiriz)
16879. **O xastre das Bañas cose de balde e mais pon as liñas.** (ms21,13r: Bermés)
16880. **O xastre das Vañas cose de balde e pon as liñas.** (mc: Bucínos / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Francisco Canosa Quintáns)
Var.: *Xastre das Vañas cose de balde e mais pon as liñas.* (M.V.)
(pt) *Alfaiate de encruzilhada, que põe as linhas de sua casa.* (Chaves) (es) *El sastre de Peralvillo, que hacía la costura de balde y ponía el hilo.* (Correas) / *El sastre de cantillo, que cosía de balde y ponía el hilo.* (Id.) / *El sastre de Ciguñuela, que pone la costa y hace de balde la obra.* (Correas)
16881. **Obispos morren poucos.** ⁵³⁰¹ (mc: Bucínos)
16882. **Obreiro comedido non é o máis cumprido.** ⁵³⁰² (mc: Miraz)
16883. **Oficial que non sabe mintir non sabe vivir.** (ms16: Lugo)
(es) *El oficial que no miente, sálgase de entre la gente.* (H. Núñez)
16884. **Oficio de albardeiro mete palla e saca diñeiro.** (mc: A.S.A.)
(pt) *Oficio de albardeiro, mete palha, e tira dinheiro.* (Chaves) (es) *Oficio de albardero, mete paja y saca dinero.* (Correas)
16885. **Oficio de concello é honra sin proveito.** ⁵³⁰³ (ms10,071r: D.E.)
16886. **Oficio malo o que non mantén a seu amo.** (ms16: Lugo)
(es) *Ruín es el oficio que no da de comer a su dueño.* (R. Marín)
16887. **Oficio que non dá de comer ó seu amo, non vale un ichavo.** ⁵³⁰⁴ (ms10,071r: D.E.)
16888. **Olo de xastre e compás de carpinteiro.** (ms21,30v: Bermés)
16889. **Olo do ferreiro e compás de carpinteiro.** (mc: M.V.)
16890. **Olo do ferreiro, gramil de carpinteiro.** (mc: Bucínos)

⁵²⁹⁹ O orixinal di: *O que queira saber refranes, que vaya siunta o sacristán.*

⁵³⁰⁰ Atopados xunto cos de *Medicina e higiene.*

⁵³⁰¹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵³⁰² ms: *cumplido.*

⁵³⁰³ En ms10 s.v. *Oficio.*

⁵³⁰⁴ En ms10 s.v. *Oficio.*

16891. **Os bés do sacristán cantando veñen e cantando se van.**⁵³⁰⁵ (mc: Dicc. Ac.)
(pt) *Bens de sacristão, cantando vem, cantando vão.* (Chaves) (es) *Los dineros del sacristán, cantando se vienen y cantando se van.* (Ricart) / *Los dineros del abad, cantando se vienen y chiflando se van.* (Ricart) (ct) *Els diners del capellans, cantant venen i cantant se'n van.* (Ricart) / *El que guanya l'escolá, cantant ve i cantant se'n va.* (Id.)
16892. **Os boticarios son os cociñeiros da morte.**⁵³⁰⁶ (ms15,18v)
16893. **Os curas novos prós vellos son como a esternina prós cas.** (ms17,001)
16894. **Os curas novos, prós vellos, como esternina prós cas.** (ms15,41)
16895. **Os curas, si lles petan cos pés, abren contentos, pero si lles petan cas maus, nin por eso.**⁵³⁰⁷ (ms8,30v: Silvarrey)
16896. **Os oficios non queren bés.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16897. **¿Papas a home de oficio? Pape o demo a quen as fixo.** (mc: A.N.)
Var.: *¿Papas a un home de oficio? Pape o vello a quen as fixo.* (Carballedo)
Habla el sastre.
16898. **¿Papas me dan? Papas quedarán.** (mc: A.N.)
Se pone en boca de los canteros, que se quejan, como en los anteriores los sastres, de la mala alimentación, que no les permite trabajar.
16899. **Papas pra home d'oficio, pape o demo a quen-as fixo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
16900. **Paragüero i-afilador, cuanto más burro, millor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
16901. **Párrocos celosos e maestros sabios desterran dos pobos moitos resabios.**⁵³⁰⁸ (ms4: J.P.)
16902. **Pasa, sarralleiro, pasa, en canto o demo bota a masa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
16903. **Pastora sin vara non ten vergonza na cara.** (mc: Sober)
16904. **Pola mañá, priguiza; a mediodía, calor; e pola tarde, mosquitos: non quero ser labrador.**⁵³⁰⁹ (ms8,55v: O. de Rey)
16905. **Por mal e pobre que esteas, taberneira nunca seas.** (mc: M.V.)
16906. **Pra almorzar, con cazadores; pra xentar, con carpinteiros; pra merendar, con serradores; pra cenar, con arrieiros.**⁵³¹⁰ (ms15,43 e ms16: Valle del Mao)
16907. **Prá misa e pró ferreiro non esperes polo compañeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte)
16908. **Pra muiñeiro, forneiro e hortelán nunca falta pan.** (ms15,13)
16909. **Pra pasar boa vida, cabalo de militar, can de rico, servcio de guardia civil ou chaqueta de camiñeiro.** (mc: Bucinos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16910. **Pra pobre, xastre; pra rico, zapateiro; pra bo home, cura; e pra borracho, gaiteiro.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
16911. **Pra probe vou a xastre e pra rico a zapateiro; pra bon home, cura, e pra borracho, gaiteiro.** (mc: Santiago)
16912. **Pra ser carpinteiro hai que aprender primeiro.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
16913. **Pra traballador bo n'hai ferramenta mala.**⁵³¹¹ (mc: Bucinos, Carballedo-F.V.S.)
(pt) *Para bom mestre não há má ferramenta.* (Chaves)
16914. **Quen che quere mal é do teu oficio.** (ms-SA: Félix Rodríguez Vieites)
16915. **Quen che quere mal é o do teu oficio.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
16916. **¿Quen é o teu enemigo? O que ten o teu oficio.**⁵³¹² (ms16 e ms10,011v: D.E.)
(es) *Ese es tu enemigo, el de tu oficio.* (Correas)

⁵³⁰⁵ V. *Os bes do sacristán por onde veñen van en Desdén y desprecio.* / ms4: *se veñen.*

⁵³⁰⁶ V. Saco di *cociñeiros daborado* pero recolle este refrán e outro de Eladio Rodríguez, que di *da morte*.

⁵³⁰⁷ Permitímonos incluí-la explicación deste refrán: Se petan na porta da rectoral cos pés é porque traen as mans ocupadas con algo, logo veñen traer. Pero, se petan coas mans, é que as traen baleiras, é dicir, non traen nada.

⁵³⁰⁸ Probablemente se trate dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁵³⁰⁹ O orixinal di: *Pol-a mañá piguiza, a mediodía calor e pol-a tarde mosquitos: non quero ser labrador.*

⁵³¹⁰ ms16: *cos cazadores, cos carpinteiros, cos serradores, cos arrieiros.*

⁵³¹¹ V. *Pra bon traballador non hai ferramenta mala, e pró mal traballador non hai ferramenta boa en Trabajo.* / ms e ms4: *Pr'on.*

⁵³¹² En ms10 s.v. *Enemigos.*

16917. **¿Quen é u teu enemigo? O do teu oficio.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
16918. **Quen máis chifre, capador.** (mc: F.L.)
(ct) *El que més chiula, capador.* (Alberola)
16919. **Quen oficio ten, na casa mantén.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien oficio tiene, su casa mantiene.* (R. Marín)
16920. **Quen queira meterse a ganadeiro, ten que gastar algún diñeiro.** (ms4: J.P.)
16921. **Quen ten arte, alcanza unha parte; quen ten arte e modo, alcánzao todo.** (ms16: D.E.)
16922. **Quen ten oficio non morre de fame.**⁵³¹³ (ms10,071r: D.E.)
16923. **Quen ten oficio ten beneficio.** (mc: A.N. / ms10,071r: D.E.)
Var.: Como: *O que ten oficio...*
16924. **Quen ten oficio ten beneficio pro sin servicio.**⁵³¹⁴ (ms10,071r: D.E.)
16925. **Quen ten oficio ten beneficio que lle fai un bo servicio.**⁵³¹⁵ (ms10,071r: D.E.)
16926. **Romerías i-enterros, alegrías prós cregos.** (ms10,049r: Renche, Samos)
16927. **Sábado, sabadiño, fin da semana; a costureira canta i-o maestro regaña.**⁵³¹⁶
(ms4: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
Var.: *Sábado, sabadiño, fin de semana; a costureira cose i-o maestro regaña.* (mc: Paradela)
16928. **Se no silencio eres un riseiro, no púlpito serás un grileiro.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
16929. **Se o taberneiro vende a bota, ou perde o viño ou está rota.** (mc: Santiago)
Véase *Cando o taberneiro vende a bota...*
16930. **Se para o pico, ten que parar o bico.** (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16931. **Se queres ser carpinteiro, tes qu'aprender primeiro.**⁵³¹⁷ (ms e mc: Santiago / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
Var.: *Se quero ser carpinteiro, teño que adeprender primeiro.* (ms5,135: Santiago)
16932. **Se queres ter un fillo larpeiro, apréndeo a gaitero.**⁵³¹⁸ (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO / ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)
16933. **Se queres ter un fillo pillabán, méteo sacristán.**⁵³¹⁹ (mc: Santiago / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)
16934. **Se queres ter un fillo pillo, méteo a fogueteiro ou monaguillo.**⁵³²⁰ (mc: Santiago / Manuel Fernández Ferro)
16935. **Se queres ver o inferno, ferreiro de vrao e zapateiro de inverno.**⁵³²¹ (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16936. **Se ques ter un fillo can, méteo sacristán.** (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)
16937. **Se tes arte, irás adiante.** (ms16: D.E.)
16938. **Seas canteiro ou non, pon as pedras de tizón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16939. **Sembradores novos, pan polas silveiras.**⁵³²² (ms18,65r: Páramo)
16940. **Sempre resultou bo labrador o qu'é de xenio ouservador.**⁵³²³ (ms4: J.P.)
16941. **Sete oficios ten Adán e de ningún saca pan.** (ms16: Muros, Artaza)
(es) *Siete oficios tiene el que con ninguno come ni bebe.*
16942. **Sete xastres fan un home e catorce un testigo, e fan falla vintecatro pra firmar un recibo.**⁵³²⁴ (ms15,41: Mellid)
16943. **Sete xastres fan un home e sete pineireiros non.** (mc e ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
El sastre aparece en el folk-lore gallego ocupando, como dice A. Cotarelo, un lugar medio entre hombre y mujer, y más bien se acerca a ésta por su oficio de agujas y tijera. Pero aún quedan debajo los molineros, quizá porque sus menesteres parecen aún a nuestros campesinos más propios de la mujer. Como el refrán que comentamos, lo

⁵³¹³ En ms10 s.v. *Oficio*.

⁵³¹⁴ En ms10 s.v. *Oficio*.

⁵³¹⁵ En ms10 s.v. *Oficio*.

⁵³¹⁶ O orixinal di: *Sábado, sabadiño, fin da semana; a costureira canta, y-o maestro regaña.*

⁵³¹⁷ mc e ms-SA: *que aprender*.

⁵³¹⁸ ms-SA (Teófilo C.): *Si*.

⁵³¹⁹ ms-SA: *Si queres*.

⁵³²⁰ M. Fernández Ferro: *Si, meteo fogueteiro*.

⁵³²¹ ms-SA: *Si, de verao*.

⁵³²² O orixinal di: *Sembradores novos, pan pol-as silveiras*.

⁵³²³ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁵³²⁴ Indica *Sastres*.

resume la canción popular: *Teño un amor peneireiro / nas cordas do corazón; / aínda que fose xastre, / pero peneireiro, non. // Sete xastres fan un home / e vintecinco un testigo / fan falla cento cincuenta / para firmar un recibo.* (ms)

16944. **Sete xastres fan un home no ano do pan barato, que no ano do pan caro fan falta vintecatro.**⁵³²⁵ (mc: Bucíños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)

Var.: *Sete xastres fan un home o ano do pan barato; o ano que vale caro necesitan vintecatro.* (ms15,22)

Salió de una copla del pueblo: *Sete xastres fan un home / no ano do pan barato, / porque si caro anda o pan / precísanse vintecatro.*

16945. **Sete xastres, un home; catorce, un testigo; e vinteuto, pra firmar un recibo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

16946. **Si o cura canta ben, nada digamos o monaguillo.**⁵³²⁶ (ms-SA: José M. Gúlfas Rivas: Forcarei, PO)

16947. **Si o queres fillo de todo, meteu no coro.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)

16948. **Si queres qu'o fillo sexa pillo, méteo monaguillo.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)

16949. **Si queres que os fillos sean larpeiros, apréndeos a gaiteros.** (mc)

Var.: *Si queres qu'os fillos sean larpeiros, apréndeos a curas ou a gaiteros.* (ms4: Golada-F.V.S.)

16950. **Si queres ser larpeiro, aprende a cura e a gaitero.**⁵³²⁷ (ms-SA: Emilio Segade Vidones)

16951. **Si queres ser larpeiro, aprende a gaitero.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)

16952. **Si queres ter un fillo larpeiro, méteo sacristán ou gaitero.** (ms-SA: M. González Fernández)

16953. **Si queres ter un fillo pillo, méteo monaghillo; si u queres ter pillabán, méteo sacristán; si u queres ter pillo de todo, méteo neno do coro.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)

⁵³²⁵ ms4 e ms-LU: *de pan barato, de pan caro.*

⁵³²⁶ O orixinal di: *Si o cura canta ben, nada digamos o monajillo.*

⁵³²⁷ O orixinal di: *Si queres ser larpeiro, aprende a cura a gaitero.*

16954. **Si queres ter un fillo pillo, méteo monaguillo; e si o queres ter pillabán, méteo sacristán.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)

16955. **Si queres ter un fillo pillo, méteo monaguillo.**⁵³²⁸ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo / ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)

(es) *Si quieres tener un hijo pillo, hazlo azacan o monaguillo.* (R. Marín) / *Si quieres tener un hijo pillo, mételo a monaguillo; y si lo quieres más, mételo a sacristán.* (R. Marín) (ct) *Si vols tindre un fill pillo, pòsalo monaguillo.* (Alberola)

16956. **Si ques ter un fillo larpeiro, méteo ou cura ou gaitero.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

16957. **Si ques ter un fillo pillo, méteo monaguillo; si polo contrario ques que sea larpán, méteo, meu home de Dios, sacristán.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

16958. **Si te metes cun zapateiro, méteste cun mintireiro.** (ms5,133: Mondoñedo)

16959. **Sol nacido, meu amo servido; sol posto, meu amo composto.** (mc: Bucíños)

16960. **Sol posto, amo composto.**⁵³²⁹ (mc: Tuiriz, Monforte / ms4: F.V.S.)

16961. **Soldado que non come rancho nin dorme no cuartel, soldado de papel.**⁵³³⁰ (mc: R. Caruncho / ms6,02v: Caruncho-*Diario de Avisos* de La Coruña)

16962. **Tapa a masa mentras o zarralleiro pasa.** (mc, ms4 e ms12,77: M.L. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)

Var.: *Tapa masa en canto o zarralleiro pasa.* (ms4: Pidre-F.V.S.)

(pt) *Tapa massa enquanto o caldeireiro não passa.* (Chaves)

Indica que es de muy poca duración la masa que el cerrajero usa para los menesteres de su oficio. (mc) / *Zarralleiro* = cerralleiro. Indica el refrán que la masa que usa el cerrajero para obtener los agujeros es de muy poca duración. (ms12,77)

16963. **Tapa masa mentras o zarralleiro non pasa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

⁵³²⁸ ms-LU: *Se, metio monajillo*; ms-SA: *Se qués.*

⁵³²⁹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵³³⁰ ms e ms6,02v: *soldao.*

16964. **Tapa, masa, tapa, en canto o cerralleiro escapa.**⁵³³¹ (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
16965. **Tío home do can. -"Anda, chicha, que con vós non vai, nin o xastre é home nin a cadela é can".**⁵³³² (mc: Buciños)
Matraca para los sastres. (mc) / Que hay que llamar a las cosas por su nombre; con una puya para los sastres. (ms)
16966. **Todas eran tecedeiras, se non foran as parellas i-as carreiras.**⁵³³³ (mc: Buciños)
16967. **Troiteiro e cazador oficios de priguiceiros son.** (mc: Santiago)
16968. **Un cura, d'a pé, paisano é.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
16969. **Un ferreiro a outro non lle fai daño.** (mc: A.S.A.)
(es) *De herrero a herrero no pasan chispas.* (Sbarbi)
16970. **Un ferreiro a outro non lle nega un clavo.** (mc: Pidre)
16971. **Un ferreiro nunca lle nega un clavo a outro.** (ms8,67r: Taboada)
16972. **Un taberneiro, por encher de máis, foi ó inferno, i-outro, por encher de menos, tamén foi.** (ms8,80r: Meda)
16973. **Un zapateiro, por mui chapuceiro que sea, é máis útil que canto poida ser un sabio de mala lengoa.**⁵³³⁴ (mc: C.G.)
16974. **Un fraile menos, unha ración máis.** (ms-LU: Dous seminaristas anónimos: Outeiro de Rei, LU e algún lugar da provincia de Lugo)
16975. **Us cregos ganan us cartos cantando i-e us maestros enseñando.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
16976. **Váias a tenda e quede o tendeiro.**⁵³³⁵ (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés)
16977. **Val máis manter a un larpeiro que a un gaitero.** (mc / ms4: F.V.S.)
16978. **Vale máis ser amo dun burro ca guía dunha récoa.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
16979. **Vale máis ser amo dun burro que criado dun señor.**⁵³³⁶ (mc: Vilamane, Cervantes-F.V.S.)
16980. **Vale máis ser amo dun burro que criado dunha recua.**⁵³³⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
16981. **Vale máis ser amo dun xumento que criado dun convento.**⁵³³⁸ (mc: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
16982. **Vale máis ser arrieiro dunha besta que criado dunha recua.**⁵³³⁹ (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés)
(pt) *Mais vale ser cabeza de burro que rabo de leão.* (Chaves) (es) *Más vale ser harriero de una bestia que arrempujero de una recua.* (R. Marín) / *Más vale ser el primero en una aldea que el segundo en Roma.* (R. Marín) (ct) *Més val ser cap de lluç, que cúa d'avestruç.* (Alberola) / *Val més ser cap de sardina, que cúa de peix.* (Alberola)
16983. **Vale máis ser dono de un burro que criau dunha recua.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
16984. **Vintenove oficios, trinta miserias.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16985. **Viño e médico, vello.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
16986. **Viño vello pra beber, médicos vellos pra curar e amigos vellos pra tratar.** (ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)
16987. **Xastre rabudo toma as medidas por un garabullo.** (ms8,18v: Silvarrey)
16988. **Xastre son, concencia teño, vivo ca de Dios que de tres varas de pana leva unha e levo dos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
16989. **Xastres, merendeiros; zapateiros, non.** (mc: Orense)
16990. **Xornaleiro de escopeta nunca gana prá chaqueta.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *Labrador chuchero, nunca buen apero.* (Jalle) / *El jornal del cazador y del leñero, entra por la puerta y se va por el humero.* (Id.)

⁵³³¹ O orixinal di: *Tapa, masa, tapa, en canto o cerralleiro escapa.*

⁵³³² Non sabemos a qué se refire o primeiro elemento deste refrán.

⁵³³³ mc: *se non firan.*

⁵³³⁴ ms4: *de mala engoa.*

⁵³³⁵ ms21,29r: *Váyas'a tenda.*

⁵³³⁶ ms: *d'un burro, d'un señor.*

⁵³³⁷ ms-LU (Paradela): *amo de burro, de un'a recoa;* ms-LU (Laiosa): *de un burro, duna recoba.*

⁵³³⁸ ms e ms4: *criado nun convento;* ms-LU: *de un xumento, de un convento.*

⁵³³⁹ ms4: *arrieiro;* ms21,28r: *arreeiro.*

16991. **Zapateiro a teus zapatos.** (ms-SA: M. González Fernández)

OÍR

16992. **De canto ouves non te fies.** (ms10,074r: D.E.)
 16993. **Oi os seus defeutos o que non cala os alleos.** (ms10,074r: D.E.)

OJOS. V. tamén *Tuerto*.

16994. **Co ollo e coa boa fe non vos bulrés.** (ms10,072r: D.E.)
 16995. **Cun ollo durmindo e con outro desperto.** (ms10,072r: D.E.)
 16996. **Hai diferenxia do que se ve a ollo ó que se ve por antiollo.** (ms10,072r: D.E.)
 16997. **Lonxe dos ollos, lonxe do corazón.** (ms10,072r: D.E.)
 16998. **Moito ollo, que a vista engaña.** (ms10,072r: D.E.)
 16999. **Nin os ollos ás cartas nin as mans ás barbas.** (ms10,072r: D.E.)
 17000. **O mal dos ollos cúrase cos cóbados.** (ms10,072r: D.E.)
 17001. **O ollo límpao sempre co cóbado.** (ms10,072r: D.E.)
 17002. **Ollos hai que de lagañas se namoran.** (ms10,072r: D.E.)
 17003. **Ollos que non ven non envellecen.** (ms10,072r: D.E.)
 17004. **Ollos que te viron vir, ¿cando te verán volver?** (ms10,072r: D.E.)
 17005. **Os ollos son pra ver.** (ms16: Santiago)
 17006. **Os ollos, cos códabos.** (ms16: Lugo)
 (es) *A los ojos, con los codos.* (R. Marín)
 17007. **Todo doe pra sanar menos os ollos que doen pra enfermar.** (mc e ms16: F.L.)
 (es) *Todo pica para sanar, menos los ojos que pican para enfermar.* (R. Marín)
 17008. **Todo o que cos ollos vexo, asíñáloo co dedo.** (ms10,072r: D.E.)

OLFATO

17009. **O que ten bo olfato, logo coñece o prato.** ⁵³⁴⁰ (mc: A.S.A. / ms16: D.E.)

OLIVOS

17010. **O día de san Pedro vai ver o teu olivedo e, se ves un gran, espera un**

milleiro. (mc: C.G. / ms16: *O Gaiteiro de Lugo*, 1939)

Var.: *O día de san Pedro vai ver o teu olivedo e, se ves un grau, espera por un cento.* (mc / ms16) ⁵³⁴¹

(pt) *Em dia de S. Pedro vê o teu olivedo e se vires um grão, espera por um cento.*
 (Chaves) (ct) *Per sant Pere mira s'olivera: si en veus una aquí, una enllà, mig esplet n'hi ha.* (Sanchis) / *Si el dia de sant Pere vas a l'olivar, i veus una oliva aquí, una alli i una altra enllà, torna-t'en a casa que olivada hi haurà.* (Id.) / *El dia de sant Pere posa't sota l'olivera; si en veus una aquí i una eullà, torna-t'en a casa que prou n'hi ha.* (Sanchis)

OLVIDO

17011. **A longa ausencia trai o esquecemento.** (ms10,015r: D.E.)
 17012. **A memoria do ben axiña se vai.** (ms16: Lugo)
 17013. **A memoria do mal, mal se pode tirar; a do ben, logo se vai.** ⁵³⁴² (ms16 e ms10,039r: D.E.)
 17014. **Anque vou e veño, non se me esquece o que teño.** (ms10,015r: D.E.)
 17015. **Malia o can que se esquece de quen lle dá o pan.** (ms10,015r: D.E.)
 17016. **Nin todo se debe esquecer nin todo se debe querer.** (ms10,015r: D.E.)
 17017. **Non s'acorda o cura de cando foi sacristán.** ⁵³⁴³ (mc: S.P.P. *Ultreya* / ms5,027 e ms16: Santiago)
 (es) *No se acuerda el cura de cuando fué sacristán.* (R. Marín) / *No se acuerda el sacristán de cuando fué monaguillo.* (Id.)
 17018. **O esquecemento é ás veces pai do remordemento.** (ms10,015r: D.E.)
 17019. **O olvidado non é dado nin gracias.** (ms8,50r: Trives)
 17020. **O olvidado non vai por Dios nin polo diablo.** (ms8,50r: Silvarrey)
 17021. **O que de si mesmo se esquece, sete tundas merece.** (ms16: Lugo)
 Var.: *O que de si mesmo se esquece, sete tumbas merece.* (ms16: Lugo)
 17022. **O que de si mesmo se esquece, sete tundas ó día merece.** (ms10,015r: D.E.)

⁵³⁴¹ mc: *si ves*.

⁵³⁴² En ms10 s.v. *Memoria*.

⁵³⁴³ ms5,027 e ms16: *se acorda, sancristán*.

⁵³⁴⁰ ms16: *conece o prato*.

17023. **O que é esquecido non pode ser agradecido.** (ms10,015r: D.E.)
17024. **O que non aparece, esquece.** (ms10,049r: Pidre)
17025. **Primeiro odiado que olvidado.** (ms16: Lugo)
(es) *Más vale odiado que olvidado.* (R. Marín)
17026. **Si te vin non me acordo.** (ms16: Sarria)
(es) *Si te vi no me acuerdo.* (S.)
17027. **Vida pasada non é acordada.** ⁵³⁴⁴ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Palas de Rey / ms16: Lugo)
(es) *Lo pasado, pasado.* (R. Marín)

OLLA

17028. **Á ola ben amañada e ben guisada ¿quen lle fai mala cara?** (ms10,072r: D.E.)
17029. **A ola sen verdura non ten gracia nin fartura.** (ms10,072r: D.E.)
17030. **A pequeno pote pequeno guisote.** (ms10,096r: D.E.)
17031. **Boas olas, boas sobras.** (ms10,072r: D.E.)
17032. **Cada día ola e tallada, cansa.** (ms10,072r: D.E.)
17033. **Cando ferve o pote, alegría, alegrote.** (ms10,096r: D.E.)
17034. **Dispois de Dios, a ola; todo o demais é parola.** (ms10,072r: D.E.)
17035. **Nin ola sin touciño nin xantar sin viño.** (ms10,072r: D.E.)
17036. **Nin pote ó lume sin touciño nin xantar na mesa sin viño.** (ms10,096r: D.E.)
17037. **Ninguíen sabe o que hai na ola millor que a culler.** (ms10,072r: D.E.)
17038. **Non hai boa ola con auga soila.** ⁵³⁴⁵ (ms10,072r: D.E.)
17039. **Nun pequeno pote ben cabe un guisote.** (ms10,096r: D.E.)
17040. **O ferver do pote ten gorgolexos de moito alegrote.** (ms10,096r: D.E.)
17041. **O pote que moito ferve, sazón perde.** (ms10,096r: D.E.)
17042. **Ola que está ó lume, ten mester de tapadeira.** (ms10,072r: D.E.)
17043. **Ola sin sal, faite de conta que non tes xantar.** (ms10,072r: D.E.)

⁵³⁴⁴ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pasado*. V. *Non se acorda a sogra que foi nora en Suegros*.

⁵³⁴⁵ O orixinal di: *No hai boa ola con auga soila*.

17044. **Ola sin touciño, ou é de estudante ou de mesquiño.** (ms10,072r: D.E.)
17045. **Onde boa ola se creba, boa tapadeira queda.** (ms10,072r: D.E.)
17046. **Pote sen berzas, sin unto, nin sal, pódeselle ó gato dar.** (ms10,096r: D.E.)
17047. **Se a ola dá escontra a pedra, o pior será pra ela.** (ms10,072r: D.E.)
17048. **Se queres que o pote che dea alegría, éncheo de carne e porco cada día.** (ms10,096r: D.E.)
17049. **Si se creba a ola, dese mal morren todas.** (ms10,072r: D.E.)
17050. **Tanto vai a ola á fonte que ó fin se rompe.** (ms10,072r: D.E.)

OLLERO

17051. **Cada oleiro as súas olas gaba, e máis se as ten crebadas.** (ms10,072r: D.E.)
17052. **Cada oleiro gaba o seu pucheiro.** (ms10,072r: D.E.)
17053. **Non te bulres do oleiro, que da terra fai diñeiro.** (ms10,072r: D.E.)
17054. **O oleiro, do barro fai diñeiro.** (ms10,072r: D.E.)

ONZA

17055. **Máis val onza de sangue que libra de carne.** (ms10,073r: D.E.)
17056. **Unha onza de alegría vale máis que cen fanegas de malenconía.** (ms10,073r: D.E.)

OPINIONES

17057. **Cada cabeza, súa sentenza.** ⁵³⁴⁶ (mc: J.P. / ms4: F.V.S.)
Var.: *De tal cabeza, tal sentenza.* (ms16: Lugo)
/ Cada cabeza a súa sentenza. (ms16: D.E.)
(pt) *Cada cabeça, cada sentença.* (Chaves)
(es) *Cuántas cabezas, tantas sentencias.* (R. Marín) */ De tal cabeza, tal sentencia.* (R. Marín)
17058. **Dez cabezas, dez sentencias.** (ms16: Lugo)
(es) *Cada diez hombres, diez opiniones.* (R. Marín)
17059. **Dig'o mundo o que dixere i-ande a nosa cara limpa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucioños, Carballedo, LU)

⁵³⁴⁶ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Necedad* (*Desacierto de los necios*).

17060. **Dig'o mundo o que quixere e ande a nosa casa limpa.** (ms4: Buciños-F.V.S.)
17061. **Dito de un, dito de ningún.** (ms16: Lugo)
(es) *Dicho de uno, dicho de ninguno.* (R. Marín)
17062. **Hai tantos xuícios como cabezas.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / José Manuel Area Alonso)
17063. **Leva o teu ó mercado: uns diranche bo e outros diranche malo.** (ms16: D.E.)
17064. **O que pon a súa vida en consellos, un dille que é branco i-outro dille que é vermello.** ⁵³⁴⁷ (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
17065. **O que pon o cu en consello, uns lle din branco e outros lle din negro.** (mc: F.B.B.)
Var.: *Leva o teu fio ó concello e us diranche que é branco i-outros que é negro.* (ms16: D.E.)
(es) *Pon tu culo en consejo, y unos dirán que es blanco, y otros dirán que es negro.* (Sbarbi)
17066. **O que pon seu xugo a concello, unhos lle din qu'é branco i-outros dinlle qu'é negro.** ⁵³⁴⁸ (ms21,31v: Bermés)
17067. **O que soilo di un é coma se non o dixera ningún.** (ms16: Lugo)
(es) *Lo que solo dice uno, es como si no lo dijera ninguno.* (R. Marín)
17068. **Pra gustos fixéronse cores.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17069. **Saca o teu ó mercado e us dirán que é negro e outros que é branco.** (ms16: D.E.)
(es) *Saca lo tuyo al mercado; uno dirá bueno y otro malo.* (Correas)
17070. **Tantos xuícios como cabezas.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)

OPORTUNIDAD

17071. **Cada cousa a seu tempo e os nabos en Adviento.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
17072. **Cada cousa no seu tempo e limpar cando fai vento.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁵³⁴⁷ O orixinal di: *O que pon a sua vida en consellos un dille que e blanco youtro dille que e bermello.*

⁵³⁴⁸ O orixinal di: *O que pon seu xugo a concello, un'hos lle din qu'e branco, y'outros dinlle qu'é negro.*

17073. **Cada cousa no seu tempo e os nabos en Adviento.** ⁵³⁴⁹ (mc: C.A. / ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego oriental))

Var.: *Cada cousa no seu tempo e os nabos polo Adviento.* (ms16: D.E.)

(pt) *Cada coisa a seu tempo.* (Chaves) / *Tudo tem seu tempo, e os nabos no advento.* (Id.) (es) *Cada cosa en su tiempo, y nabos en Adviento.* (Correas) / *Cada cosa en su tiempo y los nabos en Adviento.* (Z.) (ct) *Cada cosa ve al seu temps, com les figues en agost.* (Sanchis) / *Cada cosa per son temps; per l'agost cigales.* (Id.) / *Cada cosa pel son temps, naps i cols pel mes d'Advent.* (Id.) / *Cada cosa en son temps, i els naps en Advent.* (Id.)

Alude originariamente a las labores que han de hacerse según tiempo y sazón. Hoy tiene sentido más general y reprende todo lo que se hace fuera de su lugar y tiempo oportuno.

17074. **Cando marea non vai, sazón non se perde.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques* / ms16: Lugo)
17075. **Cando pasa nabos, mercalos.** ⁵³⁵⁰ (ms10,065r: D.E.)
17076. **Co tempo e palla madura a pera urraca.** ⁵³⁵¹ (ms6,03v: Emilio Álvarez Jiménez "Refranero" en *Ultreya*)
17077. **É millor chegar a tempo que ser convidado.** ⁵³⁵² (mc e ms16: Viana, Chantada-F.V.S. / ms14,16)
17078. **É millor podrido ca mal comido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Se ll'ha facer daño, millor é a salú.
17079. **Máis vale aceña parada que muíñeiro amigo.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S. / ms16: D.E.)
(es) *Más vale aceña parada, que molinero amigo.* (Sbarbi) / *Más vale aceña parade que amigo molinero.* (R.P.)
17080. **Máis vale chegar a tempo que rondar un ano.** (mc: Tuiriz)

⁵³⁴⁹ ms: *y os nabos, Adviento* / ms-LU (Galicia): *yos navos en advento*; ms-LU (San Martiño de Mato): *i-os nabos.*

⁵³⁵⁰ En ms10 s.v. *Nabo* e indicación *Oportunidad.*

⁵³⁵¹ ms6: *Co tempo e malla madura.* Emilio Álvarez Jiménez recollía o refrán coa forma *Co tempo e palla madura.* A diferenza parece deberse a un erro de transcripción de Vázquez Saco.

⁵³⁵² ms14,16: *mellor.*

Var.: *Vale máis chegar a tempo ca rondar un ano.* (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms18,77r: A.S.A.)⁵³⁵³ / *Val máis chegar a tempo que roldar un ano.* (ms16: D.E.) / *Val máis chegar a tempo que ruar un ano.* (ms16: D.E.)

(es) *Más vale llegar a tiempo que rondar un año.* (R. Marín)

17081. **Nin se pare sin tempo nin se limpa sin vento.**⁵³⁵⁴ (mc e ms16: Bucínos / ms4: F.V.S.)

17082. **Non consiste en correr moito sinón en chegar a tempo.** (mc: Santiago / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *Vale máis...*

17083. **Non consiste en madrugar senón en chegar a tempo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)

17084. **Non vai en correr moito sinón en saber chegar a tempo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

17085. **Non vale correr como chegar a tempo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

17086. **Non vale correr moito nin andar pouco senón chegar a tempo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

17087. **Pásache o sol pola porta; quéntate, miña comadre.**⁵³⁵⁵ (ms10,122r: D.E.)

17088. **Tantantán as uvas son verdes, tantantán, xa madurarán.** (mc e ms16: Bucínos)

Pide oportunidade.

17089. **Tódalas cousas teñen o seu como i-o seu cando.** (ms16: D.E.)

(es) *Todas las cosas tuvieron y tienen su cuándo.* (Correas)

17090. **Val máis chegar a tempo que camiñar un ano.** (ms18,60r)

17091. **Vale máis chegar a tempo que ser convidado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

17092. **Vale máis hoxe que nunca.** (ms8,32v: La Cañiza)

APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

17093. **A ferro quente, bater de repente.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)

⁵³⁵³ ms-SA e ms-LU: *que rondar*; ms18,77r: *Val mais.*

⁵³⁵⁴ ms4: *Nin se pasa sin tempo.*

⁵³⁵⁵ En ms10 s.v. *Sol* coa indicación *Oportunidad.*

17094. **A ferro quente, non parar de bater.** (mc e ms16: C.A. / ms: A.C.)

(es) *A hierro caliente, batir de repente.* (R. Marín)

17095. **Alzar sin vento e parir sin tempo no pode ser.** (ms21,25r: Bermés)

17096. **Alzar sin vento e parir sin tempo, non pode ser.**⁵³⁵⁶ (mc e ms16: Santiago / ms18,68v: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))

Var.: *Non erguer sin vento nin parir antes de tempo.* (ms15,41 e ms16: Lugo)

17097. **Aquí te collo, aquí te esfolo.** (ms16: D.E.)

(es) *Aquí te cojo, aquí te mato.* (R. Marín)

17098. **Arde a casa, quentarse aos cangos.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

17099. **Cando arden os cangos, quentarse a eles.**⁵³⁵⁷ (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)

Var.: *Cando arden os cangos, sentarse a eles.* (ms16: Pidre)

17100. **Cando ch'ofrezan a ovella, colle a corda e vai por ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17101. **Cando che dean a ovelliña, agárrala pola cordeliña.**⁵³⁵⁸ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms18,68v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

Var.: *Cando che deren a ovella, colle a corda e vai por ela.* (ms16: Sarria) / *Cando che den a ovella, colle a corda e vai por ela.* (ms16: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)

(pt) *Quando te deren a vaca, vem logo com a corda.* (Chaves) (es) *Cuando te dieren la oveja, toma la cuerda y vay por ella.* (Correas)

Insisten en la misma recomendación.

17102. **Cando che den o anelo, pon o dedo.** (ms16 e ms5,027: Ribadeo)

17103. **Cando dan a ovella, colle a corda e vai por ela.** (ms-SA: M. González Fernández)

17104. **Cando dan a ovella, cóllese a corda e vaise por ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)

⁵³⁵⁶ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Embarcaciones.*

⁵³⁵⁷ V. *Arden os cangos, quentémonos a eles* en *Penas y dolores.*

⁵³⁵⁸ ms18,68v: *den a ovelliña.* / Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Animales domésticos (Ovejas).*

17105. **Cando dan a ovella, deixar a corda e ir por ela.** (ms: La Coruña)
17106. **Cando fai vento, hai que limpar.** ⁵³⁵⁹
(mc e ms16: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)
(pt) *Quando ha vento é que se limpa o cereal.* (Chaves) (es) *Con viento se limpia el trigo, y los vicios con castigo.* (Sbarbi) (ct) *Quan fa aire, es quan s'aventa.* (Alberola)
17107. **Cando falta o gato, exténdes'o rato.**
(ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
17108. **Cando o ben pasa, méteo na casa.**
(ms16: Lugo)
(es) *Cuando el bien pasa, mételo en tu casa.* (R. Marín)
17109. **Cando o crego dá a ovella, colle a corda e vai por ela, porque se recorda, nin ovella nin corda.** (ms21,12v: Bermés)
17110. **Cando o cura dá a ovella, coller a corda e ir por ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17111. **Danche a ovella; colle a corda e vai por ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
17112. **Douche ouvella; colle a corda e vai por ela e, se non tes corda, agárraa polas orellas.** ⁵³⁶⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
17113. **Faltan os gatos i-exténdense os ratos.** ⁵³⁶¹ (ms18,65r: Páramo)
17114. **Hoxe é día de "bote aquí, miña tía".**
(ms16: D.E.)
Var.: *Hoxe é día de "bote acá, miña tía".*
(ms10,005r) ⁵³⁶²
(es) *Hoy es el día de echad aquí, tía.* (Hernán Núñez)
17115. **Máis vale mal cheo ca polo tarreo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17116. **Máis vale flaco no papo ca gordo volando.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17117. **Márchanse os gatos e esténdense os ratos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17118. **Mentras o can c[aga], o lobo vaise.** (mc e ms16: Betanzos)
- Var.: *Mentras o can c[aga], o lobo escapa.* (F.V.S.)
(pt) *Emquanto mija o cão, vai-se o lobo.* (Chaves) / *Emquanto disputam os cães, come o lobo a ovella.* (Id.) (es) *Mientras el perro duerme, come el lobo.* (R. Marín) / *Mientras el galgo mea, la liebre se huye.* (Id.)
17119. **Mentras o can dorme, o lobo mata e come.** (ms16: D.E.)
17120. **Namentras está quente pódese pelar.** ⁵³⁶³ (mc: C.A. A Nosa Terra / ms16: C.A. / ms18,33r)
(ct) *Mentres es calent, se pela.* (Alberola)
17121. **Ó bo día ábrele a porta e ó malo enferróllalla.** (ms16: D.E.)
17122. **Ó bo día ábrele a porta e pró malo aparéllate.** (ms16: D.E.)
(es) *Al buen día ábrele la puerta, y para el malo te apareja.* (Hernán Núñez)
17123. **O bo día méteo na casa.** (ms16: D.E.)
(es) *El buen día mételo en tu casa.* (Z.)
17124. **O ferro quente, bater de repente.** (mc e ms4: Taboada-F.V.S. / ms16: Taboada)
(pt) *Quando o ferro estiver acendido, então é que há-de ser batido.* (Chaves) (es) *Al hierro caliente, batir de repente.* (Sbarbi) / *Cuando el hierro está encendido, entonces ha de ser batido.* (Id.)
17125. **O ferro, cando está quente, bátese mui facilmente.** ⁵³⁶⁴ (mc e ms16: R. de Miño-S.V.)
(pt) *Quando o ferro estiver acendido, então é que há-de ser batido.* (Chaves) (es) *Al hierro caliente, batir de repente.* (Sbarbi) / *Cuando el hierro está encendido, entonces ha de ser batido.* (Id.)
17126. **O pranto, sobre o defunto.** (ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *El llanto sobre el difunto.* (R. Marín)
17127. **O que é veleta, anda pa donde sopra o aire.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
17128. **Onde cai o burro, alí lle dan os paus.**
(mc: S. Victorio de R. de Miño-F.V.S.)
Var.: *Onde cai o burro, dáselle os paus.* (ms16: D.E.)
(es) *Donde cae el burro, se le dan los palos.* (R. Marín) / *Donde cae el burro, allí se le dan los palos.* (M. Kleiser)
17129. **Pró bo día abre a porta e pró malo entórnaa.** (ms16: D.E.)

⁵³⁵⁹ ms-LU: *limpiar*.

⁵³⁶⁰ O orixinal di: *Douche ouvella, colle a corda e vai por ela, e se non tes corda agarraá pol'as orellas.*

⁵³⁶¹ O orixinal di: *Faltan os gatos y-exténdense os ratos.*

⁵³⁶² En ms10 s.v. *Día*.

⁵³⁶³ mc e ms18,33r: *Mentramentes.*

⁵³⁶⁴ ms4 e ms16: *moi facilmente.*

17130. **S'u cura che dá a ovella, colle a corda e vai por ela.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17131. **Se che dan a ovella, coll'a corda e vai por ela.** ⁵³⁶⁵ (ms11,43: Comarca de Fonsagrada / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17132. **Si che dan unha ovella, colle a corda e vai por ela.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
17133. **Si o cura dá a ovella, deixa a corda e vas por ela, porque mentras vas pola corda, o cura recorda.** ⁵³⁶⁶ (ms: Bucínos-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
Var.: *Si che dan a ovella, colle a trela e lévaa; si o cura recorda, nin ovella nin corda.* (ms / ms16) ⁵³⁶⁷
17134. **Vale máis gran de sobra na moega que muíño en espera.** ⁵³⁶⁸ (ms4 e mc: M.V.)
17135. **Vale máis mal cheo ca polo tarreo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
17136. **Vale máis verde no papo que maduro na mao do gato.** (ms8,66r: Monforte)

HUIR DE LA OPORTUNIDAD TENTADORA

17137. **Fuxe da ocasión e non terás desazón.** ⁵³⁶⁹ (ms16 e ms10,024r: D.E.)
(es) *Quien evita las tentaciones evita las desazones.* (R. Marín)

OPORTUNIDAD TENTADORA

17138. **A ocasión fai o gato ladrón.** (mc / ms16: Baralla)
(es) *La ocasión hace al ladrón.* (Correas)
17139. **A ocasión fai o ladrón.** (mc e ms16: Agro / ms10,071r: D.E.)
(pt) *A ocasião faz o ladrão.* (Chaves) / *O buraco chama o ladrão.* (Id.) (es) *La ocasión hace al ladrón.* (Correas) (ct) *La ocaió, es la mare dels lladres; el descuit, el pare.* (Alberola)

⁵³⁶⁵ O orixinal di: *Se che dan a ovella, coll'a corda e vay por ela.* / ms-SA: *colle a corda.*

⁵³⁶⁶ ms4: *mentras vas pol-a corda*; ms-LU: *S'o Cura, mentres vas.*

⁵³⁶⁷ ms16: *cura acorda.*

⁵³⁶⁸ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. / mc: *grau, que moega que muíño espera.* / ms4: *gran de sombra.*

⁵³⁶⁹ En ms10 s.v. *Huir.*

17140. **A porta aberta ó santo atenta.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *Puerta abierta, al santo tienta.* (Correas) / *La puerta abrió el diablo para tentar al santo.* (R. Marín)
17141. **Donde hai pan, ratos van.** (ms5,027: Ortigueira)
17142. **Máis vale volta de chave que concencia de frade.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
(es) *Más vale vuelta de llave que consejo (o conciencia) de fraile.* (Sbarbi)
17143. **Na arca aberta o xusto peca.** ⁵³⁷⁰ (ms16: D.E.)
17144. **O que aberta a súa arca deixa, se o rouban, ¿por que se queixa?** (ms16: D.E.)

PERDER LA OPORTUNIDAD

17145. **Auga pasada non volve ó muíño.** ⁵³⁷¹
(mc e ms16: J.M. Cures / ms5,045: Santiago / Luís Alonso Alonso)
17146. **Cando o tempo chegou, o xuicio pasou.** (ms8,42v: O. de Rey)
Juicio tardío.
17147. **O que non se fai na boda, non se fai a toda hora.** ⁵³⁷² (ms16 e ms10,016v: D.E.)
(es) *Lo que no se hace a la boda, no se hace toda hora.* (H. Núñez)
17148. **O que vén tarde e sin hora, dorme fóra.** (ms21,13r: Bermés)

ORACIONES. V. tamén *Religiosos y morales.*

17149. **A quen lle deixa os bés, que lle rece ós pés.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17150. **Moitos amenes chegan ó ceo.** (mc: Bucínos)
Var.: *Moitos amén chegan ó ceo.* (ms5,045 e ms16: Santiago)
(es) *Muchos amenes llegan al cielo.* (Sbarbi) / *Amén, amén, al cielo llega.* (Id.) / *Muchos amenes al cielo llegan.* (Correas)
17151. **Moitos "améns" chegan ó ceo.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
17152. **O que pouco reza, logo acaba.** (ms5,133: Arzúa)
17153. **Quen pola mañán se ergue sin nada en Dios cavilar, mal o día ha de pasar.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

⁵³⁷⁰ V. *Na hucha aberta o xusto peca* en *Robo.*

⁵³⁷¹ ms5,045: *ao muíño* / Alonso Alonso, L.: *a o muíño.*

⁵³⁷² En ms10 s.v. *Hacer.*

17154. **Se ben non rezas u rosario, tampouco u breveario.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
 17155. **Se ben u rezo non fas, nunca bo crego serás.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
 17156. **Se queres ser bo cristiano, reza de noite u rosario.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
 17157. **Si te embarcas, reza unha vez; si vas á guerra, dúas; e si te casas, tres.** (ms15,44: Monforte)
 17158. **Si vas á guerra, reza unha vez; si embarcas, reza dúas; e si te casas, reza tres.**⁵³⁷³ (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

ORDEN

17159. **Antes coce que fervas.** (ms16: Lugo)
 (es) *Antes cuece que fiervas.* (S.)
 17160. **Ben está a pedra no seu burato.**⁵³⁷⁴
 (mc e ms: Agro / ms15,52v / ms16: Pidre)
 Var.: *Cada pedra no seu burato.* (ms16: Lugo)
 (es) *Bien está cada piedra en su agujero.*
 (R. Marín) / *Si estuviese cada piedra en su agujero, andaría el mundo derecho.* (R. Marín)
 17161. **Cada cousa é pro que é i-o azúcar pró café.**⁵³⁷⁵ (ms21,12v: Bermés)
 17162. **Cada cousa é pró que é i-o zapato é pró pé.**⁵³⁷⁶ (ms21,16v: Bermés)
 17163. **Cada cousa é pró que é.**⁵³⁷⁷ (mc e ms: A.S.A.)
 (es) *Cada cosa para su cosa.* (R. Marín)
 17164. **Cada cousa no seu lugar aforra tempo pra a buscar.** (ms16: D.E.)
 (es) *Cada cosa en su lugar, ahorra tiempo en la buscar.* (R. Marín)
 17165. **Cada cousa para o que é, e o zapato para o pé.**⁵³⁷⁸ (mc: *Vida Gallega* / José Ballesteros Alonso / ms18,68v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)

⁵³⁷³ O orixinal di: *Si vas a guerra reza un'a vez, si embarcas reza duas, e si te casas reza tres.*

⁵³⁷⁴ Tamén contén a indicación *Orden* no ms.

⁵³⁷⁵ O orixinal di: *Cada cousa e pro que e y'o azúcar pro café.*

⁵³⁷⁶ O orixinal di: *Cada cousa e pro que e y'o zapato e pro pé.*

⁵³⁷⁷ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Orden* no ms.

⁵³⁷⁸ José Ballesteros Alonso: *pa o que, pa o pé*; ms18,68v: *cousa, e para o que é.* / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

17166. **Comer e sorber non pode ser.**⁵³⁷⁹ (mc: M.V.)
 (pt) *Não se pode fazer a par comer e assoprar.* (Chaves) (es) *Comer y beber, todo no puede ser.* (R. Marín)
 17167. **Fai primeiro o necesario e dispois o voluntario.** (ms16 e ms10,016r: D.E.)
 (es) *Haz primero lo necesario y después lo voluntario.* (Correas)
 17168. **Maria, namentras tasca, non fía.**⁵³⁸⁰
 (mc: Pol)
 17169. **Mentras capo n'asubío.**⁵³⁸¹ (mc: M.V. / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / ms21,14v: Bermés)
 (pt) *Emquanto se capa não se assobia.* (Chaves) / *Quando se canta não se assobia.* (Id.)
 Fal'o capador. (ms21,14v: Bermés)
 17170. **Mentras que capo, non asubío.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 17171. **Mentras que se capa, non se rapa.**⁵³⁸²
 (mc: M.L.)
 17172. **Mentras se capa, non se asubía.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 17173. **Mentras se chifla, non se capa.**⁵³⁸³
 (mc)
 17174. **Non vai no ben lavado sinón no ben aclareado.** (ms8,43v: Silvarrey)
 17175. **Non vale saber sementar sin saber recoller.** (ms8,32r: Silvarrey)
 17176. **Primeiro prepárase o camiño e despois ándase por el.**⁵³⁸⁴ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
 17177. **Urdir e tecer non pode ser.**⁵³⁸⁵ (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés)
 (es) *Urdir y tejer no puede a un tiempo ser.* (R. Marín)
 17178. **Urdir e tecer non poden ser.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))

ORGULLO. V. tamén *Enaltecemento, Presunción.*

17179. **A fachenda todo é fume.** (ms16: Lugo)

⁵³⁷⁹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵³⁸⁰ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵³⁸¹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. / ms-SA: *non asobio*; ms21,14v: *non asuvio* / V. *Mentramentes se come, non se asubía* e variantes en *Hambre. Gastronomía.*

⁵³⁸² Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵³⁸³ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵³⁸⁴ mc e ms16: *dispois.*

⁵³⁸⁵ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

17180. **Anque non haxa unha torcida, borra encima.** (ms16: Buciños)
17181. **Carnaval na plaza, Pascua na casa; Carnaval na casa, Pascua na plaza.** (ms9,04r: Meda, Orense)
17182. **De presunción, auga e vento, cada un toma o que quer.** ⁵³⁸⁶ (ms4: A.S.A. / ms15,42 e ms16: Lugo)
17183. **Hai quen anda por ver e ser visto.** (mc e ms16: Buciños-F.V.S.)
17184. **Non quero can con cencerro.** (ms5,045: Santiago)
(es) *No quiero cochino con sonaja.* (R. Marín)
17185. **Quen me dera ser a min o que pensa ese que é.** (mc e ms16: Puente deume)
- IRONÍAS CONTRA LOS ORGULLOSOS**
17186. **Agradecédemo, veciñas, que boto farelo ás miñas galiñas.** ⁵³⁸⁷ (ms16 e ms10,018r: D.E.)
Var.: *Alegraivos, veciñas, que lle dou farelo ás miñas galiñas.* (ms16 e ms10,018r: D.E.)
(es) *Agradecédmelo vecinas que doy salvado a mis gallinas.* (M.) / *Holgaos, vecinas, que doy pan a mis hijas.* (R. Marín)
17187. **Chamoulles galgos i-eles entenderon fidalgos.** ⁵³⁸⁸ (ms4: F.V.S.)
17188. **De presunción i-auga bendita toma cada un a que necesita.** (ms16: Lugo)
(es) *Presunción y agua bendita, cada uno toma la que necesita.* (R. Marín)
17189. **Díxoll'o pote á caldeira: "Tírate alá, no me lixes".** (ms18,71r: A.S.A.)
17190. **Espántase o morto do aforcado.** (ms16: D.E.)
(es) *Espantóse la muerta de la degollada; como la vió tan despreñada.* (Correas)
17191. **Naciche para rico pero escurriúchese o cu da almohada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
17192. **Non hai presumir sin sufrir.** (ms8,36r: O. de Rey)
Se dice cuando uno quiere presumir, p. ej. de pies pequeños y lleva zapatos que le aprietan.
17193. **O forno chama ó pan queimado.** (mc e ms16: Paradela-F.V.S.)
17194. **O forno chamou ao muíño queimado, sendo el o máis aburado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17195. **O forno chamoulle ó muíño queimado, sendo el máis abrasado.** ⁵³⁸⁹
(mc e ms16: Cervantes)
El molino, si muele deprisa, se calienta y quema la harina.
17196. **Píntalo e non o ser, falta de non o entender.** (ms8,68v: Meda)
Contra la fachenda.
17197. **Por campar, arrabear.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
17198. **Por campar, fame pasar.** (ms16: D.E.)
17199. **Por campar, rabear.** ⁵³⁹⁰ (mc: V.R. Y A.R. / ms16: A.R. / ms21,21r: Bermés / ms18,64r: Pontevedra)
Var.: *Por campar, moitas veces rabear.* (ms16: D.E.)
(es) *Por majear, rabiar.* (R. Marín)
17200. **Por mui alto que te poñas, si baixo eras, baixo quedas.** ⁵³⁹¹ (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
17201. **Pra campar, rabiar.** (ms8,36r: Lalín)
Se dice cuando uno quiere presumir, p. ej. de pies pequeños y lleva zapatos que le aprietan.
17202. **Pra presumir hai que sufrir.** ⁵³⁹² (mc: Tuiriz)
Var.: *Por presumir, sufrir.* (ms16: Tuiriz-M.)
17203. **Sempre chamou a sartén ó pote tiznado.** (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)
17204. **Sempre o forno chamou o moín queimado, sendo el o máis aburado.** (ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Sempre o forno chamou o moín queimado.* (mc e ms16: Neira de Rey)
17205. **Sempre o forno lle chama ó moín queimau sendo il o máis abrasau.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
17206. **Sempre o lume chamou o muíño queimado.** (mc e ms16: Fonsagrada)
17207. **Señorita do pío, chea de fame e morta de frío.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)

⁵³⁸⁶ ms16: *cada un tome.*

⁵³⁸⁷ Refrán e variante en ms10 s.v. *Salvado (Farelo).*

⁵³⁸⁸ O orixinal di: *Chamoulles galgos, y'eles entenderon fidalgos.*

⁵³⁸⁹ ms16: *sendo el o máis abrasado.*

⁵³⁹⁰ ms21,21r: *rabiar.*

⁵³⁹¹ O orixinal di: *Por muy alto que te poñas si vaiso eras vaiso quedas.*

⁵³⁹² O orixinal di: *Pra presumir hay que sufrir.*

17208. **Si foras pera de lamber, non estabas sin comer.** (ms8,71v: Meda)
 17209. **Unhos caballeros, i-andar de carromateros.** ⁵³⁹³ (mc: Buciños)

ORGULLO DE LOS POBRES

17210. **Caldo de tripas, moito repinicas.** (ms16: D.E.)
 (es) *Caldo de tripas, bien te repicas.* (Correas)
 17211. **Chea na plaza, fame na casa.** (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión: C)
 17212. **Fama na plaza e fame na casa.** (ms: M.V.)
 17213. **Fampa na praza e fame na casa.** ⁵³⁹⁴ (mc: M.V. / ms16: D.E. / ms21,23v: Bermés)
 (es) *Mucha fachenda en la plaza y mucha galipa en casa.* (R. Marín)
 17214. **Hai que campar, anque non haxa un carto.** (mc e ms16: Palas de Rey-F.V.S.)
 17215. **Hasta os ghatos queren zapatos.** ⁵³⁹⁵ (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
 17216. **Hastr'os gatos queren agora zapatos.** (ms16: D.E.)
 (es) *Hasta los gatos quieren zapatos.* (R. Marín)
 17217. **Hastr'os gatos teñen tos.** ⁵³⁹⁶ (ms16 e ms10,026r: D.E.)
 (es) *Hasta los gatos tienen romadizo.* (C.C.)
 17218. **Haxa, non haxa, Marica bota ao pote.** ⁵³⁹⁷ (ms10,049v: Monforte)
 17219. **Moita borra e pouca pranta.** (ms16: D.E.)
 17220. **Moita borra, moita borra, e os bocois vacíos.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
 17221. **Na miña casa n'hai miseria: cen candiles i-unha vela.** ⁵³⁹⁸ (mc: Taboada-F.V.S.)
 Var.: *Na miña casa n'hai miseria: tres candiles i-unha vela.* (ms16: Taboada)
 (es) *El monumento de la Masadera: tres candiles y una vela.* (R. Marín)
 Lo dicen cuando se alumbran con pajas, a falta de otro medio a mano.

17222. **Non ten que comer e convida hóspedes.** ⁵³⁹⁹ (ms16 e ms10,030v: D.E.)
 (es) *Hara no tiene qué comer y convida huéspedes.* (Z.)

17223. **Tres camisas teño agora, non me dirán mangallona: unha téñoa no tear, outra téñoa pra fiar e outra que me fan agora; non me chamarán mangallona.** ⁵⁴⁰⁰ (ms16 e ms10,037r: D.E.)
 Var.: *Tres camisas teño agora, non me chamen mangallona: unha téñoa no tear, outra xa a din a fiar e outra que me dan agora.* (ms16: D.E.)
 (es) *Tres camisas tengo; agora, no me llamarán mangajona: una tengo en el telar, otra tengo dada a hilar y otra que me hacen agora.* (Correas)

ORGULLO DE MÉRITOS PROPIOS

17224. **A cada paxaro gústalle o seu canto.** (ms16: Lugo)
 (es) *A cada pajarillo le suena bien su cantarillo.* (R. Marín)
 17225. **Co favor non te conocerás e sin favor non te conocerán.** ⁵⁴⁰¹ (ms16 e ms10,018v: D.E.)
 (es) *Con el favor no te conocerás; sin él no te conocerán.* (H. Núñez)
 17226. **Hai quen non goberna a muller e quer gobernar o mundo.** (ms16: Lugo)
 (es) *La pretensión de Don Facundo: no podía gobernar a su mujer y quería gobernar el mundo.* (R. Marín)
 17227. **Non chufes de fachendoso que a fachenda todo é fume.** (ms16: D.E.)
 17228. **Non hai ruín que non se teña por bon.** ⁵⁴⁰² (ms16: Lugo / ms10,111r: D.E.)
 (es) *No hay ruín que no se tenga por bueno.* (Correas)
 17229. **O que moito chufa máis axiña se esfonde.** (ms16: D.E.)

ORGULLO DE NOBLEZA

17230. **Conde e condado e cebada pró rabo.** (mc e ms16: M.V. / ms4: M.V. 2ª serie)

⁵³⁹³ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵³⁹⁴ V. *Honra na casa e fama na plaza* en *Casa*. / mc e ms21,23v: *plaza*.

⁵³⁹⁵ O orixinal di: *Hasta os jatos queren zapatos*.

⁵³⁹⁶ ms10: *Hastra os gatos*. En ms10 s.v. *Gatos*.

⁵³⁹⁷ ms15,24r: *Haxa ou non haxa*.

⁵³⁹⁸ ms: y *unha*.

⁵³⁹⁹ En ms10 s.v. *Huésped*.

⁵⁴⁰⁰ En ms10 s.v. *Magallón* = Haragán. O orixinal de Eladio Rodríguez s.v. *Mangallón*. A diferenza con respecto ó ms10 parece deberse a un erro de transcripción de Vázquez Saco.

⁵⁴⁰¹ En ms10 s.v. *Favor*.

⁵⁴⁰² En ms10 s.v. *Ruin*.

(es) *Conde y condado y cebada para la mula.* (Sbarbi) / *Conde y candadura y cebada para la mula.* (Sbarbi)
Zahiere al que no contando con lo razonable, quiere cosas superfluas. (Sbarbi)

17231. **Pra ser marqués quedoulle a capa corta.** (mc e ms16: Santiago)

ORGULLO DE RIQUEZA

17232. **Fachenda da montaña: meda na eira, fame na casa.** ⁵⁴⁰³ (mc e ms16: M.L.)

Var.: *Meda na eira, fame na casa.* (ms5,041: Mondoñedo)

Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar, en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940. (ms5,041)

17233. **Fume de pallas: moito fume e pouca llama.** (ms16: Lugo)

(es) *Fuego de pajas; mucho humo y poca llama.* (R. Marín)

17234. **Mal se avén o don sin o din.** (ms16: D.E.)
(es) *Don sin renta, mal se asienta.* (R. Marín)

17235. **Mal sona o don sin o din.** ⁵⁴⁰⁴ (ms16 e ms10,009r: D.E.)

Var.: *Mal sona o don sin din.* (ms10,009r: D.E.)

(es) *Mal retintín tiene el don sin el din.* (R. Marín)

17236. **Moita fachenda e pouca facenda.** ⁵⁴⁰⁵ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16 e ms10,016v: D.E.)

(pt) *Muita palha e pouca grao.* (Chaves) / *Muita parra e pouca uva.* (Id.) (es) *Mucha fachada, poco fondo.* (R. Marín) / *Muchas plumas, poca carne.* (Id.)

17237. **Moitas olas ó fume e un garbanzo a cocer.** (ms16: D.E.)

(es) *Fuego, fuego, muchas ollas y un garbanzo en todas.* (N.)

17238. **Moitas prumas e pouca carne.** (ms16: Lugo)

(es) *Muchas plumas, poca carne.* (R. Marín)

17239. **Moito aparato e pouco no prato.** (ms16: Lugo)

(es) *Mucho aparato y poca tajada en el plato.* (R. Marín)

⁵⁴⁰³ ms16: *eira e fame.*

⁵⁴⁰⁴ Refrán e variante en ms10 s.v. *Don.*

⁵⁴⁰⁵ mc: *e pouca fachenda.* En ms10 s.v. *Presunción.*

17240. **Moitos fanchos e poucos touciños.** (ms16: Santiago)

17241. **Na casa d'Abel, moitas colmeas e pouco mel.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

17242. **Vós dona i-eu dona, ¿quen botará o porco fóra?** ⁵⁴⁰⁶ (mc: A.I. / ms21,08r: Bermés)

Var.: *Ti dona i-eu dona, ¿quen botará o porco fóra?* (ms16: D.E.) / *Ti dona i-eu dona, ¿quen barrerá a porta?* (ms16 e ms10,009r: D.E.) ⁵⁴⁰⁷

(pt) *Tu bom e eu bom, quem há-de tanger o asno?* (Chaves) (es) *Vos dueña, yo dueña, ¿quién echará la puerca afuera?* (Correas) / *Tu dueña y yo dueña ¿quién echará el puerco fuera?* (Correas) / *Yo dueña y vos doncella ¿quien barrerá la casa?* (H. Núñez)

ORIGEN Y HERENCIA

17243. **A herdeira peta na lareira.** (ms: Palas de Rey-F.V.S.)

Los herederos hablan fuerte.

17244. **De raza lle vén ó galgo...** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballo, LU)

17245. **De tal niño, tal paxariño.** (ms: A.I. / ms10,069r: D.E.)

(pt) *De tal ninho, tal passarinho.* (Chaves)

17246. **Dun burro solo se poden esperar patadas e chichos.** ⁵⁴⁰⁸ (ms: Bucinos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17247. **Fillo roubado, pai semellado.** (ms15,44: Miraz)

17248. **O que come a nai, para o fillo vai.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

17249. **O que come a nai, vai pró fillo.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)

ORINAR

17250. **Cando un home mexa nas botas, xa non está pra mozas.** (ms10,040r: D.E.)

17251. **Onde moitos mexan, lameira fan.** (ms10,040r: D.E.)

ORO

17252. **Axuntar ouro con lama deixa as maus lixadas.** (ms10,073r: D.E.)

⁵⁴⁰⁶ ms e ms21,08r: *y-eu dona.*

⁵⁴⁰⁷ en ms10 s.v. *Dama.*

⁵⁴⁰⁸ Contén a indicación *Origen. Herencia.*

17253. **Nin é ouro canto reloce nin brila canto se ve.** (ms10,073r: D.E.)
 17254. **O ouro i-o home, en tocándoo logo se conoce.** (ms10,073r: D.E.)
 17255. **Onde hai ouro reloce logo.** (ms10,073r: D.E.)
 17256. **Vaise o ouro ó mouro.** (ms10,073r: D.E.)

OSCURIDAD

17257. **Agora todos somos de unha coor.** (ms16: D.E.)
 Cuando se apaga la luz en una reunión y se queda a oscuras.
 17258. **Casa negra, candeia acesa.** (ms16: D.E.)
 (es) *Casa negra, candelá acesa.* (H. Núñez)
 La oscuridad pide luz.

OTOÑO. V. tamén *Agrícolas (Meses), Estaciones.*

17259. **A horta no outono mata o seu dono.** (ms10,073r: D.E.)
 17260. **As berzas en outono comen a seu dono.** (ms10,073r: D.E.)
 17261. **Desque pintan as uvas, connosco está o outono.** ⁵⁴⁰⁹ (ms10,004v: D.E.)
 17262. **Na semana de san Mateu outona ti i-outone eu.** ⁵⁴¹⁰ (mc e ms16: Buciños)
 Hacia el 21 de setiembre, festividad del Apóstol, comienzan las labores preparatorias de la siembra del centeno.
 17263. **No outono, pouco sono.** (ms15,45r: Palas de Rey)
 Porque hay que apurarse a hacer las labores propias de la estación.
 17264. **O outono é pra sementar i-a santa Mariña pró segar.** (ms16: Sober)
 17265. **Outono é mes das historias e deixa malas memorias.** (ms21,08v: Bermés)
 17266. **Outono no soto e outono fóra do soto.** (ms10,073r: D.E.)
 17267. **Outubre quente, inverno detente; outubro a friar, inverno a escoar.** (ms5,138: *O Gaiteiro de Lugo*, 1960)
 Var.: *Outono quente, inverno detente.* (ms16: Santiago)
 17268. **Outubro quente, inverno detente.** ⁵⁴¹¹ (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de

⁵⁴⁰⁹ O orixinal di: *Desque pintan as uvas, con noster está o outono.*

⁵⁴¹⁰ mc: *autone*; ms: *y-outone*.

⁵⁴¹¹ J. Ballesteros Alonso: *Octubre*; ms-SA (José B.): *Outubre*.

Cordeiro, Valga, PO / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C / José Ballesteros Alonso)

17269. **Quen no outono non sementa, pouco collerá na sega.** (ms15,18v)
 17270. **Si en outubro te demoras a traballar, pouco has enceleirar.** ⁵⁴¹² (mc: Velle)
 Var.: *Si en outono demórase a traballar, pouco has de enceleirar.* (ms16)
 Es un mes esencial para los trabajos del campo, como hemos visto en otros refranes ya registrados.

OVEJAS

17271. **A ovella cerca da tella.** ⁵⁴¹³ (ms10,073r: D.E.)
 17272. **A ovella farta do rabo fai manta.** ⁵⁴¹⁴ (ms10,074r: D.E.)
 17273. **A ovella louzana pídelles lan á cabra.** ⁵⁴¹⁵ (ms10,074r: D.E.)
 17274. **A ovella pra durmir ben quer estar preto da tella.** ⁵⁴¹⁶ (ms10,073r: D.E.)
 17275. **Ben parva é a ovella que co lobo se confesa.** ⁵⁴¹⁷ (ms10,074r: D.E.)
 17276. **Ben vai a ovella coxa como o lobo non-a colla.** ⁵⁴¹⁸ (ms10,074r: D.E.)
 17277. **Cada ovella quer a súa parella.** ⁵⁴¹⁹ (ms10,074r: D.E.)
 17278. **Cando dan a ovella, collela, que si o que a dá recorda, non dá ovella nin dá corda.** ⁵⁴²⁰ (ms10,074r: D.E.)
 17279. **Mal lle vai á ovella que co lobo se aconsella.** ⁵⁴²¹ (ms10,074r: D.E.)
 17280. **O que ten ovellas ten pelexas.** ⁵⁴²² (ms10,074r: D.E.)
 17281. **Ovella cornuda e cabra con landras, en poucas cortellas paran.** ⁵⁴²³ (ms10,074r: D.E.)
 17282. **Ovella cornuda e vaca barriguda, non-a troques por ningunha.** ⁵⁴²⁴ (ms10,074r: D.E.)

⁵⁴¹² ms4: *has de enceleirar*.

⁵⁴¹³ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴¹⁴ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴¹⁵ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴¹⁶ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴¹⁷ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴¹⁸ O orixinal di: *Ben vai a ovella coxa como o lobo nona colla.*

⁵⁴¹⁹ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴²⁰ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴²¹ En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴²² En ms10 s.v. *Oveja*.

⁵⁴²³ En ms10 s.v. *Oveja*.

17283. **Ovella farta do seu rabo se espanta.**⁵⁴²⁵ (ms10,074r: D.E.)
 17284. **Ovellas loucas, ovellas poucas.**⁵⁴²⁶ (ms10,074r: D.E.)
 17285. **Ovellas, abellas e lentellas, todas son consellas.**⁵⁴²⁷ (ms10,074r: D.E.)
 17286. **¿Pra que queres a ovella se non tes cortella?**⁵⁴²⁸ (ms10,074r: D.E.)

OVEJAS

APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

17287. **Cando se morre a ovella, paga o pastor coa pelexa.** (ms10,074r: D.E.)
 17288. **Da ovella branca nace un año negro.** (ms10,074r: D.E.)

PACIENCIA

17289. **A pacencia trainos todo.**⁵⁴²⁹ (mc: C.A. / ms10,075r: D.E.)
 (pt) *A paciência é unguento para todas as chagas.* (Chaves) (es) *Con la paciencia y la esperanza, todo se alcanza.* (Sbarbi)
 17290. **Con pacencia e con calar, ben te podes gobernar.** (ms10,075r: D.E.)
 17291. **Con tres pes abriste camiño: pan, pacencia e padriño.** (ms10,085r: D.E.)
 17292. **Dios nos dé a ira, que a pacencia xa nós a temos.**⁵⁴³⁰ (ms15,01: Carré Aldao / M. González Fernández)
 17293. **Dios nos dea pacencia e mal sin interquencia.** (ms10,075r: D.E.)
 17294. **Dios nos día ira que pacencia xa a temos.**⁵⁴³¹ (ms15,18 / ms10,075r: D.E.)
 17295. **Hai que ter pacencia, tamén a tuvo Xan d'Outeiro.**⁵⁴³² (ms: La Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
 Var.: *Como Xan de Outeiro, que estuvo tres días viudo e durmiu dúas noites coa criada.* (ms4: C.A. A Nosa Terra)

⁵⁴²⁴ O orixinal di: *Ovella cornuda e vaca barriguda, nona troques por ningunha.*

⁵⁴²⁵ En ms10 s.v. *Oveja.*

⁵⁴²⁶ En ms10 s.v. *Oveja.*

⁵⁴²⁷ En ms10 s.v. *Oveja.*

⁵⁴²⁸ En ms10 s.v. *Oveja.*

⁵⁴²⁹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵⁴³⁰ M. González Fernández: *xa no la temos.*

⁵⁴³¹ ms10,075r: *nos dea.*

⁵⁴³² ms-LU: *de Outeiro.*

17296. **Mexan por min e hai que decir que chove.**⁵⁴³³ (ms: Corme)
 17297. **O que non s'espera é o que primeiro chega.** (ms15,16)
 17298. **Si Xan ten bon viño, xa se dirá.** (ms8,17r: Silvarrey)
 17299. **Xogar e perder, pagar e calar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

PACIENCIA FORZOSA

17300. **A mal dar, pacencia e barallar.** (ms16: D.E.)
 (es) *A mal dar, paciencia y barajar.* (R. Marín)
 17301. **Despós da perda, remedio.**⁵⁴³⁴ (ms8,60v e ms16: Trives)
 17302. **Dispois da perda, pacencia.**⁵⁴³⁵ (ms8,60v e ms16: Betanzos)
 17303. **Quen máis non pode co seu mal dorme.**⁵⁴³⁶ (ms16 e ms10,036r: Lugo)
 (es) *Quien más no puede, con su mal duerme.* (Correas)
 17304. **Quen máis no pode co seu mal se morre.** (ms16: D.E.)
 (es) *Quien má no puede, con su mal se muere.* (Correas)

PACIENCIA VOLUNTARIA

17305. **Cando mal, sopas.** (ms16: Muros, Artaza)
 17306. **Dios nos dea pacencia e morte con penitencia.** (ms16: Lugo)
 17307. **Dios nos dea pan e pacencia e morte con penitencia.** (ms16: D.E.)
 (es) *Dios nos dé paciencia y muerte con penitencia.* (Correas)
 17308. **Este mundo así o topamos e así o temos que deixar.**⁵⁴³⁷ (ms16 e ms10,047r: D.E.)
 (es) *Así hallamos el mundo, y así lo hemos de dejar.* (H.)
 17309. **Ó feito peito.** (ms16: Sarria)
 (es) *A lo hecho, pecho.* (R. Marín)
 17310. **O fol e a taleiga, o que lles botan, eso levan.**⁵⁴³⁸ (ms16 e ms10,022v: D.E.)

⁵⁴³³ Contén a indicación *Paciencia.*

⁵⁴³⁴ ms16: *Despois.*

⁵⁴³⁵ ms8,60v: *Despós.*

⁵⁴³⁶ En ms10 s.v. *Mal.*

⁵⁴³⁷ En ms10 s.v. *Mundo.*

⁵⁴³⁸ En ms10 s.v. *Odre.*

- (es) *El costal y la talega, lo que echan eso lleva.* (Correas)
17311. **O mal crece con calar.** ⁵⁴³⁹ (ms16 e ms10,035v: D.E.)
(es) *El mal crece con callar.* (R. Marín)
17312. **Pacencia nos dea Dios que traballos non han de faltar.** ⁵⁴⁴⁰ (ms16: Lugo)
17313. **Sempre millor e nunca peor.** (ms16: Lugo)
(es) *Siempre mejor y nunca peor.* (R. Marín)
17314. **Unha mala noite calquera a pasa.** (ms16: Lugo)
(es) *Una noche mala cualquiera la pasa; y pasábalas todas.* (Correas)
17315. **Xa que non hai fogazas veñan as pandeiradas.** ⁵⁴⁴¹ (ms16 e ms10,022v: D.E.)
(es) *A falta de hogazas, vengan sonajas.* (R. Marín)
17316. **Xan de Outeiro ca súa pacencia quedou solteiro.** ⁵⁴⁴² (mc e ms16: Santiago)
- RECOMENDACIONES DE PACIENCIA**
17317. **A mal feito, rogo e peito.** ⁵⁴⁴³ (ms16 e ms10,019r: D.E.)
(es) *A mal fecho, ruego e pecho.* (S.)
17318. **A mal tempo boa cara.** ⁵⁴⁴⁴ (mc: Sarria / ms16: Lugo)
(es) *A mal tiempo, buena cara.* (R. Marín)
17319. **Antes de acabar non te alabarás.** ⁵⁴⁴⁵ (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
17320. **Canta a ra e non ten pelo nin la.** (ms16)
(es) *Canta la rana y no tiene pelo ni lana.* (Correas)
17321. **Con pacencia gánase o ceo.** (ms: C.A. A Nosa Terra / ms10,075r: D.E.)
(es) *Con la paciencia se gana el cielo.* (R. Marín) (ct) *Ab paciència es guanya el cèl.* (Alberola)
17322. **Conténtate co teu e deixa a cada cal o seu.** (ms16: D.E.)
(es) *Contentaos con lo vuestro y dejad lo ajeno.* (Correas)
17323. **Non se chega a Roma nun día.** (ms15,24r: Castroverde)

⁵⁴³⁹ En ms10 s.v. *Mal*.

⁵⁴⁴⁰ V. *Dios dea saúde que traballos non han faltar en Trabajo.*

⁵⁴⁴¹ En ms10 s.v. *Hogaza*.

⁵⁴⁴² ms: *d'Outeiro*.

⁵⁴⁴³ En ms10 s.v. *Hecho*.

⁵⁴⁴⁴ V. *A mal ano, boa cara en Agrícolas (Generales)*.

⁵⁴⁴⁵ O orixinal di: *Antes de acabar non te alabrarás*.

17324. **Non se fixo Lugo nun día.** (ms10,049v: Silvarrey)
17325. **Ó mal tempo, boa cara.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
17326. **O que na outra vida queira gozar, nesta ten moitas que pasar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
17327. **O que na outra vida queira gozar, neste mundo ten moitas que pasar.** (ms16: Tuiriz, Monforte)
17328. **O que non pode facer o que quere, faga o que poida.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien no puede hacer lo que quiere, haga lo que puede.* (R. Marín)
17329. **Ó que non pode ser, pacencia.** ⁵⁴⁴⁶ (ms16: Lugo / ms10,120r: D.E.)
(es) *A lo que no puede ser, paciencia.* (R. Marín)
17330. **O que pasou o máis que pase o menos.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien pasó lo más que pase lo menos.* (R. Marín)
17331. **O que s'ensaña, perde máis ca gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
17332. **Ó viño i-á xente nova, pra ser bos, hai qu'esperarlles tempo.** ⁵⁴⁴⁷ (ms15,18v)
17333. **Pra calquera door a pacencia é o millor.** (ms16: Lugo)
Var.: *Pra un door calquera o millor remedio é a pacencia.* (ms16 e ms10,009v: D.E.) ⁵⁴⁴⁸
(es) *A cualquier dolor, paciencia es lo mejor.* (R. Marín)

PADECER

17334. **Ben burro é o que padece por culpas que outro merece.** (ms10,075r: D.E.)
17335. **Máis val padecer que morrer.** (ms10,075r: D.E.)
17336. **Millor é padecer que máis padecer.** (ms10,075r: D.E.)
17337. **Non padece o que non encañece.** (ms10,075r: D.E.)

PADRES. V. tamén *Familia. Parientes*.

17338. **A pai aforrador, fillo gastador.** (ms10,076r: D.E.)
17339. **A pai avarento, fillo farrento.** (ms10,076r: D.E.)

⁵⁴⁴⁶ En ms10 s.v. *Ser*.

⁵⁴⁴⁷ O orixinal di: *O viño y a xente nova, pra ser bos hay q'esperarlles tempo.*

⁵⁴⁴⁸ En ms10 s.v. *Dolor*.

17340. **A pai que é gastador saílle un fillo gastador.** (ms10,076r: D.E.)
17341. **As fadas dos pais non caen nas pallas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
17342. **Cada un é pai dos seus fillos.** (ms10,076r: D.E.)
17343. **Cando meu pai de vosté me trata, ou quierme bater ou cerca lle anda.** (ms10,076r: D.E.)
17344. **Contra un pai non hai razón.** (mc: Tuiriz / ms16)
Var.: *Contra un pai nunca hay razón.* (ms15,019)
(es) *No hay contra un padre razón.* (Sbarbi)
/ *Contra un padre no hay razón.* (R. Marín)
17345. **De pai a pai, pouco vai.** (ms10,076r: D.E.)
17346. **De pai coxo fillo trencó.** (ms10,076r: D.E.)
17347. **De pai santo fillo diaño.** (ms10,076r: D.E.)
17348. **De tales pais tales fillos.** (ms10,076r: D.E.)
17349. **Deixemos pais e abós, e por nós seámos bos.** (ms10,076r: D.E.)
17350. **Entre pais e irmáns non metades as mans.** (ms10,076r: D.E.)
17351. **Entre pais, fillos e irmáns non metades as mans.** (ms10,076r: D.E.)
17352. **Fanas os pais e págnas os fillos.** (ms8,13r: Betanzos)
17353. **Mal o pai que non se fai.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
17354. **Meu pai chámase fogaza i-eu mórrome de fame.** (ms10,076r: D.E.)
17355. **Nosos pais a pulgadas e nós a brazadas.** (ms10,076r: D.E.)
17356. **Ó escarabello os seus fillos parécenlle ouro fino.** ⁵⁴⁴⁹ (ms16 e ms10,013v: D.E.)
(es) *El escarabajo a sus hijos dice granos de oro.* (Z.)
17357. **O pai de fillos na casa se mete.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
17358. **O pai que abandona o fillo i-o fillo que deixa o pai, nunca paz terán.** (ms5,121: Trapero)
17359. **Ó que non tén pai nin nai, Dios lle val.** (ms10,076r: D.E.)
17360. **Os pais a xugadas e os fillos a pulgadas.** (ms10,076r: D.E.)
17361. **Pai non tiveche, nai non temeche, e mal fillo te fixeche.** (ms10,076r: D.E.)
17362. **Predíqueme, pai, que por un ouvido me entra e por outro me sai.** (ms10,076r: D.E.)
17363. **Pró seu pai non hai fillo feo.** (ms10,076r: D.E.)
17364. **Quen ten o seu pai alcalde, ben seguro vai ó xuicio.** (ms10,076r: D.E.)
17365. **Quen ten pais na vila, sete veces lle amañece ó día.** (ms10,076r: D.E.)
17366. **Tendo pai, todo o mundo ten de quen tirar.** (ms)
17367. **Tirádevos, pai, e pasará miña nai.** (ms10,076r: D.E.)
- PADRINOS**
17368. **Cando os afillados están feitos, non faltan padriños.** (mc e ms16: Carballedo)
17369. **O que non ten padriño, afórcano.** (ms10,075r: D.E.)
17370. **O que ten padrinos, bautízase tanto aquí como na China.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
17371. **Padriño de boda e alcalde de aldea, o demo que o sea.** (ms10,075r: D.E.)
- PAGOS.** V. tamén *Comercio, Deudas, Fiar, Plazo.*
17372. **A mala paga cobrala, siquera en palla.** (ms10,075r: D.E.)
17373. **A mala paga, anque sea en palla.** (ms10,075r: D.E.)
17374. **A millor paga é o seu pra cada seu.** (ms10,075r: D.E.)
17375. **Bo pagar fai bo xantar e non moito rogar.** (ms10,075r: D.E.)
17376. **Chafar chafoume, mais como pagar, o viño pagoume.** (ms4: L.G.)
17377. **Do que non me pago, xordo me fago.** (ms10,076r: D.E.)
17378. **En tres pagar: tarde, mal e nunca.** (ms10,075r: D.E.)
17379. **O pagar e o morrer, canto máis tarde poda ser.** (ms10,075r: D.E.)
17380. **O que pensa pagar, non lle doien prendas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
17381. **Onde pago cago.** ⁵⁴⁵⁰ (ms4: M.L. / ms10,075r: D.E.)
17382. **Quen descobre a alcabala, ese a paga.** (ms16: D.E.)
(es) *Quien descubre la alcabala, ese la paga.* (M. Kleiser)

⁵⁴⁴⁹ En ms10 s.v. *Escarabajo*.

⁵⁴⁵⁰ ms4: *Onde pago c.* En ms10 s.v. *Pagos*.

17383. **Quen non debe nada, con ben pouco paga.** ⁵⁴⁵¹ (ms16 e ms10,002r: D.E.)
(es) *Quien no te debe nada, con poco te paga.* (R. Marín)
17384. **Quen vos debe que vos pague.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien vos debe que vos pague.* (Correas)
17385. **Tarde, mal e nunca son tres pagas.** (ms10,075r: D.E.)

MALOS PAGADORES

17386. **De deber a pagar hai moito camiño que andar.** (ms16: D.E.)
(es) *De deber a pagar hay mucho que andar.* (R. Marín)
17387. **O deber é tan antigo como o non pagar.** ⁵⁴⁵² (ms16 e ms10,002r: D.E.)
(es) *El no pagar es tan antiguo como el deber.* (R. Marín)
17388. **Ó mal pagador nunca lle faltan desculpas.** (ms8,27v: Silvarrey)
17389. **O mal pagador nunca ten diñeiro.** (ms16: Sarria)
17390. **O que non quere pagar, nunca ten diñeiro.** (ms: Palas de Rey)

PAGOS A ESCOTE

17391. **A escote nada hai caro.** (mc)
Var.: *A escote nada é caro.* (C.A. / ms16 e ms10,013v: D.E.)
(es) *A escote, no hay nada caro.* (Sbarbi) / *A escote, no hay pegote.* (R. Marín) / *A escote, nada es caro.* (R. Marín)
17392. **A escote, un boi.** (mc: M.L.)
Var.: *A escote, anque sea un boi.* (ms16: D.E.)
(es) *Entre muchos, a poco se cabe.* (R. Marín)
Porque *a escote, nada é caro.*
17393. **Entre moitos toca a pouco.** (ms16: Lugo)
(es) *Entre muchos a poco se toca.* (R. Marín)

PAGOS AL CONTADO

17394. **Obra feita diñeiro espera.** (ms16: Lugo)
(es) *Obra hecha, dinero espera.* (S.)

PAGOS ANTICIPADOS

17395. **Gaita paga non fai son.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
17396. **Nunca ben toca gaiteriño pago.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
17397. **O gaiteiro pago nunca ben toca.** ⁵⁴⁵³ (mc: Santiago)
Var.: *Gaiteiro pago nunca ben toca.* (ms5,133 / ms16: Santiago / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / José Manuel Area Alonso / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C / ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
(es) *Tamborilero pagado hace mal son.* (M. Kleiser)
17398. **O que bebe pra olvidar, pague antes de empezar.** (ms15,02: Silvarrey)
17399. **Si bebes pra olvidar, paga antes de empezar.** ⁵⁴⁵⁴ (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
17400. **Traballo pagado, nunca é entregado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)

PAGOS INDEBIDOS

17401. **O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar outra vez.** ⁵⁴⁵⁵ (mc: F.B.B. / ms16: D.E.)
Var.: *O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar pra tres.* (R. Caruncho)
(es) *Quien debe a Pedro y paga a Andrés, que pague otra vez.* (Z.)
17402. **O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que ganar para tres.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
17403. **O que paga a Xan e debe a Andrés, ten que pagar outra vez.** ⁵⁴⁵⁶ (mc e ms16: M.V. / ms21,25r: Bermés)
Var.: Como: *O que debe a Xan e paga a Andrés...*
(pt) *Quem deve a Pedro e paga a Garpar, que torne a pagar.* (Chaves) (es) *Quien debe a Juan y paga a Andrés / Vicente, paga dos veces.* (R. Marín) / *Quien paga a quien no debe, pague dos veces.* (Id.)

⁵⁴⁵³ ms: *U cego.*

⁵⁴⁵⁴ O orixinal di: *Si bebes pra olvidar paga ante de empezar.*

⁵⁴⁵⁵ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Deudas*.

⁵⁴⁵⁶ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Deudas*.

⁵⁴⁵¹ En ms10 s.v. *Deber*.

⁵⁴⁵² En ms10 s.v. *Deber*.

17404. **Quen paga mal, ten que volver a pagar.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien paga mal, que vuelva a pagar.*
(R. Marín)

PAJAR

17405. **Cando se acende o palleiro, arde máis axiña o vello.** (ms10,078r: D.E.)
17406. **De palleiro que arde, faíscas saen.** (ms10,078r: D.E.)
17407. **No palleiro ben dorme o que anda ó vintimpeiro.** (ms10,078r: D.E.)
17408. **No palleiro non fagas lume nin co esqueiro.** (ms10,078r: D.E.)
17409. **O palleiro vello arde máis axiña.** (ms10,078r: D.E.)
17410. **O palleiro vello, cando se acende, é malo de apagar.** (ms10,078r: D.E.)
17411. **O vello palleiro, cando se acende, arde todo enteiro.** (ms10,078r: D.E.)
17412. **Pallas ó palleiro, galiñas ó galiñeiro.** (ms10,078r: D.E.)
17413. **Pallas ó palleiro, vellas ó fiadeiro.** (ms10,078r: D.E.)
17414. **Palleiro sin palla non se pode facer.** (ms10,078r: D.E.)
17415. **Palleiro vello logo se acende.** (ms10,078r: D.E.)
17416. **Palleiro vello logo se queima.** (ms10,078r: D.E.)
17417. **Ti enche o palleiro de palla ou pallocoiro.** (ms10,078r: D.E.)

PÁJAROS. V. tamén *Anduriña, Aves, Caza, Coruxa, Cucillo, Cuervos, Gallinas, Gallo, Gaviota, Gorrión.*

17418. **A pequeno paxariño pequeno niño.** (ms10,084r: D.E.)
17419. **Cada paxariño fai o seu niño.** (ms10,084r: D.E.)
17420. **Cada paxariño ten o seu figadiño.** (ms10,084r: D.E.)
17421. **De "toma un paxaro" a "daca un paxaro" van dous paxaros.** (ms10,084r: D.E.)
17422. **Máis val na man un paxaro que un cento voando.** (ms10,084r: D.E.)
17423. **Ó paxariño que se ha de perder, aas lle han de nacer.** (ms10,084r: D.E.)
17424. **Paxariño solto, paxariño morto.** (ms10,084r: D.E.)
17425. **Paxaro calado non fai mal agoiro.** (ms10,084r: D.E.)
17426. **Paxaro de mal natío o que caga no niño.** (ms10,084r: D.E.)

17427. **Paxaro trigueiro, non-o quero no meu celeiro.** ⁵⁴⁵⁷ (ms10,084r: D.E.)

17428. **Paxaro vello non cai na gaiola.** (ms10,084r: D.E.)

17429. **Ruín paxaro, ruín cantar.** (ms10,084r: D.E.)

17430. **Tal o paxariño tal o niño.** (ms10,084r: D.E.)

17431. **Tal paxaro tal ovo.** (ms10,084r: D.E.)

PAJAS

17432. **As pallas á palleira e as donas á lareira.** (ms10,077r: D.E.)

17433. **As pallas no palleiro e as mulleres no trasfugueiro.** (ms10,077r: D.E.)

17434. **O mal amigo deixa a palla e leva o trigo.** (ms10,077r: D.E.)

17435. **Palla triga fai medida.** (ms10,077r: D.E.)

17436. **Por unha palla arde un palleiro.** (ms10,077r: D.E.)

17437. **Val máis palla que nada.** (ms10,077r: D.E.)

DESCONOCIMIENTO PROPIO

17438. **Cada un ve a palla no ollo do seu veciño e non ve a viga no propio.** (ms10,077r: D.E.)

PALABRAS

17439. **A dúas palabras, tres parvadas.** (ms10,076r: D.E.)

17440. **A millor palabra é a que queda no corpo.** (ms10,076r: D.E.)

17441. **A palabra son os cornos do home.** (ms17,002)

17442. **As palabras han ser contadas e ben pesadas.** (ms10,076r: D.E.)

17443. **As palabras lévaas o vento.** ⁵⁴⁵⁸ (ms16: Sarria)

17444. **A palabras parvas ouvidos de mercader.** (ms10,076r: D.E.)

17445. **As malas palabras a moitos danan.** (ms10,076r: D.E.)

17446. **As moitas palabras son sinal de poucas obras.** (ms10,076r: D.E.)

17447. **As palabras son com'as cereixas: unhas noutras s'enguerellan.** (ms15,19v)

⁵⁴⁵⁷ O orixinal di: *Paxaro trigueiro, nono quero no meu celeiro.*

⁵⁴⁵⁸ O orixinal di *As palabras lev'as o vento.*

17448. **As palabras son femias e os feitos son machos.** (ms10,076r: D.E.)
17449. **Calquera palabra non ten resposta boa nin mala.** (ms10,076r: D.E.)
17450. **Coas palabras de doutrina non guisa a cociña.** (ms10,077r: D.E.)
17451. **Decir un palabras de santo e bota-las unllas como o gato.** ⁵⁴⁵⁹ (ms10,077r: D.E.)
17452. **Máis daña viciosa razón que largo sermón.** ⁵⁴⁶⁰ (ms: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(es) *Más daña viciosa razón que enmienda un largo sermón.*
17453. **Nin boa palabra nin boa obra.** (ms10,077r: D.E.)
17454. **Non habería palabra mal dita se non fose mal entendida.** (ms10,077r: D.E.)
17455. **Non hai millor palabra que a que se cala.** (ms10,077r: D.E.)
17456. **Non hai palabra que pouco ou moito algo non valla.** (ms10,077r: D.E.)
17457. **Non toda palabra quer resposta.** (ms10,077r: D.E.)
17458. **Non valen palabras prá miña tía, que inda das boas obras non se fía.** (ms10,077r: D.E.)
17459. **Palabra de boca, pedra de fonda.** (ms10,077r: D.E.)
17460. **Palabra dita e pedra solta non teñen volta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17461. **Palabra dita non pode ser recollida.** (ms10,077r: D.E.)
17462. **Palabra e bala solta non ten volta.** (ms4: J.P.)
17463. **Palabra e pedra solta non teñen volta.** ⁵⁴⁶¹ (mc: J.P. / ms16 / ms21,27v: Bermés)
Var.: *Palabra e pedra solta non teñen volta.* (F.B.B.) / *Pedra que sale da man non volve a ela. / A palabra e a pedra solta non teñen volta.* (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms10,077r: D.E.) ⁵⁴⁶²
(pt) *A pedra e a palavra não torna depois de lançada.* (Chaves) / *Palavra e pedra solta, atrás não volta.* (Id.) / *Palavra fora da boca e pedra fora da mão não voltam atrás. / Seta despedida, não volta ao arco.*
- (Id.) (es) *Palabra y piedra suelta, no tienen vuelta.* (R. Marín) / *Palabra que se escapó, escapada se quedó.* (Id.) (ct) *Paraula y pedra solta, no tenen vòlta.* (Alberola)
17464. **Palabra e perla solta non ten volta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17465. **Palabra fóra da boca é pedra fóra da man.** (ms10,077r: D.E.)
17466. **Palabra por decir non ten chata.** (mc: F.B.B. / mc e ms16: Santiago / ms21,22r: Bermés)
17467. **Palabra por decir non ten chata.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
17468. **Palabra que se solta non se pode recoller.** (ms10,077r: D.E.)
17469. **Palabras de peso non queren testigos.** (ms10,077r: D.E.)
17470. **Palabras de santo firen ás veces como unllas de gatos.** (ms10,077r: D.E.)
17471. **Palabras sin feitos, gaita sin punteiro.** (ms10,077r: D.E.)
17472. **Palabras sin obras, guitarra sin cordas.** (ms10,077r: D.E.)
17473. **Palabras soilas non poñen ó lume a ola.** (ms10,077r: D.E.)
17474. **Sanan cuchiladas e non malas palabras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
17475. **Se pola miña palabra me perdo, na miña palabra me cago e me mexo.** (ms10,077r: D.E.)
17476. **Unha mala palabra é coma unha coitelada.** (ms10,077r: D.E.)
17477. **Unha mala palabra non racha a roupa, pero esgaza a ialma.** ⁵⁴⁶³ (ms10,077r: D.E.)
17478. **Vai a palabra de boca en boca como o vento de folla en folla.** (ms10,077r: D.E.)

PALO

17479. **De tal pau tal racha.** (ms10,084r: D.E.)
17480. **Non hai millor razón que a do pau.** (ms10,084r: D.E.)
17481. **Se teño eu pau, ¿por que llo hei de deixar a quen co el me pode dar?** (ms10,084r: D.E.)
17482. **Un pau soilo mata un home.** (ms10,084r: D.E.)

⁵⁴⁵⁹ O orixinal di: *Decir un palabras de santo, e botalas unllas como o gato.*

⁵⁴⁶⁰ Contén a indicación *Pocas y muchas palabras.*

⁵⁴⁶¹ mc, ms16, ms21,27v: *non ten volta.* Jacinto del Prado recolle o refrán só coa forma *non teñen volta.* A diferenza con respecto ós rexistrados por Vázquez Saco pode deberse a erro de transcripción.

⁵⁴⁶² ms10: *i a pedra*

⁵⁴⁶³ O orixinal di: *Unha mala palabra non racha a roupa, pero esgaza a i-alma.*

PALOMAR

17483. **Haxa cebo no pombal, que as pombas non faltarán.** (ms10,094r: D.E.)
 17484. **Ó pombal caído non vale botarlle trigo.** (ms10,094r: D.E.)
 17485. **O pombal esborrallado non precisa ter tellado.** (ms10,094r: D.E.)
 17486. **Ti ten grans no teu pombal, que as pombas xa che virán.** (ms10,094r: D.E.)

PAN. V. tamén *Hambre. Gastronomía, Maíz, Trigo.*

17487. **A avea é panadeira.** (ms21,06r: Bermés)
 17488. **Á mesa sin pan non te poñas a xantar.** (ms10,078r: D.E.)
 17489. **A pan de quinze días, fame de tres semanas.** (ms10,078r: D.E.)
 17490. **A quen come ben o pan, é pecado darlle compango.** (ms10,078r: D.E.)
 17491. **A quen come pan, migallas lle quedarán.** (ms10,078r: D.E.)
 17492. **A quen lle sobre pan, que manteña ben o can.** (ms10,078r: D.E.)
 17493. **A quen ten can e capelo nunca lle falta mancebo.** (ms10,078r: D.E.)
 17494. **Antes o pan que o viño e antes o touciño que o viño.** (ms10,078r: D.E.)
 17495. **Antes pan que viño, antes viño que touciño e antes touciño que liño.** (ms10,078r: D.E.)
 17496. **Auga e pan, na barriga sopas fan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
 17497. **Auga e pan, sopas na barriga fan.** (mc: *Dicc. Ac.* / ms16: D.E. / ms18,68r: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))
 (es) *Agua y pan, sopas serán.* (R. Marín)
 17498. **Benia o pan que presta i-a moza que o come.** (ms10,078r: D.E.)
 17499. **Bo é o pan con algo de compango máis.** (ms10,078r: D.E.)
 17500. **Bo é o pan con algo máis.** (ms10,078r: D.E.)
 17501. **Bocado de mal pan, non-o comas nen o deas ó teu can.** (ms16: D.E.)
 (es) *Bocado de mal pan, ni lo comas ni lo des a tu can.* (S.)
 17502. **Busca pan pra maio e leña pra abril e bótate a dormir.** (ms10,078r: D.E.)
 17503. **Cada meniño ó nacer traí un pan baixo do brazo.** (ms10,078r: D.E.)
 17504. **Cando comas pan quente, non bebas auga fría.** (ms10,078r: D.E.)

17505. **Cando fores ó chan alleeiro, leva o pan no capelo.** (ms10,078r: D.E.)
 17506. **Cando o home ten leiras que traballar e a muller fariña que amasar, na casa non falta pan.** (ms10,078r: D.E.)
 17507. **Con ben pan e moita leña, o inverno a ninguién empeña.** (ms10,078r: D.E.)
 17508. **Con pan e con pau.** (ms10,078r: D.E.)
 17509. **Chova ou non chova, pan ha de haber de sobra.** (ms10,078r: D.E.)
 17510. **Dáme pan e di que son parvo.** (ms10,078r: D.E.)
 17511. **Dar do pan e do pau.** (ms10,078r: D.E.)
 17512. **Do pan encetado calquera pilla un bocado.** (ms10,078r: D.E.)
 17513. **É millor pan duro que figo maduro.** (ms10,079r: D.E.)
 17514. **En todas partes cocen pan.** (ms10,079r: D.E.)
 17515. **Hastra san Xoán toda a herba é pan.** (ms10,079r: D.E.)
 17516. **Inda agora se come o pan da boda.** (ms10,079r: D.E.)
 17517. **Máis que ningún bolo, quero o que se fai no forno.** (ms16: D.E.)
 17518. **Máis val pan con mel que pan sin el.** (ms10,079r: D.E.)
 17519. **Millor é un pouco pan duro que un figo enteiro maduro.** (ms10,079r: D.E.)
 17520. **Na casa do home honrado, carne gorda e pan delgado.** ⁵⁴⁶⁴ (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 17521. **Nen o teu pan en sopas nin o teu viño en probas.** (ms10,079r: D.E.)
 17522. **Nin o teu pan en bolas nin o teu viño en sopas.** (ms10,079r: D.E.)
 17523. **Nin o teu pan en roscas nin o teu viño en botas.** (ms10,079r: D.E.)
 17524. **Non lle negues pan ó probe que de porta en porta vai, que ese amóstrache o camiño que mañán podes levar.** (ms10,079r: D.E.)
 17525. **Nunca está sin pan a casa en que se traballa.** (ms10,079r: D.E.)
 17526. **Ó enforñar fanse os pas tortos.** (ms10,079r: D.E.)
 17527. **Ó enforñar tórcense os pas.** (ms10,079r: D.E.)

⁵⁴⁶⁴ ms-LU: *hom'honrado.*

17528. **O moito pan tamén chega a cansar.** (ms10,079r: D.E.)
17529. **O pan ben arrendado échelle a eira ó seu amo.** (ms10,079r: D.E.)
17530. **O pan centeo é bo cando é alleo.** (ms10,079r: D.E.)
17531. **O pan da casa farta.** (ms10,079r: D.E.)
17532. **O pan hai que partilo a tódolos coitelos.** (ms15,11)
17533. **O pan polo coor e o viño polo sabor.** (ms10,079r: D.E.)
17534. **O pan que foi ben sachado enche o horrio do seu amo.** (ms10,079r: D.E.)
17535. **O pan que non se vende despois d'ir á feira, é como a fariña que non se peneira.** (ms10,079r: D.E.)
17536. **O pan, ás dúas codias, lévase moi ben.**⁵⁴⁶⁵ (ms5,138 e ms16: Lalín)
17537. **O pan, con ollos; o queixo, cego, e o viño, anexo.** (ms10,079r: D.E.)
17538. **O que come ben o pan é pecado o compango que lle dan.** (ms10,079r: D.E.)
17539. **O que non ten pan, teno que buscar, porque sin comer non se pode pasar.** (ms10,079r: D.E.)
17540. **Onde hai pan non hai fame.** (ms10,079r: D.E.)
17541. **Onde hai pan sempre hai fartura.** (ms10,079r: D.E.)
17542. **Onde non hai pan non-o comen os ratos.**⁵⁴⁶⁶ (ms10,079r: D.E.)
17543. **Onde non hai pan, vaise hastra o can.** (ms10,079r: D.E.)
17544. **Onde pan se come, migallas quedan.** (ms10,079r: D.E.)
17545. **Pan albeiro ou pan centeo, millor quero do meu que do alleo.** (ms10,079r: D.E.)
17546. **Pan albeiro, máis val na barriga que no seo.** (ms10,079r: D.E.)
17547. **Pan alleo, caro costa.**⁵⁴⁶⁷ (mc: J.P. / ms16: Jacinto Prado?)
(pt) *Pão alheio caro custa* (ou *tem bom gosto*). (Chaves) / *Pão do vizinho tira fastio*. (Id.) (es) *Pan ajeno, caro cuesta*. (Correas) / *Pan ajeno quita deseo*. (R. Marín) / *Pan ajeno, nunca sabroso ni tierno*. (Id.)
Los beneficios y favores que se reciben, exigen correspondencia.
17548. **Pan balorento alegre ó famento.** (ms10,079r: D.E.)
17549. **Pan ben sachado échelle o cabazo ó amo.** (ms10,079r: D.E.)
17550. **Pan centeo, antes comido que no seo.** (ms10,080r: D.E.)
17551. **Pan centeo, millor no meu papo que no alleo.** (ms10,080r: D.E.)
17552. **Pan con fartura cansa logo se moito dura.** (ms10,080r: D.E.)
17553. **Pan con ollos, queixo sin ollos e viño que salte ós ollos.** (ms16)
Var.: *Pan con ollos e queixo sin ollos*. (ms16: Lugo)
(es) *El pan, con ojos; el queso, sin ellos; y el vino que sale a ellos*. (Correas)
17554. **Pan con pan, comida de bobos.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C / Francisco Canosa Quintáns)
17555. **Pan con pan, comida de lobos.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
17556. **Pan con pan, compango de lobos.** (ms21,18r: Bermés)
17557. **Pan da miña falchoca, como el non me falte, todo me sobra.** (ms10,080r: D.E.)
17558. **Pan de onte e carne de hoxe e viño de antano, salú pra todo o ano.** (ms10,080r: D.E.)
17559. **Pan de onte, carne de hoxe e viño de antano manteñen o home sano.** (ms10,080r: D.E.)
17560. **Pan de panadeira e viño de taberna, nin farta nin goberna.** (ms10,080r: D.E.)
17561. **Pan de trigo ou de centeo, quéroo máis no meu ventre que no alleo.** (ms10,080r: D.E.)
17562. **Pan de boda é carne que consola a quen a coma.** (ms10,080r: D.E.)
17563. **Pan de boda, quen-o queira comer que o coma.** (ms10,080r: D.E.)
17564. **Pan do monte, pan de moitos.**⁵⁴⁶⁸ (mc e ms16: Paradela)
17565. **Pan e auga, sopas.** (ms10,080r: D.E.)
17566. **Pan e viño andan camiño millor que mozo garrido.** (ms10,080r: D.E.)
17567. **Pan liviano e queixo pesado.** (ms16)

⁵⁴⁶⁵ ms5: *mui ben*.

⁵⁴⁶⁶ O orixinal di: *Onde non hai pan nono comen os ratos*.

⁵⁴⁶⁷ Aínda que no ms16 aparece a referencia *Jacinto Prado* con interrogante, este refrán está rexistrado por Jacinto del Prado.

⁵⁴⁶⁸ ms16: *de monte*.

(es) *El pan de poco peso, y de mucho, el queso.* (R. Marín)

17568. **Pan mal amasado non pide bocado.** (ms10,080r: D.E.)

17569. **Pan mol, moito na man e pouco no fol.** (ms10,080r: D.E.)

17570. **Pan por pan e viño por viño.** (ms10,078r: D.E.)

17571. **Pan pra hoxe, fame pra mañán.** (ms10,080r: D.E.)

17572. **Pan pra maio e leña pra abril, e o millor cepón pra maio o compón.** (ms10,080r: D.E.)

17573. **Pan que sobre, carne que abonde, viño que non falte e alegría que abaste.** (ms10,080r: D.E.)

17574. **Pan, con fartura; e viño con mesura.** (ms10,080r: D.E.)

17575. **Pan, viño e carne quitan a fame.** (ms10,080r: D.E.)

17576. **Pra pan e cebola é mester cazola.** (ms10,080r: D.E.)

17577. **¿Pra que queres millor pan que o pantrigo?** (ms10,080r: D.E.)

17578. **Quen aforra o pan non quer ben ós fillos.** (ms10,080r: D.E.)

17579. **Quen di pan di fartura.** (ms10,080r: D.E.)

17580. **Quen se mantén de pan, moi mal mantido non vai.** (ms10,080r: D.E.)

17581. **Quero saber de qué pan me hei manter.** (ms10,080r: D.E.)

17582. **Se queres coller pan, ara polo san Xoán.** (ms10,080r: D.E.)

17583. **Sen pan nin viño non se anda ben o camiño.** (ms10,080r: D.E.)

17584. **Tanto o pan coma o queixo e tanto o queixo coma o pan, cómo se mo dan.** (ms10,080r: D.E.)

17585. **Tanto queixo como pan non se debe dar.** (ms10,080r: D.E.)

17586. **Val máis que sobre pan que non que falte viño.** (ms10,080r: D.E.)

17587. **Vale máis pouco pan duro que fame de nove días.** (ms10,080r: D.E.)

EL PAN COMO ALIMENTO

17588. **Cando non hai pan fanse sopas.** (ms8,50r: Trives)

17589. **Con cacho de pan e taza de viño xa se anda o camiño.** (mc e ms16: Santiago)

17590. **Con cacho de pan e unha taza de viño xa se anda o camiño.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)

17591. **Con pan e con viño ándase o camiño.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)

17592. **Con pan e viño anda o home camiño pero con xamón non ten comparación.** (ms5,029)

17593. **Con pan e viño ándase camiño.** (ms-SA: Manuel Gómez Vilar / M. González Fernández / ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

17594. **Con pan e viño ándase o camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17595. **Con pan e viño pásase o camiño.** (ms21,02v: Bermés)

17596. **Con pan e viño xa s'anda o camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Martiño de Mato, Taboada, LU)

17597. **Con pan e viño xa se anda camiño.** ⁵⁴⁶⁹ (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms21,10r: Bermés)
Var.: *Con pan e viño xa se anda o camiño, e se tes carne, anque sea toda tarde.*

(pt) *Com pão e vinho se anda caminho.* (Chaves) (es) *Con pan y vino se anda el camino.* (R. Marín) / *Con pan, vino y carne de cochino se pasa bien el mal camino.* (Id.)

17598. **Con pan e viño xa se pasa o camiño.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)

17599. **Crían bo sangue o pan, o viño i-a carne.** (ms16: D.E.)
(es) *Pan, vino y sangre crian buena carne.* (R. Marín)

17600. **O pan co farelo i-a carne co sangue.** (ms16: Sober)

17601. **O que ten pan non morre de fame.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien tiene pan, de hambre no morirá.* (R. Marín)

17602. **Pan ben feito, comer con xeito; pan podre, comer dobre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17603. **Pan e viño andan camiño.** (mc e ms16: Carballo / ms10,080r: D.E.)
(pt) *Pão e vinho andam caminho que não moço garrido.* (Chaves) (es) *Pan y vino andan camino, que no mozo ardido; o garrido.* (Correas)

17604. **Pan e viño non sentan mal e alegran o gañán.** (mc / ms16: Lugo)

⁵⁴⁶⁹ ms21,10r: s'anda.

17605. **Pan, xamón, touciño e queixo é o que enchen o pelexo.** (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)
 17606. **Pan, xamón, touciño e queixo son os que enchen o pelexo.** (ms16: Santiago)
 Var.: *Pan, xamón e viño añexo son os que enchen o pelexo.* (ms16: Santiago)

EXCELENCIAS DEL PAN

17607. **Coma ben, coma mal, acaba comendo pan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 17608. **Comas ben ou comas mal, arremata con pan.** (mc: Carballedo)
 Var.: *Comas ben, comas mal, tapa a boca con pan.* (mc e ms16: Monforte)
 17609. **Comas ben, comas mal, a boca que che quede de pan.** (mc: Becerreá / ms4: F.V.S. / ms16: Buciños)
 17610. **Comas ben, comas mal, acaba comendo pan.** (mc e ms16: Sober)
 Var.: *Comas ben, comas mal, empeza con viño e acaba con pan.* (ms16: Sober)
 17611. **Comas ben, comas mal, que che sepa algo a pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
 17612. **Comas mel ou azafrán, que che seipa a boca a pan.** (mc / ms16: Lugo)
 Var.: *Comas ben, comas mal, tapa a boca con pan.* (Monforte)
 Todos aconsellan que se terminen las comidas con pan, costumbre bastante arraigada entre nuestros campesinos.
 17613. **Con pan caseiro non vende o panadeiro.** (ms10,078r: D.E.)
 17614. **Pan a fartar e compango a probar.** (mc / ms16: Lugo)
 17615. **Pan e noces saben a amoros.** (mc e ms16: Correas / ms10,080r: D.E.)
 (es) *Pan y nueces saben a amoros.* (Bergua)
 17616. **Pan que sobre, carne que baste e viño que falte.** (ms16: Lugo)
 (es) *Pan que sobre, carne que baste y vino que falte.* (Correas)
 17617. **Sin pan come o can.** (ms15,42: Valle del Mao)

PAN CALIENTE

17618. **Auga fría e pan quente nunca fixeron bon ventre.** ⁵⁴⁷⁰ (mc e ms4: *Dicc. Ac.* / ms16: D.E.)
 / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / J. M. Barral Sánchez)
 (pt) *Água fria e pão quente, nunca fizeram bom ventre.* (Chaves) (es) *Agua fría y pan caliente, nunca hicieron buen vientre.* (Sbarbi) / (ms: Correas). (ct) *Aigua freda y pá calent, causen dolor al ventrell.* (Alberola)
 17619. **Ó pan quente ábrele a gorxa.** ⁵⁴⁷¹ (ms10,079r: D.E.)
 17620. **Pan quente e auga fría era o que a morte quería.** (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S.)
 (pt) *Água fria e pão quente, nunca fizeram bom ventre.* (Chaves) (es) *Pan caliente, mata la gente.* (Castillo) / *Agua fría y pan caliente, mata a la gente.* (Id.) / *Pan caliente, mucho en la mano y poco en el diente.* (Id.) / *Agua fría y pan caliente, nunca hicieron buen vientre.* (Castillo) (ct) *Aigua freda y pá calent, causen dolor al ventrell.* (Alberola)
 17621. **Pan quente e uvas, ás vellas quitan engurras.** ⁵⁴⁷² (ms10,080r: D.E.)
 17622. **Pan quente e viño forte ó vello danlle a morte.** ⁵⁴⁷³ (ms16: Buciños)
 17623. **Pan quente fame mete.** (ms10,080r: D.E.)
 17624. **Pan quente, moito na man e pouco no ventre.** ⁵⁴⁷⁴ (ms10,080r: D.E.)
 17625. **Se pan quente comes, non bebas auga da fonte.** ⁵⁴⁷⁵ (ms10,080r: D.E.)

PAN CASERO Y PAN DE PANADERÍA

17626. **Con leña de romeiro e pan de panadeira o labrador non fai a súa feira.** ⁵⁴⁷⁶ (ms16 e ms10,033r: D.E.)
 17627. **Pan de panadería, nin farta nin medra.** (ms16: Lugo)

⁵⁴⁷⁰ V. *Auga fría e pan quente nunca fixeron o home valente en Medicina. Higiene.* / mc e ms-LU: *vientre*; ms-LU: *bô ventre* / J. M. Barral Sánchez: *bo vientre*.

⁵⁴⁷¹ En ms10 s.v. *Pan*.

⁵⁴⁷² En ms10 s.v. *Pan*.

⁵⁴⁷³ En ms10 s.v. *Pan*.

⁵⁴⁷⁴ En ms10 s.v. *Pan*.

⁵⁴⁷⁵ En ms10 s.v. *Pan*.

⁵⁴⁷⁶ En ms10 s.v. *Leña*.

PAN DE MAÍZ

17628. **A bica fresca non se garda moito tempo n'artesa.** (ms15,17)
17629. **A falta de pan cómese bica.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Pontevedra)
17630. **A falta de pan, boa é a bola de millo.**⁵⁴⁷⁷ (mc: Tuiriz / ms16: Tuiriz, Mondoñedo)
(pt) *A mingua de pão, boas são as tortas.*
(Chaves) (es) *A falta de pan, buenas son tortas.* (Sbarbi) (ct) *A falta de pá, bona es la coca.* (Alberola)
17631. **Auga e bola come a tola.** (mc e ms16: Incio)
17632. **Bica de lar, comer e soprar.** (mc e ms16: Agro)
Ha de comerse caliente, porque es así más sabrosa.
17633. **Bica do lar, comer e soprar; por moita que sea non ha de sobrar; por pouca que sea, ha de chegar.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
17634. **Bica e leite mazado, viñota e vida d'aldea, Dios lla día a quen a desee.** (mc e ms16: Buciños)
17635. **Bola do lar, comer e soprar.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Bola do lar = cocida en el mismo fuego de la cocina. Es de maíz y el refrán recomienda que se coma recién hecha y caliente.
17636. **Bola mol, moita na mau e pouca no fol.**⁵⁴⁷⁸ (mc: A.N. / ms16: D.E.)
17637. **Bolo do lar, comer e soprar.** (mc e ms16: Vida Gallega)
Véase *Bica do lar*...
17638. **Coas bolas duran os pas.** (mc e ms16: M.L.)
Var.: *Coas bolas duran máis os pas.* (ms16: D.E.)
17639. **Chocolate con bica, cousa rica.** (ms8,06v: La Cañiza)
17640. **Millo eres, millo serás; por máis que te amasen non espilirás.** (mc e ms16: Nós)
El pan de maíz, o borona, no es esponjoso.
17641. **O bolo do pote, comer a galope.** (mc e ms16: Corne)
17642. **O pan de millo mantén a fame na casa.**⁵⁴⁷⁹ (ms16 e ms10,040r: D.E.)

⁵⁴⁷⁷ V. *A falta de pan, boas son tortas* en *Hambre. Gastronomía.*
⁵⁴⁷⁸ mc: *muíta*; ms4: *man*.
⁵⁴⁷⁹ En ms10 s.v. *Maíz*.

17643. **Pan de millo non llo des ó teu fillo.** (ms16: Castroverde)
17644. **Pan de millo pesa na mau e pesa na barriga.**⁵⁴⁸⁰ (ms15,33 e ms16: Guntín)
17645. **Pan de millo, pan de Dios, de una miga se hacen dos.** (mc e ms16: Carballedo-F.V.S.)
Refrán bilingüe, con el que no todos estarán conformes, como indican los siguientes: *A falta de pan, cómese bica*; *A falta de pan, boa é a bola de millo*.
17646. **Pan de trigo, pan de Dios, dun pedazo fanse dous; pan de millo, pan de Xudas, todo se volven faragullas.** (mc e ms16: Paradela)
Var.: *Pan de trigo, pan de Dios: de un pedazo fanse dous.* (ms16: Paradela)
17647. **Prá moita fame non hai broa dura.** (mc e ms16: Santiago)
17648. **Vai salir a torta un pan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

PAN DE TRIGO

17649. **Cando un se acostumbra ao pantrigo, xa non lle sabe o centeo.** (ms16: Lugo)
17650. **Dicen que o pan de centeo é como o trigo; pero o trigo é trigo.**⁵⁴⁸¹ (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
Var.: *Dicen que o pan é tan bon como o trigo; pero o trigo é trigo.* (ms16: Neira de Rey)
17651. **Nin o teu pan en tortas nin o teu viño en botas.** (mc e ms16: J.P.)
(es) *Ni tu pan en tortas, ni tu vino en botas.* (Sbarbi)
Recomienda que no se empleen los caudales en cosas que se consumen con facilidad.
17652. **Non hai pior vicio como o pan de trigo.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
17653. **O pan de trigo fixoo Dios i-o de millo mandouno facer.**⁵⁴⁸² (ms4 / ms16: Sober / ms21,05r: Bermés / ms18,74r: A.S.A.)
(es) *Pan de maíz, pues tienes salud para ti; que para mi mal yo lo quiero candeal.* (R. Marín) / *Pan de centeno, para tu enemigo es bueno; pan de mijo no se lo des a tu hijo; pan de cebada, comida de asno disim / ulada; pan de panizo fué el diablo quien lo*

⁵⁴⁸⁰ ms16: *O pan de millo.*
⁵⁴⁸¹ mc: *centeno*; ms4: *com'o de trigo.*
⁵⁴⁸² O orixinal di: *O pan de trigo fixoo Diós, y ó de millo mandouno facer.*

- hizo; pan de trigo candeal o tremés, lo hizo Dios y mi pan es.* (Martínez Kleiser)
17654. **O pan de trigo nin pesa no corpo nin fai polo home; o pan de millo pesa no corpo e fai polo home.** (ms5,029 / ms16: Valle del Mao)
17655. **O pan trigo i-o centeo máis val na barriga que no seo.** (ms21,05r: Bermés)
17656. **O pantrigo e centeo máis val na barriga que no seo.** (ms4 / ms18,74r: A.S.A.)
17657. **O trigo é trigo; xa Dios o escolleu pra si.** ⁵⁴⁸³ (mc e ms16: Buciños)
Preciosa alusión al pan eucarístico.
17658. **Onde comiches pantrigo non pidas borona.** ⁵⁴⁸⁴ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
17659. **Pan de trigo e leña de carballo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
17660. **Pan de trigo, meo amigo; pan de broa, o que o coceo que o coma.** (ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU)
17661. **Pan de trigo, meu amigo; pan de broa, o que o coceu que o coma.** (ms5,027: Illán)
17662. **Quen dixo pan, dixo trigo.** (mc e ms16: M.V.)
(es) *Pan de trigo, aceite de olivo y de la parra el vino.* (Correas) / *Pan de trigo, de ese si que soy amigo.* (R. Marín)
17663. **Trigo centeoso, pan proveitoso.** ⁵⁴⁸⁵ (ms16 e ms10,133r: D.E.)

PAN RECIENTE Y PAN DURO

17664. **Cando empalma o pan novo co vello, sabe ben o codelo.** (ms5,135)
17665. **Casa de pan tenro, casa de mal goberno.** (ms16: D.E.)
17666. **Máis vale pan duro que pedras moles.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
17667. **O pan mol vaise de seu ó fol.** (mc e ms16: Carballedo)
Var.: *O pan mol vaise ó fol.* (mc / ms16: Lugo)
(pt) *Pão mole depressa se engole.* (Chaves)
17668. **Pan d'hoxe, carne d'onte e viño d'antano manteñen o home sano.** (ms21,20r: Bermés)
17669. **Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano, mantén o home sano.** ⁵⁴⁸⁶ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: D.E.)

⁵⁴⁸³ ms: *Diol-o.*

⁵⁴⁸⁴ mc: *Donde comiches.*

⁵⁴⁸⁵ En ms10 s.v. *Trigo.*

⁵⁴⁸⁶ mc: *vinho.*

- (pt) *Pão de hoje, carne de ontem e vinho do outro verão, fazem o homem são.* (Chaves) / *Carne de ontem, peixe de hoje, vinho do outro verão fazem o homem são.* (Chaves)
- (es) *Pan de ayer, carne de hoy y vino de antaño, traen al hombre sano.* (Correas) / *Pan de ayer, vino de antaño y carne manida, dan al hombre la vida.* (R. Marín) / *Pan de antedia, vino, de año y día y carne del mismo día.* (R. Marín)
17670. **Pan de hoxe, carne de onte e viño de antonte.** ⁵⁴⁸⁷ (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
17671. **Pan de hoxe, carne de onte e viño de outono manteñen o home sano.** ⁵⁴⁸⁸ (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)
17672. **Pan fresco e leña verde, a casa perde.** (mc e ms16: Tuiriz)
(es) *Pan tierno y leña verde, la casa pierde.* (R. Marín)
Porque de ambos se gasta mucho.
17673. **Pan mol vai de seu ó fol.** (ms21,17r: Bermés)
17674. **Pan mole, nin presta nin fonde.** (mc e ms16: M.L.)
17675. **Pan mol, de seu se engol.** ⁵⁴⁸⁹ (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
(pt) *Pão mole depressa se engole.* (Chaves)
(es) *Pan tiernete, ello solo se mete.* (R. Marín) (ct) *Pà blanet... passa collet.* (Alberola)
Véase *O pan mol...*
17676. **Pan mol, pousa na boca, tumba no fol.** (mc e ms16: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
17677. **Pan seco i-auga fría fan as sopas na barriga.** (ms16: Sober)
17678. **Pan vello fame é.** (mc e ms16: M.L.)
17679. **Val máis pan duro que pedras moles.** (mc e ms16: Buciños)
Var.: *Vale máis codia dura que pedra mol.*
17680. **Vale máis codia dura que pedra mol.** (ms4: M.V.)
17681. **Vale máis codias duras que pedras moles.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
- PANADEROS. V. tamén *Oficios.*
17682. **Á millor panadeira derrámaselle unha fornada.** (mc e ms16: Buciños)

⁵⁴⁸⁷ ms: *d'antonte.*

⁵⁴⁸⁸ O orixinal di: *Pan de hoje, carne de ontem e vinho de outono, manteñen o home sano.*

⁵⁴⁸⁹ mc: *Pan mol.*

17683. **A que amasa fariña nunca pan lle falta.** (ms16: D.E.)
17684. **A quen coce e amasa non lle furtes a masa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
17685. **A quen coce e amasa non se lle tasa a masa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17686. **A quen coce i-amasa non lle cortes a masa.**⁵⁴⁹⁰ (ms21,11r: Bermés)
17687. **A quen coce i-amasa non lle roubes a masa.**⁵⁴⁹¹ (ms21,11r: Bermés)
17688. **A quen coce i-amasa non se lle furta a masa.**⁵⁴⁹² (mc e ms16: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Porque sabe lo que crece.
17689. **Amasade, panadeiras, que miña nai quer un pan.** (ms16: D.E.)
17690. **Amasando faise o pan.** (ms16: D.E.)
17691. **Cando o pan cercena, ablanda a masa na artesa.** (ms15,45v: Silvarrey)
Variante de *cenceno* que Carré y *Diccionario Enciclopédico* sólo aplican a la flor del maíz. En esa época hay que dejar la masa un poco dura, porque ablanda. *Cercenar* = florear el pan. Como *espendoar*. *Cercena*: el hecho de florecer el pan en la tierra. Variante de *cenceno* (ver valor)
17692. **Compra a panadeiro e non a carniceiro.** (ms16: Bucínos)
17693. **Dáos Deus na eira e tólleo Marta na maseira.**⁵⁴⁹³ (mc e ms16: A.I. / ms18,71r: A.S.A. / ms10,001v: D.E.)
Se refiere al pan.
17694. **Hai que desamasar, que caeu o forno.**⁵⁴⁹⁴ (mc e ms16: A.N.)
17695. **Na porta do forno rompen as bolas.** (mc: Santiago)
Var.: *Na porta do forno tórcense as bolas.* (ms16: Santiago)
17696. **Non quero máis panadeira; escarmentoume a primeira.** (ms10,080r: D.E.)
17697. **Non seas forneira, se tes a cabeza de manteiga.**⁵⁴⁹⁵ (ms16 e ms10,023r: D.E.)
(es) *No seas hornera, si tenéis la cabeza de manteca.* (H. Núñez)
17698. **O día que amaso, mal día paso, pero é pior non ter que amasar nin que peneirar.**⁵⁴⁹⁶ (ms16 e ms10,005v: D.E.)
17699. **O día que cozo é día de alborozo.**⁵⁴⁹⁷ (ms16 e ms10,005v: D.E.)
17700. **O día que se amasa, mal se pasa.**⁵⁴⁹⁸ (ms16 e ms10,005v: D.E.)
17701. **Ó enfnar tórcese ás veces o pan.**⁵⁴⁹⁹ (ms16 e ms10,011v: D.E.)
(es) *Al enfnar se hacen los panes tuertos.* (Z.)
17702. **O que amasa e coce, ben se lle conoce.** (ms16: D.E.)
17703. **O que amasa e coce, todo lle loce.** (ms16: D.E.)
17704. **Panadeiros, de Cea e Porriño.** (ms16: *Galicia Emigrante*)
17705. **Quen mal enforna saca os pas tortos, mais paga a poia.**⁵⁵⁰⁰ (ms16 e ms10,011v: D.E.)
(es) *Quien mal enforna, saca los panes tuertos, y así como así, paga la poya.* (Correas)
17706. **Vale máis unha boa retorcedura que unha boa amasadura.** (ms8,65r: Silvarrey)
Se dice del amasar el trigo.

PANDERO

17707. **Non sei qué ten o pandeiro que moito alegre o turreiro.** (ms10,081r: D.E.)
17708. **O pandeiro dálle alegría ó turreiro.** (ms10,081r: D.E.)
17709. **¡Que alegría hai no turreiro cando se anima o pandeiro!** (ms10,081r: D.E.)

PANERA

17710. **A tulla sin centeo é como o prado sin rego.** (ms10,134r: D.E.)
17711. **O que ten chea a tulla, non ten por que ter carpulla.** (ms10,134r: D.E.)
17712. **Tulla que está sin trigo, non dá grao pra facer pantrigo.** (ms10,134r: D.E.)

⁵⁴⁹⁰ O orixinal di: *A quen coce y'amasa non lle roubes (cortes) a masa.*

⁵⁴⁹¹ O orixinal di: *A quen coce y'amasa non lle roubes (cortes) a masa.*

⁵⁴⁹² ms: y amasa.

⁵⁴⁹³ mc, ms16 e ms18,71r: *Dios.* / En ms10 s.v. *Dar.*

⁵⁴⁹⁴ ms4: *caen.*

⁵⁴⁹⁵ En ms10 s.v. *Hornero.*

⁵⁴⁹⁶ En ms10 s.v. *Día.*

⁵⁴⁹⁷ En ms10 s.v. *Día.*

⁵⁴⁹⁸ En ms10 s.v. *Día.*

⁵⁴⁹⁹ En ms10 s.v. *Horno.*

⁵⁵⁰⁰ En ms10 s.v. *Horno.*

PANZA

17713. **A panza chea millor se aconsella.** (ms10,081r: D.E.)

PAÑOS

17714. **Adoba o teu pano e pasarás o teu ano.** (ms10,081r: D.E.)
17715. **Con bo pano e bo xastre faise un bo traxe.** (ms10,081r: D.E.)
17716. **De ruín pano nunca bo saio.** (ms10,081r: D.E.)
17717. **O millor pano línase.** (ms10,081r: D.E.)
17718. **O que viste de ruín pano, viste dúas veces ó ano.** ⁵⁵⁰¹ (ms21,11v: Bermés)
17719. **Onde non chega o pano, o caletre do xastre ten que inventalo.** (ms10,081r: D.E.)
17720. **Os panos locen no pazo e non os fillosdalgo.** (ms10,081r: D.E.)
17721. **Pano pobre non garda puntada.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C) ⁵⁵⁰²
17722. **Pano podre non garda puntada.** (mc: M.V. / ms16: Santiago / ms21,27r: Bermés) (es) *Paño pobre no guarda puntada.* (R. Marín)
17723. **Quen se viste de ruín pano, vístese dúas veces no ano.** (ms10,081r: D.E.)
17724. **Se o pano é verde ou o pano é negro, ¿que sabe o cego?** (ms10,081r: D.E.)

PAPAS. V. tamén *Comida, Hambre. Gastronomía.*

17725. **Agora, papas na ola, e si a ola creba, papas na merda.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
17726. **Almorzar de papas e traballar cas vacas, non se alonxar das casas.** ⁵⁵⁰³ (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
17727. **As papas deica a porta e as berzas deica a horta.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte) (pt) *Papas até à porta, couves até à horta, feijões para todo o dia.* (Chaves)
17728. **Cal de berzas, cal de papas, ataquemos as barazas.** ⁵⁵⁰⁴ (mc e ms16: M.V.)
Quando non hay outra cosa, hay que matar el hambre con lo que sea.
17729. **De papas e pan dúas casas se van.** (mc, ms e ms16: Bucínos)

⁵⁵⁰¹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Paños*.

⁵⁵⁰² mc: *Paño pobre*.

⁵⁵⁰³ O orixinal di: *Almorzar de pacas e traballar cas vacas non se alonxar das casas*.

⁵⁵⁰⁴ ms3: *ataquemo-l-as*.

17730. **É moi grande o pote e pouca a manteiga pra que saian boas as papas.** ⁵⁵⁰⁵ (mc e ms16: Bucínos / ms4: F.V.S.)
17731. **En comer papas, calzar abarcas e xunguir bois da molida pásase mitá do día.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17732. **En comer papas, calzar abarcas e xunguir os bois de mulida pásase todo o día.** ⁵⁵⁰⁶ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
17733. **Non quero papas nin ir ás vacas.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
17734. **O que almorza con papas i-ara con vacas, que non vaia pra moi lonxe das casas.** ⁵⁵⁰⁷ (ms21,15v: Bermés)
17735. **O que come pan e papas, come pan de dúas arcas.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU)
17736. **O que come papas e ara con vacas, non pode salir do pé das casas.** ⁵⁵⁰⁸ (mc / ms16: Lugo)
17737. **O que come papas e calza barcas, que non se vaia mui lexos das casas.** ⁵⁵⁰⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: O Corgo, LU)
17738. **O que de mañá come papas e xungue os bois á molida, ten a mañá perdida.** (mc: Bardaos, Incio / ms16: Carballedo)
17739. **Pan e papas baleiran as arcas.** (mc e ms16: Tuiriz)
17740. **Pan e papas, pan de dúas arcas.** (ms8,73v: Meda)
17741. **Papas con mel saben ben.** (ms16: Mondoñedo)
17742. **Papas con mel saben moi ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU / ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Terra Cha, LU)
17743. **Papas con pan unha casa desfán.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Viana do Bolo, OU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
17744. **Papas con pan, cava Xan; papas sin pan, non cava Xan.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
17745. **Papas e bolos, comida de tolos.** (ms16: Santiago)

⁵⁵⁰⁵ mc: *menteiga*; ms: *salian*.

⁵⁵⁰⁶ V. *En calzar abarcas e xoncer á molida pásase o día en Paso del tiempo.* / mc: *comer papas, e calzar abarcas*.

⁵⁵⁰⁷ O orixinal di: *O que almorza con papas y'ara con vacas que non vaya pra moi lonxe das casas*.

⁵⁵⁰⁸ V. *Con sopas e papas non vaias lonxe das casas en Medicina. Higiene*.

⁵⁵⁰⁹ O orixinal di: *O que come papas e calza barcas, que non se vaya muy lexos d'as casas*.

17746. **Papas e pan unha casa desfán.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
17747. **Papas e pan, casa desfán.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
17748. **Papas e pan, unha arca desfán.** (mc e ms16: Santiago)
17749. **Papas e pan, unha casa desfán; papas e bolo, desfana de todo.** (mc e ms16: M.V. / ms21,27v: Bermés)
Var.: *Papas e pan, dúas casas desfán.* (ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Porque en la misma comida las dos cosas suponen mucho gasto.
17750. **Papas e sorber non pode ser.** ⁵⁵¹⁰ (mc: Tuiriz / ms4: F.V.S.)
17751. **Papas hastr'a porta e berzas hastr'a horta.** (ms21,15v: Bermés)
17752. **Papas hastra [porta], coles hastra horta e fabas pra todo o ano.** ⁵⁵¹¹ (ms10,081r: D.E.)
17753. **Papas quentes pasan sete ríos e inda queiman o home.** (mc e ms16: Santiago)
17754. **Papas raras e sin pan, cavarán, Xan.** (mc / ms16: Lugo)
17755. **¿Papas sin pan nos toxos tallarán?** ⁵⁵¹² (ms21,15r: Bermés)
17756. **¿Papas sin pan tallarán?** ⁵⁵¹³ (ms21,15r: Bermés)
17757. **Se che gusta comer papas, vai a Foxos segar pan: á mañá danche papas; á medodía papas che dan; á merenda papas solas; á noite papas sin pan.** (ms16: Cebrero)
17758. **Tomar raro cun tenedor é como quen come papas con un fuso.** (ms10,049v: Silvarrey)
17759. **Véndeme o boi e véndeme a vaca e non me vendas o pote das papas.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
17760. **Véndeme os bois e véndeme as vacas e non me vendas o pote das papas.** ⁵⁵¹⁴ (mc e ms16: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PAPEL

17761. **De todo terma o papel hastra que se limpan co el.** (ms10,081r: D.E.)

⁵⁵¹⁰ Dentro do tema *Miscelánea* no mc.

⁵⁵¹¹ O orixinal di: *Papas hastra, coles hastra horta e fabas pra todo o ano.*

⁵⁵¹² O orixinal di: *Papas sin pan (nos toxos) tallarán?*

⁵⁵¹³ O orixinal di: *Papas sin pan (nos toxos) tallarán?*

⁵⁵¹⁴ ms-LU: *Véndem'os, véndem'as.*

17762. **Moito papel e tinta é pouca xusticia.** (ms10,081r: D.E.)
17763. **O papel atúrao todo.** (ms10,081r: D.E.)
17764. **O papel chámase Diego; por un cadelo douche un pliego.** ⁵⁵¹⁵ (mc e ms16: Parga-F.V.S.)
17765. **O papel é brando e doce: todo o sofre.** (ms10,081r: D.E.)
17766. **O papel é moi sofrido e moi calado.** (ms10,081r: D.E.)
17767. **O papel non se debe romper.** (ms10,081r: D.E.)
17768. **O papel pode con todo.** (ms10,081r: D.E.)
17769. **O papel que se rompa el.** (ms10,081r: D.E.)
17770. **O papel terma de todo.** (ms10,081r: D.E.)
17771. **O papel terma do que lle poñen.** (ms10,081r: D.E.)
17772. **O papel terma do que se queira escribir nel.** (ms10,081r: D.E.)
17773. **O papel todo o consinte.** (ms10,081r: D.E.)
17774. **Onde hai papel calan barbas.** (ms10,081r: D.E.)
17775. **Os papés têm conta do que lles poñen.** ⁵⁵¹⁶ (mc e ms16: Corme)
17776. **Papel e tinta diñeiro custa.** (ms10,081r: D.E.)
17777. **Papel falso, papel mollado.** (ms5,029 / ms16: Sta. María del Mao)

PAPO

17778. **O que está no papo non pode estar no prato.** (ms10,081r: D.E.)

PARADA

17779. **A moita parada fai pouca andada.** (ms10,082r: D.E.)
17780. **Coas moitas paradas acúrtanse os días.** (ms10,082r: D.E.)

PARCHE

17781. **Poñer o parche antes da enfermédá.** (ms10,082r: D.E.)
17782. **Poñer o parche antes que salla o furuncho.** (ms10,082r: D.E.)

PARDAL

17783. **Cada pardal co seu igual.** (ms10,082r: D.E.)

⁵⁵¹⁵ ms4: *por unha perra.*

⁵⁵¹⁶ mc: *lle poñen.*

17784. **Estorniños e pardales, todos queren ser iguais.** (ms10,082r: D.E.)
 17785. **Máis que cen de pardal vale unha de asnal.** (ms10,082r: D.E.)

PARECER

17786. **Cada un di o seu parecer dispois de beber.** (ms10,082r: D.E.)
 17787. **Cada un ten o seu parecer cando é mester.** (ms10,082r: D.E.)
 17788. **O que ben parece, de vagar crece.** (ms10,082r: D.E.)
 17789. **O que non parece, logo se esquece.** (ms10,082r: D.E.)

PAREDES

17790. **As paredes teñen ollos.** (ms10,082r: D.E.)
 17791. **O que pensa que as paredes calan, ben enganado anda.** (ms10,082r: D.E.)
 17792. **Quen se fía do segredo das paredes, sai vendido moitas veces.** (ms10,082r: D.E.)
 17793. **Se falasen as paredes, non habería segredo que non se soupese.** (ms10,082r: D.E.)

PARIENTES

17794. **A mai negra, o pai negro, a filla branca... eiquí hai trampa.** (ms5,009: Verín)
 17795. **Entre parentes non meta-las dentes.**⁵⁵¹⁷ (ms4: M.L. / ms10,082r: D.E.)
 17796. **Fillo de rico busca que comas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
 17797. **Gasta en café e viño o que has de deixar ó teu sobriño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 17798. **Gasta en festa e viño o que has de deixar ós teus sobriños.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
 17799. **Gasta en festas e viño o que has de deixar ós sobriños.** (ms15,44)
 17800. **Máis vale amigo que parente nin primo.** (mc: Tuiriz, Monforte)
 Var.: *Máis vale un amigo bo que parente e medio.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Mais vale amigo que parente ou primo.* (Chaves) / *Mais vale bom vizinho que parentesco.* (Id.) (es) *Más vale amigo, que pariente ni primo.* (R. Marín)

⁵⁵¹⁷ O orixinal di: *Entre parentes non meta'os dentes.* / ms10: *metas os dentes.*

17801. **Máis vale un bo amigo que dez parentes; eles lonxe i-el presente.** (ms16: D.E.)
 17802. **Meu parente é Pedro Boo, tanto me dá, tanto ll'eu soo.** (mc e ms16: A.I.)
 17803. **Meu parente Pedro é bo; tanto me el dá, tanto lle eu dou.** (ms10,082r: D.E.)
 17804. **Moitos parentes hai pra aconsellar mais non pra remediar.** (ms10,082r: D.E.)
 17805. **Non hai parente probe.** (ms16: Lugo)
 (es) *No hay pariente pobre.* (Z.)
 17806. **Non hai millor parente que o bo amigo presente.** (ms10,082r: D.E.)
 17807. **O parente do rico ten que buscar onde encher o bico.**⁵⁵¹⁸ (mc e ms16: S. Victorio de Ribas de Miño / ms10,109r: D.E.)
 (es) *Pariente de rico, busca que comas.* (R. Marín) / *A son de parientes, busca qué meriendes.* (Id.)
 17808. **O parente, como Dios cho dese; o amigo, como ti o escollerés.** (ms10,082r: D.E.)
 17809. **Ós parentes amóstralle os dentes.** (ms10,082r: D.E.)
 17810. **Parente de rico busca que comas.** (mc e ms16: Taboada-F.V.S.)
 (es) *Pariente pudiente, es para el pobre pariente aparente.* (R. Marín) / *Pariente de rico, busca que comas.* (Id.)
 17811. **Parente de rico busca que comer.** (ms14,16)
 17812. **Parentes e trastes vellos, millor canto máis lexos.** (mc e ms16: Buciños)
 Var.: *Parentes e trastes vellos, poucos e lexos.* (ms16: Ribadeo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)⁵⁵¹⁹
 (pt) *Trastes velhos e parentes, poucos e ausentes.* (Chaves) (es) *Parientes y muebles (o trastos) viejos, pocos y lejos.* (R. Marín) (ct) *Parentesc y trastos vells, llunt d'ells.* (Alberola)
 17813. **Parentes e trastes vellos, millor é non telos.** (ms10,082r: D.E.)
 17814. **Parentes pobres e trastos vellos, poucos e lexos.** (mc e ms16: Buciños)
 (pt) *Trastes velhos e parentes, poucos e ausentes.* (Chaves)
 17815. **Quen ten fillas solteiras, non fale da filla allea.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁵⁵¹⁸ En ms10 s.v. *Riqueza.*

⁵⁵¹⁹ ms-LU: *trastos.*

17816. **Val máis onza de sangue que libra de amizade.** (mc e ms16: Buciños)

(pt) *Mais vale onça de sangue que libra de amizade.* (Chaves) (es) *Más vale onza de sangre, que libra de amistad.* (Sbarbi) (ct) *Més val onça de sanc, que lliura d'amistad.* (Alberola)

17817. **Vale máis o ruín veciño da porta có parente tras da costa.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)

17818. **Vale máis o veciño da porta que o parente da costa.** (mc: Carballedo)

Var.: *Estén ben co veciño da porta anque esteñas mal co parente da costa.* (ms5,136: Silvarrey) / *Val máis o veciño de xunto á porta que o parente detrás da costa.* (ms16: Sober) (es) *Más vale el vecino cercano que el pariente lejano.* (R. Marín)

PARLANCHÍN

17819. **O paroleiro deixalo no carreiro.** (ms10,083r: D.E.)

17820. **O paroleiro fai mudo o seu compañeiro.** (ms10,083r: D.E.)

17821. **O paroleiro non cala o seu nin o alleo.** (ms10,083r: D.E.)

PARTE, PORCIÓN, PARTIR

17822. **En todas partes cocen fabas, e en algunhas a caldeiradas.** (ms10,083r: D.E.)

17823. **O que parte e ben reparte, se no repartir ten arte, quédase coa millor parte.** (ms10,083r: D.E.)

17824. **O que parte leva pra si a peor parte.** (ms10,083r: D.E.)

17825. **Por todas partes vaise a Roma.** (ms10,083r: D.E.)

17826. **Por unha parte obrigado e por outra amolado.** (ms10,083r: D.E.)

17827. **Quen desparte leva a peor parte.** (ms10,083r: D.E.)

17828. **Quen parte e reparte garda pra si a millor parte.** (ms10,083r: D.E.)

17829. **Sempre leva a peor parte o que en concencia reparte.** (ms10,083r: D.E.)

PARTOS. V. tamén *Medicina. Higiene, Mujer, Preñez.*

17830. **A galiña pare cantando e a muller chorando.** (ms10,082r: D.E.)

17831. **A muller parida, nin farta nin limpa.**⁵⁵²⁰ (ms16 e ms10,046r: D.E.)

17832. **A que cría empiora; a que pare millora.** (ms16: D.E.)

17833. **As femias recén paridas han de ser ben atendidas.**⁵⁵²¹ (ms4: J.P.)

17834. **Cada parto, un sobresalto.** (ms16: D.E.)

17835. **Cada parto, unha ventura.** (ms16: D.E.)

17836. **Cando a muller pare, empreña o home.** (ms16: Buciños)

17837. **Cando a muller pare, queda embarazado o padre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

17838. **Filla despois de varón queima coma o tizón; varón despois de filla queima como a faísca.**⁵⁵²² (ms16 e ms10,020v: D.E.)

(es) *Hija después de varón, quema como tizón; y varón después de hija, quema como faísca.* (H. Núñez)

17839. **Filla dispois de varón queima como o tizón.** (ms16: Lugo)

(es) *Hija, tras de varón quema como tizón.* (R. Marín)

17840. **Fillo sin dor, mai sin amor.**⁵⁵²³ (mc e ms16: Buciños / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

Var.: *Fillo sin doer, nai sin querer.* (C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

(pt) *Filho sem dor, mãe sem amor.* (Chaves) (es) *Hijo sin dolor, madre nin amor.* (Correas) (ct) *Fill sense dolor, mare sense amor.* (Alberola)

17841. **Inda non pariu a cabra e xa o cabirto mama.** (ms10,082r: D.E.)

17842. **Mentras o burro non pare, non se sabe qué cría sale.** (mc: A.N. / ms16: *Galicia Emigrante*)

17843. **Muller de parto, carreiras arriba, carreiras abaixo.** (mc e ms16: J.T.)
Como el siguiente.

17844. **Muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.** (ms21,03r: Bermés)

17845. **Muller parida, carreiras abaixo, carreiras arriba.**⁵⁵²⁴ (mc e ms16: M.V.)

⁵⁵²⁰ En ms10 s.v. *Mujer*.

⁵⁵²¹ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁵⁵²² ms16: *Filla dispois de varón, varón dispois de filla.*
En ms10 s.v. *Hijos*.

⁵⁵²³ ms4: *nai*.

⁵⁵²⁴ ms3: *carreira*.

Var.: *Muller parida, carreira abaixo, carreira arriba; cando a muller pare, empreña o home.* (ms16: Buciños)

17846. **O door enséña a parir.** ⁵⁵²⁵ (ms16 e ms10,009v: *D.E.*)

17847. **O home que ten a muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

17848. **O parir é door e o criar é amor.** (ms10,082r: *D.E.*)

17849. **O que ten muller parida, carreira abaixo, carreira arriba.** (ms16: Sober)

17850. **Para muller parida e tea urdida non falta a gracia de Dios.** (mc: M.V.)

Var.: *Para muller parida e tea urdida nunca faltou remedio.* (ms16: Santiago / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) ⁵⁵²⁶

17851. **Parto hinchado, parto abençoado.** (ms16: *D.E.*)

17852. **Parto mollado, parto adiantado.** (ms16: *D.E.*)

17853. **Prá muller o casar é fiar pero o parir é chorar.** ⁵⁵²⁷ (ms16 e ms10,047r: *D.E.*)

17854. **U que ten a muller parida, carreiras abaixo, carreiras arriba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PASADO

17855. **Auga pasada non moe muíño.** ⁵⁵²⁸ (mc: *Dicc. Ac.*)

Var.: *Auga pasada non abala muíño.* (ms16: *D.E.*)

(pt) *Águas passadas não moem moinhos.* (Chaves) (es) *Agua pasada no muele molino.* (Sbarbi)

17856. **Auga que pasou non move rodicio.** (ms16: *D.E.*)

(es) *Con agua pasada no muele molino.* (Z.)

17857. **Coas augas pasadas non anda o rodicio.** (ms16: *D.E.*)

17858. **Con auga pasada non anda a moa.** (ms16: *D.E.*)

17859. **Con auga pasada non moen os moíños.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁵⁵²⁵ En ms10 s.v. *Dolor*.

⁵⁵²⁶ ms-LU: *Pra, romedio*.

⁵⁵²⁷ En ms10 s.v. *Mujer*.

⁵⁵²⁸ V. *Con augas paradas non moen os muíños en Ocio* (*Efectos del ocio*). / mc: *Auga parada*.

17860. **Hai que ler polo pasado.** (ms6,01v / ms16)

17861. **Ó pasado díselles adiós pra que non volva onda nós.** (ms10,083r: *D.E.*)

17862. **O pasado sea pasado, xa que non volve pasar.** (ms10,083r: *D.E.*)

17863. **O que pasou non volve.** (ms16: Santiago)

17864. **O que valeu, non pode valer.** (ms15,45v: Incio)

PASAR

17865. **Non me vexan pasar mal e non saberán as que teño que pasar.** (ms10,083r: *D.E.*)

17866. **O bo pasar fai o home engordar.** (ms10,083r: *D.E.*)

17867. **Pasa ti, que non pasache; vállante os diaños que aínda tardache.** (ms10,083r: *D.E.*)

17868. **Quen pasou o máis, que pase o menos.** (ms10,083r: *D.E.*)

17869. **Val máis acá un mal pasar que alá un bo penar.** (ms10,083r: *D.E.*)

PASCUA. V. tamén *Fiestas y romerías*.

17870. **Altas ou baixas, en abril sanas** [sic]

Pascuas. (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

17871. **Altas ou baixas, en abril son as Pascuas.** ⁵⁵²⁹ (mc e ms16: M.V. / ms21,20r: Bermés)

Var.: *Que altas que baixas, en abril cadran as Pascuas.* (ms16: Friamonde-Taboada)

(pt) *Altas ou baixas, em abril vêm as Páscoas.* (Chaves) (es) *Altas o bajas, en abril son las Pascuas.* (Sbarbi / ms16: Correas) (ct) *Altes o baixes, en abril les Pasqües.* (Sanchis)

17872. **Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos e en Pascuas estamos.** (mc e ms16: Muros)

Var.: *Ana, Bagana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascoas estamos.* (ms6,01v. Verín)

(pt) *Lázaro, Ramos, na Páscoa estamos.* (Chaves) (es) *El primero escarba el diente; el segundo hazte allá que larga es la cuaresma; Rebeca, armé mi ballesta; Susana, púseme tras de la rama; Ramos, échele un ajo; Pascua, échele en el ascua; fuíme a misa; cuando vine, halléle hecho ceniza.* (Correas) / *Ana, Vadana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascuas*

⁵⁵²⁹ ms21,20r: *Pascoas*.

estamos. (Correas) / *Ana, Juana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos y esotro pascuamos.* (R. Marín)

(pt) *Livros cerrados não fazem letrados.* (Chaves) / *De livro fechado, não sai letrado.* (es) *Libro cerrado no saca letrado.* (Correas) (ct) *Llibre tancat, no fa lletrat.* (Alberola)
18170. **Máis vale entender que porfiar.** ⁵⁶¹² (mc)
18171. **Nadie naceu deprendido.** (mc: M.V.)
Var.: *Ningún nace apreso.* (Buciños)
(pt) *Ninguém nasce ensinado.* (Chaves) (es) *Nadie nace enseñado.* (Sbarbi) (ct) *Ningú naix mestre, del ventre de sa mare.* (Alberola)
Véase *Aprendido ningún nace.*
18172. **Ningún nace xa aprendido.** (ms21,31r: Bermés)
18173. **Non é moi burro o que sabe qu' é burro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18174. **Non é tan burro o que sabe qu' é burro.** (mc: Buciños)
18175. **Non hai listo que non erre nin tolo que non acerte.** (mc: Tuiriz, Monforte)
18176. **Non hai tonto que non-a acerte nin listo que nunca erre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
18177. **Non te deitarás sin saber unha cousa máis.** (mc: Parga)
Var.: *Non dormirás sin saber unha cousa máis.* (ms5,045: Santiago)
- (es) *No te acostarás sin saber una cosa más.* (Sbarbi) / *Nadie se acuesta sin saber cosa nueva.* (Id.)
18178. **Nunca aprendas a contar sin antes saber chorar.** (mc: Santiago)
18179. **Nunca houbo criatura que a botasen ó río e soupera nadar.** (ms5,135: Lugo)
Lo oí en el sentido de que *naide nace aprendido.*
18180. **Nunca se viu burro calvo nin melón con pelos.** (mc: Buciños)
18181. **Nunca te deitarás sin saber unha cousa máis.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
18182. **O ensino é tan bo como o pan.** (mc)
18183. **O maestro Cirola non sabe lêr e pon escola.** ⁵⁶¹³ (mc: C.A. A Nosa Terra)
(es) *El maestro Ciruela, no sabe leer y pone escuela.* (Sbarbi)
18184. **O maestro, anque seña un burro, hai que deixalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18185. **O neno que escoita aprende moito.** (mc: Tuiriz, Monforte)
18186. **O que ben se aprende, tarde se esquence.** ⁵⁶¹⁴ (mc: Pidre)
18187. **O que dá pan, dá ensino.** (mc: Buciños)
(pt) *Quem da o pão, dá o ensino.* (Chaves) / *Quem da o pão, dá educação.* (Id.)
Con el alimento material, ha de infundirse el espiritual de la enseñanza.
18188. **O que é maestro, xa pasou por aprendiz.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
18189. **O que enséña, ten que dar leña.** (mc: Buciños)
Fundado en el otro poco piadoso, y corregido por la Pedagogía moderna de que *la letra con sangre entra.*
18190. **O que estudia aprende.** (ms15,36)
18191. **O que ha de saber, ou ha de ver ou ha de ler.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
18192. **O que moito dorme pouco aprende.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
18193. **O que non a sabe non a usa.** (mc: Buciños. F.V.S.)
Alude a la educación social.

⁵⁶¹¹ ms21,23v: *Fartas'un.*

⁵⁶¹² V. *Vale máis entendelas que porfialas en Fortuna* (buena o mala).

⁵⁶¹³ ms4: *non sabe ler (ou escribir) e pon.*

⁵⁶¹⁴ ms: *s'esquence.*

18194. **O que non é burro, le no rubio.** (mc: Buciños)
18195. **O que non queira andar errado, que lea o colorado.** ⁵⁶¹⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18196. **O que non sabe, é como o que non ve.** ⁵⁶¹⁶ (mc e ms11,45: Fonsagrada-F.V.S.)
(pt) *Quem não sabe é como quem não vê.* (Chaves) (es) *El que no sabe, tanto es como el que no ve.* (Correas) (ct) *El que no sab es com el que no veu.* (Alberola)
18197. **O que non sabe, ten que preguntar.** ⁵⁶¹⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms2,021: Lugo)
18198. **O que ós máis enséña, con algo se queda.** (mc: C.G.)
18199. **O que pretende sabelo todo, demostra non saber nada.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Quien cree que todo lo sabe, nada sabe.* (R. Marín)
18200. **O que sabe, pra algo vale.** (mc: Tuiriz)
(es) *Quien no sabe, no vale.* (Sbarbi)
18201. **O que sabe, sabe, e o que non, no sabe nada.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
18202. **O que sabe, sabe.** (mc: Buciños)
18203. **O que se escribe, lese.** (mc: M.V.)
18204. **O que sei, pra decilo quero.** (mc: A.S.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
18205. **O que todo sabe, ninguén lle dá pra tras.** (mc: Santiago)
18206. **O rapaz estudioso nunca está ocioso.** (mc: Tuiriz, Monforte)
18207. **O rapaz que non sabe a doutrina, pau de carballo a redor da petrina.** ⁵⁶¹⁸ (mc: M.V.)
18208. **O saber non ocupa lugar.** (mc: Buciños)
(pt) *O saber não ocupa lugar.* (Chaves) / *O saber não pesa na cabeça.* (Id.) (es) *El saber no ocupa lugar.* (R. Marín) (ct) *El saber no ocupa puesto.* (Alberola)
18209. **O xurar e dar patadas, todas son animaladas.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
18210. **Pouco importa que vaia o agudo, se non vai o burro.** ⁵⁶¹⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
18211. **Pra saber hai que ver ou ler.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Chantada, LU)
18212. **Pra saber, andar polo mundo ou libros ler.** (mc: M.V.)
(pt) *Para saber não basta ler é preciso viver e ver.* (Chaves) (es) *Para saber no basta leer: hay que andar y ver.* (R. Marín)
18213. **Pra saber, ou ver ou ler.** (mc: Pidre-F.V.S.)
(pt) *Para saber não basta ler é preciso viver e ver.* (Chaves) (es) *Para saber no basta leer: hay que andar y ver.* (R. Marín)
18214. **Pra saber, ver ou ler.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
18215. **Pra saber, ver ou ler.** (ms18,66v)
18216. **Pra saber, ver ou oler.** (mc: Layosa)
18217. **Pra ver, andar; pra aprender, perder.** (ms21,17v: Bermés)
18218. **Primeiro ver e despois aprender.** ⁵⁶²⁰ (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
18219. **Quen a súa costa deprenda, pagará cara a enmenda.** ⁵⁶²¹ (mc: J.P.)
18220. **Quen dá pan dá ensino.** (ms: Prado, Lalín)
18221. **Quen leia, leia pra saber; quen saiba, saiba pra faguer.** (mc)
(pt) *Quem ler leia para saber; quem souber saiba para obrar.* (Chaves) (es) *Leer, para saber; y para obrar, recapacitar.* (R. Marín) / *Quien lee y no entiende, ¿para que lee?* (Id.)
18222. **Quen moito dorme, nada adeprende.** (mc: Palas de Rey)
(pt) *Quen muito dorme pouco aprende.* (Chaves) (es) *Quien mucho duerme, poco aprende.* (Sbarbi) (ct) *Qui molt dòrm, pòc depren.* (Alberola)
18223. **Quen moito dorme, pouco aprende.** (mc: Buciños)
Var.: *Quen moito dorme, pouco sabe.* (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Quen muito dorme pouco aprende.* (Chaves) (es) *Quien mucho duerme, poco aprende.* (Sbarbi) (ct) *Qui molt dòrm, pòc depren.* (Alberola)
18224. **Quen pra si non sabe, non poña escola.** (mc: Lugo)
(pt) *Quem não sabe não ponha escola.* (Chaves) (es) *Quien no sabe para si, menos sabrá para mí.* (R. Marín)
18225. **Quen sabe que sabe moi pouco, é o que sabe.** ⁵⁶²² (mc: Buciños)

⁵⁶¹⁵ Alude ó calendario popular *El Zaragozano*, semellante a *O Gaiteiro de Lugo*, pero que tiña cuberta vermella.

⁵⁶¹⁶ ms11,45: *com'o que non vei.*

⁵⁶¹⁷ ms12,021: *perguntar.*

⁵⁶¹⁸ ms4: *n'aprende a doutrina.*

⁵⁶¹⁹ mc: *vaya.*

⁵⁶²⁰ ms-LU: *dispois.*

⁵⁶²¹ ms e ms4: *deprende.*

⁵⁶²² ms: *mui.*

18226. **S'o que estudia non sabe, o que non estudia, mal pode saber.** ⁵⁶²³ (mc e ms3: M.V.)
18227. **Si non tes memoria, podes fazer zocas.** ⁵⁶²⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
18228. **Si non tes memoria, xa podes facer zocos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18229. **Si queres saber, ou ler ou ver.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
18230. **Un bon amigo é un bon libro.** (ms8,24v: Orense, Trives)
18231. **Unha vez é pra adeprender e outra pra saber.** (mc: Corme)

PEDO

18232. **A cada un chéiralles ben o peido do seu cu.** (ms10,087r: D.E.)
18233. **Peido con sono non ten dono.** (ms10,087r: D.E.)

PEDRO

18234. **Casaron a Pedro con Manoela; se ruín é el, ruín é ela.** (ms10,087r: D.E.)
18235. **Casou Pedro e non foi mal: casou en terras de pan.** (ms10,087r: D.E.)
18236. **Moito vos quero Pedro; non digo por qué vos quero.** (ms10,087r: D.E.)
18237. **Pedro, por ti pouco medro; pero espera un pouco, que menos medrarás se eu podo.** (ms10,087r: D.E.)
18238. **Pícame, Pedro, que picarte quero.** (ms10,087r: D.E.)
18239. **Tal pra cal, Pedro pra Xan.** (ms10,087r: D.E.)
18240. **Tan bó é Pedro coma Xan e tan bo é Xan coma Pedro.** (ms10,087r: D.E.)
18241. **Tan bo é Pedro como o seu compañeiro.** (ms10,087r: D.E.)
18242. **Vello xa é Pedro pra ser cabreiro.** (ms10,087r: D.E.)
18243. **Xa está vello Pedro pra pegureiro.** (ms10,087r: D.E.)

PEGA = URRACA

18244. **Dáme unha pega sin mancha; dareiche unha moza sin chata.** (ms10,087r: D.E.)

⁵⁶²³ ms: *S'o qu'estudia*; ms e ms3: *n'estudia*.

⁵⁶²⁴ ms e ms4: *mamoria*, ms4: *facer*.

18245. **Di a pega e todos din dela.** (ms10,087r: D.E.)
18246. **Onde a pega ten o ollo, alí ten o seu ovo.** (ms10,087r: D.E.)
18247. **Tanto pica a pega no trobisco que creba o pico.** (ms10,087r: D.E.)

PEGAR

18248. **Ó máis pintado lle pegan cando se tercia.** (ms10,087r: D.E.)
18249. **Se pega, ben; e se non pega, tamén.** (ms10,087r: D.E.)
18250. **Se pega, que pegue; e se non, que non pegue.** (ms10,087r: D.E.)

PEINE

18251. **Peite encuvado, cabelo desenguedellado.** (ms10,087r: D.E.)

PELIGROS

18252. **A mal camiño, darse présa.** (ms16: D.E.)
(es) *A mal camino darse prisa*. (R. Marín)
18253. **Bo era o mel se non picaran as abellas.** (ms16: Lugo)
(es) *El favo es dulce, mas pica la abeja*. (Correas)
18254. **Da man prá boca, a man se emborca.** (ms16: D.E.)
18255. **Deixar o certo polo dudoso é perigoso.** (ms16: Lugo)
(es) *Dejar lo cierto por lo dudoso, es peligroso*. (R. Marín)
18256. **Día de purga, día de sepultura.** (ms5,138: Sta. Eugenia de Asma)
18257. **Dice o Miño que "ó que nadan son meus".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18258. **Dios me queira gardar do que non nos sabemos librar.** (ms16: D.E.)
(es) *Dios me guarde de lo que no me sé guardar*. (R. Marín)
18259. **Fuxir do perigo é cordura; e non temelo é loucura.** (ms10,090r: D.E.)
18260. **No perigo cócese o amigo.** (ms10,090r: D.E.)
18261. **Nun gran perigo, millor é o irmán que o amigo.** (ms10,090r: D.E.)
18262. **O mal camiño andalo logo.** (ms16: D.E.)
(es) *El mal camino, andarlo pronto*. (R. Marín)
18263. **Ó perigo con tempo, e ó remedio con tento.** (ms10,090r: D.E.)

18264. **Ó perigo con tento, e ó remedio con tempo.** (ms10,090r: D.E.)
18265. **O perigo non se vence sin perigo.** (ms10,090r: D.E.)
18266. **Ó perigo vai contento, e ó remedio con tento.** (ms10,090r: D.E.)
18267. **O que quere comer mel, ten que aguantar as picadas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
18268. **O que quere comer mel, ten que sufrir as picadas.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
18269. **Onde burros andan, alí escoucean.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
18270. **Quen busca o perigo, nel topa a morte.** (ms10,090r: D.E.)
18271. **Se eres bo, canto máis vas, máis perigos encontrarás.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

PELIGROS INESPERADOS

18272. **Cando o dente vai máis seguro, atópase co duro.** (ms16: Lugo)
(es) *Cuando el diente va más seguro, topa en duro.* (R. Marín)
18273. **Cando penses meter o dente no seguro, toparás no duro.** (mc)
Var.: *Cando penses meter o dente en seguro, atoparás co duro.* (ms16 e ms10,004r: D.E.)⁵⁶²⁵
(pt) *Quando cuidas meter dente em seguro, toparás o duro.* (Chaves) (es) *Cuando pienses meter el diente en seguro, toparás en duro.* (Correas) (ct) *Quan penses clavar la dent segur, entropexarás en lo dur.* (Alberola)
Explica el engaño del que juzga fácil conseguir un negocio y encuentra grandes dificultades.
18274. **Da man á boca pérdese a sopa.** ⁵⁶²⁶
(ms16: D.E. / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
(es) *De la mano a la boca se pierde la sopa.* (Z.)
18275. **Do plato á boca pérdese a sopa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18276. **Donde menos se pensa, salta a culebra.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)

⁵⁶²⁵ En ms10 s.v. *Diente*.

⁵⁶²⁶ ms-LU: *Da mau*.

18277. **Nun instantiño cai a casa.** (ms16: Lugo)
(es) *En un instante cae una casa.* (R. Marín)
18278. **O comido é o seguro, que o que comido non está, sabe Dios quen o comerá.** (ms16: D.E.)
(es) *Lo comido es lo seguro; que aun lo que en mi mano está, sabe Dios quién se lo comerá.* (R. Marín)

PELO. V. tamén *Cabello*.

18279. **Cada pelo fai a súa sombra.** (ms10,088r: D.E.)
18280. **Cada pelo fai o seu servico.** ⁵⁶²⁷
(ms15,13 / ms10,088r: D.E.)
18281. **Cando o pelo do pano pela, pouco ó pano de vida lle queda.** (ms10,088r: D.E.)

PELLEJO

18282. **Quen queira chegar a vello, garde o aceite no pelexo.** (ms10,088r: D.E.)
18283. **Quen queira chegar a vello, garde o pelexo.** (ms10,088r: D.E.)

PENAS

18284. **Penas e ceas teñen as sepulturas cheas.** (ms10,088r: D.E.)
18285. **Quen ten penas, sabe doerse das penas alleas.** (ms10,088r: D.E.)

PENAS Y DOLORES. V. tamén *Desgracia, Dolores*.

18286. **A duras penas, copas cheas.** (mc / ms4: F.V.S.)
18287. **A mal dar, picar tabaco e fumar.** ⁵⁶²⁸
(ms16 e ms10,001r: D.E.)
Var.: *A mal dar, tomar tabaco.* (mc: M.V.)
(es) *A mal dar, echar tabaco y fumar.* (R. Marín)
18288. **A pena do morto chega ó horto.** (mc: A.I.)
(pt) *Pena passada, pena esquecida.* (Chaves) (es) *El muerto al hoyo y el vivo al bollo.* (Sbarbi) / *El muerto a la forada y el vivo a la hogaza.* (Sbarbi)
18289. **A pena polo morto dura hast'o horto.** ⁵⁶²⁹ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18290. **A peor alancada é a da porta.** (mc: M.L.)

⁵⁶²⁷ En ms10 s.v. *Pelo*.

⁵⁶²⁸ En ms10 s.v. *Dar*.

⁵⁶²⁹ O orixinal di: *A pena pol'o morto dura hast'o horto*.

18291. **A pesares, tragos, i-a penas, cigarros.** ⁵⁶³⁰ (mc: Otero de Rey)
18292. **A pesares, tragos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
18293. **A quen has de agarimar, non-o fagas chorar.** (mc: C.A.)
(pt) *A quem hás-de rogar, não hás-de assanhar.* (Chaves) (es) *A quien has de lamer, no has de morder.* (R. Marín)
18294. **A vida hai que levala a tragos.** (mc: Sarria)
18295. **Ai do tolo, que o comerá o lobo.** ⁵⁶³¹ (mc: G.P.)
18296. **Ansias alleas matan os asnos.** ⁵⁶³² (mc: M.V. / ms21,20r: Bermés)
(pt) *Cuidados alheios, matam o asno.* (Chaves) (es) *Cuidados ajenos matan al asno.* (Sbarbi) / *Cuidados malos, matan al asno.* (Correas) (ct) *Les ansies del vicari mataren al retor.* (Alberola)
En cast. hay también para el sentido figurado: *Cuidados ajenos matan al hombre bueno.* (Correas)
18297. **Arden os cangos, quentémonos a eles.** ⁵⁶³³ (mc: A.S.A.)
Var.: *Arde a casa, quentarse ós cangos.* (ms15,27r: Meira)
18298. **As bágoas por o morto sólo chegan hasta o horto.** (ms5,029)
18299. **As penas son peores de pensar que de pasar.** (mc: Sarria)
(es) *Las penas son peores de pensar que de pasar.* (Sbarbi)
18300. **As penas son prós homes e son prás bestas.** (mc)
18301. **Bágoas que non saen escaldan o peito.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
18302. **Barro e cal encubren moito mal.** (mc / ms4: F.V.S.)
18303. **Cando te capen, chilla.** ⁵⁶³⁴ (mc)
18304. **Cando vai torta, o demo a guía.** ⁵⁶³⁵ (mc: A.S.A. / ms10,031r e ms10,131r: D.E.)
18305. **Co mal doutro calquera dorme un sono.** (mc: M.L.)
18306. **Coita faz vella choutar.** (ms: A.S.G. / ms: A.S.A.)
(es) *Cuita faz a la vieja trotar.* (Correas)
18307. **Comícheme a carne, roemos os ósos.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
18308. **Comícheme a carne, róeme os ósos.** ⁵⁶³⁶ (mc: G.P. / ms21,24v: Bermés)
18309. **Comíchesme a carne, roeu os ósos.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)
18310. **Cuidados alleos matan os asnos.** (mc)
18311. **Daquelas risas veñen estes choros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18312. **De refrán e afán poucos se librarán.** (mc: Buciños)
(es) *De refrán y afán pocos se librarán.* (R. Marín)
18313. **Despois das risas veñen os choros.** (mc: Lugo)
(es) *Día de risa, víspera de llanto.* (R. Marín)
18314. **Do mal, o menos.** ⁵⁶³⁷ (ms)
(pt) *Do mal, o menos.* (Chaves) (es) *Del mal, el menos.* (R. Marín)
18315. **Donde vexas outro chorar, non penses ir tu cantar.** (mc: Carballedo)
(pt) *Onde choram, não cantes.* (Id.) (es) *Donde todos salen llorando, no puedo yo ir cantando.* (Ricart) (ct) *Dolç cantar desplau en temps de dol.* (Ricart) / *On ploreu, no cantis.* (Id.)
18316. **Duelos fixéronme negra, que eu blanca era.** (mc: Páramo)
(es) *Duelos me hicieron negra, que yo blanca me era.* (Correas)
18317. **Esta vida non é nada.** (mc: Buciños)
18318. **Estimara un morrer pra descansar.** (mc: Buciños)
18319. **Eu bebo pra afogar as penas, mais as condenadas aboian.** ⁵⁶³⁸ (ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C)
18320. **Hai quen sempre está chorando a morte da becerra.** (mc: Buciños)
18321. **Imos pasando, aquí caendo e alí tropeizando.** ⁵⁶³⁹ (ms15,13 / ms10,083r: D.E.)
18322. **Lágrimas con pan son medias levadeiras.** (mc: Incio / ms4: F.V.S.)

⁵⁶³⁰ V. *Pra pesares, tragos, e pra rabias, cigarros* en *Lacras y vicios sociales*.

⁵⁶³¹ mc: *Ai! do que comerá o lobo.*

⁵⁶³² ms21,20r: *Anseas*.

⁵⁶³³ V. *Cando arden os cangos, quentarse a eles* en *Oportunidad (Aprovechar la oportunidad)*. / mc: *sentémonos a eles*.

⁵⁶³⁴ mc: *chille*.

⁵⁶³⁵ En ms10,031r s.v. *Ir* e en ms10,131r s.v. *Tuerto*.

⁵⁶³⁶ ms e ms21,24v: *Comichem'a carne*; ms: *roem'os hosos*.

⁵⁶³⁷ Contén a indicación *Penas*.

⁵⁶³⁸ O orixinal di: *Eu bevo pra afogar as penas mais as condenadas aboian*.

⁵⁶³⁹ ms10: *caindo, e ali tropeizando*. En ms10 s.v. *Pasar*.

- (pt) *Lágrimas com pão, ligeiras* (ou *passageiras*) *sao*. (Chaves) (es) *Pan con duelos no está bueno; duelos con pan se pueden sobrellevar*. (R. Marín)
18323. **Lágrimas con pan son menos.** (mc: Sarria)
(pt) *Lágrimas com pão, ligeiras* (ou *passageiras*) *sao*. (Chaves) (es) *Pan con duelos no está bueno; duelos con pan se pueden sobrellevar*. (R. Marín)
18324. **Mal de moitos, consolo de todos.** ⁵⁶⁴⁰
(mc: Santiago / ms10,035r: D.E.)
18325. **Mal de moitos, consolo pra outros.** ⁵⁶⁴¹
(mc: Páramo / ms: Santiago)
18326. **Non hai alegría que non traiga pesares.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Não ha prazer sem amargura*. (Chaves)
18327. **Non hai penas que cen anos duren.** ⁵⁶⁴²
(ms21,11v: Bermés)
18328. **Nunca vén unha sola.** ⁵⁶⁴³ (mc: Buciños)
Var.: Como: *Ben veñas, mal...*
(es) *Nunca viene una desgracia sola*. (R. Marín)
18329. **O ben dorme i-o mal corre.** ⁵⁶⁴⁴ (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *El bien anda y el mal vuela*. (Sbarbi)
18330. **O ben soa i-o mal voa.** ⁵⁶⁴⁵ (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
(pt) *O bem soa e o mal voa*. (Chaves) (es) *El bien suena y el mal vuela*. (Sbarbi)
18331. **O mal que a outro molesta non-o tomes ti por festa.** (mc: Velle)
Véase *Donde vexas outro chorar...*
18332. **O pesar i-o difunto vai todo xunto.**
(mc: Páramo / ms4: F.V.S.)
Var.: Como: *A pena do morto, chega ó horto*.
18333. **O pesar todo é sede.** (mc: M.V. / ms21,28v: Bermés / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C)
18334. **O que non ten penas, inventaas.** ⁵⁶⁴⁶
(mc: Buciños-F.V.S.)
18335. **O que non ten unha, ten outra.** (mc: Buciños-F.V.S.)
18336. **O que non vai en choros, vai en suspiros.** ⁵⁶⁴⁷ (mc: Chantada / ms4: F.V.S.)
(pt) *O que não vai em lágrimas, vai em suspiros*. (Chaves) (es) *Lo que no va en lágrimas, va en suspiros*. (Sbarbi)
18337. **O que os seus males mata, nin mata nin espanta.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
18338. **Ollos que non ven, corazón que non doi.** ⁵⁶⁴⁸ (mc: Buciños / ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de Oeste, Catoira, PO)
(es) *Ojos que no ven, corazón que no siente*. (R. Marín)
18339. **Ollos que non ven, corazón que non sente.** ⁵⁶⁴⁹ (mc: Sarria / ms10,072r: D.E.)
(es) *Ojos que no ven, corazón que no siente*. (R. Marín)
18340. **Os mortos, hai que enterralos.** (mc: Buciños)
(es) *El muerto al hoyo...* (Sbarbi)
18341. **Pronto chega quen dá pena.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
18342. **Queixase un das que ten e non sabe as que lle vén.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
18343. **Queixase un das que ten e non sabe as que lle vén.** ⁵⁶⁵⁰ (mc: M.V. / ms21,28r: Bermés)
18344. **Quen o seu mal teña por moito cóntello a outro.** (mc: M.V.)
18345. **Quen o seu mal teña por moito cóntello a outro.** ⁵⁶⁵¹ (ms21,27r: Bermés / ms10,036r: D.E.)
18346. **Se vén unha, endexamais vén sola.** ⁵⁶⁵²
(mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(pt) *Uma desgraça nunca vem só*. (Chaves)
(es) *Un mal no viene solo*. (Correas)
Véase *Nunca vén unha sola*.
18347. **Si dices a túa pena a quen non lle apena, é como si te queixaras a nai ajena.** (mc: Chantada)
18348. **Todo ten arreglo menos a morte.** (mc)
(es) *Todo tiene remedio en este mundo, menos la muerte*. (R. Marín)
18349. **Todo vai ben se a morte non vén.** ⁵⁶⁵³
(mc: M.L. / ms10,043r: D.E.)

⁵⁶⁴⁰ V. *Mal de moitos, consolo de bobos* en *Medicina. Higiene*. En ms10 s.v. *Mal*.

⁵⁶⁴¹ ms: *consuelo*.

⁵⁶⁴² O orixinal di: *Non hay penas que cen anos duren*.

⁵⁶⁴³ V. *Unha desgracia nunca vén soila* en *Desgracia (Las desgracias se suceden)*.

⁵⁶⁴⁴ ms-SA: *e o mal*.

⁵⁶⁴⁵ ms: *sona*, y o; ms4: *sona*.

⁵⁶⁴⁶ O orixinal di *O que non ten penas inventas*.

⁵⁶⁴⁷ ms4: *vay en choros, vay en suspiros*.

⁵⁶⁴⁸ ms-SA: *non doe*.

⁵⁶⁴⁹ ms10: *que non sinte*.

⁵⁶⁵⁰ ms21,28r: *Queixas'un, sab'as*.

⁵⁶⁵¹ En ms10 s.v. *Mal*.

⁵⁶⁵² V. *Unha desgracia nunca vén soila* en *Desgracia (Las desgracias se suceden)*. / ms: *soila*.

⁵⁶⁵³ mc: *si a morte*. En ms10 s.v. *Muerte*.

18350. **Traballos na vida non che han de faltar.** (ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)
 18351. **Un pesar fai unha alegría.** (mc / ms4: F.V.S.)
 18352. **Un clavo quit'outro clavo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 18353. **Un clavo quita outro clavo.** (mc: Buciños) (pt) *Um cravo com outro se tira.* (Chaves) / *Um cravo tira outro, um amor faz esquecer outro.* (Id.) (es) *Un clavo saca otro clavo.* (R. Marín) / *Un clavo echa a otro.* (Id.) Una pena y preocupación nueva, hacen olvidar la antigua.
 18354. **Unha sola nunca vén.** ⁵⁶⁵⁴ (mc: Buciños) (pt) *Uma desgraça nunca vem só.* (Chaves) (es) *Una desgracia nunca viene sola.* (R. Marín) Véase *Nunca vén unha sola.*
 18355. **Xa que arden as cangas, quentemos as tangas.** (ms15,12)

PENEIREIRO

18356. **Non sempre se peitea a muller pra quen ela quer.** (ms10,088r: D.E.)
 18357. **Sete xastres fan un home; sete peneireiros non.** (ms10,088r: D.E.)

PENSAR

18358. **As cousas ben pensadas, ben asentadas.** (ms10,088r: D.E.)
 18359. **Ben burro é o que pensa que outro non pensa.** (ms10,088r: D.E.)
 18360. **Cada un pensa de si o que eu penso de min e o que ti pensas de ti.** (ms10,088r: D.E.)
 18361. **Debes pensar que prá vellez hai que gardar.** (ms10,088r: D.E.)
 18362. **Do pensar ó facer hai moitas légoas que correr.** (ms10,088r: D.E.)
 18363. **O ben pensado é o máis acertado.** (ms10,088r: D.E.)
 18364. **O pensamento voa sin aas.** (ms10,088r: D.E.)
 18365. **O pensar non é saber.** (ms10,088r: D.E.)
 18366. **O que non pensei antes de falar, despois de falado, diume que pensar.** (ms10,088r: D.E.)

⁵⁶⁵⁴ V. *Unha desgracia nunca vén soila en Desgracia (Las desgracias se suceden).*

18367. **O que pensa a onde vai, esquece ás veces de onde vén.** (ms10,088r: D.E.)
 18368. **Onde se pensa que hai touciños, non hai ganchos pra colgalos.** (ms10,088r: D.E.)
 18369. **Parvos son cantos pensan que os demais non pensan.** (ms10,088r: D.E.)
 18370. **Pensa ben e non pensarás en ninguén.** (ms10,088r: D.E.)
 18371. **Pensa ben e non saberás de quen.** (ms10,088r: D.E.)
 18372. **Pensa mal e acertarás.** (ms10,088r: D.E.)
 18373. **Pensa mal e non te arrepentirás.** (ms10,089r: D.E.)
 18374. **Pensa moito e fala pouco.** (ms10,089r: D.E.)
 18375. **Pensa que non hai máis que chegar e bicar.** (ms10,088r: D.E.)
 18376. **Pensa que todo o monte é ourego.** (ms10,088r: D.E.)
 18377. **Pensalo ben e facelo mal non é cousa natural.** (ms10,088r: D.E.)
 18378. **Pénsao ben e non-o farás mal.** ⁵⁶⁵⁵ (ms10,089r: D.E.)
 18379. **Pensar non é o mesmo que saber.** (ms10,089r: D.E.)
 18380. **Sin pensar veñen as cousas polo seu lugar.** (ms10,089r: D.E.)
 18381. **Todo o que se pensa a onde vai, ten que esquecer de onde vén.** (ms10,089r: D.E.)

PEQUEÑEZ

18382. **Ben cabe un bo anelo nun pequeno dedo.** (ms16: D.E.) (es) *En chico dedillo cabe buen anillo.* (R. Marín)

PERAL

18383. **Algún día a miña pereira hame dar peras.** (ms10,090r: D.E.)
 18384. **Ti amóstrame a pereira, que quero estar á súa beira cando teña peras.** (ms10,090r: D.E.)

PERAS

18385. **A pera dura co tempo madura.** (ms10,089r: D.E.)
 18386. **A pera e a muller, a que cala boa é.** (ms10,089r: D.E.)

⁵⁶⁵⁵ O orixinal di: *Pensao ben e nono farás mal.*

18387. **A pera pra comela non espera; pero a mazá espera.** (ms10,089r: D.E.)
 18388. **Ano de peras nunca o vexas.** (ms10,089r: D.E.)
 18389. **Cada pera ten o seu rabo.** (ms10,089r: D.E.)
 18390. **Con peras viño bebas; e tanto sea que naden as peras.** (ms10,089r: D.E.)
 18391. **Con peras viño bebas; mais non sea tanto viño que afoguen as peras.** (ms10,089r: D.E.)
 18392. **Ó almorzo danme peras; ó xantar peras me dan; danme peras á merenda, e á cea peras sin pan.** (ms10,089r: D.E.)
 18393. **Pera que ó comela canta, non vale nada.** (ms10,089r: D.E.)
 18394. **Pera que se desfai ó comela, sábelles ben a calquera.** (ms10,089r: D.E.)
 18395. **Quen non dá das súas peras, non espere das alleas.** (ms10,089r: D.E.)
 18396. **Tras das peras, auga non bebas.** (ms10,089r: D.E.)

PERDICES. V. tamén *Caza*.

18397. **A muller e a perdiz pola súa boca se maldiz.** ⁵⁶⁵⁶ (mc e ms16: Villamane, Cervantes / ms4: F.V.S.)
 18398. **A muller i-a perdiz, pola lingua se maldiz.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)
 18399. **A perdís en xaneiro caga pró escopetero.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Incio, LU)
 18400. **A perdís que cheire a narís.** (mc e ms16: Golada)
 (pt) *A perdiz, com a mão no nariz.* (Chaves)
 (es) *La perdiz con la mano en la nariz.* (Correas)
 18401. **A perdís, donde nace e, a lebre, donde pace.** ⁵⁶⁵⁷ (mc e ms16: J.P.)
 (es) *Las perdices mueren donde nacen.* (Jara)
 18402. **A perdiz en xaneiro cúspelle no narís ó perdigoteiro.** (mc e ms16: Santiago)
 Var.: *A perdís en xaneiro cúspelle na man o perdigoteiro.*

⁵⁶⁵⁶ Vilamane pertence ó concello de Becerreá e non a Cervantes. / ms4: *pola boca se maldice*; ms16: *i a perdiz*.
⁵⁶⁵⁷ mc e ms16: *A perdiz, onde*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *perdis* e *onde*.

18403. **A perdiz en xaneiro é pró cazador e o perdigoteiro.** ⁵⁶⁵⁸ (mc e ms16: J.P.)
 18404. **A perdiz hai que comela ca man no narís.** (ms16: Santiago)
 18405. **A perdiz no xaneiro caga pró escopeteiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 18406. **A perdiz, ca mau na nariz.** (mc e ms16: Lugo)
 18407. **As perdices en xaneiro búrlanse do cazador e do perdigoteiro.** ⁵⁶⁵⁹ (mc e ms16: Villamane)
 18408. **As perdices en xaneiro chispan pró escopeteiro.** ⁵⁶⁶⁰ (mc e ms16: Monterroso-F.V.S.)
 18409. **Cando comas a perdís, cos dedos no narís.** (ms10,090r: D.E.)
 18410. **En xaneiro xa a perdiz mira para o escopeteiro.** (ms16: Negreira)
 18411. **Perdices e frades, a pares.** (mc / ms16: Lugo)
 (es) *Perdices y frailes, a pares.* (Jara)
 Suelen andar.
 18412. **Perdiz ó cazador, pouca.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
 Para que pueda degustarlo frecuentemente.
 18413. **Perdiz que canta, logo se levanta.** (ms16: Bermés / ms21,19r: Bermés)
 18414. **Unha mau na nariz i-outra na perdiz.** ⁵⁶⁶¹ (mc e ms16: Tuiriz)
 Var.: Como: *A perdiz ca mau na nariz.*
 (pt) *A perdiz, com a mão no nariz.* (Chaves)
 (es) *Tapar la nariz y comer la perdiz.* (Jara) / *La perdiz, con la mano en la nariz.* (Id.) / *La perdiz, en la nariz.* (Id.) / *La mujer y la perdiz, aunque den algo en la nariz.* (Id.)

PÉRDIDAS

18415. **Agulla en palleiro mala é de atopar.** (ms16: D.E.)
 (es) *Aguja en pajar mala es de hallar.* (R. Marín)
 18416. **Anque se perdan os anelos, quédanse os dedos.** ⁵⁶⁶² (ms10,090r: D.E.)
 18417. **Con algús o perder é ganar.** ⁵⁶⁶³ (ms10,089r: D.E.)

⁵⁶⁵⁸ ms e ms4: *perdigueiro*.

⁵⁶⁵⁹ ms16: *búrlanse*.

⁵⁶⁶⁰ ms: *no*; ms4: *no mes de xaneiro*.

⁵⁶⁶¹ ms16: *na nari, i outra na perdi*.

⁵⁶⁶² V. *Anque perdin os anelos, inda me quedan os dedos en Decadencia*. En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁶³ En ms10 s.v. *Perder*.

18418. **De perder, que perda o demo.** ⁵⁶⁶⁴
(ms10,089r: D.E.)
18419. **Do perdido, o millor é o recollido.** ⁵⁶⁶⁵
(ms10,089r: D.E.)
18420. **Do que se perde non se ve gozo.** ⁵⁶⁶⁶
(mc: Pidre / ms: Palas)
18421. **Do que se perde non se ve nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18422. **En canto digo e fago, perdo un bocado.** ⁵⁶⁶⁷ (ms10,089r: D.E.)
18423. **Entre bos non hai conto, o que máis pon máis perde.** (ms10,012v: D.E.)
18424. **Máis val perder o pouco que perder o moito.** ⁵⁶⁶⁸ (ms10,089r: D.E.)
18425. **Máis vale perder o pouco que perder o todo.** ⁵⁶⁶⁹ (ms10,089r: D.E.)
18426. **Máis vale perder que máis perder.** ⁵⁶⁷⁰
(ms10,089r: D.E.)
18427. **Moitas veces atopan us o que perden outros.** (ms16: D.E.)
(es) *Lo que uno pierde, otro lo halla.* (R. Marín)
18428. **Moitas veces se perde por preguiza o que se gana con cobiza.** ⁵⁶⁷¹ (ms10,090r: D.E.)
18429. **Non se perde nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18430. **Non se perde nada, porque o que un perde, outro gana.** ⁵⁶⁷² (ms10,090r: D.E.)
18431. **Non sinto que o meu fillo perda, senón que desquitarse queira.** ⁵⁶⁷³
(ms10,089r: D.E.)
18432. **O non perder xa é ganar.** ⁵⁶⁷⁴
(ms10,089r: D.E.)
18433. **O perder e o ganar, en tempo e lugar.** ⁵⁶⁷⁵ (ms10,089r: D.E.)
18434. **O perder moitas veces é ganar.** ⁵⁶⁷⁶
(ms10,089r: D.E.)

⁵⁶⁶⁴ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁶⁵ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁶⁶ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵⁶⁶⁷ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁶⁸ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁶⁹ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷⁰ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷¹ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷² En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷³ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷⁴ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷⁵ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷⁶ En ms10 s.v. *Perder*.

18435. **O que máis pon, máis perde.** ⁵⁶⁷⁷ (mc: M.L. / ms16: Lugo)
(es) *Quien más pone, pierde más.* (R. Marín) / *Quien más puso, más perdió.* (R. Marín). / *Quien más pone, más pierde.* (Bergua) / *Quién más hace menos merece.* (Sbarbi, pág. 475) (ct) *Qui més pòsa, més pèrt.* (Alberola)
Se usa para advertir a los que en los negocios de este mundo obran con sinceridad y franqueza. (Bergua)
18436. **O que máis ten, máis perde.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien más tiene, más pierde.* (R. Marín)
18437. **O que perde e di que non-o sinte, minte.** ⁵⁶⁷⁸ (ms10,089r: D.E.)
18438. **O vello por non poder e o mozo por non saber, moitas cousas deitan perder.** ⁵⁶⁷⁹ (ms10,089r: D.E.)
18439. **Onde non se perde nada, sempre algo se gana.** ⁵⁶⁸⁰ (ms16 e ms10,090r, ms10,025v: D.E.)
(es) *En lo que no se pierde nada, siempre algo se gana.* (Correas)
18440. **Perder con us é millor que ganar con algús.** ⁵⁶⁸¹ (ms10,089r: D.E.)
18441. **Polos ruís pérden os bos.** (ms10,090r: D.E.)
18442. **Por us perden os outros.** (ms10,089r: D.E.)
18443. **Porfiar e gastar a vida, dúas perdas a un tempo.** (ms8,69r: Rosita???)
18444. **Quen máis pon máis perde.** (ms18,58r: *Vida Gallega* / ms10,089r: D.E.)
18445. **Quen perdeu e non alcontrou, co demo andou.** ⁵⁶⁸² (ms10,089r: D.E.)
18446. **Si te vires perdido, bótate a nadar.** ⁵⁶⁸³ (ms10,090r: D.E.)
18447. **Val máis atopalo que perdelo.** ⁵⁶⁸⁴
(ms10,089r: D.E.)
18448. **Vale máis perder que máis perder.**
(ms16: Lugo)

⁵⁶⁷⁷ ms: *Quen*.

⁵⁶⁷⁸ O orixinal di: *O que perde e di que nono sinte, minte.*

En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁷⁹ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁸⁰ En ms10,090r s.v. *Perder* e en ms10,025v s.v. *Ganar*.

⁵⁶⁸¹ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁸² V. *Quen perdeu e non achou, co demo andou en Diablo.* En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁸³ En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁶⁸⁴ En ms10 s.v. *Perder*.

(es) *Más vale perder que más perder.* (H. Núñez)

PÉRDIDAS MORALES

18449. **O ben é conecido cando é perdido.** (ms16: D.E.)
 18450. **O ben moi querido logo é perdido.** (ms16: D.E.)
 (es) *Bien muy querido pronto es perdido.* (R. Marín)
 18451. **O ben non é ben conecido hastra que é perdido.** (ms16: D.E.)
 (es) *Entonces es conocido cuando es perdido.* (Z.)

PERDÓN

18452. **Consello de sabios é sufrir inxurias e perdoar agravios.** ⁵⁶⁸⁵ (ms10,090r: D.E.)
 18453. **Consello é de sabios perdoar inxurias e esquecer agravios.** ⁵⁶⁸⁶ (ms10,090r: D.E.)
 18454. **Guíate dos sabios: perdoa as inxurias e esquece os agravios.** ⁵⁶⁸⁷ (ms10,090r: D.E.)
 18455. **Máisima de sabios é perdoar agravios.** ⁵⁶⁸⁸ (ms10,090r: D.E.)
 18456. **O perdón sobra onde a culpa falta.** ⁵⁶⁸⁹ (ms15,15 / ms10,090r: D.E.)

MALOS EFECTOS DEL PERDÓN

18457. **Matar, que Dios perdoa.** (ms16: D.E.)
 (es) *Mata, que el rey perdona.* (R. Marín)

PEREJIL

18458. **Quen queira ter prixel todo o ano, seménteo no mes de maio.** (ms10,099r: D.E.)
 18459. **Se ques ter prixel todo o ano, sementaralo no maio.** ⁵⁶⁹⁰ (mc e ms16: C.A. / ms: E.C.)
 (es) *Siembre el perejil en mayo, y tendrás perejil para todo el año.* (R. Marín)
 18460. **Sementa o prixel en maio e terá prixel todo o ano.** (ms10,099r: D.E.)
 18461. **Si queres ter perexil, sémbrao no mes de abril e, si queres todo o ano, sémbrao**

no mes de maio. ⁵⁶⁹¹ (mc e ms16: Piugos, Lugo / ms4: F.V.S.)
 Var.: *Si ques ter prixel todo o ano, sementaralo no maio.* (ms16)
 (es) *Tu perejil siémbrao en abril.* (R. Marín)

PEREZA. V. tamén *Pereza y ociosidad*.

18462. **A nugalla non come pan nin durme na palla nin viste camisa lavada.** ⁵⁶⁹² (mc e ms16: R. Marín / ms21,27r: Bermés)
 (es) *Pereza nunca alzó la cabeza, y si alguna vez la alzó, a bajarla volvió.* (R. Marín) / *Viaja la pereza con tal lentitud, que la alcanza la pobreza con gran prontitud.* (Id.) / ms: Sbarbi.
 18463. **A pereza arde nun braseiro.** (ms8,67v: Trives)
 18464. **A pereza é a chave da probeza.** ⁵⁶⁹³ (ms8,67v e ms16: Trives)
 Var.: *A pereza son as chaves da pobreza.* (ms8) / (ms16: Trives)
 18465. **A preguiza non veste camisa.** ⁵⁶⁹⁴ (mc: Santiago, Silvestre Castiñeira / ms16: Santiago / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
 18466. **A preguiza nunca fixo cousa boa.** (ms10,098r: D.E.)
 18467. **A priguiza é filla de mal pai.** (ms10,049v: Silvarrey)
 18468. **A priguiza non é filla de bon pai.** ⁵⁶⁹⁵ (ms: Lalín)
 18469. **A priguiza nunca bon lume tiza.** (ms16: Sober)
 18470. **A semana do folgazán: lus e martes, festas constantes; miércoles e jueves, festas solemnes; viernes e sábado, as mellores festas do ano; o domingo non se pode traballar, que o prohíbe a Santa Madre Iglesia.** (ms16: Carballino)
 18471. **A vaca de Xan da Xouba, por non dar ó rabo, deixa picar as moscas.** (ms6,01v)
 18472. **Ahora que veu a noite, María dáme a roca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)

⁵⁶⁸⁵ En ms10 s.v. *Perdonar*.

⁵⁶⁸⁶ En ms10 s.v. *Perdonar*.

⁵⁶⁸⁷ En ms10 s.v. *Perdonar*.

⁵⁶⁸⁸ En ms10 s.v. *Perdonar*.

⁵⁶⁸⁹ En ms10 s.v. *Perdonar*.

⁵⁶⁹⁰ ms: *tod'o ano, mayo*; ms16: *en maio*.

⁵⁶⁹¹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas (Meses. Mayo)*. / ms e ms4: *no mes d'abril, si o queres, sembro*.

⁵⁶⁹² ms3, ms4 e ms21,27r: *nin come pan, dorme*.

⁵⁶⁹³ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Pobreza (Causas de la pobreza)*.

⁵⁶⁹⁴ ms-SA: *perjisa*.

⁵⁶⁹⁵ Atopados xunto cos de *Medicina e hixiene*.

18473. **Ancho de frente, largo de dente, bon de deitar e malo de levantar.** (ms9,15r: Silvarrey)
Para describir a un perezoso y comilón.
18474. **Ao raposo durmente non lle amanece a galiña no dente.** ⁵⁶⁹⁶ (mc e ms16: C.A.)
Var.: *A raposo durmente non lle rincha o año no dente.* (mc e ms16: C.A.) / *A galiña durmente cántalle ó raposo no ventre. / Ao raposo durmente non lle rincha o año no dente.* (mc e ms4: C.A.-A Nosa Terra) ⁵⁶⁹⁷
(pt) *A raposa dormente, não lhe amanhece galinha no ventre.* (Chaves) / *A raposa dormente, nada lhe cai na barriga.* (Id.) / *Zorro deitado não apanha bocado.* (Id.)
En cambio, *a galiña durmente, cántalle ó raposo no ventre.*
18475. **Can dormido non pilla as moscas.** ⁵⁶⁹⁸
(mc e ms4: C.A. A Nosa Terra / ms16: C.A.)
18476. **Can durmidor non pilla as moscas.** (ms18,23r)
18477. **Cando na cama non me quedo, non por eso é día máis cedo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18478. **Canto máis se durme, máis sono se ten.** (ms: A.C. A Nosa Terra)
18479. **Canto máis se folga, máis preguiza.** (mc: C.A. A Nosa Terra / ms16: C.A.)
18480. **Comenza Marica ás once a cocinar, o home ás doce non terá que xantar.** (ms15,18)
18481. **Contra pereza, paus na cabeza.** ⁵⁶⁹⁹
(mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
Var.: *Contra pereza, subelas.* (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
(es) *Contra pereza, tranca gruesa.* (R. Marín) / *Contra pereza, un buen garrote.* (Sbarbi)
18482. **Corre o fume ó seu lugar i-o preguizoso déixase estar.** ⁵⁷⁰⁰ (mc e ms16: Calvor, Sarria / ms4: F.V.S.)
18483. **Corre u fume pró seu lugar i-o perguizoso déixase estar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18484. **Está no medio do río e morre de sede o mesquiño.** (ms10,015r: D.E.)
18485. **Hai quen non come por non cagar.** ⁵⁷⁰¹ (mc e ms16: Buciños)
18486. **Home preguiceiro, nin boa meda nin bon palleiro.** ⁵⁷⁰² (mc e ms16: Buciños)
18487. **Home que ó levantarse di "opa" e ó sentarse "ai" non sirve prá filla de meu pai.** ⁵⁷⁰³ (mc, ms e ms16: M.V. / ms21,27r: Bermés)
(es) *Ay al sentar, ay al levantar, no tiene mi padre hija para casar.* (Correas)
18488. **Home que ó levantarse di "¡opa!" e ó sentarse di "¡ai! non sirve pá filla de meu pai.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
18489. **Hoxe festa, mañán festa; valla o demo a mala vida esta.** ⁵⁷⁰⁴ (ms10,030v: D.E.)
18490. **Langreando coa nugalla, vai co piollo bá borralla.** (mc e ms16: Buciños)
18491. **Levantouse a priguiza e puxo lume á casa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
18492. **Levantouse o preguizoso e meteui lume á cociña.** (mc e ms16: L.G.)
Var.: *Levantouse o preguizoso e meteui lume ó palleiro.* (mc e ms16: A.S.A.) / *Levantouse preguiziña e puxo lume á casiña.* (ms4: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao.Literatura Gallega 2ª ed.,1911) / *ms16: G.P.)* ⁵⁷⁰⁵
(pt) *Levantou-se o preguizoso a varrer a casa e pôs-lhe o fogo.* (Chaves) (es) *Levantóse el perezoso tarde y con mal, y pegó fuego al pajar.* (R. Marín)
18493. **Lunes e martes, lava a curiosa; miércoles e jueves, a envidiosa; sábado, a preguizosa.** ⁵⁷⁰⁶ (mc e ms16: M.V.)
18494. **Mañá é outro día.** (mc: Buciños / ms16: Sarria)
(es) *Mañana será otro día.* (R. Marín)
Pretexto para no hacer una cosa, dejándola para otro día en que tampoco se realizará.
18495. **Meu pai ten unha viña: non a cava nin a renda e tampouco a vendima.** (ms15,45r: Chantada)

⁵⁶⁹⁶ mc: *Ao*. Hai dúas fichas co mesmo refrán e nunha delas tamén aparece *Ao* no ms. / ms16: *A raposo, amanece galiña.*
⁵⁶⁹⁷ mc: *rinche.*
⁵⁶⁹⁸ ms4: *Can durmidor*; ms16: *non pilla moscas.*
⁵⁶⁹⁹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Diligencia*. / ms: *paos*
⁵⁷⁰⁰ ms: *y-o, priguizoso.*

⁵⁷⁰¹ ms: *por non c....*
⁵⁷⁰² ms: *priguiceiro.*
⁵⁷⁰³ V. *O que ó levantarse di opa i-ó sentarse ai, non sirve pra xenro de meu pai* en *Medicina. Higiene.* / mc e ms16: *i-o sentarse*; ms16: *do meu pai*; ms21,27r: *qu'o levantarse, y'o.*
⁵⁷⁰⁴ Sen clasificar no orixinal.
⁵⁷⁰⁵ ms16: *a preguiziña.*
⁵⁷⁰⁶ ms3: *xueves*; ms4: *priguizosa.*

18496. **Moitas veces se perde por preguiza o que se gana por xusticia.** (ms10,098r: D.E.)
18497. **Na cama mulida non se gana a vida.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18498. **No vrao dos preguizosos inda se sementa o trigo.** (ms9,07r: Silvarrey)
Se refiere al veranillo de San Martín, en el que siembra quien no sembró en octubre.
18499. **Non me faltan ganas de traballar, pero eu resístoas mui ben.** ⁵⁷⁰⁷ (ms15,16)
18500. **Nunca sobrexugo crebou.** (ms16: Vivero)
Es un zángano.
18501. **O carro do preguiceiro canta baldeiro.** (ms5,033)
El carro del holgazán chilla aínda vacío.
18502. **O cocho que non madruga, non come a merda fresca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
18503. **O criado mal mandado pon a mesa e mando a algún recado.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)
18504. **O criado mal mandado ponlle a mesa e mandalo ao recado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18505. **O criado mal mandado, pon a mesa e mando ó recado.** (ms18,66r)
18506. **O criado mal mandado, poñe-la mesa e mandalo a algún recado.** ⁵⁷⁰⁸ (mc e ms16: M.V. / ms21,25v: Bermés)
(es) *Al mozo perezoso, ponelle la mesa y enviadlo al mandado.* (Correas)
18507. **O criado mal mandado, poñer a mesa e mandalo a un recado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
18508. **O criado mal mandado, poñer a mesa e mandalo ó recado.** ⁵⁷⁰⁹ (ms-LU: Trini Figueiras: Toiriz, Pantón, LU. Convento Las Córneas, San Salvador de Asma, Chantada / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18509. **O cueiro do probe estira e encolle.** (ms16: Santiago)
18510. **O folgazán fai como a priguiza, que morreu no medio do río por non baixarse a beber.** ⁵⁷¹⁰ (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S.)
- (pt) *A preguiça morreu à sede andando a nadar.* (Chaves)
18511. **O home priguiceiro non ten can nin diñeiro.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
18512. **O home que ó erguerse himpa e ó sentarse dice "ai" non-é prá filla da miña nai.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18513. **O luns é das ánimas; o martes, dos martirizados; o mércores, de san Antonio; o xueves, día de mercado; viernes, de Pasión; sábado, da Virxe; domingo de gardar.** (ms16)
Se pone en labios de la mujer de un labrador para justificar su pereza en el trabajo.
18514. **Ó mal traballador todo se lle volve mocos e sudor.** (ms9,13r: Robra)
18515. **O pegureiro mal mandado, poñe-la mesa e mandalo ó recado.** ⁵⁷¹¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18516. **O preguizoso sempre está coxo.** ⁵⁷¹² (mc e ms16: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
Var.: *O perezoso sempre está coxo.*
18517. **O que non se fai día de santa Lucía, farase outro día.** ⁵⁷¹³ (ms16: Sarria)
18518. **O que prá terra non é lambón, pace a ovella ó pé do marco do torrón.** (ms15,42: Silvarrei)
18519. **O sábado Marica colle a roca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bretoña, A Pastoriza, LU)
18520. **O traballo embrutece i-a vagancia ilustra.** (ms8,45v e ms16: Otero de Rey)
Matraca a los perezosos.
18521. **Para comer á mesa, barba texa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
18522. **Pegoreiro perezoso, por un paso, vinteito.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
(pt) *O preguiçoso para não dar um passo, dá oito.* (Chaves) (es) *El mozo perezoso, por no dar un paso, da ocho.* (Sbarbi)
18523. **Pó preguiceiro non sirve ningún apeiro.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)

⁵⁷⁰⁷ O orixinal di: *Non me faltan ganas de traballar pero eu resístoas muy ben.*

⁵⁷⁰⁸ O orixinal di: *O criado mal mandado, poñel-a mesa, e mandalo a algún recado. / ms: mandal'on recado.*

⁵⁷⁰⁹ ms-LU (Lugo): *poñela mesa.*

⁵⁷¹⁰ mc: *fai como a pereza.*

⁵⁷¹¹ O orixinal di: *O pegureiro mal mandado poñela mesa e mandalo o recado.*

⁵⁷¹² ms-LU, ms e ms4: *priguizoso.*

⁵⁷¹³ V. *O que non é día de santa Lucía... en Días-días y festividades.*

18524. **Pra cavar, perna coxa, e pra derregar, tente, roxa.** ⁵⁷¹⁴ (mc e ms16: Lugo-F.V.S.)
18525. **Pra o lacaceiro non hai bon apeiro.** ⁵⁷¹⁵ (mc: Bucínos)
Var.: *Pró preguiceiro non sirve ningún apeiro.* (ms16: Santiago)
18526. **Pra traballar, requequeneir; e pra comer á mesa, barba tesa.** ⁵⁷¹⁶ (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)
Var.: *Para a mesa, barba tesa, e para o labor, andar ó redor.* (ms16: Muros-Artaza)
(es) *Hacia el trabajo, cojos y mancos; hacia la villa, como aguilillas.* (R. Marín)
(ct) *A la taula i al llit, al primer crit, y al treballar, deixa'l cridar.* (R. Marín)
18527. **Prá viña, pasada de galiña; prá casa, pasada da braza.** ⁵⁷¹⁷ (mc / ms16: Sober)
Quando se va al trabajo, paso corto; cuando se va al descanso, paso largo.
18528. **Pró mal traballador todo se volve mocos e sudor.** (mc e ms16: Pidre)
18529. **Pró preguiceiro sempre hai mal apeiro.** (ms16: Arzúa)
18530. **Quen dorme, dórmelle a facenda.** (mc e ms16: A.S.A.)
(pt) *Quem dorme, dorme-lhe a fazenda.* (Chaves)
18531. **Sábado á noite, María colle a roca.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
18532. **Sábado á noite, María pill a roca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
18533. **Sábado á noite, Marica colle a roca.** ⁵⁷¹⁸ (mc: J.A.P. / ms16: J.P.A.)
(pt) *Ao sábado à noite, Maria dá cá a roca.* (Chaves) (es) *Sábado en la noche, María, dame la rueda.* (Correas)
18534. **Sábado á noite, Marica colleu a roca.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
18535. **Sábado á noite, Mica colle o roco.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
18536. **Se o río fora aceite e os outeiros da ciudá foran pas, ¡que boa vida para os lacazás!** ⁵⁷¹⁹ (mc e ms16: Velle)
18537. **Se queres non facer nada, convoca a xunta.** (ms6,05v: Frai Prudencio, *Paliques*)
18538. **Ti tes catro enfermidades: ancho de frente, largo de dente, bon de deitar e malo de levantar.** ⁵⁷²⁰ (ms8,34r e ms16: O. de Rey)
Matraca a los perezosos.
18539. **Tódolos nugallaos contan o traballo.** ⁵⁷²¹ (ms: Lalín)
18540. **Tres: un mira i-autro ten, i-autro mira se vai ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18541. **Un polo outro i-a casa por barrer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18542. **Unhos polos outros e a casa por barrer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18543. **Unhos polos outros, a casa por barrere.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
18544. **Unhos polos outros, a casa sin barrer.** (mc)
Var.: *É noite i-a casa por barrer.* ⁵⁷²² (mc e ms16: Palas de Rey-F.V.S.) / *Uns polos outros i-a cociña sin barrer.* (ms16: Sarria / ms4: F.V.S.) ⁵⁷²³ / *Uns polos outros i-a casa sin barrer.* (ms16: Sarria)
(es) *Unos por otros, y la casa por barrer.* (R. Marín) / *Unos por los otros y la casa sin barrer.* (R. Marín) (ct) *Uns per atres, la casa per agramar.* (Alberola)
18545. **Unhos polos outros, a cociña por barrer.** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)
18546. **Val máis que te chamen de nova priguizosa que non de vella achacosa.** (ms10,050r: Tirimol)
18547. **Vale máis unha hora de gana que dúas de galvana.** ⁵⁷²⁴ (ms21,11v: Bermés)
18548. **Vámonos, vámonos, e nunca nos imos; este éche o trato dos perguiceiriños.** (mc e ms16: Pidre-F.V.S.)
18549. **Xan, por non muda-los pés, deixa queima-las zocas.** ⁵⁷²⁵ (ms15,17)

⁵⁷¹⁴ ms16: *perna coxa; pra derregar.*

⁵⁷¹⁵ ms: *bon.*

⁵⁷¹⁶ V. *Barba pon a mesa e non perna tesa en Pereza.*

⁵⁷¹⁷ ms16: *pasada de a braza.*

⁵⁷¹⁸ V. *Sábado á noite, Marica pill a roca en Pereza y ociosidad, e Mariquiña o sábado á noite pousa a roca e plancha a roupa en Mujer.*

⁵⁷¹⁹ mc: *pros lacazás.*

⁵⁷²⁰ ms16: *de frente i largo de dente.*

⁵⁷²¹ O orixinal di: *Todol'os nugallaos contan o traballo. / Atopados xunto cos de Medicina e higiene.*

⁵⁷²² ms4: *sin barrer.*

⁵⁷²³ ms4: *Unhos.*

⁵⁷²⁴ O orixinal di: *Vale mais un'ha hora de gana que duas (2) de galvana.*

⁵⁷²⁵ O orixinal di: *Xan por non mudal'os pés deixa queimal'as zocas.*

PEREZA Y OCIOSIDAD. V. tamén
Entretenimiento, Ocio, Ociosidad, Pereza, Vicios, Lacras y vicios sociales.

18550. **A folgueta e a bebedela botan as casas por terra.** (mc: M.V.)

(es) *La casa envinada, media empenada.*⁵⁷²⁶

(Sbarbi) / *Quien huelga no medra.* (Sbarbi)

(ct) *Molt mal sa casa govèrna, qui va molt a la tavèrna.* (Alberola)

18551. **A perguiza non é filla de bon pai.** (ms)

18552. **Cu sentado nunca fai bon mandado.** (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *Cu sentado non fai bon mandado.* (ms16: Lugo)

(es) *Trasero sentao, no hace mandao.* (M. Kleiser)

18553. **Debaixo da manta calquera canta.** (mc: Corme)

18554. **Lunes corta, martes atroza, miércoles carga, jueves ata, viernes sale, sábado chega Miguelín cun carro de leña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

A semana.

18555. **Lunes sal, martes anda, miércoles chega, jueves talla, viernes volve e sábado chega; ehí vén Xan cun feixe de leña.** (mc: Buciños)

18556. **Moito madruga Xan de Guedella, moito madruga e tarde aparela.** (mc: M.L.)

18557. **Non comerá groso pero descansa o óso.** (ms8,55r: Silvarrey)
Quando uno se queda en cama, porque tiene poco que hacer y comer.

18558. **Non comerei groso pero descánsame o óso.** (mc / ms4: F.V.S.)

18559. **Non-o pasará groso pero descánsalle o óso.** (mc: Pedraza)

Var.: *Non-o pasará moi groso pero fólgame o óso.*

18560. **¿Non te tostarás nin te mollas? Si n'ou tes ou non-ou roubas, vas parar a Valdecollas.**⁵⁷²⁷ (mc: M.L.)

Var.: *¿Non te vistas nin te mollas? Se non o tes ou non o roubas, vas ó fio a Valdecollas.* (C.A. A Nosa Terra)

18561. **O perguiseiro non ten amor ó diñeiro.** (mc: Santiago)

⁵⁷²⁶ ms: medio empenada.

⁵⁷²⁷ ms4: vas parar á fio a Valdecollas.

18562. **O priguiceiro nin comerá ben nin terá diñeiro.** (mc: Santiago)

18563. **O que chega tarde, mal se aloxa.**⁵⁷²⁸ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

(pt) *Quem chega tarde acha o lugar tomado.* (Chaves)

18564. **O que moito dorme, galiña gorda non come.**⁵⁷²⁹ (mc: Santiago / José Lorenzo Viña)

18565. **O que ó nacer o sol non ten a súa casa aberta, pódesele chamar colmea muerta.**⁵⁷³⁰ (mc: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballo, LU)

18566. **O que se levanta con sol, non goza do día.** (mc: Santiago)

18567. **O raposo que dorme, nunca galiña gorda come.**⁵⁷³¹ (mc: Santiago)
Var.: *Raposo que moito dorme, galiña gorda non come.* (Id.)

18568. **Pedra parada musgo cría.**⁵⁷³² (mc)
Var.: *A pedra, andando, non cría musgo.* (pt) *Pedra queda, musgo cria.* (Chaves) / *Pedra que muito rola, não cria musgo.* (Id.)

18569. **Quen non ten que facer, seus nabos sacha antes de nacer.**⁵⁷³³ (mc: Nós)
Var.: *Quen non ten que facer, sacha o nabo antes de nacer.* (Nós) / *Quen non ten que facer, seus nabos sacha.* (R. Caruncho)
(pt) *Quem não tem que fazer, abre o cú e colhe moscas.* (Chaves) / *Quem não tem que fazer, veste-se e despé-se.* (Id.) (es) *El que no tiene qué haga, sus nabos salla.* (Correas) (que advierte que sallar = escardar, cavar: lo cual no es necesario en el nabal).

18570. **Raposo que moito dorme, galiña gorda nunca come.** (ms-SA: Eliseo López Varela)

18571. **Raposo que moito dorme, nunca galiña gorda come.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / José Manuel Area Alonso)

18572. **Sábado á noite, Marica pillá a roca.**⁵⁷³⁴ (mc: La Coruña)

⁵⁷²⁸ V. *O que chega tarde, nin oie misa nin come carne en Diligencia.*

⁵⁷²⁹ O que moito dorme, galiña gorda non come.

⁵⁷³⁰ ms-LU: ms e ms4: colmena.

⁵⁷³¹ V. *Raposo que moito dorme, galiña gorda non come en Agrícolas (Animales).*

⁵⁷³² V. *Pedra movediza non cría mofo en Trabajo.*

⁵⁷³³ ms: sach'o nabo.

⁵⁷³⁴ V. *Sábado á noite, Marica colle a roca en Pereza.*

18573. **Sale de ahí, Pedro Tosco, non me engañes a criada, que nin ma vistes nin ma calzas nin lle pagas a soldada.** (mc: Santiago)
Pedro Tosco es, en varias localidades de Galicia, el sueño.
18574. **Sin botar man á rabela nin levantar un torrón, o lugar de Mirandela non mantén a Xan Miranda.** ⁵⁷³⁵ (mc: Otero de Rey)
18575. **Treta non henche barriga.** (mc: Buciños)
18576. **Vaite d'aí, Pedro cosco, no me téntela criada: no ma calzas nin ma vistes, nin lle pága-la xornada.** ⁵⁷³⁶ (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
18577. **Vamos indo, o que veña despois que traiga o carro i-os bois.** (mc: Buciños)
18578. **Xan da Guedella moito madruga e tarde aparella.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU / ms18,66v: Pol)
18579. **Xan de Guedella cedo madruga e tarde aparella.** (mc)

PERFECCIONAMIENTO

18580. **Non hai bo que non poda ser millor nin malo que non poda ser peor.** (ms16: D.E.)
(es) *No hay bueno que no pueda ser mejor; ni malo que no pueda ser peor.* (R. Marín)
18581. **O bo i-o malo non teñen fondo.** (ms16: Biville, Sarria)
18582. **O bo sempre pode ser millor.** (ms16: Lugo)
18583. **Se marmulan de ti, corríxete; e si te calumnian, rite.** (ms15,42: Valle del Mao)

PERMANENCIA

18584. **Ben está o pé na perna e a perna no calzón.** (ms16 e ms10,015r: D.E.)
(es) *Bien está el pie en la pierna.* (R. Marín)
18585. **Múdanse os homes e non os montes.** (ms16)
(es) *Múdanse los hombres; no los montes.* (R. Marín)
18586. **Quen ben está ben estea.** ⁵⁷³⁷ (mc: A.S.A. / ms16: D.E.)

⁵⁷³⁵ ms15,22: *Xan mirando.*

⁵⁷³⁶ O orixinal di: *Baite dai Pedro cosco no me tente la criada no ma calzas nin ma vistes nin lle paga la xornada.*

⁵⁷³⁷ V. *Na casa allea, o que ben está ben estea en Casa.*

- (pt) *Quem bem está, não se levante.*
(Chaves) (es) *Quien bien está, no se mude.*
(R. Marín) / *Quien bien está, non se mueva.*
(Id.)
18587. **Quen ben está non se mude.** ⁵⁷³⁸ (ms16 e ms10,015r, ms10,044v: D.E.)
(es) *Quien bien está no se mude.* (Z.)

PERMUTAS

18588. **Daca o galo, toma o galo: quedan as prumas tiradas no chao.** ⁵⁷³⁹ (ms16 e ms10,025r: D.E.)
(es) *Daca el gallo, toma el gallo, quédanse la plumas en la mano.* (H. Núñez)
18589. **Dáme do teu boliño i-eu dareiche da miña broiña.** (ms16: R. Fisterrán)
18590. **Do troco sempre leva o choco.** (ms: Santiago)
18591. **No troco algún leva o broco.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
18592. **No troco un sempre leva o choco.** (ms16: Santiago)
18593. **Non cambies o odre, que che pode salir podre.** (mc e ms16: Santiago)
18594. **O que cambia odre por odre, algún lle sae podre.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
18595. **Odre por odre, un ha de saír podre.** (ms18,74r: A.S.A.)
18596. **Odre por odre, un ha de ser podre.** ⁵⁷⁴⁰
(mc: G.S. y A.)
Var.: *Odre por odre, algún ha de ser podre.* (ms16: Sober)
(pt) *Odre por odre, algum sai podre.* (Chaves)
18597. **Santa Rita, santa Roca, o que se dá non se troca.** (mc e ms16: Santiago)
Var.: *Santa Roca, o que se dá non se troca.* (ms5,135: Santiago)
De muchachos.

PEROGRULLADAS

18598. **A i-auga molla por donde pasa.** (ms16: D.E.)
(es) *El agua de Loja, por donde pasa moja.* (R. Marín)
18599. **A mitá e outro tanto é a conta cabal.** ⁵⁷⁴¹ (ms16 e ms10,040v: D.E.)

⁵⁷³⁸ En ms10,044v s.v. *Mudanza.*

⁵⁷³⁹ En ms10 s.v. *Gallo.*

⁵⁷⁴⁰ ms4: *saír podre....*

⁵⁷⁴¹ ms16: *i-outro tanto.* En ms10 s.v. *Mitad.*

- (es) *La mitad y otro tanto es cuenta cabal.* (R. Marín)
18600. **Anque o can ten catro patas, por un soilo camiño anda.** (ms16: D.E.)
(es) *Aunque el perro tiene cuatro patas, no puede andar a la vez por cuatro caminos.* (R. Marín)
18601. **Cando chove, todos nos mollamos.** (ms16: D.E.)
(es) *Cuando llueve todos nos mojamos.* (R. Marín)
18602. **Cando eu falo, a boca abro.** (ms16: D.E.)
(es) *Cuando yo hablo, la boca abro: y para estar quedo, la boca cierro.* (R. Marín)
18603. **Con pan ou sin pan, o que non morra vivirá por san Xoán.** ⁵⁷⁴² (ms10,078r: D.E.)
18604. **Día e noite é sempre.** (ms8,63r: O. de Rey)
18605. **Éche ben certo que o que non dorme está desperto.** (ms16: Santiago)
18606. **Na paz e na guerra, o que matan, morto queda.** (ms16: D.E.)
(es) *En la paz y en la guerra, el que matan muerto queda.* (R. Marín)
18607. **Non hai cousas como as millores.** ⁵⁷⁴³
(ms16: Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18608. **O chan está mollado cando as nubes soltan as aguas.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
18609. **O que non ten boca non di "asopla".** (mc e ms16: Santiago)
18610. **O que ten boca non di a outro sopla.** ⁵⁷⁴⁴ (ms: Santiago)
Var.: *O que ten boca non sopla.* (ms4: A.S.A.)
18611. **Onde comen dous, ben comen tres, se é que botan no pote ou na cazola que.** (ms16: D.E.)
18612. **Onde comen tres comen catro, se poñen máis no prato.** (ms16: D.E.)
(es) *Donde comen cuatro, ocho comerán, si añaden carne, vino y pan.* (R. Marín)
18613. **Onde está o rei non-o atopan.** ⁵⁷⁴⁵ (ms10,015r: D.E.)

⁵⁷⁴² En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Perogrulladas*.

⁵⁷⁴³ ms-LU: *com'as millores*.

⁵⁷⁴⁴ Dentro de *Miscelánea* no manuscrito orixinal.

⁵⁷⁴⁵ Este refrán aparecía en ms16 da seguinte forma: *Onde non está o rei non-o atopan*, que é tamén como o recolle Eladio Rodríguez no seu dicionario. Aínda que a forma con *Onde está o rei* podería ser un erro de transcripción, recollémola porque ten igualmente sentido, aínda que distinto.

18614. **Onde non está o rei, non-o atopan.** (ms16: D.E.)
(es) *Donde no está el rey no le hallan.* (R. Marín)
18615. **Que se sache ben que se sache mal, sachado ha de quedar.** (ms16: Cabo de Cruz)
18616. **Quen ten unha boa hora, non-as ten malas todas.** ⁵⁷⁴⁶ (ms16 e ms10,030r: D.E.)
(es) *Quien pasa bien el primer día del año, no pasa mal todo el año.* (R. Marín)
18617. **Quen vai en carro, non vai a pé nin a cabalo.** ⁵⁷⁴⁷ (mc: M.V. / ms15,24r: Ourantes, Orense / ms21,21v: Bermés / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C / ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minía de Brión, C)
Var.: *O que vai no carro, non vai a pé nin vai a cabalo.* (ms16: D.E.)
(pt) *Quem caminha em carro, nem vai a pé, nem a cavalo.* (Chaves) (es) *El que va en carro, no va a pie ni a caballo.* (Correas)
18618. **Vai diante sempre que fuxas.** (ms10,005v: D.E.)

PERROS. V. tamén *Agrícolas (Animales)*.

18619. **A cadela trigosa pare os fillos cegos.** (mc e ms16: A.N. / ms4: N.V. 2ª serie)
(pt) *Cadelas apressadas parem cães tortos.* (Chaves) / *Cachorra apressada pare filhos cegos.* (Id.)
18620. **A donde non-o chaman vai o can.** (ms4: F.V.S.)
18621. **A frida do can cos pelos se cura.** (ms6,05v: Frai Prudencio: *Paliques*)
18622. **A lamber sostens'o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18623. **Ao can fraco todo é carrachas.** (mc: C.A. / ms16: A.N.)
Véase *A can fraco todo son pulgas.*
18624. **Bon está o can que non quer pan.** (mc e ms16: M.L.)
18625. **Cada can ladra no seu palleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Telleira, Canduas, Cabana de Bergantiños, C)
18626. **Cada can lambe o seu.** (mc e ms16: M.L.)
(es) *Cada perro con su hueso.* (R. Marín)
18627. **Cada can lame o seu cu i-a cadela o de todos.** ⁵⁷⁴⁸ (ms11,01)
18628. **Cada can no seu palleiro.** (ms16: Baralla)

⁵⁷⁴⁶ En ms10 s.v. *Hora*.

⁵⁷⁴⁷ ms4 e ms21,21v: *nin vai a pe*.

⁵⁷⁴⁸ O orixinal di: *Cada can lame o seu cu y-a cadela o de todos*. / Indica *Sobre el perro*.

18629. **Can dormitorio non pilla moscas.** (ms18,68v: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))
18630. **Can merendeiro non garda o palleiro.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A. / ms18,68v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
18631. **Can morto non morde.** (ms16: Lugo)
(es) *Perro muerto no muerde.* (R. Marín)
18632. **Can morto non rabea.** (mc e ms16: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Perro muerto, no muerde.* (R. Marín)
18633. **Can pequeno, fol de veneno.** (mc e ms16: Santiago)
18634. **Can que dorme, deixalo dormir.** (mc e ms16: Buciños)
18635. **Can que ten a nai na aldea moito oubea.** (ms16: D.E.)
(es) *Can que madre tiene en villa, nunca buena ladrida.* (H. Núñez)
18636. **Can seco busca a pousada con día.** (ms8,47r: Carballino)
18637. **Can sen dentes non trava.** (ms16: Luís Carré.)
18638. **Canto máis grande é o can máis caldo come, se llo dan.** (mc e ms16: Santiago)
18639. **Canto máis grande é o can máis caroliños lle dan.** ⁵⁷⁴⁹ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
18640. **Canto máis grande é o can máis carolos lle dan.** (mc e ms16: Santiago)
18641. **Canto máis grande é o can máis mendrugos lle dan.** ⁵⁷⁵⁰ (mc e ms16: Santiago / A. Darriba Míguez / Luís Alonso Alonso)
18642. **Canto máis grande é o can máis paus lle dan.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
18643. **Canto máis grande é o can máis trancazos lle dan.** (mc e ms16: Santiago)
18644. **Catr'anos de can novo, catr'anos de bon can, catr'anos de can vello, catr'anos de mal can.** (ms-SA: seminarista anónimo: Carballo, Carballo, C)
18645. **Cu de muller, rodilla d'home e fuciño de can, son as tres cousas que máis frías están.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
18646. **De boa casta é o can pra non roe-lo óso.** ⁵⁷⁵¹ (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
18647. **De neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro; e de vello, can; i-o que come non-o merece; i-o que pide non llo dan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18648. **De neno, rei; de joven, capitán; de casado, burro; e de vello, can.** (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)
18649. **De pequeno, rei; de mozo, capitán; e de vello, can.** (ms-SA: Gestoso, provincia de La Coruña)
18650. **De rapaz, rei; de mozo, capitán; e de vello, can.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)
18651. **Debe ter o labrador un centinela e un relós.** (mc e ms16: G.P.)
Un perro y un gallo.
18652. **Deixa andar o can coa roca i-o gato co fuso.** (mc e ms16: Santiago)
18653. **Dous cas contra un lobo cómeno todo.** ⁵⁷⁵² (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18654. **En febreiro mete o can o rabo no palleiro.** (ms-SA: Manuel Collazo Porto: Portas, PO)
18655. **En xaneiro métese o can no palleiro.** (mc e ms16: Santiago)
Var.: *En febreiro xa busca o can o palleiro.* (ms4: J.T.) / *En febreiro xa busca o can a soma do palleiro.* (ms4: C.G.)
18656. **En xaneiro todos os cans están no palleiro.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
18657. **En xaneiro vai o can pró palleiro e levántase en febreiro.** (ms16: Santiago)
18658. **En xaneiro xa o can vai para o palleiro.** (ms-SA: Baldomero Louro Lado: San Mamede de Carnota, C)
18659. **En xaneiro xa vai o can pó palleiro.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
18660. **En xaneiro, o can no palleiro.** (mc e ms16: Santiago)
18661. **Fuciño de can e cu de xente nunca está quente.** ⁵⁷⁵³ (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)
18662. **Máis come o can, si llo dan.** (mc e ms16: Santiago)
18663. **Ningún can lambendo engorda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

⁵⁷⁴⁹ O orixinal di: *Canto maix grande e o can maix caroliñas lle dan.*

⁵⁷⁵⁰ L. Alonso Alonso: *u can, mandrugos*; mc: *jrande, mandrujos.*

⁵⁷⁵¹ O orixinal di: *De boa casta é o can pra non roe-lo óso.*

⁵⁷⁵² ms-LU (Lugo): *contr'on.*

⁵⁷⁵³ ms: *c... de xente.*

18664. **No bico do can non cáte-lo pan, nin no fuciño da cadela cáte-la manteiga.**⁵⁷⁵⁴
(ms21,09r: Bermés)
18665. **No bico do can non cates o pan, nin en fuciño de cadela vaias cata-la manteiga.**⁵⁷⁵⁵ (mc e ms16: A.I.)
(pt) *Não busques o pão no focinho do cão.*
(Chaves) (es) *No busques pan en el molino del can.* (Correas) / *No busques pan en la cama del can.* (Id.)
18666. **No mes de xaneiro ladra o can no paleiro.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)
18667. **No xaneiro, ningún can para no paleiro.** (mc e ms16: Bucínos)
18668. **Non búsque-lo pan no cocho do can.**⁵⁷⁵⁶ (ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballo, LU)
18669. **Non busques pan na cama do can.** (mc e ms16: Lugo / mc: M.L.2)
(pt) *Não busques o pão no focinho do cão.*
(Chaves) (es) *No busques pan en la cama del can.* (Correas)
18670. **Non busques pan no niño do can estando o can vivo.** (ms8,58v: S. Simón de la Cuesta)
18671. **Non hai can que non coma o millo: se non é cru, é cocido.** (ms21,18r: Bermés)
18672. **Non hai can que non coma o millo.** (mc e ms16: Chantada)
Var.: *Non hai can que non coma o millo sinón é cando é cocido.* (F.V.S.)
18673. **Nunca un can comeu a outro.** (ms8,43r: Silvarrey)
18674. **O can de todas as bodas, por unha pérdeas todas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
18675. **O can do paleiro non quer compañeiro.** (ms-SA: José Bello Arjomil: Valiña, Vimianzo, C)
18676. **O can grande sempre morde do pequeno.**⁵⁷⁵⁷ (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Oliveira, Ribeira, C / ms-SA: José Calviño Pueyo: A Ponte Maceira, Portor, Negreira, C)
18677. **O can liebreiro é madrughón.**⁵⁷⁵⁸ (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
18678. **O can no óso i-a cadela na costa.**⁵⁷⁵⁹
(mc e ms16: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)
18679. **O can no paleiro despois non fai bo caseiro.** (ms-SA: Manuel Varela Pérez: Santa María de Castrofeito, O Pino, C)
18680. **O can no paleiro non fai bo caseiro.** (mc e ms16: Santiago)
18681. **O can no paleiro non quer compañeiro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
18682. **O can que se deita con pulgas, con pulgas se levanta.** (ms16: Sober)
18683. **O can sempre será can.** (ms16: D.E.)
18684. **Ó can, canto máis grande, máis trancazos lle dan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
18685. **O mes de xaneiro, meo can ó paleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
18686. **O meu can colleu unha mosca e, se a pillou, comeuna.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
18687. **O que can alleo ceba, polo cu lle beba.**⁵⁷⁶⁰ (mc: Monforte / ms16: Lugo / ms21,11r: Bermés)
18688. **Ó que lle escapa o gato, que non lle escapara o can.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
18689. **O que se deita con cas, aparece coronado de pulgas.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
18690. **O sol madrugadeiro fai meter o can no paleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18691. **O sol madrugadeiro mete o can no paleiro.**⁵⁷⁶¹ (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
18692. **O sol madrugadeiro mete o can ó paleiro.** (ms21,19v: Bermés)
18693. **O sol mui madrugadeiro mete o can no paleiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
18694. **Onde non hai can chega o zorro á porta.** (ms)
18695. **Os cas sin dono ouvean de balde e levan no lombo.** (ms5,137)

⁵⁷⁵⁴ O orixinal di: *No bico do can non catel'o pan nin no fuciño da cadela cátel'a manteiga.*

⁵⁷⁵⁵ O orixinal di: *No bico do can non cates o pan, nin en fuciño de cadela, vaias catal'a manteiga.* / ms e ms3: *catel'o pan, vayas catal'a;* ms4: *d'a cadela.*

⁵⁷⁵⁶ O orixinal di: *Non búsquel'o pan no cocho do can.*

⁵⁷⁵⁷ ms-SA (José C.): *jrando, de pequeno.*

⁵⁷⁵⁸ O orixinal di: *O can liebreiro e madrughón.*

⁵⁷⁵⁹ ms: *y a cadela.*

⁵⁷⁶⁰ ms: *polo c...*

⁵⁷⁶¹ ms-LU (Coruña): *madrugueiro.*

18696. **Ós tres anos, ti ti; ós seis, can can; i-ós nove, laián.** (ms-LU: seminarista anónimo: San Xoán do Corgo, LU)
18697. **Para o óso hai cincuenta cans.** ⁵⁷⁶² (ms-SA: M. González Fernández)
18698. **Polo xaneiro, o can ó palleiro.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)
18699. **Polos rapaces e polos cas sempre hai bullós.** (mc e ms16: Buciños)
18700. **Por san Xoán ás tres voltas se deita o can.** (mc e ms16: Santiago)
18701. **Por xaneiro métese o can no palleiro.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
18702. **Por xaneiro non vai o can ó palleiro.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
18703. **Pr'on óso, cen cas.** (ms10,049r: Silvarrey)
18704. **Pró can flaco todas son pulgas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18705. **Probe do can que non ten cirolas; ahí vén o vran, faremoslle unhas novas.** (mc: R. Caruncho *D. de avisos* / ms16: R. Caruncho)
18706. **Quen con cas se deita, con pulgas se levanta.** (ms21,05r: Bermés / ms18,65v: Rodeiro)
18707. **Quen ten medo, compra can.** (mc e ms16: M.L.)
(pt) *Quem tem medo, compra um cão.*
(Chaves) (es) *Quien tenga miedo, que compre un perro.*
Para que le avise y guarde.
18708. **Rabia, can, porque non che dan pan.** (mc e ms16: F.L.)
18709. **Rodillas de home, cu de muller e fuciño de can, son as tres cousas que máis frías están.** (mc e ms16: Golada / ms4: F.V.S.)
Hay otros que insisten en la misma idea.
18710. **Roie o can o óso porque non-o pode pasar enteiro.** (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)
18711. **Se ten un pelo, bon can; se ten dous, loubán; se ten tres, lacazán.** ⁵⁷⁶³ (ms11,01)
El pelo a que se hace referencia ha de ser en el comienzo de la garganta.
18712. **Sol madrugueiro mete o can no palleiro.** (ms-LU: Antonio Vázquez Paredes: Vilalba, LU)
18713. **Sol madrugueiro mete o can ó palleiro.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
18714. **Sol madrugueiro, o can pó palleiro.** (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: A Feira do Monte, Sistallo, Cospeito, LU)
18715. **Tres anos cadelo, tres anos can e tres anos folgazán, e despois, fóra can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18716. **Tres anos de can novo e outros tres de bo can; tres anos de can vello i-outros tres de folgazán.** (mc e ms16: A.S.A.)
Var.: *Tres anos de can novo e tres anos de bo can; tres anos de can vello e tres anos ind'é can.* (mc e ms16: S.P.P. *Ultreya*) / *Tres anos toitiño, tres anos can; l e tres lacazán, ehí está a vida do can.* (mc e ms16: Buciños) / *Tres anos de can novo, tres anos de bon can e tres anos de larizán.* (ms15,05: Silvarrey) / *Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres anos de mal can.* (ms4: L.G.)
(es) *Raza de can, amor de cortesano y ropa de villano, no dura más que tres años.*
(Jara)
18717. **Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres anos de ruín can i-aí che vai a vida do can.** ⁵⁷⁶⁴
(ms-LU: seminarista anónimo: Paradel, LU)
18718. **Tres anos de tris-tres, tres anos de bon can e tres anos de loubán.** (ms8,33v: Taboada)
18719. **Tres anos toitiño, tres anos can e tres lacazán: ehí está a vida dun can.** ⁵⁷⁶⁵ (mc e ms16: Buciños)
18720. **Tres anos tus tus, tres anos bon can e tres anos vello can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18721. **Tres cousas frías hai: cu de muller, rodillas de home e fuciño de can.** ⁵⁷⁶⁶ (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms4: V.R. y A.R.)
Var.: *Tres cousas hai na vida que sempre frías están: o cu dunha muller, a rodilla dun home y o fuciño dun can.*
Véase rodillas de home...
18722. **Tres cousas hai na vida que sempre frías están: o cu dunha muller, a rodilla**

⁵⁷⁶² O orixinal di: *Prou gueso hay cincuenta cas.*

⁵⁷⁶³ Indica *Sobre el perro.*

⁵⁷⁶⁴ O orixinal di: *Tres anos de can novo, tres anos de bon can, tres anos de can vello, tres ano[s] de ruín can y ahí che vai a vida do can.*

⁵⁷⁶⁵ mc: *lacaza*; ms16: *a vida do can.*

⁵⁷⁶⁶ ms4: *frías han.*

- dun home i-e o fuciño dun can.** ⁵⁷⁶⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18723. **Tres cousas hai que frío dan: rodillas de home, cu de muller e fuciño de can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18724. **Tres, cachorro; tres, can; tres, capitán; tres, folgazán: ahí che vai a vida de un can.** (ms16: Sober)
18725. **Vai buscar o pan ó niño do can.** ⁵⁷⁶⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

GALGOS

18726. **Corre máis galgo de un mes que mastín de tres.** ⁵⁷⁶⁹ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
Var.: *Se cadra corre máis un galgo de mes que outro de tres.* (mc e ms16: Villamor, La Coruña)
18727. **Corre máis un galgo dun mes c'on burro de tres.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
18728. **Ó galgo vello darlle lebre e non coello.** (ms9,11v: Silvarrey)
Porque la liebre huye recta y da menos que hacer que el conejo que huye en zig-zag.
18729. **Vale máis galgo de mes que mastín de tres.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

LADRIDOS DE PERROS

18730. **A can que moito ladra bótalle un óso, verás como cala.** (ms16: D.E.)
18731. **Can ladrador, pouco mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18732. **Can moi ladrador, nin por eso millor.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
18733. **Can mui ladrador non é u máis mordedor.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18734. **Can que ladra a casa garda.** (ms16: Lugo)

⁵⁷⁶⁷ O orixinal di *Tres cousas hay na vida que sempre frias están, u cu d'uha muller, a rodilla d'un home ye u fuciño d'un can.*

⁵⁷⁶⁸ O orixinal di *Vay buscar o pan o niño do can.*

⁵⁷⁶⁹ ms-LU: *dun mes ca.*

- Var.: *Can que moito ladra, ben garda a casa.* (ms16: D.E.)
- (pt) *Cão que ladra, cão que me guarda.* (Chaves) (es) *Perro que mucho ladra, guarda la casa.* (Correas) (va) *Gos que lladra, guarda la casa.* (Alberola)
18735. **Can que ladra non trava.** (mc e ms16: Carballedo)
Var.: *Can que moito ladra non trava.* (ms16: Luís Carré)
(pt) *Cão que ladra, não morde.* (Chaves) / *Cão que não ladra, guarda dele.* (Id.) (es) *Perro que ladra, no muerde.* (Sbarbi) / *Perro ladrador, nunca buen mordedor.* (Id.) (ct) *Gos que lladra no mossega.* (Alberola)
Figuradamente, quien más habla, menos hace.
18736. **Can que máis ladra, non é o que máis morde.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental))
18737. **Can que moito ladra non é-o que máis trava.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
18738. **Can que moito ladra, ruín é prá casa.** (ms16: D.E.)
18739. **Can que non oubea non garda a casa.** (ms: *A Nosa Terra*. C.A.)
18740. **Cando ladra o can, estate en vela: ou mal che fan ou renxe a cancela.** (mc e ms16: Buciños)
(pt) *Cão que ladra, cão que me guarda.* (Chaves) (es) *Perro que mucho ladra bien guarda la casa.* (Correas). (ct) *Gos que lladra, guarda la casa.* (Alberola)
18741. **Cando o can ladra, algo venta.** (mc e ms16: Monforte)
18742. **Cando o can ladra, anda o ladrón na aira.** (mc e ms16: Lulle, Samos)
(pt) *Cão que ladra, cão que me guarda.* (Chaves)
18743. **Cando o can ladra, señal de xente.** (mc e ms16: Carballedo / ms4: F.V.S.)
(ct) *Quan els gossos lladren, alguna còsa senten.* (Alberola)
18744. **Cando un can ladra, outro cala.** ⁵⁷⁷⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C)
18745. **Ladra, can, que pra eso gána-lo pan.** ⁵⁷⁷¹ (mc: Buciños / ms16: D.E.)

⁵⁷⁷⁰ V. *Cando un burro ornea, outro escoita en Necedad* (Número de los necios).

⁵⁷⁷¹ O orixinal di: *Ladra, can, que pra eso ganalo pan.*

18746. **Ládreme o can e non me morda, que eu lle botarei a corda.** ⁵⁷⁷² (ms16 e ms10,032r: D.E.)
18747. **Ládreme o can e non me morda.** (ms16: D.E.)
18748. **O can cando ladra é porque alguen anda na manada.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
18749. **O can do hortelán nin famento nin farto deixa de ladrar.** (ms16: D.E.)
18750. **O can ladra moito cando está no seu cortello.** (ms5,045: Cereijo, Estrada)
18751. **O can ladra onde come.** (ms16: D.E.)
18752. **O can ladrador non é o máis mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18753. **O can máis ladrador non é o máis mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
18754. **O can máis ladrador non é o máis roedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
18755. **O can máis ladrador, nin por eso é o máis trabador.** ⁵⁷⁷³ (mc: Terra de Melide / ms e ms4: V.R. y A.R.)
 Var.: / *O can máis ladrador, nin por eso é máis trabador.* (ms4: A.R. y V.R.)
 (pt) *Cão que ladra não morde.* (Chaves) / *Cão que não ladra, guarda dele.* (Id.) (es) *Perro ladrador, nunca buen mordedor.* (Correas)
18756. **O can mui ladrador non é o máis mordedor.** (mc e ms16: C.G.)
 Var.: *Can ladrador non é mordedor.* (ms16: Luís Carré) / *O can ladrador non é o máis roedor.* (ms16: Donalbay, Begonte) / *Can moi ladrador, pouco mordedor.* (ms16: D.E. / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU) ⁵⁷⁷⁴
 (pt) *Cão que ladra não morde.* (Chaves) / *Cão que não ladra, guarda dele.* (Id.) (es) *Perro ladrador, nunca buen mordedor.* (Correas) (ct) *Gos que lladra no mossega.* (Alberola)
 Como *Gato mui miador...* en cuanto a su sentido figurado.
18757. **O can mui ladrador non é o que máis morde.** ⁵⁷⁷⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
18758. **O can no barbeito ladra sin proveito.** (ms16: D.E.)
18759. **O can ouvea e o burro ornea.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: D.E.)
18760. **O can que máis ladra non é o que máis trava.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18761. **O can que máis ladra non é [o] que máis morde.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
18762. **O can que moito ladra non é o que máis morde.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
18763. **O can que moito ladra nunca mal pode facer.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
18764. **O can que moito ladra pouco morde.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
18765. **O can que muito ladra non é o que morde.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
18766. **O can vello, se ladra, dá consello.** (ms16: D.E.)
 (es) *El perro viejo, si ladra, da consejo.* (H. Núñez)
18767. **Perro ladrador, pouco mordedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
- MORDEDURAS.** V. tamén *Mordeduras*.
18768. **Can doente non conoce o amo.** (mc: C.A.)
 Var.: *Can danado non conoce o amo.* (ms16: D.E.) / *Can doente non conoce a xente.* (ms16: D.E.)
 (pt) *Cão com raiva, seu dono trava.* (Chaves) / *Cão com raiva, seu dono morde.* (Id.) (es) *Can con rabia, de su dueño trava.* (Correas)
18769. **Can que morde non ladra en van.** (ms16: D.E.)
18770. **Can que trinca, rabia leva.** (ms16: R. *Fisterrán*)
18771. **Non lle teñas medo ó can cando abre a boca senón cando a cerra.** (mc e ms16: Bagueixos-F.V.S.)
18772. **O can coa rabia a seu dono trava.** (ms16: D.E.)
 (es) *Can con rabia, de su dueño trava.* (Z.)

⁵⁷⁷² En ms10 s.v. *Ladrar*.

⁵⁷⁷³ ms4: *nin por eso e mais trabador*.

⁵⁷⁷⁴ ms-LU: *mui*.

⁵⁷⁷⁵ O orixinal di *O can muy ladrador, non e o que máis morde*.

18773. **O can morde o último.** (ms16: Sober)
 18774. **O can non fai o mal ó abri-la boca senón a cerrala.** ⁵⁷⁷⁶ (mc e ms16: Bagueixos-F.V.S.)
 Como *Non teñas medo ó can...*
 18775. **O can que máis ladra non é o que máis morde.** (ms21,14r: Bermés)
 18776. **O can que menos ladra é o que máis morde.** (mc e ms16: Santiago)

PERSECUCIÓN

18777. **Non me apretedes que direi o que vós queredes.** (mc e ms16: Villanueva, Lalín-F.V.S.)

PERSONA

18778. **De persoa atravesada arreda a túa morada.** (ms10,091r: D.E.)
 18779. **De persoa trapalleira fuxe á carreira.** (ms10,091r: D.E.)
 18780. **Onde non anda a persoa, non fai sombra.** (ms10,091r: D.E.)

PESAR

18781. **O pesar non é máis que sede.** (ms10,091r: D.E.)
 18782. **Un pesar fai tamén unha alegría.** (ms10,091r: D.E.)

PESCA. V. tamén *Embarcaciones, Marítimos (Aves, Peces), Peces, Pescadores.*

18783. **Cartos na man, xurelos na cesta.** (mc e ms16: Gella, Marín)
Xurelo es, según Carré, el verdel, pez de mar que recibe diversos nombres, según su tamaño: *xurelo chincho*, el pequeñito; *moscón*, la xurela, o xurelo grande; *sardiñeiro*, el mediano.
 18784. **Cornos para abaixo, meixóns tres ou catro.** (ms5,031)
 La fuerza del meixón depende de los ciclos lunares. Hay jornadas de luna adversa, como dice el refrán.
 18785. **Chopo non chopo, rede no mar.** (ms18,62r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)
 18786. **Chuvia de morriña, nin peixe nin fariña.** (ms16: M.-Bueu)
 18787. **Dende o Castro ao Vilar, pérdense os aparellos de pescar.** (ms18,63r: Coleic.

Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

18788. **En abril, peixiños mil.** ⁵⁷⁷⁷ (mc e ms16: M.-R. de P.)
 18789. **En marzo e abril en cada pedra mil.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
 Peixes. (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO)
 18790. **En marzo veñen os peixes no regazo.** (ms16: R. Fisterrán)
 18791. **Gaivotas no con, peixes en Coira.** (mc e ms16: S. Loureiro)
 18792. **Gaivotas no Marmuro, peixes na Ornanda.** ⁵⁷⁷⁸ (mc e ms16: S.Loureiro)
 18793. **Lúa nova, peixes fóra.** ⁵⁷⁷⁹ (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)
 18794. **Lúa vella, peixes á terra.** ⁵⁷⁸⁰ (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)
 18795. **O fondo claro, o peixe raro.** ⁵⁷⁸¹ (mc e ms16: M.-Bueu)
 18796. **Peixe de lus o mellor é.** ⁵⁷⁸² (mc e ms16: M.-Bueu)
 18797. **Peixe pesca peixe.** (ms16: Muros, Artaza)
 18798. **Peixes mortos, homes vivos; peixes vivos, homes mortos.** ⁵⁷⁸³ (mc e ms16: M.-R. de P.)
 Porque mueren cuando se les pesca, y en ella está la vida del pescador.
 18799. **Pesca de marzo, pesca de manchón.** (ms16: R. Fisterrán)
 18800. **Se ves mascatos voar, busca a sardiña no mar.** (ms10,038v: D.E.)
 18801. **Sete cucharadas, fóra cuada.** (ms5,033)
 Se refiere este refrán a la pesca del jurel. Para ella, dice Mayán, se emplean embarcaciones movidas a motor. Se hace con *medio mundo*, especie de bolsa formada por un paño de mallas pequeñas y resistentes unido a dos varillas de acero de

⁵⁷⁷⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

⁵⁷⁷⁸ O orixinal di: *Gaivotas no Marmuro, peixes na Arnanda*.

⁵⁷⁷⁹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*. / ms e ms4: *peixes a fora*; ms16: *peixes afora*.

⁵⁷⁸⁰ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

⁵⁷⁸¹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

⁵⁷⁸² Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

⁵⁷⁸³ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Peces*.

⁵⁷⁷⁶ O orixinal di: *O can non fai o mal ó abri-la boca, senon a cerral-a*. / ms4: *sinon*.

doce metros de largo que se unen en circunferencia. Una vez el *medio mundo* en el agua, se ceba o *maciza* sobre el con bolsas de jureles molidos. Después que los peces han acudido a comer lo metido en el *medio mundo*, se levanta éste y quedan encerrados en la concavidad que forma la red. Los marineros aproximan entonces la pesca hasta el costado de la embarcación y van sacando el pescado valiéndose de una bolsa de red denominada *cuchara*. Cuando quedan ya pocos jureles cogen el paño y le dan vuelta, operación esta última llamada *cuada*, de donde procede el dicho tan vulgar entre ellos de *sete cucharadas, fóra cuada*.

18802. **Tod'o que cai na rede é peixe.** ⁵⁷⁸⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 18803. **Todo o que cai na rede non é peixe.** (ms16: Sober)
 18804. **Tremoadada no Miño, peixe, pan e millo.** (ms16: Alfonso Vázquez Martínez en *Lar*)

PESCADORES. V. también *Embarcaciones, Marítimos (Peces), Oficios, Pesca*.

18805. **A tronada pola terra, pais e fillos para o mar.** (mc: *Sonata Gallega*. Marín)
 Var.: *Treboada pola terra, pais e fillos para o mar*. (ms16: M.-R. de P.)
 Porque anuncia buen tiempo.
 18806. **Cando as nubes están pegadas ás montañas, pescador, non saques a caña.** (mc e ms16: J.T.)
 18807. **Canto máis besta, máis peixes.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Sada / ms11,05: C.A. *A Nosa Terra*)
 (pt) *Quanto mais burro mais peixe*. (Chaves)
 El sentido del refrán lo da la siguiente canción popular, recogida en Sada por Ballesteros (*Cancionero*, I, p.90): *Si quieres ir a pescar / pol-o que sepas non deixes, / porque, como din ali, / "canto máis besta máis peixes"*. También en Ribadeo se canta: *Si quieres ir a pescar / por fortuna non deixes, / porque hai un refrán que dice: / "Canto máis burro, máis peixes"*.
 18808. **Canto máis burro, máis peixe.** (mc e ms16: C.A. / ms11,05: C.A. *A Nosa Terra*)

⁵⁷⁸⁴ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Peces*.

18809. **Encarnado pó mar, mariñeiros a pescar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 18810. **Néboa no mar, mariñeiros á pesca.** (mc e ms16: Cariño)
 Var.: *Néboa no mar, mariñeiro a pescar*. (ms4: Pontevedra-F.V.S.)
 18811. **Neboeiro, pesca rara.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
 Var.: *Neboeira, pesca rara*. (ms16: Lis Quibén, *D.* VIII, P. 490)
 18812. **¿Neboeiro? Pesca rara e auga crara.** (mc e ms16: M.-R. de P.)
 18813. **Nebra no mar, mariñeiros a pescar.** (mc e ms16: Cariño, Gella)
 18814. **Neve na montaña, pescador á cabaña.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
 18815. **Niebla no valle, mariñeiro á calle.** (mc e ms16: Muros)
 (es) *Niebla en el valle, pescador a la calle*. (Gella)
 18816. **Pescador de caña non xunta prá caña.** (mc: F.L. / ms16: F.I.)
 18817. **Pescador de caña, canto pesca, canto gasta.** (mc e ms16: Lugo-F.V.S.)

(pt) *Pescador de cana, mais come que ganha, mas quando a dita corre, mais ganha que come*. (Chaves) (es) *Pescador de caña, más come que gana*. (Correas) / *Pescador de caña, más come que gana; mas si la dicha le corre, más que gana come*. (ct) *Peixcaor de canya, més pèrt que guanya*. (Alberola) / *Peixcaor de canya y moliner de vent, sense notari, fan testament*. (Id.)

Así en Correas, quien anota la gracia de la segunda parte, que parece que va a contradecir la primera y resuelve configurándola ¿Será una errata del portugués?

18818. **Pescador de caña, máis come que gana.** (mc e ms16: F.I. / ms15,02: La Coruña)
 18819. **Pescador de caña, pescador de nada; e s'a caña creba, pescador de merda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 18820. **Pescador de anzuelo nunca tuvo castelo.** (mc, ms4 e ms16: Ribadeo)
 (es) *Pescador de anzuelo, vuelve a su casa con duelo*. (Gella) / *Pescador, cazador y gaitero, nunca tendrán mucho dinero*. (Id.) / *No hará casa con azulejos el que en cazar y pescar gasta su tiempo*. (Id.)

- Pescador de anzuelo, nunca se hizo rico. (ms4)
18821. **Pescador de caña, pescador de nada.** (ms16: Lugo)
(pt) *Pescador de cana, máis come que ganha; mais, quando a dita corre, mais ganha que come.* (Chaves) (es) *Pescador de caña, más come que gana.* (Correas) (va) *Peixcaor de canya, més pèrt que guanya.* (Alb.)
18822. **Pescador que pes pesca, pescador é.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
18823. **Pescantín de piolín, nunca ningún rico vin.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18824. **Pescantín de caña perde máis que gana; e se a caña creba, pescantín á merda.** (ms16: Barcia, Navia de Suarna)
Var.: *Pescador de caña perde máis que gana.* (ms16: Lugo)
18825. **Pra axar e pra berrar non hai coma a xente do mar.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
18826. **Pra ser bo pescador hai que ser bo bebedor.** (mc e ms16: Gella, Isla de Arosa)
(es) *Para ser buen pescador, has de ser buen bebedor.* (Comillas- Gella)
18827. **Si chove en xaneiro, pon as redes ó fumeiro.** (ms16: Alfonso Vázquez Martínez en *Lar* de B. Aires, nº 233)
18828. **Si hai enchentes en febreiro, pon as redes ó fumeiro.** (ms16: Alfonso Vázquez Martínez en *Lar* de B. Aires, nº 233)
18829. **Treboada polo leste, mariñeiro pró mar.** (mc: Puebla del Caramiñal-F.V.S. / ms16: M.-R. de P.)
18830. **Tronada polo este, pais e fillos pró mar.** (mc e ms16: M.-R. de P.)

PESCADOR

18831. **Máis val pescar no mar linguados que no río barbos.** (ms10,091r: D.E.)
18832. **O pescar con caña quer pacencia e maña.** (ms10,091r: D.E.)
18833. **Pescador de anzoo, volve á casa con doo.** (ms10,091r: D.E.)
18834. **Pescador de cana come máis do que gana; e se a sorte lle corre, máis do que gana come.** (ms10,091r: D.E.)
18835. **Pescador de cana máis perde que gana.** (ms10,091r: D.E.)
18836. **Pescador de cana, máis come que gana; e se a sorte lle vén, máis come que ten.** (ms10,091r: D.E.)

18837. **Pescador que pesca un soilo peixe, millor lle é que o oficio deixe.** (ms10,091r: D.E.)
18838. **Pra pescar hai que ir ó río ou ó mar.** (ms10,091r: D.E.)
18839. **Quen queira pescar ten que se mollar.** (ms10,091r: D.E.)

PESIMISMO

18840. **Hoxe mal, mañán pior: ¡vállanos Noso Señor!** (ms16 e ms10,30v: D.E.)
(es) *Hoy mal, mañana peor.* (R. Marín)
18841. **Niste mundo maldito, o que nace pra probe, non chega a rico.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
18842. **Niste mundo todo son desgracias.** (ms16: Lugo)
18843. **Niste pueblo maldito, o que nace pra probe, nunca chega a rico.** (mc / ms16: Silvarrey)
(pt) *Quem nasceu para pobre, não chega a rico.* (Chaves) (es) *Quien nació para pobre, jamás llegará a ser rico.* (R. Marín)
18844. **O que nace pra probe, nunca a rico chega.** (ms16: Lugo)
18845. **O que naceu pra probe, a rico nunca chegará.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
18846. **Quen de Dios está que ha de ser probe, nunca rico morre.** ⁵⁷⁸⁵ (mc, ms e ms16: M.V.)
(pt) *Quem nasceu para pobre, nao chega a rico.* (Chaves) (es) *Quien nació para pobre jamás llegará a ser rico.* (R. Marín)

PESO

18847. **A romana do demo, que entra con todas.** ⁵⁷⁸⁶ (mc: C.A.)
Var.: *A romana do demo entra con todas.* (ms16: Sarria)
(es) *Como la romana del diablo, que entra con todas.* (Sbarbi) / *La romana del diablo entra con todas: lo mismo con libras que con arrobas.* (R. Marín) / *La romana del diablo entra con todas.* (M. Kleiser)
18848. **Non se sabe canto pesa a carne en canto non-o di a romana.** ⁵⁷⁸⁷ (mc: M.V.)

⁵⁷⁸⁵ ms: *qu'a de ser pobre.*

⁵⁷⁸⁶ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Diablo*.

⁵⁷⁸⁷ ms3: *o que pesa, n'o dí.*

- Var.: *Non se sabe o que pesa a carne mentras non-o di a romana.* (ms16: D.E.)
18849. **Non se sabe o que pesa a carne en canto non-o di a romana.** ⁵⁷⁸⁸ (ms21,26v: Bermés / Amador Darriba Míguez)
18850. **Pesa máis moxena que feixe de leña.** ⁵⁷⁸⁹ (ms21,26v: Bermés)
18851. **Peso e medida manteñen a paz da vida.** (ms10,091r: D.E.)
18852. **Peso e medida manteñen a paz na aldea e na vila.** (ms10,091r: D.E.)
18853. **Peso e medida quítanlle ó home fatiga.** (ms10,091r: D.E.)
18854. **Peso e medida teñen en paz a nosa vida.** (ms10,091r: D.E.)
18855. **Un peso na casa non pare outro.** (ms10,091r: D.E.)
- PETICIONES.** V. tamén *Dádivas, Dado, Dar y recibir, Donaciones, Limosna, Negación, Negativas, Testamento.*
18856. **A moito pedir pouco ofrecer.** ⁵⁷⁹⁰ (ms10,085r: D.E.)
18857. **A pedir calquera chega.** ⁵⁷⁹¹ (ms10,085r: D.E.)
18858. **Ben sei o que digo cando pan pido.** ⁵⁷⁹² (ms16 e ms10,002v e ms10,112r: D.E.)
(es) *Bien sé lo que digo cuando pan pido.* (Z.)
18859. **Cando pedimos somos meiguíños; desde alcanzamos, xa cambeamos.** ⁵⁷⁹³ (ms10,085r: D.E.)
18860. **Como aquí estamos os dous, nin ti mo pides nin eu cho dou; e si cho pido e ti non mo das, ¿en que vergonza me deixarás!** ⁵⁷⁹⁴ (ms10,085r: D.E.)
18861. **É cousa de probes andar sempre a pedir.** ⁵⁷⁹⁵ (ms10,086r: D.E.)
18862. **Hoxe é día de "botade aquí, tía".** (ms10,030v: D.E.)
18863. **Máis val pedir que furtar.** ⁵⁷⁹⁶ (ms10,086r: D.E.)

⁵⁷⁸⁸ A. Darriba Míguez: *canto no di.*

⁵⁷⁸⁹ *Moxena*, según Eladio Rodríguez é a *chispita que salta del fuego; muxica.*

⁵⁷⁹⁰ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁷⁹¹ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁷⁹² En ms10,002 s.v. *Decir* e en ms10,112r s.v. *Saber.*

⁵⁷⁹³ V. *Cando pedimos, somos meiguíños; desde alcanzamos, xa variamos en Religiosos y morales.* En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁷⁹⁴ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁷⁹⁵ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁷⁹⁶ En ms10 s.v. *Pedir.*

18864. **Meu diñeiro manso, ¿quen te volveu bravo?** (ms16: D.E.)
(es) *Mis dineros mansos ¿quién me los hizo bravos?* (H. Núñez)
18865. **Millor é que non pidas o que, se cho pedisen, negarías.** ⁵⁷⁹⁷ (ms10,086r: D.E.)
18866. **Moito pide o tolo, mais tolo é quen llo dá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
18867. **Non lle pidas peras ó olmo.** (mc e ms16: Bucínos)
(es) *Pedir peras al olmo.* (Sbarbi) / *No pidas al olmo la pera, pues no la lleva.* (H. Núñez)
18868. **Non pidas de man allea, se a túa non vai chea.** ⁵⁷⁹⁸ (ms10,086r: D.E.)
18869. **Ó pedichón non lle teñas moita compasión.** ⁵⁷⁹⁹ (ms10,085r: D.E.)
18870. **Ó pedichón non se lle podre o pan no bulsón.** ⁵⁸⁰⁰ (ms10,085r: D.E.)
18871. **O probe que pide pan, come carne, se lla dan.** ⁵⁸⁰¹ (ms10,086r: D.E.)
18872. **O que anda a pedir non anda a fuxir.** ⁵⁸⁰² (ms10,086r: D.E.)
18873. **O que pide non escolle.** ⁵⁸⁰³ (ms10,086r: D.E.)
18874. **O que quere limosnar, polos seus ten que empezar.** ⁵⁸⁰⁴ (ms9,03r: O. de Rey)
18875. **O que vai pedindo non vai correndo.** ⁵⁸⁰⁵ (ms10,086r: D.E.)
18876. **O que vai pra pedir non vai pra fuxir.** ⁵⁸⁰⁶ (ms10,086r: D.E.)
18877. **Pedinche auga e non ma deches; cando ma pidas a min, farei como me fixeches.** (mc e ms16: Santiago)
18878. **Pedir o inxusto pra que nos dean o xusto.** ⁵⁸⁰⁷ (ms10,086r: D.E.)
18879. **Pedir pra comer e pagar pra pedir.** ⁵⁸⁰⁸ (ms10,086r: D.E.)

⁵⁷⁹⁷ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁷⁹⁸ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁷⁹⁹ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰⁰ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰¹ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰² En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰³ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰⁴ O orixinal di: *O que quere limosnar pol-o seus ten que empezar.*

⁵⁸⁰⁵ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰⁶ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰⁷ En ms10 s.v. *Pedir.*

⁵⁸⁰⁸ En ms10 s.v. *Pedir.*

18880. **Pedir sobrado pra salir co mediado.**⁵⁸⁰⁹ (ms10,086r: D.E.)
18881. **Pía, pía, manga vacía; chámolle pía pra que me día.**⁵⁸¹⁰ (mc e ms16: A.S.A.)
18882. **Pide o goloso pró cobizoso.**⁵⁸¹¹ (ms16: D.E.)
(es) *Pidió el goloso para el deseoso.* (Z.)
18883. **Pide o millor e espera o pior.**⁵⁸¹² (ms10,086r: D.E.)
18884. **Pide soilo o que has mester, se queres goberno ter.**⁵⁸¹³ (ms10,086r: D.E.)
18885. **Por pedir naide é probe.** (ms16: Silvarrey)
18886. **Quen non sabe pedir, non sabe vivir.**⁵⁸¹⁴ (ms10,086r: D.E.)
18887. **Quen pide emprestado, unhas veces ponse amarelo e outras coorado.**⁵⁸¹⁵ (ms10,086r: D.E.)
18888. **Quen pide o que non ha mester, terá o que non quer.**⁵⁸¹⁶ (ms10,086r: D.E.)
18889. **Quen vai pedir non vai a fuxir.**⁵⁸¹⁷ (ms10,086r: D.E.)
18890. **Si a pedir deran, ¡cantos probes haberia!**⁵⁸¹⁸ (ms8,40r e ms16: La Cañiza)
18891. **Si che piden cartos, pregunta pra qué son; e si chos dan, cala.**⁵⁸¹⁹ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
18892. **Tanto aburre o moito pedir com'o pouco ofrecer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
18893. **Tres cousas pedía, se Díos mas dese: a tea, o tear e a que tece.**⁵⁸²⁰ (ms10,086r: D.E.)
18894. **Val máis pedilo que roubalo.**⁵⁸²¹ (ms10,086r: D.E.)
18895. **Vale máis ter que andar a pedir.** (ms16: Betanzos)

⁵⁸⁰⁹ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸¹⁰ V. *Chámolle tía pra que me día; si non me dá, tía marrá en Familia. Parientes.*

⁵⁸¹¹ V. *Pide o goloso pró vergonzoso en Vergüenza.*

⁵⁸¹² En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸¹³ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸¹⁴ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸¹⁵ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸¹⁶ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸¹⁷ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸¹⁸ ms8: *habría*.

⁵⁸¹⁹ ms16: *pregunta*.

⁵⁸²⁰ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸²¹ En ms10 s.v. *Pedir*.

CONVENIENCIA DE PEDIR

18896. **De pedir e pedichar algo se pode sacar.** (ms15,16)
18897. **Debe pedirse sempre, pois algo darán algunha vez.** (ms15,16)
18898. **Do que non pide ninguén se acorda.**⁵⁸²² (ms15,16, mc e ms16: J.P. / ms18,72r: A.S.A. / ms10,086r: D.E.)
18899. **Frade que non berra, convento que non medra.** (mc: Chantada)
18900. **Máis se gana a pedir que non a dar.** (ms9,11r e ms16: O. de Rey)
Var.: *Gánase máis pedindo que dando.* (ms16: Santiago)
(es) *Más se junta pidiendo que dando.* (R. Marín)
18901. **No pedir non hai engano.**⁵⁸²³ (ms15,52v / ms10,085r: D.E.)
18902. **O neno que non chora non mama.**⁵⁸²⁴ (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
18903. **O que chora [sic] non mama.** (ms-LU: seminarista anónimo: Telleira, Canduas, Cabana de Bergantiños, C)
18904. **O que non chora non mama.** (ms16: D.E. / ms21,12r: Bermés)
(es) *Niño que no llora no mama.* (R. Marín)
18905. **O que non mama non chora.** [sic] (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
18906. **Por pedir nada se perde.** (ms16: Lugo)
(es) *Por pedir, nada se pierde.* (R. Marín)

CUANTÍA EN LAS PETICIONES

18907. **O galego hastra é probe en pedir.** (ms16: Silvarrey)
18908. **O pedir moito é de louco; e de burro o pedir pouco.** (ms16: Lugo)
(es) *El pedir mucho es de loco y de tonto el pedir poco.* (R. Marín)
18909. **O que moito pide, nada se lle dá.** (ms16: Santiago)
18910. **Contra o vicio de pedir hai a virtú de non dar.**⁵⁸²⁵ (mc, ms e ms4: C.A. A Nosa Terra / ms16: C.A. / ms18,27r / ms10,086r: D.E.)
(es) *Contra el vicio de pedir, hay la virtud de no dar.* (R. Marín)

⁵⁸²² mc: *ningún se acorda*; ms10: *ninguén*. / En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸²³ En ms10 s.v. *Pedir*.

⁵⁸²⁴ O orixinal di: *O neno non que chora, non mama.*

⁵⁸²⁵ ms, ms4 e ms18,27r: *virtud*; ms18,27r: *Contra do vicio*. / En ms10 s.v. *Pedir*.

INCONVENIENTES DE PEDIR

18911. **É millor deixar a pillos ca pedir a homes de ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
18912. **Non hai cousa tan cara coma a que con rogos se acada.** (ms16: D.E.)
(es) *No hay cosa tan cara como la que con ruegos se alcanza.* (Correas)
18913. **O que pide non escolle.** (ms16: Lugo)
(es) *Quien pide no escoge.* (R. Marín)
18914. **Vale máis dar a bos ca pedir a ruís.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
18915. **Vale máis deixar a pillos que pedir a bos.** (mc, ms4 e ms16: F.B.B. / ms4: S.P.P. *Ultreya*)
(pt) *Mais vale deixar a maus que pedir a bons.* (Chaves) (es) *Más vale dejar en muerte a un pillo un duro que pedir en vida una peseta a un hombre de bien.* (R. Marín) / *Mejor es dejar a ruines que pedir a buenos.* (Correas)
18916. **Vale máis deixar a ruís ca pedir a bos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PEDIGÜEÑOS

18917. **Algo alcanza aquel que non cansa.** (ms16: D.E.)
Var.: *Algo alcanza quen non cansa.* (mc: C.A.)
(es) *Alcanza quien no cansa.* (Sbarbi) (ct) *Alcança qui no cansa.* (Alberola)
18918. **Cando non é por berzas é por fio negro.** (ms16: D.E.)
(es) *Cuando no es por berzas es por hilo negro.* (R. Marín)
18919. **Cansa quen dá, que quen pide, nin cansa nin cansará.** (ms16: D.E.)

PETICIONES INDISCRETAS

18920. **Máis val mercar que a ruís rogar.** (ms16: Lugo)
(es) *Más quiero comprar que a ruines rogar.* (Correas)
18921. **Máis val mercar que andar a rogar.**⁵⁸²⁶ (ms16 e ms10,039r: D.E.)
18922. **Nin pidas a quen pidio nin sirvas a quen servio.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
18923. **Nin sirvas a quen sirviu nin pidas a quen pidiu.** (ms18,73r: A.S.A.)

⁵⁸²⁶ En ms10 s.v. *Mercado*.

18924. **Non sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu.**⁵⁸²⁷ (mc: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R. / ms21,15r: Bermés / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)

Var.: *Non pidas a quen pediu nin sirvas a quen serviu.* (ms16 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
(es) *Ni sirvas a quien sirvió ni pidas a quien pidió, ni mandes a quien mandó.* (Correas) / *No pidas a quien pidió, ni sirvas a quien sirvió, ni debas a quien debió.* (R. Marín)

18925. **Nunca pidas a quen ten senón a quen sabes que che quer.** (ms16: Santiago)
18926. **Nunca sirvas a quen sirveu nin pidas a quen pideu.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
18927. **O que non che ha de axudar, non lle vaías a chorar.** (ms16)
(es) *A quien no te ha de ayudar no le vayas a llorar.* (R. Marín)
En *Diccionario Enciclopédico* “o que che ha de axudar”, sin duda por errata.

PEZ

18928. **Hai que agarrarse ó pez, que a cera vai cara.**⁵⁸²⁸ (ms10,091r: D.E.)

PÍCAROS

18929. **A pícaro descalzo, home calado, e muller barbada non lle deas pousada.** (ms10,092r: D.E.)
18930. **A pillo, pillo e medio.**⁵⁸²⁹ (mc: C.A.)
(pt) *Ao ruim, ruim e meio.* (Chaves) (es) *A pillo, pillo y medio.* (R. Marín) (ct) *A pillo, pillo y mig.* (Alberola) (fr) *À trompeur, trompeur et demi.* (R. Marín)
18931. **De pillo a pillo hai pouco camiño.** (ms16: Santiago)
18932. **Este mundo aquí ha quedar no poder de catro pillos.** (ms)
18933. **Este mundo é dos pillos.** (ms16: Lugo)
(es) *Para los tunos está hecho el mundo.* (R. Marín)

⁵⁸²⁷ ms-LU: *sirviu, pediu, pidiu*.

⁵⁸²⁸ V. *Ofrece-lo pez, que a cera vai cara* en *Ahorro y tacañería*.

⁵⁸²⁹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

18934. **Vale máis ser pillo que pillado.** (mc e ms16: M.V.)
 18935. **Xente de tralla, que vén con quen veña e vai con quen vaia.**⁵⁸³⁰ (mc e ms16: Santiago)

PIEDRA

18936. **A pedra e a doncela, de lonxe vela.** (ms10,086r: D.E.)
 18937. **A pedra e a palabra non se recolle dispois de botada.** (ms10,086r: D.E.)
 18938. **A pedra que roda non colle musgo.** (ms10,086r: D.E.)
 18939. **A pedra redonda nunca moito acouga.** (ms10,086r: D.E.)
 18940. **A pedra veña xa, que a iauga xa virá.**⁵⁸³¹ (ms10,086r: D.E.)
 18941. **As pedras unhas con outras é como se atopan.** (ms10,086r: D.E.)
 18942. **De quen non se pensaba, gran pedrada.**⁵⁸³² (ms: M.V. / ms10,086r: D.E.)
 18943. **Non hai pedra por dura que sexa que non amoleza.** (ms10,086r: D.E.)
 18944. **Pedra contada nunca ganada.** (ms10,086r: D.E.)
 18945. **Pedra movediza nunca musgo cría.** (ms10,086r: D.E.)
 18946. **Pedra no suco, néboa en todo o mundo.** (ms10,086r: D.E.)
 18947. **Pedra santa, que de seu se anda.** (ms10,086r: D.E.)
 18948. **Pedra sin auga non aguza na fragoa.** (ms10,086r: D.E.)
 18949. **Pedrada antes contada, moi poucas veces ganada.** (ms10,086r: D.E.)
 18950. **Pedrada contada, nunca ganada.** (ms10,086r: D.E.)
 18951. **Quen furga e se amaña, hastra das pedras saca.** (ms10,086r: D.E.)
 18952. **Tira-la pedra con man allea é cousa fea.**⁵⁸³³ (ms10,086r: D.E.)
 18953. **Tira-la pedra i-esconder a man é de peilán.**⁵⁸³⁴ (ms10,086r: D.E.)
 18954. **Tira un a pedra e non sabe ónde vai dar.** (ms10,086r: D.E.)

⁵⁸³⁰ V. *Xente de tralla, mala canalla* en *Desdén y desprecio*. / mc: *con quen vaya*.

⁵⁸³¹ O orixinal di: *A pedra veña xa, que a i-auga xa virá*.

⁵⁸³² En ms10 s.v. *Piedra*.

⁵⁸³³ O orixinal di: *Tirala pedra con man allea é cousa fea*.

⁵⁸³⁴ O orixinal di: *Tirala pedra i esconder a man, é de peilán*.

18955. **Vaise a pedra da fonda i-a palabra da boca, e ningunha ten volta.** (ms10,086r: D.E.)

PIERNA. V. tamén *Cojos, Zambo*.

18956. **A perna crebada, na cama ou na casa.** (ms10,091r: D.E.)
 18957. **Cada un estende a perna como ten a coberteira.** (ms10,091r: D.E.)
 18958. **Cada un estrica a perna hastra onde a sábaa chega.** (ms10,091r: D.E.)
 18959. **Ninguién estenda a perna máis do que a sábaa dea.** (ms10,091r: D.E.)

PIES

18960. **Alá se nos van os pés onde conta nos ten.** (ms10,085r: D.E.)
 18961. **Andar a catro pés com'os gatos.** (ms10,085r: D.E.)
 18962. **Catro pés ten o gato e cinco ten co rabo.** (ms10,085r: D.E.)
 18963. **Cun pé soilo non se anda moito.** (ms10,085r: D.E.)
 18964. **Non che se irá por pés o que na túa man tes.** (ms10,085r: D.E.)
 18965. **O pé do dono é esterco prá leira.** (ms10,085r: D.E.)
 18966. **O pé no berce i-as mans na roca, así fai a muller facendosa.** (ms10,085r: D.E.)
 18967. **Pés quentes, cabeza fría.** (ms10,085r: D.E.)
 18968. **Pés tortos non han mester zocos.** (ms10,085r: D.E.)
 18969. **Quen non ten pés non pode dar couces.** (ms10,085r: D.E.)

PILLAR

18970. **Non digas pillache o gato mentras n'o teñas no saco.**⁵⁸³⁵ (mc: A.C.A. *A Nosa Terra*)
 Var.: *Non digas "pillei o gato" mentras non o teñas no saco.* (ms10,092r: D.E.)⁵⁸³⁶
 18971. **Quen tivo mans, puido pillar mazáns.** (ms10,092r: D.E.)

PILLO

18972. **Tódolos pillos teñen sorte.** (ms10,092r: D.E.)

⁵⁸³⁵ En *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁵⁸³⁶ En ms10 s.v. *Pillar*.

PIOJOS

18973. **Cando o piollo salta, ¿que farán as pulgas?** ⁵⁸³⁷ (mc e ms16: Lugo / ms4: M.L.)
18974. **Cando o piollo se ve nunha camisa lavada, non sabe por dónde se ha de escarramexar.** (mc e ms16: Buciños)
18975. **Cando os piollos saltan, ¿que farán as pulgas?** (ms10,092r: D.E.)
18976. **Castañas a roer e piollos a nacer.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
18977. **Hai que sacar da cabeza máis que pollos.** ⁵⁸³⁸ (ms8,63v: Silvarrey)
Pollos = piollos.
18978. **O piollo busca a lendia.** (ms16: R. Fisterrán)
18979. **O piollo corre moito na camisa lavada.** (ms16)
18980. **O piollo vai labrar, a pulga vai gradar, o probe do carrachiño bótano a escutricular.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
18981. **Piollo pequeno en camisa lavada, vólvese tolo e non sabe o que faga.** ⁵⁸³⁹ (mc e ms16: S.P.P.-Ultreya)
18982. **Piollo resucitado e enfachendado morre coma un condenado.** (ms10,092r: D.E.)
18983. **Se vou ó bodegón, eu volverei ou non, pero se vou ó rin rin, non teñas mentes por min.** (mc: Loureiro de Cotovad)
Habla el piojo de la suerte que correrá, según que vaya a la *colada* o al fuego.

PIPA

18984. **Cada fustalla cheira ó viño que garda.** (ms10,24r: D.E.)
18985. **Cada fustalla cheira ó viño que gardou.** (ms10,24r: D.E.)
18986. **Fustalla boa, lavada e limpa fai medio viño.** (ms10,24r: D.E.)

PISAR

18987. **O que parece que non tripa as herbas, por onde pasa, tólleas.** (ms10,133r: D.E.)

⁵⁸³⁷ ms4: *os piollos saltan.*

⁵⁸³⁸ O orixinal di: *Hai que sacar da cabeza mais que pollos.*

⁵⁸³⁹ ms: *vese tolo*; ms4: *vese tolo, non sabe.*

PLACER

18988. **A vida é mui cara; haina máis barata, pero non é vida.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)
18989. **En tempo de vacación fágase o que o tempo dispón.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
18990. **Seas pobre, seas rico, detrás da comida bota un pito.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

ENCOMIOS DEL PLACER

18991. **Carga que con gusto se leva, pouco pesa.** (ms16: D.E.)
(es) *Carga que aplace, bien se trae.* (Z.)
18992. **Sarna con gusto non pica, pero mortifica.** (mc: Sarria / ms16: Lugo)
(es) *Sarna con gusto no pica, pero mortifica.* (R. Marín)
18993. **Sarna con gusto non pica.** (mc: M.V. / ms16: Sarria / ms14,16.)
(pt) *Sarna de gosto não pica.* (Chaves) (es) *Sarna con gusto no pica; y si pica, mortifica.* (R. Marín) / *Sarna con gusto no pica.* (R. Marín)
18994. **Vale máis un gusto que cen pandeiros.** ⁵⁸⁴⁰ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: D.E. / ms21,16v: Bermés)
(pt) *Mais vale um gosto na vida que seis vinténs na algibeira.* (Chaves) (es) *Más vale un gusto que cien panderos.* (R. Marín) / *Más vale un gusto que cien reales.* (Id.) (ct) *Més val un gust que cent lliures.* (Alberola) / *Més val un gust, que cen panderos.* (Ricart)
18995. **Vale máis un gusto que un pandeiro.** (ms21,31r: Bermés)

PLACERES Y DUELOS

18996. **Día de alegría, víspora de tristeza.** (ms8,70r: Trives)
18997. **Día de pracer, víspora de pesar.** ⁵⁸⁴¹ (ms16 e ms10,005r: D.E.)
18998. **Non hai pracer sin door.** (ms16: Lugo)
(es) *No hay placer donde no haya dolor.* (R. Marín)
18999. **Por un pracer, cen doores.** (ms16: Lugo)
(es) *Un deleite mil dolores.* (R. Marín)

⁵⁸⁴⁰ ms21,16v: *qu'a cen.*

⁵⁸⁴¹ ms10: *vispra* / En ms10 s.v. *Día.*

PLANTA "NOCELLA"

19000. **A nocella inza moito e come a terra.**
(ms10,069r: D.E.)

PLATA

19001. **O que ata moito a prata, o diaño lla desata.** (ms10,097r: D.E.)
19002. **Prata é sempre o que prata vale.**
(ms10,097r: D.E.)
19003. **Quen vai soilo pola prata, ben pode decir que se ata.** (ms10,097r: D.E.)

PLAZA

19004. **Manda sempre á praza o millor mozo da casa.** (ms10,098r: D.E.)
19005. **O que ás doce do día está na praza, ou non ten que xentar ou non ten casa.**⁵⁸⁴² (ms10,098r: D.E.)
19006. **O que vai á praza pra esculcar o que pasa, inda millor lle fora quedarse na casa.** (ms10,098r: D.E.)

PLAZO. V. tamén *Pagos*.

19007. **Non hai prazo que non chegue nin forza que non se acabe.** (ms10,098r: D.E.)
19008. **Non hai prazo que non chegue.**
(ms10,098r: D.E.)
19009. **Non hai prazo que non se cumpra nin débeda que non se pague.** (ms10,098r: D.E.)

PLEITOS. V. tamén *Jurídicos y similares*.

19010. **A mal direito, bo preito.**⁵⁸⁴³ (ms16 e ms10,004r: D.E.)
19011. **A pleito claro non fai falla letrado.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *En pleito claro, no es menester letrado.*
(Sbarbi) (ct) *En pleit clar, no es menester abogat, en pleit dubtós, ni uno, ni dos.*
(Alberola)
19012. **A quen mal queiras preito lle vexas.**
(ms10,098r: D.E.)
19013. **A un mal preito, con retransca dáselle xeito.** (ms10,098r: D.E.)
19014. **A un mal pleito, con retransca dáselle xeito.** (ms15,15)
19015. **Cada preito leva almas ó inferno.**
(ms10,098r: D.E.)

⁵⁸⁴² V. variantes en *Casa*.

⁵⁸⁴³ En ms10 s.v. *Derecho*.

19016. **Cen anos de guerras e non un de preitos.** (ms10,098r: D.E.)
19017. **De dous preiteantes, o que perdeu está sin camisa i-o que ganhou a está sacando a prisa.** (ms9,15v: Taboada)
19018. **En preito craro non é mester abogado.** (ms10,098r: D.E.)
19019. **En preito vexas a quen mal queiras.**
(ms10,098r: D.E.)
19020. **Máis val preitear por pouco que por moito.** (ms10,099r: D.E.)
19021. **Máis vale un mal axuste que un bo preito.** (ms10,098r: D.E.)
19022. **Na xusticia non gana o que ten o direito sinón o que ten diñeiro.**⁵⁸⁴⁴
(ms8,61v e ms16: Silvarrey)
19023. **Naipes e preitos non mercan leiros.**
(mc e ms16: F.B.B.)
Var.: *Naipes e preitos non mercan os leiros.*
(A.N.)
19024. **Necios e porfiados fan ricos os letrados.** (mc e ms16: Carballedo)
(es) *Necios y porfiados hacen ricos los letrados.* (Correas)
19025. **Non hai preito que non se arregle nin corno que non se endereite.**⁵⁸⁴⁵ (mc e ms16: Carballedo / ms4: F.V.S.)
19026. **Non quero preito co meu diñeiro.**
(ms10,098r: D.E.)
19027. **Nos pleitos, o que gana perde.** (ms9,12r: Silvarrey)
19028. **O bo preiteante ten que levar o diñeiro por diante.** (ms10,099r: D.E.)
19029. **O bo preiteante, quedo da boca, listo da perna e aberto da falchoca.** (ms10,099r: D.E.)
19030. **O peor do preito é que de un sallan cento.**⁵⁸⁴⁶ (ms10,099r: D.E. / ms15,15)
19031. **O pleito acabado, bolsillo acabado.**
(ms16: Silvarrey)
19032. **O pleito ganado, bolsillo acabado.**
(ms9,12r: Silvarrey)
19033. **O que preitea quer paso largo e bolsa aberta.** (ms10,099r: D.E.)
19034. **O que sempre anda con preitos, ha de salir perdendo.** (ms-SA: Carballo)
19035. **O que sempre anda en preitos, ha de salir perdendo.** (mc e ms16: Santiago)

⁵⁸⁴⁴ ms16: *ten o dreito, senon*.

⁵⁸⁴⁵ ms16: *Non hay pleito*.

⁵⁸⁴⁶ ms15,15: *sallan*. / En ms10 s.v. *Pleitos*.

19036. **O que vai á xusticia non ten que facer.** (ms9,12v e ms16: Silvarrey)
19037. **Os bos preitos son os alleos.** (ms10,099r: D.E.)
19038. **Pleiteante con fortuna é o que ten por enemigo a quen ten súa facenda en diñeiro e pan cocido.** (mc e ms16: M.L.)
19039. **Pleito de probe na proba morre.** (mc e ms16: A.N. / ms21,28r: Bermés / Amador Darriba Míguez)
Var.: *O preito do probe na proba morre.* (ms) (es) *Cuando no hay blanca, todo se estanca.*
19040. **Polo que gardo no meu peito non teño preito.** ⁵⁸⁴⁷ (mc e ms16: F.B.B. / ms21,27v: Bermés)
(es) *Por lo que guardo en mi pecho, nunca tendré pleito.* (R. Marín)
19041. **Preitos non teñas anque ganados os vexas.** (ms10,099r: D.E.)
19042. **Preitos non teñas anque os ganes.** (ms10,099r: D.E.)
19043. **Puxen un preito ó veciño polo derrego dun leiro; comer, comeume todo a curia, pero amolar, amoleino.** ⁵⁸⁴⁸ (mc e ms16: Bucínos)
Parece procedente dunha canción popular y pone de manifiesto la perjudicial terquedad de muchos de nuestros paisanos.
19044. **Quen de preito se librou, bo preito ganou.** (ms10,099r: D.E.)
19045. **Quen de preitos se librou, boa sorte alcanzou.** (ms10,099r: D.E.)
19046. **Quen preitea, hasta de si mesmo sospeita.** (ms10,099r: D.E.)
19047. **Se queres gañar pleitos: boca calada, bolsa aberta, e pé dilixente.** (mc: Tuiriz / ms16)
19048. **Se te metes no xugado, leva o asunto ben preparado.** ⁵⁸⁴⁹ (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
19049. **Si o pleito queres ganar, dúas cousas has de ter: ter dreito e dalo a entender, e que cho queiran dar.** ⁵⁸⁵⁰ (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)
19050. **Un pleito trai outro.** (ms16: Palas de Rey)
(es) *Un pleito trae consigo ciento.* (Correas)
/ Un pleito despierta otro. (Correas) / *De un*

⁵⁸⁴⁷ ms4 e ms21,27v: *garde*; ms21,27v: *pleito*.

⁵⁸⁴⁸ ms4: *on veciño, comeum'o*; ms16: *a un veciño*.

⁵⁸⁴⁹ ms5: *Si te metes*.

⁵⁸⁵⁰ ms e ms4: *tes que ter*, ms4: *ter e dalo a entender*.

divieso nacen siete y de un pleito veinte. (R. Marín)

EVITAR PLEITOS

19051. **Máis val unha mala avenencia que un bon preito.** (ms18,32r)
19052. **Máis vale mala avenencia que boa sintencia.** ⁵⁸⁵¹ (mc e ms16: R. Caruncho / mc: Bucínos)
Var.: *Máis vale unha mala avenencia que un mal preito.* (C.A.)
(pt) *Mais vale ruim composição do que boa demanda.* (Chaves) / *Mais vale má avença que boa sentença.* (Id.) (es) *Más vale mala avenencia que buena sentencia.* (Correas) / *Más vale mal concierto que buen pleito.* (Id.) / *Más vale mal ajuste que buen pleito.* (ct) *Més val un roïn arreglo qu'un bòn pleit.* (Alberola)
19053. **Máis vale un mal axuste que un bon pleito.** (ms15,15)
Var.: *Vale máis un mal arreglo que un bo pleito.* ⁵⁸⁵² (ms16: Noya / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
19054. **Preitos, nin tortos nin dreitos.** (ms16: Santiago / Francisco Canosa Quintáns)
19055. **Quero máis que me morra a vaca que ver a xusticia na casa.** (ms16: Castroverde)
19056. **Quero máis ver a casa en llamas que a xusticia na casa: as llamas déixanme o solar i-a xusticia non me deixa nada.** (ms16: Castroverde)
19057. **Val máis custión perdida que preito ganado.** (mc e ms16: F.B.B.)
Var.: *Val máis un arreglo mal feito que un pleito ben ganado.* (ms16: Negreira)
(pt) *Mais vale ruim composição do que boa demanda.* (Chaves) / *Mais vale mã avença que boa sentença.* (es) *Mas vale mal avenencia que buena sentencia.* (Correas) / *Mas vale mal concierto que buen pleito.* (Correas) (va) *Més val un roïn arreglo qu'un bòn pleit.* (Alberola)
19058. **Val máis ruín compostura que bo preito.** ⁵⁸⁵³ (mc e ms16: M.V. / ms21,20v: Bermés)
(pt) *Mais male ruim composição do que boa demanda.* (Chaves) / *Mais vale mã avença que boa sentença.* (es) *Más vale mal concierto que buen pleito.* (Correas) / *Más*

⁵⁸⁵¹ ms16: *que mala sentencia*.

⁵⁸⁵² ms-LU: *bon*.

⁵⁸⁵³ ms4 e ms21,20v: *Vale*; mc, ms4 e ms21,20v: *pleito*.

vale mal ajuste que buen pleito. (R. Marín)
/ *Más vale una mala transacción que un mal pleito.* (Id.) / *Más vale mala avenencia que buena sentencia.* (Correas) (ct) *Més val un roïn arreglo qu'un bôn pleit.* (Alberola)

PELIGROS DE LOS PLEITOS

19059. **A quen mal queiras, en preitos o vexas.** ⁵⁸⁵⁴ (mc: A.C. / ms3 e ms4: C.A.-A Nosa Terra / ms16: D.E. / ms16: A.C)
(es) *A quien mal quieras, pleito le veas.* (Correas)
19060. **Bolsa aberta, boca cerrada e coitelo na ma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Pleiteante.
19061. **Con bon preito e con mal preito, o cura i-o xuez tenos sempre de teu xeito.** (mc e ms16: Camba)
Porque se tuerce frecuentemente en su aplicación.
19063. **Decía o Tarelo de Montós: "Os da xusticia todos son ladrós".** (mc: Bucínos-F.V.S. / ms16)
La primera parte designa un personaje histórico de la parroquia de Orbán, Orense, y luego se aprovechó para la consonancia del adagio.
19064. **Dios desaveña quen nos manteña.** ⁵⁸⁵⁵ (ms16, ms4, mc: F.B.B.)
Se pone en boca de curiales.
19065. **Extremeiro pleiteador e xente de señorío, canto máis lonxe, millor.** ⁵⁸⁵⁶ (mc e ms16: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
19066. **O labrador preiteante non pode ir pra adiante.** ⁵⁸⁵⁷ (mc e ms16: J.P.)
19067. **O pleiteante: pé lixeiro, boca calada, sombreiro na man e bolsa aberta.** ⁵⁸⁵⁸ (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *O pleiteante: pé lixeiro, boca calada, sombreiro na man e boca aberta.* (ms16: Bucínos)
Véase *O bo preiteante...*

⁵⁸⁵⁴ mc: *pleitos*; ms16: *en preito o vexas*.

⁵⁸⁵⁵ mc: *que nos manteña*.

⁵⁸⁵⁶ ms16: *canto mais lexos*; ms-LU: *Extremeiro*.

⁵⁸⁵⁷ ms4: *pleiteante*.

⁵⁸⁵⁸ ms-LU: *na mau e bolsa*.

19068. **O pleiteante: pico calado, bolsa aberta e pata lixeira.** (ms16: Sober)
19069. **O que anda en reñas e en pleiteadas, non ten en conta as anadas.** ⁵⁸⁵⁹ (ms5,023 e ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
19070. **O que queira morrer arruinado, que se meta nas maus de un abogado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19071. **O que queira morrer arruinado, que se meta nas maus do abogado.** (mc e ms16: Tuiriz)
19072. **Os pleitos son com'as cereixas, veñen en garmalleira.** (ms16: Palas de Rey)
(es) *Los pleitos son como las cerezas, toman pocas y vienen muchas tras ellas.* (Correas)
19073. **Preitos teñas e os ganes.** ⁵⁸⁶⁰ (mc e ms16: F.B.B. / ms4: V.R. y A.R.)
Var.: *Prenda de gallego vale dinero.* (Correas)
(es) *Prenda de gallego vale dinero.* (Correas) / *Pleitos tengas aunque los ganes.* (R. Marín) / *Pleitos tuve y los gané y así y todo me arruiné.* (R. Marín)

POBREZA. V. tamén *Escasez, Riqueza y dinero*.

19074. **A alforxa do pobre con todo pode.** ⁵⁸⁶¹ (mc e ms16: M.V. / ms21,19v: Bermés / A. Darriba Míguez / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51) / ms-SA: Daniel García Blanco: Bamiro, Vimianzo, C / ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
(es) *En estómago del pobre todo cabe.* (R. Marín)
19075. **A bolsa do probe con todo pode.** (ms-SA: Valentín González Gil: Soutelo de Montes, Forcarei, PO)
19076. **A falchoca do probe con todo pode.** (ms10,100r: D.E.)
19077. **A faltriqueira do probe, con pouco diñeiro se enche.** (ms10,100r: D.E.)
19078. **A miseria, o diaño a tronce.** (ms16: Sober)
19079. **A non poder calquera chega.** (ms16: Sober)
19080. **A non ter calquera chega.** (mc: C.A.)
19081. **A non ter logo se chega.** (mc: C.A. / ms4: F.V.S.)
19082. **A probeza fai ó home estar en tristeza.** (ms10,101r: D.E.)

⁵⁸⁵⁹ ms-LU: *en riñas e en pleitadas*.

⁵⁸⁶⁰ ms4: *Pleitos*.

⁵⁸⁶¹ mc e ms16: *probe*.

19083. **A probeza non é baixeza; pero tampouco é grandeza.** (ms10,101r: D.E.)
19084. **A probeza non é vileza, senon falta de riqueza.** (ms10,101r: D.E.)
19085. **A probeza non é vileza; pero non deixa erguer a cabeza.** (ms10,101r: D.E.)
19086. **A probeza non lixa.** (ms10,101r: D.E.)
19087. **A probeza non quita a virtu, nin pon a riqueza, mais é causa de quitala ou poñela.** (ms10,101r: D.E.)
19088. **A probeza nunca ergue a cabeza.** (ms10,101r: D.E.)
19089. **A quen non ten diñeiro, o c[u] lle serve de candeiro.** (ms18,19r)
19090. **A ser pobre logo se chega.** (mc: Santiago)
Como *A no ter...*
19091. **A sorte do probe é andar a pedir.** (ms10,100r: D.E.)
19092. **Antes probeza que vileza.** (ms10,101r: D.E.)
19093. **Ao pobre, pano fino e caldeira de cobre.** (mc: Leite de Vasconcellos)
(pt) *A homem pobre, pano fino, cântaro de cobre.* (Chaves) / *Homem pobre, taça de prata, caldeira de cobre.* (Id.) / *Homem pobre, meia de seda, caldeirão de cobre.* (Id.) (es) *Escudero pobre, taza de plata y cântaro de cobre.* (Correas) / *En casa del pobre, taza de plata y olla de cobre.* (Id.)
El fino dura más que el ordinario, y la caldera de cobre más que la de hierro; por eso, pareciendo que se gasta más en comprar lo mejor, se ahorra dinero, que es lo que al pobre conviene.
19094. **Ben aforra o que non ten.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
19095. **Ben parvo é o que morre probe por vivir rico.** (ms10,100r: D.E.)
19096. **Ben aínda quen mal pasa.** (mc e ms16: M.V.)
Var.: *Ben aínda quen mal come.* (mc e ms16: Agro)
(pt) *Bem jejua quem mal come.* (Chaves)
(es) *Bien ayuna quien mal come.* (Correas) / *Harto ayuna quien mal come.* (Id.)
19097. **Bo é algo: vale máis algo que nada.** (mc: Buciños)
19098. **Bo é algo.** (ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
19099. **Cada pobre enterra a seu pai como pode.** ⁵⁸⁶² (mc e ms16: M.V. / ms21,17r: Bermés / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
(pt) *Cada um enterra seu pai conforme pode.* (Chaves)
19100. **Cada pobre governa como pode.** ⁵⁸⁶³ (mc e ms16: A.S.A.)
(pt) *Cada um governa-se.* (Chaves)
19101. **Cada pobre rasca onde lle come.** (mc: Dicc. Ac.)
Var.: *Cada un ráscale donde lle come.* (ms4: F.L.)
19102. **Cada pobre se governa como pode.** (ms18,23r)
19103. **Cada probe gobiernase como pode.** (ms10,100r: D.E.)
19104. **Cada probe pide pró seu saco.** ⁵⁸⁶⁴ (mc e ms16: Palas de Rey / ms4: F.V.S. / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19105. **Cada un enterra a seu pai como pode.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)
19106. **Camisa que non ten faldra, non hai que lle erguer.** ⁵⁸⁶⁵ (mc / ms16: Lugo)
19107. **Cant'a rula naquel souto: "Probiño daquel que espera polo que está na man doutro".** ⁵⁸⁶⁶ (ms21,16v: Bermés)
19108. **Canta a rola naquel souto: "Pobre do que está esperando polo que está na mau doutro",** ⁵⁸⁶⁷ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19109. **Canta máis fame, máis se adocece.** ⁵⁸⁶⁸ (mc: C.A.)
19110. **Canta [a] rola naquel souto: "Coitadiño do que espere polo que está na mau de outro".** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
19111. **Canta [a] rula naquel souto "¿Probe triste do que espera polo que está na**

⁵⁸⁶² mc e ms16: *enterra seu pai* / ms-SA (Galicia): *a o seu*; ms-LU: *o seu*; ms-SA (Héctor B.): *probe*.

⁵⁸⁶³ ms4: *probe*.

⁵⁸⁶⁴ ms16 e ms-SA: *pobre* / ms-SA: *pra o seu*.

⁵⁸⁶⁵ ms16: *l'erguer*.

⁵⁸⁶⁶ O orixinal di: *Cant'a rula naquel souto: probiño daquel que espera pol'o que está n'a man d'outro*.

⁵⁸⁶⁷ ms-LU: *mao*.

⁵⁸⁶⁸ ms: *Canto máis fame.* / V. tamén *Hambre. Gastronomía*.

- man doutro!"** ⁵⁸⁶⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
19112. **Canta [a] rula naquíl souto: "Pobre do que espera no que está na mau de outro".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19113. **Canto máis un se aniquila, máis frío ten.** ⁵⁸⁷⁰ (mc: Palas de Rey-F.V.S.)
19114. **Casa sin chaminea, de muller pobre ou allea.** (mc: J.P.)
(es) *Casa sin chimenea, de mujer pobre o yerma.* (Correas)
19115. **Coitelo de pobre corta canto ve e deixa canto atopa.** (mc: C.A.)
Var.: *Corta canto ve e deixa canto topa.* (ms4: A.S.A.)
19116. **Con abrigo, salú e limpeza casqu'está vencida a pobreza.** (ms4: J.P.)
19117. **Chocolate con petada na casa dos probes é comida rara, porque é cara.** ⁵⁸⁷¹ (ms10,091r: D.E.)
19118. **De pobre a rico costa moito; de rico a ricachón, pouco, porque un dá ó outro.** (mc: Santiago)
19119. **Desta maneira, o que non ten fariña, escusa peneira.** ⁵⁸⁷² (ms)
Var.: *Desta maneira o que non ten fariña escusa maseira.*
19120. **Detrás do probe sempre anda o diaño armado coa fouce.** (ms10,100r: D.E.)
19121. **Dixo a rula naquel souto: "Nunca esperes polo que está na mau doutro".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19122. **Do que se pode ter naide está rico.** (mc)
19123. **Donde se quita e non se pon, non hai don.** (mc: Santiago)
19124. **Dous probes a unha porta, non se poden ver moi ben.** (ms10,100r: D.E.)
19125. **É cousa de probes andar a pedir.** (ms10,100r: D.E.)
19126. **É unha boa empanada a vida do que non ten nada.** ⁵⁸⁷³ (ms10,011r: D.E.)
19127. **Eí vai o ben que a vella ten.** (mc: Sarria)
19128. **Este é o ben que Marica ten.** (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit. Gall.*, 2ªed., 1911)
19129. **Farto ayuna quen mal come.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19130. **Fidalgo que pide, no paleiro morre.** (mc: Santiago)
19131. **Fidalguía pobre cheira a can podre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
19132. **Gasta máis o pobre en fío que o rico en pano fino.** (mc: Santiago)
19133. **Hai máis días que longanzo [sic].** (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
19134. **Hai máis días que longanizas.** ⁵⁸⁷⁴ (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Más hay días que longanizas; o más días hay que longanizas.* (Correas) (ct) *Hi ha més dies que llonganices.* (Alberola)
19135. **Hasta o trigo é limosna.** (mc: La Coruña)
19136. **Home probe, nin quieto nin calado.** (mc: Buciños)
(pt) *Homem pobre, nem quieto nem calado.* (Chaves)
19137. **Home rico mal enemigo para o probe.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Hombre rico, mal enemigo.* (R. Marín) (ct) *Hòme ric, mal enemig.* (Alberola)
19138. **Ise é un señor de porta aberta: non ten casa nin brasa.** (mc: Buciños)
19139. **Máis probe que as arañas.** (ms16: Sarria)
19140. **Máis ten o rico cando empobrece que o pobre cando enriquece.** ⁵⁸⁷⁵ (mc e ms16: C.A. / ms10,011r: D.E.)
(pt) *Mais tem o rico quando empobrece que o pobre quando enriquece.* (Chaves) (es) *Más tiene el rico cuando empobrece, que el pobre cuando enriquece.* (Sbarbi) (ct) *Més té el ric quan es fa pòbre, qu'el pòbre quan es fa ric.* (Alberola)
19141. **Máis val algo que nada.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
19142. **Máis vale entrar pobre no ceo que rico no inferno.** ⁵⁸⁷⁶ (mc: M.V.)
19143. **Máis vale ser probe na terra que rico no mar.** (ms10,100r: D.E.)
19144. **Millor e probeza con boa fama que riqueza con mala.** (ms10,101r: D.E.)
19145. **Millor é ser listo pobre que rico burro.** (mc: Santiago)

⁵⁸⁶⁹ O orixinal di: *Canta rula n'aquel souto. Probe triste do que espera pol'o que está na mau d'outro!*

⁵⁸⁷⁰ ms4: *Canto un mais.*

⁵⁸⁷¹ Sen tema no orixinal.

⁵⁸⁷² V. tamén *Casa.*

⁵⁸⁷³ En ms10 s.v. *Empanada* coa indicación *Pobreza.*

⁵⁸⁷⁴ O orixinal di: *Hay mais días que longanizas.* / ms4: *longaniza.*

⁵⁸⁷⁵ ms10: *probe.* En ms10 s.v. *Empobrecer.*

⁵⁸⁷⁶ ms: *probe.*

19146. **Moitas limosnas caben nun saco, pero o saco queda vacío.** (mc)
Var.: *Moitas limosnas caben no saco, i-o saco sempre valeiro.* (mc: Layosa / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
El saco del pobre, por mucho que recoja, pronto se vacía, ya que en él tiene el menesteroso toda su despesa.
19147. **Moitos probes a unha porta, non han sacar moita esmola.** (ms10,100r: D.E.)
19148. **Na casa do probe cada un enterra a seu pai como pode.** (mc: Altamira-C. Alvarellós)
Var.: Como: *Cada probe enterra seu pai como pode.*
(pt) *Cada um enterra seu pai conforme pode.* (Chaves)
19149. **Na casa do probe todo son pingueiras.** (ms10,100r: D.E.)
19150. **Na casa do probe todos rifan e todos teñen razón.** (ms10,100r: D.E.)
19151. **Na casa do probe, cunha de pan e pucheiro de cobre.** (ms10,100r: D.E.)
19152. **Nin te abata a probeza, nin a riqueza te ensoberbeza.** (ms10,101r: D.E.)
19153. **Ninguén vive tan probe como naceu.** (ms10,100r: D.E.)
19154. **Non collen dous pobres na mesma porta.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Non collen dous pobres nunha mesma porta.*
(pt) *Dois pardais numa espiga nunca fazem liga.* (Chaves) (es) *Dos pobres a una puerta, mal se conciertan.* (R. Marín)
19155. **Non é pobre o que ten pouco sinón o que quer moito.** (ms8,61r: Trives)
19156. **Non é probe senon o que se tén por probe.** (ms10,100r: D.E.)
19157. **Non hai ninguén tan probe que ó morrer non lle sobre.** (ms10,100r: D.E.)
19158. **Non te abatas por pobreza nin te crezas por riqueza.** (ms10,101r: D.E.)
19159. **Non te abatas por pobreza nin te ensalces por riqueza.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
19160. **Non te fagas probe a quen te non pode facer rico.** (ms10,100r: D.E.)
19161. **Non digas queu eres probe a quen rico facerte pode.** (ms10,100r: D.E.)
19162. **O cueiro do probe estira e encolle.** (ms16: Santiago)
19163. **Ó desnudo máis lle valen dous que un.** (mc: Parga-F.V.S.)
19164. **Ó desnudo máis lle valen dous que un.** (ms16: Parga)
19165. **O home madrugón, ou pobre ou ladrón.** (mc: Bucinos / ms4: F.V.S.)
19166. **O pai pobre non fai o fillo rico.** (mc / ms4: F.V.S.)
19167. **O pobre i-o muíño andando ganan.** ⁵⁸⁷⁷ (mc e ms4: A.N.)
Var.: *O probe i-o muín, andando ganan.* (mc e ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,44: Comarca de Fonsagrada)
(pt) *O pobre e o moinho andando ganham.* (Chaves) (es) *El molino y el merino, andando ganan continuo.* (R. Marín)
Muín por influencia asturiana.
19168. **Ó pobre soberbio, limosna de paus.** ⁵⁸⁷⁸ (mc: Santiago)
19169. **O probe afrixido non lle deas máis ruído.** (ms10,100r: D.E.)
19170. **O probe con pouco se alegra.** (ms10,100r: D.E.)
19171. **Ó probe dalle a mitá do que che sobre.** (ms10,100r: D.E.)
19172. **Ó probe e á nogueira todos lle tiran pedras.** (ms10,100r: D.E.)
19173. **Ó probe e ó mingado non falta quen o faga máis necesitado.** (ms10,100r: D.E.)
19174. **Ó probe farto de carne non hai quen o ature.** (ms10,100r: D.E.)
19175. **Ó probe hastra os cas lle ladran.** (ms10,100r: D.E.)
19176. **O probe i-o muíño andando gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
19177. **O probe non vai ó concello, nin se toma o seu consello.** (ms10,100r: D.E.)
19178. **Ó probe o sol o come.** (ms10,100r: D.E.)
19179. **Ó probe pouco ben o socorre.** (ms10,100r: D.E.)
19180. **Ó probe que con carne se entupe non hai quen o ature.** (ms10,100r: D.E.)
19181. **O probe que non tén casa vive sempre na rúa.** (ms10,100r: D.E.)
19182. **O probe, nin quieto nin calado.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

⁵⁸⁷⁷ ms: y-o.

⁵⁸⁷⁸ V. tamén *Pobreza (Pobreza y soberbia)*.

19183. **O que á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, sempre andará descalzo.**⁵⁸⁷⁹ (mc: Buciños)
19184. **O que a ser probe está condenado, tanto lle tén correr como estar sentado.** (ms10,100r: D.E.)
19185. **O que anda a pedir, non anda a fuxir.**⁵⁸⁸⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19186. **O que d'alleo se viste, de seo se dispe.** (ms21,11v: Bermés)
19187. **O que dá limosna unha vez, dáa dúas ou tres.**⁵⁸⁸¹ (mc / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19188. **O que de alleo se veste, na calle se espe.**⁵⁸⁸² (mc: J.P.)
Var.: *Os que d'alleo se visten, na rúa os dispen.* (P. Sobreira-D.R.A.G.) / *O que d'alleo se veste, logo se despe.* (ms4: Pidre-F.V.S.)
(es) *Quien de ajeno se viste, en la calle lo desnudan.* (Sbarbi)
19189. **O que é probe ninguén lle fai caso.** (ms10,100r: D.E.)
19190. **O que é probe, é máis probe do que se di e do que se pensa.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *El pobre no tiene abrigo, pariente, deudo ni amigo.* (R. Marín)
19191. **O que ha ser probe nunca rico morre.** (ms10,100r: D.E.)
19192. **O que moito desprecia, non ten riqueza.** (mc: Santiago)
19193. **O que nada ten de seu, mala nai que o pareu.**⁵⁸⁸³ (ms21,03v: Bermés)
19194. **O que non ten bés, ten pés.** (mc: M.L.)
Tiene que ganar el sustento a fuerza de trabajar.
19195. **O que non ten de seu, negra nai o veu.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
19196. **O que non teña, non busque.** (mc: Santiago)
19197. **O que o alleo veste, na calle se despe.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
19198. **O que ós vinte no[n] ten forza e ós trinta non casou... ese paxaro volou.**⁵⁸⁸⁴
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19199. **O que ós vintecinco non sabe i-ós trinta non ten, ós corenta é un ninguén.**⁵⁸⁸⁵ (mc: A.I. / ms18,75r: A.S.A.)
(pt) *Quem aos trinta não pode, aos quarenta não sabe e aos cinquenta não tem, nunca será ninguém* (ou *não pode, não sabe e não tem*). (Chaves) (es) *Quien a los veinte no puede, a los treinta no sabe y a los cuarenta no tiene, nunca podrá, sabrá ni tendrá.* (R. Marín)
19200. **O que ten pouco, logo reza.** (mc: Buciños)
19201. **O que ten pouco, non pode dar moito.** (mc: Buciños)
(es) *Quien tiene poco y algo da, no está obligado a más.* (R. Marín)
19202. **O que vai pedir, non vai a fuxir.**⁵⁸⁸⁶
(mc: A.N. / ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *El que va pidiendo, no va corriendo.* (Sbarbi)
El que pide algo, tiene que esperar y tener paciencia.
19203. **O rico pode chegar a pobre; i-o pobre, a rico.** (mc: Buciños)
19204. **O ser probe non deshonra.** (ms10,100r: D.E.)
19205. **Onde non hai barba non hai que afeitar.** (mc: Buciños)
19206. **Onde non hai fariña nin relón, todos falan sin razón.**⁵⁸⁸⁷ (mc: Santiago / ms21,28r: Bermés)
19207. **Onde non hai fariña, todo é muíña.**⁵⁸⁸⁸
(ms4: C.A. A Nosa Terra / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19208. **Onde non hai nada, a porta está pechada.**⁵⁸⁸⁹ (ms16 e ms10,096r: D.E.)
(es) *Donde no hay nada, la puerta está cerrada.* (Correas)

⁵⁸⁷⁹ V. *O que calza alparagatas e de mulleres fai caso, nunca xuntará cartos e andará sempre descalzo en Mujer.*

⁵⁸⁸⁰ ms-SA: *pidir, fuchir.*

⁵⁸⁸¹ ms-SA: *da duas.*

⁵⁸⁸² mc: *na calle s'espe.* Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *se espe.*

⁵⁸⁸³ O orixinal di: *O que nada ten de seu mal'a nai que o pareu.*

⁵⁸⁸⁴ O orixinal di *O que os 20 no ten forza e os 30 non casou... ese paxaro volou.*

⁵⁸⁸⁵ ms18,75r: *y-os trinta non ten. / V. O que ós vinte non pode, ós trinta non sabe i-ós corenta non ten, nunca pode nin sabe nin ten en Edades (Edad y aptitud).*

⁵⁸⁸⁶ ms-SA e ms-LU: *vai a pedir; ms-SA: fugir.*

⁵⁸⁸⁷ ms21,28r: *n'hay. / V. tamén Agrícolas (Generales) e Pobreza (La pobreza y la paz).*

⁵⁸⁸⁸ O orixinal di: *Onde non hay fariña todo e muíña. / ms-LU: Donde, muíña.*

⁵⁸⁸⁹ En ms10 s.v. *Puerta.*

19209. **Onde non hai nada, nada se pode atopar.**⁵⁸⁹⁰ (ms16 e ms10,027v: D.E.)
Var.: *Onde non hai, non hai que buscar.* (ms16 e ms10,027v: D.E.)
19210. **Onde non hai, non hai.** (mc: Buciños / ms16: Lugo)
(es) *Donde no hay, no hay.* (Correas)
19211. **Onde non se perde algo, todo é miseria.**⁵⁸⁹¹ (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés)
Var.: *Onde non se perde, todo é miseria.* (R. Caruncho) / *Onde non se perde nada, todo é miseria.* (ms4: C.A. A Nosa Terra / ms10,090r: D.E.)⁵⁸⁹²
19212. **Onde poño os pés, teño os bés.** (mc e ms16: Taboada)
(es) *Donde pongo los pies, mio es.* (R. Marín)
Dice el que no tiene nada.
19213. **Onde se pensa que hai touciños n'hai corres.**⁵⁸⁹³ (mc: M.V. / ms10,088r: D.E.)
(es) *Donde parece que hay besugos, no hay ni escamas.* (R. Marín) / *A do pensáis que hay tocinos, no hay estacas.* (Correas)
19214. **Os moitos fillos empobrecen os pais.** (mc)
Poco providencialista es quien lo dijo, y muchas veces sucede lo contrario.
19215. **Os moitos fillos fan o pai pobre.** (ms21,12r: Bermés)
19216. **Pobre á festa convidado non esperes contestado.** (mc: Santiago)
19217. **Pobre do que non ten: maguado o vexo.** (ms16: Silvarrey)
Var.: *Pobre do que non ten i maguado de ello* [sic]. (ms8,62r: Silvarrey)
19218. **Pobre dun pobre, que non ten quen-o forre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
19219. **Pobre porfioso logra mendrugo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19220. **Pobre porfioso saca mendrugo.** (mc: Sarria)
(es) *Pobre importuno, saca mendrugo.* (R. Marín)
La perseverancia lo consigue todo; y lo recoge también la canción: *Non te canses de rondala / si algo queres lograr dela: / probe que moito pidicha / ó fin recolle cadela.*
19221. **Pobres e muíños, andando ganan.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19222. **Pódese andar na probeza e andar con limpeza.** (ms10,101r: D.E.)
19223. **Por dar limosna e pousada nunca se perde nada.** (mc: Tuiriz, Monforte)
19224. **Por dar limosna non mengua a bolsa.** (mc: Buciños)
(pt) *Por dar uma esmola não mingua a bolsa.* (Chaves) (es) *Por dar limosna no se mengua la bolsa.* (Correas)
19225. **Por dar limosna e pousada non se perdeu xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19226. **Por moita vida que teñas e diñeiro que che sobre, si che falta a caridá, xa te podes chamar pobre.** (mc: Antas de Ulla)
Canción popular que pasó a refrán y que encierra una bella enseñanza.
19227. **Pra nada non fai falta alforxa.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
19228. **Pró probe non é proveitoso acompañarse do poderoso.** (ms10,101r: D.E.)
19229. **Probe porfiado, non se vai sin un ichavo.** (ms10,100r: D.E.)
19230. **Probe que moito pedicha sempre gana algún codelo.** (ms10,101r: D.E.)
19231. **Probe que moito pidicha, ó fin recolle cadela.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
19232. **Que non morran as vacas, que homes hainos a patadas.** (ms15,03)
19233. **Quen di que probeza é vileza, non sabe o que di nin ten siso na cabeza, inda que teña moita riqueza.**⁵⁸⁹⁴ (ms10,003r: D.E.)
19234. **Quen probeza tén, dos seus parentes fai desdén.** (ms10,101r: D.E.)
19235. **Quen tén probeza non ergue a cabeza.** (ms10,101r: D.E.)
19236. **Quen vai a pidir non vai a fuxir.** (ms21,27v: Bermés)
19237. **Regalo de probe mercede pide.** (ms10,101r: D.E.)
19238. **Sacar e non poñer, mirar e non ter.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
19239. **Sacar e non poñer, mirar e non ver.**⁵⁸⁹⁵ (ms: Layosa)

⁵⁸⁹⁰ Refrán e variante en ms10 s.v. *Haber*.

⁵⁸⁹¹ ms21,27r: *perd'algo*.

⁵⁸⁹² En ms10 s.v. *Perder*.

⁵⁸⁹³ ms10: *non hai corres*. En ms10 s.v. *Pensar*.

⁵⁸⁹⁴ En ms10 s.v. *Decir* coa indicación *Pobreza*.

⁵⁸⁹⁵ Contén a indicación *Pobreza*.

- Var.: *Sacar e non poñer é cegar e non ver.* (Pidre)
19240. **Se desprecias a un pobre, pasarache a mesma sorte.** (mc: Santiago)
19241. **Se non te ves probe e perseguido non sabes quen é o teu amigo.** (ms10,101r: D.E.)
19242. **Se o soldado anda ás puntas, o cabo ás preguntas i-o sargento a canto estamos de mes, mui mal andamos os tres.**⁵⁸⁹⁶ (mc: Bucinos-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballo, LU)
19243. **Se queres colle-lo fol, queima leña verde e come pan mol.**⁵⁸⁹⁷ (ms4 e mc: Pidre-F.V.S.)
(es) *En la casa donde no hay gobierno, siempre comen pan tierno.* (R. Marín) / *Mujer joven, pan tierno y leña verde son en la casa lobos que muerden.* (R. Marín)
Véase *O que queira ser probe...*
19244. **Se queres ser probe sin sentir, traballa os días pequenos e dispois déitate a durmir.** (ms10,101r: D.E.)
19245. **Sempre houbo probes e ricos.** (ms10,101r: D.E.)
19246. **Ser probe non deshonra a ningún home.** (ms10,101r: D.E.)
19247. **Ser probe non é deshonra.** (ms10,101r: D.E.)
19248. **Son máis os que piden que os que dan.** (mc: R. Caruncho)
19249. **Todos fuxen do probe como unha enfermédá.** (ms10,101r: D.E.)
19250. **Tras do probe sempre anda o demo coa fouce.** (ms10,101r: D.E.)
19251. **Tras do probe todo o mundo corre.** (ms10,101r: D.E.)
19252. **Un probe non pode tomar unha posta mentras non vén o cornixolo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19253. **Unha abella sola fai pouco mal.** (ms: Muros)
19254. **Vacas vellas e carros vellos, non é caudal.** (ms10,050r: Silvarrei)

⁵⁸⁹⁶ V. *Cando o soldado anda a puntas, o cabo a preguntas e o sarxento a canto estamos de mes, mal lle vai a todos tres* en *Oficios*. / ms4 e ms-LU: *preguntas*; ms-LU: *S'o, y'o sargento, a cantos estamos, andamo'los tres*.

⁵⁸⁹⁷ O orixinal di: *Se queres collel'o fol, queima leña verde e come pan mol.* / mc: *Si quer collr o fol.*

19255. **Val máis decir: "probe de él" que "probe de min".** (ms10,101r: D.E.)
19256. **Val máis probe da vila que rico da aldea.** (mc: Muros)
19257. **Vale máis algo ca nada.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucinos, Carballo, LU)
19258. **Vale máis o que o probe aforra que o que o rico come.** (mc: Tuiriz, Monforte)
19259. **Vale máis pobre vividor que rico estafador.** (mc: Bucinos)
19260. **Vale máis ser pobre que burro.** (mc: Santiago)
19261. **Vámonos á cama, que o sono mata a gana, e o frío tórnao a roupa e unha perna quente a outra.**⁵⁸⁹⁸ (ms: Velle)

ALEGRÍA Y POBREZA

19262. **A'legría na casa dos probes, tarde vén e pouco dura.**⁵⁸⁹⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19263. **Home probe con pouco se alegra e socorre.**⁵⁹⁰⁰ (ms16 e ms10,028v: D.E.)
Var.: *Home probe con pouco se alegra.* (mc: M.L.)
(es) *Del pobre la bolsa, con poco rebosa.* (Sbarbi) / *Hombre pobre con poco se alegra y socorre.* (Correas)
19264. **Home probe, vida alegre.** (mc: Bucinos / ms16: Deza)
(es) *El pobrete, de suyo es alegrete.* (R. Marín)
19265. **Pouco dura a alegría na casa do probe.** (ms16: Lugo)
(es) *Poco dura la alegría en la casa del pobre.* (R. Marín)

CAMINOS DE LA POBREZA

19266. **De dar, muitos fixéronse probes; de pedir, ningún.** (ms15,16)
19267. **O amo que ten criados e non traballa e n'os vai a ver, venda o que ten prós manter.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
19268. **O que paga criados e non os vai a ver, venda o que ten pra os manter.**⁵⁹⁰¹

⁵⁸⁹⁸ Contén a indicación *Pobreza*.

⁵⁸⁹⁹ O orixinal di: *A'legría n-a casa d-os probes tarde ven e pouco dura.*

⁵⁹⁰⁰ ms: *s'alegra*. En ms10 s.v. *Hombre*.

⁵⁹⁰¹ ms-SA e A. Darriba Míguez: *paga a criados / A. Darriba Míguez: vende o que ten.*

- (ms21,26r: Bermés / ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / A. Darriba Míguez)
19269. **O que queira empobrecer, meta obreiros e non-os vaia ver.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
19270. **O que queira empobrecer, que meta criados que non-os vaia ver.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
19271. **O que queira empobrecer, alquile obreiros e non-os vaia ver.** ⁵⁹⁰² (ms15,18)
19272. **O que queira probe ser, queime leña verde e pan fresco ha de comer.** (mc e ms16: Bucínos / ms4: F.V.S.)
Var.: *O que queira ser pobre, queime leña verde e coma pan mole.* (mc: R. Marín / ms10,100r: D.E.) ⁵⁹⁰³
(es) *Pan tierno y leña verde, la casa pierde.* (R. Marín)
19273. **O que quera empobrecer, que meta criados e non os vaia a ver.** ⁵⁹⁰⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
19274. **O que ten criados e non os vai ver, venda os bés pra os manter.** ⁵⁹⁰⁵ (mc: Taboada-F.V.S.)
Var.: *O que paga criados e non-os vai ver, que venda o que ten pra podelos manter.* (ms16: D.E.)
19275. **O que tira o que ten, a pedir vén.** ⁵⁹⁰⁶ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
19276. **O que vende o que ten, queda sin nada.** (ms-SA: Serafín Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
19277. **Quen gasta o que ten, a pedir vén.** (mc e ms16: A.N.)
(pt) *Quem gasta mais do que tem, a pedir vem.* (Chaves) (ct) *Qui gasta més del que té, sempre se vorá empenyat y may podrá quedar bé.* (Alberola)
19278. **Quen queira empobrecer, vállase de obreiros e non-os vaia ver.** ⁵⁹⁰⁷ (mc e ms16: M.L.)

⁵⁹⁰² O orixinal di: *O que queira empobrecer, alquile obreiros e non'os vaya ver.*

⁵⁹⁰³ ms10: *probe.*

⁵⁹⁰⁴ O orixinal di: *Ou que quera empobrecer que meta criados en non os vaya a ver.*

⁵⁹⁰⁵ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Descuido*. / mc: *non-os vai ver* / En *R. Fisterrán*: ... *vende o que ten pra os manter.*

⁵⁹⁰⁶ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Derroche*.

⁵⁹⁰⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Descuido*.

Var.: *U que queira empobrecer, que meta obreiros e que nu nus vaya ver. / O que queira empobrecer, que meta obreiros e no[n os vaia] a ver.* (ms16: Sober) / *O que ten obreiros e non os vai ver, pronto empeza a empobrecer.* (ms5,136: Aguada) / *Quen queira empobrecer, traia xornaleiros e non-os vaia ver.* (ms16: D.E.)

(pt) *Se queres ser pobre sem o sentir, mete obreiro e deita-te a dormir.* (Chaves)

19279. **Se ques ser probe sin sentir, fai obras nos días pequenos e déitate a dormir.** (mc e ms16: M.V.)

19280. **Si ques coller o fol, queima leña verde e come pan mol.** (ms16: Pidre)

Var.: *O que queira empobrecer, que queime leña verde e coma o pan a medio cocer.* (ms16: Sober)

(es) *Pan tierno y leña verde son en la casa lobos que muerden.* (R. Marín)

CARENCIAS Y FATIGAS DEL POBRE

19281. **A cadelo fraco, todo son pulgas.** ⁵⁹⁰⁸ (ms16 e ms10,023v: D.E.)

(es) *El perro flaco todo es pulgas.* (R. Marín)

19282. **A carto vai a libra da vaca; o que non o ten, non-a papa.** ⁵⁹⁰⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19283. **A carto vai a libra de vaca; quen a ten non a paga.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

19284. **A carto vai a vaca, i-o que non ten non-a papa.** ⁵⁹¹⁰ (mc e ms16: A.N.)

Var.: *A carto vai a libra de vaca: quen non-o ten non-a papa.* (ms15,11)

(es) *A cuarto vale la vaca y, si no hay cuarto, no hay vaca.* (mc: Sbarbi / ms16: R. Marín) / *¿A blanca vale la vaca? Daga la blanca.* (Id.) / *A meaja vale la vaca; ¿y dó la meaja?* (Correas)

Poco importa que las cosas cuesten poco, si no hay dinero para adquirirlas.

19285. **A carto vale a vaca; quen non-o ten non-a cata.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19286. **A pouco diñeiro, pouca saúde.** ⁵⁹¹¹ (ms16 e ms10,006r e ms10,096r: D.E.)

(es) *A poco dinero, poca salud.* (Z.)

⁵⁹⁰⁸ En ms10 s.v. *Flaco*.

⁵⁹⁰⁹ ms-LU (Galicia): *non a papa*.

⁵⁹¹⁰ ms: *y-o*.

⁵⁹¹¹ En ms10,006r s.v. *Dinero* e en ms10,096r s.v. *Puerta*.

19287. **A sorte do pobre é andar a pedir.** (mc e ms16: M.V.)
19288. **A vaca do pobre ten que andar ás dúas maus.**⁵⁹¹² (mc e ms16: Carballino)
Var.: *A vaca do pobre ten que traballar ás dúas maus.* (ms16: Bucifios)
19289. **A vaca do probe and'a tódalas maus.** (ms11,47: Comarca de Fonsagrada)
19290. **A vaca do probe, todo é miseria.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19291. **A vaca du pobre ara a todas as maus.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19292. **A vida do pobre é moi sonada.**⁵⁹¹³ (mc e ms16: Palas de Rey / ms4: F.V.S.)
Sobre todo sus defectos o faltas, que se extienden en seguida para ser cebo de la pública maledicencia.
19293. **A vida do pobre, andar a pedir.** (mc e ms16: Carballo)
19294. **Acábate, probe, e vende a camisa.** (mc e ms16: Otero de Rey)
19295. **Ao pobre o sol come.** (mc e ms16: C.A.)
(es) *Al hombre pobre, el sol se le come.* (R. Marín)
19296. **As contas do pobre nunca salen ben.** (mc e ms16: Villamane, Cervantes)⁵⁹¹⁴
(es) *Cuentas de pobre, raro es que se logren.* (R. Marín)
19297. **Caldo de pobres, raro e sin grasa.** (ms8,74r: O. de Rey)
19298. **Cando o probe quere mallar, chove.**⁵⁹¹⁵ (ms16: Santiago / ms-SA: Juan López Souto: Corrubedo, Ribeira, C)
19299. **Canto máis frío, menos roupa.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
19300. **Canto máis pobre, menos limosna.**⁵⁹¹⁶ (mc e ms16: A.S.A. / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
(es) *Cuanto más pobres, menos limosnas.* (R. Marín)
19301. **Canto temos, ó lombo traemos.**⁵⁹¹⁷ (mc e ms16: A.S.A. / ms10,128r: D.E.)
19302. **Carne sin óso non é pra probes.** (ms16: D.E.)
(es) *Carne sin hueso no se da sino a San Bueso.* (R. Marín)
19303. **Castiñeiro sin candeia, ¿que castañas pode dar?; amor probe sin diñeiro, ¿qu'amores pode tomar?** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19304. **Con malas ceas e malos almorzos encóllense as tripas e alóganse os pescozos.** (ms16: D.E.)
(es) *Con estas cenas y con estos almuerzos, angóstanse las tripas y alárganse los pescuezos.* (Correas)
19305. **Con malas ceas e ruís xantares crecen os ósos e mingoan as carnes.** (ms16: D.E.)
(es) *Con estos yantares y con estas cenas, menguan las carnes y crecen las venas.* (Correas)
19306. **Chórame e chórame, mais non me chores probe.** (ms16: D.E.)
19307. **Chove na casa do probe.** (ms-LU: Félix Rodríguez Vieites)
19308. **Chove, chove, na aira do probe.** (mc / ms16: Lugo)
Var.: *Chove, chove, na casa do probe.*
Recuerda el cantar infantil: *Chove, chove / na aira do probe / chovisca, chovisca / na casa da Prisca.*
19309. **En pobre morada, nin tizón nin brasa.** (ms16 e ms10,041r: D.E.)
(es) *En pobre morada, ni tizón, ni brasa.* (Correas)
19310. **Home probe, a cama o come.** (ms16: Santiago / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
19311. **Home sin agarimo, paxaro sin niño.**⁵⁹¹⁸ (ms16 e ms10,028v: D.E.)
(es) *Hombre sin abrigo, pájaro sin nido.* (A.N.)
19312. **Hora de comer pró rico: cando ten gana; e pró pobre: cando ten qué.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19313. **Na casa barrida non pica a galiña.**⁵⁹¹⁹ (ms16 e ms10,025r: D.E.)
(es) *En la casa barrida no pica la gallina.* (Correas)

⁵⁹¹² ms: *andar a todas as maus.*

⁵⁹¹³ ms: *muy sonada*; ms4: *probe*.

⁵⁹¹⁴ Vilamane pertence ó concello de Becerreá e non a Cervantes.

⁵⁹¹⁵ ms16: *quer mallar*.

⁵⁹¹⁶ ms, ms4, ms-LU (Trini F.) e ms-LU (Pol): *probe*.

⁵⁹¹⁷ ms recolle dúas maneiras: *lombo traemos / lombo o traemos*; ms4: *lombo o traemos*. / En ms10 s.v. *Tener*.

⁵⁹¹⁸ En ms10 s.v. *Hombre*.

⁵⁹¹⁹ En ms10 s.v. *Gallina*.

19314. **Na casa do home probe: carro de clavo e caldeiro de cobre.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
19315. **Na casa onde non hai codio, en xullo chavea nos dentes.** (ms16: Santiago)
19316. **O diñeiro do probe quer acougar e non pode.** (ms16: Lugo)
Var.: *O diñeiro do probe, anque queira acougar non pode.* (ms16 e ms10,006v: D.E.)⁵⁹²⁰
19317. **Ó probe nunca lle amanece, e xa as noites foran cortas.** (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S.)
19318. **O probe nunca ten ves.** (ms16: Santiago)
19319. **O que come pola man doutro, come moito e engorda pouco.**⁵⁹²¹ (mc / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *O que come pola man doutro, coma o que coma, engorda pouco.* (ms16: D.E.)
(es) *Es gran pena, comer de mano ajena.* (R. Marín)
19320. **O que non ten boi nen cabra, toda a noite ara.** (ms5,027)
Var.: *O que non ten boi nin vaca, toda a noite ara.* (ms16: D.E.)
19680. **No que se toma a bulto está o engaño oculto.** (mc: Santiago)
19681. **No que se toma a vulto, engañaño hai oculto.** ⁶⁰³³ (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
19682. **Non armes o peligro e non perecerás nel.** (ms-LU: seminarista anónimo: Baldomar, Begonte, LU)
19683. **Non levantes a lebre pra que outro a leve.** (ms16: Lugo)
(es) *No levantes liebre que otro lleve.* (R. Marín)
19684. **Non te metas cas abellas que sales perdendo.** (mc: Santiago)
19685. **Non teñas medo que eu na casa quedo.** (ms8,29r: La Cañiza)
19686. **O paxaro, cando dorme, mete o rabo na silveira.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
19687. **O que coida, pra si coida.** (ms10,050r: Sober)
19688. **O que está avisado, está armado.** ⁶⁰³⁴ (mc: Meilán / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19689. **O que está en pé, mire non caia.** ⁶⁰³⁵ (ms5,121: Trapero / ms15,13 / ms10,085r: D.E.)

⁶⁰²⁴ En ms10 s.v. *Mirar*.

⁶⁰²⁵ En ms10 s.v. *Ratones* coa indicación *Aventajar*.

⁶⁰²⁶ ms: *pero más el gato*.

⁶⁰²⁷ mc: *tenar*; ms16: *En casa*.

⁶⁰²⁸ ms e ms4: *xaboneiro*; ms16: *En casa*.

⁶⁰²⁹ O orixinal di: *Na porta do rezador... Resposta: E n'a d'o que non reza nada nin millo nin cebada*.

⁶⁰³⁰ ms-LU: e ms21,26v: *naide*.

⁶⁰³¹ V. *Nin por carreiro nin por atallo, deixar o camiño do carro en Agrícolas (Generales)*.

⁶⁰³² Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁶⁰³³ O orixinal di: *No que se toma a bulto enjaño hay oculto*.

⁶⁰³⁴ ms-LU: *avisao, arnao*.

⁶⁰³⁵ ms15,13: *caya* / En ms10 s.v. *Pies*.

19690. **O que gard'o que ten, non infam'a ninguén.** (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)
19691. **O que garda o que ten, non infama a ninguén.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
19692. **O que garda o que ten, non peca con ninguén.** (mc: A.N.)
19693. **O que non poida asistir a ceas, que non se meta nelas.** (ms10,049v: Carballino)
19694. **O que non queira cargas, que non colla cargos.** (mc)
19695. **O que non queira patadas, que non vaia á feira das bestas.** (mc: Santiago)
Var.: *O que non queira couces, que non vaia á feira das bestas.* (ms16)
- Figuradamente, como el que sigue, aconséja huir de las malas compañías.
19696. **O que non te conoza, que te merque.**
⁶⁰³⁶ (mc)
(es) *El que no te conozca que te compre.* (Sbarbi) / *El que no te conozca ese te alabe.* (Id.)
Dícese de las personas cuyas malas artes no son bien conocidas.
19697. **O que ten cu de palla non se arrima ó lume.** (ms16: R. Fisterrán)
(es) *Quien tiene la cola de paja, no se acerque a la llama.* (R. Marín)
19698. **O que ten o rabo de palla, sempre lle arde.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)
19699. **O que ten o rabo de palla, ten medo que lle arda.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
19700. **O que ten rabo de palla ten medo que se lle queime.**
⁶⁰³⁷ (mc: La Coruña)
Var.: *O que ten rabo de palla, sempre pensa que lle afuma.* (ms4: F.V.S.) / *O que ten rabo de palla ten medo que lle planten lume.* (ms4: F.V.S.)
19701. **O que ten rabo de palla, sempre ten medo que lle arda.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradelá, LU)
19702. **Ó tolo e ao aire doulles calle.** (ms)
(es) *Al loco y al aire, darle calle.* (Sbarbi)
19703. **Olo no plato, olo no gato.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO / ms-SA: Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babío, Bergondo, C)
19704. **Onde te queiran mal nunca irás.** (ms10,031v: D.E.)
19705. **Polas corredoiras fondas sempr'andar acompañado.** (mc: Santiago)
19706. **Por camiños e atallos non deixes o camiño dos carros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballado, LU)
19707. **Por carreiras i-atallos non deixes o camiño dos carros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Monterroso, Monterroso, LU)
19708. **Pouco importa qu'encha a canada se a tira dunha patada.**
⁶⁰³⁸ (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19709. **Pra todo [ten] que'estar prevenido o labrego que en verdá é instruído.**
⁶⁰³⁹ (ms4: J.P.)
19710. **Quen non t'entenda, que te merque.** (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Que te merque que non te conoza.* (ms16: D.E.) / *O que non te entenda, que te merque.* (ms4: F.V.S.) / *Quen non te coneza, que te merque.* (ms16: D.E.)
(es) *Quien no te conoce, te compre.* (Z.)
Véase *O que non te conoza...*
19711. **Quen sementa espiñas, que non vaia descalzo.**
⁶⁰⁴⁰ (mc: Bucínos)
(es) *Quien siembra espinas, abrojos coge.* (Sbarbi) / *Quien siembra espinas no espere coger clavelinas.* (Id.)
19712. **Quen ten rabo, non se senta.** (ms8,47r: La Cañiza)
19713. **Quen xoga co ferro, xoga co demo.** (mc: J.P. / ms4: A.S.A. / ms21,07v: Bermés)
19714. **Quen xoga con moitas pallas, unha lle quita os ollos.** (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
19715. **Quen sembra espiños, que non vaia descalzo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19716. **Se queres que non che coma o queixo o rato, compra un gato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
19717. **Se ves as barbas do teu veciño a pelar, vai poñendo as túas de remollo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballado, LU)
19718. **Se ves as barbas du teu viciño pelar, pon as túas a remollar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

⁶⁰³⁶ mc: conozca.

⁶⁰³⁷ mc: ese ten medo.

⁶⁰³⁸ ms-LU: *q'hench-a canada, c'unha patada.*

⁶⁰³⁹ Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *Pra todo qu'estar*, igual que aparece en ms4.

⁶⁰⁴⁰ O orixinal di: *Quen sementa espiñas, que non vaya descalzo.*

19719. **Sempre que vaias á feira, ten cuidado ca carteira.**⁶⁰⁴¹ (mc e ms: Santiago)
Var.: *Sempre que vayas á feira, ten coidado ca costura.* (Santiago)
19720. **Si non queres levar patadas, non vaias á feira das bestas.**⁶⁰⁴² (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
19721. **Si queres que non che coma o queixo o rato, compra un gato.** (mc: Tuiriz)
19722. **Si queres ter caseiros, non teñas heredeiros.**⁶⁰⁴³ (mc: A.S.A.)
19723. **Si queres ter criado ben mandado, non lle des de comer antes do recado.** (mc / ms4: F.V.S.)
19724. **Si vas ó moíño, no se che olvide o canciño.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
19725. **Tantas veces vai o xarro á fonte que dunha rompe.** (mc: A.N.)
(pt) *Tantas vezes vai a caldeirinha ao poço, até que lá fica o pescoço.* (Chaves) / *Tantas vezes vai o cântaro à fonte que lá deixa a asa.* (Id.) (es) *Tantas veces va el cántaro a la fuente, que al fin se quiebra.* (R. Marín) (ct) *Tantes vòltes vá el cànter a la fònt, que al fi es trenca.* (Alberola)
19726. **Tanto vai u cántaro á fonte que ó fin se rompe.** (ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C)
19727. **Tras do perdido non hai que ir.**⁶⁰⁴⁴ (mc: Bucínos)
19728. **U paxaro, cando chove, mete o rabo na silveira.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
19729. **Un ollo no prato i-outro no gato.**⁶⁰⁴⁵ (mc: C.G. / ms15,019 / ms21,03v: Bermés)
(pt) *Um olho no prato outro no gato.* (Chaves) (es) *Un ojo al plato y otro al gato.* (Correas) (ct) *Un ull al gat y atre al plat.* (Alberola)
19730. **Un ollo nunha cousa i-outro noutra.**⁶⁰⁴⁶ (ms15,19r / ms10,072r: D.E.)
19731. **Vai moitas veces a ola á fonte e de unha rompe.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
19732. **Vale máis arrodear que caer.**⁶⁰⁴⁷ (mc e ms5,045: Corme)
Var.: *Val máis rodear que caer.* (ms5,045: Serantes de Lage)
19733. **Vale máis arrodear que mal atallar.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)
(pt) *Melhor é rodear que mau andar.* (Chaves)
19734. **Vale máis recollido que mal parecido.** (mc)
- PRECAUCIÓN AL HABLAR.** V. tamén *Cautela en el hablar.*
19735. **As paredes oien.**⁶⁰⁴⁸ (mc e ms16: Sarria / ms10,082r: D.E.)
(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Montes ven, paredes oyen.* (Correas)
Como el anterior.
19736. **As paredes teñen oídos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19737. **As silveiras e os valados teñen orellas.**⁶⁰⁴⁹ (mc e ms16: C.A.)
19738. **As silveiras oien.** (mc e ms16: C.A.)
(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Las paredes han oídos y los montes ojos.* (Correas) / *Las paredes tienen orejas y oídos.* (Id.) / *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (M. Kleiser. n° 51774) (ct) *Les mates tenen ulls y les parets orelles.* (Alberola)
19739. **As silveiras tñen orelleiras.** (mc e ms16: J.A.P.)
(pt) *As paredes tem ouvidos.* (Chaves) (es) *Las paredes han oídos y los montes ojos.* (Correas) / *Las paredes tienen orejas y oídos.* (Id.) / *Ni tras pared ni tras seto digas tu secreto.* (M. Kleiser. n° 51774) (ct) *Les mates tenen ulls y les parets orelles.* (Alberola)
19740. **Boca calada, non entra mosquito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
19741. **Boca cerrada, non cala mosquito.** (mc: Chantada)
Var.: *En boca cerrada non entra mosca.* (mc: Terra de Melide / ms: V.R. y A.R.) / *Á boca*

⁶⁰⁴¹ O orixinal di: *Sempre que vayas a feira, ten cuidado c'a carteira.* / Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Precaución* no ms.

⁶⁰⁴² O orixinal di: *Si non queres levar patadas no vayas a feira das vestas.*

⁶⁰⁴³ V. *O que bota os bes a caseiros, escusa herdeiros en Casa.*

⁶⁰⁴⁴ O orixinal di: *Tras do perdido non hay que ir.*

⁶⁰⁴⁵ O orixinal di: *Un ollo no prato y'outro no gato.* / mc: *plato, y-outro; ms21,03v: y'o outro.*

⁶⁰⁴⁶ O orixinal di: *Un ollo n'unha cousa y'outro n'outra.* / ms10: *e outro.*

⁶⁰⁴⁷ Indica *Mal menor* en ms5,045.

⁶⁰⁴⁸ ms10: *ouven.* / En ms10 s.v. *Paredes.*

⁶⁰⁴⁹ mc: *siveiras.*

- cerrada non entra mosca nin araña.* (Narcea-Trives) / *En boca cerrada non entra mosca.* (ms16) / *Boca pecha non entra mosca.* (ms16: Noia) / *En boca cerrada non entra mosquito.* / *Na boca cerrada non entra nada.* (R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
 (pt) *Em boca fechada não entra mosca.* (Chaves) / *Em boca fechada as moscas não têm entrada.* (Id.) (es) *En boca cerrada, ni moscas ni nada.* (R. Marín) / *En boca cerrada no entra nada.* (Id.) / *En boca cerrada no entra mosca.* (Sbarbi)
19742. **Busca unha agulla pra levar na falchoca e tres ou catro pra cose-la boca.**⁶⁰⁵⁰ (ms16: Enc.)
 Var.: *Unha agulla prá bolsa e prá boca dúas.* (ms16: Enc.)
19743. **En boca cerrada nin entra mosca nin entra nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19744. **En boca cerrada non entra mosca nela.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
19745. **En boca cerrada non entra mosca nin nada.**⁶⁰⁵¹ (mc e ms4: Bucínos-F.V.S / ms21,14v: Bermés / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo)
19746. **En boca cerrada non entra mosca (nela) nin nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19747. **En boca cerrada non entran moscas.** (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Sistallo, Cospeito, LU)
19748. **En boca cerrada non entran mosquitos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
19749. **Na boca cerrada non entra mosca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19750. **Na boca cerrada non entran moscas.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
19751. **Na boca cerrada, nin mosca nin nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19752. **O que moito fala, en algo se equivoca.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
19753. **O que ten boca equivócase.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
19754. **O que ten boca, se equivoca.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
- PRECAUCIÓN TARDÍA**
19755. **A burro morto, cebada ó rabo.** (mc e ms16: *Terra de Melide* / ms: V.R. y A.R.)
 (pt) *Burro morto, cevada ao rabo.* (Chaves)
 (es) *El asno muerto, la cebada al rabo.* (Correas) / *A caballo muerto, la cebada al rabo.* (Id.)
 Reprende la necedad de buscar remedio a las cosas que ya no lo tienen.
19756. **Á casa queimada acudirlle con auga.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
 (es) *La casa quemada, acudís con agua.* (Núñez)
19757. **A casa roubada, porta nova.**⁶⁰⁵² (mc: R. Marín / mc e ms16: G.P.)
 (es) *La casa quemada, acudís con agua.* (Núñez) / *Quemada la casa ¿venís con el agua?* (R. Marín)
 Critica las resoluciones que se toman, cuando ya la ocasión ha pasado; *A burro morto a cebada ó rabo*, etc.
19758. **A vella, despois que lle rouban a cabra, ponlle fecho á porta.**⁶⁰⁵³ (ms: Silvestre Castiñeira / ms5,135: Santiago)
19759. **A vella, despois que roubou a cabra, ponlle o pecho á porta.** (ms: Santiago)
 Var.: *A vella, desque lle rouban a cabra, ponlle fecho á porta.* (Santiago)
19760. **Así que te tire o aire, déitate.** (ms: G.P.)
19761. **Cando a lebre escapa, paus na cama.** (ms8,51r: Meda, Orense)
 Var.: *Dispois de irse a lebre, paus na cama.* (ms16: D.E.)
 (es) *Después de la liebre ida, palo en las espigas.* (García-Lomas)
19762. **Casa roubada, porta truncada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19763. **Casa roubada, tranca á porta.** (mc: Bucínos)
 Var.: *Casa roubada, trancas á porta.* (mc, ms8,60v e ms16: La Cañiza)
19764. **De burro morto, cebada ó rabo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
19765. **Desde que salta a lebre, paus no cocho.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

⁶⁰⁵⁰ O orixinal di: *Busca unha agulla pra levar na falchoca, e tres ou catro pra cosela boca.*

⁶⁰⁵¹ ms-LU: *no entra mosca.*

⁶⁰⁵² V. *A casa vella, portas novas en Casa.*

⁶⁰⁵³ ms5,135: *desque lle rouban*

19766. **Despois de burro morto, cebada ó rabo.**⁶⁰⁵⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
19767. **Desque a burra vai no xo, ¡xo, burra, xo!** (ms21,17v: Bermés)
Var.: *Agora que vai no xo, ¡xo, burro, xo!* (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU) *Cando a burra vai no xo, ¡xo burra, xo!* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19768. **Desque o burro vai no illó, ¡xo, burro, xo!** (mc: M.L. / ms16: Lugo)
Var.: *Desque a burra vai no po, ¡xo, burra, xo!* / *Desque o burro entra no illó, ¡xo, burro, xo!* (ms16: *Diccionario Enciclopédico*) / *Desque o burro vai no po, ¡xo, burro, xo!* (ms16: Vivero)
19769. **Desque salta a lebre, paus ó cocho.** (mc: Piugos, Lugo / ms16: Lugo)
(es) *Después de la liebre ida, palos en la cama.* (mc: Jara / ms16: R. Marín)
19770. **Desque se perden os cartos, cósenos os petos.** (mc e ms16: C.A. / ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
19771. **Desque un morre non lle faltan sacramentos.** (ms16: Lugo)
19772. **Fuxiu o coello e veu o consello.** (mc e ms16: Orense-F.V.S.)
(pt) *A coelho ido, conselho vindo.* (Chaves)
(es) *El conejo ido, el consejo venido.* (Sbarbi) / *Ido el conejo, viene el consejo.* (M. Kleiser)
Equivale a: *El amo muerto la cebada al rabo; El conejo ido, palos en la cama, o en la madriguera.*
19773. **Non perdas tempo en dar auga ós pitos cando chove.**⁶⁰⁵⁵ (mc: Curuxas, Palas de Rey-F.V.S.)
19774. **O gallego, de roubado, tranca a porta.** (ms16 e ms8,36v: Silvarrey)
Remedio tardío.
19775. **Tedes o meniño morto tindo o apio no horto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19776. **Ténde-lo meniño morto i-o apio no horto.**⁶⁰⁵⁶ (mc e ms16: La Gudiña / ms4: F.V.S. / ms11,28)

⁶⁰⁵⁴ O orixinal di: *Despois de burro morte, cebada o rabo.*

⁶⁰⁵⁵ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. / ms15,30: *ás pitas.*

⁶⁰⁵⁶ O orixinal di: *Téndel-o meniño morto, i-o apio no horto.*

- (pt) *Tens teu filho morto e aipo no horto.* (Chaves) (es) *El hijo muerto y el apio en el huerto.* (Correas)
Las lombrices constituyen el más peligroso enemigo del niño, sobre todo la lombriz maestra, o solitaria. Los remedios consisten en dar al atacado unas gotas de zumo de apio o de hortelana en leche. A ello alude el refrán. Véase "Vida del individuo. Tierras de Gudiña (Orense)" de Laureano Prieto Rodríguez en *Revista de Dialectología...*, tomo III, 1947, cuadernos 3º y 4º, pág. 565.
19777. **Todos se acordan de botarlle auga á galiña cando chove.**⁶⁰⁵⁷ (mc, ms16 e ms11,42: Santiago)
19778. **Todos se acordan de botarlle auga ás galiñas cando chove.** (ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)

PRECIO

19779. **Cada cousa ten seu precio que pra eso llo puñeron.** (ms16: D.E.)
Var.: *Cada cousa ten o seu precio.* (ms16: Lugo)
(es) *Cada cosa tiene su precio.* (R. Marín)
19780. **Tanto vale unha cousa como aquilo que se merca.** (ms16: D.E.)

PRECIPITACIÓN. V. tamén *Prisa*.

19781. **A cabra que moito anda, pouco apaña.** (ms16: D.E.)
(es) *Cabra que mucho anda, poco apaña.* (Correas)
19782. **A moita carreira trai a moita canseira.** (ms16: D.E.)
19783. **Apresúrate dispacio.** (ms16: Enc. / ms16: D.E.)
(es) *Apresúrate despacio.* (R. Marín)
19784. **Canta máis présa, máis vagar.**⁶⁰⁵⁸ (mc: M.L. / ms15,01: Carré Aldao / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Canto máis prisa, máis vagar.* (ms16: Sarria / Francisco Luna Bande / M. González Fernández / ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)⁶⁰⁵⁹
(pt) *Quanto mais pressa mais devagar.* (Chaves) (es) *Cuanta más prisa, más calma.*

⁶⁰⁵⁷ ms11,42 (Santiago): *auja, jaliña.*

⁶⁰⁵⁸ mc e ms16: *prisa*; ms4 e ms15,01: *Canto mais presa*; ms-LU: *vagare.*

⁶⁰⁵⁹ ms-SA e M. González Fernández: *presa.*

19785. **Canta máis prisa, máis calma.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
19786. **Canta máis prisa, máis facer.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
19787. **Canto máis prisa, máis lecer.** (ms: Santiago)
Var.: *Canto máis prisa, máis lecer.* (ms16: Santiago)
(es) *Cuanto más prisa, más vagar.* (Z.)
19788. **Canta máis prisa, máis vagar.** (ms21,28r: Bermés / ms-LU: Guillermo Pino [sic] O [?] e José M[?]: Terra Cha, LU)
19789. **Canto máis apuro, máis vagar.** (ms18,66r)
19790. **Canto máis présa, máis vagar.** (ms-SA: M. González Fernández)
19791. **Canto máis prisa, máis vagar.** (ms-SA: Francisco Luna Bande)
19792. **Canto mas présa, máis vagar.** ⁶⁰⁶⁰ (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
19793. **De correr a parar non hai moito que andar.** (ms16: Enc. / ms16: D.E.)
19794. **Máis val descoser que romper.** ⁶⁰⁶¹ (ms16 e ms10,004v: D.E.)
(es) *Mejor es descoser que romper.* (Z.)
19795. **Non corras tanto que teño prisa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
19796. **Non por moito correr se chega máis axiña.** (ms16: Enc. / ms16: D.E.)
19797. **Non se pode facer todo de unha vez.** (ms16: Lugo)
(es) *No se puede hacer todo de una vez.* (R. Marín)
19798. **O moito correr trai o pouco andar.** (ms16: Enc. / ms16: D.E.)
(es) *El mucho correr trae el poco andar.* (R. Marín)
19799. **O que máis corre máis se cansa.** (ms16: Enc. / ms16: D.E.)
(pt) *Quem muito corre, de pressa cansa.* (Chaves) (es) *Quien mucho corre pronto se cansa.* (R. Marín)
19800. **O que moito corre non chega a lonxe.** (mc e ms16: Santiago)
(es) *Quien mucho corre luego para.* (Correas)
19801. **O que moito corre non é o que máis pronto chega.** (ms-SA: Cándido Señarís Fernández: Buxán, Val do Dubra, C)
19802. **O que moito corre non vai pa moi lonxe.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
19803. **O que moito corre non vai para lonxe.** ⁶⁰⁶² (mc: Santiago / ms16: Enc. / D.E.)
(es) *Quien mucho corre, pronto para.* (R. Marín) / *Quien mucho corre, pronto cae.* (R. Marín) (ct) *Qui molt corre, té perill de caure.* (Alberola)
19804. **O que moito corre non vai lonxe.** ⁶⁰⁶³ (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
19805. **O que moito corre nunca chega a lonxe.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
19806. **O que moito corre tarde chegha.** ⁶⁰⁶⁴ (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso) / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
19807. **O que moito corre, logo cai.** (mc: A.S.A. / ms16: D.E.)
(pt) *Quem muito corre depressa cansa.* (Chaves) (es) *Quien mucho corre, pronto cae.* (R. Marín) / *Quien mucho corre, pronto para.* (Id.) (ct) *Qui molt corre, té perill de caure.* (Alberola)
19808. **O que moito corre, tropeza e cai. Eu corrín, tamén caín, suspirando dei un ¡ai!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19809. **O que muito corre nunca a lonxe chega.** (ms-SA: Manuel Vilanova Peña: Ribadumia, PO)
19810. **O que poidas desatar non-o debes cortar.** (ms16: Lugo)
(es) *Lo que puedas desatar no lo debes cortar.* (R. Marín)
19811. **Os apurados morren afogados.** (ms16: Bucinos)
19812. **Os que corren moito acaban atrás.** (ms8,48r: Silvarrey)
19813. **Quen corre polo muro non dá paso seguro.** (mc: A.N.)
Var.: *O que corre polo mundo, non dá paso seguro.* (ms16: Enc. / D.E.)
(pt) *Quem corre pelo muro não dá passo seguro.* (Chaves) (es) *Quien corre por el muro, no da paso seguro.* (R. Marín) / *Quien corre por el muro, no va seguro.* (Id.)
19814. **Quen moito corre, non chegha a lonxe.** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

⁶⁰⁶⁰ O orixinal di: *Canto mas presa mais bagar.*

⁶⁰⁶¹ En ms10 s.v. *Descoser.*

⁶⁰⁶² ms16: *pra lonxe.*

⁶⁰⁶³ O orixinal di: *O que moito corre non va lonxe.*

⁶⁰⁶⁴ O orixinal di: *Oque moito corre, tarde cheja.*

19815. **Quen moito corre, non vai pra lonxe.** (ms-SA: Manuel Fresco Reboredo: San Andrés de Cesar, Caldas de Reis, PO / ms-SA: Serafin Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
 19816. **Val máis descosido que roto.**⁶⁰⁶⁵ (ms16 e ms10,004v: D.E.)

PREDICAR. V. tamén *Religiosos y morales*.

19817. **O predicador sementa e o confesor recolle.** (ms10,098r: D.E.)
 19818. **Quen predica en deserto, perde o sermón, e quen lava a cabeza ó burro, perde o xabón.**⁶⁰⁶⁶ (ms10,098r: D.E.)

PREGUNTAR

19819. **A bó perguntón, bo respondón.** (ms10,090r: D.E.)
 19820. **Cal pregunta fagas, tal resposta agarda.** (ms10,090r: D.E.)
 19821. **Non preguntes quen é a ningúen, que él cho dirá ben.** (ms10,090r: D.E.)
 19822. **O moito perguntar chega a enfadar.** (ms10,090r: D.E.)
 19823. **Quen pregunta non erra.** (ms10,090r: D.E.)
 19824. **Quen pregunta o que non debe, oi o que non quer.** (ms10,090r: D.E.)
 19825. **Quen pregunta o que non debía, oi o que non quería.** (ms10,090r: D.E.)
 19826. **Quen pregunta, saber quer.** (ms10,090r: D.E.)
 19827. **Se queres saber quen és, pergúntalle ó teu veciño.** (ms10,090r: D.E.)
 19828. **Tal pregunta fas, tal resposta terás.** (ms10,090r: D.E.)

PRENDA (ALHAJA)

19829. **Prenda que come, ningúen a tome.** (ms10,099r: D.E.)
 19830. **Tanto vale a prenda canto dan por ela.** (ms10,099r: D.E.)

PREÑEZ. V. tamén *Medicina. Higiene, Mujer, Partos*.

19831. **A muller preñada, ós tres meses encobre e ós catro quer e non pode.**⁶⁰⁶⁷ (ms16 e ms10,046r: D.E.)

⁶⁰⁶⁵ En ms10 s.v. *Descoser*.

⁶⁰⁶⁶ V. *O que lava a cabeza a burros, perde o xabón i-o tempo en Esfuerzo (Esfuerzo estéril)*.

⁶⁰⁶⁷ En ms10 s.v. *Mujer*.

19832. **A muller primeiriza, primeiro se lle conoce no peito que na barriga.** (ms16: D.E.)

(es) *A mujer primeriza, antes se le parece la preñez en el pecho que en la barriga.* (N.-M.-R. Marín)

19833. **Has de ter un varón que tes cara de tizón.** (ms16: R. Fisterrán)

Dice Esmorís que el tener *cara de tizón* alude a la pigmentación que tenga la embarazada en el rostro.

19834. **Se o teu fillo comenza a endentecer, xa podes arranxarte pra outro fillo ter.**⁶⁰⁶⁸ (ms16 e ms10,011r: D.E.)

(es) *Quién presto endentece, presto hermanece.* (M.)

PREOCUPACIÓN

19835. **Basta pensar nas zocas cando haxa que poñelas.**⁶⁰⁶⁹ (ms: Páramo-F.V.S.)

PRESADA

19836. **Os corvos en bandada ventan presada.** (ms10,099r: D.E.)

PRESENCIA

19837. **A boa presenza é carta de recomendación.** (ms10,099r: D.E.)
 19838. **Non hai ausente sin culpa nin presente sin disculpa.** (ms10,099r: D.E.)

PRÉSTAMOS. V. tamén *Comercio, Contratos, Deudas, Vida comercial y contratos*.

19839. **A muller, o cabalo e a espada a nadie se debe ceder.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)

19840. **A'scopeta, a muller i-a navalla d'afeitar non se poden prestar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

19841. **Non hai cousa tan cara como a emprestada.** (ms16: Lugo)

(es) *No hay cosa más cara que la prestada.* (R. Marín)

19842. **Non prestes besta a quen non ten besta.** (ms16: Monforte)

19843. **Non prestes besta ó que non ten besta.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶⁰⁶⁸ En ms10 s.v. *Endentecer*.

⁶⁰⁶⁹ Contén a indicación *Preocupación*.

19844. **O que empresta axuda a vivir.** ⁶⁰⁷⁰
(ms16 e ms10,011r: D.E.)
(es) *Quien presta ayuda a vivir.* (Correas)
19845. **Presta carro a quen ten carro.** (ms6,02v:
R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
19846. **Quen me empresta, algo me goberna.** ⁶⁰⁷¹
(ms16 e ms10,011r: D.E.)
(es) *Quien me presta, algo me gobierna.* (Correas)
19847. **Se queres saber o que vale un ducado, pídeo emprestado.** (ms16 e ms10,010v: D.E.)
(es) *Si quieres ver cuánto vale un ducado, pídelo prestado.* (H. Núñez)

PELIGROS DE PRESTAR

19848. **A muller e a besta a naide se empresta.** ⁶⁰⁷² (mc e ms16: A.I. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Mulher, cavalo e cão, nem se emprestam nem se dao.* (Chaves) (es) *La mujer, la escopeta y el caballo, no prestallo.* (R. Marín)
19849. **Alá vaias, emprestado, de onde veñas millorado.** ⁶⁰⁷³ (ms16 e ms10,011r: D.E.)
(es) *Allá vayas, emprestado, donde vengas mejorado.* (H. Núñez)
19850. **Dar, prestar e fiar, todo é dar.** ⁶⁰⁷⁴
(ms16 e ms10,001v: D.E.)
(es) *Dar, prestar y fiar, todo es dar.* (R. Marín)
19851. **Libro prestado, ou perdido ou estropeado.** (ms15,44)
19852. **Libro prestado, perdido ou estropeado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
19853. **Muller e besta, a naide s'empresta.** (ms21,30v: Bermés)
19854. **O emprestado é parente do dado.** ⁶⁰⁷⁵
(ms16 e ms10,011r: D.E.)
19855. **O que empresta perde o amigo.** ⁶⁰⁷⁶
(ms16 e ms10,011r: D.E.)
Var.: *Quen empresta a un amigo, fai un enemigo.* (ms16: D.E.)

⁶⁰⁷⁰ En ms10 s.v. *Préstamo.*

⁶⁰⁷¹ En ms10 s.v. *Préstamo.*

⁶⁰⁷² ms3 e ms4: *nadia*; ms-LU: *presta.*

⁶⁰⁷³ En ms10 s.v. *Préstamo.*

⁶⁰⁷⁴ En ms10 s.v. *Dar.*

⁶⁰⁷⁵ En ms10 s.v. *Préstamo.*

⁶⁰⁷⁶ En ms10 s.v. *Préstamo.*

- (es) *El prestar gana y pierde amigos.* (R. Marín) / *Quien presta a un amigo, compra un enemigo.* (R. Marín)
19856. **O que non ten capa en xaneiro, non lle emprestes diñeiro.** (ms16: D.E.)
(es) *A quién no tiene capa en enero, no le prestes dinero.* (R. Marín)
19857. **Presta cartos e fai enemigos.** (ms8,42v: Taboada)
19858. **Xa se morreu o emprestar que o matou o mal pagar.** ⁶⁰⁷⁷ (ms16 e ms10,011r: D.E.)
(es) *Ya se murió el emprestar, que lo mató el malpagar.* (Correas)

PRESUNCIÓN. V. tamén *Orgullo.*

19859. **Antes qu'acabes, non t'alabes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19860. **Cigarro de guapo, moito papel e pouco tabaco.** (mc: A.S.A. / ms21,04v: Bermés)
(es) *Cigarro de guapo, mucho papel y poco tabaco.*
19861. **Dime do que presumes e direiche o que che falta.** ⁶⁰⁷⁸ (ms10,099r: D.E.)
19862. **Diñeiro e santidá, pola mitá.** (ms8,44v: Silvarrey)
19863. **Fachenda da montaña, meda na eira e fame na casa.** (ms10,016v: D.E.)
19864. **Gloria vana florece e non grana.** (mc: Tuiriz)
(pt) *Glória vã, cresce mas não agradece.* (Chaves) (es) *Gloria mundana, gloria vana: hoy florece y está seca mañana.* (R. Marín)
19865. **Hastra te acabes non te gabes.** ⁶⁰⁷⁹ (mc e ms: M.V.)
Var.: *Hastra que te acabes, non te alabes.* (V.R. y A.R.)
(pt) *Emquanto não acabes, não te gabes.* (Chaves) (es) *Antes que acabes no te alabes.* (Correas)
19866. **Nunca a mala fada deixa de ter compañía.** (ms10,017r: D.E.)
19867. **Nunca t'alabes hasta que t'acabes.** ⁶⁰⁸⁰
(ms21,16r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶⁰⁷⁷ En ms10 s.v. *Préstamo.*

⁶⁰⁷⁸ En ms10 s.v. *Presumir.*

⁶⁰⁷⁹ mc: *que te acabes*; ms3 e ms4: *Hasta que.*

⁶⁰⁸⁰ ms-LU (Lugo): *te' alabes, te acabes.*

19868. **O moito presumir, ou dá que chorar ou dá que rir.** ⁶⁰⁸¹ (ms10,099r: D.E.)
19869. **O previsor sempre pensou que non había outro millor.** (mc: Buciños)
19870. **O qu'é humilde, sempre ten quen-o queira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19871. **O que non ten senón unha sortella, non sabe en que dedo a poña.** ⁶⁰⁸² (mc: M.V. / ms21,29r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19872. **Perna lavada non leva o millo á cabana.** (mc: Vida Gallega)
19873. **Por de riba co cos; e por debaixo, sabe Dios.** (mc / ms4: F.V.S.)
19874. **Por sol que faiga, pra ir de camiño non deixe-la xarga.** ⁶⁰⁸³ (mc: M.L.)
(pt) *Por sol que faça, não deixes a capa em casa.* (Chaves) (es) *Por sol que haga, no dejes la capa en casa.* (Correas)
19875. **Por sol que vexas, non deixes a capa.** (mc: V.R. y A.R.)
(pt) *Por sol que faça, não deixes a capa em casa.* (Chaves) (es) *Por sol que haga, no dejes la capa en casa.* (Correas)
19876. **Quen de entendido presuma, semente cosecha de pruma.** (mc: J.P.)
19877. **Se ti te alabas ¿que dirán os mais?** ⁶⁰⁸⁴ (mc: M. Valladares / ms21,29v: Bermés)
(pt) *O louvor em boca própria é vitupério.* (Chaves)
19878. **Si cazares, non te alabes; si non cazares, non te enfades.** (ms: Lamas de Viduedo)
(pt) *Se caçares não te gabes; se não caçares não te enfades.* (Chaves) (es) *Si cazares, no te alabes; si no cazares, no te enfades.* (Jara)
19879. **Si ti te alabas, ¿que dirán os demais?** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
19880. **Veremos, Rafael, o ano éche moi longo.** ⁶⁰⁸⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
Réplica al que presume de abundancia en su casa.

⁶⁰⁸¹ En ms10 s.v. *Presumir*.

⁶⁰⁸² ms-LU: *sortela*.

⁶⁰⁸³ O orixinal di: *Por sol que faiga pra ir de camiño non deixel-a xarga.*

⁶⁰⁸⁴ ms21,29v: *t'alabas*.

⁶⁰⁸⁵ mc: *moi largo*.

19881. **Viva quen nos honra, anque sea de lisonxa.** ⁶⁰⁸⁶ (mc: Buciños. Carballedo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

PRETEXTOS

19882. **O que ao seu can quer matar, algún achaque lle ha de buscar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
19883. **O que o seu can quere matar, de rabia lle pon o nome.** (mc e ms16: Buciños)
(pt) *Quem seu cão quer matar, de raiva lhe põe o nome.* (Chaves) (es) *Quien a su perro ha de matar, fabia le ha de levantar.* (Sbarbi)
Nunca han de faltar pretextos al caprichoso para hacer una cosa, aunque no sea lícita.
19884. **O que seu can quer matar, "A Rabia" lle pon por nome.** (mc: M.V.)
Var.: *O que seu can quer matar, rabia lle pon por nome.* (ms16: M.N.)
(pt) *Quem seu cão quer matar, de raiva lhe põe o nome.* (Chaves) (es) *Quien a su perro quiere matar, rabia le ha de levantar.* (R. Marín) / *Quien a su perro ha de matar, rabia le ha de levantar.* (R. Marín)
Queda atrás una variante.

PREVISIÓN

19885. **Agulla e fío é medio vestido.** (ms8,42r: O. de Rey)
Se refiere a la necesidad y utilidad de repasar y zurcir la ropa.
19886. **Antes de compra-lo becerro face-lo cortello.** ⁶⁰⁸⁷ (ms18,70r: A.S.A.)
19887. **Antes de comprar o becerro, facerlle o cortello.** ⁶⁰⁸⁸ (mc, ms16 e ms17,01: A.I.)
(es) *Antes que cabras, corral.* (R. Marín)
Regla prudente, cuya observación preservaría de muchos fracasos.
19888. **Camiño longo, paso curto.** (ms16: D.E.)
(es) *A camino largo, paso corto.* (R. Marín)
19889. **Cando saias da casa mexa ben e ata as calzas.** (ms16: D.E.)
(es) *Cuando salieres de casa, mea y ata la calza.* (Correas)
19890. **Con agulla e fío a roupa dura un siglo.** (ms8,57r: La Cañiza)

⁶⁰⁸⁶ ms-LU: *lisonxa*.

⁶⁰⁸⁷ O orixinal di: *Antes de compral'o becerro facel'o cortello.*

⁶⁰⁸⁸ ms17,01: *compral-o becerro*.

19891. **Haxa cebo no palomar que palomas chegarán.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
19892. **Hombre prevenido nunca foi vencido.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19893. **Home avisado vale por dous.** (ms16: D.E.)
(es) *Hombre prevenido vale por dos.* (Correas)
19894. **Ide polo medio e non cairedes.** (ms16: D.E.)
19895. **Máis vale antes que dispois.** ⁶⁰⁸⁹ (ms16 e ms10,135r: D.E.)
(es) *Más vale antes que después.* (Correas)
19896. **Mira adiante e non quedarás atrás.** (ms16: D.E.)
Var.: *Mira adiante e non cairás.* (ms16: D.E.)
(es) *Mira adelante, no caerás atrás.* (Correas)
19897. **Ninguén entre no ben senón mirando como ha de saír del.** (ms16: D.E.)
Var.: *Non entres no ben senón mirando como has saír del.* (ms16 e ms10,012v: D.E.) ⁶⁰⁹⁰
(es) *Nadie entre en el bien sino mirando como ha de salir de él.* (Correas)
19898. **Non subas ó altar nin te poñas a xantar sin antes ir a mexar.** (ms16: Bucínos)
19899. **O liviano que che ha de comer o rato, dállo ó gato.** (ms: Palas de Rey)
19900. **O qu'has dar ó rato, dállo ó gato.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19901. **O que adiante mira, atrás se queda.** (ms21,18v: Bermés)
19902. **O que che ha comer o rato, dállo ó gato.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
19903. **O que che había comer o rato, dállo ó gato.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19904. **O que ha de comer o gato, poñerllo no plato.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
19905. **O que lle has de dar ó rato, dállo ó gato, anque máis come o gato de unha ves que un rato en tres.** ⁶⁰⁹¹ (ms16: D.E.)

Var.: *O que lle has de dar ó rato dállo ó gato, anque máis come o gato unha ves que un rato en tres.* (ms10,026v: D.E.) ⁶⁰⁹² / *O que ha de comer o rato, dállo ó gato.* (ms16: D.E. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) / *O que ha de comer o rato, que o coma o gato.* (ms10: D.E.) / *O que lle has de dar ó rato, dállo ó gato.* (mc: Chantada / ms4: F.V.S. / ms16: D.E. / ms18,74r: A.S.A.)

(pt) *O que há-de levar o rato, dá-o ao gato, e tiras-te de cuidado.* (Chaves) (es) *Lo que ha de comer el rato dalo al gato.* (Correas) / *Lo que has de dar al mur dalo al gato y quitarte ha de cuidado; aunque más come un gato de una vez que un ratón en un mes.* (Correas)

Muchas veces por el afán de evitar gastos, los hacemos mayores.

19906. **O que non se sinta con forzas que non se meta en liornas.** (ms16: D.E.)
(es) *Antes que emprendas, mide tus fuerzas.* (R. Marín)
19907. **O que o ha de levar o rato, qu'o coma o gato.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)
19908. **Quen adiante non mira, atrás se queda.** ⁶⁰⁹³ (ms: M.V.)
Var.: *Quen adiante non mira, atrás se volve.* (ms16: D.E.)
(pt) *Quem adiante não olha, atrás fica (ou torna).* (Chaves) (es) *Quien adelante no mira, atras se queda.* (R. Marín) / *Quien adelante non cata, atrás se halla.* (S.) / *El que adelante no mira atrás se halla.* (Z.)
19909. **Quen avisa non é traidor.** (ms15,45v: Lugo)

ALIMENTICIA

19910. **En abril e maio, fai fariña pra todo o ano.** ⁶⁰⁹⁴ (mc e ms16: Lugo)
Var.: *Entre abril e maio fai fariña pra todo o ano. / Entre abril e maio fai fariña para o ano.* (mc: Dicc. Ac.) / *En abril e maio fai fariña para o ano. / De abril e maio sai a fariña de ano. / D'abril e mayo sale a fariña do ano.* (F.V.S.)

⁶⁰⁸⁹ Nunha clasificación anterior do refrán en ms16, Vázquez Saco incluíuno dentro do tema *Diligencia*. En ms10 s.v. *Valer*.

⁶⁰⁹⁰ En ms10 s.v. *Entrar*.

⁶⁰⁹¹ ms: *ll'has*.

⁶⁰⁹² En ms10 s.v. *Gatos*.

⁶⁰⁹³ Contén a indicación *Voluntad* no ms.

⁶⁰⁹⁴ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Agrícolas (Meses. Abril)*. / ms: *D'abril, sale a fariña do ano*; ms e ms2: *mayo*.

(pt) *Entre abril e maio, moenda para todo o ano.* (Chaves) (es) *En abril y mayo, haz harina para todo el año.* (Bergua)

19911. **Pra andar camiño leva pan e viño.** (ms16: D.E.)

(es) *Pan y vino para el camino.* (R. Marín)

19912. **Si a silveira ten amoras, come pan a poucas horas.** (ms-SA: seminarista anónimo: San Xoán de Lafío, Dodro, C)

ANTE EL PELIGRO

19913. **Home avisado, medio asoballado.** (ms16: D.E.)

(es) *Hombre apercibido, medio combatido.* (S.-Z)

19914. **Vale máis un "por si acaso" que cen "si soupera".** (ms: Trabancas / ms16: Donalbay, Begonte)

(es) *Más vale un "por si acaso" que un "quién pensara".* (R. Marín)

PRIMAVERA. V. tamén *Agrícolas (Meses), Estaciones.*

19915. **Canta o cuco, primavera na man.** (ms16: Santiago)

19916. **Na primavera, ollo á perdiz; s'a oyes, ano feliz.** ⁶⁰⁹⁵ (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)

19917. **O salgueiro bochou, a primavera entrou.** (ms5,134: Valle del Mao)

Bochar y abochar = Romper a brotar los árboles. Falta en nuestros diccionarios, como *bocho* = capullo. Sin: *abotoar, abrochar, abotoar, abrollar, abromar, abortar, abrumar*, etc.

PRIMERO

19918. **Non hai amor nin diñeiro coma o primeiro.** (ms10,099r: D.E.)

19919. **O primeiro é comer e o derradeiro é facer.** (ms10,099r: D.E.)

PRIMOS. V. tamén *Familia. Parientes.*

19920. **Canto máis prima, máis se lle arrima.** (mc: F.L.)

Var.: *Canto máis prima, máis se arrima.* (ms16: A.N.)

(pt) *Quanto mais prima, mais se lhe arrima.* (Chaves) (es) *Cuanto más primo, más me arrimo.* (R. Marín)

PRINCIPIO. V. tamén *Comienzos.*

19921. **Aquel que ben empeza, mal termina.** (ms-SA: Jacinto Collazo Gantes: Erboedo, A Laracha, C / ms-SA: José Buño Caamaño: Erboedo, A Laracha, C)

19922. **Cada principio ten o seu fin.** (ms10,099r: D.E.)

19923. **Cada principio ten o seu remate.** (ms10,099r: D.E.)

19924. **Comer e rascar namás quere empezar.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)

19925. **Comer e rascar quere empezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

19926. **Comer e rascar sólo quere empezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)

19927. **Comer e rascar, todo é empezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

19928. **Comezar cuáseque é acabar.** (ms16: Enc.)

(es) *Empezar casi es acabar.* (R. Marín)

19929. **Comezar mal e acabar ben, poucos ollos o ven.** (ms16: Enc.)

(es) *Empezar mal y acabar bien pocos ojos lo ven.* (R. Marín)

19930. **Coser e cantar, todo é empezar.** (ms16: Lugo)

(es) *Coser y cantar todo es empezar.* (R. Marín)

19931. **Inda non comezamos e xa acabamos.** (ms16: Enc.)

19932. **Inda non comezamos e xa rifamos.** (ms16: Enc.)

19933. **Non hai prinsipio sin se[...].ra.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)

19934. **O comer e o arañar quere comenzar.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

19935. **O comer e o rascar quer empezar.** ⁶⁰⁹⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

19936. **O comer i-o rañar quer'empezar.** ⁶⁰⁹⁷ (ms21,17v: Bermés)

19937. **O comer i-o rascar vai no empezar.** ⁶⁰⁹⁸ (mc / ms4: F.V.S.)

Var.: *O comer i-o rascar, todo é empezar.* (ms4: V.R. y A.R.) / *O comer e o rañar, todo é empezar.* (ms16: Muros-Artaza)

⁶⁰⁹⁶ ms-LU (Pacios): *yo, quere.*

⁶⁰⁹⁷ O orixinal di: *O comer y'o rañar quer'empezar.*

⁶⁰⁹⁸ V. *Comer e se rañar, todo é comenzar en Hambre. Gastronomía.* / ms: *y o rascar.*

⁶⁰⁹⁵ V. tamén *Perdices.*

- (pt) *O comer e o coçar o caso é começar.* (Chaves) / *Coçar e comer, começo quer.* (Id.) (es) *El comer y el rascar todo es empezar.* (Sbarbi)
Véase *Comer e se rañar...*
19938. **O comezar xa é face-la mitá.** ⁶⁰⁹⁹ (ms16: Enc.)
(es) *Empezar ya es la mitad.* (R. Marín)
19939. **O paso máis malo é o da porta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19940. **O que ben empeza, ben acaba.** (ms21,14r: Bermés)
19941. **O que empeza ben o ano, o ano ben acaba.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
19942. **O que ha de cegar, polos ollos ch'ha d'empezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
19943. **O que ha de cegar, polos ollos ha de empezar.** (mc: Bucínos-F.V.S. / ms16: Sober)
(es) *Quien ha de cegar, por los ojos comienza.* (R. Marín) / *Quien ha de cegar, por los ojos ha de comenzar.* (R. Marín) / *El que ha de cegar, por los ojos ha de empezar.* (Sbarbi)
19944. **O que ha de cegar, polos ollos lle ha de dar.** ⁶¹⁰⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19945. **O que mal empeza, mal acaba.** (mc e ms16: Santiago / ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
19946. **O que non se comeza, nunca se acaba.** (ms16: Enc.)
Var.: *O que non se comezou, nunca se pode acabar.* (ms16: Enc.)
(es) *Quien no empieza no acaba.* (R. Marín)
19947. **O que non se empeza non se acaba.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
19948. **Obra empezada, medio acabada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
- PRISA.** V. tamén *Precipitación.*
19949. **A boa vida non quer présa.** ⁶¹⁰¹ (mc: C.A. / ms16 / Francisco Canosa Quintáns)
Var.: *Boa vida non quer présa.* (M.V.)
(es) *La buena vida no quiere prisas.* (R. Marín)
19950. **A gran présa gran vagar.** (ms10,099r: D.E.)
19951. **Andar lixeiro, tempo que se adianta.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)
19952. **Aquel que anda moi de présa, sempre adoita chegar tarde.** (ms10,099r: D.E.)
19953. **As prisas nunca son boas.** (mc e ms16: Otero de Rey)
19954. **Boa vida non quer prisa.** (ms21,28r: Bermés)
19955. **Dos que rezan de prisa o demo fai risa.** (mc / ms16: Santiago)
19956. **Moitas veces a présa solo é falta de vagar.** (ms10,099r: D.E.)
19957. **Ninguén correu que non parase.** (ms16: Enc. / ms16: D.E.)
19958. **Non anda seghuro o que anda polo muro.** ⁶¹⁰² (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
19959. **Non pasa seguro quen corre polo muro.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)
19960. **Non vos apuredes, que Dios non apura.** (ms8,78v: La Cañiza)
19961. **O comer i-o beber non queren présa.** (ms16: D.E. / ms16: Enc.)
(es) *Al comer y al evacuar, prisa no te ha de dar.* (R. Marín)
19962. **O que moito corre pronto se cansa.** (ms-SA: José Lorenzo Viña)
19963. **O que moito se apura, moito se encontra.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
19964. **O que non corre, boia.** ⁶¹⁰³ (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
19965. **O que non corre, voa.** (mc e ms16: Bucínos)
(es) *Quien no corre, vuela.* (R. Marín)
19966. **Os apuros non son bos.** (mc e ms16: Chantada / ms11,23)
Derívase de un cuento popular: *O sapo gústalle andar degordíño, mainiñamente; quixo saltar un regato con presa, pero mancouse na barriga ó caer, e dixo: "Os apuros non son bos".*
19967. **Quen leva présa, no bo camiño tropeza.** (ms10,099r: D.E.)
19968. **Quen moito corre, logo para.** (mc e ms16: M.V.)
(pt) *Quem muito corre depressa cansa.* (Chaves) (es) *Quien mucho corre, luego /*

⁶⁰⁹⁹ O orixinal di: *O comezar xa é facela mitá.*

⁶¹⁰⁰ O orixinal di: *Ó que á de Cegar, por los ollo le á de dar.*

⁶¹⁰¹ ms16 e F. Canosa Quintáns: *prisa.*

⁶¹⁰² O orixinal di: *Non anda seghuro o que anda po lo muro.*

⁶¹⁰³ O orixinal di: *O que non corre boyá.*

pronto para. (Correas) / Quien caminando lleva prisa, en lo llano tropieza. / Quien mucho corre, pronto para. (R. Marín) (ct) Qui molt corre, tè perill de caure. (Alberola)
El que comienza las cosas con mucho afán, luego se cansa y las abandona. Mejor es el trabajo prudente y constante.

19969. **Se tes présa, vaite con calma.** (ms10,099r: D.E.)
19970. **Vístememe con calma que teño présa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19971. **Vístememe despacio que teño présa.** (ms16: D.E.)
(es) *Vístememe despacio que estoy de prisa. (R. Marín)*

PRISA E IMPERFECCIÓN

19972. **A gata, ca présa, pare os fillos cegos.** ⁶¹⁰⁴ (mc e ms16: Carballedo)
Var.: *A cadela trigosa pare os fillos cegos. (A.N.)*
Como a cadela trigosa... que va atrás.
19973. **A gata, ca présa, parío os fillos cegos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19974. **As cousas de palacio teñen qu'ir a despacio.** (ms12,70)
19975. **Froita que pronto madura, pouco dura.** (ms5,029)
19976. **O que ha de ir ben feitoño, non quere prisa.** ⁶¹⁰⁵ (mc / ms6,02v / ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos de La Coruña*)
19977. **O que máis apura non é o que máis dura.** (ms8,78r: Silvarrey)
19978. **Pronto e ben non hai quen.** (ms16)
Var.: *Pronto e ben non pode ser. (ms16)*
(es) *Aprisa y bien no puede ser. (R. Marín)*
19979. **Quen anda a présa, ese tropeza.** (ms16: D.E. / ms16: Enc.)
(es) *Quien camina con prisa, en lo más llano tropieza. (R. Marín)*
19980. **Quen de golpe bota auga no pote, máis derrama que recolle.** (ms16: D.E.)
(es) *Quien echa agua en la garrafa de golpe, más derrama que ella coge. (H. Núñez)*

⁶¹⁰⁴ ms16: *prisa*

⁶¹⁰⁵ ms6,02v e ms16: *non quer.*

PRISIÓN. V. tamén *Jurídicos y similares.*

19981. **A cárcere e a coresma prós probes se fixeron.** (ms16: D.E.)
(es) *La cárcel y la cuaresma, para los pobres es hecha. (H. Núñez)*
19982. **A cárcere non come os homes.** (ms16: D.E.)
(es) *La cárcel no come los hombres. (Correas)*
19983. **Á cárcere, nin por lume.** (ms16: D.E.)
(es) *A la cárcel, ni por lumbre. (Correas)*
19984. **Cárceles e camiños fan moitos amigos.** (ms16: D.E.)
(es) *Carceles y caminos hacen amigos. (Correas)*
19985. **Mal por mal, antes na cárcere que no hospital.** ⁶¹⁰⁶ (ms16 e ms10,035r: D.E.)

PRIVILEGIOS

19986. **Pra todo hai bulas neste mundo.** (ms16: D.E.)
Var.: *Ter bula pra todo. (ms16: D.E.)*
(es) *Para todo hay bulas. (R. Marín)*

PROBAR

19987. **Antes que probedes non gabedes.** (ms10,100r: D.E.)
19988. **Denantes de que probes, non aprobes.** (ms10,100r: D.E.)
19989. **Hastra que probes non aprobes nin desaprobés.** (ms10,100r: D.E.)
19990. **Hastra que probes non aprobes.** (ms10,100r: D.E.)
19991. **Hastra que probes, non gabes o que non conoces nin sabes.** (ms10,100r: D.E.)
19992. **Por probar nada se perde.** (ms10,100r: D.E.)

PROCEDIMIENTOS

19993. **Desa maneira calquera é panadeira.** (ms16 e ms10,037r: D.E.)
(es) *De esa manera, la puerca es panadera. (Correas)*
19994. **Desa maneira non fai falla maneira.** (ms16 e ms10,037r: D.E.)
Var.: *Desa maneira non é mester maneira. (ms16 e ms10,037r: D.E.)*
(es) *De esa manera no es menester manera. (Correas)*

⁶¹⁰⁶ En ms10 s.v. *Mal.*

19995. **O que primeiro morre, primeiro se enterra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
19996. **Tódolos camiños van a Roma.** (ms16: D.E.)
(es) *Por todas partes se va a Roma.* (R. Marín)
19997. **Tódolos camiños van dar á casa.** ⁶¹⁰⁷
(mc: Santiago)
Var.: *Tódolos camiños van dar á miña casa.*
(ms16: D.E.)
(es) *Muchos caminos van a mi casa.* (R. Marín)

PROCESIÓN. V. tamén *Religiosos y morales.*

19998. **Ano de procesión, ano de benzós.**
(ms10,101r: D.E.)
19999. **Non pode un repinicar e andar na procesión.** (ms10,101r: D.E.)

PROCURAR

20000. **Cada un precura o que lle importa.**
(ms10,098r: D.E.)
20001. **O que teña fillos que os precure.**
(ms10,098r: D.E.)
20002. **Precura non xurar, aunque digas a verdá.** (ms10,098r: D.E.)
20003. **Precura o millor, espera o pior e colle o que viñer.** (ms10,098r: D.E. / ms15,13)
En ms10 s.v. "Procurar".
20004. **Precura quitar sospeita e non poñela.**
(ms10,098r: D.E.)
20005. **Precura sempre o millor e agárrate ó que che veña.** (ms10,098r: D.E.)
20006. **Quen menos a precura, topa ás veces máis ventura.** (ms10,098r: D.E.)

PRODUCTOS

20007. **De albre ruín, ruín froito.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *De ruim árvore, nunca bom fruto.*
(Chaves) / *De tal árvore, tal fruto.* (Id.) (es)
De mal árbol, frutos malos. (R. Marín) (ct)
De roín abre, roín fruit. (Alberola)
20008. **De mala sangue non se poden facer boas morcillas.** ⁶¹⁰⁸ (mc e ms16: Páramo-F.V.S.)
(es) *De mala sangre, malas morcillas.* (R. Marín)

⁶¹⁰⁷ ms: *Todol'os.*

⁶¹⁰⁸ V. *De mala sangre non se fan boas filloas en Hambre.* *Gastronomía.*

20009. **De ruín madeira, nunca boa estela.**
(ms4: A.I. / ms16: Santiago / ms21,20r: Bermés / ms18,71r: A.S.A.)
Var.: *Ruín madeira nunca dá boa estela.*
(ms16: D.E.)
(es) *De ruín mader no harás buena mesa.*
(R. Marín)
20010. **De ruín morte non pode vir boa leña.**
(ms: Lamas de Vuledo)
20011. **Os freixós non se fan con augaxos.**
(ms16: Vivero)

PROMESAS

20012. **Antes que prometas, mira cómo has de cumprir o que prometes.** ⁶¹⁰⁹
(ms10,101r: D.E.)
20013. **Cousa prometida é medio debida.**
(ms16: D.E.)
20014. **Cousa prometida é medio debida, e debida enteiramente, se quen prometeu non mente.** ⁶¹¹⁰ (ms10,101r: D.E.)
20015. **Máis vale promesa madurada que escritura firmada.** (mc e ms16: J.P.)
20016. **Millor é non prometer, que prometer e non facer.** ⁶¹¹¹ (ms10,101r: D.E.)
20017. **O que moito promete, nada dá.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(pt) *Quem muito promete pouco dá.*
(Chaves) (es) *Quien mucho ofrece, poco da.*
(R. Marín) / *Quien mucho ofrece, nada da.*
(R. Marín)
20018. **O que ofrece e non dá, ándalle o demo ca soá.** (ms-LU: seminarista anónimo: A Trabanca, Santa María de Cela, Outeiro de Rei, LU)
20019. **O que ofrece e non dá, reventa pola soá.** (mc e ms16: Paradela)
20020. **O que promete e non dá, hai que sacarllo da soá.** (ms8,15r: Silvarrey)
20021. **O que promete e non dá, no inferno as pagará.** (mc e ms16: *Vida Gallega*)
(es) *Quien ofrece y no da, mala fama tendrá.* (R. Marín)
20022. **O que promete e non dá, o demo fai alegrar.** (ms8,14v: Monforte)
20023. **O que promete e non dá, reventa pola soá.** ⁶¹¹² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶¹⁰⁹ En ms10 s.v. *Prometer.*

⁶¹¹⁰ En ms10 s.v. *Prometer.*

⁶¹¹¹ En ms10 s.v. *Prometer.*

⁶¹¹² O orixinal di: *O que promete e non dá, reventa po'la soá.*

20024. **O señor de Lacatrán, e se ofrece hoxe, non dá mañán.** (ms6,02v: R. Caruncho, *Diario de Avisos* de La Coruña)
20025. **O señor de Lacatrán, se ofrece hoxe, non dá mañán.**⁶¹¹³ (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos* / ms16: R. Caruncho)
20026. **Ofrecer e non dar fai o pobre alegrar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20027. **Ofrecer e non dar, o tolo fai alegrar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
20028. **Ofrecer e non dar, os tolos fai alegrar.** (mc: M.V. / ms16: Sober / ms21,29v: Bermés)
Var.: *Ofrecer e non dar, o pobre fai alegrar.* (ms4: Bucínos-F.V.S.)⁶¹¹⁴
20029. **Por prometer ninguíen chegou a empobrecer.**⁶¹¹⁵ (ms10,101r: D.E.)
20030. **Prometer é vispra de dar ou de mal quedar.**⁶¹¹⁶ (ms10,101r: D.E.)
20031. **Prometer hasta meter e, de metido, nada do prometido.**⁶¹¹⁷ (mc e ms16: M.L.)
(es) *Prometer, hasta sacar; y ya sacado, lo prometido olvidado.* (R. Marín)
20032. **Prometer hastra meter, e dispois de metido, nada do prometido.**⁶¹¹⁸ (ms10,101r: D.E.)
20033. **Quen ofrece e non dá, leva o diaño na soá.** (mc e ms16: Ribadeo-F.V.S.)
(es) *Quien ofrece y no da, mala fama tendrá.* (R. Marín)
20034. **Quen promete en débeda se mete.**⁶¹¹⁹ (ms10,101r: D.E.)

CUMPLIMIENTO DE LAS PROMESAS

20035. **Decir e facer non é pra tódolos homes.** (ms6,03v: D.E. Dispersos)
(es) *Decir e facer no es para todos los hombres.* (S.)
20036. **Decir e facer poucas veces xuntos se ven.**⁶¹²⁰ (ms16 e ms10,002v: D.E.)

⁶¹¹³ ms16: *Lacatrán, e se.*

⁶¹¹⁴ Este refrán está precedido dun interrogante.

⁶¹¹⁵ En ms10 s.v. *Prometer.*

⁶¹¹⁶ En ms10 s.v. *Prometer.*

⁶¹¹⁷ ms: *hasra.*

⁶¹¹⁸ En ms10 s.v. *Prometer.*

⁶¹¹⁹ En ms10 s.v. *Prometer.*

⁶¹²⁰ En ms10 s.v. *Decir.*

DESCONFIANZA EN LAS PROMESAS

20037. **Máis vale un "toma" que dous "che darei".** (mc e ms16: Lugo / ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión: C)
(pt) *Mais vale um "toma" que "dois te darei".* (Chaves) / *Mais vale um avache que dois te darei.* (Id.) / *Mais vale um "hoje" que dois "amanhã".* (Id.) (es) *Más vale un "toma", que dos "te dará".* (Sbarbi) (ct) *Més val un pren que dos et donaré.* (Alberola)
20038. **Máis vale un "toma" que moitos "che darei".** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)
20039. **Val máis un que dous "me darán".** [sic] (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20040. **Vale máis un "teño" que dous "me darán".**⁶¹²¹ (mc: Santiago)
20041. **Vale máis un "toma" ca dous "che darei".** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
20042. **Vale máis un "toma" que dous "che darei".** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
20043. **Vale máis unha "toma" que dous "che darei".** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

PRONÓSTICOS ATMOSFÉRICOS. V. tamén *Agrícolas (Meteorológicos), Calor, Estrellas, Frio, Marítimos (Aves, Peces, Tierra y mar, Vientos y calmas), Niebla, Nieve, Nubes, Tiempo, Tronar, Viento.*

20044. **Aire d'arriba, aire da merda; polo aire d'arriba perdín a miña herba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
20045. **Aire de abaixo, auga segura.** (J. M. Barral Sánchez / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / M. Barrós Fachal / J. Ballesteros Alonso)
20046. **Aire de baixo, chuvia segura.** (ms-SA: Julio Barreiro Fernández: San Miguel de Vilar, Touro, C)
20047. **Aire do nacente, auga de repente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20048. **Auga antes do vento, vento ou mal tempo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20049. **Calor en marzo, lama en agosto.** (ms21,18r: Bermés)

⁶¹²¹ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

20050. **Cando chove e sarabea, fai un frío que rabea.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
20051. **Cando na mariña neva ¿que fará na serra?** (ms18,69r: Gella.-Cariño)
20052. **Cando na Navidá queda o aire d'abaixo, queda para todo o ano.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Baia de Aguada, Carballedo, LU)
20053. **Cando ronca moito o mar, é probable o temporal.** (ms18,69r: Gella.-Marín)
20054. **Cando ruxen os cachós de Costa, é que vai chover.** (ms15,41: Puertomarín)
20055. **Cando vai sol debaixo de pena, é cando chove collendo na leña.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
20056. **Cando zoa o regueiro, panos ó fumeiro.** (ms-SA: Manuel Autrán Ramos: Santa Marta de Babó, Bergondo, C)
20057. **Chuvia miúda, logo vén pero pouco dura.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Melide, C)
20058. **De norte chove, qu'as pedras moe.** (ms-SA: seminarista anónimo: Rías Baixas, PO)
20059. **Debaixo da niebla, o sol que queima.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20060. **Dend'o vint'en diante din que inverno é constante.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20061. **Dende o vinte de tantos en diante, o inverno é constante.** (ms15,23: *O Gaiteiro Gallego*, 1956)
20062. **Desde que un mes media, ó outro semella.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20063. **Despois de san Eufrasio vén san Frasián.** (ms15,43: Valle del Mao)
Después del buen tiempo viene el malo.
20064. **Desqu'o mes medea, ó qu'entra semella.** (ms21,26r: Bermés)
20065. **Desqu'o mes medra, ó qu'entra somella.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20066. **Desque un media, ó outro somella.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20067. **Desque un mes media, a outro asemella.** ⁶¹²² (mc e ms16: M.V.)
Var.: *Desde que o mes media, ó seguinte semea.* (ms16: Sober) / *Desque o mes medea, o outro cuarteá.* (ms16: Sober) / *Pasado o medio ó novo se asemella.* (mc: J.T.) / *Mes mediado, mes semellado.* (mc: J.T.)
(es) *Cuando un mes demedia, a otro asemeja.* (Sbarbi) / *Cuando un mes demedia, a otro semeja.* (Correas)
Según fuere el tiempo, húmedo o seco, en la última mitad del mes, así seguirán en el mes venidero.
20068. **Días e mañás de xiadas, sol tépedo e noites craras.** (ms21,08v: Bermés)
20069. **Do norte chover é como o borracho beber.** (ms8,30r: Silvarrey)
20070. **E xa veredes como, onde non xiou no primeiro mes, pode, contra os ditos, chover tres.** (ms-SA: Manuel Barrós Fachal / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20071. **En san Xoán, nebra e trono non faltarán.** (ms15,43: Silvarrei)
20072. **Luna sabadina, ou chuviñosa ou ventosina.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)
20073. **Non hai gaiteiro que non seña borracho.** (ms8,39r: Lugo)
Se refiere al viento (gaiteiro) que trae siempre lluvia.
20074. **Nordeste pola serán, vento sul pola mañán.** ⁶¹²³ (ms18,63r: Coleic. Renascencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)
20075. **O que de Santa Cristina vén, auga con il ten.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20076. **O viernes, según amañece, así anoitece.** (ms15,45r: *Vida Gallega*, 1960)
20077. **Onde non xiou o primeiro mes, pode, contra os ditos, chover tres.** (ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C)
20078. **Ós tres días de xiada, unha vendavalada.** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
20079. **Quéntanse as vellas, vén o inverno.** (ms10,050r: Silvarrei)
20080. **Se chove por san Pedro, choverá un mes arreo.** (ms21,08r: Bermés)
20081. **Se no mes de Santiago chove, neva no inverno.** (ms-SA: Víctor Manuel Lobato Feijoo: Catoira, PO)
20082. **Se non chove o día da Candeloria, xa o inverno vai fóra, pro se chove e venta,**

⁶¹²² ms16: *Des que un mes.*

⁶¹²³ O orixinal di: *Nordeste pol-a serán, vento sul pol-a mañán.*

- inda o inverno entra.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
20083. **Se sopra o lume, auga no cume.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
20084. **Se sopra o lume, auga no tellado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
20085. **Se ves o poniente, ves o día seguinte.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
20086. **Serras cargadas, nordeste nas praias.** (ms15,41: Ortigueira)
20087. **Si a Candea chora, inverno fóra.** (ms-SA: José Mariño Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20088. **Si a Candelaria chora, inverno fóra; que chore, que deixe de chorar, mitá do inverno está por pasar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20089. **Si a Candelaria empola, vai o inverno fóra.** (ms5,033)
Si en la Candelaria calienta el sol, pasó el invierno y los meses siguientes serán calurosos.
20090. **Si pola Candelaria plora, vai mitá do inverno fóra; e que plore ou deixe de plorar, o inverno está sin pasar.** ⁶¹²⁴ (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
20091. **Si ves espuma na praia, sur encima.** (ms15,41: Miño)
20092. **Sol babeado, auga ou vento acarreado.** (ms15,41: Carreira, Gella)
20093. **Sol no lodo, auga deic'o codo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
20094. **Suestiño agudo, vendaval seguro.** (ms15,41: Foz)
20095. **Tempo fragosiño, molla ou queima.** (ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
20096. **Todos Santos anuncia con verdá o que pode vir por Navidá.** ⁶¹²⁵ (ms4: J.P.)
Var.: *Santos, ben ou mal, conta o que será Nadal.* (ms5: 136. *O Gaiteiro de Lugo*. 1957)
20097. **Treboada polo sureste, máis nordeste.** (ms15,41: Cariño)
20098. **Trono non repetido, nunca bon tempo ha traído.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20099. **Vento de mar e chuvia da ría, temos para todo o día.** (ms18,63r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)
20100. **Vento do sudés, botas de auga nos pés.** (ms15,41: Ribadeo)
20101. **Vento padronés, nunca boo ó vorés.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
20102. **Xea sobre o mollado, auga de contado.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20103. **Xeada no lodo, auga hast'o codo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Camporramiro, Chantada, LU)

POR ANIMALES

20104. **A curuxa de madrugada, vento ou xeada.** ⁶¹²⁶ (ms16: Lence-Santar / ms5,039: Mondoñedo)
Curuxa = lechuza.
20106. **Anduriña moi adiantada, primaveira ben temprada.** ⁶¹²⁷ (mc e ms16: J.P.)
(es) *Golondrinas anticipadas, primavera muy templada.* (R. Marín)
20107. **Cand'o cuco marcha, coll'a manta.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucíños, Carballedo, LU)
20108. **Cando a pita canta, señal de bon tempo.** (ms10,050r: Meda, Orense)
20109. **Cando as candorcas saltan, o bon tempo espanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20110. **Cando as pegas fan a niñada no alto dos chopos, pode segarse o pan cun abanico; se a fan no medio, tempo regular; e se a fan ó fondo do chopo, hai que segar o pan con un mandil.** (ms15,43: Valle del Mao)
20111. **Cando o auriolo i-o paspallás cantan xuntos á mau esquerda, non hai millor agoiro.** (ms15,45v: Cervantes)
20112. **Cando o cuco cuca despois de san Pedro, cava, galán, e non teñas medo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶¹²⁴ O orixinal di: *Si pol'a Candelaria plora, vai mitá do inverno fora. E que plore ou deixe de plorar, o inverno está sin pasar.*

⁶¹²⁵ ms4: *anuncian*. Jacinto del Prado recolle o refrán coa forma *anuncia*.

⁶¹²⁶ ms5,039: *xiada*.

⁶¹²⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Primavera*. / mc: *mui adiantada*. Jacinto del Prado recollía o refrán tal e como aparece no ms16.

20113. **Cando o cuco cuca despois de san Pedro, cava, home, sin medo.** (mc e ms16: Parga)
Indica año de buena cosecha.
20114. **Cando o cuco marcha, colle a manta.**⁶¹²⁸ (mc e ms16: Buciños)
Porque ha pasado el calor.
20115. **Cando o gato pasa a pata pola orella, desea que auga veña.** (ms: Santiago)
Var.: *O gato, cando pasa a pata pola orella, quere que a auga veña.* (ms16: Santiago)
20116. **Cando o gato quenta o traseiro, escusas regar o lameiro.**⁶¹²⁹ (mc e ms16: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20117. **Cando os corvos berran, chuvia segura.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20118. **Cando u corvo berra, vai chover.** (ms-SA: Manuel Canedo Nimo: Trasmonte, Ames, C)
20119. **Cuando o gato pasa a pata por riba da orella, tamén o home pode pasar a serra.** (ms12,78: S. Pedro de Orrios, Caurel)
En época de inverno, cuando el animal hace ésto, es señal de que el tiempo no será muy malo.
20120. **Esplúmanse as pitas, auga segura.** (ms10,050r: Silvarrei)
20121. **Lávase o gato á noite, auga segura.** (ms10,050r: Silvarrei)
20122. **Lávase o gato, auga no papo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
20123. **No tempo do cuco, á mañán chuvia i-á tarde enxoiro.**⁶¹³⁰ (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
(pt) *No tempo do cuco, tanto está molhado como enxuto.* (Chaves)
20124. **O gato, cando pasa a pata pola orella, deixa que a auga veña.**⁶¹³¹ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20125. **O peto quer beber nas follas e por eso tanta prisa ten.** (ms5,039)
Se dice cuando el peto canta mucho. Su canto ordinario lo tienen los campesinos por señal de agua.
20126. **Pitas xuntas, señal de tempo trocado.** (mc: Chantada / ms4: F.V.S. / ms11,59)
Var.: *Pitas xuntas, señal de auga.* (ms16: Lugo)
Lo dice también la copla popular: *Coido que vai a chover, / anque non está nublado, / están as pitas mui xuntas: / señal de tempo trocado.*
20127. **Se o gato ves lavar, mete leña no allar.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16)
20128. **Se os burros ornean moito, non saldrás enxoiro.** (ms16: Lis Quibén)
20129. **Señal de aghua cando a perdiz canta.**⁶¹³² (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
20130. **Si oies o cuco tres días despois de san Pedro, cava, cavador, e non teñas medo.** (ms5,039 / ms16: Lence-Santar)
20131. **Xunta de gatos, señal de xeadá.** (mc e ms16: Taboada-F.V.S.)

PROPENSIÓN

20132. **A cabra sempre tira ó monte.**⁶¹³³ (ms16: Donalbay, Begonte / ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO / ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO / ms11,50: C. de Fonsagrada)
Var.: *Sempre a cabra tira ó monte.* (ms16: D.E.)
20133. **A cabra tira ó monte.** (ms-SA: Jesús González Castro: Santa Minia de Brión, C / Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
20134. **A cabra tirou sempre pró monte.** (ms-SA: Gestoso, provincia de La Coruña)
20135. **A cabra vai pola viña, tal é a mai, tal é a filla.**⁶¹³⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
20136. **A espiña, canda nace, trae a punta.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
20137. **A espiña, cando nace, xa leva o pincho diante.**⁶¹³⁵ (ms16 e ms10,014v: D.E.)
Var.: *A espiña, cando nace, xa trai a punta.* (ms16: R. Fisterrán)
(es) *El espino que ha de espinar, con punta nace.* (R. Marín)
20138. **Árbore que nace torto é malo de endereitar.** (ms16: Lugo)
Var.: *O árbore que nace torto, tarde ou nunca se endereita.* (ms16: D.E.)

⁶¹²⁸ ms: *Cand'o, coll'a manta.*

⁶¹²⁹ ms16: *excusas*; ms-LU: *Cand'o, quent'o.*

⁶¹³⁰ ms: *y a tarde*; ms4: *chuvia, a tarde.*

⁶¹³¹ O orixinal di: *O gato cando pasa a pata pola orella, dexa que a auga veña.*

⁶¹³² O orixinal di: *Señal de aghua cando a perdiz canta.*

⁶¹³³ ms-SA (Moreira): *ao monte*; ms11,50: *tir'ó.*

⁶¹³⁴ O orixinal di: *A cabra vai po'la viña, tal é a mai tal é a filla.*

⁶¹³⁵ En ms10 s.v. *Espina.*

- (es) *Arbol que torcido creció, nunca se enderezó.* (R. Marín)
20139. **As cabras tiran sempre ó monte.** (ms-SA: Jaime Fráiz Vázquez: Arzúa, C)
20140. **Cada cal a seu natural.** (ms16: D.E.)
Var.: *Cada cal ten o seu natural.* (ms16: D.E.)
20141. **Canto máis ó mar, máis aghua.** ⁶¹³⁶
(ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
20142. **De mal monte non pode vir boa leña.**
(ms12,78: S. Pedro de Orrios, Caurel)
Esto se atribuye cuando alguen procede de malas familias, de mal pueblo etc.
20143. **Fai máis a inclinación que a educación.** (ms5,029)
Var.: *Tira máis a incrinación que a educación.* (ms15,43: Valle del Mao)
20144. **Fillo do lobo sempre tira ó monte.** ⁶¹³⁷
(mc e ms16: A.S.A. / ms18,29r)
Como el padre, por lo difícil que es sustraerse a la ley de la herencia.
20145. **Nace o corvo na pena e tarde ou cedo tira pra ela.** (ms8,27v: Silvarrey)
20146. **Nace o corvo na pena e tira pra ela.** ⁶¹³⁸ (mc: M.L. / ms16: A.S.A.)
20147. **O árbol que nace torto, torto vive e torto morre.** (mc e ms16: Santiago)
Con aplicación figurada a las malas inclinaciones.
20148. **O cardo que ha de picar, con espiña nace.** (mc: A.S.A.)
Var.: *O cardo que ha de picar, xa espiñas trai ó nacer.* (ms16: D.E.) / *Ó cardo que [é / ha] de picar, logo lle nacen espiñas.* (ms16: D.E.)
(pt) *Cardo que há-de picar, logo nasce com espinhos.* (Chaves) / *O cardo quando nasce, logo pica.* (Id.) (es) *El espino que ha de espinar, con punta nace.* (R. Marín)
Cada cosa desde su origen, tiene ya las condiciones naturales para su desarrollo, dice Sbarbi.
20149. **O corvo nace na pena e tira pra ela.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20150. **O escarabello sempre anda na merda.** ⁶¹³⁹ (mc: Buciños / ms16: Buciños)
(es) *Más sucio que un escarabajo.* (Sbarbi)
- Zahiere a los que física y moralmente viven entre la suciedad.
20151. **O fillo da cabra cabirto é.** ⁶¹⁴⁰ (mc: Buciños / ms16: D.E. / ms21,21r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
Var.: *A filla da cabra, ¿que ha de ser senón cabrita?* (ms16: D.E.) / *O fillo da cabra, ou cabrito ou castrón.* (ms16: D.E.)
(es) *El hijo de la cabra siempre ha de ser cabrito.* (Correas)
Véase *A cabra pare cabritos.*
20152. **O fillo da cabra cabritiño é.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
20153. **O fillo da cabra ha de ser cabrito.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
20154. **O fillo da cabra tira á silveira.** (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
20155. **O fillo da cabra, cabrito.** (ms-SA: Nicolás Alvarellos López: Lalín, PO / ms-SA: Serafin Caamaño Cernadas: Esteiro, Muros, C)
20156. **O fillo da gata ratos mata.** (mc e ms16: Lugo)
Var.: *O fillo do gato pilla o rato.* (ms16: R. Fisterrán) / *O fillo do gato mata o rato.* (ms16 e ms10,021r: D.E.) ⁶¹⁴¹
(pt) *Filho de gato mata rato.* (Chaves) (es) *El hijo de la gata, ratones mata.* (Sbarbi)
Como el anterior, y varios de los siguientes, recoge la influencia y ejemplo de los padres en sus hijos.
20157. **O fillo do burro ben sabe ornear.** ⁶¹⁴²
(ms16 e ms10,021r: D.E.)
(es) *El hijo del asno rebuzna algún rato.* (R. Marín)
20158. **O fillo do can ha de roer o óso.** ⁶¹⁴³ (mc e ms16: M.V.)
20159. **O fillo do lobo lobiño é.** (mc: R. Caruncho / ms16: R. Fisterrán)
(es) *El hijo de la loba y lobo, ¿qué ha de ser sino lobo?* (Jara)
20160. **O fillo do lobo logo adeprende a oubear.** ⁶¹⁴⁴ (ms16 e ms10,021r: D.E.)
20161. **O fillo do lobo ó monte tira.** (mc e ms16: Santiago)
(es) *El hijo del asno al pesebre va flechado.* (R. Marín)
20162. **O lobo tira ao tozal.** (ms21,09v: Bermés)

⁶¹³⁶ O orixinal di: *Canto mais o mar mais ajua.*

⁶¹³⁷ ms18,29r: *ao monte.*

⁶¹³⁸ ms3: *Naz, tira a ela.*

⁶¹³⁹ ms: *anda na m...*

⁶¹⁴⁰ ms-SA e ms-LU: *cabrito.*

⁶¹⁴¹ En ms10 s.v. *Hijos.*

⁶¹⁴² En ms10 s.v. *Hijos.*

⁶¹⁴³ ms: *ha de roel'o oso.*

⁶¹⁴⁴ En ms10 s.v. *Hijos.*

20163. **O que colle malas mañas, sempre en malos pasos anda.** ⁶¹⁴⁵ (ms16 e ms10,037v: D.E.)
20164. **O que fai un cesto, fai un cento, dándolle vrengas e tempo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
20165. **O que fai un cesto, fai un cento, se lle dan corres e tempo.** ⁶¹⁴⁶ (mc: Pidre-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU)
Var.: *O que fai un cesto, fai cento, si lle dan vergas e tempo; o caso é poñerlle o aro.* (ms5,133: Santiago) / *O que fai un cesto, fai cento, se lle dan vergas e tempo.* (ms16: D.E.)
(pt) *Cesteiro que fez um cesto, faz um cento, dando-lhe verga e tempo.* (Chaves) / *Quem um arado faz bem, sabe fazer cem.* (Id.) (es) *Quien hace un cesto hace ciento, si tiene mimbres y tiempo.* (Z.)
20166. **O que fai un cesto, fai un cento, se lle dan vimbio e tempo.** ⁶¹⁴⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
20167. **O que fai un cesto, fai un cento, si lle dan varas a tempo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
20168. **O que fai un cesto, fai un cento, si lle dan vimbos a tempo.** (ms16: R. Fisterrán)
20169. **O que fai un cesto, fai un cento.** (ms-SA: J. M. Barral Sánchez)
20170. **O que fai un cesto, si lle dan mimbres e tempo, fai un cento.** (ms)
20171. **Once galiñas, vintedous pés; o fillo da cabra, cabrito é.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20172. **Onde hai égoas nacen potros.** ⁶¹⁴⁸ (ms4: Lugo-F.V.S.)
20173. **Pola liña vai a tiña: tal é a nai cal é a filla.** ⁶¹⁴⁹ (ms21,18v: Bermés)
20174. **Por onde salta a cabra tamén salta a que a mama.** (ms16: *Diccionario Enciclopédico*)
20175. **Quen malas mañas ten, tarde ou nunca as ha de perder.** ⁶¹⁵⁰ (mc: Páramo)
Var.: *Quen malas mañas ha, tarde ou nunca as perderá.* (mc: A.S.A. / ms16 e ms10,037v: D.E.) / *Quen malas mañas ten no berce, tarde ou nunca as perde.* (ms16 e ms10,037v: D.E.)
(es) *Quien malas mañas tiene, tarde o nunca las pierde.* (R. Marín) / *Quien malas mañas tiene en la cuna, tarde las pierde o nunca.* (Correas) / *Quien malas mañas tiene en cuna, tarde las pierde o nunca.* (Id.) / *Quien malas mañas ha, tazrde o nunca las perderá.* (Bergua / ms16: M. Kleiser) (ct) *Qui pren mals amany, los tendrá tots els anys.* (R. Marín: Mallorca)
Lo que se aprende de niño no se borra.
20176. **Quen malo foi unha vez, seraio dez.** ⁶¹⁵¹ (ms16 e ms10,036v: D.E.)
(es) *Quien malo fué una vez, lo será diez.* (R. Marín)
20177. **Saltou a cabra na viña e tamén saltará a filla.** (ms16: *Diccionario Enciclopédico*)
20178. **Vai a cabra pola viña; tal é a nai com'a filla.** (mc: A.I.)
Var.: *¿Vai a cabra á viña? Tal fai a nai como tal fai a filla.* (ms16: D.E.)
(pt) *Cabra que vai à vinha, tal é a mãe, tal é a filha.* (Chaves) (es) *La cabra va por la viña, como hace la madre hace la hija.* (Correas) / *La cabra va por la viña, por do va la madre va la hija.* (Id.) / *Cabra por viña, cuál la madre, tal la hija.* (Id.)
20179. **Vai a cabra pola viña; vai a nai e vai a filla.** ⁶¹⁵² (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
20180. **Vai a cabra por a viña; por donde vai a nai vai a filla.** ⁶¹⁵³ (ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20181. **Vai a cabra por a viña; tanto ten a mai como a filla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20182. **Vai a cabra por a viña; vai a nai e mais a filla.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
20183. **Vai a cabra prá viña; por donde vai a mai vai a filla.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)

⁶¹⁴⁵ En ms10 s.v. *Maña*.

⁶¹⁴⁶ V. *O que fai unha, fai un cento se lle dan vergas e tempo* en *Religiosos y morales*.

⁶¹⁴⁷ O orixinal di: *O que fai un cesto fai un cento se lle dan bimimio e tempe*.

⁶¹⁴⁸ O orixinal di: *Onde hay egoas nacen potros*.

⁶¹⁴⁹ O orixinal di: *Pol'a liña vai a tiña: Tal e a nai, cal e a filla*.

⁶¹⁵⁰ Variantes en ms10 s.v. *Maña*.

⁶¹⁵¹ En ms10 s.v. *Malo*.

⁶¹⁵² O orixinal di: *Vai a cabra pol'a viña, vai a nai e vai a filla*.

⁶¹⁵³ ms-LU (Lugo) e ms-SA: *pola viña, onde, mai*; ms-LU (Trini F.): *por onde vai a mai*.

PROPIEDAD. V. tamén *Dueño, Mío, tuyo, Tener*.

20184. **Ben vai a vella na burra cando é súa.** (ms10,031r: D.E.)

20185. **Do que alleo é, o que o demo quixer.** (ms16: Lugo)

20186. **Millor é meu que teu.** ⁶¹⁵⁴ (ms16 e ms10,039v: D.E.)

20187. **Millor é noso que voso e millor é meu que noso.** ⁶¹⁵⁵ (ms16 e ms10,039v: D.E.)

(es) *Mejor es mío que vuestro y mejor nuestro que vuestro.* (R. Marín)

20188. **O meu, meu; i-o teu, teu.** (ms16: Lugo)

(es) *Lo mío, mío; lo tuyo, tuyo.* (Correas)

20189. **O pan e o bon viño son do seu dono.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

20190. **O que ten de seu non perece.** ⁶¹⁵⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20191. **Os bés de lexos non son medios bés.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)

20192. **Ou nós da terra ou a terra de nós.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20193. **Ten de teu, ten de teu, que o que non ten de seu, en mala hora naceu.** (ms: Santiago)

20194. **Ten tu, Teresa, ten tu.** (mc: Becerreá-F.V.S. / ms16: Incio)

Conviene tener lo suficiente para no depender de nadie.

20195. **Teu pai non cho dá, túa nai non o ten, ¿de donde che vén?** (ms15,23: Taboada)

20196. **Vale máis pouco xuntiño que moito espallado.** ⁶¹⁵⁷ (ms5,045: Santiago)

COPROPIEDAD

20197. **A besta de todos cómena os lobos.** (ms16: Ribera de Piquín)

20198. **Á casa de moitos donos nunca lle faltan pingueiras.** (ms16: Enc.)

(es) *A casa de muchos amos, nunca le faltan goteras.* (R. Marín)

20199. **Bestia de moitos cómena os lobos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)

20200. **Burra de moitos cómea o lobo.** (mc e ms16: G.P.)

(es) *Asno de muchos, no muere viejo.* (R. Marín)

20201. **Burro de moitos cómeno os lobos.** (mc: Tuiriz, Monforte / ms4: F.V.S. / ms16: Enc.)

(pt) *Asno de muitos, lobos o comem.* (Chaves) (es) *Asno de muchos, lobos lo comen.* (Sbarbi) / *Asno de todos, yantar de lobos.* (R. Marín) / *Asno de muchos, lobos le comen.* (Correas) / *Asno de muchos, no muere viejo.* (R. Marín)

Porque cosa de muchos no la cuida ninguno.

20202. **Burro de moitos lobos cómeno todos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20203. **Cabra de moitos cómena os lobos.** (ms16: Donalbay, Begonte)

20204. **Cousa de moitos cómena os lobos.** ⁶¹⁵⁸ (mc e ms16: A.I. / ms18,71r: A.S.A.)

(pt) *Asno de muitos, lobos o comen.* (Chaves) (es) *Asno de muchos, lobos le comen.* (Correas) / *Asno de muchos, no muere viejo.* (R. Marín)

20205. **Cousa de moitos é mal repartida.** (mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)

20206. **Cousa de moitos lévana os diaños.** (ms16: Enc.)

20207. **Cousa de moitos nunca boa é.** (ms e ms16: Santiago)

20208. **Cousa de moitos nunca foi por riba.** ⁶¹⁵⁹ (mc e ms16: Santiago)

20209. **Cousa de moitos, conforte de bobos.** ⁶¹⁶⁰ (mc e ms16: Santiago)

20210. **Cousas de moitos cómenas os lobos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20211. **Cunca de moitos, ben lambida e mal lavada.** (ms15,17 / ms16: Enc.)

(es) *Cuenca de muchos, bien chupada y mal lavada.* (Correas)

20212. **Ola de moitos nunca ben coce.** (mc e ms16: M.L.)

Var.: *Ola de moitos, mal comesta e peor remexida.* (mc e ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms) ⁶¹⁶¹ / *Ola de moitos, mal cociñada.* (ms: F.V.S. / ms16: Donalbay, Begonte) ⁶¹⁶² / *Ola de moitos é mala de cocer.* (ms16: Sober)

(es) *Olla de muchos, mal mejida y peor cocida.* (Correas) / *Olla de muchos, no bulle.* (Refrán judío-español)

⁶¹⁵⁴ En ms10 s.v. *Mío, tuyo*.

⁶¹⁵⁵ En ms10 s.v. *Mío, tuyo*.

⁶¹⁵⁶ O orixinal di *O que ten de seu "non perece"*.

⁶¹⁵⁷ Indica *Mal menor*.

⁶¹⁵⁸ ms18,71r: *comen-o os*.

⁶¹⁵⁹ ms: *nunca for por riba*.

⁶¹⁶⁰ mc: *conforte de lobos*.

⁶¹⁶¹ ms4: *pior*.

⁶¹⁶² ms4: *cuciñada*.

20213. **Ola de moitos, mal gobernada.** ⁶¹⁶³
(ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
20214. **Ovella de moitos cómena os lobos.** (mc e ms16: Páramo / ms4: F.V.S.)
(pt) *Asno de muitos, lobos o comen.* (Chaves) (es) *Oveja de muchos, lobos la comen.* (Correas) / *Asno de muchos, lobos lo comen.* (Correas)
Como *Burra de moitos...* y *Cousa de moitos cómena os lobos.*
20215. **Vaca allea, ben muxida e mal chea.** (ms21,13v: Bermés)
20216. **Vaca allea, mal mantida e ben muxida.** (ms21,13v: Bermés)
20217. **Vaca de moitos, ben moxida e mal mantida.** ⁶¹⁶⁴ (mc e ms16: M.V. / J. M. Area Alonso/ ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO / A. Darriba Míguez / F. Luna Bande)
Var.: *Vaca de moitos, ben mungida e mal mantida.* (ms16: Mondoñedo / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU) ⁶¹⁶⁵
(es) *Vaca de muchos, bien ordeñada y mal alimentada.* (R. Marín)
20218. **Vaca de moitos, cómena os lobos.** ⁶¹⁶⁶
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EXCELENCIA DE LO PROPIO

20219. **A cada un gústalle o seu.** (ms16: Lugo)
(es) *A cada uno le gusta lo suyo.* (R. Marín)
20220. **Cada oleiro alaba as súas olas.** (ms16)
Var.: *Cada olleiro alaba o seu puchero.* (mc: Taboada / ms5,133: Mondoñedo)
(es) *Cada ollero, alaba su puchero.* (Sbarbi) / *Cada ollero su ola alaba, y más si la trae quebrada.* (Id.) (ct) *Cada oller alaba la seua òlla y més, si la pòrta clavillá.* (Alberola)
20221. **Malia o pelengrín que di mal do seu bordón.** (ms16: D.E.)
(es) *No hay romero que diga mal de su bordón.* (Correas)
20222. **Monte, o que poidas ver; prado, o que poidas ter; e leiras, as que poidas pacer.** (ms15,45r: Chantada)

⁶¹⁶³ O orixinal di: *O'la de moitos mal gobernada.*

⁶¹⁶⁴ ms-SA (Antonio T.), ms-SA (Manuel L.), Area Alonso, Darriba Míguez e Luna Bande: *muxida.*

⁶¹⁶⁵ ms-LU: *muxida.*

⁶¹⁶⁶ O orixinal di: *Vaca de moitos - comenan os lobos.*

20223. **O lume de fóra nin quenta nin lora.** (ms8,31r: Silvarrey)
Ni calienta ni se aprovecha.
20224. **O meu liño é mellor qu'o do veciño.** (ms8,78r: Silvarrey)
Var.: *O meu trigo é millor que o de o veciño.* (ms16)
Porque es propio.
20225. **Val máis fume da miña casiña que lume da veciña.** ⁶¹⁶⁷ (ms16 e ms10,024r: D.E.)

PROPORCIONALIDAD

20226. **A albarda, á medida do burro.** (ms17,002)
Var.: *A albarda segundo é o burro.* (ms16: Sober)
20227. **A bo capelán millor sancristán.** ⁶¹⁶⁸
(ms16: D.E. / mc: Santiago, José Mª Cures / ms-SA: Pascual Campos Arestioño: Cando, Outes, C)
(es) *A buen capellán, mejor sacristán.* (Correas)
20228. **A bo cura, mellor sacristán.** (ms-SA: Manuel Casal García: Santiago de Compostela, C)
20229. **A bo pan boa canteira.** (ms16: Calvos de Randín)
20230. **A boa madeira quer o bo oficial.** (ms16: D.E.)
(es) *A buena madera, buen oficial.* (R. Marín)
20231. **A burro froxo arrieiro tolo que lle malle o lombo.** (ms15,14)
20232. **A cada ola a súa tapadeira.** (ms10,072r: D.E.)
20233. **A cada ola o seu testo.** (ms10,072r: D.E.)
20234. **A concello ruín pregoeiro tatexo.** (ms16: D.E.)
20235. **A mal abade mal sancristán.** (ms16: D.E.)
Var.: *A ruín abade ruín monaguillo.* (ms16: D.E.)
(es) *A mal abad, mal monescillo.* (S.)
20236. **A medida do burro ten que ser a albarda.** (ms18,65r: Villam. de Negral)
20237. **A tal forma, tal zapato; e a tal zapato, tal forma.** ⁶¹⁶⁹ (ms16 e ms10,023r: D.E.)
Var.: *A tal forma, tal zapato.* (ms16: Lugo)
(es) *A tal forma tal zapato y a tal zapato, tal forma.* (Correas)

⁶¹⁶⁷ En ms10 s.v. *Humo.*

⁶¹⁶⁸ mc e ms-SA: *capellán*; mc: *sacristán* / V. *A bo cura, millor sacristán* en *Oficios.*

⁶¹⁶⁹ En ms10 s.v. *Forma.*

20238. **A tal pao tal astilla.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20239. **A unha boca abóndalle unha sopa.** (ms16: D.E.)
(es) *A una boca, una sopa.* (Correas)
20240. **Bon amo millor criado.** ⁶¹⁷⁰ (mc: Agro / ms16: D.E.)
(pt) *O bom amo faz o criado.* (Chaves) (es) *Tal amo, tal criado.* (Sbarbi)
20241. **Cada ola ten a súa tapadeira.** (mc e ms16: Lugo)
(es) *No hay olla tan fea, que no tenga su cobertera.* (Sbarbi) (ct) *Cada olleta té la seua tapaoreta.* (Alberola)
20242. **Cada un canta como lle pagan.** (ms16: Lugo)
(es) *Cada uno canta como le pagan.* (R. Marín)
20243. **Cal é a campana tal é a campanada.** (ms16: D.E.)
(es) *Cual es la campana, tal badajada.* (Z.)
20244. **Cal é o can tal é o dono.** (ms16: D.E.)
(es) *Cual el dueño, tal el perro.* (H. Núñez)
20245. **Cal o amo, tal o criado.** (ms16: D.E.)
20246. **Calza como vistas e viste como calces.** (ms16: D.E.)
(es) *Calza como vistas y viste como calzas.* (Correas)
20247. **Canto máis burro é un, máis lle poñen á albarda.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20248. **Canto máis burro, máis grande é albarda.** (ms-SA: Gestoso, provincia de La Coruña)
20249. **Canto máis comes, menos ves.** (ms8,66r: Lajosa)
20250. **Capa, calzón e saio, dun mesmo pano.** (ms16: D.E.)
(es) *Capa, calzón y saio, de un mesmo paño.* (Correas)
20251. **Como canta o abade, respóndelle o sacristán.** ⁶¹⁷¹ (mc: C.A. A Nosa Terra / ms16: D.E.)
(pt) *Como canta o abade assim responde o sacristão.* (Chaves) (es) *Como canta el abad, así responde el sacristán.* (Correas) / *Como canta el abad, así responde el sacristán.* (Z.)
20252. **Como é o corvo, así o seu ovo.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
20253. **De mal corvo mal ovo.** (ms16: D.E.)
(es) *De mal cuervo, mal huevo.* (R.)
20254. **De mal pano mala saia.** ⁶¹⁷² (ms: A.C. A Nosa Terra)
(pt) *De ruim pano nunca bom saio.* (Chaves) (es) *De mal paño mal sayo.* (R. Marín)
20255. **De tal pan tales sopas.** (ms16: D.E.)
20256. **De tal pao, tal estela.** (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
20257. **De tal pau tal estilla.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20258. **De tales bodas tales tortas.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: D.E.)
(pt) *De tais bodas tais tortas.* (Chaves) (es) *De tales bodas, tales tortas.* (R. Marín / ms16: Z.)
20259. **Debaixo do pau están as achas.** ⁶¹⁷³ (ms21,21r: Bermés)
20260. **Han de pipa cunca chea.** ⁶¹⁷⁴ (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
Baleirase a pipa ou tonel na medida en que se enche a cunca.
20261. **Mal escolante, mal estudante.** (ms16: Bermés / ms21,11v: Bermés)
20262. **Ó burro vello, a millor cebada i-o pior aparello.** (ms16: D.E.)
(es) *Al asno viejo el peor aparejo.* (R. Marín)
20263. **O carballo nunca deu máis que bogallas.** ⁶¹⁷⁵ (ms5,027 e ms16: Sta Mª Mayor de Mondoñedo / ms-LU: seminarista anónimo: Terra Cha, LU)
20264. **Ó mal capelán pior sancristán.** (ms16: D.E.)
(es) *A mal capellán, mal sacristán.* (Z.)
20265. **O que máis pela, máis merda leva.** (ms16: Bermés / ms21,19r: Bermés)
20266. **O vestido do criado di qué é o amo.** ⁶¹⁷⁶ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S. / ms10,139r: D.E.)
Var.: *O vestido do criado di quen é o seu amo.* (ms5,045 e ms16: Mellid)
(es) *El vestido del criado, dice quién es su señor.* (Sbarbi)
20267. **O vestido do criado di quen é o dono.** ⁶¹⁷⁷ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)

⁶¹⁷² O orixinal di: *De mal pano mala saya.*

⁶¹⁷³ O orixinal di: *Debaixo do pau están as hachas. (achas).*

⁶¹⁷⁴ A primeira parte é unha conxectura nosa porque o ms di *Han de pipa cunca chea.*

⁶¹⁷⁵ ms16: *bogallos*; ms-LU: *ca.*

⁶¹⁷⁶ ms, ms4 e ms10: *quen é o amo.* / En ms10 s.v. *Vestido.*

⁶¹⁷⁷ O orixinal di: *O vestido do criado din quen e o dono.*

⁶¹⁷⁰ ms4: *mellor criado*; ms16: *bo.*

⁶¹⁷¹ ms16: *sancristán.*

20268. **Pa un bo capellán, mellor sacristán.** (ms-SA: Manuel Rodríguez Gamallo: Tomonde, Cerdedo, PO)
20269. **Se non comeras como comiches, non comías como comes.** (ms15,40)
20270. **Se queres morrer ben, vive ben.** (ms8,64r e ms10,050r: Silvarrey)
20271. **Según é o burro fállanlle a albarda.** (ms21,09v: Bermés)
20272. **Según é o burro ten que ser a albarda.** (mc e ms16: A.S.A.)
Var.: *A albarda ten que ser conforme o burro.* (ms16: D.E.) / *Según sea o burro, así ten que se-la albarda.* (ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911 / M. González Fernández)
(es) *Según es el asno, así es la albarda.* (R. Marín)
20273. **Según é o burro, así lle fan os aparellos.** (mc e ms16: Lugo)
(es) *La albarda debe ser conforme al burro.* (Sbarbi)
Enseña que en todo han de guardarse las debidas proporciones.
20274. **Según é o burro, así se lle tasa a albarda.** (mc e ms16: Fonsagrada)
(es) *Según es el asno, así es la albarda.* (R. Marín)
20275. **Según é u burro, esí se lle fan us aparellos.** ⁶¹⁷⁸ (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20276. **Según sexa o burro, así se lle pon a albarda.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
20277. **Según sea o burro, así ten que ser a carga.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20278. **Tal amo, tal criado.** (mc: P. Sobreira. *Dicc. Ac.* / ms16: D.E.)
(pt) *Tal amo, tais criados.* (Chaves) / *Tal é o servo como o senhor.* (Chaves) (es) *Tal amo, tal criado.* (Sbarbi) / *Tal señor, tal servidor.* (R. Marín) / *A tal amo, tal criado.* (R. Marín)
20279. **Tal cabeza traio, cal siso teño.** (ms16: D.E.)
20280. **Tal carro, tales fungueiros leva.** (mc e ms16: Santiago)
Var.: *Tal é o carro, tales os fungueiros.* (ms16: Pedro de Merille)
20281. **Tal é a campana, tal é a badana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20282. **Tal galiña, tal ovo pon.** (ms16: Lugo)
20283. **Tal o abade, tal o sancristán.** (ms16: Lugo)
20284. **Tal o carro, tal os fungueiros.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20285. **Tal o corvo, tal o ovo.** (mc: Sarria / ms16: D.E.)
(pt) *Tal pássaro, tal ovo.* (Chaves) (es) *De tal cuervo, tal huevo.* (R. Marín)
Por lo general suelen los hijos imitar a los padres.
20286. **Tales pais, tales fillos; tales carros, tales estadullos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20287. **Tales tempos, tales verdades; tales burros, tales atafales.** ⁶¹⁷⁹ (mc e ms16: Carballedo)
20288. **Tan grande é o ouriciño como o noveliño.** ⁶¹⁸⁰ (ms16: Bermés / ms21,18r: Bermés)
20289. **Tanto ten (o carro da) a Madalena com'os feiros (fueiros) que leva.** (ms-LU: seminarista anónimo: Cuíña, Palas de Rei, LU)
20290. **Todo porqué ten su polo tanto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

PROTECCIÓN

20291. **Arrímate ao bon árbol e darache boa sombra.** ⁶¹⁸¹ (mc e ms16: Tuiriz)
(pt) *Quem a boa árvore se chega, boa sombra o cobre.* (Chaves) (es) *Quien a buen árbol se arrima buena sombra le cobija.* (Sbarbi)
20292. **Co favor non te conocerás e sin favor non te conocerán.** (ms16: D.E.)
(es) *Con el favor no te conocerás; sin él no te conocerán.* (Correas)
20293. **De ruín árbore, sombra ruín.** (ms16: Lugo)
(es) *Ruín árbol, ruín sombra.* (R. Marín)
20294. **Dios che dea poder na vila e na casa fariña.** (ms16: D.E.)
(es) *Dios te dé poder en villa y en casa harina.* (Al.)

⁶¹⁷⁸ O orixinal di: *Según e u burro esi se lle fan us aparellos.*

⁶¹⁷⁹ mc: *atagales.*

⁶¹⁸⁰ ms21,18r: *coma o noveliño.*

⁶¹⁸¹ ms: *a bon arbol.*

20295. **Máis vale favor que xusticia nin razón.**⁶¹⁸² (mc: J.P.)
Var.: *Máis vale favor que xusticia nin razón.*⁶¹⁸³ (ms16 e ms10,018v: D.E.)
(es) *Más vale favor que justicia ni razón.* (H. Núñez)
20296. **Non hai home sin home.**⁶¹⁸⁴ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
(es) *No hay hombre sin hombre.* (R. Marín)
(ct) *No hi ha home sense home.* (Alberola)
20297. **O que a bon árbol se arrima, boa sombra o acubilla.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20298. **O que a bon árbol se arrima, non hai raio que o parta.**⁶¹⁸⁵ (mc e ms16: Páramo)
20299. **O que a bo árbore se acolle, boa sombra o cobre.** (ms16: D.E.)
Var.: *Qwen a bo árbore se achega, ben se acobexa.* (ms16: D.E.)
(es) *Quien a buen árbol se arrima, buena sombra le cobija.* (Z.-N.-R. Marín)
20300. **O que non ten padriño, non se bautiza.**⁶¹⁸⁶ (mc e ms16: Sarria)
Var.: *O que ten padriño, bautízase.* (Buciños-F.V.S.)
(pt) *Quem não tem padrinhos morre mouro.* (Chaves) / *Quem tem padrinho não morre mouro.* (Id.) / *Quem tem padrinho não morre na cadeia.* (Id.)
20301. **O xamón é unha chave que abre moitas portas.** (ms5,029 / ms16: Sta. María del Mao)
20302. **¡Quen me dera un arrimiño onde poderme arrimar!** (ms16: D.E.)
20303. **Vánselle á galiña os ollos alí onde pon os ovos.**⁶¹⁸⁷ (ms10,031v: D.E.)

PROVECHO

20304. **Andar ó proveito e non ó contento, gánase contento e proveito.** (ms10,102r: D.E.)
20305. **Non é cousa de proveito o que se garda no peito.** (ms10,102r: D.E.)

⁶¹⁸² mc: *sin razón*. Jacinto del Prado recolle o refrán só coa forma *nin razón*. A diferenza pode deberse a un erro de transcripción de Vázquez Saco.

⁶¹⁸³ En ms10 s.v. *Favor*.

⁶¹⁸⁴ O orixinal di: *Non hay home sin home*.

⁶¹⁸⁵ ms: *qu'o parta*.

⁶¹⁸⁶ V. *O que ten padriño, bautízase en Familia. Parientes e en Recomendación, valimiento, favor*.

⁶¹⁸⁷ O orixinal di: *Vánselle á galiña os ovos, alí onde pón os ollos*.

20306. **Non é proveito o que trai perigo certo.** (ms10,102r: D.E.)
20307. **Non hai parvo pró seu proveito.** (ms10,102r: D.E.)
20308. **Precura o teu proveito, a torto ou dereito.** (ms10,102r: D.E.)
20309. **Precura o teu proveito, torto ou dereito, que aquel que o non precura, ese non ten cura.** (ms10,102r: D.E.)

PRUDENCIA. V. tamén *Imprudencia*.

20310. **A besta i-a pistola nunca se deixa andar sola.**⁶¹⁸⁸ (ms21,30v: Bermés)
20311. **A gala do nadador é saber garda-la roupa.** (ms10,24v: D.E.)
20312. **A prudencia é nai da cencia.** (ms10,102r: D.E.)
20313. **Entre o pouco i-o moito hai un medio.** (ms8,28r: La Cañiza)
20314. **Ide polo medio e non cairedes.** (ms10,031r: D.E.)
20315. **Ir e vir carrear se chama.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20316. **Ir e vir chámase carretar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20317. **Ir e vir é carrexar, e non ir e non tornar.** (ms10,031v: D.E.)
20318. **Ir e vir é carrexar, que non ir e non tornar.** (ms16: D.E.)
20319. **Ir e volver chámase carretar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
20320. **Ir e volver chámase carrear.**⁶¹⁸⁹ (mc: Pidre-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
Var.: *Ir e vir chámase carrexar.* (ms16 e ms8,12r: La Cañiza)
(es) *Ir y venir es acarrear, que no ir y tornar.* (Correas)
20321. **Máis vale onza de prudencia que ferrados de cencia.** (ms10,102r: D.E.)
20322. **Máis vale rodear que caer.**⁶¹⁹⁰ (ms)
(pt) *Mais vale rodear que afogar.* (Chaves)
(es) *Más vale rodear que no ahogar.* (Correas) / *Más vale rodear que no ahogar.* (Id.)

⁶¹⁸⁸ O orixinal di: *A besta y'a pistola nunca se deixa andar sola*.

⁶¹⁸⁹ ms-LU: *carretar*.

⁶¹⁹⁰ Contén a indicación *Prudencia*.

20323. **Mentras escapo, non asubío.** (ms: Santiago)
20324. **Mete a mau no teu seo, non dirás do hado alleo.** ⁶¹⁹¹ (ms: J.P.)
(es) *Mete la mano en tu seno, no dirás de hado ajeno.* (Sbarbi)
20325. **Non dá bo pan a mala fariña.** ⁶¹⁹² (ms10,079r: D.E.)
20326. **Non lle pegues ó pequeno por máis pequeno ca ti, non sea dispois de grand'o pequeno se volv'a ti.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20327. **Non te empeñes sin razón nin te envaines sin honor.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
20328. **Non te metas en dibú nin en cousas que non entendas: pasar por alto é cordú.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20329. **O cuarto do medio é o millor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20330. **O que non monta a cabalo nunca se cai no cabalo.** (ms10,041r: D.E.)
20331. **O que pecha e pecha ben, pecha a alma i-o que ten.** ⁶¹⁹³ (ms: Gondrame, Páramo-F.V.S.)
Pecha a alma porque al cerrar evita hurtos que quizá atribuyese a un inocente.
20332. **Onde hai máis prudencia ten que haber máis cencia.** (ms10,102r: D.E.)
20333. **Onde hai prudencia e boa concencia sobra a penitencia.** ⁶¹⁹⁴ (ms16 e ms10,027v: D.E.)
20334. **Onde hai prudencia e concencia non hai que haber prudencia.** (ms10,102r: D.E.)
20335. **Por moito que comas, non déixe-lo pan; por moito sol que faga, non déixe-la capa.** ⁶¹⁹⁵ (ms15,09: Labrada)
20336. **Porque te vexas ben, non te alegres; porque te vexas mal, non te desasperes.** (ms8,02r: Samos)
20337. **Quen pecha e pecha ben, pecha a alma i-o que ten.** ⁶¹⁹⁶ (ms)

⁶¹⁹¹ Contén a indicación *Prudencia*.

⁶¹⁹² En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Prudencia*.

⁶¹⁹³ O orixinal di: *O que pecha e pecha ben, pecha a alma y o que ten.* / Contén a indicación *Prudencia*.

⁶¹⁹⁴ En ms10 s.v. *Haber*.

⁶¹⁹⁵ O orixinal di: *Por moito que comas non deixel-o pan; por moito sol que faga non deixel-a capa.*

⁶¹⁹⁶ O orixinal di: *Quen pecha e pecha ben, pecha a alma y-o que ten.* / Contén a indicación *Prudencia*.

Pecha a alma = porque al cerrar bien, cierra también la puerta a sospechas que le asaltarán si algo le faltase, quizá no todas fundadas.

20338. **Quen se gardou, non errou.** ⁶¹⁹⁷ (ms: A.N.)
(pt) *Quem se guardou não errou.* (Chaves)
(es) *Quien se guardó no erró.* (R. Marín)
20339. **Se non queres topar engaño oculto, non tomes a bulto.** ⁶¹⁹⁸ (ms: F.V.S.)
20340. **Si non te queres equivocar, has de saber dudar.** ⁶¹⁹⁹ (ms: Tuiriz)
20341. **Si podes pouco, non berres moito.** ⁶²⁰⁰ (ms / ms4: F.V.S.)
20342. **Sigue vixilando todo o vran mentras que dura o vran.** (ms4: J.P.)
20343. **Ver cos ollos e non tocar cas maus.** ⁶²⁰¹ (ms: Santiago)

PRUEBAS. V. tamén *Jurídicos y similares*.

20344. **Bótate a enfermar: verás quen che quere ben e quen che quere mal.** ⁶²⁰² (ms16 e ms10,11v: D.E.)
(es) *Echate a enfermar y verás quién te quiere bien y quién te quiere mal.* (Z.-Correas)
20345. **Calen barbas e falen cartas.** (ms16: D.E.)
20346. **En longos camiños conócense os amigos.** (ms16: D.E.)
(es) *A largo camino se conoce el hombre.* (R.P.)
20347. **Se queres conecer o que te quer ben, pídelles algo do que non tes e el ten.** (ms16: D.E.)

PUBLICIDAD

20348. **Non hai cousa encoberta que tarde ou cedo non se seipa.** (ms16: D.E.)
Var.: *Non hai nada encoberto que non sea descuberto.* (ms16 e ms10,011r: D.E.) ⁶²⁰³
(es) *No hay cosa secreta que tarde o temprano no sea descubierta.* (Correas)

⁶¹⁹⁷ Contén a indicación *Prudencia*.

⁶¹⁹⁸ Contén a indicación *Prudencia*.

⁶¹⁹⁹ Contén a indicación *Prudencia*.

⁶²⁰⁰ Contén a indicación *Prudencia*. / ms4: *Se podes.*

⁶²⁰¹ Contén a indicación *Prudencia*.

⁶²⁰² Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Enfermedad*. / En ms10 s.v. *Enfermedad*.

⁶²⁰³ En ms10 s.v. *Encubrir*.

PUCHERO. V. tamén *Cocina*.

20349. **A pequeno pucheirote pequeno guisote.** (ms10,102r: D.E.)

20350. **Non lle falta pucheiro ó que ten diñeiro.** (ms10,102r: D.E.)

20351. **Quen está a pucheiro anda en tratos co sepultureiro.** (ms10,102r: D.E.)

20352. **Todos os días pucheiro aburre e cansa o mundo enteiro.** (ms10,102r: D.E.)

PUEBLOS Y RAZAS. V. tamén o apartado *Ditos tópicos e refráns con topónimo*.

20353. **A confianza mata o gallego.** ⁶²⁰⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20354. **A empresa dos tres: o burro, o amiguño i-o portugués.** ⁶²⁰⁵ (mc: Bucinos)

20355. **Cando o gallego canta, o[u] rabia o[u] no[n] ten branca.** ⁶²⁰⁶ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

20356. **Canta o galego, máis de desesperado que de cheo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20357. **Castexao xexunante, mal para o pan do día de adiante.** (mc: Correás)

20358. **Catalán con botas, andaluz con diñeiro e galego con mando, Dios nos libre dese gando.** ⁶²⁰⁷ (mc: Chantada)

(es) *Catalán con bota, gallego con dinero y andaluz con mando, pa no verlos.* (R. Marín)

20359. **Con canteiros e portugueses, tratos poucas veces.** (mc: Bucinos)

20360. **Dálle que é de Catelán.** (mc: Muros)

A raíz del saqueo de Muros por los franceses a principios del siglo pasado, se establecieron allí varios catalanes, para explotar el negocio de la pesca de la sardina, ensayando la red llamada *jabega*, que ponía el peligro una de las fuentes de riqueza de la villa, lo que originó gastos y disgustos a la gente de mar. Los pleitos con los catalanes fueron frecuentes y profundo el rencor con que se les miraba, hasta nacer

el dicho tópico, que se aplica hoy siempre que se quiere demostrar el poco interés

20361. **De aburrido canta o gallego.** (ms8,47r: Silvarrey)

20362. **De desesperado canta o gallego, unhas veces de fame outras de cheo.** (ms4: F.V.S.)

20363. **De español de pelo roxo e francés de pelo negro líbrate coma do demo.** ⁶²⁰⁸ (mc: M.L.)

20364. **De ponente, nin aire nin xente.** ⁶²⁰⁹ (mc: M.L.2)

(es) *De Poniente, ni viento, ni gente.* (Sbarbi) (ct) *De ponent ni vent ni gent.* (R. Marín)

Así dicen en Valencia replicando al castellano; *de levante ni la gente ni el aire.* (R. Marín)

20365. **De xiringado canta o gallego.** (ms15,15)

20366. **Eu fun a Pontevedra por ver Marín.** ⁶²¹⁰ (ms: Santiago)

20367. **Eu son como o gitano: donde podo acampar, acampo.** ⁶²¹¹ (mc: Bagueixos, Lugo-F.V.S.)

20368. **Galego con mando, catalán con botas e andalúz con diñeiro, tíremos Dios do quinteiro.** ⁶²¹² (mc: M.V.)

(es) *Gallego con mando y catalán con botas, non hay peor cosa.* (R. Marín)
Véase *Catalán con botas...*

20369. **Gallego con mando i-andaluz con botas...** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20370. **Inda ten que volver a nacer o liño mourisco pra ser como o gallego.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)

20371. **Lugueses teñen que ser: onde eles lavan a cara, calquera pode beber.** (mc: Becerreá.)

Tiene todas las características de una tríada.

20372. **Na terra do Xapón van os pantalós a patacón.** (mc: Santiago)

20373. **Nin galego con mando nin catalán con botas.** (mc / ms4: F.V.S.)

20374. **Ningún galego perde o rego.** (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)

⁶²⁰⁴ ms-LU (Lugo): *mat'o gallego.* / V. *A confianza mata o home en Hombre.*

⁶²⁰⁵ ms: *y-o.*

⁶²⁰⁶ O orixinal di *Cando o gallego canta o rabia o no ten branca.*

⁶²⁰⁷ ms: *Catalán con bota*; mc: *de ese ganado.*

⁶²⁰⁸ ms: *D'español.* mc: *como d'o.*

⁶²⁰⁹ ms: *Do Ponente*; ms4: *Do ponente.*

⁶²¹⁰ Contén a indicación *Pueblos.*

⁶²¹¹ ms4: *poda.*

⁶²¹² ms, ms3 e ms4: *Gallego*, ms3: *con bota, tiremo's Dios*, ms4: *con bota.*

20375. **Non se ganou Zamora nunha hora.** (mc: Meilán)
(pt) *Não se ganhou Samora em uma hora.* (Chaves) (es) *No se ganó Zamora en una hora.* (Sbarbi) / *No se ganó Toledo en un credo.* (R. Marín)
20376. **O aldeano gallego por unha cunca de leite quere outra de aceite.** ⁶²¹³ (mc: A.S.A.)
20377. **O catalán, da pedra saca pan.** (ms15,42: Valle del Mao)
20378. **O fariseo e o publicano foron dous americanos.** ⁶²¹⁴ (ms: Santiago / ms-SA: José Duro Quintela: Burres, Arzúa, C)
20379. **O galego danlle a galiña cando non-a pode comer.** ⁶²¹⁵ (mc: Bucínos / ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballedo, LU)
20380. **O galego non se contenta con mirar.** (mc: Santiago)
20381. **O galego por unha cunca de leite quer outra d'aceite.** (ms21,04v: Bermés)
20382. **O galego, cando canta, ou rabea ou non ten branca.** ⁶²¹⁶ (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Cuando el español canta, o rabia, o no tiene una blanca.* (Ricart) (ct) *Quan l'espanyol canta, o rabia o no té blanca.* (Ricart)
En los refraneros peninsulares se dice lo mismo del español en general.
20383. **O galego, se non tenta, rebenta.** (ms-LU: seminarista anónimo: O Cádavo, A Esperela, Baleira, LU)
20384. **O galleguiño dállo o mandíño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20385. **O galleguiño dálle un mandíño.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20386. **O ghallegho ghalleghíño é.** ⁶²¹⁷ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
20387. **O nome de Galicia é a nosa máis grande delicia.** (ms: Santiago)
20388. **O soldado galego pouco menos é que o portugués.** (mc: Bucínos)
20389. **Os catalás, das pedras fan pas.** (ms5,029)
20390. **Os Pardos e os Rebellós, poucos son bos.** (mc: Leite de Vasconcellos-F.V.S.)
- Linajes muy respetables de Galicia. No sabemos a qué obedece el refrán. (ms: Leite de Vasconcellos, *Philologia Gallega*, p.26)
20391. **Os portugueses teñen a auga, mais nós vendémoslla.** (mc: Bucínos)
20392. **Os rapaces en Asturias, cando non tñen que facer, tiran pedras cara arriba e xa din que vai chover.** (mc: Santiago)
Proviene de una canción popular.
20393. **Prenda de galego diñeiro vale.** ⁶²¹⁸ (ms: M.V. / ms21,23r: Bermés)
20394. **Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había quen o mandara á merda.** ⁶²¹⁹ (mc: Bucínos)
20395. **Se queres saber quen é o galeguíño, dálle un mandíño.** (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
(es) *Si quieres conocer al galleguiño, dale un mandíño.* (Correas)
20396. **Señan xudeus e señan dos meus.** (mc: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2ª serie)
20397. **Sete clases de gallegos: finos, entrefinos, marranos e cochinos, unhos que morden, outros que ladran i-autros que nin a mai que os pariu entende.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20398. **Si es galego, has de vir ó rego.** (mc: Corme)
20399. **Soldado gallego, na guerra hai que velo.** (mc: M.V.)
20400. **Somos gallegos e non nos entendemos.** (mc: M.L.)
(pt) *Somos galegos e não nos entendemos.* (Chaves) (es) *Somos griegos, o gallegos, y no nos entendemos.* (Correas)
20401. **Son as mañas d'Alemaña.** (mc: A.S.A.)

PUERCO

20402. **A bo porco boa landra.** (ms10,094r: D.E.)
20403. **A cada porco chégalle o seu san Martiño.** (ms10,094r: D.E.)
20404. **A porca de maio vale máis nos comenzos que no cabo.** (ms10,094r: D.E.)
20405. **Ben boa vida pasa o porco e mais dorme no cortello.** (ms10,094r: D.E.)
20406. **Cada porco ten o seu san Martiño.** (ms10,094r: D.E.)

⁶²¹³ ms e ms4: *quer*

⁶²¹⁴ ms-SA: *U fariseo.*

⁶²¹⁵ ms-LU: *danll'a.*

⁶²¹⁶ ms4 e ms-LU: *rabia*; ms4: *branca.*

⁶²¹⁷ O Jallejo jallejiño e.

⁶²¹⁸ ms3: *gallego.*

⁶²¹⁹ O orixinal di: *Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había que o mandara á merda. / V. Nunca hai acordo como o trasacordo en Rectificación. / ms: tuvera o acordo, mandara á m...*

20407. **Ceba o porco dende agosto, se queres que estea gordo.** (ms10,094r: D.E.)
20408. **Ceba o teu porco dende o mes de agosto, se queres que teña bo lombo.** (ms10,094r: D.E.)
20409. **Ceba o teu porco polo agosto, se queres ter bo porco.** (ms10,094r: D.E.)
20410. **Comerás do porco e mudarás de acordo.** (ms10,094r: D.E.)
20411. **Dálle ó porco do caldeiro e non do Ribeiro.** (ms10,094r: D.E.)
20412. **Día de Santo Tomé, ó porco polo pé.** (ms10,094r: D.E.)
20413. **O máis ruín porco topa unha boa landra.** (ms10,094r: D.E.)
20414. **Ó matar o porco, praceres e xogos; ó comer as morcillas, trouladas e risas; e ó pagar o porco, pesares e choros.** (ms10,094r: D.E.)
20415. **O peor porco come a millor landra.** (ms10,094r: D.E.)
20416. **Ó porco dálle de comer se o has de manter.** (ms10,094r: D.E.)
20417. **Ó porco débelo manter, se ti o has comer.** (ms10,094r: D.E.)
20418. **O porco do agosto pon o entrecosto.** (ms10,094r: D.E.)
20419. **O porco i-o sogro quixéraos mortos.** (ms10,094r: D.E.)
20420. **Ó porco i-ó xenro ábrelle a porta, que xa el virá cedo.** (ms10,094r: D.E.)
20421. **O porco manteno e non lle coutes o tempo.** (ms10,094r: D.E.)
20422. **O porco que é pró lobo, non hai san Antón que o garde.** (ms10,094r: D.E.)
20423. **Ó porco, ó xenro e á nora, amóstralle a porta.** (ms10,094r: D.E.)
20424. **O que non mata porco non dá morcilla nin entrecosto.** (ms10,094r: D.E.)
20425. **O que non mata un porquiño, non ten lacón nin touciño.** (ms10,095r: D.E.)
20426. **Polo san Lucas mata o teu porco e barra as túas cubas.** (ms10,094r: D.E.)
20427. **Porco de febreiro vai co seu pai ó fumeiro.** (ms10,094r: D.E.)
20428. **Porco fiado, inverno e verán malo.** (ms10,094r: D.E.)
20429. **Por san Andrés agarra o porco polos pés; e se non-o queres matar, déixao pra Navidá.** ⁶²²⁰ (ms10,095r: D.E.)
20430. **Porco limpo nunca engorda.** (ms10,095r: D.E.)
20431. **Porco que está sin cebar, non se debe matar.** (ms10,095r: D.E.)
20432. **Porco que se está cebando, non hai san Antón que poida gardalo.** (ms10,095r: D.E.)
20433. **Pró ruín porco sempre hai unha boa castaña.** (ms10,095r: D.E.)
20434. **Quen soilo ten un porco, faino gordo.** (ms10,095r: D.E.)
20435. **Se non matas porco, non terás entrecosto.** (ms10,095r: D.E.)
20436. **Teña eu porco, anque non teña ollos.** (ms10,095r: D.E.)
20437. **Tres anos hai que me casei e que porco non matei: este ano, i-o pasado, e o ano que me casei.** (ms10,095r: D.E.)
20438. **Un porco é unha botica.** (ms10,095r: D.E.)
- PUERTA**
20439. **A porta aberta o santo tenta.** (ms10,095r: D.E.)
20440. **A porta falsa destroi a casa.** (ms10,095r: D.E.)
20441. **A porta falsa é a que gasta a casa.** (ms10,095r: D.E.)
20442. **A porta pechada o demo a garda.** (ms10,095r: D.E.)
20443. **A porta por onde entrases, déixaa como a topares.** (ms10,095r: D.E.)
20444. **A portas vellas, agarradallas novas.** (ms10,096r: D.E.)
20445. **A portas vellas, chamadoiros novos.** (ms10,096r: D.E.)
20446. **Antes abre a porta que fai a cama a muller mal amañada.** (ms10,095r: D.E.)
20447. **Bendita sea a porta por onde sai a filla casada ou morta.** (ms10,095r: D.E.)
20448. **Cada porta pide a súa chave.** (ms10,095r: D.E.)
20449. **Cada porta quer o seu pestillo.** (ms10,096r: D.E.)
20450. **Cando unha porta se pecha, un cento se abren.** ⁶²²¹ (ms10,096r: D.E.)

⁶²²⁰ O orixinal di: *Por San Andrés, agarra o porco polos pes; e se nono queres matar, déixao pra Navidá.*

⁶²²¹ O orixinal di: *Cada unha porta se pecha, un cento se abren.*

20451. **Chama confiado á porta quen trai unha boa nova.** (ms10,096r: D.E.)
20452. **Logo chega á porta o que trai mala nova.** (ms10,096r: D.E.)
20453. **Na porta do forno quéimase o pan.** ⁶²²² (ms10,096r: D.E.)
20454. **Onde unha porta se abre, outra se pecha.** (ms10,096r: D.E.)
20455. **Onde unha porta se pecha, outras tamén se pechan.** (ms10,096r: D.E.)
20456. **Pecha a porta e colle a chave; o que queira entrar que chame.** (ms10,096r: D.E.)
20457. **Pecha a porta e daga a chave; quen veña pra entrar, que chame.** (ms10,096r: D.E.)
20458. **Pecha a porta e garda a chave; quen veña, que chame.** (ms10,096r: D.E.)
20459. **Pecha a porta e péchaa quedo, non me trille a porta o dedo.** (ms10,096r: D.E.)
20460. **Pecha a túa porta e farás a túa veciña boa.** (ms10,096r: D.E.)
20461. **Peche eu a miña porta con candado e chave, e quen viñer, que chame.** (ms10,096r: D.E.)
20462. **Pola porta aberta vaise á eira.** (ms10,096r: D.E.)
20463. **Quen pecha a súa porta, da mala veciña fai boa.** (ms10,096r: D.E.)
20464. **Se unha porta se cerra, cen se abren.** ⁶²²³ (ms10,096r: D.E. / ms21,27v: Bermés / ms-SA: Amador Darriba Míguez)
20465. **Tantos pechos ten a porta e ás veces todos son poucos.** (ms10,096r: D.E.)

PULGAS

20466. **A pulga metida no fogo, estoupa logo.** (ms10,102r: D.E.)
20467. **A pulga que matan á unlla, espérea o seu home na lúa.** (ms10,102r: D.E.)
20468. **Onde queira hai pulgas, e as da miña casa son rabudas.** (ms10,073r: D.E.)
20469. **Pulgas ten a viúda e non ten quen llas sacuda.** (ms10,102r: D.E.)
20470. **Pulgas ten miña comadre e non topa quen llas cate.** (ms10,102r: D.E.)
20471. **Si me encontro no salto, ben me salvo; si vou ó saltarei, inda me salvarei;**

⁶²²² V. *Na porta do forno rompen as bolas en Panaderos.*
⁶²²³ ms21,27v: *S'unha, s'abren* / A. Darriba Míguez: *Si unha porta.* / En ms10 s.v. *Puerta.*

pero si vou ó deluvín, non teñades mentes por min. (mc: Aguada, Carballedo)

Curiosa descripción que hace la pulga de los peligros que corre cuando se intenta cazarla. Se siente perdida si va *ô deluvín* palabra procedente de *deluvar* = “frotar suavemente, como los niños frotan los ojos al despertarse”, según Carré Alvarellos, único que la registra. *Deluvar* en la zona de Sarria es frotar la ropa para lavarla; y en la comarca de Lalín se aplica a la operación de sacar la vaina, habas, garbanzos, etc. lo que retiene también la idea de frotamiento.

20472. **Si me ves no retorcigón, ou salirei ou non; se me ves entre penas, inda quizais salo dela; e se me ves no chamusguín, non teñas mentes por min.** ⁶²²⁴ (mc: Pidre, Palas de Rey-F.V.S.)

(es) *La pulga, si la mataren en la uña, espérela su marido a la luna; y si la mataren en el fuego, no la espere; cátese luego.* (Hernán Núñez) / *No tengas la pulga por muerta, si no la echaste a la candela.* (R. Marín)

Aquí la pulga sólo se siente vencida, cuando la echan al fuego, ya que cree probable su salvación en los demás peligros: el de aprisionarla entre la yema de los dedos (retorcigón), o aplastarla entre las uñas (entre penas).

20473. **Si vou ó tris-tras, nunca me verás; si vou, vou, vou, así me verás ou non; si vén o uñín, tede mentes por min.** ⁶²²⁵ (mc e ms16: Cervantes / ms4: F.V.S. / ms18,66r)

Se pone también en boca de la pulga, y es variante de los anteriores.

PULPERO

20474. **O pulpeiro, pouco diñeiro.** (ms10,102r: D.E.)

PULPO

20475. **Desde que cuca o cuco, non comas pulpo.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)

Var.: *Desque vén o cuco, fóra o pulpo.* (mc: M.V. / ms3: A.N.V.) ⁶²²⁶

Se basa en el refrán general: *en los meses que no traen erre, ni pescado, ni mujeres.* (R. Marín)

⁶²²⁴ mc: *si me ves.*

⁶²²⁵ ms18,66r: *vou ó uñín, tede mentes de min.*

⁶²²⁶ ms4: *fora pulpo.*

20476. **Desque vén o pulpo, fóra o cuco.** (ms21,04r: Bermés)
20477. **En abril cada pulpo dá mil.** ⁶²²⁷ (mc: Bueu-F.V.S. / ms16: Bueu)
20478. **En maio sal o pulpo do zamaio.** ⁶²²⁸ (mc e ms16: M.L. / ms10,034v: D.E.)
Tampoco recogen los diccionarios la palabra *zamaio*, que presumimos de uso en la costa de Lugo.
20479. **En xaneiro sabe o pulpo a carneiro.** (mc e ms16: Bueu)
20480. **Se empeza o polpo a flotar, amenaza o temporal.** ⁶²²⁹ (mc e ms16: Sar)
Cuando el pulpo sube a la superficie del mar, augura mal tiempo. Polpo

PUNTADA

20481. **Coser e facer albardas, todo é dar puntadas.** (ms10,102r: D.E.)
20482. **Puntada a barrisco, na casa do rico pra acabar axiña, pois non fai boa vida; puntada ben forte, na casa do probe, que é xente de ben pois dá do que ten.** ⁶²³⁰ (ms10,102r: D.E.)

QUEJAS

20483. **Máis vale boa queixa que mala paga.** (ms10,103r: D.E.)
20484. **O que se laia e non come nin sonea, logo dá os fíos á tea.** ⁶²³¹ (ms10,032r: D.E.)

QUEMARSE

20485. **Aquel que se queima ten o rabo de palla.** (ms10,103r: D.E.)
20486. **Queimase o pan ás veces na mesma porta do forno.** (ms10,103r: D.E.)

QUERER

20487. **A quen Dios quer ben, a sorte buscalo vén.** (ms10,103r: D.E.)
20488. **A quen queiras de corazón, dálle pares, nones, non.** (ms10,103r: D.E.)

⁶²²⁷ Indica Mar. (*Abundancia de pesca*) no ms.

⁶²²⁸ ms: mayo, zamayo. / ms10: sai o pulpo. En ms10 s.v. Mayo.

⁶²²⁹ ms16: pulpo. / Indica Mar. (*Pronóstico de tempestad*) no ms.

⁶²³⁰ V. Na casa do rico que fai mala vida, puntada larga e acabar axiña; na casa do probe que dá do que ten, puntada corta e asegurar ben en Oficios.

⁶²³¹ En ms10 s.v. Quejarse.

20489. **A quen queiras mal, non-o queiras no hospital.** ⁶²³² (ms10,103r: D.E.)
20490. **A quen Dios quer ben, a casa lle gusta i-o lar tamén; e a quen quer mal, nin a casa nin o lar.** (ms10,103r: D.E.)
20491. **Anque non falemos, ben nos queremos.** (ms10,103r: D.E.)
20492. **Cada cal quer o seu igual.** (ms10,103r: D.E.)
20493. **Cando un non quer, dous non barallan, e menos se os dous se soparan.** (ms10,103r: D.E.)
20494. **Canto máis cobizado é o que se quer, máis se cobiza ver.** (ms10,103r: D.E.)
20495. **En pan cortar e viño botar, ben vexo quén me quer ben e quen me quer mal.** (ms10,103r: D.E.)
20496. **Máis fai o querer que o poder.** (ms10,103r: D.E.)
20497. **Máis quero burro que me leve que cabalo que me deixe.** (ms10,103r: D.E.)
20498. **Máis quero hoxe ovos que mañán polos.** (ms10,103r: D.E.)
20499. **Máis quero pouco en seguro que moito en perigo.** (ms10,103r: D.E.)
20500. **Máis quero un "toma" que dous "che darei".** (ms10,103r: D.E.)
20501. **Moito te quero, mais pouco ben che fago.** (ms10,103r: D.E.)
20502. **Non lle quer mal quen ó vello lle quita o que ha de cear.** (ms10,104r: D.E.)
20503. **Non lle quer ó vello mal quen lle furta a cea e o manda deitar.** (ms10,104r: D.E.)
20504. **Nunca queiras do teu amigo máis do que él quixer contigo.** (ms10,104r: D.E.)
20505. **O que a feo quer, fermoso lle pares.** (ms10,104r: D.E.)
20506. **O que non queiras pra ti, non-o queiras pra min.** ⁶²³³ (ms10,104r: D.E.)
Var.: *O que non queiras pra ti, non-o queiras pra ninguén.*
20507. **O que non queres que se seipa, non-o digas a ninguén.** ⁶²³⁴ (ms10,104r: D.E.)
20508. **O que non queres ¿pra que o queres?** (ms10,104r: D.E.)

⁶²³² O orixinal di: *A quen queiras mal nono queiras no hospital.*

⁶²³³ O orixinal di: *O que non queiras pra ti, nono queiras pra min. (o pra ninguén)*

⁶²³⁴ O orixinal di: *O que non queres que se seipa nono digas a ninguén.*

20509. **Pra quen nos quer, teñamos, que pra quen non nos quer, temos dabondo.** (ms10,104r: D.E.)
20510. **¿Que quer saber naide o que fai naide na casa de naide?** (ms10,104r: D.E.)
20511. **Quen ben me quer, dáme do que ten.** (ms10,104r: D.E.)
20512. **Quen ben quer tarde esquece.** (ms10,104r: D.E.)
20513. **Quen ben te queira farate chorar.** (ms10,104r: D.E.)
20514. **Quen me quer ben, dime o que sabe e dáme do que ten.** (ms10,104r: D.E.)
20515. **Se ben me queres, trátame como debes.** (ms10,104r: D.E.)
20516. **Se queres chegar a vello, faite vello cedo.** (ms10,104r: D.E.)
20517. **Se queres empobrecer, merca o que non has mester.** (ms10,104r: D.E.)
20518. **Se queres que che diga o que che falta, dime de qué te gabas.** (ms10,104r: D.E.)
20519. **Se queres un día bo, afeitade; un mes bo, mata porco; un ano bo, cástate, e un sempre bo, faite crego.** (ms10,104r: D.E.)
20520. **Tanto lle quer o demo ós fillos que lle arrinca os ollos.** (ms10,104r: D.E.)
20521. **Tanto me quer o fillo da uva, tanto me quer, que se el quer, me derruba.** (ms10,104r: D.E.)
20522. **Us queren o sol na cibdá e outros queren a auga no nabal.** (ms10,104r: D.E.)

QUESO

20523. **Algo vale o queixo cando o dan a peso.** (ms10,103r: D.E.)
20524. **Cacho pan, cacho queixo, mau, mau.** (mc e ms16: Carballedo)
20525. **De san Martiño a abril mercar os queixos mil.** ⁶²³⁵ (mc: J.P. / ms16: Lugo)
(pt) *Em abril queijos mil, e em maio, 3 ou 4.* (Chaves) (ct) *Castanyes per Nadal, saben bé y es partixen mal.* (Alberola)
Porque con la abundancia y mejor calidad de los pastos, es mejor la leche. Son los quesos que se llaman *da nabiza*.
20526. **Do queixo non me queixo, que me queixo do que deixo.** (ms10,103r: D.E.)

⁶²³⁵ ms: *mercaros queixos mil*; ms4: *mercarás queixos mil*.

20527. **En san Pedro, tanto queixo com'on dedo.** (ms-LU: seminarista anónimo; algún lugar de Galicia (galego oriental))
20528. **En san Xoán, máis queixo que pan.** ⁶²³⁶ (mc e ms16: *O Gaiteiro de Lugo*, 1932 / ms-LU: Dous seminaristas anónimos; algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Taboada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
20529. **En san Xoán, tanto queixo coma pan.** ⁶²³⁷ (mc e ms16: C.A. / ms: E.C. / ms-LU: seminarista anónimo; algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Día de san Juan, tanto queixo como pan; día de san Pedro, tanto como un dedo.* (ms4: Pol-F.V.S)
20530. **En san Juan, máis queixo ca pan.** ⁶²³⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: Taboada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
20531. **No día de san Xoán máis queixo que pan.** (ms21,07r: Bermés)
20532. **No mes de abril fai queixos mil; no de maio, tres ou catro.** (ms16: *Diccionario Enciclopédico*)
20533. **No mes de abril, fai queixos mil, e no de maio fai tres ou catro.** (ms10,103r: D.E.)
20534. **O día de san Pedro tanto queixo como un dedo.** (ms16: Arcos, Pol)
20535. **O día de san Xoán, tanto queixo como pan. O día de san Pedro, tanto queixo com'on dedo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU)
20536. **O pan por lixeiro i-o queixo por pesado.** (ms16: Otero de Rey)
20537. **O queixo de outono cómeo seu dono.** ⁶²³⁹ (ms16: Lugo)
20538. **O queixo i-o barbeito, en abril ou maio sea feito.** (ms10,103r: D.E.)
20539. **O queixo millor é fresco, porque non está tan seco.** (ms10,103r: D.E.)
20540. **O queixo sano é o que dá o avaro.** (ms10,103r: D.E.)
20541. **O queixo, cego; e o pan, ollado.** (mc e ms16: Lugo / ms4: F.V.S.)
Var.: *Queixo cego e pan ollado.* (ms16: Donalbay-Begonte)

⁶²³⁶ ms-LU (Lugo): *Xoán*; ms-LU (Taboada), ms-LU (Lugo): e ms-LU (Pacios): *Juan*; ms-LU (Lugo) e ms-LU (Taboada): *c'a*.

⁶²³⁷ mc e ms-LU: *como pan*

⁶²³⁸ ms-LU (Lugo) e ms-LU (Pacios): *que pan*.

⁶²³⁹ ms: *d'outono*.

- (pt) *Pão com olhos, queijo sem olhos e vinho que salte aos olhos.* (Chaves) / *Pão que veja, vinho que salte, queijo que chore.* (Id.) (es) *El queso ciegucecito, y el pan con muchos ojitos.* (R. Marín) / *El queso sin ojos y el pan con ellos, comellos.* (Id.)
20542. **O queixo, sin ollos; o pan, con ollos; i-o viño, que salte ós ollos.** (mc e ms16: Bucíños)
Var.: *O queixo cego e o pan ollado.*
(pt) *Pão com olhos, queijo sem olhos e vinho que salte aos olhos.* (Chaves) / *Pão que veja, vinho que salte, queijo que chore.* (Id.) (es) *El queso, ciegucecito y el pan con muchos ojitos.* (R. Marín) / *El queso sin ojos, y el pan con ellos, comellos.* (Id.)
20543. **Os queixos millores da primaveira en outubro véndense á carreira.** (ms4: J.P.)
20544. **Queixo cerrado e pan esponxado.** (mc e ms16: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(es) *Queso, cerrado; y pan, esponjado.* (R. Marín)
Nueva variante de los citados en el anterior.
20545. **Queixo de ovella, leite de cabra e manteca de vaca.** ⁶²⁴⁰ (mc)
Var.: *Queixo de ovellas, leite de cabra e manteca de vaca.* (ms16: Lugo)
(pt) *Queijo de ovelha, manteiga de vaca, leite de cabra.* (Chaves) (es) *Queso, de ovejas; leche, de cabras; manteca, de vacas.* (R. Marín)
Preferibles entre los de su clase.
20546. **Queixo diario e unha libra ó ano.** (ms16: Silvarrey)
20547. **Queixo mol vaise ó fol; queixo duro vaise ó ventrullo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
20548. **Queixo mol, corre pró fol.** (ms16: Cotá)
20549. **Queixo pesado, pan liviano.** (mc e ms4: C.G. / ms4: N.V. 2ª serie / ms21,31v: Bermés)
Var.: *Queijo pesado, pan liviano.* (ms16: C.G. y *O Gaiteiro de Lugo*, 1931)
Coincide con los que quieren el primero sin ojos, y el segundo sin ellos.
20550. **Queixo, cego, pan que vexa, e viño que salte á cexa.** (mc e ms16: Bucíños)
(es) *Queso ciego y pan con ojos quitan a mi hijo los enojos.* (R. Marín)
Véase *O queixo sin ollos...*
20551. **Queixo, leite, soros e requesós terás en abundantes provisiós.** ⁶²⁴¹ (ms4: J.P.)

⁶²⁴⁰ mc: *Queixo de ovellas.*

⁶²⁴¹ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

20552. **Quen vende a fariña e o queixo na encella, ou viño en mosto, e o trigo en agosto, súa ganancia dá a outro.** (mc e ms16: J.P.)
(es) *Quien vende la lana en la oveja, y el queso en la encella, y el pan antes de agosto, y el vino en uva o mosto, él pierde y medra el otro.* ⁶²⁴² (R. Marín)
Encella es el molde en que se hacen los quesos, y no figura en nuestros diccionarios; lo suponemos importado, con el refrán, del castellano.
20553. **Tanto queixo coma pan nunca se debe dar.** (ms10,103r: D.E.)
20554. **Val máis un de nabo que catro de maio.** (mc e ms16: A.N. / ms e ms4: N.V. 2ª serie)
Se refiere al queso: vale más uno hecho en tiempo de los nabos, porque es mejor la leche. Son los llamados *queixos da nabiza*, cuyo alimento produce mejor leche.
20555. **Val máis un queixo de nabo que catro de maio.** ⁶²⁴³ (ms21,31v: Bermés)

QUILLA

20556. **A quilla é de quen a pasa.** (ms10,104r: D.E.)
20557. **Dáme quilla e dareiche millas.** (ms10,104r: D.E.)

QUINCETA

20558. **A muller quincela, home de treinta.** (ms10,104r: D.E.)
20559. **A muller quincela xa non ten aquela.** (ms10,104r: D.E.)

QUITAR

20560. **Onde se quita e non se pon, logo se valeira o bulsón.** (ms10,104r: D.E.)
20561. **Quita-la causa é quita-lo pecado.** ⁶²⁴⁴ (ms10,104r: D.E.)
20562. **Quitar das faldras e poñer nas mangas, esas son maturrangas.** (ms10,104r: D.E.)
20563. **Quitarllo a un santo pra darllo a outro santo, parece consello do diaño.** (ms10,104r: D.E.)
20564. **Quitáronme o espello por fea e díronllo á cega.** (ms10,104r: D.E.)

⁶²⁴² ms16: y *medra otro.*

⁶²⁴³ O orixinal di: *Val mais un queixo de nabo que 4 de mayo.*

⁶²⁴⁴ O orixinal di: *Quitata causa é quitato pecado.*

20565. **Quitémo-las sospeitas e deixarannos face-las festas.** ⁶²⁴⁵ (ms10,104r: D.E.)

RABO

20566. **Dálle ó rabo o can non por ti senón polo pan.** ⁶²⁴⁶ (ms10,105r: D.E.)
 20567. **O que ten rabo de palla, non se achegue ó lume.** ⁶²⁴⁷ (ms10,105r: D.E.)
 20568. **Polo rabo da culler vai o rato ó pote.** ⁶²⁴⁸ (ms10,105r: D.E.)
 20569. **Quen ten o rabo de palla, sempre pensa que llo queiman.** ⁶²⁴⁹ (ms10,105r: D.E.)

RABUSCO

20570. **Co rabusco non se medra.** (ms10,105r: D.E.)
 20571. **O rabusco non enriquece.** (ms10,105r: D.E.)

RAPAZ

20572. **Os rapaces son os millores homes.** (ms10,105r: D.E.)

RAPETA

20573. **¿Vas á rapeta? Andarás mollado, faraste a porreta e morrerás infrado.** (ms10,105r: D.E.)

RAPOSO. V. tamén *Caza*.

20574. **Á raposa dormida non lle cai nada na boca nin na barriga.** (ms10,105r: D.E.)
 20575. **Cada raposa garda o seu rabo.** (ms10,105r: D.E.)
 20576. **Cando a raposa anda ós grilos, non hai pra ela nin prós seus fillos.** (ms10,105r: D.E.)
 20577. **Non fai tanto o raposo nun ano como paga nunha hora.** (ms10,105r: D.E.)
 20578. **Quen trate con raposo, gracias se lambe algún óso.** (ms10,105r: D.E.)
 20579. **Raposa que moito tarda é que caza agarda.** (ms10,105r: D.E.)

⁶²⁴⁵ O orixinal di: *Quitémolas sospeitas, e deixaránnos facelas festas.*

⁶²⁴⁶ V. *Menea o rabo o can, non por ti sinón polo pan en Agrícolas (Animales).*

⁶²⁴⁷ V. *O que ten rabo de palla ten medo que se lle queime en Precaución.*

⁶²⁴⁸ V. *Polo rabo da culler vai o gato á ola en Agrícolas (Animales).*

⁶²⁴⁹ V. *O que ten o cu de estopas, sempre pensa que lle poñen lume en Escarmiento.*

20580. **Raposo preguiceiro chega tarde ó galiñeiro.** (ms10,105r: D.E.)

20581. **Raposo que moito dorme nunca boa galiña come.** (ms10,105r: D.E.)

RASCAR

20582. **O rañar quer comenzar.** ⁶²⁵⁰ (ms10,105r: D.E.)

RATONES

20583. **Cada rato ten o seu burato.** (ms10,105r: D.E.)
 20584. **Cada rato ten o seu niño e cada muller o seu abrigo.** (ms10,105r: D.E.)
 20585. **Mal lle vai ó rato que soilo ten un burato.** (ms10,105r: D.E.)
 20586. **O rato da casa, un día ou outro se caza.** (ms10,105r: D.E.)
 20587. **O rato non se fía de un soilo burato.** (ms10,105r: D.E.)
 20588. **O rato que non sabe mais dun burato, logo o pillá o gato.** (ms10,105r: D.E.)
 20589. **O rato que non sabe máis dun furado, cóllese axiña, se está tapado.** (ms10,105r: D.E.)
 20590. **O rato que soilo sabe dun burato, axiña o apaña o gato.** (ms10,105r: D.E.)
 20591. **O rato que soilo ten un burato, logo cai nas unllas do gato.** (ms10,105r: D.E.)
 20592. **O rato vello non cai na rateira.** (ms10,105r: D.E.)
 20593. **Rata vella non cai na ratoeira.** (ms10,105r: D.E.)
 20594. **Tarde se arrepiñe o rato cando xa está na boca do gato.** (ms10,105r: D.E.)

RAZÓN

20595. **A mala razón deixa a roupa sana i-esgaza o corazón.** (ms10,106r: D.E.)
 20596. **A razón do máis forte é sempre a millor razón.** (ms10,106r: D.E.)
 20597. **A razón moito pode.** (ms10,106r: D.E.)
 20598. **A razón non quer forza, porque a ten de sobra.** (ms10,106r: D.E.)
 20599. **A razón non ten máis que un camiño.** (ms10,106r: D.E.)
 20600. **A razón pateá e a razón porfía.** (ms10,106r: D.E.)

⁶²⁵⁰ V. *O comer i-o rascar vai no empezar en Principio.*

20601. **A razón ten moita forza.** (ms10,106r: D.E.)
 20602. **As boas razóns capturan os corazóns.**⁶²⁵¹ (ms10,106r: D.E.)
 20603. **Di a túa razón e non digas quen cha dou.** (ms10,106r: D.E.)
 20604. **Moitas cousas que parecen sin razón, ás veces boas son.** (ms10,106r: D.E.)
 20605. **O que debe non ten razón.** (ms10,106r: D.E.)
 20606. **Onde está a razón, alí está o galardón.** (ms10,106r: D.E.)
 20607. **Prá razón sobra o galardón.** (ms10,106r: D.E.)
 20608. **Razóns ganan corazóns.**⁶²⁵² (ms10,106r: D.E.)

REBUZNAR

20609. **Ben sabe o burro onde ornea cando quer el ornear.** (ms10,073r: D.E.)
 20610. **Se che dixeren dous que eres burro, ornea.** (ms10,073r: D.E.)

RECADOS

20611. **Non te fagas mandador onde non fores señor.** (ms10,037r: D.E.)
 20612. **Quen fai os mandados, que coma os bocados.** (ms10,037r: D.E.)

RECAÍDA

20613. **A recaída fai perder moitas veces a vida.** (ms10,106r: D.E.)
 20614. **Pior é a recaída que a caída.** (ms10,106r: D.E.)

RECETAR

20615. **Máis fácele é recetar que curar.** (ms10,106r: D.E.)
 20616. **O recetar non é o mesmo que curar.** (ms10,106r: D.E.)
 20617. **Unha cousa é recetar e outra ben outra é curar.** (ms10,106r: D.E.)

RECIPROCIDAD. V. tamén *Correspondencia*.

20618. **Home por home e dente por dente.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶²⁵¹ V. *Dádivas e boas razóns amolecen pedras e corazóns en Dádivas*.

⁶²⁵² V. *Bo exemplo e boas razóns ganan moitos corazóns en Ejemplo*.

20619. **Non te rías de ninguén, que se rin de ti tamén.** (ms5,135: Santa Comba)
 20620. **O que dá co pau, non espere que lle den ca pucha.** (ms)
 20621. **Pau por pau non é pecado.** (ms21,19r: Bermés)
 20622. **Quen se ríe do ben de outros, outros riñense dos seus males.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

RECIPROCIDAD DE OBRA

20623. **As cousas de Xan son como as fan.** (ms21,14r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
 20624. **As cousas do Xan son según as fan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 20625. **Eu son de Xan e fago como me fan.** (ms21,14r: Bermés)
 20626. **Eu son Xan e fago como me fan.** (ms16: Bermés)
 20627. **Hai que cuidar pra que nos cuiden.** (ms5,141: Lugo)
 20628. **Non negues o que ti pedías.** (ms15,16)
 20629. **Non pidas o que negaches nin negues o que che pidan.** (ms15,16)
 20630. **Que mal farás, que a ti non cho fagan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
 20631. **Quen ficer de min escarabello, non farei del espello.**⁶²⁵³ (mc e ms: A.S.A.)
 Var.: *Quen fixer de min escarabello, non farei del espello.* (ms16: J. del Prado? / ms21,10r: Bermés)
 20632. **Si queres ben, faimo ti tamén.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

RECIPROCIDAD DEFENSIVA

20633. **A demo, demo e medio.**⁶²⁵⁴ (ms16 e ms10,003v: D.E.)
 (es) *Al diablo, diablo y diablillo.* (R. Marín)
 20634. **A un louco, outro.**⁶²⁵⁵ (ms16 e ms10,033v: D.E.)
 (es) *A un loco, otro.* (Correas)

RECIPROCIDAD VENGATIVA

20635. **A quen cha fai, failla.**⁶²⁵⁶ (ms16 e ms10,048r: D.E.)

⁶²⁵³ Contén a indicación *Desdén* no ms.

⁶²⁵⁴ En ms10 s.v. *Demonio*.

⁶²⁵⁵ En ms10 s.v. *Locos*.

⁶²⁵⁶ En ms10 s.v. *Miscelánea*.

- (es) *A quien te la fay, faila.* (H. Núñez)
20636. **A un mal, outro igual.** (ms16: Lugo)
(es) *A un mal, otro igual.* (R. Marín)
20637. **Engana a quen te engane e dispois pase o que pase.** ⁶²⁵⁷ (ms16 e ms10,012r: D.E.)
Var.: *Engana a quen te engane.* (ms16: Lugo)
(es) *Justa razón engañar al engañador.* (H. Núñez)
20638. **O que te mexa, cágaos se podes.** ⁶²⁵⁸
(ms16 e ms10,040r: D.E.)
(es) *A quien te mea, cágalo.* (R. Marín)

RECLAMO

20639. **A cuba de bon viño non precisa de bandeira.** (mc: C.A.)
Var.: *A cuba do bo viño non necesita bandeira.* (ms16: Santiago)
(pt) *O bom vinho escusa pregao.* (Chaves) / *O bom vinho, não há mister ramo novo.* (Id.) / *O bom vinho trás a venda consigo.* (Id.) (es) *El buen vino de sí propio es padrino.* (R. Marín) / *El buen vino, el pregón lleva consigo.* (Id.) / *El buen vino no ha menester pregonero, mas el hecho.* (Correas) / *El buen vino, la venta trae consigo.* (Correas) (ct) *El bòn ví no necessita ram.* (Alberola)
Lo bueno se recomienda por sí sólo.

RECOMENDACIÓN, VALIMIENTO, FAVOR

20640. **Favores que me fixeche, favores me vas botando.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
20641. **O que ten capa, escapa, e-o que non-a ten, tamén.** (ms18,57r: *Vida Gallega*)
20642. **O que ten capa, escapa; e o que n'a ten, escapa tamén.** (mc: M.V.)
(pt) *Quem tem capa, sempre escapa e quem tem gabão, escapará ou não.* (Chaves) (es) *Quien tiene capa, escapa; quien chapirón, o escapa o non.* (Correas)
20643. **O que ten padriño, bautízase.** ⁶²⁵⁹ (mc: Bucíños-F.V.S.)
Var.: *O que non ten padriño, non se bautiza.* (pt) *Quem não tem padrinhos morre mouro.* (Chaves) / *Quem tem padrinho não morre mouro.* (Id.) / *Quem tem padrinho não morre na cadeia.* (Id.)

⁶²⁵⁷ En ms10 s.v. *Engaño.*

⁶²⁵⁸ En ms10 s.v. *Orinar.*

⁶²⁵⁹ V. *Familia. Parientes*, e *O que non ten padriño, non se bautiza* en *Protección*.

20644. **O que ten padriño, bautiza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
20645. **Os que levades a dianteira, quitádeme logo desta silveira.** ⁶²⁶⁰ (mc: Parga-F.V.S.)
20646. **Según é a xente, é o presente.** (mc: Bucíños)
20647. **Sin boa lanza, non te metas en danza.** (mc: Tuiriz)
(es) *Sin buena lanza, no te metas en danza.* (R. Marín)
20648. **Sirve ó cura pra que che preste a mula.** ⁶²⁶¹ (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20649. **Un e ningún, todo é un.** ⁶²⁶² (mc: Bucíños / ms10,134r: D.E.)
Var.: *Un e un, non queda ningún.* (Bucíños-F.V.S.)
(pt) *Um e nenhum, tudo é um.* (Chaves) (es) *Uno y ninguno todo es uno.* (Sbarbi). No hay hombre sin hombre. (Sbarbi)
20650. **Un favor a tempo, aunque sea pequeno, basta pra que o que o recibe perdona unha ofensa.** ⁶²⁶³ (mc: C.G.)
20651. **Unha boa capa todo tapa.** (mc: Bucíños / ms4: F.V.S.)
(es) *Una buena capa, todo lo tapa.* (R. Marín)
20652. **Unha capa moito tapa.** (mc)
(es) *Una buena capa, todo lo tapa.* (R. Marín)
20653. **Unha man axuda a outra i-as dúas lavan a cara.** ⁶²⁶⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
20654. **Unha man lava a outra e xuntas a cara.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20655. **Unha mau lava a outra e as dúas a cara.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)
20656. **Unha mau lava a outra i-as dúas lavan a cara.** ⁶²⁶⁵ (mc: Palas de Rey-F.V.S. / ms-SA: Jesús García Villaseñín: Niveiro, Val do Dubra, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Uma mão lava a outra e ambas o rosto.* (Chaves) (es) *Una mano a la otra lava, y*

⁶²⁶⁰ ms e ms4: *levais.*

⁶²⁶¹ ms-SA: *a o cura.*

⁶²⁶² En ms10 s.v. *Uno* coa indicación *Cantidad*.

⁶²⁶³ ms: *qu'o recibe.*

⁶²⁶⁴ O orixinal di: *U'na man axuda a outra y'as duas lavan a cara.*

⁶²⁶⁵ O orixinal di: *Unha mau lava a outra y-as duas lavan a cara.* / ms-SA: *man, e as;* ms-LU: *lav'a.*

las dos a la cara. (Correas) / Un dedo lava a otro y todos juntos el rostro. (Chaves) (ct) Una má llava l'atra y les dos la cara. (Alberola)
Demuestra la mutua dependencia de unos y otros; y el mutuo apoyo que necesitaría.

RECTIFICACIÓN

20657. **Comerás de porco e xa verás como mudas de acordo.** (ms16: D.E.)
20658. **No hai millor acordo que o trasacordo.** (ms16: D.E.)
20659. **Non hai acordo como o trasacordo.** (ms16: Lugo)
20660. **Non se ha de facer acordo sen pensar no trasacordo.** (ms16: D.E.)
20661. **Nunca hai acordo como o trasacordo.**⁶²⁶⁶ (mc: A.S.A.)
Var.: *Nunca foi o acordo millor que o trasacordo.* (ms16: D.E.)
20662. **O consello muda o vello.** (ms16: Lugo)

RECUA

20663. **Ande a récoa, que xa está cargada.** (ms10,106r: D.E.)

RECURSO

20664. **Dispois do derradeiro recurso, adoita vir o discurso.** (ms10,106r: D.E.)

REFLEXIÓN

20665. **Falar sin pensar é tirar sin apuntar.**⁶²⁶⁷ (mc: J.P. / ms16 e ms10,017r: D.E.)
(pt) *Falar sem cuidar, é atirar sem apontar.* (Chaves) (es) *Hablar sin pensar es tirar sin encarar.* (Correas)
20666. **Gárdate de falar sen antes pensar.**⁶²⁶⁸
(mc: A.C. *A Nosa Terra* / ms10,017v: D.E.)
Var.: *Gárdate falar sin antes pensar.* (ms16: D.E.)
(es) *No te alargues a hablar, sin que preceda el pensar.* (Sbarbi) / *Antes de hablar, pensar.* (R. Marín)

⁶²⁶⁶ V. *Se o galego tivera o acordo como o trasacordo, non había quen o mandara á merda en Pueblos y razas.* / ms4: *hai un acordo, trascordo.*

⁶²⁶⁷ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Cautela en el hablar*. En ms10 s.v. *Hablar*.

⁶²⁶⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Cautela en el hablar*. / mc: *sen antes*. En ms10 s.v. *Hablar*.

20667. **Quen todo o mirou nunca con bois arou.**⁶²⁶⁹ (ms16 e ms10,040v: D.E.)
(es) *Quien todo lo miró, con bueyes no aró.* (Z.)

REFRANES

20668. **Con soilo un refrán pode gobernarse unha cibdá.** (ms10,106r: D.E.)
20669. **Non hai refrán que non diga unha verdá, e se non di unha é porque di dúas.** (ms10,106r: D.E.)
20670. **Non hai refrán que non teña a súa verdá.** (ms10,106r: D.E.)
20671. **Non hai refrán vello que non sea verdadeiro.** (ms10,106r: D.E.)
20672. **O que se vexa desfavorecido, aconséllese cos refrás antigos.** (ms10,106r: D.E.)
20673. **Os refrás habían de estar escritos con letras de ouro.** (ms10,106r: D.E.)
20674. **Os refrás son curmáns da verdá.** (ms10,106r: D.E.)
20675. **Os refrás son curmáns do evanxeo.** (ms10,106r: D.E.)
20676. **Os refrás vellos son evanxeos pequenos.** (ms10,106r: D.E.)
20677. **Refrán dos pasados tempos é un pequeno evanxeo.** (ms10,106r: D.E.)
20678. **Refrás hai máis que pas, e ledanías hai máis que días.** (ms10,106r: D.E.)
20679. **Tódolos refrás teñen o don do ensino e o don da verdá.** (ms10,106r: D.E.)

REFUNFUÑAR

20680. **Anque moito rosmades, a min non me enganades.** (ms10,110r: D.E.)
20681. **Quen moito rosma, pouca razón ten.** (ms10,110r: D.E.)

REGALO

20682. **Non hai millor regalo que o non estar malo.** (ms10,107r: D.E.)
20683. **Os regalos, a moitos fixéronos malos.** (ms10,107r: D.E.)
20684. **Regáleme, miña comadre, que non teño quen me regale.** (ms10,107r: D.E.)
20685. **Regalo de viúda, algo busca.** (ms10,107r: D.E.)

⁶²⁶⁹ En ms10 s.v. *Mirar*.

20686. **Tanto regalo traime regalada: tódolos meses camisa lavada.** (ms10,107r: D.E.)

REGAR

20687. **Se non fora por medo de mollar as botas, eu iría coas mozas regar as hortas.** (ms10,107r: D.E.)

REGATEO. V. tamén Comercio.

20688. **Antes de axustar, regatear.** (ms16: Lugo)
(es) *Antes de ajustar, regatear.* (R. Marín)
20689. **Hastra axustar, regatear.** (ms10,049r: Trives)
Var.: *Hastra axustar podes regatear, mais despois de axustar debes pagar.* (ms16: D.E.)
20690. **Mulleres, pra regatear, trainas da beira do mar.** (ms5,023: Félix Rodríguez Vieites)

REGRESO

20691. **Ir e non vir, como os poldros á feira.** (ms16: D.E.)
Var.: *Ida sin volta, como os poldros á feira.* (ms16: D.E.)
(es) *Reo a la horca y potros a feria, ida sin vuelta.* (R. Marín)
20692. **Mal escapa quen á casa volve.** (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
Var.: *Mal fixue quen á casa volve.* (ms16: Verín)
20693. **Quen vai e volve bo viaxe fai.** (ms16 e ms10,031v: D.E.)
(es) *Quien va y vuelve, buen viaje hace.* (Correas)

RELIGIOSOS Y MORALES. V. tamén Abade, Demo, Demonio, Devoción, Diablo, Diaño, Dios, Fe, Fiestas y romerías, Iglesia, Misa, Oficios, Oraciones, Pecado, Predicar, Procesión, Responso, Rezar, Riqueza y dinero, Romería, Romero, Rosario, Sacristán, San Andrés, San Antonio, San Juan, San Lucas, San Martín, San Vicente, Santero, Santiago, Santo, Sermón, Supersticioso.

20694. **A caridade ben entendida comenza por un mesmo.** (ms18,17r)
20695. **A caridade ben ordenada comenza por un mesmo.** (mc: Dicc. Ac.)
(pt) *A caridade bem entendida, começa por nós.* (Chaves) (es) *La caridad bien ordenada, empieza por uno mismo.* (Sbarbi)
20696. **A cera xunto ó santo do devoto enxúgao pronto.** (mc: M.L.)
20697. **A cruz no peito e o demo nos feitos.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

20698. **A gracia de Dios chega pra ti e pra nós.** (mc: Buciños)

20699. **A máis larga vida máis larga pena.** (mc: Buciños)

(es) *Vida larga, vida amarga.* (R. Marín) / *Vida luenga, mucha cuenta.* (Id.)

20700. **A Maricamontón Dios llo dá, Dios llo quita e Dios llo pon.** (ms10,037v: D.E.)

20701. **A oración da burra nunca chega ó ceu.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

20702. **Á porta do bo rezador bota o triguíño ó calor.** ⁶²⁷⁰ (mc: José Ríos González, Santiago)
Hay también el contrario, que habla del rezador a secas.

20703. **Á porta do rezador non poñas o trigo ó sol.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

20704. **A quen se muda, Dio-lo axuda.** ⁶²⁷¹ (mc: C.A.)
Var.: *A quen non se muda, Dios non lle axuda.* (ms5,137: A.N.)

(pt) *A quem se muda, Deus ajuda.* (Chaves)
(es) *A quien se muda, Dios le ayuda.* (R. Marín) (ct) *A qui de vida muda, Deu li ajuda.* (Alberola)

20705. **A quen Dios lla dea, san Pedro que lla bendiga.** (mc: C.A.)

Var.: *A quen Dios lla dea, vállao san Pedro.* (C.A.) / *A quen Dios lla dé, san Pedro lla conserve.* (Meilán) / *A quen Dios lla dere, véllao san Pedro.*

(pt) *A quem Deus deu, S. Pedro que o benza.* (Chaves) (es) *A quien Dios se la dé, S. Pedro se la bendiga. / A quien Dios se la diere, San Pedro se la bendiga.* (Correas)

20706. **A risa demasiada, señal de cabeza vana.** (mc)

(es) *Risa liviana, cabeza vana.* (R. Marín)

20707. **Á sombra dos bos viven os malos sin freno.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)

20708. **A toque de oración, levanta, peón.** (mc: Otero de Rey)

Era el momento de dejar el trabajo, cuando se trabaja de sol a sol.

20709. **A verdá é filla de Dios.** (mc: Buciños)

(pt) *A verdade é filha de Deus.* (Chaves)
(es) *La verdad es hija de Dios y la mentira del diablo.* (Correas)

⁶²⁷⁰ V. variantes en *Precuación*.

⁶²⁷¹ O orixinal di: *A quen se muda, Diol-o axuda.*

20710. **A xente que non vai á misa, escápalle de prisa.** (ms-SA: Antonio Iglesias Duro: Carcacia, Padrón, C)
20711. **Acompaña-te dos bos e serás un diles.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20712. **Aínda Dios non é vello.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20713. **Alégrate de facer ben e non de facer o mal.** (ms: Santiago)
20714. **Anda cos bos e serás un deles.** ⁶²⁷² (mc: Santiago)
Equivalente a: *Dime con quien andas...*
20715. **Aquí paz e despois gloria.** (mc: Sarria)
(es) *Aquí paz, y después gloria.* (R. Marín)
20716. **Arrechégate aos bos e serás un deles.** (mc: C.A.)
(pt) *Chega-te aos bons, serás um deles, chega-te aos maus, serás pior do que eles.* (Chaves) (es) *Allégate a los buenos y serás uno de ellos.* (Sbarbi)
20717. **As almas discretas son como as violetas.** ⁶²⁷³ (mc: Velle)
20718. **Ás veces dá Dios pan a quen non ten dentes pra comelo.** (mc: Buciños)
(pt) *Dá Deus noses a quem não tem dentes.* (Chaves) (es) *Da Dios pan a quien no tiene dientes.* (R. Marín) / *Dios da nueces a quien no tiene dientes.* (Id.) (ct) *Deu dona faves a qui no té quixals.* (Alberola)
20719. **Ás virxes, salves; ós santos, credos, i-os cartos, quedos.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
20720. **Asegún é a vida, é a morte e, según é a morte, a eterna sorte.** (ms10,050r: Saa de Junquera)
20721. **Así qu'un morre é un difunto.** (mc: Buciños)
20722. **Así que o crego dice a misa, axúdalle á ama a tecer a camisa.** ⁶²⁷⁴ (ms4: F.V.S. / ms18,64v: Mondoñedo)
Dar a todo.
20723. **Ben fas, ben atoparás.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20724. **Ben predica o que ben vive.** ⁶²⁷⁵ (mc: Buciños / ms15,13 / ms10,098r: D.E.)
(pt) *Bem prega quem bem vive.* (Chaves)
(es) *Bien predica quien bien vive.* (Sbarbi)
- Ensalza la influencia del ejemplo.
20725. **Cada santón mantén a seu ladrón.** (ms: Silvarrei)
20726. **Cada santón manterá o seu lambón.** (ms8,17r: Silvarrei)
20727. **Cada un paga por si.** (mc: Buciños)
20728. **Cada un vai á misa donde ten devoción.** (mc: Lugo)
20729. **Cada un xuzga dos mais por si.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(es) *Cada uno juzga por su corazón el ajeno.* (R. Marín)
20730. **Cala i-ora, cala i-ora; se non queres calar chora.** ⁶²⁷⁶ (mc: A.N.)
20731. **Caldo e sacramentos, pra quen-os queira.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20732. **Caldos e sacramentos, cando se pidan.** (ms5,057: Abadín)
20733. **Caldo, papas e sacramentos, pra quen os queira.** (ms21,15v: Bermés)
20734. **Cando contes con unión, todo será bendición.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
20735. **Cando o huesped vén, Dios mantén: si o huesped é bon e si non é bon, cal veña cal non.** (mc: Biville)
20736. **Cando pedimos, somos meiguíños; desque alcanzamos, xa variamos.** (mc: A.N.)
(es) *Cuando pedimos, dueña decimos; cuando tenemos, como queremos.* (Correas)
20737. **Cando pra diante non vas, pensa, non volvas pra tras.** (mc / ms4: F.V.S.)
20738. **Canto maior subida, máis grande caída.** ⁶²⁷⁷ (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra* / ms18,68v: *Diario de Avisos* de R. Caruncho (1888))
(pt) *Quanto mais alto se sobe, maior queda se dá.* (Chaves) / *De alto cai quem alto sobe.* (Id.) / *Quem mais alto subir, de mais alto vai cair.* (Id.) / *Quanto mais alta a berlinda, maior é o trambulhão.* (Id.) (es) *Después de una gran subida una gran caída.* (Chaves) / *Cuanto mayor es la subida, tanto mayor es la descendida.* (R. Marín)
20739. **Canto máis alta é a torre, máis dan os raios nela.** (ms15,25: Sobrecedo)

⁶²⁷² Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁶²⁷³ mc: *son como violetas.*

⁶²⁷⁴ ms18,64v: *dí a misa.* No orixinal aparecía dentro do tema *Miscelánea.*

⁶²⁷⁵ ms15,13: *padrica.* / En ms10 s.v. *Predicar.*

⁶²⁷⁶ O orixinal di: *Cala y-ora cala y-ora; se non queres calar chora.*

⁶²⁷⁷ ms4: *Canta.*

20740. **Canto máis alto é o pino, máis lle dá o vento.** (mc: Buciños-F.V.S.)
20741. **Canto máis alto, máis dá o aire; e, se cas, máis te mancas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
20742. **Canto máis te agachas, máis se che ven as pernas.** (mc: Parga-F.V.S.)
(es) *Quien mucho se baja, enseña el culo.* (Sbarbi)
Recomienda la humildad sin bajeza.
20743. **Canto máis un se dobra, máis se lle ven as cachas.** ⁶²⁷⁸ (mc e ms)
20744. **Canto reza, por si o ofrezas.** (mc: Pidre)
(es) *Bien reza, pero mal ofrece.* (Sbarbi)
20745. **Cara abaixo todos demos axudan.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20746. **Cara abaixo todos os santos axudan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradelá, LU)
20747. **Caridade sin vanidade.** ⁶²⁷⁹ (mc)
(es) *Caridad y amor sin tambor.* (R. Marín)
/ Caridad con trompeta no me peta. (Id.) */ Caridad con trompeta no vale una castañeta.* (Id.) */ Caridad y amor no quieren tambor: en silencio viven mejor.* (Id.)
20748. **Carne de comedianta, ruín e cara.** (mc: C.A.)
(es) *Carne de tablas mala y cara.* (R. Marín)
20749. **Como midas hante medir.** ⁶²⁸⁰ (mc: C.A.)
A Nosa Terra / ms10,038r: D.E.)
(pt) *Como me medires assim te medirei.* (Chaves)
20750. **Como te midiren, mide.** (mc: C.A.)
(pt) *Como me medires assim te medirei.* (Chaves) (es) *Con la medida que midieremos seremos medidos.* (Sbarbi)
20751. **Como trates ti, así te tratarán.** (mc: Santiago)
20752. **Como un vive, así morre.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
20753. **Contra o ceo non cuspas, que na cara ten de che caer.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Cuspo para o céu, cai-me no rostro.* (Chaves) */ Cuspo para o ar na cara cai.* (Id.) */ Não cuspas para o ar que te pode cair o cuspo na cara.* (Id.) (es) *No escupáis al cielo; que os caerá en la cara.* (R. Marín)
- Lo recoge también la siguiente canción popular: *Non hai que cuspir ó ceo / que che caerá na cara; / o que ha de decir mal de outro / consigo n'ha de ter nada.*
20754. **Costa abaixo tódolos santos axudan.** ⁶²⁸¹ (mc: A.N. / ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU / ms21,03r: Bermés)
(es) *Cuesta abajo, ayudan todos los santos.* (R. Marín)
20755. **Cousa mala nunca morre.** (mc: C.A.)
Var.: *Cousa ruín non perece.* (Id.)
(pt) *Erva má não a cresta a geada.* (Chaves) (es) *Cosa mala nunca muere.* (Correas)
20756. **Cousa cumprida solo na outra vida.** ⁶²⁸² (mc: Tuiriz)
(es) *Cosa cumplida solo en la otra vida.* (Sbarbi) (ct) *Còsa cumplida... en l'atra vida.* (Alberola)
20757. **Crego ao principio de cocedoiro, mal agoiro.** ⁶²⁸³ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
Una de tantas supersticiones populares.
20758. **Cristo ganado, Cristo papado e Cristo non chega a medio ducado.** ⁶²⁸⁴ (ms4: F.V.S.)
20759. **Cristo ganado, Cristo pelado.** ⁶²⁸⁵ (ms: A.S.A.)
Var.: *Cristo ganado, cristo papado.* (A.S.A.)
20760. **Cristos pallicos e anacos de pan parteunos Pedro e comeunos Xan.** ⁶²⁸⁶ (mc / ms4: F.V.S.)
20761. **Da agua mansa libreme Dios, que da agua brava xa me libro eu.** (ms-SA: Manuel Otero González: Divino Salvador de Coiro, Cangas, PO)
20762. **Da auga mansa librenos Dios, que da brava librámonos nós.** (mc: A.I.)
(pt) *Da água mansa me livre Deus, que da brava me livrarei eu.* (Chaves) (es) *Del agua mansa me libre Dios, que de la recia o brava, me guardaré yo.* (Sbarbi) (ct) *Deu mos lliure d'aigua que no córraga y de gat que no maule.* (Alberola)
20763. **Dá virtú, a caridá; e do vicio, a maldá.** (mc: Buciños)

⁶²⁷⁸ ms: *doblega*

⁶²⁷⁹ ms e ms3: *Caridá sin vanidá.*

⁶²⁸⁰ En ms10 s.v. *Medida.*

⁶²⁸¹ ms-LU: *todos os*; ms21,03r: *Cost'a-baixo.*

⁶²⁸² mc: *tua.*

⁶²⁸³ ms: *do cocedoiro.* Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶²⁸⁴ Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶²⁸⁵ Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶²⁸⁶ ms4: *partemos, cómemos.* Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

20764. **Dá Dios fabas a quen non ten queixadas.** (mc / ms4: F.V.S.)
 Var.: *Dá Dio-las nocas a quen non ten dentes.* (mc: M.V. / ms21,27r: Bermés) / *Dá Dios pan a quen non ten moas.* (C.A.) / *Dá Dios pan a quen non-o sabe comer.* (Pidre) / *Dá Dios barbas a quen non ten queixadas.* (ms4: F.V.S.)
 (pt) *Da Deus noses a quem não tem dentes.* (Chaves) (es) *Da Dios habas a quien no tiene quijadas.* (Correas) / *Da Dios almendras a quien no tiene dientes.* (Id.) / *Da Dios almendras a quien no tiene muelas.* (Sbarbi) (ct) *Deu dona faves a qui no té quixals.* (Alberola)
 Análogo a *As veces da Dios pan...* De ellos son variantes los que siguen.
20765. **Dá Dios o pan e apédrano as maus.** (mc: Buciños)
 Var.: *Dá Dios i-apédrano as maus.* (J.P. / ms4: F.V.S.)
 (pt) *Deus dá o pão mas não amassa a farinha.* (Chaves)
20766. **Dá Dios que sonar a quen non ten pano.** (mc: C.A.)
 (es) *Da Dios mocos a quien no tiene narices.* (R. Marín) / *Da Dios mocos al que no tiene lenzuelo.* (Id.) / *Da Dios narices a quien no tiene pañuelo.* (Id.) / *Da Dios pañuelo a quien no tiene narices.* (Id.)
20767. **Dálle Dios o pano a quen non ten narices.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 Var.: *Dálle Dios o pano a quen non ten mocos.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo).
20768. **Dálle Dios pan a quen non ten dentes.** (ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
20769. **Dálle Dios pan a quen non ten saco.** (mc)
20770. **De facer mal non se saca nada.** (mc: Buciños)
20771. **De fóra virá quen bo me fará.** (ms10,23r: D.E.)
20772. **De gran creto dispón quen cumpre súa obrigación.** ⁶²⁸⁷ (ms4: J.P.)
20773. **De todo hai na viña do Señor.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
 (es) *De todo tiene la viña del Señor: uvas, pámpanos y agraz.* (Sbarbi) / *De todo tiene la viña del Señor.* (Id.) (ct) *De tot hi ha en la vinya del Senyor.* (Alberola)
20774. **Deixa a carne un mes i-ela deixarache tres.** (mc / ms4: F.V.S.)
 (es) *Deja a Venus por un mes, y ella te dejará por tres.* (Castillo) / *Deja el vicio por un mes, y él te dejará por tres.* (R. Marín)
 Alude a la carne, uno de los tres enemigos del alma.
20775. **Desnudo nacín, desnudo estou: nin perdín nin gano.** ⁶²⁸⁸ (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
20776. **Despois de comer os cregos non faltan culleres.** ⁶²⁸⁹ (mc: A.S.A.)
20777. **Di con quen andas, eu che direi qué é.** (ms-SA: López Baleato)
20778. **Dichoso mes que empeza con letanías maiores e termina con elas menores.** ⁶²⁹⁰
 (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20779. **Dime con quen andas e eu che direi quen eres.** (ms-SA: Manuel Tojo Reboredo)
 Var.: *Dime con quen andas e che direi qué eres.* (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val do Dubra, C) / *Dime con quen andas e te direi quen eres.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20780. **Dime con quen andas, eu che direi qué es.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20781. **Dime con quen paseas e direiche quen eres.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)
20782. **Dime con quen vas e direiche a onde irás.** (ms10,031r: D.E.)
20783. **Dio-las cría i-o demo as axunta.** ⁶²⁹¹
 (ms8,24r: La Cañiza)
20784. **Dio-los cría e eles se aparelan.** ⁶²⁹²
 (mc: Lugo / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
 Var.: *Dio-los cría e eles se xuntan.* (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)

⁶²⁸⁷ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁶²⁸⁸ O orixinal di: *Desnudo nacín, desnudo esto, nin perdín nin gano.*

⁶²⁸⁹ mc: *dispois*; ms4: *Despois que comen.* Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶²⁹⁰ O orixinal di: *Dichoso mes que empeza con letanías mayores e termina con elas menores.*

⁶²⁹¹ O orixinal di: *Diol-as cría i-o demo as axunta.*

⁶²⁹² O orixinal di: *Diol-os cría e eles se aparelan.*

- (pt) *Deus os fez, Deus os juntou.* (Chaves)
(es) *Dios los cria y ellos se juntan.* (R. Marín) (ct) *Deu els cria y ells s'ajuntan.* (Alberola)
20785. **Dios dá o pan pero a quen non ten moas.** ⁶²⁹³ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20786. **Dios dea sorte, que o que temos seguro é a morte.** (ms15,15)
20787. **Dios me libre de un forno vello arder.** ⁶²⁹⁴ (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20788. **Dios nos amañeza con sete buratos na cabeza.** (mc: Eiré, Monforte / ms11,33: Eiré.)
Dios nos conserve los sentidos, que el original refrán representa en los siete agujeros que tiene la cabeza: ojos, narices, orejas y boca.
20789. **Diste mundo levarás boas obras, se as fas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
20790. **Dixo u san Beato Ávila que o Cristo tratar ben hai, que é fillo de moi bo pai.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
20791. **Do alleo, nin un pelo.** (mc)
20792. **Do bispo e do mulo, canto máis lexos, máis seguro.** ⁶²⁹⁵ (ms15,45r: Chantada)
20793. **Dó demo o crego que non fai bo do labrego.** ⁶²⁹⁶ (mc: Santiago)
20794. **Do nabo sale a nabiza, da nabiza sale o grelo, son tres personas distintas i-un solo Dios verdadeiro.** ⁶²⁹⁷ (mc: Biville)
20795. **Do sol e do superior, canto máis lonxe millor.** (mc: Santiago)
20796. **Dódeme o santo que non mantén ó seu ermitaño.** (ms: O. de Rey)
20797. **Donde as dan, as toman.** ⁶²⁹⁸ (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms10,001v: D.E.)
20798. **Donde hai moita alegría hai pouco seso.** ⁶²⁹⁹ (mc)
(pt) *Muito riso, pouco siso.* (Id.) (es) *Donde hay mucha alegría, hay poco seso.*
- (Castillo) / *Donde hay mucha risa, hay poco juicio.* (R. Marín)
20799. **Du que nun reza nin vai á misa, u diablo fai ben a risa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
20800. **En oír misa e dar cebada non se perde xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
20801. **En oír misa e dar cebada nunca se atrasa xornada.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Por oír misa y dar cebada, no se pierde la jornada.* (Sb)
20802. **Está a vella a morrere e está a aprender.** ⁶³⁰⁰ (mc: Santiago)
Var.: *Vai o vello morrendo e mais deprendendo.*
(es) *Viejo se es y mas viejo y cada día aprendiendo.* (R. Marín) / *Salomón muriendo, de un niño aprendiendo.* (Id.)
20803. **Facer ben, alcanzar mal.** (mc: Santiago)
20804. **Fágante como ti fagas, non tes de que estrañarte.** ⁶³⁰¹ (mc e ms4: C.A. A Nosa Terra)
20805. **Fágase o ben e fágao Xan ou Miguel.** ⁶³⁰² (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés)
20806. **Fai ben a quen che fai mal.** ⁶³⁰³ (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Olveira, Ribeira, C)
20807. **Fai ben e non cates a quen.** (mc: Pidre-F.V.S.)
Var.: *Fai ben e non mires a quen.* (M.V.)
(pt) *Faze bem, não cates a quem.* (Chaves)
(es) *Haz bien y no cates a quién; haz mal y guárdate.* (Correas)
20808. **Fai ben e non mires a quen; fai mal e gárdate.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20809. **Fai ben sin mirar a quen; ben fas, ben atoparás.** (mc)
(pt) *Faze bem, não cates a quem.* (Chaves)
(es) *Haz bien y no cates a quién; haz mal y guárdate.* (Correas)
20810. **Fai ben sin mirar a quen.** (ms5,027: Ribadeo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Viveiro, LU)
20811. **Fai ben; nese instante a Dios serás semellante.** ⁶³⁰⁴ (mc: Velle)

⁶²⁹³ O orixinal di: *Dios do pan pero á quen non ten moas.*

⁶²⁹⁴ ms-LU: *dun forno.*

⁶²⁹⁵ Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶²⁹⁶ mc: *bon.* Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶²⁹⁷ O orixinal di: *Do nabo sale a nabiza da nabiza sale o grelo, son tes personas distintas y-un solo Dios verdadeiro.*

⁶²⁹⁸ ms10: *Onde as dan.* / En ms10 s.v. *Dar.*

⁶²⁹⁹ ms: *hay.*

⁶³⁰⁰ V. *Vai o vello morrendo e mais deprendendo en Edades (Ancianidad).*

⁶³⁰¹ mc: *extrañarte.*

⁶³⁰² ms21,20v: *Fágas'o ben e fago Xan.*

⁶³⁰³ O orixinal di: *Fai ven ó quen che fai mal.*

⁶³⁰⁴ ms e ms4: *eres semellante.*

- (pt) *Faze bem, não temerás ninguém.* (Chaves) / *Fazer bem nunca se perde.* (Id.)
20812. **Fai caso ós curas e xa verás como duras.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)
20813. **Fai o qu'eu che mando e non o qu'eu fago.** (ms-LU: Luís Alonso Alonso)
20814. **Fai o qu'eu digo e non fagas o qu'eu fago.** ⁶³⁰⁵ (mc: J.P.)
(pt) *Fazei o bem que digo e não o mal que faço.* (Chaves) (es) *Haz lo que bien digo, y no lo que mal hago.* (Correas) / *Haz lo que yo bien te dijere, y no lo que mal hiciere.* (R. Marín) / *Haz lo que digo y no hagas lo que hago.* (ct) *Fes lo qu'et diga y no faces lo que fas.* (Alberola)
20815. **Fai o qu'o crego dixere e non faga-lo qu'el fixere.** ⁶³⁰⁶ (ms21,23v: Bermés / ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)
20816. **Fai o que che digo e non faga-lo qu'eu fago.** ⁶³⁰⁷ (ms21,23v: Bermés)
20817. **Fai o que che eu digo e non fagas o que eu fago.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)
20818. **Fai o que che mando e non fagas o que eu fago.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
20819. **Fai o que che mando, ho, non fagas o que eu fago.** (ms-SA: José A. Otero Outes: Santiago de Compostela, C)
20820. **Fai o que dixera e non o qu'el fixera.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
20821. **Fai o que eu che mando e non fagas o que eu fago.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20822. **Fai o que o crego dixere e non o que fixere.** (ms18,28r)
20823. **Fai o que o cura dixere e non o que el fixere.** ⁶³⁰⁸ (mc: Ribas de Miño-S.Victorio-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
20824. **Fai o que poidas e non o que queiras.** (mc: L.G. / ms8,40v: O. de Rey / ms15,01: E. Carré Aldao, *Lit.Gall.*, 2ª edición, 1911)
20825. **Fai o que che mando e non fagas o que eu fago.** ⁶³⁰⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
20826. **Fertuna che dé Dios, que o saber pouco che abunda.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Fortuna te dé Dios, hijo, que el saber poco te basta.* (Sbarbi)
20827. **Fiate na Virxen e non corras.** (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
(pt) *Fia-te na Virgem e não corras e verás o tombo que levas.* (Chaves) / *Fia-te na Virgem, não olhes para o chão e tens certo o trambulhão* (Id.) (es) *Fiate en la Virgen y no corras.* (Sbarbi)
20828. **Frade que pide pan, toma carne se lla dan.** ⁶³¹⁰ (ms: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(es) *Fraile que pide pan, carne toma si se la dan.* (Correas)
20829. **Frai Modesto nunca foi prior.** ⁶³¹¹ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
20830. **Funche vello e rao e nunca dixeran misa en vao.** (ms21,16v: Bermés)
20831. **Gana o tesouro verdadeiro e deixa o perecedeiro.** (mc: Tuiriz, Monforte)
20832. **Gracias a Dios i-ás nosas labores nosas barrigas parecen tambores.** ⁶³¹² (mc: A.I.)
20833. **Gracias a Dios i-ás nosas labores as nosas barrigas parecen tambores.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20834. **Hai cruces i-hai cruceiros.** (mc: Bucínos)
20835. **Hai que levar as duras coas maduras.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20836. **Hainos que merecen paus.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20837. **Honra e proveito non caben nun feito.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
20838. **Honra e proveito non caben nun xeito.** (ms: M.V. / ms21,24v: Bermés)
(pt) *Honra e proveito não cabem em saco estreito.* (Chaves) / *Honra e proveito não*

⁶³⁰⁵ mc: *o que digo, o que fago.* Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *o que eu digo* e *o que eu fago*. A diferenza pode deberse a un erro de transcripción de Vázquez Saco.

⁶³⁰⁶ Fai o qu'o crego dixere e non fagal'o qu'el fixere. / ms-SA: *o que o crejo, fagas o que.*

⁶³⁰⁷ O orixinal di: *Fai o que che digo e non fagal'o qu'eu fago, ou fai o qu'o crego dixere e non fagal'o qu'el fixere.*

⁶³⁰⁸ ms-LU (Lugo): *que'l*; ms-LU (Bucínos): *quil*.

⁶³⁰⁹ O orixinal di *Fai ou que che mando e non fagas o que eu fago.*

⁶³¹⁰ Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal

⁶³¹¹ Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶³¹² mc: *nostras baarrigas*.

- fazem geito.* (Id.) (es) *Honra y provecho no viven bajo un mismo techo.* (R. Marín) (va) *Honra y profit, no caben en un pit.* (Alberola) / *Honra y profit, no caben dins d'un sac.* (Id.)
20839. **Hoxe na vida, mañán na morte, benia o corpo que pola alma traballa.** (ms10,030v: D.E.)
20840. **Hoxe por min e mañán por ti, todo che ha de quedar aquí.** (ms10,030v: D.E.)
20841. **Hoxe por min, mañán por ti.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
20842. **Hoxe por ti, mañá por min.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *Hoje por min, amanhã por ti.* (Chaves)
(es) *Hoy por mí, cras por ti; y hoy por mí, mañana por ti.* (Correas) / *Hoy por ti, mañana por mí.* (Sbarbi) (ct) *Huí per mí, demá por tú; no s'escapará ningú.* (Alberola)
20843. **Hoxe somos, mañán non.** (ms10,030v: D.E.)
20844. **Hoxe voume, mañán voume, e non sei cándon nin pra dónde.** (ms10,030v: D.E.)
20845. **Inda Dios non é vello.** (mc: G.P.)
20846. **Kirie eleisón, cartos ó queixón.** (ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C / ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de Cordeiro, Valga, PO)
20847. **Kirie eleisón, kirie'leisón, cartos ó meu queixón.** (ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C)
20848. **Lus e crus, diante.** (mc: M.V.)
20849. **Mal a filliña que pola ruada deixa a misiña.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
20850. **Mal a quen dorme na misa, porque nunca Dios lle avisa.** (mc: Santiago)
20851. **Mala filliña que pola moda deixa a misiña.** (mc: Santiago)
20852. **Mentras o home pode, deixarlle a corda solta e, se non podemos, kyrie eleisón i-oremos.** ⁶³¹³ (ms15,17)
20853. **Moitos son os chamados e poucos os escollidos.** (ms10,013v: D.E.)
20854. **Morreu Cristo, acabouse a Pasión.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Dúas Igrexas, Forcarei, PO)
20855. **Neste mundo pasaremos; e no outro, si ben ou mal o fixemos, xa o veremos.** (ms10,042r: Silvarrey)
20856. **Nin oír dúas misas nin perder unha.** (mc / ms4: F.V.S.)
20857. **Nin oír dúas nin deixalas todas.** (ms8,32v: O. de Rey)
Se refiere a la misa.
20858. **Nin Dios fixo o que non quixo nin home cousa sin lixo.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
20859. **Ninguén pinta o que Dios dita.** (mc: Santiago)
20860. **Ninguén ten máis creto có que Dios lle quere dar.** (mc: Santiago)
20861. **Ningún faga a risa de min que non caia donde eu caín.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
20862. **Ningún faga risa de min que non caiga ond'eu caín.** (mc / ms4: F.V.S.)
20863. **Niste mundo cansado non hai ben cumprido nin ben acabado.** ⁶³¹⁴ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(es) *En este mundo fementido, nin mal acabado, nin bien cumplido.* (R. Marín)
20864. **Non dura unha misa máis do que quer o crego.** (ms18,35r)
20865. **Non faga-lo que fago, fai o que che mando.** ⁶³¹⁵ (ms4: F.V.S.)
20866. **Non fagas o qu'eu fago, fai [o] que che mandan.** ⁶³¹⁶ (mc: A.S.A.)
20867. **Non hai gloria sin cruz.** ⁶³¹⁷ (mc: Antas)
(pt) *Não há glória sem inveja.* (Chaves)
20868. **Non hai nadia sin cruz.** (mc: Bucínos)
(es) *No hay quien no tenga su cruz.* ⁶³¹⁸ (Sbarbi)
20869. **Non lle des a outros o que non queiras pra ti.** (mc: Santiago)
20870. **Non lles des a outros u que non queres para ti.** (ms-SA: Pascual Campos Arestio: Cando, Outes, C)
20871. **Non queiras para ti o que non queiras para outro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
20872. **Non te alabes nin te deixes de alabar polo moito que poidas alcanzar.** (mc: Santiago)
20873. **Non te deites sin algo rezar nin te levantes sin te santiguar.** (mc: Santiago)

⁶³¹³ O orixinal di: *Mentras o home pode, deixarlle a corda solta e se non podemos kyrie eleisón y'oremos.*

⁶³¹⁴ O orixinal di: *N'iste mundo cansado non hay ben cumprido nin ben acabado.* / ms4: *N'este.*

⁶³¹⁵ O orixinal di: *Non fagal'o que fago, fai o que che mando.*

⁶³¹⁶ mc: *fago*; ms4: *o que che mandan.*

⁶³¹⁷ O orixinal di: *Non hay gloria sin cruz.*

⁶³¹⁸ ms: *quien tenga.*

20874. **Non te deites sin rezar nin te levantes sin santiguar.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)
20875. **Nunca mal se faga.** (mc)
20876. **Ó burro de Cristo nunca lle faltou cebada.** (mc: Buciños)
20877. **Ó caer a folla descóbrense os niños.**⁶³¹⁹ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20878. **O cortizo de malas abellas pensa as súas polas alleas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20879. **O cortizo das malas abellas mide as súas polas alleas.** (mc: Buciños)
20880. **O cortizo de malas abellas pens'as súas polas alleas.**⁶³²⁰ (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
20881. **O credo non quita a salve.** (mc: Palas de Rey)
20882. **O crego: cen onzas d'ouro no bolsillo, cen botós na petrina e cen légoas lonxe da familia.**⁶³²¹ (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
20883. **O cura no "Kirie eleisión" sempre pide cartos para o caixón.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20884. **O lume no pallar mui malo é de apagar.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
20885. **O malo, pra mal facer, achaques non ha menester.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(es) *El malo para mal hacer, achaques no ha de menester.* (Sbarbi)
Al mal intencionado nunca le faltan pretextos para dañar.
20886. **O manchado por naide debe ser culpado.** (mc: Tuiriz)
20887. **O moito soprar alcende o lume.** (mc / ms4: F.V.S.)
20888. **O muro e a cal encúbrenche moito mal.** (mc: Santiago)
20889. **O pau teno o crego na mau.** (ms-SA: José M. Domínguez Martínez: Sardiñeiro, Fisterra, C)
20890. **O pecado vai na penitencia.**⁶³²² (mc: Buciños)
20891. **O que a ferro mata, a ferro morre.**⁶³²³ (mc: *Dicc. Ac.* / ms10,019v: D.E.)
(pt) *Quem con ferro mata, com ferro morre.* (Chaves) (es) *Los que matan a hierro de esa misma muerte acabarán.* (Sbarbi) / *Quien a hierro mata a hierro muere.* (Id.)
20892. **O que a ferros mata, a ferros morre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20893. **O que a solas fas na casa, podan ver na plaza.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)
20894. **O que a solas fas na casa, poidan todos ver na plaza.**⁶³²⁴ (mc: M.V. / ms21,23r: Bermés)
(es) *Lo que a solas hagas, puedan todos ver en la plaza.* (R. Marín)
20895. **O que a solas fas na casa, todos poidan ver na plaza.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
20896. **O que alto cuspe, á cara se lle volve.** (ms21,12v: Bermés)
20897. **O que anda entre espiñas, sempre se pica.** (mc)
20898. **O que anda entre espiñas, tarde o temprano se espiña.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20899. **O que ao alto cospe, á cara lle vén dar.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
20900. **O que as fai o sábado, págaas o domingo.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
20901. **O que avisa non é malo.** (mc: Santiago)
20902. **O que ben practica a virtú, non lle faltará salú.** (ms4: J.P.)
20903. **O que comín, falta me fixo; o que dei, atopeino; e do que quedou, nada vin.** (ms15,45r: Nogales)
Dicho de una mujer muy cristiana y caritativa, en el que cantaba un himno a la caridad y a la limosna.
20904. **O que con ferro mata, con ferro morre.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
20905. **O que cuspe moi alto, caille na cara.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
20906. **O que cuspe ó aire, na cara lle cai.** (mc: Corme)

⁶³¹⁹ ms-LU: *descúbrense.*

⁶³²⁰ O orixinal di: *O cortizo de malas abellas pens'as suas pol'as alleas.*

⁶³²¹ O orixinal di *O crego, cen onzas d'ouro n'o bolsillo, cen botós n'a petrina e cen legoas lonxe d'a familia.*

⁶³²² V. *Co pecado vai a penitencia* en *Pecado.*

⁶³²³ En ms10 s.v. *Hierro.*

⁶³²⁴ ms21,23r: *qu'a solas.*

20907. **O que che cubre che descubre.** (mc: Santiago)
20908. **O que dá o que ten, non está obrigado a máis.** (mc)
20909. **O que da Sangre de Cristo non bebe, non pode ter o seu corazón alegre.** (mc: Francos)
20910. **O que de santo s'esbala, hasta qu'é demo non para.** (mc: Santiago)
20911. **O que de santo resbala, o demo o para.** (mc: Santiago)
20912. **O que de santo resbala, en demo para.** ⁶³²⁵ (ms-SA: Jesús Santiso Barreiro)
20913. **O que deixa o seu polo alleo, méteche pedras no seo.** (mc: Buciños)
20914. **O que é de boa fe, vai morrer a un hospital.** (mc: Buciños)
20915. **O que en Dios nunca pensou, ese non ten corazón.** (ms-SA: Carballo)
20916. **O que en Dios nunca pensou, é que non ten corazón.** (mc: Santiago)
20917. **O que está ás duras, ten que estar ás maduras.** (mc: Paradelá)
Var.: *O que está ás verdes, ten que estar ás maduras.* (F.V.S.)
(es) *Quien está a las duras, que esté a las maduras.* (R. Marín)
20918. **O que está contento, non fai mal.** (mc / ms4: F.V.S.)
20919. **O que fai ben, merece mal.** (mc / ms4: F.V.S.)
Lo lleva en recompensa.
20920. **O que fai mal, mal espere.** (ms5,133: Mondoñedo)
20921. **O que fai mal, pra si o fai.** (mc)
(pt) *Quem mal faz por mal espere.* (Chaves)
/ *Quem faz mal espere outro tal.* (Id.) (es) *Quien mal hace, para si hace.* (R. Marín)
(ct) *Qui mal fa, mal trobará.* (Alberola)
20922. **O que fai o que non debe, atopa o que non quere.** (mc / ms4: F.V.S.)
(es) *Quien hace lo que no debe, le sucede lo que no cree.* (R. Marín)
20923. **O que fai unha, fai máis.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
20924. **O que fai unha, fai outra.** ⁶³²⁶ (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
20925. **O que fai unha, fai un cento se lle dan vergas e tempo.** ⁶³²⁷ (mc: Corme)
(es) *El que hace un cesto hace un ciento.* (Sbarbi) / *El que hace un cesto hace un ciento si le dan mimbres y tiempo.* (Id.)
El que hace una maldad, ya tiene el camino abierto para cometer otra.
20926. **O que fai unha, fainas todas.** (mc: Santiago)
20927. **O que foi e volveu, nada perdeu.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20928. **O que has de volver, non-o deixes pró morrer.** (mc: Buciños)
20929. **O que lle desea a morte ó seu veciño, vénlle a súa polo camiño.** ⁶³²⁸ (mc: Santiago)
Var.: *O que lle pide a morte ó veciño, vénlle a súa polo camiño.* (Santiago)
20930. **O que lle desea mal ó veciño, a súa lle vén polo camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)
20931. **O que mal cuspe, en si o ve.** (mc: M.L.P.)
(pt) *Quem mal cospe em si cospe.* (Chaves)
(es) *Quien mal escupe, dos veces se limpia.* (R. Marín)
20932. **O que mal roga, pra si aboga.** (mc: Tuiriz)
20933. **O que mal vive, mal ha de morrer.** (mc: Santiago)
20934. **O que moitas fai, nunha cai.** (ms-SA: M. González Fernández)
20935. **O que moito reza e peta no peito, moito mal fai ou ten feito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20936. **O que moito se zanguea, paus leva.** (mc / ms4: F.V.S.)
20937. **O que n'as fai, n'as pensa.** (mc: Corme)
20938. **O que na morte non pensa, na vida ben pouco aprende.** (mc: Santiago)
20939. **O que nesta vida fai mofa, na outra foza.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
20940. **O que neste mundo fai mofa, no outro fosa.** (ms-SA: Jesús María Antelo Fraga: Rial, Val do Dubra, C)
20941. **O que neste mundo fai mofa, no outro foza.** (mc: M.V. / ms21,24r: Bermés)
20942. **O que neste mundo fai risa, no outro quéimanlle a camisa.** ⁶³²⁹ (mc: Terra de

⁶³²⁵ O orixinal di: *O que de santo revala en demo para.*

⁶³²⁶ *O que fai um a fai outra.*

⁶³²⁷ V. *O que fai un cesto, fai un cento, se lle dan corres e tempo en Propensión.*

⁶³²⁸ V. variantes en *Vicios.*

⁶³²⁹ ms-LU: *fai a risa, quéimanll'a.*

- Melide* / ms: V.R. y A.R. / ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
20943. **O que neste mundo fai risa, no outro toca a chifra.** ⁶³³⁰ (mc: M.V. / ms21,22v: Bermés)
20944. **O que neste mundo mofa, no outro foza.** (ms18,66r)
20945. **O que neste mundo se mofa, no outro foza.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballo, LU)
20946. **O que non fai mal, fai moito ben.** (mc: Buciños)
Ensalza lo que de bueno tiene la bondad negativa.
20947. **O que non queiras pa ti, non llo queiras pó outro.** (ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Oliveira, Ribeira, C)
20948. **O que non se queira ensuciar, que non vaia ao bulleiro pasear.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20949. **O que non se queira manchar, que non vaia ó bulleiro pasear.** ⁶³³¹ (mc: Tuiriz)
20950. **O que non sepa as partes que ten a misa, a ninguén lle meta cobisa.** (mc: Santiago)
Var.: *Quen non sepa as partes que ten a misa, a ninguén lle meta cobisa.* (ms-SA: Pedro Pontes García)
20951. **O que non ten cabeza, págallas o corpo.** (mc: Buciños-F.V.S.)
(es) *El que no tiene cabeza que tenga pies.*
20952. **O que non ten punto, non ten honra.** (mc: Buciños)
20953. **O que noutra vida queira gozar, neste ten moitas que pasar.** (mc: Tuiriz)
20954. **O que o rezo non fai, ó inferno vai.** (ms: Santiago)
20955. **O que queira honra, que a gane.** ⁶³³²
(ms6,03v, ms10,048r: D.E.)
Dispersos.
20956. **O que respeta ó amo, respeta ó criado.** ⁶³³³ (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
20957. **O que s'abriga debaixo da folla, tres veces se molla.** (ms21,19r: Bermés)
20958. **O que se abriga debaixo da folla, dúas veces se molla.** (ms-SA: José Porto Buceta: Portas, PO)
20959. **O que se acolle debaixo da folla, dúas veces se molla.** ⁶³³⁴ (mc: A.S.A. / ms16: D.E. / ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
(pt) *Quem se acolhe (ou abriga) debaixo de folha, duas vezes se molha.* (Chaves) (es) *Quien se acoja debajo de la hoja dos veces se moja.* (Sbarbi) / *Quien se pone debajo de la hoja, dos veces se moja.* (Z.)
Denota la imprudencia de los que por conseguir alguna cosa, desatienden otras o las pierden.
20960. **O que se arrecolle debaixo da folla, dúas veces se molla.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
20961. **O que se muda, Dios o axuda.** ⁶³³⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms10,008v: D.E.)
20962. **O que se pon á goteira, recibe dobre molleira.** (ms5,027: Sta Mª Mayor de Mondoñedo)
20963. **O que se pon debaixo da folla, dúas veces se molla.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
20964. **O que se ríe do veciño, vénlle o mal polo camiño.** ⁶³³⁶ (mc: Santiago)
20965. **O que ten croa, vai a Roma.** (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
20966. **O que ten vista d'aumento, sempre ten que ter medo.** (mc: Santiago)
20967. **O que torto nace, tarde ou nunca se endereita.** ⁶³³⁷ (mc: A.S.A. / ms10,131r: D.E.)
(pt) *Quem torto nasce, tarde ou nunca se endereita.* (Chaves) (es) *Quien tuerto nace, tuerto se yace.* (R. Marín) / *Quien nació malo, será bueno cuando la rana tenga pelo.* (Id.)
20968. **O que tropeza e non cae, adelanta camiño.** (ms8,65v: Lajosa)
20969. **O que tropeza e non cai, máis adiante un paso vai.** ⁶³³⁸ (mc: M.V. / ms10,134r: D.E.)
(es) *Quien tropieza y no cae, adelanta camino.* (R. Marín)
20970. **O que u rezo non fai, pró inferno vai.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
20971. **O que unha fai, outra espera.** (mc: Buciños)

⁶³³⁰ ms: *toca ou chifra*; ms21,22v: *n'outro*.

⁶³³¹ O orixinal di: *O que non se queira manchar, que non vaya o bulleiro pasear*.

⁶³³² En ms10 s.v. *Miscelánea*.

⁶³³³ ms-SA: *a o amo, a o criado*.

⁶³³⁴ ms-LU: *baixo*.

⁶³³⁵ ms10: *Diol-o axuda*. En ms10 s.v. *Dios*.

⁶³³⁶ V. variantes en *Vicios*.

⁶³³⁷ En ms10 s.v. *Tuerto*.

⁶³³⁸ En ms10 s.v. *Tropezar*.

20972. **O que vai cos da feira e volve cos do mercado, non merece bon pago.** ⁶³³⁹ (mc / ms4; F.V.S.)
20973. **O rosario na man i-o demo no corpo.** ⁶³⁴⁰ (mc e ms5,138: A.S.A.)
Var.: *O demo no corpo i-o rosario na mau.* (ms5,138: Nogales)
(pt) *Rosário ao pescoço, diabo no corpo.* (Chaves) (es) *El rosario al cuello y el diablo en el cuerpo.* (R. Marín) (ct) *El rosari al còll y el diable en lo còs.* (Alberola)
Contra el vicio de la hipocresía.
20974. **O rosario non priva a misa.** (mc: M.V.)
Como *O credo non quita a salve.*
20975. **O rosario pequeno é bo de rezar.** (mc: J.P.)
20976. **O santo que non mantén o santioiro non é bon santo.** (ms-LU: Jesús Redondo C.: algún lugar do sur da provincia de Lugo)
20977. **O santo que non mira por si, fóra de aquí.** (ms8,48v: Breija, Pontevedra)
20978. **O vivir ben é unha sorte: asegún é a vida, é a morte.** (ms5,027: Illán, Begonte)
20979. **Obra ben e ponte na mala.** (mc: Bucíños-F.V.S.)
20980. **Oír, ver e chitón, que máis non soupo Salomón.** ⁶³⁴¹ (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20981. **Onde as dan, lévanas.** ⁶³⁴² (mc: Santiago / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20982. **Os bés, aunque con salú, valen pouco sin virtú.** (ms4: J.P.)
20983. **Os bos queimanos.** (mc: Incio-F.V.S.)
20984. **Os cachos mítanlle as olas.** ⁶³⁴³ (mc: Santiago)
20985. **Os que cocen ós domingos, peneiranll'os bacuriños.** (mc: Santiago)
20986. **Os que o rezo non fan, ó inferno van.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
20987. **Os santos non se fan á forza.** (mc: Carballedo-F.V.S.)
20988. **Ós santos, padrenuestros; ás vírgenes, salves; ós Cristos, credos; i-os cartos, quedos.** (mc: Bucíños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
(es) *A los santos, salves y credos; pero los cuartos, quedos.* (Sbarbi)
20989. **Para ir á misa fai falta ter camisa.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
20990. **Pódese decir o conto da vella pero non quen ela era.** (mc)
20991. **Polas túas arrabeas mide as alleas.** (mc: Camba)
20992. **Por ben facer, mal haber.** (mc: M.V. / ms21,20v: Bermés)
(pt) *Por bem fazer mal haver.* (Chaves) (es) *Por bien hacer, mal haber; mas no de deje de hacer.* (Correas)
20993. **Por oír misa e comer cebada, nunca se perdió xornada.** ⁶³⁴⁴ (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cereo, Coristanco, C (5º curso))
20994. **Por oír misa e dar cebada non se perde a xornada.** (ms21,10v: Bermés)
20995. **Por oír misa e dar cebada non se perdeu xornada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
20996. **Por oír misa e dar cebada nunca se perdeu xornada.** (mc: Aguada, Carballedo)
(pt) *Para ouvir missa e dar cevada, nunca se estorve jornada.* (Chaves) / *Missa nem cevada, não estorva jornada.* (Id.) (es) *Por oír misa y dar cebada, nunca se perdió jornada.* (Correas) / *Por herrar y dar cebada, nunca se perdió jornada.* (Id.)
20997. **Por oír misa e dar cebada nunca se perdiu de ganar xornada.** (mc: Santiago)
20998. **Pós de Cristo sempre houbo cebada.** (ms21,10v: Bermés)
20999. **¿Pr'onde fuche, cristiano, pr'onde fuche, pr'onde andache que ás tres misas de Nadal non chegache?** (mc: M.V.)
21000. **Pra abaixo tódolos santos axudan.** (mc: M.V.)
(pt) *Para baixo todos os santos ajudam.* (Chaves)
21001. **Prá misa e prá feira non esperes pola compañeira.** ⁶³⁴⁵ (mc: Bucíños-F.V.S.)
21002. **Pra ser respetado hai que respetar.** ⁶³⁴⁶ (mc)

⁶³³⁹ V. *Vai cos da feira e vén cos do mercado en Contratos.*

⁶³⁴⁰ ms: *deño no corpo* / Indica Falsedad en ms5,138.

⁶³⁴¹ ms-SA: *chaton, supo.*

⁶³⁴² ms-SA: *as levan.*

⁶³⁴³ V. *Os cachos imitan as olas en Familia. Parientes.*

⁶³⁴⁴ Por oír misa, e comer cebada, nunca se perdió xornada.

⁶³⁴⁵ V. *Prá misa e pró muiño non esperes polo veciño en Diligencia.*

⁶³⁴⁶ O orixinal di: *Pra ser respetado, hay que respetar.*

21003. **Pró ben facer, mal haber.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))
21004. **Pró que non debe, Dios ou o diablo lle dá arte.** (ms8,38v: Silvarrey)
21005. **Quen a bo árbol se arrima, boa sombra lle cobija.** ⁶³⁴⁷ (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)
21006. **Quen a ferro mata a ferro morre.** (ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, Vimianzo, C)
21007. **Quen á misa non queira ir, pouco che ha de subir.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
21008. **Quen a pau mata, a pau morre.** (ms-SA: Rafael García Ramos: Cabo de Cruz, Boiro, C)
21009. **Quen ben fai, mal pago terá.** (mc / ms4: F.V.S.)
21010. **Quen colle as maduras que colla as duras.** (mc: Santiago)
21011. **Quen con ferro mata con ferro morre.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
21012. **Quen erra e se enmenda, en Dios terá facenda.** (mc: J.P.)
21013. **Quen mal nos queira, no ceu nos vexa.** (mc: Buciños)
21014. **Quen mal vive mal acaba.** (mc: Santiago)
21015. **Quen moito reza, d'algo se teme.** ⁶³⁴⁸ (mc: A.S.A. / ms10,108r: D.E.)
21016. **Quen moito vai á igrexa, algunha ten feita.** ⁶³⁴⁹ (mc: M.L. / ms10,030v: D.E.)
Ambos son injustos y no merecen más largo comentario.
21017. **Quen non queira aprender e non sepa confesarse, no inferno ha d'amolarse.** ⁶³⁵⁰ (ms-SA: Pedro Pontes García)
21018. **Quen ó trono non teme, a Dios ofende.** (mc: Golada)
21019. **Quen queira ser un santo, rece con moito llanto.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
21020. **Quen se salva, sabe; quen non se salva, non sabe nada.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
21021. **Quen tempo ten e por tempo espera, tempo é o que o demo lle leva.** ⁶³⁵¹ (mc: A.N.)
- (pt) *Quem tempo tem e por tempo espera, tempo é que o demo lhe leva.* (Chaves) / *Quem tem tempo e tempo perde, lá vem tempo em que se arrepende.* (Id.) (es) *Quien tiempo tuvo y tiempo perdió, bestia es de albardón.* (R. Marín) / *Quien tiempo tuvo y tiempo perdió, con una albarda castiguele Dios.* (Id.) / *Quien tiempo tiene y otro espera, tiempo vendrá que se arrepienta.* (Id.) (ct) *Qui té temps y el temps aguarda, que li pòsen un'albarda.* (Alberola)
21022. **Quen ten gana de festa por lucir, nunca alma llega a subir.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
21023. **Quen desconoce o ben feito, en nada será de proveito.** (mc: Buciños)
21024. **Quen sembra inxurias, recolle culpas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *Quen sembra infortunios, recolle culpas.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21025. **Quen sembra odios, recollerá venganzas.** (mc: Buciños)
21026. **Quen sembra ventos, recolle tempestades.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21027. **Sabemos da morte, mais non de qué sorte.** (mc: M.L.)
(es) *La muerte es tan cierta, como la vida incierta.* (Sbarbi)
21028. **Santa María, ora pro nobes, cantan os cregos e enchen os foles.** (ms: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
21029. **Santa María, si máis soupera, máis decía.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21030. **Santo que non fai milagros, cura que non ten agros.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
21031. **Santos, ó ceo.** (mc: M.V.)
21032. **Santo, santo, santo, i-o demo no corpo.** (mc: Mellid-F.V.S.)
Nueva matracá contra los hipócritas.
21033. **Se a misa che é pesada, cando a digas será apurada.** (ms-SA: Pedro Pontes García)
21034. **Se agora non eres bo, ¿como serás aló?** (ms-SA: Pedro Pontes García)
21035. **Se coces os días santos, sacarás ósos du forno.** (mc: Santiago)
21036. **Se fas mal, espera outro tal.** (mc)
Var.: *Se fas mal, farante outro tal.* (R. Caruncho)
(pt) *Quem faz mal espere outro tal.* (Chaves) / *Ninguém faça mal que espere de*

⁶³⁴⁷ O orixinal di: *Quen a bo arbor xe arrima, boa sombre lle cobija.*

⁶³⁴⁸ En ms10 s.v. *Rezar.*

⁶³⁴⁹ En ms10 s.v. *Iglesia.*

⁶³⁵⁰ O orixinal di: *Quen non quira aprender e non sepa confesarse, no inferno ha da molarse.*

⁶³⁵¹ ms4: *tempo e que o demo.*

- lhe vir bem.* (Id.) (es) *El que hace mal espere otro tal.* (Sbarbi)
21037. **Se queres que todos che queiran ben, non fagas mal a ninguén.** (mc: Santiago)
21038. **Se perdonas a ofensa, terás recompensa.** (mc: Bucíños)
21039. **Según é a túa vida, será a túa morte.** (ms8,60r: Silvarrey)
21040. **Según é o santo, así son as cortinas.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Según es el santo, es la cortina.* (R. Marín) / *Según el altar, así es el frontal.* (Id.)
21041. **Séntate no teu lugar; non te farán levantar.** (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
(pt) *Senta-te no teu lugar, não te farão levantar.* (Chaves) (es) *Siéntate en tu lugar, no te harán levantar.* (Correas)
21042. **Señor cura, a misa lixeira, que meu pai vai á eira.** (ms4: J.P.)
21043. **Si chegas a ser un santo, cubrirante cun bon manto.** (mc: Santiago)
21044. **Si fas algún ben que grande non fora, fainos máis grandes que o ben nunca sobra.** (mc: Tuiriz)
21045. **Si fas algún ben que grande non fore, fainos maiores que o ben nunca morre.** ⁶³⁵² (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21046. **Si o árbol non sale dereito, non trates de endereitalo.** (mc: Tuiriz)
21047. **Si queres chegar á misa, corre pouco e anda axiña.** (mc / ms4: F.V.S. / ms18,66v: Pol)
Aplicación del Visteme despacio que estoy de prisa
21048. **Sin defeuto non hai ninguén.** ⁶³⁵³ (mc: Bucíños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
(es) *Sin defecto, solo Dios del Cielo.* (R. Marín)
21049. **Tal vida, tal morte.** (mc: Camba / ms17,002)
(es) *Tal vida llevas, tal din esperes. / Tal vida, tal muerte.* (R. Marín)
Es el conocido, *qualis vita finis ita.*
21050. **Ti que me levas e eu que me axudo, vámo-los dous ó cabo do mundo.** ⁶³⁵⁴ (mc: A.I.)
- Var.: *Ti que me lavas, eu que me axudo.* (ms4: L.G.) / *Ti que te vas e eu que che axudo, vámonos indo ó cabo de mundo.* (ms16) / *Ti que me levas, eu que axudo.* (ms-SA: M. González Fernández)
21051. **Tin, tan, os que se foron non volverán.** (ms10,130r: D.E.)
21052. **Tin, tan, tin tan, nunca máis volven os que se van.** (ms10,130r: D.E.)
21053. **Toca a campana e non pola que morre.** ⁶³⁵⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
Toca para que los vivos se acuerden del difunto.
21054. **Toca a oración, levanta, peón.** (mc)
21055. **Todo mundo ten algo que rascar.** (mc: Bucíños)
21056. **Todos somos honrados mentras non deixamos de selo.** (mc: Bucíños) ⁶³⁵⁶ (mc)
21057. **Tras da cruz está o demo.** ⁶³⁵⁶ (mc)
(pt) *Por detrás da cruz está o diabo.* (Chaves)
Como Detrás da cruz...
21058. **Tras de min virá quen de min bon fará.** (mc / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
Var.: *Tras de min virá quen bon me fará.* (mc: Tuiriz / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(pt) *Atrás de min virá quem bom me fará.* (Chaves) / *Mau virá que bom te fará.* (Id.)
(es) *Detrás vendrá quien bueno me hará.* (R. Marín)
21059. **Tu que me levas i-eu que me axudo, vámonos indo ó cabo do mundo.** ⁶³⁵⁷
(ms18,02v: Biville)
21060. **Un cura pra estar ben, tres ces: cen leguas, cen botós e cen doblós.** (ms: Bucíños)
21061. **Un mata e outro esfolo.** (mc: M.V.)
21062. **Un pincha i-outro esfolo.** ⁶³⁵⁸ (mc)
21063. **Unha mancha de amora con outra verde se quita.** (mc)
(pt) *Uma amora tinge, outra destinge.* (Chaves) (es) *La mancha de la mora con otra verde se quita.* (Sbarbi) / *Lo que tiñe la mora, otra verde lo descolora.* (Id.)

⁶³⁵² O orixinal di: *Si fas algun ben que crande non fore, fainos mayores que o ben nunca morre.*

⁶³⁵³ O orixinal di: *Sin defeuto non hay ninguén.* / ms4 e ms-LU: *defecto.*

⁶³⁵⁴ O orixinal di: *Ti que me levas e eu que me axudo, vamo-los dous o cabo do mundo.*

⁶³⁵⁵ ms4: *polo que morre.*

⁶³⁵⁶ V. *Detrás da cruz está o demo* en *Diablo.*

⁶³⁵⁷ O orixinal di: *Tu que me levas y-eu que me axudo, vámonos indo ó cabo d'o mundo.*

⁶³⁵⁸ O orixinal di: *Un pincha y-outro esfolo.*

21064. **Unha ovella sarnosa infesta todo o rebaño.** (mc: Buciños)
(pt) *Uma ovelha tnhosa faz todo o rebanho tnhoso.* (Chaves) (es) *Una res mala a todo el rebaño daña.* (R. Marín) / *Una oveja mala el rebaño entero daña.* (Id.) (ct) *Ovella ronyosa, embruta el ramat.* (Alberola)
21065. **Vai o pan no forno i-a gracia de Dios polo mundo todo: Dios o suba nos agros e o baixe nos mercados.** ⁶³⁵⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
21066. **Vai o vello a morrer, vai a aprender.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C)
21067. **Val máis acó pasar que aló penar.** (mc: M.L.)
21068. **Val máis andar solo que mal acompañado.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
21069. **Val máis aquí un día que aló un ano.** (mc: Puebla de San Julián / ms4: F.V.S.)
Lo oímos a propósito de la incertidumbre de la otra vida. (mc) / Se refiere a la vida de aquí en comparación con la de ultratumba (aló) (ms4).
21070. **Val máis ser solo que mal acompañado.** (ms-SA: Manuel Mallo Mallo: Erboedo, A Laracha, C)
21071. **Vale máis ben de cerca ca mal de lexos.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
21072. **Vale máis ser vasallos no ceo que reyes no inferno.** ⁶³⁶⁰ (mc: Tuiriz, Monforte)
21073. **Vale máis solo que mal acompañado.** (ms-SA: Amador Darriba Míguez (13-11-1951))
21074. **Vale máis solo que mal acompañado.** ⁶³⁶¹ (mc e ms: M.V. / ms21,25v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental) / Area Alonso, J.M.)
(pt) *Mais vale só que mal acompanhado.* (Chaves) / *Mais vale andar só que mal acompanhado.* (Chaves) (es) *Más vale solo que mal acompañado.* (Correas) (ct) *Més val anar a sòles, que mal acompanyat.* (Alberola)
21075. **Véxote vir e non podo fuxir.** (mc)
21076. **Viño e sacramentos, pra quen os queira.** (mc: Buciños)
Var.: *Santos a forza...*
Han de recibirse desde luego, con absoluta voluntad, para que sean fructuosos.
21077. **Vísperas e completas, coas maus nas calcetas.** ⁶³⁶² (mc: M.V.)
(es) *Visperas y completas, mientras me pongo las calcetas.* (R. Marín)
21078. **Vivir ben costa barato.** (mc: Tuiriz)
21079. **Volvendo bens por aghravios negocian os homes sabios.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
21080. **Xente honrada non anda tirada.** (ms8,58v: O. de Rey)
21081. **Xente honrada non é reparada.** (mc: M.L.)
21082. **Xúntate ós bos e serás un deles; xúntate ós malos e faceraste coma eles.** (ms-SA: Guillermo Eirís Cabeza: Sofán, Carballo, C)
21083. **Zoquiños á rodilla do cregho, sotana pisan.** ⁶³⁶³ (ms: Santiago)
21084. **¡Cuidado coas bestas, que non se confesan nin van á misa!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

RELOJ

21085. **O reló de mediodía nunca dá menos de doce.** (ms10,108r: D.E.)

REMEDIO

21086. **Coa mala persoa, o millor remedio é terra no medio.** (ms10,108r: D.E.)
21087. **O que está feito, non ten remedio, e o que está por facer, quer consello.** (ms10,108r: D.E.)
21088. **O que non ten remedio, bótalle neto e medio.** (ms10,108r: D.E.)
21089. **O remedio pra non emprobecer é mercar o forzoso e non o que é mester.** (ms10,108r: D.E.)
21090. **Pra todo hai remedio pero non prá morte.** (ms10,108r: D.E.)
21091. **Sempre Dios pon o remedio onde a morte a enfermédá.** (ms10,108r: D.E.)
21092. **Todo ten remedio menos a morte.** (ms10,108r: D.E.)

⁶³⁵⁹ O orixinal di: *Vai o pan no forno y-a gracia de Dios pol-o mundo todo; Dios o suba nos agros e o baixe nos mercados.*

⁶³⁶⁰ ms: *vasallo, rei.*

⁶³⁶¹ ms-LU e J.M. Area Alonso: *Val.*

⁶³⁶² Dentro do tema *Miscelánea* no orixinal.

⁶³⁶³ O orixinal di: *Zoquiños a rodilla do crejo, sotana pisan.*

REMIENDO

21093. **A que non sabe remendar non serve pra se casar.** (ms10,108r: D.E.)
21094. **Remenda o teu pano e durarache máis un ano; vólveo a remendar, e outro che volverá a durar.** ⁶³⁶⁴ (ms10,108r: D.E.)
21095. **Remenda o teu pano e pasarás o teu ano.** (ms10,108r: D.E.)

RENTA

21096. **Ares, non ares, a renda me pagues.** (ms10,108r: D.E.)
21097. **Non hai renda máis certa que deixar de gastar o que se pode aforrar.** (ms10,108r: D.E.)
Var.: Non hai renda máis certa que deixar de gastar o que se pode escusar. (ms10,108r: D.E.)

REÑIR

21098. **Cando un non quer, dous non rifan.** ⁶³⁶⁵ (ms10,109r: D.E.)

REPRENDER

21099. **Reprende as vidas alleas co teu exemplo e non co teu entendemento.** (ms10,108r: D.E.)

RESERVA ORAL

21100. **Di a túa razón e non digas o autor.** ⁶³⁶⁶ (ms10,106r: D.E.)
21101. **Máis verdades se han de saber que decir.** ⁶³⁶⁷ (ms10,112r: D.E.)
21102. **O que sabe unha man, que non-o seipa a outra.** ⁶³⁶⁸ (ms10,113r: D.E.)
21103. **O que saiba a man dereita, que non-o saiba a esquerda.** ⁶³⁶⁹ (ms10,113r: D.E.)
21104. **¿Quen sabe o que hai dentro da arca que está pechada?** ⁶³⁷⁰ (ms10,113r: D.E.)

⁶³⁶⁴ V. variantes en *Ahorro*.

⁶³⁶⁵ V. *Cando un non quere, dous non pelexan* en *Guerra y paz*.

⁶³⁶⁶ En ms10 s.v. *Razón* coa indicación *Reserva oral*.

⁶³⁶⁷ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

⁶³⁶⁸ O orixinal di: *O que sabe unha man, que nono seipa a outra*. / En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

⁶³⁶⁹ O orixinal di: *O que saiba a man dereita que nono saiba a esquerda*. / En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

⁶³⁷⁰ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Reserva oral*.

RESPONSO. V. tamén *Religiosos y morales*.

21105. **Inda na sepultura, por vella que sea, si lle din un responso, ben se ela recrea.** (ms10,108r: D.E.)
21106. **Tanto vale o responso cantado como o rezado.** (ms10,108r: D.E.)

REY

21107. **A novo rei nova lei.** (ms10,107r: D.E.)
21108. **A onde vai o rei, alí vai a corte.** (ms10,107r: D.E.)
21109. **Antes bo rei que boa lei.** (ms10,107r: D.E.)
21110. **Cal é o rei tal a lei.** (ms10,107r: D.E.)
21111. **Cedo acordou o rei que rabeou.** (ms10,107r: D.E.)
21112. **De cando en cando, ó rei gústalle o rancho.** (ms10,107r: D.E.)
21113. **Diante do rei todos calan, pero detrás del todos falan.** (ms10,107r: D.E.)
21114. **Enriba do rei está a lei.** (ms10,107r: D.E.)
21115. **O rei cando roga, manda.** (ms10,107r: D.E.)
21116. **O rei e o río non teñas por moi veciño, pois se se anoxa, todo o deixa barrido.** (ms10,107r: D.E.)
21117. **O rei non está obrigado á lei.** (ms10,107r: D.E.)
21118. **O rei non-o ofendas nin te metas nas súas rendas.** ⁶³⁷¹ (ms10,107r: D.E.)
21119. **O rei nunca se equivoca.** (ms10,107r: D.E.)
21120. **O rei reina pero non goberna.** (ms10,107r: D.E.)
21121. **Onde está o rei está a corte.** (ms10,107r: D.E.)
21122. **Onde o rei non está, ningúen o atopará.** (ms10,107r: D.E.)
21123. **Pode decir que é rei o que non viu rei.** (ms10,107r: D.E.)
21124. **Pra un rei cuasque sempre sobra a lei.** (ms10,107r: D.E.)
21125. **Rei morto, rei posto, pero val máis o vivo que o morto.** ⁶³⁷² (ms10,107r: D.E.)
21126. **Rei morto, reino revoltó.** ⁶³⁷³ (ms10,107r: D.E.)
21127. **Rei novo, lei nova.** ⁶³⁷⁴ (ms10,107r: D.E.)

⁶³⁷¹ O orixinal di: *Ó rei nono ofendas nin te metas nas suas rendas*.

⁶³⁷² V. *Rei morto, rei posto* en *Juridicos y similares*.

⁶³⁷³ V. *A rei morto, reino revoltó* en *Juridicos y similares*.

⁶³⁷⁴ V. *Novos reis, novas leis* en *Juridicos y similares*.

21128. **Rei sin consello perde o seu e perde o alleo.** (ms10,107r: D.E.)
 21129. **Rei teñamos e non-o vexamos.** ⁶³⁷⁵ (ms10,107r: D.E.)
 21130. **Reis rachan leis.** (ms10,107r: D.E.)
 21131. **Tal o rei, tal a grei.** (ms10,107r: D.E.)
 21132. **Tal o rei, tal a lei.** (ms10,107r: D.E.)
 21133. **Vai o rei a onde pode e non a onde quer.** (ms10,107r: D.E.)

REZAR. V. tamén *Religiosos y morales*.

21134. **Non coides que por rezar te has de salvar.** (ms10,108r: D.E.)
 21135. **O moito rezar pon o bico longo.** (ms10,108r: D.E.)
 21136. **O que moito reza tenlle medo á morte.** (ms10,108r: D.E.)
 21137. **Quen moito reza, moito peca.** (ms10,108r: D.E.)
 21138. **Quen moito ten que rezar, moito debe pecar.** (ms10,108r: D.E.)
 21139. **Se pasas pola porta do rezador, déixao rezar, que che é moito millor.** (ms10,108r: D.E.)

RÍO

21140. **Á par do río non merques viñas nin casarío.** (ms10,109r: D.E.)
 21141. **Cando o río non fai ruído, ou non leva auga ou vai moi crecido.** (ms10,109r: D.E.)
 21142. **No bo río péscase a troita.** (ms10,109r: D.E.)
 21143. **Non hai río bravo que non teña un bo paso pra atravesalo.** (ms10,109r: D.E.)
 21144. **O que o río achega, o río o leva.** (ms10,109r: D.E.)
 21145. **Onde vai máis fondo o río, fai menos arruído.** (ms10,109r: D.E.)

RIQUEZA. V. tamén *Riqueza y dinero, Tesoro*.

21146. **A riqueza é moitas veces causa de tristeza.** (ms10,109r: D.E.)
 21147. **Ben pode dicir que é rico o que ten bos amigos.** (ms10,109r: D.E.)
 21148. **Da riqueza saen ás veces os vicios.** (ms10,109r: D.E.)
 21149. **Do rico é dar remedio, e do vello consello.** (ms10,109r: D.E.)

⁶³⁷⁵ O orixinal di: *Rei teñamos e nono vexamos*.

21150. **Está ben rico o que está a ben consigo.** (ms10,109r: D.E.)
 21151. **Quen rico ser queira, teña égoa parideira e muller goberneira.** ⁶³⁷⁶ (ms10,109r: D.E.)
 21152. **Rico é o que non debe nada a ninguén.** (ms10,109r: D.E.)
 21153. **Se queres ser rico, calza de vaca e viste de fino.** (ms10,109r: D.E.)

RIQUEZA Y DINERO. V. tamén *Derroche, Dinero, Economía, Escasez, Malgastar, Pobreza, Religiosos y morales, Riqueza, Tesoro*.

21154. **A ama que queira poñer o amo rico, que poña as estelas de bico.** (mc: Carballedo)
 21155. **A cara de Alfonso todo tapa.** ⁶³⁷⁷ (mc: G.P.)
 21156. **A viña, o que non-a ten, non-a vendima.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 21157. **Acertadas plantaciós fan ricas as naciós.** ⁶³⁷⁸ (ms4: J.P.)
 21158. **Agora xa vén o verán: alegría prós señores, que se poñen na ventana mirand'os traballadores.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 21159. **As cartas non fan rico a ninguén.** (ms15,41: Baraja, Lugo / ms6,01v)
 21160. **Así fai quen pode e non quen quer.** (mc: Santiago)
 21161. **Baraxa diñeiro, sea teu, sea alleo.** (mc: Agro)
 Var.: *Baraxa diñeiro, téñalo ti ou sea alleo.* (Agro) / *Baraxa diñeiro, sea teu ou alleo.* (C.A.)
 (es) *Ten dinero, tuyo o ajeno.* (Sbarbi)
 21162. **Cando hai leña, logo se fan rachas.** (mc: G.P.)
 21163. **Canto máis rico é, máis quere ser.** (mc: Santiago)
 21164. **Canto máis rico, máis porco.** (mc: Santiago)
 21165. **Cartos chaman cartos.** (mc: Sarria / ms4: F.V.S.)
 (es) *Dinero llama dinero.* (Sbarbi)
 21166. **Comer pan e beber viño é propio do rico.** (mc: Santiago)

⁶³⁷⁶ V. *Quen rico queira ser, estas cousas ha de ter: ovella i-abella i-a pedra que terbellá, égoa parideira e muller goberneira* en *Riqueza y dinero*.

⁶³⁷⁷ ms: *d'Alfonso*

⁶³⁷⁸ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

21167. **Contas non enchen.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
21168. **Dádeme cartos e non me deades consellos.** (mc: C.A.)
Var.: *Dádeme cartos, que os consellos podédelos gardar.*
(pt) *Dá-me a mim dinheiro e ao demo conselho.* (Chaves) / *Dá-me dinheiro, não me dês conselho.* (Id.) (es) *Dame dineros, y no consejos.* (R. Marín)
21169. **Debe facerse a obra co diñeiro que sobra.** ⁶³⁷⁹ (ms15,18 / ms10,070r: *D.E.*)
21170. **Doblones pintan blasones.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21171. **Donde canta un crego e ornea un burro, nunca falta un peso duro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21172. **Donde hai cura ou albarda, sempre hai hora mellorada.** (mc: A.N.)
21173. **Donde ouro se mede, ouro se verte.** (mc: Fonsagrada. F.V.S. / ms11,43: Comarca de Fonsagrada)
21174. **En falando de diñeiro e santidad, metá por metá.** (mc: G.S.)
(pt) *De dinheiro e santidad, a metade da metade.* (Chaves) (es) *De dineros y bondad -o calidad-, la mitad de la mitad -o siempre quita la mitad.* (R. Marín)
Véase *De diñeiro e santidad...*
21175. **En terra que moi boa sea, ben o diñeiro s'emprea.** (ms4: J.P.)
21176. **En todo gastar o bastante, coa conta sempre por diante.** (ms4: J.P.)
21177. **Fume, fumeiro, corre pra que ten diñeiro.** (mc)
Como Corre o fume...
21178. **Inda que seas conde, non lle fagas mal ó home, que eu nunca vin un rico que non precise do pobre.** (mc: Carballino)
Parece procedente de un cantar.
21179. **Melloras podes facer sin moitos capitás ter.** (ms4: J.P.)
21180. **Memorias sin diñeiro molestan o pasaxeiro.** ⁶³⁸⁰ (mc: A.I. / ms10,006v: *D.E.*)
21181. **Moitas cerdas ten un cocho mais non son as de un marrau.** (ms18,33r)
21182. **Moitas serdas ten un cocho e non son as dun marrau.** ⁶³⁸¹ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
- Var.: *Moitas serdas ten un cocho e non pasa de marrau.* (C.A.)
Se aplica a los nuevos ricos.
21183. **N'hai diñeiro como o primeiro.** (mc: M.L.)
21184. **Na casa dos ricos non pidas limosna; vai á do probe, que sempre dona.** ⁶³⁸² (mc / ms4: F.V.S.)
21185. **Na casa onde cantou un cura i-orneou un burro, nunca faltou un peso duro.** ⁶³⁸³ (ms21,06v: Bermés)
21186. **Na miña terra meu haber me honra; na terra de fóra a roupa me abona.** ⁶³⁸⁴ (mc: M.V. / ms21,29v: Bermés)
Recogido en la canción popular: *Na miña terra / meu haber me honra; / na terra de fora / a roupa me abonda.*
21187. **Non con ouro se consegue a dicha.** (mc)
21188. **Non escondas a chave ó bodegueiro si queres do viño facer diñeiro.** (ms4: J.P.)
21189. **Non hai máis mala tenda que a vacía.** ⁶³⁸⁵ (ms)
21190. **Non todo o que reloce é ouro.** ⁶³⁸⁶ (mc: M.V.)
(pt) *Nem tudo o que luz é oiro, nem tudo o que alveja é prata.* (Chaves) (es) *No es todo oro lo que reluce.* (Correas)
21191. **O calor é a capa de ricos e probes.** ⁶³⁸⁷ (mc: Mondoñedo-F.V.S.)
21192. **O muíño albeiro, pouco rendemento e moito diñeiro.** ⁶³⁸⁸ (mc: Pol / ms-LU: seminarista anónimo: Carballido, LU)
21193. **O que compra sin ter, vende sin querer.** ⁶³⁸⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
21194. **Ó que é rico e ten diñeiro fanlle a honra por enteiro.** (mc: Santiago)
Var.: *O que é rico e ten diñeiro fai a función por enteiro.* (ms5,045: Carballo-Coristanco)
21195. **O que gasta o que non debe, vende o que non quere.** (ms: F.V.S.)

⁶³⁸² ms4: *limosnas.*

⁶³⁸³ O orixinal di: *N'a casa onde cantou un cura, y'orneou un burro, nunca faltou un peso duro.*

⁶³⁸⁴ mc: *terra de afóra*; ms3 e ms21,29v: *m'honra, m'abona.*

⁶³⁸⁵ O orixinal di: *Non hay mais mala tenda que a vacía.*

⁶³⁸⁶ ms3: *No todo.*

⁶³⁸⁷ ms4: *A calor.*

⁶³⁸⁸ ms-LU: *rendimento.*

⁶³⁸⁹ O orixinal di *O que compra sinter, vende sin querer.*

⁶³⁷⁹ En ms10 s.v. *Obras* coa indicación *Construcciones.*

⁶³⁸⁰ Indica *Interés* no ms. / En ms10 s.v. *Dinero.*

⁶³⁸¹ ms: *d'un*; ms4: *mais non son.*

21196. **O que pasa un día ben, non-os pasa todos mal.** (mc / ms4: F.V.S.)
21197. **O que pode, non necesita cambón.** (mc: Buciños-F.V.S.)
21198. **O que pode, puxa, e o que non, curuxa.** (mc: Caurel-F.V.S.)
21199. **O que queira ser rico, queime o carabullo polo bico.** ⁶³⁹⁰ (mc: M.L.)
Var.: *O que queira ser rico, que queime o carabullo polo pico.* (ms4: Vida Gallega)
21200. **O que quere ser rico, ten que quitarlo ó bico.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
21201. **O que rico sea e pobre queira ser, meta criados e n'os vaia a ver.** (mc: S.P.P.-Ultreya)
En la sección "Pobreza", van otros análogos.
21202. **O que sobra é o que mantén.** (mc: Lugo)
21203. **O que ten cartos no bolsillo, peligra polo camiño.** (mc: Santiago)
21204. **O que ten todo o que lle fai falta, é rico abondo.** (mc: Santiago)
21205. **O que ten, cómeo ben.** ⁶³⁹¹ (mc: Santiago)
21206. **O que sea rico, a Dios llo agradeza.** (mc: Layosa)
21207. **Ó rico non debas e ó pobre non ofendas.** ⁶³⁹² (mc: Santiago)
21208. **Ó rico o diablo lle xunta a folla.** (mc: M.L.)
21209. **O ter moito non é bon, que moito ten o demo e non hai quen o queira.** (ms9,02r: Silvarrey)
21210. **O vrao é a capa de probes e de ricos.** (ms9,13v: Silvarrey)
21211. **Onde canta un crego i-ornea un burro, nunca falta un duro.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
21212. **Onde canta un crego, moe un muíño e ornea un burro, nunca falta un peso duro.** ⁶³⁹³ (mc: M.V.)
21213. **Onde hai bonete non falta catete.** ⁶³⁹⁴ (mc: Carballedo)
(es) *Donde hay bonete, nunca falta mollete.* (R. Marín) / *Donde hai corona, hay borona.* (Id.)
21214. **Onde hai bonete non falta zoquete.** (mc: Buciños)
(es) *Donde entra bonete, no falta zoquete.* (Sbarbi) / *Donde hay bonete, hay zoquete.* (R. Marín) / *Donde hay bonete, nunca falta mollete.* (Sbarbi) / *Donde hay corona, hay borona.* (Id.)
21215. **Onde hai crego ou albarda, hai hora mellorada.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
21216. **Onde hai crego ou albarda, sempre hai hora mellorada.** ⁶³⁹⁵ (mc: M.V. / ms21,22r: Bermés)
Var.: *Como: Donde hai cura ou albarda...* (es) *Donde entra bonete, no falta zoquete.* (Sbarbi) / *Donde hay bonete, hay zoquete.* (R. Marín) / *Donde hay bonete, nunca falta mollete.* (Sbarbi) / *Donde hay corona, hay borona.* (Id.)
21217. **Onde hai ouro, logo reloce.** (mc: M.V. / ms21)
(es) *El oro siempre reluce.* (Sbarbi)
21218. **Onde hai, calquera goberna.** ⁶³⁹⁶ (mc: C.A. / ms10,026v: D.E.)
21219. **Onde hai, hai.** ⁶³⁹⁷ (ms4: C.A. A Nosa Terra)
21220. **Onde hai, sai.** ⁶³⁹⁸ (ms4: G.S. y A.)
21221. **Onde ouro anda, ouro mana.** (ms8,62r: O. de Rey)
21222. **Onde vexas pino, palomar ou ciprés, casa de señorío é.** (ms5,029)
21223. **Os cartos cóllense unha vez e antes cóntanse tres.** ⁶³⁹⁹ (ms21,21v: Bermés)
21224. **Os cartos cóllense unha vez e cóntanse tres.** ⁶⁴⁰⁰ (mc: M.V.)
(es) *El dinero para contarlo se ha hecho.* (R. Marín) / *El dinero se hizo para contarlo y las llaves para guardarlo.* (Id.)
21225. **Ou labrador de boa zoca ou señor de boa bota.** (ms: Puertomarín)
21226. **Pedra de irexa ouro gotexa.** ⁶⁴⁰¹ (mc: A.S.A. / ms3: C.A. / ms21,05v: Bermés)
(pt) *Telha de igreja sempre goteja.* (Chaves) (es) *Piedra de iglesia, oro goteja.* (Correas)

⁶³⁹⁰ mc: *queime o carballo.*

⁶³⁹¹ ms: *comea.*

⁶³⁹² V. *Ó pobre non ofrezas i-ó rico non debas en Deudores (Nadie sea deudor) e en Deudas.* / mc: *i-o.*

⁶³⁹³ ms: *moiño.*

⁶³⁹⁴ ms: *Ond'hai un bonete, un catete.*

⁶³⁹⁵ ms21,22r: *Ond'hai, millorada.*

⁶³⁹⁶ mc: *Donde hai.* En ms10 s.v. *Gobernar.*

⁶³⁹⁷ O orixinal di: *Onde hay, hay.*

⁶³⁹⁸ En ms4 está recollido este refrán dúas veces, coas referencias G.S y A. e C.A. *A Nosa Terra.*

⁶³⁹⁹ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluiu este refrán en *Jurídicos y similares.*

⁶⁴⁰⁰ Indica *Interés* no ms. / V. tamén *Jurídicos y similares.*

⁶⁴⁰¹ ms: *d'irexa; ms21,05v: d'igrexia.*

21227. **Polo interés anda o mundo ó revés.** (mc: Sober / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
21228. **Quen gasta pouco diñeiro, nunca foi gran tesoureiro.** (ms4: J.P.)
21229. **Quen moito ten, moito perde; quen nada ten, nada ten que perder.** (mc: R. Caruncho)
21230. **Quen ouro manexa, ouro gotexa.** (mc: R. Caruncho)
21231. **Quen pode, puxa, e quen non, tarruxa.** ⁶⁴⁰² (mc: A.N.)
Var.: *Quen pode, puxa.* (M.L.)
Tarruxar, en la Tierra Llana, es rechinar los dientes. Se dice también *tarruñar*, y ambas voces faltan en nuestros diccionarios.
21232. **Quen rico queira ser, estas cousas ha de ter: ovella i-abella i-a pedra que terbella, égoa parideira e muller goberneira.** ⁶⁴⁰³ (mc e ms4: M.L. / ms4: F.V.S.)
(pt) *Abelha, ovelha, pena atrás da orelha e parte na igreja, desejava para seu filho a velha.* (Chaves) (es) *Quien tiene abejas y ovejas y molinos, puede entrar con el rey en desafío.* (Correas) / *Abeja y oveja, y piedra que rabeja, y péndola tras oreja, y parte en la Iglesia, deseaba a su hijo la vieja.* (Correas). (ct) *Abella, ovella e iglesia, si vòls riqueza.* (Alberola)
21233. **Quen te cubre tamén te descubre.** (mc) (es) *Quien te cubre te descubre.* (Bergua)
Se dice de los nuevos ricos, a los cuales los lujos y riqueza contribuyen a descubrir su origen. (Bergua)
21234. **Quen te cubre, descúbrete.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21235. **Quen ten bon viño na casa, ten a bota na porta.** (ms: Buciños)
21236. **Rata de irexa non morre de fame.** ⁶⁴⁰⁴ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: Como: *Pedra de irexa ouro gotexa.*
21237. **Riqueza i-hermosura, todos a percuran.** ⁶⁴⁰⁵ (mc e ms4: Buciños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
21238. **Se queres ir ó roupeiro, non te olvides do diñeiro.** (mc: Santiago / ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
21239. **Sempre miran pra quen ten, i-o mirar sempre foi ben.** (mc: A.S.A.)
Var.: *Sempre miran pra quen ten.* (S.P.P.-Ultreya)
21240. **Sempre perde quen ten máis.** (mc)
21241. **Seso, diñeiro e bondá non é sempre caridá.** (mc: Santiago)
21242. **Tal domingo, tal semana, s'o luis ll'acompaña.** ⁶⁴⁰⁶ (ms11,46: Comarca de Fonsagrada)
21243. **Tella de igrexa ouro gotexa.** ⁶⁴⁰⁷ (mc: A.N. / Amador Darriba Míguez / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(pt) *Telha de igreja sempre goteja.* (Chaves) (es) *Teja de iglesia, oro goteja.* (Correas) / *Teja de iglesia, siempre gotea.* (R. Marín)
Véase Pedra de igrexa...
21244. **Ter e saber, non hai querer.** (ms)
(pt) *A muito entendimento, dinheiro pouco.* (Chaves) / *A muito entendimento, fortuna pouca.* (Id.) (es) *Harto pediría quien a Dios pidiese riqueza y sabiduría.* (R. Marín) / *Rico y sabio, términos implicados.* (Id.) / *Los libros hacen muchos sabios, pero pocos ricos. / Si quieres a tu hijo rico, procura que sea borrico. / Si quieres ser rico, no te des mucho a los libros.*
21245. **Tes bés, moitos amigos tes.** (mc: Santiago)
21246. **Ti ten e non mires a ninguén.** (mc: Santiago)
21247. **Vaise o ouro pra o tesouro.** (ms21,08r: Bermés)
21248. **Vale máis ter libros de conta que conta de libros.** ⁶⁴⁰⁸ (mc: M.V. / ms21,22r: Bermés / ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C (10-11-51))

ROBO. V. tamén *Hurto, Ladrón, Sablazo*.

21249. **A cantar ganei diñeiro, a cantar se me acabou; diñeiro mal ganado, a auga o dou i-a auga o levou.** (mc: Buciños)
21250. **Andan os ladrós tras dos que rouban.** ⁶⁴⁰⁹ (mc)

⁶⁴⁰² ms4: *e o que non*.

⁶⁴⁰³ ms: *y abella, y a pedra*; ms2: *y abella, y a pedra*.

⁶⁴⁰⁴ ms-LU: *iglesia (eirexa)*.

⁶⁴⁰⁵ O orixinal di: *Riqueza i-hermosura, todos e percuran.* / ms4 e ms-LU: *todo dio-la procura*.

⁶⁴⁰⁶ *Luis* é forma dialectal de *luns* na Fonsagrada.

⁶⁴⁰⁷ ms-LU: *d-irexa* / A. Darriba Míguez: *irexa*.

⁶⁴⁰⁸ ms21,22r: *Val*; ms-SA: *cantos*. / V. *Non é o mesmo ter libros de conta que conta de libros* en *Distinguir*.

⁶⁴⁰⁹ ms: *arrouban*.

21251. **As cerdeiras e os ladrós, anque se prendan, non son bos.** ⁶⁴¹⁰ (mc: M.V. / ms21,21v: Bermés)
Var.: *As silveiras e os ladrós, inda que se prendan, non son bos.* (C.A.)
21252. **Co roubado non se medra.** (ms21,09r: Bermés)
21253. **Coida o ladrón que todos son da súa condición.** (mc: M.V.)
Var.: *Coida o ladrón que todo-lo son.* (A.N.)
(pt) *Cuida o ladrão que todos o são.* (Chaves) / *Cuida o ladrão que todos são de sua condição.* (Id.) (es) *Piensa el ladrón que todos son de su condición.* (Correas)
21254. **Coméronme os cartos e gafáronme a casa.** (ms: Trasmonte)
21255. **De ladrón da casa e de louco de afora librenos Dios.** (mc)
(es) *De ladrón de casa y de loco de fuera, de ello librenos Dios y muestra buena estrella.* (R. Marín)
Recogido también en una copla popular: *Nin estela de pior lei / que a do pau mesmo arrincada, / nin tampouco pior ladrón / co que está dentro da casa.*
21256. **Deixa o ladrón pero o fogo non.** (mc: Vida Gallega)
21257. **En terra de ladrós, alforxas diante.** (mc)
21258. **Furto xeitoso fai o home ladrón.** ⁶⁴¹¹ (mc: M.V. / ms4: Buciños-F.V.S.)
21259. **Na hucha aberta o xusto peca.** ⁶⁴¹² (mc: M.V. / ms21,24v: Bermés)
(pt) *Na arca aberta, o justo peca.* (Chaves)
(es) *En arca abierta el justo peca.* (Sbarbi)
(ct) *En caixa aubèrta, hasta el just peca.* (Alberola)
21260. **Nin sirvas a quen sirviu nin roubes a quen roubou.** (ms18,73r: A.S.A.)
21261. **Non hai peor ladrón que o da casa.** (mc: J.A.P.)
(pt) *A ladrão de casa nada é vedado.* (Chaves) / *A ladrão de casa nada se esconde.* (Id.) / *A ladrão de casa, não há chave.* (Id.) (es) *Ladrón de casa hurta a mansalva.* (R. Marín) / *No hay peor ladrón que el de casa.* (Sbarbi)
Véase *De ladrón da casa...*
21262. **Non sirvas a quen serviu nin roubes a quen roubou.** ⁶⁴¹³ (mc e ms4: A.S.A. / ms10,120r: D.E.)
21263. **O diñeiro mal ganado entra pola porta e sai polo tellado.** (mc)
(pt) *Dinheiro mal ganhado, água o deu, água o levou.* (Chaves)
21264. **O gato ladrón pensa que todos son da mesma condición.** ⁶⁴¹⁴ (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
21265. **O gran ladrón empeza por unha agulla.** (mc: Biville, Sarria)
Var.: *O gran ladrón empezou por unha agulla.* (Mellid)
21266. **O ladrón da casa nada se ll'escapa.** ⁶⁴¹⁵ (mc: Buciños / ms4: F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *No hay peor ladrón que el de casa* (o el doméstico). (Sbarbi)
Véase *Non hai peor ladrón...*
21267. **O ladrón das malas abellas xuzga as súas polas alleas.** (mc: Buciños)
21268. **O que é ladrón, pensa que todo-lo son.** ⁶⁴¹⁶ (mc: R. Caruncho)
Véase *Coida o ladrón...*
21269. **O que non leva o ladrón, logo parece no meixón.** (mc: Vida Gallega)
Var.: *O que non leva o ladrón, parece logo no meixón.* (M.L. / ms4: Vida Gallega).
(es) *Lo que no hurtan ladrones, perece en los rincones.* (Correas)
21270. **O que non levan os ladrós, aparecerá polos rincós.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21271. **O que rouba no ano da fame, xa no da fartura ten un risque rasque.** (mc: S.P.P.-Ultreya / ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*)
El que acostumbra a robar en año de hambre, fácilmente alarga la mano en años de abundancia. (mc) / Recogidos en la provincia de Pontevedra. Quiere decir que el que acostumbra a robar en año de hambre, más fácilmente alarga la mano a lo ajeno en año de hartura. (ms6,03v)

⁶⁴¹⁰ ms21,21v: y'os ladrós.

⁶⁴¹¹ ms e ms4: O furto.

⁶⁴¹² V. *Na arca aberta o xusto peca* en *Oportunidad (Oportunidad tentadora).*

⁶⁴¹³ ms4: *Nin*; ms4 e ms10: *sirviu*. / En ms10 s.v. *Servir* coa indicación *Criados*.

⁶⁴¹⁴ V. *O gato lambón pensa que todos son da súa condición* en *Agrícolas (Animales)*.

⁶⁴¹⁵ mc: *nada se escapa*.

⁶⁴¹⁶ O orixinal di: *O que é ladrón, pensa que todol-o son*.

21272. **O que rouba, fai por ter.** (mc: Buciños-F.V.S.)
Var.: *O que rouba é pra ter; sempre foi i-ha de ser.* (ms15,43: Lugo)
21273. **O roubado non loce.** ⁶⁴¹⁷ (mc: M.V. / ms21,25r: Bermés / ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
(es) *"Lo robado es lo que luce", dicen los gatos.* (R. Marín)
21274. **O roubado pouco loce.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
21275. **Pensa o ladrón que todos son da mesma condición.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C)
21276. **Pensa o ladrón que todos son da súa condición.** ⁶⁴¹⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Illán, Begonte, LU / ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
21277. **Pó ladrón da casa non hai nin chaves nin portas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
21278. **Por unha agulla empézase o ladrón.** (mc: Monforte)
Véase *O gran ladrón...*
21279. **Queda ó ladrón e non queda ó tizón.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
21280. **Quen dixo frade, dixo fraude.** (ms: M.L.)
(es) *Quien dice frade, dice fraude.* (R. Marín) / *Quien dijo frade, dijo alforja y fraude.* (Id.)
21281. **Roubar a quen ten non é pecado.** (ms8,20r: Silvarrey)
21282. **Roubar pra comer non é pecado.** (ms8,20r: La Cañiza)
21283. **U que rouba a riqueza, volverase en tristeza.** (ms-SA: Pedro Pontes García)

ROER

21284. **As penas hai que roelas.** (ms10,110r: D.E.)
21285. **Se te roi un alacrán, busca a cera e mais o pan; se te roi a denosiña, búscalos inda máis axiña.** ⁶⁴¹⁹ (ms10,110r: D.E.)

ROGAR

21286. **A quen has rogar non-o debes agravear.** ⁶⁴²⁰ (ms10,110r: D.E.)

⁶⁴¹⁷ ms-SA: luse.

⁶⁴¹⁸ ms-SA: u ladrón, condición.

⁶⁴¹⁹ V. Si te roi un alacrán, busca cera e mais o pan, e si te roi a adelouciña, buscaos inda máis axiña en *Medicina. Higiene.*

⁶⁴²⁰ O orixinal di: *A quen has rogar nono debes agravear.*

21287. **Máis vale o rogo do amigo que o ferro do enemigo.** (ms10,110r: D.E.)
21288. **Máis vale rogar que furtar.** (ms10,110r: D.E.)
21289. **Non rogues cama á muller que non fai mester.** (ms10,110r: D.E.)
21290. **Rogo e direito fan o feito.** (ms10,110r: D.E.)
21291. **Rogos por que cante, e rogos por que cale.** (ms10,110r: D.E.)

ROMERÍA. V. tamén *Fiestas y romerías, Religiosos y morales, Romero.*

21292. **Ás romaxes e ás bodas van as tolas todas.** (ms10,110r: D.E.)
21293. **Boa romaxe fai o que ten a casa en paz.** (ms10,110r: D.E.)
21294. **O que anda en romaxes, gasta o tempo en viaxes.** (ms10,110r: D.E.)
21295. **Pra ir a unha romaxe, non vaías en recovaxe.** (ms10,110r: D.E.)
21296. **Quen vai a moitas romaxes, gasta cartos e traxes.** (ms10,110r: D.E.)
21297. **Romaxe de cerca, moito viño e pouca cera.** (ms10,110r: D.E.)

ROMERO. V. tamén *Fiestas y romerías, Religiosos y morales, Romería.*

21298. **Benia o romeiro que di ben do compañeiro.** (ms10,110r: D.E.)
21299. **Bo vai o romeiro cando o bordón se lles esquece.** ⁶⁴²¹ (ms10,110r: D.E.)
21300. **Vaites, vaites co romeiro que non sabe andar a pé.** (ms10,110r: D.E.)

ROMPER

21301. **O que rompe, paga.** (ms10,110r: D.E.)

ROPA. V. tamén *Saya, Sayo, Traje, Vestido.*

21302. **A roupa moi lixosa lávase na casa.** (ms10,110r: D.E.)
21303. **Ben estás de roupa, se non che se molla.** (ms10,110r: D.E.)

ROSA

21304. **Non hai rosa sin espiñas.** (ms10,110r: D.E.)

⁶⁴²¹ V. *Bon vai o romeiro des que ll'o bordón esquece en Fiestas y romerías.*

ROSARIO. V. tamén *Religiosos y morales*.

21305. **O que reza o rosario non é o millor cristiano.** (ms10,110r: D.E.)
 21306. **O rosario na man, lévano moitos polo que dirán.** (ms10,110r: D.E.)
 21307. **O rosario ó pescozo i-o demo metido no corpo.** (ms10,110r: D.E.)

RUGIR

21308. **Onde ruxe a tixela, ou hai muller parida ou hai larpadela.** ⁶⁴²² (ms10,111r: D.E.)

RUÍDO

21309. **Finxir ruído pra vir a partido.** (ms10,111r: D.E.)

RUÍN

21310. **A ninguén lle pese que lle chamen ruín; péselle de selo por si.** (ms10,111r: D.E.)
 21311. **A ruín, ruín e medio.** (ms10,111r: D.E.)
 21312. **A un ruín, outro ruín.** (ms10,111r: D.E.)
 21313. **Cada ruín quer o seu fillo.** (ms10,111r: D.E.)
 21314. **O que é ruín na súa casa, ruín é na praza.** (ms10,111r: D.E.)
 21315. **O ruín boi descórñase folgando.** (ms10,111r: D.E.)
 21316. **O ruín, canto máis lle rogan, máis se enfoncha.** (ms10,111r: D.E.)
 21317. **Os ruís e os tizós nunca ben os compós.** (ms10,111r: D.E.)
 21318. **Polos ruís perden os bos.** (ms10,111r: D.E.)
 21319. **Quen ruín é na súa terra, ruín é fóra de ela.** (ms10,111r: D.E.)
 21320. **Ruín é o paxariño que descobre o seu niño.** (ms10,111r: D.E.)
 21321. **Ruín é o probe avarento, mais peor é o probe soberbio.** (ms10,111r: D.E.)
 21322. **Ruín paxaro, ruín cantar.** (ms10,111r: D.E.)
 21323. **Ruín seña quen por ruín se teña.** (ms10,111r: D.E.)
 21324. **Ruín será na casa quen o vai pregoar á praza.** (ms10,111r: D.E.)
 21325. **Ruín virá que bo me fará.** (ms10,111r: D.E.)

⁶⁴²² V. *Donde ruxe a tixela, ou parida ou larpadela en Hambre. Gastronomía.*

21326. **Se un ruín se nos vai da porta, outro vén que nos consola.** (ms10,111r: D.E.)
 21327. **Sempre o ruín ha topar unha boa landra.** (ms10,111r: D.E.)
 21328. **Un ruín ido e outro vido.** (ms10,111r: D.E.)
 21329. **Vaise un ruín da porta do probe e non ha faltar quen o amole.** (ms10,111r: D.E.)

SÁBADO. V. tamén *Días, Semana*.

21330. **Nin sábado sin sol, nin moza sin amor, nin vella sin door.** ⁶⁴²³ (ms10,112r: D.E.)
 21331. **Non hai sábado sin sol, nin romeiro sin frol, nin rapaza sin amor.** (ms10,112r: D.E.)
 21332. **Quen o sábado vai ó muiño, pouca folga ten o domingo.** (ms10,112r: D.E.)

SÁBALO. (V. *Peces. Sábalo*)

SABER

21333. **Bastante sabe quen a tempo calar sabe.** (ms10,112r: D.E.)
 21334. **Ben pouco sabe o que pra si non sabe.** (ms10,112r: D.E.)
 21335. **Ben sabe o bo bocado se non custase caro.** (ms10,112r: D.E.)
 21336. **Ben sabe o que non sabe, se calar sabe.** (ms10,112r: D.E.)
 21337. **Ben sabe o sabio que sabe i-o parvo que sabe que non sabe.** (ms10,112r: D.E.)
 21338. **Bo saber é calar, hastra que sea tempo de falar.** ⁶⁴²⁴ (ms10,112r: D.E.)
 21339. **Cada día sabemos máis.** (ms10,112r: D.E.)
 21340. **Cada un sabe de si.** (ms10,112r: D.E.)
 21341. **Cada un sabe ónde lle doi e ónde lle proi.** (ms10,112r: D.E.)
 21342. **Dabondo sabe o que non sabe, se calar sabe.** (ms10,112r: D.E.)
 21343. **Dabondo sabe o que vivir sabe.** (ms10,112r: D.E.)
 21344. **De sabios é mudar de consello.** (ms10,113r: D.E.)
 21345. **Dinos o que sabes, pra sabermos o que iñoras.** (ms10,112r: D.E.)

⁶⁴²³ V. variantes en *Amor y amistad*.

⁶⁴²⁴ V. *O bo saber é calar antes de ser tempo de falar en Cautela en el hablar.*

21346. **Do que non sabes non fales.** (ms10,112r: D.E.)
21347. **Do que non seipas non fales, que é moito millor que cales.** (ms10,112r: D.E.)
21348. **Do sabio, o consello; do rico, o remedio.** (ms10,113r: D.E.)
21349. **Entre o ceo i-a terra non hai nada que non se seipa.** (ms10,113r: D.E.)
21350. **Fai o que seipas, pra que en todas partes queipas; que o que sabe, en tódolos sitios cabe.** (ms10,112r: D.E.)
21351. **Hai que saber que hai mañán.** (ms10,112r: D.E.)
21352. **Máis ben me sabe a miña cebola que a carne da túa ola.** (ms10,112r: D.E.)
21353. **Máis sabe o parvo na súa casa que o cordo na allea.** (ms10,112r: D.E.)
21354. **Máis vale o saber que o poder.** (ms10,112r: D.E.)
21355. **Millor é non saber que mal saber.** (ms10,112r: D.E.)
21356. **Millor é saber moito e falar pouco que saber pouco e falar moito.** (ms10,112r: D.E.)
21357. **Moito sabe o que calar sabe.** (ms10,112r: D.E.)
21358. **Nada sabe o que pra si non sabe.** (ms10,112r: D.E.)
21359. **Non digas todo o que sabes, se queres vivir en paz.** (ms10,112r: D.E.)
21360. **Non é sabio o que pra si non sabe.** (ms10,113r: D.E.)
21361. **Non sabe mandar o que non foi mandado.** (ms10,112r: D.E.)
21362. **Non sabe o que ten, o que ten casa de seu.** (ms10,112r: D.E.)
21363. **O bo saber val máis que o bo nacer.** (ms10,112r: D.E.)
21364. **O que me sabe, engórdame.** (ms10,112r: D.E.)
21365. **O que non sabe fai como o que non ve.** (ms10,113r: D.E.)
21366. **O que non se sabe é o que non se di.** (ms10,113r: D.E.)
21367. **O saber val máis que o ter.** (ms10,113r: D.E.)
21368. **O sabio pensa as cousas e o parvo fainas.** (ms10,113r: D.E.)
21369. **O ser señor non é saber, mais éo sabelo ser.** (ms10,113r: D.E.)
21370. **Por moito que se seipa é máis o que se iñora.** (ms10,113r: D.E.)
21371. **Pouco sabe o que pra si non sabe.** (ms10,113r: D.E.)
21372. **Quen coida que todo o sabe, pouco sabe.** (ms10,113r: D.E.)
21373. **Quen non seipa que adeprenda.** (ms10,113r: D.E.)
21374. **Quen queira saber que vaia adeprender.** (ms10,113r: D.E.)
21375. **Quen sabe, en calquera lado cabe.** (ms10,113r: D.E.)
21376. **Quen ten saber, sabe ter.** (ms10,113r: D.E.)
21377. **Sabe o que se salva, que o que se afoga non sabe nada.** (ms10,113r: D.E.)
21378. **Sabe o sabio que non sabe, e o parvo pensa que sabe.** (ms10,113r: D.E.)
21379. **Sábeo Vicente e sábeo toda a xente.** (ms10,113r: D.E.)
21380. **Saber é poder.** (ms10,113r: D.E.)
21381. **Saber é vencer.** (ms10,113r: D.E.)
21382. **Saber escoller boa muller é moito saber.** (ms10,113r: D.E.)
21383. **Saber moito e telo calado é pasar por aparvado.** (ms10,113r: D.E.)
21384. **Sábese onde se naceu e non onde se ha morrer.** (ms10,113r: D.E.)
21385. **Sabio é quen pouco fala e moito cala.** (ms10,113r: D.E.)
21386. **Se queres alcanzar posto de sabido, procura vivir onde seas entendido.** (ms10,113r: D.E.)
21387. **Se queres pasar por sabido, procura vivir onde non seas conecido.** (ms10,113r: D.E.)
21388. **Se queres saber d'aquí, d'acá, e d'acólá, o tempo cho dirá.** (ms10,113r: D.E.)
21389. **Se queres saber quén eres, pergúntallo ó teu veciño.** (ms10,113r: D.E.)
21390. **Tanto é non saber coma non ver.** (ms10,113r: D.E.)
21391. **Todo o que seipas non-o dirás, se queres vivir en paz.** ⁶⁴²⁵ (ms10,113r: D.E.)
21392. **Val máis o saber que o haber.** (ms10,113r: D.E.)
- SABLAZO (ESTAFA).** V. tamén *Hurto, Ladrón, Robo.*
21393. **A pufo nada é caro.** (ms10,102r: D.E. / ms15,13)

⁶⁴²⁵ O orixinal di: *Todo o que seipas nono dirás, se queres vivir en paz.*

En ms10 s.v. "Sablazo (estafa)".

21394. **Con moitos pufos non todos viven a gusto.** (ms10,102r: D.E.)
21395. **Con pufos ben se vive mentras hai quen os ature.** (ms10,102r: D.E.)
21396. **Contra as mañas do pufista, Dios nos asista.** (ms10,102r: D.E.)
21397. **Ó pufista nada vale seguirlle a pista.** (ms10,102r: D.E.)
21398. **O pufista non hai quen o resista.** (ms10,102r: D.E.)
21399. **O que é pufista, o millor é perdelo de vista.** (ms10,102r: D.E.)
21400. **Quen ten moitos pufos, hai días que non gana pra disgustos.** (ms10,102r: D.E.)
21401. **Véxanme con pufos e non me vexan difunto.** (ms10,102r: D.E.)

SACO

21402. **Un saco valeiro non se ten dereito.** (ms10,113r: D.E.)

SACRISTÁN. V. tamén *Religiosos y morales*.

21403. **Os cartos do sancristán, cantando se veñen, cantando se van.** (ms10,115r: D.E.)
21404. **Sacristán que vende cera e non ten colmea, que o digan as velas da igrexa.** (ms10,115r: D.E.)

SAL

21405. **Derramarse o sal é mala sinal.** (ms10,114r: D.E.)
21406. **O sal, canto salga tanto val.** (ms10,114r: D.E.)
21407. **Sal e fogo quer un ovo, se non sai grolo.** (ms10,114r: D.E.)
21408. **Unhas areíñas de sal, na conversa non din mal.** (ms10,114r: D.E.)

SALADO

21409. **O ben salgado, pouco vinagre e ben aceitado.** (ms10,114r: D.E.)

SALAMANDRA

21410. **Se te morde a salamántiga, que che fagan logo a cama.** (ms10,114r: D.E.)

SALMÓN. (V. *Peces. Salmón*)

SALUD

21411. **A moita saúde non é virtú.** (ms10,117r: D.E.)

21412. **A saúde é a riqueza dos probes.** (ms10,117r: D.E.)
21413. **A saúde non é conecida hastra que é perdida.** (ms10,117r: D.E.)
21414. **Déanos Dios saúde; irémola andando.** (ms10,117r: D.E.)
21415. **Dios nos dea saúde pra ir vivindo.** (ms10,117r: D.E.)
21416. **Haxa saúde e diñeiro, que non faltará humor e compañeiro.** (ms10,117r: D.E.)
21417. **Máis vale a saúde que o diñeiro.** (ms10,117r: D.E.)
21418. **Saúde e alegría, fermosura cría.** (ms10,117r: D.E.)
21419. **Vese a saúde conecida cando empeza a ser perdida.** (ms10,117r: D.E.)

SAN ANDRÉS. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21420. **A San Andrés de Teixido hai que ir morto ou vivo.** (ms10,114r: D.E.)
21421. **O que de morto non vai a San Andrés de Teixido, é porque foi de vivo.** ⁶⁴²⁶ (ms10,114r: D.E.)
21422. **Polo san Andrés hai porcos gordos pra vender.** (ms10,114r: D.E.)
21423. **Polo san Andrés mata o teu porco como é.** (ms10,114r: D.E.)
21424. **Polo san Andrés mata o teu porco como o tes.** (ms10,114r: D.E.)
21425. **San Andrés de Teixido, do morto fai o vivo.** (ms10,114r: D.E.)
21426. **San Andrés trai a vela e san Xoán a leva.** ⁶⁴²⁷ (ms10,114r: D.E.)

SAN ANTONIO. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21427. **O san Antonio é o santo das nenas, porque ó casalas améndalle as penas.** (ms10,114r: D.E.)
21428. **San Antón vello e tristeiro convida as rapazas ó rezadeiro.** (ms10,114r: D.E.)

SAN JUAN. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales*.

21429. **En san Xoán a mexada de un can.** (ms10,116r: D.E.)

⁶⁴²⁶ V. *A San Andrés de Teixido hai que ir de morto ou de vivo en Fiestas y romerías*.

⁶⁴²⁷ V. *San Francisco trae a vela e san Xosé a leva en Trabajo*.

21430. **Hastra san Xoán toda a herba é pan.**
⁶⁴²⁸ (ms10,116r: D.E.)

21431. **No día de san Xoán baila o sol pola mañán.** ⁶⁴²⁹ (ms10,116r: D.E.)

SAN LUCAS. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales.*

21432. **Polo san Lucas mata o teu porco e barra a túa cuba.** (ms10,115r: D.E.)

21433. **Polo san Lucas saben as uvas, porque hai poucas ou ningunhas.** ⁶⁴³⁰ (ms10,115r: D.E.)

San Lucas (18 oct.)

21434. **Polo san Lucas solta os bois, mata os porcos e tapa as uvas.** (ms10,115r: D.E.)

SAN MARTÍN. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales.*

21435. **No san Martiño remonta cada día un ferradiño.** (ms10,115r: D.E.)

San Martiño (11 nov.).

21436. **Polo san Martiño todo o mosto é viño.** (ms10,115r: D.E.)

21437. **Por san Martiño faise o magosto con castañas asadas e mosto.** (ms10,115r: D.E.)

21438. **Por san Martiño non sementes fabas nin liño.** (ms10,115r: D.E.)

21439. **Por san Martiño xa se conoce o bo viño.** (ms10,115r: D.E.)

21440. **San Martiño sempre quer o seu grauciño, aunque sea pequeniño.** (ms10,115r: D.E.)

SAN VICENTE. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales.*

21441. **Polo san Vicente toda a auga é semente.** (ms10,116r: D.E.)

21442. **Sábeo san Vicente e sábeo toda a xente.** (ms10,116r: D.E.)

SANDÍA. V. tamén *Huerta.*

21443. **A sandía, nin en abril sementada nin en maio nada.** (ms10,115r: D.E.)

SANGRE

21444. **Máis val onza de sangue que libra de amizade.** (ms10,115r: D.E.)

21445. **Malia o sangue que non corre polas venas.** (ms10,115r: D.E.)

21446. **Non se pode sacar sangue de onde non-o hai.** ⁶⁴³¹ (ms10,115r: D.E.)

21447. **O sangue ferve sin fogo.** (ms10,115r: D.E.)

21448. **O sangue hérdase i-o vicio pégase.** (ms10,115r: D.E.)

21449. **O sangue sin lume ferve e arde.** (ms10,115r: D.E.)

21450. **O sangue tira.** (ms10,115r: D.E.)

21451. **Sangue pola boca, nin das enxivas.** (ms10,115r: D.E.)

SANO

21452. **O san ó doente, en regra o mete.** (ms10,114r: D.E.)

21453. **Sanan as coiteladas e non as malas palabras.** (ms10,114r: D.E.)

21454. **Se queres vivir san, faite vello cedo.** ⁶⁴³² (ms10,114r: D.E.)

SANTERO. V. tamén *Religiosos y morales.*

21455. **Ben parvo é o santeiro que se deita sin cear, tendo o santo diñeiro.** (ms10,115r: D.E.)

21456. **Cada santeiro pide pró seu gargueiro.** (ms10,115r: D.E.)

21457. **Cada santeiro pide pró seu santo.** (ms10,115r: D.E.)

SANTIAGO. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales.*

21458. **Aí vén o mes de Santiago co seu canado.** (ms10,115r: D.E.)

21459. **Cando algús van a Santiago, xa volven outros con cuncas.** (ms10,115r: D.E.)

21460. **Polo Santiago comenza na viña a pintar o bago.** (ms10,115r: D.E.)

21461. **Polo Santiago esconde o coello o rabo e por san Miguel vólveselle ver.** (ms10,115r: D.E.)

⁶⁴²⁸ V. *En san Xoán medra a herba como pan en Agrícolas (Meses. Junio).*

⁶⁴²⁹ V. *No día de san Xoán baila o sol pola mañán en Agrícolas (Santoral).*

⁶⁴³⁰ V. *Polo san Lucas saben as uvas en Agrícolas (Santoral).*

⁶⁴³¹ O orixinal di: *Non se pode sacar sangue de onde nono hai.*

⁶⁴³² En ms10 s.v. *Sanar.*

SANTO. V. tamén *Días (Días y festividades), Fiestas y romerías, Religiosos y morales.*

21462. **A pequeno santo pequeno rezado.** (ms10,116r: D.E.)

21463. **A santo pequeno vixilia grande.** (ms10,116r: D.E.)

21464. **Cada santo quer a súa candeia.** (ms10,116r: D.E.)

21465. **De pai santo, fillo diaño.** (ms10,116r: D.E.)

21466. **Entre santa e santo, un carro de canto.** ⁶⁴³³ (ms10,116r: D.E.)

21467. **O santo que non está presente, vela non se lle acende.** (ms10,116r: D.E.)

21468. **Rogarlle ó santo hastra saír do charco; e dispois de saído, santo esquecido.** (ms10,116r: D.E.)

21469. **Santo vello non fai milagres.** (ms10,116r: D.E.)

21470. **Santo, santo, pero non tanto.** (ms10,116r: D.E.)

21471. **Tódolos santos teñen novena, e hainos que teñen festa.** (ms10,116r: D.E.)

SANTOS = NOVIEMBRE V. tamén *Agrícolas (Meses. Noviembre).*

21472. **Cando Santos acaba, o inverno empeza.** (ms10,116r: D.E.)

21473. **No mes de Santos a máis tardar, ponte a sementar.** (ms10,116r: D.E.)

21474. **Por Santos inda hai campos verdes e xa hai montes brancos.** (ms10,116r: D.E.)

21475. **Por Santos, neve nos campos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

21476. **Por Santos sacha a horta e capa o rancho.** ⁶⁴³⁴ (ms10,116r: D.E. / Juan Bello Valiña)

SARDINAS (V. *Peces. Sardinas*)

SARNA

21477. **Sarna con gusto non pica; o conto é sarna sin el.** (ms10,117r: D.E.)

SARTÉN

21478. **Cando a tixela roxe é que hai guisote.** (ms10,130r: D.E.)

21479. **Cando canta a tixela, sinal de que hai encherola.** (ms10,130r: D.E.)

21480. **Fuxir da tixela pra caír nas brasas, dou ó demo tales ventaxas.** (ms10,130r: D.E.)

21481. **O golpe da tixela lixa anque non doia.** (ms10,130r: D.E.)

21482. **Onde roxe a tixela, ou parida ou larpadela.** (ms10,130r: D.E.)

21483. **Quen ten a tixela polo rabo, ese é o amo.** (ms10,130r: D.E.)

21484. **Todos pican na tixela, i-eu picarei, si me deixan, cando poida.** (ms10,130r: D.E.)

SAYO, SAYA. V. tamén *Ropa.*

21485. **Coida ben o teu saio que, inda que estea vello, durarache outro ano.** (ms10,114r: D.E.)

21486. **Por ben ou mal que che vaia, non vendas a túa saia.** (ms10,114r: D.E.)

21487. **Remenda o teu saio e servirache outro ano.** (ms10,114r: D.E.)

SAZÓN

21488. **Val máis a boa sazón que cavar moito o terrón.** (ms10,117r: D.E.)

SECRETO

21489. **Di o teu segredo ó amigo e faraste seu cautivo.** (ms10,117r: D.E.)

21490. **Dille ó amigo o teu segredo e quedaste del preso.** (ms10,117r: D.E.)

21491. **Garda o segredo no teu seo, non-o metas no alleo.** ⁶⁴³⁵ (ms10,025v: D.E.)

21492. **Non hai segredo que non-o descubra o tempo.** ⁶⁴³⁶ (ms10,117r: D.E.)

21493. **Non hai segredo que non se seipa tarde ou cedo.** (ms10,117r: D.E.)

21494. **Non hai segredo que o sea por moito tempo.** (ms10,117r: D.E.)

21495. **Non hai segredo que tarde ou cedo non sea descuberto.** (ms10,117r: D.E.)

21496. **O que ch'encobren, non queiras sabelo, e o que che descubren, teno sacreto.** (ms15,19v)

21497. **O segredo do teu amigo gardarás, e o teu non-o dirás.** ⁶⁴³⁷ (ms10,117r: D.E.)

⁶⁴³⁵ En ms10 s.v. *Guardar* coa indicación *Secreto*

⁶⁴³⁶ O orixinal di: *Non hai segredo que nono descubra o tempo.*

⁶⁴³⁷ O orixinal di: *O segredo do teu amigo gardarás, e o teu nono dirás.*

⁶⁴³³ V. *Entre santa e santo, parede de cal e canto en Precaución.*

⁶⁴³⁴ J. Bello Valiña: *sach'a horta.*

21498. **Quen non garda o seu segredo, non pode gardar o alleo.** (ms10,117r: D.E.)
21499. **Segredo de dous, sábeo Dios; segredo de tres, sábeo quen quer.** (ms10,117r: D.E.)
21500. **Segredo entre moitos, malo é de gardar.** (ms10,117r: D.E.)
21501. **Segredo que de dous é, xa segredo non é.** (ms10,117r: D.E.)

SED

21502. **Prá moita sede non hai auga mala.** (ms10,117r: D.E.)

SEMANA. V. tamén *Días, Domingos, Lunes, Martes.*

21503. **O lus mollo, o martes lavo, o miércoles seco, o viernes peneiro, o sábado amaso, e o domingo, que eu fiaría, todos me din que estou noutra semana e que xa non é día.** (ms10,117r: D.E.)
21504. **Toda a semana bambeouse e o sábado arremangouse.** (ms10,117r: D.E.)

SEMBRAR. V. tamén *Agrícolas.*

21505. **Como sementedes, así colleredes.** (ms10,118r: D.E.)
21506. **Do que se sementa é do que se colleita.** (ms10,118r: D.E.)
21507. **Do que sementes collerás.** (ms10,118r: D.E.)
21508. **O que sementa e cría, tanto gana de noite como de día.** (ms10,118r: D.E.)
21509. **Que non sementa non colleita.** (ms10,118r: D.E.)
21510. **Que non sementa non sega.** (ms10,118r: D.E.)
21511. **Quen pouco sementa, pouco colleita.** (ms10,118r: D.E.)
21512. **Quen sementa en mala terra, non colle máis que herba.** (ms10,118r: D.E.)
21513. **Quen sementa en mala terra, non espere gran colleita.** (ms10,118r: D.E.)
21514. **Quen sementa no camiño, sementa pró veciño.** (ms10,118r: D.E.)
21515. **Quen sementa, sega.** (ms10,118r: D.E.)
21516. **Sementa cedo e poda máis, que se unha vez erras, cen acertarás.** (ms10,118r: D.E.)
21517. **Sementa cedo e poda tardeiro.** (ms10,118r: D.E.)
21518. **Sementa cedo e poda tardío e collerás pan e viño.** (ms10,118r: D.E.)

21519. **Sementa favores, collerás sinsabores.** (ms10,118r: D.E.)
21520. **Sementa pra collar e colle pra sementar.** (ms10,118r: D.E.)
21521. **Sementa quen fala e colle quen cala.** (ms10,118r: D.E.)
21522. **Sementar por fanegas e collar por espigas.** (ms10,118r: D.E.)
21523. **Tal como sementes, collerás.** (ms10,118r: D.E.)
21524. **Tal sementeira farás, cal seia a semente que sementaras.** (ms10,118r: D.E.)
21525. **Tal sementeira, tal sega.** (ms10,118r: D.E.)
21526. **Us sementan e outros segan.** (ms10,118r: D.E.)
21527. **Us seméntano, outros ségano e aproveítano.** (ms10,118r: D.E.)
21528. **Vai sementar cando sintas o cuco cucar e a ruliña rular.** (ms10,118r: D.E.)

SENDERO

21529. **Cada sendeiro ten o seu carreiro.** (ms10,118r: D.E.)

SENTARSE

21530. **O que ó sentarse di ¡ai! e ó erguerse di ¡opa! non quero á miña porta.** (ms10,118r: D.E.)
21531. **O que tarde chegou, de pé se quedou e non se sentou.** (ms10,118r: D.E.)

SENTIR

21532. **Cada cal sinte o seu ben i-o seu mal.** (ms10,118r: D.E.)
21533. **En non sentir está parte do ben vivir.** (ms10,118r: D.E.)
21534. **O que sabe sentirse, sabe decirse.** (ms10,118r: D.E.)
21535. **Quen non se sinte dunha mala palabra, non se sinte dunha labazada.** (ms10,118r: D.E.)

SEÑOR. V. tamén *Poder, Señorío, Vasallo.*

21536. **Cal é o señor, tal mesa pon.** (ms10,119r: D.E.)
21537. **Cando o ruín fan señor, non hai coitelo pior.** (ms10,119r: D.E.)
21538. **De grandes señores grandes favores.** (ms10,119r: D.E.)
21539. **De grandes señores, moitas veces mesquiños favores.** (ms10,119r: D.E.)
21540. **Dos señores e do sol, canto máis lonxe, millor.** (ms10,119r: D.E.)

21541. **Eu señora e ti señora, ¿quen prepara os pratos e a tixola?** (ms10,119r: D.E.)
 21542. **Eu señora e vós señora, ¿quen poñerá ó lume a cazola?** (ms10,119r: D.E.)
 21543. **Ninguién pode servir ben a dous señores.** (ms10,119r: D.E.)
 21544. **Renego da señora que todo o chora.** (ms10,119r: D.E.)
 21545. **Ser señor non é saber; é señor sabelo ser.** (ms10,119r: D.E.)

SEÑORÍO. V. tamén *Poder, Señor, Vasallo.*

21546. **En lugar de señorío non fagas o teu niño; e se o fai o pai, non-o faga o fillo.**⁶⁴³⁸ (ms10,119r: D.E.)
 21547. **Señorío probe, señorío podre.** (ms10,119r: D.E.)
 21548. **Señorío sin rendas non dá prá manenza.** (ms10,119r: D.E.)
 21549. **Señoríos vellos e de pouco rango, máis que señoríos, son señoritangos.** (ms10,119r: D.E.)

SEPTIEMBRE. V. tamén *Agrícolas (Meses. Septiembre).*

21550. **En setembro e outono bebe o viño vello e deixa estar o novo.** (ms10,120r: D.E.)
 21551. **En setembro come e vende, mais no sea tanto o vender que non deixes que comer.** (ms10,120r: D.E.)

SEPULTURA. V. tamén *Entierro, Muerte.*

21552. **A sepultura, por vella que sea, se lle cantan un responso, ben se recrea.** (ms10,119r: D.E.)
 21553. **Hastra a sepultura a carne viva non é segura.** (ms10,119r: D.E.)
 21554. **Na sepultura amolece a carne máis dura.**⁶⁴³⁹ (ms10,119r: D.E. / ms15,12)

SEQUÍA. V. tamén *Agrícolas (Meteorológicos), Calor.*

21555. **A moita seca trai ás veces a moita mollada.** (ms10,117r: D.E.)

SER

21556. **A "non pode ser" non lle hai que facer.** (ms10,119r: D.E.)

⁶⁴³⁸ O orixinal di: *En lugar de señorío non fagas o teu niño; e se o fai o pai nono faga o fillo.*

⁶⁴³⁹ En ms10 s.v. *Sepultura.*

21557. **Cal ti eres, así me dis.** (ms10,119r: D.E.)
 21558. **Cal ti eres, así medres.** (ms10,119r: D.E.)
 21559. **Cal ti eres, tal te seques.** (ms10,119r: D.E.)
 21560. **Como son así, millor quero pra min que pra ti.** (ms10,119r: D.E.)
 21561. **D'aquí alá, sabe Dios o que será.** (ms10,119r: D.E.)
 21562. **Dime qué fuches e direiche quén eres.** (ms10,119r: D.E.)
 21563. **Dime quén eres e direiche quén fuches.** (ms10,119r: D.E.)
 21564. **Fomos como vós e seredes como nós.** (ms10,119r: D.E.)
 21565. **Hoxe somos e mañá non.** (ms10,119r: D.E.)
 21566. **Hoxe somos e mañán non fomos.** (ms10,119r: D.E.)
 21567. **Hoxe somos e mañán non seremos.** (ms10,119r: D.E.)
 21568. **Máis vale ás veces ser que parecer.** (ms10,119r: D.E.)
 21569. **Mentras máis somos máis valem.** (ms10,119r: D.E.)
 21570. **Non son tantas as noces como as voces.** (ms10,119r: D.E.)
 21571. **O que é i-o por que é, non saben moitos cómo é.** (ms10,119r: D.E.)
 21572. **O que foi e non é, como se non fora.** (ms10,119r: D.E.)
 21573. **O que foi e xa non é, é o mesmo que se non fora.** (ms10,119r: D.E.)
 21574. **O que foi, é e será.** (ms10,119r: D.E.)
 21575. **O que ha ser, convén que sea.** (ms10,119r: D.E.)
 21576. **O que ha ser, vai sendo.** (ms10,119r: D.E.)
 21577. **Ó que non pode ser, non hai que lle facer.** (ms10,120r: D.E.)
 21578. **Se fuches e non es, é o mesmo que se non foras.** (ms10,120r: D.E.)
 21579. **Ser e non ser non pode ser.** (ms10,120r: D.E.)
 21580. **Tanto é o máis como o menos.** (ms10,120r: D.E.)
 21581. **Todo o que foi, poido ser, e todo o que é, xa foi.** (ms10,120r: D.E.)
 21582. **Un soio non é ninguién, pero dous xa son alguén.** (ms10,120r: D.E.)

SERMÓN. V. tamén *Religiosos y morales.*

21583. **O sermón e o salmón, na Coresma teñen sazón; dispois, non.** (ms10,120r: D.E.)
 21584. **Renego do sermón que acaba en daca.** (ms10,120r: D.E.)

SERVIR

21585. **Bo traballo é ser servidor dispois de ser señor.** (ms10,120r: *D.E.*)
21586. **Mal lle senta ser servidor ó que foi señor.** (ms10,120r: *D.E.*)
21587. **Ningüén pode servir a dous amos e agradar a entrambos.** (ms10,120r: *D.E.*)
21588. **Se queres ser ben servido, sírrete ti correndiño.** (ms10,120r: *D.E.*)
21589. **Sírrete do mancebo e aconséllate co vello.** (ms10,120r: *D.E.*)

SIBARITISMO. V. tamén *Ahorro y tacañería, Gastar, Superfluo.*

21590. **Comamos e xoldeemos que eso máis ganaremos.** (ms16: *D.E.*)
21591. **Comamos, bebamos e runflemos que ó cabo morrer temos.** (ms16: *D.E.*)
21592. **Come e folga e terás vida boa.** (ms16: *D.E.*)
21593. **Comer e beber e pete á porta quen quixer.** (ms16: *D.E.*)
Var.: Comer e beber e pete á porta quen dispois viñer. (ms16: *D.E.*)
21594. **Come, durme e engorda e, se te chaman, faite a xorda.** (ms16: *D.E.*)
21595. **Deste mundo levarás panza chea e nada máis, e boas obras s'as fas.** (ms4: Páramo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: Diste mundo levarás boas obras se as fas. (Buciños, Carballedo-F.V.S.) / *Deste mundo sacarás panza chea e nada máis.* (ms16: Sarria)

SIERRA

21596. **A mala serra non corta a madeira.** (ms10,120r: *D.E.*)
21597. **Cando a serra se pon de touca, temos auga, moita ou pouca.** (ms10,120r: *D.E.*)
21598. **Ou estar ó pé da serra ou a cen legoas dela.** (ms10,120r: *D.E.*)
21599. **Vivir ó pé da serra ou lonxe dela.** (ms10,120r: *D.E.*)

SOBRAR

21600. **Máis val que sobre que non que falte.** (ms10,121r: *D.E.*)
21601. **O que che sobra, méteo en obra.** (ms10,121r: *D.E.*)
21602. **O que non fai falla, sobra.** (ms10,121r: *D.E.*)
21603. **O que sobra, estorba.** (ms10,121r: *D.E.*)

21604. **O que sobra, farta.** (ms10,121r: *D.E.*)

21605. **O que sobra, honra.** (ms10,121r: *D.E.*)

SOCORRO

21606. **Socorro tardeiro, socorro valeiro.** (ms10,121r: *D.E.*)

SOL

21607. **Cando o sol madruga é sinal de chuvia.** (ms10,122r: *D.E.*)
21608. **Cando o sol sai, pra todos sai.** (ms10,122r: *D.E.*)
21609. **Desque se pon o sol, logo vén a noite.** (ms10,122r: *D.E.*)
21610. **Hastra poñerse o sol, hai día.** (ms10,122r: *D.E.*)
21611. **O sol de xaneiro non ten compañeiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21612. **O sol do inverno sempre anda detrás do outeiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21613. **Ó sol madrugadeiro non lle abras o medeiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21614. **O sol na eira e a auga na nabeira.** (ms10,122r: *D.E.*)
21615. **O sol que madruga pode traer chuvia.** (ms10,122r: *D.E.*)
21616. **Ó sol sin sombreiro, nin en agosto nin en xaneiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21617. **O sol, o médico e o alguacil entran cando queren e volven saír.** (ms10,122r: *D.E.*)
21618. **Onde o sol non dá, anda o ciruxán.** (ms10,122r: *D.E.*)
21619. **Sol con auga non val nada.** (ms10,122r: *D.E.*)
21620. **Sol de abril, ábrele a man e déixao ir.** (ms10,122r: *D.E.*)
21621. **Sol de marzo, sol de mazo.** (ms10,122r: *D.E.*)
21622. **Sol de xaneiro vén tarde e vaise cedo.** (ms10,122r: *D.E.*)
21623. **Sol de xaneiro, amor de xenro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21624. **Sol de xaneiro, porco ó bulleiro.** (ms10,122r: *D.E.*)
21625. **Sol en nubes engarrado ten a chuvia ó seu lado.** (ms10,122r: *D.E.*)
21626. **Sol madrugador, nunca é bo sol.** (ms10,123r: *D.E.*)
21627. **Sol na cibdá, auga no nabal.** (ms10,123r: *D.E.*)
21628. **Sol que moito madura, pouco dura.** (ms10,123r: *D.E.*)

21629. **Soles e penas e ceas teñen as sepulturas cheas.** (ms10,122r: *D.E.*)

SOLANO (VIENTO)

21630. **O ar soán, nin no inverno nin no vran.** (ms10,121r: *D.E.*)

21631. **Vento soán, malo de inverno e peor de vran.** (ms10,121r: *D.E.*)

SOLDADO

21632. **O bo soldado sácase do arado.** (ms10,123r: *D.E.*)

21633. **O soldado que é casado, nin bo soldado nin bo casado.** (ms10,123r: *D.E.*)

21634. **Soldado gallego na terra hai que velo.** (ms10,123r: *D.E.*)

21635. **Un soldado sabe máis que sete abogados.** (ms10,123r: *D.E.*)

SOLO

21636. **Eu soilo ¿como poderei facelo todo?** (ms10,122r: *D.E.*)

SOLTERO. V. tamén *Matrimonio.*

21637. **Máis vale solteiro estar que mal casar.** (ms10,123r: *D.E.*)

SOPA. V. tamén *Comida.*

21638. **A millor sopa é a que se fai na boca.** (ms10,123r: *D.E.*)

21639. **As sopas e os amores, os primeiros son os millores.** (ms10,123r: *D.E.*)

21640. **Botar sopas e solber, todo xunto non se pode facer.** (ms10,123r: *D.E.*)

21641. **Entre a man e a boca corre perigo a sopa.** (ms10,123r: *D.E.*)

21642. **Nin sopa de auga nin viño de sopa.** ⁶⁴⁴⁰ (ms10,123r: *D.E.* / ms15,12)

21643. **Sopa en viño non emborracha pero alegre a rapaza.** (ms10,123r: *D.E.*)

21644. **Sopa en viño non emborracha, pero agachar, agacha.** (ms10,123r: *D.E.*)

21645. **Sopas de sartén son porcas pero saben ben.** (ms10,123r: *D.E.*)

21646. **Sopas e solber, non hai tal comer.** (ms10,123r: *D.E.*)

21647. **Sopas fervidas alongan a vida.** (ms10,123r: *D.E.*)

⁶⁴⁴⁰ ms15,12: *sopa d'auga.*

SOSPECHAS

21648. **A sospeita enxamais sai de onde entra.** (ms10,124r: *D.E.*)

21649. **O que sospeita, ten a dúbida feita.** (ms10,124r: *D.E.*)

21650. **Precura quitar sospeita e non poñela nin mantela.** (ms10,124r: *D.E.*)

21651. **Quen sospeita non acouga.** (ms10,124r: *D.E.*)

SOTO

21652. **Polo soto non corras atrás de outro.** (ms10,124r: *D.E.*)

SUBIR

21653. **A grande sobida trai a grande caída.** (ms10,121r: *D.E.*)

21654. **Canto máis alta é a sobida, máis grande é a caída.** (ms10,121r: *D.E.*)

21655. **Quen logo sobiu, máis axiña caíu.** (ms10,121r: *D.E.*)

21656. **Quen malamente sobe, máis malamente cai.** (ms10,121r: *D.E.*)

SUCEDER

21657. **Ti que querías, eu que tiña gana, socedeu o que o díaño esperaba.** (ms10,121r: *D.E.*)

SUDAR. V. tamén *Calor, calentura.*

21658. **Súa o labrego mentras outros non queren vir ó rego.** (ms10,124r: *D.E.*)

21659. **Súa o traballador pró que non é suador.** (ms10,124r: *D.E.*)

SUEGROS. V. tamén *Familia. Parientes.*

21660. **A quen ten sogra, cedo se lle morra.** (ms10,122r: *D.E.*)

21661. **Á túa sogra, bon trato e xicarazo.** ⁶⁴⁴¹ (mc e ms16: C.A. / ms10,122r: *D.E.*)

21662. **Acórdate, sogra, de que fuches nora.** (ms10,122r: *D.E.*)

21663. **As sogras i-as patacas danse moi ben baixo da terra.** (ms5,056: Silvarrey)

21664. **Así medre meu sogro como a leña no fogo.** (ms10,122r: *D.E.*)

21665. **Cando se quer a un sogro é dispois de morto.** (ms10,122r: *D.E.*)

⁶⁴⁴¹ ms10: *bo trato.*

21666. **Dos homes que conocín solo Adán
tuvo xuício: casou con muller sin nai e
viviu no paraíso.** (ms-SA: Juan Benito Filloy
Rial: Graba, Silleda, PO)
21667. **Entre a sogra i-a muller fan o home
adoecer.** (mc e ms16: Sober)
21668. **Miña sogra cando reñe ponse no
medio da casa; ela mesma "boto fóra", i-
e eu digo "nun teño trazas".** (ms-LU:
seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
21669. **Non se acorda a sogra que foi
nora.**⁶⁴⁴² (ms10,122r: *D.E.*)
21670. **O que non goza de sogra, non goza de
cousa boa.** (ms10,122r: *D.E.*)
21671. **O que ten sogra, quer que logo se lle
morra.** (ms10,122r: *D.E.*)
21672. **Os enemigos do home son tres: sogra,
cuñada e muller.** (ms-SA: Juan Benito Filloy
Rial: Graba, Silleda, PO / J. M. Barral Sánchez)
21673. **Os enemigos do home son tres: sogra,
cuñado e muller.** (ms-SA: M. González
Fernández)
21674. **Os sogros i-os señores, os mortos son
millores.** (ms)
21675. **Pra sogra borracha, tinallas cheas.**
(ms10,122r: *D.E.*)
21676. **Sogra e nora comen mal a unha
mesma hora.** (ms10,122r: *D.E.*)
21677. **Sogra e nora, e can e gato, non comen
ben nun mesmo prato.** (ms10,122r: *D.E.*)
21678. **Sogra e nora, solas.** (mc e ms16: Buciños)
(es) *Suegra y nuera comen mal a una mesa.*
(R. Marín) / *Suegra y nuera, ni en una
talega.* (Id.)
21679. **Sogras e noras, ningunha conta
verdá; foron feitas na mentira, criadas
na falsedad.** (ms8,39r: Silvarrey)
21680. **Sogra, cuñada e sartén, na cucuña
están ben.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei,
PO)
21681. **Sogra, nin de azucre é boa.** (ms10,122r:
D.E.)
21682. **Sogra, nin de barro á porta.** (ms10,122r:
D.E.)
21683. **Sogra, nin mala nin boa.** (mc e ms16: R.
Caruncho / ms3: C.A. / ms10,122r: *D.E.*)
21684. **Sogra, ningunha é boa.** (ms10,122r: *D.E.*)
21685. **Sogra, nora e xenro son a entrada no
inferno.** (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba,
Silleda, PO)
21686. **Sogra, nora e xenro son a entrada
nun inferno.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún
lugar da provincia de Lugo)
21687. **Veu o foro cargar con meu sogro.**
(ms15,15)
21688. **Xa que pra min non podo, devanarei
pró meu sogro.** (ms10,122r: *D.E.*)

SUELA

21689. **Con solas e viño xa pode un andar
camiño.** (ms10,123r: *D.E.*)
21690. **Con solas, pan e viño ben se pode
coller o camiño.** (ms10,123r: *D.E.*)
21691. **Solas e viño andan camiño.** (ms10,123r:
D.E.)
- SUEÑO. V. tamén *Dormir*.
21692. **Noites alegres, mañás tristes, cabezas
22147. **Pra o ruín traballador non hai ferramenta boa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
22148. **Pra tempo andado, pan ganado.** (ms: A.N.)
22149. **Pra ti fias, pra ti son as mazarocas.** (mc: A.S.A.)
22150. **Pra traballar, xente nova e roupa vella.** (ms15,38: Golada)
22151. **Pró folgazán non hai ferramenta de gusto.** (ms: Buciños)
22152. **Pró ruín traballador tódalas far[r]amentas son malas.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22153. **Puxa o boi polo arado, mal de seu grado.** (mc: A.N.)
(pt) *O boi pega (ou trava) no arado, mas não por seu grado.* (Chaves) (es) *El buey traba el arado, mal de su grado.* (Sbarbi)
Laborem nemo libenter suscipit.
22154. **Quen dá pan, pon afán.** (mc: M.L.)
22155. **¿Quen fai caso de medios días habendo días enteiros?**⁶⁵²⁷ (ms10,103r: D.E.)
22156. **Quen fia e tece, ben lle parece.**⁶⁵²⁸ (mc: A.N. / ms10,020r: D.E.)
(pt) *Quem fia e tece, bem lhe parece.* (Chaves) (es) *Quien hila y tuerce, bien se le parece.* (R. Marín)
A aquel que se dedica a cualquier trabajo con constancia y aplicación, le luce soberanamente. (Sbarbi)
22157. **Quen manda e fai, ten dous traballos.** (mc: *Vida Gallega*)
(es) *Quien manda y haz, no ha menester rapaz.* (Bergua)
22158. **Quen non ten a quen mande, levántese e ande.** (mc e ms4: A.S.A. / ms21,07r: Bermés)
Var.: *Quen non ten quen mande, levántese e ande.* (ms4: J.P.)
22159. **Quen non ten que lle mande, levántese e ande.** (ms18,58r: *Vida Gallega*)
22160. **Quen queira traballos, que os busque e que lle aproveite.** (ms10,132r: D.E.)
22161. **Quen ten maus e saúde, come pan hastra o ataúde.**⁶⁵²⁹ (mc / ms4: F.V.S.)
22162. **Quen traballa en xulio, traballa con orgullo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22163. **Quen traballos pida, que malos traballos o perigan.** (ms10,132r: D.E.)
22164. **Quéntate co traballo e non co lume de carballo.**⁶⁵³⁰ (mc: *Nós* / ms-SA: Manuel Blanco Sieira: Oliveira, Ribeira, C / Francisco Canosa Quintáns / ms-SA: Teófilo Cabaleiro Cabaleiro: Codeseda, A Estrada, PO)
22165. **San Francisco trai a vela e san José a leva.**⁶⁵³¹ (mc, ms e ms4: J.P.)
(es) *San Francisco trae la vela, y San José se la lleva.* (R. Marín) / *San Eugenio* (13 nov.) *trae la vela y San José se la lleva.* (Id.)
22166. **¿Se houbera que axudar a precuralo como hai que axudar a disfrutalo!** (mc: Buciños)
22167. **Se queres boa fama, non che dé o sol na cama.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22168. **Se queres ver a un gitano traballar, méteo nun pallar.**⁶⁵³² (mc: Tuiriz, Monforte / ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
22169. **Se ques comer, traballa.** (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)
22170. **Según é o tratiño será o traballiño.** (mc: Buciños-F.V.S.)
(pt) *Tal trabalhito, tal tratito.* (Chaves)
22171. **Si a vella ves fiar, pon o pito a guisar.**⁶⁵³³ (mc: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballedo, LU)
22172. **Si esta semana che é pouca, con seis días vén a outra.**⁶⁵³⁴ (mc: Tuiriz, Monforte / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

⁶⁵²⁶ O orixinal di: *Pra facer unha canteira, saca-lo escombros e tiralo á veira.*

⁶⁵²⁷ Sen tema no orixinal.

⁶⁵²⁸ En ms10 s.v. *Confiar-Hilar.*

⁶⁵²⁹ ms4: *hasta.*

⁶⁵³⁰ ms4: *do carballo*; ms-SA (Teófilo C.): *con traballo, con lume.*

⁶⁵³¹ Dentro de *Meteorológicos*. Santos no ms. / ms: *trae*; mc, ms e ms4: San Xosé. Jacinto del Prado rexistra o refrán coas formas *trai* e *San José*.

⁶⁵³² ms-LU: *Si, mitio n-un pallar.*

⁶⁵³³ ms-LU: *S'a vella.*

⁶⁵³⁴ ms-SA: *ch'é pouca.*

22173. **Si queres boa fama, non che de o sol na cama.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
22174. **Si queres comer pouco, tes que traballar moito.** (mc: Santiago)
22175. **Si queres medrar, traballa.** (mc: Orense / ms: O Tío Marcos da Portela / ms4: FVS.)
22176. **Si queres pan, traballa coa man.** (mc: Santiago)
22177. **Si queres que a auga corra, tíralle o torrón da presa.** (mc: Buciños)
22178. **Si queres ter boa fama, non che dea o sol na cama.** ⁶⁵³⁵ (ms-LU: Luís Alonso Alonso / José Ballesteros Alonso)
22179. **Si queres ter boa fama, que non che dea o sol na cama.** ⁶⁵³⁶ (mc: Paradelo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradelo, LU / ms-SA: José Castro López: Sobrado dos Monxes, C / ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms-SA: Clemente Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C / E. Segade Vidones / M. Lago López / J. A. Iglesias Ares)
- (pt) *Se queres boa fama, não te demores na cama.* (Chaves) / *Se queres ter boa fama, não te tome o sol na cama.* (Id.) (es) *Si quieres tener buena fama, no te tome el sol en la cama.* (Correas)
22180. **Si queres ter fama, que non che colla o sol na cama.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
22181. **Si tes saúde e queres comer, traballa.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
22182. **Si us dentes nun ganen prás inxivas, as insivas nun poden ganar prós dentes.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
22183. **Sin maña non se come castaña.** (mc: Buciños)
22184. **Sin traballar non se come e sin comer non se traballa.** ⁶⁵³⁷ (mc: Santiago)
22185. **Sin traballo non hai nada.** (ms5,055: Silvarrey)
Var.: *Do traballo sale todo.*
22186. **Soilo do tempo é avaro o home de talento craro.** (ms4: J.P.)
22187. **Soprar e sorber non pode ser.** ⁶⁵³⁸ (mc e ms: M.L.)

⁶⁵³⁵ J. Ballesteros Alonso: *non che de.*

⁶⁵³⁶ ms4 e ms-LU: *non che día o sol.* / V. *Si queres dormir ben, que non che dea o sol na cama en Diligencia.*

⁶⁵³⁷ V. *Nin comer sin traballar, nin traballar sin comer en Ocio (Reprobación del ocio).*

⁶⁵³⁸ ms4: *O soprar.* / Dentro de *Miscelánea* no mc; contén indicación *Trabajo* no ms.

(es) *Soplar y sorber, no puede ser.* (Correas) / *Soplar y sorber tiene dificultad.* (R. Marín) / *Sorber y silbar no puede ser a la par.* (Id.) / *Soplar y sorber, junto no puede ser.* (Id.) (ct) *Beure y bufar no pòt ser.* (Id.)
Latín: *Flare simul, sorbere simul, res ardua semper.*

TERQUEDAD

22188. **Todas comen, todas puxan.** (mc: Buciños)
Var.: *Todos ó trato, todos ó prato.* (Buciños)
22189. **Traballa ben, si queres comer.** (mc: Santiago)
22190. **Traballa e non comerás palla.** (ms10,132r: D.E.)
22191. **Traballa fondo canto queiras, a non ser en terras lixeiras.** (ms4: J.P.)
22192. **Traballa ti que eu xemerei.** (mc: Buciños)
22193. **Traballade, rapaces e nenas, todos os días de rudas faenas.** (ms: Santiago)
22194. **Traballando sin candil fanse fillos mil.** (ms10,132r: D.E.)
22195. **Traballar e non comer é camiño seguro pra morrer.** (ms10,132r: D.E.)
22196. **Traballar e non medrar é cousa pra rabear ou tolear.** (ms10,132r: D.E.)
22197. **Traballar pra medrar e sempre probe estar, mal se pode aturar.** (ms10,132r: D.E.)
22198. **Traballar sin tino é morrer sin fe.** (ms10,132r: D.E.)
22199. **Traballar sin regra é morrer sin fe.** (mc: M.V.)
22200. **Traballo comenzado é medio rematado.** (ms10,132r: D.E.)
22201. **Traballo empezado, medio acabado.** (mc: M.L.)
22202. **Traballo feito non corre prisa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
22203. **Traballo feito non pide nada ó por facer.** (ms15,01: Mato)
22204. **Traballo feito non pide présa.** (ms10,132r: D.E.)
22205. **Traballo feito, traballo pagado.** (ms10,132r: D.E.)
22206. **Traballo pagado, ben traballado.** (ms10,132r: D.E.)
22207. **Traballo pra non morrer de fame e mátoime a traballar; pois é millor deixarse estar.** (ms15,16)
22208. **Traballo precipitado non pode dar resultado.** (mc)

- (pt) *Trabalho precipitado não dá bom resultado.* (Chaves)
22209. **Traballo sin proveito é facer o que xa está feito.** (ms10,132r: D.E.)
22210. **Traballo ten a raposa cando anda ós grilos.** (ms10,132r: D.E.)
22211. **Traballo, perseverancia e saber son as fontes do haber.** (ms4: J.P.)
22212. **Tráete a criada e bótate a servir.** (ms: Monforte)
Porque hay que servirla a ella.
22213. **Tu que non podes lévame ás costas.**⁶⁵³⁹ (mc: A.N. 2ª serie / ms4: N.V. 2ª serie)
(pt) *Tu que não podes, leva-me às costas.* (Chaves) (es) *Tú que no puedes, llévame a costas.* (Sbarbi) (ct) *Tu que no pots, portam al coll.* (Alberola)
Censura al que aumenta el trabajo de otro, que apenas puede desempeñar el suyo.
22214. **Vai comer onde traballache.** (ms9,04r: Silvarrey)
Var.: *Vai comer onde o mereciche.* (Meda)
22215. **Val máis onza de trato que libra de traballo.** (ms-SA: José Manuel Area Alonso)
22216. **Val máis onza de cuidado que libra de traballo.** (mc: Santiago)
22217. **Val máis quen quer que quen pode.**⁶⁵⁴⁰ (mc: J.P.)
(pt) *Mais vale quem quer do que quem pode.* (Chaves) (es) *Más hace el que quiere que el que puede.* (Sbarbi)
22218. **Vale máis ben rodear que mal atallar.** (ms18,65r: Páramo)
22219. **Vale máis mazar que estopar.** (mc: Bucíños)
No se ha de reparar en un trabajo, por duro que sea, cuando sale bien compensado.
22220. **Vale máis onza de trato que libra de traballo.**⁶⁵⁴¹ (mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradelo, LU / ms-LU: Dous seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballo, LU / ms21,25v: Bermés)
Var.: *Vale máis onza de cencia que libra de traballo.*
(es) *Más vale onza de trato que libra de traballo.* (R. Marín)
22221. **Vale máis unha hora de traballo que vintecatro de garbana [sic].**⁶⁵⁴² (ms8,46r: La Cañiza)
22222. **Vale máis unha onza de goberno c'onha libra de traballo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22223. **Viva Dios e cante o merlo, que tras do vrau vén o inverno.** (mc: M.L.)
22224. **Volta feita non ten prisa.** (mc: Tuiriz, Monforte)
22225. **Xa que cobras, traballa.** (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
22226. **Xa que ti soplas, eu vou á leña.** (ms: Bucíños)
22227. **Xuana, mentras fia, non devana.**⁶⁵⁴³ (mc / ms: Neira de Rey)
- TRAGÓN.** V. tamén *Comida, Excesos, Obesidad.*
22228. **O larpeiro come o que non ten e o que non ten, déixao.** (ms10,032v: D.E.)
- TRAJE.** V. tamén *Ropa, Vestido.*
22229. **O bo traxe cobre o mal linaxe.** (ms10,133r: D.E.)
22230. **O bo traxe fai o señoriaxe.** (ms10,133r: D.E.)
- TRAJINANTE**
22231. **O traxineiro é mal compañeiro, porque ten que ir de rueiro en meiro e de meiro en rueiro.** (ms10,133r: D.E.)
22232. **O traxineiro non pode ser preguiceiro.** (ms10,133r: D.E.)
- TRASNO.** V. tamén *Demo, Demonio, Diablo, Diaño, Religiosos y morales.*
22233. **Nunca se farta o trasno de facer trasnadas.** (ms10,132r: D.E.)
22234. **¿Que ha de facer o trasno, se non son trasnadas?** (ms10,132r: D.E.)
- TRASNOCHAR.** V. tamén *Noche.*
22235. **Quen trasnoita e madruga, pouco pode durmir.** (ms10,132r: D.E.)

⁶⁵³⁹ ms4: *Ti que.*

⁶⁵⁴⁰ V. *Fai máis quen quere, que quen pode* en *Voluntad (Poder de la voluntad).*

⁶⁵⁴¹ ms-LU (Bucíños): e ms-LU (Lugo): *ca libra*; ms-LU (Paradelo) e ms-LU (norte): *Val.*

⁶⁵⁴² O orixinal di *Vale máis unha hora de traballo que vintecatro de garvana.* Supoñemos que se refire á *galbana*, ou preguiza. O propio Vázquez Saco xa colocaba un [sic] despois da palabra *garvana*, o que quere dicir que a el tamén lle sorprendeu.

⁶⁵⁴³ Dentro de *Miscelánea* no mecanoscrito orixinal. Contén a indicación *Trabajo* no ms.

TRATO. V. tamén *Comercio*.

22236. **Dá o trato por desfeito cando sea máis o dano que o proveito.** (ms10,133r: D.E.)
 22237. **Dime os dous que estaban e direiche o que trataban.** (ms10,133r: D.E.)
 22238. **Fuxe de facer trato con quen non ten máis dios que o prato.** (ms10,133r: D.E.)
 22239. **Máis val unha hora de trato que cen de traballo.** (ms10,133r: D.E.)
 22240. **Non trates con rico empobrecido, nin con probe enriquecido.** (ms10,133r: D.E.)
 22241. **O trato é trato; todo o demais é lan de gato.** (ms10,133r: D.E.)
 22242. **Se queres facer bo trato, vende caro o que merques barato.** (ms10,133r: D.E.)

TRESILLO (V. tamén *Juego de la brisca, Lacras y vicios sociales*).

22243. **O que vai por tres, súa é.** (ms5,134: Lugo)
 Tresillo. Yendo sólo por tres cartas, se supone que las seis restantes que se reserva el jugador forman una buena entrada.
 22244. **Seis i-a espadas, nunca a fagas.** (ms5,134: Lugo)
 En el juego del tresillo. Pedir seis cartas nuevas, y a espadas, que es palo corto es mala entrada.
 22245. **Volta co basto, malo.** (ms15,43: Lugo)
 22246. **Volta de mala, nunca é mala.** (ms15,43: Lugo)

TRIGO. V. tamén *Comida, Pan*.

22247. **Cando o trigo está no celeiro é do que ten diñeiro.** (ms10,133r: D.E.)
 22248. **Cando o trigo está nos campos, é de Dios e dos santos.** (ms10,133r: D.E.)
 22249. **O trigo que non se axunta na leira, xúntase na eira.** (ms10,133r: D.E.)
 22250. **Quen colle trigo pode comer pantrigo.** (ms10,133r: D.E.)
 22251. **Se che vai ben o trigo tardeiro, non llo digas ó teu compañeiro.** (ms10,133r: D.E.)
 22252. **Trigo que lle a palla doura, logo estará pró fouciño.** (ms10,133r: D.E.)
 22253. **Xa que o trigo non é meu, que o cañe quen o colleu.** (ms10,133r: D.E.)

TRONAR. V. tamén *Pronósticos atmosféricos, Tiempo*.

22254. **Cando no inverno vires tronar, vende os bois e bótalo en pan.** (ms10,133r: D.E.)
 22255. **Cando trona en marzo, aparelha as cubas e o mazo.** (ms10,133r: D.E.)

22256. **Cando trona, forza é que chova.** (ms10,133r: D.E.)
 22257. **Cando tronou e trona, forza é que chova.** (ms10,133r: D.E.)
 22258. **Os tronos e o mar dan un pouco que pensar.** (ms10,133r: D.E.)
 22259. **Tronando en abril, de dez graus nacen mil.** (ms10,133r: D.E.)
 22260. **Tronos de soán, pouca auga e, se cadra, pouco pan.** (ms10,133r: D.E.)
 22261. **Tronos en maio anuncian mal ano.** (ms10,133r: D.E.)
 22262. **¡Tronos ó mar! que alí teñen onde se afogar.** (ms10,133r: D.E.)

TROPEZAR

22263. **Co moito tropezar adepréndese a andar.** (ms10,134r: D.E.)
 22264. **Tropezar é adiantar.** (ms10,134r: D.E.)
 22265. **Tropezar e máis tropezar chega a cansar.** (ms10,134r: D.E.)

TROTE. V. tamén *Animales domésticos, Mula, Potro, Yegua*.

22266. **O trote que colle a mula, todo o día lle dura.** (ms10,134r: D.E.)

TRUCHAS. (V. *Peces. Truchas*)

TUERTO. V. tamén *Ojos*.

22267. **A torto ou dereito, axude Dios o noso consello.** (ms10,131r: D.E.)
 22268. **Cando vai torta, o demo que a endereite.** (ms10,131r: D.E.)
 22269. **Do que vai torto non digas que vai dereito.** (ms10,131r: D.E.)
 22270. **Máis val quedar torto que morto.** (ms10,131r: D.E.)
 22271. **Máis val torto que cego.** (ms10,131r: D.E.)
 22272. **Máis vale ser torto de un ollo que cego dos dous.** (ms10,131r: D.E.)
 22273. **O que nace torto, enderéitase tarde.** (ms10,131r: D.E.)
 22274. **Val máis torta e nosa que con catro ollos e vosa.** (ms10,131r: D.E.)

UNO

22275. **Cada un é cada un.** (ms10,134r: D.E.)
 22276. **Cada un é como Dios o fixo.** (ms10,134r: D.E.)
 22277. **Cada un é pra si e non prós máis.** (ms10,134r: D.E.)

22278. **Un e nada todo é un.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22279. **Un por outro, o traballo non se fai.** (ms10,134r: *D.E.*)

UNTAR

22280. **O que non unta o carro, quédase ás veces na corredoira.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22281. **Quen unta, amolenta.** (ms10,134r: *D.E.*)

UNTO. V. tamén *Comida*.

22282. **O caldo que non leva un pouco de unto, non está no seu punto.** (ms10,134r: *D.E.*)

USO

22283. **Horta, muller e muíño queren uso continuo.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22284. **No usaxe sempre hai algo de señoriaxe.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22285. **Ó mal uso créballe a perna.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22286. **O uso é mestre de todo.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22287. **O uso fai mestres.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22288. **O uso novo enterra o vello.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22289. **Polo usaxe non vén ningún aldraxe.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22290. **Por non perder o uso, leva a roca o fuso.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22291. **Quen usa, non abusa.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22292. **Todo quer uso e a muller quer roca e fuso.** (ms10,134r: *D.E.*)
 22293. **Usa e serás mestre.** (ms10,134r: *D.E.*)

USOS Y COSTUMBRES

22294. **A cada terra seu uso e a cada roca seu fuso.** (ms-SA: Emilio Segade Vidones)
 22295. **A cada terra seu uso, a cada roca seu fuso.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
 22296. **A moda non incomoda.** (mc: *Dicc. Ac.* / ms8,70r: Castroverde)
 Var.: *A moda non enfada.* (Chantada)
 (es) *Lo que es moda no incomoda.* (Sbarbi)
 22297. **A onde fores fai como vires.** (ms10,031r: *D.E.*)
 22298. **A onde vaias fai o que vexas.** (ms10,031r: *D.E.*)
 22299. **A sangue hérdase i-o vicio pégase.** (mc: Buciños)
 22300. **Alí como alí i-eiquí como eiquí.** (mc: Buciños)

22301. **Cada país ten seu uso e cada roca seu fuso.** (mc: M.V.)
 (pt) *Cada terra com seu uso, cada roca com seu fuso.* (Chaves) (es) *En cada país hay sus usos.* (Sbarbi)
 22302. **Cada roca ten seu fuso, cada terra ten seu uso.** (ms-SA: Antonio Mendoza Cajade: San Cristovo de Reis, Toques, C)
 22303. **Cada roca ten seu fuso, en cada terra hai seu uso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
 22304. **Cada terra o seu uso e cada roca o seu fuso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 22305. **Cada terra seo uso, cada roca seo fuso.** ⁶⁵⁴⁴ (ms21,02r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
 22306. **Cada terra ten seu uso, cada roca seu fuso.** (ms-SA: Manuel Camino Sánchez)
 22307. **Cando é moda, falda de fóra.** (ms8,70r: Silvarrey)
 22308. **Con tal que sea moda, inda que sea a falda fóra.** (ms: Carballedo)
 22309. **Chámanlle ó gancho cousa torta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santiago de Compostela, C) ⁶⁵⁴⁵
 22310. **De balde tiranlles pedras ós cas.** ⁶⁵⁴⁵ (ms4: A.S.A. / ms21,05r: Bermés)
 22311. **De lugar a lugar, diferente falar.** ⁶⁵⁴⁶ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 22312. **Dios fai, fai, pro non fai fillo sin pai.** ⁶⁵⁴⁷ (ms4: M.L. / ms10,007v: *D.E.*)
 22313. **Donde fores, fai como vexas.** (mc: C.A.)
 (es) *A donde fueres, haz como vieres.* (R. Marín) (ct) *Aon vages, lo que veges fer, faces.* (Alberola)
 22314. **Donde vivires, fai como vires.** (mc: Otero de Rey / ms15,22)
 22315. **En cada nación hai o seu uso e cada roca ten o seu fuso.** ⁶⁵⁴⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: Xestoso, Monfero, C / Gestoso, provincia de La Coruña)
 22316. **En cada roca seu fuso i-en cada país seu uso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 22317. **En cada terra o seu uso e cada roca o seu fuso.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

⁶⁵⁴⁴ ms-LU: *seu uso, seu fuso.*

⁶⁵⁴⁵ ms21,05r: *tiranlle.*

⁶⁵⁴⁶ ms-LU: *difrente.*

⁶⁵⁴⁷ ms10: *pero non fai fillo.* En ms10 s.v *Dios.*

⁶⁵⁴⁸ Gestoso (La Coruña): *hai seu uso.*

22318. **En cada terra seu uso i-a cada roca seu fuso.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballo, LU)
22319. **En cada terra seu uso i-en cada roca seu fuso.** (mc: C.G.)
Var.: *En cada terra hai seu uso, en cada roca seu fuso.* (G.S.)
(pt) *Cada terra com seu uso, cada roca com seu fuso.* (Chaves) (es) *En casa tierra su uso y en cada casa su costumbre.* (R. Marín)
Véase *Cada país ten seu uso...*
22320. **En cada terra seu uso, cada roca seu fuso.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
22321. **En terra de lobos, ouvear coma eles.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22322. **Faldra fóra pasou por eiquí vendendo ratos a maravedí.** (mc: Buciños)
Dicho que se inventó para dar matraca a la moda de la *faldra fóra*.
22323. **Hoxe todo vai pola nova; s'é bon, mañá o dirá quen poida.** ⁶⁵⁴⁹ (mc: M.V.)
22324. **Mexo na cama e cago no lume: eso depende de mala costume.** (mc: Tuiriz, Monforte)
22325. **Muda o lobo os dentes e non as mentes.** (mc: J.P.)
(es) *Muda el lobo los dientes, y no las mientes.* (R. Marín)
La fuerza de la costumbre.
22326. **Na terra do bon haber, según fan, facer.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22327. **Na terra do bon saber, como fan, facer.** (mc: Buciños)
(pt) *Na terra onde fores viver, faze como vires fazer.* (Chaves) (es) *En la tierra do vivieres, haz como vieres.* (Sbarbi) / *A donde fueres, haz como vieres.* (Id.)
Véase *Donde vivieres...*
22328. **Na terra dos lobos hai que facer coma todos.** ⁶⁵⁵⁰ (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns / José Lage Radío: Santa Eulalia de Xil, Meaño, PO)
22329. **Na terra dos lobos hai que ouvear coma todos.** ⁶⁵⁵¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia (galego occidental) / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo
- / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña / ms-SA: Manuel Cancela Corredoira: San Pedro de Campañó, Pontevedra, PO)
22330. **Na terra dos lobos oubeare como todos.** ⁶⁵⁵² (mc: A.N. / ms21,14r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms-SA: Leonardo Carro Rodríguez: Vilaño, A Laracha, C)
Var.: *Na terra dos lobos oubeare como eles.* (Sarria) / *Na terra dos lobos hai qu'aular com'eles.* (ms4: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,44: Comarca de Fonsagrada) / *No tempo dos lobos oubeare coma todos.* (ms4: F.V.S.)
(es) *Quien con lobos anda, a aullar se enseña.* (Jara) / *Quien con lobos anda, al año aulla.* (R. Marín) / *Quien con lobos se acompaña, si no aulla hoy, aullará mañana.* (Id.)
Dum Romae fueris, romano vivito more.
22331. **Na terra en que vivires fai sempre o que vires.** (mc: G.S.)
Var.: Como: *Na terra do bon saber...*
(pt) *Na terra onde fores viver, faze como vires fazer.* (Chaves) / *Aonde fores ter farás como vires fazer.* (Chaves) (es) *Por donde fueres, haz como vieres.* (Correas)
22332. **Na terra onde vivires fai como vires.** (ms10,031v: D.E.)
22333. **Non con quen naces sinón con quen paces.** ⁶⁵⁵³ (mc: Buciños / ms10: D.E.)
Var.: *Dime con quen naces e non con quen paces.* (F.V.S.)
(es) *No con quien naces, sino con quien paces.* (Sbarbi)
El trato con las personas influye más que el nacimiento en las costumbres.
22334. **Non póña-lo pelo á moda qu'os caseiros non chos vexo pra te poñer de señora.** ⁶⁵⁵⁴ (ms21,16v: Bermés)
22335. **Nun hai millor traxe que u de pana nin mellor calzamenta cós zocos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
22336. **Nunca negues teus xornales ós camiños veciñais.** ⁶⁵⁵⁵ (ms4: J.P.)
22337. **O que malas costumes ten, nin cedo nin tarde as bota ben.** (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)

⁶⁵⁴⁹ ms3: *s'é bo*.

⁶⁵⁵⁰ J. Lage Radío: *como todos*.

⁶⁵⁵¹ ms-LU (Lugo): *hai qu'ouvear*; ms-SA (A Coruña) e ms-SA (Manuel C.): *oubiar*.

⁶⁵⁵² ms3: *coma os lobos*; ms-SA, ms-LU e ms21,14r: *coma todos*; ms-SA: *oubiar*.

⁶⁵⁵³ ms10: *senon con quen*.

⁶⁵⁵⁴ O orixinal di: *Non poñal'o pelo a moda c'os caseiros non chos vexo pra te poñer de señora*.

⁶⁵⁵⁵ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

22338. **O que non está afeito ás bragas, as costuras lle fan llagas.** (ms4: G.S. y A.)
22339. **O que s'usa, non s'escusa.** (ms)
22340. **O que (moito) se usa, non se excusa.** (mc: M.V. / mc: Chantada)
(pt) *O que se usa não se excusa.* (Chaves)
(es) *Lo que se usa no se excusa.* (Sbarbi)
Debemos conformarnos con la costumbre común del tiempo, siempre que sea lícita y honesta.
22341. **Pinga, pinga, na casa da tía Dominga.**⁶⁵⁵⁶ (ms e ms4: M.L.2 / ms10,092r: D.E.)
22342. **Pra quitar a bruxería mete allos na bolsilla.** (ms / ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)
22343. **Quen come con navalla é porque é da montaña.** (ms21,17v: Bermés)
22344. **Sea moda, non sea moda, non botes a faldra fóra.** (mc: Taboada-F.V.S.)
22345. **Si n'é por zancas, é por barrancas.** (ms: M.L.)
22346. **Toda a manta é la.** (mc: M.L.)
22347. **Toda a terra é unha.**⁶⁵⁵⁷ (mc: M.L. / ms10,130r: D.E.)
Var.: *Toda a terra é país.* (ms4: F.V.S. / ms-LU: Paco de Seoane: Bucínos, Carballado, LU)⁶⁵⁵⁸
(pt) *Toda a terra é uma e a gente, quase, quase.* (Chaves)
22348. **Tras de tempos, tempos veñen, mais volven os usos ós seus corredais.** (mc: Bucínos)
22349. **Tras de tempos, tempos, mais volven os usos ós seus carredais.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22350. **Usos novos en terras vellas.** (ms8,03r: Meda)
22351. **Vistir a uso e calzar a gusto.**⁶⁵⁵⁹ (mc: A.S.A.)
(pt) *Vestir a uso e comer a gosto.* (Chaves)
(es) *Vestir, al uso; comer, al gusto.* (R. Marín)
- UVAS.** V. tamén *Agrícolas (Generales)*.
22352. **As uvas non son uvas hastra que están maduras.** (ms10,134r: D.E.)
22353. **Cando comenzan as uvas a pintar, comenzan as mozas a fiar.** (ms10,134r: D.E.)
22354. **Cando hai uvas e figos, amaña os teus vestidos.** (ms10,134r: D.E.)
22355. **Co tempo veñen as uvas se son maduras.** (ms10,134r: D.E.)
22356. **Dispois de uvas e mel, sabe mal o viño pero fai ben.** (ms10,134r: D.E.)
22357. **En Santiago pinta o bago.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22358. **Na santa Mariña pinta o bago na viña.** (mc e ms16: J.T.)
(es) *Por Santa Marina, busca en la viña.* (R. Marín)
22359. **Non queiras uva verde nin podrida si te propós facer boa bebida.**⁶⁵⁶⁰ (ms4: J.P.)
22360. **Ó seu tempo cóllense as uvas se están maduras.** (ms10,134r: D.E.)
22361. **Ou tarde ou cedo, a cepa sempre dá uvas polo setembro.** (ms6,05v: Pura Vázquez en "Vendimia, vendimiadores", publicado en *La Noche*)
22362. **Polo san Lucas saben ben as uvas.** (ms10,134r: D.E.)
San Lucas (18 oct.)
22363. **Por san Martiño e san Xudas, piñeirñas de túas uvas.** (mc e ms16: C.A. / ms: E.C.)
22364. **Por san Miguel as uvas maduras moito me tardan e pouco me duran.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22365. **Por santa Ana, a uva pintada.** (mc e ms16: J.P.)
(es) *Por Santa Ana, uva pintada.* (R. Marín)
ms16: H. Núñez
22366. **Por Santiago e Sant'Ana pintan as uvas, e pola Nosa Señora xa as hai maduras.**⁶⁵⁶¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22367. **Por Santiago e santa Ana pintan as uvas.** (mc e ms16: J.P.)
(pt) *No S. Tiago, pinta o bago.* (Chaves)
(es) *Por Santiago pinta el bago, pinta la uva, pinta el melón y pinta el melocotón.* (R. Marín) / *Por Santiago y Sta. Ana, pinta las uvas y las granadas.* (Id.) (ct) *Per sant Jaume pinta l'uva, per festes d'agost ja será madura.* (Sanchis)

⁶⁵⁵⁶ En ms10 s.v. *Gotear*.

⁶⁵⁵⁷ En ms10 s.v. *Tierra*. V. *Todo o mundo é país en Patria*.

⁶⁵⁵⁸ ms-LU: *Tod'a terra*.

⁶⁵⁵⁹ ms4: *uso, calzar*.

⁶⁵⁶⁰ Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁶⁵⁶¹ O orixinal di: *Por Santiago e Sant'Ana pintan as uvas, e po'la Nosa Señora xa has hay maduras*.

22368. **Por Santiago pinta o bago.** (mc e ms16: Santiago)

Véase *Por santa Ana y por Santiago...*

22369. **Poucas son as malas fadas.** (ms18,76r: A.S.A.)

22370. **Pouco por uvas se me dá cando non-as hai.** ⁶⁵⁶² (ms10,134r: D.E.)

22371. **Pra que me gusten as uvas, han de estar maduras.** (ms10,134r: D.E.)

22372. **San Migueliño das uvas maduras, que tarde nos vés e que pouco nos duras; se dúas veces ó ano viñeras, moito ben nos deras e moitos favores tamén nos fixeras.** (ms10,135r: D.E.)

22373. **Uva de viña apedreada pona en pipo separada.** (ms4: J.P.)

22374. **Uva mollada, pra viño non vale nada.** (ms10,135r: D.E.)

VACAS. V. tamén *Agrícolas (Animales), Vaquero.*

22375. **A carto vai a vaca; pero si non hai carto, non hai vaca.** (ms10,135r: D.E.)

22376. **A vaca canto máis se munxe, máis grande ten o teto.** (ms10,135r: D.E.)

22377. **A vaca farta, do rabo fai a cama.** (ms10,135r: D.E.)

22378. **Canto máis se munxe a vaca, máis os tetos se lle agrandan.** (ms10,135r: D.E.)

22379. **De unha vaca sai un becerro.** (ms10,135r: D.E.)

22380. **Que dea a vaca bo tenreiro, que moito leite coa herba no prado non hai que esperalo.** (ms10,135r: D.E.)

22381. **Vaca e carneiro, comida de cabaleiro.** (ms10,135r: D.E.)

22382. **Vaca estransillada, nin bo leite nin boa crianza.** (ms10,135r: D.E.)

22383. **Vai a carto a vaca, pero o que non ten un carto non-a cata.** ⁶⁵⁶³ (ms10,135r: D.E.)

22384. **Val máis bocado de vaca que catro de pataca.** (ms10,135r: D.E.)

VALENTÍA

22385. **O valente que hoxe fuxe, outra vez peleará.** (ms10,135r: D.E.)

22386. **Os valentes e o bo viño acábanse logo.** (ms10,135r: D.E.)

⁶⁵⁶² O orixinal di: *Pouco por uvas se me da, cando nonas hai.*

⁶⁵⁶³ O orixinal di: *Vai a carto a vaca, pero o que non tén un carto, nona cata.*

22387. **Tan valente é un combatindo como outro fuxindo.** (ms10,135r: D.E.)

22388. **Valente de boca, lixeiro de pés.** (ms10,135r: D.E.)

22389. **Valente que fuxe unha vez é que se garda pra outra vez.** (ms10,135r: D.E.)

VALER

22390. **Casa de terra, cabalo de herba e amigo de pousada non valen nada.** (ms10,135r: D.E.)

22391. **Máis vale din que don.** (ms10,135r: D.E.)

22392. **Máis vale malo conecido que bo por conecer.** (ms10,135r: D.E.)

22393. **O que moito val, de debaixo da terra sai.** (ms10,135r: D.E.)

22394. **Quen menos val é quen ás veces máis crece.** (ms10,135r: D.E.)

22395. **Tanto vale un home canto el se estima.** (ms10,135r: D.E.)

22396. **Val máis un "por se acaso" que un "quen pensara".** (ms10,135r: D.E.)

VAQUERO. V. tamén *Vacas.*

22397. **Onte vaqueiro e hoxe cabaleiro.** (ms10,135r: D.E.)

VARA

22398. **Vara seca non se domea, que creba.** (ms10,135r: D.E.)

VARÓN. V. tamén *Hombre, Mujer.*

22399. **Benia o varón que por si se castiga e por outro non.** (ms10,136r: D.E.)

22400. **Cal é o varón, tal é a súa sazón.** (ms10,136r: D.E.)

22401. **O máis sisudo varón, a muller bótalo ó fondón.** (ms10,136r: D.E.)

22402. **O varón forte non-o arrendan o tempo nin a morte.** ⁶⁵⁶⁴ (ms10,136r: D.E.)

22403. **Pró bo varón, as terras como as súas.** (ms10,136r: D.E.)

VASALLO. V. tamén *Poder, Señor, Señorío.*

22404. **O bo vasallo fai o bo señor.** (ms10,136r: D.E.)

⁶⁵⁶⁴ O orixinal di: *Ó varón forte nono arrendan o tempo nin a morte.*

VECES

22405. **A bo comer ou mal comer, tres veces beber.** (ms10,136r: D.E.)
 22406. **Decir unhas veces torto e outras dereito, é de xente de mal xeito.** (ms10,136r: D.E.)
 22407. **Dúas veces pon a mesa quen come e deixa.** (ms10,136r: D.E.)
 22408. **Unha vez non son veces.** ⁶⁵⁶⁵ (ms10,140r: D.E.)

VECINO

22409. **Cando haxa un mal veciño, sofrilo.** (ms10,136r: D.E.)
 22410. **Cando teñas un mal veciño tes que sofrilo.** (ms10,136r: D.E.)
 22411. **Cando tiveres un mal veciño, pide que non che veña outro máis malino.** (ms10,136r: D.E.)
 22412. **Co bo veciño casarás a túa filla e venderás o teu viño.** (ms10,136r: D.E.)
 22413. **Co bo veciño venderás o teu viño e collerás o teu trigo.** (ms10,136r: D.E.)
 22414. **Co mal veciño faise o home precavido.** (ms10,136r: D.E.)
 22415. **Daime, veciñas, a embora, que boto touciño na miña ola.** (ms10,136r: D.E.)
 22416. **Mal veciño é o amor, pero onde o non hai, é pior.** (ms10,136r: D.E.)
 22417. **Non hai veciño pior que o murmurador.** (ms10,136r: D.E.)
 22418. **Non teñas por veciño forno nin muíño.** (ms10,136r: D.E.)
 22419. **O rei i-o río non-os teñas por veciños, porque se se asañan, todo cho deixan barrido.** ⁶⁵⁶⁶ (ms10,136r: D.E.)
 22420. **Os coidados do veciño hanse sentir con cuncas de viño.** (ms10,136r: D.E.)
 22421. **Polo mal veciño non desfagas o teu niño.** (ms10,136r: D.E.)
 22422. **Refrán é moi antigo, que é gran mal o mal veciño, e inda máis se é do teu oficio.** (ms10,136r: D.E.)

VEJEZ. V. tamén *Edades (Ancianidad)*.

22423. **A vella que de amores debece, o díaño que a leve.** (ms10,136r: D.E.)

⁶⁵⁶⁵ En ms10 s.v. *Vez*.

⁶⁵⁶⁶ O orixinal di: *Ó rei i ó río nonos teñas por veciños, porque se se asañan, todo cho deixan barrido*.

22424. **A vellez mala enfermidade é.** (ms10,136r: D.E.)
 22425. **A vellez nunca vén soila.** (ms10,136r: D.E.)
 22426. **A vellez ten mala cura.** (ms10,136r: D.E.)
 22427. **Á vellez, estudar, pra morrer antes de acabar.** (ms10,136r: D.E.)
 22428. **Abonda ser vello pra estar enfermo.** (ms10,136r: D.E.)
 22429. **Anque seas vello non renegues do consello.** (ms10,136r: D.E.)
 22430. **Cando o vello é gaitero, ¿que fará o mozo solteiro?** (ms10,136r: D.E.)
 22431. **Canto máis vello máis pelexo.** (ms10,137r: D.E.)
 22432. **De vello hai quen se troca en pelexo.** (ms10,137r: D.E.)
 22433. **Fol sacudido non dá fariña.** ⁶⁵⁶⁷ (ms15,43: Diomondi)
 Figurado: se aplica a la vejez: un viejo que ya vivió su vida, nada espera para adelante y dice: *fol sacudido*.
 22434. **Non hai ningún tan vello que non pense vivir un ano.** (ms10,137r: D.E.)
 22435. **Non hai vella da cintura pra abaixo.** (ms10,136r: D.E.)
 22436. **Non hai vella fermosa nin moza fea.** (ms10,136r: D.E.)
 22437. **O vello hai que mantelo.** (ms10,137r: D.E.)
 22438. **O vello i-a palleira, cando se alcenden son mala fogueira.** (ms10,137r: D.E.)
 22439. **O vello i-o forno pola boca se quentan: un con viño e outro con leña.** (ms10,137r: D.E.)
 22440. **O vello na súa terra e o mozo na allea, minten á súa maneira.** (ms10,137r: D.E.)
 22441. **Ó vello non lle preguntes "¿como che vai?" senón "¿como che foi?".** (ms10,137r: D.E.)
 22442. **Ó vello nunca lle falta que contar: ou ó sol ou ó pe do lar.** (ms10,137r: D.E.)
 22443. **O vello por non poder e o mozo por non saber, déixanse as cousas perder.** (ms10,137r: D.E.)
 22444. **O vello que engorda, dúas mocedades logra.** (ms10,137r: D.E.)
 22445. **O vello que hincha e o mozo que mirra, quedalle pouca vida.** (ms10,137r: D.E.)

⁶⁵⁶⁷ Indica *Vejez*.

22446. **O vello que se cura, máis anos dura.** (ms10,137r: D.E.)
22447. **Polo vello non poder e o mozo non saber, moito se deixa de facer.** (ms10,137r: D.E.)
22448. **¿Por que vai a vella á casa da moeda? Por se algo se lle pega.** (ms10,136r: D.E.)
22449. **Quen de vello engorda, dúas mocedades disfróita.** (ms10,137r: D.E.)
22450. **Quen ó vello lle furta a cea, querlle ben anque o non pareza.** ⁶⁵⁶⁸ (ms10,137r: D.E.)
22451. **Quen queira ser vello moito tempo, váiase con tento.** (ms10,137r: D.E.)
22452. **Se a vella é gaiteira ¿que fará a moza solteira?** (ms10,136r: D.E.)
22453. **Se mudas o vello de terra, logo che dará el a pelexa.** (ms10,137r: D.E.)
22454. **Se non miro prá vella, miro prá maxencia que leva.** (ms10,136r: D.E.)
22455. **Se o vello non pode ir, o mozo non quer, ¿que se lle ha facer?** (ms10,137r: D.E.)
22456. **Se queres chegar a vello, sube as costas como vello.** (ms10,137r: D.E.)
22457. **Vello con amores, inverno con frores.** (ms10,137r: D.E.)
22458. **Vello que fai boda, cava sin querer a súa cova.** (ms10,137r: D.E.)
22459. **Vello que se namora, chama pola derradeira hora.** (ms10,137r: D.E.)

VELA

22460. **A vela da barca hai que velala, e se non, largala.** (ms10,136r: D.E.)
22461. **Moita vela, pouco vento.** (ms10,136r: D.E.)
22462. **Pouca vela, moito vento.** (ms10,136r: D.E.)

VENDIMIA. V. tamén *Agrícolas*.

22463. **A vindima non é cada día.** (ms10,141r: D.E.)
22464. **A vindima, enxóita e fría.** (ms10,141r: D.E.)
22465. **Antes da vindima compón as cubas axiña.** (ms10,141r: D.E.)
22466. **Dispois de vindimas, corvos.** (ms10,141r: D.E.)

⁶⁵⁶⁸ O orixinal di: *Quen o vello furta lle furta a cea, querlle ben anque o non pareza.*

22467. **Mandar rapaces á vindima é cousa perdida.** (ms10,141r: D.E.)
22468. **Ós comenzos de setembro aparela as cubas pra vindimar as uvas.** ⁶⁵⁶⁹ (ms10,120r: D.E.)
22469. **Pola vindima vende as túas galiñas; pola Navidá vólveas mercar.** (ms10,141r: D.E.)
22470. **Vindima enxóito se queres coller viño mosto.** (ms10,141r: D.E.)

VENIR

22471. **A mal vir, botar tabaco e cuspir.** (ms10,143r: D.E.)
22472. **Axiña vén o que se ve.** (ms10,143r: D.E.)
22473. **Os que cabirtos venden e cabras non teñen, ¿de onde lle veñen?** (ms10,143r: D.E.)
22474. **Quen vén o derradeiro, chega ás veces o primeiro.** (ms10,143r: D.E.)
22475. **Quen vén, non tarda.** (ms10,143r: D.E.)
22476. **Se queres vir comigo, trai contigo.** (ms10,143r: D.E.)
22477. **Védesme como veño e preguntádesme qué teño.** (ms10,143r: D.E.)
22478. **Venme o que bebo e non me ven a sede que teño.** (ms10,143r: D.E.)
22479. **Veume o mal que me acostumbra a vir, que dispois de farto bótome a durmir.** (ms10,143r: D.E.)

VENTA

22480. **A millor venda é a primeira.** (ms10,137r: D.E.)
22481. **Na venda onde pasares, paga sin reparares nin regateares.** (ms10,137r: D.E.)
22482. **No vender vai a ganancia.** (ms10,137r: D.E.)
22483. **Quen vende o trigo na eira i-a lan na ovella, i-o pan en agosto i-o viño en mosto, dá proveito a moitos.** (ms10,137r: D.E.)

VENTURA

22484. **A ventura corre máis que o cabalo i-a mula.** (ms10,138r: D.E.)
22485. **Cando a ventura chega a unha casa, botala fóra é parvada.** (ms10,138r: D.E.)
22486. **Ninguén chega a ver a ventura que quer.** (ms10,138r: D.E.)

⁶⁵⁶⁹ En ms10 s.v. *Setiembre* coa indicación *Vendimia*.

22487. **Ninguíen pode saber a ventura que ha ter.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22488. **Se a ventura é moita, hastra as augas se trocan en troitas.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22489. **Ten ás veces máis ventura o que menos a precura.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22490. **Ventura che dea Dios, que o saber pouco che abunda.** (ms10,138r: *D.E.*)

VER

22491. **Anque te non vexo, moito ben te desexo.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22492. **Canto máis vexo, máis mal me vexo.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22493. **Canto máis vexo, menos vexo.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22494. **Dende que non vos vemos, non nos conecemos.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22495. **O que non vexo non-o desexo.** ⁶⁵⁷⁰ (ms10,138r: *D.E.*)
 22496. **Os vivos ó verán, que os mortos non poderán.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22497. **Por non ver visióis, déitome moitas veces ás oracióis.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22498. **Quen moito ve moito aprende.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22499. **Quen non viu Lisboa, non viu cousa boa.** ⁶⁵⁷¹ (ms10,138r: *D.E.* / ms-SA: Jesús García Villaseñín: Niveiro, Val do Dubra, C)
 22500. **Quen vexa as miñas mangas, non verá as miñas faldras.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22501. **Unha cousa é ver e outra mirar.** (ms10,138r: *D.E.*)
 22502. **Vemos menos o que está máis preto.** (ms10,139r: *D.E.*)

VERANO. V. tamén *Estaciones, Agrícolas (Meses)*.

22503. **Cando o vran é inverno i-o inverno é vran, mal anda prós probes o ano de pan.** (ms10,143v: *D.E.*)
 22504. **O vranciño de san Martiño, ou grande ou pequeniño.** (ms10,143v: *D.E.*)

VERDAD

22505. **A verdá foxe dos currunchos.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22506. **A verdá non perde por nena nin a mentira gana por vella.** (ms10,139r: *D.E.*)

⁶⁵⁷⁰ O orixinal di: *O que non vexo nono desexo.*
⁶⁵⁷¹ ms-SA: *non veo Lisboa, veo cousa boa.*

22507. **A verdá non ten pés e anda.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22508. **A verdá ten forza porque non se creba.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22509. **A verdá ten moita forza.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22510. **A verdade adelgaza, pero non creba.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22511. **A verdade é aceda i-a mentira é doce.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22512. **A verdade é filla da caridade.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22513. **A verdade é filla de Dios e afillada do demo.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22514. **As verdades sempre amargan.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22515. **Máis val decir verdades que parezan mentiras que mentiras que parezan verdades.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22516. **O pouco i-o moito non ten medida.** ⁶⁵⁷² (ms: Valcarria)
 22517. **Por decir as verdades, pérdense moitas amizades.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22518. **Pra verdades, o tempo.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22519. **Quen non crea a verdá, verdá non dirá.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22520. **Quen di a verdá, nin peca nin minte.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22521. **Quen verdá non me cre, verdá non me di.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22522. **Vista de ollo saca de duda.** ⁶⁵⁷³ (ms: Tuiriz)
 (pt) *Vista faz fé.* (Chaves) (es) *Vista faz fe.* (Correas)

VERDURA. V. tamén *Huerta*.

22523. **Comer verdura e botar mala ventura, prós probes é cousa segura.** (ms10,139r: *D.E.*)

VERGÜENZA

22524. **A pouca vergonza, menos honra.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22525. **A vergonza é un espantallo que pra moitas cousas é atallo.** (ms10,139r: *D.E.*)
 22526. **A vergonza i-a honra, cando unha muller as perde, enxamais as atopa.** (ms10,139r: *D.E.*)

⁶⁵⁷² O orixinal di: *O pouco y-o moito non ten medida.*
⁶⁵⁷³ Contén a indicación *Verdad*.

22527. **A vergonza no probe, máis probe o volve.** (ms10,139r: D.E.)
22528. **A vergonza pasa i-o diñeiro queda na casa.** (ms10,139r: D.E.)
22529. **A vergonza, de onde sai, nunca máis volta.** (ms10,139r: D.E.)
22530. **Antes morte que vergonza.** (ms10,139r: D.E.)
22531. **Como muller sin vergonza, así o árbore sin codia.** (ms10,139r: D.E.)
22532. **Máis val vergonza na casa que mágoa no corazón.** (ms10,139r: D.E.)
22533. **O que non é bo de palabra, non é bo de pancada.** (ms5,133: Santiago)
22534. **O que non é bon por palabra, non é bon por pancada.** ⁶⁵⁷⁴ (ms: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(pt) *O que não tem uma palavra, não tem uma pancada.* (Chaves) / *Quem não teme o sermão, não teme o bondão.* (Id.) / *Quem nao vai a palavra, nao vai a pancada.* (Id.)
22535. **O que non é bon por razós, menos é por paus.** (ms5,057: O. de Rey)
22536. **O que non sinte a palabra, non sinte a pancada.** ⁶⁵⁷⁵ (ms: M.V. / ms21)
Var.: *Cando por palabra n'entende, por pancada inda é peor.* (Poyo-Pontevedra. G.P.)
(es) *El que no siente de una mala palabra, no siente de un puñalada.* (R. Marín)
22537. **O que non ten vergonza, en calquera casa almorza.** ⁶⁵⁷⁶ (ms)
(pt) *Quem não tem vergonha, todo o mundo é seu.* (Chaves) (es) *Quien no tiene vergüenza, toda la villa es suya.* (R. Marín) / *Quien no tiene vergüenza, en todas partes almuerza.* (Id.) (ct) *El que no té vergonya, tot lo mon es d'ell.* (Alberola)
22538. **O que non ten vergonza, en todas partes almorza.** (ms10,139r: D.E.)
22539. **O que non ten vergonza, ten por súa a terra toda.** (ms10,139r: D.E.)
22540. **Onde a vergonza sai unha vez, nunca máis se volve ver.** (ms10,139r: D.E.)
22541. **Onde non hai vergonza, non hai cousa boa.** (ms10,139r: D.E.)
22542. **Onde pos a cara, pon a vergonza.** (ms10,050r: Silvarrey)
22543. **Pide o goloso pró vergonzoso.** ⁶⁵⁷⁷ (ms e ms4: A.S.A.)
(pt) *Pede o guloso para o desejoso.* (Chaves) (es) *Pide el goloso para el deseoso.* (Correas)
22544. **Pra pouca vergonza, val máis ningunha.** (ms10,139r: D.E.)
22545. **Pró que non ten vergonza, toda a terra é súa.** (ms10,139r: D.E.)
22546. **Quen ten vergonza, nin come nin almorza.** (ms10,139r: D.E.)
22547. **Quen unha vez perde a vergonza, a vela non volta.** (ms10,139r: D.E.)
- VESTIDO.** V. tamén *Ropa, Traje.*
22548. **Bo vestido e limpeza non anda coa probeza.** (ms10,139r: D.E.)
22549. **O que ten mal vestir, hastra a roupa lle quer fuxir.** (ms10,140r: D.E.)
22550. **O vestido do servidor di quen é o señor.** (ms10,139r: D.E.)
22551. **Polo vestido do criado ben se conoce o amo.** (ms10,140r: D.E.)
22552. **Viste un ladrón e parecerache un señor.** (ms10,140r: D.E.)
- VIAJE**
22553. **A onde has d'ir non vale fuxir.** ⁶⁵⁷⁸ (mc e ms: Lugo-F.V.S.)
22554. **Andar dacabalo é malo, pero andar d'a pé é morrer.** ⁶⁵⁷⁹ (mc / ms)
22555. **Andarás e verás.** ⁶⁵⁸⁰ (mc e ms: Tuiriz)
22556. **Bo viaxe fai o que vai e volve.** (ms10,140r: D.E.)
22557. **Cando vaías a un viaxe, cuida ben do teu paraxe.** ⁶⁵⁸¹ (ms: A.C. A Nosa Terra)
22558. **En vísperas de viaxe non te poñas a xugar.** ⁶⁵⁸² (ms: Otero de Rey)
Var.: *En vísperas de viaxar non te poñas a xugar.* (ms15,22r)

⁶⁵⁷⁴ Contén a indicación *Vergüenza*.

⁶⁵⁷⁵ Contén a indicación *Vergüenza* no ms.

⁶⁵⁷⁶ Contén a indicación *Vergüenza*.

⁶⁵⁷⁷ Contén a indicación *Vergüenza*. / ms4: *pr'o*. / V. *Pide o goloso pró cobizoso* en *Peticiones*.

⁶⁵⁷⁸ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

⁶⁵⁷⁹ Dentro de *Miscelánea* no mc; no ms contén a indicación *Viaje*. / ms15,24r: *Andar de cabalo, andar de a pé.*

⁶⁵⁸⁰ Dentro de *Miscelánea* no mc; no ms contén a indicación *Viaje*.

⁶⁵⁸¹ Contén a indicación *Viajar*. / ms4: *de teu*.

⁶⁵⁸² Contén a indicación *Viaje*.

22559. **Mentras vai e vén, viaxe ten.** ⁶⁵⁸³ (mc e ms: Lugo)
22560. **Mentras vas e mentras vés, xornada tes.** ⁶⁵⁸⁴ (mc / ms)
(pt) *Emquanto vai e vem, alma tem* (ou *não está parado*). (Chaves)
22561. **Mentras vas e vés, camiñada tes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22562. **Mentras vas e vés, non folgas camiño.** ⁶⁵⁸⁵ (mc e ms: Lugo)
22563. **O que ten boca vai a Roma.** (ms-SA: José González Santos: Boa, Camboño, Lousame, C / ms-SA: José Álvarez Souto: Anxeriz, Tordoia, C / ms-SA: Cándido Señaris Fernández: Buxán, Val do Dubra, C / ms-SA: Marcelino Bretal Rego: Oliveira, Ribeira, C / ms-SA: Francisco Ageitos Pérez: Corrubedo, Ribeira, C / ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)
22564. **O que ten lingua a Roma chega.** ⁶⁵⁸⁶ (ms: M.V.)
(pt) *Quem língua tem, a Roma vai e de Roma vem.* (Chaves) / *Quem tem boca vai a Roma.* (Id.) (es) *Quien tiene lengua, a Roma va.* (Sbarbi) (ct) *El que té llengua a Roma va.* (Alberola)
22565. **O que ten lingua chega a Roma.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
22566. **O que ten lingua vai a Roma.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22567. **Perguntando vaise a Roma.** (ms e ms4: V.R. y A.R.)
22568. **Quen ten ollos vai a Roma.** ⁶⁵⁸⁷ (ms: A.N.)
22569. **Se vas polo mundo, non pares na casa dun coxo, torto ou xorobado, que s'hai algún bo, será un milagro.** ⁶⁵⁸⁸ (ms: Bucínos)
22570. **Untar de botas, señal de viaxe.** (ms21,19v: Bermés)
22571. **Untura de botas, señal de viaxe.** ⁶⁵⁸⁹ (ms: Lugo-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶⁵⁸³ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

⁶⁵⁸⁴ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

⁶⁵⁸⁵ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. Contén a indicación *Viaje* no ms.

⁶⁵⁸⁶ Contén a indicación *Viaje*.

⁶⁵⁸⁷ Contén a indicación *Viaje*.

⁶⁵⁸⁸ O orixinal di: *Se vas pol-o mundo non pares na casa d un coxo, torto ou xorobado, que s'hay algun bó será un milagro.* / Contén a indicación *Viajes*.

⁶⁵⁸⁹ Contén a indicación *Viaje*. / ms-LU: *sinal de viaxe*.

22572. **Viaxando, nin misa nin miseria.** ⁶⁵⁹⁰ (ms: F.V.S.)
22573. **Viaxar podes mui ben sin que ch'empate ninguén.** ⁶⁵⁹¹ (ms: Santiago)
22574. **Viaxe derradeiro, ou ben cargado ou ben valeiro.** (ms10,140r: D.E.)

VICIOS. V. tamén *Lacras y vicios sociales, Pereza y ociosidad*.

22575. **A borracheira indina e brutal, no inverno sempr'é mortal.** ⁶⁵⁹² (ms4: J.P.)
22576. **A curiosidad é a mai de tódolos vicios.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22577. **Alcohol en viño froxo dálle forza e color roxo.** ⁶⁵⁹³ (ms4: J.P.)
22578. **Antes tardaban anos i agora non tardan días.** (ms10,049v: Carballedo)
Non botes soberbias. (ms15,24r)
22579. **As soberbias non can nas pallas.** ⁶⁵⁹⁴ (ms / ms9,05v: Pidre)
22580. **As soberbias non collen pró monte.** (ms9,05r: San Simón)
El mal que se pide le viene al que lo desea.
22581. **Cand'é moita a m[erda], cheira.** (mc: M.L.)
22582. **Cando está seca a garganta, non chía nin canta.** (ms10,026r: D.E.)
22583. **Cando o viño é bo, un vaso chama a outro.** (ms: Orense)
22584. **Cando vexas a merda, non lle toques pra que non cheire; s'é moita, non hai quen aguante.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22585. **Cando vexas a m[erda], non lle toques pra que non cheire.** (mc: Bucínos)
22586. **Canto máis se remexe na m[erda], máis cheira.** ⁶⁵⁹⁵ (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *A m[erda] canto máis se remece, máis cheira.* (mc / ms)
(es) *La mierda, mientras más se menea, más apesta.* (R. Marín) / *La mierda, dejarla estar queda, para que menos huela.* (Id.)

⁶⁵⁹⁰ Contén a indicación *Viaje*.

⁶⁵⁹¹ Con indicación entre parénteses *Viaje* no ms.

⁶⁵⁹² Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁶⁵⁹³ ms4: *Alcohol e viño*. Probablemente se trata dun aforismo da autoría de Jacinto del Prado máis ca dun refrán da tradición popular.

⁶⁵⁹⁴ Atopado xunto cos de *Medicina e higiene*.

⁶⁵⁹⁵ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

22587. **Canto máis se remexe, máis cheira.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
22588. **Carta na banca non se levanta.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
22589. **Carta na mesa non pesa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
22590. **Carta na mesa queda presa.** (mc)
22591. **Carta na mesa, carta que pesa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)
22592. **Carta tocada, carta xogada.** (mc: G.P.)
22593. **Cexa raida n'é por boa vida.** ⁶⁵⁹⁶ (mc: G.P.)
22594. **Co ingrato non teñas trato.** (mc: Tuiriz) (es) *Con el ingrato no tengas trato.* (R. Marín)
22595. **Coas glorias olvídanse as memorias.** (mc / ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO) Var.: *Coas glorias fóronse as memorias.* (C.A. A Nosa Terra) (pt) *Com as glórias, olvidam-se as memórias.* (Chaves) (es) *Con las glorias se olvidan las memorias.* (R. Marín)
22596. **Codicia de labrego non enche talego.** ⁶⁵⁹⁷ (ms) (es) *Codicia de labriego no llena talego.* (R. Marín)
22597. **Coller e non dar a todo o mundo ha de alegrar.** (mc: Paradela)
22598. **Como desaúno a auga ardente, soilo a toma un imprudente.** (ms4: J.P.)
22599. **Contr'o ás non arrastrarás.** (mc: Otero de Rey)
22600. **Chufas e peidos non custan diñeiros.** (ms4: M.L.)
22601. **Deixa o mar onde está; lávate en augardente que millor será.** (ms5,121: Trapero) Var.: *Deixa o mar onde está; báñate en augardente que millor será.*
22602. **Dentro do borracho sempre fala o viño.** (mc: Santiago)
22603. **Detrás do vicio vén o fornicio.** (ms-SA: Andrés Castro Ces: Tállara, Lousame, C / ms10,023r)
22604. **En tratándose de cartos, nin parentes nin adaentes.** ⁶⁵⁹⁸ (Jesús Vázquez: Sarria, LU)
22605. **Eso non é defeuto; defeuto é roer a roupa e non facer por outra.** (ms4: F.V.S.)
22606. **Hai máis farándula ca proveito: o que fai a propaganda é o articalo.** ⁶⁵⁹⁹ (mc: Bucinós)
22607. **Hai máis farándula ca proveito.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22608. **Mentras cría, queremos a ama; en pasando o proveito, logo olvidada.** (mc) (es) *Entretanto que cría, amamos al ama; en pasando el provecho, luego olvidada.* (Sbarbi) / *Ama sois ama, mientras el niño mama; desque no mama ni ama ni nada.* (Id.)
22609. **N'hai soberbia que non caia.** ⁶⁶⁰⁰ (mc: M.V.)
22610. **Naide mormure de naide, que somos de carne humana; non hai pelexo de viño que non teña a súa botaina.** (mc: Carballino)
22611. **Neste mundo o que non mata, espelexa.** (mc: Santiago)
22612. **Non desexes a sorte de veciño, que a túa che vén polo camiño.** ⁶⁶⁰¹ (mc: Tuiriz) (pt) *Não desejes mal a ninguém que o teu pelo caminho vem.* (Chaves)
22613. **Non hai manxar que non empalaghe e vicio que non enfade.** ⁶⁶⁰² (ms-SA: José M. Gullás Rivas: Forcarei, PO)
22614. **Nunca digas de esta auga non hei beber.** ⁶⁶⁰³ (mc: Tuiriz) (pt) *Ninguém diga desta água não beberei e deste pão não comerei.* (Chaves) (ct) *Ningú que pense bé, diga d'esta aigua no beuré.* (Gella)
22615. **Nunca o can morde á cadela.** (ms10,041r: D.E.)
22616. **O blanco viño gústalle ó monaguillo.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
22617. **O can baila polo pan.** (ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
22618. **O can salta polo pan.** (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
22619. **O demo cheo de carne meteuse a frade.** (ms18,37r)

⁶⁵⁹⁶ mc: *n'e boa.*

⁶⁵⁹⁷ Aparece tachado por atrás da ficha de *Cada maestrillo ten o seu libreño.*

⁶⁵⁹⁸ O orixinal di: *En trantandose de cartas nin parentes nin adaentes.*

⁶⁵⁹⁹ mc: *que proveito.*

⁶⁶⁰⁰ ms3: *caya.*

⁶⁶⁰¹ V. variantes en *Religiosos y morales.*

⁶⁶⁰² O orixinal di: *Non hay Manxar que non empalaje e vicio que non enfade.*

⁶⁶⁰³ O orixinal di: *Nunca digas de esta auga non ei beber. / V. Nadie diga desta auga non beberei en Posibilidad.*

22620. **O demo, farto de carne, meteuse frade.** (mc)
Var.: *O demo, cheo de carne, métese frade.* (R. de Miño-S.V. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)⁶⁶⁰⁴
(pt) *O diabo depois de velho fêz-se eremitaio.* (Chaves) (es) *El diablo harto de carne se metió fraile.* (Sbarbi) (ct) *El dimòni, cansat de fer mal, es ficà flare.* (Alberola)
22621. **O fumador que sabe fumar, bota o fume despois de falar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ortigueira, Ortigueira, C)
22622. **O fumador que sabe fumar, bota u fume antes de falar.** (ms: Santiago)
22623. **O fumador que sepa fumar, bota o fume despois de falar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
22624. **O fumar é un vicio como outro calquera, que se colle e non se pode deixar.** (mc: Santiago)
22625. **O home borracho sempre anda tirado.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
22626. **O movemento demóstrase andando, i-o agradecemento, dando.** (mc: Bucíños)⁶⁶⁰⁵
(es) *El movimiento se demuestra andando.* (Sbarbi)
22627. **O olvidado, nin agradecido nin pagado.** (mc / ms4: F.V.S.)⁶⁶⁰⁶
(es) *Lo olvidado, ni agradecido ni pagado.* (R. Marín)
22628. **O que bebe moito viño, sállele o diablo ó camiño.** (mc: Santiago)
Var.: *O que bebe moito viño, vaiche por mal camiño.* (Santiago)
22629. **O que debe obrigación, non sabe con qué pagar.** (mc: Lugo)
22630. **O que desea mal ó veciño, vénll'a el polo camiño.** (ms-SA: Jesús Mayo Brenlla: San Mamede de Monte, A Baña, C)
22631. **O que está pr'arder, ha de arder.** (mc)
22632. **O que fai a propaganda é o artícalo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22633. **O que lle desea mal ó seu veciño, o seu lle vén polo camiño.** (ms-SA: Eliseo López Varela)
22634. **O que moito revolve na merda, sempre cheira a ela.** (ms-LU: Paco de Seoane: Bucíños, Carballedo, LU)
22635. **O que nada bebe, nada teme.** (ms18,56r: *Vida Gallega*)
22636. **O que non agradece o ben que lle fan, non naceu de boa mai.** (mc)⁶⁶⁰⁷
22637. **O que non bebe nin fuma tabaco, o diaño llo leva por outro burato.** (mc: Bucíños)
22638. **O que non é agradecido, non é ben nacido.** (mc / ms4: F.V.S.)
(pt) *O que não e agradecido, não e bem nascido.* (Chaves) (es) *Quien no es agradecido, no debiera haber nacido.* (R. Marín) / *Quien nada agradece, cualquier mal merece.* (R. Marín) / *Quien no es agradecido, no es bien nacido.* (R. Marín) (ct) *A cor ingrát mal any lo mat.* (R. Marín)
22639. **O que non fuma nin toma tabaco, o demo llo leva por outro burato.** (ms18,55r: *Vida Gallega*)⁶⁶⁰⁸
22640. **O que non fuma tabaco non ten trato.** (ms8,16r: Silvarrey)
22641. **O que non gasta en viño, o demo llo leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
22642. **O que non gastas en tabaco i-en viño, ou demo cho leva por outro camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pape, San Xoán de Silvarrei, Outeiro de Rei, LU)
22643. **O que non ten e gastos ten, dalgún lado lle vén.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
22644. **O que se alegra co mal do veciño, ten o del no camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
22645. **O que se alegra do mal do veciño, vénlle o seu polo camiño.** (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
22646. **O que se alegre co mal do veciño, ve o seu polo camiño.** (ms-SA: José Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
22647. **O que se ri do mal do veciño, vénll'o seu polo camiño.** (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
22648. **O que desea a morte ó seu viciño, vénlle a súa polo camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)

⁶⁶⁰⁴ ms4: *a frade.*

⁶⁶⁰⁵ O orixinal di: *O movemento demóstrase andando, y-o agradecemento, dando.*

⁶⁶⁰⁶ ms4: *olvidao, pagao.*

⁶⁶⁰⁷ mc: *agradesce.*

⁶⁶⁰⁸ O orixinal di: *O que non fuma nin toma tabaco o demo l-o leva por outro burato.*

22649. **O que desea a morte ó veciño, ten a del no camiño.** ⁶⁶⁰⁹ (mc: Biville / ms4: Baralla-F.V.S.)
22650. **O que desea o mal do veciño, o seu lle vén por o camiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Serantes, Santiso (Terra de Melide), C)
22651. **O que desea o mal do veciño, vénlle o seu polo camiño.** ⁶⁶¹⁰ (mc)
Var.: *O que se alegra do mal do veciño, xa lle vén o seu polo camiño.* (A.S.A.)
(pt) *A quem quiere mal ao vizinho, o seu vem pelo caminho.* (Chaves) / *Ninguém se ria do mal do vizinho que o seu já vem pelo caminho.* (Id.) / *Não desejes mal a ninguém que o teu pelo caminho vem.* (Id.) (es) *Quien desea el mal de su vecino el suyo le viene de camino.* (Sbarbi)
22652. **O rapás e o can brincan polo pan.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
22653. **O sábado a chover e o borracho a beber, vai a semana a roer.** (mc: Santiago)
22654. **O vicio trai o fornicio.** ⁶⁶¹¹ (ms10,23r: D.E.)
22655. **Polo pan baila o can.** ⁶⁶¹² (mc: Bucíños / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,16v: Bermés)
Var.: *Polo pan and'o can.*
22656. **Polo pan danza o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22657. **Por cartos baila o can e por pan si llo dan.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
22658. **Quen disputa cun borracho disputa cun ausente.** (mc: R. Caruncho)
(es) *Quien disputa con un borracho, disputa con un ausente.* (Sbarbi)
Porque tiene perdida la razón y es en balde cuanto se haga por convencerlo. (Sbarbi)
22659. **Quen o pouco desprecia menos merece.** ⁶⁶¹³ (mc: R. Marín / ms4: M.V. / ms: Santiago / ms21,28r: Bermés)
(es) *Quien lo que le dan recibe con desprecio, es un necio.* (R. Marín)
22660. **Quen por malos camiños anda, malos abrollos colle.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
22661. **S'é moita a m[erda], non hai quen aguante.** (mc: Bucíños)
22662. **Sacristán que vende cera -il colmeas non ten- dalgún lado lle vén.** (ms14,17)
22663. **Sacristán que vende cera e non ten o colmeas, rapaverum / furtaverum as veliñas do altar.** ⁶⁶¹⁴ (mc: M.V.)
(es) *Sacristán que vende cera y no tiene colmenar, rapio rapis del altar (o rapaverum del altar o volaverum del altar).* (Correas) / *Sacristán que cera vende que es urtada bien se entiende.* (R. Marín)
22664. **San Xuan benditiño, o borracho que bebe agua é porque non ten viño.** (mc: Santiago)
22665. **Se desexas mal ó veciño, vénche o teu polo camiño.** ⁶⁶¹⁵ (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
22666. **Se queres que de ti falen ben, non fales mal de ninguén.** (mc: Santiago)
22667. **Si tes gado e non prau, unha vaca e moito leite, non che estrañe que mal pense.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22668. **Sobre uha boa capa escóndese un bon bebedor.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22669. **Tod'a carne come o lobo, méno-la súa que lambe.** ⁶⁶¹⁶ (ms21,25r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballo, LU)
22670. **Tod'a xente mata o lobo, méno-la súa qu'a lambe.** ⁶⁶¹⁷ (ms-SA: Jesús Ferro Ruibal: Rebón, Moraña, PO)
22671. **Toda carne come o lobo, non sendo a súa que a delambe.** ⁶⁶¹⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22672. **Toda carne o lobo come, meno-la súa que a lambe.** ⁶⁶¹⁹ (mc: M.V.)
Var.: *Toda a carne come o lobo, agás a súa que a delambe.* (A.N.)

⁶⁶¹⁴ mc: *rapaverum, furtaverum*, ms15,48. M.V.: *ten colmeas.*

⁶⁶¹⁵ O orixinal di: *Se desexas mal o veciño vende o teu po lo camiño.*

⁶⁶¹⁶ O orixinal di: *Tod'a carne come o lobo menol'a súa que lambe.* / ms-LU: *delambe.*

⁶⁶¹⁷ O orixinal di: *Tod'a xente mata o' lobo menos l'asua qu'a lambe.*

⁶⁶¹⁸ O orixinal di: *Toda carne come o lobo en sendo a súa que a delambe.*

⁶⁶¹⁹ Toda carne o lobo come menol-a súa que a lambe. / ms4: *come o lobo.*

⁶⁶⁰⁹ V. variantes en *Religiosos y morales.*

⁶⁶¹⁰ V. variantes en *Religiosos y morales.*

⁶⁶¹¹ Sen clasificar no orixinal.

⁶⁶¹² ms-SA: *baila u can*; ms-LU e ms21,16v: *bail'o can.* /

V. tamén *Hambre. Gastronomía.*

⁶⁶¹³ V. tamén *Desdén y desprecio.*

(es) *El lobo come de todas carnes; pero la suya la lame.* (R. Marín) / *Un lobo a otro lame y no come su carne.* (Id.)

22673. **Tras do pan corre o can.** (ms-LU: seminarista anónimo: Fazouro, Foz, LU)
 22674. **Véndeme a cunca e mais o cunqueiro e non me vendas o meu tabaqueiro.** ⁶⁶²⁰ (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)
 22675. **Viño, viño, quen te me dera na xesta; baixástem'á barriga e non te me subas á testa.** (mc: Bucínos)
 Ni los aficionados quieren perder la cabeza.

VICIOS. JUEGOS

22676. **Faguedor de tantos, pagador de netos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
 22677. **Todas dun pao, baraxa, marrao.** (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
 22678. **Trunfo seguido, xogo perdido pró mesmo individuo.** (mc e ms5,134: Otero de Rey)
 Var.: *Xugada repetida, xugada perdida.* (ms5,134: Lugo)
 Se aplica al triunfo. Cuando se repite el triunfo del juego anterior, se pierde. (ms5,134)
 22679. **Xogador de voltereta, tresillista da puñeta.** ⁶⁶²¹ (ms: Bucínos / ms5,134: Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballo, LU)
 (es) *Jugador de volvoreta, no te casarás con mi hija.* (R. Marín)
 22680. **Xugarás pero non apostarás.** ⁶⁶²² (ms: Piugos-F.V.S.)

VICTORIA

22681. **A millor victoria é a que sin sangue se logra.** (ms10,140r: D.E.)

VIDA

22682. **A vida da aldea pra quen a queira.** (ms10,140r: D.E.)
 22683. **A vida da aldea, Dios a dea.** (ms10,140r: D.E.)
 22684. **A vida mal pasada trai a vellez pesada.** (ms10,140r: D.E.)
 22685. **Bo é vivir pra ver o que ha vir.** ⁶⁶²³ (ms10,143r: D.E.)
 22686. **Boa vida engurras e fame tira.** (ms10,140r: D.E.)

⁶⁶²⁰ É un fragmento dunha cantiga.

⁶⁶²¹ Indica *Vicios. Juegos.* / ms5,134: *Xugador.*

⁶⁶²² Indica *Vicios. Juegos.*

⁶⁶²³ En ms10 s.v. *Vivir.*

22687. **Cada un vive como pode e como o deixan vivir.** ⁶⁶²⁴ (ms10,143r: D.E.)
 22688. **Cada un vive como pode e non como quer.** ⁶⁶²⁵ (ms10,143r: D.E.)
 22689. **Coa vida fanse moitas cousas, e coa morte desfanse todas.** ⁶⁶²⁶ (ms10,140r: D.E.)
 22690. **Coa vida moitas cousas se remedian, e sin a vida, nin media.** (ms10,140r: D.E.)
 22691. **Como se vive, mórrese.** ⁶⁶²⁷ (ms10,143r: D.E.)
 22692. **Dáte boa vida e temerás máis a caída.** (ms10,140r: D.E.)
 22693. **Dime como vives e direiche como pensas.** ⁶⁶²⁸ (ms10,143r: D.E.)
 22694. **Hai que buscar a vida, que a morte vén ela soila.** (ms10,140r: D.E.)
 22695. **Hastra a morte todo é vida.** (ms10,140r: D.E.)
 22696. **Imos vivindo: aquí entrozando e alí caíndo.** ⁶⁶²⁹ (ms10,143r: D.E.)
 22697. **Media vida é a candeia; pan e viño é outra media.** ⁶⁶³⁰ (ms10,140r: D.E.)
 22698. **Mentras us viven, outros morren.** ⁶⁶³¹ (ms10,143r: D.E.)
 22699. **Moitos anos viva quen nos convida.** ⁶⁶³² (ms10,143r: D.E.)
 22700. **Non esquezas que a vida tela perdida.** (ms10,140r: D.E.)
 22701. **Non hai vida que non estea perdida.** (ms10,140r: D.E.)
 22702. **Non ten a vida segura o que as cousas moito apura.** (ms10,140r: D.E.)
 22703. **O que a longa vida chega, moito viu e máis espera.** (ms10,140r: D.E.)
 22704. **O que mal vive, pouco vive.** ⁶⁶³³ (ms10,143r: D.E.)
 22705. **Pra que us vivan, é mester que outros morran.** ⁶⁶³⁴ (ms10,143r: D.E.)

⁶⁶²⁴ En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶²⁵ En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶²⁶ O orixinal di *Coa vida faise moitas cousas, e coa morte desfanse todas.* Pero Eladio Rodríguez recollía o refrán coa forma *fanse moitas cousas.*

⁶⁶²⁷ En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶²⁸ En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶²⁹ En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶³⁰ V. variantes en *Medicina. Higiene.*

⁶⁶³¹ En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶³² En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶³³ En ms10 s.v. *Vivir.*

⁶⁶³⁴ En ms10 s.v. *Vivir.*

22706. **Quen moito vive, moito mal recibe.**⁶⁶³⁵
(ms10,143v: D.E.)
22707. **Quen moito vive, moito ve.**⁶⁶³⁶
(ms10,143v: D.E.)
22708. **Quen queira vivir ben, viva lonxe de todos.**⁶⁶³⁷ (ms10,143v: D.E.)
22709. **Se queres vivir ben, leva en todo un ten con ten.** (ms10,143v: D.E.)
22710. **Se queres vivir en paz, canto ves non xusgarás.**⁶⁶³⁸ (ms10,143v: D.E.)
22711. **Tan ben vive o probe no seu sobrado como vive o rico no seu pazo.**⁶⁶³⁹
(ms10,143v: D.E.)
22712. **Todo é vivir hastra morrer.**⁶⁶⁴⁰
(ms10,143v: D.E.)
22713. **Unha hora de vida non é moita vida.**
(ms10,140r: D.E.)
22714. **Val máis onza de boa vida que fanega de sabiduría.** (ms10,140r: D.E.)
22715. **Vida sin amigos, morte sin testigos.**
(ms10,140r: D.E.)
22716. **Vivamos todos, que a vida i-a terra pra eso é de todos.**⁶⁶⁴¹ (ms10,143v: D.E.)
22717. **Vive como poidas e non como queiras.**⁶⁶⁴² (ms10,143v: D.E.)
22718. **Vive en cibdá por pequena que sea, cástate con moza por probe que pareza, e come carneiro por caro que se venda.**⁶⁶⁴³
(ms10,143v: D.E.)
22719. **Vive sempre coa verdá e vivirás en seguridá.**⁶⁶⁴⁴ (ms10,143v: D.E.)
22720. **Vivir ben, comer ben, e beber ben, non é pra quen non ten.**⁶⁶⁴⁵ (ms10,143v: D.E.)
22721. **Vivir como se pode e non como se quer.**⁶⁶⁴⁶ (ms10,143v: D.E.)
22722. **Vivir pra ver e ver pra vivir, ¿que máis se pode pedir?**⁶⁶⁴⁷ (ms10,143v: D.E.)

⁶⁶³⁵ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶³⁶ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶³⁷ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶³⁸ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶³⁹ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴⁰ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴¹ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴² En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴³ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴⁴ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴⁵ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴⁶ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴⁷ En ms10 s.v. *Vivir*.

22723. **Vivirás longamente, se comes moito caldo e andas sempre quente.**⁶⁶⁴⁸
(ms10,143v: D.E.)
22724. **Vivir, servir e pedir fan os homes sufrir.**⁶⁶⁴⁹ (ms10,143v: D.E.)

VIDA COMERCIAL Y CONTRATOS. v. tamén *Comercio, Contratos, Convenios, Jurídicos y similares, Negocios, Préstamos.*

22725. **A abundancia fai a baratura.**⁶⁶⁵⁰ (mc e ms: Becerreá.)
22726. **A ganancia vai na compra.** (mc: M.V.)
(ct) *La ganancia está en lo despaig.*
(Alberola)
22727. **A pouca ganancia nunca empeña.** (mc: Valcarría)
22728. **Antes o cliente que os parientes.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
22729. **As perdas e as ganancias sempre anduveron xuntas.** (mc)
22730. **Besta que vai a tódalas feiras algún defeuto ten.**⁶⁶⁵¹ (ms21,19v: Bermés)
22731. **Bota á feira que un peso has de ganar dalgunha maneira.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)
22732. **Cada un vai á feira co que ten.** (mc: *Vida Gallega*)
22733. **Cando vaias prá feira, que non che esqueza a carteira.** (ms-LU: Manuel Portela Balayo)
22734. **Coa perda naide se alegra.**⁶⁶⁵² (mc: M.L.)
22735. **Coitadiño do que vende, que non puxa nin extende.** (mc: Nós)
22736. **Comerciante e porco, despois de morto.**⁶⁶⁵³ (ms: G.P. / ms21,27v: Bermés / ms10,094r: D.E.)
22737. **Comerciante sin diñeiro non fai milagres.** (ms18,27r)
22738. **Compra barato e vende caro.** (mc: C.A.)
Medio infalible de medrar.
22739. **Compra clase e vende herba.** (mc: Bucínos-F.V.S.)
Var.: *Compra raza e vende herba.* (mc / ms18,65r: Parga)

⁶⁶⁴⁸ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁴⁹ En ms10 s.v. *Vivir*.

⁶⁶⁵⁰ Dentro do sobre *Contratos* no ms.

⁶⁶⁵¹ O orixinal di: *Besta que vai a toda'lás feiras algún defeuto ten.*

⁶⁶⁵² ms4: *naide alegra.*

⁶⁶⁵³ ms10: *dipois de morto.* / En ms10 s.v. *Puercos.*

- La raza suple lo que otras puedan dar con mayor alimentación.
22740. **Compra que vendas.** (mc: M.V.)
(pt) *Compra que vendas.* (Chaves) (es) *Comprar y vender, buen camino para enriquecer.* (R. Marín) / *Comprar y vender, eso es saber.* (Id.)
22741. **En apuntar vai a ganancia.** (mc: C.A.)
22742. **En botar contas poucos se engañan.** (mc: C.A.)
22743. **En cobrar vai a ganancia.** (mc: Tuiriz, Monforte)
22744. **En non puxar vai a ganancia.** (mc: C.A.)
22745. **Entre dous que reñen, dous teñen a culpa.** (mc)
(es) *Para reñir, como para casarse, se necesita que haya dos.* (Sbarbi)
22746. **Hai quen sabe o que vende i-hai quen vende o que sabe.** ⁶⁶⁵⁴ (mc: Lugo)
22747. **Iste non é sitio de tratos nin contratos: o que queira vender, que vaia á feira.** ⁶⁶⁵⁵ (mc: Bucíños-F.V.S.)
22748. **Iste non é sitio de tratos nin de contratos: o que queira comprar e vender, que vaia á feira.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
22749. **Máis quero comprar que ruín roupa.** ⁶⁶⁵⁶ (mc: Villanueva, Lalín-F.V.S.)
22750. **Maula comprar e maula vender.** (mc: A.S.A. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Lit.Gall.* 2ªed.,1911)
Var.: *Diablos comprar e diablos vender.* (ms4 e ms: M.V.)
22751. **Maula mercar e maula vender calquera o sabe facer.** (ms10,038v: D.E.)
22752. **N'hai feira mala: o que un perde, outro gana.** ⁶⁶⁵⁷ (mc: M.V. / ms-LU: Tres seminaristas anónimos: algún lugar da provincia de Lugo / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU / ms21,23v: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
(es) *No hay feria mala: lo que uno pierde, otro lo gana.* (R. Marín) / *No hay feria que para todos sea mala, pues lo que unos pierden otros lo ganan.* (R. Marín)
22753. **Na feira mala, o que un perde, o outro gana.** (ms-SA: Antonio Torreira Torreira: San Fins de Freixeiro, Santa Comba, C)
22754. **Naide faga conta senón do que ten na mau.** ⁶⁶⁵⁸ (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Ningúen faga conta sinón do que ten na mau.* (ms4: A.S.A.)
Recogido en la canción del pueblo: *Non hai cantiga no mundo / que non teña seu refrán: / nunca ningún faga conta / sinón do que ten na man.*
22755. **Nas túas contas, medida colmada, e nas alleas, sempre axustada.** (mc: C.A.)
22756. **Non hai feira mala: un perde e outro gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
22757. **Non o mercou, que o herdou.** (mc: Altamira. C. Alvarellos)
22758. **Non penses nunca en mercar o que de contado non haxas de pagar.** (ms4: J.P.)
22759. **Non quero vida nin tratos con xente espanta-buxatos.** ⁶⁶⁵⁹ (mc e ms4: M.L. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Non quero vida nin tratos con xente espanta-miñatos.* (mc e ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
22760. **Non te fagas mercader daquelo que non entendas.** ⁶⁶⁶⁰ (mc: Tuiriz, Monforte)
22761. **Non todos van á feira por mercar nin á igrexa por rezar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Laiosa, O Incio, LU)
22762. **Non todos van á misa por rezar nin á feira por comprar.** (mc: A.S.A. / ms21,05v: Bermés)
Graciosamente glosado en la canción popular: *Acoden onda ti moitos, / nena, mais non todos van / por mor de rezar á misa, / nin á feira por mercar.*
22763. **Non todos van á misa por rezar nin á feira por mercar.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
22764. **Non todos van por mor de rezar á misa nin á feira por mercar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
22765. **Nunca á feira vaia que máis perda.** ⁶⁶⁶¹ (mc: M.V.)
(es) *Nunca se vaya a la feria que más se pierda.* (Sbarbi)

⁶⁶⁵⁴ ms: y-hay.

⁶⁶⁵⁵ ms e ms4: o que queira comprar e vender, ms4: nin de contratos.

⁶⁶⁵⁶ ms4 e ms15,47r: compra.

⁶⁶⁵⁷ ms e ms21,23v: N'hay; ms-LU (Lugo), ms-LU (Bucíños), ms-LU (Laiosa), ms-LU (Outeiro de Rei): Non hai.

⁶⁶⁵⁸ ms4: man.

⁶⁶⁵⁹ ms: xent'espanta.

⁶⁶⁶⁰ ms: d'aquelo.

⁶⁶⁶¹ ms: vaya, mc: quen mais perda.

22766. **Nunca hai feira mala: o que un perde, outro o gana.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)

22767. **O barato de balde é caro.** ⁶⁶⁶² (mc: M.V.)
(pt) *O barato sai caro.* (Chaves) / *O que é barato sai caro e o que é bom custa dinheiro.* (Id.) (es) *Lo barato es caro, y lo caro es barato.* (Correas) / *Lo barato es caro, porque es malo.* (R. Marín) / *Lo bueno, no es caro por cualquier dinero; y lo malo, por poco dinero es caro.* (R. Marín)

22768. **O bo non é caro.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *Lo bueno no es caro por cualquier dinero; y lo malo, por poco dinero es caro.* (R. Marín)

22769. **O que as compra ao domingo e vendea[s] ao lunes, perde ben cartos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

22770. **Subas en Santos, baixas en san Andrés; baixas en Santos, subas en san Andrés.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Refírese ás feiras. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

22771. **Un negocio é un negocio, dous negocios é medio negocio e tres negocios é ningún negocio.** (ms: Aguada)

22772. **Vaite, ganancia, non me deas perda.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)

VIENTO. V. tamén *Agrícolas (Metereológicos), Marítimos.* (subtemas relacionados cos prognósticos meteorolóxicos), *Niebla, Nubes, Pronósticos atmosféricos, Solano, Tiempo.*

22773. **A pouco vento, forza de remos.** (ms10,137r: D.E.)

22774. **Con vento non hai bo tempo.** (ms10,137r: D.E.)

22775. **Con vento soán vén a agua á man.** (ms10,137r: D.E.)

22776. **Ó mal vento vólvelle o capelo.** (ms10,137r: D.E.)

22777. **Quen sementa ventos recolle tempestades.** (ms10,137r: D.E.)

22778. **Vento marzal, bo temporal.** (ms10,138r: D.E.)

22779. **Vento que se deita ó anoitecer, érguese ó amanecer.** (ms10,138r: D.E.)

⁶⁶⁶² ms: *valde*, mc: *Miña carapucheiriña / na costa do Areeiro / o que é barato sai caro / o que é bó custa diñeiro.*

22780. **Vento que se queda a cear, tamén quer almorzar.** (ms10,138r: D.E.)

22781. **Vento, ventíño; vento, venteiro, hoxe rosmón e mañan falangueiro.** (ms10,138r: D.E.)

VIENTRE

22782. **Malia o ventre que do pan comido se esquence.** (ms10,138r: D.E.)

22783. **O que é bo pró ventre, non é ás veces bo pró dente.** (ms10,138r: D.E.)

VILLA

22784. **Á vila fun, da vila volvo; fun correndiño e veño sin folgo.** (ms10,140r: D.E.)

22785. **Á vila me vou e á vila me veño; se non son amores, non sei o que teño.** (ms10,140r: D.E.)

22786. **Cando vaias á vila, pregunta pola nai e saberás quen é a filla.** (ms10,140r: D.E.)

VILLANO

22787. **Ó vilán dálle a aixada na man.** (ms10,141r: D.E.)

22788. **O vilán, na súa terra; o fidalgo, en calquera.** (ms10,141r: D.E.)

22789. **Ó vilán non lle fagas ben nin mal.** (ms10,141r: D.E.)

22790. **O vilán rico non coñece amigo.** (ms10,141r: D.E.)

22791. **Vilán que non mata porco é como escudeiro que non gana soldo.** (ms10,141r: D.E.)

22792. **Vilán que se fai con diñeiro, tense por un fidalgo enteiro.** (ms10,141r: D.E.)

VINAGRE

22793. **O vinagre i-o limón, medio ciruxanos son.** (ms10,141r: D.E.)

22794. **Vinagre e mel saben mal e fan ben.** (ms10,141r: D.E.)

VINO

22795. **A bo viño non hai mal bebedor.** (ms10,141r: D.E.)

22796. **A pouco viño, coidadiño.** (ms10,141r: D.E.)

22797. **Apregoar viño e vender vinagre.** (ms10,141r: D.E.)

22798. **Cando deas viño ó teu señor non mires ó sol.** (ms10,141r: D.E.)

22799. **Cando se remata o viño, a bota non fai falta.** (ms10,142r: D.E.)
22800. **Collerás viño mosto se vendimas enxoiro.** (ms10,142r: D.E.)
22801. **De cunca porca e sin fregar, viño malo hai qu'esperar.** (ms4: J.P.)
22802. **Derramarse o viño é boa sinal, pero non o sal.** (ms10,142r: D.E.)
22803. **Do bo viño bo vinagre.** (ms10,142r: D.E.)
22804. **Do novo viño bota un traguño polo san Martiño.** (ms10,142r: D.E.)
22805. **Inda non é viño e xa quer ser vinagre.** (ms10,142r: D.E.)
22806. **Menos valen ás veces as borras que o viño.** (ms10,142r: D.E.)
22807. **Ninguién que beba viño chame borracho o seu veciño.** (ms10,142r: D.E.)
22808. **No millor viño hai borras.** (ms10,142r: D.E.)
22809. **Non hai millor viño que o da viña.** (ms10,142r: D.E.)
22810. **Nunca lle falta achaque ó viño: no vran polo calor e no inverno polo frío.** (ms10,142r: D.E.)
22811. **O bo viño trai a venda consigo.** (ms10,142r: D.E.)
22812. **O millor viño fai borra.** (ms10,142r: D.E.)
22813. **O que ten bo viño non lle faltan amigos.** (ms10,142r: D.E.)
22814. **O viño alegre o ollo e quenta o corpo.** (ms10,142r: D.E.)
22815. **O viño con mel sabe mal e fai ben.** (ms10,142r: D.E.)
22816. **O viño da viña vella zonzónéame na orella.** (ms10,142r: D.E.)
22817. **O viño das cepas vellas quenta as orellas.** (ms10,142r: D.E.)
22818. **O viño das peras, non-o tires nin o bebas nin ó teu amigo o deas.** ⁶⁶⁶³ (ms10,142r: D.E.)
22819. **O viño do Avia ten forza, espirto e labia.** (ms10,142r: D.E.)
22820. **O viño do Ribeiro fai andar o mozo lixeiro.** (ms10,142r: D.E.)
22821. **O viño do Ribeiro fai fortes os mozos e remoza os vellos.** (ms10,142r: D.E.)
22822. **O viño do Ribeiro fai ó vello chuscarrandeiro.** (ms10,142r: D.E.)
22823. **O viño do Ribeiro non ten compañeiro.** (ms10,142r: D.E.)
22824. **O viño do Ribeiro ten sona de paroleiro.** (ms10,142r: D.E.)
22825. **O viño é bo, pero se é viño bo.** (ms10,142r: D.E.)
22826. **O viño é o leite dos vellos.** (ms10,142r: D.E.)
22827. **O viño é pan e medio.** (ms10,142r: D.E.)
22828. **O viño fai rir, fai dormir e fai os coores á cara saír.** (ms10,142r: D.E.)
22829. **O viño ha ser comido máis ben que bebido.** (ms10,142r: D.E.)
22830. **O viño i-o pan sempre se dan: us anos ben, outros mal e outros menos mal.** (ms10,142r: D.E.)
22831. **O viño polo coor e o pan polo sabor.** (ms10,142r: D.E.)
22832. **O viño que é chispeiro non precisa de pregoeiro.** (ms10,143r: D.E.)
22833. **O viño tinto quer estar apretado, i-o branco, folgado.** (ms10,143r: D.E.)
22834. **O viño, bebelo a modiño, gotiño a gotiño.** (ms10,142r: D.E.)
22835. **¿Onde habrá millor viño que o que sai das cepas?** (ms10,142r: D.E.)
22836. **Pola vosa santa palabra, eu non son digno de beber o viño sin auga.** (ms10,143r: D.E.)
22837. **Polo san Martiño todo o mosto é bo viño.** (ms10,143r: D.E.)
22838. **Pra bos viños, Ribadavia e todo o Ribeiro de Avia.** (ms10,143r: D.E.)
22839. **Quen non dá do seu viño, non queira catar o do veciño.** (ms10,143r: D.E.)
22840. **Viño acedo, touciño vello e pan centeo sosteñen a casa en peso.** (ms10,143r: D.E.)
22841. **Viño tinto do Ribeiro, falangueiro e trouleiro.** (ms10,143r: D.E.)
22842. **Viño, que salte; queixo, que chore; pan, que cante.** (ms10,143r: D.E.)

CLASES DE VINOS GALLEGOS.

22843. **O albariño non ten amigos.** ⁶⁶⁶⁴ (ms15,44)

No admite composiciones químicas; podrá ser gaseado, más duro o ácido, según los terrenos en que se cultiva; pero no admite mezcla de otros vinos.

⁶⁶⁶³ O orixinal di: *O viño das peras nono tires nin o bebas, nin ó teu amigo o deas.*

⁶⁶⁶⁴ Indica *Clases de vinos gallegos.*

VIÑA

22844. **A viña de bo amo pódase en marzo.** (ms10,141r: D.E.)
22845. **A viña do ruín pódase en abril.** (ms10,141r: D.E.)
22846. **A viña gárdaa o medo máis ben que o viñadeiro.** (ms10,141r: D.E.)
22847. **A viña i-o poldro que o críen outros.** (ms10,141r: D.E.)
22848. **A viña vella quer amo novo.** (ms10,141r: D.E.)
22849. **Cáveme quen queira, pódeme quen seipa, bímeme calquera; cóideme o meu amo.** (ms10,141r: D.E.)
22850. **Coida ben a viña e terás vindima.** (ms10,141r: D.E.)
22851. **Máis garda a viña o medo que o viñadeiro.** (ms10,141r: D.E.)
22852. **O que en ruín lugar fai a viña, ó lombo saca a vindima.** (ms10,141r: D.E.)
22853. **O vello pranta a viña e o vello a vindima.** (ms10,141r: D.E.)
22854. **Poda a viña en marzo pra cavala en maio.** (ms10,141r: D.E.)
22855. **Pra viña vella, amo novo.** (ms10,141r: D.E.)
22856. **Viña que non se poda dispacio, dará poucos e ruís acios.** (ms10,141r: D.E.)

VIOLENCIA

22857. **A máis non poder non hai que lle facer.** ⁶⁶⁶⁵ (ms16 e ms10,093r: D.E.)
Var.: *A máis non poder, ¿que se lle ha facer?* (ms16 e ms10,093r: D.E.)
(es) *A más no poder ¿qué se ha de hacer?* (Correas)
22858. **Bastos son trunfos.** (ms16: D.E.)
(es) *Bastos son triunfos.* (R. Marín)
22859. **Cousa que se fixo por forza non se ten por cousa boa.** (ms16: D.E.)
(es) *Cosa que se hizo por fuerza, no se estima por buena.* (R. Marín)

VIRTUD

22860. **Con virtú e bondá adequírese autoridá.** (ms10,143r: D.E.)
22861. **Non hai virtú e bondá que non corrompa a probeza i-a necesidá.** (ms10,143r: D.E.)

⁶⁶⁶⁵ Tanto refrán como variante en ms10 s.v. *Poder* coa indicación *Violencia*.

VISITAS

22862. **Á túa casa non veña quen ollos teña.** (ms16: Enc.)
22863. **Ás dez deixa a casa a de quen é.** ⁶⁶⁶⁶
(mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms: C.A.)
Var.: *Ás dez deixa a calle a de quen é.*
(es) *A las diez, déjale calle para quien es.* (Sbarbi) / *A las diez, déjale calle para quien es, los rincones para los gatos y las esquinas para los guapos.* (Id.)
22864. **Cando fores a casa da fóra, chama dende a porta.** (ms16: Enc.)
22865. **En chamando á porta, se é que non responden, ou non está naide ou é que se esconden.** ⁶⁶⁶⁷ (ms16 e ms10,096r: D.E.)
(es) *En llamando a la puerta, si no responden, o no están en casa o se escoden.* (Correas)
22866. **En visita todos somos bos.** (ms16: Lugo)
(es) *En visita todos somos buenos.* (R. Marín)
22867. **Huesped e pescado, ós tres días cheiran.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
22868. **O que á miña casa non vén, da súa me bota.** (ms16: Enc.)
Var.: *O que á miña casa non vén, na súa non me quer.* (ms16: Lugo)
(es) *Quien a mi casa no viene; de la suya me despide.* (R. Marín) / *Quien a mi casa no viene, en la suya no me quiere.* (R. Marín)
22869. **Visita a túa tía, e nunca de día.** (ms5,029)

INFRECUENCIA Y BREVEDAD DE LAS VISITAS

22870. **Á casa de túa tía non vaias cada día.** ⁶⁶⁶⁸ (mc e ms16: A.S.A.)
Var.: *Á casa da túa tía non debes ir cada día.* (ms16: D.E.)
(pt) *A casa da túa tia, no irás cada dia.* (Chaves) / *Em casa de tia, mas não cada dia.* (Id.) (es) *A casa de tu tía, mas no cada día.* (Correas) (ct) *A casa la tía, pero no cada día.* (Alberola)
22871. **Á casa de túa tía non vaias tódolos días.** ⁶⁶⁶⁹ (ms18,16r)

⁶⁶⁶⁶ mc: *deixa a casa de quen é.*

⁶⁶⁶⁷ En ms10 s.v. *Puerta* coa indicación *Visitas*.

⁶⁶⁶⁸ ms16: *da tía*

⁶⁶⁶⁹ O orixinal di: *A casa de tua tía non vayas todol-os días.*

22872. **Á casa do rico vai obrigado e á do probe vai sin ser chamado.** (ms16: D.E.)
22873. **Á casa do teu amigo non vaias sin aviso e á do necesitado vai sin ser chamado.** (ms16: D.E.)
(es) *A casa del amigo rico, irás siendo requerido, y a casa del necesitado, irás sin ser llamado.* (Correas)
22874. **Á casa do teu irmán non irás cada vran.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
22875. **Á casa do teu irmán non vaias cada vran.** (ms5,045: Santiago)
Var.: *Á casa do teu irmán non vaias cada serán.* (ms16 e ms10,031v: D.E.)
(es) *A casa de tu hermano no irás cada serano.* (H. Núñez)
22876. **A onde non te chaman, non vaias, que se non te chaman, é que non fas falla, e se vas sin te chamar, volverás avergonzado.** ⁶⁶⁷⁰ (ms15,13)
22877. **A onde te queren moito coida de ir pouco.** ⁶⁶⁷¹ (ms16 e ms10,103r: D.E.)
(es) *A do te quieren mucho, no entres a menudo.* (S.)
22878. **Onde ben te queren irás poucas veces, e onde mal nunca irás.** ⁶⁶⁷² (ms16 e ms10,104r: D.E.)
(es) *Donde bien ten queiren, irás pocas veces; donde mal, nunca irás.* (Correas)
22879. **Vai a cas túa tía e non vaias cada día.** ⁶⁶⁷³ (ms21,14v: Bermés)
22880. **Vai á casa de túa tía, e non vaias cada día.** ⁶⁶⁷⁴ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo / ms14,16)
Var.: Como: *ida por vida...*
(pt) *A casa da tua tia, não irás cada dia.* (Chaves) / *Em casa de tua tia nao iras cada dia.* (Chaves) (es) *A casa de tua tia, mas no cada día.* (Sbarbi) / *A casa de tu hermano no irás cada verano.* (Sbarbi) (ct) *A casa da tia, pero no cada día.* (Alberola)
22881. **Vai onda túa tía e non vaias cada día.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)

⁶⁶⁷⁰ O orixinal di: *A onde non te chaman non vayas que se non te chaman e que non fas falla e se vas sin te chamar volverás avergonzado.*

⁶⁶⁷¹ En ms10 s.v. *Querer* coa indicación *Visitas*.

⁶⁶⁷² En ms10 s.v. *Querer* pero coa indicación *Visitas*.

⁶⁶⁷³ O orixinal di: *Vai a cas' tua tia e non vayas cada día.*

⁶⁶⁷⁴ ms4 e ms14,16: *d'a tua tia*; ms16: *da tua tia*.

VIÚDA. V. tamén *Mujer*.

22882. **A viúda honrada ten a súa porta pechada.** (ms10,143r: D.E.)
22883. **A viúda que moito chora, ten gana de outra boda.** (ms10,143r: D.E.)
22884. **A viúda rica logo casada fica.** (ms10,143r: D.E.)
22885. **De viúda tres veces casada non fies nada.** (ms10,143r: D.E.)

VOLAR

22886. **Non pode voar o que non ten aas.** (ms10,143v: D.E.)
22887. **Voa o tempo como voa o vento.** (ms10,143v: D.E.)

VOLUNTAD

22888. **Atrás de quen corre, correr.** (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro: Muxía, C)
22889. **Cando dúas vontades están conformes, de pouco sirven os revolvedores.** (ms10,143v: D.E.)
22890. **De ser boa non teño gana, de ser mala, damo a i-alma.** ⁶⁶⁷⁵ (ms10,25r: D.E.)
22891. **Eu ao facer a honra, facíaa redonda.** ⁶⁶⁷⁶ (ms: F.B.B.)
Var.: *O que fai a honra, faina redonda.* (Bucínos)
22892. **Fai máis quen quere que non quen pode.** (ms18,28r)
22893. **Fai máis quen quere que quen pode.** ⁶⁶⁷⁷ (ms: A.C. *A Nosa Terra*)
22894. **Non hai millor meiciña que a gana de comer.** ⁶⁶⁷⁸ (ms10,25r: D.E.)
22895. **Non hai peor saber que non querer.** ⁶⁶⁷⁹ (ms16 e ms10,112r: D.E.)
(es) *No hay peor saber que no querer.* (H.)
22896. **O falar é de quen quere, o facer de quen ten poder.** (ms-LU: seminarista anónimo: Ferreira de Pantón, LU)
22897. **O que non quer pouco, tampouco quer moito.** ⁶⁶⁸⁰ (ms: Santiago)

⁶⁶⁷⁵ En ms10 s.v. *Voluntad, ansia*.

⁶⁶⁷⁶ A variante contén a indicación *Voluntad*.

⁶⁶⁷⁷ Contén a indicación *Voluntad*. V. *Mais fai quen quer, que quen pode en Voluntad (Poder de la voluntad).* / ms4: *que non quen pode.*

⁶⁶⁷⁸ En ms10 s.v. *Voluntad, ansia*.

⁶⁶⁷⁹ En ms10 s.v. *Saber* coa indicación *Voluntad*.

⁶⁶⁸⁰ Contén a indicación *Voluntad*.

22898. **O que vai polo río abaixo, agárrase a un ferro quente.**⁶⁶⁸¹ (ms: Buciños)
(es) *Agarrarse a un hierro* (clavo) *ardiendo*. (Sbarbi)
22899. **Onde vivan cen, vive ti tamén.** (ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
22900. **Onde viven cen vive ti tamén.**⁶⁶⁸²
(ms21,03r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
22901. **Pr'onde vaian cen, vai ti tamén.**⁶⁶⁸³
(ms: Tuiriz)
22902. **Que haxa vontade, pois que comere non ha faltare.** (ms10,143v: D.E.)
22903. **¡Que máis quere o cego que ver!**⁶⁶⁸⁴
(ms: Buciños)
22904. **Quen pode e non quer, cando quer non pode.** (ms16: D.E.)
Var.: *O que pode e non quer, cando queira non poderá.* (ms16 e ms10,093r: D.E.)⁶⁶⁸⁵
(es) *El que puede y no quiere, cunado él podrá no querrá.* (Correas)
22905. **Querer e non querer non está nun ser.**⁶⁶⁸⁶ (ms16 e ms10,104r: D.E.)
(es) *Querer y no querer no está en un ser.* (H. Núñez)
22906. **Teño gana de ser mala, non se me teñen as pernas na casa.**⁶⁶⁸⁷ (ms10,25r: D.E.)

BUENA VOLUNTAD

22907. **De boas voluntás está o inferno cheo.** (ms5,029)
22908. **Logo se fai o que ben se fai cando con gusto se fai.**⁶⁶⁸⁸ (ms16 e ms10,016r: D.E.)
22909. **Non dá quen ten senón quen ten e quer.**⁶⁶⁸⁹ (ms16: D.E.)
(es) *No da quien tiene si bien no quiere.* (Correas)
22910. **Non falle vontá que lugar e tempo non faltará.** (ms16: D.G.)
(es) *No falte voluntad, que no faltará lugar.* (H. Núñez)

⁶⁶⁸¹ Contén a indicación *Voluntad*.

⁶⁶⁸² ms-LU: *Donde*.

⁶⁶⁸³ Contén a indicación *Voluntad*.

⁶⁶⁸⁴ Contén a indicación *Voluntad*. V. *O que quere o cego é ver en Medicina. Higiene*.

⁶⁶⁸⁵ En ms10 s.v. *Poder* coa indicación *Voluntad*.

⁶⁶⁸⁶ En ms10 s.v. *Querer* coa indicación *Voluntad*.

⁶⁶⁸⁷ En ms10 s.v. *Voluntad, ansia*.

⁶⁶⁸⁸ En ms10 s.v. *Hacer* coa indicación *Buena voluntad*.

⁶⁶⁸⁹ En ms10 s.v. *Dar* coa indicación *Buena voluntad*.

3258. **Non falte vontá, que lugar e tempo non faltará.**⁶⁶⁹⁰ (ms10,143v: D.E.)
22911. **Non mires o don senón a intención do que o dou.** (ms16: Lugo)
(es) *No mira Dios el don, sino la intención.* (H.)
22912. **Non quedou por non querer senón por non poder.**⁶⁶⁹¹ (ms16 e ms10,104r: D.E.)
22913. **Onde hai gana hai maña.**⁶⁶⁹² (ms16 e ms10,025r: D.E.)
(es) *Donde hay gana, hay maña.* (R. Marín)
22914. **Onde hai querer todo se fai ben.**⁶⁶⁹³
(ms16 e ms10,104r: D.E.)
(es) *Donde hay querer, todo se hace bien.* (Correas)
22915. **Querendo fanse as cousas.** (ms16: Lugo)
(es) *Queriendo se hacen las cosas.* (R. Marín)
22916. **Se non podes o que queres, fai o que poderes.** (ms16: D.E.)
(es) *Si no puedes lo que quieres, haz lo que puedes.* (Correas / R. Marín)
22917. **Traballo que se fai con gusto, non-o sinte o corpo.**⁶⁶⁹⁴ (ms16 e ms10,132r: D.E.)

PODER DE LA VOLUNTAD

22918. **Fai máis o que quere có que pode.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
22919. **Máis fai quen quer que quen pode.**⁶⁶⁹⁵
(ms: A.S.A.)
Var.: *Máis fai o que quer que o que pode.* (ms16: D.E.)
(pt) *Mais faz quem quer do que quem pode.* (Chaves) (es) *Más hace el que quiere que el que puede.* (ms: R. Marín (ms16: H.) (ct) *Més fa el que vol qu'el que pòt.* (Alberola)
22920. **Querer é poder.**⁶⁶⁹⁶ (ms16 e ms10,104r: D.E.)
(es) *Querer es poder.* (R. Marín)

VOZ

22921. **Voz do pobo, voz de Dios.** (ms10,143v: D.E.)

⁶⁶⁹⁰ En ms10 s.v. *Voluntad* coa indicación *Buena voluntad*.

⁶⁶⁹¹ En ms10 s.v. *Querer* pero indicación *Voluntad*.

⁶⁶⁹² En ms10 s.v. *Voluntad (Ansia)*.

⁶⁶⁹³ En ms10 s.v. *Querer* pero indicación *Buena voluntad*.

⁶⁶⁹⁴ En ms10 s.v. *Trabajo* coa incación *B. voluntad*.

⁶⁶⁹⁵ Contén a indicación *Voluntad* no ms.

⁶⁶⁹⁶ En ms10,104r s.v. *Querer* coa indicación *Voluntad*.

VUELTA

22922. **Benia a quen dixo volta, que requer
perna solta.** (ms10,143v: *D.E.*)
22923. **Non hai volta sin revolta.** (ms10,143v:
D.E.)

YEGUA. V. tamén *Agrícolas (Animales), Animales
domésticos.*

22924. **Couces de égoas non matan poldros.**
(ms10,010v: *D.E.*)
22925. **O que di mal da égoa, ese é o que a
merca.** (ms10,010v: *D.E.*)
22926. **Onde égoas pacen, poldros nacen.**
(ms10,010v: *D.E.*)
22927. **Onde hai égoas nacen poldros.**
(ms10,010v: *D.E.*)
22928. **Os couces das égoas non fan dano ós
poldros.** (ms10,010v: *D.E.*)

YERRO

22929. **A quen erra, perdóalle unha vez mais
non tres.** (ms10,013r: *D.E.*)
22930. **O erro do médico a terra o tapa; o do
abogado, o diñeiro o sana.** (ms10,013r: *D.E.*)

YESCA

22931. **O esqueiro é unha axuda pró
xornaleiro.** (ms10,015r: *D.E.*)
22932. **O esqueiro na man do obreiro é un bo
compañeiro.** (ms10,015r: *D.E.*)

ZAMBO. V. tamén *Cojos, Pierna.*

22933. **Home trencos e muller trenca fan
parella mostrenca.** (ms10,133r: *D.E.*)

ZAPATO

22934. **O que leva zapatos en xaneiro, ou non
ten outros ou non ten diñeiro.** (ms10,143v:
D.E.)
22935. **O zapato do amigo, moito pez e ben
cosido.** (ms10,143v: *D.E.*)
22936. **O zapato do amigo, pouco pez e mal
cosido.** (ms10,143v: *D.E.*)
22937. **Zapato de amigo, a sola queimada i-o
fío podrido.** (ms10,143v: *D.E.*)

ZARZA

22938. **As silveiras e os valados teñen ás
veces orellas.** (ms10,121r: *D.E.*)
22939. **Onde a silva se engarra, ou fai sangue
ou esgaza.** (ms10,121r: *D.E.*)

2.3. Ditos tópicos e refráns con topónimo

Comentando o refrán *Muller asturiana, louca, vana, ou mala cristiana*, recollido en Bucíños, Vázquez Saco di o seguinte:

Como diremos en los refranes tópicos de lugares, las rivalidades de donde proceden casi todos, son injustas, y no pueden alcanzar nunca un sentido universal.

Parécenos unha boa observación que hai que ter presente sempre que se fale de ditos tópicos e de non poucos refráns con topónimo.

En calquera caso, parécenos útil polo seu volume reproducir aquí tódolos ditos tópicos que fomos encontrando entre os diferentes manuscritos e inserir entre eles tamén os refráns con topónimo. Coidamos que compón unha das seccións máis novidosas do material de tradición oral que dera xuntado Vázquez Saco.

Esforzámonos por localizar tódolos lugares a que se refire cada unha das 1410 unidades. Nalgúns casos foi doado, porque o propio Vázquez Saco daba orientación e, unha vez máis, detéctase porque o dato aparece en castelán e moitas veces co topónimo castelanizado á moda da época. Noutros casos tivemos que botar man do *Nomenclátor de Galicia* e nalgúns foinos imposible e indicar con certeza de qué lugar se trata, polo que ofrecémo-las varias posibilidades que nos parece que existen: coma sempre, as nosas notas están en galego e cos topónimos actualizados. Agradeceremos calquera corrección que se nos queira facer por correo electrónico a paremias@cirp.es ou chamando ó teléfono 981 542 684.

1. **Abades** (Abades, San Paio; Baltar, OU)
O que ve Abades ve todos os lugares. (mc: M.L.)
2. **Abeleda, A** (Vilanova, San Xoán; Lalín, PO)
Jolateiros, na Abeleda. (mc: Vilanova)
3. **Abeledo, Pico de** (Entre Abadín e Mondoñedo, LU)
Cando o Pico de Abeledo se cubre de negro, tembran as vellas de medo. (mc)
4. **Abelleira, A** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Pineireiros os da Abelleira (mc / ms)
V. "Tuimil".
5. **Abeneiras, monte**

O aire abeneirao, ou moita auga ou nin un grao. ⁶⁶⁹⁷ (mc: Incio / ms4: Incio-F.V.S.)

Procedente del monte de Abeneiras, sito en términos del municipio.

6. **Abres** (San Tiso de Abres, AS) ⁶⁶⁹⁸
Os de Abres, lateragos. (mc e ms11,24: Abres, Ribadeo)

⁶⁶⁹⁷ ms4 *nin un grao.*

⁶⁶⁹⁸ Lugar de fala galega pertencente ó concello asturiano de San Tiso de Abres, lindante cos concellos lugueses de Trabada e moi cerca de Ribadeo. Nesta zona o río Eo comenza a ensancharse creando a denominada Ría de Abres.

7. **Acivedo** (Millarada, San Amedio; Forcarei, PO)
Os de Acebedo, larutos. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Millarada".
8. **Adai** (Adai, Santa María; O Páramo, LU)
Os de Aday, garruchos. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
V. "Villaquinte".
9. **Adelán** (Adelán, Santiago; Alfoz, LU)
As campás de Adelán tocan porque dan. (mc: Mondoñedo)
10. **Os de Adelán, campaneiros.** (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
11. **Agrexán** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Lobos ruzos, os de Agrexán. ⁶⁶⁹⁹ (ms)
Lobos ruzos son lobos salvajes, monteses; *Afrexán* está en la parte montañosa más alejada del centro de la parroquia. / V. "Fufín".
12. **Agruñá** ⁶⁷⁰⁰ (Cotá, San Martiño; Friol, LU)
Catro infernos hai: a Retorta, a Gruñá, a Purreira i-a Pena de Cotá. (mc)
Todo pertenece al municipio de Friol.
13. **Aguada** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Fariñeiros, os de Aguada (ms)
V. "Fufín".
14. **Airexe** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Campo rondado, da Irexe. ⁶⁷⁰¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Montós".
15. *E na Airexe, pretas.* (ms)
Pretas es sinónimo de apretados, tacaños. (ms) / V. "Fufín".
16. **Alba**
Brúa Alba, tempo en calma. (mc: Agro)
17. **Alba** ⁶⁷⁰²
Ranchos os de Alba. (ms)
18. **Albán** (Albán, San Paio; Coles, OU)
Os de Albán, o que teñen ó lombo tran. (mc: Buciños)
Albán, de Orense.
19. **Albarellos** (Albarellos, Santiago; Monterrei, OU)
Albarellos, cazafellos (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)
V. "Baronzás".
20. **Albeiros** (Albeiros, San Lourenzo; Lugo, LU)
Os de Albeiros, embusteros e zarapalleiros. (ms8,16r: Silvarrey)
21. *Os de Albeiros, larpeiros.* (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
22. *Os de Albeiros, tramposos e zaramalleiros, i-os de Meilán, pra alá van.* ⁶⁷⁰³ (mc: Bagueixos, Lugo / ms4: Bagueixos-F.V.S.)
Albeiros, es anejo de San Froilán de Lugo, y Meilán, parroquia situada a pocos kilómetros de la capital.
23. *Os de Albeiros, zarapalleiros.* (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
Var.: *Os de Albeiros son mentirosos e zarapalleiros.* (ms15,22)
24. *Zaramalleiros en Albeiros, músicos en Guntín, armadanzas en Saamasas, estudantes de pouca monta en Meira.* (ms4: F.V.S.)
25. **Alberte, San** (Artes, San Xián; Ribeira, C)
Si a Curota ves tapar, vai a San Alberte a destellar. (mc: *Sonata Gallega*)
San Alberte es una capilla que se alza en un monte de Santa Eugenia de Riveira, a la que solían festejar las esposas e hijos de los marineros cuando reinaba temporal.
26. **Albín** (Ousende, Santa María; Saviñao, O; LU)
Fun a Albín, según fun volvin. (mc: Chantada)
27. **Aldosende** (Aldosende, Santiago; Paradela, LU)
Zorros d'Aldosende, o burato a tres y a catro. (ms4: Paradela-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
28. **Alemaña**
Son as mañas d'Alemaña. (mc: A.S.A.)
29. **Alén do Río** (Buciños, San Miguel; Carballedo, LU)
Fidalgos, os de Lendeorrio; lavaredas, os de Outeiro; letrados, os de Trasar; touciñeiros, os de Loureiro; borristas, os de Santrocado; pasaxeiros, os de Coedo; manteleiros, os de Surrego; noveleiros,

⁶⁶⁹⁹ No ms non se ve claro se escribe *Afrexán* ou *Agrexán*. Supoñemos que é *Agrexán* porque *Afrexán* non aparece como topónimo no nomenclátor.

⁶⁷⁰⁰ O único topónimo con forma semellante a *Gruñá* recollido neste concello é o do lugar Agruñá pertencente á parroquia San Martiño de Cotá.

⁶⁷⁰¹ Non atopamos ningún topónimo *A Irexe*. O máis parecido é *Airexe*, tendo en conta a proximidade fonética entre *da Irexe* e *d'Airexe*.

⁶⁷⁰² O topónimo *Alba* aparece unha vez na provincia de Lugo, no concello de Vilalba; e dúas na de Pontevedra, nos concellos de Vigo e Pontevedra.

⁶⁷⁰³ ms4: y os de Meilan, paaló, van.

- os de Trasmonte; galiñas chocas, no Barrio, e esparavanos, na Torre. (mc: Bucínos)
Un vecino del lugar de Lendeorrio (Alén do río) denunció a los demás de la parroquia porque no le guardaban las consideraciones de su hidalga alcurnia, de ahí que motejen de *fidalgos* a los de aquel lugar.
30. **Alperiz** (Parada, Santa María; Lalín, PO)
Cagarria, de Alperiz (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".
31. *Cascarria, de Alperiz* (mc: Bucínos)
V. "Parada".
32. **Altamira**⁶⁷⁰⁴
Altamira, pasala con día. (ms: C.A. / ms4: C.A. A Nosa Terra)
33. **Álvare** (Álvare, Santa María; Pastoriza, A; LU)
*A nebra díxolle á fame: -¿Pr'onde vas? - Vou pra Guixán. ¿E ti? -Pra Álvare.*⁶⁷⁰⁵
(ms5,039 / ms16: Lence Santar)
34. **Amián** (Traba, Santiago; Laxe, C)
Berra Amián, auga na man. (ms16: R. Fisterrán)
Amián = Pedra Amián se llama un bajío al sur de la playa de Traba de Laxe.
35. **Amiudal** (Amiudal, Santiago de; Avión, OU)
As campanas de Amiudal din sempre que as repinican: "Quen ten val, quen ten val". (ms16: D.E.)
Amiudal (Orense)
36. **Amoeiro** (Amoeiro, OU)
O que queira bon carneiro, que vaia por el a Amoeiro. (mc)
37. **Ancares, Os** (Ancares, Os; LU)
O coto de Carracedo a todos pon medo, agás ós Ancares, que son iguais. (mc)
Carracedo, altura que cierra por un lado el valle de Villanueva de Lorenzana. Algo exagerado el refrán, al compararla con la de los Ancares, bastante más pronunciada.
38. *O puerto de Ancares, pasalo poucas veces, que ten a boca mui grande e papa os ancareses.* (mc)
39. **Anduriñas** (Chaodarcas, Santa Ana; Pereiro de Aguiar, O; OU)
- Pica toxos, Anduriñas* (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 42,1927,14)
V. "Cibreiro".
40. **Angueiro** (Castro, Santo André; Lugo, LU)
E poñen os trapos os de Angueiro (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".
41. **Antas** (Antas de Ulla, San Xoán; Antas de Ulla, LU)
De Antas, o millor torrón, o de Vilasién. (mc: Antas de Ulla)
42. *En Antas, bebe e non preguntes.* (ms15,11)
43. **Antas, As** (Lebozán, Beariz, OU)
Nas Antas, moito frío e poucas mantas. (mc: Castelao, Nós 38,1927,14)
44. **Anxeriz** (Anxeriz, Santa María; Friol, LU)
Cacharreiros, de Anxeriz. (mc)
Anxeriz, es anejo en Miraz, en Friol.
45. **Aragón**
*Arreboles a Aragón, á noite con auga son.*⁶⁷⁰⁶ (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)
(es) *Arreboles a Aragón, a la noche con agua son.* (Correas)
46. **Arante** (Arante, San Pedro; Ribadeo, LU)
*¿Eres de Arante? O demo que te levante.*⁶⁷⁰⁷ (mc e ms11,24: Ribadeo)
47. **Arcos** (Arcos de Frades, Santiago; Pol, LU)
Cambeleiros, os de Arcos. (mc: Pol)
Cambeleira, de donde dicen está tomado el tópico, es, en aquella comarca, el pesebre donde come el ganado vacuno, con apartados independientes para cada res. (mc) / *Cambeleira* falta en nuestros diccionarios. (ms)
48. *Cucos os de Gondel, cambeleiros os de Arcos, borrachos os de Valonga i-os de Caraño, raposos.*⁶⁷⁰⁸ (mc / ms / ms4: Pol-F.V.S.)
V. "Gondel".
49. **Ardeleira**
Brúa Ardeleira, trigo á eira. (Manuel Portela Balayo)
50. **Area** (Faro, San Xiao; Viveiro, LU)
¿De Area? -Xente hebrea. (mc: M.-R. de P.)
51. **Arenteiriño** (Oseira, Santa María; Cea, San Cristovo; OU)
Os de Arenteiriño derraman o fuciño. (mc)

⁶⁷⁰⁴ *Altamira* aparece tres veces na provincia de Lugo (concellos de Vilalba, Viveiro e Guitiriz); cinco en Pontevedra (concellos de Silleda, Meaño, Salceda de Caselas, As Neves e Sanxenxo) e tres na Coruña (concellos de Cambre, Cereceda e Ortigueira).

⁶⁷⁰⁵ ms16: *néboa, Pra Albare.*

⁶⁷⁰⁶ mc: *con auga non.*

⁶⁷⁰⁷ ms11,24: *¿Es de Arante?.*

⁶⁷⁰⁸ ms: *y os.*

52. *Os d'Alinteiriño derraman o fuciño.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Confurco".
53. **Ares** (Ares, C)
En Ares non te pares, en Redes non te quedas i-en Camouco para pouco. ⁶⁷⁰⁹
(mc: Nos)
Var.: *En Ares non te pares.* (C.A.)
Pueblos de Canedo, Orense. [sic]
54. *En Ares non te pares.* (ms: C.A. *A Nosa Terra* / Rodríguez Vieites, Félix)
55. *En Camouco para pouco, en Redes non te quedas, en Ares non te pares.* (Barral Sánchez, J.M.)
56. **Argozón** (Argozón, San Vicente; Chantada, LU)
Polo san Mateu sementa ti e sementarei eu; polo San Miguel semente quen poider; e polo San Luca saca o boi da asuca, en Chantada i-Argozón, que en Camba e Deza non. (mc / ms4: F.V.S.)
San Mateu: 21 set. San Miguel: 29 set. San Luca: 18 oct. V. "Chantada".
57. **Armenteira** (Armenteira, Santa María; Meis, PO)
Nublada Armenteira, norte na ribeira. (mc: Bueu)
Var.: *Nubrado a Armenteira, norte na ribeira.* (ms16: Bueu)
58. **Arnela, A** (Baroña, San Pedro; Porto do Son, O; C)
Berra a Arnela, o demo tras dela. (ms16: R. Fisterrán)
Arnela, pequena playa de la costa de Finisterre. El refrán anuncia mal tiempo.
59. **Arousa** (Illa de Arousa, San Xulián da; Illa de Arousa, A; PO)
Cuberta Arousa, mala cousa. (mc: M.-Bueu)
60. **Arroxo** (6 concellos, LU)
D'Arroxo, nin gado nin xente, que hastra os cochos roen as portas. (ms4: A.N. / ms: A.N.V.)
Var.: *De Arroxo, nin gado, nin xente, que hastra os cochos traban as portas.* (ms5,041: Úbeda)
Variante do ms5,041: Entresacados de los artículos sobre folklóre gallego publicados por Lence-Santar, en *El Compostelano* de Santiagode Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940. (ms5)
61. *¿Eres leiteira de Arroxo? Xa, xa.* (mc: M.L.)
62. **Arroxo** (Arroxo, San Xoán; Baralla, LU) ⁶⁷¹⁰
Nin muller de Chamoso nin besta de Arroxo. (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
63. **Artoño** (Artoño, Santalla; Agolada, PO)
Os de Artoño, fariñeiros. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)
V. "Berredo".
64. **Arzúa** (Arzúa, C)
En Arzúa todo se volven mulas. (mc: Santiago / ms-SA: Andrés Rodríguez Arjomil: Vimianzo, C)
65. **Asadur** (Asadur, Santa Mariña; Maceda, OU)
Campana por campana, Asadur ou nada. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Ourense)
Asadur (Orense).
66. **Astariz** (Caboi, San Vicente; Outeiro de Rei, LU)
Os de Outeiro comen bon carneiro, i-os de Astariz mellor perdiz. (ms8,49v)
Pueblos de O. de Rey.
67. **Astorga** (Astorga, LE)
O pan d'Astorga, moito na mau e pouco n'andorga. (ms-LU: Recaredo de la Fuente Pérez: Pombeiro, Pantón, LU (04-10-1951)
El pan de Astorga no está muy esponjado, parece muy bien y representa mucho; pero luego al comerlo no harta, y para hartarse hay que comer más cantidad que si fuera de otro pan (centeno por ejemplo.).)
68. *Pan de Astorga, moito na man e pouco na andorga.* (mc)
(es) *El pan de Astorga mucho en la mano y poco en la andorga.* (Sbarbi)
69. *Quen fez a Lugo, fez a Astorga e Ponte da Cigarrosa, e levou unha pedra no capelo con que fez o Coronatelo.* ⁶⁷¹¹ (mc: A.S.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
70. **Asturias** (AS)
Abril non era malo, se non fora o aire asturiano. ⁶⁷¹²
(mc: Taboada / ms15,27r: Lugo)
71. *Os rapaces en Asturias, cando non têm que facer, tiran pedras cara arriba e xa din que vai chover.* (mc: Santiago)

⁶⁷⁰⁹ ms: y.

⁶⁷¹⁰ Supoñemos que se trata da parroquia de Arroxo en Baralla, límite co concello do Corgo.

⁶⁷¹¹ ms-LU: *fez Lugo, fez Astorga, fez a Coronatelo.*

⁶⁷¹² ms15,27r: *sinon fora.*

- Proviene de una canción popular.
72. **Atán** (Atán, Santo Estevo; Pantón, LU)
Escanelados, de Atán. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Palacio".
73. **Avia, río** (OU)
O viño do Avia ten forza, espírito e labia. (ms10,142r: D.E.)
74. **Bacelo / Bocelo, Serra do** (Sobrado / Toques, C)
Faro, Farelo, Pico Sacro i-o Bacelo (ms15,34r)
V. "Faro".
75. **Bagude, Monte** (Bagude, San Bartolomeu, Portomarín, LU)
Cando o monte Bagude ten carapucha, auga segura. (ms15,41: Puertomarín)
76. **Bagueixos** (Tirimol, San Xoán; Lugo, LU)
Os de Bagueixos comen pan e queixo; os de Meilán comen solo pan. (mc: Lugo)
77. **Baiñas, As** (Baiñas, Santo Antón; Vimianzo, C)
A costureira das Baiñas cose de balde e pon as liñas. (mc: Pidre)
(pt) *Alfaiate de encruzilhada, que põe as linhas de sua casa.* (Chaves)
78. *O xastre das Baiñas cose de balde e mais pon as liñas.* (ms21,13r: Bermés)
79. *O xastre das Baiñas cose de balde e pon as liñas.* ⁶⁷¹³ (mc: Bucinos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / Francisco Canosa Quintás)
Var.: *Xastre das Baiñas, cose de balde e mais pon as liñas.* ⁶⁷¹⁴ (M.V.)
(pt) *Alfaiate de encruzilhada, que põe as linhas de sua casa.* (Chaves)
(es) *El sastre de Peralvillo, que hacía la costura de balde y ponía el hilo.* (Correas) / *El sastre de cantillo, que cosía de balde y ponía el hilo.* (Correas) / *El sastre de Ciguñela, que pone la costa y hace de balde la obra.* (Correas)
80. **Baiña, A** (Baiña, San Pedro da; Agolada, PO)
Os de Baiña, carrapelos. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)
V. "Berredo".
81. *Os de Baiña, tiñosos; os de san Paio, carpaceiros; os de Carmoega, fariñeiros; os de Esperante, cucos; os de Vilariño, cereixeiros; os de Merlín, lagartos; os de Orrea, gorriós; os de Brántega, croieiros; os de Tuiriz, sardiñeiros, i-os de Val, ratos.* (mc / ms4: F.V.S.)
Son pueblos de Lalín y comarca.
82. **Balsada** (Montefurado, San Miguel; Quiroga, LU)
¿Onde irás boi que non ares? -A Balsada i-a Casares. (ms8,39v)
Pueblos de Quiroga muy accidentados en los que no pueden arar los buyes.
83. **Baltar** (Baltar, San Bartolomeu; Baltar, OU)
Entre Baltar e Godín é unha xente moi ruín. (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 65, 1929, 88)
84. *Entre Baltar e Tixós nacen moitas avisiós* (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 65, 1929, 88)
85. **Bamba** (Tordesillas, VA)
O abad de Bamba, o que non pode comer, dá pola súa alma. (mc)
(es) *El abad de Bamba, lo que no puede comer, dalo por su alma.* (Sbarbi)
Moteja a los que sólo dan las cosas que no pueden aprovechar.
86. **Baño, O** (Lugo, LU)
Lavacús, no Baño. (mc, ms e ms4)
Lavacús es igual a aduladores. / *Lavacús* = aduladores. (ms4) / V. "Fingoi".
87. **Barán** (Barán, San Pedro; Paradela, LU)
Os de Barán, tabaus. (mc: Paradela)
Lo dicen en sentido de traidores, que no dan la cara.
88. *Terra negra nun dá pan, y-o que queira muller mala qu'a vaia buscar a Barán.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
89. **Barbadelo** (Barbadelo, Santiago; Sarria, LU)
Os de Barbadelo, lavancos. (mc)
V. "Piñeira".
90. **Barbain** (Barbain, Lugo / O Incio, LU)
I-auga os de Barbain. ⁶⁷¹⁵ (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".
91. **Barbanza, O** (Entre a Pobra do Caramiñal e o Porto do Son, C)
Cando Barbanza ten touca, ou moita chuvia ou pouca. (ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia, C)
92. *Cando o Barbanza ten touca, auga, moita ou pouca.* (mc: Sar.-Noya)
Barbanza es la cordillera que se prolonga sobre la península que separa las rías de Arosa y de Muros. Si se cubre de nubes, anuncia lluvia.

⁶⁷¹³ mc: *Vaiñas*.

⁶⁷¹⁴ mc: *Vaiñas*.

⁶⁷¹⁵ ms: *y'auga os*

93. **Barca, A** ⁶⁷¹⁶
Na area de Illa moito, na area da Barca, nada. (mc: M.-R. de P.)
94. **Barca, A** (Anllo, Santo Estevo; Sober, LU)
Cando nace un home na Barca, nace boi, carro e xugo. (ms5,136)
Se refíere a la Barca de S. Esteban de Rivas de Sil (Anllo), porque es un terreno tan quebrado, que no hay carros ni bueyes: todo el trabajo tiene que hacerlo el hombre. ⁶⁷¹⁷
95. **Barcia** (Barcia do Seixo, Santa Ana da; Lama, A; PO)
Atestados, os de Barcia. (ms: Castela, Nós 38,1927,14)
96. **Barcia de Mera** (Barcia de Mera, San Martiño; Covelo, PO)
Terra por terra, Barsamedera; millor por millor, Val de Miñor. (mc: A.I.)
97. **Baredo** (Baredo, Santa María; Baiona, PO)
Néboa a Varedo, noroeste cedo. (mc: M.-R. de P.)
98. *Neboeiro en Varedo, noroeste cedo.* ⁶⁷¹⁸
(mc e ms16: Vigo)
99. **Baroncelle** (Baroncelle, Santiago; Abadín, LU)
Os de Baroncelle, os puchos. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
100. **Baroncelle** (Carboentes, Santo Estevo; Rodeiro, PO)
Os puchos. (mc: A.N. / ms4: F.V.S.)
Se aplica a los de Baroncelle.
101. **Baronzás** (Xinzo de Limia, Santa Mariña; Xinzo de Limia, OU)
Curre cas, en Barouzós, Salta sebes en Paredes; Campaneiros os de Zas, Gomariz, pé de perdiz, Entre Baltar e Tixós, nacen moitas avisiós, Merendas na Caridad, Cas descalzos en Medeiros, En Villaza, caza, caza, Albarells, cazafellos, Entre Baltar e Godín é unha
- xente moi ruín, Queima ceras en Laroá, San Mamede xa me fede, Soutelo xa me pon medo; ¡Viva o lugar de Ganade xunto co de Sabucedo!* (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 65, 1929, 88)
Son pueblos de Ganade, en la Limia.
102. **Barqueiro, O** (Mañón, Santa María; Mañón, C)
Loiba, Espasante, Barqueiro, Ortigueira, niebla en Cañoles, tempos moles. (mc)
103. **Barra, Punta** (Bares, Santa María; Mañón, C)
Norte en Barra, vendaval en Vizcaia. (mc: S. Loureiro)
104. **Barrio, O** (Buciños, San Miguel; Carballado, LU)
Galiñas chocas, no Barrio (mc: Buciños)
Galiñas chocas, porque les atribuyen falta de fortaleza viril. / V. "Alén do Río".
105. **Barxa** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Troiteiriños, os de Barxa (mc / ms)
Por Barxa, pasa el río Mao, por eso les llaman troiteiriños. (mc) / Por Barxa pasa el río Mao. (ms) / V. "Tuimil".
106. **Bascós** (Bascós, San Martiño; Monforte de Lemos, LU)
Ribas Altas e Bascós, criminales e ladrós. (mc)
Pueblos de Monforte.
107. **Beadé** (Beadé, Santa María; Beade, OU)
O viño de Beade, anque sea coma vinagre, y-o de Bieite, anque sea coma leite. (ms21,31r: Bermés)
108. **Bealo** (Bealo, San Pedro; Boiro, C)
Os de Bealo, nin boa besta nin bon cabalo. (mc: M.-R. de P.)
109. **Beleigán** (Gondrame, San Vicente, O Páramo, LU)
Os de Beleigán, cereixeiros. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
V. "Villaquinte"
110. **Belén**
Dinche as campanas de Belén: "Valche quen ten". (mc: Carballino)
(pt) *Vale quem tem.* (Chaves)
111. **Beluso** (Beluso, Santa María; Bueu, PO)
¿De Beluso? D'alá fuxo. (mc: M.-R. de P.)
112. **Benavente** (Barciela, Santo André da; Santiago de Compostela, C)
Benavente, boa vila e mala xente. (mc: Santiago)
113. **Bendoiro** (Bendoiro, San Miguel; Lalín, PO)

⁶⁷¹⁶ *A Barca* (Santa Cruz de Castro, Cambados, PO) – Illa de Arousa ou *A Barca* (San Salvador de Poio, Poio, PO) - Illa de Tambo

⁶⁷¹⁷ Anllo é unha parroquia do concello de Sober, aínda que no texto orixinal aparece como pertencente ó concello de Ribas de Sil. Pero non aparece ningún lugar chamado *A Barca* en ningún destes dous concellos.

⁶⁷¹⁸ mc e ms16: Varedo / ms16: *por Varedo*.

- Vacas da Ulla e muller de Bendoiro n'as metas na casa que che é un agoiro.* (mc: M.V.)
114. **Berbería**⁶⁷¹⁹
Vento de Berbería, levanta nun día. (mc: S. Loureiro)
115. **Berbetouros** (Berbetouros, San Miguel; Palas de Rei, LU)
Os de Berbetoros, burriqueiros. (mc)
En Palas de Rey.
116. **Bergantiños** (Comarca de Bergantiños, C)
Os millores queixiños, os de Curtis, Ulloa e Bergantiños. (mc: Ventosa / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Dicen en Ventosa. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)⁶⁷²⁰
117. **Berredo** (Berredo, Santa María; Agolada, PO)
Os de Berredo, burros; os de Orrea, gorriós; Ventosinos, cadelos finos, patacas e zucha metidas na ucha; os de Brántega, croeiros; os de San Paio, lagarteiros; os de Artoño, fariñeiros; os de Baiña, carrapelos; os de Sangorza, rateiros. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)
118. **Betanzos** (Betanzos, C)
-Betanceiros, ¿que queredes? -Que suba o pan e baixe a caña. (mc)
119. **Garelos, os de Betanzos.** (mc / ms4: F.V.S.)
Hay quien deriva el tópicos de la leyenda del tributo de las Cien Doncellas, tomando *garelos* como corrupción de *galeras* aludiendo a las que los árabes llevaban hasta Valdoncel, lugar donde se pagaba el ominioso tributo, hasta que fueron allí mismo derrotados por los cristianos. Carré Aldao, deriva el calificativo, de la voz *garula* que significa verdura en el caldo, por lo abundante y exquisito de las verduras de Betanzos. El apelativo es recogido por varias canciones del pueblo: *As garelas de Betanzos / aquelas do abanico, / levan un gato na cesta / pensando que era un cabrito. // En Padrón hai boas nenas, / e por Santiago, a frol d'elas; / en Coruña, as coruñesas, / e en Betanzos as garelas.* (ms: Carré Aldao, *Geografía de Galicia, La Coruña*, I, 812, 813)
120. *Vale máis ir por sardiñas a Betanzos que facer este traballo.* (ms8,09v: Silvarrey)
121. **Beu**
Brúa Beu, auga a reu. (Manuel Portela Balayo)
122. **Bidueiros** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
E calcapelicos, os de Vidueiros. (ms)
V. "Fufín".
123. **Bieite** (Bieite, Santo Adrao; Leiro, OU)
O viño de Beade, anque sea coma vinagre, y-o de Bieite, anque sea coma leite. (ms21,31r: Bermés)
124. **Biscaia**
Norte en Barra, vendaval en Vizcaia. (mc: S. Loureiro)
125. **Boborás** (Boborás, OU)
Burros blancos, burros negros, lameiros arriba do rego e mozas de Boborás, vai que ben vas. (mc: Loureiro de Cotovad)
126. **Bocamaos** (Bocamaos, San Xillao; Lugo, LU)
Os de Bocamaos, fabeiros. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)⁶
V. "Villaquinte".
127. **Bocelo** (Entre Boimorto, Melide, Sobrado e Toques, C)⁶⁷²¹
As cabras de Bocelo, todas son dun pelo. (mc: A.N.)
128. **Boeiros** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Poucas verdás hai en Boeiros (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42,1927,14)
V. "Cibreiro".
129. **Boente** (Boente, Santiago; Arzúa, C)
Os de Boente, boa cara e mala xente. (mc)
En Mellid, La Coruña.
130. **Bon** (Aldán, San Cibrán; Cangas, PO)
Si ronca a area de Bon, cambios de tempo son. (mc: M.-Bueu)
131. **Bonxe** (Bonxe, San Mamede; Outeiro de Rei, LU)
Cortiña e Bonxe non botan lonxe. (ms8,16r: Silvarrey)
132. *Os de Cortiña son unhos carrachudos; e Cortiña e Bonxe non bota lonxe.* (ms8,14r: Silvarrey)
133. **Bora** (Bora, Santa Mariña; Pontevedra, PO)

⁶⁷¹⁹ Berbería era o nome que antigamente recibía a costa de África, desde Exipto ata o Océano Atlántico. Non atopamos ningún topónimo galego con esa forma.

⁶⁷²⁰ Lugar da parroquia de Santiago de Moia, no concello de Navia de Suarna.

⁶⁷²¹ Monte limítrofe entre estes catro concellos.

- De Bora un e de Xeve ningún.* (mc: Castelao, *Nós* 38, 1927, 14.)
134. *Dous de Xeve e un de Bora botan o maestro fóra da obra, e se vai un de Marcón, hastra vai o patrón.* (mc: Castelao, *Nós* 38, 1927, 14)
135. **Bosende** (San Paio de Arxiz, Taboada / Santa María de Carballido, Vilalba, LU)
E limpan os de Risende [sic].⁶⁷²² (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".
136. **Bouzas** (Boimorto, Santa Baia; Vilamarín, OU)
Dios me libre de tratos e contratos cos de Bouzas e Tamallancos. (mc: Bucíños)
137. **Bouzas, As** (Sanguineto, Santa María; Dozón, PO)
Burateiros, os das Bouzas. (mc: Pontevedra)
De la misma parroquia que el anterior.
138. **Bóveda** (Bóveda, LU)
I-o gas os de Bóveda. (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".
139. **Brántega** (Brántega, San Lourenzo; Agolada, PO)
Os de Brántega, croeiros. (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)
Hay muchos croyos. (ms) / V. "Berredo".
140. *Os de Brántega, croeiros* (mc / ms4: F.V.S.)
V. "A Baña".
141. **Bravos** (3 concellos, LU)⁶⁷²³
Os de Bravos, letrados. (mc, ms e ms4)
Letrados, por haber nacido allí un escribano que tuvo mucha fama en todo el contorno. (mc) / De allí era un escribano, que tuvo mucha fama en las aldeas. (ms) / *Letrados*, de allí era un escribano que tuvo mucha fama en las aldeas. (ms4) / V. "Fingoi".
142. **Brens** (Brens, Santa Baia; Cee, C)
De Brens, nin muller nin bens, nin carro nin arado, nin cousa que dea ó rabo. (Canosa Quintáns, Francisco)
143. **Brión** (Brión, C)
O gaiteiro de Brión, cando lle dicen que toque, muda de conversación. (mc)
Brión de Mahía, Santiago.
144. **Bucíños** (Bucíños, San Miguel; Carballido, LU)
- As mociñas de Bucíños ben podeades laudar: tedes un santiño novo vestido de militar.* (mc)
Parece reliquia de una canción popular. Se refiere a San Pegerto, cuyas reliquias trajo de Roma para Bucíños, donde se conservan en una figura de cera que representa un soldado, el arzobispo de Valladolid, Ribadeneira, natural de aquella parroquia.
145. *Os de Bucíños, os das dúas caras.* (mc: Carballido, Lugo)
Deriva del dicho, que hoy se aplica en sentido figurado, de una moldura que antiguamente ocultaba la roldana de la lámpara de la iglesia parroquial, que estaba labrada con dos rostros humanos.
146. **Bueu** (Bueu, PO)
¿De Bueu? -D'alá son eu. (mc: M.-R. de P.)
147. **Buño** (Buño, San Estevo; Malpica, C)
Os de Buño, oleiros. (mc / ms4: F.V.S.)
Porque había muchos que ejercían esta industria. Una canción popular alude al origen del tópico: *Non quero vivir en Buño, / non quero facer máis olas: / quero vivir en Barizo / que é a terra das cebolas.* En otra copla, quieren los buñeses sacudirse de la matraca del refrán: *Ainda que somos de Buño / non somos todos oleiros, / tamén en terra de Noya / non son todos zapateiros.*
148. **Burela** (Burela, LU)
Sona Burela, colle o gadaño e vai prá terra. (mc: Gella. Foz)
Var.: *Cando ronca Burela, agarra a brosa e fai estela.* (ms5,027: Foz.)
Porque hará buen tiempo. Burela, puerto próximo a Foz.
149. **Burela, A** (Carballido, Santa María; Fonsagrada, A; LU)
*A Valiña, a Burela e a Rebordela son tres pueblos de pouca bucela.*⁶⁷²⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
Tres lugares de la feligresía de Sta. María de Carballido, en Fonsagrada.
150. **Bustelo** (Vilouzán, Santo Estevo; Láncara, LU)
Si corren as nubes pra Montán, colle o mallo e malla o pan, e si corren pra Bustelo, colle a capa i-o capelo. (mc)

⁶⁷²² ms4: *limpian*.

⁶⁷²³ Existen lugares con este nome nos seguintes concellos: O Páramo, Outeiro de Rei e Ourel.

⁶⁷²⁴ ms4: *puebliños*.

- Montán es del municipio de Samos y Bustelo es de Villouzán. El refrán es propio de la comarca intermedia.
151. **Bouza** (Soandres, San Pedro; A Laracha, C) ⁶⁷²⁵
Para millo na Fireira, para cebolas na Buza. (mc: Santiago)
152. **Cabalo, O** (Cíes, Illas; PO)
Ruído no Cabalo, malo, malo. (mc: M.-Bueu)
153. **Cabana** (Cabana, Santiago; Palas de Rei, LU)
Os de Cabana, lagartos. (mc: Palas de Rei / ms4: F.V.S.)
Cabana, anejo a Sta. María de Pidre, Palas de Rei.
154. *Pra aló de Cabana, sete semanas.* (mc: Pidre)
Para dar a entender que un lugar está muy lejos. Se dice en Pidre, del que Cabana es anejo.
155. **Cabarcos** (Cabarcos, San Xulián; Barreiros, LU)
En Cabarcos, capan os gatos; en Vilanova, bótanos fóra, gache gatiño, pra cas da túa dona. (mc: M.L.)
Var.: *En Cabarcos, capan os gatos; i-en Vilanova, bótanos fóra.* (ms5,041: Artículos sobre folklóre gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940)
156. **Cabo de Foz, O** (Foz, LU)
Cando hai espumallo no Cabo, non vaías ó trasmallo. (mc: Gella.-Foz)
(es) *Con espumayo no vayas al trasmayo.* (mc: Gella, Tapia de Casariego) / *Con mar espumoso no vayas a pescar.* (mc: Gella)
157. **Cabo de Vila** (Cuíña, Santalla; Lugo, LU)
Planetas e direucióis, zancanillas i-apertadores de carabillas, en Cabo de Vila (mc, ms e ms4)
Planetas e direucióis, zancadillas i-apertadores de carabillas, porque en otros tiempos se hacía en ese lugar el reparto de consumos y procuraban cargar los impuestos a los lugares vecinos. (mc) / Allí en tiempos se repartían los impuestos a todos los vecinos de los alrededores, y como procuraban cargar a los otros y buscando la manera de engañarlos se les llama así. (ms) / Planetas etc. En algún tiempo se repartían allí los impuestos a los vecinos de todos los alrededores y procuraban cargar a los otros, buscando manera de engañarlos. (ms4) / V. "Fingoí".
158. **Cabo Silleiro** (Baiona, PO)
Encargos sin diñeiro non pasan o Cabo Silleiro. (mc: Sar.-Bayona)
Var.: *Encargos sin diñeiro, chegan a Silleiro.* (mc: A.S.A.) / *Encargos sin diñeiro, chegan ó primeiro regueiro.* (mc: A.S.A.) / *Encargo sin diñeiro, non pasa a ponta de Outeiro.* (mc: M.L.)
(pt) *Encomendas sem dinheiro, esquecem ao primeiro regueiro.* (Chaves) / *Encomendas sem dinheiro, ficam no tinteiro.* (Chaves)
(es) *Encargo sin dinero, siempre está hecho.* (R. Marín) / *Encargo sin din, descanso de rocín.* (R. Marín)
Sigueiro, próximo al Oeste de Bayona. Tiene multitud de variantes. Y, como dice Saralegui, equivalen al conocido del cuento: "tú que pitas, pitarás".
159. **Cacabelos** ⁶⁷²⁶
Viño de Cacabelos fai cantar os vellos. (mc: Correas)
160. **Cadavedo** (Cadavedo, San Bartolomeu; Pastoriza, A; LU)
Arriba Úbeda que arde Cadavedo. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Os de Ximil ós de Ubeda, pra aporrealos, dinlles: *Arriba Úbeda que arde Cadavedo.*
161. *Os da Lagoa, Cadavedo e Loboso, os da Corda.* (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Entresacados de los artículos sobre folklóre gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
162. **Cadrón** (Cadrón, San Estevo; Lalín, PO)
Mirandelas, de Cadrón (mc / ms4: F.V.S.)
Mirandelas, curiosas, fisgonas; cerraportas, asustadizas; porque cierran las puertas, en cuanto ven personas forasteras por los alrededores. / V. "Lamas".

⁶⁷²⁵ Non aparece no nomenclátor ningún lugar con estes nomes. Pero existe Fieira e Bouza no concello a Laracha. Fieira é unha aldea da parroquia de Montemaior e Bouza é outra aldea da parroquia de Soandres.

⁶⁷²⁶ Pode que se trate do Cacabelos de León, ou do Cacabelos da parroquia de Santo Adrián de Vilarino en Cambados (Pontevedra).

163. *Os de Lamas mataron a besta, os de Cadrón comérona fresca, os de Castelo mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo, os de Muimenta a gritas e gritas, que lles gardaran a merda das tripas.* (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".
164. **Caldas de Reis** (Caldas de Reis, PO)
Caldas e Padrón afogados son. (mc: M.-R. de A.)
165. *O cura de Vigo é xastre, y o de Caldas mariñeiro, o de Ourense afilador, y o de Santa Comba casamenteiro.* (ms)
166. **Calde** (Calde, San Pedro; Lugo, LU)
Aire de Calde non traballa en balde. (mc: Lugo)
Var.: *Cando o aire tira de Calde, nunca tira de balde.* (ms8,35v: Silvarrey)
Calde, parroquia inmediata a Lugo, hacia el sur. Trae agua.
167. *O aire de Calde non sopla de balde.* (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
168. *O gaiteiro de Calde non toca de balde.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
169. *O gaiteiro de Calde nunca toca de balde.* (mc: Lugo-F.V.S.)
Var.: *O gaiteiro de Calde non sopla de balde.* (ms15,01: Lugo)
Calde, junto a Lugo. Se refiere al viento que procede de ese cuadrante, que siempre trae agua.
170. **Caldelas** (Castro Caldelas, OU)
Os de Caldelas ofrecen sacos e resultan fardelas. (ms5,058: Trives)
171. *Caldelas: a malla feita i-a fame na mao.* (ms: Trives)
172. **Calo, O** ⁶⁷²⁷
No Calo, muito malo. (mc: M.-Bueu)
173. **Callobo**
Brúa Callobo, tempo revoltó. (mc: Agro)
174. **Camba** (Laza / Castro Caldelas, OU)
Si vas a Oseira, leva o pan na faltriqueira; si vas pra Camba, lévao na manga; si vas pra Deza, que non che esqueza. (mc: Aguada, Carballedo)
175. *Polo san Mateu sementa ti e sementarei eu; polo San Miguel semente quen poider; e polo San Luca, saca o boi da asuca, en Chantada i-Argozón, que en Camba e Deza non.* (mc / ms4: F.V.S.)
San Mateu: 21 set. San Miguel: 29 set. San Luca: 18 oct. V. "Chantada".
176. **Camba** (3 concellos, LU) ⁶⁷²⁸
Os de Camba, o demo os lamba. (mc)
177. **Camba** (Camba, San Salvador / Camba, San Xoán / Camba, Santa Baia; Rodeiro, PO)
O que trata con cambotes, nunca lle faltan calotes. ⁶⁷²⁹ (ms21,11r: Bermés / ms-LU: seminarista anónimo: Bucifios, Carballedo, LU) (ms4: F.V.S.)
178. *Os que tratan con cambotes nunca lles faltan calotes.*
Así dan matraca a los de Camba los de las zonas circunvecinas.
179. *Se vas a Camba, leva o pan na manga.* (ms15,32)
180. *Se vas a Camba, leva pan na manga; e se vas a Deza, que non ch'esqueza.* (ms-LU: seminarista anónimo: Bucifios, Carballedo, LU)
181. **Cambados** (Cambados, PO)
Birbiricheiros de Cambados, arriba que cantan os galos. (mc: Villagarcía / ms18: Gella.-Villagarcía)
Mariscadores de berberechos o birbirichos, especie de almeja pequeña. Lo recoge Gella Iturriaga.
182. **Cambre** (Cambre, Santa María,; Cambre, C)
Santa Maria de Cambre, todos os homes pequenos teñen a barriga grande. (ms11,56: José Sanjurjo Pedrouzo)
183. **Camiño, Virxe do** (Muros, Muros, C)
Non creas os do Camiño, que son unhos polveiros. ⁶⁷³⁰ (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
184. **Camouco** (Camouco, San Vicente; Ares, C)
En Ares non te pares, en Redes non te quedas i-en Camouco para pouco. ⁶⁷³¹ (mc: Nos)
Var.: *En Camouco, para pouco.* (mc: C.A. A Nosa Terra)
Pueblos de Canedo, Orense. [sic]
185. *En Camouco para pouco.* (Rodríguez Vieites, Félix)
186. *En Camouco para pouco, en Redes non te quedas, en Ares non te pares.* (Barral Sánchez, J.M.)

⁶⁷²⁷ Posiblemente se refira a San Xoán de Calo, no concello de Teo (A Coruña).

⁶⁷²⁸ En tres concellos: Oulol, Vilalba ou Xove.

⁶⁷²⁹ Ver *Se vas a Camba, ...*

⁶⁷³⁰ O orixinal di *Non creas os do Camiño que son un'os polveiros.*
⁶⁷³¹ ms: y.

187. **Campá, A** (Couboeira, Santa María Madalena da; Mondoñedo, LU)
Na Campá nadie campou nin campará. (mc: M.L.)
188. **Campiño, O** (Penela, Santa María da; Monforte de Lemos, LU)
Como o xastre do Campillo, que cosía de balde i-encima poñía o fio. ⁶⁷³² (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
(es) *Como el sastre del Campillo, que trabajaba de balde y encima ponía el hilo.* (Sbarbi)
189. **Cancelada** (Cancelada, Santo Tomé; Cervantes, LU)
Vaca de Cancelada, moita ubre e pouca canada. (mc / ms4: F.V.S.)
190. **Cancelas, As** (Cangas, Santa Mariña; Lalín, PO)
Os de Cangas parten as barandas; os de Cancela parten as canelas; os de Rodís teñen carrachas nos cadrís. (ms4: F.V.S.)
191. **Candán, Serra do** (Forcarei, PO)
Aire do Candán, todo arriba, abaixo nada; Dios nos libre da cabra fanada. (ms: Buciños / ms-LU: Paco de Seoane: Buciños, Carballado, LU)
192. **Canedo** (Canedo, San Miguel; Pobra do Brollón, A; LU)
En Canedo, anque se morre en agosto, entérrase en San Xoán. (mc e ms: Layosa)
Es Canedo de Monforte de Lemos, cuyo cementerio está en el lugar de San Juan, de ahí el equívoco del tópico. (mc) / Juego de palabras: San Juan es el nombre del lugar en que está el cementerio. (ms)
193. *Os de Canedo, cucos.* (mc: Incio)
Var.: *Os de Canedo chámanse cucos.* (ms)
V. "Vilasouto".
194. **Cangas** (Cangas, Santa Mariña; Lalín, PO)
Os de Cangas parten as barandas; os de Cancela parten as canelas; os de Rodís teñen carrachas nos cadrís. (ms4: F.V.S.)
195. **Cangos, Os** (Santalla, Santalla; Ribeira de Piquín, LU) ⁶⁷³³
Maqueiros nos Cangos
- Maqueiros* o exagerados en el cobro de las maquilas. (mc) / Al moler harina cobraban más de lo que les correspondía, es decir, robaban. (ms) / *Maqueiros*, robaban en la *maquía* del molino. (ms4) / V. "Fingoi". (mc, ms e ms4)
196. **Cañiza, A** (Cañiza, A; PO)
Pra porcos, na Cañiza, que nunca foron lavados. (mc: Castela, Nós 38,1927,14)
197. *Vacas flacas na Cañiza.* (mc)
V. "Ourense".
198. **Cañoles** (Espasante, San Xoán; Ortigueira, C)
Loiba, Espasante, Barqueiro, Ortigueira, niebla en Cañoles, tempos moles. (mc)
199. **Capiraciña**
Ó gaitero de Capiraciña dáselle un carto pra que escomence e catro pra que fiña. (ms4: C.A. A Nosa Terra)
200. **Carantoña** (Carantoña, San Xulián; Miño, C)
Tras de Leiro, Viadeiro; tras da Oroña, Carantoña. (ms15,01)
Pueblos del Miño.
201. **Caraño** (Caraño, San Martiño; Pol, PO)
Cucos os de Gondel, cambeiros os de Arcos, borrachos os de Valonga i-os de Caraño, raposos. ⁶⁷³⁴ (mc / ms4: Pol-F.V.S.)
202. **Carba, A** (Lousada, Santo André; Xermade, LU)
Pra roubar, A Carba. (mc: M.L.)
203. **Carballal, O** (Soñar, San Pedro; Lugo, LU)
Borrachos, no Carballal. ⁶⁷³⁵ (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".
204. **Carballal, O** (3 parroquias, Palas de Rei, LU)
Os de Carballal, pedreses. (mc)
En Palas de Rey.
205. **Carballeda** (Veiga, San Ramón da; Lalín, PO)
Mangueiraos, de Carballeda (mc / ms4: F.V.S.)
Mangueiraos, mangantes. / V. "Lamas".
206. **Carballedo**
Néboa en Courego, chuvia en Carballedo. ⁶⁷³⁶ (ms16: Vida Gallega / ms15, 45v: Fraguas. Vida Gallega)
V. "Courego".
207. **Carballedo** (Carballedo, San Miguel; Cotovade, PO)

⁶⁷³² ms: e encima.

⁶⁷³³ Non descartámo-la posibilidade dunha falsa transcripción por parte do recompilador e que se trate de Os Congos, lugar da parroquia de Santiago de Piúgos, pertencente ó concello de Lugo, en vez dos Cangos.

⁶⁷³⁴ ms: y os.

⁶⁷³⁵ ms: Borrachós.

⁶⁷³⁶ ms16: Couredo.

- Xente honrada, en Carballedo.* (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)
208. **Carballeira, A** (Mato, San Sillao do; Chantada, LU)
Lázaros, os de Carballeira; nabiñaos, os de Santa Cristiña; lugar de Viana, lugar de gran fama, vintecinco veciños gobernanse cunha cuchara. (mc: Sbarbi)
 Var.: *Os da Carballeira, lázaros.* Carballeira es nombre vulgar de la parroquia de S. Julián de Mato, Chantada. Lázaros, que en otras zonas significa descuidados, adanes, aquí equivale a agarrados, devotos de Nra. Sra. del Puño. (mc e ms18,065v: Chantada) Pueblos de Chantada.
209. **Carballiño, O** (Carballiño, O; OU)
O alcalde de Carballiño nunca pasa sin touciño. (mc: Santiago)
210. *Pra carne, pan e viño, Carballiño.* (ms21,31r: Bermés)
211. *Pra comer pan e viño, a Carballiño.* (mc)
 Var.: *Pra carne, pan e viño, a Carballiño.* (ms15,11) / *De Carballiño bo pan e bo viño.* (Castelao: *Nós* 38, 1927, 14) (es) *Para carne, pan y vino, Carballino.* (R. Marín)
212. **Carballo** (Carballo, Carballo, C)
En Carballo a vella queima o tallo. (ms: Santiago)
213. **Cardoufe** (Sanguiniedo, Santa María; Dozón, PO)
Trabes vellas en Cardoufe. (mc)
214. **Caridade, A** (Flariz, San Pedro; Monterrei, OU)
Merendas, na Caridad (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)
 V. "Baronzás".
215. **Cariño.**
 Dado que o refrán lle chega da diocese de Santiago, non podemos pensar que este *Cariño* sexa o concello de N. da Coruña. Como moito referirase a un *Cariño* de Boiro ou a outro de *Ribeira*, que, aínda que non destaquen polo seu viño, polo menos están máis ó sur e son da diocese compostelá.
En Cariño hai bo viño. (mc: Santiago)
216. **Carmoega** (Carmoega, San Pedro; Agolada, PO)
Os de Carmoega, fariñeiros (mc / ms4: F.V.S.)
 V. "A Baíña".
217. **Carnota** (Carnota, C)
Encarnado á Carnota, colle a leña e cerra a porta. (mc: Gella, Lira)
218. *Negro a Carnota, mete a leña e cerra porta.* (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
219. **Caroi** (Caroi, Santiago; Cotovade, PO)
Farramenteiros, os de Caroy. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)
220. **Carracedo** (Souto Longo, Santa María; Lalín, PO)
Os de Carracedo comen o caldo acedo. (mc: Lalín)
221. *Os de Carracedo, ou descalzos ou en pelo.* (mc: Bucínos)
222. **Carracedo** (Meilán, Santiago; Riotorto, LU)
O coto de Carracedo a todos pon medo, agás ós Ancares, que son iguais. (mc)
 Carracedo, altura que cierra por un lado el valle de Villanueva de Lorenzana. Algo exagerado el refrán, al compararla con la de los Ancares, bastante más pronunciada.
223. **Carregal, O** (Rocha, San Cosme de; Friol, LU)
Sarria, Carregal e Mandeu, todo por aquí é meu. (mc: Betanzos)
224. **Carreiros** (Balsa, Santa María da; Muras, LU)
Hinchafoles os de Carreiros. ⁶⁷³⁷ (mc, ms e ms4)
Hinchafoles; cuna de gaiteros y músicos de las bandas rurales. (mc) / *Inchafoles*, tierra de músicos y gaiteros. (ms4) / V. "Fingoi".
225. **Carril** (Carril, Santiago do; Vilagarcía de Arousa, PO)
Os de Carril, afogacristos. (ms5,031: de *Galicia Emigrante*)
 Así les llaman los de Villagarcía de Arosa, fundándose en un hecho: En el puerto de Carril había un crucero, muy venerado en la comarca; lo que no impedía que en el sujetasen los cabos de los barcos. Un día de temporal estaba amarrada al crucero una gabarra, que arrancó el crucero y lo arrastró hasta hundirlo en el mar.
226. **Carrio** (PO)
Nubes no Carrio, auga no barrio. (mc: J.P. / ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)
227. **Carromeiro, O** (Ameixenda, Santa María; Cee, C)
Ó pasa-lo Carromeiro, ten coidado, mariñeiro. ⁶⁷³⁸ (ms5,131: Sangenjo / ms16: R. *Fisterrán*)
 A la entrada de la ría de Corcubión, son peligrosos los bajos de los *Carromeiros*.
228. **Carteire** (Carteire, Santa María; Palas de Rei, LU)

⁶⁷³⁷ ms4: *incha foles*.

⁶⁷³⁸ ms16: *A pasalo Carromeiro*.

- Os de Carteira, rebelaos.* (mc)
Palas de Rey.
229. **Casanova** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Vista alegre, a Casa nova (mc / ms)
V. "Tuimil".
230. **Casares** (Peites, San Martiño; Ribas de Sil, LU)
¿Onde irás boi que non ares? -A Balsada i-a Casares. (ms8,39v)
Pueblos de Quiroga muy accidentados en los que no pueden arar los bueyes.
231. *-¿Onde irás boi que non ares? -A Casares.* (ms4: G.S. y A.)
232. **Casares, Os** (Sanguñedo, San Salvador; Vereia, OU)
Cenadela é mala terra; Piteles, lle dá combate; Valín, máis ruín; Casares é o remate. (mc: Limia) (ms8,50r: Meda, La Vega)
V. "Cenadela".
233. **Casas, As**
-¿Dónde eres? -Son de Casas. -Pois senta as maus nas brasas.
Cuando uno no quiere decir el pueblo donde nació.
234. **Casmartiño** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Bouceantes, Casmartiño (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 42,1927,14)
V. "Cibreiro".
235. **Caspiñón** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Abogados, Caspiñón (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 42,1927,14)
V. "Cibreiro".
236. **Castela**
A Castilla e a León, novo mundo don Colón. (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
237. *A Castilla e a León, un novo mundo don León.* (ms-SA: Perfecto Esparís Freire: Santa María de Viceso, Brión, C)
238. *Arreboles a Castilla, vellas á cocíña.*⁶⁷³⁹
(mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Arreboles a Castilla, viejas a la cocina.* (Sbarbi)
Porque indican mal tiempo.
239. *En Castilla o cabalo leva a silla.* (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
240. *O que foi a Castilla, perdeu a silla; o que foi e volveu, non-a perdeu.* (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
241. *O que foi a Castilla, perdeu a silla.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
242. *O que foi a Castilla, perdeu a silla; pero o que foi e volveu, non-a perdeu.* (ms21,12r: Bermés)
243. **Castelo** (Cadrón, Santo Estevo; Lalín, PO)
Os de Lamas mataron a besta, os de Cadrón comérona fresca, os de Castelo mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo, os de Muimenta a gritas e gritas, que lles gardaran a merda das tripas. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".
244. **Castelo, O** (Nogueirosa, San Cosme; Pontedeume, C)⁶⁷⁴⁰
Borraxeiro no Castelo, peixiño no caravelo. (ms5,027: Ponte do Porco, Miño)
245. **Castelo, O** (Ribadeo, LU)
Néboa no Castelo, sardiña no garavelo. (mc: Gella)
Var.: *Nebra no Castelo, sardiña no cesto.* (mc: Ribadeo)
246. **Castelo de Cais** (Castelo de Cais, San Pedro; Cervantes, LU)
Os de Castelo de Cais, papuxos. (mc: Cervantes)
Por el bocio muy frecuente en aquellas montañas.
247. **Castelo, O** (Cadrón, San Estevo; Lalín, PO)
Abreportas, de Castelo (mc: Bucínos)
V. "Parada".
248. *Cerraportas, do Castelo* (mc / ms4: F.V.S.)
Cerraportas, asustadizas; porque cierran las puertas, en cuanto ven personas forasteras por los alrededores. / V. "Lamas".
249. **Castillón** (Reboiro, Santa María; Incio, O; LU)
En Cizán naceu a fame, comeu en Reboiro i-en Castillón quedouse. (mc)
Pueblos del municipio del Incio.
250. *Lugar de Castillón, lugar de plaga: montes sin leña, prados sin auga, mulleres sin honra e homes sin palabra.* (mc / ms4: Incio-F.V.S.)
Castillón es una aldea de Reboiro, Incio. Hemos visto el mismo tópico referido a Ginzo de Limia y a Fonsagrada.

⁶⁷³⁹ ms-LU: *Arreboles de Castilla.*

⁶⁷⁴⁰ Hai vinte sete aldeas co nome *Castelo* na provincia de A Coruña. Castelo, na parroquia de Nogueirosa (Pontedeume) é a que queda máis próxima a Ponte do Porco, aldea da parroquia e municipio de Miño (A Coruña).

251. **Castrelo** (Castro, San Cristovo; Carballedo, LU)
*Corre, que non chegas ó caldo de Castrelo.*⁶⁷⁴¹ (mc: Bucíños)
 Var.: *Pensa que non chega ó caldo a Castrelo.* (mc: Bucíños)
 Se dice para imponer prisa y quedó en refrán de la costumbre que una casa señorial de Castro de Carballedo, tenía de dar el caldo a todos los pobres que lo solicitasen. (mc) / *Castrelo* = lugar de Castro de Carballedo, donde había una casa señorial en que se daba el caldo a los pobres que llegaban. Ahora se aplica en la comarca a las necesidades de correr para llegar a tiempo a algún sitio. (ms)
252. **Castro**⁶⁷⁴²
Na feira de Castro, moita lama e pouco gasto. (ms15,12.)
253. **Castro** (Castro, San Cristovo; Carballedo, LU)
Vaqueiros, os de Castro; albarcados, de Santa Mariña; famentos, da Farraqueira. (mc: Bucíños)
254. **Castro** (Castro, San Nicolao do; Pobra de Trives, A; OU)
Hoxe vai andar Castro por riba de Cotarós. (ms8,22r: Silvarrey)
 Se dicen cuando se pega o amenaza a un niño; porque los pueblos están a la inversa.
255. **Castro Caldelas** (Castro Caldelas, OU)
*Os villaos caldelaos, desque non têm que comer, lamben as maos.*⁶⁷⁴³ (mc e ms: A.S.A.)
 Se aplica a los de Castro Caldelas.
256. *Unha manta i-un pau, caldelau.*⁶⁷⁴⁴ (mc / ms)
 De Castro Caldelas.
257. **Castro de Arriba** (Vilatuxe, San Lourenzo; Lalín, PO)
*Vida por vida, San Benito de Castro de Arriba, e, si o queres máis honrado, vai a San Benito do Prado.*⁶⁷⁴⁵ (mc e ms4: Lalín)
258. **Castro de Ouro, O** (Castro de Ouro, San Salvador do; Alfoz, LU)
Os de Castro d'Ouro e Villacampa, prexurados. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
 Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
259. **Castro de Morgade, O** (Carballedo, Santa María; Carballedo, LU)
Castro Morgadón ten vintecinco á súa man, soio o da Madanela lle dá pola barbadela. (ms6,01v: Castro de Morgade, Carballedo, Lugo)
260. **Castroncán** (Castroncán, Santa Marta; Samos, LU)
Castroncán, nin boa terra nin bon can. (mc / ms4: F.V.S.)
 Samos.
261. **Castro, O** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Papachurros, os de Castro (mc / ms)
 V. "Tuimil".
262. **Castro, O** (Vigo, PO)
Pra ver a Vigo hai que subir ó Castro. (mc: Bucíños)
263. **Castro, O** (Carril, Santiago do; Vilagarcía de Arousa, PO)
Afiadores, os do Castro. (ms5,031: de *Galicia Emigrante*)
264. **Catasós** (Catasós, Santiago; Lalín, PO)
Os de Catasós, catorce veciños e quince ladrós. (mc: Lalín)
265. **Catelán** (Muros, C)
Dálle, que é de Catelán. (mc: Muros)
 A raíz del saqueo de Muros por los franceses a principios del siglo pasado, se establecieron allí varios catalanes, para explotar el negocio de la pesca de la sardina, ensayando la red llamada *jabega*, que ponía el peligro una de las fuentes de riqueza de la villa, lo que originó gastos y disgustos a la gente de mar. Los pleitos con los catalanes fueron frecuentes y profundo el rencor con que se les miraba, hasta nacer el dicho tópico, que se aplica hoy siempre que se quiere demostrar el poco interés que nos inspiran los del prójimo. (Véase de Artaza, *Da Nosa Terra*, pgs. 52 y 53).
266. **Cavado, O**
Cando o Cabado está nublado, venta tempo malo. (mc: Santiago)
267. **Cabalo, O** (Cíes, Illas; PO)

⁶⁷⁴¹ mc: *Castrelos*.

⁶⁷⁴² O topónimo *Castro* é frecuente en Galicia; coidamos que neste caso se podería tratar do Castro de Rei da provincia de Lugo, vila na que se celebra unha importante feira de gando bovino.

⁶⁷⁴³ mc: *villaos castelaos, maus*.

⁶⁷⁴⁴ ms: *y*.

⁶⁷⁴⁵ ms4: *o San Benito de Prado*.

- Semblante do Cavalo, vento sur declarado.* (mc: Sar.)
Cavalo es la punta N.O. de la mayor de las Cíes; y el refrán entiende por semblante la excesiva claridad y precisión con que aparece el paraje a que alude.
268. **Cea** (Cea, San Cristovo; OU)
Panadeiros, de Cea e Porriño. (ms5,031 e ms16: Galicia Emigrante)
269. **Cebreiro, O** (Pedrafita do Cebreiro, LU)
Corren as nieblas pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) (ms10,049r: Renche, Samos)
270. *Corren as nubes pra Foilevar, colle o mallo e vai mallar, e si corren pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro.*
V. "Foilebar".
271. *Corren as nubes pró Cebreiro, colle a capa e o sombreiro.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
272. *Néboa no Cebreiro, pon a capa i-o sombreiro.* (ms16: Cebreiro)
273. *No Cebreiro, nin boa meda nin bon palleiro.* (mc)
Var.: *No Cebreiro, nin bon pan nin bon palleiro.* (ms4: F.V.S.)
274. *Se non fora o Reboleiro, non viña a luz ó Cebreiro.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
275. *Si van as nubes pró Cebreiro, colle a capa i-o sombreiro; si van pra Foilebar, colle o mallo pra mallar.* (mc: Quiroga)
276. **Cela, Monte** (Cela, Santa María; Bueu, PO)
Néboa en Cela, vento na vela. (mc: M.-Bueu)
277. **Cenadela** (Pitelos, Santa María; Vereá, OU)
Cenadela é mala terra; Piteles, lle dá combate; Valín, máis ruín; Casares é o remate. (mc: Limia)
Cenadela y Pitelos, lugares de Sta. María de Pitelos; Valín y Casares, de la de Sanguñedo, ayuntamiento de Vereá, Orense. El refrán corre por tierras de Limia.
278. **Cerdedo** (Cerdedo, PO)
En Cerdedo, moito pago e pouco bebo. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)
279. **Cereixa** (Cereixa, San Pedro; Pobra do Brollón, A; LU)
Dios en Cereixa, Cristo en Chavaga, santos en Liñares, rey en Sindrán, e marqueses en Eixón. (ms-LU: seminarista anónimo: Sindrán, Monforte de Lemos, LU)
Nombre de las casas de estos pueblos.
280. **Cibreiro** (Astureses, San Xulián; Boborás, OU)
Mintirás, os de Cibreiros, Poucas verdas hai en Boeiros, Teares vellos, Chaodarcas, Pica toxos, Anduriñas, Pecha pan, Outeiromeao, Laxas duras, Cimadevila; Zarramangueiros, os de Pioselo; Bouceantes, Casmartiño; Abogados, Caspiñón; Pleiteantes, no Outeiro; Xente noble, Santa Marta; Carniceiros, na Derrasa; Carpanceiros, no Penedo; Calzafouces, en Pedraio; Altas sebes na Medorra, i-alá vai a conta toda. (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42,1927,14)
Lugares, menos la Derrasa, de la parroquia de Santa Marta de Moreiras, Orense, antes del arreglo parroquial.
281. **Cíes, Illas** (Vigo, PO)
Cando Cies ten capelo, garda os aparellos. (mc: M.-Sangenjo)
Como el anterior.⁶⁷⁴⁶
282. *Das Illas Cies non te fies.* (ms16: Pedro Merille, *La Defensa*, Betanzos)
283. **Cimadevila** (Meliás, Santa María; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Laxas duras, Cimadevila (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42,1927,14)
V. "Cibreiro".
284. **Cirio** (Cirio, Santa María; Pol, LU)
Cirio, Rois e Xerbolés, lugarciños todos tres. (ms)
Var.: *Cirio, Rois e Xerbolés, son bos pobos todos tres.*
285. **Cizán** (Reboiro, Santa María; Incio, O; LU)
En Cizán naceu a fame, comeu en Reboiro i-en Castillón quedouse. (mc)
Pueblos del municipio del Incio.
286. **Codesedo** (Doade, San Pedro; Lalín, PO)
*Os de Codesedo, suplentes.*⁶⁷⁴⁷ (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Millarada".
287. **Coedo** (Coedo, Santo Antonio; Barco de Valdeorras, O; OU)
Marchas tarde e volves cedo: fas como as cabras de Coedo. (ms8,48r e ms8,72r: Meda)

⁶⁷⁴⁶ V. Barbanza.
⁶⁷⁴⁷ ms4: Codeseda.

288. **Coedo, O** (Buciños, San Miguel; Carballedo, LU)
Pasaxeiros, os de Coedo (mc: Buciños)
V. "Alén do Río".
289. **Coira** (Neira, Santa María; Porto do Son, C)
Gaivotas no con, peixes en Coira. (ms16: S. Loureiro)
290. *Marea viva e lúa alta, xa non hai un rabo en Coira*. (mc: S. Loureiro)
291. **Coiras** (Coiras, San Xoán; Piñor, OU)
Os de Coiras rillan as vasoiras. (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
292. **Condado** (Condado, Santa María; Padrenda, OU)
Home de Trado, muller de Condado e porco de Merca, mal raio parta a quen deles inxerta. (mc / ms / ms15,11: J. Solá: *Ramo cativo*, p. 238)
V. "Trado".
293. **Confurco, O** (Oseira, Santa María a Real; Cea, San Cristovo; OU)
Formigueiro, de Confurco. (mc: Buciños)
294. *Formigueiro de Confurco; os de Villanfeita parten a testa; os de Trabazos parten os brazos; os de Tanxil teñen barriga de tamboril; os de Gamual comen o caldo sin sal; os d'Alinteiriño derraman o fuciño*. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
295. **Conxo** (Conxo, Santa María; Santiago de Compostela, C)
En Conxol [sic] non están todos os que deben. (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
296. *Os que están tolos non tan en Conxo todos*. (mc: Santiago)
Como: *Non son todos os que están...*
297. *Vaiche na misa en Conxo*. (mc e ms / ms4: A.S.A.)
298. **Corcubión** (Corcubión, C)
En Corcubión, en cada casa un ladrón. (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
299. *Na terra de Corcubión, muller bonitiña, si, pero honradiña non*. (mc: Vasconcellos-F.V.S.)
300. **Corda de Neda, A** (Entre Abadín e Mondoñedo, LU)
¿Nebriña branca na Corda de Neda? Anda, galán, descubre a túa meda. (mc: M.L.)
El Cordal de Neda, se eleva a 849 metros, en el ayuntamiento de Abadín.
301. **Corea**
O que queira ver guerra, que vaia a Corea.⁶⁷⁴⁸ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
302. **Corneda, A** (Taboexa, Santa María; Neves, As; PO)
No agro da Corneda, moito pan e pouca meda. (mc: Villarrubín de la Pelaraja)
303. **Cornería, Pico** (Entre Barreiros, Foz e Lourenzá, LU)
Niebla en Cornería, auga del'outro día. (mc)
304. **Corno de Boi** (Xíá, Santa María; Friol, LU)⁶⁷⁴⁹
De Corno de Boi é miña nai e nunca boa che foi.⁶⁷⁵⁰ (ms-LU: seminarista anónimo: Guíllar, Outeiro de Rei, LU)
305. *-¿De donde está o aire? -Do Corno do Boi. -Estará, home, estará; de alá veu túa mai e nunca boa foi*.⁶⁷⁵¹ (mc e ms: Miraz, Friol)
306. **Coronatelo**
Quen fez a Lugo, fez a Astorga e Ponte da Cigarrosa, e levou unha pedra no capelo con que fez o Coronatelo.⁶⁷⁵² (mc: A.S.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
307. **Corredoira, A** (8 concellos, LU)
Besteiros, na Corredoira. (mc)
308. **Corrigatos** (Vilanova, San Xoán; Lalín, PO)
De Corrigatos hasta fuxen os gatos. (ms)
Lugar de la parroquia de Villanueva (Lalín).
309. **Corrubedo** (Coiro, Santa Mariña; Mazaricos, C)
Ronca Corrubedo, mariñeiro ponte quedo. (mc: Gella.-Marín)
310. **Cortegada** (Silleda / A Estrada, PO)
Os de Cortegada, sopeiros. (mc / ms4: F.V.S.)
Pueblos de la provincia de Pontevedra.
311. **Cortiña** (Pías, San Vicente; Lugo, LU)
Cortiña e Bonxe non botan lonxe. (ms8,16r: Silvarrey)
312. *Os de Cortiña son unhos carrachudos; e Cortiña e Bonxe, non bota lonxe*. (ms8,14r: Silvarrey)

⁶⁷⁴⁸ ms-LU: *O que ra ver guerra que vaya a Corea*.

⁶⁷⁴⁹ Corno do Boi é un sistema montañoso situado ó SO do concello de Friol.

⁶⁷⁵⁰ ms-LU: *De corno de voy e miña nai a nunca boa che foi*.

⁶⁷⁵¹ ms: *nai*.

⁶⁷⁵² ms-LU: *fez Lugo, fez Astorga, fez a Coronatelo*.

- Cortiña (Pías).
313. **Coruña, A** (Coruña, A; C)
A Cruña rabuña. (ms: C. A. / ms4: C.A. *A Nosa Terra*)
314. *Besta luguesa, muller coruñesa e home santiagués, merda prós tres.* (mc: Silleda)
315. *Cando chove e fai lúa, anda o demo pola Cruña* (ms: C.A. *A Nosa Terra*)
Var.: *Cando chove e fai lúa, anda o trasno pola Cruña.*
316. *Cando chove e hai lúa, o demo vai pá Coruña.* (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
317. *Este preito non chega á Coruña.* ⁶⁷⁵³ (mc e ms16: F.B.B.)
318. *Ganando dous pesos na Cruña non se pode vivir sin meter a uña.* (mc: Buciños)
319. *Home de Lugo, muller de Melide, besta da Cruña e can de Furelos, de todos eles Dios che me libre como dos demos.* (ms5,009: P. Lobeira)
V. "Lugo".
320. **Corveira de Abaixo, A** (Buciños, San Miguel; Carballedo, LU)
-Ferrocarril do Oural, ¿por quen andas gobernado? -Polo Patán de Corveira i-o mono de San Trocado. ⁶⁷⁵⁴ (mc e ms: Buciños)
A esta parroquia pertencían los nombrados en el dicho, que fueron personas de carne y hueso, y trabajaron en las obras de ferrocarril del Norte, en la zona de Oural.
321. **Corveira, A** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
A Corbeira, a curiosidá (ms)
V. "Fufín".
322. **Costa**
Cando ruxen os cachós de Costa, é que vai chober. (ms15,41: Puertomarín)
323. **Cotá** (Cotá, San Martiño; Friol, LU)
Tres infernos ten Cotá: Guldreiz i-a Retorta i-a Pena de Griñá. (ms8,25v)
324. **Cotarós** (Cotarós, Santiago; Pobra de Trives, A; OU)
Hoxe vai andar Castro por riba de Cotarós. (ms8,22r: Silvarrey)
Se dicen cuando se pega o amenaza a un niño; porque los pueblos están a la inversa.
325. **Cota, Alto da** (Ézaro, Santa Uxía do; Dumbria, C)
Néboas na Cota, auga na porta. (mc: J.T.-Monterrei)
326. **Cotá, Pena de** (Cotá, San Martiño; Friol, LU)
Catro infernos hai: a Retorta, a Gruñá, a Purreira i-a Pena de Cotá. (mc)
Todo pertence al municipio de Friol.
327. **Cotovade** (Cotovade, PO)
Cotovades, Cotovades, moito ofrecedes e pouco dades. (mc: C.A.)
328. **Os barrosos.** (ms5,031: de Galicia Emigrante)
Los de Cotovade, Pontecaldelas y otros, por ser buenos canteros, que asientan las piedras con barro.
329. **Os do cañón de pau.** (ms5,031: de Galicia Emigrante)
Así llaman a los nacidos en Cotovade (Pontevedra) porque en la Guerra de la Independencia, bajo la dirección del alcalde mayor Gregorio García Cordeiro, usaron contra los franceses mandados por Ney varios cañones de boj y de *carballo* reforzados con hierro.
330. **Courego** (Cotovade, PO)
Néboa en Courego, chuvia en Carballedo. ⁶⁷⁵⁵ (ms16: *Vida Gallega* / ms15,45v: Fraguas. *Vida Gallega*)
331. **Courel, O** (Comarca do Courel, LU)
Que bo ano, que mal ano, catro caben nun escano e, sendo de Caurel, cinco e un fardel. (mc: Baralla)
Var.: *Quen bo ano, que mal ano, catro caben nun escano.*
332. **Couto, O** ⁶⁷⁵⁶
602. **Loureiro** (Loureiro, Santiago; Cotovade, PO)
Estoupa xogos, os de Loureiro. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)
603. **Lourenzá, Val** (Lourenzá, LU)
Os de Val de Mondoñedo ios do Val de Lourenzá, os vacecos. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.-
604. **Lourido Grande** (Renche, Santiago; Samos, LU)
Pra bos, os de Lourido. (ms10,049r: Renche, Samos)
V. "Toca".
605. **Louro** (Sante, San Xiao; Trabada, LU)
Entre Louro e Louro, patacas novas. (mc: C. A. *A Nosa Terra*)
606. **Louro** (Setecoros, San Salvador; Valga, PO)
Millo en Louro e Tal, fame xeneral. (mc: Muros)
607. **Louro** (Louro, Muros, C)
As de Louro, buleiras. (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
V. "Santiago de Compostela".
608. **Louro, Monte** (Muros, C)
*Cando Monte Louro pon touca, chuvia moita ou pouca.*⁶⁸¹² (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
609. *Cando o Monte Louro se pon a monteira, tómallo tódolos rizos ás velas.* (mc: Sar.-Noya)
El Louro se eleva a regular altura al S.O. de la ensenada de San Francisco, próxima a Muros. Cuando se cubre de nubes anuncia viento duro, por lo que el marinero debe prepararse a recibirlo arizando las velas.
610. *Monte Louro con touca, chuvia moita ou pouca.* (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
611. *Monte Louro touco, auga, moita ou pouca.*⁶⁸¹³ (mc e ms16: Muros)
El Louro se alza al S.O. de la ensenada de San Francisco, próxima a Muros.
612. **Louzarella** (Louzarella, San Xoán; Pedrafita do Cebreiro, LU)
Dos lugarciños da serra, Meizarán pra pan e Louzarella pra herba. (ms4: F.V.S. / ms15,53)
Meizarán, ay. de Nogales; y Louzarella, de Pedrafita del Cebreiro.
613. **Lugo** (Lugo, LU)
Aire de Lugo, auga no fuciño. (ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: O Santo, Árbol, Vilalba, LU)
614. *Aire de Lugo, auga no puño.* (mc: C.G.)
Var.: *¿Corren as nubes pra Lugo? Auga no puño.* (ms: A.I.) / *Roibo pra Lugo, auga no puño.* (mc: Prov. de La Coruña)
Se dice en las comarcas situadas al sur de Lugo.
615. *Andar todo o mundo e morrer en Lugo.* (ms e ms4: M.L.)
(es) *Muérete en Lugo.* (Sbarbi) / *Para entierros Lugo.* (Sbarbi)
Por la suntuosidad con que se suele celebrar las exequias en aquellas tierras. (ms: Sbarbi)

⁶⁸¹¹ Coidamos que se trata da Praia de Area Loura, no concello de Nigrán.

⁶⁸¹² ms-SA: *Montelouro*.

⁶⁸¹³ ms16: *Monte Louro touca*.

616. *As señoras de Lugo, moita bambolia: pucheiros ó lume con auga sola.* (mc)
Procede de una seguidilla, que tiene numerosas variantes.
617. *Besta luguesa, muller coruñesa e home santiagués, merda prós tres.* (mc: Silleda)
618. *Cand'as nubes corren pra Lugo, auga hast'o puño; e se corren pr'Orense, con auga non pense.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
619. *Cando o gaiteiro era neno, Lugo tiña vinteseis rúas, e agora que o gaiteiro é vello, ten máis de mil rúas.* (ms-SA: Jesús Alvite Alvite: San Cibrán de Vilastose, Muxía, C)
620. *Corren as nubes pra Lugo, pon a roupa ó enxugo.* (ms10,049v: O. de Rei) (mc: A.I. / ms21,05r: Bermés)
621. *¿Corren as nubes pra Lugo? Auga no puño.*
622. *De Lugo, nin boa besta nin bon burro; pero montadores, os millores.* (mc: M.L.)
Var.: *En Lugo, nin boa besta nin bon burro.* ⁶⁸¹⁴ (mc e ms4: M.V.) / *O gaiteiro de Lugo, nin boa besta nin bon burro.* (mc)
623. *De Sarria a Lugo, Santacomba e San Juan de Muro.* (ms8,36v)
624. *Díxolle san Froilán ó lobo: "Xa que me comiche o burro, lévame os libros a Lugo".* (mc: Cervantes)
Se funda en el conocido milagro que se atribuye a San Froilán, en el que se basa también la iconografía del Santo Patrón de Lugo.
625. *En Lugo, nin boa besta nin bon burro, pero montadores, os mellores.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
626. *Feira en Nadela, en Lugo nin unha cadela.* (mc e ms:Lugo)
V. "Nadela".
627. *Home de Lugo, muller de Melide e aire santiagués, ningún dos tres.* (mc: Taboada-F.V.S. / ms15,38: Golada)
(es) *Hombre de Lugo, mujer de Betanzos y can de Villalba, tres cosas malas.* (R. Marín)
628. *Home de Lugo, muller de Melide, besta da Cruña e can de Furelos, de todos eles Dios che me libre como dos demos.* (ms5,009: P. Lobeira)
Var.: *Muller de Melide e can de Furelos, arrenega de él como dos demos.* (mc e ms: Chorexe)
629. *Lugo, cibdá cabría: once mil tabernas e unha librería.* (mc)
630. *Lugueses han de ser: onde eles lavan a cara, calquera pode beber.* (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
631. *Muller da Balura e de Lugo home, libéranos Domine.* (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
632. *Nabos de Lugo, moita nabiza e pouco mendrugo.* (ms5,133: Arzúa)
633. *Na provincia de Lugo non hay boa besta nin bon burro, pero montadores... dos millores.* (ms-LU: seminarista anónimo: Bucínos, Carballedo, LU)
634. *Non hai com'o nabo de Lugo.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
635. *Non se fixo Lugo nun día.* (ms10,049v: Silvarrey)
636. *O que non foi a Lugo, morre como un burro.* (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
637. *Pra maestros de alboradas, Lugo ten a fama.* (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)
638. *Pra nabos i-empanadas, Lugo.* ⁶⁸¹⁵ (mc: Bucínos)
639. *Pr'empanadas, Lugo.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
640. *Quen fez a Lugo, fez a Astorga e Ponte da Cigarrosa, e levou unha pedra no capelo con que fez o Coronatelo.* ⁶⁸¹⁶ (mc: A.S.A. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
641. *Roibo pra Lugo, auga no puño.* (mc: Prov. de la Coruña)
642. *Rubio hacia Lugo, sol seguro.* (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
643. *Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Meira, ármalle a caldeira á goteira.* (mc)
En la zona comprendida entre los dos pueblos citados.
644. *Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Meira, arma a caldeira á goteira.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
645. *Xente de Lugo, tropa do nabo.* (mc / ms4: F.V.S.)
Con alusión a la hortaliza tan común en la comarca.

⁶⁸¹⁴ ms4: *bo burro*

⁶⁸¹⁵ ms: y.

⁶⁸¹⁶ ms-LU: *fez Lugo, fez Astorga, fez a Coronatelo.*

646. *¡Viva Vilachá! Eu son Carrapito de Vilachá. Se lle compr'algo pra Pepe Benito de Lugo...* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
El que manda, el más poderoso.
647. **Maceda** (Maceda, San Pedro; O Corgo, LU)
Os de Maceda, fabeiros. (ms-LU: seminarista anónimo: San Cristovo de Chamoso, O Corgo, LU)
P. San Julian: *Fabeiros* = siembran habas de forraje. / V. "Villaquite".
Pinte non pinte, a feira de Maceda é o vinte. (mc: Bucínos)
648. **Madalena, A** (Vilalba / Cervo / Ribadeo, LU)
Famentos na Madalena (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".
649. **Madanela, A** (4 concellos, OU)
Son abellas da Madanela, Dios as trai e Dios as leva. (mc: A.N.)
650. **Madanela, A** (Carballedo, Santa María; Carballedo, LU)
Castro Morgadón ten vintecinco á súa man, soio o da Madanela lle dá pola barbadela. (ms6,01v: Castro de Morgade, Carballedo, Lugo)
V. "Castro de Morgade".
651. **Madrid**
As xeadas de xaneiro comen máis que Madrid e Toledo. (mc: Bucínos)
Más general el cast. por la falta de pastos en Castilla: *Enero y febrero comen más que Madrid y Toledo.* (Sbarbi)
652. *Monta aquí e vas a Madri.* (ms: Santiago)
653. **Maia, A** (Ames - Brión, C) (ms: J.A.P.)
A Mahía pasala con día.
654. **Mandeo, río** (C)
O río de Mandeu cada ano leva o seu. (mc: Betanzos)
Hay la superstición de que cada año exige una víctima.
655. *Sarria, Carregal e Mandeu, todo por aquí é meu.* (mc: Betanzos)
656. **Manxomín** (Comarca do Deza -Lalín ou Agolada- PO)
Manqueiros de Manxomín (mc: Bucínos)
V. "Parada".
657. **Mar de Fóra** (Fisterra, C)
Berra o Mar de Fóra, lobos á coba. (ms16: R. Fisterrán)
Mal tiempo. *Mar de Fóra* = playa de la costa brava fisterrana.
658. **Marcelle** (Orbán, Santa María; Vilamarín, OU)
Borrallentos, de Marcelle. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Montós".
659. **Marcón** (Marcón, San Miguel; Pontevedra, PO)
Dous de Xeve e un de Bora botan o maestro fóra da obra, e se vai un de Marcón, hastra vai o patrón. (mc: Castela, Nós 38, 1927, 14)
660. **Marín** (Marín, PO)
¿De Marín? Xente ruín. (mc: M.-R. de P.)
661. *Eu fin a Pontevedra por ver Marín.* (ms: Santiago)
V. "Pontevedra".
662. *Fun a Marín: tal fun tal vin.* (mc: M.-R. de P. / ms21,05v: Bermés)
663. *Xente de Marín, xente de gran caldeirada: un día todo i-outro nada.* (mc: M.-R. de P.)
664. **Mariñas, As** (C)
Costureira das Mariñas, cose de balde e pon as liñas. (mc: La Coruña)
665. **Marmuro, O** (Porto do Son, C)
Gaivotas no Marmuro, peixes na Arnanda. (ms16: S. Loureiro)
666. **Marola, Pena da** (Dexo, Santa María; Oleiros, C)
Non é o mesmo pasar a Pena da Marola que ver a Marola con pena. (ms16: Sarria)
Marola = entrada de la ría de Ferrol.
667. *O que non viu a Marola, non viu a mar toda.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
668. *O que pasa a Marola, pasa a mar toda.* (ms-SA: Manuel Villaverde Marcos: Proupín, San Tomé de Ames, C)
669. *O que pasa pola Pena da Marola pasa pola mar toda.* (mc)
Var.: *O que pasa a Marola, pasa a mar toda.*
Alude al conocido peñasco o islota situado en la confluencia de las rías de Ferrol, Ares, Betanzos y La Coruña, cuyas inmediaciones se caracterizan por una molesta marejada, que hace peligrosa la navegación, sobre todo para los barcos de cabotaje. Una canción popular recoge los afanes del marinero, cuando atraviesa aquellas latitudes: *Pola pena da Marola / pola da Marola pena, / pola pena da Marola, / rema, remeiriño, rema.*
670. **Marrubio** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Rosquilleiros, os de Marrubio. ⁶⁸¹⁷ (ms)

⁶⁸¹⁷ ms: Marrube.

- V. "Fufín".
671. **Martiñá, A** (Vales, San Pedro; Cea, San Cristovo; OU)
Nebrá na Martiñá, si non chove hoxe, choberá mañá. (mc: Villamarín, Orense)
672. **Marzá** (Marzá, Santa María; Palas de Rei, LU)
Os de Marzá, zorros. (mc)
Anejo de Palas de Rey
673. **Maside** (Maside, OU)
Tratos cos masidaus, miralles prás maus. (mc: Bucíños)
Maside, en Orense.
674. **Maside** (Maside, San Pedro; Sarria, LU)
Fules, os de Maside. (mc: Bucíños)
675. **Masma** (Masma, Santo André; Mondoñedo, LU)
Os de Masma, os do burro. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
676. **Mato, O** (Mato, Santo Estevo do; Pantón, LU)
No Mato, o que non é ladrón é gato. (mc)
Alude a S. Esteban de Mato (Pantón).
677. **Mazaira** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Canceleiros, os de Mazaira (mc / ms)
V. "Tuimil".
678. **Mazoi** (Mazoi, Santalla / Mazoi, San Vicente; Lugo, LU)
Patrós de lancha en Mazoi. ⁶⁸¹⁸ (mc, ms e ms4)
Labradores muy ricos, que cobraban rentas. (ms) / *Patrós da lancha*, lo dicen por ser los de Mazoy labradores muy ricos, que cobraban rentas. (ms4) / V. "Fingoi".
679. **Mazúa** ⁶⁸¹⁹ (Lourenzá, San Xurxo; Lourenzá, LU)
Os do cabaliño. (mc: A.N. / ms4: F.V.S.)
Var.: *Os de Cabaliño. Los de Mazura.* (ms)
Así llaman a los de Mazura.
680. **Meda** (Meda, Santa María; Veiga, A; OU)
Os da Meda, abogaos. (ms8,39r: Orense)
681. *Os de Curra moxen a burra, i-os de Prada danlle a canada, i-os de Riomaos danlle cun pao i-os de Meda móntanlle nela.* (ms8,01r)
- V. "Curra".
682. *Os de Meda, medarelo, comen tripas con farelo.* (ms8,72v: Meda. Orense)
683. **Meda, A** (Láncara, LU)
Brétima en Meda, chuvia na aldea. (ms-SA: Freire López: Padrón, C)
684. *Niebla na Meda, auga na terra* (mc: Sarria)
El monte de Meda, alcanza una altura de más de 1.300 metros y está situado en el municipio de Láncara.
685. **Medeiros** (Medeiros, Santa María; Monterrei, OU)
Cas descalzos en Medeiros (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)
V. "Baronzás".
686. **Medorra, A** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Altas sebes na Medorra, i-alá vai a conta toda. (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42, 1927, 14)
V. "Cibreiro".
687. **Meilán** (Meilán, Santiago; Lugo, LU)
Os de Albeiros, tramposos e zaramalleiros, i-os de Meilán, pra alá van. (mc: Bagueixos, Lugo / ms4: F.V.S.)
V. "Albeiros".
688. *Os de Bagueixos comen pan e queixo; os de Meilán comen solo pan.* (mc: Lugo)
689. *Obispo, deán ou cura de Meilán.* (mc: Lugo)
Ponderaba antiguamente la fama de riqueza que tenía el beneficio curado Santiago de Meilán, en las cercanías de Lugo.
690. **Melias** (Melias, San Miguel / Melias, Santa María; Coles / Pereiro de Aguiar, O; OU)
Quen dixo Melias, dixo mel. ⁶⁸²⁰ (mc: Bucíños)
Zona de exquisitos vinos en la rivera de Orense. (mc) / Melias: zona de Orense: buen vino. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo).
691. **Meira** (Meira, LU)
Aire de Meira, caldeiro á goteira. ⁶⁸²¹
(ms4: M.L. / ms-LU: Julio Elías Bello Méndez: Ferrol, Ferrol, C / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
692. *Cando a garza vai pra Meira, pon a sella á goteira; cando vai pró mar, pon os bois a arar.* (ms-LU: seminarista anónimo: San Tirso ¿Vilalba / Antas?, ¿Muxía, Outes, Zas, Maceda?)

⁶⁸¹⁸ ms4: Mazoy / mc e ms: Magoy.

⁶⁸¹⁹ Mazura: o topónimo máis parecido que atopamos é Mazúa no concello de Lourenzá, provincia de Lugo

⁶⁸²⁰ mc: Meliás.

⁶⁸²¹ ms4: caldeir'á goteira.

693. *¿Corren as nubes pra Meira? Caldeira á goteira.* (mc: Montecubeiro)
Var.: *Cando a choia vai pra Meira, foi a sella na goteira.* (ms5,039: Riotorto) / *Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Meira, ármalle a caldeira á goteira.* (mc) Montecubeiro está al sur de Meira. Choia = grajo.
694. *¿Corren as nubes pra Meira? Colle as vacas e bota á leira.* (mc / ms18,66v: Pol)
El último refrán es propio de la comarca situada al norte.⁶⁸²²
695. *De Meira, nin aire nin xente.* (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
Os de Úbeda falando de Meira din *De Meira, nin aire nin xente*. Entresacados de artigos sobre folklóre gallego publicados por Lence-Santar, en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
696. *Desde Meira, mirando pra Villalba, nin xente, nin auga.* (ms4: Meira-F.V.S.)
697. *En Meira, nin boa xente nin boa festa.* (mc: F.L.-Nos. / ms11,24)
698. *Estudiantes de pouca monta en Meira.* (ms4: F.V.S.)
V. "Albeiros".
699. *Na feira de Meira venden papas por manteiga.* (ms15,12)
700. *Rubio a lau de Meira, arma o caldeiro á goteira.*⁶⁸²³ (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
701. *Rubio hacia Meira, caldeiro á goteira.* (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)
702. *Rubio pra Lugo, tempo seguro; rubio pra Meira, arma a caldeira á goteira.*⁶⁸²⁴ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
703. *Rubio pra Meira, balde á goteira.* (ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
704. *Se vas pra Meira, leva pan na faltriqueira e, se vas pra Burón, que o leves que non.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
705. *Si vas pra Meira, leva pan na faltriqueira, e si vas pra Burón, que leves, que non.* (mc)
706. *Xente de Meira que vai prá feira.* (ms11,24)
707. *Tropa de Meira, tropa lixeira.* (mc)
Var.: *Os de Meira, tropa lixeira.* (ms4: F.V.S.) / *De Meira, tropa lixeira.* (Nos, tomo 8º, nº 90, año XIII, 19 junio 1931 / ms4: F.L.)
708. *Xente de Meira, tropa do demo.* (mc: M.L.)
Var.: *Xente de Meira, tropa lixeira.* (mc: M.L.) / *Xente de Meira, xente lixeira.* (mc: Lugo) / *Xente de Meira, xente de feira.* (mc e ms4: Paradela-F.V.S.)⁶⁸²⁵
709. *Xente de Meira, xente da feira.* (ms15,08)
710. **Meiraos** (Meiraos, Santa María; Folgoso do Courel, LU)
Os de Meiraos comen caldo e tabaos, i-un burro que mataron a paus en Fontaos. (mc)
Pueblos de Caurel.
711. **Meixente** (Meixente, San Xulián; Sarria, LU)
Meixente, boa terra e mala xente. (mc: Paradela)
Meijente es parroquia del municipio de Sarria.
712. **Meixide** (Meixide, San Pedro; Palas de Rei, LU)
Os de Meixide, señoritos. (mc)
En Palas de Rey.
713. **Meizarán** (Lamas do Bidedo, Santo Isidro; Triacastela, LU)
*Dos lugarcíños da serra, Meizarán pra pan e Louzarela pra herba.*⁶⁸²⁶ (ms4: F.V.S. / ms15,53)
Meizarán, ay. de Nogales; y Louzarela, de Piedrafita del Cebrero.
714. **Melide** (Melide, San Pedro / Melide, Santa María; Melide, C)
Besta de Liñares, moza de Melide e troita de Furelos, arrenega de todos tres como do demo. (mc)
715. *Home de Lugo, muller de Melide e aire santiagués, ningún dos tres.* (mc: Taboada-F.V.S. / ms15,38: Golada)
V. "Lugo".
716. *Home de Lugo, muller de Melide, besta da Cruña e can de Furelos, de todos eles*

⁶⁸²² Este refrán e o anterior aparecen nesta mesma orde no mecanoescrito. A nota de Vázquez Saco é común ós dous refráns e di o seguinte: *Montecubeiro está al sur de Meira [alude ó refrán anterior]; el último refrán es propio de la comarca situada al norte*. Desta maneira quere deixar claro como o significado deste tipo de refráns varía segundo onde se digan.

⁶⁸²³ ms-LU: *a lau de meiro armao caldeiro*.

⁶⁸²⁴ ms-LU: *Neira*.

⁶⁸²⁵ ms4: *d'a feira*.

⁶⁸²⁶ ms4: *D'os*.

- Dios che me libre como dos demos.* (ms5,009: P. Lobeira)
V. "Lugo".
717. *Muller de Melide e can de Furelos, arrenega del coma dos demos.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
718. **Melón** (Melón, OU)
Si vas a Melón, leva no bolsón o pan, que alí cho darán ou non. (mc: *Vida Gallega*)
719. **Mendrós** (Vilar de Sarria, San Salvador; Sarria, LU)
Entre Vigo e Mendrós, dez veciños, vinte ladrós. (mc: Sarria)
V. "Vigo".
720. **Mengumín** (Lalín, PO)
Pantrigueiros de Mengumín (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".
721. **Mera**
Viva a Mera, con razón ou sin ela. (ms10,049v)
Tierra de Mera, cerca de Lugo.
722. **Merca, A** (Merca, A; OU)
Home de Trado, muller de Condado e porco de Merca, mal raio parta a quen deles inxerta. (mc / ms / ms15,11: J. Solá: *Ramo cativo*, p. 238)
V. "Trado".
723. **Mercurín** (Seoane do Courel, San Xoán; Folgoso do Courel, LU)
Os de Mercurín, concello ruín: campana de pau, badal de lata, tataratata. (mc)
Lugar de Seoane de Caurel. Táchalos de pobres y miserables.
724. **Merlín** (Merlín, San Pedro; Agolada, PO)
Os de Merlín, lagartos (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Baña, A".
725. **Meruz** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Villarengos, de Meruz. ⁶⁸²⁷ (mc / ms)
Villarengos equivale a señoritos. (mc) / Villarengos = señoritos. (ms) / V. "Tuimil".
726. **Mezquita, A** (Mezquita, A; OU)
Molleres de Ribeira e vacas da Mezquita, quita, quita, que teñen vida de señorita. ⁶⁸²⁸ (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Mezquita, OU)
La Mezquita.
727. **Millarada** (Millarada, San Amedio; Forcarei, PO)
- Os de Millarada, pataqueiros; os de Pesqueira, churruchaos; os de Seoane, carrasqueiros; os de Espinto, somantas; os de Garaba, chincheiros; os de Acebedo, larutos; os de Silleda, chincheiros; os de Cortegada, sopeiros; os de Escuadro; caza brava; os de Codesedo, suplentes.* (mc / ms4: F.V.S.)
Pueblos de la provincia de Pontevedra.
728. **Millares, Os** (Orizón, Santa Comba; Castro de Rei, LU)
Cando a pena de Millares ten corbata, señal de bon tempo. (mc: Meira)
729. **Milleirós** (Milleirós, San Xoán; Carballedo, LU)
Os de Milleirós comen as papas e deixan os nós. (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
730. **Miño**
A neve i-o Miño están reñidos. (ms16: Aguada)
731. *Cand'a neve chega ó Miño, na montaña non se ve o camiño.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
732. *Cando a neve chega ó Miño, na ventana non se ve o camiño.* (ms: Bucións)
733. *Cando a neve pasa ó outro lado do Miño, é bo ano de pan e de viño.* (ms5,009: Riomuiños, Quintela de Leirado)
734. *Dice o Miño que os que nadan son meus.* ⁶⁸²⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
735. *Mentras auga teña o Miño, no Ribeiro non falta o viño.* (mc: M.V.)
736. *Mentras auga teña o Miño, no Riveiro non faltará viño.* ⁶⁸³⁰ (Luna Bande, Francisco / ms21,30r: Bermés)
737. *Mentres auga leve o Miño, no Riveiro non faltará viño.* (ms21,31r: Bermés)
738. *O Miño a fama i-o Sil a auga.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
739. *O Miño leva a fama e o Sil a auga.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
V. "Sil, O".
740. *O Sil leva a iauga e o Miño, a fama.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
741. *O viño ó Miño faino menino.* (mc: Santiago)
742. *Tremoada no Miño, peixe, pan e millo.* (ms16: Alfonso Vázquez Martínez en Lar)

⁶⁸²⁷ ms: *Billarengos*.

⁶⁸²⁸ ms-LU: *Molleres de ribeira e bacas*

⁶⁸²⁹ ms-LU: *o miño que o que nadan*.

⁶⁸³⁰ F. Luna Bande: *non falta viño*.

743. *Tronada ao Miño, pan e millo.* (mc: M.-R. de P.)
744. *O río Sil leva a auga i-o Miño leva a fama.* (mc)
745. *Néboa no Miño, auga vén de camiño.* (mc: Sar y Gella.-La Guardia)
746. *Rubias ao Miño, vellas ao niño.* (mc: Sar. Vigo)
747. **Miranda** (Mirandela, Santo André; Castroverde, LU)
Do lugar de Miranda calquera manda. (ms4: M.L.)
748. **Mirandela** (Mirandela, Santo André; Castroverde, LU)
*O lugar de Mirandela non mantén a Xan Miranda.*⁶⁸³¹ (mc / ms4: F.V.S.)
749. **Moa, A** (Traba, Santiago; Laxe, C)
Cando a Moa pon a touca, chuviña, moita ou pouca. (ms5,135: Carnota)
750. **Moaña** (Moaña, PO)
Os de Moaña moen tanto e nunca están moidos. (mc: Santiago)
751. **Moimenta** (Moimenta, San Lourenzo; Lalín, PO)
Estafetas, de Muimenta (mc / ms4: F.V.S.)
 Estatefas, estafadores. (mc) / V. "Lamas".
752. **Mondigo, O** (Covelas, San Vicente; Ribadeo, LU)
Cando o Mondigo pon o capelo, todas as vellas tembran de medo. (mc)
 Var.: *Cando o Mondigo bota capelo, as nenas da Ponte, tembran de medo.* (ms5,027: S. Vicente de Cubelas. Ribadeo)
753. *Lúa ó Mondigo, baixamar no río; lúa posta, baixamar en toda a costa.* (mc: M.L.)
 Var.: *Lúa no Mondigo, baixamar no río.* (mc: A. Meilán)
 El Mondigo, se alza en el ayuntamiento de Ribadeo, no lejos de la costa, a 583 metros sobre el nivel del mar.
754. *Mondigo acapelado, nordeste ó rabo.* (ms16: Foz-Gella)
 Con nubes o niebla en la cima. Es el Mondigo un monte de 583 metros, situado en el ayuntamiento de Ribadeo, no lejos de la costa.
755. **Mondoñedo** (Mondoñedo, LU)
As cabras de Mondoñedo botan tarde e veñen cedo. (mc)
756. *As cabras de Mondoñedo bótan tarde e tráenas cedo.* (ms21,13r: Bermés)
757. *As nenas de Mondoñedo chegan tarde e vanse cedo.* (mc)
 Táchalas de perezosas para el trabajo.
758. *Bos aparellos en Mondoñedo* (mc)
 V. "Ourense".
759. *Mondoñedo, monda.* (mc: M.L.)
760. *Mondoñedo, os de Paula.* (mc)
 Var.: *Os da Paula (los de Mondoñedo)* (ms) / *Os de Mondoñedo, os da Paula.* (ms5,041)
 Nombre que lleva la campana grande de la Catedral, cantada por Noriega Varela.
761. *Os de Val de Mondoñedo i-os do Val de Lourenzá, os vacecos.* (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
 Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
762. **Monforte de Lemos** (Monforte de Lemos, LU)
En Monforte ningún bebe na bodega sin que teñan mau de el polas orellas. (mc: Carballedo / ms4: F.V.S.)
 Alude a la acidez del vino, que produce, al beberlo los conocidos estremecimientos en la cabeza que exagera el refrán.
763. *Está rubio a Monforte, colle a capa i-o capote.* (mc: Tuiriz, Monforte)
764. *Monforte de Lemos, Monforte de Lemos, que prenden as pedras, soltan os cas e pican as herbas como Barrabás.*⁶⁸³² (mc / ms)
765. *Monforte, trescentos veciños: douscentos ladrós e os demais asesinos.* (mc)
766. *Os de Ferreira mataron un burro, os de Escairón comérono crudo, os de Monforte mandaron recado que lles garden a punta do rabo.* (mc)
 V. "Ferreira".
Os de Monforte, rabudos. (mc / ms)
 Atribúyeles el tópico descendencia de los judíos. La creencia popular no sólo en Galicia, sino fuera de ella, no concibe a los judíos sin el apéndice caudal. En Monforte hubo, en efecto, una judería, que cuenta con elementos folklóricos tan interesantes como la tradición del Sto.

⁶⁸³¹ mc: *maten*.

⁶⁸³² mc: *prendes as pedras*.

- Cristo de la Colada. El mismo apodo reciben en Burgos los vecinos de Orbaneja del Castillo, por la misma razón que los monfortinos. Véase "Apodos que se aplican en la provincia de Burgos", Gabriel M^a Vergara, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, tomo VI, año 1950, págs. 538 y siguiente. (mc) / En Monforte *rabudo* popularmente se tiene como sinónimo de *rabino*. (ms)
767. *Os de Monforte, rabudos, i-os de Escairón, cabezudos.* (mc)
768. *Rubio pra Monforte, vellas tras do pote.* (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU)
769. *Rubio pra Oseira, vellas á raxeira; rubio pra Monforte, vellas tras do pote.* (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
770. *Sol pra Oseira, vellas á raxeira; sol pra Monforte, vellas detrás do pote.* (mc: Carballedo)
V. "Oseira".
771. **Monseiro** (Monseiro, San Miguel; Láncara, LU)
Se ves a Monseiro, ves o mundo inteiro. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
772. *Si vas a Monseiro, ves o mundo inteiro.* (mc: Buciños)
773. **Montán** (Montán, Santa María; Samos, LU)
Si corren as nubes pra Montán, colle o mallo e malla o pan, e si corren pra Bustelo, colle a capa i-o capelo. (mc)
Montán es del municipio de Samos y Bustelo es de Villouzán. El refrán es propio de la comarca intermedia.
774. **Monteira** (Tibiás, San Bernaldo; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Crarores á Monteira, sellas á goteira. (mc)
775. **Monterroso** (Monterroso, LU)
Bestas en pelo hainas en Monterroso. (mc: A.S.A.)
Tiene fama en toda la provincia de Lugo, su feria de ganado caballar.
776. *Monterrosinos, cadelos finos.* (mc)
Monterroso, provincia de Lugo.
777. *Monterroso, monte raso, monte rapado, montes sin leña, homes sin vergonza, muller sin palabra e iglesia sin campana.* (mc: Buciños)
778. *O que os de Monterroso ha de tratar, ten que ser ladrón ou aprender a roubar.* (mc / ms4: F.V.S.)
779. *Pra bestas, Monterroso.* (mc / ms18: Villamayor de Negral)
780. *Veu un home de Monterroso cunha besta i-un burro coxo.* ⁶⁸³³ (mc e ms: Tuiriz, Monforte)
781. **Montós** (Orbán, Santa María; Vilamarín, OU)
Ratiños os de Montós; borrallentos de Marcelle; airentos de Toldavia; plumacheiros de Palacio; corrieiros do Pereiro; bulleirentos da Outraldea; campo rondado da Irexe; rañadores os da Raña; berradores da Penela; altas torres de Sagrade; do Vilar non digo nada, que con mentiras e'mbrollos revolven mitá do reino d'Espana. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
782. *Dicia o Tarelo de Montós: "Os da xusticia, todos son ladrós".* (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
Montós: Orbán-Ourense.
783. **Montouto** (Sirvián, Santa María; Guntín, LU)
En Penacrespa morreu unha besta: os de Vilar comeron'a fresca, y'os de Montouto mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo. (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
784. **Montouto** (Cadavedo, San Bartolomeu; Pastoriza, A; LU)
Os de botón de buxo. (mc / ms4: F.V.S.)
Los de Montouto, Mondoñedo.
785. **Montouto de Astariz** (Gomelle, Santiago; Guntín, LU)
Liz, Oxuriz e Montouto da Astariz, son tres aldeas ruís. (ms / ms-LU: algún lugar de Galicia)
V. Liz.
786. **Monzón, Monte** (Soutomaior, San Salvador; Soutomaior, PO)
A galiña de Monzón polo bico pon. (mc: Villanueva, Lalín)
(pt) *Galinha de Celorico, pranta os ovos pelo bico.* (Chaves)
(es) *Por el pico pone la gallina sus huevecicos.* (R. Marín)
De la alimentación depende mayor o menor puesta.
787. **Moredo** (Moredo, San Fiz; Palas de Rei, LU)
Os de Moredo, ananos (enanos) e bebedores. (mc) (mc, ms e ms4)
En Palas de Rey.
788. *En Sanfíz, pataqueiros.*

⁶⁸³³ ms: y-on.

- Pataqueiros*, tierra de patatas, que son plato obrigado de todas las comidas. (mc) / Cogen muchas patatas y las ponen en todas las comidas. (ms) / *Pataqueiros*, tierra de patatas, que se ponen además en todas las comidas. (ms4) / V. "Fingoi".
789. **Moredo, O** (Tuimil, Santa María; Bóveda, LU)
Comeleites, de Muredo (mc / ms)
Muredo es el lugar de mejores hierbas. (mc) / Muredo es el mejor lugar para hierbas. (ms) / V. "Tuimil".
790. **Moreiras** (Moreiras, Santa Marta / San Martiño / San Xoán; Pereiro de Aguiar, O; OU)
*Tóquenlle as carouceiras a quen diga de Moreiras.*⁶⁸³⁴ (mc e ms4: A.S.A.)
791. **Morgade, Montes de** (Carballedo, Santa María; Carballedo, LU)
Nos montes de Morgade toparon moita xentiña morta coa fame. (mc: Bucínos)
792. **Mougán** (Mougán, Santa María Madalena; Guntín, LU)
Con auga e pan pásase o río pra Mougán. (mc: Lugo)
793. **Mougás** (Mougás, Santa Uxía; Oia, PO)
Néboa en Mougás, nordeste polas mañás. (ms16: *O Gaiteiro de Lugo*, 1961 / ms5,141: Sta. Eugenia de Riveira)
Mougás, entre La Guardia y Silleira.
794. **Mourentán** (Mourentán, San Cristovo; Arbo, PO / Doade, San Martiño; Sober, LU)
*Os de Mourentán, nin cura nin pedra nin p[an].*⁶⁸³⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: Santa Euxea de Asma, Chantada, LU)
Mourentán (Monforte).
795. **Mourente** (Mourente, Santa María; Pontevedra, PO)
Carreteiros, de Mourente. (mc: Castela, *Nós* 38,1927,14)
796. **Mourente, boa terra e mala xente.** (mc: Pontevedra / ms-LU: seminarista anónimo: Pontevedra, PO)
797. **Mouxán?** (Paradela, Meis, PO)
As néboas no Mouxán, nordeste con día ou vendaval pola mañán. (mc: Gelle.-Riveira)
798. **Muimenta** (Muimenta, Santa Mariña; Cospeito, LU)
Os do larpallo. (mc / ms / ms4: F.V.S.)
Se refiere a los de Muimenta. (mc)
799. **Muimenta, A** (Salcedo, San Martiño; Pontevedra, PO)
- Os de Lamas mataron a besta, os de Cadrón comérona fresca, os de Castelo mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo, os de Muimenta a gritas e gritas, que lles gardaran a merda das tripas.* (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".
800. **Muiñas** (Moreda, Santa María; Taboada, LU)
Na aldeña de Muiñas moito poñen as galiñas. (mc)
Muiñas, lugar de Moreda (Taboada).
801. **Murgueiro**
Anubra Murgueiro, ... xa vai na cacharela, meu Señor. (ms4: Bucínos-F.V.S.)
802. **Muros** (Muros, C)
Os de Muros, algueireiros. (mc)
Amigos de diversiones.
803. **Muro, San Xoán** (Muro, San Xoán; Páramo, O; LU)
De Sarria a Lugo, Santacomba e San Juan de Muro. (ms8,36v)
804. **Muxía** (Muxía, C)
Auga fría na badía, norte en Muxía. (mc: A.I.)
805. *Brúa o mar de Muxía, auga pra outro día.* (ms5,135: Estrada. Puente Ulla)
806. *O que vén a Santiago e non vai a Muxía, non fai romaría.* (ms5,135: Estrada. Puente Ulla)
807. *Pescas rabudas da veira do mar, as de Muros.* (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
808. **Nadela** (Anxos, San Mamede; Lugo, LU)
Feira en Nadela, en Lugo nin unha cadela. (mc e ms: Lugo)
Var.: *Feira en Nadela, nin unha cadela.*
Dicen los comerciantes lucenses, cuando se celebra la feria en el vecino lugar de Nadela. (mc) / Al desplazarse la gente a la feria de Nadela (5 km. de la capital), no venden nada. (ms)
809. **Narla** (Narla, San Pedro; Friol, LU)
*Besta de Narla e zapato de amalló, xo.*⁶⁸³⁶ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: Narla, Friol, LU)
Narla, en el municipio de Friol.
810. **Navallo, O** (Xesta, San Fiz da; Lalín, PO)
Pasaportas de Navallo (mc)

⁶⁸³⁴ ms4: *caroucoeirás*.

⁶⁸³⁵ A folla do manuscrito onde vén recollido este refrán está cortada.

⁶⁸³⁶ ms-LU: *d'amalló, fo*.

- De San Juan de Vilanova.⁶⁸³⁷
811. **Neira de Rei** (San Martín de Neira de Rei, San Pedro / San Miguel de Neira de Rei; Baralla, LU)
Aire de Neira, auga á carreira. (mc: Neira de Rey)
 Neira es la tierra extendida al sur de la feligresía en que oímos el refrán.
812. *Fidalgos, os de Neira de Rey.* (mc)
813. **Negreiros** (Negreiros, San Maritiño; Silleda, PO)
Tronos a Negreiros, máis ós comareiros. (mc: Loureiro de Cotovad-F.V.S.)
 Var.: *Tronos ó mar, pouco millo e malo de sachar; tronos pra Negreiros, máis ós comareiros.* (ms15,45v: Fraguas en *Vida Gallega*)
814. **Nespereira** (Nespereira, Santiago; Sarria, LU)
Os de Villamaior e Nespereira, albataira. (mc)
 Parroquias de Sarria. *Albataira* equivale a francos, que dan la cara.
815. **Nodar** (Aguada, Santa Baia; Carballedo, LU)
Andantes, os de Nodar (ms)
 Los de Nodar, muy pleiteantes, se ven obligados a viajar con frecuencia por los asuntos de curia. (ms) / V. "Fufín".
816. **Nogueira** (Nogueira de Miño, Santa María / Pesqueiras; Chantada, LU)
Cando falte unha lebre nos chaos de Biascós, y-un testigo falso en Nogueira e un ladrón en Viana, vén a fin do mundo. (ms: Carballedo)
 V. "Viascós".
817. *Papelle e Nogueira é a chave da Riveira.* (mc: Bucinos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 En la comarca de Chantada.
818. **Noia** (Noia, C)
*Os de Noia, zapateiros.*⁶⁸³⁸ (ms5,031: De *Galicia Emigrante* / ms4: F.V.S.)
 Por eso se dice también *foi a Noia* el que queda zapateiro en una partida de juego.
819. *Xente de Noia, campana de coiro, tocan á misa con un corno.* (mc e ms4: J.A.P. / ms4: F.V.S.)
 Var.: *¿Xente de Noia? Campana de coiro.* (M.-R. de A.) / *¿Xente de Noia?*
- Campana de pau.* (M.-R. de A. / Santiago)
820. *Xente de Noya, campanas de pau: tocan á misa cun corno.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
821. *Zapatos de Noia duran un siglo.*⁶⁸³⁹ (mc e ms: Santiago)
822. **Nois** (Nois, San Xiao; Foz, LU)
*En Nois móntate no carro i-afálalle ós bois.*⁶⁸⁴⁰ (mc / ms / ms-LU: Trini Figueiras: Foz, LU. Convento Las Córneas, San Salvador de Asma, Chantada, LU)
823. **Nucedo** (Nocedo do Val, Castrelo do Val, OU)
Cando fores a Nucedo, leva o pan no seo. (mc: G.P.)
 Lugar de Verín, Orense.⁶⁸⁴¹
824. **Oirán** (Oirán, Santo Estevo; Mondoñedo, LU)
Os de Oirán, escornacabras. (ms5,041: *El Compostelano* 1938,39,40)
 Entresacados de los artículos sobre folklore gallego publicados por Lence-Santar en *El Compostelano* de Santiago de Compostela a través de los años 1938, 1939 y 1940.
825. *S'as penas de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga y-o río d'Ouro viño mouro, n'había terra como o Valedouro.*⁶⁸⁴² (ms e ms4: M.L. / mc)
826. **Oleiros** (Oleiros, San Miguel; Carballedo, LU)⁶⁸⁴³
Os de Ollereros, zorros. (mc: Carballedo-F.V.S.)
 En el ayuntamiento de Carballedo.
827. *Zorros os do Leiros.*⁶⁸⁴⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
 V. "Palacio".
828. **Ons, Illas** (Illa de Ons, San Xoaquín da; Bueu, PO)
Ventos nas Illas Ons, malos son. (mc: M.-Bueu)
829. **Ornanda** (Miñortos, San Martiño; Porto do Son, C)

⁶⁸³⁹ ms: *Noya*.

⁶⁸⁴⁰ ms: *y-afálalle* / ms-LU: *e falalles*.

⁶⁸⁴¹ Gumersindo Placer recolle o refrán tamén coa forma *Nucedo* e indica que é un lugar cerca de Monterrei, en Verín. Non hai ningún topónimo con esa forma recollido no nomenclátor, pero *Nocedo do Val*, no concello de Castrelo do Val, limita con Monterrei e está moi cerca de Verín.

⁶⁸⁴² mc e ms4: *Vale d'Ouro*.

⁶⁸⁴³ O texto orixinal dos dous ditos que se achegan sobre este topónimo conteñen lamentablemente unha grafía incorrecta do nome.

⁶⁸⁴⁴ mc: *os de Leirós*.

⁶⁸³⁷ Vilanova e A Xesta son parroquias veciñas. O Navallo é de San Pedro Fiz, en Lalín, e non de San Xoán de Vilanova, tamén en Lalín, que é onde o sitúa Vázquez Saco. Son concellos que están limítrofes.

⁶⁸³⁸ ms4: *Noya*.

- Gaivotas no Marmuro, peixes na Arnanda.*⁶⁸⁴⁵ (ms16: S. Loureiro)
830. **Orosa** (Orosa, Santo André; Palas de Rei, LU)
Os de Orosa, perdigós. (mc)
De Palas de Rey. Es parroquia metida en el monte, y a ello deben sus habitantes el tóxico.
831. **Orrea** (Orrea, Santo André; Agolada, PO)
Os de Orrea, gorriós. (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Baña, A".
832. *Os de Orrea, gorriós.* (mc: Lalín / ms4: F.V.S.)
Figura ya en otro tóxico compuesto, que comprende algunas parroquias de Lalín. / V. "Berredo".
833. **Ortigueira** (Ortigueira, Santa Marta; Ortigueira, C)
*Cando brúa a barra de Ortigueira, bois á leira.*⁶⁸⁴⁶ (ms: Gella – Cariño)
834. **Ortigueira** (Ortigueira, Santa Marta; Ortigueira, C)
Loiba, Espasante, Barqueiro, Ortigueira, niebla en Cañoles, tempos moles. (mc)
835. *Santa Marta de Ortigueira, a muller que come a nata non ten sorte coa manteiga.*⁶⁸⁴⁷ (mc / ms)
Var.: *Santa Marta d'Ortigueira, a muller que come a nata non ten parte na manteiga.* (ms4: F.V.S.) / *Santa Marta, Santa Marta, a muller que come a nata non pode facer manteiga.* (ms4: Lugo-F.V.S.)
Véase "A muller de Papalanatas..."
836. **Oseira** (Oseira, Santa María a Real; Cea, San Cristovo; OU)
Rubio pra Chantada, vellas á morralla; rubio pra Oseira, vellas á raxeira (ms14,18)
V. "Chantada".
837. *Rubio pra Oseira, vellas á raxeira.*⁶⁸⁴⁸ (ms-LU: Jesús Redondo C.: A Barrela, Santiago de Lousada, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)
838. *Rubio pra Oseira, vellas á raxira; rubio pra Monforte, vellas tras do pote.*
839. *Si vas a Oseira, leva o pan na faltriqueira; si vas pra Camba, lévao na manga; si vas pra Deza, que non che esqueza.* (mc: Aguada, Carballedo)
840. *Sol pra Oseira, vellas á raxeira; sol pra Monforte, vellas detrás do pote.* (mc: Carballedo)
El primero calienta, y el segundo viene acompañado de frío.
841. *Xente d'Oseira, xente bamburriqueira.* (ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
842. **Oural, O** (Chorente, San Xulián; Sarria, LU)
*-Ferrocarri do Oural, ¿por quen andas gobernado? -Polo Patán de Corveira i-o mono de San Trocado.*⁶⁸⁴⁹ (mc: Bucíños)
A esta parroquia pertencían los nombrados en el dicho, que fueron personas de carne y hueso, y trabajaron en las obras de ferrocarril del Norte, en la zona de Oural.
843. **Ourense** (Ourense, OU)
Aire de Ourense, sol que nos quente. (mc)
Var.: *¿Corren as nubes pra Ourense? Sol que nos quente.* (mc: A.I.)
844. *Cand'as nubes corren pra Lugo, auga hast'o puño; e se corren pr'Orense, con auga non pense.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
845. *Corren as nubes pra Ourense, sol que nos quente.* (ms21,05v: Bermés)
846. *O cura de Vigo é xastre, y o de Caldas mariñeiro, o de Ourense afilador, y o de Santa Comba casamenteiro.* (ms)
847. *Os de Orense son paragüeiros.* (ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)
848. *Paragüeros en Orense, cesteiros en Redondela, capas negras en Santiago, bos aparellos en Mondoñedo, vacas flacas na Cañiza.q* (mc)
849. *Polo camiño de Ourense, co que lle dan mantense.* (ms9,10v: O. de Rey)
850. *Pra tripas, en Ourense.* (mc: Castelao, Nós 38,1927,14)
851. **Ouro, Río de** (Valadouro, O, LU)
*S'as penas de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga y-o río d'Ouro viño mouro, n'había terra como o Valedouro.*⁶⁸⁵⁰ (ms e ms4: M.L. / mc)

⁶⁸⁴⁵ Aínda que Vázquez Saco escribe *Arnanda*, o correcto é *Ornanda* e así o recollía S. Loureiro.

⁶⁸⁴⁶ Indica *Mar.-Pronóstico de buen tiempo* no ms.

⁶⁸⁴⁷ ms: *suerte*.

⁶⁸⁴⁸ ms-LU (Lugo): *Useira*.

⁶⁸⁴⁹ mc e ms: *Santrocado*, ms: *Corbeira*, y.

⁶⁸⁵⁰ mc e ms4: *Vale d'Ouro*.

852. **Ousá** (Ousá, San Xiao; Friol, LU)
Os de Ousá, canto din hoxe é nada mañá. (mc: Miraz)
 (es) *Los de Peñaranda, lo que dicen hoy a la noche, no lo cumplen a la mañana.* (Bergua)
 Los hay parecidos en cast.
853. *Os de Ousá, pataqueiros.* (mc: Otero de Rey)
 Ousá en Friol.
854. **Outara** (Outara, Santa María; Pobra do Brollón, A; LU)
Os de Outara, mixos. (mc / ms4: F.V.S.)
 V. "Vilasouto".
855. **Outeiro**
Os de Outeiro chámanse miscos. (ms)
856. *Xan de Outeiro ca súa pacencia quedou solteiro.* (mc: Santiago)
857. *Hai que ter pacencia, tamén a tuvo Xan de Outeiro.* ⁶⁸⁵¹ (ms: La Coruña/ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
858. **Outeiro** (Outeiro, Santa María; Castro de Rei, LU)
Peixeiros, os de Anteiro. ⁶⁸⁵² (mc)
859. **Outeiro** (5 parroquias, Incio, O; LU)
Si corren as nubes pra Rendar, colle o mallo e vai mallar; si corren pra Outeiro, colle a capa i-o sombreiro. (mc)
 Son lugares del municipio de Incio.
860. **Outeiro de Bucíños, O** (Bucíños, San Miguel; Carballedo, LU)
Lavaredas, os de Outeiro. (mc: Bucíños)
 Lavaredas es igual que movidos, trabaxadores. / V. "Alén do Río".
861. **Outeiro de Rei** (Outeiro de Rei, LU)
Os de Outeiro comen bon carneiro, i-os de Astariz mellor perdiz. (ms8,49v)
 Pueblos de O. de Rey.
862. *Os de Outeiro, fogueteiros.* (ms8,49v)
 Outeiro, como en el anterior = Otero de Rey. Pueblos de O. de Rey.
863. **Outeiromeao** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Pecha pan, Outeiromeao (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 42,1927,14)
 V. "Cibreiro".
864. **Outeiro, O** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Pleiteantes, no Outeiro (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 42,1927,14)
 V. "Cibreiro".
865. **Outraldea, A** (Orbán, Santa María; Vilamarín, OU)
Buleirentos, os da Outra Aldea. (mc / ms4: F.V.S.)
 V. "Palacio".
866. *Bulleirentos, da Outraldea.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 V. "Montós".
867. **Oviedo** (Oviedo, AS)
Semblante de Oviedo, mariñeiro non teñas medo. (mc: Ribadeo)
 Indica buen tiempo la visión clara y precisa de las costa cantábrica hacia el este.
868. **Pacio, O** (Pacio, Santa María do; Friol, LU)
Os de Pacio, rupelos. (mc)
 V. "Vilamaior de Negrál".
869. **Pacios** (Narla, San Pedro; Friol, LU)
Paxareiros, os de Pacios. (mc)
870. **Padornelo** (Lindín, Santiago; Mondoñedo, LU)
Padornelo con capelo, sardiña no garabelo. (mc: M.L.)
871. *Brêtema en Padornelo, sardiña no garabelo.* ⁶⁸⁵³ (ms: A.N.)
872. **Padrón** (Padrón, C)
Caldas e Padrón, afogados son. (mc: M.-R. de A.)
873. *De Lodos a Padrón está o val de Burón.* (ms15,42: Fonsagrada)
 V. "Lodos".
874. *En Padrón, en cada esquina un ladrón.* (mc)
875. *Néboa en Padrón, cerrazón.* (mc: Pontevedra)
 Var.: *Néboa en Padrón, sinal de cerrazón.* (ms10,067r: D.E. / ms16: Sta. Eugenia de Riveira)
 (es) *Niebla en Padrón, señal de cerrazón.* (R. Marín)
876. *Quen vai a Santiago e non vai a Padrón, ou faz romería ou non.* ⁶⁸⁵⁴ (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,10r: Bermés)
 V. "Santiago de Compostela".

⁶⁸⁵¹ ms: d'Outeiro.

⁶⁸⁵² mc: *Anteiro*. Nome de lugar en San Xurxo de Lea, en Santiago de Miraz, en San Mamede de Nodar, en Santa María de Ramelle, en Santa María de Vilafiz e en Santa María de Xiá. Pero no Nomenclátor todos estes lugares levan artigo.

⁶⁸⁵³ Indica *Marítimos-Abundancia de pesca* no ms.

⁶⁸⁵⁴ ms-LU e ms21,10r: *ou fai romería*.

877. *Quen vai a Santiago e non vén por Padrón, ou fai romería ou non.* (ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)
878. *Vento padronés, nunca bo o verés.* (ms5,133: Santiago)
879. **Paio, O** (Traba, Santiago; Laxe, C)
Berra o Paio, saca o saio. (ms16: R. Fisterrán)
Paio es una punta al norte de la playa Traba de Laxe.
880. **Palacio** (Traslite, San Xoán; Lánara, LU)
Nomeados: pulguentos os de Palacio, Altas torres de Lagrade, bulleirentos os da Outra Aldea (Arban) Zorros os do Leiros, Facos os de Villaquinte; Cireixeiros os de Chouzán; descaltos de Farrapeira escanelados d'Atán. ⁶⁸⁵⁵ (mc / ms4: F.V.S.)
881. **Palacio, O** (Vilamarín, Santiago; Vilamarín, OU)
Plumacheiros de Palacio. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
V. "Montós".
882. **Palas de Rei** (Palas de Rei, LU)
Os de Palas, paletos. (mc)
Se refiere a Palas de Rei.
883. *Os de Palas, ratos.* (mc)
884. *Pra queixos, Palas de Rei.* (mc / ms18: Villamayor de Negrál)
885. **Palio** (Rodís, San Xiao; Lalín, PO)
Palio, Rodís e Raña, as tres parroquias máis ruís de España. ⁶⁸⁵⁶ (mc)
886. **Palmeira** (Palmeira, San Pedro; Ribeira, C)
Destocas, os de Palmeira. (ms5,031: De Galicia Emigrante)
Na ría de Arousa. Esperaban un día al arzobispo de Santiago, en visita pastoral. El cura ordenó al sacristán mirase desde el campanario la llegada del prelado y tocase las campanas al advertirlo. El sacristán vió venir una bestia y su imaginación colocó sobre ella al arzobispo y comenzó a repicar las campanas. Al advertir los de Palmeira la equivocación le gritaron: ¡Destoca, destoca. No é o bispo, é un burro!
887. *Os de Palmeira, beben caña pola cunca da vieira.* (mc: M.-R. de A.)
888. **Pantón** (Pantón, San Martiño; Pantón, LU)
Secretario de Pantón, sete anos nin confesión; vés cos quintos de xornada e non ganas nada... estáche a conta armada. (ms: Buciños)
889. *Torrón por torrón, vaite a Pantón, e si che dan a escoller, vaite a Sober.* (mc: Carballo / ms4: D. Pejerto-F.V.S.)
890. *Torrón por torrón, vente a Ferreira e Pantón.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
891. **Panxón, Praia de** (Panxón, San Xoán; Nigrán, PO)
A playa de Panxón a roncar, bo tempo vai entrar. (mc: Sar.-Bayona)
El ruido sordo que hace el mar en la playa de Panjón, lo tienen los marineros como augurio de buen tiempo.
892. **Pape** (Silvarrei, San Xoán; Outeiro de Rei, LU)
Os de Pape son papeiros. (ms8,73r)
Señal que hai fariña. Pape, en Silvarrey.
893. **Papelle** (Cova, San Xoán da; Carballo, LU)
Papelle e Nogueira é a chave da Riveira. (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
En la comarca de Chantada.
894. **Parada** (Parada, Santa María; Lalín, PO)
Fidalguía, de Parada (mc / ms4: F.V.S.)
V. "Lamas".
895. *Fidalguía de Parada; abreportas, de Castelo; espantosos os de Lamas; manqueiros de Manxomín; picapeidos, en Gurgueiro; besta roxa de Laxosa, e borrachos, os de Ventosa* (mc: Buciños)
896. *Fidalguía, de Parada; cascarría, de Alpiriz; besta vella os de Laxosa, e borrachos os de Ventosa.* (mc: Buciños)
897. **Paradai** (Albeiros, San Lourenzo; Lugo, LU)
Os da Estación mataron un burro; os da Chanca, comérono crudo; os de Paraday mandaron recado de que lles gardaran a punta do rabo. (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
V. "Estación".
898. **Paradela** (Paradela, LU)
Bo, bo, a feira de Parga i-a de Paradela. (mc: Miraz)
V. "Parga".
899. *Ós de Paradela morreulles a burra rabela; todos os que aquí non canten levan o camiño dela.* (mc)

⁶⁸⁵⁵ En mc todos estes ditos tópicos aparecen seguidos pero en liñas diferentes; aquí reproducíase tan só a forma coa que están recollidos seguidos en ms4. / mc: de Leirós, *Dexalzos, da Farrageira, de Atán.*

⁶⁸⁵⁶ ms: d'España.

- Var.: *Os de Paradela, teñen a burra rabela.* (mc)
900. *Paradela, nin boa terra nin boa herba.* (mc: Sarria)
901. **Paraño, O** (Regueiro, O; Irixo, O; OU)
No Paraño, corre que te apaño. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)
902. **Paredes** (8 concellos, LU)
Os de Paredes, cagados. (mc, ms e ms4)
V. "Fingoi".
903. **Paredes** (Laroá, San Pedro; Xinzo de Limia, OU)
Salta sebes, en Paredes (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 65, 1929, 88)
V. "Baronzás".
904. **Parga** (Parga, Santo Estevo; Guitiriz, LU)
*Bo, bo, a feira de Parga i-a de Paradela.*⁶⁸⁵⁷ (mc: Miraz)
905. **Gatos de Parga e muller de Villalba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
906. **Parga, Santa Locaia** (Parga, Santa Locaia; Guitiriz, LU)
Pelados de Seixón e corvos de Santa Leocadia fixeron unha festa con cagalliñas de cabra. (mc: Miraz)
V. "Seixón".
907. **Pavía**
Roma e Pavía non se fixeron nun día. (mc: A.N.)
(pt) *Roma e Pavia não se fizeram nun dia.* (Chaves)
V. "Roma".
908. **Paxariña, A** (Adina, Santa María; Sanxenxo, PO)
Librese a miña barquiña da Paxariña. (mc)
A Paxariña es un islote peligroso, temido de los navegantes, cerca de Villagarcía. A los peligros que ofrece a la navegación alude el refrán. (mc) / Debe estar cerca de Villagarcía, entre esta y la playa de la Lanzada. (ms)
909. **Peares, Os** (Peares, Nosa Señora do Pilar dos; Peroxa, A; OU)
¿Onde irás, boi, que non ares? Ós Peares. (mc: Chantada)
910. **Pedra da Besta**
Estas son fanequiñas da Pedra da Besta; o que as colle, ben as mete na cesta. (mc, ms4, ms16: Gella, Vigo-F.V.S.)
911. **Pedraio** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Calzafouces, en Pedraio (mc: Ben-Cho-Shey, *Nós* 42,1927,14)
V. "Cibreiro".
912. **Pedre** (Pedre, Santo Estevo; Cerdedo, PO)
Cañotos, os de Pedre. (mc: Castelao, *Nós* 38,1927,14)
913. **Pedreda** (Pedreda, San Vicente; Lugo, LU)
Xente de Pedreda, alto carro e pouca leña; leve muita leve pouca, ben me ha de chegar, que á túa porta non hei de ir petar. (mc)
Var.: *Os de Pedreda, alto o carro e pouca leña.* (mc: Lugo / ms4: F.V.S.)
914. **Peiteiros** (Soñar, San Pedro; Lugo, LU)
Muiñeiros, en Peiteiros (mc, ms e ms4)
Muiñeiros, en contraste de los anteriores, porque eran legales en el cobro de aquellas. (mc) / Molían muy bien y eran muy legales cobrando. (ms) / Muiñeiros, en contraste con el anterior [v. "Cangos"], medían muy bien y eran legales cobrando la maquina. (ms4) / V. "Fingoi".
915. **Peizais** (Neiro, San Pedro; Fonsagrada, A; LU)
*O que queira máis, que vaia a Peizais.*⁶⁸⁵⁸ (mc: Fonsagrada / ms11,45: Comarca de Fonsagrada)
916. **Pena**
*Cando vai sol debaixo de Pena, é cando chove collendo na leña.*⁶⁸⁵⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
917. **Pena da Roca** (Mondoñedo, LU)
Niebla na Pena da Roca, inverno á porta. (ms16: Mayán / ms5,137: Mondoñedo, Mayán)
918. **Pena de Griñá** (Cotá, San Martiño; Friol, LU)
Tres infernos ten Cotá: Guldreiz i-a Retorta i-a Pena de Griñá. (ms8,25v)
V. "Cotá".
919. **Penabor** (Barreiros, LU)
Niebla en Penabor, auga ó derredor. (mc: Barreiros)
Penabor, monte en el ayuntamiento de Barreiros.
920. **Penacrespa**

⁶⁸⁵⁸ ms11,45: *vay'a Peizais.*

⁶⁸⁵⁹ ms-LU: *Cando vay sol devaíxo de pena.* Hai moitos lugares en Galicia que teñen este nome. Pode mesmo que no refrán non aluda a un topónimo. Destacan os seguintes picos: en Lugo, A Pena, 1250 m, límite entre os concellos das Nogais e Pedrafita do Cebreiro; e en Ourense, A Pena, 1382 m, no concello de Larouco.

⁶⁸⁵⁷ ms: y a.

- En Penacrespa morreu unha besta: os de Vilar comeron'a fresca, y'os de Montouto mandaron recado que lles gardaran a croca do rabo.* (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
921. **Penaxuá** (LU)
*Arco da vella en Penaxuá, vale máis pola noite que pola mañá.*⁶⁸⁶⁰ (mc: Buciños)
922. **Penedo, O** (Cervantes, LU)
O monte do Penedo, o que dá ben o come. (mc: Lugo)
Monte muy áspero de Cervantes, en el que se despeña mucho ganado.
923. **Penedo, O** (Moreiras, Santa Marta; Pereiro de Aguiar, O; OU)
Carpaceiros, no Penedo. (mc: Ben-Cho-Shey, Nós 42,1927,14)
V. "Cibreiro".
924. **Penela, A**
97. **A roupa: "Cóidame na casa i-eu te coidarei na praza".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
98. **"Gárdame na casa i-eu te honrarei na praza", di a roupa.** ⁶⁹⁷² (mc: F.L.)
(es) *Guárdame en casa y te honraré en la plaza, dice la ropa a su dueño.* (R. Marín)

CAUSAS Y EFECTOS

99. **Dixo doña Ana: "Terás sempre tela, se non matas a araña".** ⁶⁹⁷³ (ms: Buciños)
(es) *Quien no mata la araña, no extingue la telaraña.* (Sbarbi)

CAZA

100. **Á arcea díxolle o zorro: "Que xee que deixe de xear, da miña boca non te escaparás".** (mc: Páramo-F.V.S.)

⁶⁹⁷⁰ mc: *séu vou diante* / ms3 e ms4: *son valente e voante.*

⁶⁹⁷¹ En ms10 s.v. *Pollita* coa indicación *Alabanzas.*

⁶⁹⁷² ms: *y-eu.*

⁶⁹⁷³ Dentro do sobre *Causas y efectos.*

CONTRATOS

101. **-¿Vendiche? -Vendín. -¿Cobrache? -Non. -Pois logo non vendiche.** (mc: Buciños)

DAR

102. **"As que me dan non as quero i-as que quero non mas dan" di por non casare Xan.** (ms10,001r: D. E.)

DECISIÓN

103. **Dixo Blas: "Punto redondo".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

DEL MAL, EL MENOS

104. **"Menos mal", dixo o que castraban.** (mc: M.L.)

DESPREOCUPACIÓN

105. **-Casada, de vós din mal. -Que digan, que xa calarán.** (ms16: D. E.)
Var.: *-Casada de vós din mal. -Que digan, que xa cansarán.* (D. E.)
(es) *Casadita de vos dicen mal -Digan, digan; que ellos cansarán.* (M. Kleiser)
106. **-María, ¿lavache? -Lavei, e si non lavei, enxuguei.** (ms8,28r: La Cañiza)
Quiere decir que lavó mal.
107. **-¿Lavaches, María? -Enxagüei, si señor.** (ms15,44: Golada)

DEVOCIÓN

108. **-Ai, V. da Ventela, que ll'hei dar unha vela. -I-eu dúas, se t'agarro. Por ofretas non quedamos mal.** ⁶⁹⁷⁴ (ms: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

DIFICULTADES

109. **-¿Como che vai, Sindo? -Ás veces rabeando e ás veces rindo.** (ms10,031r: D. E.)

DINERO. ADULACIÓN AL DINERO

110. **"Ten quen ten", di a campana tola.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

⁶⁹⁷⁴ O orixinal do ms di: *Ay, V. da Ventela, que ll'hei dar unha vela. Y-eu duas se t'agarro. Por ofretas non quedamos mal.*

111. **"Ten quen ten", dice a campana de Quende.** ⁶⁹⁷⁵ (mc e ms16: M.L.)
 Var.: *"Ten quen ten, e dá quen quer", di a campana de Quende.* (ms16: Lence Santar. *El Compostelano*)

DONACIONES

112. **"Dar e ter", dixo o paxariño.** (ms15,44: Chantada)

EDADES. ANCIANIDAD

113. **-¿Quen ha de ir cas vacas? -O vello. -¿E que ha levar cuberto? -O saco. -¿Y a merenda? -Esa xa a comerá cando veña.** (ms8,31r: Silvarrey)
 Var.: *-¿Quen ha de ir cas vacas? -O vello. -¿E que ha levar cuberto? -O saco. -¿E que come? -O caldo que sobra.*
 Desprecio a la vejez.
114. **"Inda hai que erguer", dixo a vella polo calleiro.** (ms4: M.L.)

EDUCACIÓN

115. **Aprende, cachola, qu'estamos na escola.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EGOÍSMO

116. **"Todo é ter", dixo o que tiña a sarna.** (ms8,15r: Silvarrey)

EGOÍSMO EN LOS ALIMENTOS

117. **-¿Y'el as sopas fágoas do teu pan ou do meu? -Fainas do teu, que non che s'oi co aire.** (ms4: F.V.S.)

AMBICIÓN. INTERÉS

118. **-¿A onde vas, can? -A onde me dan pan.** ⁶⁹⁷⁶ (mc: Santiago)
119. **Din as pitas: "Haxa, non haxa, mídase".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EJEMPLO

120. **Di o ghefe: "Xogha ós naipes que gañan os frailes".** ⁶⁹⁷⁷ (ms: LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶⁹⁷⁵ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Onomatopeyas*.

⁶⁹⁷⁶ V.¿Pra onde vai o can? Pra onde lle dan pan en *Agrícolas (Animales)*.

ENVIDIA

ENVIDIA DE LA PROPIEDAD AJENA

121. **Di o galo: "¡Ai que canastro de millo ten meu amo!", i dice a galiña: "Terá, terá".** ⁶⁹⁷⁸ (ms8,11r: La Cañiza)

ERROR

Error, padre de acierto

122. **Díxolle o pai ós fillos: "Nunca andedes a xornal; tratade que, si perdedes, tamén aprendedes".** (ms6,03v / ms10,050r: Silvarrey)
Tratade (tened algún trato).

ESCARMIENTO

123. **"Agora xa foi", dixo a que empreñou.** ⁶⁹⁷⁹ (mc: M.L.)

ESPERANZA

ESPERANZA ANTE LOS INFORTUNIOS

124. **-Vaste mollar. -Anque me molle, mal será que non me enxugue.** (ms8,23r: La Cañiza)

ESPERAR

125. **-Espera. -Espero. -Si así esperaran as lebres, habíamos comer ben delas.** (ms8,19r: La Cañiza)

ESTACIONES

126. **-Meu carriño, ¿quen te fixo vello? -O sol do vran e a auga do inverno.** (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Lugo)
 Var.: *-Meu carriño novo, ¿quen te fixo vello? -Catro meses de vran e oito de inverno.* ⁶⁹⁸⁰ (M.V.) / *-Meu carriño novo ¿quen te fará vello? -Tres meses de vran e nove de inverno.* (ms16: D. E.) / *-¿Quen te acabou, meu carro? -A i-auga do inverno io sol do vrano.* (ms16: Sober)
127. **-¿Quen te acabou, meu carro vello? -O sol do vran e o auga do inverno.** (ms-

⁶⁹⁷⁷ O orixinal di: *Di o jefe xoja os naipes que gañan os frailes.*

⁶⁹⁷⁸ O orixinal di: *Di o galo: ai qué canastro de millo ten meu amo; y dice a galiña: terá, terá.*

⁶⁹⁷⁹ ms4: *o que empreñou.*

⁶⁹⁸⁰ ms: *d'inverno / ms4: fai vello.*

LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

FIESTAS Y ROMERÍAS

128. **-¿De onde vés, onde vas? -Veño da Candelaria e vou ó San Blas.** (ms6,01v: Verín.)
129. **"O que sea meu amigo verdadeiro, véñame a ver o vinte de xaneiro", dixo o santo do Pico Sagro.** ⁶⁹⁸¹ (mc: M.V.)
Lo dice por el rigor de la estación, y se refiere al Pico Sacro, tan celebrado en las peregrinaciones jacobeanas.

HAMBRE. GASTRONOMÍA

130. **Dixo o viño: "Eu son forte, barau; conmigo nadie pode". E contestoulle o pan: "¡Si vou eu diante!".** (ms5,039)
131. **Díxolle a leite ó viño: "Vénte pra acá, bon amigo".** ⁶⁹⁸² (mc: M.L. / ms3: A.N.V.)
(es) *Dijo la leche al vino: "Seais bien venido, amigo, pero no uséis mucho este camino, o no andéis mucho este camino".* (Correas)
132. **Díxolle o leite ó viño: "Vén pr'acó, meu amigo", díxolle o viño ó leite: "Vén pra acá, meu parente".** (ms8,45v: Trives)
133. **Díxolle o viño ó pan: "Eu vou forte", e respondeulle o pan: "Indo eu diante".** (ms14,17)
134. **O viño falou e dixo: "Si ó botarme fago rosario e non se me vai, págame e déixame e, si se me vai, bebeme". A augardente tamén dice: "Si ó moverme fago rosario e non se me vai, bebeme; e, se se me vai, déixame".** (ms9,01r: Silvarrey)
135. **"A conta xusta e axustada", dixo o crego da Golada, "seis touciños, seis xamós tres rabos e seis lacós".** (mc: Becerreá / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo.)
136. **"Cousa xusta i-arrematada", dixo u cura da Golada, "tres porcos, seis touciños, doce pés con tres fuciños".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶⁹⁸¹ mc: *veña a verme.*

⁶⁹⁸² ms: *pr'acá*, ms e mc: *a leite*, ms3: *meu amigo*, *pr'acó*, ms4: *o leite, meu amigo.*

137. **"¡Qué bon home eu son!", díxolle o viño ó pan; e éste respondeulle: "Si eu vou diante".** (mc: Terra de Melide)
Var.: *Véase: "Dixo o viño..."*

HIJOS

138. **-¿Cal fillo queres? -O neno cando crece, o enfermo cando padece.** (ms10,20v: D. E.)

INDEPENDENCIA

139. **"Cada un ten o seu gusto", dixo o que comía os mocos.** (mc / ms4: F.V.S.)
De gustos no hay nada escrito.

INDIFERENCIA

140. **"Arreglarse", dixo o lobo.** (ms11,71)

JURÍDICOS Y SIMILARES

141. **-Bon comenzo de semán... -E aforcábano ó lus.** ⁶⁹⁸³ (mc: Agro)
(es) *Buen principio de semana... y lo ahorcaban el lunes.*
142. **Dixo a zorra: "Arriba, pés e zancas, que neste mundo non hai máis que trampas".** (ms4: Cervantes-F.V.S.)
Var.: *Arriba pernas i-abaxo zancas, que neste mundo todo son trampas.* (mc: Cervantes)
143. **-Señor alcalde, faga xusticia. -Faga usté que eu ando de prisa.** (mc: Bucínos)
Lo atribuyen a un hecho real, y quedó en la comarca para calificar a los que, teniendo cargos públicos, atienden más bien a sus particulares intereses.
144. **-¿Quen matou o Meco? -Matámolo todos.** ⁶⁹⁸⁴ (ms4 e mc: A.S.A. / ms4: J.P.)
(es) *¿Quién mató al conde? Todos a una: Fuente Ovejuna.* (R. Marín)
145. **Dicía o Tarelo de Montós: "Os da xusticia, todos son ladrós".** (ms-LU: ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) Montós: Orbán-Ourense.
146. **Fanse de noite e descúbreense de día. Non ch'é nada, María.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

LACRAS Y VICIOS SOCIALES

147. **-¿Por que non vas á misa? -Porque non podo. Vou pá taberna pouquiño a**

⁶⁹⁸³ ms4: *luns.*

⁶⁹⁸⁴ mc: *a Meco.*

pouco. (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

LECHE

148. **Díxolle a leite ó viño: "Ben chegado seas, amigo, mais poucas veces veñas por ese camiño".** (ms10,032v: *D. E.*)
149. **"Veñas noramala" díxolle o leite á i-auga.** (ms10,032v: *D. E.*)

LOCOS

150. **-¿Pr'onde vas, louco? -Pra onde van os cordos.** (ms10,033v: *D. E.*)

LONGANIZA

151. **-Longaniza ¿viche o fogo? -Si llo vin, non lle me acordo.** (ms10,033v: *D. E.*)

MADEJA

152. **Madeixa enzaramallada, quen te enzaramallou ¿por que non te devana?** (ms10,034r: *D. E.*)
153. **Madeixa enzaramallada, quen te fiou ¿por que non te ensarillou?** (ms10,034r: *D. E.*)

MADRINA

154. **¡Ai, madriña! que eso que me di xa eu o sabía.** (ms10,034v: *D. E.*)

MAÍZ

155. **Díxolle o millo á terra: "Decrúame tarde, arréndame cedo e pagareiche o que che debo".** (ms10,040r: *D. E.*)

MARÍTIMOS

PECES

156. **Díxolle a filla á nai: "Sardiña que o gato leva, ben gardadiña vai".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

APÉNDICE

157. **-San Bartolomeu, píllame un cangrexo. -Píllarei, píllarei, si o vexo.** (mc: A.I. / ms e ms4: F.I.)

⁶⁹⁸⁵ ms4: *Bertulameu.*

MATRIMONIO

158. **"Este labor feito vai", dixo o que enterraba a muller.** ⁶⁹⁸⁶ (mc: M.L. / ms10,012v: *D. E.*)
Var.: *Dixo o que enterrou a muller: "Estuvo este labor feito".* (Lugo-F.V.S.)

MEDICINA. HIGIENE

159. **-¿A onde vas, tolo? -A onde van todos.** ⁶⁹⁸⁷ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
160. **-¿Por que te ríes, loco? -Porque vexo rir a outro.** (ms8,11v: *La Cañiza*)
161. **-¿Pr'onde vas, louco? -Pr'ond'o outro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
162. **-¿Pra donde vas, tolo? -Pra donde van todos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
163. **-¿Pra onde vas, tolo? -Pra onde van todos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
164. **"Vai quen chaman", decía o tolo.** (mc: M.L.)
165. **"Dios nos dé limpeza", dixo o que volvía a camisa co de dentro pra fóra.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

MISA

166. **-¿Tanxen á misa? -Que tanxan, que tanxan, que pra eso llo pagan.** (ms10,040v: *D. E.*)

MISCELÁNEA

167. **Buenos días: ¡por fin come a gata as morcillas!** (mc: Villamor, Caurel)
168. **-Crouco rapado, faime un arado. -Non fago, non, que non teño machado.** (ms: G.P.)
169. **Gracias a Dios que o can pillou unha mosca. -E se a pillou, comeuna.** ⁶⁹⁸⁸ (mc e ms: Palas de Rey)
170. **-¡Mamá! ¿Que me trai da feira? -¡O camiño pra andar, meu fillo!** (ms21,32r: Bermés)
171. **-Non son reló de repetición. -Pero eres burra de contestación.** (ms8,33r: Silvarrey)

⁶⁹⁸⁶ En ms10 s.v. *Entierro.*

⁶⁹⁸⁷ V. *-¿A onde vas, Vicente? -A onde vai toda a xente e variantes en Voluntad.*

⁶⁹⁸⁸ ms: *unha mosta.*

172. **-O cabalo branco está tumbado no campo; éntranlle as moscas pola boca e sálenlle por baixo do rabo. -¿Logo morreu? -Vosa maxestade o dixo.** ⁶⁹⁸⁹
(mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Ridiculiza los rodeos que se dan para decir las cosas de frente. (mc) / Los obstáculos se salvan con rodeos. (ms)
173. **-¿A donde vas, Xan? -Vou cumprir si posso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
174. **-¿Por onde pasa o tren? -Pola vía. -Cálate, burra, que eu xa o sabía.** (ms9,09v: Meda)
175. **-¿Que levas ahí? -Palabras e diñeiro.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
176. **-¿Quen leva este bulto? -Calquera, aunque seas ti. -¿Quen bebe este vaso de viño? -Calquera, aunque sea eu.** (ms8,31v: Monforte)
177. **A fin de contas, trinta e dous pesos son dúas onzas.** (ms8,19v: Silvarrey)
178. **Díxolle a cerna ó clavo: "Deixarás aquí o rabo".** ⁶⁹⁹⁰ (mc: M.L.)
(es) *Dijo el olmo al clavo: "Aquí dejarás el rabo".* (R. Marín)
179. **Díxolle o orizo á castaña: "Vén acó e regaña".** (ms15,14)
180. **Díxolle san Froilán ó lobo: "Xa que me comiche o burro, lévame os libros a Lugo".** (mc: Cervantes)
Se funda en el conocido milagro que se atribuye a San Froilán, en el que se basa también la iconografía del Santo Patrón de Lugo.
181. **Falou o lume, e dixo que el era mui valente; e dixo a auga: "Si non vou eu detrás".** (ms5,057: Silvarrey)
182. **"Agora ídelo ver", dixo o outro.** (mc: C.A.)
183. **"Anden todas", dixo o cordeiro.** (mc: M.L. / ms4: N.V. 2ª serie)
Var.: *Anden todas.* (Bucínos)
184. **"Arreglarse", dixo o loro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁶⁹⁸⁹ ms: *entranll'as, pol-a boca. / Ve-lo conto O galego e o cabalo do rei*, p. 147-148 en *Antoloxía do conto popular galego*.

⁶⁹⁹⁰ mc: *Díxole a cerna ó calvo*.

185. **"Ir indo", como di Florindo.** (mc: Camba)
186. **"Tanto é moito", dixo a tola.** (mc: M.L.)
187. **"Todo é poñerse ás cousas", decía o que matou a vella.** (mc: Sober)
188. **"Xa veremos", dixo o cego e nunca viu.** ⁶⁹⁹¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo / ms21,18v: Bermés)
189. **"Dios te compoña", dixo o cego á zanfoña.** (ms4: M.L.)

MOZA

190. **-Boa moza levas, Pedro. -Ela o dirá co tempo.** (ms10,044r: D. E.)

MUJER

191. **¿Por cantas cousas se lle pode pegar a unha muller? Por catro: por falar, estar calada, con razón e sin ela.** (ms: F.V.S.)
192. **-Que boa moza levas, Pedro. -Ela che mo dirá, Xan.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

NABOS

193. **-¿Por que non coces, nabo? -Porque non estou apertado. -E berzas, ¿por que non cocedes? -Porque non me revolvedes.** ⁶⁹⁹² (ms5,041)
194. **Dixo o nabo: "Seméntame no polvo e medrareiche a ollo".** (ms5,041 / ms16: Lence-Santar, *El Compostelano*)

NECEDAD

195. **-Compradre, o seu afillado non llé pr'este mundo. ¿Mire que conecemento!: "Mi padre, se non-a vende, volva prá casa".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

NIEBLA

LA NIEBLA Y SUS PRONÓSTICOS LOCALES

196. **A néboa díxolle á fame: -¿Prónde vas? -Vou pra Guixán. ¿E ti? -Pra Álvare.** (ms16: Lence-Santar)

⁶⁹⁹¹ ms21,18v: *munca veu*.

⁶⁹⁹² V. variantes en *Hambre. Gastronomía*.

OFICIO

197. **¿Que oficio tedes? Este que vedes.** (ms10,071r: *D. E.*)
198. **Dice o xastre: "En canto non xanto, nin coso nin canto".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
199. **"É millor mirar pra quen caga que pra quen labra", din os ferreiros.** (mc: Bucínos / ms: Bucínos, terras de Taboada)
Para quien labra la piedra, porque fácilmente saltan arenas a los ojos. (mc) / Recogido en tierras de Taboada. Indica que los mirones cuando se labra un piedra reciben en los ojos las arenas o trozos que hace saltar el pico del cantero. (ms)
200. **"¿Que pillos somos os xastres!", e levaba dous días d'oficio.** (mc: Bucínos / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

ORGULLO

IRONÍAS CONTRA LOS ORGULLOSOS

201. **Dícelle o pote á sartén: "Vaite de aí, que me luxas".** (ms-SA: M. González Fernández)
202. **Dixo o que caíu do burro: "Xa me quería baixar".** ⁶⁹⁹³ (ms10,049v)
203. **Díxolle a sartén ó cazo: "Apártate, que manchas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
204. **Díxolle o burro ó mulo: "Tírate alá, orelludo".** (ms16: *D. E.*)
(es) *Dijo el asno al mulo: tira allá, orejado.* (S.)
205. **Díxolle o caldeiro ó pote: "Non te acerques a min, que me luxas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
206. **Díxolle o corvo á pega: "Bótate alá, que eres negra".** (ms16: *D. E.*)
(es) *Dijo el cuervo a la pega: "quítate allá que eres negra".* (Correas)
207. **Díxolle o peite ó tiñoso: "Tírate alá, pioloso".** ⁶⁹⁹⁴ (ms16, ms10,087r, ms10,002v: *D. E.*)
(es) *Dijo el peine al tiñoso: "quítate alla, piojoso".* (Correas)

⁶⁹⁹³ ms15,24r: *caeu do burro.*

⁶⁹⁹⁴ En ms10,187 s.v. *Peine* e en ms10,002v s.v. *Decir.*

208. **Díxolle o pote á caldeira: "Chéghate alá, non me enlaxes".** ⁶⁹⁹⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
209. **Díxolle ó pote a caldeira: "Chégate alá, no me lises".** ⁶⁹⁹⁶ (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
210. **Díxolle o pote á tixela: "Vaite de aí, que me tingues".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
211. **Díxolle o pote á sartén: "Vaite de aí, no me chistes".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
212. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Chegate alá, non me luxas".** (mc e ms16: J.A.P.)
Var.: *Díxolle o pote ó caldeiro: "Cíate atrás que me luxas".* (T.M.) / *Díxolle o pote á caldeira: "Tírate alá, non me lixes".* (ms16: *D. E.*) / *Díxolle o cazo á cazola: "Céate atrás que me luxas".* (ms16: Verín) / *Díxolle a caldeira ó pote: "Tírate alá, non me lixes".* (ms16: *D. E.*)
(pt) *Diz o tacho à caldeira: sai para lá não me enfarrusques.* (Chaves) / *Diz a caldeira à certã: sai para lá, não me enfarrusques.* (Id.) (es) *Dijo la sartén al cazo: "¿Quita de ahí, cochinzazo!"* (R. Marín) / *Dijo el cazo a la caldera: "Quítate allá, tiznera".* (Correas) / *Dijo la sartén al cazo: "Quita, que me ensucias".* (R. Marín) / *Dijo la sartén a la caldera: "Quítate allá culnegra"; o "tírate allá, buznegra".* (ct) *Dia la caçola al peròl: apàrtar, que marcares.* (Alberola)
213. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Chéghate alá, no me enlaxes".** ⁶⁹⁹⁷ (ms-SA: Fernández Ferro, Manuel)
214. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Fuxe d'aí, que me manchas".** (ms-SA: Francisco Deán Rodríguez: Portosín, Porto do Son, C)
215. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Quítate alá, non me luxas".** (ms-SA: Rodríguez Rodríguez, R.Celso)
216. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Saca de aí, que me enlaxes".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
217. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Saca de aí, que me lixas".** (ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

⁶⁹⁹⁵ O orixinal di: *Díxolle o pote a caldeira chegate ala no me en lixes.*

⁶⁹⁹⁶ O orixinal di: *Díxolle ó pote a caldeira, chégate alá no me lises.*

⁶⁹⁹⁷ O orixinal di: *Díxolle o pote'o caldeiro: Chéjate alá no'me enlaxes.*

218. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Sácate d'aí, que me luxas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
219. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Sácate d'aí, que me luxas".**⁶⁹⁹⁸ (ms21,10v: Bermés)
220. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Saile d'aí, que me enlaxas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
221. **Díxolle o pote ó caldeiro: "Vaite d'aí, que me luxas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
222. **Díxolle o pote ó pucheiro: "Sácate d'aí, que me luxas".**⁶⁹⁹⁹ (ms21,10v: Bermés)
223. **Díxolle u pote ó caldeiro: "Chégate aló, no me luxas".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

ORGULLO DE LOS POBRES

224. **Chicha, carrizo; traballa do vran pró inverno e non teñas priguicia.**⁷⁰⁰⁰ (ms8,22v e ms16: La Cañiza)
Var.: *Carrizo, que eí vén o inverno.* (ms16: Verín) *Chífate, carrizo.* (ms / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Se aplica a los miserables cuando se las dan de ricos.
Dijo la hormiga.

PACIENCIA

225. **Paciencia, tamén a tuvo Xan de Outeiro, que estivo tres días solteiro.** (ms8,58v: Silvarrey)

PAN

226. **-¿Por que non te casas, Xan? -Porque vai moi caro o pan.** (ms10,080r: D. E.)

PAN CALIENTE

227. **¿Quen leva os meus dentes? A auga fría i-o pan quente.** (ms16: Lugo)
(es) *Pan caliente con agua fría de la fuente, mal para los dientes.* (R. Marín)

PAN DE TRIGO

228. **"¡Boh!, pan, pan; pan o trigo", dixo o tolo.** (ms15,33: Aguada)

⁶⁹⁹⁸ O orixinal di: *Díxolle o pote o caldeiro (pucheiro): "sácate d'ahí que me luxas".*

⁶⁹⁹⁹ O orixinal di: *Díxolle o pote o caldeiro (pucheiro): "sácate d'ahí que me luxas".*

⁷⁰⁰⁰ ms16: *carriza, priguiza.*

PAPAS

229. **Total, papas sin sal.** (ms8,17r: Silvarrey)

PEDAGÓGICOS

230. **Barxas, listo es, pero nesto errache.** (mc: Bucínos)

PEREZA

231. **-Calaceta, ¿que fixeche? -Fun ó mar e vin do mar. -E túa tea sin botar.** (ms15,20r: Verín.)
Calaceta = perezoso. Tea = lino.
232. **-Fun ó mar e volví do mar. -I-o teu liño sin fiar. ¿Que fixeches, truana, dormícheche?** (ms8,47v: Silvarrey)
233. **-Nugalla, ¿queres pan? -Quero, si señor, si mo dan. -Pois vai polo coitelo. -Logo non-o quero.**⁷⁰⁰¹ (mc / ms4: F.V.S. / ms16: Sarria)
Var.: *-Pereciña ¿queres pan? -Si, señora, si mo dan. -Pois traí o coitelo. -Xa non-o quero.* (R. Marín, con algunas incorrecciones, que hemos subsanado). *! Perguiza ¿queres caldo. -Quero. -Pois vai pola cuchara. -¡Ai!, non-o quero.* (C.A.) *! -Preguiciña ¿queres pan? -Si, señora, si mo dan. -Vai a buscar o coitelo ! -Non señora; non-o quero. ! -Perguiza ¿queres caldo? -Quero. -Vai pola cunca. -¡Ay! non-o quero.* (C.A.)
(es) *Perezoso ¿tienes hambre? Hambre tengo. -Pues trabaja con el azadón. -Ya el hambre se me quitó.* (R. Marín) *! Perezza, ¿quieres sopas? -Unas pocas. -Ve por la taza. -Ya se me pasó la gana. (Id.) ! Perezza, ¿quieres sopas? -Si están frías o me las soplas. (R. Marín) ! Perezza ¿quieres sopas? -Tendría que abrir la boca. (Id.)*
Glósalo también una canción popular: *-Preguiciña, ¿queres pan? ! -Si, señora, si mo dan. ! -Vai a buscar o coitelo. ! -Non señora, non-o quero.*
234. **-Preguiza, ¿que pasas? -Fame que rapas.** (mc / ms16: Lugo)
235. **-Preguiza, ¿queres pan? -Si, señora, se mo dan e se me o tran.** (ms10,098r: D. E.)
236. **-Preguiza, ¿ques caldo? -Non, señora, que me escaldo. -Preguiza, ¿ques pan? -Si, señora, si mo dan. -Pois trae o**

⁷⁰⁰¹ A segunda variante citaa en ms4 coa referencia J.A.P..

coitelo. -¡Ai!, señora, non-o quero. ⁷⁰⁰²

(mc: Buciños / ms6,02v e ms16: R. Caruncho *Diario de avisos* de La Coruña / ms18,57r: *Vida Gallega*)

Recoge la idea de sus equivalentes, con algún elemento nuevo.

237. **-Priguiza, ¿queres pan? -Se mo dan. - Vai polo coitelo. -Ai, logo non-o quero.**

(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

238. **-¿Pra quen aforras, facedor? -Pra quen durme e está ó sol.** ⁷⁰⁰³ (ms16, mc e ms: Neira de Rey)

PETICIONES

CONVENIENCIA DE PEDIR

239. **-¿Quen te fai rico? -Quen che fai o pico.** (mc e ms16: M.V.)

Var.: *-¿Quen te fai rico? -O pico.* (Buciños) /

¿Quen te fixo rico? -O pico. (ms16: Buciños) /

(pt) *Quem te fez o bico, te fez rico.* (Chaves)

(es) *¿Quién te hizo rico? -El que me hizo el*

pico. (R. Marín)

PIOJOS

240. **Dixo o piollo: "Librame da recata, que da cata librome eu".** (ms5,039 / ms16: Lence-Santar)

PLEITOS

241. **"O bo pleiteante", dixo Tomé, "boca cerrada, bolsa aberta e listo de pé".** ⁷⁰⁰⁴

(mc: M.V. / ms21,20v: Bermés)

Var.: *"O bo preiteante: ", dixo Tomé, "boca pechada, bursa aberta e listo de pé".* (mc e ms16: F.B.B.)

(es) *Quien pleitea, el paso largo y la bolsa abierta.* (R. Marín)

Judica los muchos trabajos y dineros que cuestan los pleitos.

PRIVILEGIOS

242. **"Sorte haina sempre", dice o que a ten.** (ms10,049v: Lugo)

QUESO

243. **-Come pan con queixo, Freixo. - Sábelleme ben o queixo.** (ms9,01r: O de Rey)

⁷⁰⁰² ms: *m'escaldo* / ms16: *queres caldo, queres pan* / ms18,57r: *non llo quero.*

⁷⁰⁰³ mc e ms: *hacedor* / ms: *quen dorme.*

⁷⁰⁰⁴ ms21,20v: *bon pleiteante, bolsa, listo do pé.*

REFLEXIÓN

244. **-¿En que pensas? -Penso na vida, que a morte está segura.** (ms8,35r: La Cañiza)
Se dice a alguen que está muy pensativo.

RELIGIOSOS Y MORALES

245. **"Dios é bon i-o demo non é malo", dixo o que pasaba a ponte.** ⁷⁰⁰⁵ mc:

Mondoñedo-F.V.S.)

(pt) *Deus é bom e o diabo não é mau.*

(Chaves) (es)

Derivado de un conocido cuento, por cierto poco respetuoso.

RIQUEZA Y DINERO

246. **-Lucas, ¿por que non cucas? -Porque non teño diñeiro nas huchas.** (mc: J.A.P.)

247. **Hai, hai, na casa de quen o ten.** (ms8,56r: Meda)

ROBO

248. **Dixo o que roubaba: "A cada un o seo".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

249. **"A cada un o seu", dixo o que roubaba.** (mc: A.N.)

SARTÉN

250. **Dixo a tixola á caldeira: "Arrédate alá, tisneira".** (ms10,130r: D. E.)

TOCINO

251. **Díxolle o touciño ó viño: "Ben veñas, amigo".** (ms10,131r: D. E.)

⁷⁰⁰⁵ O conto ó que se refire Vázquez Saco aparece recollido na revista *Nós* baixo o epígrafe "Contos de barrocos" e é o seguinte:

"Unha vez iba un barroco pasando por unha ponte que estaba caíndo, levaba medo, e dixo ao pasar:

-Dios é bon e o demo non é malo! Dios é bon e o demo non é malo!

Pra que Deus o protexese e o demo nono tentase. Pero así que terminou de pasalo, dixo:

-C... me nentrambos."

En nota a pé explícase o significado de *barrocos*: "*Barrocos* chaman ós canteiros, principalmente ós de Pontevedra e Cotovade, os quales pasan por burros e iñorantes. Nos contos imitan a súa pronunciación con *geadas* e *c* sibilante. Son moitísimos os contos que se contan d'íles". ("Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galicia", *Nós*, 63, 1929, p. 53).

TRABAJO

252. **-Miña comadre formiga, dáme un bocado de pan. -Meu compadre escarabello, ¿que fixeches en todo o vran?** ⁷⁰⁰⁶ (mc: Santiago / Manuel Portela Balayo.)
253. **-¿Para quen traballas, traballador? -Pra quen está ca barriga ó sol.** ⁷⁰⁰⁷ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
Var.: *-¿Para quen traballas, traballador? -Pra quen dorme i-está ca testa ó sol.*
(pt) *¿Para quem ganhas, ganhador? Para quem está dormindo ao sol.* (Chaves) (es) *¿Para quién ganas, ganador? -Para otro que está al sol.* (Correas)
254. **Dixo a formiga á chicharra: "Si queres comer, traballa".** ⁷⁰⁰⁸ (mc / ms4: F.V.S.)

USOS Y COSTUMBRES

255. **-¡Estáche o can flaco! -Pró que fai. -Logo máto[o]. -Pró que come.** (ms: Buciños)

VIDA COMERCIAL Y CONTRATOS

256. **-¿A qu'has d'ir á feira? -¿Vender a laceira!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

VINO

257. **Dixo o viño moi campante: "No corpo do home son valente e voante". E dixo o pan: "Se eu vou diante"** ⁷⁰⁰⁹. (ms10,142r: D. E.)

VOLUNTAD

258. **-¿A onde vas, Vicente? -A onde vai toda a xente.** ⁷⁰¹⁰
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
259. **-¿Onde vas, Clemente? -Vou coa xente.** (ms)

⁷⁰⁰⁶ M. Portela Balayo: *fi[xe]che todo vran.*

⁷⁰⁰⁷ ms4: *¿Pra.*

⁷⁰⁰⁸ V. *Chicha, carrizo; traballa do vran pró inverno e non teñas priguicia en Pereza.*

⁷⁰⁰⁹ O orixinal di: *Dixo o viño moi campante: No corpo do home son valente e voante. E dixo o pan: "e eu vou diante".* Vázquez Saco transcribe *E eu vou diante* pero o refrán orixinal que recolle Eladio Rodríguez dicía *Se eu vou diante.*

⁷⁰¹⁰ V. *¿A onde vas, tolo? -A onde van todos e variantes en Medicina. Higiene.*

260. **-¿Onde vas, muller? -Onde o lume quer.** (ms10,049r: Trives)
261. **-¿Onde vas, Vicente? -Onde vai a xente.** (ms4: V.R. y A.R.)
262. **-¿Pa donde vas, Vicente? -Pa donde vai a xente.** ⁷⁰¹¹ (ms-SA: Manuel Gómez Vilar / Manuel Camino Sánchez.)
263. **-¿Pr'onde vas, Brais? -Pr'onde van os máis.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
264. **-¿Pra onde vas, Xan Brais? -Pra onde van os máis.** (ms4: F.V.S.)
265. **¿Onde vas, Clemente? Onde vai a xente.** ⁷⁰¹² (ms: M.V.)
(es) *¿Donde vas Clemente? Donde va la gente.* (R. Marín)
Satiriza a los que no teniendo voluntad propia, siguen a los demás, sin criterio alguno.

ZAPATO

266. **-Zapato, ¿canto me duras? -Canto ti me untas.** (ms10,143v: D. E.)

VARETA

267. **-¿Con que rede pescas? -Pesco con liña e vareta.** (ms10,135r: D. E.)

⁷⁰¹¹ M. Camino Sánchez: *vai xente.*

⁷⁰¹² Contén a indicación *Volunta*

2.4.2. Enunciados fraseolóxicos

AGRÍCOLAS

ANIMALES

1. **Eu como (o) cabalar, ou comer ou andar.** (ms-LU: seminarista anónimo: Fornas, Chantada, LU)
2. **Reprendes as vacas e ceibas as cabras.** (mc e ms17,094: Santiago)
3. **Ghau, ghau, i-o can no palleiro.** ⁷⁰¹³ (ms4: Betanzos-F.V.S.)

GENERALES

4. **Aí vén María Molla cun carro de folla.** (mc: Páramo-F.V.S.)
5. **Heiche facer unhas zocas de macira que che duren toda a vida.** (mc: Cervantes / ms4: F.V.S.)

AMOR Y AMISTAD

SACRIFICIOS DEL AMOR

6. **Contigo pan e cebola.** (ms18,27r / ms10,078r: D.E. / ms15,52r)

AUSENCIA

7. **Se non queres ouvir queixas, ¿por que me deixas?** ⁷⁰¹⁴ (ms10,103r: D.E.)
8. **Se te vas e me deixas, ¿a quen contarei as miñas queixas?** ⁷⁰¹⁵ (ms10,103r: D.E.)

⁷⁰¹³ O orixinal di: *Jau, jau, y o can n'o palleiro.*

⁷⁰¹⁴ En ms10 s.v. *Quejas* coa indicación *Ausencia*.

⁷⁰¹⁵ En ms10,103 s.v. *Quejas* coa indicación *Ausencia*. En ms10,003 s.v. *Dejar*.

CALLAR

9. **¿Que ten que ver naide co que fai naide na casa de naide?** ⁷⁰¹⁶ (ms10,066r: D. E.)

CIEGOS

10. **"Xa nos veremos", e eran dous cegos.** ⁷⁰¹⁷ (ms10,139r: D. E.)

CONFIANZA

11. **A confianza levouna o inglés.** ⁷⁰¹⁸ (ms: Muros)
Proverbio muradano que juega con la palabra *confianza*, nombre que la tradición popular da a una fragata francesa que, perseguida por los buques corsarios ingleses, se refugió en el puerto de Muros, donde fué presa de los enemigos. (R. de Artaza. *Da Nosa Terra*, pág. 55)

CORRESPONDENCIA

12. **Vaian unhas polas outras.** ⁷⁰¹⁹ (ms: M.L.)

DE MAL DECIR

13. **El i-o deño non teñen nada partido.** ⁷⁰²⁰ (mc)
14. **Ela na cama i-eu na xeadá.** ⁷⁰²¹ (mc: N.A.)

⁷⁰¹⁶ En ms10 s.v. *Nadie* coa indicación *Callar*.

⁷⁰¹⁷ En ms10 s.v. *Ver* coa indicación *Ciegos*.

⁷⁰¹⁸ Dentro do sobre *Confianza*.

⁷⁰¹⁹ O orixinal di: *Vayan unhas pol'as outras*. Dentro do sobre *Correspondencia*.

⁷⁰²⁰ *El y-o deño non teñen nada partido*.

⁷⁰²¹ *Ela na cama y-eu na xeadá*.

15. **Entre calvos e tiñosos, xente de pouco pelo.** (mc: Buciños)
16. **Eu non che digo que te vaias, pero aí te-la roupa.** ⁷⁰²² (mc / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Var.: *Non che digo que te vistas, pero aí tes a roupa.* (mc: Tuiriz)
17. **Ti es asemellado ó meu boi gallardo: corno por tras, ventas e todo.** (mc: Buciños)
Desplante para deshacerse del contrincante a quien el dicente aupa con lo de *corno por tras*, según le lleva cuando la yunta va uncida, el buey de mayor fuerza.

DESCONFIANZA

18. **Ben sei de qué pé coxeas.** (ms16: Lugo)
(es) *Bien sé de qué pie cojeas.* (Z.)

DESENGAÑO

19. **Deulle Dios un ovo e salíulle golo.** (ms15,16)
20. **Déronme un ovo e déronmo grolo.** ⁷⁰²³ (ms10,001v: D.E.)
21. **Un ovo i-ese grolo** (ms15,52r)

DIFICULTADES

22. **Inda está o rabo por esfolar.** (ms16: D. E.)
(es) *Andar, andar; el rabo está por deshoyar.* (Z.)

DISIMULO

23. **Non queiro, non queiro, bótamo no sombreiro.** ⁷⁰²⁴ (ms5,027: Ribadeo)
(es) *Lo que es querer lo quiero; mas échamelo en el sombrero.* (R. Marín)
24. **Non quero, non quero, bótamo no mantelo.** (mc: Lugo)
Var.: *Non quero, non quero, métemo no mantelo.* (ms16: Lugo) / *Non quero, non quero, e métemo no fardelo.* (ms9,03r e ms16: Lugo)

DISTINGUIR

25. **Tenche ben que ver o cu coas catro témporas.** ⁷⁰²⁵ (mc e ms16: Buciños)

⁷⁰²² *Eu non che digo que te vaias; pero ahí tel-a roupa. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo: ehi.*

⁷⁰²³ En ms10 s.v. *Dar.*

⁷⁰²⁴ ms16: *Non quero, non quero.*

⁷⁰²⁵ mc: *cas catro / ms4: catro témporas do ano.* Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito.

EMPEORAMIENTO

26. **Volveuse a ola un terrazo...** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntfín, LU)
27. **Volveuse da bica borralla.** ⁷⁰²⁶ (mc: Buciños-F.V.S.)

ENFERMEDAD

ENFERMEDAD Y MUERTE

28. **Ese ovo asado vai.** (ms16: R. Fisterrán)
Se dice de las personas que por su edad o precarias condiciones de salud, tienen próximo su fin.
29. **O lobo que o ha de comer teno na casa.** ⁷⁰²⁷ (mc e ms16: Mondoñedo)
Tiene ya la enfermedad que le ha de llevar al sepulcro.

ENTIERRO

30. **Contigo me enterren, que ben me entendes.** (ms10,012v: D. E.)

ESCATOLÓGICOS

31. **Xuntouse a merda ca cagarría.** (ms / ms4: F.V.S.)

ESCRIBANOS

32. **Hoxe naceu un escribano.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
Frase popular que los campesinos profieren en grandes temporales de agua, frío y viento, y como el hambre en Galicia entra nadando, el dicho recuerda los tiempos en que la peste de los curiales se comparaba al hambre que se seguía de la plétora de lluvias.

ESPERANZA

ESPERANZA ANTE LOS INFORTUNIOS

33. **Está o rabo por esfolar.** (ms16: D. E.)
(es) *Oh!... aun está el rabo por desollar.* (S.)

HABLAR MUCHO Y HABLAR POCO

34. **Falar, ben falas, mais a verdade non parece.** (mc: C.A. A Nosa Terra)

⁷⁰²⁶ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal.

⁷⁰²⁷ mc: *ten-o na casa.*

HAMBRE. GASTRONOMÍA

35. **Nunca un ferrado de sal come en ovos.**⁷⁰²⁸ (mc e ms11,75: Lugo)
Se dice de la persona que para poco en cada
36. **Xuntouse a fame á ghana de comer.**⁷⁰²⁹ (mc: Santiago)

INDEPENDENCIA

37. **Xa sabe onde lle manca o zapato.** (ms e ms4: A.S.A.)
(pt) *Cada um sabe onde o sapato lhe aperta.* (Chaves) (es) *Cada uno sabe dónde le aprieta el zapato.* (Sbarbi) (ct) *Cada ú sabe aon li apreta la sabata.* (Alberola)

JURÍDICOS Y SIMILARES

38. **Por chegar a concexal da vila "Si viviran meus pais, e souperan da altura en que me vexo..."**⁷⁰³⁰ (mc: Bucíños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)

MIEDO

39. **Non teño medo e vou tremando.** (ms10,038v: D. E.)

MEDICINA. HIGIENE

40. **Se lle ha de facer daño, millor é a salú.**⁷⁰³¹ (mc: Bucíños)

MISCELÁNEA

41. **Aunque é groso, non é noso.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
42. **Benito nunca vai ó monte sin corda.** (ms-SA: Manuel Martín Gómez: Muxía, C)
43. **Comeulle a porca os libros.** (mc)
44. **Inda que son grosos, non son nosos.** (mc: Monforte)
Var.: *Inda que é groso, non é noso.* (ms4: Monforte-Carré Alvarellós)
45. **Indo polo camiño encontrei o demo ó meu ladiño.** (ms: Santiago)
Var.: *Non vai por ese camiño a auga ó río.* (R. Caruncho) / *Non vai por ahí a auga pró río.* (ms4: J.P.)

⁷⁰²⁸ A pesar da explicación que achega V. Saco, o enunciado parece referirse a cando unha persoa está próxima a morrer.

⁷⁰²⁹ O orixinal di: *Xuntouse a fame a jana de comer.*

⁷⁰³⁰ ms-LU: *d'altura.*

⁷⁰³¹ ms: *S'e ll'ha facer.*

46. **O peliqueiro i-a peliqueira iban os dous xuntos prá feira.**⁷⁰³² (mc: Bucíños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

Dios los cría... (ms-LU).

47. **O señor quere cama, non-a quere a madama.** (mc: Mondoñedo-F.V.S.)
48. **Se sal con barba, san Antón, e se non... non.** (ms21,19r: Bermés)
49. **Si tu es Brais, eu son Brais; si tu eres puta, eu son máis.** (ms3)
50. **Tin tin, por barín.** (mc: La Coruña)
51. **Tivemos unha que mexaba na cama i- agora temos outra que mexa e caga.** (mc: F.L.)
52. **Xa ferve o pote e a da verdura inda non veu.** (ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
53. **¿Que ten que ver o cu coas catro témporas?**⁷⁰³³ (mc e ms16: Bucíños)
(es) *¿Qué tiene que ver el culo con las témporas?* (Sbarbi) / *¿Qué va del culo a las cuatro témporas?* (R. Marín)

MUERTE

54. **Come, morto, que berzas che cozo.** (ms10,043v: D.E.)

MUJER

55. **Aí vai a miña muller fiadeira, lucíndose por entre a xesteira.** (ms9,08r: Orense)

NECEDAD

NÚMERO DE LOS NECIOS

56. **¡Cantos burros mantén a fariña!** (ms16: Lugo)
(es) *¡Qué de lobos mantiene la harina!* (Correas)

PLEITOS

57. **Do ceo veña quen nos manteña.** (mc: C.A. / ms: E.C. / ms16: F.B.B.)
Var.: *Do ceo veña que nos manteña.* (mc)
Se pone en boca de los perezosos: del cielo vendrá el pan, sin necesidad de molestarnos. Dicen también los de la curia.

⁷⁰³² ms-LU: *e-a peliqueira.*

⁷⁰³³ ms: *O c. coas.*

Francisco Vázquez Saco

RELIGIOSOS Y MORALES

58. **Ha ter memoria, con tanto tempo sin bautizar.** (ms9,14v: Silvarrey.)
Hay quien los tiene a los recién nacidos mucho tiempo sin bautizar para que tengan memoria.

REY

59. **¡Quen fora rei pra andar a cabalo!**
(ms10,107r: *D.E.*)

2.4.3. Frases proverbiais

AGRÍCOLAS

ANIMALES

1. **Belén, belén, belén, cómeche o zorro e non te ve ninguén.** (mc: Carballedo)
Var.: *Belén, belén, belén; cómete o lobo e non che oye ninguén.* (F.V.S.)
Belén alude a las campanillas o cencerros que lleva el ganado.
2. **Malia a xente de falda marela, que non hai demo que poida con ela.** (ms6,03v: Silvarrey)
Habla el león de las avispas = *xente de falda marela*. Es final de un cuento popular.
3. **¡Animalciño! Inda o día que me fun botou o fuciño por baixo da porta e dixo "¡muuu!".** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Sentimiento desbordante por la muerte del animal.

SANTORAL

4. **O Santiago xa pasou, Nosa Señora vén vindo, galleguiños, vámonos indo.** ⁷⁰³⁴
(ms8,60r: Silvarrey)
Se dice a los gallegos para que vuelvan de la siega.

AHORRO

5. **Dos ovos fritos non saen pitos.** ⁷⁰³⁵ (mc: Buciños / ms16)

⁷⁰³⁴ ms8: *ven vinda*
⁷⁰³⁵ mc: *salen*.

Var.: *Castañas asadas non dan castiñeiros*, (e) *ovos fritos non dan pitos*. (ms15,01: Mato)

6. **Os ovos fritos non dan galiñas.** (mc e ms16: Incio)

CONSEJO OPORTUNO Y CONSEJO TARDÍO

7. **Ca dos escarmentados se fazen máis ardeiros.** ⁷⁰³⁶ (ms: Martín Anes Mariño, cantiga 1155)

DIOS

8. **Esta é a libra e aquela a media, quen con Dios anda, Dios ll'alumea.** ⁷⁰³⁷ (mc e ms16: Buciños / ms5,137: A.N.)
Var.: *Esta é a libra, esta é a media; quen con Dios anda, Dios o alumea.*
(pt) *Quem com Deus anda, Deus o ajuda.* (Chaves)
Fala o lobo. (ms5)

DIVERSIONES

9. **Mozas, cantá e bailá... que eu xa, xa.** ⁷⁰³⁸ (ms16, ms10,044r: D. E.)

DOLORES

10. **Ouza, padre, as miñas coitas, que nin son poucas nin moitas.** (ms21,30v: Bermés)

FAMILIA. PARIENTES

11. **Inda falta eu e a miña mai.** (mc: Buciños)

⁷⁰³⁶ Este refrán aparece inserto na poesía medieval (B1622; V1155 de Afonso Soarez Sarraça). V. Saco atribúea erroneamente a Martín Anes Mariño.

⁷⁰³⁷ ms16: *aquela é a media*.

⁷⁰³⁸ En ms10 s.v. *Moza*.

Francisco Vázquez Saco

Var.: *Inda falto eu e mais miña mai.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

12. **¡Ai!, meu Deus, estes picariños son fillos meus.** (mc: C.A.)

FORTUNA (BUENA O MALA)

13. **Fertuna che de Dios, fillo, que o saber pouco che abunda.** (ms18,28r)

GUERRA

14. **Ao fin e ao cabo o levan a ser soldado.**⁷⁰³⁹ (ms e ms4: C.A.)

HAMBRE. GASTRONOMÍA

15. **Nin morre o pai nin cenamos.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Madre, ni cenamos, ni se muere padre.* (Sbarbi)
16. **Nin a vella morre nin o cura se vai, nin nosoutros comemos os cachelos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

HUÉSPED

17. **Iranse os hóspedes e comeremos o galo.**⁷⁰⁴⁰ (ms10,030r: D.E. / mc: Tuiriz Monforte)
(pt) *Ir-se-ão os hóspedes, comeremos o pato.* (Chaves) (es) *Íránse los huéspedes, y comeremos el gallo a solas.* (Correas)

JURÍDICOS Y SIMILARES

18. **¡Ai!, Dios mío, se a corda non creba ou o nó non desata, eu vou parar á casa do dono da vaca.** (mc: Buciños)
Var.: *Encontrou co dono da vaca.* (ms4: F.V.S.)
19. **Si queres ter un carto, vota a Brea que o estraperlo non está morto.** (ms-SA: seminarista anónimo: Besexos, Vila de Cruces, PO)

LACRAS Y VICIOS SOCIALES

20. **Santa Ádiga margariteira, na taberna me agardeis.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

MEDICINA. HIGIENE

21. **Perdónolle o mal que me fai polo ben que me sabe.** (mc: Sober /ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁷⁰³⁹ Contén a indicación *Guerra* no ms.

⁷⁰⁴⁰ mc: *huéspedes.*

MENTIRA

22. **Mentes, mentes, ovella furricosa, que vai en Pentes.**

Se pone el refrán en boca de la cabra que trataba de encubrir el lugar donde huía el Niño Jesús. La oveja contestó a los judíos que le preguntaban: Belén, Belén. Por eso Dios quitó el habla a la oveja, que no bala cuando la matan. (mc) / Lo dice la cabra tratando de encubrir el sitio a donde iba el Niño Jesús y contestando a la oveja, que al preguntarle los judíos dónde iba el Niño, contestó: Belem, Belem. Por eso, Dios quitó el habla a la oveja que no bala al matarla. (ms11,25 / ms11,28) (mc: Gudiña / ms11,25 / ms11,28)

23. **Meu amo, cando minta, minta a modo, que foi dificil xuntar a pata co ollo.** (ms10,050r: Lugo)

Mentiras de cazadores: procede del cuento que dice que de un tiro le dió el cazador a un conejo en la pata el ojo, y el criado que siempre defendía las mentiras del amo cazador, inventó que el conejo se estaba rascando un ojo.

24. **Neste mundo nada hai verdade nin mentira, depende do cristal con que se mira.**⁷⁰⁴¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

MISCELÁNEA

25. **Adeviña quen che deu.** (ms18,16r)
26. **Adeviña quén che dou.**⁷⁰⁴² (ms18,68v: *Diario de Avisos* de Ricardo Caruncho (1888))
27. **Eu cunha cabezada de palla, o Chiquito a cabalo de min, i-o Mariano chamando, ¡canto rimos!** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)
28. **Furnas de Soón, é de morte o voso rouco son.** (ms: Palas de Rey)
29. **Hast'as sete, tira, Pepe; das sete pra riba, tira, Pepe, tira.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)
30. **Hasta sete, tira, Pepe; de sete pra riba, tira, Pepe, tira.**⁷⁰⁴³ (mc: M.V. / ms21,28v: Bermés / ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

⁷⁰⁴¹ O orixinal di: *N'en este mundo nada hay verdad nin mentira; depende do cristal con que se mira.*

⁷⁰⁴² Tanto esta frase coma a anterior refírense á pasaxe do Evanxelio na que prenden a Xesús. Mt 26, 68.

⁷⁰⁴³ ms-SA: *p'arriba.*

31. **Meus peñños, meus peás, si non forades vós, comíanme os cas.** ⁷⁰⁴⁴ (mc: Santiago / ms8,49r. Silvarrey)

MUERTE

32. **Morto está, que non pernexa.** (ms10,043v: D. E.)

MUJER

33. **Estírate corpo i-alárgate rabo, Dios che me dea mulleres de pouco cuidado.** (ms11,25: Gudiña)
El gato, al levantarse, se estira y después maúlla, diciendo...
34. **Non me toqu'o manto que se me rompe; non son a dama qu'osté lle cómpre.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
No todo es liso y llano. No todo es paja.

NACER

35. **Está por nacer a quen eu hei temer.** (ms10,065r: D. E.)

NIÑEZ

LA TRAVESURA DE LOS NIÑOS

36. **Orate frates, con rapaces non me trates.** (mc: Bucñños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Cuida bien lo que haces: no te fíes de rapaces.* (H. Núñez)
37. **Orate frates, non me trates con rapaces.** (mc e ms16: *Terra de Melide* / mc, ms e ms4: V.R. y A.R.)
Var.: / *Non me trates con rapaces.* (mc)
38. **Orates frates, con rapaces non trates.** (ms-SA: Jesús Tanoira Figueira: Setecoros, Valga, PO)

OFICIOS

39. **Ai, señor, algún día bon cura había, pero agora vaille boa.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
40. **Canta o branco, darll'ó canto, canta o pinto, darll'ó pico, canta o negro, pico quedo.** (ms: G.P.)

41. **Canta o rubio, pico agudo; canta o pinto, darlle ó pico; canta o negro, pico quedo.** ⁷⁰⁴⁵ (mc: G.P.)

La historia de este refrán puede verla el curioso en el *Refranero Gallego* del P. Gumersindo Placer, mercedario.

42. **Quédate con Dios, barqueiro: si todos fan coma min, quédaste sin diñeiro.** (mc: Taboada-F.V.S. / ms15,11: Taboada)

⁷⁰⁴⁵ O P. Gumersindo Placer ofrecía unha explicación para este refrán que nos permitimos incluír para que se entenda mellor o significado do refrán. Di o seguinte "El refrán: *Canta o rubio, pico agudo; canta o pinto darlle ó pico; canta o negro pico quedo*, tiene también una original cuanto curiosa historia. Es nada menos que la historia del acueducto de Segovia.

En ese pueblo de Castilla, vivía una pobre mujer, la cual aunque estaba encinta, debía ir a buscar el agua muy lejos, sufriendo los inconvenientes de su estado. Cierta día que caminaba más lento e iba derramando lágrimas de dolor, topó con un señor que se dolió de ella y le preguntó: Mujer, ¿por qué lloras? Contóle ésta su cuita, y cómo cada día se le dificultaba el camino. Entonces aquel señor, que no era otro que el mismísimo demonio, le dijo: Te evitaré este trabajo, y te llevaré el agua hasta tu casa, si al nacer me entregas lo que salga de tus entrañas.

Desesperada y aterrada la mujer, firmó el contrato y desapareció el demonio.

Aquella misma noche comenzó éste, con un ejército de demonios, lo convenido: la tarea de llevar el agua desde la fuente hasta la casa.

Cuando más atareados estaban, cantó el gallo al alba. Dijo un demonio: Canta o galo.—¿Qué galo?, preguntó el jefe.— O rubio.—Pico agudo, dijo. Y el trabajo medraba y subía como la espuma.

Cantó de nuevo el gallo, y nuevamente dijeron: Canta o galo.—¿Qué galo? —O branco.—Darlle ó canto, respondió el demonio. Y siguieron con el mismo ardor su obra.

Cantó el gallo por tercera vez, cuando ya venía el día.— Canta o galo.— ¿Qué galo?—O negro.—Pico quedo.

Y aquella noche quedó terminado el acueducto de Segovia.

Pero la historia sigue. Arrepentida la mujer de su contrato, fué a un sacerdote y le contó lo que había pactado con el demonio y preguntó cómo haría para no perder lo que de ella naciese. Instruyóla el sacerdote, y ambos convinieron en que bautizarían inmediatamente al nacido. Llegó el día a la mujer, y el demonio vino también, gozoso, a recoger lo que era de él; pero no pudo impedir que, al dar a luz aquella, el sacerdote bautizase al niño, como inmediatamente lo hizo.

Furioso el demonio, al verse así engañado, y más aún por perder su ganancia, salió de allí, con el firme propósito de derribar el acueducto. El sacerdote, que vió sus planes, corrió tras él, y cuando el demonio ponía el hombro a su obra, para derribarla, la bendijo el sacerdote, y así, la conservó hasta hoy". (*El obrero de Nazaret*, nº 17, xuño de 1929). A obra *El obrero de Nazaret* pódese ver publicada en *Cadernos de Fraseoloxía*, 4, 2003.

⁷⁰⁴⁴ mc: *si non foades*.

43. **Si todos che fan como eu, barqueiro, excusas balsa pró diñeiro.**⁷⁰⁴⁶ (mc: Carballedo)

OPORTUNIDAD

44. **Eu d'astronomía non entendo: o mundo déix'o andar com'andaba, i-a fonte déix'a estar com'estaba.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucinos, Carballedo, LU)
Hay que ser oportunos.

APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

45. **A ocasión a pintan calva.** (mc e ms16: C.A.)
(es) *La ocasión la pintan calva.* (R. Marín)

PARTOS

46. **Abril abrilante é o mes que vai diante; maio maiolo é o mes que vai solo; san Xoán, san Xoanás é o mes que nace o rapás.**⁷⁰⁴⁷ (ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro, Muxía, C)

PLEITOS

PELIGROS DE LOS PLEITOS

47. **Acabácheme cos bés e quéresme acabar cos pés.** (mc e ms16: Bucinos)

⁷⁰⁴⁶ Dentro de *Miscelánea* no mecanoescrito orixinal. / ms4: *Se todos, excusas.*

⁷⁰⁴⁷ O orixinal di *En tres meses contar nueve. 1º Abril abrilante e o mes que vai diante (son tres) / 2º Mayo mayolo e o mes que vai solo (son otros tres) / 3º San Xoan S. Xoanas e o mes que nace o rapas (son otros tres).* Esta concatenación de refráns ten orixe nun conto popular no que un cura lle da esta explicación a un home que lle pide explicacións porque a súa muller tivo unha filla ós tres meses de casar. A pasaxe é a seguinte: “–Señor Cura, non hai máis ca tres meses que nos casamos i onte á noite naceu unha rapaza.

–Estáche boa, Xan. Tres meses...! Se xa hai nove que vos casastes. Escuta e verás que son nove: Abril i abrilete i outro que alí se mete, son tres; maio, maiolo i outro que ven logo, seis; San Juan, San Juancio i o mes que naceu o meniño, nove. Tú non veis como teño razón, ho!

Ten, señor, ten –respondeu o Xancio–. É que eu non lle sei botar as contas tan ben coma osté.

I o Xancio foise pra a súa casa conforme e contente cuas contas que lle botara o pai da filla da súa muller, que, coma tamén foi padriño da rapaza, o cura resultou a ser pai, padriño e compadre”. (“O cura i o Xancio” en “Contos de Cregos (Terra de Viana do Bolo)” de Laureano Prieto, *Boletín Auriense*, VIII, 1978, 13-48. p. 20-21.)

PRESUNCIÓN

48. **Non saben o que perden os que non saben de nós.** (mc: M.V. / ms21,27v: Bermés)

QUERER

49. **Non lle quero ben nin mal, mais folgaríame velo na forza espernexas.** (ms10,104r: D. E.)

RELIGIOSOS Y MORALES

50. **Desde a frente á bragueta, pra que o demo non se meta.** (mc: Lugo-F.V.S.)
Se refíere a la manera de hacer la señal de la cruz.
51. **Señor obispo, esta non se pode perder.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

REY

52. **Non quito nin poño rei.** (ms10,108r: D.E.)

RIQUEZA Y DINERO

53. **Arriba, cabalos de Foles, que atrás dos ricos veñen os dos probes.** (mc: Nós)
Quedó en refrán de un jefe carlista que pronunció la frase después de requisar unos caballos en una casa rica de Foles.

TERQUEDAD

54. **Aquí morreu Sansón con tódolos filisteos.**⁷⁰⁴⁸ (ms: C.A.)
(es) *Aquí murió Sansón y cuantos [con] él son.*⁷⁰⁴⁹ (Sbarbi) / *Aquí morirá Sansón con todos los filisteos.* (R. Marín)

TRABAJO

55. **Tibi aras, tibi ocas, pra ti son as mazarocas.**⁷⁰⁵⁰ (mc: M.V.)

ÚLTIMOS

56. **Os derradeiros son ás veces os primeiros.**⁷⁰⁵¹ (ms10,04r: D.E.)

⁷⁰⁴⁸ Contén a indicación *Terquedad*. É unha reelaboración da cita bíblica *E dixó Sansón: –“¡Morra eu cos filisteos”*. (Xuí 16, 30)

⁷⁰⁴⁹ Vázquez Saco escribe *y cuantos él son*.

⁷⁰⁵⁰ Comentamos este refrán no limiar, no apartado 6.7. Diglosia: intervención do castelán ou do latín no refrancero.

⁷⁰⁵¹ É unha reelaboración da cita bíblica *E hai moitos que son os primeiros e serán os últimos; e moitos que son os últimos e serán os primeiros*. (Mt 19, 30)

2.4.4. Fórmulas

Entran aquí aqueles fraseoloxismos que expresan opinións, sentimentos, actitudes, as que pretenden influír no receptor ou simplemente artella-la conversa; os que teñen un uso sempre enfático e os que, en calquera caso, teñen fixación sintáctica e semántica

AGRÍCOLAS

ANIMALES

1. **A carne de burro non é transparente.**⁷⁰⁵² (mc: Santiago, Ramón Pereira Comparado / ms-SA: José Antonio Otero Outes: Santiago de Compostela, C / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO / ms21,19v: Bermés / Manuel Portela Balayo / ms-LU: Jesús Redondo C.: Outeiro de Rei, LU)
Se dice cuando uno se pone a curiosear, estorbando la vista de los demás.
2. **Aínda é peor o can cá rabia.** (ms14,16)
3. **Alá vai o burro tras da nai.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
4. **Alá vai, alá vai, o burro tras da nai.**⁷⁰⁵³ (mc: A.I. / ms15,01: Carré Aldao / M. González Fernández)
Para motejar a los que siguen los consejos de los poco avisados.
5. **Alábate, boi, que a vender te levan.** (mc e ms17,008: C.A.)
Como *Alábate cesto...*
6. **Con unha burra e un rabo xa van dacabalo.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
7. **O burro diante pa que non se espante.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)
8. **Pita será, pero óleme a can.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)

9. **Pitos serán, pero ólenme a can.** (mc: A.N.)
Queda atrás otro equivalente.

10. **Xa está o gato na talega.** (mc: Tuiriz, Monforte)
Cuando se ha logrado un negocio arduo y difícil.
11. **¡Ah! A primeira orneada que o burro dá.** (mc: Otero de Rey)
12. **¡Ei, galleira, ei!, que pró Outeiro imos.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
13. **¡Quen o collera onde o lobo mata a ovella!** (mc: A.S.A)

GENERALES

14. **Aínda ha d'arar por entre as ameixeiras** (ms21,32r: Bermés)
15. **Airiño de Dios veña, pró que non ten, que teña.** (mc: Carballino)
16. **Chufa, carracha, que vas prá sacha.** (ms4: Mondoñedo-F.V.S.)
17. **Dios o arrequeute no forno e nos agros, e día gozo del a vivos e finados.** (mc: Tierra llana)
Preciosa fórmula que usan los campesinos, cuando meten el pan en el horno.

⁷⁰⁵² ms-SA: *transparente*.

⁷⁰⁵³ M. González Fernández: *atrás da nai*.

18. **E despois... en donde non hai vacas, tamén aran os bois.** ⁷⁰⁵⁴ (mc e ms17,054: Fonsagrada-F.V.S.)
19. **Eu xa sabía que eses mollos iban prá miña meda.** (ms4: Pidre-F.V.S.)
Ya sé que esa va por mí.
20. **Non está a ferraña pra gaitas.** (mc: Sarria)
21. **Non está o alcacén pra gaitas.** (mc)
(es) *Duro es el alcacel para zampoñas; duro es ya, o duro está ya.* (Correas)

SANTORAL

22. **San Antón bendito defenda a cabra e o cabrito.** ⁷⁰⁵⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: Arcos de Frades, Pol, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Carballo, LU)

AMOR Y AMISTAD

AMISTAD

23. **Morra o conto e veña un vaso.** ⁷⁰⁵⁶ (mc: Santiago)

CANTIDAD

24. **Eso e nada, todo é nada.** ⁷⁰⁵⁷ (ms10,066r: D. E.)

CASA

25. **A casa é miña i-a porta é túa.** (ms8,29v: Betanzos / ms16: Silvarrey)
26. **A porta é túa i-a casa é miña.** ⁷⁰⁵⁸ (mc: Lugo)
Manera de despedir visitas poco gratas.

CASUALIDADES

27. **Ende falando do ruín en Roma, axiña asoma.** ⁷⁰⁵⁹ (ms10,111r: D. E.)

CAUTELA EN EL HABLAR

28. **Ó revés chas digo pa que mas entendas.** (ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma, Chantada, LU. Convento Las Córneas)

⁷⁰⁵⁴ ms4: *unde non hai*; ms17,054: *onde non*.

⁷⁰⁵⁵ ms-LU (Carballo): *San Antón Bendito, y'o cabrito*.

⁷⁰⁵⁶ Indica *Amistad* no ms.

⁷⁰⁵⁷ En ms10 s.v. *Nada* coa indicación *Cantidad*.

⁷⁰⁵⁸ ms: *y a casa*.

⁷⁰⁵⁹ En ms10 s.v. *Ruin* coa indicación *Casualidades*.

DAR

29. **Ahí mas den todas.** (ms10,001r: D. E.)

DE MAL DECIR

30. **Encima de paus, cornos.** (mc)
31. **Enriba de burro, apaleado.** (mc: Pidre)
32. **Moitas gracias polas flores, que son poucas e podres.** (mc: Pol)
33. **Pra unha vez que matei un can, xa me chaman matakás.** (mc: San Clodio)
34. **Vai co demo, que xa fai unha hora que estou vendendo.** (mc: Buciños)
Cuando la represión se extiende más de lo justo.

DECADENCIA

35. **Xesús, María e José, canto máis vai, pior é.** (ms-SA: José Luís Barreiro Barreiro: Loureiro, Días Igrexas, Forcarei, PO)

DERROCHE

36. **¡Que ben se gasta, cando se tira con pólvora allea!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

DESACIERTO

37. **Eso ocurriulle ó que asou a manteca.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

DESCONFIANZA

38. **A outro can con ese óso.** ⁷⁰⁶⁰ (mc: Buciños / ms16: D. E. / ms15,52r)
Var.: *A outro can co ese óso que este xa está roído.* (ms16: D. E.)
(pt) *A outro cão outro osso.* (Correas) ⁷⁰⁶¹
(es) *A otro perro con ese hueso.* (Sbarbi) / *A otro perro con ese hueso, que éste ya está roído.* (Correas) / *A otro can con ese hueso, que yo roído lo tengo.* (R. Marín)
Rechaza al que propone algo desagradable, o cuenta lo que no es de creer.

DESDÉN Y DESPRECIO

39. **Contos da feira que van pró mercado.** ⁷⁰⁶² (mc: M.V.)

⁷⁰⁶⁰ ms16: *co ese*.

⁷⁰⁶¹ Aínda que V. Saco lle atribúe a Correas este refrán, Correas non o recolle. Pola contra, Chaves si que o rexistra.

⁷⁰⁶² ms3: *pra-o mercado*.

40. **Moita cera cun ruín difunto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 41. **Nese mercado non entro nin sallo.** ⁷⁰⁶³
 (mc: A.N.)
 (es) *No entrar nin salir uno en una casa.*
 (Sb.)

DESENGAÑO

42. **A boa hora cinta no rodo.** (mc: C.A.)
 43. **Tod'o meu gozo metido nun pozo.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

DESORDEN

44. **¡Así anda todo!** (ms16: Lugo)
 (es) *Así anda ello, ¡Cerbello!* (R. Marín)

DESPEDIDAS

45. **A esa outra porta, que esta non se abre.** ⁷⁰⁶⁴ (ms16 e ms10,095r: D.E.)
 (es) *A esotra puerta, que ésa no se abre.*
 46. **Non che digo que te vaías, pero... amaña a roupa.** (mc: Fonsagrada-F.V.S.)
 Var.: *Non che digo que te vaías, pero ahí tes a roupa.* (ms16)
 (pt) *Não te direi que te vás, mas far-te-hei obras para isso.*
 47. **Non che digo que te vistas, pero ahí tes a roupa.** (ms8,29v: Silvarrey)
 48. **¡Vaite ó inferno que é terra quente!**
 (ms16: Lugo)
 (es) *Vete al infierno que es tierra caliente.* (Correas)
 49. **¡Vaite por onde viñeches!** (ms16: D.E.)

DESPRECIO

50. **Dios che dea o que deu ás cabras: na cabeza cornos e no cu cagallas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
 51. **¡Outro que ben baila!** (ms16: D.E.)
 (es) *Otro que bien baila.* (Correas)
 52. **¡Quen falou, que a casa honrou!** (mc / ms16: Sarria)
 (es) *Quien habló que la casa honró.* (R. Marín)

DESPREOCUPACIÓN

53. **Eu, como son baraza de la, tanto me dá.** (ms21,18r: Bermés)
 54. **Tanto me dá así como asá.** (mc e ms16: A.S.A.)

⁷⁰⁶³ ms: *En ese, nin entro / ms4: En ese".*
⁷⁰⁶⁴ En ms10 s.v. *Puerta.*

(ct) *Tant me sin dona bif com baf.*
 (Alberola)

DIABLO

55. **Así paga o demo a quen lle sirve.** ⁷⁰⁶⁵
 (mc: A.S.A.)
 Var.: *Así paga o demo a quen o sirve.* (mc: A.S.A. / ms10,075r: D. E. / ms16: Sarria)
 56. **Así lle paga o demo a quen ben lle sirve.** (mc: C.A.)
 (es) *Así paga el diablo a quien bien lo sirve.* (Sbarbi) / *Así paga el diablo a quien lo sirve.* (R. Marín)
 57. **Así paga o demo a quen sirve.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
 58. **Rompeu o demo unha perna.** (mc e ms16: Fonsagrada-F.V.S. / ms11,50: Comarca de Fonsagrada)
 (es) *¡Puso una pica en Flandes!*
 Equivalente a *poner una pica en Flandes.*

DINERO

59. **¡Corrido te vexas como a moeda!** ⁷⁰⁶⁶
 (ms16, ms10,041r: D.E.)

DIOS

60. **A Dios i-á sorte.** ⁷⁰⁶⁷ (mc, ms e ms16: Buciños.)
 61. **Xa que é Deus que o dou, vaia pola alma de quen-o deixou.** (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)
PODER DE DIOS.
 62. **Dios dirá.** (ms16: D.E.)
 (es) *Dios dirá y Dios hará.* (R. Marín)

DISCULPA

63. **Dispois di que vella foi e non se coceu.** ⁷⁰⁶⁸ (ms: Pidre)
 No vengas con disculpas, no digas que non te avisé a tempo.

DIVERSIONES

64. **Boa vai a danza.** (ms16: D.E.)

DUDAS

65. **Non sei si gomite nin sei si arrote.** (ms10,026v: D.E.)

⁷⁰⁶⁵ ms4: *o sirve.*
⁷⁰⁶⁶ En ms10 s.v. *Moneda.*
⁷⁰⁶⁷ ms: *y a suerte;* mc: *iá suerte.*
⁷⁰⁶⁸ Contén a indicación *Disculpa.*

EDADES

NIÑEZ Y JUVENTUD

66. **¡Quen fora mozo e non fora tolo!** (mc: Orense-F.V.S.)

67. **Moza, o que cho rachou que cho cosa.**⁷⁰⁶⁹ (ms e mc: La Coruña)

EMBARCACIONES

68. **Arma remos e larguemos.** (mc e ms16: S. Loureiro / ms18,62r: Coleic. Renacencia, Santiago Loureiro, *Refraneiro do mar*. Noya.-Imprenta Loroño, 1936)

EMPEORAMIENTO

69. **¡Acabáchela de arreglar!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
70. **¡Xa eramos dous e pariu miña sogra!** (ms5,023)

ENTENDER

71. **Ben se entende o que falo anque me fago parvo.** (ms10,012v: D. E.)

ENTIERRO

72. **Engrole, engrole, enterremos este morto que é probe.** (ms10,012v: D. E.)
73. **Gori, gori, enterremos a este probe e, se non ten diñeirom, enterrémolo no palleiro.** (ms10,012v: D. E.)

ESCARMIENTO

74. **A bon sitio fuches poñer o palleiro.** (mc: Tuiriz, Monforte)
75. **Agora xa foi, asubíalle ás botas.** (mc: Tuiriz, Monforte)
76. **Agora xa foi, Marica non chores.** (mc: Sarria / mc: La Coruña)
Var.: *Agora xa foi, tiralles das botas.* (Tuiriz)
77. **Desta saqueime pero noutra no me meto.** (ms-SA: José M. Gulías Rivas: Forcarei, PO)
78. **Mírate nese espello.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Mírate en ese espejo.* (Sbarbi)
Sírivate de exemplo y escarmiento.
79. **Se de esta escapo, non volverá outra.** (ms16: Lugo)
80. **¡Dios queira que te vexas como páxaro en maus de cativos!** (ms: G.P.)

⁷⁰⁶⁹ mc: o que cho rechou.

ESTORBOS

81. **Eramos poucos e pariu a avoa.**⁷⁰⁷⁰
(ms16 / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *Eramos pocos y parió abuela.* (R. Marín)
82. **Non cabiamos á beira do fogo e entrou noso sogro.** (ms16: D. E.)
(es) *No cabiamos al fuego y vino mi suegro.* (H. Núñez)
83. **¡Xa eramos dous e pariu miña sogra!**⁷⁰⁷¹ (ms5,023)

EXCESOS

84. **Nin tanto nin tan calvo.** (ms16: Lugo)
(es) *Ni tanto, ni tan calvo.* (R. Marín)
85. **Nin tanto nin tan pouco.** (ms16: Lugo)
(es) *Ni tanto ni tan poco.* (Z.)

FIESTAS Y ROMERÍAS

86. **Arriba, puchas, que ahí veñen as san Lucas.**⁷⁰⁷² (ms4 e mc: C.G. / ms21,04v: Bermés)
Son las fiestas tradicionales de Mondoñedo.
87. **Anda, María, que hoxe non é a festa do outro día.** (mc: Miraz)
88. **Ímola andando, que a festa vai boa.** (mc: L.G. / mc: G.P. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, 2ª ed., 1911)

HABLAR MUCHO Y HABLAR POCO

89. **Falou o boi e dixo mu.**⁷⁰⁷³ (mc: Bucínos / ms10,017r: D. E.)
(pt) *Falou o boi e disse "béu".* (Chaves) (es) *Habló el buey, y dijo mu.* (Correas)

HAMBRE. GASTRONOMÍA

90. **Ábreseme a boca por unha sopa.** (ms8,60v: Trives)
91. **Acabouse o sal do cacifo.**⁷⁰⁷⁴ (mc: Bucínos.)
92. **Alegría, alegríote, que vai o rabo do porco no pote.** (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
93. **Tanto me dá touciño como soá.** (ms-LU: seminarista anónimo: Pol, LU)

⁷⁰⁷⁰ ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo: *pario a abuela* / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo: *pareu a aboa.*

⁷⁰⁷¹ *¡Xa eramos dous e paiu miña sogra!*

⁷⁰⁷² mc: *veñan*; ms21,04v: *c'ahí.*

⁷⁰⁷³ En ms10 s.v. *Hablar.*

⁷⁰⁷⁴ ms: *Acabous'o.*

INDEPENDENCIA

94. **Vaite pra onde non haxa máis chocolateira cá túa.** (mc: Palas-F.V.S.)

JURÍDICOS Y SIMILARES

95. **Aquiles polvos tran istes lodos.** (mc: Tuiriz, Monforte)
(es) *Aquellos polvos traen estos lodos.* (R. Marín)
96. **Daqueles polvos vén esta lama.** (mc: C.A.)
(es) *De aquellos polvos vienen estos lodos o se hicieron estos lodos.* (Correas)

LACRAS Y VICIOS SOCIALES

97. **Moito ruído e poucas nocés.** ⁷⁰⁷⁵ (mc: J.P.)
Var.: *É máis o ruído que as nocés.* (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
(es) *Ser más el ruido que las nueces.* (Sbarbi)

MAÑANA

98. **Mañán será outro día.** (ms10,037v: D.E.)

MAÑA

99. **Son as mañas d'alimañas.** (ms6,02v: R. Caruncho *Diario de Avisos de La Coruña*)

MATRIMONIO

100. **San Antoniño, dáme un homiño, anque non sea máis que como un grau de millo.** (mc)

MENTIRA

101. **Ou o can mente ou vén xente.** (mc: M.L.)
Porque *cando o can ladra, sinal de xente.*
102. **Outra máis, señor san Brais.** (ms8,18r: Silvarrey)
Mentiras.
103. **Pergúntalle a Mateu qu' é tan bo como eu.** ⁷⁰⁷⁶ (mc: A.S.A. / ms10,090r: D.E.)
104. **Pergúntalle a Mateu que mente como eu.** ⁷⁰⁷⁷ (mc: F.L. / ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
105. **Pergúntalle a Mateu, que minto máis ca eu.** (ms-LU: seminarista anónimo: Bucioños, Carballedo, LU)

⁷⁰⁷⁵ mc: *Muito*. Jacinto del Prado rexistra o refrán coa forma *Moito*.

⁷⁰⁷⁶ ms10: *Pergúntallo, que é.* / En ms10 s.v. *Preguntar*.

⁷⁰⁷⁷ ms4 e ms-SA: *Preguntalle*.

106. **Santa Lilaina pariu por un dedo; certo será pero eu non-o creo.** ⁷⁰⁷⁸ (mc / ms4: F.V.S.)
107. **Si correras como mentes, estabas en Villedacentes.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
108. **Tu cala a boca e non digas nada, que as túas verdades son parentes das miñas mentiras.** (ms15,43: Valle del Mao)

MIEDO

109. **¿Quen dixo medo estando tan cerca As Areiras?** ⁷⁰⁷⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: Lugo, LU)
110. **¿Quen dixo medo habendo hospital?** (mc: Bucioños)
111. **¿Quen dixo medo sendo de día?** ⁷⁰⁸⁰ (mc: L.G. / ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega*, 2ª edición, 1911)
(es) *¿Quién dijo miedo!* (Sbarbi)

MISCELÁNEA

112. **Ai, ho, é o camiño da misa.** (ms5,056: Silvarrey)
Lo dicen al que va a arar para que lo haga derecho.
113. **Arde o eixo** (ms11,70: G.P.)
114. **Asuvial'os cascós** (ms21,32r: Bermés)
115. **Ben deita que noite viu** (ms12,91)
Var.: *Ben deitache que noite viu.*
Buena suerte tuviste.
116. **Ben deitache que noite viu** (ms12,91)
Var.: *Ben deita que noite viu.*
Buena suerte tuviste.
117. **Bendición do gato morón.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
118. **Boa xente leva o carro** (ms11,73: G.P.)
119. **Canto te quero, cara de demo.** (ms18,26r)
120. **De mellor palla fixen eu esterco.** ⁷⁰⁸¹ (ms4: M.L. / ms10,077r: D. E.)
121. **Eres tan grande coma cereixal dos morodos** (ms12,79)
Se les dice a los niños irónicamente, se refiere al tallo de las fresas.
122. **Esa é fariña doutro saco.** ⁷⁰⁸² (mc)
(es) *Eso es harina de otro costal.*

⁷⁰⁷⁸ ms4: *Santa Lilania*.

⁷⁰⁷⁹ Areiras: zona do cemiterio de Lugo.

⁷⁰⁸⁰ ms: *Quien*

⁷⁰⁸¹ ms10: *millor palla*.

⁷⁰⁸² mc: *de outro*.

123. **Ese graú non cho mo moleu o teu muíño** (ms11,67: Mondoñedo)
 Cuando se oye una cosa superior a la cultura del que la dice.
124. **¡Ese graú non cho moeu o teu muíño.** (mc: Mondoñedo)
 Se dice cuando se oye una idea superior a la cultura de quien la expone.
125. **Fálase do rei en Roma e rosona.** (ms-SA: Manuel Barreiro Somoza: Santa Mariña de Ribela, A Estrada, PO)
126. **Escapa, mosquito, qu'eu non cho prohíbo.**⁷⁰⁸³ (ms21,13v: Bermés)
127. **Escapa, mosquito, qu'eu non cho quito.**⁷⁰⁸⁴ (ms21,13v: Bermés)
128. **Gracias a Dios qu'o can pillou unha mosca.** (ms18,53r: *Vida Gallega*)
129. **Madia levaba eu a chamarlle ó fouciño cousa torta.** (mc: Pidre)
130. **Mal o vin, logo o conócín.** (mc: A.N. (2ª serie).)
Mal o vin, es modismo de la montaña mindoniense, por *apenas lo vi*.
131. **Marcha can prá horta ¿ou renxe a porta?** (mc: Buciños)
132. **Miña cousiña nova, tres días no peneiríño** (ms21,32r: Bermés)
133. **Moita palla e pouco gran** (ms15,52r)
134. **Moito ollo, que a vista engaña** (ms15,52r)
135. **Nada entre dous pratos** (ms15,52r)
136. **Non é esa a nai do año.**⁷⁰⁸⁵ (mc: A.N.)
 Var.: *Non é esa a nai da aña.*
 (es) *No es esa la madre del cordero.*
137. **Non está o forno pra bolos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
138. **Non sei se chegará a burra ó pesebre** (ms21,32r: Bermés)
139. **Non vai por ahí a auga ó río.**⁷⁰⁸⁶ (mc: A.S.A.)
140. **Non xuntas papas con berzas** (ms21,32r: Bermés)
141. **O tabaque chámase Alberte: o que o queira fumar que o merque.** (mc: Parga)
142. **Obligado te vexas pra que o creas.** (mc: Tuiriz, Monforte)
143. **P'o burro que é, ben chegha a albarda.**⁷⁰⁸⁷ (ms-LU: José Ballesteros Alonso)
144. **Pedrica, pero non batas no púlpito.** (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
145. **Puxa que eu xemo.** (ms8,26r: La Cañiza)
146. **Salta, cego, que hai un rego.** (ms8,11v: Silvarrey)
 Para recomendar cuidado.
147. **Salta, Pedro, do valado, que está Xan doutro lado.** (mc: Tuiriz, Monforte)
148. **Salta, que é rego, sapo.** (ms8,11v: La Cañiza)
149. **Sálvate, lume de san Xoán, pra que non te morda cadela nin can.**⁷⁰⁸⁸ (mc: R. Caruncho, *Diario de Avisos* / ms11,24: San Andrés de la Somoza)
 Lo dicen en San Andrés de la Somoza, la noche de San Juan, al saltar por encima de la hoguera.
150. **San Silvestre, meiga fóra.** (ms21,09v: Bermés)
151. **San Silvestre, meigas fóra.** (mc / ms4: F.V.S.)
 Var.: *San Silvestre tolla as meigas.* (Castroverde-F.V.S.)
 (ct) *en Silvestre, pòrta les bruixes del cabestre.* (Alberola)
 Para conjurar a las brujas. Hay especialmente dos días propicios: la víspera de San Juan y el último de año; a este se refiere el refrán.
152. **Seica me queres comer a broa...**⁷⁰⁸⁹ (mc: A.S.A.)
153. **Ta boa a navalla que non corta o queixo.** (mc: Buciños / ms11,24)
 Var.: *Estáche boa a navalla.* (mc e ms11,68: Tuiriz, Monforte)
154. **Tanto lume, pra comer frío.** (mc: Miraz)
155. **Tapa a gacha e non digas nada.** (mc: La Coruña)
156. **Ti puxa, que eu remexerei.** (mc: Buciños)
 Var.: *Ti puxa qu'eu xemerei.* (ms4: F.V.S.)
157. **Toma desas que son camoesas.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
158. **Tómame ó lombo e pousame a gusto.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
159. **Unha fala, dúas falas, adiós meu quiridiño.** (ms-LU: seminarista anónimo: Telleira, Canduas, Cabana de Bergantiños, C)

⁷⁰⁸³ O orixinal di: *Escapa, mosquito, qu'eu non cho quito.* (*prohibo*).

⁷⁰⁸⁴ O orixinal di: *Escapa, mosquito, qu'eu non cho quito.* (*prohibo*).

⁷⁰⁸⁵ ms: *Non che é.*

⁷⁰⁸⁶ ms4: *pr'o río.*

⁷⁰⁸⁷ O orixinal di: *Po burro que he ben cheja a alvarda.*

⁷⁰⁸⁸ ms11,24: *che morda.*

⁷⁰⁸⁹ mc: *comer a broa.*

160. **Vaite por ti, pero vaite lexos.** (ms21,11v: Bermés)
 161. **Viva a vella e coza o forno.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
 162. **Viva Dios e coza o forno.** (ms4: F.V.S.)
 163. **Xa non é pra limpo que é pra amasar.** (ms8,16r: Silvarrey)
 164. **¡Ben che como eu co que ten outro!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 165. **¡Bo puñado son tres moscas!** (ms5,009: Pereda Álvarez)
 Se dice cuando se pondera una dádiva mezquina.
 166. **¡Calquera contenta a xente!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo) (mc: Buciños)
 167. **¿Il é lería ou renxe a porta?** (mc: Buciños.)

MÚSICA. DANZA

168. **A gaita é pró gaiteiro e o tamboril pró tamborileiro.** ⁷⁰⁹⁰ (mc: Buciños / ms4: F.V.S.)
 169. **En boa mau está o pandeiro.** (mc)
 (pt) *Em boa mão jaz o pandeiro* (Chaves)
 (es) *En buenas manos está el pandero.* (R. Marín) / *¡En buenas manos está el pandero, para que no suene!* (Id.) (ct) *En bones mans està el pandero (que el sabran ben repicar).* (Ricart)
 170. **En boas maos che está o pandeiro.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 171. **En boas maos está a pandeireta.** ⁷⁰⁹¹ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
 Var.: *En boas maos está o pandeiro.* (mc / ms10,081r: D.E.) ⁷⁰⁹²
 (pt) *Em boa mão jaz o pandeiro* (Chaves)
 (es) *¡En buenas manos anda el pandero!* (Ricart) / *En buenas manos está el pandero.* (R. Marín) / *En buenas manos está el pandero, para que no suene.* (Id.) (ct) *En bones mans està el pandero.* (Ricart) / *En bones mans està el pandero, que el sabran repicar.* (Id.)
 172. **Non é tal nin farrapo de gaita.** (mc: R. Caruncho *Diario de Avisos*)

⁷⁰⁹⁰ V. *A misa, que a diga o crego en Oficios*. En realidade é un refrán, pero funciona como fórmula. É o caso de moitas outras unidades fraseolóxicas, que formalmente entran dentro dunha categoría pero o uso habitual é como unidades doutra.

⁷⁰⁹¹ ms4: *maus*.

⁷⁰⁹² ms10: *boas mans*. En ms10 s.v. *Pandero*.

173. **Ti pensas que o birimbau é gaita.** ⁷⁰⁹³ (mc: Buciños)

NEGATIVAS

174. **A outra porta que esta está pechada.** (ms16: Lugo)
 (es) *A otra puerta, que esta no está abierta.* (R. Marín)
 175. **A outro can con ese óso, que este xa está roído.** ⁷⁰⁹⁴ (ms10,073r: D.E.)
 176. **Busca outro trobo que neste non enxamias.** (ms15,13.)
 177. **Non está o forno pra bolos.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
 178. **Non vas no meu carro á misa.** (ms-LU: seminarista anónimo: Melide, C)

NIEVE

179. **Neva, neva na casa da Madalena.** ⁷⁰⁹⁵ (mc / ms11,25: Gudiña)
 Lo dicen los chicos cuando nieva.

NIÑEZ

180. **Anxeliños ó ceo.** (mc e ms16: G.P.)
 Cuando se muere algún niño de corta edad.
 181. **Canto máis choras, máis alargas.** (mc e ms16: Buciños / ms4: F.V.S.)
 Dicho de las madres a sus hijos cuando lloran.

DESARROLLO Y SALUD EN LA NIÑEZ

182. **Chora, chora, que o embigo telo atado.** (ms16: Sober)
 183. **Chora, chora, que tamén alargas.** (ms4: F.V.S.)
 184. **Déixao chorar: canto máis chora, menos ten que mexar.** (mc e ms16: G.P.)
 (es) *Niño que llora, de mear se ahorra.* (R. Marín)

LA CHARLATANERÍA DE LOS NIÑOS

185. **Os nenos falan cando mexan as galiñas.** (ms16: Lugo)
 (es) *Los niños hablan cuando las gallinas mean.* (R. Marín)

⁷⁰⁹³ ms: *c'o*.

⁷⁰⁹⁴ En ms10 s.v. *Hueso* coa indicación *Desconfianza*.

⁷⁰⁹⁵ Sen clasificar no orixinal.

LA TRAVESURA DE LOS NIÑOS

186. **¡Ai, meu neno, quen te fixo andar de pé!** (mc: Velle / ms16: *Terra de Melide*)

OBEDIENCIA

187. **Farei o que me mandes e o que non me mandes.** ⁷⁰⁹⁶ (ms16 e ms10,016r: *D.E.*)

OFENSAS

188. **As cousas tómanse como de quen veñen.** (mc: Buciños)
Var.: *As cousas hanse tomar coma de quen veñen.* (ms16: *D.E.*)
(es) *Las cosas han de tomarse como de quien vienen.* (R. Marín)
189. **Nunca can me mordeu que non adoecese.** (ms16: Vivero)
Se dice cuando una persona piensa cobrar con creces una ofensa.

OFICIOS

190. **A misa, que a diga o crego.** ⁷⁰⁹⁷ (mc: C.A.)
(es) *La misa, dígala el cura.* (R. Marín) (ct)
La missa que la diga el retor. (Alberola)
Manera de reprender a aquellos que se meten en oficios que no son de su profesión.
191. **A misa, que a diga o cura.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
192. **Arrieiros somos e no camiño da feira nos atoparemos.** (mc: C.A.)
(pt) *Arrieiros somos, na estrada andemos e algum dia nos encontraremos.* (Chaves)
(es) *Arrieiros somos, y en el camino nos encontraremos.* (Sbarbi) / *Harrieros somos, y nos toparemos solos.* (Correas) / *Harrieros somos: encontrarnos hemos.* (R. Marín)
Amenaza de represalia por parte de aquel que no recibe el favor o justicia que merece.
193. **Somos arrieiros e no camiño nos atoparemos.** (mc: R. Caruncho)
Véase *Arrieiros somos...*
194. **¡Bon medo lle teñen os obispos aos curas!** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
Var.: *¡Tenlle bo medo o obispo ós cregos!* (ms4: Buciños-F.V.S.)

⁷⁰⁹⁶ En ms10 s.v. *Hacer*.

⁷⁰⁹⁷ V. *A gaita é pró gaiteiro e o tamboril pró tamborileiro* en *Música. Danza*.

OJOS

195. **Abride os ollos que asan carne.** (ms10,072r: *D.E.*)
196. **Olo ó lume, que asan carne.** (ms10,072r: *D.E.*)
197. **Olo que o Cristo é de prata.** (ms10,072r: *D.E.*)

OPORTUNIDAD

APROVECHAR LA OPORTUNIDAD

198. **Xa que arden os cangos, quentémonos a eles.** (ms-LU: seminarista anónimo: Buciños, Carballedo, LU)

PANADEROS

199. **Leve do meu, que volve ó seu.** (ms10,049r: Cea)
Se refiere al pan, de exquisita calidad, y se pone en labios de la panadera, a manera de reclamo.

PASADO

200. **O pasado non acorda.** (mc: Buciños / ms16)
Var.: *O pasado non é acordado.* (Buciños / ms16: Lugo)
(es) *Lo pasado, pasado.* (R. Marín)
No acordarse de los motivos de enojo o queja como si no los hubiera habido.
201. **O pasado, pasado.** (ms16: Lugo)
202. **O que pasou pasou.** (ms16: Lugo)

PASCUA

203. **Aleluias, que son Pascuas.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

PECADO

204. **Non me fagas pecar, que veño de me confesar.** (ms10,085r: *D. E.*)

PELIGROS

205. **A fuxir, que azoutan.** (ms16: *D.E.*)
206. **¡Hai moros na costa!** (ms21,32r: Bermés)
Frase que dicen cuando acecha algún peligro.

PENAS Y DOLORES

207. **Tamén son as penas duras e mais ablandan.** (ms4)

PEREZA

208. **Para ser marqués quedoulle a capa corta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

PERAS

209. **Esa pera rabo leva.** (ms10,089r: D.E.)

PERDÓN

210. **Dios che faga ben e a min tamén.** ⁷⁰⁹⁸
(ms16 e ms10,007v: D.E.)
(es) *Dios le haga bien, y a mí también.* (Correas)
211. **Perdone, que a falta foi súa.** (ms8,56r: Meda)

PEREZA

212. **Facer que facemos e non nos movemos.** (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16: C.A.)
(pt) *Faz que faz, mas não faz, como o Tomás.* (Chaves)

PEROGRULLADAS

213. **Vaislle ensinar a facer fillos a [teu] pai.** ⁷⁰⁹⁹ (ms-LU: seminarista anónimo: Pantón, LU)
214. **¡Dille ó mar que non bata nas penas!**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

PERROS

215. **¡Bótalle un can no rastro!** (mc: Pidre)
216. **¡Can da rabia! San Soutelo e san Quintín estean da parte de min.** ⁷¹⁰⁰
(ms21,19r: Bermés)
217. **¡Can de rabia! San Quintín, san Toutelo t'aparte de min.** (ms-SA: seminarista anónimo: Terras do Deza, PO)

POBREZA

218. **¡Ai como chove na casa do probe!** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)

POSIBILIDAD

219. **De menos lle fixo Dios o rabo ás cereixas.** (ms16: Verín)
Todo cabe en lo posible.

⁷⁰⁹⁸ En ms10 s.v. *Dios*.

⁷⁰⁹⁹ O orixinal di: *Baislle ensinar a facer fillos a pai*

⁷¹⁰⁰ Tanto neste refrán coma no seguinte, as formas *San Soutelo* e *San Toutelo* corresponden a Santo Eutelo. *Eutelo* é a forma galega do nome latino *Eleutherius*.

PRECAUCIÓN

220. **Abre os ollos, que asan carne.** (ms16: D.E.)
(es) *Ojo alerta que asan carne.* (Correas)
221. **Ollos de gorrión, non chas como untadas, non.** (mc: Bucínos)
Sospecha de espionaje.

PRECIPITACIÓN

222. **¡Que lugar tan santo!: antes de pedir, xa dan.** (ms8,74v: Meda)

PRINCIPIO

223. **Por algo se empeza.** (ms16: Enc.)
(es) *Por algo se empieza.* (R. Marín)

PRISA

224. **Curri, curri, xa pararás.** (mc e ms16: Tuiriz, Monforte)

RECTIFICACIÓN

225. **Se fora o acordo com'o trasacordo...** ⁷¹⁰¹ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

RELIGIOSOS Y MORALES

226. **Dios nos colla confesados.** (mc: A.C. *A Nosa Terra*)
(ct) *Deu nos pille confessats.* (Alberola)
227. **As oracións do burro non chegan ó ceo.** ⁷¹⁰² (mc: José Rodríguez Calvo, Santiago: Rebón, Moraña, PO)
Se dice al que pide males con imprecaciones y maldiciones contra el prójimo.
228. **Palabras de burro non chegan ó ceo.** (mc: Bucínos)
229. **Vai o pan no forno, vaia a gracia de Dios polo mundo todo; Dio-lo aumente nos agros e o baixe nos mercados, co poder de Dios e da Virgen María, un padrenuestro i-o avemaría.** ⁷¹⁰³ (ms-LU: seminarista anónimo: San Xoán do Corgo, LU)

⁷¹⁰¹ V. *Nunca hai acordo como o trasacordo en Rectificación.*

⁷¹⁰² V. *Oracións de burro non chegan ó ceo en Agrícolas (Animales).*

⁷¹⁰³ O orixinal di: *Vay o pan no forno, vaya a gracia de Dios po lo mundo todo, Dio lo aumente nos agros, eo vaixe nos mercados, co poder de Dios e da Virgen M^a un padrenuestro yo a avemaría.*

Francisco Vázquez Saco

SAN ANTONIO

230. **lMeu san Antonio casamenteiro,
rógoche un mozo garrido e solteiro.**
(ms10,114r: *D. E.*)

231. **San Antonio bendito me valla, pra
darme un home anque sea de palla.**
(ms10,114r: *D. E.*)

SER

232. **¡Ai, Señor!, por quen ti eres, que non
se acaben as mulleres.** (ms10,119r: *D. E.*)

SORBER

233. **Solbe, Pedriño, que inda nunca
solbiches millor caldiño.** (ms10,123r: *D.E.*)

SORPRESA

234. **¡Demo, non digas!** (ms4: *C.A. A Nosa Terra*)

SUPERFLUO

235. **Morra o conto, que o conto non
enche.** ⁷¹⁰⁴ (ms6,01v)

TRABAJO

236. **Anda, burro animal, que non estamos
no tempo do Carnaval.** (ms-LU: Guillermo Pino
[sic] O [?] e José M[?]: Santa María Maior de
Mondoñedo, LU / ms-LU: seminarista anónimo: Terra
Cha, LU)

237. **Has dormir sin te arrolar.** (ms: Pidre)
Has de dormir por el cansancio.

238. **Os teus labores son plata.** (ms8,23v:
Silvarrey.)
Se dice satíricamente al que los hace mal.

⁷¹⁰⁴ Indica *Superfluo*.

2.4.5. Locucións

Entran aquí aqueles fraseoloxismos que encontramos formulados en infinitivo ou nalgúnhas das súas formas persoais posibles, é dicir, os que precisan algún elemento para sabermos quen fala, de quen se fala ou a quen se aplican, é dicir, para teren autonomía sintáctica e semántica.

Pero non entran os fraseoloxismos que están sintacticamente fixados en tódolos seus elementos e constitúen a expresión completa dun sentimento, opinión, actitude, que pretenden influír no receptor ou simplemente artella-la conversa, ou os que teñen sempre un uso enfático, porque eses agrupámoslos no capítulo de Fórmulas.

AGRÍCOLAS

ANIMALES

1. **Atar os cas con longanizas.** ⁷¹⁰⁵ (mc: A.S.A. / ms11,72: G.P. / ms10,033v: D. E.)
2. **Bébeas coma o cuco** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
3. **Dar os fíos á tea.** (mc e ms4: M.V. / ms4: F.V.S. / ms16: M.L. / ms21,25r: Bermés)
Sonear, es aquí dormir, y *dar os fíos a tea*, significa morir. *Quen se laia e non come nin sonea, logo dá os fíos á tea.*
4. **Está como boi no monte** (mc: Tuiriz)
5. **É máis probe que as arañas.** (mc: Tuiriz)
Comparación común a outras paremioloxías.
6. **Fai como o caracol: canto ten lévaio ó sol.** (mc: Santiago)
7. **Non vales as orellas dun can cheas de auga.** (ms-LU: Xestoso, Monfero, C)
8. **Querer coa mau allea quita-la cobra da silveira.** ⁷¹⁰⁶ (ms e ms4: F.V.S.)

⁷¹⁰⁵ ms11,72: G.P.: *con longaniza*. En ms10 s.v. *Longaniza*.

⁷¹⁰⁶ O orixinal di: *Querer co a mau allea quita-la cobra d'a silveira*. ms4: *Queres*

Var.: *Queres sacar a cobra do burato coa mau allea*. (ms4: A.S.A.)

9. **Son lobos dunha mesma camada: se algún non esfolo, é que mata.** ⁷¹⁰⁷ (mc e ms4: M.L. / ms10,033v: D. E.)
10. **Sonche lobos dunha mesma camada.** (mc: A.S.A.)
(es) *Ser lobos de una misma cosa*. (Sb.)
Aplicase, generalmente en mala parte, a los que tienen los mismos intereses e inclinaciones.
11. **Tes máis lingua qu'onha vaca rabo.** (ms-LU: Xestoso, Monfero, C)
12. **Vai como o can, co rabo entre as pernas.** (ms-SA: Francisco Canosa Quintáns)
13. **Vólvense as bestas ós arrieiros.** (mc: Bucínos)
Contra los que se vuelven contra los superiores.

GENERALES

14. **Apañá-la cinza pra apedra-la fariña.** ⁷¹⁰⁸ (mc: M.L.)

⁷¹⁰⁷ ms4 e ms10: *d'unha camada*. En ms10 s.v. *Lobos*.

⁷¹⁰⁸ O orixinal di: *Apañal-a cinza pra apedral-a fariña*.

(pt) *Apanhador de cinza, derramador de farelos.* (Chaves) / *Aproveitador de farelos, desperdiçador de farinha.* (Id.)(es) *Allegadora de la ceniza, y derramadora de la harina.* (Sbarbi) / *Esparcidor de harina, y recogedor de ceniza.* (Id.)
Moteja a la persona muy cuidadosa de lo que no tiene importancia, y despreciadora de lo que tiene valor.

15. **Revira-lo mes** (mc e ms11,15: Monterroso-F.V.S.)
Onde abra-se o sol xa sabedes o que rezan os refráns. Polo demais, ándase preparando un vento de abaixo que fará revirar o mes.
16. **¡Saca (unha) porreta!** (mc e ms11,15: Monterroso-F.V.S.)
La nieve de marzo, traerá buena cosecha de granos. *Porreta* falta en nuestros diccionarios, y designa la parte superior de la caña del centeno, con la espiga. Es vulgar entre los niños la frase de *saca porreta* para hacer gaitas. (mc) / *Porreta* falta en nuestros diccionarios y designa la parte superior de la planta, desde el último nudo de la caña, con la espiga. *Saca unha porreta* dicen los chicos para hacer gaitas; y asen la planta por la espiga, y de un tirón sale la caña desde el último nudo. Indica el refrán que la nieve de marzo traerá buena cosecha. (ms11,15). *Marzo marzán, cara de can, folepa de neve, porreta de pan.*
17. **Sementar na culler pra coller na garfela.** ⁷¹⁰⁹ (mc e ms: Carballedo)
Var.: *Sementar na culler pra apañar na garfela.* (ms4: F.V.S.)

CASA

18. **Medra como a correa no lume.** (mc)
19. **Ten a sartén polo mango.** (mc: Bucínos)
(es) *Tener la sartén por el mango.* (Sb.)

CAZA

20. **Gastar pólvora fina en gorriós.** ⁷¹¹⁰ (mc)
21. **Matar dous pombos dun tiro** (mc / ms11,69)
(es) *Matar dos pájaros de un tiro.* (Sbarbi) /
(ct) *Matar d'un tir o pedra dos pardals.* (Alberola)

⁷¹⁰⁹ ms: *apañar na garfela.*

⁷¹¹⁰ mc: *gorrios.*

CLARIDAD. FRANQUEZA

22. **Tes a gracia no cu com'as avespas.**
(ms11,55.)

CONFIANZA

DESCONFIANZA

23. **É bon pero eu non vou no seu carro á misa.** ⁷¹¹¹ (ms)

CONSEJO OPORTUNO Y CONSEJO TARDÍO

24. **Acordarse de santa Bárbara cando trona.** (ms21,20v: Bermés)
25. **Acórdase de santa Bárbara cando trona.** ⁷¹¹² (mc)

CONSTANCIA E INCONSTANCIA

26. **Eres como a veleta.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
27. **Ir cos da feira e volver cos do mercado.** (ms-LU: seminarista anónimo: Carballedo, LU)

CONTRATOS

28. **Vai cos da feira e vén cos do mercado.** ⁷¹¹³ (ms: M.V.)

DAR

29. **Danlle un dedo e colle unha man.**
(ms10,001r: D. E.)
30. **Dar couces contra o aguillón.**
(ms10,001r: D. E.)
31. **Dar un ollo porque ó enemigo lle saquen outro.** (ms10,001v: D. E.)

DAR Y RECIBIR

32. **Non dá millo ós paxaros.** (mc: A.S.A.)
33. **Non dar millo ós páxaros.** (ms18,55r: *Vida Gallega*)

DE MAL DECIR

34. **Bon será, mais no meu carro non entra.** (mc)

⁷¹¹¹ Dentro do sobre *Confianza* coa indicación *Desconfianza.*

⁷¹¹² V. *Hai quen solo se acorda de Santa Bárbara cando trona* en *Devoción.*

⁷¹¹³ V. *O que vai cos da feira e volve cos do mercado, non merece bon pago* en *Religiosos y morales.*

35. **Como o pexegueiro: florear e florear e non dar.** (mc / ms4: F.V.S.)
36. **É como botar toxo no lume.** (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
(es) *Echar leña al fuego.*
37. **É falso como as castañas no lume.** (mc: Tuiriz)
38. **É máis desgraciado có barro de facer orinales.** (mc: Tuiriz)
39. **Eres pior c'un piollo pegadizo.** (mc: Tuiriz)
(es) *Parece un piojo pegadizo.* (Sb.)
40. **Está como o rei nunha cesta i-a cesta polo río abaixo.** ⁷¹¹⁴ (mc / ms4: F.V.S.)
Var.: *Como o rei nunha cesta e a cesta polo río abaixo.* ⁷¹¹⁵ (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar do norte da provincia de Lugo)
41. **Estáche como a canga á porca.** (mc: Tuiriz)
42. **Estou máis farto de ti que o lobo de comer ovella.** (mc: Tuiriz)
43. **Non vai no meu carro á misa** (ms-LU: Álvaro Rábade: Saavedra, Begonte, LU)
44. **Ten a gracia no fol da liñaza.** (mc: A.S.A.)
45. **Vai com'o rei nunha cesta polo río abaixo.** ⁷¹¹⁶ (mc: Pidre / ms11,24.)

DECADENCIA

46. **De cabalo regalado a cabalo barrufeiro.** (ms16: *D. E.*)
Dícese del que pasa de la prosperidad a la desgracia.
47. **Ir de ben en mal.** (ms16: *D. E.*)
(es) *Ir de bien en mal.* (Z.)
48. **Ir romeira e volver rameira.** (ms10,031v: *D. E.*)

DEFENSA

49. **Agarrarse a un cravo ardendo.** (ms16: *D. E.*)
(es) *A un clavo ardiendo se agarra el que se está hundiendo.* (R. Marín)

DELGADEZ

50. **É coma o tordo: a cara fraca e o cu gordo.** (ms16: Sta. Eulalia de Bóveda)

⁷¹¹⁴ O orixinal di: *Esta como o rey n'unha cesta y-a cesta pol-o río abaixo.*

⁷¹¹⁵ O orixinal di: *Como o rey nunha cesta e a cesta pol'o río abaixo.*

⁷¹¹⁶ ms11,24: *como rei.*

Var.: *O mal do tordo: a cara fraca i-o cu gordo.* (D. E.)
(es) *El mal del tordo: la cara flaca y el culo gordo.* (R. Marín)

DELICADEZA

51. **Ser un mírame e non me toques.** (ms16: Sarria)
(es) *Mírame pero no me toques, ni pellizques que soy de alfeñique.* (R. Marín)

DEMO

52. **Ese que sube ó poleiro estáche levado do demo.** (ms-SA: Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C)
53. **Non valer pra Dios nin pró demo.** ⁷¹¹⁷ (ms10,047v: *D. E.*)

DESDÉN Y DESPRECIO

54. **Fixeches un pan como unhas hostias.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)

DESESPERACIÓN

55. **Quere toca-lo ceo coas maus.** ⁷¹¹⁸ (ms16: *D. E.*)
(es) *Tomar el cielo con las manos.* (Z.)

DESOBEDIENCIA

56. **Mallar en ferro frío.** (ms16: *D. E.*)
(es) *Machacar en hierro frío.* (Hernán Núñez)

DIFERENCIAS

57. **Como un ovo a unha castaña.** (ms16: *D. E.*)
(es) *Parécense como un huevo a una castaña.* (Correas)

DIFICULTADES

58. **Duro de roer.** (ms16: *D. E.*)
(es) *Duro güeso tiene que roer.* (Correas)

DIOS

59. **Ir a cabalo do burro e andar ó seu precuro.** (ms10,031r: *D. E.*)

DISPARATES

60. **Botar auga á frágoa pra que máis arda.** (ms16: *D. E.*)
(es) *Echar agua a la fragua para que más arda.*

⁷¹¹⁷ En ms10 s.v. *Miscelánea* coa indicación *Demo.*

⁷¹¹⁸ O orixinal di: *Quere total-o ceo coas maus.*

61. **É como o que ten tos e rasca os cadrís.** (ms16: Silvarrey.)
 62. **Éche coma quen ten tos e rasca os cadrís.** (ms8,16r: Silvarrey.)
 63. **Fai como o que ten tos e rasca os codrís.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
 64. **Sin pés nin cabeza.** (ms16: Sarria)
 (es) *Ni tiene pies ni cabeza.* (Z.)

DISTRACCIÓN

65. **Andar buscando a besta e ir d'acabalo dela.** (ms: Biville)
 66. **Andar buscando a besta i-andar a cabalo dela.** ⁷¹¹⁹ (ms: Biville)
 67. **Andar buscando o cesto e levalo na cabeza.** ⁷¹²⁰ (ms: Biville)

DORMIR

68. **Dormir cun ollo aberto e co outro desperto.** (ms10,010r: D. E.)

DURACIÓN

69. **É máis largo que os días de maio.** (ms16: Sarria)
 (es) *Tan largo como mayo.* (H. Núñez)
 70. **Máis largo que un día de fame.** (ms16: Lugo)

EDADES

NIÑEZ Y JUVENTUD

71. **Este rapás decrina ser de boa cepa.** (mc: Santiago)
 (es) *Arrimarse al sol que más calienta.*
 72. **Mira, home ¡que moza! Parece unha vella candonga.** (ms-SA: Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C)

EGOÍSMO. AMBICIÓN. INTERÉS

73. **Arrimarse ó sol que máis quente.** (mc)
 (es) *Arrimarse al sol que más calienta.*
 74. **Bica-la peana polo santo.** ⁷¹²¹ (mc: Agro)
 (pt) *Beijam-se os altares por causa dos santos.* (Ch.) / *Por amor dos santos se adoram os altares.* (Id.) / (es) *Adorar el santo por la peana.* (Sb.) / (ct) *Adorar el sant per la peana.* (Alberola)

⁷¹¹⁹ O orixinal di: *Andar buscando a besta y andar a cabalo d'ela.* Dentro do sobre *Distracción*.

⁷¹²⁰ Dentro do sobre *Distracción*.

⁷¹²¹ *Bical-a peana pol-o santo.*

75. **Nin ferra nin deixa o banco.** ⁷¹²² (mc / ms4: F.V.S.)
 (es) *Herrar o quitar el banco.* (R. Marín)
 76. **Quer moer a tódolos ventos.** (mc: Leite de Vasconcellos-F.V.S.)

EMBARCACIONES

77. **É como o Capitán Farfalla: animémonos e vaian.** (ms16: Incio)
 (es) *Como el patrón Araña, que embarcaba a la gente y él se quedaba en casa.* (Sb.) / *El patrón Araña, embarca, embarca, y él se queda en tierra.* (Sb.)

EMPEORAMIENTO

78. **Fuxir do lume e caer na borralla.** ⁷¹²³
 (mc: C.A. *A Nosa Terra* / ms16 e ms10,024r: D. E.)
 Var.: *Fuxin da chama e caín nas brasas.* (ms16: D. E.) / *Fuxin da lus e metinme no lume.* (ms16, ms10,024r: D. E.) / *Fuxin da lama e caín na brasa.* (ms16, ms10,024: D. E.) / *Fuxin da cinza e caín nas brasas.* (ms16, ms10,024r: D. E.) / *Fuxin do vento e colleume o curisco.* (ms16, ms10,024r: D. E.)
 (es) *Huir de un hoyo, y caer en otro.* (R. Marín) / *Huí de la llama y caí en la brasa.* (Correas)
 79. **Ir de mal en peor.** ⁷¹²⁴ (mc: Sarria / ms16: D. E.)
 (pt) *Ir de mal a pior.* (Ch.) / (es) *Ir de mal en peor.* (Correas) / *Ir de bien en mal.* (Z.) / *De mal en peor.* (Z.)
 80. **Sale dunha chousa e métese noutra** (ms21,32r: Bermés)
 81. **Sale dunha chousa e métese noutra; parece o porco de san Antón** ⁷¹²⁵ (ms21,32r: Bermés: Incio)
 82. **Saír do trono e meterse na escarabana.** (ms5,029)

ENEMIGOS

83. **Lévanse como a cabra i-o coitelo.** (ms8,08v: Silvarrey.)

ENFADOS

84. **Subírselle a un o fume ás narices.** (ms16: D. E.)
 (es) *Subirse el humo a las narices.* (Z.)

⁷¹²² V. *Ferrar ou deixar o banco* en *Decisión*.

⁷¹²³ ms4 e ms16: *cair*. Refrán e catro últimas variantes en ms10 s.v. *Huir*.

⁷¹²⁴ ms16: *pior*.

⁷¹²⁵ O orixinal di: *Sale dunha chousa e métese noutra; paece o porco de San Antón.*

ENGAÑOS

85. **Dar gato por lebre.** (ms16: D. E.)
(es) *Vender gato por conejo.* (Z.)
86. **Facer do branco negro.** (ms16: D. E.)
(es) *FHacer de lo blanco negro, no es de caballero.* (R. Marín)

ENTEREZA

87. **Sacar forzas de fraqueza.** (ms16: Lugo)
(es) *Sacar fuerza de flaqueza.* (Z.)

ESCARMIENTO

88. **Ir por la e saír trasquilado.** ⁷¹²⁶ (mc:
Tuiriz, Monforte)
(es) *Ir por lana y volver trasquilado.*
(Correas)
89. **Ir por lan e volver rapado.** (ms10,031v:
D. E.)

ESFUERZO

ESFUERZO ESTÉRIL

90. **Andar toda a noite i-amañecer na cama.** (ms16: D. E.)
(es) *Andar toda la noche e amanecer en la posada.* (S.)
91. **Arar no mar.** (ms16: D. E.)
Como machacar en hierro frío...
92. **É como coller auga nun cesto.** (ms16:
Lugo)
93. **Facer una raia na auga pra que non se desfaga.** ⁷¹²⁷ (ms16 e ms10,016r: D. E.)
(es) *Hacer una raya en el agua, para que no se deshaga.* (Correas)
94. **Por tranco e barranco** (ms-SA: Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C)
¡A pintura! (Estás negra como un chamizo. Tes que te pintar ben pra ir á misa de Conxo, alá por tranco e barranco).

EXCESOS

95. **É tan bo que de bo fede.** (ms15,44: D. E.)
Se aplica a personas de mala índole.
96. **É tan bo que de bo se perde.** ⁷¹²⁸
(ms15,44: D. E.)
Se aplica a los que se dan a negocios poco claros.

⁷¹²⁶ ms: *salir*.

⁷¹²⁷ En ms10 s.v. *Hacer*.

⁷¹²⁸ Nunha segunda clasificación temática, Vázquez Saco incluíu este refrán en *Negocios*.

FIESTAS Y ROMERÍAS

97. **Anda como a gaita na romería.** (mc)
98. **Alegres como unhas Pascuas andan sempre aos moquetes.** (ms-SA: Víctor Maroño Pena: Calvente, Oroso, C)

FORTUNA (BUENA O MALA)

99. **Cambiache os ollos polo rabo.** (mc:
Tuiriz, Monforte)
100. **Foi de Málaga pra Malagón.** (mc:
Buciños)
101. **Inda esto non ha de caer en saco roto.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
102. **Salgo de un souto e métome en outro.** ⁷¹²⁹ (mc: Sarria / ms: A.S.A. / ms16,05v:
Fraguas)
Var.: *Sallo dun souto e métome noutro.*
(ms15,01: Eugenio Carré Aldao. *Literatura Gallega* 2ª edición, 1911)
(pt) *Saiu do lodo e caiu no arroio.* (Chaves)
/ *Sair do diabo e meter-me na mãe.* (Id.)
(es) *Salir del charco y entrar en el lago.*
(Correas) / *Salir de un lodo y entrar en otro.* (Id.)
103. **Sai de un souto e métese noutro.**
(ms6,03v: Portela Pazos, en *Ultreya*) (mc: La Coruña)

HAMBRE. GASTRONOMÍA

104. **Bica asma**
As bicas fanse de millo, de centeu, ou de mistura, e poden ser lévedas ou asmas.
(!)Bica asma se estende a significar persona indolente, sin disposición para una cosa.
105. **Come sempre e mais despois.** (mc: La Coruña)
106. **Como touciño na casa do xudío.** ⁷¹³⁰
(mc: C.A. y A.N. / ms: A.C. *A Nosa Terra* / ms18,68v: R. Caruncho, *Diario de Avisos*)
(es) *Ser una cosa como el tocino en casa del judío.* (Sbarbi)
Alude a la prohibición que tenían los judíos de comer carne de puerco, y se aplica a aquello que, estando a nuestra disposición, no lo usamos.
107. **É máis ruín que a carne de pescozo.**
(mc: Tuiriz, Monforte)
108. **Pan quente** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
¿Con que pan quente me vés agora?

⁷¹²⁹ ms: *n-outro*; ms16,05v: *Saio de un*.

⁷¹³⁰ ms18,68v: *Com'o touciño*.

Francisco Vázquez Saco

109. **Ter laceira** (ms-LU:seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
Tener hambre.

HUERTA

110. **Estás na horta e non ves as verzas** (ms-LU: Xestoso, Monfero, C)
111. **Estás na parra e non ves as uvas.** (ms-LU: Xestoso, Monfero, C)
112. **Meteute na horta e non che deu a proba-la froita.** (ms10,030r: *D. E.*)

HUIR

113. **Fuxir dun perigo e dar noutro.**
(ms10,24v: *D. E.*)

INDEPENDENCIA

114. **Xa sabe en donde lle manca o zapato.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

JURÍDICOS Y SIMILARES

115. **Fai como o que foi facer testamento que, cando foi, foi de a cabalo pero cando volveu, tivo que vir andando.** (ms8,76r: Silvarrey)

LACRAS Y VICIOS SOCIALES

116. **Máis se engañan que os que beben.**
(mc: M.V.)

LEBRE

117. **Levanta-la lebre pra que outro co ela medre.** (ms10,032v: *D. E.*)

LEIRA

118. **Non sai das súas leiras porque ten o trigo nelas.** (ms10,032v: *D. E.*)

MANGA

119. **Entrar pola manga e saír polo cabezón.** (ms10,037r: *D. E.*)

MAR

120. **Botar pelos ó mar pra non voltar.**
(ms10,037v: *D. E.*)
121. **Gaba-lo mar e nel non entrar.**
(ms10,037v: *D. E.*)

MARÍTIMOS

PECES

122. **Andar pr'atrás como o cangrexo.** (mc)

(pt) *Andar para trás como o caranguejo.*
(Ch.) / (es) *Andar como el cangrejo.* (Sb.)
Ir hacia atrás, retroceder, en estudios, solución de un asunto, etc.

123. **Non é carne nin pescado.** (mc: Lugo)
(es) *No es carne ni pescado.* (Gella) / (ct) *No ser ni carn ni peix.* (Gella)
Se dice de los irresolutos y de los indefinidos.

APÉNDICE

124. **Afogarse en pouca auga sabendo nadar.** (mc: C.A.)
(es) *Ahogarse en poca agua.* (Correas)
125. **Afogarse en pouca auga.** (mc: Sarria)
(es) *Ahogarse en poca agua.* (Correas)

MEDICINA. HIGIENE

126. **Cerroulle a molleira e quedoulle o xuicio fóra.** (mc)
127. **É como a purga de Benito que estaba na botica e obraba na casa.** ⁷¹³¹ (mc: Buciños / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
(es) *La purga de Fernando, que sin tomarla, estaba obrando.* (Castillo) / *No es la purga de Benito.* (Sb.)
Estaba en la botica la purga. Aplícase a los impacientes y aprensivos como el Benito del cuento, que, estando aún en la farmacia la purga recetada por el médico, ya le estaba obrando.
128. **É máis ruín que un dolor.** (mc: Sarria)
129. **Eres peor que un dolor de tripas.** (mc: Sarria)
130. **Estáche como pedrada en ollo de boticario.** (mc: Tuiriz, Monforte)
Var.: *Estívolle como a pedra no ollo do boticario.* (ms-SA: seminarista anónimo: Louro, Muros, C)
(es) *Venir como pedrada en ojo de boticario.*
Puede el curioso ver las dos explicaciones que Sbarbi ofrece del refrán.

MISCELÁNEA

131. **A barbaqueixo** (ms11,61)
De *barba capsum*, barba y quijada. (G. de Diego). Forma de llevar a uno nadando sobre el agua, sosteniéndole con una mano y sujetándole la cabeza con la otra.
132. **A cogulo** (ms14,24)

⁷¹³¹ ms-LU: *com'a purga, qu'estaba, i-obraba.*

- Una casa llena hasta los bordes.
133. **Afana-la ocasión polos pelos** ⁷¹³²
(ms15,52r)
134. **Alargar o pé máis do que a manta**
(ms15,52)
135. **Amigos como o can i-o gato** ⁷¹³³
(ms11,77: A.S.A.)
(es) *Como perros y gatos* (Sbarbi)
136. **Anda com'a gaita na romaría** (ms11,66)
137. **Andar a escantillón** (ms14,24: Quindimil)
Andar a prisa.
138. **A pares como os frades.** ⁷¹³⁴ (mc: C.A. /
ms18,68v: *Diario de Avisos*, de R. Caruncho (1888))
(es) *A pares como los frailes*. (Sb.)
139. **Botar a perder unha ola por unha
area de sal** (ms15,52r)
140. **Botarlle foguetes.** (mc: Agro)
141. **Cacarexar e non poñer ovo** (ms15,52r)
142. **Coller os rábanos polas follas.** (mc:
Tuiriz)
(es) *Tomar el rábano por las hojas*. (Sb.)
143. **Como a faba na ola.** (ms18,27r)
144. **Como o cego de Rebordeos, que o que
non ve cos ollos, apálpao coas maus**
(ms11,74: M.L.)
145. **Como o galo de Morón, sin pruma e
cacarexando.** (ms18,27r)
146. **Como ouro en pano.** ⁷¹³⁵ (mc: *Vida Gallega*
/ ms18,68v: *Diario de Avisos*, R. Caruncho (1888))
147. **Con pan e con pan** (ms15,52r)
148. **Corre libre como o peneireiro / Está
feito un peneireiro.** (ms5,009: Pereda Álvarez, en
Douro Litoral. Quinta Serie, VII-VIII. Porto, 1953, pág.
44)
Estos dos adagios se refieren a la tradición
según la cual, cuando D^a Urraca estuvo en
Betanzos camino de Compostela, paró en la
casa de un *peneireiro*, o menestral de los
que allí hacían zarrandas y cedazos. Y
queriendo pagar a quien la tuvo alojada de
incógnito, libértó de tributos a cuantos en
Betanzos hacían tales cubas o peneiras.
149. **Corta canto ve e deixa canto topa.** (ms:
A.S.A.)
150. **Chegar e bicar o santo** (ms15,52v)
151. **Danlle o pé e colle a man** (ms15,52)
152. **Dar sopas de mel o'n burro.** ⁷¹³⁶
(ms5,009: Verín)
Obsequiar o favorecer a un ingrato.
153. **Deixar beber a besta.** (mc: R.C. *Diario de
Avisos*)
154. **Deixarse de historias** (ms-LU: seminarista
anónimo: Melide, C)
155. **É máis probe cás arañas** (ms11,65: Tuiriz)
156. **É máis ruín cá carne de pescozo**
(ms11,76: Tuiriz)
157. **É testudo como a muller [que] lle
chamaba ó home polludo, que estaba
afogando e seguía lle chamando polludo**
(ms8,64r: Silvarrey)
Polludo = que mata *pollos* (piojos).
158. **El eu voume correr detrás de quen
escapa.** (ms8,74r: O. de Rey)
159. **Erguerse co santo e coa esmola**
(ms15,52v)
160. **Espir un santo pra vestir outro**
(ms15,52v)
161. **Facer das pedras fariña** (ms21,32r:
Bermés)
162. **Fai como o cuco, que si chove vai
mallar.** (ms8,79v: Silvarrey)
Parte de un cuento: *Juntaron al cuco para
mejor... Si vai bon tempo, vou cucar, se fai
sol, vou pra sombra: e si chove, pra aló
vou.*
163. **Impío com'un francés.** (ms: G.P.)
164. **Ir á misa da tola.** (mc)
165. **Ir e vir como o xerro vai á boca.**
(ms10,031v: D. E.)
166. **Ir engordiño** (ms14,24: Bazar-Calde)
Andar despacio.
167. **Irse o comido polo servido.** (mc: M.V.)
(pt) *Vai-se o comido pelo servido*. (Ch.) /
(es) *Irse comido por servido*. (Correas)
168. **Irse o xogado polo ganado.** (ms10,048r:
D. E.)
169. **Máis agudiño que un pimento.** (mc:
Tuiriz, Monforte)
170. **Máis rufo que unhas Pascuas.** (mc: R.C.)
171. **Morreu o lobo na man do mangueiro.**
(ms8,78r: M^a del Carmen)
Mangueiro = amo. Se aplica al caso en que
alguna cosa parece en manos del dueño de
ella.
172. **Nadar entre dúas augas** (ms15,52r)
173. **Nin ata nin desata.** (ms15,52r)
Irresoluto.
174. **Nin ben di si, nin ben di non.** (ms15,52r)
Irresoluto.
175. **Nin co elas, nin sin elas** (ms15,52r)
176. **Nin obra boa nin palabra mala**
(ms15,52r)
177. **Nin pon, nin quita** (ms15,52v)

⁷¹³² O orixinal di: *Afanala ocasión polos pelos*

⁷¹³³ O orixinal di: *Amigos como o can y o gato*

⁷¹³⁴ ms18,68v: *com'os frades*.

⁷¹³⁵ ms18,68v: *Com'ouro*.

⁷¹³⁶ O orixinal di *Dar sopas de mel on burro*.

178. **Nin rei nin Roque** (ms15,52r)
 179. **¡Non bóte-lo carro diante dos bois!**⁷¹³⁷
 (ms11,45: Comarca de Fonsagrada)
 180. **Non come nin bebe nin paga portaxe.**
 (mc: La Coruña)
 181. **Non dar millo ós paxaros** (ms11,64:
 R.Caruncho. *Diario de Avisos*)
 182. **Non é mancha de xudío.** (ms8,05r:
 Silvarrey.)
 Para cosa de poca importancia.
 183. **Non ter oficio nin beneficio** (ms15,52r)
 184. **Non ver a tres montados nun burro.**
 (ms)
 (es) *No ver a tres montados en un pollino.*
 (Sb.)
 185. **Parece o porco de san Antón** (ms21,32r:
 Bermés)
879. **Xoaniña.** Le dicen: *Xoaniña de Dios cóntame os dedos e vaite con Dios.* (Carballedo, La Barrela) / *Voa, Xoaniña, voa, / que ch'hei dar pan e bola.* (o: *pan e broa*) (Castro de Dozón). (ms12,062) / *Rei-rei pra que lao me casarei.* (ms12,005: Mellid) / *Voa, voa xoaniña, voa / que che hei dar pan e bola.* (ms12,005: Trabanca) (ms12,061: La Barrela / ms12,062: Castro d Dozón / ms12,005: Trabanca / Mellid)
880. **Xoula.** Aire sur. (ms5, 143: Abadín)
881. **Xuaniña bella.** Copla: *Boa, boa xuaniña bella, que maña ei che dar pan de bola.* (ms12,064: S. Cristobal de Borrageiros)
882. **Xuaniña.** *Xuaniña, rei, rei; / pra onde ti voes eu me casarei.* (Casadenaya, Antas de Ulla) / *Voa, Xoaniña, voa / que che hei dar pan e cebola.* (Trabancas-Golada) / *Voa, Xoaniña, voa / que che hei dar pan de trigo e cebola.* (Rodeiro-Lalín) (ms12,031 e ms12,63) / *Voa, Xoaniña, voa / que che hei de dar pan e bola.* (Castro de Dozón) / *Xoaniña, voa, voa / que che hei dar pan e cebola; / se voas ben, / bica tamén.* (El Convento-Chantada; donde alterna con *volvoretiña*, menos corriente) / *Xoaniña de Dios / cóntame os dedos e vaite con Dios.* (Carballedo-La Barrela) (ms12,031)
883. **Xuaña** ⁷¹⁸³. Pero esta se refiere más bien a otros más corpulentos que son una plaga para los mimbres. (ms12,043: Lalín)
884. **Xugo.** Hay xugos de *pialla* (el dibujado en el facsímil) y xugos de *bregueiros* (*cangas de bregueiros*). (ms5, 017)

⁷¹⁸² ms4 e ms7: *Vichuchia*.

⁷¹⁸³ Reverso de *Boiña*.

885. **Xurelo.** *Xurelo* es, según Carré, el verdel, pez de mar que recibe diversos nombres, según su tamaño: *xurelo chincho*, el pequeñito; *moscón*; la xurela o xurelo grande; *sardiñeiro*, el mediano. *Cartos na man, xurelos na cesta*. (mc e ms16: Gella, Marín)
886. **Zamaio.** Tampoco recogen los diccionarios la palabra *zamaio*, que presumimos de uso en la costa de Lugo. *En maio sal o pulpo do zamaio*. (mc e ms16: M.L. / ms10,034v: D. E.)
887. **Zamoriña.** *Zamoriña* es un marisco parecido a la vieira, y más pequeño que el mayolo. *Zamoriña, pequeniña*. (mc e ms16: Gella)
888. **Zanca.** Otros dicen *zanca* = zueco, en vez de *lanza*. *Lanza larga por a neve non hai diablo que a leve*. (mc: A.S.A.)
889. **Zanzarrañada.** Cencerrada. (Bibliografía en *mataranga*). (ms7: Teixeira de Curtis)
890. **Zaranola.** Cribro para limpiar el grano, habas, etc. (ms14,27)
891. **Zarralleiro.** Indica que es de muy poca duración la masa que el cerrajero usa para los menesteres de su oficio. (mc) / *Zarralleiro* = *cerralleiro*. Indica el refrán que la masa que usa el cerrajero para obtener los agujeros es de muy poca duración. (ms12,77). *Tapa a masa mentras o zarralleiro pasa*. (ms, ms4 e ms12,77: M.L. / ms-LU: seminarista anónimo: Bucíños, Carballedo, LU)
892. **Zarrañada.** Día cerrado por brétema y orballo, (Bibliografía en *mataranga*). (ms7: Teixeira de Curtis)
893. **Zarroto.** Seta, hongo. En Carré: *zarrota*. (ms7: Taboada; Chantada; Carballedo)

2.4.7. Rimas

AGRÍCOLAS

METEOROLÓGICOS

1. **Oito, cando chove non vai enxoito.** (mc: Santiago)

DAR Y RECIBIR

2. **Santa Rita, santa Rita, o que se dá non se quita.** (ms-SA: José María García Vázquez: Dodro, C)

DECIR

3. **Digo e redigo que cando digo "digo", non digo "digo", que digo "Diego".** (ms10,002v: D. E.)

DÍAS

DÍAS Y FESTIVIDADES

4. **O día de san Manuel hei de botar unha que se sinta en Teruel.** (ms: Santiago)

EDADES

ANCIANIDAD

5. **Aí está todo o ben que a vella ten.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

EMBARCACIONES

6. **Si vou no bou, vou; si non vou no bou, non vou.** (mc e ms16: Gella)
Juega con las palabras *bou* y el pretérito del verbo *ir*.

ESTACIONES

7. **Pica, tabao, qu'eí vén o vrao.** (ms21,11v: Bermés)

JURÍDICOS Y SIMILARES

8. **Ron-ron, fagámo-lo que o rei mandou.**⁷¹⁸⁴ (ms-SA: M. González Fernández)

MISCELÁNEA

9. **-¿E a como son? -A real e patacón.** (ms: Santiago)
10. **A min plin, que son de caballería e gasto (ou levo) espolín.** (ms4 e ms: C.A. *A Nosa Terra*)
11. **Ai, leituga leitaruga.** (mc: C.A.)
12. **Ben te vexo, cacarexo.** (mc: Bucíños.)
13. **Chove, chove, que che hei de dar unha galiña podre.** (mc: Santiago)
14. **Dios te tolla, meigas fóra.** (ms4: F.V.S.)
15. **O que foi a Castilla, perdeu a silla, pero o que foi e volveu, non-a perdeu.** (ms21,12r: Bermés)
16. **¿Que comiches? Lenguas de perdices.**
17. **Quen foi a Sevilla, perdeu a silla.** (ms-LU: Andrés Castro Ces, Tállara, Lousame, C)
18. **Quen foi ó campo, perdeu o banco.** (ms-SA: seminarista anónimo: algún lugar da provincia da Coruña)
19. **¡Hopa!, e volveus'o fiado estopa.** (ms-LU: ms-SA: seminarista anónimo: Guntín, LU)
20. **José pequeniño é: vai lavar a cara, vai lavar o pé.** (ms-SA: M. García García: Santa Xuliana de Monfero, C)

⁷¹⁸⁴ O orixinal di *Ron-ron fagamolo que o rey mandou*.

Francisco Vázquez Saco

MUJER

21. **Unha vella i-on cesto, i-o conto
acabouse nesto.** ⁷¹⁸⁵ (ms: A.S.A.)

OFICIOS

22. **Un ovo é un ovo, cose, agulla, e vaite a
modo; dous ovos son dous ovos, cose,
agulla, de dous modos; tres ovos son tres
ovos, cose, agulla, hastra os ollos.** (mc: A.N.)
23. **Un ovo é un ovo, cose, agulla, e vaite a
modo; dous ovos son dous ovos, cose,
agulla, hasta os ollos.** ⁷¹⁸⁶ (ms-LU: seminarista
anónimo: Guillar, Outeiro de Rei, LU)
24. **Un ovo non é ovo e dos ovos ovos son;
tres ovos dáselle on home e un ovo solo
non.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de
Galicia)

ONOMATOPEYAS

25. **Cando o galo di "quiquiriquí",
empeza o raposo: "Para aí, para aí".** (ms16:
Santiago)
26. **Campana por campana, Asadur ou
nada.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da
provincia de Ourense)

TRABAJO

27. **Pineirar pineirei por un cribo e fixen
un pan de relón coma trigo.** (ms: Buciños.)

⁷¹⁸⁵ O orixinal di *Unha vella y-on cesto, y-o conto
acabouse n-esto.*

⁷¹⁸⁶ O orixinal di: *Un ovo e un ovo cose agulla e vaite
amodo dou ovos son dous ovos cose agulla hasta os ollos.*

2.4.8. Xogos

LACRAS Y VICIOS SOCIALES

1. **A pau corto, seis de espada, mala, rei de afora, asistindo á primeira, fóra.** ⁷¹⁸⁷
(mc: Buciños)
Sintetiza una de las salidas del tresillo.

MATRIMONIO

2. **Rei, rei, p'onde ti vaias eu me casarei.** ⁷¹⁸⁸
(ms21,19v: Bermés)

MISCELÁNEA

3. **Ás cinco pillo un brinco.** ⁷¹⁸⁹ (ms21,11v: Bermés)
4. **Ás cinco, da cama pillo un brinco.** ⁷¹⁹⁰
(ms21,11v: Bermés)
5. **Ás trece non hai crego que non rece.** ⁷¹⁹¹
(mc: S. Victorio de R. de Miño)
6. **Ás trece non hai cura que non rece.**
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
7. **Este é o mamiño, este é o sobriño, este é o maior de todos, este furabolos i-este matapollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
8. **Este pequeniño, este medianiño, este máis grandíño, este furabolos, este matapollos.** (ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
9. **Monta aquí e vas a Madrí.** (ms: Santiago)

⁷¹⁸⁷ ms: *seis d'espada*.

⁷¹⁸⁸ O orixinal di: *Rey, rey, ponde ti vayas eu me casarei*.

⁷¹⁸⁹ O orixinal di: *As cinco (5) (da cama) pillo un brinco*.

⁷¹⁹⁰ O orixinal di: *As cinco (5) (da cama) pillo un brinco*.

⁷¹⁹¹ *As trece non hai cego que non rece*. / O texto orixinal di *cego*; coidamos que é erro por *crego* dado que existe un paralelo *As trece non hai cura que non rece*.

NIÑEZ

JUEGOS Y FRASES EN LA NIÑEZ

10. **Crou, crou, ¿quen te pelou que sin pelo te deixou?** ⁷¹⁹² (ms16: D.E.)
Dícelo en son de burla sus compañeros al niño muy rapado.
11. **Santa Roca, o que se dá non se troca.** (ms16: Santiago)
12. **Tin pirrintín, pirrintín, pirrintola: o que non come non ten barrigola.** (ms16: D.E.)
Lo dicen las madres, animando a sus hijos a que coman lo que les dan.
13. **-¿Que hai naquel tellado? -Un gato esfolado. -¿Que hai naquela artesa? -Unha vella tesa. -¿Que hai naquela escaleira? -Unha vella peideira. -¿Que hai naquela buratiña? -Unha campaniña. -¿E como fai? -Tilín, tilín, tilín.** (ms16)
En el juego de niñas *As abelliñas do mel* lo dicen las que intervienen acercándose las espaldas unas a otras, dándose recíprocamente golpes con las asentaderas.

ONOMATOPEYAS

14. **Ches, ches; era, erraá; besta pr'acá.** (ms4)
Ficción por la cual se supone que las pegas cantan viendo a quien, por cuidar mal su ganado, pronto ha de obsequiarles con algo apetecible.
15. **Crou-crou, choca pitos, logo vou.** ⁷¹⁹³
(ms16: Pacios, Neira de Jusá / ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá, Baralla, LU)

⁷¹⁹² V. *Crou-crou, choca pitos, logo vou* en *Onomatopeyas*.

⁷¹⁹³ V. *Crou, crou, ¿quen te pelou que sin pelo te deixou?* en *Niñez (Juegos y frases en la niñez)*.

Francisco Vázquez Saco

16. **Pa parrandiña, pa parrandola, o que non come non ten barrigola; pa parrandola, pa parrandiña, o que non come non ten barriguiña.** (ms15,19v)

PERMUTAS

17. **Moucho, dámo e doucho.** (mc e ms16: A.N.)

PROCESIÓN

18. **Dilín, dilón, que pasa a procesión; dilín, dilón, que as doce logo son; dilín, dilán, que todos nela van; dilá, dilín que ó cabo eu nona vin.** (ms10,101r: *D.E.*)

2.4.9. Outros fraseoloxismos

ACOMODACIÓN

1. **Xa sei o pan que sempre me ha de fartar.** ⁷¹⁹⁴ (ms10,080r: *D. E.*)

AGRÍCOLAS

METEOROLÓGICOS

2. **Chover choverá, pero auga non temos.** (mc: G.P.)

HAMBRE. GASTRONOMÍA

3. **Merda con pan e herba bota no caldo que cho conserva.** (mc: Miraz, Friol)

IMPRUDENCIA

4. **Xa vai aló, tíralle polo rabo e traino acó.** ⁷¹⁹⁵ (ms: Santiago)

MISCELÁNEA

5. **Aproveitar a ocasión** ⁷¹⁹⁶ (ms15,52r)
6. **Arre equí, de aquí pra alí, qu'o meu non era que si.** (ms4: Santa Comba-F.V.S.)
7. **As de cobre quen vende: metal, estaño e ferro vello.** ⁷¹⁹⁷ (mc: C.A. *A Nosa Terra*)
8. **Ceguei á viña por uvas.** (ms: Santiago)
9. **Moita xente con Don Pedro e Don Pedro solo.** (mc: Buciños)
10. **Non che pergunto cuántos anos tes senón o día que naciche.** ⁷¹⁹⁸ (ms15,13 / ms10,090r: *D.E.*)
11. **Polo d'agora inda biora.** (ms: Buciños)

⁷¹⁹⁴ En ms10 s.v. *Pan* coa indicación *Acomodación*.

⁷¹⁹⁵ Contén a indicación *Imprudencia*.

⁷¹⁹⁶ É unha colocación.

⁷¹⁹⁷ ms4: *estaño e mais ferro vello*.

⁷¹⁹⁸ En ms10 s.v. *Preguntar*.

12. **Por onde vai deixa recado** (ms15,52v)
13. **Por vida de Belcebú faría a túa salú.** ⁷¹⁹⁹ (ms: Santiago)
14. **Purgatorio e inferno ardente, traíña de burros se chama xente.** (mc: Buciños)
15. **Xa sei que está máis cerca de ti ca de min.** (ms-SA: José M. Gullías Rivas: *Forcarei*, PO)
16. **Xan Mateo, matas ti ou mato eu.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

NIEVE

17. **Chove e neva e fai carambela, i-a probe da vella taba na serra con sete meniños i-a media mantela.** ⁷²⁰⁰ (ms4: Fonsagrada-F.V.S.)
18. **Probe a vella que está na serra con sete fillos i-a mantela: chover e nevar e non ventosar; e despois choveu e nevou, e decía a vella: "Todos os tempos tempíños son, menos a neve que é gran prisión".** ⁷²⁰¹ (ms16: Cervantes / ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
 Esto puede ser cualquier cosa menos refrán. (ms-LU) ⁷²⁰²

⁷¹⁹⁹ Aparece tachado por atrás da ficha de *As ranas, tantas veces cantan en marzo como calan en abril*.

⁷²⁰⁰ O orixinal di: *Chove e neva e fai carambela y'a probe d'a vella taba na serra con sete meniños y'a media mantela*.

⁷²⁰¹ ms-LU: *presión*.

⁷²⁰² Efectivamente esto parece ser unha variante da tradición de María Mantela que andaba a dicir decote que os fillos xemelgos non podían ser fillos dun mesmo pai. Díxolle un día a unha probe de pedir, que tivera unha parellíña, e cafulle a praga porque ela tivo sete. Quedou con un e mandou bota-los outros seis nun cesto ó río. Pero pasou por alí o pai, recolleunos e deunos a criar. Os sete

Francisco Vázquez Saco

ORGULLO

ORGULLO DE MÉRITOS PROPIOS

19. **¿Bailo ben e bótanme do turreiro?**
(ms16: D.E.)
(es) *Bailo bien y ¿echaisme del coro?* (H. Núñez)

PANADEROS

20. **Leve do meu que volv'o seu.** (ms-LU:
seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
A panadeira que quere vender o seu pan.

PERROS

21. **To, can, to, que inda non me deron a carne pra che dar os ósos.** (mc e ms16: Palas de Rey / ms)

PESAR

22. **Ben me pesa, mais non-o podo chorar.** ⁷²⁰³ (ms10,091r: D. E.)

PESCADOR

23. **Non foi mal pesco teu pai, que pescou a túa nai.** (ms10,091r: D. E.)

RELIGIOSOS Y MORALES

24. **Ganarasme noutra cousa, pero en conocer as partes da oración... non.** (ms4: F.V.S.)

SERMÓN

25. **Bo sermón temos hoxe, que o abade tose.** (ms10,120r: D. E.)

VICIOS

26. **Comerlle o pan e cagarlle no morral.** ⁷²⁰⁴ (mc: C.A.)

fillos foron cregos e cada un fixo erguer unha igrexa e cando morreu a nai puxéronlle este epitafio: *Eiquí xaz María Mantela cos seus fillos redor dela*. Esta lenda, común a Galicia e Portugal, mestúrase con outra semellante que se sitúa en Baiona e que forma parte da axiografía das nove santas (Xermana, Quiteria, Marciana, Mariña, Liberata, Basilia, Eufemia, Xenebra e Victoria) e un santo (Acisclo). Disto fala Filgueira Valverde no *Segundo Adral*, Edicións do Castro, Sada 1981; 102-104.

⁷²⁰³ O orixinal di: *Ben me pesa, mais nono podo chorar*.

⁷²⁰⁴ mc: c....

27. **O camello é o animal que menos bebe... non sea Vd. camello.** ⁷²⁰⁵ (ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

VIDA COMERCIAL Y CONTRATOS

28. **Cobre, quen vende metal, estaño e mais ferro vello.** (mc: C.A.)
Pregón de un chatarrero ambulante en La Coruña, que quedó en refrán.

⁷²⁰⁵ Traducción ó galego dunha fórmula castelá que se encontraba con frecuencia como inscrición en azulexos que se colgaban das tabernas sobre todo nos anos sesenta.

2.4.10. Cántigas

Recuperamos aquí máis de 700 cántigas que aparecían xuntas ou dispersas no arquivo paremiolóxico de Vázquez Saco. A clasificación temática, unha vez máis, é rudimentaria pero é a que el deixou establecida e, curiosamente, neste caso, utiliza o galego nos temas.

AMOROSAS

1. A manzán que ti me deche
nin a comín nin a dei,
lévoa na faltiqueira
por che non perde-la lei.
(ms20,24r)
2. A mazá que ti me deches
non-a comín nin-a dei:
lévoa na faltriqueira
por non che perde-la lei.
(ms13,25r)
3. A mazá que ti me deches
non-a comín nin-na dei;
lévoa na faltriqueira
por non che perde-la lei.
(ms13,47v)
4. A raíz do toxo verde
é moi dura d'arrigar.
Os amores xa de tempo
mal se poden olvidar.
(ms20,42v)
5. A raíz do toxo verde
é moi mala d'arrincare,
i-os amoríños primeiros
son mui malos d'olvidare.
(ms13,42v)
6. A raíz do toxo verde
é mui mala de arrincare,
os amoríños primeiros
son mui malos de olvidare.⁷²⁰⁶
(mc)

⁷²⁰⁶ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

7. A raia do sol, meniña,
na túa cama vai dar.
¡Que moito, pois, que t'eu busque,
cando t'o sol vai buscar.
(ms20,24v)
8. Acoden onda ti moitos,
nena, mais non todos van
por mor de rezar á misa,
nin á feira por mercar.⁷²⁰⁷
(mc: A.S.A.)
9. Adeos, adeos, rapaciña,
adeos, adeos, miña amada;
onde non hai gusto, meniña
onde non hai gusto, non hai nada.
(ms13,24r)
10. ¡Ai que piñeiro tan alto!
No medio ten mil enredos.
O galán de moitas damas
nunca está cos ollos quedos.
(ms20,32v)
11. Aí te-lo meu corazón:
se o queres matar, ben podes
pero como estás ti dentro
tamén se ti o matas, morres.
(ms20,42r)
12. Alcipreste non se rega
porque na lentura nace.
Amor firme non s'olvida,
por máis martirios que pase.
(ms20,01v)
13. Alcipreste non se rega

⁷²⁰⁷ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

porque na lentura nace.
Amor firme non se olvida
por máis martirios que pase.
(ms13,28r)

14. Alcipreste non se rega
porque na lentura nace;
amor firme non se esquece
por máis traballos que pase.⁷²⁰⁸
(mc: Bucínos)

15. Algún día, algo, algo.
Agora, ¡malpocadiño!
Xa non me queren as nenas
porque vou acabadiño.
(ms13,28r)

16. Amor que pasa dun año,
olvidalo non hai razón
porque dicen que sempre quedan
raíces no corazón.⁷²⁰⁹
(ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma,
Chantada, LU. Convento Las Córneas)

17. Amores ó pé da porta,
ninguén os queira tomar:
fan com'os pitos de inverno,
que non fan sinón piar.⁷²¹⁰
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia
de Lugo)

18. Amoriñas das silveiras
qu'eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antr'o millo:
adeos para sempre, adeos.
(ms13,28r)

19. Amoriñas das silveiras
qu'eu lle daba ó meu amor;
camiñiños entr'o millo
adiós para semp'r'adiós.
(ms20,02r)

20. Amoriños collín
na aureliña do mar,
amoriños collín,
non-os quero olvidar.
(ms13,42r)

21. Anque ch'estou moreniña,
éche do polvo da eira.
Verasme para domingo
coma a rosa na roseira.
(ms20,37v)

22. Antón era eu,
andaba na danza

non sei que lle deu.
Non sei que lle deu
nin que ll'ha de dar,
teño os meus amores
na veira do mar.
Nin que lle ha de dar
nin que lle daría,
teño os meus amores
por donde eu quería.
(ms20,51v)

23. As herbas dos prados secan
e volven a enverdecer:
así fan amores vellos
cando se volven a ver.
(ms14,14 (Alvillares Moure))

24. Aunque paso e non che falo
non te deixo de querer:
fagoo d'intento, meu ben,
pra non-o dar a entender.
(ms13,28r)

25. Cal na fonte cal no río,
tópote sempre lavando.
Meniña, ti te-lo deño
ou seica m'andas tentando.
(ms20,11r)

26. Cand'os caraveles abren
rompen polas catro esquinas.
Un amor cando pretende
non conta sinón mentiras.
(ms20,06r)

27. ¡Canto miras pra min!
¡Canto me chosca-l'ollo!
Teño moito que facer,
non podo atender a todo.
(ms20,10r)

28. Caravel que me recendes,
pensaba de te comprar
e sospecho que me vendes.
(ms20,35v)

29. Carmela ten un tinteiro
cheo de tinta marela.
Déixame molla-la pluma
no teu tinteiro, Carmela.
(ms13,49r)

30. Casa chea de ventanas
mal pode garda-lo frío.
A un galán as moitas damas
fanlle voa-lo sentido.
(ms20,46r)

31. Catro cousas son precisas
pra saber namorar:

⁷²⁰⁸ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²⁰⁹ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²¹⁰ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

- ollo fino, pé lixeiro,
discreto e saber falar.⁷²¹¹
(mc: Chantada)
32. Cinco xustillos teño
de diferente color
e cinco amores tamén
par'escolle-lo millor.
(ms20,19v)
33. Cinco xustillos teño
de diferente color
e cinco amores tamén
pra escolle-lo mellor.
(ms13,26r)
34. Chamoum'un mozo bonita,
¡nunca por Dios mo chamara!
que d'entonces sosego
non vexo na miña alma.
(ms20,09r)
35. Chamoum'un mozo bonita;
nunca, por Deos, mo chamara,
que d'entonces sosego
non vexo na miña ialma.
(ms13,46r)
36. Cheguei á viña por uvas
e con follas topei solo.
Dixech'onte "serei túa"
e hoxe dis "non m'acordo".
(ms20,09v)
37. Dáme da pera que comes;
da mazá, un anaquiño;
da túa boquiña, unha fala;
do corazón, un cariño.
(ms13,47v)
38. Dáme da pera que comes;
da mazán, un anaquiño;
da túa boquiña, unha fala;
do corazón, un cariño.
(ms20,02v)
39. Dáme da pera que comes;
da mazán, un anaquiño;
da túa boquiña, unha fala
e do curazón, un anaquiño.
(ms13,21r)
40. Daquela ventana d'ouro
ben vexo a túa de prata,
s'o teu corazón non chora,
o meu tampouco se mata.
(ms20,29v)
41. Dis que me deixas por outra
e deso m'alegrarei,
- que si por outra me deixas,
eu por outro te deixarei.⁷²¹²
(ms13,27r)
42. Dis que teño moitas conchas,
cando non son peregrino.
Eu digo: "se foras outra,
xogara menos contigo".
(ms20,31v)
43. Dis que teño moitas conchas
cando non son pelegrino.
Eu digo: se foses outra,
xugara menos contigo.
(ms13,46v)
44. Disme que te queima o sol,
eu digo te fai hermosa.
Mazanciña moi sombriza
nunca foi a máis sabrosa.
(ms20,34v)
45. Disque me deixas por outra;
eu deso m'alegrarei
que, se por outra me deixas,
eu por outro te deixei.
(ms20,14r)
46. Dixen eu pra o meu coletó:
"esta nena ¡que ben fala!,
leve o diaño se non ten
estudantes de pousada".
(ms20,11v)
47. Domingos é o meu amor,
a Domingos hei d'amar;
domingos son días santos;
todo-los penso gardar.
(ms20,12r)
48. Enfadáchede conmigo
porque neno che chamei.
¡Mira se non é nenada
decir que te olvidarei!
(ms20,27r)
49. Enfadáchede conmigo
porque neno te chamei.
¡Mira se non é nenada
dicir que te olvidarei!
(ms13,43v)
50. Escribinch'en papel fino
e ti escribesm'en estraza:
ou te-lo diaño, meniña,
ou mal me queres, rapaza.
(ms20,11v)
51. Escribinche en papel fino
e ti escribichem'en estraza:

⁷²¹¹ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²¹² ms13: *ou por outro te deixei.*

- ou te-lo diaño, meniña
ou mal me queres, rapaza.
(ms13,27r)
52. Escribírach'unha carta
e dentro unha cinta verde.
-Non quero cinta nin carta,
quero que veñas a verme.
(ms20,51r)
53. Escribírach'unha carta
se ti a souperas ler;
pois, de ter que lercha outro,
alá iría o benquerer.
(ms20,04v)
54. Estudiantiño lareiro
qu'estudias tras do lar,
¿cando t'hei de ver, lareiro,
da-la volta no altar?
(ms20, 20r / ms13,40r)
55. Eu co rabiño do ollo
ollaba as túas estrelas
e decía para min:
-Si esta Isolina quixera,
levaríaa para Vigo,
aunque fora de doncella.
(ms20,28v)
56. Eu tiña no meu peito
feitíño un niño.
Puxen nel meus queres
¡ai e fuxiron!
(ms20,27v)
57. Farruco meu ha de ser,
qu'o agarimeí de pequeniño
i-algunha lei m'ha de ter".
(ms13,27r)
58. Favores que me ficeche
na cara mos vas botando;
favores non dan amores,
libre quedo en chos pagando.
(ms13,27r)
59. Fun ó prado segar herba
e seguí cardos tan sólo;
acerqueim'e unha meniña
e díxome: "teño dono".
(ms13,27r)
60. Fun ó prado segar herba
e seguí cardos tan solo:
acerqueim'a unha meniña
e díxome: "Teño dono".
(ms20,12r)
61. Hox'é lus, mañá martes,
cartafeita logo vén,
- domingo tardam'un ano
pra ver a quen quero ben.⁷²¹³
(ms)
62. I-enamorar, enamoreime,
e non me poiden desenamorar;
os amoriños primeiros
naide os pode arrancar.
(ms13,41r)
63. Meniña, miña meniña,
os mandamentos son dez;
para ti e mais pra min
foron feitos ó rivés.
(ms13,25r)
64. Meniña, ti te-lo teo:
dormes moitas noites fóra
por causa do parrafeo.
(ms20,41v)
65. Meu amor, meu amorciño,
¿onde estás que non te vexo?
Mórrome de soedades
e día e noite en ti penso.
(ms13,47v)
66. Meu amor, meu amorciño,
¿ond'estás, que non te vexo?
Mórrome de suidades
e día e noite en ti penso.
(ms20,02v)
67. Meu amor, meu amorciño,
¿onde estás, que non te vexo?
Mórrome de soedades
e día e noite en ti penso.
(ms13,28r)
68. Meu meniño, meu amor,
adeos, meu garanduxo;
aunque me vou desta terra,
aunque me vou, non che fuxo.
(ms13,26r)
69. Meus olliños de pracer,
se nacemos un pra o outro,
non temos que lle facer.
(ms20,28v)
70. Mingos é o meu amor;
a Mingos hei d'adourar;
domingos son días santos:
tódolos quero gardar.
(ms13,44v)
71. Moito me gustas en todo,
moito me gustas, meniña;
deume Deos pequeno haber
que senón, ti foras miña.

⁷²¹³ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

- (ms13,24r)
72. Mozo que m'estás á porta,
para ti n'hai nada dentro.
Embózate na túa capa,
mira donde sopra o vento.
(ms20,45r)
73. Na misa estando un domingo
mirácheme pra min e riche.
Así a Dios ti parezas
o qu'a min me pareciche.
(ms20,36v)
74. Namoreime de ti, nena,
ó ver que cantabas ben.
Ahora morro de fame,
teu cantar non me mantén.
(ms20,26v)
75. Nas palabras dos canteiros,
meniñas, non vos fiedes:
collen o pico e vanse.
Meniñas, ¿que lles faredes?
(ms13,42v)
76. Nas palabras dos canteiros,
meniñas, non vos fiés:
collen os picos e vanse.
Meniñas, ¿que les farés?
(ms20,05v)
77. -Nena que vénde-las peras,
¿cantas che mandaron dare?
-Para ti, meu queridiño,
non mas mandaron contare.
(ms13,26r)
78. -Nena que vénde-las peras,
¿cantas che mandaron dar?
-Para ti, meu galanciño,
non mas mandaron contar.
(ms20,17r)
79. -Nena que vénde-las peras,
¿cantas che mandaron dar?
-Para ti, meu queridiño,
non mas mandaron contar.
(ms13,45v)
80. Non penses porque t'escoito,
que xa de ti me namoro.
As mozas sempre escoitamos
con boa cara en bon modo.
(ms13,49r)
81. Non penses, porque t'escoito,
que xa de ti me namoro.
As mozas sempre escoitamos
con boa cara e bo modo.
(ms20,13v)
82. Non penses, porque t'escoito,

- que xa de ti me namoro.
As mozas sempre escoitamos
con boa cara e bon modo.
(ms13,27r)
83. Non póña-lo pé no meu
nin a man na miña saia,
qu'unque son moza solteira
espero de ser casada.
(ms20,33r)
84. Non quero zapato baixo
que se me enterra na area,
non quero amores de lonxe
qu'os teño na miña aldea.
(ms13,28r)
85. Non te canses de rondala
si algo queres lograr dela:
probe que moito pidicha
ó fin recolle cadela.
⁷²¹⁴
(mc: Sarria)
86. O anelo que me deche
naquel día do Señor,
écheme grande de dedo
e pequeniño d'amor.
(ms13,26r)
87. O cariño que che teño
e mailo que ch'hei de ter,
cabén na folla dun fento
e ha de quedar sin hencher.
(ms20,14v)
88. O cariño que che teño
e mais o que ch'hei de ter,
collén na folla dun fento
i-ha de quedar sin hencher.
(ms13,43r)
89. O meu curazón che mando
cunha chave pr'ó abrire;
nin eu teño máis que darche
nin ti máis que me pedire.
(ms13,24r)
90. O que xoga, Manuel,
non asa castañas,
i-o bon namorado
non contra patrañas.
(ms13,42v)
91. O sol da porta non quenta
a min nunca me quentou,
a filla do meu veciño
a min nunca me gustou.
(ms5,009)
92. Ó subila e ó baixala,

⁷²¹⁴ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

- a costia do Carión,
ó subila e ó baixala
perdín o meu corazón.
(ms20,48v)
93. Olvidácheme por probe,
eu por rico te deixei;
val máis un pobre con honra
que un rico de mala lei.
(ms11,57)
94. Olvidácheme, olvideite,
metínche pallas nos ollos.
O día que m'olvidache
xa tomei amores novos.
(ms20,30r)
95. Olvidáchesme, olvideite;
metínche palla nos ollos.
O día que m'olvidache
xa tomei amores novos.
(ms13,48v)
96. Onde hai carozos, hai fume;
onde hai fume, lume hai;
onde hai parrandas de noite
forza de cariño hai.⁷²¹⁵
(mc: Sarria)
97. Ont'á tarde dend'a herbeira
aceneiche c'[o] fouciño.
Se me viche e non viñeche,
mal comprendo o teu cariño.
(ms20,16v)
98. Onte á tarde dend'a herbeira
aceneiche co fouciño.
Si me viche e non viñeche,
mal comprendo o teu cariño.
(ms13,26r)
99. Os mozos todos d'ahora
son coma bolos sin sal:
proba aquí, proba acolá
por ver si ganguiñas can.
(ms20,34v)
100. Os mozos todos d'ahora
son como bolos sin sal:
proba aquí, proba alá
por ver si ganguiñas can.
(ms13,46v)
101. Parécesm'un peladillo
qu'a madurar vai no arbre.
Deberan moitos non sei canto
por cal ch'eu falo, falarche.
(ms20,31v)
102. Pasei pola túa porta,
non me quixechen falar.
As falas non te derraman
se non te ques derramar.
(ms20,11r)
103. Pasei pola túa porta
non che vin palla na eira
nin che coidei, rapaciña,
que tiñas tanta laceira.
(ms20,19v)
104. Pereira que non dá peras
¿quen ha d'ir enriba dela?
Meniña que non ten honra
¿quen por novia ha de querela?.
(ms20,13r)
105. Pola santa béixas'a peana,
polos santos béixans'as pedras,
por causa das mozas
ouséquias'ás vellas.
(ms20,04r)
106. ¿Pra que ll'armas ó merlo
onde xa ten outro armado...?
Chámalle tempo perdido
e mailo corpo querbado.
(ms13,24r)
107. ¿Pra que pasas cantando
e despertando a quen dorme?
Pra deixar soedades
á que falarche non pode.
(ms13,44r)
108. Prende salgueiriño, prende,
prende de póla na lama,
tamén meus ollos prenderon
no corazón dunha dama.
(ms20,20r)
109. Prende, salgueiriño, prende,
prende de póla na lama;
tamén meus ollos prenderon
no corazón dunha dama.
(ms13,41v)
110. Prende, salgueiro, prende,
prende de póla na lama;
tamén meus ollos prenderon
no corazón dunha dama.⁷²¹⁶
(ms13,25r)
111. Qu'os teus ollos son negriños
inda agora reparei.
Se máis antes reparara,
n'amaría a quen ameí.
(ms20,28v)
112. ¿Que importa qu'o moíño ande

⁷²¹⁵ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²¹⁶ ms13: *tamen meus olos prenderon*.

- se graus non hai na moega?
¿que importa qu'eu te ame
se ti riste da miña pena?
(ms13,24r)
113. Quen ten amores non dorme;
eu así tamen facía.
I- agora que non-os teño
durmo de noite e de día.
(ms13,24r)
114. Quérolle ben ó fillo do crego,
quérolle ben polo ben que lle quero.
Miña nai, pasaime no río
que se levan as augas os lirios.
(ms20,50v)
115. Rapaciña, donch'os ollos,
tamén che me don os meus.
Vainos lavar ó regueiro
ond'a troita lava os seus.
(ms20,43v)
116. Río Tinto, río Tinto,
río de moitas cores,
cand'o río leva tantas
¿que farán os meus amores!
(ms20,21r)
117. Río Tinto, río Tinto,
río de moitos cores;
cando o río leva tantos,
¿que farán os teus amores!
(ms13,25r)
118. Río Tinto, río Tinto;
río de moitos cores;
cando o río leva tontos,
¿que farán os teus amores!
(ms13,48v)
119. Salgueiro prende de póla,
ameneiro de raís.
Amores, que fostes doutro
para min xa non servís.
(ms20,38r)
120. Sardíña que o gato leva,
aquela, pillada vai;
heite de sacar, rapaza,
do brazo da túa nai.
(ms5,010)
121. Se queres que corresponda
a muller o teu cariño,
non poñas amor por diante,
empeza por seu amigo.
(ms20,26r)
122. Se qués que de ti m'acorde,
déixam'unha cousa túa,
- déixam'a túa navalla
para sega-la verdura.
(ms20,27r)
123. Se veñes aquí por verme,
queridiño, Dios cho pague.
Se veñes por outras cousas,
rasgas zapatos en balde.
(ms20,35r)
124. Sempre asomada á ventana
sempre na ventana posta;
pois mira que a boa taberna
non precisa o ramo á porta.
(ms5,009)
125. Son de Laxe, son de Laxe,
teño os amores en Corme;
o que ten amores lonxe
non sei como sono dorme.
(ms5,009)
126. Teño un amor peneireiro
nas cordas do corazón;
aínda que fose xastre,
pero peneireiro, non.
Sete xastres fan un home
e vintecinco un testigo
fan falla cento cincoenta
para firmar un recibo. ⁷²¹⁷
(ms)
127. Teresa pideume troitas,
ela morría e morría
i-así deille unha samborca
porque troitas n'as había. ⁷²¹⁸
(mc: A.S.A. / ms16: Sober)
128. Todos me din que te deixe
que me has de dar mala vida,
¿onde irás, boi, que non ares
senón á cortaduría? ⁷²¹⁹
(ms6,01v: "Cantares y refranes gallegos" de R. Caruncho
en *Diario de Avisos* de La Coruña)
129. Todos me din que te deixe,
que m'has de dar mala vida;
¿onde irás, boi, que non ares
senón á carnicería?
(ms13,25r)
130. Unha rosa non a queiras,
unha rosa non é nada;
iremos polas roseiras,
collerás unha manada.
(ms20,22r)

⁷²¹⁷ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²¹⁸ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²¹⁹ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

131. Unha rosa non-a queiras,
unha rosa non é nada;
iremos polas roseiras
e collerás unha manada.
(ms13,25r)
132. Unha rosa non-a queiras,
unha rosa non é nada;
iremos polas roseiras
e collerás unha manada.
(ms13,43v)
133. Vale máis o querer dun can
que o querer dunha muller:
o can quer a seu amo
i-a muller quer a quen quer.⁷²²⁰
(mc / ms4: F.V.S.)
134. Veño de Trasar de Carballo
e veño de pretender,
déronme ovos e torrezmos
e domingo hei de volver.⁷²²¹
(ms14,14 (Alvillares Moure))
135. Vintecinco pretendientes
metidos n'un violín
vientecinco pretendientes
e collín o máis ruín.⁷²²²
(mc: Bucínos)

CASAMENTO

136. A marrán, de tres semanas;
o cabritiño, dun mes;
a meniña, de quinz'anos;
e o galán, de vintetrés.
(ms20,24r)
137. A marrán, de tres semanas;
i-o cabritiño, dun mes;
a meniña, de quince anos;
i-o galán, de vintetrés.
(ms13,40r)
138. A marrán, de tres semanas;
i-o cabritiño, dun mes;
a meniña, de quince anos;
i-o galán, de vintetrés.
(ms13,29r)
139. A marrán, de tres semanas;
i-o cabrito, dun mes;
a meniña, de quince anos;
i-o galán, de vintetrés.
(ms13,29r)

140. A miña dona relouca
e decote está berrando,
como s'eu tivera a culpa
da probeza qu'hai de cartos.
(ms13,44r)
141. A miña dona relouca
e decote está berrando,
como s'eu tivera a culpa
da rapiña qu'hai de cartos.
(ms20,12r)
142. A muller pegoulle ó home
coas varas de un argadelo,
que lle pegue ó seu marido,
xa que pode, está ben feito.⁷²²³
(mc: Bucínos)
143. A regueifa está na man,
ela é de pan de centeo,
o muíño onde se moeu
non tiña capa nin veo.
(ms20,48r)
144. A sardiña cabezuda
salta fóra do truel:
pequeniña e mais ben feita
así quer ser a muller.⁷²²⁴
(ms5,010)
145. A sardiña pequeniña
como salta no panel;
pequeniña e ben feita
así quer ser a muller.⁷²²⁵
(mc / ms4: F.V.S.)
146. As escrichiñas do millo
non fan proveito a ninguén;
mandei a muller a elas,
adormeceuse e non vén.⁷²²⁶
(ms13,45r)
147. As escrouchiñas do millo
non fan porveito a ninguén.
Mandei a muller a elas,
adormeceu e non vén.
(ms20,13v)
148. Casadiño casa quere,
ó solteiro non lla dan:
o qu'ha de ser casadiño
ha de facer polo pan.
(ms20,39v)
149. Casaime, meu pai, casaime.
-Miña filla, non hai roupa.

⁷²²⁰ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²²¹ Indica V. Saco o seguinte: *Trasar de Carballo: pueblo de Cartelos - Carballo - Chantada*.

⁷²²² No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²²³ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²²⁴ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²²⁵ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²²⁶ ms13: *probeito*.

- Casaime, meu pai, casaime,
qu'unha perna quente a outra.
(ms20,32r)
150. Casar, calquera se casa;
calquera burro é casado;
pero manter fillos e muller,
retórcelle á porca o rabo.⁷²²⁷
(mc: Bucinos / ms4: Biville-F.V.S.)
151. Cásate, Xan, en domingo:
estarás lunes de boda
e martes traballarás
pra manter a túa novia.
(ms13,30r)
152. Cásate, Xan, en domingo
estarás lunes de boda
e martes traballarás
para mante-la túa novia.
(ms20,19r)
153. Cásate, Xan, en domingo
i-estarás lunes de boda
i-o martes traballarás
como che mande a túa sogra.
(ms13,30r)
154. Caseime cunha labradora
que tiña vacas e touros;
i-agora ando na arada
xunguido o día todo.
(ms13,30r)
155. Coidan os enamorados,
coidan e non coidan ben,
coidan que ninguén os mira
e todo o mundo os ve.⁷²²⁸
(ms18,27r)
156. Con dispensa non me caso
porque sei qu'a Dios ofendo.
A dispensa non me tira
a sangue de dond'a teño.
(ms20,42v)
157. Cría ti o teu filliño,
dálle da túa tetiña,
que n'hai leite nin cariño
com'o da propia naiciña.
(ms20,42r)
158. Dices que non teñes crus
para reza-lo rosario:
cásate, miña meniña
e terás crus e calvario.
(ms20,09r)
159. Dices que non tes crus
pra reza-lo rosareo.
Cásate, miña meniña,
e terás crus e calvareo.
(ms13,49r)
160. Dices que non tes cruz
pra reza-lo rosareo;
cásate, miña neniña,
e terás cruz e calvareo.
(ms13,31r)
161. Ela fiaba,
vendía viño,
ensarillaba
e co peciño
ó berce daba
do seu meniño.
(ms20,13r)
162. Eu casárame cun vello
por amor da fillarada,
i-agora o demo do vello
trouxo seis de unha niñada.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
163. Eu caseime cun velliño,
cun velliño xa de días;
entroume o gurgullo con il
e comeulle as alegrías.
(ms13,31r)
164. Eu caseime cun velliño
cun velliño xa de días;
entroum'o gurgullo co-el
e comeull'as alegrías.
(ms20,01v)
165. Eu caseime cun velliño
por decir que tiña home.
¡Válgate Xunca-lo vello
que siquera á cama sobe.
(ms20,39r)
166. Eu caseime cunha vella,
sei qu'o demo m'atentou:
alá pola media noite
na cama s'esforricou.
Non o sinto pola roupa,
qu'a roupa vaise lavar,
sintoo pola costume,
que lle non ha de pasar.
(ms20,44v)
167. Eu caseime i-entereime,
agora estou enterrada;
de solteira, roupa nova;
de casada, remendada.⁷²²⁹

⁷²²⁷ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²²⁸ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²²⁹ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

- (mc)
168. Eu caseime n'alleira
porqu'había moitos allos,
agora váisem'o tempo
en collelos e sembralos.
(ms13,47r)
169. Eu caseime na alleira
porqu'había moitos allos,
agora váisem'o tempo
en collelos e sembralos.
(ms20,02r)
170. Eu caseime na montaña,
por terra de moito gran.
O forno de miña sogra
botaba silvas no vran.
(ms20,05r)
171. Eu caseime na montaña
por terra de moita gran;
i-o forno da miña sogra
bota silvas no bran.
(ms13,31r)
172. Eu queríame casare,
miña nai dice que é cedo;
ella como está casada
non sabe canto au adoezo.⁷²³⁰
(ms13,41v)
173. -Eu queríame casare,
miña mai, non teño roupa.
-Casa, miña filla, casa,
que unha perna tapa a outra.
(ms13,42r)
174. Hei casar contigo, vello,
pero ha ser con condición,
que m'has levar ó lombo
dond'haxa devirtición.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
175. Hei casar cun carpinteiro,
que me fai cousas prezosas;
dáme colchón no vrao
e no inverno calor coas birutas.
(ms13,41r)
176. Home probe non te cases
con muller que rica sea:
entra pola casa adiante
e todo quere mandar ela.⁷²³¹
(mc / ms4: F.V.S. / ms16)
177. Jorgiño doum'un consello;
non sei se m'engañaría:

⁷²³⁰ ms13: *como está casado*.

⁷²³¹ ms4: *quer*.

- os homes son moi truáns...
pro con Jorge eu casaría.
(ms20,07v)
178. Máis quero ser solteiriña
que muller d'home baldío.
Máis quero un pobre con honra
que sin honra un home rico.
(ms20,23r)
179. Mariñeiro quero, madre,
mariñeiro m'han de dar;
se non me dan mariñeiro,
solteiro m'hei de quedar.
(ms13,29r)
180. Mariñeiro quero, miña mai;
mariñeiro m'han de dare;
se non me dan mariñeiro,
solteira m'hei de quedar.
(ms13,48r)
181. Mariñeiro quero, madre;
mariñeiro m'han de dar;
se non me dan mariñeiro,
solteira m'hei de quedar.
(ms20,23v)
182. Mariñeiro, madre,
mariñeiro m'han de dar;
se non me dan mariñeiro,
solteira m'hei de quedar.
(ms13,29r)
183. Miña mai por me casare
e meu pai por darm'a dote,
armaron unha quimeira
e rompéronll'un pé ó pote.
(ms13,41v)
184. Miña nai, casade as fillas,
mentras ten bon parecer;
pois non son herbas do prado
que volvan a enverdecer.
(ms13,45r)
185. Miña nai, casade as fillas
mentras ten bo parecer,
pois non son herbas do prado
que volvan a enverdecer.
(ms20,18r)
186. Miña nai, casade as fillas
mentras ten bon parecer,
pois non son herbas do prado
que volvan a enverdecer.⁷²³²
(ms13,30r)
187. -Miña mai, quero casarme
qu'adocedo de amores.

⁷²³² ms13: *Moña nai*.

- Casa, miña filla, casa,
que logo terás deores.
(ms13,42r)
188. Nena da cara redonda
se te queres casar
cásate na Terra Cha:
beberás auga do charco
i-oirás canta-las ras.
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
189. Non busques mozas na feira
e menos na romería;
busca as rapazas na casa
vestidas de cada día.
(ms5,008: *Cancioneiro de Muros*. C.E.G.)
190. Non digas que non atopas
unha nena que che agrade.
As rapaciñas bonitas
ond'están logo se sabe. ⁷²³³
(ms13,49v)
191. Non m'estraña que casases
ó fin con boa rapaza
qu'ás veces un porco ruín
inda pillu unha boa ladra.
(ms13,29r)
192. Non quero nada das vilas
nin quero do meu lugar,
quero unha nena garrida
que conócín xunt'ó mar.
(ms20,45r)
193. Non te cases con ferreiro,
que che saltan as muxicas;
cásate con carpinteiro,
que che fai huchas bonitas.
(ms20,26r)
194. Non te cases con ferreiro,
que ten moito que lavar.
Cásate con mariñeiro,
que vén lavado do mar.
(ms20,15r)
195. Non te cases con un ferreiro,
que é mui malo de lavar;
cásate con un mariñeiro,
que xa vén lavado do mar. ⁷²³⁴
(ms-SA: Félix Rodríguez Vieites)
196. Non te cases cun canteiro,
que che saltan as pedriñas;
cásate cun mariñeiro,
que che trae boas sardiñas.
- (ms13,40v)
197. Non te cases cun ferreiro,
que che saltan as muxicas;
cásate cun carpinteiro,
que che fai cousas bonitas.
(ms13,40v)
198. Non te cases cun ferreiro,
que ten moito que lavare;
cásate cun mariñeiro,
que vén lavado do mare.
(ms13,40v)
199. Non te cases cun ferreiro,
que ten moito que lavare;
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mare.
(ms13,46r)
200. Non te cases cun ferreiro
que ten moito que lavare,
cásate cun mariñeiro
que vén lavado do mar.
(ms13,31r)
201. O casado casa quer
o solteiro non lla dan
o que ha de ser casadiño
teno que ser pola man.
(ms15,39)
202. O cura que me casou
tamén me pudo velar,
se me peta na cabeza
volvereime descasar. ⁷²³⁵
(mc / ms4: F.V.S.)
203. O día da boda
hai muita alegría
porque hai que comer
con forza aquel día;
ó outro día di a muller:
marido trai pan,
que non hai que comer. ⁷²³⁶
(mc: Buciños)
204. O día que nos casamos
plantou Luís un naranxeiro.
Hoxe naranxas xa dá
que come o meu vinculeiro.
(ms20,45r)
205. O pan trigo sabe ben.
¡Dichoso de quen o come!
Muller bonita casada:
fortuna par'o seu home.
(ms20,30v)

⁷²³³ ms13: *que nos atopas*.

⁷²³⁴ Esta cantiga aparecía entre os refráns.

⁷²³⁵ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

⁷²³⁶ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

206. Par'o domingo que vén
son as miñas monicións,
con eso irans'acabando
tódalas conversacións.
(ms20,25r)
207. -¿Por que non te casas, Pedro?
¿Por que non te casas, Xan?
-As que me queren n'as quero
i-as que quero non mas dan.
(ms15,39)
208. -¿Por que non te casas, Pepe?
¿Por que non te casas home?
-Porqu'a que cumpras agardo
ti, meniña, os dezanove.
(ms20,18v)
209. -¿Por que non te casas, Pepe?
¿Por que non te casas, home?
-Porque a que cumpras agardo
ti, meniña, os dazanove.
(ms13,30r)
210. -¿Por que non te casas, Pepe?
¿Por que non te casas, home?
-Porque a que cumplas agardo
ti, meniña, os dazanove.
(ms13,47r)
211. Santo Cristo d'Amarante,
casamenteiro das nenas
¿por qué non casas as vellas,
ou que che fixeron elas?⁷²³⁷
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia
de Lugo)
212. S'o casar fora dun día
ou dun ano tan siquera,
casáram'eu, churrusqueira,
por sabe-la vida que era.
(ms20,10r)
213. S'o casar fora dun día
ou dun ano tan siquera,
casárame eu, churrusqueira,
pra sabe-la vida que era.
(ms13,31r)
214. Si ela o deixou prantado
a cousa non val a pena;
por cada porta fechada
topa un home cen abertas.
(ms5,009)
215. Si ela te deixou plantado
a cousa non val a pena:
- por cada porta fechada
topa un home cen abertas.
(ms11,57)
216. ¿Si o casar fora dun día
ou tan xiquera d'un ano!
Pero é cousa para sempre
¿Dios nos teña da súa mano!
(ms14,14 (Alvillares Moure))
217. Terra fría non dá pan.
As meniñas da ribeira
na montaña non s'afán.
(ms20,42r)
218. Todos me din que me case,
que solteiro non estou ben;
todos me din que me case
pero naide me dice con quen.
(ms13,30r)
219. Os solteiros valen ouro;
os casados valen prata;
os viúdos, calderilla;
os vellos, folla de lata.
(ms20,16r)
220. Os solteiros valen ouro,
os casados valen prata,
os viúdos calderilla
i-os vellos folla de lata.
(ms13,7r)
221. Un solteiro vale ouro;
un casado, prata;
un veúdo, calderilla;
i-on vello, folla de lata.
(ms13,49v)
222. Xorxiño deume un consello,
non sei se me enganaría.
Os homes son mui truáns...
pro con Xorxe eu casaría.
(ms13,31r)

COSTUMBRES

223. Como chove miudiño,
como miudiño chove,
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove.
(ms13,15r)
224. O carballo da Portela
ten a folla revirada
que lla revirou o vento
unha noite de xeadá.⁷²³⁸
(ms13,15r)
225. O carballo da Rumuiña

⁷²³⁷ O orixinal di *Santo Cristo da Amarante casamenteiro das nenas, porque non casas as vellas ou que che fixeron elas*. Aparecía entre os refráns.

⁷²³⁸ ms13: *portela, rebirou*.

ten a folla revirada.
-¿Quen a arrebirou? -O vento
unha noite de xeadá.⁷²³⁹
(ms13,15r)

226. Tarde vés, e non m'espanta
que xa adoitas de tardar.
Auga de moitos regueiros
é mala de arrecadar.
(ms13,14r)

DE PAXARIÑOS E AVES

227. ¡Ai! Quen anduriña fora,
anduriña da outra banda
qu'ó meu amor nun suspiro
no piquiño che levará.
(ms13,19r)

228. Aquel paxaro non canta,
seica non ten alegría;
non se fai cousa de noite
que non se saiba de día.
(ms5,010)

229. A rola anda arrolando
por riba de un bido seco
que lle levaron o niño
as mozas de Rioseco.
(ms5,010)

230. A roliña anda arrolando
que lle levaron o niño:
non-o fixeras ti, rola
tan á veira do camiño.
(ms5,010)

231. Canta o cuco, canta o merlo,
cantan tódolos paxaros:
eu tamén onte cantei,
hoxe choro os meus traballos.
(ms20,29r)

232. Canta, cuco, canta, cuco,
na casiña da bubela:
coitadiña da miniña
que lle chove na capela.
(ms5,010)

233. Canta, cuco, canta, cuco,
que xa cantou a bubela;
cantan os bichiños todos
no tempo da primavera.⁷²⁴⁰
(ms5,010)

⁷²³⁹ ms13: *arrebirou*.

⁷²⁴⁰ Aquí se oían el cucu del cuculillo; el grave canto de la tórtola; el repinicado trinar del jilguero, el agradable gorjeo del verderón, el silbido de un mirlo, en tanto que las inquietas *reiniñas*, los miembros *cregos*, graves *peizocos* y lastimeros *maceirentos*.

234. Chamácheme pito cairo
por nacer en xaneiro
e, s'o zorro no me come,
aínda che hei de cantar no poleiro.

(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
Moreda, Taboada, LU)

235. Chámanm'o pito cairo
porque nacín en xaneiro.
Se m'o raposo non come,
hei d'ir cantar ó poleiro.
(ms20,05v)

236. Chámanm'o pito cairo
porque nacín en xaneiro.
S'o raposo non me come
hei de cantar no poleiro.
(ms13,19r)

237. Da viga do meu sobrado
é señora unha anduriña.
De noite dorme no niño,
espértam'ó abri-lo día.
(ms20,39r)

238. Déixame vivir nos montes,
déixame estar solitaria,
déixame cos paxariños
qu'enderredor de min cantan.⁷²⁴¹
(ms13,19r)

239. Eu ben vin estar o cuco
encima do paspallás,
segundo che foi mentira
tamén puido ser verdá.
(ms-LU: seminarista anónimo: Pacios (Neira de Xusá),
Baralla, LU)

240. Eu ben vin esta-lo cuco
enriba dun paspallás.
Se foi verdá ou mentira
mira a min que se me dá.
(ms20,31r)

241. Eu ben vin esta-lo moucho
enriba daquel penedo.
Non che teño medo, moucho;
moucho, non che teño medo.
(ms20,25v)

242. Hisca d'aí galiña maldita;
hisca d'aí
non máte-la pita.
Hisca d'aí,
galiña ladrona
hisca d'aí
pra cas de túa dona.
(ms20,18v)

⁷²⁴¹ ms13: *qu'enderredor de min cantas*.

243. ¡Hisca d'aí!,
galiña maldita;
¡hisca d'aí!
non máte-la pita.
¡Hisca d'aí!,
galiña ladroa;
¡Hisca d'aí!
pra cas da túa dona.
(ms13,18r)
244. Hisca d'aí,
galiña maldita;
hisca d'aí,
non máte-la pita.
(ms10,024r: D.E.)
245. Hisca d'aí
galiña maldita
hisca d'aí
non máte-la pita.
Hisca d'aí
galiña ladroa
hisca d'aí
pra cas da túa dona.
(ms13,44v)
246. Máis cedo madruga
ese pasallás
que d[e] pan nos sucas,
¡vai bo de cantar!
(ms20,31r)
247. Moucho que estás no penedo,
eres de cartón, eres de cartón
non che teño medo.
(ms13,19r)
248. Moucho, moucho que estás no penedo,
eres de cartón, eres de cartón
non che teño medo.
(ms13,19r)
249. Moucho, moucho que estás no valado
te-lo calzón roto, te-lo calzón roto
i-o cu furado.
(ms13,19r)
250. O cuco e mais a rola,
ambos eran dunha terra:
o cuco chámase Sidro,
a rola Queitana vella.
(ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá,
Baralla, LU)
251. O cuco e mais a rula
son ambos dunha terra;
ó cuco chámanlle Pedro

- i á rula "Caetana" vella.
(ms14,18)
252. O pardau dá nido ó campo,
non aprendeu a cantar...
com'os ratos i-as donicelas,
qu'apenas saben chilrear.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
253. O paxaro, cando chove,
mete o rabo na silveira:
así fan as boas mozas
cando non hai quen as queira.
(ms20,30r)
254. Paxariño gorrión,
non me coma-las cereixas,
que vai o meu amo fóra
e hácheme de da-las queixas.
(ms20,18r)
255. Paxariño gorrión,
non me coma-las cereixas,
que vai o meu amo fóra
i-hácheme de da-las queixas.
(ms13,45v)
256. Paxariños que vides voando
polas pólas dos loureiros
i-acudides polos amieiros
a busca-la raíña do sol.
Ven, ven e verás,
i-os amorinhos primeiros
son mui malos d'olvidar.
(ms13,19r)
257. Teño unha galiña choca
e hama de come-lo cuco.
Pega tres vóltas no aire.
Tócall'o pito, Farruco.
(ms20,32v)

DELOROSAS

258. Algún día, algo, algo,
i-agora, ¡malpocadiño!
Xa non me queren as nenas
porque vou acabadiño.
(ms13,1r)
259. Algún día, algo, algo;
ahora ¡malpocadiño!
Xa non me queren as nenas
porque vou acabadiño.
(ms13,43r)
260. Algún día, algo, algo;
ahora, ¡malpocadiño!
Xa me non queren as nenas
porque vou acabadiño.

⁷²⁴² No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

- (ms20,22r)
261. Antes que a falar te poñas,
pensa ben que vas decir.
que moitos, de non pensalo,
chegáronse a arrepentir.
(ms13,2r)
262. Arrodlleime a chorar
ó pé dunha sepultura,
i-unha vos me respondeu:
mal de herencia non ten cura.⁷²⁴³
(ms16: Bucíños)
263. Calá, miña nai, calá,
qu'axiña veresme volto
traguendo pra nós d'alá
ouriño envolto, ouriño envolto.
(ms20,01v)
264. Cantá, cantá, paxariños,
qu'eu tamén moito cantei.
Vós aínda comenzades,
eu de cantar xa acabei.
(ms20,40r)
265. ¡Canta rula, canta rula,
alá se doi naquel souto!
¡Coitadiño do qu'espera
polo qu'está na man doutro!
(ms20,37v)
266. Coidarán que porque canto
en min alegría hai;
pra min a alegría foise
e choro o meu a-ia-iaí.
(ms20,01r)
267. Debaixo da sepultura
podrece o ben qu'eu ameí.
¡E nela d'auga bendita
siquera pinga botei!
(ms20,32v)
268. Deixácheme por ser fea
e tra-la guapa te fuche.
Non che me pesa, mais sabe
que n'hái rosa que non murche.
(ms20,25v)
269. Deixácheme por ser fea
e tras a goapa te fuche.
Non-o sinto, mei sabe
que n'hái rosa que non muche.
(ms13,46v)
270. Escoitando cal ruxía
a'uguiña de certa fonte,
deixei nela moitas bágoas
pensando na miña sorte.

- (ms13,2r)
271. Escoitando cal ruxía
auguiña de certa fonte,
deixei nela moitas bágoas
pensando na miña sorte.
(ms20,22v)
272. Fóra casei: adiós porta,
portiña do meu quinteiro,
auga do meu zabolíño,
sombra do meu laranxeiro.
(ms20,33v)
273. Mais o que ben quixo un día,
s'a querer ten afición,
sempre lle queda unha mágoa
dentro do seu corazón.
(ms20,21v)
274. Meus amigos, triste estou,
moitas soledades teño
da terra que me criou.
¡Mal haxa a sorte do deño
que dela che me sacou!
(ms20,39v)
275. Na punta de un seixo albeiro
está pousada unha pega
tomando o sol de xaneiro.
Sol invernizo
que baña cas súas mornas raiolas
toda esta triste montaña.
A montaña éche grandal
e aló'nriba do curuto
cuberta de piñeiral.
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
276. Ninguén a bailar me chama
e afogo entre suspiriños.
¿De que me sirve ser guapa
se non mo din os mocíños?
(ms20,27v)
277. No xantar e mais na cea
con broa e berzas pasamos,
e moitas veces nos topamos
grasa pra un pote de caldo.
(ms13,46v)
278. No xantar e mais na cea
con broa e berzas pasamos
e moitas veces non hai
graxa pra un pote de caldo.
(ms20,19r)
279. O que ben quixo un día,
s'a querer ten aficeón,
sempre ha de ter unha mágoa
dentro do seu corazón.
(ms13,43r)

⁷²⁴³ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

280. O que ben quixo un día,
s'a querer ten aficeón,
sempre lle queda unha bágoa
dentro do seu corazón.
(ms13,2r)
281. Pontevedra non ten auga,
se n'a ten, eu lla darei,
coas bagoíñas dos meus ollos
Pontevedra regarei.⁷²⁴⁴
(ms13,2r)
282. Rapazas que tra-la risa
vades ó cabo da terra,
mirade ben que hai risadas
que tras si cen choros levan.
(ms20,50r)
283. Séntate nesa pedriña,
eu sentareime n'estrouta
e axudarasm'a chorar
a miña fortuna pouca.
(ms20,09v)
284. Soliño un amor eu tiña,
un soliño nada máis
e, por desventura miña,
fóisem'alá para Cais.
(ms20,05r)
285. Tiven un fillo e morreume
na guerra como soldado;
i-as bágoas que por el botei
sábeo o Diosiño adourado.
(ms13,2r)
286. Tiven un fillo e morreume
na guerra como soldado
i-as bagoas que por el botei
enchen o río do Mao.
(ms13,2r)
287. Tiven un fillo e morreume
na guerra como soldado.
Bágoas que por el botei
sábeo Diosiño adorado.
(ms20,11v)
288. Todos me dicen ¿que teño?,
que dei en entristecer.
Eu digo: non teño nada,
algo quixera xa ter.
(ms20,41v)
289. Tres cousas pedín a Dios,
ningunha me quixo dar:
hermosura, bo cabelo
e gracia para cantar.
(ms20,08v)

⁷²⁴⁴ ms13: *bagoíñas d'os meus ollos*.

DO AGRO

290. A castaña no ourizo
eu ben vos sei o que fai.
S'é qu'está verde, madura
e s'está madura, cai.
(ms20,29v)
291. A castaña no ourizo
quixo rir e reventou;
caeu do castaño abaixo
¡mira que golpe levou!
(ms13,20r)
292. A castaña no ourizo
quixo rir e reventou:
caeu do castiro abaixo:
¡mira que golpe levou!
(ms20,06v)
293. A castaña no ourizo
quixo reir e estralou
caíu do castaño embaixo:
mira que tumbo levou.
(ms11,24)
294. A castaña no ourizo,
sei moi ben cómo fai:
cando pinta, madurece;
cando madurece, cai.⁷²⁴⁵
(mc)
295. Ai, señor Marqués d'Estella,
afamado xeneral,
a cuestión dos foros
estaia levando moi mal.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
296. Al'arriba naquel monte
hai un porquiño colgado
o que lle queira un chourizo
que lle tire polo rabo.
(ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
297. Amigos de cerca ou lonxe,
i-as contas sempre de preto;
amistade a que se queira
pero a vaca no seu precio.
(mc: M.V. / ms-LU: seminarista anónimo: Paradela, LU)
298. Arriba, si; abaixo, non,
onde se dá a naranxa
tamés se dá o limón.
(ms13,21r)
299. Coido que vai a chover
anque non está nublado,
están as pitas mui xuntas

⁷²⁴⁵ No orixinal aparecía recollida entre os refráns.

- señal de tempo trocado.
(ms11,59)
300. Est'é o tempo d'estroupel estroupele,
est'é o tempo d'estroupelear,
est'é o tempo de maza-lo liño,
est'é o tempo do liño mazar.
(ms13,20r)
301. Est'é o tempo d'estroupel'estroupele,
est'é o tempo d'estroupelear,
est'é o tempo de maza-lo liño,
est'é o tempo do liño mazar.
(ms20,14r)
302. Eu caseime na alleira,
porqu'había moitos allos;
agora váisem'o tempo
en collelos e sembralos.
(ms13,21r)
303. Eu pedín o leite á vaca,
a vaca pideum'a herba,
herbiña lle pido ó prado
e o prado pídeme rega.
(ms20,20v)
304. Eu pedinll'o leite á vaca
i-a vaca pediume a herba;
herbiña lle pido ó prado
i-o prado pídeme a rega.
(ms13,20r)
305. Eu pídolle o leite á vaca,
a vaca pidem'a herba,
herbiña lle pido ó prado,
i-o prado pídeme rega.
(ms16)
306. Eu xuguín os meus boiciños
e leveinos á arada,
e no medio do camiño
acordouseme a aguillada.⁷²⁴⁶
(ms13,48v)
307. Eu xunguín os meus boiciños
e leveinos á arada
e no medio do camiño
acordousem'a aguillada.
(ms20,46v)
308. ¡Gachi! ¡Gachi!
¡Que demo de gato!
¡Como se farta
no prebe do prato.
(ms20,16v)
309. Gustar, gústanme as moscas
pero tocante á carne
miña nai sabe un refrán:
- o boi solto ben se lambe.
(ms17,079: Ramón Cabanillas, *Antífona de Cantiga*, p. 121)
310. Hasta a folliña do millo
sabe tamén picardía:
gardo o orvallo da noite
para beber polo día.
(ms20,29r)
311. Herba do trebo, meniña,
herba do trebo, rapaza,
herba do trebo, meniña
herba do trebo che naza.
(ms20,43r)
312. -Miña nai, doime a barriga.
-Miña filla, confeseón.
As castañas que comiches
¿De que castiñeiro son?
(ms13,21r)
313. Non te arrimes á Marela
que escoucea,
non veñas a namorarme
se non tras boa idea.
(ms13,42v)
314. Ó carballo caille a folla;
ó castiñeiro, o ourizo;
o home que non ten barba
é parente do carrizo.
(ms5,008)
315. Os prados queren procuro;
os labramíos, labrador.
Propietario, sin oficio
non pode ser gran señor.
(ms20,19v)
316. Paxariño gorreón,
non me coma-las cereixas,
que vai o meu amo fóra
i-hácheme de da-las queixas.
(ms13,20r)
317. Pereiriña de don Guindo,
heiche de dar un abalo
e, se non solta-las peras,
logo ch'arrimo o machado.
(ms20,32r)
318. Períñas me dan ó almorzo;
ó xantar peras me dan;
á merenda danme peras;
á cea, peras sin pan.
(ms13,21r / ms20,02r)
319. Puxen un preito ó veciño
polo derrego dun leiro;
comer, comeume todo a curia,

⁷²⁴⁶ ms13: *aguillada*.

- pero amolar, amoleino.⁷²⁴⁷
(mc e ms16: Buciños)
320. Se queres qu'o carro che cante,
bó tall'o eixe de freixo;
se queres qu'o amor te queira,
dálle rebadas de queixo.
(ms-LU: Jesús Redondo C.: Lalín, PO)
321. Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que a filla case,
pon no corredor un queixo.
(ms-LU: Trini Figueiras: San Salvador de Asma,
Chantada, LU. Convento de Las Córneas.)
322. Se queres qu'o carro cante,
bó tall'o eixo no río,
bó tall'o eixo mollado
e darach'un asubío.
(ms20,12v)
323. Se queres que o carro cante,
mó llalle o eixe no río;
despois de iso mollado,
canta como un asubío.
(ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Coucieiro,
Muxía, C)
324. Se queres que o carro cante,
mó llalle o eixo no río,
e despoes de ben mollado,
canta coma un asubío.
(ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)
325. Si queres qu'o carro cante,
mó llalle o eixe no río,
e dispoi'xa de ben mollado,
ha de cantar como eu asubío.
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia
de Lugo)
326. Seguei herbiña no prado;
tamén a seguei na presa.
Deixei a túa conversa
e s'a deixei, non me pesa.⁷²⁴⁸
(ms13,20r)
327. Seguei herbiña no prado,
tamén a seguei na presa.
Deixei a túa conversa
s'eu a deixei, non me pesa.
(ms20,07v)
328. Sementei nabiña vella,
- na terra non fermentou.
¡Qu'hei de facer de min, triste,
s'a nova se me acabou!
(ms20,26v)
329. Teño o cochiño no baño,
teño a fariña no lar,
os cartiños están na bolsa,
xa non me podo queixar.⁷²⁴⁹
(mc: Santiago)
330. Teño unha herba na horta
que lle chaman correola.
Para falar ti connmigo,
cómprech'un ano d'escola.
(ms20,07v)
331. Teño unha herba na horta
que lle chaman correola.
Pra que ti fales connmigo
cómpreche un ano de escola.
(ms13,20r)
332. Trigo limpo non cho hai,
se queres algún centeo
vaí por il a cas meu pai.
(ms13,21r)
333. Vamos a rae-lo pan.
Ti levarás unha rosa
e un caravel eu na man.
(ms20,35r)
334. Vendédem'os bois,
vendédem'as vacas
e non me vendades
o pote das papas.
Vendédem'o pote,
vendede o cunqueiro
mais non me vendades
o meu tabaqueiro.
(ms20,40v)

HUMORÍSTICAS

335. A muller de malpocado
está bailando na eira
e malpocado mirando
como a muller se peneira.
(ms20,22r)
336. A muller de malpocado
está bailando na eira,
i-o malpocado mirando
com'a súa muller peneira.
(ms13,5r)
337. Adeos martes d'Antroido,

⁷²⁴⁷ ms4: *on veciño, comeum'o*; ms16: *a un veciño*. Esta cantiga aparece entre os refráns. Vázquez Saco explica: *Parece procedente dunha canción popular y pone de manifiesto la perjudicial terquedad de muchos de nuestros paisanos.*

⁷²⁴⁸ ms13: *Seixei a tua conversa*.

⁷²⁴⁹ No orixinal aparecía entre os refráns.

- cortafeira de Cinza;
inda che m'hei de lembrar
domingo vindo da misa.
(ms13,47v)
338. Adiós, martes d'Antroido,
cortafeira de Ceniza,
inda che m'ha d'acordar
domingo vindo da misa.
(ms20,08r)
339. Agora que non hai sardiña
¿que farán os cataláns?
Andarán pola reibeira [sic]
tirando pedras aos cans. ⁷²⁵⁰
(mc: D. Casto Sampedro)
340. Antoniño, meu Antón,
falar e rir está ben;
poñerm'a man, eso non.
(ms20,03r)
341. Antoniño, meu Antón,
falar e rir están ben,
poñerm'a man... eso non.
(ms13,9r)
342. As meniñas desta terra
poucas son e van a menos,
hanse de vender a ichavo
coma os xurelos pequenos.
(ms13,6r)
343. As meniñas desta terra
poucas son e van a menos:
hanse de vender a ichavo,
como os xurelos pequenos.
(ms20,19r)
344. As mociñas de Chantada,
non é unha, que son todas,
tran sete pares de medias
pra facer as pernas gordas.
(ms14,14 (Alvilares Moure))
345. As nenas desta aldea
poucas son, menos serán,
¡quen mas dera empipadas
nunha pipa d'alquitrán!
(ms20,48v)
346. Cal na fonte cal no río
tópote sempre lavando.
Meniña, ti te-lo demo
ou seica m'andas tentando.
(ms13,8r)
347. ¡Canto miras para min...!
¡Canto me choscas o ollo!...
Teño moito que facer.
- Non podó atender a todo. ⁷²⁵¹
(ms13,8r)
348. Coida meu pai que me ten
debaixo do pé dereito:
fanll'a cama no sobrado,
non sabe cando me deito.
(ms20,29v)
349. Comíche-los cachelos,
comíchelos sin sal,
miña prenda na ialma
e fixéronche mal.
(ms13,6r)
350. Dáme viño, dáme viño,
auga non cha podó ver.
Sonche desta condición
e con ela hei de morrer.
(ms20,45v)
351. Dormida na miña cama,
soñando na miña ventura,
unha pulga deum'un couce,
guindándome na sepultura.
(ms13,8r)
352. Dormindo na miña cama
soñando en miña ventura
unha pulga doum'un couce
guindoume na sepultura.
(ms20,08r)
353. Era unha vella e un cesto
e nun sei más desto.
Era unha vella e unha canada
e nun sei más nada.
(ms-LU: seminarista anónimo:Pacios (Neira de Xusá),
Baralla, LU)
354. Eu fun a un cementerio
cunha navalla mui larga
e díxenlle ós difuntos:
"o que queira algo que salla". ⁷²⁵²
(ms8,71r. Meda)
355. Eu fun a un cementerio
cunha navalla mui larga:
o que queira vir
aféitolle a barba. ⁷²⁵³
(ms8,71v. Burela)
356. ¡Felice-los que se deitan
sin ansias en que pensar:
érguense porque despertan
e saben qu'han d'almorzar!

⁷²⁵⁰ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁵¹ ms13: *Nos podó atender a todo.*

⁷²⁵² No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁵³ No orixinal aparecía entre os refráns.

- (ms20,10v)
357. Felices os que se deitan
sin anseas en que pensar:
érguense porque despertan
e saben qu'han d'almorzar.
(ms13,8r)
358. Fun a caza-las miñocas
pra mañán pesca-las troitas:
as miñocas caceinas
pero as troitas... nin velas.
(ms13,6r)
359. Fun á túa casa por verte,
e axexei polo ferrollo:
a ladra de túa nai
meteum'un pau por un ollo.
(ms20,15r)
360. Fun a túa casa por te ver
i-axexei polo ferrollo,
a ladra da túa mai
meteume un pau por un ollo.⁷²⁵⁴
(ms13,7r)
361. Hai dúas cousas no mundo
que non podo comprender:
os curas ir ao inferno
e os médicos morrer.
(ms5,008: *Cancioneiro de Muros*. C.E.G.)
362. Iba unha vella
pula cabada vella arriba
cun cesto de polos,
e tirou un soplo
e vuáronlle todos.
(ms-LU: seminarista anónimo: Pacios (Neira de Xusá),
Baralla, LU)
363. Indo Ana pola rúa
díxolle Antón ó pasar:
"Almíbere tes na boquiña
¡quen che mo dera a probar!"
(ms13,9r)
364. Lanzou a moza un gargaxo
e dixo de contado: "¡En boa hora!
Proba quentiño xa ese,
qu'é o mellor que tiña agora".
(ms13,9r)
365. Mariquiña n'está mal
se non fose polo andado,
aquele que lle fixo o cesto
que tamén lle poña o aro.
(ms13,5r)
366. Meu maridiño foise por probe,
deixou un fillo topou dezanove;

- gracias a Dios e a tódolos santos,
xiquera me dixo de quen eran tantos.
(ms20,50v)
367. Meu maridiño marchouse por pobre,
deixou un fillo e topou dazanove;
gracias a Dios i-a tódolos santos,
siquera me dixo de quen eran tantos.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
368. Miña nai ten unto vello
do porco qu'ha de matar
e berzas tamén na horta
das coles qu'ha de prantar.
(ms20,33r)
369. Naquela banda do río
ten meu pai un castiñeiro:
dá castañas en agosto,
uvas brancas en xaneiro.
(ms20,27r)
370. Naquela banda do río
ten meu pai un castiñeiro:
dá castañas en agosto
i-uvas brancas en xaneiro.
(ms13,40r)
371. No convento d'Acibeiro
había un frade galiñeiro
qu'así que se puña o sol,
churras, churras, ó poleiro.
(ms20,33r)
372. No me fales mal dos homes
que lles quero moito ben:
salalos, salpementalos
e botalos na sartén.
(ms11,24)
373. Non quero muller casada
nin quero muller viúda;
quero muller solteiriña
e si n'é ensí, ningunha.
(ms13,9r)
374. O caldo que non ten grasa
maldito se graza fai;
a muller que non tel sal,
igual có caldo, nada val.
(ms13,6r)
375. O cariño que che teño
e mailo que ch'hei de ter,
collen na folla dun fento
i-ha quedar sin encher.
(ms13,7r)
376. O cura de san Martín
ten a camisa cagada;
vaia polo de

⁷²⁵⁴ ms13: *ajejei polo ferrollo*.

- que ten sete na colada.
(ms13,6r)
377. O ferreiro ten a frebe,
a muller o sarampión,
os filliños as vixigas...
¡Ai, Xesús! ¡Que compaseón!
(ms13,7r)
378. O ferreiro ten a frebe;
a mulle-lo sarampión,
os filliños, as vixigas...;
¡Ai, Jesús! ¡Que compasión!
(ms20,16v)
379. O ferreiro ten a frebe;
a muller, o sarampeón;
os filliños, as vixigas;
¡Ai, Xesús! ¡Que compaseón!
(ms13,46r)
380. O que é rico e ten bon bolso,
cantarémolle o responso;
i o que é pobre e non ten nada
tirármolo á furada.⁷²⁵⁵
(ms8,10r: Silvarrey)
381. Ó que é rico e ten diñeiro
bótanlle o responso enteiro;
ó que é probe e non ten nada,
vaia, vaia prá furada.⁷²⁵⁶
(mc)
382. ¡O que vai dun ano a outro
¡Miña nai...!
¡De ter cartos a non telos
o que vai!
(ms20,26v)
383. O que vai dun ano a outro,
¡miña mai!
¡De ter cartos a non telos
¡o que vai!
(ms13,43v)
384. ¡Olliños de groria!
¡Cariña de meiga!
Apértame ben,
corazón de manteiga.
(ms20,03r)
385. ¡Olliños de groria!
¡Cariña de meiga!
Apértate ben,
curazón de manteiga.
(ms13,9r)
386. Ond'hai mozas hai risadas
ond'hai mozos hai placer
i-onde hai moitas vellas xuntas
non saben senón reñer.
(ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
387. Os mozos da calle
mataron un burro
i-os da estaceón
comérono crudo.
(ms13,6r)
388. ¿Para que subes tan alto,
atrevido pensamento?
¿Para que tan alto subes
se tes que baixar co tempo?
(ms20,31v)
389. ¿Pra que subes tan alto,
atrevido pensamento?
¿Pra que tan alto subes,
se tes que baixar co tempo?
(ms13,40v)
390. -Preguiciña, ¿queres pan?
-Si, señora, si mo dan.
-Vai a buscar o coitelo.
-Non señora, non-o quero.⁷²⁵⁷
(mc / ms4: F.V.S. / ms16: Sarria)
391. -¿Qu'é aquilo, muller?
¿Qu'é aquilo, malvada?
-É o gato do convento
qu'anda tras da nosa gata.
(ms13,8r)
392. ¿Que presumes ti, mociña
desa túa bonitura?
Qu'hacha de comer a terra
debaixo da sepultura.
(ms14,15 (Alvillares Moure))
393. Se deixo a Pedro por Xan,
non me rifes, miña nai:
Perico ten certo aquel
que moita graza me fai.
(ms13,9r)
394. Si eres rico e tes diñeiro,
farémosche o enterro enteiro
i si es pobre e non tes nada,
todo será unha zaragallada.⁷²⁵⁸
(ms8,09v: Carballino)
395. Ti que llas deches,
Fervellasberzas,
volvell'as nocces;

⁷²⁵⁵ Esta cantiga aparecía entre os refráns. Cántase coa música do *Dies irae*.

⁷²⁵⁶ Esta cantiga aparecía entre os refráns. Cántase coa música do *Dies irae*.

⁷²⁵⁷ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁵⁸ Esta cantiga aparecía entre os refráns. Cántase coa música do *Dies irae*.

Francisco Vázquez Saco

torna de tras
coas castañas,
próme das moscas.
-¿Ti que fas, Fervellasberzas?
-Eu remendo os meus calzós
e compoño as miñas polainas.

(ms13,7r)

396. Unha vella dixo a outra
polo burato da porta:
"Ti goberna a túa vida
que a miña nada che importa". ⁷²⁵⁹
(ms-SA: Argimiro Pampín Basteiro: Arzúa, C)

397. Unha vella dixo a outra,
polo burato da porta:
válgame xunca-la vella
case te-la crica torta.

(ms13,8r)

398. Unha vella dixo a outra
polo burato da porta:
"¡válgate xunca-la vella!
case te-la crica torta".

(ms13,49v)

399. Unha vella dixo á outra
polo burato da porta:
"¡válgate Xunca-la vella!
case te-la crica torta".

(ms20,08v)

400. Unha vella díxolle a'utra
polo furado da porta:
"Tu arregla a túa vida
que a miña nada che importa". ⁷²⁶⁰
(ms-LU: seminarista anónimo: Pacios, Neira de Xusá,
Baralla, LU)

401. Unha vella fixo papas
e botounas nunha criba
puxo a criba na cabeza
e queimou tod'a barriga.
(ms-LU: seminarista anónimo: Pacios (Neira de Xusá),
Baralla, LU)

402. Viño viñoño,
quen te me dera na xesta,
báixatem'á barriga,
e non te me subas á testa. ⁷²⁶¹
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)

403. Xuntáronse 3 comadres
para ir ó San Andres
uga leva 30 ghuevos

outra leva 33
tamén levan pan de trigo
con tres codios d'a rové.
(ms-LU: seminarista anónimo: Pacios (Neira de Xusá),
Baralla, LU)

MUSICALES

404. -A muiñeira ¡que ben baila
aquele garrido rapás!
-Éche Xepe da Currela,
o fillo do sacristán.

(ms20,26r)

405. ¡Apilla a frauta Perucho!
¡Ti as ferreñas, Culás!
¡Caitano, colle o pandeiro!
¡E ti as conchas, rapás!

(ms20,32r)

406. Aviva a gaitiña, Pedro,
qu'ela vai amortuxada
e as rapaciñas da Ulla
quérena máis avivada.

(ms20,02v)

407. Aviva a gaitiña, Pedro,
que xa vai amortuxada
i-as rapaciñas da Ulla
quérena máis avivada.

(ms13,4r)

408. Entón era eu
que andaba na danza
e non me valeu;
quizais me valera
si non andivera. ⁷²⁶²
(ms16 e ms10,001r: D. E.)

409. Entón era eu
que andaba na danza;
non sei qué me deu,
non sei qué me deu
nin que me daría,
que dispois do baile
coidei que morría. ⁷²⁶³
(ms16 e ms10,001r: D. E.)

410. Eu non sei si é o son da gaita
ou da romería a idea;
cuido qu'é esta a que trunfa,
qu'eu n'entendo estas monsergas.
(ms20,25v)

411. Foches ó baile,

⁷²⁵⁹ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁶⁰ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁶¹ Vázquez Saco comenta *Ni los aficionados quieren perder la cabeza*.

⁷²⁶² En ms10 s.v. *Danza*. No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁶³ En ms10 s.v. *Danza*. No orixinal aparecía entre os refráns.

- foches á alameda;
por ir ó baile,
morreuche a pequena.
(mc: Buciños)
412. Has de cantar,
que ch'hei de dar zonchos;
has de cantar,
que ch'hei de dar moitos.
(ms20,47r)
413. Improvisando un turreiro
á porta de cada casa.
Por todas partes s'escoita
son de pandeiros e gaitas.
(ms20,43v)
414. Ó cantar d'aló d'arriba
veñen os d'aló d'abaixo
¡Ai la la la!
qu'o trouxeron dúas meniñas
na bolsa do seu refaixo
¡Ai la la la!
(ms20,51v)
415. O cantar do galleguiño
é cantar que nunca acaba:
empeza por ta-ra-ri-ra
e sigue por ta-ra-ra-ra.
(ms20,41r)
416. O cantar quere vir de gracia
e o bailar quérese aprender;
e o que ha de vivir no mundo,
todo lle cómpre saber.
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
417. O gaiteiriño sin gaita
non ten donaire nin sal,
fai com'a muller sin roca
que maldito cousa val.
(ms13,4r)
418. O gaiteiro sin gaita
non ten donaire nin sal;
fai com'a muller sin roca,
que maldito cousa val.
(ms13,45r)
419. O gaiteiro sin gaita
non ten donaire nin sal;
fai como a muller sin roca
que maldito cousa val.
(ms20,17r)
420. O merlo canta na rama
o peixe nada no mar,
o que vai camiño adiante
¿que ha facer sinón cantar?
(ms5,010)
421. O meu cantar xa non viste.
Canto para que non digan:
"alegre, ¿por qu'estás triste?"
(ms20,46r)
422. O que non canta nin baila,
¿que vai facer á ruada?
Aprender catro mentiras
pra contar á semana.
(mc: Santiago)
423. Ponme leña nise lume,
anque sea charamela,
que van salir a beilar
os mociños da Ventela.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
424. ¿Pra que pasas cantando
e despertando a quen dorme?
Pra encher de soedades
a quen falarche non pode.
(ms13,4r)
425. Se queres qu'o carro cante,
métell'o eixe no río;
bótall'o eixe mollado
e darache un asubío.
(ms13,4r)
426. Señor cura, señor cura,
a doutrina non lla sei.
Pídam'unhas cantiguiñas
qu'eu llas repinicarei.
(ms20,12v)
427. Señor cura, señor cura,
a doutrina non-a sei.
Pídam'unhas cantiguiñas,
qu'eu llas repinicarei.
(ms13,4r)
428. Ti botáchem'unha cántiga;
eu contesteicha ó momento:
s'a túa levaba sal,
a miña, sal e pemento.
(ms20,05v)
429. -Tírliru, miña gaita,
tírliru ¿qué che falta?
Fáltam'a túa saliva
para mollar a garganta.
(ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
430. Toda a miña vida andei
aire vendendo nun fol.
Ahora que xa son vello,
gaiteiro, déitat'ó sol.
(ms20,44r)
431. Unha volta polo medio,
outra polo derredor:

así fai o que ben baila,
asi fai o bailador.

(ms20,46r)

432. Veña o pandeiro a ruar,
qu'estas son as mazarocas
que hoxe teño de fiar.
O pandeiro toca ben,
as ferreñas fanlle o son,
vivan os que amores tén.
Vivan as mozas gallegas,
vivan as bonitas mozas
i-os galáns da nosa terra.
Mociñas, a bailar todos;
mociños, ¡arriba! ¡arriba!
Ti tamén, meu furabolos
Non t'asañes, non, rapaz,
qu'as nenas son para ver
i-os galans para mirar.
Cada un è pro que é,
o pan está pra fouciña,
Antoñino saca o pé.
A rueda vaise armando,
tiza Pepa, ese candil,
qu'están â porta chamando".

(ms20,51v)

NOITE BOA

433. Chegou o noso consolo.
Chegou o noso remedio
e nado o Mesías: homes,
festexade o Nacemento.
Manteiga, leiteño... nada
non quer manxares o Neno
quer corazóns humildados
quer un corazón verdadeiro.

(ms-SA: Manuel López Castro: Santa Comba de
Cordeiro, Valga, PO)

434. Déixame ver o Neno
o Neno de Belén.
É un encanto os seus ollos
e a boquiña tamén.
¿Donde vas, mariñeiro,
ollando cara o além?
Vou cantalle ao Neno Deus
que naceu hoxe en Belén.
Levo da xerfa o compás
ao bater contra as gamelas,
levo a armunía das velas
no meu canto de rapás.
Meu anxo fai-me o son
ao tocar, con notas belas

no punteiro i-o roncón
unha muñeira de estrelas.

(ms-SA: Juan Carlos Couselo Gago)

435. Entre unhas pallas
hai un miniño
blancarusiño
que dá primor,
i'o boi marelo
co seu alento
dálle calor,
meu Ánxel do Ceo,
meu pequerrechiño,
canto darei eu,
por darche un biquiño,
esos teus ulliños
¡que garridos son!
que me cortan as cordas
do corazón.
Xa se sinten os pastores
us pulos outros silbar,
vinde, vinde a ver
o Rei dos Ceos
que os ten nos brazos súa nai.

(ms-SA: Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

436. Hox'è día de Noite Boa,
mañán día de Navidá,
bota viño Feliciano
que che quero emborrachar.

⁷²⁶⁴

(ms-SA: Ramón Álvarez Valiña: San Pedro de Coucieiro,
Muxía, C)

437. Moito estimara
darch'un bo leito
porque se pensas
pasa-lo inverno
nese pesebre,
non leva xeito.

(ms20,17v)

438. Pequeniño e moi bonito
naceu o neno en Belén
non ten duda que é o Mesías
que naceu poro noso ben.
Vinde correndo rapaces,
vinde correndo i-a ver,
levémoslle corazóns
que por eles veu nacer,
levémoslle corazóns
que por eles veu nacer.

(ms-SA: M. González Fernández)

439. Por entre as silveiras

⁷²⁶⁴ ms-SA: *vota viño Feliciano.*

cantan alegres
os paxariños,
anunciando a todos
con moito esplendor,
que naceu u neno
por excelencia
dos máis miniños,
vén a ser fillo
do noso Señor.

Vinde, vinde gallegiños,
con panderetas e ghaitas,
¡Ai que neno
cantémoslle unha rolada,
a, rou, rou, meu meniño
nin dorme nin chora
que está caladiño.
Hoxe os pastores van a leña
pa calentar o neno Dios
que naceu a Noche Buena.
Que ria que soña
que noite tan boa
todo é resplendor,
mil gracias, Dios mio,
mil gracias, Señor.

(ms-SA: Juan Benito Filloy Rial: Graba, Silleda, PO)

440. Señor caballero honrado,
déanos o aguinaldo, non nos dea muito
nin nos dea pouco,
un pernil inteiro
e mais mitá d'outro.

(ms-SA: Ramón Álvarez Baliña: San Pedro de Couceiro,
Muxía, C)

441. Vámonos sa prá aldea
porque aquí non é ben rogar
porque Xesusiño dorme
e podémolo despertar.

(ms-SA: Jesús García Fuentes: Sofán, Carballo, C)

442. Vinde e vinde pouca a pouco
chis chis, non desperteis o miniño
que está dormindo
chis chis, dormindo está.

(ms-SA: Jesús García Fuentes: Sofán, Carballo, C)

POESÍA

443. A Castilla van os homes,
a Castilla por ganar
e Castilla aquí lles queda,
si eles queren traballar.

(ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)

444. A lúa no travesío
parece unha fouce d'ouro

que roxa sangue luxou;
e alá abaixo brúa o río
brincando de louro en louro,
que nunca tanto bruou.

(ms20,43r)

445. A noite de San Andrés,
crara como unha de vran,
cun bo rebolo na man
e a chupa do rivés,
eu iba a paso de can.

(ms20,36v)

446. Arroleime pouco a pouco
e metinm'entr'as das saias;
¡que si queres! nin tampouco
entendín tantas Urracas
hastra que lle preguntei
a unha así... aqueloutrada.
Eu bonita non che son,
riqueza non ch'a heredei.
Dime ti aqueloutriño,
en que modo ch'agradei.
Non digas que non atópas
unha nena que ch'agrade.
As rapaciñas bonitas
ond'están lógo se sabe".

(ms20,03r)

447. Brinquen todos de alegría,
salten todos de contento,
ó golpe dos castañolas
ó son do chifre e pandeiro.
Chegou o noso consolo,
chegou o noso remedio
e nado o Mesías: homes
festexade o Nacemento.
Amiguiños Noite é boa
boas Navidades temos
hoxe admiramos na terra
reunido o ceo inteiro.
Unha danza graciosaña
dispoñamos diante o Neno
mentras os anxeles cantan
tamen nosoutros cantemos".

(ms13,50v)

448. Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar
mórrome de soledades.

(ms20,51r)

449. Cando na porta te vexo
e no sarego sentada
con un netiño no colo
i-outro tirado na lama...

- (ms20,38v)
450. ¡Cantas veces te chamaba
ó mirarte tan garrida,
espello da miña vida
prendiña do meu querer!
(ms20,34r)
451. Do templo santo salinme
dando volta pra a pousada
i aparellando prá terra
vin coas miñas cigalladas.
(ms20,07r)
452. Ela honesta está escoitando
mais con sospiros responde,
qu'aló garda non sei donde
saudades de non sei cando.
(ms20,38v)
453. Eu qu'en de mal m'arredei
deses mares e ribeiras,
deses souts e pradeiras
en qu'alegre rebuldei.
(ms20,35v)
454. Foise por tras do carballo
engordio dando a volta
e coa puntiña da vara
na orella fíxolle cóxegas.
(ms20,14r)
455. Inda vexo onde xogaba
cas meniñas qu'eu quería,
o enxidiño onde folgaba,
os rosales que coidaba
i a fontíña onde bebía.
(ms20,12v)
456. -¡Farruco!- ¡Alberte!-¿Logo élo?
-O mesmo- ¡Ai bato a min!
E ¿dónde vés, pelengrín?
-Do moíño do Portelo
-No atruxar te conocín.
(ms20,44r)
457. Lavando roupa gordeira
mentras outra se deloira,
estaba do Ulla á beira,
preto dunha corredoira,
Teresa, moza solteira.
(ms20,11r)
458. Leda con tanta alegría
non deixaba da memoria
aquele minuto de gloria,
triste lóstrego d'amor.
(ms20,21r)
459. Mandrugueiros estudantes
hacho ó pasar pola veiga

- e detenenm'os tunantes
pedindo nata, manteiga
e que sei eu...¡Banadantes!
(ms20,22v)
460. Miña casiña, meu lar
cantas onciñas
d'ouro me vals. ⁷²⁶⁵
(mc: C.A. A Nosa Terra)
461. -¿Onde vas, meu Minguechiño,
chovendo qu'é unha desfeita?
-Vou a ver miña devota
e s'a cama me ten feita.
-Entra, quentaraste,
cama se fará,
porque neste pueblo
ind'hai caridá.
(ms20,47v)
462. ¡Poche! co Xuncras da vella!
Mesmo parece un espeto:
-¡Si quero un neto, ña prenda!
(ms20,28r)
463. ¡Que Neno tan garridiño!
Parecen ¡ai! dous luceiros
os seus ollos centellantes,
que firen de amor o peito
¡Ai! ¡Que pelo tan roxiño!
¡Ai! ¡que carrillos tan tenros!
¡Ai! ¡que boquiña de rosa!
é un imán, un embeleso
¡Xesús! E sáltanlle as bágoas...
Meu amor ¿qué che faremos?
Toma unha rosca de ovos,
toma mel e queixo fresco
Manteiga ou leiteño... nada!
non quer manxares o Neno;
quer corazons humildados
quer un amor verdadeiro".
(ms13,50v)
464. ¡Que sabedes, ¡probes almas!
o qu'é sentir con firmeza,
o qu'é sentir o corozo
que coas bágoas mismo oufega!
(ms20,29r)
465. Que se ti xa ler souperas
os palotes qu'eu escribo,
escribírach'unha carta
nas alas dun paxariño.
(ms20,20v)
466. Rei dos castros, castro forte,

⁷²⁶⁵ No orixinal aparecía entre os refráns.

- garrido castro Nemenzo,
o das uces montesías
e dos carballos cerqueiros.
(ms20,06v)
467. -Si me quixeras meniña,
inda penso que chegaras
a ser princesa, a ser reina...
-Non podo, qu'estou casada.
(ms20,51r)
468. ¡Son harexes, pra ser bos!
¡En que ocasión se lembrano
de pedirnos esa deuda!
¡Lástema de resalgario!
(ms20,36r)
469. Suidades dam'os campos,
as viñas xa vindimadas
e os paxariños cantando
nas tardes e madrugadas.
(ms20,40r)
470. Ti que llas deches,
fervellasberzas,
vólvell'as nocés,
torna de tras
coas castañolas,
[sic] próme das moscas.
-Ti, ¿que fas, fêrvellasberzas?
-Eu remendo os meus calzóns
compoño as miñas polainas...".
(ms20,15v)
471. "¡Vou! ¿Quen ma empata? ¡Carau!"
decía Alberte bruando:
eu contesteille roncando,
poñendo a xeito o meu pau
e fómonos achegando.⁷²⁶⁶
(ms20,13r)
472. Xa non iremos máis polos roleiros
en compañía amorosa ás moras, non:
nin baixo dos follosos ameneiros,
as coitas che direi do corazón.
(ms20,37r)
- PROFESIÓS E OFÍCEOS**
473. A costureira melindrosa
di que non come touciño
e comía un porco inteiro
desd'o rabo hast'o fuciño.
(ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
(ms20,24v)
474. Aprendín a carpinteiro
na vila de Guimaráns.

⁷²⁶⁶ ms-20: ¡Bou!

- Fago cangallas pra os porcos
e tarambolos pra os cans.
(ms20,06r)
475. Aprendín a carpinteiro
na vila de Guimeráns.
Fago cangallas prós porcos
e tarambolos prós cas.
(ms13,23r)
476. As costureiras d'agora
-bonitiñas, abofé-
son amiguiñas dos homes
com'as abellas da mel.
(ms13,22r)
477. As costureiriñas d'agora
bonitiñas, abofé.
Son amiguiñas dos homes
com'as abellas do mel.⁷²⁶⁷
(ms6,01v: "Cantares y refranes gallegos", de R. C. en
Diario de Avisos de La Coruña)
478. Catro cousas quere o amo
do criado que o serve:
tarde á cama, erguerse cedo,
comer pouco e andar alegre.
(ms20,38v)
479. Catuxa vai no mercado
con zreixas para vender.
Palique n'ha de faltar,
ela palique ha de ter.
(ms20,30r)
480. Costureira finiquita,
si dis que te queima o sol,
a cortiza está barata:
farémosch'un quitasol.
(ms20,08r)
481. Costureira finiquitiña,
se dis que che queima o sol,
a cortiza está barata:
farémosche un quitasol.
(ms13,23r)
482. Costureira, pan na criba;
tecelán, pan no tear;
carpinteiro, mesa posta;
canteiro, pote no lar.
(ms20,09r)
483. Costureira, pan na criba;
tecelán, pan no tear;
carpinteiro, mesa posta;
canteiro, pote no lar.
(ms13,22r)
484. -Costureiriña bonita,

⁷²⁶⁷ No orixinal aparecía entre os refráns.

- ¿onde deixa-los melindros?
-Déixochos na hucha pechados
pra poñelos ós domingos.
(ms13,48v)
485. -Costureiriña bonita,
¿onde deixa-los melindros?
-Déixochos na hucha pechados
para poñer os domingos.
486. Costureiriña bonita,
¿onde dexa-los melindros?
-Déixochos na hucha pechados
pra lucilos os domingos.
(ms13,22r)
487. Culabrela, culabrela,
pon o ollo na portela.
Pastorciños, guardai ben
que aí vén o come res
que nos come a todos tres.⁷²⁶⁸
(mc e ms11,25. Gudiña)
488. Danme lástima os muiñeiros
que choran todos os días
co medo si se condenan
por hencher pouco as maquías.⁷²⁶⁹
(mc: Bucíños / ms)
489. Meu home veu das Indias,
regaloum'unha navalla
cun letreiro que decía:
se queres comer, traballa.
(ms20,43r)
490. Moitas gracias, miña mai,
por facerme costureira:
vén o frío e non me tolle,
vén o sol e non me queima.
(ms13,23r)
491. Na casa do rico que fai mala vida:
puntada de a furco e acabar axiña;
na casa do probe que dá do que ten:
puntadiña curta e apertala ben.⁷²⁷⁰
(mc: M.V.)
492. Nas palabras dos canteiros,
meniñas, non vos fiedes:
collen o pico e vanse.
Meniñas, ¿que lles faredes?
(ms13,23r)
493. Non digas que vai dereito
- o clavo que torto entrou;
non digas qu'é carpinteiro
quen nunca táboa labrou.
(ms20,42v)
494. Non quero ser muiñeiro
nin barrer no tremiñado,
porque din que no outro mundo
piden contas do roubado.⁷²⁷¹
(mc: M.V.)
495. O canteiro que non canta
ó son da súa maceta,
ou é porque a pedra é dura
ou o punteiro non entra.⁷²⁷²
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia
de Lugo)
496. Os curas e os taberneiros
son todos mui parecidos:
os curas bautizan nenos
e os taberneiros o viño.⁷²⁷³
(ms-SA: Ramón Álvarez Balaña: San Pedro de Coucieiro:
Muxía, C)
497. Qu'importa qu'o moíño ande
se graus non hai na moega?
afíreo, Manuel, afíreo
qu'a capa roe na pedra.⁷²⁷⁴
(ms13,22r)
498. ¿Quen che dixo, quen che dixo
qu'eu lavaba no regueiro?
-Conocinte no cantar
e seguinte polo carreiro.
(ms13,23r)
499. -¿Quen che dixo, quen che dixo
qu'eu lavaba no regueiro?
-Conocinte no cantar,
seguinte polo carreiro.
(ms20,06r)
500. Sete xastres fan un home
no ano do pan barato,
porque si caro anda o pan
precísanse vintecatro.
(mc: Bucíños-F.V.S. / ms-LU: seminarista anónimo:
Bucíños Carballedo, LU)
501. Somos os lulos de Sada,
non o podemos negar;
este ano n'hai parrocha,
cagou o demo no mar.
(ms5,009)
502. Tódolos xastres d'ahora
-
- ⁷²⁶⁸ ms11: *Guardai. Culabrela* = Cierta ave de rapiña que se mantiene de reptiles. Se cree que acompaña al lobo en sus andanzas, diciendo que su presencia señala la de este. Por eso se dice lo anterior. / ms11: *Culabrela, culabrelña*. Véase *Se o corvo corvexa...*
- ⁷²⁶⁹ No orixinal aparecía entre os refráns.
- ⁷²⁷⁰ No orixinal aparecía entre os refráns.
-
- ⁷²⁷¹ No orixinal aparecía entre os refráns.
- ⁷²⁷² No orixinal aparecía entre os refráns.
- ⁷²⁷³ Esta cantiga aparece entre os refráns.
- ⁷²⁷⁴ ms13: *reo n'a pedra*.

- fan a roupiña ó pintar.
S'eu fora muller dun xastre,
guapa ch'había d'andar.
(ms20,46v)
503. Unha noite me colleron
nunha fiada de lan;
unha noite me colleron,
outra non me collerán.
(ms13,22r)
504. Voume por aquí abaixo
fiando na miña roca.
A teña xa está urdida,
fáltam'unha mazaroca.
(ms20,24r)
505. Voume por eiquí embaixo
fiando na miña roca,
a teña xa está urdida,
fáltame unha mazaroca.⁷²⁷⁵
(ms13,22r)
506. Xa cho dixo Xan Manuel
e non sexas lacazán:
caves ben, caves mal,
cava ben o carreiral.⁷²⁷⁶
(ms13,23r)
- RELIXOSAS**
507. Alá arriba, non sei ónde,
tópase non sei qué santo,
que se gana non sei qué
por rezarlle non sei cánto.⁷²⁷⁷
(ms10,112r: D.E.)
508. Al'arriba non sei donde
había non sei que santo
rezáballe non sei quen
ganábase non sei canto.
(ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
509. Alegría no inferno
que morreu o escribano
i-o tinteiro e mais a pluma
quedan na mesa bailando.
(ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)
510. Anque toquen as campanas
non tocan polo que morre;
tocan polos que están vivos
para que deles se acorden.⁷²⁷⁸
(mc: Lugo)
511. A Cristo san Xuan pideulle
qu'o sono non o levase
para ver baila-lo sol
o día da súa romaxe.
(ms20,40r)
512. ¡Coitadiño do que morre
s'ó paraíso non vai!
O que queda logo come
e do pesar se desfai.
(ms20,07r)
513. Dorme o meniño no berce
sin saberse o que será.
Botamos moitas contiñas
e Dios outras botará.
(ms20,04v)
514. Fun a San Cibrán de lonxe
e vin polo de pretiño.
Fun descalzo a pan e auga,
vin calzado a pan e viño.
(ms20,38r)
515. Meniña, miña meniña,
os mandamentos son des.
Para ti e para min
foron feitos ó rivés.
(ms20,22v)
516. Meniña, miña meniña,
os mandamentos son dez;
pra ti e mais pra min
foron feitos ó rivés.
(ms13,44r)
517. Miña santa Margarida,
miña Margarida santa,
ténde-la casa no monte
dond'o paxariño canta.
(ms20,23v)
518. Miña santa Margarida,
miña Margarida santa,
tende-la casa no monte
onde o paxariño canta.
(ms13,48r)
519. Miña santa Margarida,
miña Margarida santa;
tende-la casa no monte
ond'o paxariño canta.
(ms13,16r)
520. Miña Virxe do Corpiño,
est'ano alá eu non vou,
que pola falta dos cartos,
moita xente se quedou.
(ms20,45v)
521. Miña Virxe do Corpiño,

⁷²⁷⁵ ms13: *por eique embaixo*.

⁷²⁷⁶ ms13: *e nos sexas*.

⁷²⁷⁷ Esta cantiga estaba entre os refráns. En ms10 s.v. *Saber*.

⁷²⁷⁸ No orixinal aparecía entre os refráns.

- eu este an'alá non vou,
que pola falta de cartos
moita xente se quedou.
(ms13,44v)
522. Nenas de Castro Loureiro
deixa pasa-las da Ulla
con ferreñas e pandeiro.
(ms20,15r)
523. Nenas de Castro Loureiro,
meniñas cara de rosa,
deixade pasa-las da Ulla
con ferreñas e pandeiro.
(ms13,17r)
524. Nosa Señora d'Abades
¿qu'ha de dar ós seus romeiros?
Auguiña da súa fonte,
sombra dos seus castiñeiros.
(ms20,28r)
525. Nosa Señora da Barca
ten o tellado de pedra.
Ben o pudera ter d'ouro
miña Virxe se quixera.
(ms20,41r)
526. Nosa Señora do Faro,
ela é miña madriña;
dichosa de miña nai
qu'hermosa comadre tiña.
(ms13,16r)
527. Nosa Señora do Faro,
eres a miña madriña.
Ditosa a miña naiciña
que linda comadre tivo.
(ms13,16r)
528. O pouco que Dios me dou
cabe nunha man cerrada.
O pouco con Dios é moito.
O moito sin Dios é nada.
(ms20,34r)
529. Ó San Bastián corramos,
á cima do Pico Sacro,
para ver cal raia o sol
na ciudá de Santiago.
(ms20,04r)
530. Ó San Bastián corramos,
á cima do Pico Sacro
pra ver como raia o sol
na ciudá do señor Santiago.
(ms13,17r)
531. Pedricando pola aldea
son moitos os que viñeron
i-eu non fío de ningún:

- ¡Fianza en Dios que é santo vello! ⁷²⁷⁹
(mc e ms16: M.V.)
532. Pra bos viños, o Ribeiro;
de Carballo, o mellor pan;
e pra tellas e ladrillos,
os que fan en San Román.
(ms13,17r)
533. San José Milagroso,
mata a Ribas i-a Gaioso;
se non os queres matar,
mata a todos do lugar. ⁷²⁸⁰
(ms4: Sta. Comba)
534. Santo Cristo de Fisterre,
Santo da barba dourada,
axúdam'a remontar
a laxa da Touriñana.
(ms13,17r)
535. Santo de pau de macira,
de cuias mazás eu comín...
Os milagros que ti fagas
hanmos clavar eiquí a min.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
536. Sempre me andas preguntando
de que romaría veño.
Veño de Santa Lilaila,
de Santa Lilaila chego.
(ms20,37r)
537. Ti ére-lo meu enredo.
Por mor de ti n'oio misa
nin sirvo a Dios como debo.
(ms20,33v)

SENTIMENTALES

538. A moza que é caladiña
e non di mal de ningún,
canto máis baixiño mira,
tantos máis amores ten.
(ms13,12r)
539. Adeos Lugo, adeos Lugo,
adeos os rincós da Ponte
i-a casa consistoreá,
onde me caeu a sorte.
(ms13,43v)
540. Adeos, Mosteirón bonito,
a espalda vouche dando.
A despedida foi boa,
a volta, sabe Deus cando.

⁷²⁷⁹ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁸⁰ *San José Milagroso, mata a Ribas y-a Gayoso; se non os queres matar, mata o todos do lugar.*

- (ms13,44r)
541. Adiós campá da Ulla,
as costas che vou virando.
A miña marcha hox' é certa,
a volta, sabe Dios cando.
(ms20,45v)
542. Adiós, costa da Ribeira,
carballeira de Beloirás,
adiós, meniñas da Ambroa,
que tan lonxe me quedás.
(ms20,49v)
543. Adiós, Lugo, adiós, Lugo,
adiós, os rincóns da Ponte
e a casa consistorial
onde che me coupo a sorte.
(ms20,49v)
544. Adiós, meu garanduxo,
anque me vou desta terra,
anque me vou, non che fuxo.
(ms20,17v)
545. Adiós, meu paraben.
Suspiros me fan a cama,
soledades me mantén.
(ms20,31r)
546. Adiós, Monteirón bonito,
a espada che vou virando
a despedida foi boa
a volta sabe Dios cando.
(ms20,49v)
547. Adiós, rapaziña, adiós,
eu para ti xa non era,
anque máis altos navíos
navegan con menos vela.
(ms20,35v)
548. Adiós, Sarria, adiós, Sarria,
que bonita vas a ser
coa carreteira nova
e a ponte que van facer.
(ms20,50r)
549. Adiós, adiós, miña amada.
Onde n'hai gusto, meniña,
onde n'hai gusto, n'hai nada.
(ms20,25r)
550. Adiós, adiós, Mondoñedo,
adiós polas catro esquinas.
¡Para min xa s'acabaron
as entradas e salidas!
(ms20,49r)
551. Adiós, calle de Carral,
do cruceiro para riba
adiós, casa de Rapela,
onde m'eu adivertía.
- (ms20,49r)
552. Adiós, calle do Portazgo,
cas túas cadeas de bronce
adiós, Petra de Cordal,
hastra mañana a las once.
(ms20,49r)
553. Ahora xa non s'estila
pedi-la filla ó seu pai
senón entrar e decir:
meu sogro ¿como vos vai?
(ms20,39v)
554. Alegría, Madalena,
qu'ahora xa nos van dando
os aires da nosa terra.
(ms13,43r)
555. Alegría, Madanela,
qu'ahora xa nos van dando
os aires da nosa terra.
(ms20,21v)
556. As túas festas, rapaz,
non che me son nada boas
porque cando ti mas fas,
todo o corpo m'afervoa.
(ms13,13r)
557. As túas festas, rapás,
levan algo de veneno;
porque cando ti mas fas
eu non sei que díaño teño.
(ms20,15v)
558. As túas festas, rapás,
levan algo de veneno
porque cando ti mas fas,
eu non sei que díaño teño.
(ms13,26r)
559. As túas festas, rapás,
non che me son nada boas
porque cando ti mas fas
todo o corpo m'afervoa.
(ms20,01r)
560. Cala, miña nai, cala
qu'axiña verasme volto,
traguendo pra vós d'aló
ouriño envolto, ouriño envolto.
(ms13,13r)
561. Cala, miña reiniña,
cala, miña reinola,
cala, miña reiniña;
si non queres calar, chora.
(ms9,17r)
562. Cando ando, corro ben
e non me para nin o viño;
vou voando polo camiño

- pra toparme co meu ben.
(ms13,13r)
563. Cando os caraveles abren
rompen polas catro esquinas.
Un amor cando pretende
non conta senón mentiras.
(ms13,11r)
564. Cando os caraveles abren
rompen polas catro esquinas.
Un mozo cando pretende
non conta senón mentiras.
(ms13,11r)
565. Catro cousas hai no mundo
que revolven o sentido:
amar e non ser amado
querer e non ser querido.
(ms13,11r)
566. Coidarán que porque canto
en min alegría hai:
pra min a alegría foise
e choro ó meu a-ia-iaí.
(ms13,13r)
567. Como te ves con camisa
xa coidas qu'eres grandeza.
Non sal o toxo de toxo
por froleado que esteña.
(ms20,50r)
568. Contra o ceu non escupas
que á cara ch'ha de caer.
Pra decir faltas doutro,
ningunha en ti ha d'haber.
(ms13,11r)
569. Chamácheme moreniña
á vista de tanta xente;
i-agora vaimos quedare
moreniña para sempre.
(ms13,41r)
570. Chamáchesme moreniña,
blanquiña, vaite lavar.
Dime que non teño amor,
inda chos podo emprestar.
(ms20,44r)
571. Chamoume un mozo bonita;
¡nunca, por Deos, mo chamara!,
que endestonces sosego
non teño na miña i-alma.
(ms13,11r)
572. Cheguei á viña por uvas
e con follas topei sólo.
Díxenche entón: "serei túa",
i-hoxe dis: "pois non m'acordo".
(ms13,10r)
573. Déixame vivir nos montes,
déixame estar solitaria,
déixame cos paxariños
qu'en derredor de min cantan.
(ms20,10v)
574. Dorme o meniño no berce,
sin saberse o que será.
Botamos moitas contiñas
e Deos outras botará.
(ms13,12r)
575. Escribírame unha carta
se ti a souperas leyer;
pois, de ter que lercha outro,
alá iría o bonquerer.
(ms13,12r)
576. Estrelina do luceiro,
a da moita claridá,
vais'o día, vais'a noite,
vais'a nosa mocedá.
(ms20,13v)
577. Eu bonita non che son
e riqueza non herdei.
Dime ti, meu rapaziño
en que modo che gustei.
(ms13,13r)
578. Favores que me ficeche
na cara me vas botando.
Favores non dan amor;
libre quedo de chos pagare.
(ms13,46r)
579. Favores que me fixeche
na cara me vas botando.
Favores no dan amor;
libre quedo en chos pagando.
(ms20,14v)
580. Felices os que se deitan
sin anseas en que pensar:
érguense cando despartan
e saben qu'han de xentar.
(ms13,49r)
581. Fúchet'onte para Cais:
hox'ós pobres xa non falas
pro falarálos mañán
e volveranch'as espaldas.
(ms20,14v)
582. Fun a Braga, fun a Ourense,
tamén fun a Limoeiro:
non hachei millor amigo
que a bolsa do meu diñeiro.
(ms5,008)
583. Moito te precias, guapiño,

- desa túa bonitura;
hacha de come-la terra
debaixo da sepultura.
(ms20,04v)
584. Moito te presas, guapiña,
disa túa bonitura;
hacha de come-la terra
debaixo da sepultura.
(ms13,12r)
585. Non digas que non atopas
unha nena que che agrada.
As rapaciñas bonitas
logo se sabe onde se topan.
(ms13,13r)
586. Non me amornes nin me quentes,
que non ch'estou para leros:
déixame que xa me rallan
os teus chistes e saleros.
(ms20,20v)
587. O meu corazón che mando
cunha chave pra o abrir,
nin eu teño máis que darche
nin ti máis que me pedir.
(ms13,42r)
588. O meu corazón che mando
cunha chave pra o abrir.
Nin eu teño máis que darche
nin ti máis que me pedir.
(ms20,25r)
589. O río cando vai cheo
leva carballos e follas;
tamén podía levare
as linguas marmuradoras.
(ms13,41r)
590. O río, cando vai cheo,
leva carballos e follas;
tamén podía levar
as linguas marmuradoras.
(ms-SA: Perfecto Lens Fraga: San Vicente de Rial, Val
do Dubra, C)
591. Paxaro que deixa o niño
navío que sai ó mar,
soldado que vai na guerra:
¡Dios sabe si volverán!
(ms5,010)
592. Roupiña de decotío,
esclaviña xa remendada,
quérote máis, miña roupa,
qu'a millor prenda de garda.
(ms13,10r)
593. Sempre suspirei de moza
por un guapo labrador;
- agora que cheguei a il,
resultoume borracho e xugador.
(ms13,12r)
594. Sempre suspirei de moza
por un guapo labrador,
ahora tamén o teño:
borrachón e xugador.
(ms20,05r)
595. Séntate nesta pedriña,
eu sentareime nestoutra
i-axudarasm'a chorar
a miña fortuna pouca.
(ms13,10r)
596. Soliño un amor eu tiña,
un soliño nada mais,
e pra miña desventura
marchouseme aló pra Cais.⁷²⁸¹
(ms13,12r)
597. Tres cousas pedín a Deos,
ningunha me quixo dar:
fermosura, bos cabelos
e gracia para cantar.
(ms13,11r)
598. Vámonos de aquí, meu ben,
que aquí non ganamos nada;
fagamos como o muiño,
que muiño, andando, gana.⁷²⁸²
(mc: M.V.)
- SOGROS**
599. A Xuana endesqu' é sogra
non lle dá descanso ó xenro;
i-o Antón, que é o demo
pasa na vida un inferno.
(ms13,3r)
600. Agora xa non se estila
pedirl'l'a filla ó seu pai,
senán entrar e decirlle:
"meu sogro, ¿como che vai?"
(ms13,3r)
601. Os fillos da miña filla
todos meus netiños son.
Os fillos da miña nora,
quezais si ou quezais non.
(ms20,27v)
- VAREAS**
602. A aquel que é bo preiteante
háselle de conocer

⁷²⁸¹ ms13: *a pra miña desventura*.

⁷²⁸² No orixinal aparecía entre os refráns.

- en te-la boca fechada
franca a bolsa e listo o pé.⁷²⁸³
(mc: M.L.)
603. A miña dona relouca
e decote está berrando,
como s'eu tivera a culpa
da rapiña qu'hai de cartos.
(ms13,35r)
604. A un tempo non pode ser
o ter e mailo gastar;
nin que loza o sol na eira
e que chova no nabal.⁷²⁸⁴
(mc: Carballino)
605. Adeos martes d'Antroido,
cortafeira de Ceniza;
inda che m'has de alcordar
domingo vindo da misa.
(ms13,36r)
606. Alá vai, vela alá vai,
a raposa polo prado.
Alá vai, vela alá vai,
co rabiño levantado.
Alá vai, vela alá vai
a raposa polo millo:
ela comer non o come
pero vaino destruíndo.
(ms20,44v)
607. Aló na beira do río
oieus'un forte atruxo
e dimpois un asubío.
Era Alberte do Carruxo
qu'anda de noite ó recío.
(ms20,36r)
608. Antes qu'a falar te poñas
pensa no qu'has de decir
que moitos, de non pensalo,
chegárons'a arrepentir.
(ms20,09v)
609. As escrouchiñas do millo
non fan proveito a ninguén;
mandei a muller a elas,
adormeceuse e non vén.⁷²⁸⁵
(ms13,36r)
610. Barqueiros de Vilanova,
¿que vento quereis levar?
Pola mañán, vento á ría,
á tarde, vento do mar.⁷²⁸⁶
- (mc: Gella)
611. Cando no palacio d'Oca
á tardiña o sol fachea,
parece un navío d'ouro
qu'ó pé da costa fondea.
(ms20,47r)
612. Catro cousas hai no mundo
que son as máis testarudas:
as cabras e as ovellas
e as mulleres e as mulas.
(ms11,24)
613. Co meu pau á cangalleira,
caído á teima o chapeu,
atruxei de tal maneira
que tembrou a carballeira
soando o atruxo meu.
(ms20,41r)
614. Coa xusticia non hai chanza,
a condanada rabuña:
o que ten a lingua larga
ha ter a costela dura.
Por Dios cala, meu homiño
dixo a muller do tío Pedro:
quen dá moito á martadela
logo lle poñen un freno.
(mc)
615. Coitadiño do que morre
s'ó Paraíso non vai!
O que queda logo come
e do pesar se desfai.
(ms13,37r)
616. ¿Como chove miudiño,
como miudiño chove,
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove!
(ms20,10r)
617. Con xente que non conozas
non gastes moita baralla
porque, se a gastas dirán
que algo de xuício che marra.
(ms13,37r)
618. Con xente que non conozas
non gastes moita baralla
porque se a gastas dirá
qu'algo de xuício che marra.
(ms20,04r)
619. Contra o ceo non escupas
qu'á cara ch'ha de caer.
Para decir faltas doutro
ningunha en ti ha d'haber.
(ms20,06v)

⁷²⁸³ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁸⁴ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁸⁵ ms13: *probeito*.

⁷²⁸⁶ No orixinal aparecía entre os refráns.

620. Crouco rapado
foi polo río;
caiull'a pucha,
murrú de frío.
(ms20,47r)
621. Déixam'ir, que levo présa,
vou coa auga de regar
éche mañán día santo,
falaremos de vagar.
(ms20,34v)
622. Déixam'ir, que levo présa;
vou coa auga de regar.
Éche mañán día santo,
falaremos de vagar.
(ms13,48r)
623. Dixen eu pra o meu coletto:
esta nena que ben fala,
leve o díaño se non ten
estudeantes de pousada.
(ms13,36r)
624. Dixo Blas, e dixo moito:
"¿canto vai a que ll'acito
con esta pedra a aquil páxaro
que canta de min en fito?"
(ms13,45r)
625. Do queixo non che me queixo,
qu'o queixo ben che me sabe;
quéixome de quen o vende,
que non mo deixa de balde.
(ms20,35r)
626. É de ver alá en Cambados,
enfrente a terra do Meco,
cando devala a marea
tanto chan que queda en seco.
(ms20,24v)
627. E nesto, sin saber d'onde,
outra pedra vén e ¡zas!
na cabeza do entreberte
do farandulo de Blas.
(ms20,46v)
628. Ela fiaba,
vendía viño,
ensarillaba,
e co peciño
ó berce daba
do seu neniño.
(ms13,35r)
629. Estreliña da fortuna,
aluméame, aluméame,
mentras que non vén a lúa.
(ms13,34r)
630. Estreliña do luceiro,
a da moita craridá,
vais'o día, vais'a noite
vais'a nosa mocedá.
(ms13,35r)
631. Estudeante lacazán
qu'estudeas tumbado no leito...
Cámbea de vida, mozo,
qu'iso non ch'é de proveito.⁷²⁸⁷
(ms13,40r)
632. Eu dixen en Vistalegra,
baixando a Villagarcía:
"eu monxa non quero ser;
casada... non sei que diga.
(ms13,37r)
633. Foise por tras dun carballo
engordioño dando a volta
e coa puntiña da vara
na orella fíxolle cóxegas.
(ms13,35r)
634. Fúchete onte pra Cais:
hoxe os probes non conoces,
pro xa verás como penas
mañán que a espalda che den.
(ms13,34r)
635. Fúchete onte pra Cais:
hoxe os probes non conoces,
pro xa verás como penas
mañán que a espalda che den.⁷²⁸⁸
(ms13,34r)
636. Fúchete onte pra Cais:
hoxe os probes non falas,
pro faláralles mañán
e volveranch'as espaldas.
(ms13,34r)
637. Fun ó Riveiro por viño
e emborrachoum'unha nena.
Non quero máis do Riveiro,
qu'inda me doi a cabeza.
(ms20,36v)
638. Gazafello,
vent'ó rello,
qu'alpabarda
por ti agarda.
(ms20,17v)
639. Gazafello
vent'ó relo
que Alpabarda
por ti agarda.⁷²⁸⁹

⁷²⁸⁷ ms13: *Cambe de vida, probeito.*

⁷²⁸⁸ ms13: *por xa veras como penas.*

- (ms13,45v)
640. Goberna ti, goberna el,
todos queren gobernar:
ou o goberno ten mel
ou non mo sei espricar.
(ms13,34r)
641. Goberna ti, governe el,
todos queren gobernar;
ou o goberno ten mel
ou non mo sei espricar.
(ms20,18r)
642. Goberna ti, governe el,
todos queren gobernar.
Ou o goberno ten mel,
ou non sei que pensar.
(ms13,45v)
643. Guimaráns é linda pouosa
maís Ximonde, sin disputa,
e mas qu'entrambas aínda,
Santa Crus de Ribadulla.
(ms20,34r)
644. Heiche d'afeitar a cara,
heiche de lavar as más,
heiche de poñer os pés
co de diante para atrás.
(ms20,48v)
645. Home de moita parola
gasta a forza en parolar,
e, nin fai todo o que di,
nin tampouco di o que fai.⁷²⁹⁰
(mc: C.A. *A Nosa Terra*)
646. [...]
Inda onte comeu herba
e hoxe toca que arrabea.
(ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C)
647. Levántate, maio,
que tanto dormiches
que pasou abril
e ti non-o viches.
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia
de Lugo)
648. Levántate, maio,
que tanto dormiche,
pasou o inverno
e non-o sentiche.⁷²⁹¹
(mc: J.T.)
649. Máis quero ser solteiriña
que muller dun home baldío;

⁷²⁸⁹ ms13: *por tragarda*.

⁷²⁹⁰ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁹¹ No orixinal aparecía entre os refráns.

- máis quero ser probe con honra
que sin honra muller dun rico.
(ms13,37r)
650. Manoel, ti andas no monte
coa roupiña escalazada;
déixote, Manoel, andar:
quen mal anda, mal acaba.
(ms20,23r)
651. Manoel, ti andas no monte
coa roupiña escalazada:
déixate, Manoel, andar:
quen mal anda, mal acaba.
(ms13,32r)
652. Manoel, ti andas no monte
coa roupiña remendada.
Déixate, Manoel d'andar:⁷²⁹²
quen mal anda, mal acaba.
(mc: Ballesteros)
653. Manoeliño anda no monte
coa capiña remendada;
ben cho dixer Manoeliño:
quen mal anda, mal acaba.⁷²⁹³
(ms4: Bucínos-F.V.S.)
654. Manuel anda na feira
coa capa remendada;
anda Manueliño, anda,
quen mal anda mal acaba.⁷²⁹⁴
(ms-SA: José M. Gullías Rivas: Forcarei, PO)
655. Mar de homes, mar de morte,
brava mar de Corrubedo:
loba que solo se farta
coas vidas dos mariñeiros.⁷²⁹⁵
(ms5,010)
656. Maruxiña, ó teu refaixo
bóttall'un rebiretiño.
Non llo botes amarelo,
bóttallo coloradiño.
(ms20,48r)
657. Mi madre visteu de leiras,
eu leiras n'as podo ver:
de Tarazona ou Segovia
o meu mantelo ha de ser.
(ms20,23r)
658. Miguel anda no monte
coa capa remendada;
si anda, deixao andar,
que quen mal anda mal acaba.⁷²⁹⁶

⁷²⁹² No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁹³ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁹⁴ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁹⁵ No orixinal aparecía entre os refráns.

- (ms-SA: seminarista anónimo: Moreira, A Estrada, PO)
659. Mingos é meu amor;
a Mingos hei d'adourar;
domingos son días santos
todolos hei de gardar.
(ms13,35r)
660. Miña monteira rebiretada,
trinta ducados costou a pana,
feita na vila de Redondela
e rebiretada en Pontevedra.
(ms20,47v)
661. Miña nai e maila túa
quedan no río berrando
por culpa dunha galiña
que tiña amoros co galo.
(ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
662. Miña nai e maila túa
van xuntas na romería
i-a túa como é larpeira
comeull'o xantar á miña.
(ms-LU: seminarista anónimo: Outeiro de Rei, LU)
663. Miña mai e mais a túa
van suntas á feira a Paradela
vender u becerro Teixo
fillo da vaca marela.
(ms-LU: seminarista anónimo: Pacios (Neira de Xusá), Baralla, LU)
664. Miña nai visticu de leiras,
eu leiras nas podu ver:
de Tarazona ou Segovia
o meu mantelo ha de ser.
(ms13,32r)
665. Montelouro, Montelouro,
monte de tan boa altura,
onde todo mariñeiro
vai tomar a dereitura.
(ms11,24)
666. Morreu o tanguero,
deixa-lo morrer,
qu'outro tangueriño
quiquiriqui ha de nacer.
(ms20,40v)
667. Muller, ovella e galiña
ó anoitecido prá casa,
que a ocasión fai o ladrón
i-a calquer besta pón brava.
(ms11,57)
668. Na miña terra
meu haber me honra;
na terra de fora
- a roupa me abonda.⁷²⁹⁷
(mc: M.V.)
669. Nin estela de pior lei
que a do pau mesmo arrincada,
nin tampouco pior ladrón
co que está dentro da casa.⁷²⁹⁸
(mc)
670. Nin sardiña sin espiña
nin besta sin unha amata
nin cadelo que non ladre
nin moza abondo gardada.
(ms5,009)
671. No xantar e mais na cea
con broa e berzas pasamos
e grasa pr'on pote de caldo
moitas veces non topamos.
(ms13,33r)
672. Non botes leña no forno
s'é que xa quente estivera;
non rifes, muller, co home
cando por algo s'altera.
(ms13,47r)
673. Non botes leña no forno
s'é que xa quente estivera:
non rifes, muller, co home
cando por algo s'altera.
(ms13,34r)
674. Non botes leña no forno
s'é que xa quente estivese.
Non rifes, muller, co home
cando por algo s'altere.
(ms20,16r)
675. Non botes tanto por ela,
que aunque tes a casa grande
paga-la renta por ela.
(ms13,48r)
676. Non botes tanto por ela
qu'unque te-la casa grande,
paga-la renda por te-la.
(ms20,36r)
677. Non digas qu'ó río fuche
s'as pernas non te lavache;
non digas qu'a misa oíche
se solo na eiresa entrache.
(ms13,33r)
678. Non hai cantiga no mundo
que non teña seu refrán:
nunca ninguén faga conta
sinón do que ten na man.⁷²⁹⁹

⁷²⁹⁶ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁹⁷ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷²⁹⁸ No orixinal aparecía entre os refráns.

- (mc / ms4: F.V.S.)
679. Non hai que cuspir ó ceio
que che caerá na cara;
o que ha de decir mal de outro
consigo n'ha de ter nada.⁷³⁰⁰
(mc: C.A. A N. T.)
680. Non m'amornes nin me quentes,
que non ch'estou pra léreos;
déixame, que xa me rallan
os teus chistes e saleros.
(ms13,33r)
681. Non me mandes, qu'eu irei;
non me poñas coitadiño,
non me poñas coitadiño
que coitadiño non terei.
(ms13,37r)
682. Non quero papas con unto
nin rabizas con aceite,
non quero ter man de cabra
á qu'outros mamam o leite.
(ms20,30v)
683. Non teño cofia que poer,
nin camisa que vestir:
a culpa é dos meus ollos
que non fan senón dormir.
(ms13,37r)
684. Non teño cofia que pór
nin camisa que vestir:
a culpa é dos meus ollos
que non fan senón dormir.
(ms20,07r)
685. Nós, con este ben de Dios
vivimos anos e centos,
criamos fillos a pote,
sans como buxos e cedros.
(ms20,33v)
686. Ña madre, como son sola,
quer qu'ande sempre de gala:
mercoum'hastr'unha cofia,
para que sombra me faga.
(ms20,28r)
687. O caldeiro na molida
pousadiño non s'estrage;
solteiriña, se tes nai
anda sempre na súa compañía.
(ms13,32r)
688. -O camarón na súa cova
é un bicho moi valente,
mais en de quedar dormido,

⁷²⁹⁹ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷³⁰⁰ No orixinal aparecía entre os refráns.

- déixase ir pola corrente.
-N'hai tal camarón dormido
nin tal corrente levalo;
o camarón na súa cova
sempre vive preparado.
(ms18,37r)
689. O lugarciño d'Axulfe
é máis bonito cá vila:
ten unha rosa na entrada
i un caravel na saída.⁷³⁰¹
(ms14,15 (Alvilares Moure))
690. O lugarciño da Torre
non é lugar nin aldea,
é una congostra vella
dond'o zorro se pasea.⁷³⁰²
(ms14,15 (Alvilares Moure))
691. O meu refaíxiño novo
lévam'o rodo acabado.
As malas linguas do mundo
xa lle tén outro botado.
(ms20,37r)
692. O muíño de meu pai,
eu ben lle sei o tempero:
cando está alto, baixalo
e, cando está baixo, erguelo.
(ms: Santiago)
693. O muíño de meu pai
eu ben lle sei o tempero,
cando está alto, baixalo
e, cando se baixa, erguelo.
(ms20,41v)
694. O que é fillo de raposo
ou de lobo castizado,
ha de salir a seus pais
nas orellas ou no rabo.⁷³⁰³
(mc)
695. O que fale que esta guerra
n'é necesarea e precisa:
legumante ou escoler
ou ladrón é da Galicia.
(ms20,20r)
696. O que garda, fai por ter;
o gardar sempre foi bo,

⁷³⁰¹ Indica V. Saco: *Axulfe: pueblo de S. Pedro de S. Pedro de Viana - Chantada. Las coplas 6 y 7 [esta e maila seguinte] se aplican a los pueblos de la comarca chantadina donde han sido cogidos indiferentemente. En las escuelas las rivalidades de los niños de aldeas distintas se deshacen muchas veces en esas coplas.*

⁷³⁰² Torre: pueblo de S. Miguel de Bucinos, Carballedo - Chantada.

⁷³⁰³ No orixinal aparecía entre os refráns.

- i-o sombreiro que leva hoxe o vivo,
era do pai do abó.⁷³⁰⁴
(mc e ms16: Carballino)
697. O que garda, sempre ten,
e o gardar sempre foi bon,
qu'a capa qu'aquel che leva,
éche do pai do abón.⁷³⁰⁵
(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)
698. O que veña atrás que arree,
logo que un morre, aló vai:
bótame acá outro xarro
que mañán, xa Dios dirá.
(ms5,009)
699. Onde vexas moito fume
non te vaías a quentar,
que está ardendo leña verde
ou morriñada no lar.
(mc: Ramón Cabanillas, *Antífona da cantiga*, 124)
700. Os prados queren precura;
os labradfós, labrador.
Propietario sin oficio
non pode ser gran señor.
(ms13,33r)
701. Os rapaces en Asturias,
cando non tén que facer,
tiran pedras cara arriba
e xa din que vai chover.⁷³⁰⁶
(mc: Santiago)
702. Os rapaciños d'ahora
venden o pan da merenda
para compra-la bufanda
e darse moita fachenda.
(ms13,32r)
703. Os rapaciños d'ahora
venden o pan da merenda
pra mercar cousas bonitas
e ir facendo fachenda.
(ms13,32r)
704. Para pan, terra de Lugo;
e pra viño, Rivadavia;
Pra garduñas, Portapena;
e pra rateiros, Viana.⁷³⁰⁷
(ms14,14 (Alvillares Moure))
705. Pasei pola túa porta,
non me quixeches falar:
ás falas non te ques derramar.
(ms13,36r)
706. Pasei pola túa porta
e non vin palla na eira;
non puiden coidar, ña moziña,
que tiñas tanta laceira.
(ms13,33r)
707. Pasei pola túa porta;
troquei un can por un galgo;
o sangue todo é vermello,
quen ten diñeiro é fidalgo.⁷³⁰⁸
(ms16: Lugo)
708. Pensa moito e fala pouco,
que o moito falar é vicio
e o dar palabras ó vento
é sementar no camiño.
(ms5,009)
709. Pereira que non dá peras,
¿quen ha d'ir enriba dela?
Meniña que non ten honra,
¿quen por novea ha de querela?
(ms13,36r)
710. Pola pena da Marola
pola da Marola pena,
pola pena da Marola,
rema, remeiriño, rema.⁷³⁰⁹
(mc)
711. Pontevedra é boa vila,
dá de beber a quen pasa,
a fonte na Ferrería
e san Bartolomé na plaza.
(ms-LU: seminarista anónimo: seminarista anónimo:
algún lugar da provincia de Lugo)
712. Pontevedra non ten auga;
se n'a ten, eu lla darei;
coas bagoíñas dos meus ollos
Pontevedra regarei.
(ms20,03v)
713. Por cantar e estar alegre
nunca se perdeu ningún.
Pérdese por marmurar
a vida de cada un.
(ms20,23v)
714. Por cantar i-estar alegre
nunca se perdeu ningún;
pérdese por marmurar
a vida de cada un.
(ms13,47r)

⁷³⁰⁴ No orixinal aparecía entre as cantigas.

⁷³⁰⁵ No orixinal Vázquez Saco apunta entre parénteses que *abón é abuelo*.

⁷³⁰⁶ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷³⁰⁷ Indica V. Saco: Portapena: pueblo de S. Julián de Esmoriz - Chantada. Viana: pueblo de S. Pedro de Viana - Chantada.

⁷³⁰⁸ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷³⁰⁹ No orixinal aparecía entre os refráns.

715. Por moita vida que teñas
e diñeiro que che sobre,
si che falta a caridá,
xa te podes chamar pobre. ⁷³¹⁰
(mc: Antas de Ulla)
716. Púxenm'a contar estrelas
e bot[a]las no sombreiro
mais non lle puden dar conto
hasta que veu o luceiro.
(ms20,21r)
717. Púxenme a contar estrelas
i-a botalas no sombreiro;
mais non lles puiden dar conto
hastra que veu o luceiro.
(ms13,33r)
718. ¿Que mal vos fan os gallegos,
malucos de castellanos?
¿Que mal vos fan os gallegos
pra que os trateis com'a escravos?
(ms20,50v)
719. Quítate desa ventana
non seas tan ventaneira;
taberna donde hai bo viño
non necesita bandeira.
(ms11,24)
720. Quixen facer un cigarro
por non perde-la costume
e arreparei que non tiña
tabaco, papel nin lume.
(ms20,21v)
721. Quixen facer un cigarro
por non perde-la costume
i-arreparei que non tiña
tabaco, papel nin lume.
(ms13,32r)
722. Roupa da miña baranda,
roupiña da miña boda,
¿quen t'ha d'usar, miña roupa,
s'hoxe a de loito m'abonda?
(ms20,37v)
723. Roupiña de decotío
esclaviña e remendada:
quérote máis, miña roupa,
qué á millor prenda de garda.
(ms20,10v)
724. Sardiña de chan e lombo
case brinca no panel;
pequeniña, redondiña,
así quer ser a muller.
(ms11,24)
725. Sardiña de Chan de lombo
¿case brinca no panel!
Pequeniña, redondiña,
así quer se-la muller.
(ms20,38r)
726. Se querés novas,
non vos matedes;
faranse viedas [sic];
sabelas hedes.
(ms20,48r)
727. Si quieres ir a pescar
por fortuna non deixes,
porque hai un refrán que dice:
"Canto máis burro, máis peixes". ⁷³¹¹
(mc e ms16: Ribadeo)
728. Tainanina, comín torta;
tainanina, blanqueada;
aunque che fora centea
tainanina n'amargaba. ⁷³¹²
(mc e ms: Miraz)
729. Tarde vés e non m'espanta
que x'adoitas de tardar.
Auga de moitos regueiros
é mala d'arrecadar.
(ms20,01r)
730. Tarde vés e non me espanto
que xa adoitas de tardar:
auga de moitos regueiros
é moi mala de xuntar.
(ms11,57)
731. Tente, silva, non me prendas,
que n'estou na miña terra.
Nunca silva me prendeu
que non me vengase dela.
(ms20,39r)
732. Todos os homes pequenos
son feitos de mala masa
todas as horas do día
son agoiros nunha casa. ⁷³¹³
(mc: T. de M. / ms: Lameiro / ms11,46: C. de Fonsagrada)
733. Traballa, meu vello,
traballa, meu Xan,
que o que traballa
é un burranzán. ⁷³¹⁴
(ms15,17)
734. ¡Turra, turra!
Xan pola burra,

⁷³¹⁰ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷³¹¹ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷³¹² ms: *tainaina, blanqueada, tainanina m'amargaba*.

⁷³¹³ No orixinal aparecía entre os refráns.

⁷³¹⁴ Esta cantiga atopábase entre os refráns.

- mira que Pedro
a cadela ch'apurra.
(ms20,43v)
735. Un pau soilo non fai sebe
pero pasiño a pasiño,
coma quen non quer a cousa,
dá un home andado o camiño.
(ms5,009)
736. Unha noite me colleron
nunha fiada de lan,
unha noite me colleron
outra non me collerán.
(ms20,16r)
737. Unha vella dixo a outra
polo burato da porta:
"si vén un vello e cho pide
dálle unha figa retorta".
(ms13,49v)
738. Unha vella dixo a outra
polo burato da porta:
"ti atende a túa vida
que a ti nada che importa".
(ms13,49v)
739. Vamos ruando a eito,
vamos ruando a eito,
pois que levamo-la sona
levaremo-lo proveito.⁷³¹⁵
(ms13,36r)
740. Vóuchem'á beira do río
a ve-lo qu'as troitas fan:
a que non caia á miñoca,
ha de caír ó galván.
(ms20,17r)
741. Vouchem'á beira do río
a ve-lo qu'as troitas fan;
a que non caia á miñoca,
ha de caír ó galván.⁷³¹⁶
(ms13,34r)
742. Vóucheme á veira do río
a ve-lo qu'as troitas fan;
a que non caia á miñoca,
ha caír ó galván.⁷³¹⁷
(ms13,41v)
743. Vela ahí vai, vela ahí vai
a raposa pol-o millo;
ela dis que non fai mal;
pero vaino sacudindo.⁷³¹⁸

⁷³¹⁵ ms13: *probeito*.

⁷³¹⁶ ms13: *a ve-l-o qu'as froitas fan*.

⁷³¹⁷ ms13: *a quen non caya*.

⁷³¹⁸ No orixinal aparecía entre os refráns.

(mc: A.S.A)

744. Xa que temos vagar,
vamos contar mentiras:
polo mar andan as lebres
e polo monte as anguilas.
(ms-LU: seminarista anónimo: Moreda, Taboada, LU)
745. Xúroch'a palla dos nabos
que ch'hei de poñe-los ósos
qu'han de poder peneiralos.
(ms20,30v)

VILANCICOS

746. Ahora si que acerta
que sa temos que bailar
pois echamos o miniño
que nos veña remediar.
(ms-SA: Jesús García Fuentes: Sofán, Carballo, C)
747. Alá pola noite
cand'o galo canta
nunha vila santa
que lle chaman Belén
e morto de frío
nun pobriño establo
naceu malpocado
Xesús, o Xesús noso ben.
E morto de frío
non tiña nin tento
e dáballe alento
a mula e o boi.
Pero nós como
non temos nada
vamos a ver,
a ver si nos dan
uns dulciños
e unhas almendras
para levarllo
ó neno ó portal.
E morto de frío ...
A mula e o boi.
Andade despacio,
petade pouquiño
para que non desperte
o noso cariño.
¡Ai que neno!
¡Ai que miniño!
¡Que garrido e lindo está!
X'o corazón lle relouca
do contento que lle dá.
Pola noite nun mais chora
xa naceu o noso ben
xa naceu o Rei Supremo

que ha de rexir a Israel.
Andade despacio...
Vinde, vinde a ver o neno
que garrido e lindo está
deitado non pouco d'herba
e non moi probe portal.

(ms-SA: Agustín Dosil Maceiras: Ponte Nafonso, Noia,
C)

748. Alá pola noite
cando o galo canta
nunha vila santa
que lle chaman Belén
e morto de frío
nun pobreño estable
naceu, mal pocado,
o Xesús, noso ben.
E morto de frío
nin tiña nin tentos
e dábanlle alento
a burra e o boi.

(ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

749. Alá pola noite
cando o galo canta
nunha vila santa
que se chama Belén
naceu o mal pocado
nun pobreño estable
o Xesús noso ben
e morto de frío
non tiña nin tento
e dáballo alento
a mula e o boi.
Pero nós como
non temos nada
vamos a ver
a ver si nos dan
uns dulciños
e unhas almendras
para levarlle ó neno ó portal. (bis)

(ms-SA: Luís Alcántara Pedreira: Rianxo, C / Clemente
Crespo Caamaño: Santiago de Compostela, C)

750. Alá pola noite
quando o galo canta
non a vida santa
que lle chaman Belén
e morto de frío
non tiña sostento
e dábllo alento
a mula e o boi.
Pero nós como non temos nada
vamos a ver, a ver si nos dan

uns dulciños e unhas almendras
para levarlle ó neno ó portal.

(ms-SA: Jesús García Fuentes: Sofán, Carballo, C)

751. Aló entre pallas
cheo de frío
vinde rapaces
ve-lo neniño.
Chegade prestes
vinde pasiño
porque sa agarda (bis)
o carrapuchiño. La lara la
lara la la la
lara la la la
lara la la la.

⁷³¹⁹
(ms-SA: Andrés Buras Iglesias)

752. Arre burriquiña
vamos a Belén
que mañán é festa
e pasado tamén.

(ms-SA: José Barca Sanmartín: Santa Minia de Brión, C)

753. Bailando e cantando
vamos ó portal
que naciú o remedio
para noso mal.
Estrofa: A mula flamenca
comíall'a palla
do noso miniño
deitado na cama. (se repite)
Bailando e cantando...

⁷³²⁰
(ms-SA: Jesús García Puentes: Sofán, Carballo, C)

754. Cantámosch'os reises
guedellos de cabra
cantámosch'os reises
non-os deches nada.
Cantámosch'os reises
piollo famento
cantámosch'os reises
perdámosch'o tempo.

(ms-LU: seminarista anónimo: Guntín, LU)

755. Con un sombreiro de palla
un gallego ó portal foi
e mentras adouraba ó Neno
comeulle o sombreiro o boi.

⁷³²¹
(ms-SA: Alfonso Fernández Barros: Santa Eulalia de
Oeste, Catoira, PO / ms13,51r)

756. Correde ben, rapaces,
porque aquí Xesusiño está

⁷³¹⁹ Falta a metade da folla.

⁷³²⁰ O informante engade: *y tiene otras muchas más estrofas que yo no las sé.*

⁷³²¹ ms13: *mentas adouraba.*

nunhas pouquiñas pallas
e verédelo obrexar.

(ms-SA: J. M. Barral Sánchez)

757. Dicen que naceu o Neno
garridiño como unha prata
e que nunhas palas o dorme
unha Virxen, a máis Santa.

(ms13,38r)

758. Entre unhas pallas hai un meniño
blanco e roxiño como un primor,
Tola de velo a súa naiciña leda
acariña con tenro amor.

(ms13,50r)

759. Esta noite naceu Dios
en un pesebre de Belén
para redimírnos do mal
e abri-las portas do Edén.

(ms13,50v)

760. Esta noite naceu Dios
nun presebe de Belén
pra redimírnos do mal
i-abrírnos as portas do Edén.

(ms13,38r)

761. Moito estimara
darch'un bo leito
porque se pensas
pasa-lo inverno
neste pesebre,
non leva xeito.

(ms13,38r)

762. Olla pola noite cando o galo canta
unha villa santa que lle chaman Belén
e morto de frío nun pobriño establo
naceu mal pocado, Xesús, o Xesús noso ben,
e morto de frío non tiña nin tento
e dábanlle alento a mula e o boi.⁷³²²

(ms13,50r)

763. Por antr'as silveiras
cantan alegres
os paxarinos
anunciando a todos
con grande primor
que naceu un Neno
por excelencia
mui bonito,
que veu a ser fillo
do noso Señor.
Nós os pobriños pastores

con gran amor lle ofrecemos
este manoxiño de flores e
unhos poiquiños cangrelos".

(ms13,50r)

764. Vámonos á pradeira,
pois eiquí non é ben ruar
porque San Xesuíño dorme,
porque san Xesuíño dorme
e podémo-lo despertar.

(ms13,38r)

765. Vámonos a ver o Neno
o noso Neniño Xesús
que dorme nos panos
sin berce e sin lús
I-os pastores levan
mantas e trapiños
con que acochalo
que está en coiriños.
Con un sombreiro de palla
un gallego a un portal foi
e mentras adouraba o Neno
comeulle o sombreiro o boi".

(ms13,50r)

766. Vamos a ver ó Neno,
o noso Neniño Xesús
que durme nas pallas.

(ms13,39r)

767. Vinde, vinde galleguiños
vinde todos a adourar
o Neniño máis bonito
que está solo no portal.
Que lo sinta en este día
brinda no meu corazón
veña festa e veña gaita
veña troula e folión.

(ms13,50r)

768. Xa naceu o Redentor
i-o vamos a festexar.
¡Hoxe é noite de reír!
¡Hoxe é noite de cantar!

(ms13,38r)

769. Xa naceu o Redentor
que vimos a festexar
¡Hoxe é noite de se reír!
¡Hoxe é noite de cantar!

(ms13,50v)

CÁNTIGAS EN CASTELÁN

770. Cambiamos el corazón
i ia vivir no podemos
tú porque mueres de frío

⁷³²² Se repite desde *e morto de frío* uniéndose las dos voces.

Francisco Vázquez Saco

io porque me abraso el [¿pelo?]
(ms9,18r)

771. Guarda bien guardado al Niño
madre, que al verlo tan [¿sol?]
no puede haber en el mundo
quien no se sienta ladrón.
(ms9,18r)

772. Me muero, cuando me miras;
si no me miras, me matas

pues que he de morir igual,
mirame, Niño del alma.

(ms9,17v)

773. Quien compra corazones
¡Quien el corazón me vende...!
Que uno solo, niño mío
es poco para quererte.

(ms9,18r)

2.4.11. Adiviñas

Das adiviñas que aparecen a continuación, cincuenta e seis estaban recollidas xuntas no ms6. Ó final da lista aparecía o seguinte texto: "Las 56 adiviñas que preceden fueron publicadas por Laureano Prieto en *Douro Litoral*, Boletín da Comissão Provincial de Etnografía e Historia, Terceira Serie, VI, Porto, 1949, págs. 33-39, con el título: 'As adiviñas na terra da Gudiña (Orense) e no concello de Vinhaes'. 'Van', añade, 'escritas en galego, por ser mui pequenas as diferencias do linguaxe: a xente dos pobos portuxeses da raia falan cuasemente en galego; din que cando se adentran en terras de Portugal que os motexan de *españóis*, pol-a maneira de falar".

1. **A carne da muller é dura, máis duro é quen a fura; pasa o duro polo blando e quedan dous dependurado.** [Os pendientes] (ms6,2r: Laureano Prieto)
2. **Adiviña: do tamaño de unha abella, enche a casa hasta a tella.** [A luz] (ms6,4r: Laureano Prieto)
3. **Airexiña pequeniña i-abade revolver, e tódolos feligreses sentados ó redor.** [A airexa é a boca, o abade revolver, a língoa, os feligreses os dentes] (ms6,6r)
4. **Al pempín, ruín cabaleiro, pégalle a risa e solta o diñeiro.** [O ouriso coa castaña] (ms6,10r)
5. **Alta me vexo no meu lugarexo, mouro vexo vir e non lle pode fuxir.** [A cereixa qu'está na cerdeira e ve vir o merlo a picala] (ms6,6r)
6. **Altas aradas, vacas raxadas, ollo fermón, e boi renegón.** [As altas aradas son as nubes, vacas... as estrelas: ollo... o sol; boi renegón o vento que zoa] (ms6,5r)
7. **Alto ch'estou, ladrós vexo vir, cas miñas cravixas non pode fuxir.** [La castaña] (ms1, ms6,42r)
8. **Alto como o sino e verdega coma o liño i-é dulce coma o mel i-amarga coma o fel.** [O concho] (ms6,4r: Laureano Prieto)
9. **Alto está, alto mora, todos o vein e naide o adora.** [A campá] (ms6,3r: Laureano Prieto)
10. **Alto me miro, color d'ouro teño, por unha risada perdín canto teño.** [O ourizo que regañou] (ms6,8r)
11. **Alto me vexo no meu cabalexo, véxote vir e non pode fuxir.** [O ourizo que vé vir o vento] (ms6,2r: Laureano Prieto)
12. **Alto me vexo, nun piliquexo, venme roubar e non pode escapar.** [A castaña no ourizo] (ms6,9r)
13. **Alto me vexo no meu lugarexo. Por unha risada, perdín miña anada.** [O ourizo no castiñeiro, que cando regaña, parece que ríe e perde as castañas que leva dentro] (ms6,6r)
14. **Alto pepino, redondo molete, que chova que neve, nunca se derrete.** [A lúa] (ms6,5r)
15. **Alto ramalliño, verde com'o liño, sabe como o mel, amarga com'o fel.** [A noz] (ms6,9r)
16. **Alto, alto cabaleiro, dálle a risa e caille o diñeiro.** [O ourizo e os bullós] (ms6,1r: Laureano Prieto)
17. **Altos padres. capeludas madres i-os fillos incha-foles, adiviña tu, si podes.** [Os altos padres son os castiñeiros, as capeludas madres, os ourizos, os fillos incha-foles, as castañas que fan inchar a barriga] (ms6,6r)

18. **Anda de burato en burato coas tripas arrastro.** [A agulla. (As tripas son o fío)] (ms6,8r)
19. **Andar, andar e nunca chegar.** [O muíño] (ms6,8r)
20. **Antre dúas paredes brancas hai unha frol amarela que se pode presentare diante do rei de Castela.** [O ovo] (ms6,10r)
21. **Antre dúas paredes verdes hai unha frol colorada que se pode presentare diante do rei de Granada.** [A sandía] (ms6,10r)
22. **Barbouzán entrou por portas con trescentas follas postas, trescentas follas e un ramo n'adiviñarás est'ano nin tampouco pró que vén agás que cho diga alguén.** [O galo] (ms6,5r)
23. **Besta de ferro, albarda de liño, tiza que tiza cun garabullíño.** [O candil, besta de ferro, con albarda de liño, que é a torcida] (ms6,7r)
24. **Cai de un campanario abaixo e non se rompe, cai na i-auga e rómpese.** [O papel] (ms6,3r: Laureano Prieto)
25. **Cai de una pita abaixo e non se rompe, cólleo un can cúa boca e rómpese.** [O ovo] (ms6,3r: Laureano Prieto)
26. **¿Cal é? ¿cal é? O que non o adiviña ben burro é.** [A cal] (ms6,3r: Laureano Prieto)
27. **Cando sal da casa, vai calada; cando chega ó monte, salta e brama.** [A brosa] (ms6,11r)
28. **Cando vai pró monte, vai encollida; e volve prá casa, estendida.** [A corda] (ms6,9r)
29. **Cando vai pró monte, vai retorta; canto vén, vén estirada.** [A corda do feixe] (ms6,11r)
30. **Cando van pró monte, miran prá casa; e cando van prá casa, miran pró monte.** [Os cornos da cabra] (ms6,9r)
31. **Capiña sobre capiña, capiña do mesmo pano, se non digo o qui é non acertas nun ano.** [A cebola] (ms6,2r: Laureano Prieto)
32. **Capote sobre capote, capote do mesmo pano, non aturas este ano, nin pra o ano que viñer se eu non cho dixer.** [A cebola] (ms6,4r: Laureano Prieto)
33. **Catro cabalos van para Francia, uns detrás dos outros e nunca se alcanzan.** [Os guizos da dovaladoira] (ms6,1r: Laureano Prieto)
34. **Catro cabalos van para Francia. Un tras d'outro e ningún s'alcanza.** [Argadelo. Igual en Monforte de Lemos, (San Fiz.)] (ms6,7r)
35. **Catro gatos nun tellado, cada gato mira a tres, canta gatería es?** [Catro gatos] (ms6,9r)
36. **Catro pés esperando catro pés, catro pés non vén, e catro pés marchou e catro pés quedou.** [Era un gato que estaba esperando un rato encima de unha arca] (ms6,3r: Laureano Prieto)
37. **Catro rodamontes, catro cichafontes, cun dalle-dalle e dous tirosliros.** [A vaca] (ms6,3r: Laureano Prieto)
38. **Catro rolda-montes, catro deita-fontes, dous tusturustús e un dalle-dalle.** [A Vaca. Variante del nº 35] (ms6,5r)
39. **Cen e cen e cen fillos tén i-a todos con leite os mantén.** [A figueira] (ms6,5r)
40. **Cen e cen e cen follas tén e non llas conta ninguén.** [O choupano, carrote ou cogordo] (ms6,9r)
41. **Cen grolíños, un grolón, un mete e saca i-on quita e pon.** [Os cen grolíños son as fabas, o grolón e o pote: o mete e saca é a garfela, i-o quita e pon é o testo] (ms6,7r)
42. **Cen redondís i-on redondón, unha saca e mete i-on quita e pon.** [Un pote con garabanzos, a culler e o testo] (ms6,1r: Laureano Prieto)
43. **Cucurico non tén ollos, cu nin bico, i-os fillos de Cucurico, teñen ollos, cu e bico.** [O ovo] (ms6,5r)
44. **De día com'onha escada, de noite com'aguillada.** [A agolleta do xustillo] (ms6,7r)
45. **Dedante de Deus me vexo cos colores alcendida, cando alta, cando baixa, cando morta, cando viva.** [Lámpara] (ms6,8r)
46. **Dez soldadiños a par, pasan o río sen se mollar.** [Os fungueiros (ou estadullos do carro.)] (ms6,7r)
47. **Dime unha cousiña cousa: pasa o duro polo blando, e quedan dous dependurando.** [O pendiente na orella da muller] (ms6,2r: Laureano Prieto)
48. **Doce meniñas nunha baranda, todas choran por unha banda.** [As aveiras ⁷³²³] (ms6,3r: Laureano Prieto)
49. **Doce meniñas, cada unha en catro cuartos, todas elas tein medias e ningunha ten zapatos.** [O reló] (ms6,3r: Laureano Prieto)

⁷³²³ *Abeiras* é unha palabra que se usa no sur da provincia de Ourense para referirse ás pingueiras do tellado.

50. **Dous peludos, un pelado, unha anguía e un calca-rabos** [Os peludos son os bois; o pelado, o arado; a anguía, a aguillada; i-o calca-rabos é o labrego que vai detrás pinchando nos bois] (ms6,8r)
51. **Dun alto me miras, comer me querías, de ti salirá quen a min me carretará.** [O viño na parra, falando coa cabra, pois no pelexo dela ha de ser carretado o viño despois de feito] (ms6,6r)
52. **É de carne e non ten carne, é de óso e non tén óso, ten un velo que chora. Explicamo tu agora.** [A bota de viño] (ms6,4r: Laureano Prieto)
53. **É larga com'unha sogá e morde com'unha loba.** [A silva] (ms6,9r)
54. **Eiquí me manda o meu amo que lle enpreste o seu forfello tudo pra o seu regalado, que o de el teno rapado, que tan pronto lle empremecera, xa llo devolvera.** [Forraxe prestado para o cabalo] (ms6,2r: Laureano Prieto)
55. **En canto están no souto, ou por un lao ou polo outro; pero, así que van ó arcáz, pobre de ti rapaz.** ⁷³²⁴ [Las castañas]. (ms-LU: seminarista anónimo: Chantada, LU)
56. **Entre valado e valado, hai un boi asoballado.** [O pan na maseira] (ms6,7r)
57. **Entre cancela e cancela, unha xatiña amarela.** [A yema do ovo] (ms6,5r)
58. **Entre táboa e taboado hai un boi esmalloado.** [A masa] (ms6,2r: Laureano Prieto)
59. **Entre táboa e taborete hai un gran comerete.** [A noz] (ms6,2r: Laureano Prieto)
60. **Era pinguín que pingaba, veu funguín que fungaba a comer a pinguín que pingaba, e veu rapín que rapaba e comeu a funguín que fungaba.** [Era un xabarín que iba a comer bullós, e comeuno o lobo] (ms6,3r: Laureano Prieto)
61. **Están dous becerriños amarelos pastando nun campo de ferro. Corren que os torce o demo.** [Dous ovos que se están fritindo nunha sartén] (ms6,4r: Laureano Prieto)
62. **Estando un forno cheo de vacas vermellas veu un boi negro e botounas fóra ¿que é?** [As ascuas e a pala] (ms6,11r)
63. **Folas fai, mar non é, espiñas tén, pescado non é.** [O trigo nas terras] (ms6,11r)
64. **Iba unha vez o bispo faguendo a visita pastoral, i-ó pasar por unha ponte, viu que debaixo estaba un home pescando, e perguntoulle: -¿Ti que pescas? I-o home respondeu: O que pesco, botoo ó río, i-o que non pesco, levoó á casa. ¿Qué pescaba o home?** [Os piollos] (ms6,8r)
65. **Longa, longa como a sogá e con dentes como a loba.** (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
66. **Longa, longa, com'a sogá e tén dentes com'a loba.** [A silva] (ms6,5r)
67. **Longa das pólas e curta do pé.** [A cerdeira] (ms-LU:seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
68. **Maria Juana no alto está, e Juan Vermello no cu lle da.** [A caldeira i-o lume] (ms6,3r: Laureano Prieto)
69. **Mari-branca está estendida, Xulián está derriba, Nápoles vai e Nápoles ven, Mari-branca aberto llo tén.** [O tear] (ms6,7r)
70. **Marmorea, mar non é, espiña tén, pescado non é.** [O trigo] (ms6,6r)
71. **Marzo, espigarzo; abril, pendoril; maio, granado; San Xoán, curado; e por Santa Mariña, metido na erquiña.** [O trigo.] (ms-SA: Héctor Blanco Tato: Cerezo, Coristanco, C)
72. **Moitas damas nun curral e todas pingan igual.** [Las goteras] (ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar de Galicia)
73. **Nace no monte, no monte se cría, baixa a bailar coas nenas á vila.** [O fuso] (ms6,6r)
74. **No medeo do mar estou, non son de Deus nin do mundo, nin do inferno profundo, i-en todos lados estou.** [O a (letra)] (ms6,10r)
75. **No monte nace, no monte se cría e vén bailar coas damas á vila.** [O fuso] (ms6,7r)
76. **No monte nace, no monte se cría, chega á casa e rifa coa tía.** [O carrasco] (ms6,10r)
77. **No monte nace, no monte se cría e vén bailar á casa diante a súa señoría.** [A devañadoira] (ms6,9r)
78. **No monte se corta, no monte se cría, vén prá casa e rifa cua tía.** [A uz] (ms6,3r: Laureano Prieto)
79. **Non tén óso nin costela, i-anda debaixo da terra.** [A miñoca] (ms6,5r)

⁷³²⁴ O orixinal di: *En canto están no souto ou por un lao ou pol'o outro, pero así que van o arcáz pobre de ti rapaz.*

80. **Non-o levantan catro homes con pancas e levanta un can cúa boca.** [O ovo] (ms6,3r: Laureano Prieto)
81. **Nunha casiña moi encaleada, hai un probiño facendo morada.** [O pito no ovo] (ms6,5r)
82. **O pai a menguar i-a mai a crecer: i-as cinco fillas todas xuntiñas a facer-facer na media.** [O novelo mengua, a media crece e as cinco agullas están a facer na media] (ms6,2r: Laureano Prieto)
83. **O pai está pobre i-o fillo por nacer... Espera de ser Dios ¿coma poderá ser?** [É o grao que se pudre pra que nacia a mes, i-a mes dá o gran do que sairá fariña pra facer a hostia.] (ms6,3r: Laureano Prieto)
84. **¿Onde lle puxo Dios a man ao home?** [Na punta da muñeca] (ms6,1r: Laureano Prieto)
85. **Pelo por baixo, pelo por riba, e no medio unha cousa viva.** [O ollo] (ms6,6r)
86. **Pelo por fóra, pelo por dentro, érguelle a pata e métello dentro.** [Calzar a media] (ms6,1r: Laureano Prieto)
87. **Peluda por fóra, peluda por dentro recacha-la perna e metela dentro.** [A media de lá] (ms6,7r)
88. **Picos pra diante, ollos pra detrás, burro, son tiseiras ¿non adiviñarás?** [Tiseiras] (ms6,11r)
89. **Por detrás de aquel coto, vén un boi xoto, e non hai home nacido nin por nacer que á corte o poida trager.** [O sol] (ms6,5r)
90. **Por unha risada perdín a anada.** [Se dice del erizo de la castaña, que, al abrirse, pierde el fruto. Coincide con el refrán-adivinanza: *No alto estou, no alto me vexo; por unha risada perdín o que teño.* Una canción popular repite la misma idea: *A castaña no ourizo quixo rir e arregañou; caeu do castaño abaixo, mira qué chasco levou.* (mc / ms11,27)]
91. **Pra qu' eu beile poñenm'a capa porque sen capa non podo beilar; e pra qu'eu beile, tíram'a capa porque con capa non podo beilar.** [O trompo dos nenos] (ms6,10r)
92. **Presa no cárcere estou, antre cadeas metida, oras alta, i-oras baixa, oras morta, i-oras viva.** [A lámpara na eirexa] (ms6,7r)
93. **Pucariño, manxariño, nin asado, nin cocido, nin revoltó con culler: adiviñe quen quixer.** [A noz] (ms6,6r)
94. **Pucho sobre pucho, pucho colorado.** [A cebola] (ms6,6r)
95. **Puntas pra diante, puntas pra tras. Adiviñarás?** [As tesouras] (ms6,6r)
96. **¿Qu'é aquilo que vai á praza, e da praza vai prá casa, e baila com'unha rapaza?** [A peneira] (ms6,10r)
97. **¿Que cousa é cousa que anda no bolso e non gasta cartos nin medias?** [O reloxo] (ms6,11r)
98. **¿Que cousa é cousa que bate na lousa?** [O mar contra os cons] (ms6,11r)
99. **¿Que cousa é cousa que cabe no puño e non cabe nun carro?** [O ovo] (ms6,11r)
100. **¿Que cousa é cousa que pousa no monte e vén beber á fonte?** [A ave chamada pineira] (ms6,11r)
101. **¿Que é unha cousa que cando vai pró monte leva os cornos cara á casa?** [A cabra] (ms-SA: José Duro Quintela)
102. **¿Que é unha cousa que vai de buraco en buraco e leva as tripas arrastro?** [A agulla] (ms6,8r)
103. **¿Que son eses aguzados que andan tan aparexados?** [Os cornos] (ms6,5r)
104. **¿Qui é unha cousiña cousa? Anda de buraco en buraco e cuas tripas arrastro.** [A agulla cando se cose] (ms6,1r: Laureano Prieto)
105. **¿Qui é unha cousiña cousa que come e non caga?** [O pote] (ms6,2r: Laureano Prieto)
106. **¿Qui é unha cousiña cousa? Anda sempre andando e nunca chega a casa do seu amo.** [O muíño] (ms6,2r: Laureano Prieto)
107. **¿Qui é unha cousiña cousa? Ao ir pra o monte vai cúa barriga cara a casa, i-o vir prá casa vén cúa barriga cara o monte.** [As pernas] (ms6,3r: Laureano Prieto)
108. **¿Qui é unha cousiña cousa? Ber e dispois zás!** [Berzas] (ms6,2r: Laureano Prieto)
109. **¿Qui é unha cousiña cousa? Meter e sacar e dar de barriga, aunque o pareza non é picardía.** [Tecer] (ms6,2r: Laureano Prieto)
110. **¿Qui é unha cousiña cousa? Oito hirmáns que nunca están xuntos.** [Os estadullos do carro] (ms6,1r: Laureano Prieto)
111. **¿Qui é unha cousiña cousa? Relampa coma a frauta e foza coma a toupa e toupa non é.** [A rella do arado] (ms6,1r: Laureano Prieto)
112. **¿Qui é unha cousiña, cousa?... Cando vai pra o monte, vai encolleita, cando vén pra a casa vén estendida.** [A corda do carro] (ms6,1r: Laureano Prieto)

113. **Redondiña como o pé do mular e pasa o río sin se mollar.** [A lúa] (ms6,5r)
114. **Redondiño, redondiño coma o pé de un borriquiño: tantas follas téñ, que non llas conta ninguén.** [O cogordo (seta)] (ms6,2r: Laureano Prieto)
115. **Redondiño, redondiño com'a capa do muíño: ¡téñ follas, téñ! e non llas conta ninguén.** [O cugumelo, ou chouparro. (As follas son as membranas radiantíes que ten por baixo do carapucho ou paraguas.)] (ms6,6r)
116. **Son filla e son maí; filla do mesmo pai, este neno que eu crío é fillo da miña maí. Dígame osté bon rei se soltarán a meu pai.** [Tratábase de unha muller que andaba a criar uns meniños e iba a ver ao pai, a quen o rei tiña preso e condenado a morrer de fame, dándolle de mamar pra lle conservar a vida. O rei estaba na crenza de que o home vivía de milagre, posto que somentes deixaban que a filla o fose ver despois de sere ben rexistrada, pra que non lle levase de comer. Ela díxolle ao rei que lle espricaría o milagre se el non atinaba a adiviña que lle iba a decír, e cúa condición de que de non acertala, iba de soltarlle o pai.] (ms6,1r: Laureano Prieto)
117. **Tacón sobre tacón, tacón do mesmo pano, senón que cho diga non atinas iste ano.** [A cebola] (ms6,10r)
118. **Tacón sobre tacón, tacón do mesmo pano, se non atinas agora non atinas d'hoxe nun ano.** [A cebola] (ms6,9r)
119. **Tén boca e non come, téñ pés e non anda, téñ cu e non c...** [O pote] (ms6,7r)
120. **Teño un brinco con que brinco, até o brincar me aborrece, canto máis o brinco brinca, máis a barriga lle crece.** [O fuso] (ms6,4r: Laureano Prieto)
121. **Terra branca, semente negra, cinco bois i-a chavella.** [A terra branca é o papel, a semente negra é a tinta, os cinco bois son os dedos, i-a chavella a pruma] (ms6,8r)
122. **Todo conde, todo conde, agá-lo mar que non pode.** [A neve] (ms6,5r)
123. **Tras da porta vi facer, tirar e meter, darlle á carrilleira pra ter qué comer.** [O tecer] (ms6,4r: Laureano Prieto)
124. **Tras d'unha porta están meter e sacar e dar de barriga e non é picardía.** [A tecedeira] (ms6,8r)
125. **Un burro branco beilando nun campo, coa pexa nun pé e burro non é.** [O muíño] (ms6,8r)
126. **Un pastor viu na serra o que o sol non pode ver nin o Papa na súa silla, nin Dios co seu poder.** [Viu a outro pastor] (ms6,2r: Laureano Prieto)
127. **Unha arquiña de bon parecer que n'hai carpinteiro qu'[a] sepa facer.** ⁷³²⁵[A noz] (ms6,9r)
128. **Unha ave que Dios criou con toda a natureza: téñ o pico na barriga i-as alas na cabeza.** [O burro, pícano na barriga cúa espóra, e ten dúas orellas que parecen alas] (ms6,4r: Laureano Prieto)
129. **Unha capeliña branca, sin porta nin tranca.** [O ovo] (ms6,3r: Laureano Prieto)
130. **Unha capeliña vermella, sin porta nin tella.** [A naranxa] (ms6,3r: Laureano Prieto)
131. **Unha cousa que téñ pernas e non anda, téñ boca e non come, téñ cu e non caga, e téñ alas e non voa.** [O pote] (ms6,4r: Laureano Prieto)
132. **Unha cousa redondiña, redondela, pirmeiro é verde e despois, amarela.** [A mazá] (ms6,4r: Laureano Prieto)
133. **Unha cousiña tesa, cabe na mau e non cabe na artesa.** [A aguillada] (ms6,7r)
134. **Unha longa longarela, que pasou por esta terra, e decíalle ás veciñas: "Dios nos libre das galiñas".** [A mioca] (ms6,10r: Rías Baixas, de donde era la madre del P. R. Sanlés, O. de M. que me lo comunica)
135. **Unha sábena mui grande que non se pode encargar: está cheia de manchas que non se poden contar.** [O ceio] (ms6,4r: Laureano Prieto)
136. **Unha señora deitada nun prado, vestida de pano labrado, nin era pano, nin era seda, i-o que a ve pasmado se queda.** [A cobra] (ms6,5r)
137. **Unha señora vestida de negro, tórñalle os cochos, que os cás non téñ medo.** [A lezma ou limacha] (ms6,5r)
138. **Unha señorita moi enseñoritada chea de remendos, sin ningunha puntada.** [A galiña] (ms6,8r)
139. **Unha señorita, mui aseñoritada, con moitos remendos e ningunha puntada.** [A galiña] (ms6,1r: Laureano Prieto / ms-SA: José Duro Quintela)

⁷³²⁵ O orixinal di: *Unha arquiña de bon parecer que n'hai carpinteiro qu'sepa facer.*

140. **Unha vella con un dente chama a toda a xente.** [A campá] (ms6,11r)
141. **Unha vella con un dente cham'a tod'a súa xente.** [Campana. (O dente é o badal.)] (ms6,7r)
142. **Unha velliña moi arrugadiña c'unha tranquiña no cu. Pasa e, i-adiña, burro, o que é.** [A uva pasa] (ms6,10r)
143. **Unha xarriña de fonforronfón sin cu nin tapón.** [O ovo] (ms6,5r)
144. **Vai a Roma e vén de Roma cun picariño na croa.** [A aguillada, c'o pincho enriba] (ms6,7r)
145. **Vara vareta, no monte criaba, nin verde nin seca sin ser regada.** [A vela] (ms6,2r: Laureano Prieto)
146. **Verde no monte, azul no nacimiento: non hai cousa máis chegada ao Santísimo Sacramento.** [O liño] (ms6,1r: Laureano Prieto)
147. **Verde no monte, negro na praza e colorado na casa.** [O carbón] (ms6,2r: Laureano Prieto)
148. **Vintecatro servilletas, dez reás de cada punta, mociño que é tan sabido contéstame a esta pregunta.** ⁷³²⁶ (mc / ms4:F.V.S.)
149. **Zuncorondullo andaba na feira, no medio inchaba, no rabo roncaba tiña orellas e zangoneaba.** [A gaita] (ms6,8r)

⁷³²⁶ ms4: *en cada punta, contestam'esta pregunta*

2.5. Contos e outros asuntos

Reproducimos a continuación algúns contos recollidos por Alvilares Moure e datados en Lugo, 10-X-47, baixo o título *Folklorismo regional* e o epígrafe *Contos*.⁷³²⁷

2.5.1. Contos

A merla e o zorro

Dunha vez era unha merla que puxera o niño nun amieiro. Tiña seis merlos pequeniños xa; e debía ser a principios do vrau.

Foi o conto que o zorro chegose por alí un día e díxolle:

-Merla, dáme un merlo, que, si non, co meu rabo mazoroqueiro chímpoche o amieiro.

E a merla botoulle un merlo.

Dalí a poucos días o condenado do zorro volveu:

-Merla, dáme un merlo...; e a merla botolle o segundo.

Mais a merla tiña cerca na cima dun pino unha comadre sú mui lista, que era unha pega medio branca; e cando lle quedaban xa poucos merlos, foise a consultar con ela.

A pega díxolle que non lle botara máis merlos in baixo, porqu'o zorro non podía chimpár o amieiro; e que, cando viñera outra vez, lle dixera:

-O teu rabo mazoroqueiro
non chimpa o meu amieiro
Que sólo o chimpan
o ferro e o aceiro.

Cando volveu o zorro e oíu a resposta constestoulle:

-¿Ay, si? Díxocho a tú comadre pega. Pois xa a amolarei.

E foi o zorro e púxose coas pernas pr'arriba e coa lingua fóra.

A pega viuño e coidou que estaba morto; e foille picar a léngua.

E cando estaba picando, o zorro cerrou a boca e colleuna. Marchou con ela prá súa casa o zorro e tuvo que saltar moitos valados; e ó chegar a un, díxolle a pega:

-Na miña terra, cando un salta un balado, di sempre: "-¡Aúpa! ¿A que non'o dis ti?

O zorro quixo mostrarlle a pega que era capaz de decilo. E díxoo: pero a pega, ó abrir il a boca, escapou.

(ms14,1-3: copiado de boca de José Chorén, alias O Xaviera, Lalín)

⁷³²⁷ Alvilares Moure, hoxe importante escritor galego, daquela escribía *d'una* por *dunha*, *d'un* por *dun*, *d'o* por *do*, *co'a* por *coa* e mesmo escribía *una* por *unha*. Poñía til en palabras como *volvéu*, *constestóulle*. Actualizámo-la grafía.

Francisco Vázquez Saco

A pega e a zorra

Dunha vez era unha pega que tiña un niño na cima dun carballo.

Foi o caso que tiña xa medio criadiños os seus peguiños cando se veu a zorra a decirlle.

–Pega, dáme un pego que, se non mo dás, córtoche o carballo.

–¿E con qué? –respondeu ela pra asegurarse ben.

–Co meu rabo.

E a pega tiroulle cun pego.

Dalí a pouco tempo volveu o zorro co mesma historia:

–Pega, dáme un pego...

E a probe da pega tuvo que tirar o pego... por segunda vez. Xa solo lle quedaban dous. Logo viría a zorra por outro. I-ela resolveuse e foille consultar ó corvo. I-o corvo díxolle:

–Mira il non che dá cortado o carballo; cando che veña dislle:

Rabos de zorros
non cortan carballos,
que os cortan os homes
con grandes machados.

E desde entón a zorra xa non lle levou máis pegos.

(m14,8-9: de boca de M. González V.)

A broa

Dunha vez era unha cuadrilla de canteiros que viña aló de terras de tras do Faro. E chegou á ponte vella de Belesar.

Pechaba a noite e comenzou a brilar unha luna marela... marela... tan marela com'eses panos da cabeza churruqueiros.

O conto foi que alá debaixo nas augas do Miño a lúa parecía mismamente un bolo de tan marela que era.

Ós canteiros metéuselles fame no corpo; e quixeron baixar inbaixo por ela. Mais como era moita a fondura non encontraron medio de ir por ela, hasta que expuxo un esta solución que puxeron en práctica. Agarráronse unhos ós pés dos outros hastra facer unha cadea longa... longa...

E iba resultando o conto ben. Solo algún resbalanciño dun por outro que, por boa sorte, eran sempre os do último.

Xa logo iban coller a broa. E nesto os últimos oíron que decían moi arriba... moi arriba:

–Mengos que sosteña a Mengos; e Mengos que sosteña a Mengos que eu vou escupiñar as maus...

E despois non oíron máis. Solo sentiron un pouco frío...

Era que a broa salira do forno xa había moito tempo...

(ms14,4-5: Copiado de boca de Ramón Fernández. Ajulfe, Chantada)

O regalo

Doutra vez era un labrador que tiña intimidade cun abogado. E mandoulle o día do seu santo un xamón por un criadiño que tiña, mais listo cás denucelas.

Cando o probe do rapaz chegou á casa do abogado encontrouno comendo; e a el nin xiquera o invitaron.

Mentras qu'a ama foi valeirar as alforxas do rapaz, o abogado preguntoulle

–Dime, meu neno; ¿e qué hay de novo por aló?

E respondeulle o rapaz:

–Pouco máis ca nada. Alí pariulle unha cabra ón vello do lugar e tróuxolle tres cabritos.

O abogado espantouse e volveulle a preguntar

–¿E como se arreglou pra mamar?

–Moi fácele –dixo o pequeno–; mentras que un mama, os outros fan coma min: miran.

Despois disto déronlle de comer; e cando xa logo acababa díxolle á ama

-¡Ai Señora Ama! ¿E uste tendría unha agulla?
-¿E pra qué?- preguntou ela.
Pra coser un bolsillo que traio roto e non quero perder a peseta que me ha de dar o Señor Amo.
E o Señor Amo tuvo que lla dar.
Cando o rapaz marchou o abogado doulle as gracias e díxolle:
-E dislle de paso a teu amo que, cando mande algo, que o mande por... outro.
-Si, si –repondeu o rapaz-. Xa todo eso se falou alá; pero dixeron:
-Pra quen é o burro ben lle chega a albarda.

(ms14,6-7: Copiado de boca de Ramón Fernández. Ajulfe, Chantada)

Home e muller

Dunha vez eran un home e unha muller. Polo que se sabe non debían andar moi ben entre sí. O home enfermou e morreu. E a muller empezou a berrar com'unha tola desde unha ventana.
-Ay que rabeo, que rabeo.
E volvíase decara ó seu home morto bailando e decindo máis baixiño:
-...d'alegría..., d'alegría.
Marcharon ó outro día moi cedo co morto de cara á igrexa.
Os cregos –que eran poucos- requeaban polas corredoiras adiante.
E nunha delas o morto agarrouse ón carballo e volveuse prá súa casa desfacendo o entierro.
Pode supoñerse a paliza que lle dou á muller; porque il oía todo, que non estaba morto, se non ben vivo cando berraba ela.
Foi andando todo así, hasta que lle veu a morte de veras.
Entonces a muller chorou moito e non berrou nada.
E, cando se marchou ó outro día con il, díxolle ó señor cura
-Ande ben con entierro por as corredoiras e cántelleme responsos de *Non recorderis*.

(ms14,10-11: Copiado de R. Fernández)

O xastre i-a silva

Dunha vez era un xastre que viña de coser dun povo lexano.
Saliu ó empezar a escurecer pero, como era algo lonxe, colleuno a noite no camiño.
O probe do xastre tembraba como unha vimia. Pasou un camiño moi escuro, moi escuro; e, ó chegar cerca xa do cabo, sintiuse agarrado por a chaqueta. Fixo esforzos por escapar, pero non'o logrou; e cando se cansou, xa pediu por favor:
-Déixeme, ho, déixeme..
Estuvo moito tempo así quieto.
Xa logo viña a mañá. E o peor foi cando oíu lexana unha voz que decía:
-Vou ahí... vou ahí...
Parcía unha voz do outro mundo.
O xastre morríase co medo. Berrou desesperado:
-Non veña, que eu non fago mal a nadie.
Logo veu a mañá e o xastre aínda estaba alí sin lle pasar nada. Cando se viu o xastre mirou pra tras e viu que estaba collido nunha silva.
A voz que el lle pareceu sentir era o canto da coruxa.
Cortou a silva; e marchouse.

(ms14,12-13: Lugo. Cogido de labios de Plácido Osorio. Ajulfe. Chantada)

2.5.2. Outros asuntos

Cuentos y anécdotas

Un mozo que pretendió hacer el amor a una moza. Como era la primera vez que hablaba con ella quiso saber su descendencia, origen etc. Y le preguntó cuántos sois en casa?

-Somos poucos. Somos eu, e il e ela, i-a Sabela i-a ermá dela i-a filla dela, Xan e Xaniño e Farruco i-o outro.

(ms14,21)

Un año de escasez de cosecha; le pregunta un compadre a otro

-E logo, Antón, collistes moito pan?

-Patacas inda collemos.

-¿E pan?

-Millo tamen inda se colleu.

-¿E pan?

-Fabas tamen inda houbo.

-¿E pan?

-De nabos no me queixo.

-¿E pan?

-Malo pan te [¿afagee?] e o fol da cabra parda chea de polvo e pan e palla.

(ms14,21)

Remedios de medicina natural

Para lombrices xenxebra con agua y azucar en Quindimil y con leche en Fuente Cubierta.

(ms14,22)

En Fuente Cubierta para tener suerte con los cerdos y que no mueran dicen que es bueno meterlos al revés en el establo, por ej. el día que se compran.

(ms14,22)

En varios sitios suelen echar fuera de casa todos los animales el día que se va sacar el cadáver del amo difunto, porque de lo contrario muere uno de los que quedan enseguida.

(ms14,22)

Para que se acostumbren los gatos en casa aconsejan darle siete vueltas alrededor de un pie de lo llamado artesa.

(ms14,22)

En Santa Eulalia de Bóveda para que no se les pudra el lino al meterlo al río meten en medio de cada haz un pedazo de pan.

(ms14,22)

Ai Deó: que arde a casa do orizó
Con tres pallas i-un nó;
Orizó, orizó: sal do ollo, e vaite ó nó.
Con la ayuda de Dios y la Virgen María
Tres Padrenuestros y un Avemaría.

Dicen la oración aplicando al ojo ceniza de la rama de ajo, y encienden las tres pajas, que han de tener un nudo.

(ms12,116:Guntín)

San Juan

Fogata de San Juan: Fiuncho, herba de Ntra. Señora, soane blanco y negro, figueira, espadana, (¿pudica?) blanca, fientas, cinta de S. Antonio. Se cogen todas estas hierbas después de la postura del sol y, puestas al "orballo", se queman antes de la salida del sol el día de S. Juan. El humo se procura que entre en los establos para proteger a los animales de las pestes en especial para que no entren animales dañinos como la donicela (= comadreja) y serpientes. El resto de las hierbas se guarda para quemar en días de trueno.

La noche de S. Juan dormida al "orballo" en una finca de centeno tiene la virtud de curar la sarna.

Otra virtud que le atribuyen es que, si se pone una clara de un huevo en un recipiente con un poco de agua, S. Juan hace el milagro de que se forme un barco.

(ms14,23)

2.5.3. Outros

Operaciones del lino

1^{era} arrancarse, 2^a riparse, 3^a enlaguarse; 4^a se extiende al sereno 9 días, 5^a se maza con los males; 6^a afitar; 7^a espadelar 8^a cardar 9^a fiar, 10 se cuece, después se arrestrela, urdir 8 horas y por último se destece.

(ms14,22: Alfonso Vilariño Saucó: Palas de Rey, 28-Septiembre-1947. A.M.D.G. et B.M.V. ⁷³²⁸)

;;Bica reforzada!!

Agora, hai moita soberbia na xente, xa non pasa con calquera cousa. Antes, unha bica ben feita na lareira i-onha taza de caldo con fariña... era pan e compango; e, se se mazaba unha ola de leite, era festa. ¿Quén falaba de bica reforzada? Empanadas hai, como houbo sempre, sin iscos.

As bicas fanse de millo, de centeu ou de mistura, e poden ser lévedas ou asmas.

E non hai máis.

Estudía-se moito, mais pr'on home poder vivir e ter conta, excusado é andar con outros inventos.

Do que hai pod'osté tomar a confianza, coma na súa casa:

(ms-LU: seminarista anónimo: algún lugar da provincia de Lugo)

⁷³²⁸ Esta sigla *A.M.D.G. et B.M.V.* era de uso moi común entre eclesiásticos aínda a mediados do século XX e significa *Ad maiorem Dei gloriam et Beatae Mariae Virginis* 'Para maior gloria de Deus e da Santa Virxe María'. Propagárona moito os xesuítas.

2.6. Refráns casteláns

1. "Toma rizos", vino a tierra y "deja ir"
quedó en el mar. (ms19,2: El Grove)
2. El que temprano se levanta, en su
fortuna adelanta. (ms-SA: Eliseo López Varela)
3. Si me pides, me despides; si me dan, me
entenderán.⁷³²⁹ (ms16: Salaya, Palas de Rey)
4. A buen bocado buen grito. (ms22,1r)
5. A buen callar llaman Sancho. (ms22,1r)
